TESE DE DOUTORAMENTO

O TEATRO POPULAR DE MARIONETAS COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN DAS SUBALTERNAS.

O CASO DO ESPECTÁCULO DE BARRIGA VERDE NA GALIZA DA POSTGUERRA (1939-1960)

Asdo. .....

Comba Campoy García

DEPARTAMENTO DE CC. DA COMUNICACIÓN/

2152-01-1V01 COMUNICACIÓN E XORNALISMO

FACULTADE DE CC. DA COMUNICACIÓN

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR / TUTOR DA TESE
AUTORISATION DU DIRECTEUR DE LA THÈSE

Don Marcelo Martínez Hermida

Profesor do Departamento de Ciencias da Comunicación e Xornalismo da USC

Monsieur Paul Rasse

Professeur des Universités en sciences de l'information et de la communication, à l'Université de Nice Sophia – Antipolis

Como Directores da Tese de Doutoramento titulada
En tant que Directeurs de la Thèse intitulée

«O teatro popular como medio de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de marionetas de Barriga Verde na Galiza da Posguerra. (1939-1960).»

«.Le théâtre populaire comme média des groupes subalternes. Le cas du spectacle de marionnettes de Barriga Berde dans la Galice de l'après-guerre. (1939-1960)»

Presentada por Dna. Comba Campoy García
Présentée par

Alumna do Programa de Doutoramento 2152-01-1V01 Comunicación e Xornalismo
Élève du Programme de Doctorat

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Autorise la présentation de la thèse susdite considérant qu'elle remplit toutes les conditions requises dans l'article 34 du règlement d'Études de Doctorat. En tant que Directeur de la thèse il considère qu'elle ne tombe dans des causes d'abstention établies par la loi 30/1992.

Asdo. Marcelo Martínez. Hermida

Signée Paul Rasse

Paul RASSE

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

A Íris

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AGRADECEMENTOS

Este traballo é o froito dunha longa viaxe, con algunhas interrupcións motivadas polo decorrer da vida. Foise nutrindo de experiencias e do contacto con múltiples persoas e ideas que a enriqueceron. Nese sentido, a colaboración cos integrantes da compañía Viravolta foi fundamental para coñecer mellor o riquísimo universo das marionetas e o oficio de titiriteira. Anxo García, un dos fundadores desta compañía, facilitoume toda a información por el recollida na súa investigación sobre Barriga Verde. Julio Balado axudoume coa busca hemerográfica, poñéndome ao tanto de calquera achádego que puidese completar a miña pesquisa. Os compañeiros da Asociación Cultural Morreu o Demo, proxecto complementario a esta tese, constituíron un acicate fundamental para que este traballo puidese culminarse. Así, é de obrigada mención a teimosía de Germám Ermida, quen de levantar os ánimos máis decaídos, e o humor incombustíbel de Heitor Real, deseñador talentoso. Tamén a Xaime Iglesias, compañeiro na pesquisa sobre o titiriteiro que fixo de Barriga Verde o seu medio de vida, por partillar os saberes que foi recollendo ao longo de anos de minucioso traballo.

Quero deixar constancia tamén a miña gratitude a todas as persoas que entrevistei ao longo de catro anos, que xenerosamente accederon a abrir as portas dos seus fogares e partillar as súas lembranzas comigo. Aos membros da familia Silvent, que souberon entender a importancia de que o legado dos seus pais non fose esquecido, vai un recoñecemento especial. Mais tamén a persoas que me contaron as súas experiencias relativas a Barriga Verde e o mundo das feiras na súa nenez, como Manuel Lourenzo, Luz Pichel, Alfonso Eiré, Pilar Pereira, Aurora de Mesego, Flora de Celeiro de Mariñaos, os participantes nos obradoiros de memoria de ATEGAL en Santiago e os veciños e veciñas de Lérez que falaron comigo. Tamén, aínda que xa non está con nós, a Mercedes Otero Guedella, quen compartiu comigo as memorias da súa mocidade en Compostela.

A pesar de estar fondamente asentada no terreo, a orixe e o impulso inicial desta tese é universitaria. Nese senso, o grupo de investigación Cidadanía e Comunicación da USC constituíu o sustrato imprescindíbel que posibilitou o enfoque aberto requerido. Marcelo Martínez, investigador principal deste grupo e da Rede Europa América Latina de Comunicación e Desenvolvemento, apoioume en todo momento neste camiño, tanto a nivel loxístico como anímico, na escolla do rumbo emprendido para a investigación. Quero lembrar tamén aos compañeiros e compañeiras do grupo, coas que partillei traballo de coordinación da rede e as coitas propias do proceso de elaboración das nosas teses, como Belén Puñal, Helena Domínguez, Luis Ogando, Oliva Amorín e María Acuña. E cun cariño especial a Aloia Álvarez, compañeira ademais na aventura da maternidade.

Fóra da USC, quero facer mención tamén ao profesor Manuel Martínez Nicolás, quen me facilitou o asesoramento metodolóxico que precisaba para poñer a andar a urdime

do traballo no seu comezo. Tamén a Javier Callejo, quen respostou solícito ás miñas dúbidas respecto ao instrumento de análise empírico empregado.

O contacto co Laboratoire I3M da Université de Nice Sophia Antipolis foi fundamental nun momento no que procuraba referentes teóricos que incorporasen de xeito natural as culturas populares á área das Ciencias da Comunicación. A estadía en Niza supuxo unha inxección de ánimo e de sol do Mediterráneo, que axudaron a que os vimbios teóricos da tese cadrasen e desen sustento ao traballo empírico desenvolvido no terreo. Nese senso, vai o meu agradecemento a Paul Rasse, por abrirme as portas do Laboratoire e aceptar a peculiar proposta dunha doutoranda galega que procuraba en tan afastadas latitudes unha codirección para unha tese sobre a cultura popular da súa terra. Vincent Lambert, *mon ange gardien à Nice*, fixo que esta cidade resultase acolledora desde o primeiro día en que pisei o seu chan. Nunca lle agradecerei bastante o seu apoio na revisión dos textos en francés, aspecto no que tamén contribuíu Fernando Comella, galego-cubano asentado en solo francés. Tamén quero lembrar a Charlotte, Frédéric, Céline e aos meus *colocataires* Danielle, Pete e Gregor, que me fixeron sentir como na casa.

Por outra banda, cumpre ter en conta que esta tese foi realizada sen ningún tipo de bolsa ou apoio institucional, o que obrigou a un esforzo persoal importante e ralentizou a súa conclusión. Nese senso, o apoio de amigas e familia foi fundamental. O listado completo de agradecementos sería enorme e moi probabelmente incompleto. Non podo, porén, deixar sen nomear aos meus pais, que sempre me brindaron a axuda material e os folgos necesarios para continuar, alén de terme inculcado o valor do pensamento crítico e das artes da resistencia. Tamén a Eva Álvarez, amiga que fixo máis levadeiras as longas tardes de biblioteca coas súas visitas xunto coa súa pequena Mar. Deixo para o final destas liñas a Fran, que chegou á miña vida na última fase deste traballo e compartiu comigo ideas, reflexións e inseguridades propias do proceso de redacción. El aturou os momentos de nerviosismo e revolución hormonal propios da dupla xestación na que me tiña embarcado. El, que compartiu comigo a chegada ao mundo de Íris, ten unha parte neste traballo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

Introdución 4
Bloque 1. Cadro teórico
Capítulo 1: A cultura popular como obxecto de investigación 9
1.1 Problemas de definición. Cultura(s) 9
1.1.1. Cultura 10
1.1.2. Cultura e conflito 12
1.1.3. Pobo, masa, clase: á busca do suxeito 13
1.1.4. Cultura(s) popular(es) 18
1.2. A cultura popular como espazo de resistencias á cultura dominante 20
1.2.1. A outra cara do poder 21
1.2.2. A cultura popular como espazo dos usos 23
1.2.3. O popular como espazo de antagonismos partillados 25
1.2.5. Espazos de mediación entre o popular e o masivo 27
1.3 A subcultura feirante como fermento do popular 29
1.3.1. Un todo heteroxéneo 30
1.3.2. A subcultura dos *active bearers* 32
1.3.3. A itinerancia como selo cultural 36
1.3.4. Entre a simbiose e o parasitismo 42
Capítulo 2: A tradición europea de títeres como expresión carnavalesca 44
2.1. O carnavalesco como resistencia á aculturación 44
2.1.1. O realismo grotesco, unha cosmovisión subalterna 44
2.1.2. entre a válvula de escape e o xerme da revolta 47
2.1.3. O carnavalesco como categoría da transgresión 50
2.2. Orixes e esencia política do feito teatral 52
2.2.1. Drama e resolución de conflitos 52
2.2.2 Teorías sobre a orixe ritual do teatro 54
2.2.3 A catarse: entre a cura e a coerción 58
2.2.4 A emerxencia dun teatro (abertamente) político 61
2.2.5 O teatro do oprimido: retorno á horizontalidade 63
2.2.6. Teatro popular como infrapolítica 65
2.3 O teatro de títeres como expresión antiautoritaria da cultura popular 71
2.3.1 Unha arte xenuinamente popular 72
2.3.2. Do rito ao espectáculo, en espiral 72
2.3.3. Percurso histórico do teatro de marionetas profano 74
2.3.4. Pulcinella e a súa estirpe 79
2.3.5 O teatro popular de marionetas e a mudanza cultural 83
2.3.6. Títeres e resistencia 86
2. 4 O teatro de marionetas como medio de comunicación popular 88
2.4.1. Especificidade do sistema comunicativo do teatro de marionetas 89
2.4.2. Ilusión e convención teatral 93
2.4.2. Distancia ou ilusión no teatro de marionetas 95
2.4.4. Confrontación coa autoridade a través da denegación 97
2.4.5. Un medio de comunicación das subalternas 97
Capítulo 3: Transformacións socioculturais e procesos de patrimonialización 100
3.1 Procesos de mudanza cultural durante a instauración do capitalismo 100

3.1.1. *La fin des terroirs*: transformacións culturais na Europa finisecular 100
3.1.2. Particularidades do proceso en Galiza: os *terroirs* persistentes 103
3.2. Culturas de resistencia 105
3.2.1. Cultura de resistencia na sociedade tradicional galega 106
3.2.2. Infrapolíticas e cultura popular baixo o Franquismo 109
3.2.3. Consolidación da cultura de masas en Occidente 111
3.2.4. Autarquía e cultura de masas contra a cultura popular 112
3.2.5. Entre a aculturación e a apropiación 115
3.3. Memoria, pegadas da cultura tradicional e procesos patrimonializadores 117
3.3.1.Memorias colectivas: entre o imposíbel e o imprescindible 118
3.3.2. Construír o patrimonio: entre a escolla e a invención 120
3.3.3. Patrimonializacións sen a comunidade 121
3.3.4. O patrimonio activado como recurso colectivo 122
3.3.5. Pegadas dos sen pegada 124
3.3.6. Activación patrimonial como proceso comunicativo 126
3.3.7. Activación patrimonial e identidades colectivas 127
Bloque 2. Marco metodolóxico.
Capítulo 4. Deseño da investigación 130
4.1. Obxectivos e hipóteses de investigación 130
4.2. Delimitación da poboación obxecto de estudo 132
4.2.1. A Posguerra Española como contexto da investigación 133
4.3. Estratexias de obtención de datos 133
4.3.1. Datos primarios 133
4.3.2. Datos secundarios 135
4.3.3. Distribución da mostra 135
4.4. Análise dos datos recollidos 137
4.5. Contrastación empírico-teórica 140
Bloque 3. Caso de estudo.
Capítulo 5. Barriga Verde como medio de comunicación do discurso oculto 142
5.1. Descrición do caso de estudo: Barriga Verde e a familia Silvent 142
5.1.1. As orixes 143
5.1.2. Contacto co teatro popular portugués 144
5.1.3. Nacemento do personaxe de Barriga Verde 145
5.1.4. Fusión de tradicións 147
5.1.5. Etimoloxía de Barriga Verde 148
5.1.6. Periplo da familia Silvent 150
5.1.7. Popularidade e evolución do dispositivo escénico 154
5.2. Presenza do espectáculo na prensa da época 156
5.2.1. *El Progreso* de Lugo: Barriga Verde no San Froilán 157
5.2.2. *Anacos* e *Atlas en el Toral*: Barriga Verde según Borobó 162
5.2.3. *La Región* e as *Horas* de Risco 167
5.2.4. Cunqueiro e o Gran Teatro do Mundo 171
5.3. O espectáculo de marionetas. Texto, dispositivo escénico 172
5.2.1. Manipulación das marionetas 174
5.3.2. O heroe 176
5.3.3. Os outros personaxes 178
5.3.4. Repertorio 184
5.4. A recepción 195
5.5. Presenza do discurso oculto no espectáculo de marionetas 200
5.5.1. Textos analizados 201

5.5.2. Contexto dos textos e biografía dos autores 202
5.5.3. Análise textual 208
5.5.4. Presenza do poder nos textos 222
5.5.5. Tácticas para infiltrar o discurso oculto no espectáculo 225
Capítulo 6. A barraca de Barriga Verde, entre Massmediación e apropiación 231
6.1. Hibridación, *arts de faire* ou aculturación 231
6.2. Pervivencias populares 234
6.3 A barraca de Barriga Verde como exemplo de massmediación 236
6.3.1. Mudanzas no dispositivo 236
6.3.2. Estratexias de captación de público 239
6.3.3. O artista como empresario 241
6.3.4 Influencias da Cultura de Masas no discurso do espectáculo 243
6.4. Esmorecemento das atraccións de feira: cara a definitiva aculturación 250
Capítulo 7. Activación patrimonial en curso. Lexitimidade e viabilidade 251
7.1. Precedentes do proceso patrimonializador 251
7.1.1. 1882-1936. Intentos de crear un teatro nacional galego 251
7.1.2. 1930-1943: Renovación dramatúrxica e educación popular 252
7.1.3. Da educación popular ao adoutrinamento 255
7.2. Outras patrimonializacións do teatro popular de marionetas en Europa 259
7.2.1. Patrimonializacións reactivadoras do teatro popular de marionetas 260
7.3. O proceso de patrimonialización de Barriga Verde 262
7.3.1. Primeiros pasos na recuperación da memoria do espectáculo 262
7.3.2 Difusión a través do audiovisual 264
7.3.3. A socialización como horizonte 265
7.3.4. Eivas na activación patrimonial 273
7.3.5 Barriga Verde 2.0. : reactivación como resistencia 275
8. Conclusións 280
9. Bibliografía 288
10. Resumée et conclusions (Francés) 300
Anexos (CD adxunto):
A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012
A. García, entrevista persoal, 26-2-2015
A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010
A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012
A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012
A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013
Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013
C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013
grupo de conversa en Compostela, 11-4-2013 e 18-4-2013
grupo de conversa en Lérez, 3-7-2013
grupo de conversa con titiriteiros para o documental, xuño de 2011
Flora, entrevista persoal, 20-1-2012
J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011
J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014
L. Pichel, entrevista persoal, 28-7-2013
M. Lourenzo, entrevista persoal, 19-9-2013
M. M. Fernández Teixeiro, entrevista realizada por A. García circa 1995
P.Pereira, entrevista persoal, 18-12-2012.
R. García, *Borobó*, entrevista realizada por A. García circa 1988
S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego o 6-4-1989
San Froilán, entrevistas para o documental, 9-10-2010
San Lucas, entrevistas para o documental, 17-10-2010
Esquema Projecto Barriga Verde.png
Rascunho_Proxecto Barriga Verde 2012

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

Durante as dúas décadas que sucederon ao declarado como "Año de la Victoria", unha familia de artistas ambulantes de orixe xeográfica incerta percorreu as feiras e festividades de Galiza cun espectáculo que mesturaba números circenses, *varietés* e teatro de marionetas de luva, aos que se engadía a proxección de cinema e a música de baile durante o inverno. Os seus membros vivían de xeito itinerante, instalando a súa barraca nos lugares onde actuaban no verán e aloxándose en casas ou palleiras cedidas polos habitantes do rural durante o inverno. Desempeñaban o seu oficio tal e como llelo transmitiran os seus pais e a estes os seus avós, e do mesmo xeito eles mesmos trataron de transmitírllelo á súa descendencia. Ningún deles sabía ler nin escribir, porque nunca necesitaran botar man da palabra escrita para vivir: as pezas de monicreques que representaban baseábanse en esquemas argumentais fixos que se enriquecían coa improvisación en cada representación, o que facilitaba a adaptación aos diversos públicos. Polo demais, deixar constancia escrita dalgunhas daquelas pezas podería pór en risco a súa integridade e a da súa familia. Sobrevivir sempre fora a prioridade desta e doutras familias do colectivo dos peripatéticos, un trazo que os emparentaba co resto dos colectivos subalternos do país no que decidiron asentar a súa ruta durante aqueles anos difíciles.

A presente investigación proponse determinar o papel que aquel espectáculo xogou na comunicación dos grupos subalternos en Galiza nos anos posteriores á derrota republicana na Guerra Civil. Aspira a amosar de que maneira funcionou como medio de comunicación das subalternas, a través do cal as persoas sometidas ao poder do réxime comunicaron unha visión do mundo propia, frecuentemente oposta ou alternativa á oficial. Por outra banda, interrogarase sobre a maneira na que o espectáculo tentou adaptarse ás novas formas culturais que empezaran a penetrar o mundo das atraccións populares de feira xa no albor do século XX, e que unha vez pasado o ecuador desa centuria empezaban a facerse hexemónica. Defenderase a hipótese de que a combinación de elementos da cultura popular con innovacións provenientes da cultura de masa, que nun primeiro momento facilitaría a resistencia dos primeiros á aculturación, acabaría por ser a causa da súa propia desaparición. En último termo, a partir dunha experiencia de reactivación patrimonial en desenvolvemento na actualidade, o traballo cuestionará a lexitimidade da tentativa de resucitar un espectáculo que tivo un sentido nun momento concreto do pasado, para dotalo de novas funcionalidades no presente. Nomeadamente, tratará de demostrar até que punto a potencialidade subversiva e antiautoritaria do espectáculo pode manterse na súa nova vida como obxecto patrimonial no presente, ou nun futuro aínda por chegar.

Os devanditos obxectivos están necesariamente atravesados por unha determinada posición da investigadora con respecto ao obxecto de estudo. Tal posición considera aos grupos subalternos tal que suxeito histórico de pleno dereito, apesar de ter sido inxustamente desatendido polos estudos da cultura en xeral e polas ciencias da comunicación en particular. Pártese, pois, dunha vontade de erixir ás subalternas, premeditadamente nomeadas en feminino como fórmula de visibilización do carácter dobremente subordinado das mulleres deste sector da poboación, en axentes activos de creatividade e de axencia social, que empregaron tácticas

comunicativas específicas para xerar e reproducir unha visión particular do mundo, distinta e en grande medida oposta á dos grupos dominantes.

Esa toma de partido inicial vai determinar o curso do presente traballo, a comezar polo establecemento dunhas bases teóricas que o doten de lexitimidade e eviten que os elementos valorativos ou opinativos que, necesariamente, estarán presentes nalgunhas afirmacións, sexan desbotados co argumento da ausencia de rigor científico.

Nese senso, optouse por iniciar o traballo pola presentación dun corpus teórico amplo e que cobre as diversas arestas da problemática abordada. Só tras o establecemento destas bases teóricas serán formulados en detalle os obxectivos específicos e as hipóteses de investigación, dacordo coa proposta metodolóxica defendida.

O corpus teórico estrutúrase en tres grandes bloques nos que se vai trazando un percurso que quere ir do xeral ao particular, para achegarse finalmente ao obxecto de estudo. Deste xeito, comézase por situar o aparato terminolóxico a empregar, froito dunha serie de escollas relacionadas co enfoque escollido. A decisión de erixir unha expresión da cultura popular en obxecto de análise académica non está exenta de problemas, polo que será preciso atender ás posíbeis contradicións que poida ocasionar a tradución dun ámbito por definición inaprensíbel e fragmentario, xerado de costas aos dispositivos do saber/poder, á linguaxe destes mesmos dispositivos. Asumidos estes riscos, trataranse de compensar mediante o establecemento dunhas bases terminolóxicas sólidas, apoiadas no traballo previo de distintos autores que se teñen consagrado á análise das culturas populares. Por outra banda, o enfoque escollido atende de xeito especial ao aspecto conflitivo presente en toda expresión da cultura popular, o que obriga a pensar a relación das subalternas cos distintos tipos de poder. Adicaráselle á noción de resistencia, e as distintas formulacións que da mesma se teñen achegado, unha atención especial que permita aplicala á análise do caso estudado.

O feito de constituír o espectáculo analizado unha forma de representación escénica xustifica que se lle adique a este aspecto o segundo grande capítulo do marco teórico. Percorreranse as distintas perspectivas que teñen atendido ás formas escénicas como unha manifestación política do ser humano. En coherencia co espírito deste traballo, atenderase a aquelas ideas que permiten argumentar a potencialidade do medio teatral como ferramenta de resistencia simbólica das comunidades no decurso da vida da Humanidade. Faise preciso, debido ao uso xenérico que o termo ten adoptado en distintos contextos, precisar terminoloxicamente o que se entenderá por teatro popular, do mesmo xeito que será necesario establecer o que se entende por medio de comunicación das subalternas ou medio de comunicación popular. Unha vez delimitados os marcos semánticos dos termos empregados, e en combinación coas distintas teorías teatrais manexadas, estarase en condicións de afirmar que o teatro popular de marionetas ten constituído un medio de comunicación das subalternas ao longo da historia.

A terceira pata do marco teórico abordará as grandes mutacións socioeconómicas e, por ende, culturais, que afectaron ao modo de vida tradicional campesiño en Europa, así como as formas de resistencia que trataron de opoñerse a este proceso. Neste caso, presentaranse distintas interpretacións provenientes do ámbito da Historia e da Etnografía arredor do fenómeno de aculturación experimentado no occidente europeo a partir do último cuarto do século XIX. Atenderase, así mesmo, ás especiais características que o tal proceso revestiu no contexto do Estado español e en Galiza especificamente, onde a pervivencia das comunidades rurais até ben avanzada a

segunda metade do século XX propiciou unha maior resistencia á penetración da cultura de masas. Vencellada cos procesos de transformación cultural colocarase a cuestión dos procesos de activación patrimonial dos bens da cultura do modo de vida antigo. Repasaranse as distintas formas nas que se ten empregado o patrimonio por parte dos grupos humanos, desde aquelas experiencias promovidas polas institucións con fins de construción nacional, até os procesos emprendidos máis recentemente desde as comunidades con vocación identitaria e defensiva perante os procesos de homoxeneización cultural aos que se teñen visto sometidas. A partir das nocións de memoria e identidade colectiva definirase unha concepción dos procesos de patrimonialización como potencial resignificador e activador das comunidades, motor de desenvolvemento humano e autoxerido.

Unha vez delimitado o marco teórico que marcará o camiño da investigación, formularanse en detalle as hipóteses que esta reflexión inicial terá alimentado. Así mesmo, exporanse as ferramentas metodolóxicas que permitan abordar a verificación das hipóteses. A pesar da súa localización no ecuador do texto, a mesma formulación metodolóxica do traballo insiste no carácter necesariamente circular do proceso reflexivo emprendido. Desa maneira, a formulación dos obxectivos e hipóteses de traballo, se ben apuntadas ao inicio do proceso investigador, tivo necesariamente que revisarse e nutrirse dos presupostos teóricos establecidos, aos que se retornou, en última instancia, unha vez efectuada a análise dos datos recollidos. Así pois, a proposta metodolóxica combina a reflexión teórica e a investigación empírica, en constante retroalimentación para achegarse sustento mutuo.

O terceiro bloque do traballo atende á análise do caso de estudo e está encamiñado a respostar ás tres preguntas de investigación formuladas. No caso da primeira, dita análise necesitou estar precedida dunha exposición detallada dos datos dispoñíbeis, o que explica a maior extensión do primeiro capítulo do bloque analítico. As especiais características do caso analizado obrigan a unha especial minuciosidade na descrición dos datos e das fontes manexadas, propio do labor "detectivesco" que comporta o tracexamento dos colectivos "sen pegadas" (Bernardot, 2011). Por outra banda, a diversidade dos distintos textos empregados para a análise, e a aposta por unha ferramenta que teña en conta o contexto nos que foron expresados, obriga a unha presentación demorada que atenda non só ao contido senón á forma e ás circunstancias que arrodearon as vidas das persoas que están detrás deles. A partir deste material é que se sustenta a hipótese primeira desta investigación, a saber, aquela que afirma que o espectáculo de Barriga Verde constituíu un medio de comunicación do discurso oculto das subalternas durante as dúas décadas das posguerra en Galiza.

No caso da segunda, relativa ás tácticas polas cales o dispositivo analizado tratou de adaptarse ou resistir á implantación da cultura de masas, o marco descritivo centrarase no sistema de organización económica empregada, así como nas innovacions incorporadas aos contidos do espectáculo e nas fórmulas de captación de público adoptadas. Á luz destes datos tratarase de determinar se os elementos da cultura de masas introducidos no espectáculo contribuíron á definitiva implantación desa nova visión do mundo, ou se pola contra este tratou de resistir ao proceso aculturador, se ben con escasa fortuna.

Pecha o bloque analítico da investigación o capítulo consagrado ao proceso de activación patrimonial do que o espectáculo analizado é obxecto desde hai algúns anos. A propia investigadora está involucrada en dito proceso, o cal, se ben facilita o acceso aos datos, pode ser considerado un empezo á hora de afrontar a súa interpretación coa distancia que algúns consideran aconsellábel. O feito de asumir o

elemento subxectivo como necesariamente presente nesta investigación xustifica que se desboten ese tipo de obxeccións e se asuma a viabilidade dunha tal análise, para a que se empregarán técnicas que incorporan a propia presenza da investigadora no proceso estudado. Deste xeito, estudarase o proceso patrimonializador ao carón doutras experiencias semellantes emprendidas anteriormente ou na actualidade, e atenderase á propia visión dos axentes implicados para tratar de respostar á pregunta formulada, relativa á súa lexitimidade. O cuestionamento da viabilidade de activar o espectáculo analizado tal que medio de comunicación das subalternas no contexto actual permitirá pechar o círculo trazado ao inicio da pesquisa. Perséguese, desa maneira, trasladar a potencialidade dun espectáculo de títeres como medio de comunicación das subalternas nun determinado momento do pasado ao momento presente. En coherencia coa pretensión explicitada ao inicio, de darlle voz a aqueles suxeitos que estiveron ausentes do relato oficial da historia da comunicación social, tratarase de concluír até que punto as ferramentas desenvolvidas por estes suxeitos á marxe das formas dominantes, poderían ter unha continuidade no presente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BLOQUE I: CADRO TEÓRICO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 1. A CULTURA POPULAR COMO OBXECTO DE INVESTIGACIÓN.

1.1. PROBLEMAS DE DEFINICIÓN. CULTURA(S).

> Lo que en los siglos siguientes pasaría, en la literatura, a ser la 'vida cotidiana', contenía en aquel entonces un valor más amplio como concepción del mundo, que no estaba separado de los 'acontecimientos' históricos (Bakhtin, 2006, 151).

A escolla do problema dunha investigación é sempre, e en si mesma, problemática. Neste caso concreto, o obxecto de estudo (o Que) é problemático por inusual dentro da tradición da investigación en ciencias da comunicación dentro do Estado español, e problemático polo feito do obxecto ser parte do que, como resultado da necesaria reflexión teórica acometida neste traballo, se decide chamar cultura popular. Para maior complicación, o fenómeno que se pretende analizar dentro dese marco máis amplo, o espectáculo de títeres de Barriga Verde, constituíu unha expresión dunha formación cultural pertencente a un momento pretérito, que polo tanto o presente traballo deberá tratar de reconstruír tan fielmente como sexa posíbel, aínda sabendo que a cultura vivida nun tempo e un lugar concretos é só completamente accesíbel a aquelas persoas que viven nese momento e lugar (Williams, 1975, 37).

Ao longo desta sección exporanse os enfoques teóricos que sustentan as escollas terminolóxicas e conceptuais asumidas ao longo do presente traballo. Comezarase por definir o primeiro termo que compón o par semántico "cultura popular": a noción de cultura, atravesada pola polisemia e os distintos usos históricos ou sociais aos que ten sido sometida. A partir do traballo de Raymond Williams, asumirase unha definición social da cultura, o que supón entendela na súa pluralidade, como noción dinámica e histórica. Tal escolla supón, á hora de afrontar a tarefa de estudar unha expresión cultural do pasado, asumir a imposibilidade de aprehender de xeito absoluto a estrutura de sentimento daquel momento. Doutra banda, terase en conta a noción de tradición selectiva, como o proceso polo cal os grupos dominantes de cada período histórico operan o rexistro das formas culturais que consideran merecentes de conformar a súa cultura "ideal".

Unha noción de cultura como a escollida está, necesariamente, atravesada polo conflito presente na organización social na que xorde. O modo no que a cultura reflicte as formas de dominación pode describirse a través da noción de hexemonía. Calquera práctica cultural incorpora, deste xeito, formas da cultura dominante e outros elementos que poden constituír unha oposición ou resistencia a estas. Williams denominounos elementos residuais e emerxentes, en constante tensión coas forzas hexemónicas que pretenden neutralizar a súa potencia opositora incorporándoas á cultura dominante.

Unha vez delimitada a perspectiva na que se entenderá a noción de cultura ao longo do traballo, definirase o suxeito da cultura específica que se pretende abordar. O termo "cultura popular" conduce necesariamente á noción de "pobo", un termo problemático polos usos históricos de que foi obxecto. Porén, algunhas definicións máis recentes pretenden rescatar o termo do esencialismo ao que fora condenado,

achegándoo a concepcións que insisten no seu carácter fragmentario e no seu rol antagónico respecto das elites. Estas acepcións emparellan a noción de pobo á de clases subalternas, introducida por Gramsci e obxecto de actualizacións recentes.

Por último, e xa tendendo unha ponte co seguinte apartado deste capítulo, adiantarase unha primeira definición da cultura popular, como noción dinámica e marcada pola súa posición de subalternidade, mais sen que esa circunstancia constitúa un obstáculo para afirmar o seu papel activo e potencialmente transformador.

1.1.1. Cultura

A presente análise sosterase nuns presupostos teóricos determinados e nunha serie de opcións conceptuais nun campo non exento de polémica. A primeira delas é a noción de Cultura, da que a cultura popular necesariamente forma parte. Cultura é unha das dúas ou tres palabras máis complicadas non só do inglés, mais de calquera lingua, tomando de novo as palabras de Raymond Williams (1985, 87). A dificultade da súa definición, a multiplicidade das súas acepcións, revela a propia complexidade das relacións sociais que a integran. En boa parte do seu extenso traballo teórico, e especificamente na súa obra *Keywords,* o autor galés percorreu a evolución do termo, desde a súa acepción máis específica e etimolóxica, referida a un proceso de coidado da natureza, até o uso hoxe máis común, como sustantivo abstracto que designa o conxunto de obras e prácticas da actividade intelectual e (principalmente) artística. Na actualidade, e como produto da evolución do termo, precipitada a partir do século XVIII, conviven tres definicións de cultura que reflicten a tensión desa evolución. A primeira sería a definición ideal, que entende a cultura como un proceso de perfección humana, pola cal se desenvolven unha serie de valores considerados absolutos e universais. Para os defensores desta definición, a análise cultural consistiría na descrición deses valores, como referencia permanente á condición humana, estado inmutábel e independente do momento ou do contexto xeográfico. Esta definición, aínda sendo útil, é incompleta porque non ten en conta as relacións sociais nas que se xeraron eses valores e significados, e ignora o carácter dinámico de todo proceso cultural polo cal determinados valores poden ser considerados ideais nun determinado momento ou lugar e deixar de selo noutros. A definición documental, en parte, vén complementar a ideal, ao entender como cultura o corpo do traballo intelectual e imaxinativo, rexistro do pensamento e a experiencia humanas. Esta acepción, a de uso común nos nosos días, reduce a análise cultural á crítica formal, tanto desde criterios de universalidade (apoiados na acepción ideal, xerárquica) como de historicidade, buscando a vinculación dos traballos analizados coas tradicións e as sociedades nas que xurdiron. A terceira definición engloba e supera as dúas primeiras. Entende a cultura como a descrición do modo de vida dunha organización social concreta, descrición que expresa uns valores e significados determinados. Segundo esta concepción social da cultura, a análise cultural debe incluír a crítica histórica propia da análise documental, mais incorporar tamén á análise aqueles elementos do modo de vida que os defensores das outras acepcións non consideran cultura. É dicir, tamén son cultura as formas de organización da produción, a estrutura da familia, a estrutura das institucións que expresan ou gobernan as relacións sociais, as formas nas que se comunican os membros da sociedade... (Williams, 1975, 57-58). Sono tamén aqueles traballos e prácticas cuturais que non entran dentro do considerado "ideal" segundo os criterios da primeira e segunda acepcións. Mais ao mesmo tempo, tamén son cultura aqueles "universais" ou xerarquías, significados e valores, destacados pola primeira definición; ou os obxectos e prácticas intelectuais e imaxinativas que expresan eses valores e significados ideais (e que, como se verá, pasarán a integrar a tradición

selectiva dese período específico). A análise da cultura debe, pois, integrar todos estes elementos, non tanto para clasificalos ou xeraquizalos respecto a determinadas escalas de valores (produto dun modo de vida determinado), mais co fin de detectar leis ou tendencias que afectan a maneira na que eses significados e eses valores van mudando dentro dun proceso que preferimos nomear transformación antes ca "perfección", libre o primeiro termo da connotación finalista e elitista do segundo, que conduce á tentación de considerar os valores e significados xerados noutros contextos como "atrasados" ou "primitivos".

A acepción defendida por Williams e, seguindo a súa estela, pola escola dos *Cultural Studies*, entende a cultura como unha noción plural e dinámica, e asume que existen tantas culturas como momentos, lugares, e modos de vida se poden desenvolver nun contexto espazo-temporal preciso, por pequeno e puntual que este sexa. Esta visión permíte incluír no estudo das culturas a idea de conflito, inerente a esta diversidade e a este dinamismo, o que vincula claramente os *Cultural Studies* coas ferramentas de análise da realidade desenvolvidas por Karl Marx e perfeccionadas, anos despois, por Gramsci no que respecta á análise da cultura como elemento desa realidade. Nesa noción dinámica e histórica de cultura basearase a presente investigación. Mais cómpre aínda debagullar polo miudo as consecuencias desta escolla teórica.

Abordar a análise da cultura, considerada na súa acepción máis abarcadora, no espazo e durante o período seleccionados (as décadas da chamada posguerra en Galiza, 1940-1960), presupón enfrontar a dificultade antes mencionada para apreender na súa totalidade un modo de vida pretérito. En todo caso, é posíbel tratar de estudar os elementos que teñen sido fixados, pero sempre será de xeito abstracto, illado do todo complexo do que formaban parte. A cultura vivida é irredutíbel no seu conxunto, calquera abstracción elude un dos seus elementos fundamentais: o que Williams (1975, 2000) nomeou a estrutura de sentir, conformada polos valores e os significados e as súas relacións entre eles, tal e como son vividos (e sentidos) activamente, no momento presente. No mesmo momento no que algúns destes elementos son fixados, xa unha nova estrutura de sentimento estará a emerxer. Este concepto resulta especialmente interesante para a análise de traballos ou prácticas artísticas, nos que atopa a estrutura do sentir un marco propicio para se expresar. A creación artística, como acto esencialmente comunicativo, consiste para Williams no acto de describir unha determinada experiencia e compartila con outras persoas que forman parte da mesma organización social (da mesma cultura). Lonxe da concepción elitista que emanaba da definición ideal, a creación artística non é un don reservado a uns poucos individuos tocados da man das Musas, mais unha maneira de transmitir unha experiencia e de mudar a realidade con ese acto comunicativo, unha destreza aprendida que só ten sentido dentro dunha estrutura de sentir concreta. Tampouco se pode caer nun igualitarismo que sería ficticio: a estrutura de sentimento non é posuída do mesmo xeito por todos os individuos dunha comunidade. Así e todo, é unha posesión profundamente estendida, precisamente, porque dela depende a comunicación desa comunidade.

Podemos, pois, tratar de aprehender unha parte do que foi a estrutura de sentir dun período pasado a partir das obras artísticas e dos artefactos do cotián que teñen sobrevivido aos seus creadores e utentes, e dos rexistros elaborados para a preservación de determinadas prácticas, valores e ideas. Porén, estes rexistros que chegan a nós non se efectuaron de xeito inocente. Salvo casualidades e circunstancias excepcionais, aquilo que é rexistrado forma parte da denominada tradición selectiva,

isto é, da descrición daqueles rexistros da cultura dun período, dos seus padróns xerais de valor e de actividade, e en parte, da súa estrutura de sentir (no caso daqueles elementos que acaban sendo fixados e integrados). Esa descrición é resultado dunha serie de escollas que responden a determinados intereses. A escolla comeza dentro do propio período: algunhas obras e actividades son enfatizadas e valorizadas por riba das demais. Nesa selección podemos ver un reflexo da organización social que a efectúa, e ten moitas posibilidades de confirmarse polos grupos dominantes de períodos sucesivos, aínda que isto non é sempre así, tal e como amosa Williams na súa análise da novela inglesa da década de 1840 (1960, 325).

1.1.2 Cultura e conflito

O modo no que opera a tradición selectiva na cultura dun determinado período é unha das maneiras de radiografar as relacións de poder que operan no seo do grupo humano que a xerou (Williams, 2000, 138). Neste punto, e insistindo na necesidade de ter en conta os condicionamentos históricos en toda análise cultural, faise preciso delimitar a posición que neste traballo se establecerá respecto do papel que a cultura xoga no marco político, isto é, na relación de forzas que condicionan todo momento histórico, partindo dunha concepción dialéctica da Historia. Seguindo da man do cadro de análise propio dos *Cultural Studies*, é inevitábel topar con Gramsci (1999) á hora de situar a cultura na arena de confronto das forzas sociais.

A noción de hexemonía desenvolvida por Gramsci achegou unha luz aos debates teóricos do culturalismo, superando o carácter monolítico e unidireccional da dominación dunhas clases por outras. A hexemonía é o proceso polo cal unha clase acada o poder dentro dunha organización social, só cando, non só consegue dominar as outras clases pola forza, senón que exerce sobre elas un liderado conquerido mercede ao consenso. A hexemonía acádase cando todas as clases comparten a concepción do mundo favorábel aos intereses da clase dirixente, é dicir, cando os valores, crenzas e costumes propios da clase no poder son asumidos polo resto das clases de xeito maioritario (Gramsci, 1999, vol. 5, 386). Isto non se consegue mediante un proceso de dominación unidireccional, mais a través dunha negociación que en moitos casos require da articulación dos valores propios das clases dominadas, até integralos na nova concepción do mundo propia do Estado como entidade que garante a estabilidade da nova clase no poder (Gramsci, 1999, vol. 5, 81). A hexemonía, como proceso histórico dinámico e sempre incompleto, facilita a análise das formacións culturais en todo momento e libéraas da tendencia a encadrar as expresións culturais nunha tendencia ideolóxica específica. As prácticas culturais, neste padrón de análise, non son políticas en si mesmas, senón que se aliñan dunha ou outra maneira segundo o cadro de relacións históricas no que se expresen. E por iso, de novo, é imposíbel analizar calquera traballo ou práctica cultural isoladamente do contexto no que é expresada.

Esta idea do poder a través da negociación non é sen consecuencias á hora de analizar un determinado obxecto ou práctica cultural. A posición deste obxecto ou práctica dentro da articulación de forzas hexemónica determinará a súa importancia comunicativa dentro da organización cultural da que é parte. Raymond Williams, en *Marxism and Literature*, incorpora a noción da hexemonía ao seu aparato teórico e propón que calquera texto ou práctica cultural reflicte a loita pola hexemonía (e a súa oposición), ao incluír, alén dos elementos da cultura das clases dominantes, elementos que representan un conflito con aqueles, os cales divide en dúas clases: residuais e emerxentes. Os primeiros son aqueles elementos xurdidos no contexto de formacións culturais pasadas pero que seguen activos. Nalgúns casos, os elementos residuais

constitúen unha forma alternativa á concepción do mundo hexemónica, e polo tanto exercen unha oposición a esta. O proceso hexemónico tentará incoporalos, desposuíndoos do seu componente contrahexemónico e facéndoos parte da tradición selectiva. Aqueles elementos que non sexan susceptíbeis de incorporación ao cadro hexemónico serán obxecto de silenciamento e marxinalizados, co fin de que a súa capacidade opositora fique desactivada. Cando esa anulación se fai efectiva, o elemento residual devén arcaico, resquicio inactivo do pasado, recoñecido no presente só como obxecto de análise especializada. Os elementos residuais activos manteñen, pois, esa relación dinámica e conflitiva cos elementos dominantes, e nese proceso comparecen as novas formas, prácticas, valores, significados ou tipos de relación que xorden no novo contexto da organización social e da relación de forzas que nela opera. Estes últimos, aos que denomina elementos emerxentes, concorren cos hexemónicos nunha negociación semellante á operada polos residuais: algúns deles son integrados automaticamente na cultura dominante, en apoio dos intereses hexemónicos; outros, vinculados ás novas clases sociais subalternas ou a áreas da experiencia relegadas a un segundo plano polo aparato ideolóxico (os ámbitos do íntimo ou da psicoloxía, antes de que a sociedade de masas irrumpira definitivamente en todos os eidos da vida), constitúen unha forma de alternativa ou mesmo de oposición á hexemonía. O residual activo e o emerxente alternativo articúlanse fronte ao dominante en calquera expresión cultural dunha organización social determinada. (Williams, 2000). É labor da investigadora detectar o xeito no que se produce esta articulación, que aflora con especial agudeza durante períodos de transición, como é o caso do analizado no presente estudo.

1.1.3. Pobo, masa, clase: á busca do suxeito

Unha vez delimitada a acepción de cultura que sustentará o cadro teórico desta investigación (unha acepción dinámica e plural, como se viu, que convida a falar de *culturas* e non de Cultura con maíusculas), cumpre situar a cultura concreta á que se adscribe a práctica cultural analizada. A priori, establécese que o obxecto de estudo deste traballo forma parte do que comunmente se denomina cultura popular.

Como ocorría para o termo de Cultura, a noción de cultura popular está pexada pola polisemia e os usos nesgados que se fan dela. Centrada a noción de cultura que se empregará neste traballo, cumpre fixar a definición do termo que constitúe o outro cincuenta por cento do par semántico: a noción de pobo. Un termo problemático desde o momento en que o seu uso histórico por parte de determinados movementos políticos acompañou un cambio social e cultural iniciado en Europa na Idade Moderna e que trouxo aparellada unha nova concepción do mundo que segue en boa parte vixente. Como explica Martín-Barbero,

> Las contradicciones que moviliza, en su origen moderno, la idea de cultura popular se hallan sintetizadas en la tensión contenida entre la noción ilustrada de *el pueblo* como sujeto generador de la nueva soberanía política y la de *lo popular* en la cultura, que significa para los ilustrados todo lo que la *razón* viene a barrer: superstición, ignorancia y turbulencia, la invocación al pueblo legitima el poder de la burguesía en la exacta medida en que esa invocación articula su exclusión de la cultura, esto es, la identificación de lo popular con *lo inculto*. Lo popular se configura,

> así, como la identidad refleja de lo constituído, no por lo que es sino por lo que le falta (Martín-Barbero, 2002, 49).

O problema de entender o popular como negativo do culto (que só existe, só opera de xeito autónomo naqueles eidos nos que o dominante se exime de intervir) é que conduce a negar de partida o interese en analizar calquera expresión cultural xurdida do pobo, ao considerar atrofiada a súa capacidade creativa. Este miserabilismo do que falan Grignon e Passeron (1989, 43) comporta o risco de conducir a actitudes elitistas de desprezo ou condescendencia a respecto de todo o proveniente das clases subalternas. Ao mesmo tempo, aínda que desvenda e mesmo denuncia a relación de dominación que xenera esa incapacidade do popular, a posición miserabilista extrema acaba por coincidir e reafirmar as teses hexemónicas, integrando o seu propio discurso na concepción do mundo dominante.

De feito, a concepción do pobo propia da cultura burguesa é a que fundamenta a habitual asociación do popular co oposto ao culto. Na súa obra seminal, Martín-Barbero traza unha xenealoxía desa acepción burguesa, mais tamén a de acepcións alternativas como a enarborada polo movemento romántico, que incide nunha visión idealizada do pobo, gardián das esencias da nación, detentor dunha autenticidade e duns valores que o racionalismo ilustrado viñan varrer. Pola súa parte, o movemento anarquista organizado no século XIX reivindica tamén o pobo como suxeito histórico e xerador dunha cultura propia e alternativa, resistente á cultura e á ideoloxía burguesas e con capacidade de transformación social. A noción ácrata de pobo é inclusiva: comprende todos os membros das clases subalternas, incluíndo nelas aos suxeitos máis marxinados e aparentemente menos organizados (crianzas, mulleres, indixentes, convictos...).

> Debemos a (...) los movimientos anarquistas el rescate y el potenciamiento de la *memoria popular* como dispositivo generador de una cultura conformada más por las prácticas y los usos que por los objetos. (...) de ahí la positiva valoración de los libertarios (..) de una estética popular basada (nietzseanamente) más en la experiencia que en las obras, en la voz colectiva que en la expresión individual, en la continuidad del arte con la vida, y de la técnica con el arte, en un *arte-acción* radicalmente antiautoritario (Martín-Barbero, 2002, 50).

O marxismo, porén, resístese a asumir o termo e opta polo de proletariado no seu lugar, que aparentemente indica un posicionamento máis militante no taboleiro de xogo da loita de clases. Haberá que agardar algún tempo despois da publicación dos *Cuaderni*, na década de 1950, para que o marxismo asuma o potencial transformador do pobo como actor histórico autónomo, independentemente da súa adscrición á clase traballadora. O marxismo ortodoxo impuxera, durante moitos anos, unha visión canónica das formas de loita revolucionarias, lonxe da pluralidade conxénita aos modos de acción e de pensamento xerados polo pobo ao longo da historia. Ao considerar un único camiño para a conquista do poder polas clases traballadoras, o subxectivismo e a pluralidade propias do popular fican desterradas. Iso ten como consecuencia que, durante boa parte do século XX, aqueles sectores sociais que non encaixaban dentro do modelo de clases ficasen fóra do marco de representación dos partidos políticos marxistas. As persoas mozas, as prostitutas, as mulleres, os colectivos itinerantes (feirantes, vendedores ambulantes, titiriteiros...) permanecerán ausentes do plano do materialismo histórico. Non encaixaban cos valores propios da

concepción do mundo marxista e polo tanto habían de permanecer nas marxes da sociedade. Alén diso, esta actitude contribuirá a negar a alteridade, a pluralidade das culturas, quedando as culturas alleas ou pretéritas reducidas polo discurso ortodoxo a "modos precapitalistas de produción". Tal monolitismo conduciría, paradoxalmente, a actitudes reaccionarias con respecto a formas culturais emerxentes, como as avangardas. (Martín-Barbero, 1991). A situación resúmese na doutrina do realismo social de Lucaks, criticada por eminentes creadores marxistas (entre eles Bertold Brecht). Tería que ser a crise dos 1970 e a emerxencia dos movementos sociais na América Latina a que desbloquease os preconceitos do marxismo respecto do popular.

Para complicar máis as cousas, a irrupción dunha serie de innovacións tecnolóxicas no eido da comunicación e do transporte a partir do século XIX e durante todo o XX, dan lugar a unha serie de transformacións económicas e sociais que desembocarán na chamada sociedade de masas. Esta fase do capitalismo industrial, caracterizaba principalmente pola subsunción do mundo do lecer pola industria cultural, orixinou unha importante controversia teórica no tocante ao papel das masas como suxeito histórico (ou mero obxecto pasivo e manipulábel). Xa desde finais do XVIII algúns teóricos burgueses tiñan expresado a súa preocupación pola xeración, nos novos contextos de concentración urbana industrial, de aglomeracións humanas de tipo inestábel e espontáneo, cunha influencia perniciosa nas condutas dos individuos. Autores como Tocqueville ou Stuart Mill alertan da crecente influencia das maiorías nos incipientes sistemas democráticos. Máis adiante, Gustave Le Bon, na súa interpretación psicolóxica das multitudes, considéraas tal que estado de regresión colectiva oposto á civilización. As clases que conforman esas multitudes non deben, polo tanto, chegar nunca a dirixir unha sociedade, sob risco de retroceso colectivo irreparábel. Gabriel Tarde formula o papel das masas na cultura, ás que considera unha degradación do público doutrora: "la progresiva transformación del *activo* –ruidoso y agitado- público de las ferias y los teatros en el *pasivo* público de una cultura convertida en espectáculo para una masa convencida y asombrada" (Martín-Barbero, 1991, 38). As masas pasivas e desorganizadas son sinxelamente manipulábeis a través da suxestión. Estas visións negativas das masas prodúcense dentro do paradigma auspiciado pola hexemonía burguesa, mudando a partir da década de 1940, cando o eixe hexemónico se despraza de Europa aos Estados Unidos de América. Nese momento, o masivo pasa a considerarse sinónimo de desenvolvemento tecnolóxico, o principal motor do novo paradigma de crecemento económico. A cultura producida e consumida masivamente contribúe á consolidación deste sistema, e polo tanto é ben considerada. A cultura de masas pasa a identificarse coa cultura popular e coa democracia norteamericana, elevada á categoría de sistema de referencia para a humanidade. Porén, esta acepción positiva do termo mal disimula o seu carácter interesado. Como critica Raymond Williams, a chamada cultura de masas é producida para o consumo das clases populares, pero non por elas. No seu esforzo por delimitar a xeneoloxía de nocións claves para entender o cambio cultural, Williams ocúpase tamén da noción de masas na súa inaugural *Culture and Society* (1960). Neste traballo ataca a hipocrisía que se agocha tras o uso despectivo do termo por parte dos intelectuais británicos da década de 1950, que equiparan sen máis cultura popular con cultura de masas. A esa crítica, Williams engade a dunha concepción vicaria da democracia, a mesma que defendía a burguesía no século XIX, pola cal as clases populares (que no século XX reciben a denominación común de masas), non estarían capacitadas para acceder ao poder. De novo, a hexemonía opera

na construción dun consenso con claras consecuencias políticas, e en cuxa consecución os intelectuais orgánicos xogan un papel determinante.

O de masas, explica, é un novo termo para "multitude", xerado pola confluencia de tres tendencias históricas: a concentración de traballadores nas fábricas, requerida polo novo sistema de produción a grande escala; como consecuencia do primeiro, a concentración de poboación nas cidades industriais, provocado tamén polo aumento demográfico; no plano socio-político, a xeración dunha clase traballadora autoorganizada (Williams, 1975). Esa nova realidade social que xera unha nova clase leva aparelladas novas ideas, mais tamén se lle atribúen as mesmas características que tradicionalmente se lle apoñían ás multitudes (a inxenuídade, a variabilidade, o gregarismo...). Este preconceito é o que leva a desconfiar da "democracia de masas", o que non é outra cousa que desconfiar da auténtica democracia, pois dado que a vontade das masas non é outra cá das clases traballadoras, ás clases dirixentes non lles interesa que estas acaden o poder. Para Williams, o principal problema que subxace ao termo "masas", é que sempre se utiliza para designar a un Outro externo do que o falante nunca se sinte parte. Polo tanto, a masa non tería un correspondente na realidade, dado que ninguén a título individual se recoñecería como integrante dela. Polo tanto, a noción de masas, tal e como a utilizaban os intelectuais da época na que se escribiu *Culture and Society*, non se sustenta nunhas condicións obxectivas, mais nun modo de ver ao outro puramente ideolóxico.

Esa concepción pasiva da masa extendíase na altura aos novos conceptos que xurdían asociados ao novo modelo produtivo das industrias culturais. A noción de comunicación de masas non designaba unha auténtica comunicación, dado que se trataba de mera transmisión unidireccional, a posibilitada polos novos medios de difusión de información masiva. A recepción, ausente na meirande parte das situacións de comunicación (vicaria) que estes medios posibilitan, non depende tanto da técnica como da vontade do emisor de comunicar verdadeiramente (Williams, 1960, 322). Williams defende que a única comunicación posíbel é a comunitaria (Ibídem), a única na que pode darse unha relación bidireccional plena na que se teña en conta a experiencia do receptor á hora de elaborar as mensaxes, e na que o emisor non se considera por riba dunha "masa" que despreza, senón parte da mesma comunidade que integran os receptores.

Unha situación semellante á da comunicación ocorre, segundo Williams, coa chamada "cultura de masas", denominación usada na altura (e aínda hoxe) como sinónimo de cultura popular. Os traballos creativos agrupados baixo esta etiqueta adoitan ser considerados polos críticos tales que "malos", trátese de obras artísticas, literarias ou do xénero que for. Por outra banda, asúmese que os creadores destas pezas son conscientes da súa baixa calidade, mais deben de afastarse dos canons do "bo gosto" para poder satisfacer un público masivo considerado como a multitude deostada polos teóricos burgueses do Dezanove. Os gardiáns do bo gosto (sempre situados na óptica das clases dominantes) laméntanse da proliferación deste tipo de produtos de baixa calidade e culpan dela á *Education Act* de 1870, que propiciou a alfabetización dun grande número de persoas, pero non asegurou a súa educación estilística segundo os cánones da "alta" cultura. Williams desmonta estes argumentos achegando un exemplo claro do funcionamento da tradición selectiva: a novela xorde no século XVIII, como xénero literario que resposta ás necesidades das emerxentes clases medias. No seu momento foi tachado de xénero menor, "vulgar", algo que hoxe, unha vez que aquelas clases emerxentes acadaron a hexemonía, ningún crítico se atrevería a afirmar dun xénero que deu moitas obras que forman parte da tradición selectiva (da cultura "ideal") (Williams, 1960). Así pois, o descenso dos estándares de

cualidade na produción cultural desde o século XVIII estaría relacionado coa multiplicación do número de obras, o que xera máis posibilidades de atopar máis obras "malas" (e tamén máis "boas"), e non cos soportes nin cos receptores.

Como se ve, o termo "masas" non deixa de ser problemático, e de feito o seu uso deviu marxinal. Tamén o de "pobo" reviste unha forte carga polémica, mais continúa a ser reivindicado polos teóricos dos *Cultural Studies* e os pensadores críticos latinamericanos, que insisten en desposuílo dos usos interesados que deteminadas correntes ideolóxicas lle quixeron apor. O pobo, fronte á noción de masa ou de clase, pasa por riba das condicións materiais dos seus membros. A súa característica definitoria é a subalternidade, mais alén disto, os seus membros poden ter procedencias demográficas, de xénero, etnia ou clase diversas. Desde a escola norteamericana dos *Cutural Studies*, John Fiske define ao pobo polo que non é: non é unha categoria sociolóxica estábel, que poida ser suxeita a estudo empírico, porque non existe na realidade obxectiva. O pobo, o popular, as forzas populares, son un conxunto cambiante de alianzas que atravesan todas as categorías sociais.

> By 'the people', then, I mean this shifting set of social allegiances, which are described better in terms of people's felt collectivity than in terms of external sociological factors such as class gender, age, race, religion or what have you. Such allegiances may coincide with class and other social categories, but they don't necessarily[1] (Fiske, 1989, 24).

Esta definición do pobo como entidade inestábel permite, porén, facer fincapé na súa proactividade: o pobo só existe como suxeito activo, para actuar é que se constitúen esas alianzas das que fala Fiske. Todo o contrario da consideración da masa como Outro pasivo que denunciaba Raymond Williams.

Tal noción de pobo aproximaríase máis do concepto de multitude defendido no século XVII por Spinoza, e hoxe rescatado como categoría para explicar os fenómenos sociais xurdidos nesta fase da Modernidade (Virno, 2003). Aínda que para o filósofo sefardita a multitude indica pluralidade persistente na acción colectiva, sen converxer nunha unidade, a actual categoría de multitude "no se contrapone al Uno, sino que lo redetermina" (Virno, 2003, 25). A multitude xurde dunha unidade distinta da do Estado, constituída por aquelas facultades que son comúns ao xénero humano, como a linguxe. Esa unidade sería o punto de orixe da multitude, non o punto cara ao que converxer.

Malia ao interese deste enfoque teórico, a efectos deste traballo optarase por unha noción que permita a súa aplicación a contextos anteriores ao actual, como é o caso do período analizado (a Posguerra española). É por iso que se tomará de novo o pensamento gramsciano como referencia para falar de grupos ou de clases subalternas. Este termo é probabelmente menos problemático –non ten sido, até o dagora, albo de apropiacionismos de tipo propagandístico como foi o de pobo- e será a aplicada ao longo deste traballo para referir ao seu suxeito de estudo.

Gramsci, consciente da necesidade de incluír ao campesiñado no seu proxecto emancipatorio, cuestionou a adecuación do termo proletariado ou clase operaria como suxeito revolucionario. A súa preocupación pola "cuestión meridional" levouno a

[1] Por 'o pobo', pois, refírome a ese conxunto mutábel de alianzas sociais, que se describen mellor en termos da colectividade sentida polo pobo que en termos de factores sociolóxicos externos como clase, xénero, idade, raza, relixión ou o que for. Ditas alianzas poden coincidir coa clase ou outras categorías sociais, pero non necesariamente (tradución propia).

definir un novo suxeito, caracterizado pola súa fragmentariedade, só superada na medida en que os seus membros pasan a disputar a hexemonía, co que gañan organicidade e abandonan a súa posición de subalternidade (Roio, 2014). Esta noción foi recuperada, ademais de polos membros da escola de Birmingham, polo Grupo de Estudos Subalternos, creado na década de 1980 por unha serie de autores surasiáticos, nomeadamente o historiador Ranajit Guha. Este grupo parte de Gramsci cando define a subalternidade coma un espazo de diferenzas, conformado por todos aqueles grupos que non forman parte da elite. A heteroxeneidade segue a ser, polo tanto, unha característica consustancial ao termo. A partir dos traballos deste grupo, inseridos na liña do pensamento postcolonial, Gayatri Spivak explorou nun texto xa clásico a posibilidade de os membros dos grupos subalternos teren voz, ou, máis vez, de seren escoitados. Isto é, a pensadora hindú presenta á subalternidade como unha posición sen identidade (ninguén pode dicir de si mesma que é unha subalterna) (Spivak, 2009, 72-73). Dalgún xeito, esta reflexión leva aparellada un cuestionamento da posibilidade de que os grupos subalternos constitúan suxeitos de investigación, o cal presenta un desafío explícito a traballos como o presente.

1.1.4. Cultura(s) popular(es)

A busca dunha definición acaída para o termo "cultura popular" leva, en camiño de non retorno, á tensión entre relativismo e miserabilismo cultural, segundo o peso que se decida colocar na análisise á cultura dominante (Grignon, 1989, 38). Se a súa situación de dominio e a falta de control sobre as canles de transmisión impiden a reprodución das culturas subalternas, é posíbel abordar unha pesquisa asumindo que o seu obxecto está incluído dentro da cultura popular? A noción, ademáis, está pexada por esa multiplicidade de acepcións que é reflexo da realidade complexa que o termo denota. De novo Williams emprende a disección etimolóxica e pon sobre a mesa as distintas formas de aplicar o termo e as connotacións que cada unha leva aparellada. Cultura popular pode designar, en primeiro lugar, aquelas obras ou prácticas creativas que son do gosto dun grande número de persoas. Esta acepción, en principio neutra, é a máis recente. No outro extremo estaría a acepción de connotación negativa, que inclúe no saco da cultura popular todas aquelas producións artísticas ou intelectuais consideradas de baixa calidade (daí o habitual emprego do adxectivo "popular" como oposto ao "de calidade", a carón de termos como prensa ou novela). Nesta acepción é palpábel a acción da hexemonía na creación dos padróns do "bo gosto". Unha terceira acepción é aquela que contempla a cultura popular tal que elemento facilitador da suxestión e a manipulación das masas (consideradas tal que Outro inferior). É a acepción que identifica cultura popular con cultura de masas. A cuarta acepción que detecta o galés entronca coa reivindicación esencialista romántica: a cultura que o pobo, como elemento abstracto e idealizado, crea para si mesmo. Sería a definición que no século XX pasaría a vincularse coa cultura das clases traballadoras e que non tería en conta a complexidade na que a cultura do pobo, e a noción de pobo mesma, son xeradas (Williams, 1985, 110-111).

De novo Antonio Gramsci, e máis concretamente os textos que lle adicou ao folclore, permite engadir unha quinta definición que introduce o elemento dinámico nunha noción paralisada pola imposibilidade da análise isolada do seu contexto conflitual do que é parte. O sardo parte da afirmación de que todo ser humano é, polo mero feito de selo e de empregar unha linguaxe, filósofo (Gramsci, 1999, vol. 4, 246), porque elabora unha concepción do mundo que o rodea, en base á súa experiencia e á comunicación con outros seres humanos. Do mesmo xeito, o folclore, alén de todo

pintoresquismo, é constituído polas múltiples concepcións do mundo, non sistemáticas nin elaboradas, desenvolvidas ao longo da Historia polos membros do *pobo* ("el conjunto de las clases subalternas e instrumentales de toda forma de sociedad que hasta ahora haya existido" . Gramsci, 1999, vol. 6, 203). Desde esta perspectiva a cultura popular sería un campo de loita entre os dominados e os dominantes que tratan de incorporar os valores hexemónicos á concepción do mundo dos subalternos. Este conglomerado de concepcións do mundo queda plasmado no folclore (naqueles elementos que sobreviven mesmo ás condicións de vida que os xeraron). Gramsci fala ademais dunha moral do pobo, da que se derivan unhas prácticas e uns hábitos de conduta. Dentro da moral popular, distingue aqueles estractos que reflexan condicións da vida pasada, e que polo tanto son conservadores ou reaccionarios (poderían identificarse cos elementos arcaicos definidos por Williams); daqueles que supoñen unha innovación, elementos creativos e progresistas, determinados espontanemente por formas e condicións de vida en proceso de desenvolvemento e que entran en contradición coa moral das clases dirixentes (os elementos residuais activos e os emerxentes alternativos). A cultura popular, por tanto, xa non é exclusivamente a cultura do pobo nin a das masas, mais un terreo de intercambio e de negociación entre ambas e coa cultura hexemónica, marcado pola tensión entre resistencia e incorporación, e na que se mesturan elementos dominantes, residuais e emerxentes.

> Gramsci desfuncionaliza la IDEOLOGÍA mediante unha concepción de la HEGEMONÍA que piensa la dominación como proceso hecho no sólo de fuerza y represión, sino de sentido, de lucha por la producción y la apropiación social del sentido. A esta afirmación del espesor de lo cultural corresponderá la importancia teórica y política del *folclore* en el pensamiento gramsciano: lo *popular* constituye una cultura en el sentido más fuerte: esto es, *concepción del mundo y de la vida* contrapuesta a las de los "sectores oficiales" y "sectores cultos". *Subalterna* entonces, la popular es unha cultura fragmentaria y degradada, lo que no la convierte en mero reflejo de la *hegemónica*, pues guarda una especial tenacidad por adaptarse a los cambios y sobrevivir incluso como fermento de transformaciones sociales" (Martín-Barbero, 2002, 52).

Temos, pois, que a cultura popular se define máis polo que lle falta e pola dinámica que xera e que a súa relación de subalternidade respecto da cultura dominante (a cultura con maíuscula, o modo de vida hexemónico) é tamén fundamental na súa comprensión e análise. É preciso asumir, de novo, esta pluralidade e fragmentariedade. As culturas populares, pola súa posición subalterna, deben afrontar unha serie de obstáculos no seu desenvolvemento que limitan a súa reprodución como cultura, o que explica a dificultade de chegar a unha definición consensuada e complica a súa análise.

Unha vez asumido que o caso do presente estudo forma parte daquilo que chamamos cultura popular, e a complexidade da propia noción, os seguintes apartados tratarán de afondar na capacidade transformadora da mesma. O presente traballo asume o optimismo da vontade gramsciano e proponse valorar o papel que as culturas populares xogan e seguirán xogando, ao cuestionar a concepción do mundo monolítica da cultura oficial. Tomando os termos de Dolores Juliano, "Por el solo

hecho de existir, la cultura popular desmiente la pretensión universalista de la cultura oficial". (1986, 8)

Ou, como defende o antropólogo italiano Luigi María Lombardi Satriani en *Folklore e profito*:

> La función que el folclore desarrolla frente a la cultura 'oficial' es contestataria, a veces de forma consciente y explícita, otras en el ámbito inconsciente, implícito, aunque también incluye elementos inmovilistas. Con su misma presencia, en efecto, los valores folclóricos muestran los límites de la universalidad de los valores "oficiales", y en este sentido, el estudio del folclore puede ser uno de los medios más eficaces para descubrir el mecanismo de la ideología, para entender la mistificación llevada a cabo por la cultura oficial (citado en Feixas e de Martino, 2008, 36).

Deste xeito, desmontaríase o argumento miserabilista que nega a posibilidade de apreender a cultura popular pola súa condición subalterna. Polo contrario, nas culturas populares pode detectarse a resistencia dese suxeito fragmentario que compoñen as subalternas ao proxecto aculturador dos grupos dominantes. Con esa convicción se emprendeu o presente traballo.

1.2. A CULTURA POPULAR COMO ESPAZO DE RESISTENCIAS Á CULTURA DOMINANTE.

Asúmese, como se leva exposto, unha noción da cultura popular que entende a cultura popular como expresión da concepción do mundo das clases subalternas, formulada por oposición á cultura dominante, aínda que penetrada por esta en moitas ocasións. A cultura popular sería pois un espazo de conflito. No apartado anterior deixábase apuntada a potencialidade transformadora desta cultura popular, ou cando menos dalgúns dos seus elementos (aqueles que Raymond Williams clasificara como residuais activos e emerxentes alternativos). Nas seguintes liñas abordarase en detalle a maneira na que se fai efectiva esa oposición desde posicións de subalternidade.

Comezarase por definir a noción de resistencia, como contrapartida inevitábel do poder. Ambos os dous elementos están presentes, necesariamente e de xeito conflitual, en toda expresión da cultura popular, o que levou a distintos autores a centrar a súa análise nas formas nas que os elementos resistentes operan no seo das culturas dos grupos subalternos. Optarase pola noción de "infrapolíticas" para caracterizar o conxunto de accións polas cales a subalternidade expresa a súa visión do mundo alternativa no discurso público, isto é, accesíbel a todo o espectro social, se ben de xeito velado para protexer a integridade dos emisores das mensaxes opositoras.

O feito de tratarse de accións de tipo indirecto ou velado ten a ver coa precaria posición ocupada polas subalternas no cadro da organización social, que lles impide en numerosas ocasións afrontar unha oposición directa ao poder. Daí a necesidade de desprazar o foco de atención cara ás prácticas culturais, fronte ás obras ou produtos. A noción de "artes de facer", como as tácticas bélicas das subalternas, permitirá afondar nesta caracterización da resistencia a través das culturas populares. Dada a posición de debilidade ocupada polas subalternas, só lles é dado aproveitar as ocasións para acadar pequenas vitorias ou invertir as mensaxes fornecidas desde a cultura dominante para xerar novos significados que resposten á súa concepción do mundo. Daí o acento nos usos e na lectura como forma de resistencia, pola cal as subalternas consiguen apropiarse dos contidos culturais que lles foron impostos.

Esta circunstancia evidénciase especialmente co xurdimento da cultura de masas, na que as industrias culturais fornecen unha serie de contidos de xeito unidireccional ao pobo, restando como único espazo para a cultura popular as apropiacións que este fai a través dos usos daqueles contidos. O cotián devén entón espazo de resistencias miúdas pero non irrelevantes, xeradas por un suxeito colectivo e inestábel, produto de alianzas transitorias, que constitúe o popular na sociedade de masas.

Por último analizaranse as tentativas da cultura hexemónica por disciplinar as expresións da cultura popular aínda vixentes a finais do século XIX e principios do XIX en Occidente, e a resposta que xurdiu desde a subalternidade en forma de apropiacións simbólicas, dando pé a novas expresións culturais, denominadas formas de massmediación. Estas expresións resumen o carácter contraditorio e conflitual da cultura popular no seu contacto coa cultura de masas.

1.2.1. A outra cara do poder

Co fin de determinar se a cultura popular encerra efectivamente elementos opositores ou resistentes á cultura dominante cómpre definir o que se entende por resistencia. Para isto, a definición do termo achegada por Michel Foucault na súa *Histoire de la Sexualité* permite soster o punto de vista que se está a defender neste traballo. Foucault, ao detallar o método co que analizará os dispositivos de control da sexualidade, expón a súa concepción do poder, que entende como a multiplicidade das relacións de forza que operan dentro da organización social. O poder non é un elemento illado e tanxíbel, susceptíbel de ser transmitido ou partillado; o poder é un proceso dinámico, unha situación complexa nunha sociedade dada; exércese desde unha multiplicidade de puntos, non exclusivamente de arriba abaixo. De feito, é o poder exercido abaixo, ao longo de multitude de microrrelacións de forza, o que sustenta a situación de dominación xeral. Mais isto non significa que tal situación non poida ser revocábel. Do mesmo xeito que as relacións de poder se estenden por toda a malla de relacións sociais, "alí onde hai poder hai resistencia". (Foucault, 1976, 126) Aplicando este esquema argumental ao ámbito do presente traballo, diríase que a cultura popular, entendida como conxunto de apropiacións simbólicas operadas desde unha posición de subalternidade, integraría tanto poder coma resistencia no seu seo. Fronte ás relacións de micropoder que contribúen a perpetuar a súa subalternidade e que forman parte desa malla que sustenta a relación xeral de dominación, emerxerían reaccións de resistencia e oposición á aculturación programada por parte das clases dominantes.

O escenario que deseña Foucault pode facer pensar nun *perpetuum mobile*, onde a relación de forzas non propicia ningún avance e permanece estancada nun movimento cara a ningures, sen posibilidade dunha transformación do estado de cousas. O propio Foucault espanta esa interpretación:

> Des grandes ruptures radicales, des partages binaires et massifs? Parfois. Mais on a affaire le plus souvent à des points de résistance mobiles et transitoires, introduisant dans une société des clivages qui se déplacent, brisant des unités et suscitant des regroupements, sillonnant les individus eux-mêmes, les découpant et les remodelant, traçant en eux, dans leur corps et dans leur âme, des régions irréductibles. Tout comme le réseau des relations de pouvoir finit par former un épais tissu qui traverse les appareils et les institutions, sans se localiser exactement en eux, de même l'essaimage des points de résistance traverse les stratifications sociales et les unités individuelles. Et, c'est sans doute le codage stratégique de ces points de resístance qui rend possible une révolution, un

> peu comme l'État repose sur l'intégration institutionnelle des rapports de pouvoir[2] (Foucault, 1976, 126-127).

Xa en *Sourveiller et punir* (1975) o filósofo francés abordara unha arqueoloxía das formas nas que opera o poder, centrándose nas tecnoloxías disciplinares, nos dispositivos do control social. Outro francés, Michel De Certeau, toma a análise foucaultiana como punto de partida para aplicala ao campo da cultura popular. Mais no canto de analizar os procedementos de vixilancia, De Certeau preocúpase por determinar "comment une société entière ne s'y réduit pas; quelles procedures populaires (elles aussi 'minuscules' et quotidiennes) jouent avec les mécanismes de la discipline et ne s'y conforment que pour les tourner[3]"(Certeau, 1990, 11). En definitiva, interésalle detectar as maneiras nas que operan as microrresistencias dentro da cultura popular; aquelas "maneiras de facer" (a tradución ao galego podería ser 'arranxos') que forman a contrapartida, do bando dominado, dos mecanismos silandeiros que organizan a orde sociopolítica. A diferenza de Foucault, xa non se trata de precisar o modo no que a violencia da orde devén tecnoloxía disciplinar, mais de exumar as forzas subrepticias que toma a creatividade dispersa dos grupos ou dos individuos. O foco colócase agora neses procedementos opositores que compoñen a rede dunha antidisciplina.

Tamén James Scott (1990) analiza as formas nas que opera a resistencia. O politólogo norteamericano apóiase na súa observación das formas de resistencia nas sociedades labregas do Pacífico sul para trazar un esquema xeral dos modos nos que os grupos subalternos rearxen politicamente ás formas de dominio en sociedades non democráticas. Denomina "infrapolíticas das subalternas" aquelas actuacións nas que as persoas en posición de subalternidade expresan publicamente, ainda que de xeito subrepticio, a súa propia visión do mundo, disconforme coa situación de dominación e coa denigración a que se ven sometidas como resultado da necesidade dos poderosos de reafirmar o seu status. Estas formas de resistencia son necesariamente ambiguas, nunha táctica para tantear a represión que unha agresión aberta acarrearía. Conteñen un dobre significado, un dos cais é inocuo e aparentemente conforme cos valores hexemónicos, mais o segundo, accesíbel para o resto do grupo subalterno, incorpora contidos opositores coa situación de forzas imperante. Precisamente, é o feito de compartir unha visión do mundo alternativa, unha "subcultura disidente", xerada nos espazos libres de control dominante, o que permite a comunicación destas mensaxes disimuladas no discurso público. O que James Scott denomina "discurso oculto" (*hidden transcript*) constituiría ese conxunto de valores e saberes que os grupos subalternos xeran á marxe do discurso dominante, e que non pode ser publicamente expresado agás en contextos de confrontación aberta (revoltas, levantamentos, *riots*). Scott, na liña de Foucault, argumenta que a resistencia é a inevitábel cara B de toda dominación, e sustenta esa afirmación en estudos

---

[2] Grandes rupturas radicais, particións binarias e masivas? Ás veces. Mais o máis habitual é que nos atopemos perante puntos de resistencia móbiles e transitorios, introducindo nunha sociedade desniveis que se desprazan, rachando as unidades e suscitando reagrupamentos, fendendo os propios individuos, cortándoos e remodelándoos, trazando neles, nos seus corpos e na súa alma, rexións irredutibeis. O mesmo que a rede das relacións de poder acaba por formar un tecido espeso que atravesa os aparellos e as institucións, sen localizarse exactamente neles, o enxame dos puntos de resistencia atravesa as estratificacións sociais e as unidades individuais. E, é sen dúbida a codificación estratéxica deses puntos de resistencia o que fai posíbel unha revolución, un pouco como o Estado repousa sobre a integración institucional das relacións de poder. (Tradución propia)

[3] ...de que xeito unha sociedade enteira non se reduce a eles [os procedementos de vixilancia], que procedimentos populares (tamén "minúsculos" e cotiáns) xogan cos mecanismos da disciplina e non se conforman con eles máis que para viralos. (Tradución propia)

psicosociais que sosteñen que manter unha actitude de finxida deferencia cara aos poderosos xenera un sentimento de ira que require de ser canalizado se se quer evitar unha confrontación directa que acarrearía un risco excesivo. As infrapolíticas dos grupos subalternos, malia proporcionaren un innegábel pracer a quen participa delas, non serven como válvula de escape inhibidora da expresión directa do desencanto, como se ten argumentado. Máis ben ao contrario, segundo Scott serven para alimentar esa rabia e manter viva a fantasía da sempre ancellada confrontación directa. En calquer caso, o esquema proposto por Scott non sería aplicábel a situacións de dominación complexas nas que operan formas de consenso e integración dos valores dominantes, como sería o caso da sociedade de masas. Porén, para unha situación de mudanza cultural como a obxecto do presente estudo, é digno de consideración e será aplicado máis adiante ao longo destas páxinas.

1.2.2 A cultura popular como espazo dos usos

As perspectivas propostas por De Certeau e James Scott constitúen un desafío explícito á Academia ao erixir ás clases subalternas, ao pobo, en suxeito da investigación. Restitúenlles a estas clases a capacidade de actuar, unha hipótese que o miserabilismo tan en voga na Socioloxía francesa da década de 1970 descartaba de plano (Grignon e Passeron, 1989, 36-37). Devólvelles a voz e a iniciativa, en contra do pesimismo ao que conducen as análises centradas nos procedementos da dominación. O cambio de foco fai que a análise da cultura popular non atenda aos produtos (que na sociedade de masas son xerados masiva e unidireccionalmente pola Industria Cultural e aspiran a manter o estado de cousas), senón á maneira na que estes son consumidos ou, mellor, como son apropiados. As multiples maneiras nas que as persoas usuarias (reducidas a "consumidores" pola hexemonía) constrúen os seus propios significados a partir das representacións fornecidas unilateralmente polo aparello hexemónico conforman o que entendemos como cultura popular, e é nesas *manières de faire* onde se detectará esa capacidade de resistir e de transformar desde o bando dominado.

De Certeau emprende a súa análise das *arts de faire*, dos usos furtivos aos que os dominados someten os produtos e mensaxes da cultura dominante, establecendo unha diferenciación que resultará de grande utilidade en análises posteriores da cultura popular. Toma da linguaxe militar os termos de estratexia e táctica para clasificar os diferentes tipos de traxectorias que deseñan as prácticas do cotián, os usos culturais. Por unha banda, a estratexia constitúe o cálculo das relacións de forza que se fai posíbel a partir do momento no que un suxeito de poder (un proprietario, unha empresa, un concello, unha institución científica) pode ser isolábel dun contorno. A *estratexia* asume, pois, un **lugar** delimitado como **propio** e por tanto serve de base para a xeración de relacións cun exterior diferenciado (competidores, adversarios, clientes, *targets* ou obxectos de investigación). As racionalidades política, económica e científica teñen sido construídas en base a este modelo da estratexia, que non é máis ca un tipo específico de saber-poder: o poder de dotarse dun lugar propio. A *táctica*, pola contra, é un cálculo que non pode contar cunha localización espacial e institucional propia, nin cunha fronteira que a distinga do outro como unha totalidade visíbel. "La tactique n'a pour lieu que celui de l'autre[4]" (Certeau, 1990, 46); non dispón dunha base sobre a que capitalizar as suas avantaxes. O *propio* é unha vitoria do lugar sobre o tempo. E a táctica xoga no non-lugar, polo que depende do tempo, de ser quen de cazar nel posíbeis beneficios: "pour saisir au vol les possibilités qu'offre

[4] A táctica ten por lugar aquel que é de outro.

un instant"[5] (Certeau, 1990, 61). Non garda o que gaña; debe aproveitar constantemente as ocasións para xerar novas oportunidades. O feble –a feble- saca partido constantemente das forzas que lle son alleas, combínaas a cada momento, xerando, non un discurso, mais unha decisión concreta. Moitas das prácticas cotiás son de tipo táctico, así como moitas das "maneiras de facer": triunfos do fraco contra o forte. (Certeau, 1990, 46-47). De tal maneira que a cultura popular está feita de espazos construídos na ocasión, no momento, por aqueles que carecen dun lugar de seu.

A partir desta distinción De Certeau embárcase nun estudo da lectura como "art de faire", como apropiación dos textos. O lector ou lectora sería o cazador furtivo que atravesa un terreo que non lle pertence; esta imaxe incide na cuestión, xa abordada, do carácter variábel da cultura, formada de distintas interpretacións segundo os contextos históricos e sociais. Pesie ao acento que pon na lectura, a perspectiva que introduce De Certeau serve para todas as prácticas culturais. Sobretodo, contribuíu a sacar do seu *impasse* aos sociólogos e historiadores da cultura popular, sumidos no debate sen fin entre miserabilismo e populismo. Asumir, seguindo a distinción proposta por Williams, a articulación de elementos dominantes, residuais resistentes e emerxentes alternativos en toda práctica ou obxecto cultural, levou algúns investigadores ao extremo de concluír a imposibilidade de estudar a cultura popular *per se,* ao considerar que o elemento dominante pesa excesivamente no seu desenvolvemento. Pola contra, outros, teimosos a priori por valorizar todo o que proceda das clases subalternas, aférranse ás técnicas xurdidas no eido da antropoloxía e avogan por estudar isoladamente os elementos da cultura popular, creando un cadro de análise ficticio no que as forzas dominantes non operarían ou onde mesmo se invertirían as relacións de forza: nese mundo irreal os elementos alternativos pasarían a ser dominantes e viceversa (Grignon e Passeron, 1989, 51). Ningunha destas dúas tendencias extremas é apropiada, mais as dúas parten dun problema común e aínda non resolto: o da dificultade de analizar a cultura popular illadamente da relación de forzas e da negociación co aparello hexemónico na que se produce. Faise precisa unha articulación permanente entre as dúas posturas: nin a cultura popular pode ser desbotada para a análise pola súa posición de subalternidade, nin se poden obviar as tensións que nela operan por efecto da cultura hexemónica, que teima en incoroporar ao seu radio de influencia aqueles elementos da cultura popular contrarios aos intereses da clase dominante (Grignon e Passeron, 1989).

Este debate teórico entre o populismo relativista e o lexitismimo miserabilista, abordado no cadro da Socioloxía francesa da cultura, pode atopar unha articulación ou punto medio se se coloca o foco sobre os usos e os procesos máis que sobre os produtos ou obras culturais. Esa postura é a defendida por Roger Chartier, quen adopta os conceptos de táctica e resistencia para o estudo das expresións culturais pretéritas, desmontando os argumentos de quen defendían que a cultura popular "verdadeira" tiña desaparecido a patir do proceso aculturador que en Europa constituíu a Contrarreforma. "La volonté d'inculcation des modèles culturels n'annule jamais l'espace propre de leur réception, usage et interpretation[6]." (Chartier, 1994, 10)

O cambio do foco cara aos usos (a lectura, a apropiación) acaba con interpretacións esencialistas da cultura popular e insiste na súa componente dinámica e conflitiva: "...les formes 'populaires' de la culture, des practiques du quotidien aux

[5] Para atrapar ao vóo as posibilidades que ofrece o instante.
[6] A vontade de inculcar modelos culturais non anula nunca o espazo propio da súa recepción, uso e interpretación. (Trad. Propia)

consommations culturelles, peuvent être pensées comme des tactiques productrices de sens –mais de sens possiblemente étrangers à celui visé par les producteurs"[7] (Chartier, 1994, 8). Deste xeito, unha tal concepción centrada nos usos entronca con aquelas concepcións que contemplan o elemento resistente ou opositor como parte integrante das culturas populares.

O proprio Gramsci, nas súas *Osservazioni sul folklore*, non excluía a posibilidade dunha

> (...) oposición fragmentaria y espontaneísta que se revela, por un lado, en el mecanismo de *adaptación popular* de cada producto culturalmente impuesto, y, por el otro, en el hecho de que las condiciones de vida reales de los pueblos, (...) en su confrontación con la realidad general, estimulan actividades 'justicialistas" (...) o aspiraciones evasivas, pero no por eso insignificantes, como la indentificación con el bandolero justiciero, el héroe que se toma la justicia por su mano, etc. El resultado es que, si desde el punto de la conciencia política y de la organización, el nivel de la cultura subalterna es incapaz de un antagonismo consciente y coherente, esto no quiere decir, sin embargo, que sea un recipiente vacío que se llena sólo con las ideas de las clases dominantes (Feixas e de Martino, 2008, 25).

Tómanse en conta, polo tanto as "infrapolíticas" como a opción das subalternas en contexto de opresión, e que se expresan a través da reapropiación a través dos usos (as *manières de faire*) e a resistencia disimulada a través das expresións culturais propias.

1.2.3. O popular como espazo de antagonismos partillados

Roger Chartier reclama unha nova forma de encarar a historia da cultura popular na que se teña en conta o caracter conflitivo de cada unha das súas expresións, nas que sempre se poden detectar elementos dominantes e resistentes en convivencia e tensión. Se isto é certo para as formas culturais do pasado máis afastado, faise especialmente patente a medida que nos achegamos aos períodos nos que a cultura pasa a constituír un espazo estratéxico da hexemonía (Martín-Barbero, 1991, 134); xustamente nesa fase da historia occidental recente na que se tenta confundir a cultura popular coa cultura de masas. É nesta altura na que as novas tecnoloxías favorecen a difusión masiva de mensaxes, facilitando a mediación entre as formas culturais da cultura popular tradicional e a nova cultura de masas. E é nesta etapa complexa e conflitiva, ubicada cronoloxicamente nun arco que vai desde o 1850 até o 1950, que xurdirán os fenómenos culturais que serán obxecto de análise e reflexión neste traballo.

Nun traballo pioneiro dos estudos culturais e deste enfoque, Richard Hoggart describe as maneiras nas que as clases traballadoras inglesas da década de 1950 lían ou escoitaban os produtos da cultura de masas: era a deles unha atención oblicua ou distraída, caracterizada pola adhesión eclipsada do que se le ou escoita, sen perder nunca a desconfianza respeito da súa autenticidade. En *The uses of Literarcy* exponse desta maneira o xeito no que a cultura popular, entendida como conxunto de prácticas,

[7] as formas 'populares' da cultura, das prácticas do cotián aos consumos culturais, poden pensarse como tácticas produtoras de senso –mais dun senso posibelmente alleo ao previsto polos produtores. (Trad. Propia)

é quen de se manter distanciada dos modelos impostos pola autoridade ou o mercado, ou ben de apropiarse deles para inscribirlles a súa propia coherencia (Hoggart, 1958, 325).

Un membro posterior da escola, John Fiske, desde o centro do sistema que perfeccionou o proceso massmediador hexemónico, bebe de fontes europeas para abordar a súa análise da cultura popular norteamericana. Asume, con De Certeau, que a cultura popular na sociedade de masas confórmana principalmente as "maneiras de facer": os usos que as persoas, privadas da posibilidade de producir os seus propios produtos dentro da cultura capitalista, fan dos bens da industria cultural, producidos para eles, pero non por eles. E ese conflito permea a súa concepción da cultura do cotián no sistema capitalista, que "is best described through metaphors of struggle or antagonism: strategies opposed by tactics, the bourgeoisie by the proletariat; hegemony met by resistance, ideology countered or evaded; top-down power opposed by botton-up power, social discipline faced with disorder."[8] (Fiske, 1989, 47).

Fiske comprométese, pois, na análise das tácticas de resistencia que operan nas formas do consumo popular dos produtos masivos. Asume que a relación de forzas está latente en toda actividade cultural, e que polo tanto toda práctica da cultura popular encerra unha contradición en si mesma (parte dos bens e servizos fornecidos desde a Industria cultural, é dicir, desde as forzas dominantes, para apropiarse delas e reorientar o seu uso con fins propios). As lecturas populares sempre son contraditorias: inclúen tanto aquilo ao que hai que resitir como as resisténcias que se lle apoñen. E a cultura popular é un concepto sumamente elusivo: non pode localizarse firmemente nin en textos nin en lectores ou receptores. Porén, a visión de Fiske é optimista: as tácticas cotiás, nunha guerra de guerrillas contra a cultura dominante, poden chegar a acadar a transformación social (Ibídem, 19).

O carácter resistente permea tamén a noción do "popular" na Sociedade de Masas. Fiske, como se viu no apartado anterior, considera a de pobo unha categoría móbil, un conxunto de alianzas que non ten por que corresponderse con condicións obxectivas de clase, xénero, relixión, raza, etc. A necesidade de negociar os problemas da vida cotiá dentro dunha estrutura social complexa (a do capitalismo) ten producido subxectividades nómades que poden moverse dentro dese conxunto, xerando realiñamentos nas alianzas sociais que configuran o pobo segundo as necesidades do momento. Todas esas reformulacións fanse no cadro dunha estrutura de relacións de poder: estas alianzas sociais provisorias teñen un senso de "con quen", pero tamén, e sobretodo "contra quen": "the sense of oppositionality, the sense of difference, is more determinant than that of similarity, of class identity, for it is shared antagonisms that produce the fluidity that is characteristic of the people in elaborated societies."[9] (Ibídem, 24). Esas alianzas son difíciles de xeralizar e de estudar, porque son feitas polas subalternas en contextos e momentos específicos (en coerencia co carácter temporal propio das tácticas). Son produto da práctica, e non das estruturas.

Desta oposicionalidade inherente á cultura popular infírese que non pode haber cultura popular dominante, pois a cultura popular sempre está formada en reacción a, e nunca como parte das forzas da dominación. Iso non significa que os membros dos grupos sociais dominantes non poidan tomar parte na cultura popular. Pero para iso

---

[8] ...se describe mellor a través de metáforas de loita ou de antagonismo: estratexias fronte a tácticas, burguesía fronte a proletariado; hexemonía oposta a resistencia, ideoloxía enfrontada ou evadida; poder de arriba abaixo fronte a poder de abaixo arriba, disciplina social oposta a desorde. (Trad. Propia)

[9] O senso de oposicionalidade, o senso de diferenza, é máis determinante que o de similaridade ou de identidade de clase, pois son os antagonismos partillados os que producen a fluidez característica do pobo noas sociedades complexas. (Trad. Propia)

deben desviarse –momentaneamente- da súa posición de dominación, e virarse cara a outras alianzas tecidas noutras etapas da sua vida (a mocidade, o lugar de nacemento, etc).

A cultura popular na sociedade de masas xorde na intersección entre os produtos da industria cultural e a vida cotiá do pobo, entendido como rede de alianzas transitorias. Esa intersección está afectada por un duplo movimento, o da contención (o que Raymond Williams chama incorporación) e da resistencia. As "artes de facer" son unha "art of being in between" (Ibídem, 36), a arte de situarse entre a produción e o consumo; eis a arte da cultura popular. Aquela que emprega os s*eu*s produtos para os n*oso*s fins, percorrendo habilmente a corda frouxa que separa os dous elementos fundamentais da lóxica capitalista.

Paralelamente á produción masiva e omnipresente emanada desde o centro do sistema capitalista, estase a xerar, de xeito invisíbel e sen solución de continuidade, unha produción de senso a partir deses produtos. De tal maneira que o consumo devén unha produción cultural independente da clase ou da riqueza, que como non xera beneficios na cadea de produción non se ten en conta como tal produción. Mais constitúe, di Fiske, un asalto radical ao sistema (Ibídem, 35).

Do mesmo xeito que Foucault falaba de microrresistencias, Fiske evita fomentar unha imaxe romántica e idealizada das prácticas resistentes que son intrínsecas á cultura popular. Quen as exerce son cidadáns cumpridores da lei a maior parte do seu tempo; os seus actos de resistencia son selectivamente esporádicos, determinados por unha mistura dos requerimentos da súa situación e das oportunidades que a estratexia dos dominantes lles concede. "Popular culture is to be found in its practices, not in its texts or their readers, though such practices are often most active in the moments of text-reader interaction."[10] (Ibídem, 45). Deben actuar no momento que a súa situación de subordinación llelo permite. De vez en cando, tras moitos esforzos e picaresca, conseguen arrebatar un pequeno espazo aos dominantes. É un espazo gaño para a resistencia.

1.2.4 Espazos de mediación entre o popular e o masivo.

A resistencia á dominación pode tomar moitas formas, non só a de producir significados opositores (que son as menos). Outras formas de resistencia son a evasión, evitar o control social, esquivar a disciplina que os dispositivos da dominación teiman en exercer sobre os corpos e as condutas. Todo o que está fóra de control sempre é unha ameaza potencial e sempre reclama aos poderes morais, estéticos e sociais, que o disciplinen. Calquera indicio de perda de control sobre as subalternas aterroriza ás forzas da orde, ao lembrarlles o fráxil que é o control social; esas formas efémeras demostran como escapar del, ainda que sexa momentaneamente. Producen unha sensación de liberdade, o pracer da evasión que tende a concentrarse no corpo, entanto a sensación xerada pola produción de significados opositores se centra na razón.

Fiske analizou a maneira na que esas resignificacións e tácticas evasivas cobraron corpo no ámbito do lecer nos prolegómenos da sociedade de masas. Na Inglaterra do século XIX o proceso de industrialización e conseguinte urbanización vai aumentar a consciencia das diferenzas de clase entre as clases traballadoras. A burguesía verá nesa crecente consciencia unha ameaza á súa posición de control da orde social. Como non pode nin quere mudar as condicións de produción do sistema capitalista

[10] A cultura popular atópase nas súas prácticas, non nos seus textos nin nos seus lectores, malia a que esas prácticas son habitualmente máis activas nos momentos da interacción texto-lector. (Trad. Propia)

industrial (cerne das diferenzas), focaliza no lecer das clases populares os seus esforzos disciplinares. Dúas serán as estratexias que adoptará: por unha banda, a lexislativa (promungación de normas que eliminan formas de entretemento e pracer populares), e pola outra, a incorporación desas formas, eliminando aqueles elementos que supoñen unha ameaza á súa concepción do mundo. Os praceres populares, fóra do control social, son unha ameaza para a orde dominante. "Excesive pleasures always threaten social control, but when these pleasures are those of subordinated groups (...) the threat is particularly stark, and disciplinary, if not repressive, action is almost inevitable."[11] (Fiske, 1989, 75). No período victoriano as estratexias disciplinares actuaron redefinindo, resituando e regulando o pracer das clases subalternas (mentres indulxían os desvíos dunha aristocracia en declinio). E as feiras, como espazo no que se daban cita algúns deses praceres, constituíron o obxecto de moitas desas medidas. Desprovistas da función económica que exerceran noutro tempo, xa non eran tolerábeis para a moral dominante, que as condenaba como fermento de algaradas, encontros sexuais, abuso do alcol e outras condutas desordenadas. Como outros espazos de encontro masivo (os partidos de fútbol, os desfiles de carnaval e outras festividades profanas), van ser reconducidos cara a lugares controlados de actividade privada e individualizada máis propicios á moral hexemónica.

A medida que as feiras e as festividades populares eran prohibidas en Inglaterra, ían sendo remprazadas por festivos oficiais. Confiábase en que estas festividades por decreto fosen máis sinxelas de disciplinar ca un día de festa popular promovido desde abaixo. Pretendíase substituír a liberación carnavalesca do traballo diario e a indulxencia nos praceres por un día, polo "recreo", forma de desfrute autorizada, enfocada a repoñer forzas para o traballo produtivo do día seguinte. Instáuranse modalidades organizadas para celebrar os días festivos, pero as estratexias sempre atoparon unha táctica que lles fixese fronte. Así, nos centros vacacionais da costa inglesa xurdirá toda unha oferta paralela de entretemento á marxe dos roteiros dirixidos aos públicos "respectábeis" (Ibídem, 76).

Martín-Barbero analiza o mesmo fenómeno, centrándose no papel que determinados dispositivos culturais van exercer como mediadores entre as formas culturais populares e as novas formas masivas que a hexemonía aspira a implantar. Deste xeito, formas teatrais como o melodrama acompañan nidiamente ese proceso no que, a partir de 1850 nos países industrializados de Europa, a cultura devén espazo estratéxico da hexemonía. O melodrama constituiría unha desas resignificacións exercidas pola hexemonía para domear os praceres populares. Bebe dos espectáculos de feira e dos relatos de transmisión oral, para encaixalos nun dispositivo escénico propio do teatro burgués, que prepara o camiño para os espectáculos urbanos masivos como o *music hall* e, máis tarde, o cinema. Este proceso constitúe un exemplo do que Martín-Barbero denomina "massmediación", o cal non leva aparellado unha inmediata subordinación á cultura dominante. As tácticas da cultura popular seguen actuando no ámbito destas formas culturais, e daí a constante cruzada das nacentes clases medias por levalas ao seu rego. O melodrama é desprezado pola crítica dominante polo seu maniqueísmo e exceso escénográfico, do mesmo xeito que o folletín é considerado literatura de segunda, até que a incorporación burguesa os convirte en xéneros asumíbeis para a hexemonía (Martin-Barbero, 1991, 124-128). Máis adiante, o *music hall* é combatido polo puritanismo das clases medias inglesas,

[11] Os praceres excesivos sempre ameazan o control social, pero cando eses praceres son os dos grupos subalternos (...) a ameaza é particularmente grave e a acción disciplinar, se non represiva, é case inevitábel. (Trad. propia)

que o tratan de substituír polos "Palace of varieties" sitos nos parques das grandes cidades, outra apropiación cultural burguesa, neste caso en sentido ascendente: constitúen unha versión democrática dos magníficos xardíns das mansións aristocráticas (Fiske, 1989, 77). O *music-hall*, sendo unha forma de espectáculo inserida no sistema de produción capitalista (xerido por un empresario que contrata as *vedettes* que considera poden atraer un maior número de espectadores), representa un triunfo das tácticas populares que se apropian das súas bancadas e colonizan os contidos do espectáculo. Mesmo as familias de titiriteiros europeos incorporarán este formato novidoso, ofrecendo espectáculos de varietés en cafés ou barracas (McCormick e Pratasik, 46). Nos Estados Unidos, o combate reprodúcese, neste caso entre o popular *burlesque* (tachado de vulgar), e o *vaudeville*, nado como alternativa respectábel e como primeiro espectáculo ao que as mulleres "decentes" poden asistir sen acompañante masculino (Fiske, 1989, 78).

Na súa súa análise das formas culturais que *median* entre as expresións populares e as masivas-dominantes, Martín-Barbero asume os presupostos de De Certeau e decide desviar o foco dos textos cara ao acto de enunciación, de apropiación dun sistema lingüístico por un locutor, nun presente, nun momento temporal que carece de lugar propio. Mantense, deste xeito, no terreo das tácticas para abordar o estudo dos dispositivos culturais deste período complexo no que o popular debe argallar novas astucias para coarse polas regandixas dos novos dispositivos de control. O proceso de massmediación non deixa de ser unha expresión da tensión entre os intentos de incorporar as formas residuais activas da cultura popular (cultura dun mundo en desaparición, dunha estrutura de sentir xa fenecida) e os impulsos de apropiación por parte das subalternas, arañados ás ocasións, sempre na corda frouxa.

1.3 A SUBCULTURA FEIRANTE COMO FERMENTO DO POPULAR

Situado o caso de estudo no eido das culturas populares, e definida a noción que se defenderá das mesmas, no seguinte apartado prestarase atención ao colectivo encargado da transmisión da expresión cultural obxecto de análise. Para isto, xustificarase previamente o emprego do termo "subcultura" para diferenciar a cosmovisión deste colectivo, que non implica a súa exclusión do campo xeral das culturas populares. A partir de estudos de tipo histórico defenderase unha aproximación á noción que considera o peso que incorpora do elemento conflitual e mesmo oposicional, de maneira análoga ao enfoque das culturas populares defendido. A idea de subcultura, como variedade dunha cultura determinada por criterios como a idade, o xénero, a actividade económica ou a relixión, está ligada a unha orixe defensiva nun contexto hostil e incorpora, polo mero feito de existir, tácticas de resistencia simbólica.

En segundo lugar, abordarase a cuestión da reprodución e transmisión da cultura popular, que conduce ao debate sobre o carácter individual ou colectivo da creación artística. Dado que se defende unha perspectiva comunicativa, pola cal todo acto de creación artística constitúe un esforzo por transmitir unha experiencia novidosa, apoiarase a idea da arte popular como resultado dun proceso de creación colectiva. Porén, iso non significa a negación do papel individual na introdución de novidades nos contidos ou na forma das expresións culturais populares. Asúmese que determinados membros da comunidade, ou do pobo en xeral, asumiron durante séculos a interpretación, recreación e actualización das expresións creativas, que despois o pobo, colectivamente, sancionaba.

Estes "portadores activos" da cultura popular integran un colectivo cunha serie de trazos que os particularizan e que os fan posuidores dunha subcultura específica. A itinerancia é a principal das súas características diferenciais, o que o fai pertencente ao que se denominará "colectivos peripatéticos", e que combinan a mobilidade como estratexia económica a través de itinerarios definidos por criterios estabeis, a residencia en fogares móbiles e/ou estacionais, a adicación a un oficio diferenciado e especializado e a endogamia como estratexia defensiva perante a habitual identificación negativa por parte das comunidades sedentarias.

As comunidades peripatéticas, das que os artistas ambulantes e, por tanto, os titiriteiros eran parte, establecen unha relación de mutua dependencia coa cultura popular xeral. Por unha banda, constitúen a única fonte de acceso a informacións e innovacións artísticas para os habitantes de lugares afastados, de modo que facilitan a cohesión das culturas populares. Pola outra, en contextos de mudanza cultural, contribúen á conservación das expresións propias do mundo tradicional.

1.3.1. Un todo heteroxéneo

> (...) there were many popular cultures or many varieties of popular culture – it is difficult to choose between these phrases because a culture is a loosely bounded system, so that (...) it is impossible to say where one ends and another begins[12] (Burke, 1979, 29).

Esta cita, referida á cultura popular europea da Idade Moderna, reflicte de xeito acaído o debate teórico que arrodea as nocións sobre as que se vai asentando o presente estudo. O seu autor, Peter Burke, parte da afirmación gramsciana da heteroxeneidade da cultura popular para rexeitar a suposta unicidade daquilo que Redfield clasificara como "a pequena tradición", un saco homoxéneo no que cabería toda a cultura non producida polas elites (Burke, 1979, 24). Fronte a tal monolitismo, Burke retruca: dentro da cultura popular existe unha variedade determinada por factores como a idade, a relixión, o hábitat, a actividade económica ou o xénero. O caso do hábitat semella evidente: as comunidades situadas en lugares máis afastados tenderían a manterse illadas e tardarían máis en padecer os procesos de aculturación ou de uniformización promovidos desde os aparellos hexemónicos, do que as poboacións mellor comunicadas ou ubicadas en posicións xeoestratéxicas máis centrais (Rasse, 2004, 56). A cultura popular era maiormente campesiña na Europa da Idade Moderna (como o foi en Galiza até ben entrado o século XX), mais non exclusivamente. Outros colectivos, como os artesáns especializados en distintos oficios, os leñadores ou os pastores, constituían grupos diferenciados con suficiente entidade para desenvolver unha serie de trazos culturais propios, frecuentemente como resposta a un rexeitamento por parte do mundo que os arrodeaba (Burke, 1979, 35).

En calquera caso, as variedades de cada un destes grupos continuaban a formar parte da cultura popular como todo heteroxéneo e definido por oposición á cultura hexemónica. Ou, seguindo a terminoloxía proposta por James Scott, compartían o discurso oculto da subalternidade, se ben en cada contexto histórico e cada situación de dominación específica, cada un dos grupos poida xerar espazos de disidencia e expresións resistentes específicas. Peter Burke aplícalles a estas variantes da cultura

[12] ...había moitas culturas populares ou moitas variedades de cultura popular – é difícil escoller entre esas frases, pois a cultura é un sistema de límites laxos, polo que (...) é imposíbel dicir onde empeza unha e comeza outra. (Trad. Propia)

popular na Idade Moderna unha denominación que fora acuñada na década de 1950 polos sociólogos da Escola de Chicago: o termo "subcultura". Burke emprégao para se referir ao conxunto de ritos e actitudes desenvolvidas por grupos como as corporacións nos burgos europeus, os soldados ou os mariñeiros. "The sub-culture is a system of shared meanings, but the people who participate in it also share the meanings of the culture at large."[13] (Burke, 1979, 42) Para o historiador británico, a causa da formación destes sub-sistemas dentro do sistema maior que é a cultura podería estar nunha actitude defensiva fronte a un rexeitamento percibido por parte daquel sistema maior, que no caso que el estuda constituiría o da cultura campesiña, maioritaria. Porén, aínda partindo desa base conflitual para explicar o fenómeno, semella desprover o termo do elemento oposicional que os membros da escola de Birminghan consideran inherente ao mesmo. A subcultura constituiría para Burke o resultado dunha táctica defensiva e non ofensiva. E nese senso fala da subcultura das mulleres, como aquela que só é posíbel desentrañar por dedución negativa. A falta de probas documentais, só cabe conxeturar o que farían as mulleres naquelas parcelas da vida que non lles eran vedadas. Excluídas das tavernas ou das corporacións, a elas pouco lles afectaban as diferenzas culturais derivadas do oficio. Tiñan cantigas propias e reuníanse para fiar ou realizar outros labores que lles eran reservados, xuntanzas que aproveitaban para cantar ou narrar historias. O seu grao de alfabetización era moito menor que o dos varóns, polo que a súa tradición transmitiuse por vía exclusivamente oral. A descrición da subcultura das mulleres durante a Idade Moderna non resulta afastada da experiencia recente nin semella poder describirse sen facer referencia ao conflito no que se asenta, do mesmo xeito que ocorre coa cultura popular respecto da hexemónica. Porén, a pesar de que neste caso o elemento conflitual resulta evidente, Burke prefire reservar o carácter opositor a aqueles subsistemas simbólicos que xorden explícita e conscientemente para confrontar o sistema "oficial" ou maioritario, como serían os dos mendigos ou dos ladróns, que xeraban distintas técnicas para o roubo e unha solidariedade de grupo moi acentuada. Estas variantes organizadas en clara oposición á cultura circundante constituirían, para Burke, as contraculturas. A análise formulada por James Scott vén resolver esa aparente disxuntiva entre o abertamente oposicional (só factíbel en situacións onde a resposta por parte do poder non acarrea riscos inasumíbeis) e o defensivo ou resistente, isto é, aquelas formas culturais e prácticas que agrupa baixo a etiqueta de "infrapolíticas das subalternas". En primeiro lugar, a cultura popular dun grupo social necesariamente transloce os valores e experiencias dese grupo, necesariamente afectadas pola súa situación de subalternidade. Todas as expresións desa cultura popular expresan, de maneira máis ou menos perceptíbel, unha protesta implícita contra o destino dese grupo. O discurso oculto ou *hidden transcript* constitúe, pois, o conxunto de réplicas que as subalternas desenvolven fronte ás afrontas materiais e simbólicas das que son vítimas por parte dos grupos dominantes. Non sempre esas réplicas poden ser expresadas publicamente. Unha mesma subcultura pode, segundo as circunstancias, expresar aberta oposición ás forzas dominantes, ou ben limitarse a introducir, de xeito ambiguo e velado, a súa visión do mundo alternativa á dominante no discurso público, é dicir, aquel accesíbel a dominadores e dominados (Scott, 1990, 19). As mulleres, vítimas de (cando menos) unha dupla dominación (de xénero e de clase), terían constituído historicamente un grupo moi propicio a desenvolver este tipo de prácticas que xogan coa ambigüidade, a

[13] A subcultura é un sistema de significados partillados, pero a xente que participa neles tamén comparte os significados da cultura xeral. (Trad. propia)

interpretación dun rol de acatamento da submisión e deferencia, e de mesmo aparente asunción das normas dominantes, para desenvolveren formas de expresión simbólica e microprácticas de resistencia que contribuirían a minar, con efectos aparentemente nimios pero pertinaces, o estado de cousas que as oprimía. Distinguir contraculturas e subculturas segundo o grupo social que as xera comportaría unha concepción esencialista e inmobilista das culturas populares. Todo grupo subalterno, segundo defende Scott, é susceptíbel de desenvolver a súa propia subcultura disidente, as súas infrapolíticas, nun determinado contexto de dominación onde a ameaza da represión é excesiva. O mesmo grupo, noutras circunstancias, cando a relación de forzas semella equipararse, asumirá os riscos e confrontará abertamente a súa visión do mundo á dos seus dominadores, podendo chegar mesmo á acción violenta directa para revertir o *status quo*. Mais o conxunto de valores e de crenzas, a visión do mundo dese grupo, é o mesma nos dous casos. O que varía é o grao de apertura no que esta é comunicada publicamente. Así, "each realm of open resistance to domination is shadowed by an infrapolitical twin sister who aims at the same strategic goals but whose low profile is better adapted to resisting an opponent who could probably win any open confrotation."[14] (Scott, 1990, 184).

A diferenciación terminolóxica entre a cultura popular como todo (ou o discurso oculto xenérico da subalternidade) e a subcultura (como discurso oculto de cada grupo e contexto de dominación específico) será útil no presente estudo, no que se analizará o papel xogado por un colectivo popular que tería conformado unha subcultura particular, sen deixar de participar e de contribuír á produción e transmisión da cultura popular da Galiza da primeira metade do século XX como todo heteroxéneo e en proceso de mutación.

1.3.2. A subcultura dos *active bearers*

A complexidade da cultura popular como obxecto de estudo obriga a manter unha atención bifocal ás súas aparentemente contraditorias dimensións. Ao tempo que se afonda na súa heteroxeneídade, trátase de discernir os mecanismos que a definen como un sistema autónomo, ben que inexorabelmente dependente da relación de poder na que se insire. Deste xeito, as subculturas continúan, como xa se dixo, formando parte da cultura popular común e contribuíndo á súa reprodución e transmisión.

A cultura popular reprodúcese e transmítese de forma autónoma. Como todo heteroxéneo, constituído polas distintas visións do mundo de cada un dos seus portadores, todos os membros da comunidade contribuirían á súa re-creación e re-produción. O proceso de selección dentro da cultura popular é relativamente democrático. Aquilo que sobrevive e florece dentro da cultura dos servos, dos escravos e labregos (os grupos subalternos na sociedade pre-industrial) está amplamente relacionado con aquilo que eles deciden transmitir (Scott, 1990, 157). Todos os seres humanos son filósofos e todas as persoas fan parte activa e creativa da súa cultura, como lembraba Gramsci (1999, vol. 4, 246). Porén, algúns individuos exercen un papel máis destacado ca outros nese proceso de re-creación e re-produción, de transmisón e renovación.

Para xustificar esta última afirmación resulta pertinente reparar na idea de creatividade. Así o fai Raymond Williams en *The Long Revolution*, en cuxo primeiro

[14] cada eido de resistencia aberta á dominación vai acompañado dunah irmá xemelga infrapolítica que aspira aos mesmos fins estratéxicos, pero cuxo perfil baixo se adapta mellor para resistir un oponente que probabelmente gañaría calquera confrontación aberta. (Trad. Propia).

capítulo, "The creative mind", analiza a evolución da idea de creatividade desde o reducionismo platónico-aristotélico que a equipara á mera imitación, até a súa consideración tal que expresión divina, propia do Renacemento. A concepción da creatividade proposta por Williams nega ambos os dous extremos e aséntase sobre o proceso de comunicación da experiencia. A creatividade sería, propón, unha necesidade vital, e polo tanto partillada por todos os seres humanos. Relaciona a creatividade coa percepción da nosa realidade circundante: aprendemos a ver algo toda vez que aprendemos a describilo. E para elaborar esa descrición podemos valernos dos códigos e regras xa coñecidos, das convencións, ou ben xerarmos novas regras e códigos. Este esforzo descritivo é propio daquelas persoas que chamamos "artistas", pero non exclusivo delas. A comunicación de novas descricións e significados tamen é levada a cabo no proceso social común, e por tanto aquilo que se adoita chamar "arte", sería só un modo máis de describir e comunicar. Moitas artes son, en realidade, desenvolvementos perfeccionados a partir de formas comúns de comunicación. É o caso da danza respecto do xesto, ou da poesía para a fala coloquial. O que fai ás artes diferentes é o feito de incorporaren poderosos medios para ese acto de partilla que é toda descrición dunha experiencia (Williams, 1975, 19-56).

> The dance of the body, the movement of the voice, the sounds of instruments are, like colours, forms and patterns, means of transmitting our experience in so powerful a way that the experience can be literally lived by others[15] (Williams, 1975, 41).

Porén, para ser recibido, calquera obxecto artístico precisa ser interpretado. Toda arte ten que ter unha base social; ninguén pode ver o traballo real do artista sen compartir con el un sistema de comunicación aprendido. Williams insiste no carácter necesariamente bidireccional da comunicación, como actividade na que tanto o artista como o espectador deben participar. "When art communicates, a human experience is actively offered and actively received. Below this activity threshold there can be no art[16]" (Williams, 1975, 42).

A "imaxinación creativa", a capacidade de atopar e organizar descricións novidosas da experiencia, posúena todas as persoas. O que fai especial o traballo do ou da artista é o feito de ser quen de empregar unha destreza (sempre aprendida, aínda que modificábel) nunha modalidade concreta de transmisión da experiencia. O seu dominio desa destreza constitúe a súa arte. Non é casual, insiste Williams -na súa querenza polas explicacións etimolóxicas-, que antigamente a palabra *art* significase destreza (*skill* no inglés moderno). O artista síntese impelido a transmitir esa experiencia que considera importante, usando a súa destreza. Ese é o seu traballo.

Burke chega a conclusións semellantes ás de Williams á hora de posicionarse no debate sobre o peso da creatividade individual na cultura tradicional. Afástase das teses románticas segundo as cais os artistas populares non serían máis que os voceiros dunha creatividade xerada colectivamente, e na que a figura do autor non tería lugar nin faría sentido. Mais ao mesmo tempo, asume que os propios artistas, apesar das suas contribucións ao corpus cultural mercede ás suas dotes individuais, eran

[15] A danza do corpo, o movemento da voz, os sons dos instrumentos son, o mesmo cás cores, formas e atavíos, modos de transmitir a nosa experiencia dun xeito tan poderoso que a experiencia pode ser literalmente vivida por outros. (Trad. Propia)

[16] Cando a arte comunica, unha experiencia humana é activamente ofrecida e recibida. Por debaixo deste umbral de actividade non pode haber arte. (Trad. Propia)

conscientes de estar traballando cun material que non lles pertencía en exclusiva. Por iso na meirande parte dos casos non asinaban os seus traballos e os seus espectadores tampouco retiñan o nome do cantor ou do intérprete cando repetían unha peza ou narración. "The individual may invent, but in an oral culture, (...) 'the community selects'"[17] (Burke, 1979, 115). As innovacións producidas por un individuo deben ser aceptadas pola comunidade para seren integradas ao corpus común da tradición. Velaí a comunicación da experiencia salientada por Williams, un proceso necesariamente bidireccional. Así, o artista tradicional non era mero voceiro da tradición, mas tampouco libre de inventar o que quixese. Non era nin "intérprete" nin "compositor" no senso contemporáneo dos termos. Producía as suas propias variacións (mercede á destreza adquirida de innovar na descrición da experiencia), mais dentro dun encadre tradicional. Se os distintos públicos non aprovaban a innovación introducida, esta perecía co seu autor, ou mesmo antes. Os sucesivos públicos até o fin da Idade Moderna exerceron, en termos de Burke, unha "censura previa"; decidían se unha cantiga ou historia sobreviviría e en que forma. É nese senso no que o pobo participa na creación e na transformación da cultura popular, similar ao modo no que participa na creación e transformación da súa lingua.

James Scott achega unha interpretación complementaria ao fenómeno, tamén afastada da visión romántica da creación colectiva. Os portadores e transmisores das expresións culturais dos grupos subalternos ampararíanse, segundo el, no anonimato e no carácter efémero da cultura oral, co obxecto de evitar os castigos dos dominantes aos que aquelas expresións desafiaban. A oralidade, característica maioritaria na produción cultural das clases subalternas no mundo tradicional, favorecía o carácter esquivo das infrapolíticas, constituíndo cada *performance* (cada canto dun romance, cada representación dunha peza de bonecos, cada declamación dun poema satírico...) un acto único e irrepetíbel de resistencia pública camuflada. "Like gossip or rumor, the folk song is taken up and performed or learned at the option of its listeners and, in the long run, its origins are lost altogether. It becomes impossible to recover some *ur* version from which all subsequent renditions are deviations"[18] (Scott, 1990, 161). Cada intérprete era dono de introducir os elementos que considerase apropiados para cada momento e lugar, e outros transmisores de modificar ao seu antollo o contido da mensaxe. Do mesmo xeito, as expresións públicas (se ben disimuladas baixo o anonimato e o eufemismo) do discurso oculto, teñen sentido só se un público as recibe e as recolle, se as acepta como útiles aos seus intereses (Scott, 1990, 161).

As circunstancias que, ao longo da historia, teñen levado a determinados individuos dotados da destreza de transmitir a experiencia de xeito novidoso a especializarse nesa actividade, deixando a outros membros da comunidade o desempeño das actividades necesarias para a subsistencia, son múltiples e variadas. Arnold Hauser desgránaas na súa *The Social History of Art,* onde describe a forma no que o poder influíu nesa especialización por parte dos individuos dotados de destreza creativa. En paralelo, e con menores variacións ao longo da historia, no seo da cultura popular, afastada das lóxicas da hexemonía, a adicación exclusiva a actividades creativas foi case sempre acompañada dunha componente de marxinalidade. Hauser cita a xograres, ministreis e vagantes durante a Baixa Idade Media, a quen considera herdeiros dos mimos dos tempos clásicos. "The mime had never ceased to flourish

[17] O individuo pode crear, mais na cultura oral, (...) 'a comunidade selecciona'.

[18] O mesmo que o boato e o rumor, a cantiga popular é recollida e interpretada ou aprendida segundo a escolla dos seus ouvintes e, no longo termo, as súas orixes acaban por perderse totalmente. Faise imposibel recuperar unha versión *ur* da que todas as execucións ulteriores son desviacións. (Trad. Propia)

since the days of classical antiquity; when even the last traces of classical culture disappeared, the descendants of the old mimes still continued to travel about the Empire, entertaining the masses with their unpretentious, unsophisticated and unliterary art"[19] (Hauser, 1999, 79).

"The carriers are likely to be as socially marginal as the places where they gather."[20] (Scott, 1990, 123). Do mesmo xeito que os espazos gaños ao poder para o desenvolvemento da cultura dos subalternos (do seu *hidden transcri*pt) debían permanecer á marxe do control dos dominados, tamén os seus portadores e transmisores deberían constituír un grupo cun hábitat e unha serie de condutas que lles permitisen sobrevivir afastados do control e do risco das represalias.

Peter Burke distingue os "semiprofesionais da transmisión cultural", aqueles membros das comunidades europeas da Idade Moderna que destacaban en determinadas prácticas creativas (os homes ou mulleres que mellor cantaban, a muller sabia quen de preparar remedios para curar os animais...) e compaxinaban esas actividades co desempeño das tarefas relacionadas co autoabastecemento do fogar; dos profisionais, adicados en exclusiva á produción ou creación de bens e servizos creativos: artesáns, vendedores ambulantes, xograres e actores itinerantes que periodicamente chegaban ás aldeas ou vilas para organizar espectáculos (Burke, 1979, 91) Estes últimos desempeñaron un rol precioso na intercomunicación das comunidades durante a Idade Media:

> El juglar contribuye a difundir una literatura popular anónima (...) un cancionero lírico y crítico que expresaba la protesta y que tardaría en recibir manipulación literaria, ya en la Baja Edad Media, cuando pasó a las primeras recolecciones de muestras literarias anónimas. Esa literatura popular utilizaba los tics culturales memorizados (mitos, símbolos, retórica) y los modificaba al servicio de la traducción de los hechos de la realidad cotidiana. Sólo tenían transmisión oral, porque la escritura y la lectura eran prácticas prohibitivas para un vulgo perfectamente aculturizado" (Montalbán, 1997, 37).

Burke toma prestado do folklorista sueco Carl von Sydow o termo de portadores activos (*active bearers*). En contraste, o papel do resto da poboación dentro da reprodución cultural sería "relativamente pasivo" (1979, 91), pois limitaríase a escoller aquelas innovacións que fosen merecentes de pasar a integrar o corpus da cultura popular.

Neste traballo prestarase especial atención a estes portadores activos, e concretamente aos profesionais, aqueles que facían da transmisión e creación de espectáculos populares a súa principal forma de vida. Eran artistas populares, no senso de que traballan principalmente para un público popular. De novo os termos escorregan na polisemia. O público popular puido estar constituído maiormente de labregos e artesáns na Idade Moderna á que Burke consagra o seu traballo, pero tamén puido ter incorporado a membros da pequena e mesmo da alta burguesía, operarios e burócratas en períodos máis próximos ao presente. En moitos casos, ademais, algún artista popular podía chegar a acadar o favor das clases dirixentes, monarcas e aristocracia, sen deixar de gozar de suceso entre as clases subalternas. Como vimos, o

[19] O mimo nunca deixou de florescer desde os días da antigüedade clásica; cando as últimas pegadas da cultura clásica desapareceron, os descendentes dos antigos mimos continuaron a viaxar polo Imperio, entretendo ás masas coa súa arte sen pretensións, pouco sofisticada e carente de pedantería. (Trad. Propia)

[20] Os portadores adoitan seren tan socialmente marxinais como os lugares nos que se xuntan. (Trad. Propia)

discurso público é partillado por dominados e dominantes, e é precisamente aquí onde o xogo do disimulo e a ambigüidade que caracteriza as infrapolíticas das subalternas deben xogar un rol crucial, de xeito que algúns significados permanezan ocultos ou indescifrábeis para os públicos dominantes, mentres que para os dominados sexan claramente identificabeis. O colectivo dos portadores activos do discurso oculto foi historicamente moi diverso e esa diversidade foi especialmente acentuada no caso dos artistas escénicos, capaces de ofrecer aos seus públicos unha enorme variedade de técnicas e de repertorios.

Estes portadores activos da cultura popular constituían, en moitos casos, un colectivo que partillaba unha serie de comportamentos económicos e uns hábitos que os fan portadores dunha subcultura diferenciada. Como explica James Scott,

> It is not simply a question of their anomalous or low social standing. They are also likely to follow trades or vocations that encourage physical mobility. As travelers they often serve as cultural brokers and social links between subordinate communities while remaining, themseleves, less socially anchored and hence more autonomous (...). Finally, a good many of these groups depend directly on the patronage of a lower-class public to make their living. The cleryman who must rely on popular charity or the bard who expects his audience to feed him and give small contributions is likelly to convey a cultural message that is not at odds with that of his public (Scott, 1990, 124)[21].

A ambulancia era, pois, unha das características definitorias deste colectivo e da súa subcultura particular.

1.3.3. A itinerancia como selo cutural

O colectivo dos titiriteiros (na súa acepción ampla e metonímica que incorpora a representantes doutras destrezas creativas) forma parte daquelas comunidades historicamente tachadas de "vagabundas", ou "parásitas". Tamén adoitaron seren identificadas cos ciganos, cos que partillaban o nomadismo, a marxinalidade e a adicación a determinadas actividades artísticas. Porén, o grupo dos comediantes ou titiriteiros posúe trazos que o diferencian daqueles colectivos cos que comunmente o teñen asociado. Formaría parte do que a antropóloga Aparna Rao denominou "comunidades peripatéticas": comunidades endogámicas que non viven da produción de alimentos, senón da venda de bens e servizos, e cuxa estratexia económica esencial está baseada en migrar dun grupo de clientes a outro (Rao, 1985, 99-100). Aínda que as diferentes lexislacións represivas (desde a *Vagracy Acts* inglesa de 1572 até a *Ley de Vagos y Maleantes* dictada no 1933, durante a II República Española) incluían no mesmo saco a esmoleiros, rateiros e comediantes, estes diferenciábase dos dous primeiros en catro aspectos básicos, que coinciden cos trazos diferenciais que Rao atribúe ás comunidades paripatéticas.

---

[21] Non é só unha cuestión da súa posición social anómala ou baixa. Adoitan ademais adicarse a oficios ou vocacións que fomentan a mobilidade física. Como viaxeiros adoitan servir como axentes culturais e vínculos sociais entre comunidades subalternas ao tempo que eles mesmos se manteñen menos vencellados socialmente e polo tanto máis autónomos (...). Finalmente, moitos deses grupos dependen directamente do apoio dun público de clase baixa para gañar a vida. O crego que depende da caridade popular ou o bardo que aspira q que os seus espectadores o alimenten ou lle dean pequenas contribucións ten máis probabilidades de transmitir unha mensaxe cultural que non contradiga a do seu público. (Trad. Propia)

1.3.3.1 Itinerarios definidos.

En primeiro lugar, fronte á mobilidade anárquica e allea a causas económicas ou estacionais propia do vagamundo, as comunidades peripatéticas, e entre elas os comediantes, viaxan dun lugar a outro de forma cíclica e regular. Os artistas ambulantes ían de aldea en aldea e de vila en vila na procura de novos públicos, xeralmente aproveitando ocasións especiais tales que feiras ou festas populares.

> It was easier to change their audience than their repertoire, and to change their audience they had to travel from town to town or from fair to fair, stopping at such villages as might be on the way. (...) [I]t is to men like these – as much as to archaic Indo-European traditions – that European popular culture owed its unity (Burke, 1979, 97)[22].

Eses actores itinerantes podían viaxar sós ou formando parte dunha compañía. Burke enumera exemplos de grupos de actores deambulantes na Inglaterra do XVIII, que viaxaban a pé, sempre vestidos para actuar, por se xurdía a oportunidade. Un par deles ía sempre por diante para pedir licenza para facer unha representación, habitualmente en pousadas ou celeiros. Na Península Ibérica, un deses actores ambulantes, Agustín de Rojas, deixou constancia de oito tipos diferentes de agrupamento, onde o máis reducido era o bululú, formado por un só actor que se desprazaba a pé (Rojas, 1603, 39-40).

A figura do actor que viaxaba en solitario era frecuente, segundo deixan constancia os rexistros de limosnas e distintas obras pictóricas. En moitos casos, eran cegos que cantaban acompañados por algún insrumento. Outra categoría de actores que viaxaban sós eran os que organizaban espectáculos de marionetas, como o maese Pedro descrito por Cervantes en *El Quijote* (Burke, 1979, 98).

En Galiza, aínda a finais do século XX era frecuente atopar actuando en feiras e festas a cegos que tocaban o violín ou a zanfona e cantaban as coplas e "crimes", e mesmo representaban pequenas pezas de monifates axudados por unha muller ou un mozo. Este bululú galego, retratado polo escultor Isidoro Brocos en 1909 a partir dos relatos de distintos informantes (Pereira, 1991, 292-293), e tamén consignado por Casto Sampedro no seu Cancioneiro (2007, 165), tería esmorecido a medida que o século XX avanzaba, deixando paso a outro tipo de agrupacións de artistas itinerantes.

1.3.3.2. Fogares móbiles

A segunda característica diferencial das comunidades peripatéticas respecto das vagabundas é a existencia dun domicilio considerado propio. Sexa en forma de caravana, de tenda ou de casa propiamente dita, os membros destes colectivos posúen un "fogar" no que retirarse a descansar. No caso dos artistas ambulantes, o formato deste domicilio variou ao longo do tempo. Se ben na Idade Moderna moitos comediantes percorrían grandes distancias, atravesando mesmo as fronteiras europeas, no século XIX os percorridos redúcense, permitindo aos artistas ambulantes contar cun lugar de residencia estábel ao que regresar tras as etapas de traballo itinerante nunha serie de prazas fixas. Por outra banda, o proceso de urbanización xerado en Europa a raíz da Revolución Industrial provocou que moitas compañías se asentasen, ao atopar unha maior concentración de público ao que dirixirse. (McCormick e Pratasik, 2004).

---

[22] Era máis sinxelo cambiar de público que de repertorio, e para mudar de público tiñan que traballar de cidade en cidade e de vila en vila, deténdose en toda canta aldea houbera no camiño. (...) A unidade da cultura popular europea (o mesmo que a das tradicións arcaicas indoeuropeas) débese a individuos como estes. (Trad. Propia)

No caso dos artistas adicados á representación de pezas de marionetas, no século XIX adoitaban viaxar en carros tirados por cabalos, ás veces propiedade da compañía e outras alugados. Era habitual que un dos carromatos servira como vivenda itinerante da familia que rexía a compañía e outro para o almacenamento dos materiais do espectáculo. A principios do século XX os carromatos comezan a ser substituídos por camións ou outros medios de transporte como o ferrocarril e os vapores (McCormick e Pratasik, 2004), se ben existen referencias ao uso de carromatos por parte de comediantes na década de 1920 en La Rioja (Blanco, 2004, 43) e aínda despois da Guerra Civil española, en Galiza[23].

A evolución experimentada polos artistas itinerantes a partir do século XX achégaos a outra comunidade paripatética especialmente numerosa en terras galegas: a dos artesáns especializados en oficios como a cantería, o afiado de coitelos e apeiros de labranzas ou a olaría. Estes artesáns proceden de determinadas poboacións rurais especialmente deprimidas, nas que a produción agrícola non abonda para satisfacer as necesidades de toda a comunidade, obrigando aos varóns maiores das casas a buscar fóra da aldea o sustento, ofrecendo os seus servizos especializados. Fidalgo Santamariña ten estudado esta tipoloxía de ambulantes, dos que destaca que chegan a desenvolver unha dupla identidade: a que os emparenta cos veciños da súa poboación de orixe (que coñecen como a *chaira*) e a que os vencella con outros compañeiros de oficio fronte á clientela, cando se atopan en itinerancia (o que eles denominan a *parroquia*) (Fidalgo, 1990, 120).

Do mesmo xeito que os afiadores ou os canteiros, os animadores profisionais constituían un grupo diferenciado, marcado polas vestimentas de cores alegres ou o uso de pseudónimos extraños (como Brüle Maison, o coñecido cantante do s.XVIII en Lille, ou o Barriga Verde galego). En moitos casos, tamén eles procedían de rexións pouco fértiles onde moitos mozos se vían obrigados a emigrar, como a Savoia ou a Basilicata, no sur de Italia (Burke, 1979, 99).

1.3.3.3. A distinción polo oficio

O desempeño dun oficio diferenciado constitúe o terceiro trazo distintivo das comunidades peripatéticas con respecto daquilo que as distintas disposicións lexislativas teñen definido como "vagabundos". Mesmo algúns tipos de pobres de pedir poderían entrar nesta categoría: aqueles que acoden ciclicamente a determinados acontecementos colectivos a mendigar, exercendo unha función dentro da comunidade rural que interrompe o seu devir cotián no momento da festa e precisa amosar a súa solidariedade cos desafortunados. Os esmoleiros, nese senso, constitúen un elemento clave nas romarías tradicionais galegas (Gondar, 1995, 107).

Os oficios dos comediantes eran diversos dentro do campo xeral das artes do espectáculo. Dominaban técnicas distintas mais adoitaba existir unha certa expecialización nunha disciplina na que se posuía un maior talento. A súa proliferación na Europa Moderna tivo que ver, segundo Burke, coa expansión do clericalismo como única fonte de cultura lexítima durante a Era Carolínxea. Os mimos foron expulsados das cortes xermanas nas que floreceran durante alto Medievo, o que os levou a engrosar as filas dos ministreis ambulantes multifacetados:

> The most striking characteristic of the minstrel is his versatility. The place of the cultured, highly specialized heroic ballad poet is now taken by the Jack of all trades, who is no longer merely a poet and singer, but also a musician and dancer, dramatist and actor, clown and acrobat, juggler and

[23] Como se desprende das entrevistas realizadas no contexto desta investigación a Alfonso e Juan Silvent.

> bear-leader, in a word, the universal jester and maître de plaisir of the age. Specialization, distinction and solemn dignity are now finished with; the court poet has become everybody's fool and his social degradation has such a revolutionary and shattering effect on himself that he never entirely recovers from the shock. From now on he is one of the déclassés, in the same class as tramps and prostitutes, runaway clerics and sent-down students, charlatans and beggars. He has been called the 'journalist of the age', but he really goes in for entertainment of every kind: the dancing song as well as the satirical song, the fairy story as well as the mime, the legend of saints as well as the heroic epic… (Hauser, 1999, 79)[24].

Herdeiros dos ministreis medievais, os *entertainers* da Idade Moderna reunían unha grande variedade de denominacións que facían referencia ás súas especiais destrezas: cantores de baladas, domadores de osos, bufóns, charlatáns, *clowns*, comediantes, espadachíns, *fools*, prestidixitadores, malabaristas, saltimbancos, mestres titiriteiros, curandeiros, equilibristas, sacamoas ou acróbatas. Todos eles puñan en escena un espectáculo moi variado (o que se desprende do termo inglés *to play*, que ao igual que en muitos outros idiomas significa xogar ademais de actuar) (Burke, 1979, 94). A principios do XIX os titereiros ainda mantiñan un vínculo con saltimbancos e domadores de animais (como no caso de Joseph Silvent, pai dos creadores de Barriga Verde), pero axiña a maioría deles pasarían a integrar as *troupes* dos circos, mentres que os marionetistas comezaron a tecer maiores lazos coas comunidades de base (McCormick e Pratasik, 2004, 24).

1.3.3.4. A endogamia como estratexia

A cuarta característica diferencial das comunidades peripatéticas é a endogamia. Dito doutro xeito: a escolla profesional dos seus membros está condicionada pola pertenza a un grupo específico. No caso dos artistas ambulantes, no século XIX as compañías eran empresas familiares, condición necesaria para a súa viabilidade económica. A estrutura máis frecuente nas compañías de titiriteiros era o casal e os fillos, mais un ou dous axudantes. O propietario da compañía era un pequeno capitalista, dono do equipamento (barraca, bonecos, carromato) e capaz de contratar un número de persoas variábel. Cando o propietario ía vello deixáballe o negocio a outro membro da familia. As familias de marionetistas estaban interrelacionadas, o que facía posíbel que os fillos ou fillas dun bonecreiro fosen traballar como aprendices na *troupe* dun parente, antes de botar a andar o seu propio espectáculo ou de herdar o dos pais. O asistente ou axudante do que case todas as *troupes* dispuñan, normalmente varón, podía chegar a herdar o espectáculo tras casar coa filla dos proprietarios. O matrimonio entre bonecreiros ou titiriteiros en xeral era práctica estendida, o que aseguraba a continuidade da actividade e evitaba os conflitos entre vida nómade e sedentaria. Non era raro que a viúva do propietario continuase co espectáculo, ou que a filla o herdase (e buscase un marido para que lle axudase a

[24] A característica máis rechamante do ministrel é a súa versatilidade. O lugar do poeta cultivado e altamente especializado das baldas heroicas é agora ocupado por un multifacetado artista, que xa non é só un poeta ou un cantor, mais tamén músico e bailarín, dramaturgo e actor, clown e acróbata, malabarista e domador de osos... Nunha palabra, o bufón universal e mestre dos praceres da época. A especialización, distinción e a solemne dignidade acabáronse; o poeta cortesán deviu o tolo de todos e a súa degradación social ten un efecto tan revolucionario e demoledor nel mesmo que nunca se recupera enteiramente do shock. A partir dagora é un desclasado, da mesma clase que vagabundos e prostitutas, cregos fuxitivos e estudantes expulsados, charlatáns e esmoleiros. Ten sido chamado o 'xornalista da época', pero realmente gosta de calquera tipo de entretemento: a cantiga bailada igual que a canción satírica, o conto de fadas o mesmo que o mimo, a lenda de santos igual que a épica heroica. (Trad. Propia)

administralo). A primeiros do s. XX empeza a ser frecuente que o bonecreiro casase con alguén de fóra dese mundo. (Mc Cormik e Pratasik, 2004, 29-32; Blanco e Robres, 2004, 41-42).

A endogamia das comunidades peripatéticas non só responde a un criterio de rendibilidade económica. É tamén unha resposta ao rexeitamento por parte das comunidades sedentarias, que condenan estes grupos á marxinalidade. Esta actitude pode estar determinada pola orixe dos peripatéticos (con frecuencia estranxeiros ou de etnia distinta), ou pola actividade á que se consagran: "...la marginalité sociale peut être liée à la fois à l'origine présumée du groupe et à son identité actuelle, elle-même largement influencée par les activités profesionnelles de ses membres" (Rao, 1985,101)[25].

A desconfianza perante as artes dos titiriteiros podería remitir á Antigüedade, onde se asociaba este tipo de destrezas coa maxia. O que facían estes artistas xeraba tal impresión, que *juggler* (malabarista) chegou a ser sinónimo de mago. Tamén se cría que actores e actrices tiñan pactos co diaño, como grande mestre das ilusións que era (Burke, 1979, 94).

Aparna Rao chama atención ademais sobre o estatus elevado no campo dos ritos e do sobrenatural de que adoitan gozar as comunidades peripatéticas. En moitos casos, os propios peripatéticos reforzaban esa especial consideración simbólica difundindo relatos míticos arredor da orixe do grupo, que os vinculaban a unha personaxe histórica ou lendaria.

Os *showmen* da Idade Moderna adoitaban combinar as demostracións de malabares, marionetas ou animais adestrados coa venda de ungüentos ou menciñas ou a extracción de moas. "This combination of healer and entertainer is in fact and extremely old one. Healing was, and in some parts of the world still is, a social drama, a public performance involving elaborate rituals and sometimes music as well" (Burke, 1979, 94-95)[26].

Asi e todo, a reputación das comunidades peripatéticas en xeral e dos artistas itinerantes en particular non era boa. Por parte das institucións, ditábanse normas que trataban de limitar a súa entrada nas poboacións a non ser que contaran cunha licenza por parte das forzas vivas das localidades. En España, a denominación "cómicos de la legua", anterior ao século XVII, procede da obriga de acampar a un mínimo desa distancia da poboación na que pretendían actuar, imposta aos titiriteiros na Idade Media (Blanco, 37). En Alemaña non se lles permitía formar parte das corporacións de artesáns, e eran moitas veces acusados de bruxaría. En moitos casos, foron equiparados cos mendigos e incluídos no mesmo saco que todo tipo de maleantes, como deixan constancia as famosas *Vagrancy Acts* inglesas de 1572, que xuntaban "all fencers bear-wards common players in interludes and ministrels... all jugglers pedlars tinkers and petty chapmen[27]", e prohibíanlles "deambular" se non dispuñan dunha licenza de dous xuíces de paz (Burke, 1979, 99).

Chegado o século XIX, esvaídas as connotacións máxicas ou a orixe étnica dos ambulantes, o estatus económico dos marionetistas constituía o seu verdadeiro estigma. A asociación de titereiros e pobreza, e pobreza e crime, levaba a moitos deles

---

[25] A marxinalidade social pode estar ligada a un tempo á suposta orixe do grupo e á súa identidade actual, esta grandemente influenciada polas actividades profesionais dos seus membros. (T.P).

[26] Esta combinación de curandeiro e *entertainer* é de feito extremadamente vella. Curar era, e nalgunhas partes do mundo aínda é, un drama social, unha representación pública que envolvía rituais elaborados e ás veces tamén música. (T.P.)

[27] Todos os duelistas, amestradores de osos, actores comúns en entremeses e ministreis... todos os malabaristas, vendedores ambulantes, quincalleiros e charlatáns. (T. P.)

a rexistrarse con eufemismos evitando aludir directamente á súa verdadeira profesión, ou nun oficio distinto se é que dispuñan del. Era o caso de moitos obreiros que complementaban os seus ingresos familiares facendo títeres, e que os abandonaban cando viñan tempos mellores. Escúsase dicir que esta circunstancia dificulta aínda máis a investigación sobre estes colectivos. Os titereiros a tempo completo convivían coa indixencia. Só unhas poucas *troupes* acadaron unha certa afluencia de público, pero aínda así, pasaban por estreiteces: a familia Pitou na Franza, os Lupi en Torino, os Camogalliani de Mantua, os Schichtl en Alemaña, os Holden en Gran Bretaña... (Mc Cormick e Pratasik, 2004, 22-23).

A solidariedade entre os membros das comunidades de ambulantes que salienta Fidalgo Santamariña, "su conciencia de formar parte de unos grupos profesionales con una problemática y fines propios diferenciados de la sociedad externa dominante" (1990, 131), desaparece entre os comediantes en canto adquiren un determinado nivel de prosperidade. Deste xeito, era frecuente que os "empresarios" das compañías de maior suceso quixesen diferenciarse dos titiriteiros máis humildes, facendo fincapé na súa honestidade e moralidade. Temos o exemplo dunha das barracas obxecto de estudo no presente traballo, que no seu momento de maior popularidade acompañaba o nome do espectáculo do subtítulo "culto y moral". Neste caso estaría operando a "identidade negativa" da que fala Fidalgo Santamariña, actitude inicialmente defensiva que leva ao membro da comunidade ambulante a verse a través dos ollos da súa clientela (a comunidade de base). Á larga, o titiriteiro acaba por asumir o modo no que o outro o ve, e interioriza os trazos negativos dese retrato. Esa identificación negativa amósase a través dunha actitude esaxeradamente submisa por parte do membro da comunidade peripatética cara a súa clientela e a ostentación dos avanzos sociais adquiridos cando está na súa comunidade de base ou "chaira" (Fidalgo, 1990, 130). Deste xeito, cando no século XX algúns artistas ambulantes acadan unha popularidade que os fai ver próximo o ascenso social, teiman en diferenciarse dos seus compañeiros de subcultura para afirmárense tal que "artistas" no senso hexemónico (ideal, seguindo a nomenclatura de Williams), do termo.

A partir do século XIX a lingua empregada comezou a constituír un trazo diferenciador entre as categorías de marionetistas europeus. Os considerados de maior nivel autopercibíanse como difusores culturais alén de animadores (*entertainers*), e por tanto procuraban usar un rexistro culto do idioma oficial. En Francia, por exemplo, algúns marionetistas empregaban o francés cando actuaban nas cidades e o dialecto do país cando representaban -sempre pezas menores- nas vilas e aldeas (McCormick e Pratasik, 2004, 24).

Era habitual que a lingua das representacións destes comediantes estivese inzada de termos vulgares e incorreccións derivadas da orixe foránea dos mesmos. En Galiza, José Silvent era coñecido en moitos lugares como "o portugués", en clara alusión ao seu sotaque[28]. O termo *forain*, usado en Francia para nomear os artistas ambulantes fai referencia á orixe estranxeira de moitos deles.

> However, a distinction was often made between 'forains', meaning outsiders who belonged to a nomadic culture of showpeople, and puppeteers who, althought they might travel within a relatively limited

[28] Como no artigo de Álvaro Cunqueiro sobre as festas de San Lucas, en *El Faro de Vigo* de 17 de Outubro de 1957.

> circuit, were based in a particular area and were not perceived as outsiders. (McCormick e Pratasik, 2004, 24) [29]

O asentamento dos comediantes durante longas tempadas nunha comunidade sedentaria tería axudado a paliar a proverbial desconfianza que os ambulantes espertaban entre os membros sedentarios das clases subalternas, tal e como, por exemplo, amosa a presenza no folclore popular galego de coplas e refráns que retratan aos ambulantes como persoas de pouco fiar. Fidalgo Santamariña suxire que as causas deste sentimento cara a estas comunidades era que eran vistas como "xente de fóra que non está sometida ós sistemas de normas, valores e pautas de comportamento esixibles ós demáis membros da comunidade." (1997, 425). Unha vez que os ambulantes comezan a pasar máis tempo na súa localidade base, adoptan as normas da comunidade, coa que acaban por identificarse durante eses períodos sedentarios. Desenvolven así unha dupla identidade, segundo se atopen na "chaira" ou na "parroquia" (Fidalgo, 1990, 130).

Ao longo do século XIX, por tanto, un número importante de artistas ambulantes deciden limitar o seu radio de mobilidade, facilitando así unha maior vinculación cunha comunidade sedentaria, mais sen deixar de depender dunha itinerancia (aínda que nun circuito máis reducido) para a súa supervivencia económica. Esta pseudo-sedentarización, que os achega á ambulancia de orixe rural propia das rexións do interior galego, tería múltiples causas, como o aumento demográfico xeralizado no continente, ou a inestabilidade política dos estados europeos, que desaconsellaba a mobilidade entre fronteiras. Só aqueles artistas que chegaran a acadar unha sona destacada entre os públicos burgueses das cidades podían permitirse percorrer as capitais do continente utilizando para iso o ferrocarril, ou mesmo os transatlánticos naquelas ocasións nas que a súa fama cruzou o océano.

A lingua das comunidades peripatéticas constitúe, alén dun trazo distintivo da súa subultura propia, unha estratexia de supervivencia fronte á histórica hostilidade das comunidades de base. É habitual que estes grupos, aínda que falen habitualmente a mesma lingua que a súa clientela, dispoñan dun código propio para comunicarse entre eles sen ser entendidos. Pode tratarse dun dialecto, como o *gammon* dos *travellers* irlandeses, ou dunha xiria, que empregan só cando se saben vixiados (Rao, 1985, 104). Xunto coa lingua, adoptan unha visión do mundo particular que é a que conforma a súa subcultura propia. Velaí que as infrapolíticas dos grupos subalternos, as súas tácticas para expresar de xeito velado o seu discurso oculto, constitúan unha subcultura propia para este colectivo.

1.3.4 Entre a simbiose e o parasitismo

Apesar desta relación de subalternidade, a subcultura dos grupos peripatéticos mantén a súa filiación á cultura (popular) xeral. Esta pertenza afiánzase nunha relación de mutua dependencia que estabelece coa clientela, evolución que varía en función das condicións históricas e xeoeconómicas da comunidade de base.

Aparna Rao (1985, 104-105) establece unha serie de roles fundamentais que desenvolven os peripatéticos dentro da cultura de base. En primeiro lugar, a ambulancia constitúe, ao tempo que condición económica para a subsistencia dos grupos peripatéticos, a única forma de acceso a determinados servizos e bens para os

[29] Porén, normalmente distinguíase entre os 'forains', o que denotaba outsiders pertencentes a unha cultura nómada de artistas ambulantes, e marionetistas que, se ben viaxaban nun circuito relativamente limitado, they tiñan a súa base nunha zona concreta e non eran percibidos coma forasteiros. (T. P.)

habitantes de lugares afastados das vías de comunicación principal e dos centros económicos. As comunidades itinerantes contan ademais coa exclusividade no subministro de determinados servizos. Hai grupos especializados en dicir a boa ventura, outros son músicos, cociñeiros, astrólogos, ou mesmo provedores de servizos sexuais... Outros son especialistas na arte da escenificación de historias con actores ou con bonecos. Asemade, o rol dos peripatéticos pode non ser un servizo especializado, mais que conta coa particulariedade de ser executado nun contexto específico: Aparna Rao pon o exemplo das comunidades labregas onde a circulación de moeda é limitada, e nas que os peripatéticos exercen de subministradores de diñeiro líquido (a cambio de bens en especie). Nese senso, as feiras e festas populares eran un contexto propicio para o desempeño da actividade destes colectivos. Os grupos peripatéticos exercen, por outra parte, unha función que interesa especialmente aos obxectivos do presente traballo: a de ligar ou pór en contacto poboacións xeograficamente dispersas. Nas rexións isoladas, os itinerantes teñen sido os principais subministradores de informacións de utilidade social e encargados da transmisión de valores procedentes de contextos urbanos. Paradoxalemente, ao tempo que exercían esta función de transmisión de novas formas culturais, estes grupos contribuíron á conservación e perpetuación dos elementos da cultura tradicional. En contextos de cambio social acelerado como o que caracteriza o caso do presente estudo, as comunidades peripatéticas exercerían o rol que Rao denomina "da minoría desviante": "un sous-groupe particulier qui, par son mode de vie différent de celui de la société globale, préserve des orientations et modèles traditionnels d'organisation" (Rao, 1985, 106)[30]. Tal tería sido o caso dos ciganos, que conservaron a música maxiar durante o século XIX, que os labregos autóctonos tiñan ido progresivamente abandonando. Probablemente, esta dupla función de comunicación entre poboacións dispersas e de conservación de formas culturais residuais tamén tería sido exercida polas familias de titiriteiros que centran o presente traballo.

En todo caso, o peso que os peripatéticos exercen dentro das comunidades sedentarias non é permanente nin inmutábel. As relacións móvense entre a simbiose e o parasitismo en función de distintas circunstancias, nomeadamente o grao de desenvolvemento das forzas produtivas na sociedade de base. Deste xeito, o proceso de urbanización e a conseguinte transformación social e cultural experimentado no continente europeo ao longo do século XX determinaría un esvaecemento do peso simbólico e económico que as comunidades peripatéticas tiñan, o que acelerou a súa parasitización e consecuentemente incrementou a súa marxinalidade.

Sexa como for, a efectos deste traballo estudarase o papel o papel xogado polas subculturas peripatéticas na transmisión e reprodución da cultura popular, e que con frencuencia bebe do marxinal, do que o aparato simbólico dominante deu en considerar grotesco ou vulgar.

[30] Un subgrupo particular que, polo seu modo de vida diferente do da sociedade global, preserva orientacións e modelos tradicionais de organización. (T. P.)

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 2. A TRADICIÓN EUROPEA DE TÍTERES COMO EXPRESIÓN CARNAVALESCA

2.1 O CARNAVALESCO COMO RESISTENCIA Á ACULTURACIÓN

Até o momento percorréronse distintas abordaxes teóricas que tratan a cultura popular tal que complexo simbólico e experencial potencialmente resistente, enfoque que interesa resaltar para os obxectivos deste traballo. Tras a atención inicial á definición dos conceptos básicos e o repaso das teorías xerais que axudarán a sustentar a ulterior interpretación dos datos, cómpre ir reducindo o círculo para aproximarse a aqueles modelos teóricos que moldearán a análise do obxecto concreto analizado. Nese senso, o modelo que Mikhail Bakhtin presentou no seu estudo da obra rabelasiana fornece ao presente traballo dunha grella conceptual de innegábel valor.

Para encadrar as modalidades de comunicación específicas que se derivan do contexto festivo, pois foi no contexto das feiras e festas populares na Galiza do período estudado onde se desenvolveu a expresión cultural obxecto de estudo, farase referencia ao sistema de imaxes que Bakhtin denominou realismo grotesco. Unha concepción do mundo alternativa á cultura oficial, xurdida na Antigüidade e que se desenvolveu plenamente durante a Idade Media, tras a expulsión do riso (considerado creación diabólica) dos ritos e do espazo dos templos, por parte da nova hexemonía cristiá. Ese desterro tería propiciado o pleno desenvolvemento da concepción do mundo vinculada ao riso festivo, á cultura cómica popular que acadaba o seu paroxismo durante o carnaval.

No segundo apartado do capítulo presentarase a discusión teórica acerca da potencialidade opositora desta cosmovisión alternativa. Se ben a maioría dos autores admiten que as formas simbólicas agrupadas no discurso carnavalesco non conducen a unha acción opositora aberta, arguméntase a súa capacidade xerminal de visións alternativas da realidade que, no longo termo, poden impulsar unha acción transformadora. Só desde esa óptica, na que se prima o elemento transgresor, pode adoptarse o carnavalesco como categoría analítica aplicada a contextos culturais posteriores.

2.1.1. O realismo grotesco, unha cosmovisión subalterna.

Na introdución ao seu traballo, Mikhail Bakhtin toma partido polo pobo como suxeito histórico. Refírese á festa como forma de comunicación humana fundamental, que expresa unha particular concepción do mundo (Bakhtin, 2003, 14). Na festa popular atopa reflectidos algúns dos aspectos básicos da concepción do mundo carnavalesca. Empezando polo seu carácter universal: a festa é o espazo do pobo, entendido como todo no que as xerarquías se disolven (ibídem, 16-17). O amoreamento dos corpos, a aglomeración e o contacto físico propios das festas e feiras constitúen unha perfecta metáfora do corpo único festivo presente no sistema de imaxes do realismo grotesco (íbidem, 208). Alén da consideración estética, é innegábel que o anonimato da multitude e a relación igualitaria xenerada nos intercambios comerciais contribuían a situar a todos os participantes na feira ou

mercado nunha base de igualdade, onde se disolvían os rituais de submisión e de deferencia aos que os subalternos estaban obrigados no día a día (Scott, 1990, 123).

A festa leva aparellada unha concepción do tempo dinámica e utópica, na que se aspira a un futuro luminoso. No momento da festa celébrase o devir e a posibilidade de transformación da realidade. A festa e a feira popular teñen un emprazamento estacional, atenden aos ciclos do traballo agrícola, celebran a luz que irrompe nos últimos días fríos do inverno ou saúdan ás tebras á súa chegada tras o equinoccio. O tempo é concebido como devir, como circularidade da que todos os seres son parte, alén da súa posición na pirámide dos mortais. A morte e o nacemento igualan a todas as persoas e insisten nesa preminencia do devir fronte ao estatismo, fronte á concepción vertical do tempo da ideoloxía absolutista.

Este carácter dinámico asóciase co carácter utópico da festividade popular e todo o sistema de imaxes xerado na mesma. O realismo grotesco, como sistema de imaxes extra-oficial, baséase no principio de inversión e de degradación: os poderosos son descidos á praza, enlamados e burlados, os loucos e os parvos son os sabios neste mundo patas arriba. O sistema de imaxes carnavalesco chegou a ter a súa plasmación completa en celebracións medievais que a Igrexa indulxía, sempre e cando non traspasasen os marcos da praza pública e do momento de permisividade absoluta que consituían as festas populares. A degradación está vencellada a unha lóxica dual: a vida e a morte, a defecación e o parto, como as dúas caras indisociábeis da mesma moeda. Todo o que na concepción do mundo dominante é inviolábel, puro e celestial, merece no contexto carnavalesco ser lixado e degradado a través da linguaxe obscena e do seu descenso ás profundidades da terra, consideradas como matriz dun porvir renovado e luminoso. A lóxica binaria e invertida ten a súa plasmación na linguaxe do carnaval, inzada de hipérboles, ambivalencias e groserías, que alterna loubanzas e imprecacións. O uso desta linguaxe extra-oficial garantíalles impunidade aos charlatáns e ministreis durante o medievo, e Rabelais, consciente dese estatuto de carta branca, usouna para parodiar o espírito tenebroso promovido polos detentores do saber oficial no seu tempo e, deste xeito, foi quen de esquivar á Inquisición.

> (…) el elogio ditirámbico de las Crónicas [de Rabelais] (…) es, de principio a fin, una parodia de la Iglesia salvadora, la única autorizada para poseer e interpretar la palabra divina (…). Sin embargo, esta parodia, tan peligrosa, está hecha al estilo cómico, al modo de las alegres peroratas de feria, cuya lengua y estilo son irreprochablemente respetadas. Esto garantiza la impunidad del autor. El charlatán de feria nunca era acusado de herejía por sus afirmaciones, a condición de que se expresara en forma bufonesca (Bakhtin, 2003, 134).

Estaríamos diante do que Scott consideraría unha forma de infrapolítica, que disimula baixo o eufemismo e a ambigüidade o contido oposicional da súa mensaxe: un ataque á ideoloxía dominante e unha resposta ás humillacións que, como estratexia de distinción, os axentes do poder infrinxen nos seus subalternos.

O corpo colectivo do pobo unido e indiferenciado que toma parte da festa é unha das imaxes máis poderosas do realismo grotesco, que para Bakthtin é o cerne dunha metafísica materialista oposta ao espiritualismo dominante na época. Fronte ao temor ao descoñecido que atenaza o ser humano desde a Antigüidade e que é fomentado pola ideoloxía católica, o sistema de imaxes carnavalesco avoga pola disolución de todos os medos a través do riso liberador. A través do rebaixamento, do descenso ao terreo, ao material e corporal que opera no sistema de imaxes carnavalesco, prodúcese unha conquista desa terra que xa non amedoña, porque devén a fonte da que abrollará

un novo mundo. O inferno, símbolo de todos os terrores inculcados polo sistema de imaxes oficial, transfórmase durante o carnaval nun pozo que agocha tesouros marabillosos. Os seus habitantes, os diabos, protagonistas do carnaval e de numerosas festividades durante o medievo, encarnan a sabiduría extra-oficial, o riso festivo e liberador.

> Esta lucha contra el temor cósmico bajo todas sus formas y manifestaciones, se apoyaba no sobre esperanzas abstractas, sobre la eternidad del espíritu, sino sobre el principio material presente en el hombre mismo. De algún modo, el hombre asimila los elementos cósmicos (tierra, agua, aire, fuego) encontrándolos y experimentándolos en el interior de sí mismo, en su propio cuerpo; él siente el cosmos en sí mismo (Bakhtin, 2003, 277).

Este sistema de buratos que permiten o descenso ás profundidades reprodúcese asimesmo no plano corporal, que no contexto da praza pública simboliza aquel corpo cósmico ligado á terra en permanente simbiose e renacemento. Por iso os corpos recreados durante a festa popular xogan coa esaxeración dos orificios (boca, anus), a través dos cales o corpo ábrese ao terreal mediante o acto da deglución (sempre excesiva e libidinosa) e a excreción (de feces ou o parto dunha nova vida). O banquete como acto colectivo no que se come e bebe en abundancia é, en efecto, unha das expresións colaterais da festa, na que o pobo celebra a súa vitoria sobre o mundo a través do traballo que vén de ser concluído (Bakhtin, 2003, 230). O banquete simboliza tamén a fertilidade, o renacemento, o devir. Alén dos orificios, o corpo recreado no sistema simbólico grotesco gosta dos membros protuberantes, excesivamente desenvolvidos, como os narices extremadamente longos ou ganchudos (símbolo fálico), as xibas ou barrigas prominentes, e outros membros esaxeradamente grandes, como se estivesen grávidos, fecundados pola terra (insistindo así na imaxe do nacemento, da vida que sucede á morte). De novo, é a través destes membros que o corpo colectivo carnavalesco sae, desbórdase, para entrar en contacto co "baixo" (ibidem, 261), con aquilo que a ideoloxía hexemónica despreza e que pretende vetar aos seus subalternos, alén da liberación puntual concedida durante o momento da festa.

O realismo grotesco, como sistema de imaxes, constitúe durante o momento no que se desenvolve e vive nas prazas, unha arma para o dominio da realidade. Daí que nela teñan tanta importancia os golpes e imprecacións virados contra aqueles elementos ou personaxes que representan un mundo antigo, en decadencia, e que debe ser substituído por unha orde nova. "En determinado nivel, los golpes e injurias no tienen una cualidad individual y cotidiana, sino que son actos simbólicos dirigidos contra la autoridad suprema, contra el rey" (Bakhtin, 2003, 160-161).

Trátase, polo tanto, dun conxunto de imaxes alternativo á cultura oficial -a da seriedade e o temor de Deus- e que constituíu unha perfecta contrahexemonía. Non sería até o período renacentista onde, adoptado por autores literarios que compartían o favor da cultura oficial e das clases populares, tales que Shakespeare, Cervantes ou Rabelais, cando ese potencial transformador chega a materializarse. Nese preciso momento, no que o sistema de imaxes alternativo é adoptado polos promotores dunha nova hexemonía, o realismo grotesco sepárase do pobo e perde o seu componente de oposicionalidade, o seu sentido primixenio. O sistema de imaxes asociado á cultura cómica medieval persistirá, porén, nas feiras e festas, aínda que paulatinamente estas irán perdendo o seu elemento grotesco até ficar este relegado ao carnaval (daí a xeneralización metonímica da etiqueta). Tamén nos espectáculos das feiras e no circo

subsiste o sistema de imaxes grotesco até ben entrado o século XX, cando a aculturación da sociedade de masas acaba con esas expresións residuais. E atópanse de xeito evidente no espectáculo no que se centrará o presente estudo.

2.1.2. Entre a válvula de escape e o xerme da revolta

Son numerosas as críticas que tachan de idealista a interpretación do sistema de imaxes grotesco realizada polo autor ruso. En realidade, o propio Bakhtin advirte de que a interrución da orde xerárquica dominante que propicia o carnaval (como conxunto das expresións festivas populares) é efémera e provisoria. De tal modo que o riso libertador contribuiría a garantir a continuidade do *status quo*, ao facilitar un desafogo controlado das tensións que evitase unha acumulación a todas luces perigosa para a continuidade da situación de dominio. Terry Eagleton, nesa liña, denuncia que o Carnaval non é máis ca unha fuga permitida, unha ruptura da hexemonía asumíbel, un alivio autorizado que, no fondo, é unha forma máis de control social por parte dos poderosos (citado por Stallybrass e White, 1986, 13). O carnaval, segundo esta interpretación, serviría aos intereses da cultura oficial á que aparentemente se opuña.

Victor Turner, quen aplica a noción de liminariedade dos ritos de paso ás formas culturais das sociedades complexas, achega novas perspectivas á discusión. O que el nomea antiestrutura, estado de desorde e de suspensión das estruturas normativas do mundo cotián producido durante o estadio liminar dos ritos de paso e en moitas formas culturais contemporáneas, respondería a dúas posíbeis necesidades. Por unha banda, e esta sería segundo Turner a interpretación conservadora, proporcionaría unha fuga controlada aos membros sometidos a esa tensión normativa e aos roles establecidos nos momentos previo e posteriores a esa liminalidade. Pola outra, a irrupción da desorde, do caos frente ao cosmos, durante os momentos liminais, responde á necesidade de aprender da nosa propia desorde. A liminalidade, como rexión libre e experimental, constituiría un caldo de cultivo propicio á creatividade cultural, á xeración de novos símbolos (Turner, 1982, 28).

Tamén James Scott discrepa do que el chama "teoría da válvula de escape" e que podería resumirse nas palabras de Eagleton previamente citadas. Para Scott a cultura do carnaval e das festividades populares constitúe unha forma clara de infrapolítica dos grupos subalternos, unha forma de resistencia pública, se ben camuflada e amparada no ambiente de licenza reinante durante este tipo de acontecementos, fronte ás diversas formas de humillación e indignidade ás que os grupos subalternos se vén submetidos por parte dos dominantes, que reafirman deste xeito o seu estatus superior. Sempre tendo en conta o dinamismo destas festividades, que van ver mudar o peso dos elementos oposicionais en función das circunstancias históricas, de represión e de apropiación material vixentes, Scott considera o carnaval (e o carnavalesco) como a localización ritual do discurso indominado (1990, 175). Se ben efectivamente a celebración do carnaval está simbolicamente subordinada ás celebracións institucionais dominantes (a Coresma comeza o mércores de cinsa), e da relatividade da desorde característica da celebración carnavalesca (é unha desorde coas súas propias regras internas), as voces que defenden que o carnaval constitúe un mecanismo protector da hexemonía parten, segundo Scott, dun esencialismo insostíbel. Un evento social da complexidade do carnaval, di, non pode ter unha función xeneticamente programada. O carnaval debe considerarse como o espazo ritual de diversas formas de conflito social e de manipulación simbólica. Variará en cada cultura e circunstancia histórica e desempeñará roles diversos en cada unha delas. Asimesmo, Scott discute que o feito de que o carnaval constitúa un modelado ritual da revolta diminúa a posibilidade da revolta real. Pola contra, podería

defenderse que tal ritualización do pensamento opositor podería servir como ensaio ou mesmo como provocación para un desafío real (Scott, 1990, 179-180). Por outra banda, se ás elites lles interesase o carnaval, animarían a súa celebración, e non tentarían perseguila, como de feito ocorreu historicamente. O carnaval, lonxe de apreciacións esencialistas, é un espazo de expresión ritual e,

> (...) like any ritual site, it could be infused with the signs, symbols, and meanings brought to it by its least advantaged participants as well. It might symbolize the folly of disorder or it might, if appropriated from below, break out of its ritual straightjacket to symbolize oppression and defiance. What is striking historically about carnival is not how it contributed to the maintenance of existing hierarchies, but how frequently it was the scena of open social conflict. (Scott, 1990, 181)[31]

Fronte ás voces que consideran que as expresións de resistencia disimulada baixo o anonimato e a ambigüidade como o carnaval e as formas de infrapolítica en xeral, serven aos dominados a aliviar as súas ansias de enfrontar ao poder, e polo tanto, disipan as enerxías requeridas para dirixir un ataque aberto ao mesmo, Scott bota man de estudos empíricos psicosociolóxicos nos que se demostra que a frustración e a ira non se reducen a menos que ataquen directamente ao axente da frustración. Asemade, o resultado doutros experimentos probaría que a agresión imaxinaria (a efectuada por medio de rituais e expresións creativas da cultura popular, como cantigas, representacións teatrais ou poemas) incrementaría a ansia de agresión real, no canto de amainala (Scott, 1990, 186-187).

Bakhtin, pola súa parte, admite que a liberación á que o carnaval dá pe é controlada e efémera, mais tamén insiste en que se trata dun Xano de dupla face; non en balde o binarismo vertebra toda a súa proposta. Ao tempo que, certamente, contribúe ao desafogo controlado e puntual que garante o correcto funcionamento da engranaxe do poder durante o resto do ano, o contexto da festa e todo o aparato simbólico que nela se despregа permite albiscar unha outra concepción do mundo, contradicindo así ás voces da autoridade que daban por únicas e inamobíbeis as súas verdades.

> La comicidad medieval, al desvelar el temor al misterio, al mundo y al poder, descubrió osadamente la verdad del mundo y del poder. Se opuso a la mentira, a la adulación y a la hipocresía. La concepción cómica destruyó el poder a través de la boca del bufón (Bakhtin, 2003, 78).

En efecto, a hexemonía teolóxica do Medievo acabaría por sucumbir á luminosidade do Renacimento e ao cartesianismo, novas concepcións do mundo que ampararían unha nova estrutura social.

> La risa expresó el principio material y corporal en su auténtica acepción. Permitió la visión de lo nuevo y lo futuro. Por lo tanto, no sólo permitió la expresión de la concepción popular antifeudal, sino que contribuyó positivamente a descubrirla y a formularla interiormente. Esta concepción se formó durante miles de años, protegiéndose en el seno de la

[31] Da mesma maneira que calquera sitio ritual, pode ser infundido dos signos, símbolos e significados achegados tamén polos seus participantes menos favorecidos. Pode simbolizar a loucura da desorde ou pode, se apropiado desde abaixo, liberarse da súa camisa de forza ritual para simbolizar opresión e desafío. O que é historicamente rechamante sobre o carnaval non é como contribuíu ao mantemento das xerarquías existentes, senón o frecuentemente que foi escenario de conflito social aberto. (T.p.)

> risa y las formas cómicas de la fiesta popular. La risa descubrió al mundo desde un nuevo punto de vista, en su faceta más alegre y lúcida. Sus privilegios exteriores están indisolublemente asociados a sus fuerzas interiores. Sus privilegios exteriores son en cierto modo el reconocimiento exterior de sus fuerzas interiores. Por eso fue que la risa nunca pudo ser convertida en un instrumento de opresión o embrutecimiento del pueblo. Nunca pudo oficializarse, siempre fue un arma de liberación en las manos del pueblo (Bakhtin, 2003, 79).

A pesar diso, e como tamén recoñece, unha vez que a concepción do mundo carnavalesca é exaltada polos literatos do Renacemento e se separa do pobo no que se xerou, perde a súa potencialidade transgresora. O grotesco, separado da cultura cómica popular, acaba reducido, a partir do século XVII, a etretemento vacuo e pouco considerado respecto do cánon clásico que daquela devén símbolo de excelencia. Os ritos e espectáculos carnavalescos populares son obxecto dun progresivo proceso de depauperamento:

> Por una parte se produce una estatización de la vida festiva, que pasa a ser una vida de gala; y por la otra se introduce a la fiesta en lo coditidano, es decir que queda relegada a la vida privada, doméstica y familiar. Los antiguos privilegios de las fiestas públicas se restringen cada vez más. La cosmovisión carnavalesca típica, con su universalismo, sus osadías, su carácter utópico y su ordenación al porvenir, comienza a transformarse en simple humor festivo. (...) El grotesco degenera, al perder sus lazos reales con la cultura popular de la plaza pública y convertirse en una pura tradición literaria (Bakhtin, 2003, 31).

Porén, ainda que fracasa (polo momento) como proxecto contrahexemónico, a concepción do mundo grotesco non esmorece completamente, e sobrevive nalgunhas expresións culturais, tales que a *commedia dell'arte,* e mantén o seu carácter intrinsicamente alternativo:

> (...) ayuda a liberarse de ideas convencionales sobre el mundo, y de elementos banales y habituales; permite mirar con nuevos ojos el Universo, comprender hasta qué punto lo existente es relativo y, en consecuencia permite comprender la posibilidad de un orden distinto del mundo (Bakhtin, 2003, 31).

Ou nas palabras de Roberto Damatta, que analizou o carnaval brasileiro como ritual colectivo, "se o carnaval acaba por reforçar a ordem cotidiana, também coloca alternativas e sugere caminhos" (Damatta, 1997,150).

Tamén Stallybrass e White (1986) desbotan, por estéril, o debate sobre o carácter "intrinsicamente" integrado ou opositor do carnaval, enquistado na esencialización da transgresión carnavalesca. O mesmo que Scott, lembran que, a pesar do seu carácter cíclico e aparentemente sen consecuencias para o estado de cousas, moitas revoltas teñen coincidido ao longo da historia coa celebración do carnaval[32] (Stallybrass e White, 1986, 14).

Segundo estes autores, foi despois do Renacemento cando o carnavalesco (cada vez máis concentrado no contexto do carnaval propiamente dito, pero aínda presente noutras festas populares), comeza a ser combatido polas clases dominantes. É deste xeito que se desencadena a politización consciente da festividade popular, ao colocar

[32] Damatta coloca o exemplo das revoltas xurdidas durante o carnaval de Niteroi en 1959 (1997, 50).

ás clases subalternas diante da necesidade de garantir a pervivencia da súa forma de celebración propia. "The dialectic of antaganonism frequently *turned* rituals into resistance at the moment of intervention by the higher powers, even when no overt oppositional element had been present before." (Stallybrass e White, 1986, 16)[33].

2.1.3 O carnavalesco como categoría da transgresión.

En calquera caso, o carnavalesco, noción estendida en ámbitos académicos tras a difusión do traballo de Bakhtin, só resulta interesante como categoría analítica se se incide no elemento da inversión simbólica ou transgresión dunha orde binaria e aparentemente inmutábel do mundo. O carnaval, nesta óptica, é un instrumento desmitificador de todo o que cheira a oficial e canónico. É unha actitude creativa de irreverencia, unha oposición radical aos ilexitimamente poderosos, ao taciturno e unilateral.

A inversión simbólica é un dos componentes habituais da liminalidade, no sentido que Victor Turner lle deu a esta noción. Este autor partiu da caracterización que Van Gennep fixera dos ritos de paso nas sociedades tribais ou preindustriais e analizou o papel que este tipo de rituais desempeñan na xeración de símbolos culturais, así como o modo no que as formas liminais permanecerían activas no mundo do lecer das sociedades postindustriais. O rito de paso, segundo a clásica descrición de Van Gennep, está constituído por tres fases fundamentais, que se inician coa separación do ou dos individuos respeito do seu mundo cotián, colocados nun tempo e nun espazo sacros, "fóra do tempo". Para isto, é operada (*performed*) a inversión simbólica de condutas, roles e relacións cotiás, de tal xeito que se incide na separación do(s) individuos respecto do seu status previo. Tras esta necesaria desvinculación do mundo secular, a seguinte fase é a de transición (limen ou marxe), unha área de ambigüidade, "a sort of social limbo which has few (...) of the attributes of either the preceding or subsequent profane social statuses or cultural statuses" (Turner, 1982, 24)[34]. Nesta fase, os participantes, tais que non-membros da comunidade, gozan dunha impunidade excepcional, fronte á normatividade do seu día a día. Nesta fase de pura potencia, de liberación creativa e afectiva, é onde poden producirse as innovacións simbólicas que desestabilizarían o sistema normativo estrutural. É o momento da antiestrutura, ou da protoestrutura, se se asumime con Turner que aquí está o xerme das futuras construcións simbólicas. Nas sociedades estudadas por Van Gennep a antiestrutura quedaría reducida a un chiscar de subversión, enmudecida na seguinte fase, a de reagreación, en que se devolve aos suxeitos, a través de determinadas accións simbólicas, á estrutura social, respectando a orde cosmolóxica establecida, se ben cun novo estatus dentro da mesma. É na liminalidade onde se produce esta situación que Turner baptizou como *communitas*, momento suspendido de conxunción colectiva, instante de iluminación intersubxectiva, que existe máis en contraste ca en oposición activa á estrutura social, como unha maneira alternativa e máis liberada de ser social, unha forma tanto de estar desligado da estrutura social, como de que persoas marxinais entren en contacto entre si. É, de facto, na alianza dos excluídos, no elo máis baixo das estruturas, nas marxes dos sistemas, onde se xeran segundo Turner os mitos, os símbolos os ritos, as pezas de arte e os sistemas filosóficos.

---

[33] Frecuentemente, a dialéctica do antaganonismo *virou* rituais en resistencia no momento no que os altos poderes interviron, mesmo cando anteriormente non estivera presente ningún elemento abertamente oposicional. (T. P.)

[34] unha sorte de limbo social que ten poucos (...) dos atributos dos estatus sociais e culturais precedentes ou subsecuentes. (T.P.)

> These cultural forms provide men with a set of templates, models, or paradigms which are, at one level, periodical reclassifications of reality (or, at least, of social experience) and man's relationship to society, nature, and culture. But they are more than (mere cognitive) classifications, since they incite men to action as well as thought (Turner, 1982, 52)[35].

Nas sociedades tribais ou preindustriais analizadas por Gennep eses novos símbolos xerados durante os momentos liminais, ese sistema latente de potenciais alternativas que é a antiestrutura de Turner, só será aplicado cando o sistema normativo o requira, en caso de crise ou cisma, no contexto do que Turner chamará un drama social. Nas sociedades complexas industrializadas xa non se pode falar de liminalidade propiamente dita mais de xéneros *liminoides*, confinados ao espazo do lecer e producidos de xeito constante por individuos illados con vocación de difusión colectiva, ainda que confrontados ao mercado. Neste caso a potencia transformadora dos símbolos xerados é maior. Se nas sociedades tribais e agrarias o xerme de innovacións sociais futuras só se produce no limen, nas marxes, nos momentos de interacción entre distintos elementos da estrutura normativa; nas sociedades complexas o xerme de fenómenos como as revolucións ou insurreccións (o descontento, a anomia) abrolla no centro do sistema, no desenvolvemento holísitico dos procesos sociais. "Revolutions, whether violent or non-violent, may be the totalizing liminal phases for which the limina of tribal rites *de passage* were merely foreshadowings or premonitions." (Turner, 1982, 45)[36].

Volvendo ao carnaval como residuo activo (no sentido presentado por Williams) dos rituais liminais, Stallybrass e White (1986) apostan polo uso do carnavalesco como categoría analítica, a un tempo utópica e contrahexemónica, aplicábel ao conxunto das organizacións sociais. Carnaval sería un instrumento desmitificador de todo o que na formación social veda o acceso da colectividade: xerarquía de clase, manipulación política, represión sexual, dogmatismo. Carnaval é unha actitude creativa de falta de respeto, unha oposición radical aos poderosos, ao taciturno e unilateral. Porén, alén de limitalo ao ámbito do popular festivo, estes autores apostan por consideralo tal que instancia de economía de transgresión xeralizada e de recodificación das relacións hierárquicas ao longo de *toda* a estrutura social. Propoñen aplicar as categorías do realismo grotesco ás dinámicas que gobernan os corpos, o fogar, a cidade, o estado... Non en balde, é no preciso momento no que un sistema dominante marca as súas fronteiras, no que se abre o terreo á súa posibilidade de transgresión. Do mesmo xeito, defenden, para descubrir o abano completo dos valores dunha sociedade é preciso mapear as súas transgresións, os seus desvíos. Sería o que James Scott denominaría unha subcultura disidente, unha forma de infrapolítica que non chega a constituír unha contraideoloxía porque se ve forzada a permanecer nas marxes, na ambigüidade e no disimulo. Para Victor Turner é nas transgresións, no limen, na infrapolítica, onde subxace o xerme das innovacións futuras. Mais para que iso ocorra, para que as sociedades tomen conciencia de si propias, do que son e do que poden chegar a ser, precisan botar man do drama.

---

[35] Esas formas culturais proporcionan aos seres humanos un conxunto de moldes, modelos ou paradigmas que son, nun nivel, reclasificacións periódicas da realidade (ou, ao menos, da experiencia social) e da relación do ser humano coa sociedade, natureza e cultura. Pero son máis que clasificacións (meramente cognitivas), dado que incitan aos seres humanos á acción o mesmo que ao pensamento. (T.P.)

[36] As revolucións, tanto violentas como non-violentas, poden ser as fases liminais totalizadoras das que os limina dos rituais de paso tribais eran meros presaxios ou premonicións. (T. P.)

2.2. ORIXES E ESENCIA POLÍTICA DO FEITO TEATRAL

O feito de constituír o obxecto de estudo do presente traballo un espectáculo teatral obriga a considerar os distintos conceptos teóricos que permitirán sustentar as hipóteses formuladas. Na liña que se ten ido trazando até o dagora, colocarase o foco sobre aqueles aspectos do feito teatral que permiten situalo como forma cultural popular e que permiten xustificar o argumento da súa vocación ou potencia transformadora ou oposicional.

Deste xeito, comezarase por describir distintas liñas teóricas que, provenientes da antropoloxía e das artes da representación, teñen analizado o rol que as formas de representación (denominadas co anglicismo *performance*) nas distintas sociedades humanas ao longo da historia e antes dela. Desde quen emprega o esquema do drama como esquema básico de resolución de conflitos nos grupos humanos, a outros autores que establecen un amplo abano de funcionalidades que as formas de representación, nunha maior ou menor medida segundo o peso da eficacia ou da estética, teñen xogado e xogan na vida das comunidades.

As formas emparentadas coa escena, aquelas nas que se establece unha diferenciación entre o público e os actuantes, teñen sido obxecto de máis extensa reflexión teórica desde a Antigüidade Clásica. Analizarase o papel xogado pola traxedia na consolidación da democracia ateniense, e como o aparello conceptual desenvolvido por Aristóteles para describir o efecto desta forma escénica nos cidadáns constitúe unha primeira achega á conceptualización do teatro como forma política.

Xa no século XIX, e cunha vocación distinta da do filósofo clásico, xurdirán outros autores que tratarán de constituír un teatro como ferramenta ao servizo da transformación da realidade, na que se tentará de envolver ao público como axente necesario desas mudanzas. Porén, a pesar dos avanzos na abolición das barreiras establecidas entre o palco e o público, estas tentativas seguen a constituír proxectos de tipo vertical dirixidos a un pobo ao que se considera como outro ao que cumpre educar. Só a achega de Augusto Boal, coa súa proposta dun sistema teatral que abole a distinción entre actores e espectadores, faría verdadeiramente efectiva unha arte escénica como campo de intervención na realidade das persoas oprimidas.

Alén das propostas que aspiran a devolver ás artes da escena o seu carácter horizontal, tratarase de definir o que se entenderá neste traballo por teatro popular. Percorreranse os distintos usos do termo, nado no contexto da Revolución francesa coa vocación de constituír un instrumento de cohesión da cidadanía que debía conformar a nova Nación. O termo foi posteriormente empregado en Francia por quen promovía unha educación popular e, nesa liña, constituía un proxecto de democratización da alta cultura.

Fronte a esta concepción vertical e sustentada nunha concepción ideal da cultura, neste traballo defenderase a idea dun teatro popular como aquel creado polo propio pobo, polos grupos subalternos de calquera organización social dada. Como tal, reúne unha serie de características definitorias que, en calquera caso, pasan pola necesaria afinidade co público popular, do que este tipo de teatro depende para sobrevivir e cuxos intereses necesariamente defende.

2.2.1. Drama e resolución de conflitos

A idea de que a representación (tanto na súa forma ritual como estética, teatral), contribúe á transformación das persoas e dos grupos sociais foi levada ao seu extremo por Victor Turner. O antropólogo escocés erixe a *performance* en modelo básico de

todas as relacións sociais. Para iso, desenvolve unha ferramenta analítica, a do drama social, que lle permite estudar as relacións entre os distintos individiuos, a forma na que estes toman conciencia de si propios e xeran novos símbolos que configuran a súa cosmovisión. Cun esquema calcado do aristotélico, o *social drama* está atravesado polo conflito e consta de catro fases claras: a ruptura (*breach*) a crise xerada por esa quebra na conduta dalgúns dos membros do grupo, a acción pública de desagravio fronte a aquela (*redress*) e por último, como desenlace (*outcome*) da anterior fase, ben a reintegración á situación de estabilidade previa ou, pola contra, o recoñecemento do cisma dentro do grupo, o que supón unha mudanza na organización do mesmo. Turner defende a universalidade do drama social como proceso presente no devir de todas as formacións sociais ao longo da Historia. Na fase *redressive* ou de desagravio os grupos multiplican a súa reflexividade, tratan de escrutar, retratar, comprender e logo actuar respecto da crise que ameaza a súa integridade colectiva. Esta é unha fase liminal, na que se produce unha separación, un illamento respecto do mundo cotián. No transcurso da mesma constrúense interpretacións que tratan de dar senso aos acontecementos conducentes á crise. E desta fase proceden as formas teatrais tal e como as coñecemos desde o período clásico. O drama social sería a matriz experiencial na que se xeraron todos os xéneros culturais. As roturas, crises e as reintegracións ou divisións consecuentes proporcionaron o contido deses xéneros posteriores; mais os procedimentos *redressive* forneceron a forma primeiro de rituais e despois do drama escénico, do teatro tal e como o coñecemos hoxe (Turner, 1982).

Richard Schechner ilustrou graficamente a relación de continua retro-alimentación entre o drama social e o drama escénico, nunha figura en forma de símbolo do infinito onde o drama social aberto e xeralizado a toda a comunidade nutre implicitamente de contido a actuación que se fai manifesta enriba das táboas. À súa vez, "the stage drama, when it is meant to do more than entertain (...) is a metacommentary, explicit or implicit, witting or un witting, on the major social dramas of its social content" (Schechner e Appel, 1989, 16)[37]; isto é, sobre os principais dramas sociais que se están a producir no contexto da representación escénica (guerras, revolucións, escándalos, mudanzas institucionais...). Ás veces esa relación prodúcese de xeito diacrónico: o drama escénico alimenta dramas sociais ulteriores e deste xeito propicia as mudanzas sociais.

O modelo de Turner resulta interesante para os obxectivos do presente traballo pois mostra que as artes escénicas, alén de contribuír á reflexividade dos grupos sociais, poden propiciar tamén a súa axencia; a formulación de novas visións do mundo procede destas expresións liminoides, herdeiras da liminalidade ritual, nas que, como se vía, unha moxena de creatividade e desorde pode chegar a constituír o fermento de mudanzas ulteriores na realidade.

2.2.2 Teorías sobre a orixe ritual do teatro

Falar de dramatizacións colectivas remite á cuestión, non pouco problemática, da orixe do teatro ou, máis xenericamente, das artes da representación. É problemática porque, como tamén ocorría no caso da cultura popular, a consideración de determinadas formas colectivas de representación como "arte", é ben máis recente do que a existencia do feito teatral en si, considerado por algúns autores feito fundacional da humanidade.

---

[37] O drama escénico, cando aspira a algo máis que entreter (...) é un metacomentario, explícito ou implícito, premeditado ou involuntario, sobre os principais dramas sociais do seu contido social. (Trad. propia)

Se ben a reflexión arredor da esencia do feito teatral remóntase ao período clásico, non foi até a década de 1960 cando se agrupan todas as disquisicións teóricas arredor da representación (toda actividade humana que leva aparellada un desdobramento do eu, segundo Schechner), baixo o selo dos chamados *Performance Studies*.

> Los estudios del performance, al igual que el etnodrama y la etnoescenología, surgen cuando los conceptos de "teatro" y "drama" se vuelven insuficientes para abarcar la complejidad de circunstancias representacionales en los escenarios y espacios públicos del mundo. El colapso de las fronteras entre disciplinas, así como entre vida y arte, es lo que obliga a buscar nuevas herramientas teóricas (Prieto, 2005, 52).

Esta corrente multidisciplinar, impulsada por Richard Schechner a partir do seu contacto coas ideas de Victor Turner a finais da década de 1970, defende unha visión ampla das actividades "performativas" do ser humano, que abarcarían tanto rituais como artes escénicas e as dinámicas de comportamento do individuo en sociedade. Respecto das teorías da antropoloxía clásica, segundo as cales o teatro tería a súa orixe nos rituais prehistóricos, os autores dos *Performance Studies* rexeitan unha concepción evolucionista da historia cultural, considerando que tanto o elemento ritual coma o estético poderían ter convivido ao longo da Historia, e que nin o un nin o outro poden ser ubicados arriba ou abaixo nunha escala de clasificación estética (Schechner, 2002, 72).

Aínda que a súa obra é anterior ao nacemento da escola, André Schaeffner defende postulados semellantes ao dos estudos das *performance*. Segundo o antropólogo francés, o teatro bebe do ritual e á inversa; o ritual incorpora formas de posta en escena do mesmo xeito que o teatro afunde a súa razón de ser na vocación comunitaria e de identificación que constitúen a motivación primeira do acto ritual. Partindo, coma Turner, das teorías de Van Gennep sobre os ritos de paso, Shaeffner salienta a corresponencia entre o proscenio dos teatros burgueses e o espazo restrito aos novicios durante a fase liminal deses ritos, onde operan claves espazo-temporais distintas ás do resto da comunidade (Schaeffner, 1981, 28).

Que o ritual está na orixe do feito teatral é unha premisa asumida pola maioría dos teóricos. Onde abrollan as disensións é na natureza da relación que ritual e teatro manteñen ou terían mantido. Toda vez que o modelo evolutivo, altamente xerarquizante, do darwinismo cultural é rexeitado, fica aínda unha variedade de hipóteses diferentes. As opcións abarcarían desde quen defenden que as artes escénicas constitúen, aínda hoxe, unha expresión ritual propiamente dita; até quen, no outro extremo, argumentan que o teatro establece cos espectadores unha comunicación individualizada onde o aspecto comunitario, esencial no feito ritual, tería desaparecido por completo. Richard Schechner defende unha posición intermedia, de complementariedade entre ambas as dúas formas de actividade performántica. O profesor e dramaturgo estadounidense chama *performance*, termo de difícil tradución ao galego, a "ritualized behaviour conditioned/permeated by play" (Schechner, 2002, 45)[38]. O termo inglés *play* incorpora ambas as dúas acepcións: a lúdica -o xogo- e a escénica.

> Rituals are memories in action, encoded into actions. Rituals also help people (and animals) deal with difficult transitions, ambivalent relationships, hierarchies, and desires that trouble, exceed, or violate the

[38] Un comportamento ritualizado condicionado/permeado pola interpretación/xogo. (Trad. propia)

> norms of daily life. Play gives people a chance to temporally experience the tabu, the excessive, and the risky. (...) Ritual and play both lead people into a 'second reality', separate from ordinary life. This reality is one where people can become selves other than their daily selves. When they temporarily become or enact another, people perform actions diferent form what they do ordinarly. Thus, ritual and play transform people, either permanently or temporarily (Shechner, 2002, 45)[39].

Segundo esta argumentación, a representación (sexa ou non ritual, considérese "arte" ou non) permitiría a transformación da realidade social dos seus participantes. Non só do punto de vista individual (como nos *rites de passage* estudados por Van Gennep) mais tamén colectivo. "Cultures are most fully expressed in and made conscious of themselves in their ritual and theatrical performances." (Schechner e Appel, 1989, 1)[40]. Na mesma liña, Augusto Boal salienta o potencial gnoseolóxico da representación. Para o brasileiro, o teatro nace no momento no que o ser humano descobre que pode observarse a si mesmo e, desa maneira, comeza a idear outros posíbeis comportamentos distintos (o que Schechner chamou *restored behaviour*). Ollándose, o ser humano comprende o que é, o que non é, e o que pode devir. Diferénciase así dos outros animais, porque é o único quen de se ollar nun espello imaxinario, o que Boal chama espazo estético. Pode ser espectador de si propio sen deixar de ser actor. (Boal, 2004, 25-26). O espazo estético ten a capacidade de estimular o coñecemento, liberando a memoria (sensacións e ideias previamente experimentadas) e a imaxinación (a memoria transformada polo desexo). Todo isto a través dos sentidos e das emocións; non só da razón (Ibídem).

A aprendizaxe e a transformación son só algunhas das virtualidades da representación para os seres humanos. Schechner distingue sete funcións básicas da *performance*, cuxa presenza varía segundo o tipo de representación e as circunstancias históricas: entreter, crear beleza, reforzar ou modificar o sentimento de identidade, afortalar a comunidade, curar, ensinar ou persuadir, e tratar co sacro ou o diabólico (Schechner, 2002, 38). Horacio, na súa *Ars Poética*, defende que o teatro debe de entreter e educar, algo no que viría coincidir Bertold Brecht. O dramaturgo alemán abre o seu *Pequeno Organum* afirmando que "l'affaire du théâtre, comme d'ailleurs de tous les arts, est de divertir les gens" (Brecht, 1994, 13)[41] se ben, como se verá, o entretemento pode acompañar e facilitar outros roles superiores, nomeadamente unha toma de conciencia crítica sobre a realidade que posibilite a súa transformación. Mais é unha asunción común nas teorías teatrais desde Aristóteles que a esencia do teatro é a de proporcionar pracer a aqueles que o presencian.

Insistindo na irrelevancia de crear fronteiras entre as formas de representación rituais e as escénicas, Schechner propón a figura dun *continuum* no que se irían ubicando as distintas formas de representación humanas, segundo o rol que desempeñan no seo da comunidade. Nun dos extremos coloca a idea de eficacia (entendida como o maior grao de adaptación a uns resultados perseguidos); e no outro

---

[39] Os rituais son memorias en acción, codificadas como accións. Os rituais tamén axudan á xente (e aos animais) a lidiar con transicións difíciles, relacións ambivalentes, xerarquías e desexos que turban, exceden ou violan as normas da vida diaria. Actuar dálle á xente a posibilidade de experimentar temporalmente o tabú, o excesivo e o arriscado. (...) Tanto o ritual como a interpretación conducen á xente a unha "segunda realidade", separada da vida cotiá. Esta realidade é unha onde as persoas poden outras distintas dos seus egos cotiás. Cando deveñen ou interpretan temporalmente a outro, as persoas interpretan accións distintas das que fan ordinariamente. Así, o ritual e a actuación transforman ás persoas, ben de xeito permanente ou temporal. (Trad. propia)

[40] As culturas exprésanse máis amplamente e toman conciencia delas propias nas súas representacións rituais e teatrais. (T.p)

[41] A tarefa do teatro, como por outra parte a de todas as artes, é divertir ás persoas. (Trad.propia)

o entretemento, que ten o único, mais non desprezábel, obxecto de proporcionar pracer. Schechner non entende eficacia e entretemento como dous elementos dicotómicos, senón complementarios, que conviven en maior ou menor grao en toda representación, do tipo que sexa. Porén, admite que as formas de *performance* ritual inciden máis no aspecto utilitario, mentres que na *performance* estética (o que viría constituír o teatro) o entretemento tería un maior peso.

Segundo o seu esquema, no extremo do *continuum* onde ten preminencia o criterio da eficacia estaría o ritual, forma de representación que prima a obtención de resultados, o vínculo co transcendente, onde se xera unha situación atemporal onde os actuantes adoitan estar en transo (sen consciencia de si propios), onde o virtuosismo das formas non é prioritario e todas as condutas están pautadas por un guión marcado pola tradición. O público destas representacións participa activamente das mesmas, e faino dun xeito entregado, cre no que está a representar, evitando calquera posición crítica. O ritual é unha expresión de creatividade colectiva. Neste último punto, Schechner viría a defender unha visión romántica no debate sobre a autoría colectiva das culturas populares:

> Rituals, games and the performances of everyday life are authored by the collective 'Anonymous' of the 'Tradition'. Individuals given credit for inventing rituals or games usually turn out to be synthesizers, recombiners, compilers, or editors of already practiced actions (Schechner, 2002, 28)[42].

De facto, a autoría sería un dos elementos básicos para a diferenciación entre o ritual e as artes escénicas, situadas no extremo oposto do *continuum* eficacia/entretemento. O seu obxecto principal sería a diversión, a situación xerada funciona no presente inmediato (o aquí e agora), e no mesmo tempo histórico da representación. O actor é plenamente consciente de si e afánase por elevar a súa interpretación ao maior grao posíbel de virtuosismo. As condutas que comporta esta representación seguen guións sempre novidosos, aínda que sen deixar de lado un certo grao de convención (tradición).



Clasificación das formas de performance segundo Schechner (2002).

[42] Rituais, xogos e as representacións do cotián teñen como autor o "Anónimo" colectivo da "Tradición". Aqueles individuos aos que se acredita para inventar rituais ou xogos adoitan seren sintetizadores, recombinadores, compiladores ou editores de accións xa practicadas (trad. propia).

O público das representacións de tipo artístico é pasivo, pois a posición que se lle reserva é a de observador, mais é animado a asumir ese rol de forma crítica, espérase del que avalíe o que ve. A creatividade individual é exaltada nesta forma extrema e ideal de representación (Schechner, 2002, 71). Schechner insiste en que ningún dos dous extremos se dá na realidade, nin a clasificación resposta a un esquema diacrónico. "The fact is that at any given point in time, in every part of the world and in every culture, people were and are using performances for a variety of purposes, including entertainment, ritual, community building, and socializing." (Ibídem, 72)[43]. O paso da performance ritual á estética, do que Turner chamaría liminal ao liminoide, prodúcese con maior intensidade cando a comunidade comeza a fragmentarse en consumidores ocasionais. Isto é, cando opera o cambio cultural que dará acta de nacemento á Sociedade de Masas.

Na mesma liña argumental, o sociólogo francés Jean Duvignaud considera que as formas performáticas rituais non poden ser consideradas espectáculos cando se fundamentan na participación dun grupo, e "elles sont devenues des spectacles quand elles ont été données à voir (c'est ce que dit le mot grec de teatron), quand elles se délocalisent" (Duvignaud e Khaznadar, 10)[44].

Semellaría, pois, que o que diferencia o teatro do rito sería, fundamentalmente, a posición adoptada polo espectador, unha pasividade que levou a Rousseau a denigrar o teatro (para quen a festa e os espectáculos populares si constituirían unha forma válida de entretemento humano). André Schaeffner trata de imaxinar o percurso que levaría á comunidade a se fragmentar para orixinar o feito teatral: "Le "plaisir" ou "l'énervement d'être ensemble" feraient de tous un choeur et de quelques uns des personnages dramatiques". (Shaeffner, 1981, 46)[45]. Tal foi o caso do ditirambo, espectáculo ritual celebrado no s.VII a. C. durante as festas dionisíacas, e que é habitualmente considerado como o precursor directo da traxedia. Nel, o coro, sen máscara, narraba episodios da vida de Dionisio ou doutros deuses. Non se diferenciaba entre o espectador e o actor. Pénsase que Tespis, que dirixía un coro no século VI a. C., tería inventado o drama, ao diferenciar o papel dun personaxe principal do do resto do coro. Deste xeito, o contador de historias adopta a voz doutra persoa e tenta imitar o seu xesto, provocando o riso dos presentes. De feito, Shaeffner sustenta que a comedia sería anterior á traxedia. Mais a transgresión que significou a emancipación do personaxe foi neutralizada polo poder cando restrinxiu a libre improvisación, ficando o personaxe constrinxido por un papel censurado previamente. O diálogo do protagonista co coro pasa simbolizar o diálogo do pobo coa aristocracia. E foi así como, en palabras de Augusto Boal, o teatro aristocratízase.

Precisamente o papel pasivo do espectador é un dos elementos centrais na crítica do brasileiro ao teatro tradicional. Boal, como xa se viu, sitúa no feito teatral o nacemento da Humanidade. Nas primeiras expresións teatrais (Schechner denominaríaas *performances* rituais), actor e espectador eran a mesma persoa, como ocorría no coro ditirámbico primordial. Nun momento posterior, algúns individuos especialízanse como actores, mais iso, defende Boal, non quita que o resto dos seres humanos conserven a súa capacidade creativa. Boal considera que as formas teatrais

---

[43] O feito é que en calquera punto no tempo, en calquera parte do mundo en calquera cultura, as persoas usaron e usan as representacións para unha variedade de fins, incluíndo entretemento, ritual, construción de comunidade e socialización. (T. P.)

[44] Deviron espectáculos cando foron dadas a ver (que é o que di a palabra grega *teatron*), cando se deslocalizan. (t.p.)

[45] O "pracer" ou "o enervamento de estar xuntos" farían de todos un coro e de algúns personaxes dramáticos. (Trad. propia)

dominantes (as controladas polo poder), deviron un ritual inmobilista, no que a relación que se produce entre a escena e o patio é de ósmose, de invasión de ideas e de valores. O público pasivo é confrontado a imaxes nas que non ten opción de intervir. A ósmose leva aparellada unha relación desigual, de suxeito a obxecto. Porén, asume Boal, ninguén é un obxecto absoluto. Toda persoa oprimida é unha subversiva sometida. Velaí que o seu método teatral aspire a desenmascarala e liberala dese somentimento (Boal, 2004, p. 63).

Fronte á posición de Boal, Schaeffner considera que o espectador continúa a xogar un papel determinante no feito teatral, mesmo despois da aparición do personaxe. "En réalité c'est lui, par ni pour qui la musique n'est faite, qui la compose. Nous révenons ici du theatron: bien que les spectateurs soient étrangers à l'action, c'est par rapport à eux qu'elle s'organise." (Schaeffner, 1981, 47)[46].

Tamén Kelleher atribúe ao público teatral unha potencia que Boal non contempla:

> The political is not something that can be explained or critiqued simply through the play's political messages or the production's formal structures. It also depends [...) upon the unpredictability of the audience's response to what goes on in the theatre: what are they able to make for themselves out of what the theatre gives them to think and feel (Kelleher, 2009, 21-22)[47].

Segundo o autor británico, a propia natureza do teatro como representación, "the fact that it is always representing, always standing for something" (Kelleher, 2009, 122)[48], obriga á espectadora a manter unha actitude activa perante a mensaxe que recibe: "we suspect that there is another meaning involved, that these representations are standing in for some other thing. In this situation it is often we –as readers or spectators- who contribute this other meaning." (Ibídem, 62-63)[49] .

Malia entenderen de forma distinta a relación comunicativa que no proceso teatral se establece, todos estes autores atribúen a esta expresion cultural un potencial transformador, unha dimensión esencialmente política. Outra cousa é a maneira na que esta sexa utilizada por uns e outros no cadro da relación de forzas que en todo grupo humano opera.

2.2.3 A catarse: entre a cura e a coerción.

O que Schechener denominaría *performance* estética incluiría tanto as expresións xeradas polas clases dominantes como polas populares. Mais, se ben as primeiras teñen sido obxecto dunha intensa teorización desde o momento en que xorden como forma estética "pura" (sen máis fin que o pracer estético que proporcionan), a historiografía e a reflexión teórica encol do valor comunicativo do teatro popular son extremadamente escasas. É frecuente, asimesmo, atopar traballos teóricos pretendidamente críticos coa dominación que, ao tempo que propugnan a necesidade dun teatro político transformador, exclúen deste grupo as formas de teatro creadas

---

[46] En realidade é el, para quen nin por quen está feita a música, quen a compón. Aquí volvemos do *theatron*: malia os espectadores seren alleos á acción, ela organízase con respecto a eles. (Trad. propia)

[47] O político non é algo que pode ser explicado ou criticado simplemente a través das mensaxes políticas da peza ou das estruturas formais da produción. Tamén depende (...) da impredicibilidade da resposta do público a aquilo que ocorre no teatro: o que son quen de percibir por si mesmos daquilo que o teatro lles dá para pensar e sentir. (Trad. propia)

[48] O feito de que sempre está representando, sempre simbolizando algo. (Trad. propia)

[49] Sospeitamos que hai outro significado envolvido, que esas representacións simbolizan outra cousa. Nesa situación somos normalmente nós –como lectoras ou espectadoras- quen contribuímos nese outro significado. (Trad. propia)

polas subalternas ao longo da historia, precisamente polo feito de teren operado no ambiguo terreo das infrapolíticas.

Porén, carecería de senso incorrermos agora nunha omisión equivalente negando a importancia dalgúns deses traballos. Pretender estabelecer un marco teórico completo sobre o potencial transformador do teatro sen ter en conta todo o pensamento xerado desde a cultura occidental dominante levaría a conclusións claramente insuficientes. Se, tomando as verbas de Augusto Boal, o teatro é unha arma que tanto pode ser adoptada polos poderosos para os seus intereses como apropiada polas oprimidas para acadar a súa liberación (2005, 11), é esa potencialidade a que interesa resaltar a efectos deste traballo. E toda a reflexión desenvolvida arredor dos mecanismos nos que esa "arma" opera, aínda que en moitos casos exprimida desde posicións lexitimadoras da dominación, pode achegar unha luz para a resolución do problema que motiva a presente pesquisa.

Cumpre comezar ese repaso pola *Poética* de Aristóteles, teorización fundacional sobre o rol social da traxedia –e por ende do teatro-. Malia defender a independencia das artes respecto da política, da proposta do discípulo de Platón despréndese a utilidade da traxedia tal que instrumento de contención política, ou "sistema coercitivo" en termos de Boal (2005, 33). É probabel que o esforzo aristotélico por establecer unha forma de literatura favorábel aos intereses do estado de cousas estivese motivada pola urxencia de establecer un control respecto ao que era considerado, durante o s. V a C., como o medio de comunicación social máis poderoso: "...el corrosivo teatro de Eurípedes, la licenciosa comedia antigua aterraban a los partidarios del orden. La acción represiva de éstos iría en contra del teatro" (Vázquez Montalbán, 1997, 22). A traxedia xorde como forma teatral particular propia dun contexto histórico específico e dun modelo de organización política concreto, a democracia (a aristocracia do poder económico, segundo Arnold Hauser, 1999, 39), cuxa lexitimación será unha das súas funcións. Na segunda metade do século V a. C. Aparece a asemblea como lugar político de representación no que vai xerarse unha nova subxectividade. A traxedia vai xurdir como dispositivo dramatúrxico que debe levar a escena o conflito definido pola democracia. O seu obxectivo primordial é, segundo Carlos de Vicente, interpelar o espectador para que se involucre na democracia, para que deveña suxeito político responsábel (Vicente, 2003, 28). Boal exprésao en termos máis crus cando di que, segundo Aristóteles, o fin da traxedia é impor unha certa visión da xustiza, aquela que convén aos intereses da democracia, un rexime de por si desigual e inxusto (Boal, 2005, 60-61). A diferenza de Platón, quen refugaba o teatro por consideralo unha ameaza desestabilizadora para o *status quo* (como fonte de pracer a través da imitación vicaria da realidade); o seu discípulo entende que o teatro pode ser un medio eficaz de canalizar ou purgar o perigoso material emocional que constitúe o pracer xerado pola comunicación teatral. Aristóteles propón que a arte, como recreación da natureza (do movemento interno das cousas cara á perfección), debe imitar (mímese) a realidade, non tal como é, senón como debería ser: "não é ofício de poeta narrar o que aconteceu; é, sim, o de representar o que podería acontecer" (1991, 256). Neste punto, das teorías aristotélicas tamén podería extraerse que o teatro pode axudar a concibir a posibilidade dunha realidade distinta, e polo tanto é un instrumento potencialmente transformador. Iso si, semella que para Aristóteles tal transformación debería responder aos intereses dominantes no seu momento. A traxedia, continúa, debe

imitar[50] as accións humanas, mais só aquelas xeradas polos hábitos da súa alma racional. Defende que todas as accións do ser humano están motivadas por un único fin: a obtención da felicidade (Aristóteles, 1991, 252). E identifica tres tipos de felicidade: nun nivel básico estaría a proporcionada polo pracer material; seguiría aquela felicidade que xera a gloria, o recoñecemento dos demais; no nivel superior estaría a felicidade que se acada ao actuar de xeito virtuoso. E de todos os actos virtuosos convertidos en hábito, os máis elevados son aqueles que procuran o ben político, é dicir, a xustiza. Unha certa xustiza, porén, non baseada na igualdade entre os seres humanos, senón nunha proporcionalidade establecida por medio dun reparto de forzas. Así pois, segundo interpreta Boal da súa lectura da *Ética para Nicómaco*, a felicidade para Aristóteles equivalería a obedecer as leis (Boal, 2005, 62).

O mecanismo que permite que a traxedia acade os seus obxectivos represivos sería a catarse. Este mecanismo de purga emocional é descrito, aínda que de xeito escuro, na *Poética*. Son numerosas, ás veces contraditorias, as interpretacións arredor do xeito no que operaría a catarse. A máis estendida entende que o fai a través da evocación das emocións de piedade (perante o sufrimento do heroe) e terror (polos perigos que aflixen ao heroe e que poderían tamén afectar a quen presencia a traxedia). Segundo esta interpretación, pois, a traxedia é a imitación de accións humanas que inciten terror e piedade (Aristóteles, 1991, 251). O heroe tráxico (personaxe xurdido da emancipación do corifeo e posteriormente integrado polo Estado) é o exemplo a seguir en todo, agás por un único vicio (a falla tráxica ou *harmatia*) que, se ben nun primeiro momento é a causa da súa felicidade, acabará por ocasionar a súa perdición. Este carácter dinámico da traxedia é imprescindíbel para que poidamos falar de drama, onde o devir e o conflito son elementos definitorios. O protagonista esperta, desde a súa aparición en escena, a empatía do público. Esta identificación constitúe a relación emocional entre o personaxe e o espectador, o que provoca neste último unha actitude pasiva: "como se parece a nós, vivimos vicariamente o que vive o personagem" (Boal, 2005, 75). O espectador identifícase tamén, polo tanto, con ese único vicio que ten o heroe, que polo demáis é un cidadán exemplar. "Que presente fallas en el carácter supone que lo esencial no es la *relación de poder* sino la formación y la acción *moral* del héroe" (Vicente, 2013, 29). Nin rastro de conflito social, por tanto, nin de factores históricos que puideran condicionar a conduta desviada do protagonista. A acción avanza e prodúcese o primeiro revés para o heroe, é a peripecia. Este cae en desgraza, o que provoca que tome consciencia do seu erro. Esta etapa é a denominada anagnórese, na que a *dianoia* (o discurso razonado do protagonista perante a revelación do seu erro) é partillada polo espectador, quen á súa vez será quen de detectar a súa propia *harmatia*. Na terceira fase do desenvolvemento da acción é na que se produce a catástrofe, pola que o heroe, preso do seu destino, sofre de xeito violento as consecuencias do seu erro (Aristóteles 258-260; Boal, 2005, 77). É neste momento cando o espectador, aterrorizado, consegue purificarse do seu propio vicio recoñecido. Velaí a catarse, á que se atribúen propiedades homeopáticas (determinados vicios curarían vicios similares). Segundo a interpretación de Kelleher, a proposta aristotélica ten tamén un fondo didáctico. Se o pracer que os humanos atopan ao presenciar ou interpretar unha imitación de grandes actos (a representación da traxedia) está directamente relacionado co pracer que obtemos cando realizamos os nosos propios actos (sexan estes grandes ou pequenos), entón ese pracer e esa imitación reguladas polo teatro axudarían a avanzar aos seres

[50] O termo "imitar" ten un significado particular para Aristóteles, para quen consiste en recrear unha realidade perfecta (polo tanto, non a presente. Sería máis apropiado dicir "representar" (Boal, 2005, 47).

humanos, a aprender. O teatro, así, purga, redirixe, clarifica as emocións desestabilizadoras "through a sort of homeopathic action that is less likely to lead to a change in the political state of things than to a recognition of those feelings that need to be kept in check for the sake of common political good." (Kelleher, 2009, 50)[51].

Porén, o propio Kelleher relativiza a efectividade da catarse. Considera que o material emocional que a catarse aspira a extirpar por completo continúa sendo perigoso en certo xeito, como influencia desestabilizante da organización política. Defende o autor británico que o teatro nunca deixa de levar inserida a ameaza ou promesa dunha outra política (Kelleher, 2009, 54). Do mesmo xeito, para Boal, os sentimentos estimulados polo espectáculo tráxico non son permanentemente eliminados, senón tranquilizados durante un tempo (2005, 91).

Nese senso, son interesantes as análises de quen fora xerente da Comédie Française, Pierre-Aimé Touchard, que explorou a esencia do teatro a partir do mito de Dionisio. O teatro, defende na súa "apoloxía", serve para que o individuo, momentaneamente, sacie a súa ansia de liberdade respecto dos valores e normas que lle son impostos pola sociedade.

> Tel apparait être, en effet, ce que, par un abus du terme, on peut appeler le "but" du théâtre: montrer à l'homme jusqu'à quel point extrême peuvent aller son amour, sa haine, sa colère, sa joie, sa crainte, sa cruauté, lui faire prendre conscience de ses virtualités, de ce qu'il serait en un monde sans entraves où n'interféraient plus (...) la haine et la crainte du gendarme. C'est la vision de cet univers, où l'homme pourrait enfin se révéler à soi-même, que le spectateur demande à l'oeuvre dramatique. (Touchard, 1968, 13)[52].

A traxedia, pois, tal que teorizada por Aristóteles segundo as sucesivas análises que da súa obra se teñen feito, aspiraría a implicar o espectador, a nivel individual, nunha reflexión de tipo moral sobre a problemática da decisión, crucial na democracia ateniense. Terían que pasar moitos séculos para que se chegase a expor de xeito sistemático a viabilidade dun teatro que erixise á multitude, ás clases subalternas, en suxeito e obxecto da representación.

2.2.4 A emerxencia dun teatro (abertamente) político

Sexa como for, xa desde os tempos da traxedia o teatro revelouse como un espazo privilexiado de comunicación e debate públicos. Isto fixo que se mantivese vencellado ao Estado, ao que serviu como instrumento de vixilancia da multitude, en termos de Badiou (1994, 30). Así, o teatro durante o Medievo foi concibido como parte da liturxia cristiá, co obxecto de perpetuar o *status quo* do réxime feudal. Tratábase dun teatro carente de conflito, onde se presentaban valores morais abstractos como ideais a imitar. O cambio de paradigma iniciado co Renacemento, onde o sistema económico transita cara o capitalismo, inaugura novos modelos de representación teatral acordes á nova concepción do mundo que empeza a fraguarse.

---

[51] Mediante unha sorte de acción homeopática que ten menos posibilidades de levar a unha mudanza no estado de cousas político que a un recoñecemento deses sentimentos que precisan ser mantidos baixo control no nome do ben político común. (Trad. propia)

[52] Tal semella ser, en efecto, aquilo que, por un abuso do termo, podemos chamar "propósito" do teatro: amosar ao ser humano até que extremo poden ir o seu amor, o seu odio, a súa cólera, a súa alegría, o seu temor, a súa crueldade, facerlle tomar consciencia das súas virtualidades, do que sería nun mundo sen obstáculos onde non interferisen (...) a xenreira ou o temor ao xendarme. É a visión deste universo, no que o ser humano podería revelarse a si propio, que o espectador pide da obra dramática.

A nova clase que aspira á hexemonía terá o seu primeiro autor en Shakespeare, que pon o acento no conflito do individuo co estado de cousas. Para a burguesía, o teatro constiuirá un espazo público para un Estado concebido como produto da relación contratual entre individuos e onde o público é entendido como transposición do privado (Vicente, 2013, 36), ao servizo do sistema mercantil que sustenta a cosmovisión capitalista. Entre os séculos XVIII e XIX, parella á consolidación da hexemonía da nova clase dominante, o teatro vai poñer o acento na vida cotiá da familia burguesa como modelo de vida, espello de valores reproducidos na escena. Os conflitos presentados son os conflitos morais destes individuos, que eles propios son quen de resolver mediante as súas decisións. É un teatro de corte idealista que non contempla as relacións de poder nas que se integran os distintos grupos nunha sociedade nin as circunstancias históricas que os determinan. Se ben neste período aparecen tentativas dun teatro que aspire á transformación da realidade, como poden ser os de Victor Hugo ou Schiller, onde o protagonista pertence ás clases subalternas e é, en moitos casos, colectivo, mantense esta concepción humanista dun teatro no que os conflitos se resolven polo propio desenvolvemento da trama, sen lugar para a intervención dun público que recibe pasivamente a mensaxe.

A irrución do proletariado na Historia e na escena acelera, segundo Piscator, o nacemento dun teatro propiamente político (Vicente, 2013, 134). Un teatro que non só inclúe á política como obxecto representado, senón que efectúa unha análise da realidade social na que se implica activamente a todos os participantes do acontecemento escénico. A Revolución Francesa contribuíra a erixir ao pobo en novo actor social, e a a sociedade, liberada dos poderes que durante séculos a subxugaran, institúese a si propia. O seu refrendo (pacto social) é imprescindíbel requisito para a lexitimidade do poder do Estado. O teatro político xorde neste novo contexto co fin de habilitar un discurso antiautoritario co horizonte dunha sociedade distinta, na que o poder, ou ben non exista (anarquismo), ou ben sexa partillado por toda a sociedade sen distinción (comunismo), ou sexa distribuído proporcionalmente entre os seus membros (socialismo). O marxismo constituirá unha base teórica fundamental deste novo teatro, que racha co humanismo idealista imperante até daquela, refuga a xeración de ilusións escénicas que inducen á identificación pasiva do público e á naturalización dos conflitos sociais como realidades inmutábeis. O teatro político constitúe, segundo os defensores do concepto, unha forma produtiva (non meramente creativa ou artística) que pretende constituír un dispositivo intelectual que analiza e cuestiona os enunciados do poder para criticalos. Este tipo de teatro media introducindo a contradición no discurso dominante. (Vicente, 2013, 96-97). A nova estética materialista que caracteriza este teatro, oposta ao naturalismo burgués, é inaugurada por Erwin Piscator e o seu traballo dramatúrxico no Volksbüne a partir da década de 1920. Mais é Bertolt Brecht quen máis amplamente describiu os principais trazos desta nova estética. Faino de xeito fragmentario, asumindo que tales teorías son o resultado dunha práctica colectiva de traballo, a que tivo ocasión de levar a cabo no Berliner Ensemble. O pensamento brechtiano é, en termos de Carlos de Vicente, máis ben unha factoría que se interrompeu coa morte do dramaturgo alemán en 1956.

Eis a primeira ruptura de Brecht coa tradición estética occidental: a escena, o teatro, non constitúe unha arte, mais un aparello produtivo. Esta primeira premisa leva aparellada unha consideración colectivista da práctica teatral, onde dramaturgos, directores e actores son considerados pezas dun traballo colexiado e onde a creación individual non é tan valorada como o proceso do que é resultado. Este carácter colectivo do teatro está directamente relacionado coa necesaria responsabilidade social da intelectual, que aspira a transformar a súa realidade a través dos medios que

ten ao seu dispor, neste caso o aparello escénico. Brecht promove unha transformación radical do teatro, a partir dunha ruptura coa lóxica aristotélica e co naturalismo burgués. Propón unha nova lóxica de tipo dialéctico e unha nova estética, o realismo marxista, sustentada no marxismo como base teórica que lle permite pór orde ao caos no que permanecía sumerxido o teatro expresionista do que proviña.

A quebra respecto da lóxica aristotélica susténtase no rexeitamento do mecanismo de identificación. Fronte ao sentimento de empatía que anula o raciocinio da espectadora, Brecht defende a necesidade de amosar aos personaxes como mutábeis, sen un destino prefixado, mais modificábel mercede á acción humana. Asemade, os procesos sociais deben ser presentados na súa estrañeza, e non como algo natural e inmutábel. O propósito do teatro debe ser, polo tanto, desvelar as leis xerais polas que funcionan o mundo exterior e o pensamento humano. O teatro debe constituír un medio de análise da realidade. Nas súas pezas, Brecht tratará de buscar a maneira pola cal o dispositivo teatral pode axudar a liberar o coñecemento do control que sobre el exercen as ideas dominantes. Para iso, é preciso revelar as condicións históricas que moven as accións e xeran os conflitos. O mecanismo do estrañamento (*Verfremdung*) que defendía para o novo teatro consistía en amosar como históricas (por tanto mutábeis) aquelas imaxes que tenden a darse como naturalizadas (representacións de como as cousas son ou deberían ser). Ese estrañamento ou distanciación comportaba tratar os tempos contemporáneos como se fosen históricos, e por tanto establecer o "agora" como elemento de distancia e de peculiaridade. (Brecht, 1994, 37). Alén da historicidade do seu teatro, o elemento dialéctico permítelle facer emerxer, de xeito aprehensíbel polo público, as contradicións existentes na realidade. A interpretación das actrices e actores deberá revelar os procesos exteriores (o *gestus* social) que subxacen nas condutas e nas emocións dos personaxes, e así amosar as contradicións que as atravesan. As e os espectadores experimentan unha sensación de extrañamento diante do que presencian, e vense na obriga de realizar un traballo intelectual, unha crítica da realidade presentada. Deste xeito, acábase coa pasividade do público e o proceso comunicativo teatral complétase.

> La 'escena contemporánea' (...) encontró en el trabajo de la *fábrica Brecht* la *posibilidad* de transformar el teatro de actividad de consumo en actividad productiva, de operación especular en trabajo intelectual y de lugar de aglutinación en espacio de la complejidad (Vicente, 2013, 196).

O obxectivo principal do teatro de Brecht, e por extensión do chamado teatro político, é resolver a problemática do ser social e as súas contradicións e, deste xeito, destruír a naturalización das relacións sociais de explotación propias do capitalismo. A poética de Brecht incorpora no teatro do século XX un novo papel para a arte (a reflexión e a crítica, xunto co entretemento), unha nova estética (un novo realismo distinto do realismo socialista e do naturalismo burgués), un novo rol para os artistas oposto ao individualismo e un novo tipo de público, a partir de entón activo, consciente e racional (Vicente, 2013, 226-227).

2.2.5 O teatro do oprimido: retorno á horizontalidade

> La ausencia de proscenio es característica de todas las formas del espectáculo popular. La verdad utópica es representada en la vida misma. Durante un breve lapso, se convierte hasta cierto punto en una fuerza real que puede servir para castigar a los enemigos hereditarios de la verdad (Bakhtin, 2003, 217).

O seguinte chanzo na evolución dos movementos conducentes á práctica dun teatro político constitúeo o modelo do Teatro do Oprimido. Desenvolvido polo dramaturgo brasileiro Augusto Boal, quen parte dunha inquietude semellante á dos seus predecesores: que pode facer a peza artística pola realidade? El propón unha resposta: o teatro sería unha experiencia do porvir, "un relato de anticipación que permite equivocarse en un lugar, la ficción, del que se puede salir, para actuar, después, correctamente en la realidad". (Vicente, 2013, 338). O teatro consituiría unha estrutura de posibilidades, funcionaría como se fose a realidade, revelando as condicións dunha situación conflitiva e así interferir e contradicila. Desde premisas teóricas similares ás de Brecht, o autor paulista desenvolverá un conxunto de prácticas escénicas que, segundo Carlos de Vicente, "constituye una revolución total que, al contrario que otras estéticas, no deja indemne la estructura del teatro" (2013, 346). Para este autor, Boal foi máis alá de Bertolt Brecht, pois, se ben o alemán tentou abolir as barreiras entre o palco e o público e a relación conflitiva entre actores e espectadores, o brasileiro introduciu as innovacións estruturais necesarias para que non existan nin actores nin público, senón actuantes e observadores activos e activas. A proposta metodolóxica de Boal aspira a reinstaurar a relación circular presente nas formas teatrais primixenias. De feito, e como xa vimos, considera que o teatro naceu cando o ser humano foi quen de se visualizar a si propio, e polo tanto, representar outras realidades posíbeis (Boal, 2002, 25). Todos os seres humanos estarían dotados das cualidades necesarias para facer teatro. A división entre profesionais da escena e espectadores acontece moito despois, xa na Grecia clásica. Boal pregúntase en que momento o teatro se separou do pobo e se puxo ao servizo da dominación. Para chegar até aí, o brasileiro pasou por anos de experiencia facendo teatro militante no Brasil e polo contacto con Paulo Freire. Pedagoxía e teatro do oprimido parten da mesma base: a oprimida debe manter unha relación activa coas mensaxes, e para iso estas deben presentárselle problematizadas e non repetir o instituído, non reproducir a ideoloxía. Da súa colaboración con Freire, o dramaturgo tira a conclusión de que só unha outra práctica teatral pode explorar os conflitos existentes nas relacións sociais e políticas revelándoos como produtos das contradicións entre as normas, que xeran as situacións de opresión. Igual que o pedagogo, Boal pensa que a conciencia da realidade provén da vida cotiá, mais desborda as situacións vividas. E a persoa oprimida introxecta a sombra dos opresores, interioriza os seus valores. Polo tanto, para transformar a súa realidade non abondará con mudar a mentalidade das oprimidas, mais a propia situación que as oprime. Iso tradúcese, na práctica escénica, no establecemento das condicións que lles permiten descubrirse, vérense en situación (Vicente, 2013, 340). O teatro, para Boal, non representa nin presenta situacións dramáticas que hai que resolver; o teatro funciona como se fose a realidade. "El teatro no tiene aquí más mediaciones que la propia realidad de los cuerpos, de las vidas". (Vicente, 2013, 339). O importante non é que a acción sexa ficticia ou real, mais que é unha acción. Non se representa, actúase.

O obxecto do teatro do oprimido é unha situación de opresión (isto é, na que alguén utiliza o seu poder e estatus para reducir alguén a unha situación de submisión) que é analizada e transformada nunha situación de liberación (Vicente, 2013, 341). Constitúe unha poética materialista para devolverlle os medios de produción teatrais ao pobo, do mesmo xeito que Freire clamara pola apropiación dos medios de produción de coñecemento ou Mario Kaplún dos medios de produción da información. De espectador pasivo, o pobo pasa a actor, suxeito da transformación da acción. Aspírase a transformar a espectadora en protagonista, que non se limite a reflexionar sobre o pasado, se non a preparar o futuro.

> Primeiro se destrói a barreira entre atores e espectadores: todos devem representar, todos devem protagonizar as necessárias transformações da sociedade. (...) Depois, destrói-se a barreira entre os protagonistas e o Coro: todos devem ser, ao mesmo tempo, coro e protagonistas (...). Assim tem que ser a "Poética do Oprimido": a conquista dos meios de produção teatral (Boal, 2005, 12-13).

O conxunto de prácticas escénicas proposto por Boal baséase nun rexeitamento da poética aristotélica, do mesmo xeito que fixera Brecht. Fronte á relación vicaria que constitúe a empatía (as emocións penétrannos) propia do teatro tradicional, defende unha relación simpática (nós guiamos), pola cal a oprimida cria (activamente) as imaxes das súas opresións. Se no teatro de base aristotélica as emocións alleas nos invadían por ósmose, neste novo teatro somos nós, como espectadoras, quen proxectamos as nosas propias emocións na escena. O que Boal denomina *metaxe* (a pertenza simultánea a dous mundos), constituiría a reacción gnoseolóxica que se pretende xerar no teatro do oprimido. Consistiría na creación por parte do individuo das imaxes da súa propia realidade oprimida (Boal, 2004, 64-65). A espectadora crea a imaxe da súa opresión, como transubstanciación artística da súa realidade. Frente ao dirixismo convencional, onde a espectadora é conducida pola trama, no teatro do oprimido é a espectadora a encargada de mover a escena.

O postulado básico do teatro do oprimido consiste niso: é a propia oprimida (e non unha actriz ou actor no seu nome) a que leva a cabo unha acción (realizada na ficción teatral) que lle dá a capacidade de autoactivarse para realizar esa mesma acción na vida real (Boal, 2002, 68). Fronte ao baleiramento das emocións da espectadora durante o espectáculo que provoca a catarse, aquí trátase de empoderala para que actue sobre a súa realidade.

> [Boal] liquidó la práctica artística e ideológica de la interpretación burguesas y del sujeto de la interpretación (el actor) para establecer las bases de una práctica vital y liberadora con un sólo sujeto de la interpreación (el ser humano *en situación*) (Vicente, 2013, 16).

A proposta de Boal constitúe ademáis un rexeitamento á mediación, "en una época justamente en que las mediaciones (desde la televisión hasta la burocracia estatal) resultan las veraderas productoras de la *realidad"* (Vicente, 2013, 349). Por iso non se interesa polos elementos que arrodean o dispositivo escénico (iluminación, escenografía, vestiarios...). Ao erixir as subalternas en suxeitos do Teatro do Oprimido, a mediación teatral perde sentido. Non se dá voz a quen non a ten falando del, o teatro é a linguaxe mesma da que se deben dotar os oprimidos (Boal, 2002, 275). Este novo método teatral acaba co teatro como aparello de dominación, de produción de sentido nas mans do poder. O teatro do oprimido dinamiza a componente subversiva inherente a todo suxeito sometido.

Nese sentido, alén de supor a eliminación da división do traballo imperante até o momento na escena, o Teatro do Oprimido representa un retorno a formas parateatrais.

2.2.6. Teatro popular como infrapolítica

Como se expuxo nas liñas anteriores, o teatro ten sido considerado unha ferramenta extraordinariamente poderosa para a comunicación dos grupos humanos e, como tal medio de comunicación, un instrumento político que,

segundo as intencións de quen o manexe, pode ter aplicacións coercitivas ou ben transformadoras. Daí que os autores que enarboran a bandeira dun teatro político con fins transformadores se esforzaran en teorizar a maneira na que o dispositivo consolidado durante séculos polas clases hexemónicas puidera porse ao servizo das masas populares, posto que, a arte verdadeira, en palabras de Brecht, "se empobrece con las masas y se enriquece con las masas." (2004, 311). Porén, a meirande parte destes autores manteñen unha relación ambigua coas expresións teatrais emanadas do pobo, o que, en coerencia coa liña argumental que se pretende manter no presente traballo, denominaremos "teatro popular".

O propio Bertolt Brecht, malia á súa formación universitaria e libresca, sentíase moi cómodo entre os fumes do cabaret de Karl Valentin, e foi nesta experiencia na que se basearía para desenvolver a súa teoría do teatro épico, completada máis adiante nos anos da Berliner Ensemble. Os espectáculos políticos desenvolvidos por Utpal Dutt na India, a San Francisco Mime Troupe ou Darío Fo e Branca Rame beben das tradicións populares dos seus países. O seu interese polas formas de teatro popular podería estar motivado polo seu poder de convocatoria, que facilitaría a difusión das ideas (Schechter, 2003). Tamén en contextos pre- ou postrevolucionarios, como foi a Rusia bolchevique, buscouse nas formas de teatro popular unha ferramenta para a difusión dos principios da Revolución. Porén, en todos estes casos, igual que nos modelos de teatro políticos expostos anteriormente, a relación comunicativa entablada a partir do medio teatral está pexada pola verticalidade. Non deixa de ser un teatro feito para o pobo, con innegábeis boas intencións, mais sen contar coa iniciativa deste.

En efecto, o propio termo de "teatro popular" xorde con esa connotación paternalista. Forma parte da concepción do mundo xurdida a partir da Revolución francesa, que tivo no pensamento ilustrado o seu fromento. Denis Diderot ou Jean Jacques Rousseau foron ardorosos defensores das formas festivas e teatrais populares, e un discípulo do segundo, Luis-Sébastien Mercier, propuxo en 1778 un teatro do pobo que moldease a moral e as condutas dos cidadáns. Na estela da Revolución, o teatro para o pobo concibíase como un teatro "nacional", que establecese un repertorio para toda a poboación e a través do que "se construye una soberanía constituyente, el paso de una comunidad humana con ciertas características culturales comunes, a las que se dota de un sentido ético-político, a un Estado" (Vicente, 2013, 48). Mais foi Romain Rolland quen acuñou o termo e marcou as pautas desta concepción do teatro "para toda a poboación" no seu *Le théâtre du peuple* (1903). Para Rolland, o teatro que se dirixe ao público popular debe de proporcionar solaz e enerxía ás xentes humildes, fatigadas polas súas tarefas cotiás, e ao mesmo tempo, constituír unha luz para a intelixencia do operario, axudarlle a ver as cousas con claridade (Vicente, 2013, 48). En ningún momento se contempla a participación efectiva do pobo en ningunha das fases creativas deste teatro. A noción de "educación popular", xurdida durante a III República francesa e aínda hoxe vixente, bebe amplamente desta idea do teatro popular. Estaba impulsada pola reivindicación dunha escola laica, libre e gratuíta (acadada finalmente en 1881), considerada o único e eficaz camiño para acabar coas desigualdades:

> L'instruction publique, le brassage des classes, riches et pauvres ensembles, tous assis au même banc, égaux devant la connaissance jusque-là réservée aux élites ; l'accès aux savoirs, à la culture savante, suffira, pour les uns à supprimer les différences sociales héréditaires et les conflits

> de classes, ou pour les autres au contraire, facilitera la conscience, l'engagement, la lutte collective et conduira à l'émancipation de la classe ouvrière (Rasse, 2004,10)[53].

O actor e director Firmin Gémier trataría de levar as ideas de Rolland á práctica co seu *Théâtre national ambulant*, co que percorreu Francia a partir de 1911 para levar fóra de París os espectáculos que se estaban a representar na capital. O propio Gémier sería, en 1920, o primeiro director do Teatro Nacional Popular francés, unha institución que a partir de 1951 viviría a súa etapa máis emblemática baixo a dirección de Jean Vilar, segundo Rasse, a derradeira das grandes figuras da educación popular. En efecto, aquel movemento xenuínamente francés que promungaba a universalización do saber (do saber xerado desde a Academia, enténdese), atopou na resistencia e na segunda Posguerra Mundial un amplo caldo de cultivo en numerosas organizacións obreiras e asociacións "de educación popular", das que Jean Vilar se serviría para extender o público obxectivo do seu teatro, con sede no Pallais de Chaillot, en pleno centro de París. De facto, un dos maiores achádegos atribuídos a Vilar é a posta en marcha de toda unha serie de medidas para tratar de eliminar as barreiras que, segundo el, estaban na orixe da distancia entre o teatro "culto" e o pobo. Deste xeito, desenvolveu unha política de abaratamento das entradas, adaptou os horarios aos dos traballadores, creou unha extensa rede de acordos con entidades asociativas de todo tipo, xerou unha serie de fórmulas de difusión innovadoras, e mesmo desprazou as representacións ás aforas de París, para evitarlles aos obreiros os desprazamentos. No plano formal, eliminou o pano de boca que separaban o palco dos espectadores e tratou de rachar coas convencións do teatro burgués e fomentar que público e actores entablasen unha relación de tipo festivo que debera marcar a vivencia teatral. Porén, se ben as cifras de asistencia acadadas non son desdeñábeis, durante todo o período de Vilar (1951-1962)[54], o público está maiormente composto de empregados urbanos do sector terciario.

> Vilar défend un théâtre populaire, au sens où l'entend l'idéologie progressiste de l'époque. Il veut seulement "démocratiser" les pratiques culturelles jusque-là réservées à une minorité, en élargissant la base sociale de son public à de nouvelles couches de la population. Il n'est pas question de modifier les contenus, mais seulement d'instruire le peuple pour l'amener à découvrir et à apprécier la culture cultivée considérée incontestablement comme la seule vraie, belle, universelle et sublime, susceptible de transcender la diversité sociale, historique, géopolitique de l'humanité. Et si le grand public ne se déplace pas, ce n'est pas parce que cette culture n'est pas la sienne, ni parce qu'elle se constitue depuis la nuit des temps en s'opposant au peuple, c'est seulement parce qu'il manque

[53] A instrución pública, a mestura das clases, ricas e pobres xuntas, todas sentadas no mesmo banco, iguais diante o coñecemento até entón reservado ás elites; o acceso aos saberes, á alta cultura, abondará, segundo uns para suprimir as diferencias sociais hereditarias e os conflitos de clase, ou pola contra, segundo outros, facilitará a consciencia, o compromiso, a loita colectiva e conducirá á emancipación da clase obreira. (Trad. Propia)

[54] Jean Vilar chegou a acadar un grande público cando montou os grandes clásicos (Molière, Corneille, Shakespeare, Brecht...) que o TNP repón regularmente. Entre 1951 e 1963, Don Juan será representado 233 veces e xuntará 371.399 entradas, "O Cid" con 195 representacións terá 276.807 entradas e "O avaro" 216807 entradas para 157 representacións. Pero ese público non o segue cando se afasta dos camiños trillados e trata de impor opcións máis audaces. As tentativas de representar no TNP pezas de autores contemporáneos sóldanse co fracaso. (Rasse, 2004, 16)

> d'éducation, de moyens financiers, de temps, de bonnes habitudes. (Rasse 2004, 12)[55].

Xustamente esta concepción elitista da cultura, indefectiblemente acompañada do miserabilismo que nega a existencia dunha cultura popular autónoma, teria sido albo de críticas de autores como Jean Paul Sartre e explica que esta tradición francesa do teatro popular non sexa contemplada no concepto de teatro popular empregado neste traballo.

Tampouco o será, malia o seu interese teórico, a postura de Bertolt Brecht respecto ao mesmo asunto. No contexto da chamada polémica sobre o Expresionismo que o alemán mantivo, se ben diacronicamente, con Luckaks, Brecht (1984) expón a que, segundo el, debe ser a posición dos intelectuais e das artes dentro da loita de clases: "Contra la barbarie creciente, sólo hay un aliado: el pueblo, que tanto sufre bajo ella. Sólo de él puede esperarse algo. Por tanto es lógico dirigirse al pueblo y, más necesario que nunca, hablar su lenguaje" (Brecht, 1984, 235). A súa é, por tanto, unha concepción vertical da arte popular, a arte para a masa proletaria que "durante tanto tiempo fue el objeto de la política y tiene que ser el sujeto de la política" (Ibídem, 236). Así que, se ben parte dunha vontade combativa e transformadora "do popular", a súa idea da arte (e por ende, do teatro), non deixa de compartir ese pouso elitista que se lle achacou a Jean Vilar:

> *Popular* significa: aquello que, de un modo inteligible para las masas, toma sus formas de expresión y las enriquece/toma su punto de vista, lo afianza y lo corrige/sostiene la parte más progresiva del pueblo a fin de que ésta pueda tomar la dirección, de forma también comprensible para las otras partes del pueblo/ enlazando con la tradición, la continúa/ transmite a la parte del pueblo que aspira a la dirección las conquistas de la parte ahora dirigente. (Brecht, 1984, 237).

Así pois, Brecht, malia a sentirse parte dese pobo ao servizo do que pretende facer o seu teatro, parte da base de que as expresións provenientes das clases subalternas precisan ser "enriquecidas" e "corrixidas". Porén, tamén entende, con Gramsci, que existe unha parte do pobo "progresiva", unha avangarda dentro do pobo que será a que cinga as rédeas dunha acción transformadora. En coherencia, defende a necesidade e a importancia dun teatro amador, feito por xentes do campo e das fábricas:

> El arte teatral es por así decir el arte más humano, más común de todas las artes, el que está más extendido, es decir, el que no sólo se practica en el escenario sino también en la vida. El arte teatral de un pueblo, o de una época, ha de ser enjuiciado como un todo, como un organismo vivo, que no está sano si no está sano en todos sus miembros (Brecht, 2004, 308).

---

[55] Vilar defende un teatro popular, no senso no que o entende a ideoloxía progresista da época. Quere só "democratizar" as prácticas culturais até daquela reservadas a unha minoría, ampliando a base social do seu público a novas capas da poboación. Non é cuestión de modificar os contidos, mais só de instruír ao pobo para levalo a descubrir e apreciar a alta cultura considerada incontestablemente como a única verdadeira, bela, universal e sublime, susceptible de transcender a diversidade social, histórica, xeopolítica da humanidade. E se o grande público non se desplaza, non é porque esta cultura non é a súa, nin porque se constitúe desde a noite dos tempos en oposición ao pobo, é só porque lle falta educación, medios financeiros, tempo, bos hábitos. (Trad. propia)

Nese senso, a postura de Brecht alíñase coa concepción gramsciana da cultura popular e a súa aposta por un bloco histórico, unha alianza revolucionaria das clases operaria, campesiña e intelectual para acadar a hexemonía. Pero probabelmente o teatro popular, tal e como se vai entender o termo ao longo destas páxinas, tería máis que ver con aquilo que o antropólogo marxista Ernesto de Martino, coincidindo coa visión gramsciana das culturas subalternas veu denominar en 1951 "folclore progresivo". Esta categoría consistiría nunha "propuesta consciente del pueblo contra la propia condición socialmente subalterna, o que comenta y expresa, en términos culturales, las luchas por emanciparse" (Feixas e de Martino, 2008, 106). O folklore progresivo estaría composto por aqueles elementos da cultura popular que comparten e transmiten o "discurso oculto" de que falaba Scott. Oporíase, pois a aqueles elementos arcaicos ou reaccionarios, tamén presentes, como lembraban Gramsci ou Williams, dentro desta cultura fragmentaria:

> La vida cultural tradicional de las masas populares ¿es sólo atraso, superstición, o contiene también elementos válidos y aceptables actualmente, sobretodo en la esfera de las manifestaciones artísticas o literarias? ¿Es el folclore solo cesión y envilecimiento de productos elaborados por la alta cultura, o bien la misma readaptación popular de estos productos pone de manifiesto un elemento activo, una capacidad reelaboradora rica en significado humano? Junto al proceso descendiente, que va de la alta cultura al pueblo, ¿no se da también un proceso contrario, ascendente? Y finalmente: más allá de la vida popular tradicional, del folclore en sentido estricto, ¿no existe también una vida cultural de estas masas que rompe de forma más o menos decidida con las tradiciones y que resuena como voz del presente, como reflejo de las nuevas condiciones en curso? (Feixas e de Martino, 2008, 157).

Nesta mesma liña e claramente na do concepto de infrapolítica de Scott, o teatro popular, tal e como se entenderá neste traballo, pode exercer -e polo xeral faino- un rol de comunicación subversiva, se ben disimulada ou camuflada en casos de grave risco punitivo: "When government repression and illiterarcy made free political discourse and dissent difficult, popular theatre provided a means to organize public responses, and create a temporary conmmunity of shared interest." (Schechter, 2003, 219)[56].

Ademáis do compoñente subversivo ou transgresor, esta noción de teatro popular aséntase nunha serie de características diferenciais. Joel Schechter establece as principais:

> In general, popular theatre performaces were and still are publicly supported, highly visual and physical, portable, orally transmitted, readily understood, not flattering to wealth and tyranny; and for these reasons, as well as for low (...) admission cost, they have been widely appreciated (Schechter, 2003, 4)[57].

[56] Cando a represión gobernamental e o analfabetismo fixeron difícil o discurso político libre e o disenso, o teatro popular proporcionou un medio para organizar as respostas públicas, e crear unha comunidade temporal de interese compartido. (trad. propia)

[57] En xeral, as representacións de teatro popular foron e son aínda apoiadas publicamente, altamente visuais e físicas, portátiles, transmitidas oralmente, de comprensión inmediata, non condescendentes á riqueza e á tiranía; e por esas razóns, así como polo baixo (...) prezo de admisión, teñen sido amplamente aprezadas. (trad. propia)

En primeiro lugar, a transmisión oral dun teatro cuxo repertorio repousa no pobo e que carece de textos escritos (os artistas son, polo xeral, analfabetos). Esta circunstancia tamén fai que os repertorios se reactualicen constantemente, nunca se fixen nin se conxelen, nin deveñan tradición selectiva mentres a expresión está viva. Do mesmo xeito, a transmisión dos repertorios e das técnicas de interpretación efectúase de xeración en xeración, e xeralmente con especial celo, a fin de que estes saberes resten exclusivos dos membros da familia ou da *troupe*. É un teatro sen pretensións de tipo artístico ou intelectual, tal e como a cultura dominante ten definido estas categorías, e vive á marxe de preceptos e de canons, o que, segundo Schechter, posibilitou que se desenvolvese en liberdade. Esa falta de docilidade faino merecente da consideración negativa e do desprezo da alta cultura. Alén diso, a autoridade considera este tipo de teatro ilexítimo, pois non o pode controlar. O público é un elemento fundamental deste tipo de teatro, pois del depende para a súa supervivencia económica (carece de subsidios e de mecenas, e polo tanto vive das entradas ou das recompensas depositadas ao final da actuación no sombreiro do artista). Esta dependencia económica tamén explica que os artistas populares exerzan de portavoces do pobo que os sustenta, cuxo favor precisan asegurarse. Por último, trátase dun teatro que non ten sentido sen o público en vivo, e polo tanto non é asimilábel ás técnicas de reprodutibilidade mecánicas da que falaba Benjamin, e que aniquilarían esa "aura" xerada no aquí e no agora do momento da representación:

> Incluso en la más perfecta de las reproducciones una cosa queda fuera: el aquí y ahora de la obra de arte, su existencia única en el lugar donde se encuentra […] El concepto de la autenticidad del original está constituido por su aquí y ahora; sobre éstos descansa a su vez la idea de una tradición que habría conducido a ese objeto como idéntico a sí mismo hasta el día de hoy" (Benjamin, 2008, 42).

Como se pode imaxinar, o teatro popular existe antes de que se acuñase o termo no contexto da Francia pre-revolucionaria. Arnold Hauser, quen estabelece o nacemento de toda arte que poida considerarse popular na orixe dos conflitos de clase ("art as opposed to the tastes and wishes of the upper class"[58], Hauser, 1999, 21), considera o mimo a primeira forma de teatro popular, é dicir, a primeira forma de representación desvinculada de calquera fucionalidade ritual que a convirtiría nun acto "oficial" para a comunidade que o practicase. Moito máis antigo que a traxedia, a orixe do mimo remóntase, segundo Hauser, á Prehistoria, vinculado a formas de tipo ritual propiciatorias da caza e de culto aos mortos (Ibídem, 40). O británico George Speaight aventura unha hipótese sobre o proceso que daría pé a esta evolución. "As the centuries passed, the improvisations of a Bacchanalian orgy grew to a pattern, and a religious ritual became increasingly dramatic. The drama was born. (...) but side by side with this Comedy, Farce and Mime where shaped by the universal delight in mimicry and buffoonery, and by the sixt century before Christ the existence of a popular drama can be discerned" (Speaight, 1955, 12)[59].

Así pois, xa na Antigüidade clásica, e a resultas dunha longa evolución, o mimo grego reuniría as características daquilo que se considerará teatro popular a efectos

[58] Arte oposta aos gustos e desexos da clase superior. (T.p)

[59] Co paso dos séculos, as improvisacións dunha orxía bacanal constituíron un padrón, e o ritual relixioso deviu cada vez máis dramático. Nacera o drama (...) mais a carón desta comedia, a farsa e mimo foron moldeadas polo gosto universal pola mímica e a bufonada, e arredor do século VI antes de Cristo pode discernirse a existencia dun teatro popular. (t. p.)

deste traballo, e que nada ten que ver coa traxedia, esta si unha forma de teatro oficial, malia dirixirse a un público masivo. O mimo, salienta Hauser, non recibe ningún tipo de subsidio por parte do poder (da democracia, neste caso), e polo tanto está libre da obriga de transmitir calquera consigna oficial. Os temas do mimo grego, representados en cadros breves e fragmentarios de corte naturalista, reflicten a vida cotiá e os tipos do pobo, fronte aos temas e os caracteres elevados que protagonizan os textos tráxicos. Os mimos procedían "from the people, shared their taste and drew upon their common sense. They wanted neither to educate nor to instruct, but to entertain their audience"[60], afirma Hauser (1999, 40), lembrando a premisa brechtiana. Segundo o historiador marxista o mimo é a primeira forma de arte (non só teatral) creada para e por o pobo.

Hauser láiase de que, como ocorre coa maioría das producións da cultura popular, as creacións do mimo antigo non teñan chegado até nós, dado que "this unpretentious, naturalistic, popular theatre was the product of a much longer and more continuous development, and had to its credit a much richer and more varied output than the official classical theatre." (Ibídem, 40)[61]. Unha eiva que afectará ao teatro popular nos séculos sucesivos e que traballos como o presente tratan de paliar.

2.3 O TEATRO DE TÍTERES COMO EXPRESIÓN ANTIAUTORITARIA DA CULTURA POPULAR

> The puppet theatre has not always been a children's theatre, but it has always been the theatre of the people. (Speaight, 1955, 11)[62].

Co fin de aproximar a panorámica trazada ao obxecto concreto de estudo, o presente apartado constituirá un percorrido polo devir do teatro de marionetas que combinará os datos históricos coas interpretacións teóricas sobre a funcionalidade comunicativa e social que esta forma cultural desempeñou.

Comezarase por salientar o carácter eminentemente popular deste tipo de teatro, xustificado pola comparecencia dos trazos que se estableceron anteriormente como definitorios do teatro popular. Esta característica explica que as marionetas fosen especialmente proclives á transmisión do discurso oculto das subalternas, tal e como se xustificará no resto do capítulo, a partir de exemplos históricos que ilustran esa propensión do teatro de títeres a exercer a crítica ao poder de maneira máis ou menos aberta.

Da mesma maneira que co resto de formas de representación, a orixe do teatro de marionetas está emparentada co ritual e coa relación do ser humano co ignoto. O teatro de títeres é produto das distintas actitudes humanas fronte aos misterios da natureza, se ben a efectos deste traballo interesa resaltar aquela que trata de dominar o sacro e representar o mundo humano, non para imitalo senón como vía para explicar a realidade.

A historia do teatro de marionetas ilustra a tensión entre as formas aristocráticas e rituais e as profanas, tal e como se verá no percurso tracexado. Durante o Renacemento, en Europa, o teatro de marionetas é acollido maioritariamente polo

---

[60] …do pobo, compartían o seu gusto e botaban man do seu senso común. Non querían nin educar nin instruír, senón entreter o seu público. (T.P)

[61] Este teatro popular, sen pretensións, naturalista, era o produto dun desenvolvemento moito máis longo e continuado, e tiña para o seu crédito unha produción máis rica e variada que o teatro oficial clásico. (T.P)

[62] O teatro de marionetas non sempre foi un teatro para crianzas, pero sempre foi o teatro do pobo. (T. P)

pobo e afianza o seu potencial subversivo. É nese momento que un arquetipo se estende polo vello continente e é adoptado polos distintos pobos, que o adaptan ás súas especificidades lingüísticas e culturais. O personaxe de Pulcinella e a súa estirpe, cargado de irreverencia e espírito carnavalesco, constitúe o exemplo da marioneta popular. No século XIX pervive pero debe adaptarse ás novas circunstancias políticas e sociais, xerando novos personaxes que representan as inquedanzas das clases subalternas das novas cidades industriais, ou dos pobos en loita pola súa emancipación nacional.

As transformacións socioeconómicas desencadeadas ao longo do século XIX provocaron unha serie de mudanzas nas dinámicas de produción dos bonecreiros populares, nomeadamente a súa estratificación segundo o público, que tradicionalmente estivera indiferenciado. Os titiriteiros que continuaron a representar para os grupos subalternos viron incrementarse o seu grao de marxinalidade e empeorar as condicións de representación. Manterían as características propias das comunidades peripatéticas, contribuíndo á preservación da tradición de títeres populares, se ben tenderon progresivamente á sedentarización.

Finalmente, concluirase que o teatro popular de marionetas, se ben non foi obxecto da persecución cruenta que padeceron os actores e actrices de carne e óso, tamén tivo que lidar coa represión en distintos momentos da historia. Porén, a súa posición de subalternidade dentro das artes escénicas permitiulle esquivar máis facilmente o poder. Do mesmo xeito, o recurso a formas de resistencia simbólica, propias desta tradición teatral, facilitaríalle a expresión do discurso oculto das subalternas sen espertar a desconfianza da cultura dominante, incapaz de acceder aos siginificados camuflados baixo a ambigüidade e o anonimato.

2.3.1 Unha arte xenuinamente popular

> El teatro de títeres es un arte sumamente popular. El pueblo lo sostuvo cuando decayó en estimación de los reyes y los grandes; el pueblo le dió la vitalidad que le reconocen muchos escritores del siglo XX, notablemente Ramón María del Valle-Inclán y Federico García Lorca. (Varey, 1957, 246).

O teatro de marionetas sobrancea, entre as diversas expresións do teatro popular, como a que permaneceu máis apegada ás clases subalternas durante toda a súa historia. Ben que ten habido momentos nos que a cultura dominante, atraída pola popularidade do teatro de obxectos, tentou apropiarse del, é ao abeiro do pobo cando atopa a súa maior expresividade e se desenvolve coa imprescindíbel liberdade creativa. Alain Recoing estabelece as características que fan do teatro de formas animadas unha arte dramática autenticamente popular (moitas delas coincidentes coas establecidas máis arriba para o teatro popular en xeral). Segundo o marionetista francés, a primeira desas características é a orixe popular dos bonecreiros, que expresan unha mensaxe no contexto dun discurso partillado cos membros da súa mesma clase, e moi frecuentemente xogando coas claves do discurso oculto, oposto á cultura dominante. Un discurso que se transmite de xeito oral, nun repertorio composto de textos abertos á improvisación e ao contexto de representación (facéndoos así esquivos ao control). Os marionetistas populares desenvolven a súa actividade de xeito itinerante, accedendo aos lugares menos transitados, daí a portabilidade e a sinxeleza do dispositivo escénico no que se apoian (por iso son os bonecos de luva os máis proclives a permaneceren próximos aos públicos máis humildes e afastados). Chegan así a públicos só a duras penas influídos pola cultura

dominante, e contribúen á difusión e á cohesión dos *hidden transcript* e dos discursos subalternos en xeral. Isto xera, loxicamente, a desconfianza do poder, desconfianza que ten a súa forma visíbel en actitudes de desprezo e deslixitimación. Porén, a pesar do seu carácter subversivo, ou precisamente por infiltrarse este de xeito subtil e disimulado, o teatro de marionetas non é visto como unha ameaza e fica fóra (marxinado, tamén neste senso); libre dos ataques que sofreu o teatro de ator. Por último, vencellado con todo o anterior, o artista de extracción popular fai falar as marionetas ás que dá vida na súa propia lingua, pon na súa boca a lingua e as expresións do pobo do que é parte e ao que se dirixe, e que é a lingua vernácula e non a do poder (Recoing, 1981, 1470-1471).

2.3.2. Do rito ao espectáculo, en espiral.

Para o teatro de marionetas ou de formas animadas en xeral pode trazarse unha xenealoxía semellante á estabelecida por Schechner para as formas de *performance*, se ben é importante salientar as características específicas que singularizan esta forma escénica respecto do teatro de actor. En efecto, o feito de interpor un obxecto entre o emisor e o receptor durante a actuación, particulariza de tal xeito o teatro de obxectos que inhabilita calquer paralelismo entre a evolución nas expresións teatrais nas que o corpo humano *representa* un personaxe, e aquelas na que un obxecto animado *é* o personaxe. É pois, unha diferenza de tipo ontolóxico a que separa ambas as dúas formas escénicas, como ben salienta Ana María Amaral (1991, 71).

Nas orixes deste tipo de teatro está presente, de xeito moito máis acusado que no teatro de actor, o feito ritual. Desde a antropoloxía cultural tense analizado a función da marioneta como intermediaria entre o ser humano e o descoñecido. Maryse Badiou, apoiándose nas teorías de Mircea Elíade, considera que os títeres constitúen un dos mecanismos desenvolvidos polo ser humano para "assegurar-se el control de la seva vivència espàcio-temporal" (Badiou, 1988, 10)[63]. Para iso precisa domear as forzas do absoluto, do descoñecido, e así é que comeza a crear símbolos, elementos externos a el que intermedian nese proceso. Nun traballo xa clásico no pequeno círculo dos estudos sobre o teatro de formas animadas, estabelece tres diferentes estadios sincrónicos na relación do ser humano coas forzas do absoluto. Por unha banda, a reacción orixinal perante o misterioso, o que escapa ao seu controlo, é de medo ou rexeitamento. Por iso o ser humano desenvolveu distintas estratexias para interpor obxectos cargados de forza sacra entre el e o absoluto. Primeiro a póla da árbore e máis adiante o bastón do xamán, un elemento inerte é empregado por un ou varios individuos escollidos para interceder entre a divinidade e a comunidade. Este bastón ritual, nalgún caso decorado con fitas de papel branco, evolucionaría até adquirir unha pequena cabeza na súa parte superior, acadando unha forma fálica. Eis a marioneta máis elemental, a marota, formada tan só por un tronco e unha cabeza, que tería chegado a Europa, segundo Badiou, cos fluxos xerados polas Cruzadas. A medida que a divinidade devén antropomorfa as marotas van evolucionar cara a formas máis realistas e figurativas. As marionetas hieráticas, grandes estatuas accionadas por membros da clase sacerdotal, son documentadas por primeira vez no Antigo Exipto por Heródoto, no cadro dos ritos de veneración a Osiris, que coincidían coa chegada da primavera (momento onde se celebra o triunfo da vida sobre as tebras e tamén se veneraba a Baco). Dúas sacerdotisas paseaban figuras cun grande falo animado mediante cordeis, do mesmo tamaño que o resto do corpo. Esa

[63] asegurar o control da súa vivencia espazo-temporal (T.P)

desproporción contribuiría a intensificar a forza do símbolo (Magnin, 1862, 11; Badiou, 1988, 44).

Á par da repulsión e o medo, o descoñecido tería provocado no ser humano unha forte atracción. Por iso, paralelamente á anterior tendencia, o individuo e as comunidades mobilízanse para penetrar o absoluto, para entrar en comunión co eterno. A marioneta proporciona un novo medio de aprehender o mundo, que...

> (...) jà no necessita una objectivització del cos humà com succeïa amb el xaman: la figura animada porta a terme aquesta alquímia. El marionetista no abandona el seu cos, ben al contrari, el prolonga en un objecte que absorbirà el caràcter sagrat de l'existència amb què és implicat el manipulador (Badiou, 1988, 23)[64].

O marionetista-sacerdote prolonga o seu corpo nun obxecto imbuído de carácter sacro, e pasa a ocupar un segundo plano (por iso na maioría das formas tradicionais de teatro de marionetas, o manipulador ten o corpo e o rosto ocultos). A comunidade, erixida en público, contribúe a dar vida ao personaxe animado, xerando un vínculo simbólico comunitario que se materializa no obxecto e que se aprecia especialmente en ritos de iniciación onde a marioneta, cargada de sobrenatural, encarna os ancestros. Estas formas de dramaturixa simbólica ou manifestacións animistas son as referidas por historiadores como Magnin ou Recoing como a orixe do teatro de marionetas (Magnin, 1862, 8; Recoing, 1981, 1466). Tamén Bruno Leone cre dar coa chave da xenealoxía do personaxe de Pulcinella cando identifica o boneco popular como un *trans*, un mediador que conduce o rito de pasaxe que cada representación constitúe, durante a cal os espectadores confrontan e superan os seus medos esenciais (Leone, 2013, 2).

Como terceira actitude posíbel, o ser humano vai loitar por sobreporse aos impulsos primarios de atracción e repulsión, e o absoluto e o descoñecido pasan a ser descifrabeis e, por consegunte, potencialmente controlábeis. Deste xeito, o individuo inicia, seguindo o esquema de Maryse Badiou, un proceso polo que aspira a substituír o sagrado. Nas fases primixenias deste camiño estarían as pinturas rupestres, seguidas polos oráculos e os profetas, pois o control da natureza e do destino constituirían o primeiro desafío do ser humano ao ignoto. Máis perto dos nosos días, a estatuaría móbil (autómatas) e as marionetas relixiosas, aínda que inicialmente vencelladas á función de intermediación coa divinidade, avanzan cara á progresiva secularización nos estertores da Idade Media, cando descubrimos, "al final d'aques segle XV, l'escepticisme d'una comunitat que voldria que la força suprema existís però que sembla que no hi cregui gaire." (Badiou, 1988, 70)[65]. Prefigúrase así un teatro de marionetas e sombras profano, onde a representación da forza sacra é remprazada pola sátira do mundo humano. Segundo Amaral, esta evolución cara a formas seculares é máis habitual no teatro de títeres occidental, onde os bonecos animados son expresión do pobo, reflexo da busca do ser humano dentro de si propio e nas súas relacións (Amaral, 1991, 74). En contraste, o teatro de bonecos oriental tería conservado maioritariamente o papel orixinal de medium coa divinidade.

---

[64] ...xa non necesita unha obxectivización do corpo humano como ocorría co xamán: a figura animada leva a termo esta alquimia. O marionetista no abandona o seu corpo, ao contrario, prolóngao nun obxecto que absorberá o carácter sacro da existencia co que está implicado o manipulador. (T.p)

[65] ...ao final do século XV, o escepticismo dunha comunidade que querería que a forza suprema existise mais que semella que non cre demasiado nela. (T.p)

Dunha maneira ou outra, na súa función ritual ou como manifestación comunicativa, o teatro de bonecos non trata de representar a realidade, senón de sintetizala e extraer a súa esencia (Badiou, 1988, 82).

2.3.3. Percurso histórico do teatro de marionetas profano

No relato histórico sobre a orixe e evolución do teatro que anima obxectos pódense atopar exemplos das tres modalidades de relación do ser humano co absoluto. Se ben Magnin defende un proceso liñal e diacrónico na evolución desta forma teatral, estabelecendo tres etapas sucesivas na súa evolución (marionetas hieráticas, aristocráticas e populares) semella máis prudente considerar que ao menos as dúas segundas conviven en numerosos momentos ou ao menos terían un progreso cíclico ou discontinuo.

Non abundan os traballos sobre a historia do teatro de formas animadas, e polo xeral tenden a beber os uns dos outros, sendo poucos os que achegan fontes documentais orixinais ou datos novidosos que contribúan a disipar a nebulosa na que este teatro tradicionalmente menosprezado fica aínda envolto. Unha referencia incontestábel, por tratarse do primeiro traballo do xénero, é a *Histoire des marionnettes en Europe. De l'Antiquité à nos jours*, de Charles Magnin, crítico teatral e erudito do dezanove francés. Este volume ten o mérito de inaugurar un campo de estudo do que non existían precedentes. De feito Magnin tería que mergullarse en fontes secundarias para dar con referencias oblicuas ao teatro de obxectos nas épocas máis pretéritas. Aínda que algunhas das interpretacións que el suxire para as escasas pegadas coas que dá serían discutidas máis adiante, moitas outras seguen vixentes e continúan constituíndo o argumento de autoridade no que á historia do teatro de formas animadas se refire.

Magnin sitúa a orixe do teatro de bonecos nos rituais animistas da Prehistoria, nos que non se detén demasiado. Semella menos interesado nas etapas "hieráticas" da evolución desta arte, do que nas fases nas que, xa como expresión teatral *per se,* constitúe unha forma de diversión dos poderosos ou do pobo en xeral. Esta preferencia explícaa o feito de que as formas hieráticas supeditarían a cualidade estética á misión cerimonial para a que foran concibidas, e polo tanto tería menor interese no que ás súas cualidades técnicas ou dramatúrxicas respecta. Asi e todo, Magnin atopa nos textos de cronistas da Antigüidade como Heródoto ou Plutarco referencias á presenza de estatuaría animada en rituais do Exipto ou a Grecia Antigas, de grande importancia para sustentar a teoría do papel mediador orixinal das formas animadas. Magnin estabelece un paralelismo entre o teatro de actor e o de obxectos, de xeito que o paso da funcionalidade relixiosa á preminencia da vocación de delectar produciríase case simultaneamente nas dúas modalidades escénicas (Magnin, 1862, 8-9). A pesar de que conxectura sobre a posíbel presenza de bonecos articulados con vocación dramática no Exipto dos Faraóns, os vestixios arqueolóxicos existentes de bonecos antropomorfos articulados suxiren que poderían ter sido usados como xoguetes infantís ou para fruición da aristocracia durante banquetes, pero é aventurado de máis atribuírlles funcións escénicas. A primeira referencia a un titiriteiro non a atopa até o 422 antes de Cristo, data na que se sitúa a acción do *Symposium* de Xenophonte. O rico anfitrión do banquete, Callias, contrata a un home orixinario de Siracusa, quen entre as súas numerosas habilidades conta coa de animar marionetas, para entreter aos seus convidados. Do texto interpreta Magnin que o siciliano manipula en solitario todos os personaxes e que lles pon voz, probablemente por medio dun utensilio similar á palleta que aínda hoxe empregan moitos titiriteiros. Do texto deduce tamén Magnin que este marionetista, alén de actuar nos banquetes

dos aristócratas, tería o seu propio teatriño portátil co que levar a súa arte ao encontro de públicos máis amplos e humildes (Magnin, 1862, 24-25). A seguinte referencia salientábel para a historia desta expresión teatral atópase seiscentos anos máis tarde, noutro texto do xénero dos *symposia*. Durante a crise dos corexias que provoca a decadencia da traxedia no século III da presente era, un tal Pothein, a quen Ateneo critica no *Banquete dos Sofistas*, tería sido o primeiro marionetista profesional do que coñecemos o nome. Segundo relataría o bispo de Tesalónica dez séculos despois, Pothein tería acadado unha enorme popularidade no seu tempo, nos mesmos teatros onde antes tiñan sido representadas as pezas magnas dun Eurípides ou dun Esquilo (Magnin, 1862, 66). Alén desas alusións non hai máis referencias directas a pezas nin a titiriteiros, o que sinalaría a menor consideración que se tiña deste teatro, moi posíbelmente pola súa adscrición popular. Porén, é moi posíbel que a súa popularidade se extendese a todas as capas da sociedade, e que tivesen acadado unha perfección técnica reseñábel, a xulgar pola cantidade de referencias metafóricas aos marionetistas (a palabra grega, νευρόσπαστος [*nevrospastos]*, alude á técnica de manipulación de fíos) en textos de autores da entidade de Aristóteles, Platón ou Marco Aurelio, que as empregan para ilustrar os seus argumentos sobre a vaidade humana. Magnin infire deste uso alegórico dos bonecos animados que constituían un entretemento moi común na Grecia do seu tempo. Esta popularidade teríase propagado por toda a Península Ática e desde alí á Itálica, onde o teatro de marionetas acadaría formas propias diferenciadas en relación con tipos locais de pantomima e farsa. Sendo a tendencia natural das marionetas, unha vez emancipadas da súa función ritual, a burla e parodia dos tipos humanos, explícase que atopasen acaídos os tipos xerados nos espectáculos de mimo dórico ou, máis adiante, nas farsas atelanas (Magnin, 1862, 41-43). Estas últimas consistirían nun tipo de teatro cómico xurdido na antiga cidade de Atella, na Catania, interpretadas inicialmente en dialecto osco, que foron adoptadas polo Imperio tras o remate da colonización dos pobos itálicos no s. IV a.C (Montano, 2003, 45-46). En Roma terían confluído coas sátiras romanas e fixéronse moi populares, representadas ao remate das traxedias greco-latinas (Meyer, 1847, 12-14). As pezas eran breves e amplamente improvisadas, sobre unha estrutura básica, con catro personaxes fixos, ditinguidos pola máscara que vestían os actores e por un grande falo postizo. Magnin considera que entre o teatro popular de marionetas e ese teatro de tipo cómico se tería producido un transvasamento de tipos. "Les marionnettes durent revêtir à peu près exclusivement les traits du Pappus, du Casnar, du Bucco, du Maccus, créations impèrissables de la fantasie italienne" (Magnin, 1862, 43)[66]. Mais, no senso inverso, tamén os actores das atelanas terían tomado prestadas figuras das vellas marionetas das pompas relixiosas. Unha sorte de intercambio entre os personaxes do teatro popular de actor e o de marionetas, análogo ao que se tería producido varios séculos máis tarde entre a *Commedia dell'Arte* e os títeres populares de luva.

Un dos catro arquetipos das farsas atelanas, Maccus, é considerado, segundo algunhas hipóteses difícilmente confirmabeis, o antecesor directo do personaxe de Pulcinella. Maccus representaba un aldeán zoupón e larpeiro, inxenuo e vítima das burlas do público. "C'est une masque commode qui convenait à toutes les tribulations risibles" (Meyer, 1847, 24)[67]. Os seus riscos característicos (nariz ganchudo, grande xibia), apoiados en achádegos arqueolóxicos do século XVIII (Montano, 2003, 32),

[66] as marionetas deberon revestir case exclusivamente os trazos do Pappus, do Casnar, do Bucco, do Maccus, creacións imperecedeiras da fantasia italiana. (T.p.)
[67] É unha máscara cómoda que servía para todas as tribulacións risíbeis. (T.p)

alimentarían os argumentos dos defensores da hipótese do parentesco entre as atelanas e a *Commedia dell'Arte*, aos que se engade o feito de que en Acerra, vila napolitana na que as lendas sitúan o nacemento do personaxe de Pulcinella, tería existido un teatro no que se representaban farsas atelanas (Paërl, 2002, 57).

Reforzando a hipótese do elo condutor entre o mimo antigo e as máscaras e marionetas[68] da Renascenza italiana, os tipos das farsas greco-latinas poderían ter atopado refuxio fronte ás chamadas invasións bárbaras no Imperio Bizantino, onde o mimo sobreviviu até a queda de Constaninopla no s. XV, cando emprende camiño de volta a Italia. Tal hipótese sustentaríase nas similitudes entre Pulcinella e Karagoz, o heroe do teatro turco de sombras (Montano, 2003, 48). George Speaight confirma que non existen probas documentais da presenza de marionetas en Europa entre os séculos V e o XII, se ben si as hai de Bizancio. Aínda así, "we can only conjeture that the plastic stock types lived on as the sub-dramatic grotesque figures of popular festival, ready to be brought once more into the light of literary comment by the brilliant improvisations of a generation of natural comedians" (Speaight, 1955, 16)[69]. Asume pois a plausibilidade de que os personaxes arquetípicos que durante tantos séculos triunfaran nas provincias romanas non desaparecesen por completo tras o desmoronamento do Imperio, e que, representados por humildes artistas ambulantes, tivesen permanecido latentes até atopar novos momentos de esplendor na Renascenza napolitana.

No entanto, a Idade Media non foi, nin moito menos, un ermo para a arte das formas animadas. Charles Magnin asevera que as marionetas manterían unha vitalidade análoga á da etapa anterior, se ben retornando ás fases evolutivas xa superadas polos antigos. Deste xeito, o cristianismo, apesar das reticencias dalgúns pais da Igrexa que inicialmente atacaron o teatro pagán como propagador da idolatría, acepta as estatuas animadas pola súa utilidade para divulgar os Evanxeos entre o pobo iletrado. "Le drame dépourvu de toute idolâtrie et en quelque sorte baptisé sera introduit dans l'église, la liturgie devienda dramatique", (Davy, 1981, 177)[70]. Un momento determinante para a definitiva autorización das marionetas cristiás constitúeo o Concilio Quininsexto (692), onde se prohibe a representación de Xesús baixo formas non humanas, o que propiciaría o xurdimento de toda unha tradición de teatro litúrxico con presenza de estatuas animadas de tipo realista (Magnin, 1862, 54), e onde algúns autores quixeron ver o xerme da tradición figurativa do teatro occidental de bonecos (Recoing, 1981, 1467). Desde o século X constátase a presenza de dramas litúrxicos con vocación didáctica nas igrexas: trátase de erixir a igrexa no fogar de Deus e dos homes, onde se vai a aprender e tamén a divertirse. O grao de fastuosidade que acadarán estas representacións nos séculos XVI e XVII chega a tales extremos que suscitará as críticas que desencadearon o proceso reformista (Davy, 1981, 183-188). Se ben outros autores, como o hispanista Varey ou George Speaight, consideran carente de fundamento a presenza de teatro de bonecos no interior dos templos, Magnin e Alain Recoing asúmeno como probado. Recoing mesmo establece unha evolución nos repertorios, que no século X primaban as escenas de milagres entretecidas de elementos cómicos, e trescentos anos depois conquistaran os altares como palco para a representación de episodios evanxélicos (de preferencia a

[68] O boneco animado constitúe a "máscara completa", segundo Speaight (1955, 11).

[69] Só podemos conxecturar que os plásticos tipos perduraron como as figuras grotescas sub-dramáticas das festas populares, prestas para ser traídas de novo á luz do comentario literario polas improvisacións brillantes dunha xeración de comediantes naturais. (t.p)

[70] O drama desprovisto de toda idolatría e dalgún xeito baptizado será introducido na igrexa, a liturxia devirá dramática. (t.p.)

Visitación, a Resurrección, a Natividade e os Santos Inocentes) (Recoign, 1981, 1468). Esta progresiva exaltación creativa (que aproximaba perigosamente as marionetas sacras aos temas seculares) foi interrompida, se ben só relativamente, pola Contrarreforma. O Concilio de Trento daria paso á prohibición, explicitada no Sínodo de Orihuela, celebrado en 1600, onde se bane que...

> Dans les églises ou ailleurs on représente les actions du Christ, celles de la très sainte Vierge et les vies des saints, au moyen de ces petites figures mobiles, *imagunculis fictilibus, mobili quadam agitatione compositis*, que l'on appelle vulgairement titeres, *quas titeres vulgari sermone appellamus*. (Magnin, 1862, 59)[71]. [Cursivas do orixinal]

Alén da súa presenza ou non no interior dos templos, as marionetas estarían presentes en manifestacións relixiosas tales que procesións ou festividades vencelladas ao santoral, e que no marco destas representacións se tería producido unha crecente interpenetración de temas relixiosos e profanos, coa presenza de tipos que irían aumentando a súa popularidade e espertando así as reticencias das altas xerarquías. A interdición decretada en Orihuela constituiría unha proba da popularidade acadada por aquelas representacións, que comezaban a ficar fóra do control da ortodoxia e polo tanto precisaban dunha censura. Esta, de ter sido verdadeiramente exercida, tería acentuado o progresivo distanciamento dos dramas relixiosos respecto das súas orixes, propiciando o seu achegamento aos asuntos e caracteres populares, tal e como defenden Recoing (1981, 1469) ou Speaight, centrado na historia dos títeres británicos:

> These religious puppet dramas probably borrowed something from the secular exhibitions of the ministrels; they were perhaps more common at the XV and XVI centuries than the scanty records would leed us to imagine. In England and other Protestant countries the Reformation dealt a death-blow to puppet plays in churches, thought (...) secular puppet shows continued to present Biblical themes for many years to come. The essential development of liturgical religious drama was, however, by this time long past; and from 1300 onward religious plays had increasingly escaped from their liturgical origins and ecclesiastical settings into the free air of the cathedral steps and the streets (Speaight, 1955, 35)[72].

En todo caso, as marionetas non só recobraron vida baixo o manto protector da Igrexa católica. Tras a debacle do Imperio Romano, os *entertainers* populares seguiron representando pantomimas e teatro de bonecos nos camiños, nas feiras e nos salóns dos señores feudais. No século XI, xograres alemáns manipulaban unhas pequenas figuras de madeira para representar dramas lendarios (Recoing, 1981, 1472). Pola súa banda, nunha miniatura do *Hortus Deliciarum* (1140), a primeira

---

[71] Nas igrexas ou noutros lugares se representen as accións de Cristo, as da mui santa Virxe e as vidas dos santos, por medio desas peqeunas figuras móbiles, *imagunculis fictilibus, mobili quadam agitatione compositis*, que chamamos vulgarmente títeres, *quas titeres vulgari sermone appellamus*. (t.p.)

[72] Esas pezas relixiosas probabelmente tomaron prestado algo das exhibicións seculares dos ministreis; se cadra eran máis comúns nos séculos XV e XVI do que os escasos rexistros nos permiten imaxinar. En Inglaterra e outros países protestantes a Reforma propinou un golpe mortal ás pezas de marionetas nas igrexas, aínda que (...) os espectáculos seculares de marionetas seguiron a presentar temas bíblicos durante moitos anos. O desenvolvemento esencial do drama litúrxico, sen embargo, xa tiña pasado para daquela; e a partir de 1300 as pezas relixiosas tiñan escapado de xeito crecente das súas orixes ligúrxicas e do seu escenario eclesiástico para o aire libre das escalinatas da catedral e as rúas. (t.p.)

enciclopedia escrita por unha muller, a abadesa Herrada de Lansberg, represéntase, acompañando un texto sobre a vaidade humana, a dous mozos a manipular dúas marionetas vestidas como cabaleiros, accionadas seguindo a técnica coñecida en francés como *à la planchette*. Do emprego destas dúas figuras de xeito alegórico colixe Magnin a popularidade desta arte no século XII (Magnin, 1862, 69). É neste mesmo período onde o hispanista John Varey sitúa a chegada das marionetas á Península Ibérica, da man de xograres que chegan desde Italia vía Franza. En 1275 un xograr da corte de Alfonso X pide ao monarca que se establezan distincións entre os da súa categoría e aqueles que fan títeres, isto é, os xograres populares. A técnica que empregaban estes era a dos *bavastels* (equivalente *à la planchette* en catalá-provençal), pola cal os monicreques, atravesados por unha corda, respondían ao ritmo no que o manipulador axitaba a perna mentres tocaba algún instrumento. Non sempre estas marionetas danzaban. Cando eran representadas no cadro de festivais reais chegaban a adquirir grande complexidade e era habitual facelas pelexar entre si, representando episodios bélicos como o asalto a un castelo, polo que o teatriño que usaban estes xograres acabou adoptando a denominación metonímica de *castillo, castle, castello* ou *castellet*, segundo o idioma. Esta técnica foi preponderante na Península entre os séculos XII e XVI, despois dos cales pasaría a ser substituída por outras máis novidosas chegadas maiormente de Italia (Varey, 1957, 9-18).

É precisamente no ocaso da Idade Media cando aparece un outro termo para designar, en castelán, o teatro de bonecos animados, que moi pronto se confundiría con outros divertimentos asociados. As primeiras referencias ao termo "títere" son elocuentes a respeito da connotación negativa atribuída a este entretemento polas fontes oficiais. Así, Francisco Cornejo fai referencia a unha acta da municipalidade de Jerez de la Frontera de 1513, onde se decreta a expulsión da vila "a los que hacen los juegos de los títeres" (Cornejo, 2013, 2). John Varey sitúa a primeira referencia ao termo no relato que Bernal Díaz del Castillo fai en 1524 da viaxe de Hernán Cortés a Honduras, onde o conquistador incorpora no seu séquito a un individuo quen de facer xogos de mans e títeres (Varey, 1957, 92-93). Sebastián de Covarrubias, no seu *Tesoro de la lengua castellana o española* defíneos así:

> Ciertas figurillas que suelen traer los extrangeros en unos retablos que mostrando tan solamente el cuerpo ellos, los goviernan como si ellos mesmos se moviesen, y los maestros que están dentro detrás de un repostero, y del castillo que tienen de madera están silvando con unos pitos, que parecen hablar las mesmas figuras, y el intérprete que está acá fuera declara lo que quieren decir, y porque el pito suena titi, se llaman títeres (Covarrubias, 1611, citado por Varey, 1957, 95).

Durante o chamado Século de Ouro español as referencias aos títeres e aos *titereros* en obras literarias proliferan, ainda que nas máis das veces cunha connotació pexorativa. Tal é o caso de Miguel de Cervantes, quen alude a estes profesionais do entretemento en varias das súas obras. En *El licenciado Vidriera* arremete contra eles por seren "gente vagamunda, y que tratava con indecencia de las cosas divinas, porque con las figuras, que mostravan en sus retratos, bolvian la devocion en risa, y que les acontezia embasar en un costal todas o las mas figuras del Testamento viejo y nuevo, y sentarse sobre el a comer y beber en los bodegones y tabernas" (citado por Varey, 1957, 95). En *El coloquio de los perros*, incluída como a anterior nas *Novelas ejemplares*, verque de novo as súas críticas contra eles, dicindo que son "gente vagamunda, inutil, y sin provecho, esponjas de vino y gorgojos de pan". (ibidem, 96). Estas alusións dan algunhas pistas sobre a consideración que a moral imperante tiña a

respeito dos membros desta subcultura itinerante, provocada por esa mestura, xulgada indecente, de temas sacros e profanos e polo estatus humilde dos titiriteiros que ademais, tal e como apuntaba Covarrubias na súa definición, eran maioritariamente foráneos. E é ademais no período renacentista cando os títeres populares atoparán o seu verdadeiro público nas rúas, prazas e feiras. Nas feiras londinenses de Saint Bartholomew e Smightfield "els marionetistes es fan els defensors del poble per mitjà dels seus minots i comencen a lançar llur inspiració satírica contra l'ordre establert." (Badiou, 1988, 80)[73]. Os ataques das marionetas inglesas cara ao puritanismo serven tamén a Alain Recoing para sitúar na Contrarreforma, cando a expulsión dos templos obriga aos títeres a atopar nas prazas e feiras o escenario privilexiado, o momento no que as marionetas se constitúen en contrapoder (Recoing, 1981,1472).

2.3.4. Pulcinella e a súa estirpe

É neste momento no que un personaxe vai irromper nos palcos europeos, chegando a súa popularidade mesmo aos escenarios aristocráticos, ainda que principalmente sería adoptado polo pobo, baixo distintas denominacións e variantes físicas, sempre gardando uns trazos comúns nos que prima o carácter antiautoritario e irreverente. Trátase de Pulcinella, cuxa orixe, como a de todo personaxe popular, é incerta. Por unha banda está a teoría, antes mencionada, que sitúa a súa orixe nas farsas atelanas dos oscos prelatinos. Precisamente a enorme popularidade do personaxe, tanto na súa forma de máscara como de *guaratelle* (monicreque de luva, en dialecto napolitano) puido ter creado a necesidade de inventarlle unha orixe, e daí a aparición de numerosas teorías: a do vendimador de Acerra que é reclutado, pola súa graza, por unha troupe de comediantes franceses; a lenda que establece que tería nacido dun ovo; a hipótese orientalista que localiza Pulcinella en prácticas xamánicas nas faldras do Tíbet, desde onde tería chegado a Exipto e Turquía, de onde se tería extendido polo Mediterráneo... Bruno Leone atribúe ao personaxe arquetípico orixes rituais que atoparían continuidade nas celebracións carnavalescas do medievo. Pulcinella (tanto a máscara como o boneco-máscara total) exercería de *medium* coa divinidade, e cada un dos seus espectáculos constituiría, en si propio, un rito de pasaxe no que o público, confrontado cos seus medos fundamentais, acaba por superalos (Leone, 2013, 1-3)[74]. George Speaight comparte a idea das orixes ancestrais, moito máis arredadas que as da *Commedia dell'Arte*, do *zanni* oriúndo de Acerra:

> (…) this hook-nosed Neapolitan peasant is an inmortal human type that was not invented by anyone in 1600, but had been living for one, two, who knows how many thousand years before he joined Scapino... and the

[73] os marionetistas fanse defensores do pobo por medio dos seus bonecos e comezan a lanzar a súa inspiración satírica contra a orde establecida.(t.p.).

[74] As teorías de Leone vense sustentadas nos traballos que, partindo da análise da iconografía medieval, atoparían nas figuras dos *fous* ou tolos carnavalescos medievais un trasunto de Pulcinella. Deste xeito, Claude Gaignebet, estudoso do carnaval, describe o tolo ou "Rei dos Galos" como vestido cun bonete en forma de galo, animal presente en numerosos rituais do ciclo de febreiro, cunha túnica branca e unha vara (Gaignebet, 1979, 170). Tal personaxe, adoito vestido coas cores asociadas á loucura (marelo e verde), constituiría, segundo Gaignebet, un resquicio da clerecía propia da relixión precristiá de raigame indo-europea, cun calendario de base soli-lunar composto de cuarentenas alternando carnavais e xexúns, en cuxas articulacións se inscribirían as principais festas célticas e cristiás (Íbidem, 90)

> rest of these capering mountebanks as they danced through Renaissance Italy. (Speaight, 1955,17)[75].

O marionetista e investigador inglés propón unha posición salomónica no debate de se Pulcinella foi antes máscara ou boneco. Asumindo que os títeres preservaron durante a Idade Media os tipos das atelanas, desaparecidas do occidente europeu tras as invasións bárbaras, os bonecos populares puideron ter constituído unha inspiración para a *Commedia dell'Arte* no século XV. Esta teoría viría cubrir o baleiro de case mil anos que mediaba entre as dúas formas de farsa pantomímica, e apoiaría a idea de que as marionetas, tal que forma dramática, contribuíron historicamente a preservar, máis que a renovar, formas culturais e repertorios dramáticos (Speaight, 1955, 39), unha funcionalidade que compartirían coa comunidades peripatéticas das que os seus portadores formaban parte. En calquera caso, o seguro é que foron os comediantes italianos os que, ben na súa forma de teatro de máscaras ou na de teatriños de marionetas, contribuiron á expansión europea do personaxe de Pulcinella. O seu suceso e alto grao de identificación popular nunha área xeográfica tan ampla e lingüisticamente diversa puido ter que ver, precisamente, co feito de que o personaxe respondese ás características dun arquetipo imperecedeiro, que sobrevivira en distintos contextos baixo formas físicas e denominacións diversas. E Pulcinella non fixo máis que substituír algúns trazos superficiais dun heroe universal e recoñecíbel polos portadores de calquera cultura subalterna.

Desde que a *troupe* da compañía Gelosi arribara en Franza no 1571 para actuar perante Carlos IV, a *Commedia dell'Arte* acadou unha enorme popularidade nas cortes europeas. Mais acabaría por perder o favor da aristocracia, molesta pola acedume das súas sátiras, dirixidas en grande medida aos poderosos. Este proceso culmina en 1697, cando os comediantes italianos son expulsados de París. Mais ficarían vivos nas feiras que viran nacer esa forma de farsa emparentada coas atellanas. Os comediantes italianos trouxeran con eles ás marionetas, e da fusión entre o carácter napolitano e a tradición francesa preexistente nacería unha nova marioneta. A primeira referencia ao híbrido franco-italiano dátaa Magnin en 1630, cando o sacamoas Brioché (provábel adaptación do italiano Briocci á fonética do país de acollida) comeza a animar nos baixos do Pont-Neuf un personaxe ao que baptiza como Polichinelle. O carácter irreverente do novo personaxe non tardou en darse a valer, e na boca do boneco axiña comezan a colocarse misivas subversivas, como foi o caso dunha popular "mazarinade" contraria ao cardenal e ministro de Luis XIV (Magnin, 1862, 151). As feiras de Saint Germain e de Saint Laurent "ont été le berceau et, à partir de 1697, la vraie patrie des marionnettes" (Ibidem, 163)[76]. Certamente, desde os teatriños instalados nestas feiras, cando menos desde 1646 (onde se autoriza explicitamente a marionetistas e equilibristas a actuar como complemento ás actividades de compravenda propiamente ditas), Polichinelle tiña emprendido unha loita aberta contra os privilexios dos actores franceses e italianos e os da Ópera (Recoing, 1981, 1474). A expulsión dos comediantes italianos significará, pois, unha vitoria para as marionetas populares, que inician así un monopolio da sátira ao poder até que os propios marionetistas, ao tratar de imitar as convencións e fórmulas do teatro realista, levan os teatriños de marionetas a unha decadencia da que o Polichinelle xa non se recuperará. O seu erro, segundo Maryse

[75] este labrego napolitano de nariz ganchudo é un tipo humano inmortal que non foi inventado por ninguén en 1600, senón que estivera vivindo por quen sabe cantos miles de anos antes de xuntarse con Scapino... e o resto dos charlatáns falcatrueiros mentres bailaban pola Italia renacentista. (t.p.)

[76] foron o berce e, a partir de 1697, a verdadeira patria das marionetas. (t.p)

Badiou, foi o de tratar de reproducir a imaxe do ser humano, algo que non sería propio dos bonecos. "En canvi ho és sintetitzar la realitat i extreure la substància amagada tant dels éssers com de les coses" (Badiou, 1988, 82)[77]. Terá que aparecer o personaxe de Guignol tras a Revolución de 1789, para que o teatro de bonecos recobre a súa función de voceiro das arelas do pobo francés.

Así e todo, "la descendance de Polichinelle a conquis l'Europe" (Recoing, 1474)[78]. A expansión do tipo por Europa tivo lugar, nos dous séculos seguintes, vía Franza en moitos casos. Foi o de Inglaterra, a onde chega no séquito de Carlos II ao seu regreso de Franza, onde permanecera exiliado durante os anos da Commonwealth puritana. O personaxe franco-italiano constituiu unha "transfusión de sangue novo" para as tradicionais marionetas isabelinas (Speaight, 1955, 91), de cuxa vitalidade até o século XVI deixara constancia Ben Jonson na súa peza *St Bartholomew's Fair*. Punch, produto da fusión, no século XVII, entre Polichinelle e o *vice* do teatro popular antecedente, adquirirá trazos de personalidade e físico particulares, constituíndo un personaxe "ultrarrevoltat que encarna les misères del poble, lluita fins al final de les conseqüences." (Badiou, 1988, 83)[79].

No caso da Península Ibérica, onde as circunstancias políticas propiciaban estreitas relacións entre a coroa española e o virreinato de Nápoles, sería a versión italiana do arquetipo a que exercería unha maior influencia. Se ben terían chegado á Península a mediados do século XVII, os "títeres italianos" non serían referenciados até 1749, cando se rexistra no libro de contas do Coliseo de Madrid unha actuación de títeres manexados con esta técnica novidosa. Porén, en España por aqueles anos triunfaban os espectáculos da chamada "máquina real", que representaban con marionetas, durante a Coresma, as mesmas comedias que o resto do ano se levaban ao público en forma de teatro de actor ou "lexítimo", polo que os bonecos de luva que traían os italianos non acadaron excesivo eco (Varey, 1957, 133). Do heroe napolitano non se atopan referencias explícitas até 1760, "cuando un representante anónimo presentó *títeres de purchinela* en el Corral de la Cruz, en Madrid." (ibidem, 121). Adolfo Ayuso apóiase na fórmula italianizante coa que se nomea ao personaxe para sustentar a súa hipótese de que tería chegado directamente desde Italia, e non vía Francia, como algunha vez se ten suxerido. E desta mesma referencia induce que "se denomina a todos los personajes y a la forma teatral misma con el nombre de ese personaje. Algo similar ocurriría luego con Don Cristóbal y los *cristobitas*" (Ayuso, 2013, 4). Certamente, nas diversas tradicións de títeres populares semella habitual que o nome do heroe acabe por denotar ao xénero en si mesmo, o que, como se verá máis adiante, tamén ocorreu no caso galego. É difícil datar o momento no que o heroe napolitano é adaptado á lingua e ás particularidades ibéricas. Ayuso conxectura que o nome de Cristóbal puido ter sido tomado dun marionetista especialmente dotado para o manexo deste títere. En todo caso, a primeira referencia ao personaxe baixo a denominación castelanizada data de 1770, na peza *Las tertulias de Madrid*, de Ramón de la Cruz (Ibídem, 5). A seguinte referencia coñecida a Don Cristóbal é cáustica: provén da pluma de Jovellanos, quen na súa *Memoria para el arreglo de la policía de espectáculos y diversiones públicas* (1790) arremete contra case toda a comedia antiga e os xéneros menores (entremeses, sainetes e tonadillas), alén de contra os títeres e outras diversións populares:

[77] Si o é, en cambio, sintetizar a realidae e extraer a substancia agochada tanto dos seres como das cousas. (t.p.)
[78] a descendencia de Polichinelle conquitou Europa. (t.p.)
[79] ultrarrevoltado que encarna as miserias do pobo, loita até as últimas consecuencias. (t.p.)

> ¿de qué serviría que en el teatro se oigan sólo ejemplos y documentos de virtud y honestidad, si entretanto, levantando su púlpito en medio de una plaza, predica don Cristóbal de Polichinela su lúbrica doctrina a un pueblo entero, que, con la boca abierta, oye sus indecentes groserías? Mas si pareciese duro privar al pueblo de estos entretenimientos, que por baratos y sencillos son peculiarmente suyos, púrguense a lo menos de cuanto pueda dañarle y abatirle. (Amorós, 1999, 81).

É obvio que o personaxe representaba toda unha ameaza para o paternalismo ilustrado, ansioso por estender os valores da urbanidade e o racionalismo fronte á superstición e desconfianza atribuídas ao pobo rústico. Este personaxe constará nun principio de trazos físicos semellantes aos do Polichinella francés (a xibia, a casaca de cores rechamantes, o chapeu bicorne) alén do seu carácter lambón e lascivo, groseiro e ocorrente. Co tempo este primeiro Cristóbal vai ir adquirindo trazos particulares e evolucionará, segundo os rastros atopados por Ayuso en recentes pesquisas, até desenvolver dúas faces opostas. Por unha banda devén un personaxe negativo, o Don Cristóbal amo, comprador de mulleres e indiano enriquecido ilicitamente nas Américas. Varey describe a este "Polichinela castellano", tal que "uno de esos maridos viejos dominados y burlados por la mujer jovencita, frescachona y tarasca: un celoso extremeño hecho burla; el héroe de una comedia de honor visto en el espejo deformador y estilizante de la risa del pueblo". (Varey, 1959, 16). Será este o que García Lorca empregará nas dúas dúas famosas pezas de títeres: *El retablillo de don Cristóbal* e a *Tragicomedia de don Cristóbal y la señá Rosita*. É un personaxe que move ao escarnio e burla do público, ledo cos cornos que Rosita lle pón. Pola outra banda, estaría o Cristóbal que perdeu o "don", e que chega incluso a recibir un apelativo agarimoso, "cristobita", pois pertence ás clases populares. Esta variante era representada maiormente por titiriteiros ambulantes que actuaban en barracas, patios de fondas e ao aire libre. A súa presenza atópaa Ayuso documentada en todo o territorio andaluz, murciano e das dúas Castelas, e en menor medida en Euskadi ou Cataluña. (Ayuso, 2013, 10-11) Esta versión do personaxe, se ben garda similitudes co Don Cristóbal "amo", ten un carácter positivo e o público identificaríase e ri con el, xa non del. Actuaba como protagonista das pezas representadas e como comentarista da actualidade, exercendo unha función similar á do Guignol lyonés nas súas orixes. (Ayuso, 2013, 12, Fournel, 1975, 34-35). Tamén en Galiza debeu penetrar esta variante, ou polo menos a denominación xenérica de "cristovos" para referirse aos fantoches manipulados polos cegos ambulantes (Sampedro, 2007, 165-166).

Parellos procesos de hibridación terían ocorrido en Alemaña co personaxe de Kasper; en Holanda con Jan Klassen ou na Rusia con Petruska durante o século XVIII. "Pulcinella has the characteristics of the folk puppet, and because of this he was instantly recognisable in other cultures, which probably explains why he merged so easily with local figures, either giving his name to them, or taking on theirs". (McCormick e Pratasik, 2004, 116)[80]. Porén, chegado o século XIX o antigo arquetipo terá que adaptarse ás aspiracións revolucionarias dos novos tempos, ou resignarse a ser substituído polos novos heroes que, en toda Europa, xurdirán vencellados a loitas de emancipación nacional ou operaria. Foi o caso das marionetas itinerantes checas, que contribuíron a reforzar o sentimento nacional checo fronte ao

[80] Pulcinella ten as características da marioneta popular, e por iso era inmediatamente recoñecíbel noutras culturas, o que probabelmente explica por que se fusionou tan facilmente con figuras locais, ben dándolles o seu nome ou tomando o deles. (t.p.)

poder imperial austríaco a través do uso sistemático da lingua checa, ausente de toda expresión cultural oficial até a independencia en 1908. Outro caso similar é o do Karaghiosis, o heroe do teatro de sombras grego. Descendente directo do personaxe turco de Karagoz, probábel trasunto oriental de Pulcinella, a partir da revolución de 1821 adquire trazos particulares para diferenciarse do opresor otomano. O heroe grego convírtese á relixión ortodoxa e o seu repertorio exalta os valores da revolución, mais tamén se opón aos da monarquía imposta polas potencias occidentais. O feito de colocar aos turcos como os personaxes negativos das pezas era só unha táctica para encubrir a crítica ás autoridades do novo réxime. (Recoing, 1981, 1479).

2.3.5 O teatro popular de marionetas e a mudanza cultural.

Outros personaxes populares do teatro de títeres xurdidos no século XIX reflicten as arelas das masas obreiras que se apilan nos arrabaldes das cidades fabrís. A industrialización vai xerar serias mutacións sociais e culturais que terán o seu reflexo no teatro de bonecos animados. Os personaxes da tradición pulcinesca, pertencentes a unha era pre-industrial, van ser substituídos, en moitos casos, por outros tipos que reflicten a nova realidade, como Lafleur en Amiens, Guignol en Lyon, que representa aos operarios da industria textil, ou personaxes colectivos como os Tchantchés de Liège, reflexo das novas formas de miseria xeradas polo sistema industrial. O ascenso da burguesía tamén influirá nas formas de produción do teatro popular de títeres. As feiras son desterradas dos centros das cidades, consideradas un foco de inmoralidade e outros virus, o que obriga aos titereiros a percorrer as rúas e adoptar fórmulas máis portatis. Os títeres de luva, transportábeis no lombo dun bonecreiro solitario, xunto cun teatriño de madeira ou unha saba que se pode montar rapidamente en calquera esquina, pasarán a ser o formato maioritario no teatro popular. Alén diso, nas barriadas industriais máis populosas, algúns operarios atoparán uns ingresos complementarios ofrecendo espectáculos de marionetas aos seus veciños, no soto ou nos baixos da propia casa (McCormick e Pratasik, 2004, 59-62).

As transformacións socioeconómicas en Europa Occidental a partir da Revolución Francesa acentuarán as diferenzas entre marionetistas. A nova clase hexemónica teimará en distinguirse das masas proletarias e refugará os entretementos que outrora reuniran públicos interclasistas, como foran os teatriños de marionetas. Algúns artistas ambulantes esforzaranse en manter o favor deste público, adaptándose aos novos espazos de entretemento planificado en función da nova compartimentación entre os tempos de traballo e de lecer. Os planeamentos urbanos da nova clase dominante contemplan espazos reservados exclusivamente aos momentos non produtivos, como os parques de atraccións e os xardíns, onde algúns marionetistas conseguen colocar os seus pavillóns e deste xeito mellorar o seu estatus. Esta nova ubicación leva aparellada a sedentarización e a especialización de públicos, que devirá cada vez máis infantil, o que forzará aos marionetistas a adecuar o seu repertorio aos requerimentos dunha clase cada vez máis preocupada pola educación moral das súas crianzas.

Paralelamente, nos contextos que fican fóra do proceso industrializador e nos barrios operarios das cidades, os titereiros populares continúan a ofrecer os seus espectáculos, combinando os novos personaxes cos da estirpe pulcinesca. Os marionetistas populares verán como se reduce a súa capacidade adquisitiva, en consonancia coa proletarización das masas populares que constitúen a súa clientela. Por outra parte, o feito de verse forzados a ir á procura do seu público obrígaos a adaptar os repertorios aos ritmos da rúa, gañando así os espectáculos en frescura e

axilidade. Así, o texto dramático de Punch & Judy "was never written or even planed –it just happened. It was shaped by the fingers of hungry showmen, it was born from the traditions that ran in their blood, it was moulded from the laughter of street urchins" (Speaight, 1955,183)[81].

As pequenas pezas representadas en calquera esquina ou na praza dunha vila tiñan unha estrutura fixa adaptada ás posibilidades físicas do dispositivo: un só manipulador collía dentro do receptáculo de madeira que portaba no seu lombo, os seus dous brazos debían acoller a todos os personaxes da trama. Por ese motivo, o heroe popular adoitaba permanecer todo o tempo en escena, animado polo bonecreiro co seu brazo dereito, mentres que polo lado esquerdo da escena, movidos co outro brazo, ían circulando personaxes secundarios cos que o heroe pulcinesco se enfrontaba, resolvendo o conflito, as máis das veces a base de porrazos. Non existía un texto escrito para este espectáculo, e era cada bonecreiro quen enriquecía co seu enxeño a sinxela estrutura dramatica. A improvisación, sementada de alusións á situación política ou a acontecementos da vida cotiá, achegaba ademais o carácter dialectal ao espectáculo, o que o aproximaba aínda máis ao pobo (Recoing, 1981, 1479).

A lingua constituiría outro factor de diferenciación entre os marionetistas populares e aqueles que se dirixían a públicos burgueses. Como describen McCormick e Pratasik, os titiriteiros que se consideraban dun nivel superior autopercibíanse como difusores culturais alén de *entertainers*, e polo tanto procuraban usar un rexistro culto do idioma oficial nos seus espectáculos. En Francia algúns marionetistas empregaban o francés nas actuacións, mais cando representaban no rural empregaban o dialecto do *pays*. "Class often asserts itself linguistically and (…) French represented the language of education and upward social mobility, whereas Picard was that of the factory floor and the street." (McCormick e Pratasik, 2004, 24)[82].

O bonecreiro popular que no século XIX se ve forzado a regresar ás prazas e aos camiños mantén o sistema de cobro pre-industrial. El, ou o seu (ou a súa) axudante, pasan o chapeu ao final da representación, confiando na xenerosidade do público que deposita nel moedas ou -maiormente en contextos rurais- algún alimento. As *troupes* de marionetistas que continuaban percorrendo as feiras e fondas do rural constituían un exemplo intermedio entre o bonecreiro solitario e as grandes compañías que chegaron a acadar fama internacional, unha vez que a aparición do ferrocarril lles permitiu mover os seus espectáculos polas principais capitais europeas. Estas *troupes* de marionetistas populares, descendentes de antigas sagas de saltimbanquis e titiriteiros, reducen o seu radio de mobilidade a unha rexión ou bisbarra e adaptan os seus circuítos aos calendarios de feiras e festas das vilas e aldeas menos afastadas. Transportan os seus teatriños en carromatos nos que tamén viven os membros da compañía, adoito vencellados por lazos familiares. O carácter itinerante destas compañías leva aparellados trazos de endogamia e estratexias culturais defensivas propias das comunidades peripatéticas. No caso das familias de marionetistas, constitúen auténticas sagas nas que o patriarca coincide co empresario e marionetista principal, axudado pola súa dona en tarefas de xestión e intendencia. Tamén as mulleres manexaban e mesmo herdaban a dirección da troupe cando morría o home

[81] Nunca foi escrito nin planeado, simplemente ocorría. Foi moldeado polos dedos de titiriteiros famentos, naceu das tradicións que corrían polo seu sangue, foi modelado polos risos de pillabáns de rúa. (t.p.)

[82] A clase adoita afirmarse a través da lingua e (…) o francés representaba a lingua da educación e da mobilidade social ascendente, mentres que o Picard era a da fábrica e da rúa. (t.p.)

(McCormick e Pratasik, 2004, 32). Ao longo do século XIX estas familias iran progresivamente sedentarizándose, mantendo un lugar fixo de residencia do que se ausentan só durante a tempada de máis traballo.

A irrupción do capitalismo, polo tanto, ocasionou non poucas transformacións no colectivo de artistas do teatro de bonecos. A principal foi, como se viu, a súa estratificación segundo o público ao que se dirixían. Mais a aparición de novas formas de entretemento xeradas arredor das industrias culturais obrigaría a estes artistas a sucecivos procesos de adaptación. A aparición do circo a finais do século XVIII constituiría un primeiro momento deste proceso, polo cal numerosos artistas ambulantes pasan a integrarse como asalariados dun empresario circense, e deixan de depender directamente da relación co seu público. Ao longo do século XX xorden outros espazos para os entretementos populares, como os cafés-teatro, onde os títeres tamén ocuparán un lugar en compañía doutros divertimentos, no cadro dun programa do que se virá en chamar "varietés". Este formato novidoso ofrece ao espectador urbano a posibilidade de asistir, comodamente sentado na súa butaca, a unha serie de espectáculos que outrora tería que contemplar separadamente na incomodidade dunha feira. O pagamento dunha entrada fixa é o único requisito para poder desfrutar deste novo produto cultural adecuado aos hábitos da cidade industrial. Coa chegada do cinema, intégrase no programa destes espectáculos de varietés como unha atracción máis, ao carón das demostracións de habilidades de animais adestrados, os números de paiasos, equilibrismos, ou as marionetas. Mais progresivamente o cinema irá desbancando ás antigas diversións para constituír a atracción principal. Nas cidades e vilas máis importantes construiránse pavillóns de madeira que albergarán o novo invento, e onde se adoita incluír un pequeno espectáculo como introdución ou no intermedio. As marionetas, nese contexto, verán caer a súa popularidade até as cotas máis baixas que nunca coñeceran. Só o interese das avangardas artísticas, que atopan no teatro de obxectos un soporte interesante para a súa creatividade, e os habitantes dos lugares aos que a industrialización será allea até ben entrado o século XX, garantirán a pervivencia dunha arte que sempre viviu cómoda nas marxes.

2.3.6. Títeres e resistencia

O feito de constituír unha arte "menor" mantivo as marionetas relativamente afastadas do control das autoridades e da represión máis dura, que si se asañaron co teatro de actor e outras expresións artísticas. Esta circunstancia propiciaría a infiltración de contidos de carácter crítico e antiautoritario na maioría das formas e repertorios do teatro popular de títeres. O estatus marxinal e ambulante dos creadores favoreceu tamén a súa independencia ideolóxica e o seu aliñamento co discurso oculto. Di Schuman, un dos membros do histórico colectivo Bread & Puppets, que a dispensa de seriedade da que gozaron os títeres e o seu carácter marxinal foron a súa salvación e a causa da súa excelencia artística. Mesmo considera que actualmente o teatro de marionetas conseguiu manterse como forma de expresión radical, allea ao monopolio do mercado (Schechter, 2003, 42).

Algúns autores minimizan o compromiso consciente dos titiriteiros populares, considerando a necesidade de sobrevivir como o único motivo da introdución de contidos críticos afíns ao gosto do pobo, do que por outra banda dependía a súa subsistencia (McCormick e Pratasik, 2004, 28). Porén, é innegábel que o feito de pertenceren ás capas máis marxinais das clases subalternas necesariamente aproximaríaos ao público popular ao que se dirixían. Todo parece indicar que, a coincidencia no material levaría aparellada a coincidencia dun discurso oculto común, o que propiciaría a xeración dun espazo de comunicación no que se manexarían

códigos partillados e se xeraría unha subcultura disidente á marxe da oficial. Por outra banda, o feito de empregaren como medio de transmisión un dispositivo considerado menor, envolto nunha trama de ficción e humorística e poñendo en boca de bonecos de madeira sen pretensión de realismo as críticas e burlas ao poder, contribuiría a disimular o componente subversivo e a dificultar a súa detección, accesíbel só ás persoas que partillan o discurso oculto. Desta maneira, as mensaxes antiautoritarias transmitidas nos espectáculos de marionetas formarían parte das chamadas formas de infrapolítica ou resistencia simbólica (Scott, 1990, 163-164).

O feito de permaneceren infiltrados ou enmascarados tornaría estes contidos difíciles de decodificar para aqueles que non pertencían á comunidade de sentido que partillaba o *hidden transcript*, e poderían levar á conclusión errada do teatro popular de marionetas como inocuo e inxenuo. Porén, xunto cos contidos transmitidos, as propias atitudes fomentadas polos personaxes e a situación xerada durante as representacións do teatro popular de marionetas deviñan en sí mesmas revolucionarias, se ben nun grao de intensidade o bastante limitado para burlar os aparellos punitivos do poder. Como explica Joel Schechter, non é que os pallasos de circo, os títeres ou os espectáculos de revista ficasen fóra do ámbito de censura, pero con frecuencia foron desatendidas. As súas críticas alegóricas ou indirectas da opresión eran indulxidas, aínda cando as reunións públicas eran proibidas (Schechter, 2003, 219). Este aspecto garantía á marioneta popular unha certa licenza para facer e dicir cousas que o poder normalmente non permitiría. Nesas condicións, o propio riso constitúe unha declaración de intencións. Rir con outros é crear unha nova e libremente escollida comunidade, xunto con aqueles que ven unha loucura no poder ilexítimo e na riqueza desmedida. "As resistance to adversity, laughter is admittledly a small action, only a begining, but a pleasant one." (Schechter, 2003, 219).

O riso como acto de resistencia remite inmediatamente ao universo do carnaval, onde algúns autores buscan a orixe de moitos dos personaxes do teatro popular de títeres, nomeadamente Pulcinella. Bruno Leone insiste na estreita relación do heroe napolitano co carnaval, maior que a que tería coa *Commedia dell'Arte*, e que localiza preferentemente na dualidade entre a vida e a morte, considerada esta última como renacer (Leone, 2013, 2). O componente grotesco estenderíase a todas as marionetas, dado que estas reúnen os dous opostos: o animado e o inerte. "Com efeito, somos atraídos para o teatro de marionetas devido ao irresistível charnamento dos opostos, tão claramente evidenciados no grotesco: aquilo que não tem vida mas que parece viver." (Zurbach, 2002, 276). Ademais, o sistema de imaxes propio do carnaval sería incorporado á imaxinería dos circos (organizados segundo á topografía ceo/terra/lume/auga) e dos espectáculos das feiras, estaría na linguaxe hiperbólica e grotesca dos títeres e, fundamentalmente, en toda a tradición pulcinellesca, até ben entrado o século XIX. Estas imaxes, desvinculadas da orixe ritual na que foran xeradas, non perderían porén a potencia liminal que todo este sistema simbólico comporta, e que continuaría operando, se ben con difrentes funcionalidades, no cadro das sociedades industriais (Turner, 1982, 55).

Así e todo, as marionetas tampouco foron alleas á represión. De 1619 data un auto da Inquisición que rexistra a condena dun espectáculo de títeres no que se fai mofa dos representantes da Igrexa (Varey, 1957, 96-97). Como relatan McCormick e Pratasik, a partir da Revolución Francesa os reximes absolutistas comezan a sospeitar do teatro en xeral e tamén das marionetas como fonte de subversión política e de desorde pública. En Saxonia os títeres foron prohibidos en 1793. Napoleón III impuxo a censura previa aos espectáculos de Guignol e prohibiu as improvisacións, que

constituían o encanto principal dun espectáculo especialmente querido das capas máis baixas da sociedade lionesa.

> The reduction of a rich oral text to a written one resulted in a few schematic pages, barely better tan a scenario. Guignol was resistant, but this was the beginning of a long process of respectabilisation which led to the decline of the popular adult audience. (McCormick e Pratasik, 2004, 28)[83].

O idioma tamén era causa de censura, a miúdo burlada. Foi o caso do checo, cuxo uso foi prohibido ao asociarse co movemento independentista da Bohemia, e que aínda así seguiu a ser empregado por moitos bonecreiros. O mesmo ocorría en Cataluña, onde durante a segunda metade do século XIX os titereiros facían falar catalán aos personaxes das súas pezas, aproveitando que a prohibición establecida en 1867 para o uso desa lingua só afectaba ao teatro de actor. Durante a Posguerra Ezequiel Vigués, *Didó*, desenvolveu un repertorio non falto de alusións poíticas. Continuou a representar en catalán as súas pezas, ás que puña títulos en castelán para sortear a censura, até que en 1946 se permitiron as representacións teatrais en catalán (McCormick e Pratasik, 2004, 29).

O teatro popular de marionetas constituíu, por tanto, un medio privilexiado para a resistencia simbólica, mercede, xunto aos condicionantes xa reseñados, á propia natureza do riso como forma natural de resistencia. Así, segundo Peter Schuman, o teatro de marionetas constitúe...

> ...by definition of its most persuasive characteristics, an anarchic art, subversive and untamable by nature, an art which is easier researched in police records than in theatre chronicles, an art which by fate and spirit does not aspire to represent governments or civilizations, but prefers its own secret and demeaning stature in society, representing , more or less, the demons of that society and definitely not its institutions. (in Schechter, 2003, 41)[84].

Noutras palabras, a subversión e o antiautoritarismo formarían parte da natureza do teatro de marionetas, "la marioneta i el titelle, confrontats a un entorn concret que convé posar de manifest, justifiquen la seva existéncia en desenmascar els caracters, els defectes i les injusticies d'une societat determinada" (Badiou, 1988, 79)[85]. O elemento resistente é así, unha peza fundamental do proceso comunicativo que este tipo de teatro comporta.

2. 4 O TEATRO DE MARIONETAS COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN POPULAR

A esencia subversiva e antiautoritaria atribuída aos títeres populares podería estar determinada polo especial proceso comunicativo desencadeado durante o espectáculo.

---

[83] A redución dun rico texto oral noutro escrito resultou nunhas poucas páxinas esquemáticas, pouco máis ca un argumento. Guignol resistiu, mais ese era o pincipio dun longo proceso de respectabilización que levou ao declinio do público adulto popular. (t.p.)

[84] por definición das súas características máis persuasivas, unha arte anárquica, subversiva e indomábel por natureza, unha arte que é máis fácil de localizar nos rexistros policiais que nas crónicas teatrais, unha arte que por destino e espírito non aspira a representar a gobernos ou civilizacións, mais prefire o seu propio estatus segredo e humillante na sociedade, representando, máis ou menos, os demos desa sociedade e definitivamente non as súas institucións. (t.p.)

[85] a marioneta, confrontada a un contorno concreto que convén pór de manifesto, xustifica a súa existencia en desenmascar os caracteres, os defectos e as inxustizas dunha sociedade determinada. (t.p.)

O teatro de marionetas dista moito de ser un simple mecanismo de transmisión de información, ao igual que o teatro de actor, se ben con determinados elementos que o fan máis complexo. "The radicalism of the puppet theatre includes a redefinition of language as not merely a tool of convenient communication." (Shechter, 2003, 42)[86].

Ao longo do presente apartado, estableceranse as características do proceso comunicativo teatral. A complexidade de códigos e interlocutores que interveñen acentúase aínda máis no caso do teatro de marionetas, onde a duplicidade actor/personaxe é substituída polo desdoblamento marionetista/marioneta. Deste xeito, pódese falar dun sistema de signos específico do teatro de marionetas.

A posición das espectadoras e espectadores, tanto a nivel individual como colectivo, constitúe un dos elementos máis discutidos na análise comunicativa do feito teatral. No caso do teatro popular de títeres, é importante delimitar até que punto o envolvemento da espectadora supón unha entrega pasiva á mensaxe transmitida desde o teatriño, ou existe unha axencia que contribúe ao propio espectáculo e mesmo incide na realidade dos axentes presentes na situación de comunicación. Deste xeito, atenderase a distintas interpretacións que, desde campos como a psicanálise, atenden aos procesos psicolóxicos desencadeados durante a recepción dun espectáculo teatral. Desde esta perspectiva, a ilusión considérase unha actitude activa por parte da espectadora, que decide crer a ficción representada como táctica de liberación interior. Ao mesmo tempo, o proceso de identificación co personaxe ou co rol xogado por ese personaxe na trama cómica, no caso dos títeres, convírtese nunha reacción voluntaria que permite ao público recoñecer a ideoloxía que habitualmente é naturalizada. Nese senso, o proceso de identificación teatral emparentaríase co estrañamento brechtinano.

O teatro popular de títeres incorpora estes elementos ao facer fincapé no aspecto lúdico e na súa nula vocación de realismo. Este tipo de teatro non aspira a imitar a realidade senón a sintetizar algúns dos seus aspectos, obrigando ás espectadoras a entrar no xogo da ficción e confrontándoas cos seus medos interiores.

Toda vez que se asume o papel activo do emisor no proceso comunicativo teatral, e especificamente no do teatro popular de marionetas, xustificarase a súa consideración como medio de comunicación. Este uso do termo presupón unha determinada concepción da comunicación e unha vontade de fuxir da fascinación tecnolóxica actualmente preponderante no eido académico. Entende o medio como un elemento facilitador da comunicación humana, que non exclúe o papel determinante dos suxeitos no proceso comunicativo. Nese sentido, a perspectiva proposta distanciarase doutras tradicións teóricas que, malia entenderen o teatro e outras formas de cultura popular como *folk media*, téñeno feito desde un punto de vista instrumental que semella esquecer o papel determinante dos suxeitos autónomos na configuración dun medio no que se produza unha verdadeira comunicación.

2.4.1. Especificidade do sistema comunicativo do teatro de marionetas

A nivel xeral, a natureza da comunicación teatral ten motivado numerosas discusións teóricas, centradas justamente na maneira en que se produce a interlocución entre os distintos actores que interveñen na situación de representación, habendo mesmo quen lle nega ao teatro a súa natureza comunicativa[87]. Anne

[86] A radicalidade do teatro de marionetas inclúe unha redefinición da linguaxe como algo máis ca unha ferramenta de comunicación conveniente. (t.p.)

[87] Patrice Pavis, no seu *Diccionario del teatro*, expón as distintas posicións: nun extremo estarían quen consideran que no teatro non hai comunicación porque o ouvinte non ten a posibilidade de respostar ao emisor no mesmo código no que foi interpelado. Porén, se non se considera a reciprocidade de réplicas como necesaria para poder falar de comunicación, o teatro sí é unha forma de comunicación, e do que se trataría é de estudar a forma na que

Ubersfeld asume que o teatro é un "proceso" de comunicación "d'une complexité presque infinie" (Ubersfeld, 1980, 21)[88], no que concorren unha serie complexa de emisores, unha serie de mensaxes e un receptor múltiple presente nun mesmo lugar (Ubersfeld, 1989, 20). No que respecta aos interlocutores que "falan" na escena teñen unha dupla identidade: por unha banda, a súa "real" (de actriz ou actor que interpreta un papel), e pola outra, a do personaxe, identidade sempre negada (mediante o proceso de denegación do que se falará máis adiante). Este interlocutor de dupla personalidade dirixe unha mensaxe tamén bífida: por unha banda, a cada un dos espectadores que asisten á representación, tendo como testemuñas aos outros actores; pola outra, o "eu-personaxe" interpela aos outros personaxes, tendo como testemuña aos espectadores. Esta interpelación ten, asemade, unha representación dupla por parte do espectador. Este resposta (se ben de xeito implícito, mais innegábel) ao actor. Ademais, diríxese ao personaxe sen testemuñas, mediante o proceso "íntimo" da identificación. Por último, durante a representación teatral prodúcese unha comunicación entre os espectadores ("le fait fondateur de la représentation c'est la'adresse implicite du spectateur à tous les autres")[89], da que os actores-personaxes son testemuñas (Ubersfeld, 1980, 21-23).

A relación comunicativa xerada durante a representación de teatro de títeres reviste dunha complexidade similar, mesmo maior. Henryk Jurkowski, quen abordou a descrición do sistema de signos propio do teatro de títeres (Jurkowski, 2013, 90-114), propón unha clasificación segundo a relación que o espectáculo de marionetas mantén co teatro de actor ou cos actores de carne e óso que poidan compartir escena cos bonecos. En distintos momentos da historia algúns marionetistas trataron de atraer os públicos máis refinados incorporando aos seus espectáculos as convencións imperantes nos grandes teatros das cortes. En calquera caso, o teatro popular de títeres de luva, no que se centra a presente investigación, constitúe para Jurkowski un sistema de signos propio (Ibídem, 107). Por unha banda, sobre a escena non está visible máis que o personaxe (a marioneta), que lles *fala* aos espectadores e aos outros personaxes. Cada espectador por separado, e tamén colectivamente, respóstalle ao personaxe, de xeito implícito ao igual que o espectador do teatro de actor, mais tamén abertamente, posto que a interlocución da marioneta reclama, en numerosas ocasións, da intervención a viva voz do público, da súa incorporación aos diálogos improvisados da peza. Por outra banda, o marionetista[90], oculto tras a saba ou o teatriño, tamén lle fala ao espectador, aínda que por mediación do boneco (quen recupera deste xeito o seu rol de *medium* ritual). Resta por saber se os espectadores son quen de respostar ao marionetista, ao que non ven a menos que este saque a cabeza por debaixo da saba (como adoitan facer moitos titiriteiros contemporáneos para aliviar ao público infantil da súa inquedanza perante a natureza animada dos bonecos en escena). A actitude de moitas nenas e nenos cando asisten a un espectáculo deste tipo pode achegarnos unha luz sobre esta cuestión. É frecuente que algún espectador miúdo, violando as convencións que impiden ao público achegarse ao escenario ou tocar os personaxes, se aproximen ao teatriño e traten de espiar por tras da saba, para averiguar que ou quen está a mover os bonecos. Esta conduta pode estar motivada por unha curiosidade irresistíbel e pola necesidade apremiante de

se exerce a recepción. (Pavis, 1983, 85-86). Para Anne Ubersfeld, "La identidad de códigos de ida y vuelta no es una condición indispensable en la comunicación" (1989, 20).

[88] Dunha complexidade case infinita (T.p).

[89] O feito fundador da representación é o espectador que se dirixe implicitamente ao resto. (t.p)

[90] Isto é así no caso do teatro de títeres de luva. Para as marionetas de fío e outras técnicas de manipulación, non sempre o manipulador permanece oculto, ainda que si disimulado ou confundido na escenografía.

desvelar o misterio que os desacouga. En calquera caso, a crianza "sabe" que os bonecos non poden ter vida propia, se ben precisa algunha proba para convencerse disto. Outras crianzas, aínda sabendo que hai "algo" ou alguén" movendo as marionetas, prefiren "crer". Serían aqueles pequenos espectadores cunha idade suficiente para experimentar o chamado efecto de denegación ("je sais bien, mais quand même...", Mannoni, 1969)[91], do que se falará máis adiante. Jurkowski chama a esta a dupla entidade da marioneta, que é percibida simultaneamente como personaxe e ser inerte, a opalescencia da marioneta (Jurkowski, 2013, 109). E é en base a este principio que se constrúe o sistema de signos do teatro de títeres.

Extrapolando o esquema de Ubersfeld (1980, 21-22) ao teatro de marionetas, as distintas interlocucións producidas durante o espectáculo de títeres poderían ilustrarse da seguinte maneira:



Relacións de comunicación durante a representación do teatro de marionetas (elaboración propia a partir de Ubersfeld, 1980).

Ubersfeld inclúe, por tanto, a interacción entre os membros do público como parte do proceso de comunicación teatral. En efecto, unha clave do suceso e do valor deste teatro como forma de resistencia simbólica das subalternas habería que situala na importancia da participación do público no proceso comunicativo desencadeado. O carácter colectivo e comunitario da situación xerada no momento da representación do espectáculo popular de marionetas determina unha forma particular de recepción da mensaxe, que como se ve, non é unívoca nin, en ningún caso, unidireccional.

[91] Ben o sei, mais así e todo... (t.p.)

> (...) el interés y la especificidad del teatro residen precisamente en la posibilidad, siempre presente, de privilegiar un sistema de signos, de hacer jugar las redes de signos unas contra otras y de crear, en el propio texto-guión, un juego de sentidos cuyo equilibrio final puede ser muy variable. (Ubersfeld, 1989, 26).

Ao longo destas interaccións transmítese unha serie de mensaxes interrelacionadas según unha serie de códigos múltiples. A representación está constituída por un conxunto de signos verbais e non verbais, organizados nunha serie de códigos (lingüísticos, visuais, musicais, proxémicos....) aos que hai que engadir os códigos propiamente teatrais, que supoñen unha relación de equivalencia entre os signos textuais e os signos da representación. "Este código teatral es tan flexible, tan mudable y dependiente de las culturas como pueda serlo el código de la lengua" (Ubersfeld, 1989, 23). Por tanto, o signo teatral reviste de grande complexidade, o que fai que, máis que de signos, haxa que falar de símbolos: signos abertos á interpretación subxectiva e activa do público (Gourdon, 1982, 117-118).

Así pois, a comunicación teatral, e por ende a do teatro de marionetas, caracterízase pola complexidade das interaccións, que se superpoñen entre elas e dan pé a unha multiplicidade de respostas (tantas como espectadoras participan na representación) que se fan de xeito explícito (por medio da voz, a xestualización ou a expresión do rostro) e implícito (a nivel interno e individual).

2.4.2. Ilusión e convención teatral

Durante o espectáculo de títeres de luva[92] o actor non é visíbel, fica oculto tras o personaxe. Nese sentido o artificio fica inaccesíbel ao espectador, o que levaría a asumir que se persegue provocar unha ilusión de realidade. Alén diso, o carácter sobrenatural da marioneta, que non é humana mais cobra vida na escena, fai que a espectadora caia nunha fascinación imprescindíbel para poder entrar no xogo da convención teatral. Estas características levaron a teóricos do teatro de títeres como Jurkowski a asumir que a recepción por parte do público popular é pasiva, da entrega irracional á mensaxe transmitida (unha mímese extrema que mesmo superaría a que conduce á catarse aristotélica):

> (...) frente a la percepción racional del títere como objeto grotesco en su impotencia para aparentar la vida, existiría otra, irracional, que olvidando de qué está hecho, lo considera como una cosa viva, que habla y se mueve por sí misma, en fin, que se convierte en una criatura con cualidades mágicas o milagrosas propias del pensamiento animista o de la fe religiosa. En el arte de provocar este segundo modo mágico de percepción en los espectadores se basa el éxito del teatro popular de títeres desde sus principios en la Edad Media hasta nuestros días (Cornejo, 2008, 42).

A esta explicación oponse toda unha serie de estudos teatrais centrados en explicar a recepción, ou mellor dito as formas de resposta por parte das espectadoras durante (e despois) da representación. Nese sentido, farase referencia ás ideas verquidas por autores procedentes dos campos da semioloxía e da psicanálise.

---

[92] Restrinxiranse os exemplos á técnica propia do títere de luva manipulado por riba da cabeza do marionetista oculto, por ser a do caso de estudo do presente traballo.

Contra o que puidera parecer, a ilusión creada durante a representación do teatro non leva aparellada, necesariamente, unha evasión acrítica da realidade. Pola contra, ten que ver cunha sorte de pacto tácito –de convención- entre os suxeitos involucrados no espectáculo. En termos de Ángel Abuín, tal "realización simultánea de dos conductas, esta superposición de una conducta práctica y otra convencional" é propiedade inherente ao comportamento artístico (Abuin, 1996, 16).

Se ben a analoxía da vida psíquica co dispositivo teatral -coa súa escena, os seus bastidores e os seus personaxes- é frecuente na literatura da escola freudiana, os textos nos que se analizou especificamente o feito teatral son raros dentro do pensamento psicanalítico. Destaca como excepción o traballo de Octave Mannoni, quen trata de delimitar as características que conforman o que se coñece como "ilusión" teatral. Este salienta a semellanza entre a situación do espectador no teatro con aquela que se produce no soño, naquilo que Freud denominou significativamente "a escena do soño", e onde subsiste unha certa parte do Eu "comme en retrait de nous-mêmes qui serait le lieu de l'illusion" (Mannoni, 1969, 164)[93]. Do mesmo xeito que cando soñamos sabemos que durmimos, aínda que ese saber nos sexa agochado (Íbidem, 165), tamén no teatro sabemos, aínda que por momentos caiamos na tentación de crer que é outra cousa, que aquilo que se nos presenta como verdadeiro non o é. A diferenza da crianza de idade máis temperá,

> (...) chez l'adulte, les effets de masque et ceux de théâtre sont possibles en partie grâce à la présence de processus qui s'apparentent à ceux de la négation (*Verneinung*); qu'il faut que ce ne soit pas vrai, que nous sachions que ce n'est pas vrai, afin que les images de l'inconscient soient vraiment libres. (Mannoni, 1969, 166)[94].

O mecanismo da denegación determina, segundo Mannoni, o rol simbólico do teatro, onde a imitación da realidade é pura convención. A ilusión da espectadora no teatro non é unha cuestión de estar ou non enganada, mais dunha credulidade conscientemente cultivada (Mannoni, 1969, 167). Anne Ubersfeld (1980) analiza a denegación como a característica da comunicación teatral pola cal o receptor considera a mensaxe como non-real (pero non a reduce á "nada", por iso non é negación). O acontecemento teatral é real, a escena amosa un aquí e un agora concretos, pero marcados por un signo de negatividade. Por tanto, "es la negación de la realidad teatral en tanto que realidad" (Abuín, 1996, 16). De xeito análogo, a mímese non deixa de ser unha imitación (e por tanto, só aparencia) da acción, segundo Aristóteles, ou da idea, en termos platónicos (Pavis, 1989, 311-312).

Abuín emprega a metáfora do xogo, tan acaída ao teatro[95], para explicar o funcionamento deste efecto. Durante o espectáculo, tanto marionetista como espectadores entréganse á representación do papel, xogando (actuando), mais sabendo que están a xogar. En calquera momento, o actor pode desenmascarar o seu personaxe para desvelarllo directamente ao espectador, "en un continuo vaivén entre el reconocimiento de los signos de teatralidad y su consecuente denegación". (Abuín,

---

[93] ...como retirado de nós mesmas que sería o lugar da ilusión. (t.p)

[94] no adulto, os efectos de máscara e os teatrais son posíbeis en parte grazas á presenza de procesos similares aos da negación (*Verneinung*); cumpre que non sexa verdade, que nos saibamos que non é verdade, a fin que as imaxes do inconsciente sexan verdadeiramente libres (t.p.).

[95] "ambos conceptos remiten a medios de conocimiento (...); teatro y juego crean un 'campo de juego propio' y cerrado; ambos buscan su fundamento en una 'escapada de la realidad habitual'; los dos se basan en una 'realización vicaria', copian algo, sin procurar una reproducción fiel o exacta de la realidad (...); en ambos casos, por último, está implícito un como si sin el que no se entendería su funcionamiento" (Abuín, 1996, 14)

1996, 17). Algo semellante fai o manipulador das marionetas cando saca a cabeza por baixo da saba para interpelar ao público ou a algún dos seus bonecos: deste xeito o marionetista fai visíbel a duplicidade da situación de emisión, a do plano da ficción (non-real) e a da representación (real, entre o marionetista e o seu público).

Mannoni interrógase pola funcionalidade do teatro e valora a hipótese de que esta sexa a identificación cun ideal de Eu (o heroe) que permite ao adulto aborrecido coa súa monótona existencia achegarse a eses outros eus sen asumir o risco que estes deben afrontar (o que, en termos de Freud, facilitaría toda unha economía "du côté des peurs et des dangers du véritable héroïsme, satisfaction donc de savoir que ce n'est qu'un jeu, et satisfaction de savoir que c'est autre qu'en souffrira"[96]. Mannoni, 1969, 171). Deste xeito, a orixe do teatro estaría no aborrecemento do público (burgués). Porén, Mannoni considera que esta interpretación debe revisarse desde o momento no que o heroe non é peza imprescindíbel no teatro. Na comedia, por exemplo, o heroe desaparece e son as personaxes, diversas e imperfectas, as que presentan a situación dramática sobre o palco. Este tipo de teatro non presenta xa un ideal do Eu, e por tanto, de producirse a identificación, esta faise con algúns dos roles do personaxe, posto que o teatro, a través dos roles, ten licenza para facer aquilo que na vida non está autorizado. É a través da identificación con ese rol interdito na vida real que a espectadora se protexe e, ao tempo, se libera, sempre sabendo que se trata de convencións, que eses roles non son reais (Mannoni, 1969, 174). Así pois, o teatro satisfai o desexo humano de vivir acontecementos distintos aos do seu cotián, mais que só se producen "dans la partie imaginaire du Moi"[97]. Para a psicanálise, pois, a óptica escénica é equilibradora e "le théâtre ne doit pas seulement avoir des effets de libération psychique, mais aussi *consolider nos défenses*" (Mannoni, 1969, 176)[98].

Esa liberación do espectador a partir da denegación permítelle satisfacer os seus desexos conscientes e inconscientes. Deste xeito, pode falar co protagonista, dicir o seu texto, pois "ce n'est pas moi qui parle"[99] e as palabras que pronuncia o actor, en realidade non as di el, senón un outro ausente. (Ubersfeld, 1980, 23). É a través da denegación, por tanto, que se pode entender a bidireccionalidade da comunicación teatral.

Pola súa banda, Patrice Pavis, explica o proceso de identificación como a procura de identidade por parte do espectador, unha identidade que pode entenderse desde dúas perspectivas. Do punto de vista psicanalítico, como se viu, esa identidade conséguese revivindo o Eu reprimido no Eu de outro representado, e é aí onde entra en xogo a denegación, que permite admitir os elementos que ficaban recluídos no plano do inconsciente, sempre a conta dese outro, o personaxe na escena. Analizar este proceso de identificación-denegación conleva, segundo Pavis, dar conta do traballo de reorganización estructural do Eu consciente, do proveito que se obtén da identificación presente.

Por outra banda, a identificación pode concebirse como o recoñecemento dunha ideoloxía "vécue comme familière et normative" (Pavis, 1980, 51)[100]. Entendendo que a peza reflicte a consciencia do espectador, o devir da mesma contribuirá a revelala. A experiencia teatral contribuiría, deste xeito, á produción dunha nova conciencia no

[96] ...da banda dos medos e dos perigos do verdadeiro heroismo, satisfacción de saber que non é máis ca un xogo, e satisfacción de saber que será outro quen sufrirá. (t.p.)
[97] na parte imaxinaria do Eu. (t.p.)
[98] o teatro non debe só ter efectos de liberación psíquica, mais tamén *consolidar as nosas defensas.*
[99] Non son eu quen fala. (t.p.)
[100] vivida como familiar e normativa (t.p.)

espectador. Entendida deste xeito, a identificación teatral, lonxe de contraporse á noción brechtiana de extrañamento ou distanciación, viría completala.

2.4.2. Distancia ou ilusión no teatro de marionetas

Só pode producirse verdadeira comunicación no teatro, un intercambio verdadeiro, "...que si la salle entière se sent provoquée par une vision (valeurs et procédés esthético-idéologiques) qui ne correspond pas à sa perception habituelle et dérange ses habitudes de perception" (Pavis, 1980, 31)[101]. Ten que operar, pois, un certo tipo de estrañamento, o que non impide, porén, que se produza a identificación das espectadoras con algúns dos personaxes. Para Brecht, unha imaxe distanciadora é aquela "qui, certes, fait reconnaître l'objet, mais qui le fait en même temps paraître étranger" (Brecht,1994, 42)[102]. O mesmo percurso que leva os espectadores a "crer", a apropiarse do espectáculo aínda sabendo que non é real, fainos afastarse daquilo que colisiona co seu marco de certezas cotiás. Identificación e distanciamento, en simbiose, xogan un papel dialéctico (Ubersfeld, 1989, 41).

A definición de "distancia" que pode atoparse no *Diccionario do Teatro* de Pavis establece que se trata dunha actitude "crítica del receptor, esa capacidad de resistir la ilusión teatral, que se manifiesta cuando el espectáculo le parece algo ajeno, de manera que no se siente implicado emocionalmente y no olvida en ningún momento que se encuentra ante una ficción (Pavis, 1989, 146). Polo que se ve, a distancia coincide nalgúns aspectos co funcionamento do mecanismo da denegación, se ben a principal diferenza parece residir na actitude que evita a implicación emocional. Deste xeito, se o mecanismo da denegación presupón que a espectadora decide que "quere crer", aínda que sen esquecer en ningún momento que está perante unha ficción, a distancia semella obviar ese aspecto volitivo do espectador, pois é a propia ficción representada a que "expulsa" ao espectador da súa ilusión.

> En eso consiste precisamente el juego con la distancia, en la posibilidad de volver remota para el espectador la acción teatral que está contemplando, de manera que la vea como una obra de arte y no directamente como un 'trozo de vida' a la manera realista-naturalista. (Abuín, 1996,18).

Fronte á oposición entre mímese aristotélica e distanciamento brechtiano, o mecanismo psicolóxico de denegación permite introducir unha cuestión de grao para analizar o maior ou menor carácter crítico da resposta do espectador teatral. Se tanto o xogo como o teatro propician a creación dunha situación de "metaficción", asumida como tal polos suxeitos participantes, a única diferenza entre unhas propostas dramáticas (incluíndo aquí tanto o texto como a posta en escena) e outras será o nivel no que o que pasa sobre o palco insiste no seu "*status* como artefacto, poniendo al descubierto convenciones vacías de todo sentido, llevando a su espectador a cuestionar la relación entre ficción y realidad." (Abuín, 1996, 19). En calquera caso, mesmo aquelas representacións que aspiran a un grao maior de verosemellanza (o teatro chamado realista) fracasan inevitabelmente no seu intento de crear unha ilusión de realidade. Pois a ficción é, como se viu, condición inseparábel do medio teatral.

---

[101] "...se a sala enteira se sinte provocada por unha visión (valores et procedimentos estético-ideolóxicos) que non corresponden á súa percepción habitual e incomoda os seus hábitos de percepción (t.p.).

[102] que, certamente, fai recoñecíbel o obxecto, mais que o fai ao mesmo tempo semellar estraño (t.p).

En consecuencia, máis que cuestionar se o teatro de marionetas persegue a creación dunha ilusión de realidade (algo, como se viu, irrealizábel) ou non, cabería perguntarse que grao de distancia se xera na recepción. Cando o espectador dos títeres de luva é animado a implicarse na acción dramática, na ficción representada, interpelado directamente polo personaxe-boneco ou polo marionetista, enténdese que desta maneira é invitado a maximizar a súa ilusión ou, polo contrario, que se evidencia o carácter artificial do dispositivo escénico? A experiencia propia como espectadora de marionetas impéleme a concluír que esta segunda opción é a máis plausíbel. Cando o público (infantil e adulto en termos biolóxicos) resposta ao personaxe de títeres que pregunta polo paradeiro do seu antagonista, faino sabedor de que participa dun xogo. Porén, decide entregarse e pasar ao plano da ficción no que pode fuxir momentaneamente da súa realidade cotiá.

Outro elemento que aproxima as marionetas ás teses brechtianas é a súa nula vocación de realismo. De feito, aquelas etapas nas que o teatro de títeres tratou de emular ao teatro de actor realista en voga determinaron a súa crise artística e de público. O éxito do teatro de formas animadas reside precisamente no seu carácter sobrenatural. En termos de Maryse Badiou, "no ès propi del titella reproduir la imatge de l'home. En canvi ho ès sintetitzar la realitat i extreure la substància amagada tant dels éssers com de les coses" (1988, 82)[103]. Un proceso de síntese que, enténdese, é responsabilidade do espectador a partir do traballo do marionetista, que propón cos seus bonecos unha interpretación necesariamente subxectiva da realidade na que se poñen de relevo as súas contradicións e estridencias.

2.4.4. Confrontación coa autoridade a través da denegación

Noutro lugar falouse de que a marioneta constitúe unha extensión da máscara tribal. Como tal, protexe ao marionetista e axuda ao público a diferenciar os planos da ficción e da realidade. O que di a marioneta non o di o marionetista directamente, o que o exime até certo punto da responsabilidade das palabras que son pronunciadas sobre o palco. Nese senso, a marioneta contribuiría a protexer o anonimato do emisor, dotándoo de certa impunidade respeito dos poderes que poderían considerar un desacato inadmisíbel o discurso da marioneta se o expresase directamente un ser humano.

Interesa neste sentido regresar á súa explicación psicanalítica da relación desencadeada durante a representación do teatro de fantoches. Segundo a interpretación de Mannoni, durante a representación do *guignol* non é o ideal do Eu o que entra en xogo, mais unha figura do Supereu que no espectador miúdo[104] aínda non está escindido do Eu. Deste xeito, o teatro de títeres axudaría ao espectador "à se délivrer, à se distancier des figures plus ou moins persécutrices de sa fantasie" (Mannoni, 1969, 179)[105]. Pasando por alto a asociación de teatro de fantoches e infancia, se se entende o efecto de liberación do Supereu como unha estratexia para facer fronte ("consolider nos défenses") aos símbolos de autoridade máis evidentes, a interpretación de Mannoni viría refrendar as hipóteses presentadas neste traballo.

---

[103] Non é propio do títere reproducir a imaxe do home. En cambio éo sintetizar a realidade e extraer a substancia oculta tanto dos seres como das cousas (t.p.).

[104] Mannoni semella asociar o teatro de guignol ao público infantil, redución que este traballo non comparte. Porén, a súa referencia á infancia (a un tipo de espectador que aínda non operou a escisión do Supereu) podería aplicarse a calquera espectador pertencente a unha tradición premoderna ou tradicional.

[105] A se liberar, a se distanciar das figuras máis ou menos perseguidoras da súa fantasía. (t.p.)

O mecanismo de denegación permite colocar no plano da ficción teatral a violencia, "de la peinture de l'horreur, du crime, de l'inceste et des 'passions fortes'." (Ubersfeld, 1980, 23)[106]. Os tabús poden violarse sobre escena, mercede a esa denegación da súa realidade. Ese mesmo carácter irreal é o que permite ao teatro de marionetas adentrarse en territorios arriscados como a parodia aos poderosos. "Ce n'est pas vrai, mais..." ; a mesma escusa que permite ao espectador identificar partes reprimidads do seu Eu cos aspectos máis irreverentes ou impúdicos dos personaxes, exímeo a el e ao marionetista da responsabilidade dos actos "irreais" dos bonecos na escena.

2.4.5. Un medio de comunicación das subalternas

Neste traballo asúmese o rol comunicativo do teatro. Fálase de "expresión cultural" en singular ou plural, ou de "dispositivo" para referirse ao espectáculo teatral de marionetas, á relación comunicativa xerada no momento e no espazo específico de cada representación. Empregarase, premeditadamente, a denominación "medio de comunicación", aplicada ao teatro. Aínda compartindo a crítica á centralidade excesiva dos medios de comunicación de masas (en realidade habería que falar de medios "de difusión", seguindo a Pasquali, 2007, 98) nos estudos da comunicación contemporáneos, óptase por empregar esta expresión aplicada a unha relación de comunicación como é a teatral, artellada arredor dunha serie de códigos complexos. E faise así coa vocación, precisamente, de chamar a atención naqueles elementos da comunicación humana que a ciencia da comunicación ten deixado á marxe, precisamente por mor desa "fascinación tecnolóxica" que espertan os medios masivos e que semella obrigar a estudalos en si, como algo dotado de leis propias ás que só cabe someterse (Pasquali, 2007, 89). Entender o medio como un mero "facilitador" da comunicación humana (entendida como intercambio de mensaxes entre seres racionais, independentemente dos aparellos intermediarios empregados para facilitar a interrelación a distancia), supón atender prioritariamente aos suxeitos (os artífices das canles naturais, segundo Pasquali, 2007, 90) para comprender calquera fenómeno comunicativo (e por ende, social). Asumindo isto, a importancia dos suxeitos na comprensión do proceso comunicativo vai da man da comprensión das canles das que botan man para transportar as distintas mensaxes. No caso do teatro, atopámonos cunha mistura de canles naturais (xesto, palabra, música) e artificiais (escenografía, iluminación, obxectos animados, no caso das marionetas) que fan que falemos dun "artefacto" ou "aparello" facilitador ou amplificador (se ben, non na distancia) de "capacidades sensoriais previas". E por tanto, estaríamos falando, asumindo a definición de Pasquali, dun medio de comunicación.

Non son poucas as referencias á consideración do teatro como medio de comunicación, se ben son escasas as xustificacións teóricas do seu uso. Raymond Williams estableceu para a noción de medios de comunicación unha definición que pode achegar algunha luz a esta encrucillada terminolóxica. Segundo o autor británico, a noción contemporánea resulta da converxencia de tres significados primixenios:

1. Por unha banda, o senso que entende o medio como unha substancia ou axencia interventora –senso desbotado actualmente porque identificaría a propia linguaxe cun medio cando esta é, segundo Williams, unha práctica primaria-;

[106] a pintura do horror, o crime, o incesto e as 'pasións fortes' (t.p.)

2. o termo tamén alude á existencia dunha técnica, coas súas propiedades específicas e determinantes (pois a técnica determina a versión que terá preminencia sobre as outras; é dicir, condiciona o discurso);
3. por último, a noción social de medios de comunicación, a preminente na sociedade de masas, é aquela que entende as prácticas e as institucións como axencias para outros fins distintos dos primarios. (Williams, 1985, 203-204)

As tres converxen no feito teatral. O teatro é considerado, como se viu, un código complexo (ou conxunto de códigos) polo que se rexen unha serie de interaccións comunicativas; constitúe tamén unha técnica ("a particular construction or method"[107], segundo a definición de Williams, 1985, 315); así como unha axencia interventora (a acción dos axentes que interveñen no proceso teatral contribúe á súa propia transformación e, por exensión, á da súa realidade) e social.

Unha acepción equivalente á de medio constitúea a do Dispositivo Socio-ténico da Información e a Comunicación (DISTIC) acuñada polos membros do Laboratoire I3M a partir da noción foucaltiana de dispositivo[108], se ben eles mesmos advirten que non se pretende reducir a un mero aparello todo un conxunto "de interacciones complejas entre tecnologías y sujetos que se aprovechan de ellas" (Cailler e Rasse, 32013, 277), do mesmo xeito que o feito de empregar para o teatro a expresión "medio de comunicación" non pretende reducila a canle de transmisión.

Montalbán, na súa *Historia y comunicación social*, alude explicitamente ao teatro como "el medio de comunicación más peligroso: por la capacidad de representación simbólica del actor y por la audiencia indiscriminada de un público de todos los sectores sociales" (Vázquez-Montalbán,1997, 22). Asume, pois, a capacidade interventora ou intermediaria do tal "medio".

A consideración do teatro como medio de comunicación é aceptada por outros autores como François Botrel, que o califica, para diferencialo dos medios de comunicación escrita, tal que 'medium audio-visual' (Botrel, 1977, 391). Pola súa banda, John Downing inclúe na súa enumeración de "medios radicais" o teatro popular como medio de comunicación que emprega publicamente a fala e o corpo como *mediums* (Downing, 2000, 130).

No caso do teatro popular, tanto de formas animadas como de actores, o feito de outorgarlle o status de medio de comunicación conleva unha vocación de intervención para a transformación da realidade social. Deste xeito, os autores adscritos ás teorías da Comunicación para o desenvolvemento (Valbuena, 2008, 579) defenderon desde a década de 1970 o uso do teatro popular e outros "medios folclóricos" (*folk media*), como ferramentas para o empoderamento das comunidades do Sul. Esta consideración do teatro popular como medio de comunicación popular aséntase nunha vocación claramente instrumental, do medio entendido como canle a través da que vehiculizar aqueles contidos que os axentes da cooperación (con frecuencia, alleos á comunidade) consideran que van permitir á comunidade avanzar cara ao seu desenvolvemento (un criterio obxecto de abondas discusións). Dentro desa aproximación funcionalista, considéranse medios de comunicación populares un amplo abano de expresións: música, cantigas, teatro, danza, poesía, proverbios, chistes, vestido, artesanía e teatro de marionetas (UNESCO, 1972, 3-4). Estas premisas estaban encamiñadas a fundamentar unha serie de accións nas comunidades consideradas "subdesenvolvidas"

[107] unha construción ou método particular (t.p.).
[108] "El concepto de DISTIC parte del principio de que las tecnologías de la información y de la comunicación construyen a sus usuarios de la misma manera que éstos le dan forma. Constituyen dispositivos que tienen su origen en procesos de interacción entre los usuarios (productores, consumidores, clientes, ciudadanos) que son a su vez sujetos socializados, y un conjunto heterogéneo de técnicas." (Cailler e Rasse, 2013, 273)

ou “atrasadas” nas que o teatro, entre outras formas da cultura popular, foron e continúan a ser empregadas como unha ferramenta de concienciación e de aprendizaxe. (Colletta, 1980, 280-595).

Este uso do termo *folk media* ten o problema de presupor unha intervención *top-down*, e en definitiva unha concepción dos medios de comunicación perigosamente próxima ás teorías da agulla hipodérmica da socioloxía norteamericana da comunicación de masas (Saperas, 1992, 156). Esta sería, con algunhas diferenzas, a liña da corrente brasileira da folkcomunicação, que reduce o papel do artista popular ao do *gatekeeper* das teorías do lider de opinión de Katz e Lazarsfeld (Beltrão, 2008, 301).

O presente traballo afástase das coordenadas teóricas daquelas ideas, que hoxe semellan superadas polas teorías da Comunicación para o Cambio Social (Gumucio, 2008, 23) e por tanto proporá unha definición do medio de comunicación teatral tal que ferramenta de uso autónomo das comunidades, nas que os suxeitos e os contidos intercambiados son tan importantes como a propia canle. Nese senso, considérase que as expresións comunicativas das subalternas, malia estaren limitadas pola precariedade instrumental á espontaneidade, forman parte dos diferentes medios de comunicación empregados pola Humanidade ao longo da Historia (Vázquez-Montalbán, 1997, 14, 32).

Polo tanto, asúmese unha concepción do medio como dispositivo complexo, no que se congrega unha serie de interaccións, de técnicas e a axencia duns suxeitos autónomos, e que por tanto só pode entenderse nese cadro dinámico. O teatro é un medio de comunicación, sempre que se entenda este no sentido de axencia, de ferramenta facilitadora, e non como mediación entendida como acción propagandística, propagadora unidireccional de ideoloxía (Williams, 1985, 205-6). Esa é tamén a concepción defendida por Boal cando propón devolver o teatro ás comunidades. Ao erixir ás subalternas en suxeitos do Teatro do Oprimido, a mediación teatral perde sentido. Non se dá voz a quen non a ten falando del, o teatro é a linguaxe mesma da que se deben dotar as oprimidas (Vicente 2013, 275).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 3: TRANSFORMACIÓNS SOCIOCULTURAIS E PROCESOS DE PATRIMONIALIZACIÓN.

3.1 PROCESOS DE MUDANZA CULTURAL DURANTE A INSTAURACIÓN DO CAPITALISMO.

A medida que se vai delimitando o obxecto de estudo, faise necesaria unha descrición do contexto histórico e social no que apareceu e se desenvolveu. Porén, unha descrición do terreo no que se desenvolveu o espectáculo de Barriga Verde non pode limitarse a unha enumeración de feitos, pois o propio fenómeno analizado é consecuencia do contexto complexo no que se xerou. Un contexto cheo de mudanzas económicas, sociais e, en consecuencia, culturais. Durante o periodo comprendido entre 1880 e o remate da II Guerra Mundial, Europa occidental experimentou o que que Eugen Weber denominou o fin dos *terroirs*, para explicar como a cultura popular labrega acabou por ser remprazada por modos de vida e de produción urbanas e industriais. A desaparición de formas culturais foi paulatina e consecuencia da perda do sentido que motivara a súa orixe. Serían remplazadas por formas alleas, ben xeradas pola incipiente industria cultural ou ben desde o aparello estatal, embarcado na altura no proceso de unificación nacional en moitos estados europeos.

A cultura tradicional labrega que fora común a todo o Vello Continente durante o Antigo Réxime experimentaría procesos análogos de substitución en todas partes, se ben con ritmos distintos segundo as circunstancias. Así, no caso galego, a implantación das vías de comunicación foi tardía e o desenvolvemento da nova clase hexemónica, a burguesía, moi insuficiente, o que explica que as formas tradicionais perduraran até ben avanzada a segunda metade do século XX. Se ben as interpretacións das causas e das consecuencias dese retraso na penetración das novas formas económicas e socioculturais difiren, existe un certo consenso en que o golpe de estado de 1936 representou para Galiza un freo no proceso de desenvolvemento autónomo do campesiñado, a clase preponderante na altura. A pervivencia da forma de organización comunitaria explica á súa vez o mantemento de formas culturais propias do antigo modo de vida até a década de 1960, cando o proceso de aculturación requerido polo novo sistema social acaba por imporse.

3.1.1. *La fin des terroirs*: transformacións culturais na Europa finisecular.

Ese proceso non foi nin lineal nin homoxéneo. Significou o paso dun universo de relacións circunscrito ás comunidades que baseaban a súa supervivencia na autarquía económica a penas crebada por intercambios esporádicos nas feiras e nas visitas dos colectivos peripatéticos (vendedores ambulantes, esmoleiros, artistas…) chegados a pe ou a cabalo por antigos camiños. Nas comunidades tradicionais o tempo do traballo e o da vida confundíanse e a familia constituía a unidade básica de supervivencia e de produción. Os vínculos afectivos estaban subordinados aos intereses da familia e da comunidade (Weber, 2010, 209-239). As festas xogaban un rol crucial para o mantemento dese modo de vida, actuando como rituais que aseguraban a fertilidade e a resolución de conflitos no interior da comunidade. Dese

xeito, as veladas cumplían unha función de socialización ao tempo que de produción (Ibídem, 491-497), e as chocalladas funcionaban como instrumentos punitivos endogámicos (Ibídem, 473-483). A cultura popular transmitíase por vía oral, en forma de relatos, proverbios ou cancións. E creaba heroes cun agudo senso do reparto da riqueza e moito máis cómicos que os da cultura hexemónica (Ibídem, 497-537).

O historiador norteamericano establece un primeiro factor que en Francia acelerou o proceso de substitución dese Antigo Mundo polo modo de vida capitalista: as vías e os medios de comunicación. "Avant que la culture ne change en profondeur, il fallait que les conditions matérielles se transforment, et dans ce processus, le rôle de la route et du rail fut fondamental" (Weber, 2012, 252)[109]. A extensión das vías férreas, así como a construción de novas estradas unindo as aldeas máis illadas coas cidades e estas coa capital do Estado, fixeron posíbel o establecemento de relacións comerciais e a mobilidade dos traballadores; polo tanto de relacións comunicativas que favoreceron o reforzamento de unidade nacional francesa – sentimento que non apareceu mentres as comunidades e as estruturas sociais antigas non foron desmanteladas (Ibídem, 145). Ao principio, a intensificación dos intercambios afectou máis ben ás vilas "de provincias", habitadas por funcionarios ou artesáns, que fixeron o papel de intermediarios da cultura urbana e racionalista. Pouco a pouco, as novas estradas e vías férreas permitiron á mocidade das aldeas migrar ás grandes cidades industriais que demandaban man de obra. As migracións estacionais deviñeron permanentes, o que crebou a unidade cultural que constituíra até entón cada comunidade. Do mesmo xeito, a redución da duración do servizo militar contribuiu a reducir o número de deserción. As condicións de vida dos reclutas eran máis confortabeis que as da aldea, o que os levaba a non regresar (Ibídem, 361). En consecuencia, a instrución militar, así como a escolarización obrigatoria, constituíron unha vía de aculturación efectiva. O novo mundo levaba aparelladas formas distintas de socialización e de relación co poder: a organización política, as asociacións, a separación de traballo e lecer… A nova cultura transmitíase por escrito, e a lingua francesa estaba máis adaptada ao pensamento abstracto. As antigas formas de relación, vencelladas á produción agrícola e ao mantemento dos vínculos entre os membros da comunidade, perderon sentido.

> Car les rites sont fonctionnels, ils servent d'intérêts particuliers. Lorsque de tels intérêts disparaissent ou dépérissent, ou lorsque les hommes découvrent un meilleur moyen de les servir, les rites peuvent malgré tout persister aussi longtemps qu'ils ne constituent pas une source de tracas, particulièrement s'ils sont l'occasion d'une distraction. Ils ne sont plus considérés alors comme des rituels sérieux et ils disparaissent sans qu'il y ait même une timide opposition, ou bien ils disparaissent pour toujours âpres qu'un événement eut entrainé leur suspension provisoire (Weber, 2012, 564)[110].

[109] Antes de que a cultura mudase en profundidade, era preciso que se transformasen as condicións materiais, e nese proceso, o papel das estradas e das vías de tren foi fundamental. (t.p.).

[110] Xa que os ritos son funcionais, serven a intereses particulares. Cando eses intereses desaparecen ou morren, ou cando os homes descobren un modo mellor de servilos, os ritos poden persistir, malia a todo, tanto tempo como non sexan unha fonte de preocupación, particularmente se constitúen unha forma de entretemento. Daquela xa non son considerados rituais serios e desaparecen sen que haxa nin unha oposición tímida, ou ben desaparecen por sempre despois de que un acontecemento ocasionara a súa suspensión provisional. (t.p.)

En Francia ese acontecemento constituíno a Grande Guerra, despois da cal numerosas expresións da cultura popular foron abandonadas. En Galiza, como se verá, a cultura popular resistiría algunhas décadas máis.

O proceso de asimilación non foi nin lineal nin homoxéneo. As formas culturais do antigo mundo resistiron aínda nos lugares máis illados e entre os individuos de máis idade (aqueles que tiraron menos proveito dos novos modos de vida). Porén, as festas e costumes que sobreviviron durante algunhas décadas como meros divertimentos, desprovistos do seu valor ritual, acabaron por desaparecer. As cancións e as danzas tradicionais acabaron sendo substituídas por outras de orixe urbana ou estranxeira (Weber, 2010, 533). Algunhas expresións culturais son propias dese período de mudanzas, e representan o combate entre dúas concepcións do mondo opostas. Desa maneira, os artistas ambulantes, outrora o único axente de comunicación que achegaba ás aldeas novidades e informacións doutros lugares, tentaron adaptarse ao xurdimento do prelo, distribuíndo distintas formas de liberatura dirixida aos habitantes das vilas e aos labregos máis ricos. A literatura de cordel, forma cultural de transición entre os dous mundos, rematou por sucumbir á competencia da prensa, que difundía verdades de base científica e respondía á curiosidade polas novidades espertada entre os habitantes do rural. Unha forma de ler universal, na que os particularismos locais xa non contaban moito, impúxose, e os antigos axentes da mediación entre a cultura culta e a do pobo víronse forzados a procurar outros medios de vida[111]. As feiras perderon progresivamente a súa función económica e socializadora e deviñeron simples parques de atraccións. Do mesmo xeito, os cafés-teatro, onde se escoitaba música interpretada con novos instrumentos ou se asistía a representacións de variétés, substituíron ás veladas.

Eugen Weber definiu este proceso como unha verdadeira crise de civilización, durante a que as prácticas tradicionais desapareceron sen que outras, nutridas da experiencia das comunidades locais, viñesen remprazalas. Os talentos e os rituais que dependían de tales prácticas desapareceron tamén, unha vez perdido o senso que os motivara. Cando sobrevivían, facíano como distración baleira, desprovistas da súa funcionalidade orixinal. Novas tradicións, oficiais, naceron –ou foron inventadas, segundo Hobsbawn (1984)- en Francia, como as festas nacionais. Os labregos non tiñan saudade do pasado, que evocaba a miseria. Preferían imitar as formas de vida das clases superiores. A antiga visión do mundo vinculábase coa loita pola supervivencia, un mundo no que a aldea constituía unha asociación de axuda mutua que debía permanecer unida. Nese mundo non podía tolerarse ningún desvío (Weber, 2010, 568). O novo sistema supuña unha marxe de manobra maior para os individuos, unha variedade de opcións inaudita. Porén, a nova visión do mundo trouxo aparellada unha forma de organización onde o tempo do traballo ficaba separado daquel consagrado á vida (reprodución, socialización, aprendizaxe). A manufactura impuxo unha nova forma de organización do traballo, que se distancia da familia e desenvolve un novo espazo disciplinar, circonscrito, separado do tempo do lecer e das rerlacións

[111] "L'amélioration du réseau routier et des moyens de transport qui encourageait le développement des activités de colportage entraîne également bientôt la création de magasins plus nombreux, et parmi eux, des librairies. De même, cela entraîna la pénétration des imprimés de Paris dans des régions qui n'en avaient jamais vu jusqu'à présent". [A mellora da rede de estradas e dos medios de transporte que animaban o desenvolvemento das actividades de comercio ambulante levou aparellado tamén a creación de tendas máis numerosas, entre elas librarías. Igualmente, supuxo a penetración de materiais impresos procedentes de París en rexións que até entón nunca as viran.] (Weber, 2010, 551). Arredor dos anos 1880 e 1890, o comercio ambulante mingua en Francia, non só por causa do desenvolvemento do comercio local, mais tamén porque un menor número de persoas precisaba unha fonte de ingresos complementarios (Ibídem, 553). O mesmo fenómeno non se produciría en Galiza até os anos 1960, malia que a pluriactividade como estratexia de supervivencia no rural persiste aínda hoxe.

interpersoais (Foucault, 1975, 174-175). O tempo do traballo convírtese ademais en exclusivo, consagrado á produción. A partir de entón o tempo vai ser medíbel; pódese perder ou gañar; pódese comerciar con el (Rasse, 2006, 98-99 ; Weber, 2010, 573).

3.1.2. Particularidades do proceso en Galiza: os *terroirs* persistentes.

As características que Eugen Weber enumera para a Francia dos *terroirs* (que podería traducirse como a Francia das leiras) son case as mesmas que as da cultura labrega tradicional galega, o que é lóxico, sendo as dúas parte da cultura labrega europea. Porén, na Galiza o mundo de relacións do Antigo Réxime tiña as súas particularidades, nomeadamente no relativo ás relacións coa Igrexa. A unidade básica era tamén a comunidade rural e autárquica, na que os labregos vivían en aparente harmonía co clero e a pequena nobreza. Os representantes da Igrexa, a clase social hexemónica até o século XVIII, mantiñan una relación ambigua cos labregos: estes amosaban respecto, mais no fondo sentían un fondo anticlericalismo (Castro, 2007, 377). As feiras, festas, veladas (fiadeiras, muiñadas, etc.) e chocalladas constituíron, como noutros lugares de Europa até o fin do século XIX, a expresión da cultura do pobo, que era maioritariamente analfabeto. A través desas expresións o pobo expresaba, de forma disimulada, o seu descontento e exercía unha resistencia simbólica contra a aculturación pretendida pola Igrexa. Esta institución emprendera no século XIV unha cruzada contra os costumes populares, que consideraba contrarios á moral católica. A Igrexa pretendía impor unha concepción do mundo baseada nunha ética e unha moral que habían condicionar as prácticas culturais do cotián no futuro;

> De tal xeito que unha vez inseridas no corazón das familias, esta ética e esta moral acabarían reproducíndose por sí soas. De aí en principio a negación dos valores e da personalidade da cultura popular como unha cultura diferenciada da inspirada polos ideais de vida cristiáns. (Dubert, 2007, 31).

A alfabetización dos labregos e a imposición do uso do castelán, así como a substitución dos costumes populares por cerimonias cristiás, constituíron os instrumentos deste proceso de imposición cultural que só se interrompeu ao final do século XIX, no momento no que o estado liberal e a transformación económica socavaron a hexemonía cultural do clero (Dubert, 2007, 74).

As transformacións na estrutura do Estado español favoreceron o xurdimento dunha nova clase, a burguesía, que sen embargo non chegou a crecer en Galiza ao mesmo nivel que noutras áreas do Reino, nomeadamente Cataluña ou Euskadi. O proceso de industrialización foi lento e incompleto en Galiza, onde a burguesía non era o bastante potente e onde a fidalguía se resistiu até 1900 a perder os seus privilexios. As mudanzas do sistema de propiedade das terras a partir da desamortización non permitiron aos labregos mercar as terras até o principio do século XX, cando as remesas de cartos dos emigrantes en América forneceron dun capital que antes semellaba inaccesíbel. A emigración, masiva durante o período, constituíu unha verdadeira sangría para un país que perdeu 1,5 millóns de traballadores entre 1860 e 1960 (Barreiro, Carballo, López e Senén, 1979, 150). Porén, a interpretacion deste fenómeno por parte dos analistas non é unánime. Un sector fala dunha "renuncia masiva á revolta" (Ibídem, 151). Doutra banda, recentemente a noción de resistencia ten sido ampliada para comprender tamén aquelas actitudes aparentemente conformistas dentro das formas de oposición das

subalternas. A partir das ideas formuladas por James Scott, xa comentadas, algunhas historiadoras do campesiñado galego teñen proposto a hipótese segundo a que a emigración constituíu unha das formas de resistencia de baixa intensidade practicada polos dominados na Galiza, presionados polas circunstancias económicas e políticas que lles impedían actuar de maneira máis directa contra o poder (Castro, 2007; Cabana, 2013).

En todo caso, o proceso de transformación revestiu en Galiza trazos particulares en relación a Francia. A implantación das estradas e das vías de ferro foi muito máis tardía que noutros lugares da Península Ibérica, en parte por causa da morfoloxía montañosa da Galiza oriental, o que retrasou as relacións comerciais co interior. Porén, aínda que lentamente, unha industria conserveira tíñase establecido no litoral galego xa no século XVIII, da man de empresarios cataláns e bascos. A extracción de ferro e a manufactura de cerámica foron as principais industrias establecidas por unha burguesía local nacente, mais non chegaron a se consolidar. Esta feble clase burguesa acabou por se aliar coa fidalguía propietaria da terra para impedir aos labregos que se apropiaran do seu medio de traballo (Barreiro et al, 1979, 158-160). Esta hibridación entre a burguesía e a pequena nobreza, en palabras de Xavier Castro (2007, 383) ralentizou enormemente o proceso de mudanza en Galiza.

Outro factor que postergou as transformacións económicas e culturais na Galiza foi o modelo de familia troncal e numerosa, na que os fillos e fillas estaban sometidos aos intereses e valores dos pais e avós. Este tipo de familia caracterízase pola resiliencia e capadade de adaptación en conxunturas variábeis; os seus distintos membros organízanse para combinar as tarefas agrícolas tradicionais de subsistencia co traballo como xornaleiros en terras doutros e coas migracións estacionais ou temporais para exercer pequenos oficios. Esa flexibilidade para xerar ingresos permitía comercializar as explotacións adaptándose ás demandas dos mercados capitalistas, ao tempo que aseguraba a supervivencia do grupo doméstico e do modo de vida tradicional labrego.

> A pluriactividade familiar e a emigración temporal dalgúns membros da casa foron (…) a principal resposta económica das familias labregas galegas ante o mercado capitalista e urbano que subordinou economicamente ó mundo rural, coa bendición administrativa e légal do Estado liberal español, desde mediados do século XIX : A este só lle interesaba extraer man de obra, alimentos, impostos, soldados e, finalmente, votos, da Galicia rural (Soutelo, 2004, 57).

Outras voces da historiografía teñen matizado esta visión negativa da Galiza coma un territorio incapaz de saír do subdesenvolvemento. Apuntan a que cara a 1880 as capas labregas galegas comezaron a adaptarse ás innovacións técnicas e ás redes de comunicación para mellorar as súas condicións de vida. Impulsados polo avance do capitalismo no momento da implantación do estado burgués en España, os labregos souberon adoptar un papel protagonista no proceso de adaptación de Galiza ao novo sistema económico (Artiaga, Balboa e Fernández, 1997, 203). As vías férreas, unha vez completadas, fixeron posíbel o desenvolvemento dun comercio de gado que, nun primeiro momento, reforzou a economía labrega (Artiaga e Villares, 2007, 201). A loita pola propiedade da terra, que o estado burgués pretendía deixar aos burgueses,

acabou dándolle a vitoria aos labregos no decreto de 1926 que establecía a redención dos foros[112].

> La reforma agraria liberal se convirtió en el principal "pretexto para la acción" (…) y la protesta predominante tuvo las características de un conflicto comunitario en defensa de un modo de uso de los recursos y de un tipo de relaciones sociales, frente a la implantación de la propiedad privada y de la mercantilización cada vez mayor de elementos precisos para la preproducción campesina (Cabana, 2013, 40).

Lourenzo Fernández Prieto (2007) fala mesmo dunha explosión agraria iniciada en Galiza en 1903 e interrompida en 1936 polo golpe de estado de Franco. Ao mesmo tempo, a comunidade campesiña avanzaba cara a súa transformación en socedade civil, gozando de novas posibildades de participación social[113] para introducir formas novas de organización e de loita colectiva (Cabana, 2013, 41). A guerra civil e a posguerra supuxeron unha verdadeira creba nese proceso; o retroceso conseguinte borrou todos os avances experimentados durante o período anterior, o que levou ao seu posterior esquecemento (Artiaga et al, 1997, 209).

Sexa como for, todos os autores concordan no protagonismo social do campesiñado na sociedade galega do XIX. A predominancia desta clase foi consecuencia da ausencia doutros grupos máis dinámicos na sociedade galega contemporánea e do nulo interese do Estado español polo desenvolvemento autónomo de Galiza. Xustamente esa carencia que limitou o desenvolvemento da Galiza contemporánea (ibídem, 214) asegurou, ao mesmo tempo, a vitalidade da cultura popular tradicional até datas recentes.

3.2. CULTURAS DE RESISTENCIA.

No primeiro capítulo deste traballo aludíase á imposibilidade de definir a cultura popular sen facer referencia ao conflito social no que se desenvolve e do que, en grande medida, é consecuencia. O feito de situar o caso de estudo desta investigación nun período tan complexo como o dos anos da posguerra en Galiza (1939-1960), obriga a repensar as nocións anteriormente expostas para poder aplicalas a un contexto no que se produce unha tensión en varias direccións entre, por unha banda, o modo de vida tradicional que se resiste a desaparecer; un estado de tipo autoritario que trata de impor uns valores ideolóxicos que poden englobarse baixo a etiqueta de *casticismo*[114] pola outra; e, por último, a cultura de masas que de xeito serodio, acabará por penetrar as prácticas sociais e culturais xurdidas tras a definitiva –se ben deficiente- implantación do capitalismo no territorio galego.

Ao longo dos seguintes apartados exporase o xeito no que se concretizou na Galiza da Posguerra a chamada cultura de resistencia, un conxunto de tácticas

---

112 O foro era unha forma contractual de larga duración (a miúdo perpetua), pola que os propietarios das terras (pequena nobreza ou mosteiros) cedían aos labregos a súa explotación a cambio de certas condicións. Foi o sistema de propiedade das terras preponderante no rural galengo desde a Idade Media a 1926.

113 Nomeadamente o sufraxio universal masculino, aprobado en 1890; a Lei de Asociacións de 1887 ou a Lei dos Sindicatos Agrícolas de 1906.

114 Seguindo o relato de Helen Graham sobre a cultura popular durante a posguerra española, "*casticismo* operated as an inverted form of social imperialism, projected inward to reinforce an exclusive construction of the 'nation'". [o casticismo actuou como unha forma invertida de imperialismo social, proxectado cara a dentro para reforzar unha construción exclusiva da nación, t.p.] (Graham, 1995, 238).

desenvolvidas polas comunidades tradicionais labregas de Europa. Moitos dos trazos desta cultura remiten a aquilo que máis arriba foi designado como infrapolíticas das subalternas e coa expresión do seu discurso oculto, nomeadamente mediante as expresións da cultura popular. Durante as primeiras décadas do Franquismo os grupos subalternos galegos reactivaron algunhas das formas de resistencia simbólica propias do modo de vida tradicional, o que, nun contexto de forte de represión, constituíu a única alternativa para manter unha identidade diferenciada da que as autoridades trataban de impor.

A estratexia de aculturación promovida polo réxime franquista combinou a imposición dunha cosmovisión propia, caracterizada pola exaltación dos valores patrios e a recreación dun pasado glorioso para a nación española, coa progresiva apertura á penetración da cultura de masas, cuxos produtos eran o suficientemente inocuos e permitían contrarrestar o carácter autónomo da cultura popular. A instauración da sociedade de masas non se fixo efectiva en toda Europa até o remate da II Guerra Mundial, cando o consumo masivo facilitará a estandarización de todos os aspectos da vida, eliminando todo espazo para a creatividade popular.

Algunhas interpretacións consideran que a cultura masiva acabou por substituír e integrar todas as formas da cultura popular. Outras inciden na posibilidade de apropiación a través dos usos das formas culturais masivas, dando pé a novos sentidos non previstos pola maquinaria de produción cultural industrial. A dificultade radica en medir estas formas de bricolaxe cultural, dado que operan no terreo das marxes e na fugacidade do efémero.

3.2.1. Cultura de resistencia na sociedade tradicional galega: precendentes e reactivacións.

Tras o golpe de Estado de xullo de 1936, Galiza fica integrada na retagarda do bando sublevado, o que levou aparellada unha vaga represiva de grande violencia contra todos os individuos que apoiaran a República, alén da revocación de todas as conquistas sociais conqueridas no período anterior. Galiza pasa a ser considerada "a despensa do Exército Nacional", o que a devolve á situación de subalternidade e de atraso na que se mantivera durante a Idade Moderna. A resposta das comunidades rurais a esta situación resposta a o cálculo entre tres factores: o seu grao de cohesión interna, a consciencia da inxustiza e a capacidade de asumir os riscos dunha eventual acción de protesta (Cabana, 2013, 43). A intensidade da represión do réxime franquista, onde o mantemento da orde chegou a ser obsesivo, obriga ao campesiñado a recuperar vellas dinámicas de resistencia. Iso foi posíbel porque as formas de asociación desenvolvidas durante a primeira parte do século XX (nomeadamente a organización sindical agraria) non tiveran tempo de se implantar completamente e convivían aínda coas prácticas comunitarias, o que facilitou esa recuperación das formas de acción e de resistencia propias do Antigo Réxime (Ibídem, 46). En efecto, as formas de protesta cotiás nunca chegaran a desaparecer; tiñan convivido coas novas formas de organización e de loita colectiva posibilitadas polo Estado Liberal no contexto da loita dos labregos contra a mercantilización das economías rurais que aquel mesmo réxime pretendía levar a cabo desde finais do século XIX. Todo un repertorio de formas de loita "de baixa intensidade" (en termos de James Scott) pervivía no acervo cultural do campesiñado galego, formando parte da cultura da resistencia común do mundo rural europeo.

> Las formas de protesta empleadas durante el período franquista no son específicas de esa etapa histórica ni de la región geográfica en

> cuestión. Los modos de protesta que define el repertorio son sociológica e historicamente distintivos de las clases subalternas, especialmente del campesinado, porque parten de un acervo histórico, de un pasado común, de una "cultura de la resistencia" que proporcionan recursos que la población puede aprovechar en los márgenes que un estado como el franquista, en proceso de consolidación o ya consolidado, daba. (Cabana, 2013, 43).

Esta "re-activación do pasado" que mantén disponíbeis as formas de protesta funciona de dúas maneiras: por unha banda, a través do *hábitus*, das prácticas sociais continuadas de maneira inconsciente polo grupo; pola outra, pola representación do pasado a través de relatos, rituais e celebracións (ibídem, 44). É por iso que a cultura popular, eminentemente aquela que se expresa en contextos festivos, acolle frecuentemente formas de resistencia simbólica durante os anos da posguerra en España, o que a vincula co espectáculo que suscita a presente investigación. Máis arriba fixose referencia á noción de *hidden transcript*, o discurso colectivo xerado en espazos que fican á marxe do poder, mesmo na imaxinación da comunidade. Este discurso permite ás subalternas reafirmar unha visión do mundo propia e frecuentemente contraditoria coa visión do mundo dominante, a única que se permite expresar publicamente en contextos non democráticos (Scott, 1990, 5). Certos estudos históricos parecen confirmar que na Galiza da Idade Moderna as comunidades campesiñas trataban de preservar eses espazos nos que podían expresar libremente este discurso oculto, tal e como se deduce dos informes dalgúns cregos do século XVIII:

> (...) as reiteradas queixas destes párrocos refírennos a existencia dunha conciencia campesiña que, en certo modo, se resiste ao seu proxecto aculturante, na medida na que trata de manter un espazo operativo fóra desa orde eclesial, onde non se impoña a separación física entre os sexos e no que se ríe, se canta, se baila ou se berra sen orde nin concerto aparentes. En consecuencia, é no festivo onde se apreciará dun xeito máis claro esa loita habida entre as dúas dinámicas culturas e na que, por outra banda, acabará poñéndose en evidencia a resistencia dunha delas a perder definitivamente unha parte significativa do seu peso (Dubert, 2007, 51).

Así mesmo, a existencia dunha cultura de resistencia común ao campesiñado europeo está condicionada pola comparecencia de condicións de existencia análogas, que son as que en definitiva dan lugar a unha ou outra concepción do mundo. O modo de vida tradicional do campesiñado estaba organizado arredor da comunidade como forma de organización e de preservación desa visión do mundo compartida. E a comunidade constitúe, en efecto, unha condición imprescindíbel para que as formas de resistencia cotiá definidas por James Scott e analizadas por Ana Cabana para o caso galego durante as décadas de 1940 e 1950 poidan verificarse. A historiadora asume que a comunidade rural pervive e mantén a súa fortaleza durante as primeiras décadas do período franquista ("hasta convertirse en el sostén de la conflictividad", Cabana, 2013, 46), e que mesmo sobrevive á Ditadura para chegar aos nosos días. Contrariamente ás concepcións dualistas da comunidade como as de Ferdinand Tönnies, que sitúan o xurdimento do asociacionismo moderno sobre a previa desestruturación da comunidade, en Galiza ambas as dúas formas de organización convivirían durante moito tempo. Alén diso, fronte á visión romántica da comunidade como agregado homoxéneo, colectivista e igualitario, Cabana entende que dentro da

mesma conviven individuos con posibilidades distintas de acceso á propiedade e ao poder, aínda que partillen intereses comúns. A comunidade é "un agrupamiento de individuos envueltos en patrones de interacción regular dentro de una gran heterogeneidad" (Ibídem, 47). A súa unidade está estreitamente relacionada co nivel de ameaza ou de dominación ao que está suxeita, fronte ao cal dispón dos seus propios mecanismos de cohesión interna e de corrección de desigualdades, un dos cales sería o discurso oculto (Scott, 1990, 131).

Así pois, a pervivencia dos lazos comunitarios no rural galego durante o primeiro terzo do século XX permitiríalle ao campesiñado recorrer, tras o golpe de estado de 1936, ás únicas formas culturais de oposición e de resistencia que as circunstancias facían viabeis. Durante o período estudado as formas de oposición directa (os partidos políticos e a guerrilla) foron abandonadas (nomeadamente tras o remate da II Guerra Mundial, que frustrou as esperanzas daqueles que confiaran en que a derrota do Eixo levaría a unha intervención aliada no Estado Español). Porén, o disenso foi expresado de múltiples maneiras, tal e como deixan ver entre liñas os informes dos gobernadores civís ou, máis abertamente, os documentos internos da Falange, que se laian en moitos casos da escasa implantación do seu proxecto nas localidades do rural galego (Cabana, 2013, 50-51).

As autoridades franquistas consideraron que todo acto ou actitude fóra do establecido era unha mostra de disconformidade co réxime. Isto levou a considerar como disenso calquera forma de desacordo e actitude negativa, incluíndo formas tan dispares como a apatía, a desobeciencia civil e a protesta. Ademais, o disenso podía convivir co consentimento respecto doutros aspectos (Ibídem, 77). Así pois, non pode falarse dunha resposta homoxénea nin unívoca do campesiñado galego ao novo réxime, do mesmo xeito que non se pode falar do campesiñado como un todo homoxéneo (Ibídem, 54). A concepción defendida por Ana Cabana do campesiñado lembra a acepción proposta polos Estudos Culturais para o pobo tal que alianza transitoria de antagonismos. Un pobo, un campesiñado, que se vale do efémero e dos espazos non permanentes como escudo protector e garante da eficacia das súas tácticas, recuperando a noción de Certeau. O carácter fragmentario das mostras de disconformidade non debe levar, porén, a minusvalorar a súa impronta:

> (...) primero porque incomondan o asustan a las autoridades; segundo porque las identidades personales pueden ser preservadas a través de actos de no conformidad en contra del 'asalto' estatal por controlar la esfera privada; y tercero, y sobre todo, por la evocación que hacen de una actuación que puede ampliarse, multiplicarse y radicalizarse (Cabana, 2013, 79).

Cabana propón catro categorías dentro desta consideración ampla da resistencia civil, segundo o grao de confrontación co poder amosado, para clasificar as formas que adoptou o disenso entre o campesiñado galego das dúas décadas posteriores á instauración da orde nacionalcatólica. Por unha banda estaría a resistencia aberta, cuxas formas son as máis recoñecíbeis porque persisten na memoria colectiva e son reflectidas na documentación oficial; dentro destas contaríanse a negativa a pagar determinadas taxas ou cotas obrigatorias, as revoltas, os boicotes, e as formas de resistencia simbólica. Outra categoría agruparía formas de resistencia non dirixida ou protesta de facto, nas que é a acción o que importa, porque contribúe a desestabilizar o *status quo*, ainda que non se derive dunha vontade consciente de enfrontar o poder. Na Galiza da posguera, incluiríanse dentro desta categoría o apoio prestado aos guerrilleiros ou o estraperlo. A terceira categoría agrupa as formas de resistencia

institucionalizada, isto é, aquelas que botan man dos mecanismos do sistema para actuar en contra dos intereses deste; é o caso do recurso á Xustiza para denunciar algún cargo do franquismo ou outras vías de acción aproveitando os resquicios da legalidade imposta. A última categoría é a máis difícil de apreixar. Inclúe as formas de resistencia implícita: o descontento que non devén acción. Inclúe os rumores, "forma de expresión de disenso social en tanto que transmisores y generadores clandestinos de información." (Ibídem, 148).

3.2.2. Infrapolíticas e cultura popular baixo o Franquismo

Os rumores, tal e como amosan distintos informes das autoridades locais, chegaron a xerar a intranquilidade dos mandos franquistas. Constitúen unha forma de desacordo discursivo porque axudan a encamiñar o *hidden transcript* cara a arena pública, e polo tanto poden considerarse como unha expresión da resistencia simbólica, a carón doutras formas máis abertas como poden ser as cancións, relatos e representacións parateatrais desenvolvidas en contextos festivos (Scott, 1990, 161-175). O discurso oculto, a subcultura disidente das subalternas, só pode expresarse de xeito disimulado en contextos de forte represión. É por iso que se desenvolven formas de infrapolítica, continuando coa terminoloxía proposta polo politólogo norteamericano. Dentro da variedade de formas que este tipo de resistencia disimulada pode adoptar, as de tipo simbólico servirían para contrarrestar o discurso público dominante no plano ideolóxico, insinuando unha oposición ao mesmo. En contextos non democráticos a cultura popular constitúe o único espazo posíbel para a expresión pública do discurso político dos dominados. Alén diso, só o *hidden transcript* que pasa a ser expresado publicamente a través destas formas de infrapolítica pode chegar a recuperarse e a rexistrarse, se ben coa precariedade que levan aparelladas a oralidade e o anonimato que protexen habitualmente as expresións da resistencia simbólica. Scott distingue, dentro destas infrapolíticas, formas máis básicas (o que Cabana denomina "resistencia implícita"), como os eufemismos, os queixumes ou os rumores; e outras máis complexas, aquelas que forman parte das expresións públicas e institucionalizadas da cultura popular (Scott, 1990, 157). Éstas xogan cun duplo senso, sendo un deles sempre inocuo. A cultura popular, en si mesma, constitúe unha protesta implícita, ao reflectir os valores e experiencias dunha clase ou dun grupo, exercendo así unha resposta á degradación á que este grupo se ve sometido por parte da cultura oficial. Alén diso, a cultura, en virtude do seu carácter metafórico e do seu simbolismo polivalente, é un terreo propicio para o disimulo. A transmisión oral, típica das culturas das clases subalternas, fai destas formas culturais vehículos ideais para a resistencia simbólica pois permite aos creadores e/ou intérpretes individuais das cancións, relatos ou pezas dramáticas, refúxiarse tras o anonimato. Alén diso, distintas tácticas permiten a transmisión de mensaxes sediciosas a un número amplo de ouvintes. A comunicación oral admite o matiz, o disfraz, a evasión e a difuminación, segundo o grao de vixilancia á que é exposta. Así, o ou a cantora pode interpretar unha canción potencialmente sediciosa de distintas maneiras segundo o público ao que a dirixa: de xeito abertamente hostil, se canta para un público amigábel e seguro (isto só ocorre cando a comunicación se produce en lugares fóra da vista e do control dos dominadores); ou aparentemente inocuo, cando o público é hostil. Este último seria o caso das infrapolíticas ou formas de resistencia simbólica, xeradas en contextos onde o disenso aberto sería gravemente reprimido, poñendo en risco as vidas dos seus emisores (Ibídem, 162).

Durante o período que centra a análise de Ana Cabana para Galiza, coincidente co do universo de análise da presente investigación, as formas que adoptou a

resistencia simbólica ao réxime imposto violentamente en 1936 foron diversas e respostaron a distintos obxectivos. Constituían, a un tempo, unha forma de expresión e de reagrupamento colectivo, de defensa das identidades comunitarias, e un sistema de autoaxuda e alivio perante unha realidade moi dura (Cabana, 2013, 231). Para un réxime tan preocupado polo aspecto simbólico como era o franquista, toda ruptura das normas de representación oficiais era especialmente enervante, máis aínda no caso daquelas formas que, amparadas polo anonimato e a sutileza, non era quen de reprimir. Así, o pobo escudábase en situacións atenuantes como a ebriedade ou a vellez para dirixir os seus insultos cara ás autoridades do Réxime, contribuíndo así a minar o seu poder. Proba do grao de irritación que espertaban son as numerosas sancións emitidas contra os e as autoras de comentarios irónicos ou de burla; sancións que non deberon ser de grande eficacia, a xulgar polo seu elevado número (Ibídem, 238). O réxime tratou de controlar a linguaxe como parte da súa estratexia de xeración de consentimento e de presenza en todos os ámbitos da vida. Daí que as críticas fosen encamiñadas de xeito subrepticio nas cancións e ditos populares, nos que se ironiza sobre as autoridades falanxistas e eclesiásticas. Estas expresións eran tamén soporte da exaltación das actitudes diverxentes, o que contribuía a "publicitar tales actos y a sus protagonistas como referentes para la comunidad" (Ibídem, 243). Cabana detense amplamente na construción de mitos a partir das fazañas de guerrilleiros e outros individuos disidentes, relatadas en forma de proverbios, relatos ou cancións que permitirían preservar a memoria colectiva como espazo de resistencia (Ibídem, 253). Resistencia pasiva pero non resignada, dado que estas formas míticas de nova construción conterían unha semente de esperanza no futuro, pois,

> (…) si bien constituían un incentivo para la paz social, eran también una forma de manifestar el rechazo hacia las estructuras de poder que se impusieron por la fuerza de la sinrazón. Desde esta perspectiva, la dimensión mítica de la memoria sobre el fenómeno represivo se proyectaba no sólo hacia un pasado alienante, sino que también lo hacía sobre un futuro en el que los vecinos recuperaban la dignidad que les había sido arrebatada (Cabana, 2013, 255).

Aínda que Cabana non fai mención á reutilización de argumentos da ficción popular previa ao Franquismo para viabilizar unha resistencia simbólica a este réxime, non semella aventurado incluír a Barriga Verde, heroe antiautoritario dunha tradición de títeres de cachaporra de orixe europea, como exemplo dunha tal "reciclaxe mítica". O personaxe de Barriga Verde reúne as caractersísticas do que Scott denomina "trickster", o heroe abstuto dos relatos dos escravos afroamericanos que, apesar da súa febleza, "manage to outwit, ridicule, torture, ande destroy his more powerful enemy while at the same time inserting the narrative into an apparently inocuous context" (Scott, 1990, 164)[115]. Segundo a hipótese defendida neste traballo, o personaxe de teatro de títeres continuaría a constituír durante a Posguerra, tal e como fixera nas décadas anteriores, a cara pública dunha cultura oral que reforzaba un desprezo aos poderosos e a veneración da persistencia e astucia dos desfavorecidos.

A resistencia simbólica durante o Franquismo continuou a se expresar en determinados contextos festivos, percibidos como acontecementos extraorinarios pola comunidade e que permitían unha certa relaxación das regras de interación, onde se daba un ambiente xeral de licenza no que a expresión da crítica adoitaba ser indulxida

[115] Consegue ser máis listo, ridiculizar, torturar e destruir ao seu inimigo poderoso; todo isto insertando a narrativa nun contexto aparentemente inocuo. (t.p.)

(Scott, 1990, 174). Porén, o réxime tratou de controlar e de reprimir a celebración de bailes e carnavais (o mesmo que a Igrexa fixera cos fiadeiros e muiñadas, segundo relata Dubert, 2007, 50), aínda que sen moito éxito, xa que os bailes e os carnavais seguiron a celebrarse en moitos lugares, tal e como constatan os testemuños orais e as sancións económicas que as autoridades locais impuñan en caso de as detectar. Para Cabana, esta teimosía por manter as formas festivas comunitarias...

> (...) demuestra un grado significativo de impermeabilidad de la sociedad frente a las disposiciones del franquismo. Esto supone que tradiciones y ciertos modos de vida, de relación y de comportamientos anclados en el bagaje cultural se mantuvieron refractarios a los valores e ideología desarrollados por el régimen (Cabana, 2013, 252).

En relación co espectáculo obxecto do presente traballo, cabe indicar que durante os meses de inverno adoitaba representarse en salóns de baile do rural, como preámbulo ao baile que a propia familia de artistas ambulantes amenizaba co seu gramófono, frecuentemente sen contar coa autorización gubernativa pertinente[116]. Alén da táctica empregada para burlar as prohibicións do momento (a autorización para celebrar o espectáculo de cinema e títeres permitía "coar" o baile na mesma sesión), a hibridación dunha forma festiva propia do modo de vida preindustrial (os títeres de cachaporra) con produtos dunha incipiente industria cultural (os discos de canción española) preludia o tránsito a novas formas de socialización que van ir penetrando, co auspicio do réxime nacionalcatólico, para configurar novos hábitos de consumo e de comunicación asociados a novos modos de vida e novas concepcións do mundo.

3.2.3. Consolidación da cultura de masas en Occidente.

O fin do modo de vida tradicional campesiño, que Eugen Weber situou, no caso francés, ao remate da Grande Guerra ("une ligne symbolique de partage entre ce qui avait été et ce qui est", 2010, 565)[117], se ben non se verá concluído até ben despois da II Guerra Mundial (Rasse, 2006, 151), reviste trazos particulares no Estado Español pola especial política cultural que os sublevados contra a II República van impoñer a partir de 1939. Tales especificidades interesan para os fins do presente traballo, xa que determinaron a forma na que a cultura oficial foi consumida, lida ou empregada (segundo o papel máis ou menos activo que se lle confira ao pobo como receptor da mesma) durante as dúas primeiras décadas do Réxime Franquista, marco temporal ao que se cingue a análise. Porén, a pesar destas particularidades, o resultado do proceso será similar en España que no resto do Occidente capitalista: a expansión dun sistema de consumo masivo. Rematada a Primeira Guerra Mundial, boa parte de Europa continúaba estreitamente ligada ao *terroir*. Só unha pequena parte dos seus bens de uso cotián procedían da manufactura, o resto era producido a nivel local por artesáns ou labregos. O capitalismo industrial víase sacudido por crises periódicas, causadas polo desaxuste entre a oferta e a demanda. Para corrixir ese desaxuste, o sistema capitalista europeo tratou de estenderse ao resto do mundo, para o que precisaba desenvolver os medios de comunicación masiva que permitisen tecer as redes dun grande mercado planetario. Para conseguir que os mercados interiores, replegados sobre si mesmos, se abrisen, o grande capital industrial tivo que forzar unha mudanza

[116] como relata Juan Silvent na entrevista realizada durante a gravación do documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*, en setembro de 2011.
[117] Unha divisoria de augas entre o que foi e o que é (t.p.)

nos modos de vida: daí que o fordismo simbolice a estratexia do capitalismo para colonizar todas as vidas (Rasse, 2006, 151). O éxito deste modelo baséase na súa capacidade para atraer a incipiente clase media cara ao consumo, grazas aos prezos asequibeis do Ford T, acadados mercede á hipersegmentación das cadeas de produción onde os operarios, desposuídos do seu oficio, constitúen simples pezas, e só os enxeñeiros gozan do privilexio da especialización. O sistema fordista introduce a sociedade industrial de masas, onde a expansión do consumo é chave. Chega primeiro aos Estados Unidos durante o período de Entreguerras, e unha vez vencida a II Guerra Mundial, implántase sen obstáculos na Europa "liberada". A sociedade vai experimentar unha profunda mutación nos seus modos de vida. O consumo estandariza e masifica vivenda, transporte, alimentos, en detrimento dos modos de relacionamento tradicionais. As familias poden, a partir de entón, adicar unha parte dos seus ingresos aos bens da industria do lecer. A industria cultural acompañará e reforzará a imposición dos novos modos de vida (Rasse, 2006, 151-161).

A cuestión que permea este traballo é o espazo que esta nova cultura, a cultura de masas, deixa para as culturas populares. Isto é, trátase de determinar en que modo os grupos subalternos, o pobo (as "alianzas de antagonismos transitorias"), se expresan na sociedade que xenera esta nova cultura, hexemónica en Occidente desde a década de 1960. Trátase, evitando caer nun populismo que resultaría contraproducente alén de inxenuo, de rastrexar o papel activo das clases subalternas nesta cultura que teima en condenalas á pasividade.

A industria cultural consolídase, chegando mesmo a substituír á cultura popular, pois, "la razón secreta del éxito y el modo de operar de la industria cultural remiten fundamentalmente al modo como ésta se inscribe en y transforma la experiencia popular" (Martín-Barbero, 1991, 88). Trátase dun proceso conflitivo e inzado de negociacións, que se ten definido como inscripción ou aculturación (nas visións que centran o foco na emisión), pero que pode ser tamén apropiación, mediación ou adaptación, se a análise pon o acento na recepción, entendida esta tal que usos ou lecturas. Esta segunda perspectiva outorga un papel máis activo a quen recibe a mensaxe, mesmo lle atribúe unha vocación de oposición ou resistencia. Nas seguintes liñas analizarase o xeito no que ese proceso tivo lugar no Estado Español durante os anos da Postguerra.

3.2.4. Autarquía e cultura de masas contra cultura popular (ou a pesar dela)

Tras a Guerra Civil que asolou todo o territorio español (incluídos os territorios que quedaron baixo o control do bando Nacional inmediatamente despois da sublevación[118]) o Estado franquista tivo que construírse a través do exercicio da autarquía. Segundo a historiadora Helen Graham, a dimensión sociocultural da autarquía foi tan crucial para o proxecto franquista como a económica. "Autarkic structures and practices provided the means of social and cultural exclusion, and of physical and economic repression." (Graham, 1995, 237)[119]. O réxime tratou de exercer a hexemonía cultural mediante a difusión do que Graham chama "unha visión arcaizante", que inclúe unha revisión triunfalista da historia de España (existente como tal reino só desde a Idade Moderna) na que se destacan os mitos do Imperio "no

[118] Segundo Lourenzo Fernández Prieto, para Galiza a sublevación de xullo de 1936 "supuxo unha ruptura de proporcións aínda non totalmente ponderadas na articulación dos mercados, nas vías de especialización rexional desenvolvidas nos cen anos previos en España e mais nas condicións sociais e normativas nas que tiñan lugar as actividades económicas." (Fernández Prieto, 2007, 42)

[119] As estruturas e prácticas autárquicas forneceron os medios da exclusion social e cultural e da represión física e económica. (t.p.)

que nunca se pon o sol" e se promoven novas e ampulosas formas de cerimoniais protagonizadas pola Igrexa e polo Estado, un exemplo do que Eric Hobsbawn chamaría "invención de tradicións"[120].

No sistema cultural instaurado tras a vitoria, a cultura "culta" pertencía aos vencedores. O réxime promovía un culto ao folklorismo vacuo –escindido das comunidades que o orixinaran e lle daban sentido- nos produtos da cultura comercial, pasados todos polo filtro da ideoloxía dominante. "Commercial popular culture in all this forms was perceived as useful to the regime because (...) it was seen as pacificatory, offering malnourished and unhappy Spaniards a form of –ostensibly depoliticized- 'escapist' entertainment" (Graham, 1995, 238)[121]. Entre as formas susceptíbeis deste uso incluíase o fútbol e as touradas, os filmes de Hollywood, a literatura de quiosque, os seriais radiofónicos e as cancións populares. Graham localiza nestas últimas as pegadas da sensibilidade das subalternas.

Para unha grande parte da poboación, nunha tal situación de violencia social, a cultura traducíase na loita cotiá por cubrir as necesidades básicas. Isto inclúe a aplicación de distintas tácticas psicolóxicas para saír adiante naqueles tempos escuros. Segundo Graham, as cancións populares forneceron unha forma de catarse fronte á derrota. "This, however, was provided 'by proxy', in so far as the real cause of the grief and loss expressed could not be named" (Ibídem, 240)[122]. A conciencia popular tivo que aprender a expresarse de xeito elíptico para sortear a represión:

> In the songs, as in daily life, the meaning had to be sought not in the words, but in the tone or stress, or in the space between words. (...) This ellipsis came to signify more than just a refusal to communicate certain feelings or memories to others: it mean their suppression below the level of conscious thought itself (Graham, 1995, 240)[123].

Este refuxio do *hidden transcript* no faiado do inconsciente explicaría o frecuente rexeitamento de moitas persoas que viviron a posguerra a recoñecer abertamente a súa disconformidade co réxime franquista.

Graham suxire que algunhas cancións populares poden ser lidas como un comentario irónico "on the enormous distance separating real life from the national-patriotic 'moral superstructure' of Francoism." (Ibídem, 241)[124]. Estas cancións, así coma outras máis abertamente contestatarias, poden ser interpretadas como unha forma de resistencia cultural que axudou á xente a saír adiante. "They signify a kind

---

[120] 'Invented tradition' is taken to mean a set of practices, normally governed by overtly or tacitly accepted rules and of a ritual or symbolic nature, which seek to inculcate certain values and norms of behaviour by repetition, which automatically implies continuity with the past. In fact, where possible, they normally attempt to establish continuity with a suitable historic past (Hobsbawn, 1984, 1). [A tradición inventada vén significar un conxunto de prácticas, normalmente rexidas por regras aberta ou tacitamente aceptadas e de natureza ritual ou simbólica, que aspiran a inculcar certos valores e normas de comportamenteo por repetición, o que automaticamente supón continuidade co pasado. De feito, cando é posíbel, normalmente tratan de establecer unha continuidade cun pasado histórico apropiado. (t.p.)]

[121] A cultura popular comercial en todas as súas formas era percivida como útil ao réxime porque (...) era vista como pacificatoria, ofrecendo aos malnutridos e infelices españois unha forma de entretemento "escapista" –ostensiblemente despolitizado-. (t.p.)

[122] Porén, isto conseguíase 'por poderes', dado que a causa real do dó e perda expresada non podía ser nomeada. (t.p.)

[123] Nas cancións, como no día a día, o significado tiña que buscarse non nas palabras, mais no ton ou no acento, ou no espazo entre palabras. (...) Estas elipses viñan significar máis que un mero rexeitamento a comunicar certos sentimentos ou memorias aos demais: significa a súa supresion baixo o nivel do propio pensamento consciente. (t.p.)

[124] Sobre a enorme distancia que separaba a vida real da "superestrutura moral" nacional-patriótica do Franquismo. (t.p.)

of affirmative cynism in desperate times when so much human reciprocity had been reduced to the exchange value of the market" (Ibídem, 241)[125].

Segundo a autora, para a supervivencia no día a día era preciso pasar páxina e esquecer todo o que se perdera coa guerra, as aspiracións persoais e colectivas de "antes" debían ser autoreprimidas porque a súa memoria facía insuportábel a mezquindade do presente ("all the petty acts of mediocrity and prostitution (literal or metaphorical) which survival inevitably entailed" (Ibídem, 241)[126]). O oco deixado pola autorrepresión daquela memoria colectiva encheuse cunha mitoloxía alternativa do material, especialmente dos alimentos, como os bens máis devecidos nunha época marcada pola carestía. Vázquez Montalbán[127] denominou este proceso "despolitización organizada da conciencia social". A fame constituíu un instrumento (consciente ou non) de control social, pois serviu para erradicar os valores políticos inaceptábeis. "In the unremitting harshness of life, popular energy was channelled towards the securing of small personal respites" (Graham, 1995, 242)[128]. Así pois, esta cultura da supervivencia xerada a partir dos produtos da industria cultural da España autártica, se ben forneceu un mecanismo para a expresión subrepticia do descontento, reduciría as resistencias á penetración de formas culturais alleas, contribuíndo a achaiar o camiño á cultura de masas e de consumo capitalista.

> In spite of the evident contradiction between authoritarian catholic, national-patriotic culture on the one hand and the pre-consumerist values of much 1940[s] popular culture on the other, because the former impeded or atrophied independent critical thought, there is a sense in which it can be said to have facilitated the uncritical assimilation of new, consumerist cultural values –under the later guise even of rebellion against regime puritanism, or in some cases against the seriousness of the opposition (Graham, 1995, 243).[129]

Falouse máis arriba de como a cultura de masas houbo anular a cultura popular, se ben ésta conseguiu pervivir nos usos que fai dos produtos da cultura masiva. A visión de Graham, nese senso, é máis pesimista que ás dun Fiske ou dun DeCerteau, apaixonados defensores da potencia das tácticas das subalternas como fórmula de resistencia fronte á hexemonía. A proposta de Graham estaría na liña do traballo clásico de Richard Hoggart sobre os usos que as clases obreiras da Gran Bretaña dos anos 1940 facían dos produtos culturais producidos en masa para asegurar un goce á desesperada: "comment les stratégies marketing jouent avec la tendance hédonique des cultures populaires, à savoir prendre du bon temps quand cela est possible, quitte à obérer l'avenir, sans doute justement parce qu'il n'y a pas d'avenir" (Rasse, 2009, 59)[130]. Hedonismo resignado, cabería chamarlle á actitude aparentemente conformista

---

[125] Significan un tipo de cinismo afirmativo en tempos desesperados nos que tanta reciprocidade humana tiña sido reducida ao valor de cambio do mercado. (t.p.)

[126] todos os actos ruíns de mediocridade e prostitución (literal ou metafórica) que a supervivencia levaba inevitabelmente emparellada. (t.p.)

[127] *Crónica sentimental de España: una mirada irreverente a tres décadas de mitos y de ensueños* (Barcelona, 1980)

[128] Na implacábel dureza da vida, a enerxía popular foi canalizada a asegurar os pequenos alivios persoais. (t.p.)

[129] Malia a evidente contradición entre a cultura autoritaria católica e nacional-patriótica dunha banda e os valores pre-consumistas da maioría da cultura popular da década de 1940 pola outra, dado que a primeira impediu ou atrofiou o pensamento independente e crítico, nun senso pode dicirse que facilitou a asimilación acrítica dos novos valores consumistas –malia a segunda aparentar mesmo rebeldía contra o puritanismo do réxime, ou nalgúns casos contra a seriedade da oposición. (t.p.)

[130] como as estratexias de marketing xogan coa tendencia hedónica das culturas populares, a saber pasalo ben cando é posíbel, a risco de endebedar o futuro, sen dúbida xustamente porque non hai futuro. (t.p.)

dun pobo que non ve máis posibilidade de resistir que a través do desfrute momentáneo de certos bens que o sistema pon ao seu dispor, inhabilitadas as expresións propias da creatividade popular pola forza das novas condicións de existencia que o mundo capitalista trouxo aparelladas.

A proposta defendida neste traballo non nega o evidente impacto que a represión da Postguerra e o "desenvolventismo" da década de 1960 tiveron nas culturas populares labrega e operaria[131] existentes no Estado Español antes do Golpe de 1936. Porén, tratarase de sopesar até que punto esas culturas populares perviviron dalgún xeito (sempre precario e marxinal), camufladas nun uso que, en aparencia, denotaba aceptación do estado de cousas.

3.2.5. Entre a aculturación e a apropiación.

Durante as primeiras dúas décadas da Postguerra, a cultura popular en Galiza vaise ir conformando, polo tanto, a base de impulsos en direccións diversas e con frecuencia opostas. Se ben por unha banda as expresións da creatividade popular resisten á aculturación e continúan a portar consigo os contidos do discurso oculto das subalternas, en moitos casos estas expresións van esmorecendo ao perder o sentido práctico que motivara a súa creación, pois moitas delas estaban asociadas a determinadas tarefas agrícolas ou comunitarias que deixarán de practicarse a medida que o modo de vida capitalista se vaia implantando (Weber, 2010, 562). Tomando o exemplo das danzas tradicionais, que consituíran outrora unha expresión colectiva das comunidades rurais galegas (e que, o mesmo que en Francia, desempeñaban unha serie de funcións que ían desde a máxica á recreativa, sen esquecer a utilitaria de achaiar a terra ou a de ritual de seducción, Weber, 2010, 529); éstas serán progresivamente substituídas por danzas de tipo urbano, realizadas nun local acoutado para ese uso (salón de baile, campo da festa) e amenizadas por un organillo ou un conxunto musical que interpreta pezas orixinarias da incipiente industria da canción española. As danzas tradicionais, integradas polo Réxime (a través das agrupacións de "Coros y Danzas" da Sección Femenina da Falange) nunha versión estilizada e marcial, deixan de exercer o papel de socialización nas comunidades rurais. Este será desempeñado agora polos salóns de baile e as verbenas populares. As capas subalternas da poboación incorporan, deste xeito, formas novidosas de comunicación, producidas pola industria, e reinterprétaas. Seguido a perspectiva proposta por De Certeau e os *cultural studies*, esta reinterpretación dos usos culturais outórgalle aos grupos subalternos un rol activo que viría contrarrestar as lecturas negativas dun Eugene Weber ou dun Richard Hoggart. Deste xeito, lonxe dun proceso de aculturación, no que a cultura subalterna adopta acriticamente trazos da dominante (Burke, 2010, 94) óptase por falar de "apropiación" ou bricolaxe cultural (Ibídem, 133), procedementos considerados naturais no devir de toda cultura, dado que, recuperando as ideas de Gramsci, a cultura popular non deixa de constituír un conglomerado de concepcións do mundo, reflexo das condicións da vida do pobo en cada momento e lugar.

Asumindo que toda cultura está composta de empréstimos e de apropiacións, cabe preguntarse polas intencións que subxacen a estas: "hay que descubrir la lógica detrás de la elección, las razones, conscientes o inconscientes, que nos llevan a elegir

[131] En Galiza a cultura operaria era só incipiente no momento do golpe de estado fascista. A cultura popular labrega, como xa se viu, mantíñase vixente no rural e constituiría o principal foco de resistencia simbólica (Soutelo, 2004, 61; Cabana, 2013, 46).

ciertos elementos de un repertorio y a rechazar otros." (Burke, 2010, 104). Nese senso, as interpretacións que lamentan ou celebran a desaparición da cultura popular (as daqueles autores que consideran que ésta tería pasado a integrarse na cultura "única" dominante[132]) son aquelas que dan por feito que as prácticas culturais das subalternas no marco da hexemonía capitalista perseguen unicamente o entretemento. As expresións da cultura tradicional campesiña perden o seu sentido primixenio e, cando conseguen persistir, fano como puras reminiscencias pintorescas dun modo de vida pretérito. Os elementos residuais (orixinados na cultura pasada mais continuando activos no novo modo de vida) terían sido incorporados por completo á cultura dominante, isto é, a cultura de consumo de masas. Xunto a elas, as novas formas de entretemento, fornecidas pola industria cultural, serían adoptadas como mera fonte de esparcimento, de evasión ou de goce efémero, acorde ao "hedonismo resignado" do que falaba Hoggart.

Segundo Martín-Barbero (1991), a cultura de masas foi xestada lentamente desde o popular (135). Na segunda metade do século XX, cando a cultura devén espazo estratéxico da hexemonía, contribuíndo a difuminar as diferenzas e reconciliar os gostos, a cultura de masas construiríase a partir de sinais de identidade deformadas da cultura popular. Este proceso operaría a través dos "dispositivos de massmediación" encargados de cubriren o conflito de clase mediante a súa resolución no imaxinario dos dominados.

> A partir de los sesenta la cultura popular urbana es cercada por la industria cultural que deja cada día menos espacios fuera de su influencia, y traspone unos modelos que toma crecientemente del mercado trasnacional. La propuesta cultural se torna seducción tecnológica e incitación al consumo, homogeneización de los estilos de vida deseables, arrumbamiento de lo nacional en "el limbo anterior al desarrollo tecnológico" e incorporación de los viejos contenidos sociales, culturales, religiosos, a la cultura del espectáculo. En esa tarea la publicidad será esencial: transforma los productos comerciales en instituciones hogareñas al tiempo que contribuye a mitificar un "progreso" tecnológico que en las condiciones económicas, de las clases populares se traduce en desvalorización cotidiana de sus saberes y sus prácticas (Martín-Barbero, 1991, 212).

No Estado Español este proceso tamén se verificará, se ben coas particulariedades xa reseñadas, froito da súa situación política. A festa vai ser progresivamente substituída polo espectáculo: xa non se participa, mírase. O teatro popular das compañías itinerantes que percorrían os salóns rurais será progresivamente substituído polo cinema, e a música tradicional pola canción española e o pop. O pobo atopa nestes produtos culturais, subministrados en formatos novidosos mais combinados con contidos e expresións antigas, o material necesario para a construción de novos mitos. Hoggart, na súa descrición das clases populares suburbanas da Inglaterra dos anos 40 observa que as industrias culturais son aceptadas sempre que poidan asentar sobre unha actitude antiga (1958, 239, 339). Porén, a acción do masivo é sentida tal que desposesión cultural (Martín-Barbero, 1991, 87-88).

[132] Segundo Weber, a finais do século XIX "la culture populaire et la culture des élites étaient de nouveau réunies" (2010, 587) [a cultura popular e a das elites estaban de novo reunidas; t.p.]

Esta análise da integración da cultura popular por parte da masiva non exlcúe a posibilidade de que o proceso opere en sentido inverso. Por unha banda, o consumo dos produtos da industria cultural, malia levar aparellada a asunción acrítica da desigualdade social no cotián, pode tamén constituír unha plataforma sobre a que se constrúan resistencias.

> El consumo no es sólo reproducción de fuerzas, sino también producción de sentidos: lugar de una lucha que no se agota en la posesión de los objetos, pues pasa aún más decisivamente por los usos que les dan forma social y en los que se inscriben demandas y dispositivos de acción que provienen de diferentes competencias culturales (Martín-Barbero, 1991, 232).

De tal maneira que no contexto da cultura de masas hai un espazo para as "arts de faire" que operan nas marxes e no efémero, e por iso mesmo teñen poucas opcións de deixar unha pegada visíbel ou de desencadear unha transformación inmediata do estado de cousas. Porén, son quen de "marcar la realidad política con unha huella duradera, no de impedir las formas de dominación, sino de condicionarlas y modificarlas" (Levi, 99, citado por Cabana, 2013, 282).

A natureza marxinal e efémera desas tácticas operadas nas prácticas de consumo cultural limita a posibilidade de determinar o grao de influencia que poidan ter na resistencia á dominación. Do mesmo xeito, o modo no que determinados elementos residuais da cultura popular manteñen vixente a súa potencia opositoria é difícilmente mesurábel, especialmente cando operan en combinación con expresións massmediadoras que contribúen á implantación da cultura de masas a partir de elementos recoñecíbeis da cultura popular. Tal situación corresponde ao caso de estudo do presente traballo.

3.3 MEMORIA, PEGADAS DA CULTURA TRADICIONAL E PROCESOS DE PATRIMONIALIZACIÓN.

Para trazar o mosaico teórico que soporta este traballo realizouse un percurso polas problemáticas arredor das chamadas culturas populares, especialmente por aquelas perspectivas centradas no papel das expresións desas culturas como configuradoras do devir dos sectores sociais subalternos e nas tácticas deses sectores na súa relación co poder político. Como xa se advertía ao principio, toda ollada que se pouse nas expresións culturais dos grupos subalternos de tempos pretéritos debe asumir a dificultade de traballar con pegadas escasas, difusas e en moitas ocasións manipuladas polo nesgo dun tradutor pertencente a outra clase. A natureza eminentemente oral da maior parte destas pegadas dificulta ou imposibilita a súa recolla e estudo actuais, o que leva a cuestionar a lexitimidade dun tal estudo, conducindo, unha vez máis, ao *cul de sac* do miserabilismo. O mesmo ocorre cos procesos de patrimonialización dos bens culturais materiais ou inmateriais propios daqueles grupos. Non en balde, este traballo intégrase nun proceso dese tipo, pois aspira a dar visibilidade e contribuír á comprensión dunha expresión pertencente a unha subcultura marxinal e, en consecuencia, escasamente atendida polas institucións científicas. Tal comprensión, enténdese, fará posíbel unha ulterior reapropiación do fenómeno pola sociedade como parte da súa identidade e memoria colectivas, dúas nocións problemáticas que adoitan acompañar a idea de patrimonialización.

Nos seguintes apartados establecerase a noción de memoria adoptada neste traballo, que se sustenta nunha concepción construtiva que entende a memoria

colectiva como, por unha banda, resultado da sedimentación de múltiples experiencias subxectivas, e o resultado dunha vontade compartida de construír un relato común, pola outra. A transmisión da memoria colectiva, fronte ao establecemento de relatos históricos, apóiase nese carácter diverso e heteroxéneo que é propio dos suxeitos subalternos.

A construción do patrimonio como acto participado por unha determinada comunidade susténtase nun proceso semellante, polo cal determinadas memorias do pasado son recuperadas e obxecto dunha transformación simbólica. Fronte a nocións liberais e verticais que entenden o patrimonio como o reflexo da tradición selectiva dunha cultura dominante, atenderase a procesos de activación patrimonial promovidos polas comunidades, que aspiran a pór en valor os bens culturais que conformaron o seu pasado. Estas iniciativas son o resultado dunha decisión colectiva no presente pola cal se constrúe un vínculo cun Outro que habitou o pasado. Un grupo social reclámase depositario dunha memoria social antiga, que desta maneira volve a ser memoria colectiva. O feito de producírense en contextos de mudanza cultural, nos que os bens obxecto de patrimonialización están en risco de desaparición, outorga a estes procesos unha virtualidade como axentes de adaptación ou de resistencia colectiva ás mudanzas.

A patrimonialización dos colectivos sociais marxinalizados, sen pegada, é dobremente problemática. Nese caso, cada ben recuperado constitúe unha vitoria furtiva contra o tempo, e a súa activación por parte da xeración do presente presenta unha serie de potencialidades reivindicativas da diversidade e da identidade que o convirten nun acto de intensa carga política.

A reactivación dos bens como patrimonio constitúe, en todo caso, un proceso esencialmente comunicativo, polo cal unha xeración receptora modifica o significado dun ou dunha serie de bens que decide colectivamente incorporar ao código cultural do seu presente, devindo emisora para sucesivas xeracións. Para que este proceso sexa efectivo debe comparecer un sentimento de pertenza que permita a apropiación simbólica a este legado patrimonial. Nese senso, a construción de identidades colectivas, como representación consensuada polos membros dunha comunidade dos seus elementos comúns, constitúe un dos valores dos procesos de activación patrimonial como o que será obxecto de análise neste traballo.

3.3.1.Memorias colectivas: entre o imposíbel e o imprescindíbel

> (...) chaque mémoire individuelle est un point de vue sur la mémoire collective. (Halbwachs, 1968, 33).

Falar de patrimonio cultural remite inevitabelmente á noción de memoria que, ao igual que a de identidade, constitúe unha construción social e polo tanto é produto dunha axencia e de decisións historicamente adoptadas. Maurice Halbwachs, un dos principais defensores da idea da memoria colectiva, considera que mesmo as memorias máis íntimas de cada individuo son construídas sobre un substrato de vivencias compartida no interior dun grupo, sexa este maior ou menor (por exemplo, o núcleo familiar). As memorias individuais constituirían parte dun fluxo de pensamento colectivo: "On ne se souvient qu'à condition de se placer au point de vue

d'un ou de plusieurs groupes et de se replacer dans un ou plusieurs courantes de pensée collective." (Halbwachs, 1968,15)[133].

Joël Candau diferencia tres tipos de memoria individual, coas súas correspondencias no plano colectivo. Empeza pola protomemoria, "experiencia incorporada" que permite actuar sen someter cada acto á continua toma de decisións (Candau, 2001, 19-20). Este tipo de memoria lembra á noción de *hábitus* de Bourdieu ou á de habituación, que Berger e Luckman colocaron na orixe de todo proceso de institucionalización social (Berger e Luckman, 1998, 75). A protomemoria é unha memoria imperceptíbel, inconsciente. Séguelle a memoria propiamente dita, a lembranza ou recoñecemento convocados deliberadamente ou evocados de xeito involuntario. Por último, a metamemoria é a representación que cada individuo fai da súa memoria e o que expresa desa memoria. A metamemoira é, por tanto, a memoria reivindicada e a que conduce á construción explícita da identidade (Candau, 2001, 21). Dado que a facultade de lembrar é, considera, individual, Candau nega a posibilidade dunha protomemoria colectiva e entende a memoria colectiva como unha forma de metamemoria, "un enunciado que los miembros de un grupo quieren producir acerca de una memoria supuestamente común a todos los miembros de ese grupo" (Ibídem, 22). A memoria colectiva sería, polo tanto, o resultado dunha vontade de sumar lembranzas, de construír unha comunidade que é tan só hipotética (posto que os estados mentais son únicos e imposíbeis de comunicar). A memoria colectiva constituiría unha área de circulación das lembranzas individuais delimitada a través de actos colectivos de memoria. (Ibídem, 32). As lembranzas, repetidas e transmitidas dentro dun grupo humano de xeito durábel, acaban por convertirse en representacións culturais (simultaneamente individuais e públicas).

Berger e Luckman si entenden a posibilidade dun corpus ou depósito común de coñecemento (de protomemorias) nos que se incorporarían as biografías e experiencias partilladas por un grupo de individuos. Porén, puntualizan, para que esa "sedimentación intersubxectiva" poida considerarse social ten que se ter obxectivada nun sistema lingüístico, é dicir, ten que surxir a posibilidade de "objectivizaciones reiteradas de las experiencias compartidas. Sólo entonces hay probabilidad de que esas experiencias se transmitan de una generación a otra, y de una colectividad a otra" (Berger e Luckman, 1998, 91).

Todos os autores citados atribúen ao elemento comunicativo, á transmisión, un papel decisivo na conformación da memoria colectiva, tanto se é entendida como representación ou como sedimentación intersubxectiva. Halbwasch aborda a cuestión da transmisión das memorias colectivas (memorias "vivas" dentro dunha comunidade) e define como memoria social aquela composta de restos de antigas memorias colectivas que deviron "correntes de pensamento", ou pegadas do pasado que nutriron da súa materia á historia (entendida como "reconstrution socialle d'un temps abstrait substitut du passée"[134] Davallon, 2002, 57). Eses restos de memorias colectivas, transmitidos tamén a través das memorias persoais ou individuais (os avós que educan os netos nos valores propios do seu mundo, xa extinto) serven de soporte dun traballo para darlles senso e significación, para integralas nun relato histórico (Halbwachs, 1968, 50). Pois "l'historie ne commence qu'au point où finit la tradition,

[133] Só lembramos a condición de situarnos no punto de vista dun ou de varios grupos e de recolocarnos nunha ou varias correntes de pensamento colectivo (t.p.).
[134] reconstrución social dun tempo abstracto substituto do pasado. (t.p.)

moment où s'éteint où se décompose la mémoire sociale. Tant qu'un souvenir subsiste, il est inutile de le fixer par écrit" (Ibídem, 68)[135].

A memoria colectiva forma parte dunha corrente de pensamento continuo, mentres que a historia organiza o pasado segundo períodos estancos. A memoria dunha sociedade desaparece cando desaparecen os grupos dos que se compón. As memorias son diversas e múltiples, como son diversos e múltiples os grupos que as compoñen. Pola contra, a historia busca a unicidade, a xeralización nun esquema cronolóxico e espacial que non pode reter todas as variábeis de espazo e tempo, e que se centra nas modificacións operadas no plano diacrónico (Ibídem, 70-77).

Fronte á historia entendida como relato oficial dun pasado colectivo, a memoria social perténcelles a aqueles sectores con menor ou nula presenza no discurso dominante. Pierre Nora reivindica esa concepción da memoria, como construción colectiva que presupón, necesariamente, unha ruptura co pasado:

> Ce que l'on appelle aujourd'hui communément mémorie, au sens ou l'on parle d'une memoire ouvrière, occitane, féminine, est (...) l'avénement d'une conscience historique, d'une tradition défunte, la récuperation reconstitutrice d'un phénomène dont nous sommes séparées, et qui intéresse le plus directement ceux qui s'en sentent les descendants et les héritiers: une tradition que l'histoire officielle n'avait pas nullement éprouvé le besoin de prendre en compte parce que le groupe national s'était le plus souvent construit sur son étouffement, sur son silence [...] Cette mémoire est en fait leur histoire" (citado por Davallon, 2001, 54)[136].

3.3.2. Construír o patrimonio: entre a escolla e a invención

Todo rexistro dunha cultura pasada resposta a unha selección realizada atendendo aos intereses dun determinado grupo social, que decide pór en valor e enfatizar uns elementos da súa cultura vivida por riba de outros. Normalmente, son os grupos dominantes de cada período os que privilexian aquelas expresións da súa cultura vivida que máis conveñen ao seu relato da historia dun pobo, ou o que é máis habitual, dunha nación que precisa reforzar o sentimento de pertenza das persoas que debe aglutinar. Raymond Williams chamou "tradición selectiva" a este construto simbólico que acaba por xerar unha nova cultura "ideal", ao tempo que exclúe determinados aspectos do que foi a cultura vivida e que non lle interesa resaltar (Williams, 1975, 38-39). Eric Hobsbawn (1984) falou da "invención de tradicións" para referirse ao proceso concreto de elaboración de rituais ex novo, ou a partir de expresións anteriores relaboradas, para consolidar o novo estado burgués na Europa de finais do século XIX e primeira metade do XX. É precisamente nese marco cronolóxico no que pode ubicarse o nacemento da noción liberal do *patrimonio*, termo

[135] a historia só comeza no punto no que remata a tradición, momento no que se apaga ou se descompón a memoria social. Mentres unha lembranza subsiste, é inútil fixala por escrito. (t.p.)

[136] O que hoxe chamamos comunmente memoria, no senso no que falamos de memoria operaria, occitana, feminina, é (...) o advento dunha consciencia histórica, dunha tradición difunta, a recuperación reconstituínte dun fenómeno do que estamos separados e que interesa máis directamente aqueles que se senten os seus descendentes e herdeiros: unha tradición que a historia oficial nunca tivo a necesidade de tomar en conta porque o grupo nacional foi as máis das veces construído sobre a súa extinción, sobre o seu silencio [...] Esta memoria é de feito a historia deles. (t.p.)

orixinalmente vencellado a cuestións xurídicas referidas a propiedades particulares e por tanto restrinxido á esfera do privado[137].

A idea dun patrimonio cultural como herdanza colectiva provén da Revolución francesa e do nacemento do Estado Liberal. O patrimonio cultural pasou a entenderse, entón, como representante lexítimo do que é común a toda a cidadanía, e por tanto propiedade colectiva. O Estado-Nación burgués, como construción libre dos individuos, debía respostar aos postulados filosófico-políticos da Ilustración e lexitimarse sobre unha refundación cultural da historia da Nación, de xeito a asentar o seu presente sobre un pasado sólido (Sierra, 2000, 384-386). O termo patrimonio separábase así da súa acepción orixinal como traspaso de propiedades para pasar a consistir na transformación simbólica pola cal se lles atribuía un estatuto simbólico especial a determinados bens colocados na esfera pública. Ese estatuto coincidiu, nun primeiro momento, cos valores hexemónicos do estado burgués, que primaron aqueles elementos que contiñan os atributos venerados polos cánones estéticos da chamada alta cultura. "O patrimonio cultural non quedou á marxe da dicotomía entre o 'culto' e o 'popular' cando se configuraba a súa noción mediante segmentacións derivadas da nova división de clases na sociedade contemporánea" (Ibídem, 389). Este culturalismo inicial, que primou os bens culturais de carácter monumental xerados no ámbito eclesiástico ou aristocrático, foi dando paso ao longo da segunda metade do s. XX a unha noción máis ampla do patrimonio cultural na que se integraron tamén determinadas creacións das clases subalternas. En paralelo ás distintas correntes que ían xurdindo na disciplina antropolóxica, nas que se avogaba por unha visión ampla da cultura, considerada como fenómeno social vinculado a un espazo e a un momento dados, a noción de patrimonio cultural foise ensanchando para dar cabida a obxectos, saberes e construcións que constitúen un testemuño da vida de comunidades humanas diversas e alleas ao poder político. Este proceso foi acompañado dunha toma de conciencia progresiva de determinados grupos sociais sobre a importancia estratéxica da reivindicación de determinados bens culturais como vía de reafirmación identitaria e de axencia social (Ibídem, 388).

En efecto, os movementos de activación patrimonial dos bens culturais dos grupos subalternos da sociedade xorden precisamente cando os modos de vida orixinais nos que se expresaron tenden a desaparecer. O chamado patrimonio etnográfico serve, así, para representar aquelas identidades en proceso de transformación, achegándolles un novo sentido, ou unha nova vida, tal que obxectos patrimoniais e testemuños do que foron algún día e xa non son (Pereiro, 2008, 132, Leal, 2013,9).

3.3.3. Patrimonializacións sen a comunidade.

Os movementos que entenden o patrimonio cultural como activo nas mans das comunidades chocan coa concepción máis frecuente do patrimonio etnográfico como subordinado ao patrimonio arqueolóxico e reducido a "legado do pasado, sen lecturas de proximidade, familiaridade, identidade, biografía e habitualidade" (Pereiro, 2008, 133). Tamén é frecuente reducir o patrimonio cultural dos grupos sociais subalternos a patrimonio histórico-artístico, de xeito que fica suxeito aos cánones estéticos da cultura dominante, e por tanto xerarquizado e clasificado dentro do esquema dicotómico alta/baixa cultura:

[137] Na súa acepción romana, o termo *patrimonium* designaba unha lexitimidade familiar que facía perdurar a herdanza.

> Deste xeito, o "etnográfico" é construído como se fose un monumento estetizado (ex: o muíño como monumento, o hórreo como retablo relixioso) e sacralízase na súa función representadora estetizante. O etnográfico é convertido en decoración, mudados os seus valores de uso orixinal polos valores decorativos e mercantís (Pereiro, 2008, 135).

Estas concepcións "nostálxicas" teñen sido habituais en Galiza, onde o movemento patrimonializador foi emprendido nos anos 20 do século XX polos membros da xeración Nós e os seus discípulos do Seminario de Estudos Galegos. Estes grupos foron pioneiros no exercício da antropoloxía en Galiza, como parte da reconstrución histórica e cultural do país. Nese sentido, exerceron unha práctica patrimonial, entendida como acción de rescate e salvagarda dunha tradición cultural en intensa mudanza. Estes autores non manexaban a noción de patrimonio cultural:

> O folclore e o conxunto de saberes, prácticas ou costumes da cultura material e espiritual informan a singularidade histórica por eles definida, polo que a práctica etnográfica é unha parcela da tarefa documental subministradora de datos para a reinterpretación da historia de Galicia que os homes de Nós tiñan que acometer sobre o "pre-texto" de partida representado pola *Historia de Galicia* de Murguía (Sierra, 2001, 396).

Elaboraron unha teoría da historia de tipo esencialista, supeditada "á necesidade de fixar o horizonte temporal no que emerxe a alma diferenciadora do home galego, onde cristaliza o seu carácter diferencial e no que se recoñece a etnia portadora desa identidade" (Ibídem, 394).

O traballo deste colectivo, se ben meritorio, estivo carente, segundo algunhas críticas, "das correspondentes análises sociais e das identidades sociais" e serviu de alicerce teórico para crear "unha identidade mítica e monolítica que exprese o comunitarismo, a harmonía social, a igualdade e a homoxeneidade social. O obxectivo era reafirmar que os galegos eramos españois, europeos e universais e tamén mansos, conservadores e tradicionais." (Pereiro, 2008, 136). Un enfoque que influenciou en grande medida as prácticas patrimoniais das institucións autonómicas, unha vez rematado o período franquista. Deste xeito, o patrimonio etnográfico tal e como é entendido actualmente desde as institucións ampárase nunha visión dicotómica das identidades, onde o rural e o urbano son compartimentos estancos e só o rural é considerado auténtico e identificábel coa esencia galega. O urbano non foi considerado relevante nin expresivo dos "modos de vida tradicionais do pobo galego" (tal e como define o patrimonio etnográfico a Lei de Patrimonio Cultural 8/1995, no seu artigo 64). Paradoxalmente, o ruralismo foi definido como característica da identidade colectiva galega por persoas de procedencia urbana, axentes patrimonializadores dominantes que deste xeito neutralizan e despoxan de memorias críticas os elementos escollidos. De tal xeito que se pode dicir que en Galiza os movementos patrimonializadores impulsados *top-down* favoreceron o esquecemento, a ruptura entre patrimonio cultural e memorias individuais e colectivas. (Ibídem, 137).

3.3.4. O patrimonio activado como recurso colectivo

A experiencia galega amosa o xeito no que as prácticas patrimonializadoras reflicten as relacións de subalternidade e de dependencia cultural vixentes na sociedade. A patrimonialización –o que Raymond Williams chamaría "construción da

tradición selectiva"- consiste na selección de determinados elementos da cultura vivida nun momento do pasado para a súa activación como patrimonio cultural no presente. Constitúe pois un trazado de fronteiras lexitimadoras, realizado segundo criterios ideolóxicos. Estes criterios terían evolucionado desde a exaltación do Estado-nación por parte do Estado liberal ao longo do século XIX até os movementos xurdidos a partir de 1968, nos que distintos colectivos cidadáns comezan a reivindicar desde o local a defensa dun patrimonio cultural que senten como propio, nun proceso que Sierra denomina "reconquista do patrimonio" por parte dos seus propios actores, tradicionalmente tratados como o "outro" na antropoloxía académica de perspectiva *etic*. Baixo o paraugas deste movemento de natureza identitaria desenvólvense por toda Europa prácticas sociais de patrimonialización, nas que as comunidades emprenden a reapropriación, posta en valor e xestión dos bens culturais recoñecidos como parte da súa historia e espello da súa identidade colectiva (Sierra, 2001, 413). Na mesma liña, a *Convención da Unesco para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial* de 2003 veu amparar as iniciativas xeradas desde a base e promoveu a introdución da noción antropolóxica de cultura, "na sua formulação moderna" nas políticas de conservación e activación patrimonial dos estados (Leal, 2013, 5).

Estes movementos fundaméntanse nunha concepción do patrimonio cultural como o resultado dun proceso de (re)construción cultural polo cal unha memoria social antiga (un "resto" dunha memoria colectiva dun grupo social en vía de mutación, en termos de Halbwachs) é transformada de novo en memoria colectiva, é dicir, viva e compartida Davallon denomina "memoriación" a este proceso (Davallon, 2002, 57-60). Así, a patrimonialización é o resultado dunha decisión tomada no presente por un grupo social concreto que decide construír un vínculo con un Outro que habitou o pasado. Leva aparellado un dó, un ritual de pasaxe dunha memoria antiga a unha nova. O grupo social que impulsa a activación patrimonial do tal obxecto reivindícase herdeiro, depositario do achádego do obxecto patrimonializado. A diferenza das memorias, que son transmitidas até o presente polos seus depositarios e recollidas polos grupos sociais novos, os obxectos patrimonializados son restos de antigas memorias colectivas, pegadas do pasado que alguén atopa. Así pois, a patrimonialización conmemora un achádego. É mediante a recepción do mesmo (a través da visita, da representación ou outras formas de comunicación) que ten lugar este proceso de mediación entre o mundo do Nós e o dun Eles pretérito (Ibídem, 60). Por tanto, se ben o patrimonio cultural pode ser usado para reforzar unha hexemonía, pode tamén contribuír a activar memorias. Constitúe, así, un recurso precioso de desenvolvemento comunitario, o que o convirte nun activo de futuro.

> Le patrimoine (naturel et culturel, vivant ou sacralisé) est une ressource locale qui ne trouve sa raison d'être que dans son intégration dans les dynamiques de développement. Il est hérité, transformé, produit et transmis, de génération en génération. Il appartient à l'avénir. (Varine, 2005, 15)[138].

Deixando, pois, de lado o patrimonio cultural producido polas institucións dominantes (as tradicións selectivas ou inventadas polos gobernos occidentais ou os "tesouros nacionais" enaltecidos polos reximes autoritarios), interesa centrarse nunha concepción do patrimonio cultural como recurso colectivo e participado polas

[138] O patrimonio (natural e cultural, vivao ou sacralizado) é un recurso local que non atopa a súa razón de ser mais que na súa integración nas dinámicas de desenvolvemento. É herdado, transformado, producido e transmitido, de xeración en xeración. Pertence ao futuro (t.p.)

comunidades locais, que constituirá o conxunto de bens culturais e naturais, materiais e inmateriais, que os membros dun grupo social entenden e reivindican como patrimonio. Enténdese que tal iniciativa xorde a partir dun corte na transmisión deses bens, que motiva a necesidade de preservar ou recuperar, co aval dun traballo científico ou histórico que lles outorga un estatuto de obxecto auténtico e os fai falar como testemuños do mundo orixinal (Davallon, 2002, 58).

O obxecto patrimonializado convírtese así nun *medium* co pasado que é reconstruído creativamente desde o presente, para o futuro. Non debe confundirse, por tanto, esta forma de creatividade que procede a partir dunha ruptura para restablecer, dalgunha maneira, un vínculo co pasado, coa creatividade cíclica na que opera a tradición nas culturas de transmisión oral, onde a continuidade está garantida por unha reprodución permanente de obxectos e saberes transmitidos ininterrumpidamente (se ben con posíbeis variacións). Nas sociedades contemporáneas, nas que o corte coa tradición é indefectíbel, a escolla sitúase entre a innovación absoluta ou a reconstrución a partir das pegadas daquilo que se perdeu, a "creatividade-ruptura" (Davallon, 2002, 50-51).

Unha reconstrución tal permite convertir o patrimonio en recurso de desenvolvemento local, sempre e cando se faga de xeito participado polas comunidades. Nese caso, cando é produto dun diálogo entre as mudanzas e a memoria dunha comunidade, o patrimonio pode constituír un capital sostíbel e renovábel, como motor da iniciativa e a creatividade locais, segundo defende Hugues de Varine (2005, 30-32). Este autor, impulsor do movemento patrimonializador en Francia, considérao un acto político no que as comunidades deben ser axentes activos das mudanzas que afectan ás súas vidas. O valor dos bens culturais do pasado, materiais e inmateriais, debe formar parte da conciencia colectiva desa comunidade para que o proceso patrimonializador sexa exitoso.

Nesa mesma liña, o artigo 15 da Convención da Unesco establece que os estados deberán tratar de "lograr una participación lo más amplia posible de las comunidades, los grupos y, si procede, los individuos que crean, mantienen y transmiten ese patrimonio y de asociarlos activamente a la gestión del mismo" (Unesco, 2003, 6). Se ben esta recomendación constitúe unha oportunidade para renovar lazos coas poboacións, a súa aplicación real ten sido obxecto de críticas. Segundo Noël Barbe, a Convención foi aplicada en Francia, no relativo á participación, "seja como uma simples formalidade sem conteúdo ou uma técnica de governo, sem que se discuta as formas participativas das 'comunidades', dos 'grupos', dos 'individuos'" (Barbe, 2011, 31-32). A pesar destes riscos, a Convención posibilita un deslocamento, ao suspender a distribución de competencias preestablecidas nas activacións patrimoniais (habitualmente atribuídas de xeito exclusivo a técnicos e especialistas), e facilita a produción e reconfiguración do disenso (Ibídem, 32).

3.3.5. Pegadas dos sen pegada

Outro problema que subxace ao debate sobre os procesos de patrimonialización das culturas populares é o da dificultade de activar como patrimonios os restos das memorias sociais de grupos que deixaron de existir e que, durante a súa vida, non tiveron posibilidade de garantir o rexistro ou a perdurabilidade das súas formas culturais. En moitos casos, nomeadamente no das subculturas nómades (das que as comunidades peripatéticas son parte), o feito de non deixar pegada constitúe mesmo un garante para a supervivencia do grupo. Para as culturas destes colectivos marxinalizados e/ou perseguidos, os elementos susceptíveis de patrimonialización,

aqueles que conseguen chegar até o presente dun Nós que o decide atoptar como parte da súa tradición cultural, son escasos e en estado de degradación elevado, o que fai que en moitos casos o proceso patrimonial deveña unha operación case detectivesca: "Face à ces formes d'exfiltration et de dissolution des groupes et des êtres il ne reste plus qu'à chercher à detecter une présence, à retrouver la trace." (Bernardot, 2011, 344)[139]. Bernardot denomina "sans-trace" (sen pegada) aqueles colectivos subalternos dos que, as máis das veces, "les quelques traces ruinées qui restent témoignent plus des processus de domination impériale ou nationale sur les subalternes que de l'existence et de la culture de ces derniers." (Ibídem, 344)[140].

Nalgúns casos, así e todo, os colectivos subalternos obteñen pequenas conquistas furtivas ao deixar a pegada da súa existencia itinerante e desviada. Neste caso, as pegadas constituirían aqueles elementos residuais definidos por Raymond Williams. Eses contidos culturais orixinados no pasado, de continuaren activos no presente, representan unha alternativa á cultura dominante, o que os convirte nunha ameaza e explica os intentos da hexemonía por asimilalos. Noutros casos, trátase de elementos do pasado "arcaicos", isto é, que deixan de ser activos no presente. Aínda así, manteñen interese como obxecto de observación e exame e mesmo "para ser conscientemente 'revivido' de un modo deliberadamente especializado." (Williams, 2000, 144). Os procesos de activación patrimonial das pegadas das culturas populares pretéritas constituirían un caso de "reanimación" de elementos residuais arcaicos das culturas dominadas.

Segundo a distinción de Williams, só os elementos residuais activos conservarían a súa capacidade opositora á cultura dominante. Porén, como se leva exposto, tamén os procesos, emprendidos polas comunidades, de "exhumación" ou tracexamento daquelas pegadas culturais de colectivos dos que se consideran herdeiros, constitúen potenciais procesos transformadores ou de desenvolvemento autónomo. A patrimonialización, entendida como *conmemoración do achádego da pegada*, contribúe, cando emprendida desde as comunidades (procesos *botton-up*), á defensa da diversidade das culturas (Rasse, 2012, 252); á mobilización cultural das persoas *reais* (Leal, 2013, 13); ou mesmo a procesos de reivindicación identitaria ou político-social (Souty, 2013 19).

Nalgúns casos, algúns elementos materiais do pasado, se ben xa perderon a súa funcionalidade orixinal, constitúen un soporte precioso de bens inmateriais. O exemplo do campo da festa como escenario dos encontros, danzas, espectáculos dos artistas ambulantes é pertinente no contexto do presente traballo. Estes espazos permiten aos seus antigos ocupantes (ou á súa descendencia) colocarse en presenza do seu pasado, constituíndo puntos de apoio para a lembranza de pasados persoais e colectivos, e para describir un mundo en mudanza (Barbe, 2011, 51). Nese sentido, coincidirían cos lugares da memoria definidos por Nora ou, desde unha óptica máis próxima ao propósito deste traballo, á aplicación do termo de *heterotopías,* definidas por Foucault como...

> sortes de contre-emplacements, sortes d'utopies effectivement réalisées dans lesquelles les emplacements réels, tous les autres emplacements réels que l'on peut trouver à l'intérieur de la culture sont à la fois représentés, contestés et inversés, des sortes de lieux qui sont hors de

[139] Fronte a esas formas de repatriación e de disolución dos grupos e dos seres non queda máis que tentar detectar unha presenza, rencontrar a pegada. (t.p.)

[140] as poucas pegadas estragadas que restan testemuñan máis os procesos de dominación imperial ou nacional sobre os subalternos que a existencia e a cultura destes últimos. (t.p.)

> tous les lieux, bien que pourtant ils soient effectivement localisables (Foucault, 1984, 48)[141].

Esta idea remite de xeito tentador á explicación de John Scott acerca do *backstage*, "the privileged site for non hegemonic, contrapuntal, dissident, subversive discourse" (1990, 25)[142], os bastidores nos que se expresa abertamente o *hidden transcript*, cando non o ten que facer de xeito subrepticio, disimulado, no discurso público.

Por último, a atribución do estatuto patrimonial contribúe, por si mesmo, á salvagarda destes elementos (ben na súa funcionalidade orixinal, ben na súa segunda vida como obxectos patrimoniais), e reforza o vínculo entre os membros da comunidade. O patrimonio é, deste xeito, un "pasivo activado como recurso" (Sierra, 2011, 444) que facilita a comprensión dos procesos de mudanza experimentados polas comunidades e a posibilidade do seu aproveitamento como base de experiencias de desenvolvemento local integral (Pereiro, 2008, 139).

3.3.6. Activación patrimonial como proceso comunicativo.

> Ce qui est vivant ne meurt pas. Donc si une culture, une langue, un patrimonie meurt, c'est que sa vitalité n'est plus suffisante pour en assurer le renouvellement, la créativité, l'ancrage dans la vie quotidienne des gens (...). Un patrimoine qui ne sert plus à rien, sauf éventuellement quelques uns de ses éléments soigneusement sélectionnés à l'intention de visiteurs touristiques privilégiés, doit tôt ou tard laisser la place à autre chose. (De Varine, 2005, 96)[143].

Alén da reflexión sobre a pertinencia e lexitimidade de rescatar para o presente bens culturais dun momento pretérito, cumpre cuestionar a viabilidade de que este proceso se realice de xeito verdadeiramente participado. Como se viu, esta condición é imprescindíbel para que se verifique a activación patrimonial, entendida como apropiación de bens culturais dun Outro pasado para integralos na cultura vivida presente e por tanto convertilos en material creativo desde o cal o colectivo se proxecta até o futuro.

Adoita falarse da socialización do patrimonio como condición necesaria para conseguir a súa efectiva apropiación por parte das comunidades. Este termo, orixinado na disciplina antropolóxica, engloba distintas prácticas comunicativas: desde as máis convencionais e unidireccionais (visita a exposición, difusión a través dos medios de comunicación de masas) á implicación das comunidades a través de técnicas educativas ou de dinamización sociocultural onde se require dunha participación activa das mesmas, mediante a organización de faladoiros, saídas de recollida colectiva, obradoiros creativos a partir dos contidos patrimoniais, etc.

A activación dun ben cultural en patrimonio para a súa transmisión e conversión

---

[141] unha sorte de contra-localizacións, de utopías efectivamente realizadas nas que as localizacións reais, todas as demais localizacións reais que se poden atopar no interior da cultura son representadas a un tempo, contestadas e invertidas, unha sorte de lugares que están fóra de todos os lugares, aínda que porén sexan efectivamente localizabeis. (t.p.)

[142] o sitio privilexiado para o discurso non hexemónico, contrapontístico, disidente, subversivo. (t.p.)

[143] O que está vivo non morre. Polo tanto se unha cultura, unha lingua, un patrimonio morrre, é que a súa vitalidade non é abonda para asegurar a renovación, a creatividade, o arraigamento na vida cotá das persoas (...). Un patrimonio que xa non sirve para nada, excepto eventualmente algúns dos seus elementos cuidadosamente seleccionados para visitantes turísticos privilexiados, debe cedo ou tarde deixar lugar para outra cousa. (t.p.)

en memoria colectiva constitúe en si mesma un proceso de comunicación. A capacidade para estender no interior dun grupo a necesidade de recoñecer un determinado ben cultural como patrimonio común reside amplamente na súa potencialidade de ser comunicado e entendido como propio por todos os membros, de xenerar o que Gómez Redondo denomina "vínculo patrimonial" (Gómez-Redondo, 2013, 70). "La generación receptora, antes de convertirse en una nueva generación emisora, procesa, interviene, selecciona, patrimonializa y reelabora el acervo patrimonial para poder transmitirlo" (Ibídem, 71).

Os bens culturais activados, desprovistos da súa funcionalidade orixinal, pasan a respostar a outro tipo de necesidades de tipo simbólico: o testemuño de tempos idos, a nostalxia ou a reivindicación política ou identitaria. O seu significado desvincúlase da súa funcionalidade primaria para referirse a relacións de pertenza, propiedade e identidade que se xeran entre determinados bens e persoas.

No proceso patrimonializador, entendido como comunicación, opera por tanto unha mudanza de significado. Ao tempo, prodúcese un cambio de roles, dado que o receptor do ben patrimonial devén emisor da mensaxe resignificada. Non abonda coa recepción do ben patrimonial para que esta transformación en emisor se produza, senón que é preciso que comparezan no individuo a valoración do proceso patrimonial e do seu produto, proceso do que debe ser conscientemente partícipe (sentimento de pertenza); a apropiación simbólica do patrimonial e unha nova auto-percepción, o que Gomez-Redondo (2013) denomina "identización" (78).

Para que se poida falar de patrimonio teñen que existir persoas que o desexen transmitir, comunicalo. Daí a importancia dos vínculos entre obxecto e suxeito patrimoniais (entre o ben cultural e as súas herdeiras ou portadoras), imprescindíbeis para que se produza o cambio de roles antes descrito. "A través de la creación, o ampliación de sentimientos de pertenencia y de identidad el individuo se completa y se relaciona con el medio y con la sociedad, generándose vínculos interpersonales a través de elementos patrimoniales" (Gómez-Redondo, 2013 79). Deste xeito, a investigadora segoviana outorga unha dimension humana ao patrimonio, considerado tal que lugar de encontro e de interacción de historias individuais que se poñen en común, de xeito análogo a un arrecife no que van sedimentando para dar lugar a unha identidade da comunidade (Ibídem, 2013, 82).

Deste xeito, a construción de identidades aparece no outro extremo do proceso patrimonial, como funcionalidade principal dos bens culturais na súa nova vida como obxectos patrimonializados.

3.3.7. Activación patrimonial e identidades colectivas

Enténdese a identidade como un proceso de construción de sentido por parte dos individuos, a partir non só dos elementos comúns con outros actores sociais, senón tamén daquilo que os diferencian (Barker, 2003, 60). Fronte a concepcións esencialistas da identidade, deféndese a pluralidade de identidades que atravesan a cada individuo ao longo do seu devir como unha serie de construcións discursivas, enunciadas nunha linguaxe que non é tampouco estábel nin terminada. "No podemos *tener* una identidad, sino que *somos* más bien una malla sin centro de creencias, actitudes e identificaciones." (Ibídem, 55). A pesar desa noción "descentrada" da identidade, os individuos tendemos a construír unha "narrativa do Eu" para convencernos de que temos unha identidade máis ou menos estábel (Ibídem, 37).

A identidade individual constitúe o substrato da identidade colectiva ou compartida, que se conforma a través dunha valoración do que se entende como propio do grupo. "Supone hacer común, y aportar algo a esa comunidad" (Gómez-

Redondo, 2013, 96). Os individuos comparten aquilo que consideran común e chegan a un consenso do que se deriva unha identidade colectiva. Este proceso ten que ver coa sedimentación subxectiva definida por Berger e Luckman. Aínda que estes autores son renuentes ao emprego do termo "identidade colectiva" ("a causa del peligro de hipostatización falsa (o reificadora)", Berger e Luckman, 1998, 216), aceptarase o seu uso "nun senso metafórico" (Candau, 2001, 22), tal que representación dos individuos como membros dun grupo (Ibídem, 23) e, o que é máis interesante a efectos deste traballo, como proceso dinámico polo cal os membros dunha sociedade tratan de adaptarse á mudanza. O obxecto patrimonial, "aporta un lenguaje para la comunicación entre los miembros de esa identidad naciente" (Gómez-Redondo, 2013, 96), ese código común imprescindíbel para que a sedimentación intersubxectiva chegue a bo porto.

Segundo Castells, na sociedade contemporánea (que denomina "sociedade Rede") os individuos, dentro da tensión de autorepresentacións que os atravesa, tenden a primar unha identidade primaria arredor da cal organizar colectivamente o sentido. Estas identidades colectivas constrúense a partir de materiais diversos (historia, bioloxía, xeografía, memoria, institucións, fantasías persoais, aparellos de poder...) que son procesados polos individuos e os grupos sociais e reordeados segundo o senso, as determinacións sociais, os proxectos culturais e o contexto histórico concretos. "En términos generales, quién construye la identidad colectiva, y para qué, determina en buena medida su contenido simbólico y su sentido para quienes se identifican con ella o se colocan fuera de ella". (Castells, 1997, 29) O sociólogo catalán diferencia tres tipos de identidade: a lexitimadora, construída polas institucións dominantes; a resistente, construída polas subalternas para sobrevivir á situación de dominación; e a identidade-proxecto, construída tamén polas oprimidas co fin de redefinir o seu papel na sociedade e transformala. A identidade resistente ten como resultado a creación de comunidades ou comunas culturais, asentadas na fronteira e na actitude defensiva frente ás institucións dominantes. Xustamente, na Sociedade Rede, as subalternas atopan unha alternativa para a construción de sentido na reconstrución deste tipo de identidades asentadas arredor de principios comunais que se consideran orixinados na historia, na xeografía ou na bioloxía (Ibídem, 33).

A noción de identidade resistente de Castells resulta apropiada aos obxectivos deste traballo, sempre e cando parta dunha vision dinámica da identidade. A idea da identidade como proceso[144], como o a vía que empregan as comunidades para adaptarse ás situacións de mudanza, como táctica de resistencia, permite situar os proxectos de activación patrimonial dentro dunha axencia social con vocación transformadora. O patrimonio cultural, como se viu, constitúe un dos códigos nos que esa identización, esa axencia a través da identidade, se comunica no interior dos grupos.

[144] Gómez-Redondo cuña o termo "identización" para incidir neste carácter procesual da identidade. (Gómez-Redondo, 2013, 84).

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BLOQUE II: MARCO METODOLÓXICO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 4. DESEÑO DA INVESTIGACIÓN

Unha vez delimitado o cadro conceptual que rodea o problema de investigación (o teatro popular de marionetas como medio de comunicación das subalternas), considéranse postas as bases para a formulación dos obxectivos específicos da pesquisa. É preciso aclarar, chegadas a este punto, que malia a seguir unha estrutura propia das investigacións sociais empíricas, este traballo combina tamén elementos da investigación social teórica, dado que as hipóteses que se formulan como resposta aos obxectivos de investigación non tratarán de verificarse só a partir dos datos obtidos, mais tamén a partir dunha reflexión soportada polo mapa conceptual trazado na primeira parte deste traballo. Esta decisión ten a súa xustificación na práctica ausencia de traballos académicos previos sobre o problema de investigación desta tese, o que obriga á formulación de hipóteses de tipo teórico que permitan cubrir ese baleiro e achegar unha mínima base a ulteriores traballos de corte empírico. Asemade, o feito de tratarse dunha expresión da cultura popular de transmisión oral non rexistrada fai o caso de estudo dificilmente apreixábel cos instrumentos de análise propios da observación sociolóxica, o que obriga, unha vez máis, á proposta de respostas de tipo dedutivo baseadas na extrapolación das teses relativas a casos similares ao que fai obxecto deste traballo. Neste senso, asúmese a necesidade dun enfoque construtivo que combine distintas estratexias metodolóxicas e un razonamento simultaneamente indutivo e dedutivo, algo por outra parte inevitábel en toda investigación que se centre nun aspecto da realidade social. Optarase, pois, polo pluralismo metodolóxico e o construtivismo epistemolóxico no deseño da investigación, nun proceso creativo e necesariamente subxectivo para verificar de xeito argumentado e coherente as hipóteses que a continuación se presentan.

4.1. OBXECTIVOS E HIPÓTESES DE INVESTIGACIÓN.

O problema de investigación do presente traballo constitúeo un dispositivo de mediación simbólica, un medio de comunicación popular, para empregar a terminoloxía defendida máis arriba. Trátase dun espectáculo de teatro popular de títeres de cachaporra do que, se ben estivo activo desde polo menos 1910 até a década de 1960, se atenderá á súa práctica e recepción durante o período da chamada Posguerra no Estado Español, período do que existen máis rexistros. É, polo tanto, un medio de comunicación pouco convencional, no sentido de que se trata dun dispositivo efémero, que desaparece tras cada representación, e que só existe ou cobra carta de realidade como feito social durante o instante no que se confronta co público. A pesar desas dúas peculiaridades, nesta investigación defenderase a súa lexitimidade como tal medio de comunicación social, propio das capas subalternas da sociedade galega durante o período analizado.

Tomando como base o cadro conceptual tracexado nas liñas que anteceden a este apartado, analizarase o tal medio de comunicación encadrado no seu contexto e tratarase de determinar o papel que desempeñou nas comunidades subalternas galegas durante o período analizado. A interrogación xeral sobre o problema de estudo inclúe tamén un intento de extrapolación do mesmo ao momento presente; valorando o xeito no que o medio de comunicación analizado podería intervir na realidade social contemporánea ao momento no que esta tese se escribe.

Este obxectivo xeral (***Análise do espectáculo de Barriga Verde como medio de comunicación popular durante o período 1939-1960 en Galiza***) pode dividirse en tres obxectivos específicos que guiarán a reflexión teórico/empírica :

Obxectivo 1

Determinar se o teatro popular de marionetas (especificamente o espectáculo de Barriga Verde) constituíu unha expresión do discurso oculto das subalternas durante o período estudado.

A consecución deste obxectivo requerirá identificar os mecanismos a través dos cales o teatro de Barriga Verde infiltrou contidos opositores/antihexemónicos a través do discurso público transmitido durante a representación do espectáculo en espazos públicos como feiras e salóns de baile.

Obxectivo 2

Detectar os aspectos nos que o espectáculo de Barriga Verde acompañou a penetración da Cultura de Masas en Galiza, constituíndo un exemplo de massmediación.

Estudaranse as estratexias económicas dos responsabeis do medio: fórmulas para captar a atención do público, mecanismos de remuneración dos artistas e de cobro ao público, organización empresarial do medio. Analizarase tamén o propio discurso do espectáculo (tipo de números presentados e orde na que se dispoñen) para valorar o grao de influencia dos contidos da Industria Cultural e as tácticas de apropiación empregadas. Por último, valorarase se a introdución de elementos propios da Industria Cultural tivo consecuencias no devir do medio de comunicación.

Obxectivo 3

Cuestionar a lexitimidade e o interese da activación do espectáculo de Barriga Verde como patrimonio cultural.

Este terceiro obxectivo supón unha extrapolación do caso de estudo á actualidade. Parte do cuestionamento da vixencia ou perennidade da potencia subversiva do medio (en caso de verificarse); isto é, tratarase de dilucidar se a capacidade do medio de comunicación de vehiculizar a expresión dun descontento é inherente ao propio medio ou está suxeita ás circunstancias nas que se puido desenvolver durante a etapa estudada. Parte da discusión sobre a lexitimidade dos procesos de patrimonialización das culturas populares e a súa instrumentalización para o reforzamento identitario das comunidades subalternas.

Destes obxectivos específicos, así como dunha primeira reflexión a partir do mapa conceptual deseñado, infírense unha serie de **hipóteses** que tratarán de verificarse nas seguintes páxinas deste traballo.

H1. A cultura popular galega resistiu durante séculos aos dispositivos da hexemonía cultural, conservando as súas prácticas culturais propias á marxe ou disimuladas no interior das expresións da cultura dominante. Os espectáculos de teatro de marionetas constituiron unha forma de cultura popular que as subalternas empregaron como medio de comunicación propio. Tomaron partido polo pobo, vehiculizando de forma subrepticia contidos do discurso oculto das subalternas nas mensaxes que expresaban publicamente.

H2. O dispositivo espectacular no que se encadraban as marionetas de Barriga Verde ilustra a apropiación dunha forma cultural novidosa por parte dos grupos subalternos en Galiza, durante un período de mudanza cultural no que as condicións históricas forzaban a unha transformación do cadro de vida da poboación e, derivada dela, unha transformación cultural que conduciría á xeralización da cultura de masas. Os pavillóns da familia Silvent conservaron unha expresión da cultura popular tradicional (as marionetas de luva), ao tempo que introduciron mecanismos propios da

Industria Cultural. En consecuencia, o medio de comunicación analizado actuou tal que dispositivo de *masmediación*, e por tanto constituíu un reflexo da nova concepción do mundo vencellada á Modernidade.

H3. A reactivación de Barriga Verde como medio de comunicación popular, sempre e cando se realice a través da implicación activa das novas xeracións, pode conducir a unha axencia, a unha mobilización social transformadora. Este proceso deberá perseguir a identificación deste medio de comunicación como patrimonio no que a sociedade se sinta reflectida e emocionalmente identificada.

4.2. DELIMITACIÓN DA POBOACIÓN OBXECTO DE ESTUDO.

O caso de estudo no que se apoian as hipóteses desta tese constitúeo, por unha banda, un medio de comunicación: o espectáculo de Barriga Verde. Tal e como se defendeu, o medio de comunicación é un dispositivo complexo que non se pode reducir aos seus componentes técnicos, senón que implica unha axencia activa por parte dunha serie de persoas, aquelas que en termos comunicativos podemos definir como emisores e receptores dunha serie de mensaxes, e que no que respecta a este estudo consitúen tamén obxecto da investigación. Coherentemente coa idea da comunicación defendida, considerada unha forma de acción social, e coa asunción da realidade social como construción intersubxectiva, entenderase a estes individuos ou colectivos non tanto como obxectos de investigación, senón como suxeitos da mesma.

Tendo en conta estas premisas, delimítase para o presente estudo un suxeito colectivo, composto por distintas persoas agrupadas arredor dun artefacto cultural, un medio de comunicación popular que constitúe o espectáculo de Barriga Verde.

Este medio é o resultado da interacción de distintos actores: por unha banda, os artistas ambulantes que se encargaron da produción do espectáculo durante o período analizado, a maioría deles membros da familia Silvent, mais tamén doutras sagas da subcultura feirante. Pola outra, os grupos sociais que conformaron o público do espectáculo, e que se aglutinan dentro da noción de pobo como alianza diversa e transitoria defendida máis arriba.

Os criterios de acoutación no que respecta a esta poboación suxeito de estudo serán basicamente biolóxicos. Isto é, á hora de localizar ás persoas que, ben como parte activa na produción[145], ben como integrantes do público, tiveron algún contacto ou vivencia do espectáculo, priorizouse a aquelas que, por razón de idade, tiveron posibilidade de vivir algunha das dúas situacións. Nese senso, as persoas nadas con posterioridade ao ano 1960 teñen poucas ou ningunha posibilidade de ter presenciado o espectáculo, que deixou de representarse en 1964, polo menos con suficiente idade como para decodificar aquela experiencia. As mesmas circunstancias biográficas fan pensar que non será fácil atopar persoas que puidesen asistir ás representacións da barraca cando contaban máis de 50 anos (hoxe superarían a centuria) polo que, sen desprezar aos hipotéticos informantes que puideran aparecer nesa situación, semellou máis realista considerar que a poboación de estudo maioritaria está entre as persoas nacidas entre 1920 e 1955, que residían en Galiza durante parte ou a totalidade do período analizado. A maioría delas asistiron ao espectáculo cando eran crianzas, polo que as súas lembranzas son fragmentarias e limitadas.

[145] Dispensando a anacronía do termo "produción" aplicado a un dispositivo, como se verá, eminentemente premoderno.

4.2.1. A Posguerra Española como escenario contextual da investigación

A importancia do contexto socio-político e económico para a comprensión da problemática estudada obriga a delimitar un período preciso para a súa análise. Óptase polas dúas décadas que establece a Historiografía como as máis duras tras o remate oficial da chamada Guerra Civil Española, situadas entre 1939 e o final de 1959 (Fernández Prieto, 2007, 46). Durante este período, ademais, prodúcese unha evolución nas formas de oposición ao Franquismo na sociedade galega, marcada pola a desilusión respecto da actitude das potencias aliadas co Réxime de Franco tras a derrota do Eixe na II Guerra Mundial. Este acontecemento histórico leva aparellado un repregamento da oposición aberta ao réxime e unha reactivación das formas de resistencia simbólica que se desenvolveran no Antigo Réxime e que constituían a cultura de resistencia dos grupos subalternos en Galiza (Cabana, 2013, 56-61). Por último, durante estas dúas décadas a fisionomía das feiras experimenta unha profunda transformación en Galiza, operándose a escisión entre as formas de transacción económica pura (a compra-venda de gado e outros produtos excedentarios do agro) e o entretemento. Este proceso concluirá cunha especialización que obriga aos grupos ambulantes a un perfeccionamento técnico e á súa inserción (se ben en termos de elevada precariedade) na lóxica mercantil e mecanizada propia da industria cultural.

Por último, cómpre engadir unha salvedade ao período estudado, posto que a terceira das hipóteses obriga a incorporar o momento contemporáneo á reflexión. A necesidade de valorar o proceso de activación patrimonial iniciado en 2013 pola Asociación Cultural Morreu o Demo, mais con precedentes na década de 1980, xustifica esta ampliación do cadro cronolóxico analizado.

4.3. ESTRATEXIAS DE OBTENCIÓN DE DATOS.

> El *investigador social* forma parte de la sociedad que investiga, es un *dispositivo autorreflexivo* (un espejo) que la sociedad se pone- (...) ¿Cómo es posible que, si es *interior*, se ponga en el *exterior* de la sociedad para observarla y actuar sobre ella? ¿Cómo, si es una *parte*, puede comprender al *todo* -la sociedad? (Ibáñez, 1994, 73).

Como xa se advertiu, o presente traballo sosterase nunha base metodolóxica de tipo plural, botando man de distintas estratexias de obtención de datos, e construtiva, por entender que se toda realidade social é unha construción, todo intento por explicala tamén debe selo. O obxecto de análise é, como xa se defendeu, complexo e non nos é posíbel distanciarnos completamente del, porque formamos parte da sociedade na que se xerou. Adoptaranse pois técnicas do método racional-crítico deductivo e do método cualitativo para a recolla de datos que permitan completar a resposta ás preguntas formuladas. Os datos a recoller serán de tipo primario e secundario.

4.3.1. Datos primarios

Son aqueles cuxa obtención é provocada pola investigadora de cara aos fins deste traballo. Neste caso, fíxose prioritariamente a través de técnicas de tipo dialogal realizadas segundo un enfoque cualitativo: entrevistas abertas e grupos de conversa. A opción por técnicas de orientación interpretativa resposta ao especial interese que para os obxectivos deste traballo reviste, non tanto a obtención de datos (que tamén serán tidos en conta de cara á reconstrución do percorrido biográfico dos portadores do espectáculo estudado), como a captación e interpretación de aspectos significativos

diferenciais da conduta e das representacións dos suxeitos investigados. Por tanto, a técnica de recollida empregada precisa favorecer a libre manifestación dos intereses, crenzas e desexos dos suxeitos de investigación (Ortí, 1994, 213).

A situación xerada durante a entrevista aberta ou as conversas de grupo permite a libre expresión dos suxeitos interrogados, o que fai posíbel, segundo Ortí, a xeración dunha situación de auténtica comunicación...

> ...en la que los 'receptores' son a su vez 'emisores' de mensajes y pueden reformular –auténtica libertad para la significación- las preguntas formuladas por el investigador, poniéndolas a su vez en cuestión (Ortí, 1994, 214).

Desta maneira, prodúcese un diálogo no que cada frase do discurso acada o seu senso no seu propio contexto concreto, "y permite revelar el sistema ideológico subyacente en el sistema de la lengua del hablante." (Ortí, 1994, 214).

As entrevistas e grupos de conversa realizadas no cadro do presente traballo estiveron enfocadas á obtención de relatos de vida por parte das persoas entrevistadas. Se ben non en todos os casos se perseguía a obtención dunha historia de vida (o relato biográfico completo da persoa entrevistada), si interesaba coñecer a experiencia particular de cada persoa entrevistada en relación ao espectáculo estudado, e para iso resultaba pertinente promover a evocación dos episodios vitais que se vinculaban coa experiencia de ter asistido ou participado nunha representación dos bonecos de Barriga Verde. O emprego do método biográfico permite á investigadora situarse no punto de converxencia entre a testemuña subxectiva dun individuo á luz das súas experiencias e a plasmación dunha vida que é o reflexo dunha época, dunhas normas sociais e duns valores partillados coa comunidade da que forma parte (Pujadas, 1992, 44). O relato biográfico é ademais un tipo de marterial valioso para coñecer e avaliar o impacto dos cambios sociais na vida cotiá dos individuos e do seu grupo primario. O feito de situar o período analizado nunha etapa histórica de fondas transformacións sociais motivou tamén a escolla desta ferramenta metodolóxica (Pujadas, 1992, 45).

Un terceiro motivo que xustifica a escolla do método biográfico é a idade das persoas entrevistadas. No caso do espectáculo analizado, as fontes primarias limítanse ás persoas aínda vivas no momento de iniciar esta pesquisa, coas que se puido contactar e que accederon a compartir coa investigadora a súa memoria como espectadoras ou integrantes do equipo técnico e artístico do espectáculo. A maioría destas persoas teñen unha idade xa avanzada, o que nalgúns casos supón unha merma da súa capacidade expresiva ou unha perda de memoria. As lembranzas ás que fan referencia pertencen, en moitos casos, a unha idade moi temperá, o que determina o seu carácter fragmentario e difuminado. Na maioría dos casos, o feito de propor unha situación máis semellante a unha conversa interxeracional, onde é frecuente que as interlocutoras máis novas deixen falar ás maiores para permitirlles fiar o seu discurso, contribuíu a xerar un clima de confianza entre a investigadora e as persoas interrogadas. Deste xeito, estas puideron expresarse con comodidade, sen estar sometidas a ningún tipo de limitación temporal ou condicionamento temático que a presenza dun cuestionario fechado podería suscitar. Evidentemente, esa liberdade na duración e na estruturación do discurso por parte do suxeito entrevistado incrementa a complexidade da análise dos datos dispoñíbeis por parte da investigadora. A duración das conversas adoita ser elevada (non menor de 90 minutos, agás cando causas alleas á vontade dos interlocutores obrigan a unha interrupción), o que leva aparellado un maior traballo de transcrición e de análise. Esas desavantaxes foron sopesadas á hora de escoller a estratexia de obtención de información, e considerouse que eran

amplamente compensadas polas vantaxes. Alén dos elementos xa mentados que favorecen a libre expresión da persoa entrevistada (condición fundamental, segundo Ortí, para poder acceder ao seu preconsciente ideolóxico e intentar interpretar as claves da súa conformación, 1994, 196), a obtención de relatos biográficos permite unha análise contextual da experiencia relatada, o que facilitará a comprensión do acontecemento que se pretende reconstruír criticamente.

4.3.2. Datos secundarios

> Siempre que, desde el punto de vista de las ciencias sociales, pretendamos comprender el pasado necesitaremos recurrir a "datos" secundarios. (...) cualquier rastro del pasado incluyendo imágenes, en cualquier soporte, textos, utensilios..." (González Rodríguez, 1994, 253).

Os datos existentes con anterioridade ao comezo da pesquisa, empregados no curso da investigación, foron de dous tipos. Por unha banda atópanse as entrevistas realizadas por outras persoas a informantes xa falecidos. Trátase principalmente daquelas realizadas por Anxo García a finais da década de 1980, momento no que emprendeu unha pesquisa persoal para tratar de botar algo de luz sobre as orixes do seu oficio de titiriteiro. O actor Santi Prego realizou outra destas entrevistas, neste caso a un fillo de Santiago Silvent, que pode incluírse neste grupo de fontes secundarias. Correspondeu á investigadora a transcrición de todas estas gravacións (naqueles casos onde existía este tipo de rexistro sonoro), que se conservaran desde o momento da súa captación en formato cassette. Por ese motivo, algunhas delas estaban nun estado de conservación sumamente deficiente, o que imposibilitou a súa axeitada escoita. Foi o caso das entrevistas realizadas a Trapero Pardo e a Alfonso Silvent por Anxo García, das que infelizmente non foi posíbel facer transcrición.

Un segundo grupo de datos secundarios constitúeno aquelas entrevistas realizadas pola investigadora como parte da gravación do documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta* entre 2010 e 2011. Son principalmente entrevistas a Juan e Alfonso Silvent, así como a antigos espectadores que se achegaron á barraca reconstruída por Viravolta para a gravación do filme, durante as festas de San Froilán e das San Lucas de 2010. Malia a que o obxectivo inicial destas entrevistas non era o mesmo que o da presente pesquisa, senón que buscaban principalmente a reconstrución do relato vital dos Silvent e a captación das memorias do espectáculo, achegan informacións interesantes á reflexión emprendida, motivo que xustifica a decisión de incorporalas ao corpus analítico.

Un terceiro grupo de datos secundarios provén das fontes coetáneas ao espectáculo. Inclúen os artigos de prensa, as fotografías e publicidade do espectáculo. Cómpre subliñar dentro deste grupo, polo seu valor estético e documental, os textos xornalísticos de escritores galeguistas, que publicaron comentarios sobre o espectáculo de Barriga Verde na prensa da época.

4.3.3. Distribución da mostra

Para a recollida dos datos realizáronse 11 entrevistas individuais a 9 persoas en distintas localidades galegas e 4 entrevistas grupais celebradas en Santiago de Compostela e Lérez, nas que participaron 19 persoas de procedencias diversas. A distribución xeográfica das memorias obtidas (en vermello no mapa) repártese como segue:

Área de Santiago de Compostela: 10 persoas

Bergantiños : 1 persoa

Pontevedra: 4 persoas
A Mariña : 3 persoas
Chantada: 1 persoa
Deza: 2 persoas
O Carballiño: 2 persoas
O Salnés : 1 persoa
Lugo: 2 persoas

Esta distribución complétase ao incorporar os datos de tipo secundario (entrevistas realizadas por Anxo García e Santi Prego desde finais da década de 1980 e as feitas para o documental). Estes informantes distribúense da maneira seguinte (en azul no mapa) :

Ferrolterra (Neda): 1
A Mariña: 2
Terra de Lemos: 1
Lugo: 5
O Sar (Padrón): 1
Pontevedra: 5



Distribución dos datos primarios e secundarios. Elaboración propia.

Considérase a mostra suficiente para representar os resultados aquí presentados. Porén, como se pode apreciar no mapa, o sur de Galiza non queda representado na mostra. Se ben as principais prazas nas que actuaba a barraca se localizaban na area

central do país (nomeadamente Santiago e Lugo), o espectáculo tamén era popular nas cidades de Ourense e Vigo, en vilas do Condado e a Paradanta como Ponteareas ou Salceda de Caselas, e en numerosas aldeas do interior da provincia de Pontevedra. O recurso a informantes destas áreas non foi posíbel por cuestións de disponibilidade da investigadora, pero prevese realizar nun futuro, xa no contexto do proceso de patrimonialización, para compensar esta eiva.

4.4. ANÁLISE DOS DATOS RECOLLIDOS.

A investigación aquí presentada segue un percurso circular de constante ida e volta, no que a análise dos datos e a reflexión teórica se suceden para levar á reformulación das hipóteses de partida, que se tratarán de probar a través do retorno á análise de datos e á reflexión teórica. Daí que se defina a investigación como indutiva-dedutiva e empírico-teórica.

No que respecta á análise dos datos recollidos, esta foi realizada seguindo a Análise Critica do Discurso. Optouse por esta técnica ao considerar que o discurso espontáneo e libre do suxeito durante a entrevista non directiva non pode ser cuantificado, senón interpretado.

> (...) los *discursos* (aquello que los sujetos *dicen* o *manifiestan* espontáneamente: desde una simple 'palabra en posición de frase' hasta una larguísima exposición oral o escrita dirigida a otro), en cuanto expresión manifestativa de los deseos, creencias, valores y fines del sujeto hablante, (...) exigen fundamentalmente ser comprendidos o *interpretados* (...). O lo que es lo mismo, *el discurso espontáneo* y (relativamente) libre de un sujeto no constreñido por ninguna contextualización impuesta (esto es, por ningún cuestionario) se resiste a su formalización, y mucho más aún a su cuantificación (Ortí, 1994, 198).

A Análise Crítica do Discurso ten en conta tanto o contexto da enunciación, as características dos emisores e as características semánticas do enunciado. É dicir, ten en conta tanto o contido da enunciación (o que se di) como a maneira na que se expresa (como se di). "It is less about collecting facts than about studying interpretive processes" (Cameron, 2012, 14)[146]. Durante a entrevista aberta non directiva, a persoa entrevistada non está suxeita a un cuestionario fechado e implícase nunha actividade que lle é familiar: falar.

> (...) el análisis del discurso de entrevistas individuales abiertas (y/o discusiones de grupo) puede desentrañar con mayor profundidad (...) el *proceso significativo* estructurante de la visión subjetiva de un comportamiento objetivo (...), contribuyendo al propio *diseño lógico* más pertinente de la "batería" de preguntas del cuestionario (Orti, 1994, 193).

Porén, mesmo cando esta persoa fala "coas súas propias palabras", non son realmente "súas", exclusivas dun só individuo, mais dun grupo ou comunidade. "We speak (...) appropriating the words of others to speak a world of our own" (Cameron, 2012, 15)[147]. Así pois, a Análise de Discurso pode entenderse como unha técnica para investigar as voces sociais accesibeis á xente cuxa fala recollen os e as analistas. (Ibídem).

---

[146] Non é tanto sobre recoller feitos que sobre estudar procesos interpretativos (t.p.)
[147] Falamos (...) apropiándonos das palabras dos demais para falarmos un mundo propio. (t.p.)

> (...) *el análisis del discurso (espontáneo y libre) de entrevistas abiertas y/o discusiones de grupo* (...) al devolverle el uso de la palabra libre (sólo de modo relativo, dentro de ciertas condiciones también restrictivas...) al sujeto entrevistado, nos permite acceder a su preconsciente ideológico e intentar interpretar las claves de su conformación (Orti, 1994, 196).

Por outra banda, dentro dunha concepción construtivista enténdese que os distintos usos que a xente fai da linguaxe non só expresan a súa visión do mundo, senón que contribúen a darlle forma. A realidade estaría construída discursivamente a partir dos discursos aos que a xente ten acceso. Tal e como os define Michel Foucault, os discursos son prácticas que forman sistematicamente os obxectos dos que falan, un universo no que se expresan tensións. "Le discours manifeste ne serait en fin de compte que la présence répressive de ce qu'il ne dit pas" (Foucault, 1969,36).[148] A analista debe facer emerxer, no interior do discurso, as pegadas desas tensións, das oposicións e resistencias. Entendendo o discurso como práctica social que contribúe a construír a realidade.

> La description des évènements du discours pose une tout autre question: comment se fait-il que tel énoncé soit apparu et nul autre à sa place? On ne peut reconstituer un système de pensée qu'à partir d'un ensemble défini de discours. Mais cet ensemble est traité de telle manière qu'on essaie de retrouver par delà les énoncés eux-mêmes l'intention du sujet parlant, son activité consciente, ce qu'il a voulu dire, ou encore le jeu inconscient qui s'est fait jour malgré lui dans ce qu'il a dit ou dans la presque imperceptible cassure de ses paroles manifestes; de toute façon il s'agit de reconstituer un autre discours, de retrouver la parole muette, murmurante, intarissable qui anime de l'intérieur la voix qu' on en tend, de rétablir le texte menu et invisible qui parcourt l'interstice des lignes écrites et parfois les bouscule. L'analyse de la pensée est toujours allégorique par rapport au discours qu'elle utilise. Sa question est infailliblement : qu'est-ce qui se disait donc dans ce qui était dit? L'analyse du champ discursif est orientée tout autrement; il s'agit de saisir l'énoncé dans l'étroitesse et la singularité de son évènement; de déterminer les conditions de son existence, d'en fixer au plus juste les limites, d'établir ses corrélations aux autres énoncés qui peuvent lui être liés, de montrer quelles autres formes d'énonciation il exclut. (Foucault, 1969, 39-40)[149].

A noción foucaltiana de discurso está emparentada coa de saber/poder, pola cal na Idade Moderna, a violencia física é substituída en tanto técnica coercitiva do poder polo uso da linguaxe "autorizada", que serve para definir as cousas e as persoas, a

---

[148] O discurso manifesto non sería a fin de contas senón a presenza represiva do que non di. (t.p.)

[149] A descrición dos acontecementos do discurso suscita outra cuestión: como é que aparece un enunciado e non outro no seu lugar? Non se pode reconstituír un sistema de pensamento máis que a partir dun conxunto definido de discursos. Mais ese conxunto é tratado de tal maneira que se tenta atopar alén dos propios enunciados a intención do suxeito falante, a súa actividade consciente, o que quixo dicir, ou mesmo o xogo inconsciente que emerxeu malia el no que dixo, ou na case imperceptible ruptura das súas palabras manifestas; de todas maneiras trátase de reconstituír outro discurso, de rencontrar a palabra muda, murmurante, inesgotábel que anima desde o interior a voz que se ouve, de restablecer o texto miúdo e invisible que percorre o intersticio das liñas escritas e ás veces turra delas. A análise do pensamento é sempre alegórica respecto do discurso que el emprega. A súa pregunta é infalibelmente: que se dicía logo no que se dixo? A análise do campo discursivo está orientada doutro xeito; trátase de tomar o enunciado na estreiteza e singularidade do seu acontecemento; de determinar as condicións da súa existencia, de fixar os límites máis xustos, de establecer as súas correlacións cos outros enunciados cos que pode estar vencellado, de mostrar que outras formas de enunciación exclúe. (t.p.)

realidade. Polo tanto, o concepto de discurso que emprega fai referencia a prácticas linguísticas con consecuencias claras no mundo real. A Análise Crítica do Discurso (dagora en diante, ACD), como enfoque específico da análise discursiva, comparte esa noción de discurso como práctica social que constrúe a realidade. Trata de desvendar usos ideolóxicos da fala que moitas veces permanecen naturalizados, e por tanto ocultos. (Cameron, 2012, 126). Entende que todo discurso incorpora significacións múltiples, cando menos en tres niveis diferentes, polas súas funcións comunicativas. Alén da función referencial (a linguaxe ou discurso que di cousas), o discurso tamén desempeña unha función ideolóxica ou encubridora (a linguaxe que oculta cousas). Un terceiro nivel é aquel no se trata de lexitimar esa función ideolóxica, a partir da linguaxe que revela ou traiciona significados, e que pode ser posta de manifesto pola crítica semántica (Ortí, 1994, 201).

No caso da presente investigación, unha dificuldade engadida á hora de encarar a análise dos datos recollidos está relacionada co feito de tentar investigar unha expresión da cultura popular desde o ámbito académico. A fenda histórica entre o saber "erudito" e o das clases populares mantense no imaxinario colectivo, o que leva a moitas persoas a minusvalorar os seus propios saberes. Os saberes populares son subestimados polos seus propios depositarios, e como tais non consdieran importante que se perpetúen. Malia os esforzos da investigadora por convencer a estas persoas do contrario, é frecuente que os propios relatos das informantes estean condicionados por esta autopercepción negativa. Neste senso, esta manifestación da función ideolóxica antes mencionada deberá ser tida en conta á hora de encarar a análise.

A ACD, máis ca unha técnica de investigación, constitúe unha perspectiva ou actitude específica da análise do discurso (Van Dijk, 1999, 23). Por unha banda, require da detección de patróns regulares nos textos analizados, posto que os discursos se constrúen a través de distintos textos e actos expresivos que se relacionan entre sí. O feito de considerar o discurso unha forma de acción social comporta que se entenda o emisor como un actor social que é membro dun grupo que dalgún xeito vai condicionar o seu discurso, o cal á súa vez ten consecuencias sociais. Tamén o contexto do falante e a súa posición na estrutura social van determinar o seu discruso. Estes elementos determinan tamén as representacións sociomentais que o falante se constrúe arredor da súa realidade. É dicir, o elemento cognitivo tamén ten unha componente social, alén de individual, que vai determinar os significados contemplados no discurso analizado. Así pois, o enfoque da ACD propón atender á análise relacionando as "dimensiones superiores de los acontecimientos de comunicación: los Actores, sus Acciones (incluyendo el discurso) y Mentalidades, y sus Contextos" (Van Dijk, 1999, 26).

Deste xeito, unha análise do discurso orientada criticamente aspiraría...

> (...) a relacionar la *orientación ideológica de los discursos con la génesis y reprodución de los procesos sociales*. O lo que es lo mismo, el *contexto de su interpretación* está representado por una visión global de su *situación* y *del proceso histórico* en el que emergen los *discusos ideológicos* analizados (Ortí, 1994, 202).

Dito enfoque foi o empregado para a análise dos datos primarios e secundarios da investigación (entrevistas individuais e grupais realizadas pola investigadora; entrevistas realizadas no cadro doutras investigacións e artigos de prensa coetáneos ao fenómeno estudado). Os resultados de dita análise, xunto coa reflexión teórica previamente emprendida, serviron para sustentar as hipóteses de investigación 1 e 2.

No caso da terceira hipótese, relativa a un proceso que se está a desenvolver en paralelo á presente investigación, e no que a propia investigadora é parte activa, a técnica de achegamento ao feito analizado debe ter en conta ditas circunstancias. Así pois, optouse pola observación participante como a vía máis acaída para o achegamento e descrición ao proceso de patrimonialización en curso, vivido pola investigadora en primeira persoa A observación participante, entendida máis coma unha vivencia ca coma unha técnica de investigación, baséase na capacidade da investigadora para aprender desa vivencia, ao tempo que debe ser quen de manter unha certa distancia sobre esa aprendizaxe. Permite prestar atención ao punto de vista dos actores do proceso social analizado (Guasch, 1997, 36).

4.5. CONTRASTACIÓN EMPÍRICO-TEÓRICA

A presente proposta metodolóxica consiste, pois, nun percurso circular que vai desde os datos que se van recollendo e a disquisición teórica até a formulación de 140specífic, volvendo unha e outra vez sobre estes materiais até a 140specíficame dunha interpretación sobre o problema analizado e a formulación dunhas teses. A análise cualitativa dos datos primarios e secundarios aspira a facilitar a comprensión dunha realidade social conformada polos significados construídos colectivamente; deste xeito, o modo no que as subalternas galegas do período estudado interpretan as súas vivencias do dispositivo cultural/comunicativo analizado pode contribuír a achegar unha explicación desde o propio suxeito/obxecto de investigación. Entender o teatro de marionetas como medio de comunicación ten consecuencias á hora de abordar a análise das súas expresións, como é o caso que ocupa este traballo. Significa entender os diferentes actores participantes en clave do seu papel na relación comunicativa: emisores/receptores/mensaxe/medium.

No caso do primeiro obxectivo de investigación, o proceso a seguir partía dos datos primarios e secundarios dispoñíbeis para realizar unha análise do dispositivo espectacular, tanto nos seus aspectos textuais (diálogos, argumentos, accións) como non textuais (interpretación, escenografía, disposición do escenario e do público), co fin de detectar os elementos críticos e opositores presentes no mesmo. Alén das formas do espectáculo de Barriga Verde, estudouse tamén a súa recepción por parte das persoas que asistiron á representación. Nese senso, interesaba detectar a maneira na que o espectáculo foi rememorado, atendendo a aqueles aspectos que se destacan e aqueles que se omiten. A interpretación desta análise foi confrontada cos esquemas teóricos presentados na primeira parte deste traballo, nomeadamente o proposto por James Scott para as formas de resistencia simbólica.

No caso do segundo obxectivo de investigación, o proceso de reflexión partiu tamén da análise dos datos analizados, co fin de obter unha descrición o máis completa das características económicas e discursivas do dispositivo obxecto de estudo. A interpretación destes datos apoiouse necesariamente nas ideas presentadas por distintos autores, relativas aos mecanismos de adaptación ou apropiación das culturas populares ao novo contexto da cultura de masas.

Para o terceiro e último dos obxectivos de investigación, confrontouse a interpretación proposta pola propia investigadora da experiencia da que ela foi partícipe coas distintas ideas formuladas no cadro teórico arredor da problemática dos procesos de patrimonialización da cultura popular, e específicamente das súas expresións inmateriais.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BLOQUE III. CASO DE ESTUDO

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAP 5. BARRIGA VERDE COMO MEDIO DE COMUNICACIÓN DO DISCURSO OCULTO

Co fin de poder confirmar a primeira hipótese da investigación, que propón que o espectáculo obxecto de estudo actuou, cando menos durante o período analizado, como medio de comunicación das subalternas, comézase este capítulo cunha descrición pormenorizada do terreo de análise. A amplitude e diversidade das fontes empregadas para configurar este relato ten a súa causa na precariedade dos datos dos que se dispón, o que obrigou a un rastrexo en diversas direccións, labor cuase detectivesco habitual cando se trata de detectar as pegadas daqueles colectivos que, pola súa natureza marxinal, evitaban deixar rexistro do seu percurso vital.

Unha vez presentado o espectáculo analizado en todas as dimensións posíbeis e dispoñíbeis até o momento, estarase en condicións de abordar a análise dos discursos producidos en torno a el polas distintas fontes das que se botou man na investigación. Só entón será posíbel determinar se, como se propón, o espectáculo de Barriga Verde serviu para vehiculizar o discurso oculto das subalternas durante as dúas décadas acoutadas, aquelas que sucederon á derrota republicana tras o golpe fascista de 1936.

5.1. DESCRICIÓN DO CASO DE ESTUDO. BARRIGA VERDE E A FAMILIA SILVENT.

Un dos problemas con que topa calquer tentativa de estudo das expresións culturais das subalternas é que a súa categorización ou incorporación a marcos de análise ou a esquemas narrativos propios da cultura escrita vai constituír inevitabelmente unha forma de aculturación ou de tradución deturpadora. Deste xeito, o mero intento de afrontar un relato descritivo da xénese do espectáculo de Barriga Verde supón empregar os datos dos que se dispón até o momento na elaboración dun relato a partir dunhas pautas narrativas e duns intereses alleos ao fenómeno. Esta transposición é inevitábel e asúmese o carácter necesariamente subxectivo de toda interpretación. Porén, considérase fundamental poñela en evidencia para non incorrer en vicios que se teñen detectado noutras tentativas, por outra parte meritorias, de colocar o espectáculo no espazo da cultura escrita, espazo que nun principio lle tiña sido vedado polo seu carácter subalterno.

Deste xeito, algunhas das aproximacións realizadas até o momento tenderon a focalizar na figura dunha persoa concreta o mérito da creación do espectáculo, nunha maniobra que, ao meu ver, é produto da interferencia de esquemas propios da cultura dominante, na que a idea do talento como virtude innata se mixtificou até o extremo de relegar a un segundo plano a propia natureza comunicativa e social do acto creador. No caso de Barriga Verde, espectáculo popular que contén, como se verá, numerosos elementos tomados da tradición europea de títeres de cachaporra, e que se realizaba nun contexto que primaba a supervivencia do colectivo (os artistas ambulantes coa súa subcultura específica) por riba de valoracións estéticas relativas ao mérito de individuos concretos, este tipo de esquema é claramente inaxeitado.

Tratarase, por tanto, de organizar os datos dispoñíbeis até o momento, relativos ás circunstancias nas que presuntamente aparece o espectáculo que centrará a presente análise, evitando toda valoración e investimento de méritos exclusivos nas persoas que interviron nel.

5.1.1. As orixes

As referencias máis temperás ao personaxe de Barriga Verde que se coñecen datan dos anos 1910 e cando fan referencia a algún nome propio, sitúan a familia Silvent como responsábel das súas escenificacións. Faise necesario, por tanto, enumerar as informacións disponíbeis relativas ao periplo vital desta familia.

A orixe do apelido Silvent é francesa, especificamente da rexión de Rhône-Alpes, departamento de Isère[150]. Polo que se ve, aquela sería a nacionalidade de Joseph Silvent, natural de Perpignan, segundo consta nas actas de nacemento de tres dos seus netos (Iglesias, 2013, 32). Porén, nos rexistros desta cidade francesa consultados non consta o nacemento de ningún individuo con ese nome[151]. Os datos relativos a esta persoa dos que se dispón proveñen da memoria familiar, e non explican os motivos que a levaron a se instalar na Península. Ao parecer, Joseph Silvent era un experto domador de cabalos, un dos números habituais nos primeiros circos (Richet, 1530), o que faría plausíbel a hipótese de que se tratase dun membro dun circo francés que decidiu separarse da *troupe* durante unha xira. O motivo da súa emancipación puido ter sido o feito de iniciar unha relación emocional cunha muller española, a murciana Josefa Martínez. Segundo o relato elaborado por Xaime Iglesias a partir de testemuños familiares e da escasa documentación localizada nos rexistros civis, a parella chega a Extremadura no último terzo do XIX, ofrecendo nas distintas feiras e festas un espectáculo de doma e exhibición de cabalos completado con algúns números de circo (Iglesias, 2013, 32). Non hai probas de que entre estes últimos houbese algún número de teatro de marionetas, se ben era frecuente que as atraccións circenses de finais de século incluísen marionetas no seu programa[152]. O mesmo autor propón a hipótese de que a parella (non consta que contraesen matrimonio) establecera na localidade de Santa Marta de los Barros o seu centro de operacións, desde o que se trasladaban ás distintas feiras da contorna. Nesta vila tería nacido o seu fillo máis vello, José, ao que lle seguirían catro irmáns: Julia, Margarita, Domingo e Santiago. A data e o lugar de nacemento daquel primeiro fillo varían, segundo o rexistro, entre o 1885 e o 1995; e ubícana tamén en Cáceres ou Coimbra. Chama a atención que a única partida de nacemento que se coñece, localizada por Xaime Iglesias no rexistro civil de Cáceres, con data de 1 de febreiro de 1886, o neno José Silvent Martínez é rexistrado por Julián Hurtado Abila, quen afirma que foi encargado polos pais para realizar esa xestión, aínda que expresa, e así queda rexistrado, que os pais son descoñecidos. A aparente falta de lóxica deste documento ten, nunha lectura máis profunda, unha posíbel explicación: a de que os pais da crianza non desexasen, por algún motivo, expoñerse diante da autoridade, polo que tería pedido a un coñecido que fixera ese trámite por eles. Unha actitude defensiva bastante frecuente no ambiente dos peripatéticos, como se viu.

---

[150] Segundo o Insitute National de Statistique, no departamento de Rhône-Alpes concéntranse a maioría das persoas co apelido Silvent aparecidas en rexistros desde 1791 ao 1915. (Genealogy.tm.fr). Desas persoas, a maioría, segundo o portal Geneanet, estarían radicadas en Isère (1953 individuos no mesmo período).

[151] Consultáronse os arquivos municipais de Perpignan do 1840 ao 1875, período no que resulta plausíbel que tivese nado Joseph Silvent se foi pai no 1890 e tivo catro fillos máis despois desa data. Os únicos datos atopados que remiten por proximidade ao apelido Silvent fan referencia ao nacemento dun neno chamado Jean Etien Sirven, fillo natural dunha moza que o recoñece como dela, o 2 de outono de 1869; cinco anos máis tarde, o 2 de setembro de 1872, rexístrase a un neno como Ferdinand Hyppolite Sirvent. Fonte: arquivos departamentais do Conseil Général des Pyrenées Orientales, consultados en liña o 12/11/14 (archives.cg66.fr).

[152] Segundo o volume da *Encyclopédie* de la Pléiade adicada ás artes do espectáculo. os adestradores de animais que integraron os primeiros circos a finais do s. XVIII, formaban parte "de l'immense tribu des saltimbanques dans laquelle figuraient aussi d'autres amuseurs de la foule: sauteurs (...) , marionnettistes, arracheurs de dents, danseurs de corde, jongleurs, escamoteurs". (Richet, 1981, 1530) [da inmensa tribo dos saltimbancos, da que tamén formaban parte outros entretedores da multitude: cabalos de salto (...) , marionetistas, sacamoas, equilibristas, malabaristas, escamoteadores (t.p.)].

Respecto aos outros irmáns, Santiago tería nacido na cidade de Compostela o día do Apóstolo de 1890, segundo distintos documentos[153]. Este feito, de ser certo, pon en cuestión a versión defendida polos fillos de José e dada por boa por Jaime Iglesias. En primeiro lugar, porque esta versión coloca como data probábel do nacemento de José o ano 1890, baseándose na acta de defunción e noutros documentos expedidos no crepúsculo da vida do titiriteiro. Sendo este ano o de nacemento do seu irmán Santiago, e asumindo que non eran xemelgos, parece improbábel que os dous irmáns nacesen no mesmo ano e en cidades diferentes.

Segundo o relato mantido polos seus fillos, José, aínda mui neno, abandonou o núcleo paterno e cruzou a fronteira desde Extremadura a Portugal. O motivo tería sido a férrea disciplina á que Joseph sometía aos seus fillos para adestralos nas artes circenses. Porén, tendo en conta que esta forma de educación era común nas dinastías circenses, é lícito albergar sospeitas de que puidera terse dado algunha outra circunstancia que motivara tal separación[154]. Iglesias sitúa en 1903 a data da fuxida do neno cara a terras portuguesas, atravesando a Raia Seca desde Badajoz, onde a familia se atopaba actuando co espectáculo durante as festas. Propón a posibilidade de que marchase co compromiso dun pequeno circo de enrolalo á súa chegada á vila fronteiriza de Elvas. Unha caída teríao levado a abandonar tamén esta nova compañía e daría paso a unha tempada de errancia. O periplo do cativo, que, dependendo da data de nacemento que se dea por boa, andaría entre os 13 e os 18 anos, lévao, nun primeiro momento, á mendicidade e o traballo como pastor de ovellas. Ao cabo dun tempo, chama a atención do mozo unha actuación de teatro de monicreques que visita a localidade na que se atopa. O fantocheiro reclútao como aprendiz e ensínalle os segredos do oficio ao tempo que percorren distintos lugares do norte portugués co espectáculo (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

O dato do nacemento do seu irmán Santiago en Compostela en 1890 –cando José, de ter nacido en 1886, contaría só catro anos de idade- convida a propor outras hipóteses, como a que sostén Anxo García (entrevista persoal, 26-2-2015). Segundo o titiriteiro lalinense, pioneiro na pescuda das pegadas de Barriga Verde, semella máis verosímil que José tivese chegado a Portugal coa súa familia desde Galiza, nunha xira habitual polas festas do Sul do Miño. Contando en 1903 con 17 anos de idade, non é aventurado pensar que o mozo quixese probar sorte pola súa conta con algún empresario portugués, e fose entón que iniciase a súa andaina cos fantoches. Unha posibilidade que non deixa de conter numerosas lagoas, como se irá vendo.

5.1.2. Contacto co teatro popular portugués

Se ben non existen probas que o confirmen, a coincidencia nas datas co momento de popularidade do espectáculo popular dos *robertos*, herdeiro de Pulcinella no país lusitano, alén de numerosas coincidencias no repertorio do espectáculo de Barriga Verde, convidan a supor que foi esta formación recibida na adolescencia a que

[153] O Documento Nacional de Identidade e o Carné de afiliación ao Sindicato do Espectáculo, amosados polo seu fillo Juan. Porén, consultado o Rexistro Civil de Santiago de Compostela pola investigadora, certificouse que non existe inscrición de ninguén co nome de Santiago Silvent Martínez no período comprendido entre o 01/01/1890 e o 31/12/1895. (Certificación con data do 27/03/2015).

[154] Juan Carlos de la Madrid explica que o circo, que define como "medio cerrado", estaba formado por "artistas generalmente organizados en dinastías cuyo oficio viene de lejos traspasándose de padres a hijos en apellidos que permanecen inmutables a la renovación de las personas. Su oficio es una cuestión de tiempo, en la que son difíciles de aceptar artistas agenos al propio circo que no hayan pasado por ese aprendizaje y que necesitan mucho tiempo para adaptarse a esa mentalidad casi genética del mismo, además de para adquirir ciertas habilidades, que no son en la mayoría de los casos 'naturales' sino que requieren de una lentísima preparación y perfeccionamiento durante años." (Madrid, 1996, 288).

achegaría a José Silvent as técnicas e os textos do espectáculo tradicional portugués; materia prima que máis tarde fusionaría co repertorio propio do contexto cultural no que acabaría por desenvolver a súa profesión, o galego.

José Silvent tería botado, segundo a hipótese defendida por Iglesias, aproximadamente seis anos en Portugal. Tampouco é seguro o ano no que atravesou o Miño para chegar a Galiza, nin onde recalou por primeira vez. Aténdonos ao relato do seu fillo, pasaría a Tui atraído pola sona das festas de San Telmo, que teñen lugar durante a Pascua. Corría, segundo cálculos de Iglesias, o ano 1909, aínda que nese senso as informacións fornecidas pola familia, única fonte de que se dispón para tratar de situar este feito, son contraditorias[155].

En calquera caso, o bonecreiro, que naquel momento vía reducida a súa equipaxe a un saco que cargaba ao lombo (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010), debeu atopar ao norte do Miño facilidades para instalar o seu precario teatriño (limitado, nun principio, a unha saba pendurada de dúas esquinas ou dous paus) e, sobretodo, deu cun público xeneroso que enchía o seu chapeu ao final de cada actuación. De darmos como válida a hipótese da súa chegada durante as festas patronais de Tui, suponse que a continuación o titiriteiro tería percorrido as distintas feiras da contorna (Salceda de Caselas, Ponteareas, Gondomar, O Porriño, As Neves....), para aparecer en Salvaterra durante o verán. Tampouco é clara a época do ano no que isto último ocorre, aínda que si que tivo que coincidir cunhas festas grandes do lugar, dado que había numerosas atraccións. Iglesias aventura que se trataba das festas patronais de San Lourenzo, celebradas en agosto, e que foi durante esa festa que José Silvent coñeceu a Emerenciana Fernández Gómez, natural de Lérez, que traballaba xunto coa súa familia nun posto de lanchiñas, atracción habitual nas festas e feiras da época. A rapaza formaba parte dunha familia adicada á ambulancia (oficio común nesa parroquia pontevedresa), e segundo testemuño dos seus fillos, era dous anos máis vella ca José. Este dato confirmaría 1886 como data de nacemento do titiriteiro, pois segundo o seu carné de identidade, Emerenciana tería nado en 1884, malia no rexistro civil aparecer 1892 (Iglesias, 2013, 40). Neste momento os mozos inician unha relación afectiva que os levará a convivir e viaxar xuntos co espectáculo.

5.1.3. Nacemento do personaxe de Barriga Verde.

O mozo titiriteiro incorpora, a partir de entón, a súa compañeira á posta en escena do espectáculo. O formato continúa a ser moi sinxelo: unha tea pendurada entre dous soportes mantén oculto o manipulador, quen vai amosando por riba da súa cabeza os distintos bonecos. Emerenciana, agora, colaborará animando o público a achegarse ao precario teatriño e, unha vez iniciadas as breves pezas, interactuará cos personaxes de madeira, engadindo un elemento máis de complexidade á situación comunicativa presentada.

> Miña nai contestáballe aos muñecos.
> *[pero ela estaba de vista ao público, o público víaa a ela?]*

[155] En entrevista realizada o 3-2-2012, Alfonso Silvent di que o seu pai botou catro anos en Portugal e que abandonara o seo familiar cando tiña dez anos. Esas cifras remitiríannos a 1904 como data da súa chegada a Galiza, o que non se corresponde coa que propón Jaime Iglesias (1909), quen por outra parte se basea en grande medida nos testemuños dos fillos de José Silvent.

> Si, ao público. E contestáballe. Dicía, cando era, por exemplo de... do Barbero, pois pagáballe... E expresábase bastante ben. E ese levouno, levámolo, ese sistema, siempre, siempre, pero de inverno. (...) O de contestarlle aos muñecos. Despois de facer o cine... (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

Retomando o esquema descrito no cadro teórico (apartado 2.4), á interlocución marionetista-espectador(as)-personaxes habería que engadir un terceiro interlocutor: a moza que dialoga en voz alta cos personaxes da peza podería estar realizando a viva voz aquelas interaccións que os membros do público só realizan mentalmente e, deste xeito, ampliando o efecto de denegación xerado. A persoa de carne e óso que dialoga con personaxes de madeira e tea contribúe a crear a fantasía de que os bonecos teñen vida propia, se ben o público continúa a ser consciente de que *ce n'est pas vrai, mais pourtant..*[156].

A presenza dun personaxe fóra de escena que cumpre a función de narrador e interlocutor-voceiro do público é habitual no teatro de marionetas. Atópase no teatro de bonecos de Santo Aleixo, no Algarve (Zurbach, 2007 e Passos, 1999), e estivo nas primeiras representacións de Guignol, precisamente no momento fundacional do espectáculo de títeres de cachaporra lionés. As similitudes e a proximidade temporal entre a orixe deste espectáculo e a do de Barriga Verde xustifican que se lle adiquen unhas liñas ao relato do mesmo.

A historiografía sobre Guignol, ben máis abondosa que a relativa ao equivalente galego, atribúe a Laurent Mourguet (1769-1844) a creación do personaxe. A súa orixe en Lyon tamén non é discutida. Mourguet, tras perder o seu traballo como operario da seda a raíz da mecanización do téxtil, alterna distintos oficios, entre eles o de arrincador de moas, para o que se vale dun monifate de Pollichinelle co que distraer os clientes. Esta actividade de entretemento debía atraer ben máis curiosos que a de sacamoas, polo que Mourguet decide centrarse na súa faceta de *amuseur* e alíase cun músico, coñecido como Père Thomas, para as súas actuacións ao aire libre. "Avec Mourguet, Thomas peut montrer les multiples facettes de son talent. Debout, devant le castellet, il joue du violon et invite les passants à regarder" (Fournel, 1975, 20)[157]. Ao mesmo tempo, dialoga co personaxe de Polichinelle, improvisando unha serie de diálogos cheos de graza. Porén, o antigo zapateiro metido a *entertainer* ten unha debilidade polo viño do Beaujolais e auséntase con demasiada frecuencia do seu posto a carón do teatriño, o que fai que Mourguet decida pór fin á súa sociedade. Para substituílo constrúe, contra 1804, un personaxe que imita o père Thomas. Baptízao como Gnafron e, como o seu equivalente humano, cumpre a función de atraer o público coa súa verborrea, alén de entaboar agudos diálogos cos personaxes da ficción. O père Thomas primeiro, e despois Gnafron, contribuían a xerar un distanciamento ao ancorar a trama ficticia na realidade do público, do mesmo xeito que, un século máis tarde, fará Emerenciana co espectáculo de monifates representado polo seu home.

Arredor de 1808, Mourguet decide substituír o seu Polichinelle por un novo personaxe que, igual que fixera con Gnafron, está inspirado nun referente real. Neste caso, constrúe un boneco á súa propia semellanza, caracterizado coma un operario da seda (o bonete de coiro e a longa trinca son trazos típicos do *canut*) que comenta e

[156] Non é certo, porén... (t.p.)
[157] Xunto a Mourguet, Thomas pode amosar as múltiples facetas do seu talento. Dereito diante do teatriño, toca o violín e invita aos transeúntes a ollar (t.p.).

ironiza sobre a actualidade local lionesa (Fournel, 1975, 25). En 1840 Guignol adquirira tal popularidade en Francia que o Polichinelle ficou relegado a un papel marxinal, como comentarista doutros espectáculos dirixidos exclusivamente ao público infantil nos parques parisinos. O novo personaxe tivo tal predicamento que o nome de Guignol acabou sendo sinónimo de marioneta de luva, tanto no contexto francófono como noutras culturas.

A peripecia sufrida polo novo personaxe de teatro de títeres de luva, aparecido na Francia post-revolucionaria e nun contexto de grave crise económica, contén numerosos paralelismos coa versión dos feitos que se tenta reconstruír para o personaxe galego. Do mesmo xeito que en Francia existía previamente un heroe cómico popular da tradición polichinesca, en Galiza antes do 1900 os personaxes populares de títeres eran os cristovos, probábeis parentes do Don Cristóbal Polichinela que aparece na Península no século XVIII como resultado da fusión do personaxe napolitano, traído polos comediantes italianos, co carácter dos tipos locais da Corte madrileña (Ayuso, 2013, 3; Rumbau, 2013, 211-212). O público popular galego denominaba *cristovos,* xenericamente, a todos os personaxes que os cegos animaban coa axuda dun lazarillo agochado tras da súa capa. A figura do cego monifateiro debeu ser habitual nas feiras e romarías galegas até inicios do século XIX, segundo diversas fontes (Pereira e Sousa, 1991; Sampedro, 2007; Carré, 1997). Non existe ningún dato de que houbese outros espectáculos de marionetas populares alén dos representados polos cegos (Anxo García, entrevista o 26-2-2015). As distintas referencias sobre o tema coinciden en que no momento da suposta chegada de José Silvent a Galiza os cristovos están en declinio, polo que é plausíbel que o espectáculo traído polo rapaz chegado do Sul do Miño constituíra unha novidade que contribuíu ao seu éxito. Atribuír a José Silvent, do mesmo xeito que a Laurent Mourguet con Guignol, a decisión planificada de renovar o repertorio semella extremadamente forzado e supón incurrir, unha vez máis, na transposición dos esquemas propios da racionalidade institucional aos mecanismos de innovación e creatividade populares.

Máis aínda, cando ao relato oficial se confrontan outras versións que parecen indicar que o espectáculo de monifates de Barriga Verde non xurdiu só da man de José, senón que os seus irmáns tamén contribuíron á sona do personaxe, e que probabelmente non fixeran máis que continuar unha herdanza familiar e adaptala ao contexto no que tiveron de desenvolver o seu oficio.

5.1.4. Fusión de tradicións.

O nacemento de Barriga Verde non se debeu producir dun día para outro nin foi premeditado. Do mesmo xeito que Mourguet iría dando forma a Guignol a través dun proceso de ensaio-erro co seu público, José ou o resto dos irmáns Silvent moldearían o seu espectáculo dacordo co resposta dos espectadores que foron atopando no seu percurso. Algunhas coincidencias atopadas no repertorio inducen a crer que o titiriteiro trouxo a Galiza un espectáculo inspirado naquel que os fantocheiros portugueses representaban nos seus teatriños, contando com Dom Roberto como heroe. É probábel que a intervención da súa compañeira no espectáculo contribuíse a acelerar o proceso de mestizaxe. E tamén, que o contacto cos seus irmáns, que debían adicarse coma el a ofrecer pequenas representacións de fantoches, intervise na fusión das formas e os contidos do espectáculo que se representaba popularmente a un e outro lado da fronteira. En efecto, nas conversas con algúns descendentes de Silvent (os irmáns Santiago e Juan Silvent Suárez) fálase indistintamente de Cristovo e de Barriga Verde para aludir ao heroe das pezas, e mesmo chega a afirmarse que "o

propio Barriga Verde era Cristóbal" (S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego o 6-4-1989) ou que o nome completo do personaxe era "Don Cristóbal Barriga Verde" (J. Silvent, entrevista persoal, 4-12-2014), o que nos remite ao Don Cristóbal Polichinela da tradición castelá de títeres de cachaporra, e da que mui probábelmente Barriga Verde era descendente a partes iguais con Roberto.

Deste xeito, se se ten en conta que moitos dos argumentos das pezas dos cristovos coincidían ou eran moi similares aos dos robertos, pódese virar o razonamento até o dagora proposto e pensar que, en realidade, o que se representaba era o espectáculo tradicional dos cegos monifateiros galegos, temperado con algunhas influencias dos repertorios portugués e castelán (o que Joseph ou Josefa lles terían transmitido aos fillos). Casto Sampedro y Folgar (2007, 165-166) dá conta de dous argumentos dos cegos monifateiros moi similiares aos que referencia Seara Cardoso (-, 7-8) para as pezas do repertorio portugués: a do Barbeiro e a morte do Demo, presentes as dúas no repertorio de Barriga Verde e que serán analizadas máis adiante. En calquera caso, alén dunha peza montada presumibelmente en 1942 por José Silvent –e tamén polo seu irmán Santiago[158]- que semella calcada dunha xenuínamente portuguesa, o resto do repertorio de Barriga Verde pódese considerar eminentemente europeo. Isto é, os esquemas dramáticos son parellos aos de toda a tradición de teatro de títeres de cachaporra, que arrinca, como se viu máis arriba, no século XVII en Nápoles. Dito isto, tratarase de amosar o carácter orixinal do achegamento galaico a esta tradición paneuropea, o que non comporta unha contradición.

5.1.5. Etimoloxía de Barriga Verde

Fose como for, o espectáculo representado por José Silvent e/ou os seus irmáns debeu constituír unha novidade para o público galego, que o aceptou con agrado e contribuíu á súa popularidade. É verosímil pensar que esa novidade no formato (da capa do cego á saba pendurada polo artista ambulante), xunto con outros elementos propios dos fantoches portugueses e descoñecidos até o momento polo público galego, motivaron a adopción dunha denominación diferenciada para o espectáculo, que se considerou distinto do que até entón se coñecía, o dos cristovos. Así describe o proceso Anxo García:

> (...) veñen aquí a Galicia facer títeres e fan os títeres que hai aquí: cristovos. Un deles, ou… toda a familia, pois pouco a pouco van facendo que pase o nombre de Cristovo, que pase a ser Barriga Verde, (...) que acaba por ganarlle o nome ao propio Cristovo. Desaparece o de Cristovo. Quizais porque pasan a ser eles os únicos que… quedan en Galicia facendo teatro de títeres tradicional. Entón desaparece o Cristovo ese do uso… habitual da xente, anque aínda hai vellos que o usan, e pasa a ser Barriga Verde, que é o que eles máis promocionan no exterior da barraca, que é realmente cando máis público tiñan. (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

Nalgún momento aparece a denominación de Barriga Verde para o personaxe principal. Este nome é empregado en distintos lugares do continente americano (na cidade dominicana de San Juan de la Managua e no estado brasileiro de Santa

[158] Trátase da peza que, segundo Alfonso Silvent, escenificaba o descubrimento de América, e que contén numerosas similitudes coa peza *O marqués de Pombal e os Jesuítas* do repertorio tradicional de títeres portugueses. Referencian a súa representación por Santaigo Silvent Consuelo Ferrero, viúva de Julio Jiménez Silvent (entrevista realizada por A. García, outubro de 2013) e Juan Silvent (entrevista persoal, 24-12-2014).

Catarina) e é tamén o xentilicio familiar das persoas orixinarias de Murcia. Non se pode obviar o claro componente carnavalesco do par semántico: a barriga como referencia ao ventre avultado, á protuberancia excesiva, símbolo de virilidade, de goce carnal e achegamento á terra (Bakhtin, 2003, 77); e a cor verde, considerada no Medioevo como a propia dos tolos (Gaigbenet e Jayoux, 1985, 176). É posíbel que a expresión "ti es un Barriga Verde", aplicada a toda persoa un pouco atolada e traste, fose anterior ao espectáculo de bonecos e que tivese sido incorporada ao espectáculo ao apreciar os artistas a súa adecuación ao carácter do personaxe.

A orixe da denominación dos personaxes do teatro popular de marionetas adoita ser obxecto de conxecturas. Tal ocorre co Don Cristóbal, sobre o que algúns autores propoñen a hipótese de que herdase o nome dun dos empresarios italianos que trouxo á Península este tipo de espectáculos (Ayuso, 2013, 4; Rumbau, 2013, 210); explicación similar presenta Seara Cardoso para o nome do boneco tradicional portugués, que tería adoptado o nome do empresario Roberto Xavier de Matos, se ben tamén contempla a posibilidade de que o nome proveña do do protagonista da peza *Roberto e o Diabo* (Seara, 4). Xa se viu anteriormente como a orixe do nome de Pulcinella ten sido albo de construcións lendarias (do pitiño-pulcino ao nome dun paisano de Acerra, Leone, 2013, 1-3), o que tamén ocorre con Guignol. Onofrio presenta a posibilidade de que Mourguet puxese en boca do seu personaxe a expresión popular *c'est guignolante*, que expresa xocosidade, e que o público acabou por colocar ao boneco ese nome. Fournel (1927), porén, prefire a opción do patronímico, pola que o titiriteiro tería tomado o nome dunha persoa coñecida, chamada Guignol ou Chignollo (27). A opción de que fose o propio público o que acabase por baptizar o novo personaxe non é desatinada. De feito, as variantes do nome Pulcinella, producidas por adaptación fonética ao contexto de acollida (Punch en Inglaterra, Polichinelle en Francia) indican que os espectadores participaban dalgunha maneira na consolidación dos personaxes populares. De aceptarse a hipótese de que o Dom Roberto ou o Don Cristóbal deban o seu nome a un "empresario" ou artista ambulante que acadou unha especial notoriedade, resulta tamén plausíbel outorgarlle ao público a paternidade nesa adscrición metonímica do nome do manipulador ao do personaxe. Unha posibilidade que viría a reafirmar a hipótese do papel activo do público no proceso comunicativo teatral, e a presenza do efecto de denegación, polo que os espectadores, malia involucrárense na ficción proposta desde a escena, *saben* en todo momento que é unha persoa de carne e óso quen está detrás da acción dramática, e mesmo coñecen o seu nome.

No caso de Barriga Verde, puidera ser que a denominación denotase tamén primeiro o titiriteiro para despois pasar ao boneco que manipulaba. Así o parecen confirmar algunhas referencias, nas que se emprega o nome para aludir a un artista ambulante, sen precisar se se adicaba a animar marionetas ou a facer números de circo. Anxo García remite ao relatado polo titiriteiro madrileño Paco Porras, quen comentaba que coñecera varios pallasos tradicionais en Madrid que eran coñecidos con esa denominación (A.García, entrevista persoal, 26-2-2015). Un relato de Rafael Dieste publicado o catro de febreiro 1919 en *El Ideal Gallego* viría probar que tamén en Galiza a denominación era común para calquera artista ambulante. Do mesmo xeito, un poema de Luis Pimentel publicado en *El Progreso* durante o San Froilán de 1927[159] pode lerse como un canto á vida bohemia dos feirantes e non tanto como

[159] La luna trae tu carro,/hermano Barriga Verde;/la luna clara, la luna verde.//Traes el polvo y el sol del camino infinito./En tu bruñida corneta,/notas punzantes, como tachuelas,/para clavar tu caseta.//Tiembla la luz de acetileno/en tu casa de lona./Y subida a un palo se rasca la mona.//Dentro, la niña desdibuja un fox-trot/más triste

retrato dun personaxe concreto que, así e todo, ben podería corresponderse perfectamente co de José Silvent ou algún dos seus irmáns.

Alén diso, nas entrevistas realizadas detectouse a tendencia a dotar da calidade de nome propio a Barriga Verde, como se se tratase dun único artista. Moitas das alusións ao personaxe semellan confirmar que o a denominación fai máis referencia ao titiriteiro do que ao fantoche.

> Nós Barriga Verde chamábamoslle ao que... Posiblemente era o Barriga Verde! Porque, oye: o que estaba fóra nós dicíamos que era o Barriga Verde, pero posiblemente, o... Fóra, era o Traga Estopas. (Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013)[160]
>
> .....
>
> *[había un que se chamaba barriga verde? Un muñeco que se chamaba barriga verde?]*
>
> Barriga Verde era o Santiago. Era o Santiago.
>
> *[pero que muñeco... había un muñeco que...?]*
>
> bueno, chamaríallo el...
>
> (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012)[161].

5.1.6. Periplo da familia Silvent. Problemas do rastrexo dos "sen pegadas".

Malia a popularidade que o espectáculo debeu ir adquirindo desde a chegada dos Silvent a Galiza, non se pode obviar a precariedade da subsistencia da súa familia, propia dos membros do colectivo dos artistas ambulantes, unha condición que tratou de retratar Pimentel no seu poema de mocidade.

José e Emerenciana comezan a ter descendencia en 1911, cando nace Lúcia, a primeira filla, á que colocan un nome portugués que di moito da aculturación que debeu ter experimentado Silvent durante a súa estadía no Sul do Miño. Dous anos despois nacería Nieves, á que seguiría Trinidad en 1916. Estas tres fillas naceron antes da formalización do matrimonio da parella, celebrado en Lérez en 1919, acontecimento que pode indicar unha mellora do estatus da familia, que podería desexar formalizar a relación e deste xeito facilitar o recoñecemento legal do *pater familias*, de quen até ese momento non existía ningún tipo de documento oficial que derá fe da súa identidade. Por outra banda, o feito de ter chegado desde Portugal falando con marcado sotaque portugués, como consta en numerosos testemuños escritos[162], podería levar a sospeitas respecto da súa nacionalidade e ocasionarlle

---

que Charlot./(Harina de centeno/sobre su rostro moreno.)//La bandera española gotea anilina/y, en el alambre, hace equilibrios el hambre/vestida de percalina.//El caballo trisca al borde de la cuneta/y un sueño loco se mete en tu carreta./¿Piensas en un Circo lujoso/más grande que la tierra?// Tiembla la luz de acetileno/Y en el parche de tu pandero,/yo quiero escribirte este letrero:/"La luna trae tu carro, hermano Barriga Verde;/la luna clara, la luna verde". (*El Progreso*, 5-10-1927).

[160] Nada en 1937 na parroquia de Mesego, no Carballiño.

[161] Nada en 1926, feiranta. Celeiro de Mariñaos, Barreiros (Lugo).

[162] Álvaro Cunqueiro fala dos "títeres del Portugués" nun artigo sobre as San Lucas publicado no *Faro de Vigo* o 17-10-1957; Trapero Pardo, nun artigo do 6-10-1968 de *El Progreso* no que rememmora os San Froiláns de principios de século, refírese a Barriga Verde como un "simpático portugués" que chegaría ás festas de Lugo en datas posteriores ás referidas no texto. Nun artigo similar publicado o 7 de outubro de 1973, o que foi cronista oficial da Cidade da Muralla volve referirse a Silvent como "un portugués menudo y simpatico, que hablaba un español esmaltado de 'mais', de 'vosas excelencias', de 'gostarán mucho del tiatro' y de unos 'ate' muy oportunos". Chama a atención que nesta descrición aluda ao bonequeiro como "menudo", cando todas as descricións del lémbrano como alto e desgarbado. Cándido Sanjurjo, natural de Abres, lembra nun artigo de 1997 cando asistiu, en 1924 durante as festas do Sete en Ribadeo, á representación de monicreques que, pola descripción do argumento, debían corresponder á de Barriga Verde, e que, polo sotaque, lle pareceu que serían portugueses. (Libro das festas patronais de Ribadeo, 1997).

algún problema legal. De feito, na acta de nacemento da súa cuarta filla, Celia, con data de 6 de xaneiro de 1919, José consta como oriúndo de Coímbra. (Iglesias, 2013, 28, nota de rodapé 17). Tan só 20 días despois, a partida de matrimonio do Arcebispado de Santiago, freguesía do Salvador de Lérez, na que consta a unión entre José e Emerenciana, contradi esta información, facendo constar Badajoz como cidade natal do esposo (Ibídem, 40).

En calquera caso, o momento da formalización do matrimonio de Silvent debeu coincidir co progresivo enriquecemento do espectáculo, ao que se incorporarán novos elementos. Segundo Iglesias, algúns anos antes a parella xa ampliara o dispositivo orixinal para presentar o espectáculo nunha barraca de lonas e madeiras que alugaban en cada localidade onde paraban. Iglesias barrunta que sería arredor de 1915 cando este cambio se produce, e que neste momento a parella e as súas dúas fillas comezarían a trasladarse nun carromato ou similar medio de tracción animal (Ibídem, 71). A medida que as fillas ían medrando colaboraban nas tarefas reprodutivas (coidado dos cabalos, lavado da roupa ou alimentación do resto da familia). Ademáis diso, algunha delas tamén se integrou no espectáculo, como Lúcia, que tocaba a percusión na "charanga" organizada para atraer ao público ao interior da barraca; ou Celia, que interpretaba "canción española" con certa graza (Ibídem, 73). Como se analizará máis adiante, o paso do teatriño uni-persoal (ou a simple saba pendurada) ao dispositivo-barraca vai marcar unha serie de mutacións no sistema de organización económica do espectáculo, transformacións similares ás sufridas desde o último terzo do século XIX por outros espectáculos itinerantes en Europa.

De novo é preciso cuestionar criticamente se non se está incorrendo no mesmo defecto denunciado máis arriba, ao focalizar nun determinado relato biográfico, máis ou menos romántico, a análise dun feito cultural que se trata de apreixar na súa dimensión colectiva e comunicativa. Como xa se expresou, desde este traballo tratarase de relativizar o relato dos feitos que, até o momento, está triunfando e que corre o risco de invisibilizar o resto de hipóteses. Nese senso, cómpre insistir noutras posíbeis opcións, como a que propón Anxo García[163], quen suxire que Joseph Silvent ou Josefa Martínez puidesen ter coñecemento das técnicas de manipulación de títeres de luva[164] e térllelas transmitido á súa descendencia. Tamén propón García a posibilidade xa comentada de que desde Extremadura, antes xa de 1900, a familia ao completo se tivera desprazado a Galiza co seu espectáculo. A separación de José teríase producido desde terras galegas, e non extremeñas, de tal xeito que ao seu regreso ao norte do Miño, Silvent tería retomado o contacto cos seus irmáns, que se atopaban percorrendo as festas e feiras galegas cunha barraca na que representaban distintos números de varietés e posibelmente tamén de fantoches, seguindo o repertorio tradicional dos cristovos. García apoia a súa versión nos motivos de verosimilitude cronolóxica xa aludidos. A cuestión que máis problemas presenta do relato de Iglesias é o rencontro de José cos seus irmáns. Se Santiago Silvent naceu en 1890 en Santiago de Compostela, todo parece indicar que naquel momento José estaba cos seus pais na capital galega, pois daquela contaría seis ou un ano de idade. E que fose desde Galiza que cruzara o Miño, se cadra coa súa familia, se se ten en conta

[163] "Posiblemente xa foran xente do teatro ambulante con habilidades como titiriteiros. E... Esa pa min creo que é a influencia inicial. Esa familia ten en si, non dunha forma genética, pero si por tradición cultural, a... as habilidades dos titiriteiros" (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

[164] " O barriga verde... pois... Non era un apellido noso, nin nada deso, sinón que era un nombre que lle puñeran... os bisabuelos aos muñecos. Muitos anos..." (S. Silvent, entrevista realizada por S.Prego o 6-4-1989).

que outra das irmás, Margarita, acabou instalándose no norte portugués e rexentou unha caseta de tiro (Iglesias, 2013, 33). Admitindo a hipótese de que nalgún momento se producira unha separación do seo paterno, esta puido coincidir coa adolescencia de José, quen, aproveitando unha viaxe da familia polas festas das terras ao Sul do Miño, teríase enrolado, efectivamente, nunha *troupe* de circo ou cun fantocheiro portugués. O resto da familia tería regresado a Galiza para actuar nas feiras do Baixo Miño, quedando Margarita e José en Portugal. Segundo esta hipótese, o nome de Barriga Verde puido ter algunha vinculación coa orixe murciana de Josefa Martínez, quen podería ter aplicado esta denominación, empregada para nomear aos habitantes desta rexión do Levante, ao pallaso que facía "a porta".

Outra posibilidade, se cadra máis difícil de probar, apunta a que a persoa que se atopaba tras do nome de José fose en realidade un artista de orixe portuguesa que acabou enrolándose na troupe dos Silvent. Esta teoría podería atopar unha base nos rexistros onde se refire Coimbra como lugar de nacemento de José, e na ausencia de actas de nacemento nas cidades que constan nos sucesivos documentos de identidade que foi acumulando durante a súa vida, excepto aquel xa referido onde os pais non quixeron deixar constancia da súa identidade. As numerosas referencias á naturalidade lusitana do titiriteiro semellan refrendar esta hipótese. Por outra banda, á vista das poucas fotografías que se conservan, é evidente o escaso parecido físico entre José, alto e delgado, e o resto da familia, de complensión máis ben ancha e cabeza redondeada.

Dito isto, cabería perguntarse en que momento o anónimo titiriteiro portugués adopta a identidade de José Silvent, pois se xa en 1911, no rexistro de nacemento da súa primeira filla, Lúcia, é ese o nome co que se dá a coñecer, é previsíbel que xa o fixese desde antes. Contrastar esta hipótese fica lonxe do obxectivo deste traballo. Sexa como for, parece que a persoa rexistrada como José Silvent vai entrar en contacto nalgún momento con dous dos seus irmáns (oficiais), que se atopan polo menos desde a década de 1920 traballando como artistas ambulantes en Galiza e que tamén van acabar sendo coñecidos popularmente como Barriga Verde.

Regresando ao relato "oficial" (o único publicado e polo tanto codificado até o momento) de Iglesias, os irmáns Julia e Santiago Silvent terían pasado nalgún momento a Galiza desde Extremadura, e alí terían coincidido con José. Descoñécense as circunstancias nas que se produce ese rencontro, pero, seguindo coa lóxica do relato de Iglesias, poderíase aventurar que os dous irmáns, coñecedores do éxito que o espectáculo do seu irmán estaría acadando en terras galegas, decidiran unirse ao espectáculo. Se, pola contra, se fai caso á hipótese de García, pola cal estes dous irmáns terían nacido en Galiza, é plausíbel que tanto Santiago como Julia só se emancipasen dos seus pais ao fundar as súas familias en terras galegas; Santiago a raíz da súa relación con Encarnación Suárez, natural da Terra Cha (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014), e Julia tras coñecer a Francisco Jiménez, fillo dun construtor de carros de orixe valenciana, na zona de Ourense. Segundo a nora de Julia, esta casou en Monforte e xunto á súa parella montou un teatro que empezou percorrendo terras portuguesas[165] (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). O matrimonio chegaría a ter once fillos, dos cais o máis vello, Eligio, chegaría a casar cunha filla de Santiago (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013; J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014). O que si

[165]Este feito, e o relato da peripecia de José Silvent en Portugal, son verosímiles se se ten en conta que o negocio dos pavillóns de feira con actuacións de fantoches era moi común no país veciño naquel momento (Vieira, 2005, 42-48).

confirma o biógrafo de José é que o primeiro fillo de Santiago e Encarnación, Fernando, casou en 1932 con Lúcia, a mentada primoxénita de José e Emerenciana[166]. Fernando naceu aproximadamente na primeira década do século XX, cando o seu pai rondaba a vintena. Posteriormente, nos anos 1950, Claudio, un fillo moito máis novo de Santiago, casou con Celia, filla de Nieves, a segunda de José e Emerenciana. Estes feitos convidan a pensar que entre as familias dos tres irmáns tiña que haber unha relación bastante estreita.

Outras fontes sustentan a idea de que a relación entre os tres irmáns Silvent foi nalgún momento fluída, até o extremo de traballaren xuntos cando coincidían nalgunha festa. Un informante de Mondoñedo afirmaba que, durante a República, "Tragaestopas" (denominación coa que se coñecía a José en Lugo polo número que no que botaba fume pola boca), "facía a porta" mentres que Santiago ("o propio Barriga Verde"), manipulaba os fantoches (J.Arteaga Maseda, entrevista durante a gravación do documental, 17-10-2010). Unha feirante veciña de Celeiro de Mariñaos (Barreiros) que coincidiu en distintas feiras e festas cos Silvent afirmaba que Santiago era quen manipulaba os fantoches, e tamén o considera o propio Barriga Verde. Esta informante tamén refire a boa relación que había entre os irmáns:

> *[Santiago cos irmaos, co irmao que vivía en Lérez, tiñan trato, tratábanse muito?]*
> Si, si, todos se trataban.
> [*E iban a veces xuntos?]*
> E non se metían competencia nin nada! Cada un collía a súa zona...
> [*Nunca coincidían nun sitio?]*
> Non, non, non. Se coincidían, traballaban un pa todos
> [*Xuntábanse?*]
> Si coincidían... así unha comparanza, aquela noite traballaban ao público pa todos.
> (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012)

Porén, é provábel que esas boas relacións se tivesen deteriorado nalgún momento, xerando unha rivalidade entre as barracas de José e Santiago que levaría ao primeiro a engadir ao seu reclamo o subtítulo "El auténtico Barriga Verde".

Cabe, pois, chamar a atención sobre os problemas que xera a adscrición exclusiva da paternidade da creación do espectáculo a unha persoa específica, posto que nin tan sequera existen probas de que o espectáculo fose orixinal, é dicir, que puidese existir anteriormente. A cantidade de referencias a Barriga Verde atopadas en toda Galiza, e a aparente contradición nos datos (desde quen localiza a súa orixe en Sigüeiro até quen refire á naturalidade portuguesa do pai da criatura), convida a propor que se trataría, máis ben, dunha creación colectiva, o que non significa que se asuma unha concepción romántica do "xenio popular". Seguirase a formulación proposta no cadro teórico deste traballo, segundo a cal as expresións artísticas da cultura popular van

[166] "O Fernando! O Fernando estivo con unha cuñada miña. E o Eligio estivo cunha filla do... Que lle chamaban Pura, que era mui guapa. Do tío Santiago, era guapísima. E despois aí, polos matrimonios, separáronse, cada un foi pa o seu lado. E despois casouse unha irmá da... do de Ribeira... bueno de Ferrol, Manolo. Un irmao de Manolo se casou con esa da... do tío Santiago, con a que chamaban Lúcia, chamábanlle Fernando. E tiveron nenos. E despois a miña cuñada, a outra, en vez de xuntarse co Fernando, xa colleu a outro, dos Popines". (C.Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). Juan Silvent insinúa que ese matrimonio foi sen o consentimento de Fernando, a quen José Silvent quería manter fixo no espectáculo porque conseguía atraer moito público coa súa destreza no manexo dos bonecos. (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

cobrando corpo a partir da introdución por parte dalgún individuo específico de determinadas innovacións, quen as confronta co público agardando a súa aceptación. É este quen, no fin, determina se un repertorio vai establecerse como "popular" ou non. É sumamente probábel que só as pezas que gozaron dun maior favor do público teñan resistido na memoria das persoas que asistiron ás representacións, e polo tanto serán as únicas susceptíbeis de analizar.

5.1.7. Popularidade e evolución do dispositivo escénico

A partir de finais da década de 1930 aumenta o número rexistros do paso das distintas barracas de Barriga Verde por Galiza. Referencias na prensa, ás que se aludirá seguidamente, xunto á memoria de persoas que aínda hoxe viven e poden compartir as súas impresións, contribúen a conformar un relato máis completo da evolución do espectáculo a partir dese momento.

A sona de Barriga Verde comezaba a ser grande en algunhas cidades nos anos da II República. En Mondoñedo, durante as San Lucas, e no San Froilán de Lugo, constituía xa unha cita fixa a presenza da barraca do titiriteiro. Descoñécese se se trataba de José, de Julia ou de Santiago Silvent, ou de varios irmáns actuando conxuntamente. O que semella certo é que durante a guerra civil a barraca non actuou e que só ao seu remate puido volver a gozarse do seu espectáculo. Unha fotografía tirada por Vega no San Froilán de mediados de 1940[167] é desputada polos herdeiros de Santiago e os de José como propia: nela pode verse a fachada da barraca, en lona, co *slogan*: "Pabellón de la risa. Culto y moral". O pórtico, decorado con ilustracións de bailarinas, toureiros e pallasos, está asinado e pode distinguirse que o seu autor é de Vigo[168]. O mesmo día o fotógrafo tirou outra foto da barraca, que debeu desbotar pola aparición repentina dun soldado que copa o primeiro plano. Nesta outra imaxe volve aparecer, xunto ao pórtico, un mozo vestido de paiaso "facendo a porta", pero ademáis apréciase, nunha esquina da barraca, pegado á entrada, a figura dun home observando atento as maniobras do que podía ser o seu aprendiz. Asúmese que ese home é José Silvent pola semellanza con outras fotos que se conservan del, nomeadamente unha realizada por [Valentín] Roldán, tamén en Lugo, e publicada o 5 de outubro de 1947 en *EL Progreso*. Nesta foto José Silvent aparece coa face pintada de branco (unha imaxe del que aparecerá en numerosas referencias ao personaxe) tocando uns platillos xunto a unha rapaza vestida de sevillana, que segundo Alfonso Silvent se trataría de Dina, sobriña de Emerenciana nacida en 1925, residente en Lugo. De ser esa rapaza, parece probábel que a foto sexa anterior á súa data de publicación, pois de terse realizado en 1947 xa se trataría dunha muller de 22 anos e tería que aparentar máis idade.

Un dos aspectos que motiva a controversia familiar na foto de Vega é o altofalante que preside o pórtico da barraca, no que se aprecian, pintadas en branco, as palabras "Barriga Verde". Ese mesmo altofalante, ou un idéntico, atópase na actualidade no domicilio de Juan Silvent, fillo de Santiago, quen asegura que a barraca da fotografía era a do seu pai (entrevista persoal, 24-12-2014), todo o contrario do que declara Alfonso Silvent, quen mesmo chega a negar que Santiago manexase nunca marionetas[169]. Por outra banda, o fillo de José asegura que o rapaz

[167] O Arquivo Histórico Provincial de Lugo ubícaa na década de 1940, sen precisar máis.

[168] Se ben Alfonso Silvent afirma que ese pavillón foi encargado a un obradoiro valencián (Iglesias, 2013 81; entrevista persoal, 3-2-2012).

[169] Eu non sei como lle chamaban, porque un día lle preguntei á miña hermán Saladina, se se acordaba do nombre de... deles. E... Eles, como dirían, cos muñecos, era imitación, bueno, era imitando... era copia, porque eles non traballaban con muñecos nunca. Antes non; traballaban despois de vernos a nós. *[Cando viron que tiña éxito…]*

vestido de pallaso que fai a porta é Manuel, fillo de Nieves, a segunda máis vella da rama de Lérez. Manuel, nado en 1937, participou activamente no espectáculo de seu tío, asumindo con frecuencia a actuación "da porta": vestido de pallaso, cunha guitarra de xoguete, movía os beizos ao son dunha canción cómica que soaba poos altofalantes. Tampouco parece plausíbel que no momento no que Vega fai a foto da discordia, mediados dos anos corenta, Manuel tivese xa a idade suficiente para realizar este número, se ben, segundo o seu tío Alfonso, desde 1948 xa participaba no número da porta (notas da entrevista realizada por A. García a finais da década de 1980, non gravada).

As múltiples barracas que circularon por Galiza co reclamo de Barriga Verde, mesmo as varias que tivo José Silvent ao longo da súa carreira, fan que o desentramado deste misterio se complique aínda máis. En calquera caso, e segundo distintos testemuños recollidos, si se pode aceptar a posibilidade de que os irmáns Silvent coincidiran nalgún momento nalgunha festa, e que nesas ocasións evitasen competir entre eles e xuntasen o espectáculo nun. Así o testemuñan distintas persoas da área da Mariña[170]. É probábel, porén, que nalgún momento xurdiran desavenencias entre os irmáns e que esa boa relación quebrase. En calquera caso, o reparto de territorios entre os tres irmáns adoitaba respectarse: se José percorría a provincia de Pontevedra, alcanzando mesmo algunhas localidades do oeste ourensán como o Carballiño e Ribadavia (Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013; A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012); Julia e o seu home Topete empezaron por centrarse en Ourense, se ben os seus fillos se estabeleceron no sur da provincia de Lugo (Monforte e Chantada) e centro do país (A Estrada). Santiago Silvent, establecido na Cruz do Pouso (Neda), percorría as vilas da Mariña, Bergantiños e a Costa da Morte. Os tres irmáns acodían tamén, sen falta, ás grandes feiras anuais: Ascensión e Apóstolo en Compostela, Pascua de Padrón e San Froilán en Lugo. En todo caso, é probábel que a popularidade do espectáculo, e especialmente do número dos monicreques, fixera extensiva a denominación de Barriga Verde a outros espectáculos de feira que incluísen fantoches, como parece concluírse dalgúns testemuños nos que non se atopa vinculación familiar cos Silvent. (P. Pereira, entrevista persoal, 18-12-2012).

A década de 1960 marca o fin das representacións de Barriga Verde por parte da familia Silvent. Xa na década anterior, e probabelmente antes, os tres irmáns foron cedendo protagonismo aos seus descendentes no manexo dos bonecos. José Silvent confiaba, en 1957, en ter a herdanza garantida polo seu neto Manuel, quen aprendera o oficio e o manexaba con destreza (LN, 4-5-1957). Julia debeu deixalo aproximadamente nas mesmas datas, ficando nas mans do seu fillo Julio a representación (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). Santiago puido terse visto obrigado a abandonalo, por motivos de saúde, xa nos

---

Exactamente. Pois... Nós chamábamoslle Barriga Verde, e puxéronlle eles tamén Barriga Verde. Mais non tiña nombre. E decíame el: a nosa era... este "Pabellón de la risa, culto y moral". Pero vamos a ver, hombre, non digas tonterías. E logo non son... Como vai ser, se eu nunca cho vin? "Pois sí, pois si. Vouche enseñar a fotografía" . E vai e están alí Manolo e mais meu pai. [ri] A quen engaña? Era teu pai ou eras ti? (A. Silvent, entrevista persoal, 3-3-2012). O testemuño de Flora viría confirmar que Santiago Silvent si manipulaba os bonecos:

Unha vez me deu un cachiporrazo un coa vara... Porque... eu salía, entrábamos... eu más Virginia, escapábamos... andabamos (...) E tanto salir e entrar... E dice el: "tanto andades pa fóra e pa dentro!" Dice o señor Santiago, vai un muñeco... PIN! Deume aquí na cabeza (...) Acórdome ben. "Veña! A fóra!" Así é que ainda o probei o muñeco tamén. (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012).

[170] "Viñan os dous, ao primeiro viñan os dous. *[Coas dúas barracas?]* Non, era unha barraca sola". (J.Arteaga Maseda, entrevista durante a gravación do documental, 17-10-2010). "Si coincidían, así unha comparanza... Aquela noite traballaban ao público pa todos". (Flora, entrevista persoal, 20-1-12)

primeiros anos de 1940, segundo testemuña o seu fillo Juan (entrevista persoal, 24-12-2014). A medida que os fillos dos Silvent foron casando, o espectáculo familiar ía mermando. Os fillos de Santiago e José especializáronse noutras atraccións de feira (tómbolas, tiros, novas atraccións mecánicas como coches de choque) e na proxección de cine polas aldeas. Dos fillos de Julia, só Julio, o máis novo, continuou manexando os bonecos até finais da década de 1960, principalmente como complemento ás proxeccións de cine que organizaba nas aldeas do sur da provincia de Lugo. Actuaba de cando en cando na barraca do seu irmán *Ramonet*, como lembran aínda moitas persoas en Chantada e a Estrada (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012; C. Ferrero, entrevista realizada por A.García en outubro de 2013).

En 1960, durante as San Lucas, a barraca de Santiago actúa por derradeira vez. En 1964, durante a Pascua de Padrón, cita habitual da barraca "Melodías de España", a familia de José decide que o espectáculo xa non é rendíbel. Os fillos, agás Alfonso, montaran os seus propios postos de feira (tómbolas, tiros e outras atracións máis novidosas), e o vello Silvent vírase na obriga de contratar artistas ambulantes que non sempre eran serios nos seus compromisos. Alén diso, a súa saúde non lle permite seguir manexando os bonecos e a continuidade da arte, que nun momento parecían asegurar os netos Manuel ou Arsenio, esfumouse cando os dous abandonan o proxecto. Un para marchar á emigración, o outro por unha doenza que lle impedía seguir empregando a palleta. (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-12; notas da entrevista realizada por A. García a Manuel Lorenzo Silvent, neto de José Silvent, arredor de 1988, sen gravar).

Antes da súa morte en 1970, José Silvent aínda levará un oráculo mecánico polas feiras, deseñado por el mesmo. Pero o mundo do que el formaba parte estaba a esmorecer igual que as súas forzas, e as novas atraccións mecánicas xa chegaran para varrer todo.

5.2. PRESENZA DO ESPECTÁCULO NA PRENSA DA ÉPOCA.

Unha vez asumida a dificultade de deseñar de xeito exacto o itinerario vital dos responsábeis do espectáculo (sexan os seus únicos creadores ou meros responsábeis da súa transmisión), pode resultar recomendábel desviar o foco cara a recepción que o espectáculo tivo nos seus primeiros anos. As primeiras referencias escritas a Barriga Verde (polo tanto, as primeiras probas da popularidade que comezaba a acadar, superando as fronteiras do popular para penetrar nos terreos da cultura escrita) atópanse na prensa e en artigos de vocación costumista ou evocadora, isto é, carentes de carácter informativo ou "serio". Fan referencia, como se viu, a un personaxe xenérico, a un "titiriteiro" no senso popular do termo, como artista ambulante adicado a entreter con distintas linguaxes: teatro, malabares ou acrobacias. Non se alude expresamente as marionetas até a Posguerra.

A primeira mención localizada da barraca de Barriga Verde data de 1924 e aparece no diario *La Provincia*, "Diario de información y de intereses generales", liberal-conservador, cuxa xeira cruza os anos vinte e debeu rematar ao fin desa década (Alonso Alonso, Moreda e Vilariño, 2006, 22). Durante o 7 de outubro daquel ano, en plenas festas de San Froilán, méntase, nun artigo de portada sen asinar, a Barriga Verde como "empresario" das "clásicas barracas de feria" que estaban atopando dificultades para atopar público nun ano que debeu ser pouco frutífero, en boa parte por culpa das adversas condicións meteorolóxicas. É salientábel, en calquera caso, que o anónimo autor do artigo (podería ser o seu director, Nilo Fernández Castro) incluíse ao titriteiro dentro do grupo das atraccións "clásicas" das festas lucenses, o

que pode convidar a pensar que Barriga Verde tiña que existir moito antes do 1909, ou que a extensión da súa popularidade foi verdadeiramente meteórica.

Un ano despois aparece unha referencia máis extensa, obra de Xosé Ramón Trapero Pardo, na altura xornalista en distintas cabeceiras de tendencia agrarista e católica aliñadas coa Ditadura de Primo nas terras de Miranda. O 17 de outubro de 1925, día de San Lucas, publica un artigo no xornal coruñés *El Ideal Gallego* no que describe con detalle o dispositivo e o personaxe de Barriga Verde durante as festas de Mondoñedo:

> Nadie se explica cómo puede este hombre menudo sostener en su 'cartel', año tras año, los mismos 'números'. (...) A la entrada de la barraca, unas jóvenes 'estucadas' adoptan posturas que dan ganas de llorar, y 'Barriga Verde' repite cien veces un chiste 'paleolítico', mientras una niña berrea un cuplé que ya debió conocer. ("Cuestiones frívolas", EIG, 17-10-1925)

Naquela altura só Celia, que contaría 5 anos, podía ter sido a responsábel de "perpetrar" ese cuplé, se atendemos ás informacións que achega Iglesias, quen afirma que o resto das irmáns nunca cantaron (2013, 73-74). De tratarse dalgunha das fillas de Santiago Silvent, podería ser Carmen, que contaría xa 17 anos, ou Socorro, de dez, opción que se axustaría máis á consideración de "niña". Porén, se, como di ao inicio do artigo, o autor está relatando máis unha evocación ca un acontecemento presente, a cuestión da idade non sería tan determinante. Por outra banda, o feito de que fale de Silvent como un 'hombre menudo' convida a pensar que se trataba de Santiago, e non de José, quen polas fotos e as declaracións dos familiares debía ser un home alto para o seu tempo.

Trapero describe tamén as estratexias comerciais do espectáculo, das que se falará no seguinte capítulo. Non se fai referencia ao contido do programa que se desenvolvía no interior da barraca. Insístese, iso sí, na súa natureza de "cita fixa" coas festas de San Lucas, xa desde os anos da nenez do autor (por tanto, entre 1905 e 1915): "nosotros queremos recordar hoy, tratándolo a la luz de unos recuerdos de otra edad, lo más atrayente de las fiestas mindonienses: los gitanos y 'Barriga Verde'". (EIG, 17-10-1925)

No semanario *Vallibria*, creado polo mesmo Trapero Pardo coa vocación de aglutinar as plumas mindonienses de distintas tendencias ideolóxicas, atópase a terceira referencia ao personaxe, unha vez máis durante as festas das San Lucas. Trátase da capa do número do día 19 de outubro de 1930, nun artigo titulado "Pantoscopio" e asinado co pseudónimo Neura. Nun irónico comentario sobre os novos avances das tecnoloxías para "desplumar incautos" nas feiras, o autor considera Barriga Verde "el único que aún conserva intacto el aspecto fósil". Integra, polo tanto, o grupo das atraccións consideradas "tradicionais" das feiras, algo que fai pensar que o espectáculo debía existir cando menos desde vinte anos antes da escrita deste artigo.

5.2.1. *El Progreso* de Lugo: Barriga Verde no San Froilán.

Tamén en Lugo chegou a constituír Barriga Verde unha cita fixa coas súas festas grandes, se ben é posíbel que o fixera máis tarde que en Mondoñedo. As referencias, alén do referido poema de Pimentel, non aparecen até 1931 e localízanse principalmente no xornal diario *El Progreso.* No ano da proclamación da II República, un artigo de Antonio Goy Díaz volve incluír Barriga Verde na súa descrición do San Froilán "auténtico", que empeza a perder graza por mor da chegada

de novas atraccións modernas. Enumera o autor todas as atraccións e elementos da feira das que "solo queda el aroma del recuerdo". E entre eles, Barriga Verde, como se a súa presenza formase parte xa do pasado.

> Barriga Verde se retiró por escotillón ante la avalancha de "espectáculos morales" procedentes de los mejores coliseos de España y del estrangero; la "mujer araña" y el "hombre que tragaba estopa encendida" huyeron avergonzados y perseguidos por los bailadores de charlestón.... (EP, 4-X-1941)

Este queixume pola modernización das feiras tradicionais está vinculado co proceso de massmediación experimentado polo espectáculo, e do que se falará máis detalladamente no próximo capítulo. En calquera caso, se ben Barriga Verde non desaparecería aínda, o artigo acerta no seu vaticinio, dado que tras a guerra ía sofrir unha transformación fundamental no seu formato que acabaría por determinar a súa defunción.

Tras a agresión á República, e durante o período bélico que a sucedería, é Trapero Pardo, integrado, xunto co resto do equipo de *La Voz de la Verdad* (diario católico que tivo que pechar polas dificultades económicas derivadas da guerra), na redacción de *El Progreso* en 1937, o primeiro en facer mención expresa a Barriga Verde, nun artigo que intitula precisamente "Lamentaciones sobre Barriga Verde":

> Ya están aquí las ferias de San Froilán. Pero no está "Barriga Verde". Aquel [soón] con luces de acetileno, con "ataques" de alocado cornetín con redobles de parches lacios por la humedad de la noche.
> "Barriga Verde", el precurso de los "artistas asociados" e inofensivos, falta de las Ferias de San Froilán desde hace varios años.
> Y su hueco es difícil de llenar (EP, 5-10-1937).

Cabe imaxinar que a ausencia do espectáculo estivese motivada polas circunstancias políticas xeradas a partir do golpe militar de xullo de 1936. Distintos testemuños[171] revelan que a familia Silvent deixou de percorrer as feiras durante os anos da contenda, e que mesmo algúns dos seus membros, como Fernando Silvent, se viron implicados activamente na mesma. Este fillo de Santiago e xenro de José marchou a Asturias para loitar no bando republicano, o que provocou o seu encarceramento e estivo a piques de valerlle a pena capital (Iglesias, 2013, 41; Flora, entrevista persoal, 20-1-2012). É lóxico que Trapero se lamente pola anormalidade das festas, o que podería deixar traslucir unha queixa de máis fondo calado. Non hai dúbida de que o artigo expresa unha querencia especial polo espectáculo de Barriga Verde respecto dos outros, que si puideron desfrutarse nas feiras dos anos anteriores:

> No porque los tambores y los cornetines de las barracas modernas no sean tan desafinados como los suyos. No porque el insomnio no deje su círculo marcado en torno a los ojos de los "payasos" enjabelgados o de las "estrellas" apagadas que, aunque parezca paradoja, "debutan" todas las noches sobre el mismo escenario multicolor....

[171] Santiago Silvent Suárez contaba que "No tempo da guerra dedicámonos tamén a facer... os tambores e os bombos... pá Falange" (entrevista realizada por S. Prego, 6-04-1989).

> "Barriga Verde" superó a todos por el prestigio de su risa, por el misterio de su lenguaje, que nadie, ni mayores nin niños, fue capaz de adivinar (EP, 5-10-1937).

Se ben non se explicitan os motivos da ausencia do espectáculo evocado, semella atribuírse a mesma á irrupción da modernidade, que vén acabar coas atraccións "tradicionais". Despréndese no ton do artigo unha certa nostalxia, unha exaltación de tempos idos que non necesariamente debe identificarse cunha invocación dos tempos da II República. Cabe lembrar que Trapero asina o seu artigo no diario que nacera como "liberal" e que desde 1936 se aliña cos ideais do *Movimiento*. Nel reitera o expresado no artigo que escribira 14 anos antes: o espectáculo de Barriga Verde constitúe un elemento fundamental das feiras populares. A continuación achega unha valiosísima descrición do espectáculo, na que aínda non se fai mención aos monicreques:

> "Barriga Verde" fue el que nos ha iniciado en el misterio de la "Mariposa Fantástica". Él nos hizo admirar el arte inverosímil de una maravillosa artista, que con la misma soltura con la que estrangulaba una canción de moda, daba volteretas sobre una alfombra deshilachada; tocaba un conglomerado de instrumentos precursores del "jazz-band" , o atravesaba, relumbrante de papel dorado y de percalinas de colores, un alambre tendido sobre el "patio de butacas" de la barraca de "Barriga Verde".
>
> ¡Y sus chistes....!
>
> Aquellos chistes luso-hispanos que no hemos podido jamás comprender, pero que, como al resto del público, nos hacían reír muchísimo, con una risa que se prendía y se detenía en el ambiente espeso de humo y de sudor del interior de la sala...
>
> ¡Oh, la figura simpática de Barriga Verde, que en vano han tratado de emular los artistas ambulantes que se empeñan en amenizarnos las Ferias (EP, 5-10-1937).

Aparece, unha vez máis, a alusión ás raparigas que participan no apartado de varietés do espectáculo, e que poderían tratarse dunha das fillas de Santiago, ben Carmen (nada aproximadamente en 1915) ou Socorrito (nada por volta de 1918); ou de Celia (1919), a única filla de José, xunto a Saladina (1925) que cantou na barraca (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014; Iglesias, 2013, 73).

Chama a atención que o artigo vaia incluído na sección "En tono de broma", cando non se aprecia pretensión ningunha de provocar a hilaridade dos lectores. A escolla deste nome para a súa sección, que manterá tamén nos artigos nos que incoropore o personaxe de Pelúdez, podería constituír unha táctica do autor para restar relevancia ao ton e a temática dos seus artigos, que no contexto bélico no que escribe poderían ser considerados inapropiados por afastarse da exaltación dos ideais do bando triunfante.

No xornal do día seguinte aparece unha segunda referencia, neste caso indirecta, ao espectáculo de Barriga Verde. Asina Francisco Leal Ínsua outro artigo de ton evocador, "Apuntes de feria", onde podería referirse á barraca de Barriga Verde, que nalgún momento levou o subtítulo de "Espectáculo Culto y moral":

> Y en una esquina cualquiera te sorprende una barraca con un clown pintarrajeado a la entrada sobre la que resbalan unas letras de aceite de linaza que avisan 'espectáculo moral' (EP, 6-10-1937).

Até dous anos despois non se atopa unha nova referencia explícita a Barriga Verde, e vai ser de novo da man de Trapero Pardo. Durante as festas de 1939 o xornalista asumirá o labor de recuperar o personaxe de Pelúdez, incluída na mesma sección "En tono de broma". O personaxe fora creado en 1908 por Antonio de Cora, irmán do fundador do diario. Chegou a acadar unha popularidade tal que acabaría constituíndo un personaxe inseparábel da cidade das murallas (Rodríguez, 2000, 291). Pelúdez representaba o arquetipo do paisano que acodía á feira maior desde unha aldea da contorna para pechar algún trato, ocasión que aproveitaba para divertirse nas distinas atraccións. Baixo a fórmula do diálogo co xornalista, Pelúdez non só facía valoracións das festas de cada ano, senón que comentaba outros asuntos da actualidade local. Nun primeiro momento o personaxe exprésase en língua castelá e non menciona expresamente a Barriga Verde, aínda que sí aos títeres ("Pelúdez vendió su mula", EP, 9-10-1919) e a outras atraccións (caso das lanchitas e do Pabellón Lino, EP, 4-10-1921). A sección pasará por distintas plumas até que a asume Trapero Pardo. Baixo o pseudónimo de Trapacero, vai asinar a sección desde o San Froilán de 1939 até o seu pasamento en 1995.

Precisamente na primeira entrega desa nova etapa dando vida ao personaxe, "Hablando con Pelúdez", de 5 de outubro de 1939, introduce Trapero Pardo unha alusión aos motivos da ausencia do paisano e a da precariedade das festas nos anos anteriores:

> -Hombre, Pelúdez, ¿qué ha sido de tu vida, que hace tres años que te nos has eclipsado?
>
> -(...) Os outros anos, ¡vaya co diaño que non fixésedes festas os lugueses porque a cousa non estaba pra festas! Pero este ano, hom... Este ano vin a mollarme com'un pito e cómame o cuxo si festas hay... ¡Gracias a que eu pra comer un prato de pulpo ou de callos, maldito si falla me fai que me toque a música!
>
> -Hombre, es que las circunstancias no lo han permitido... (EP, 5-10-1939).

As "circunstancias" non precisan ser explicitadas, dado que son padecidas pola grande maioría da poboación da cidade. Evítase, como se ve, facer máis valoración sobre o motivo da ausencia do personaxe e hai, iso é claro, unha ansia evidente por retornar á normalidade. Algo que só podía pretender, na altura, quen non se tivese aliñado abertamente co bando derrotado. Para estas persoas a volta á normalidade era inviábel dada a relación de forzas que, en Galiza, quedou marcada xa desde os primeiros meses posteriores ao Golpe de Estado. É evidente que non era esa a situación de Xosé Trapero Pardo, de ideas abertamente conservadoras e católicas, o que non lle impediría amosar unha actitude menos dogmática que a doutros compañeiros de profesión da súa época.

No diario do día seguinte non aparece Pelúdez, pero xa se anuncia que as feiras de 1939 van recuperar parte do seu esplendor perdido. Faise en dous textos non asinados da primeira e da segunda páxina do xornal. No primeiro, co epígrafe "Editorial", retómase a xustificación da precariedade padecida polas celebracións nos tres anos precedentes:

> En el año presente se celebran las Ferias de San Froilán en nuestra ciudad, que, como en los últimos años, se limitan sólo a la parte comercial, ya que las circunstancias no han permitido que en el año presente se

> celebrasen con la solemnidad de los anteriores a la guerra. (EP, 6-10-1939).

Neste caso alúdese explícitamente ao conflito bélico, un trance que se considera superado, e convídase a recuperar o esplendor perdido:

> Lugo tiene que recuperar el antiguo prestigio de las Ferias y Fiestas de San Froilán. Y a este fin sabemos que han de cooperar todos los lucenses, autoridades y pueblo, ya que se trata de un motivo de un alto valor, no sólo económico, sino de propaganda (EP, 6-10-1939).

Esta recomendación exemplifica a importancia atribuída polos responsábeis do réxime franquista a todo o simbólico (Cabana, 2013, 230), o que levaba a obrigar á poboación a participar activamente nas celebracións oficiais de exaltación da nova orde, amosando unha obsesión por visibilizar unha euforia da que as vencidas dificilmente podían ser partícipes. Non se debe esquecer que o texto se sitúa no "Año de la Victoria", que debía acompañarse dun estado de ánimo acorde, forzosamente celebratorio.

O segundo artigo ten formato de crónica da xornada festiva anterior. Titúlase "El día de San Froilán" e é un resumo dos actos do día primeiro das festas. Este tipo de crónicas, antes da guerra, centrábanse exclusivamente nas celebracións de tipo relixioso ou institucional (misas, desfiles, concursos de tiro de pichón, bailes no Círculo...). Porén, a precariedade deste ano obriga a facer unha excepción, o que permite que, por unha vez, se deixe constancia da presenza da barraca de Barriga Verde:

> Funcionaron algunas barracas instaladas en diferentes puntos de la ciudad. "Barriga Verde", "El gigante Ramoncito" y otros espectáculos así, hicieron las delicias de los feriantes" (EP, 6-10-1939).

Dous días despois, no xornal do domingo, comparece de novo Pelúdez. Nun artigo da cuarta páxina (contracapa dun diario obrigado pola guerra á brevidade), titulado "Pelúdez en tío vivo", conta como se mareou coas voltas desta atracción, e alén de facer algún comentario crítico sobre certas obras locais que non dan rematado, declara que...

> ...a quen teño que ver sin espejuelos é a 'Barriga Verde', que seique está mui ben, anque a min xiringoume abondo cando andaba no 'tío vivo', pois con un chirin que tiña a barraca estiveron berrando canto poideron (EP, 8-10-1939).

A conclusión que se pode tirar destas liñas é que é a primeira vez que o personaxe vai ver a Barriga Verde, dada a ausencia de alusións previas por parte do personaxe cando eran outros autores quen daban vida a Pelúdez. Tamén achega información sobre os avances técnicos que tiña experimentado o dispositivo, que conta xa cun altofalante o suficientemente potente para facerse oír entre a masa de feirantes.

Tres días despois, Pelúdez conta como, efectivamente, foi ver a Barriga Verde. Titulado "La despedida de Pelúdez", constitúe pois o resumo que o personaxe fai das celebracións daquel ano de desexada (ou forzosa) volta á normalidade:

> -¡Estiven a piques de estoupar de risa na barraca de 'Barriga Verde'!... Había un larpeirán dun home coa cara enfariñada que me fixo rir as pacencias. ¡Ser é muito o que os homes enventan por quitar os cartos ós pasmós coma min! (EP, 11-10-1939)

Regresa o ano seguinte Pelúdez ás páxinas de *El Progreso*, e xa na súa primeira aparición vai referirse ao personaxe que era tan do gosto de Trapero Pardo. No artigo "Pelúdez se constipa", do 5 de outubro de 1940, explica o paisano que, fronte ao mal tempo que prexudicou a súa saúde, buscou remedio nas barracas da feira:

> Primeiro fregueime por dentro con augardente, e despois fun ver a barraca de 'Barriga Verde', que me fixo escachar coa risa e entrar en calor (EP, 5-10-1940).

Non se atopan máis referencias nos seguintes números dese ano nin nos dos seguintes, até 1945. Na segunda páxina do número do 6 de outubro, un artigo sen asinar, titulado "Lugo al día", adica a Barriga Verde unhas liñas. Constitúe unha crónica similar á xa reseñada de 1939, aínda que cun ton máis evocador e maiores pretensións literarias:

> En la plaza de Santo Domingo trabajaron en jornada intensiva todas las barracas y atracciones. El 'super-hombre', pásmense ustedes, enciende hasta seis lámparas con las chispas que le salen de un dedo.
>
> (...) Al lado, 'Barrigaverde', con su rostro enharinado (tendrá cupo) se sonreía socarronamente, mientras que con el rabillo del ojo miraba hacia la puerta, en la que el público, como todos los años, se amontonaba para reír con sus burlescas astracanadas (EP, 6-10-1945).

Alude ao rostro pintado de fariña ("tendra cupo", clara alusión ao racionamento) e descríbeo vixiando a porta da barraca, na que se agolpa o público á espera de que se inicie a actuación no interior. Aínda non se fala de Traga Estopa, a denominación coa que sería coñecido José Silvent por moitas xentes de Lugo.

5.2.2. *Anacos* e *Atlas en el Toral*: Barriga Verde según Borobó

Nos seguintes anos aparecerán máis referencias a Barriga Verde na prensa doutras localidades galegas. Continúa a tratarse de artigos de estilo lírico, diferenciados de xeito claro dos contidos informativos. Algúns autores empregan a Barriga Verde como pretexto para dar saída ás súas arelas literarias. É o caso de Raimundo García Domínguez (Borobó), quen en maio de 1947, coincidindo coas festas da Ascensión, lle adica a "Maese Pedro de Lérez" dous dos seus *Anacos* no diario vespertino *La Noche*. Estes textos non achegan moito máis ca un cadro do ambiente que existía entre os feirantes do momento, mais traslucen a admiración que o director do xornal sentía polo titiriteiro, a quen atribúe elevadas lecturas dos dramaturgos máis modernos do momento:

> Hablamos de teatro, ha leído mucho teatro extranjero; escandinavo, irlandés, francés. A O'Neill se lo sabe de memoria y además nos citó otra porción de dramaturgos cuyos nombres no damos porque nos confundiríamos en la ortografía. Nuestro Maese también escribe teatro: el que representan sus fantoches ("Fantoches de Vanguardia", LN,17-5-1947).

Na entrevista que Anxo García lle fixo por volta de 1988, Raimundo García recoñecía que estes artigos non poden lerse en clave realista. "He exagerado por completo", dicía, explicando que na altura empezaba Cunqueiro a introducir o realismo máxico na literatura galega, e Borobó tratara de emulalo neste artigo (R. García, entrevista realizada por A. García, circa 1988).

Se ben o que foi director do diario vespertino compostelán empregaba esta sección para deixar voar libremente as súas arelas creativas, noutras entregas posteriores achegou máis datos sobre o espectáculo e os seus responsábeis. En 1950, coincidindo coa Pascua de Padrón, describe, neste caso na sección "Atlas en el Toral", o ambiente da festa da súa localidade natal, adicando un especial espazo a Barriga Verde:

> Los sentimentales, que pensamos con el corazón (...), apreciamos la presencia de cuatro o cinco barracas de variedades de los "moinantes", todas con su respectivo guiñol. "Barriga Verde" se mostraba más heroico que nunca, en cuatro o cinco escenarios, rodeado del sólito elenco de fantoches. Entre todos los "moinantes" continúa siendo "Tragaestopa" el preeminente. ¡Un gran artista! ¿Cuándo lo van a hacer correspondiente de la Academia gallega? (LN, 11-4-1950).

A información concentrada neste parágrafo achega determinadas pistas para a reconstrución da historia do espectáculo: en primeiro lugar, confírmase a sospeita de que non había un só Barriga Verde, senón que eran varios os pavillóns ou barracas que incorporaban monifates ao seu programa de varietés. A José Sivent diferénciao Borobó empregando o alcume que gañou mercede a un número co que trataba de atraer ao público na porta da barraca. Tragaba estopa acesa e botaba fume pola bota, o que chamaba poderosamente a atención da xente e contrarrestaba a potencia sonora doutras charangas[172]. Fica de novo patente a admiración de Raimundo García polo que considera un artista, merecedor de ocupar a posición dos académicos, unha institución á que non lle sentou ben a alusión[173].

---

[172] "[*En Lugo, máis que Barriga Verde, chámanlle Traga Estopa*].
Chamábanlle así... Porque, pola competencia, que viñan os de Ferrol. E entonces, inventou o raio da estopa, coa charanga. Nós a tocar coa charanga, e el coa estopa, facía que comía. (...) E logo, pois botaba fume *[fai o xesto de soprar]* "Aquí arde, aquí arde!" A xente a mirar, el a botar fume pola boca! Salían llamas! E... Pero ten queimado a boca, o pobre home. ... Pois xa dicías, alí chamábanlle o traga estopas". (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).

[173] Y entonces, los hacía en *La Noche,* el periódico que después dirigí, y que tuvo muchísima importancia porque era la cultura de aquel tiempo, y... ahí pues cada día una cosa distinta y llegaba, en el Apóstol llegaba... llegaba el Tragaestopa y le dedicaba un *Anaco* al Tragaestopa. Y una de las veces lo propuse, diciendo que era, como... Entonces yo creía que era más gallego de lo que en realidad era! Aún no sabía yo exactamente que era de procedencia francesa, y tal. Y dije que un hombre así, que era un representante del... debía ser académico de la lengua. Lo propuse para académico de la gallega! Al Tragaestopa! Y entonces, al día siguiente, en la Academia Gallega, don Ángel del Castillo, que es, era el primer arqueólogo, o casi, de más fama, que había en Galicia, un hombre que había sido gobernador civil de Pontevedra durante la República, y hombre muy serio, muy... Y se cabreó muchísimo por eso de querer meter a Tragaestopa en la Academia! Y entonces yo estaba propuesto por Don Antonio Couceiro, que era editor de la... cosa... del *Diccionario Biográfico de Escritores Gallegos* y por Aquilino Iglesia Alvariño, que era un gran poeta, y íntimo amigo mío, para proponer... (...) y entonces se cabreó tanto que... la profesión que me iban a hacer de un día para otro a nivel formal, rompió los papeles... Y me... hasta que después, pasaron tres o cuatro años y ya escribió Taramancos, de casualidad, que si hablaba bien de la Academia y me hicieron correspondente. [...] Pero Tragaestopa me retrasó el ingreso en la Academia! (R. García, entrevista realizada por Anxo García, circa 1988).

Cinco anos despois volve adicar outro artigo da mesma sección ao espectáculo, con ocasión da Pascua padronesa. Baixo o título "Concentrados en el espolón", describe a aglomeración de barracas que agardan, tras o remate das festas de celebración da primavera, pola Ascensión compostelana. Neste caso, a súa descrición vai alén de elementos exteriores para adicar unhas liñas ao propio espectáculo.

> El buen pueblo, sin malear por el fútbol y la radio, tiene una intuición extraordinaria para apreciar la auténtica belleza [;] se ha hecho en Galicia que supere al admirable guiñol de Barriga Verde, montado por ese impar Maese Pedro, que atiende por Traga Estopa. Ya es costumbre nuestra que cada vez que, con la Pascua, se inicia la temporada de romerías, dediquemos una alabanza a los "cristobitos" de Lérez y que anotemos las novedades que cada año traen. La trama del guiñol se vino enriqueciendo en las últimas temporadas. La dimensión trágica, propia de la gallega, se ha acentuado con el entierro de la víctima de la estaca de Barriga Verde. Tras la resonante esgrima de "fungueirazos", con una mobilidad de los muñecos que dudamos pueda superarse por ningún guiñol del mundo, suenan las campanas -y es lo raro, no funerales, sino jubilosas- y surge el entierro de la víctima, con cortejo de plañideras. Hay un diálogo soberbio entre el muerto y la viuda, alzándose del "cadaleito". ¡Adios Manuel!, plañe la mujer. ¡Adiós María, voume pa Buenos aires!, responde el muerto.
>
> La gran novedad de este año, en la lucha de Barriga Verde con el demonio –cual un biografiado por Stefan Zweig- es la de que Trasno surge una y otra vez entre llamaradas de fuego. Traga Estopa, ha logrado efectos técnicos de alta categoría. Podría representar dignamente el teatro de máscaras de Castelao, y acaso esperpentos valleinclanescos. Es lástima que en Pontevedra, tan cerca de Lérez, no obtenga asesoramientos literarios que perfeccionen todavía más el guiñol y que supriman el "principio de fiesta" seudo flamento y baturro, donde más salerosas y obesas estrellas de la canción, interpretan el "couplet" de la "bomba de hidrógeno", acentuando la bomba H en la penúltima sílaba, con lo cual aún resulta más horrorosa (LN, 12-04-1955).

Este artigo achega datos de enorme valía para a análise do repertorio que se afrontará máis abaixo. En calquera caso, fica patente o empeño de Borobó por situar o espectáculo de títeres populares (e non os outros números que o precedían, dos que renega esteticamente) á altura doutras expresións artísticas consideradas "cultas".

En maio de 1957 volve Tragaestopa protagonizar un dos *Anacos* de Borobó. Neste caso para relatar a visita que o xornalista, acompañado de distintos amigos, fai á barraca durante a Pascua. Nel inclúense referencias cronolóxicas que permiten completar o relato do espectáculo:

> Conociendo nuestra vieja admiración por Traga Estopa –que se remonta a la Pascua de 1923, medio año antes de que D. Miguel Primo de Rivera se hiciese cargo del Gobierno de España, y D. Juan Pazo de la Alcaldía de Padrón-... (LN, 4-5-1957).

Confírmase polo tanto a presenza de Barriga Verde nas festas grandes padronesas, cando menos desde 1923, cando o xornalista contaba sete anos de idade. Raimundo García retoma a súa exaltación da persoa de José Silvent, a quen atribúe o talento que subxace ao espectáculo.

> Y allí estaba nuestro héroe, despojado de sus ropajes y afeites de payaso. Ha alcanzado en su madurez una elegancia de lord inglés. Cano y abundante su pelo, esbelta su figura, ágiles sus ademanes, bien cortado su traje de paisano. Debe ser boyante su situación económica. La barraca se llena en todas las funciones y da tantas como horas dura la fiesta. Traga Estopa rige su espectáculo y ya no actúa personalmente. A los sesenta y siete años se ha ganado un merecido descanso (LN, 4-5-1957).

Borobó fala, con probabilidade, a partir dos datos que o propio titiriteiro lle forneceu. Dese xeito, confirmaríase a data de 1890 como a do nacemento de José. Inclúese ademais información sobre o relevo xeracional dentro do espectáculo familiar: en 1957 xa non manexaba el os títeres, se non un neto, probablemente Manuel, quen na altura contaba xa vinte anos de idade.

O xornalista incorpora un diálogo co marionetista, no que este fala dun elemento fundamental na técnica de manipulación, presente en toda a tradición de títeres de cachaporra europea proveniente do Pulcinella napolitano:

> -Es muy duro nuestro trabajo. Agota demasiado. Sobre todo por la palleta.
>
> -¿La palleta? ¿Qué palleta?
>
> -La que colocamos debajo de la lengua, para hablar con ese acento y tono especial de los "cristobitos". Hablar con la palleta de plata bajo la lengua es lo que tiene más mérito en nuestro oficio. No todos lo consiguen. Mis hijos no fueron capaces. Mi nieto mayor sí que ha aprendido y es quién me sustituyó en el manejo de los muñecos. Otro nieto va aprendiendo también. Barriga Verde, pues, tiene asegurada su descendencia... (LN, 4-5-1957).

De novo, alúdese aos fantoches como "cristobitos", retomando a tradición galega previa a Barriga Verde, o que leva a pensar que o nome sería aplicado máis ben ao espectáculo como todo, ou ao seu heroe principal, que asume a dupla personalidade Cristobo-Barriga Verde.

No diálogo fala José de Manuel e de Arsenio, os dous netos que, efectivamente, chegaron a manexar os monicreques detrás do teatriño. Aínda que, contra o optimismo do seu avó, non exercerían o oficio de xeito definitivo, senón que un, Arsenio, tivo que abandonalo por problemas de saúde, e outro, Manuel, acabaría emigrando a Asturias para traballar nas minas. Alén da transmisión da técnica, eran outras, de natureza máis estrutural e difícil de combater, as dificultades polas que atravesaba o espectáculo para manterse.

En calquera caso, nese ano de 1957 Barriga Verde mantén toda a súa vitalidade, como corrobora Borobó:

> Esta renovación juvenil del guiñol la habíamos supuesto, pues en las últimas veces que lo viéramos, notamos como si la extraordinaria movilidad de los "cristobitos" fuese aún mayor que la de costumbre. Y advirtiéramos que los contundentes y ruidosos palos que se pegan eran de una potencialidd insólita. El nieto de Traga Estopa ha vigorizado el espectáculo. (LN, 4-5-1957).

Porén, a admiración do xornalista polo patriarca mantense intacta:

> Pero no hemos de menospreciar al precursor, sino todo lo contrario, enaltecerlo y honrarlo como el mayor artista que recorre los caminos de Galicia. Y para satisfacción de pedantes, galomaniacos y parisiens de pacotilla, hemos de manifestar que el arte de Traga Estopa, que parece tan entrañablemente gallego, procede de la nación de Molière. Traga Estopa pertenece a una familia de titiriteros franceses que vinieron a España a finales del siglo XIX. El nombre legal de creador de Barriga Verde es José Sirvet Martínez. Traga Estpoa es un fracés... nacido en Badajoz.
>
> Un francés que vino a Galicia cuando contaba quince años. Y aquí casó con una guapa y robusta moza de Lérez. Otro Sirvet, hermano de Traga Estopa, se avencindó en La Coruña, y cumple en el norte de la región la misión artística que nuestro admirado amigo cumple en el sur.
>
> Hace ya muchos años, en 1912, quisieron contratar a Traga Estopa, para ir a América, entreteniendo en el transatlántico a los pasajeros, con sus muñecos. Rechazó la oferta el francés de Badajoz. Se debía a su país de adopción, a la Galicia capaz de asimilar y hacer suyos a todos los grandes artistas románticos, platerescos o barrocos cuyo genio aprecia, como apreció el genio de este "Maese Pedro" que tan raro "camino francés" siguió para llegar a Santiago. Pues no era frecuente que los artistas y los peregrinos diesen un rodeo por Extremadura y Portugal, como hizo, apenas nacido, nuestro Traga Estopa (LN, 4-5-1957).

Así, Borobó confirma, aparentemente a partir do testemuño do propio José Silvent, (aínda que moitos anos máis tarde, entrevistado por Anxo García, non lembraba telo coñecido en persoa[174]), os datos biográficos que se veñen sostendo no relato "oficial": a procedencia francesa da familia, o nacemento en Badajoz, a presenza do irmán Santiago na zona norte de Galiza. A anécdota sobre a oferta de actuar nos trasatlánticos que transportaban ao pobo emigrado, saída con toda probabilidade do titiriteiro ou dalgún membro da súa familia, é difícil de confirmar mais, en calquera caso, non tería por que ser falsa. Naquela altura (1912) José Silvent viña de ser pai e o seu espectáculo comezaba a estabilizarse en Galiza. En calquera caso, os motivos da súa renuncia a embarcarse puideron ser máis prosaicos e estar máis relacionados con cuestións de seguridade económica ou familiar. Sexa como for, sorprende, de novo, o fervor co que Raimundo García reivindica a valía artística do marionetista e o seu compromiso coa cultura galega, fronte á cegueira de moitos dos seus coetáneos. Manterao en 1970, cando, á fronte da revista *Chan*, que dirixiu desde Madrid, asina un obituario de José Silvent. Nel inclúe algún novo dato biográfico, neste caso a procedencia valenciana do titiriteiro, o que é induvidabelmente erróneo. Polo demais, o relato axústase ao dos fillos de José:

> Un día 'Barriga Verde' –porque el hombre era conocido por su personaje- se retiró. Y ninguno de sus hijos quiso llevar adelante la tradición. Ni uno de sus nietos, a quien intentó enseñar el manejo de la palleta.
>
> Ahora ha muerto José Silvente. Y con él también ha muerto su fantástico y admirado personaje: "Barriga Verde". Hacía algunos años que no andaba por las ferias, que su alma peregrina y andariega no cruzaba los caminos polvorientos de Galicia. El rumiaba la nostalgia de los sesenta

[174] "No, hablar con él me parece que... no. No sé, no lo interrogué nunca, no... Me parece que no llegué a hablar..." (R. García, entrevista realizada por A. García circa 1988).

> años de farándula en su retiro de Lérez, lejos de su Valencia natal. Ha muerto "Barriga Verde" –o José Silvente- sin que sus méritos hayan sido reconocidos por la Real Academia Gallega, como cierto escritor había solicitado. Descanse en paz este buen hombre a quien tanto debe Galicia. (*Chan. La revista de los Gallegos*. Año II-marzo de 1970, nº27).

5.2.3. *La Región* e as *Horas* de Risco

Outro dos autores que máis tinta gastou no espectáculo de Barriga Verde foi Vicente Risco, quen lle adicará textos de grande peso analítico, centrados principalmente no repertorio dos fantoches, e que serán aproveitados para a análise proposta neste traballo.

O descubrimento do espectáculo por parte do erudito ourensán semella datarse en 1948, ano no que regresa á súa cidade tras unha estadía pouco proveitosa por Madrid, onde tentara despuntar como escritor do Réxime. Segundo se transloce da análise hemerográfica, Risco descobre a Barriga Verde da man do seu amigo e director de *La Región* na altura, Ricardo Outeiriño. Este publica un artigo na súa sección habitual, "Márgenes", no que o relata o impacto producido nos seus fillos tras teren asistido a unha representación de Barriga Verde.

> Un día, hace pocos, oí a mi chico mayor -diez años- un nombre precioso. Era este: "Barriga Verde". ¿Donde oiste ese nombre? Ah, ¿tú no sabes?… Gachas -por su hermano de siete años- ven, anda: vamos a hacer el "Barriga Verde". Les oía: Veño enseguidiña, vou pol-o pau. Pim pám, pim pim, pám. Barriga Verde se defendía de la lluvia de palos supuestos como podía hasta que al fin rendía la cabeza y estiraba la pata. "Barriga Verde ¿morriche? ¿morriche Barriga Verde?… Morreu, morreu o Barriga Verde… De qué morreu o Barriga Verde? Morreu, si señor, morreulle de repente…" (LR, 2-6-1948).

O narrador, divertido pola imitación, decide asistir el mesmo a unha representación da barraca e faino acompañado dos seus amigos Vicente Risco, Joaquín Lorenzo e Senén Murias.

> Fuimos. Ya el muñeco movido con un resorte de la puerta tocado por un clown y de unos platillos por una niña, muy gracioso. Pero dentro los seis o siete que por encima de la cortina van desfilando en un entremés movidísimo y saladísimo y unos lances en que se parte uno de risa…
>
> El héroe es un héroe medioeval. Tiene que vencer al Barriga Verde, un malandrín, y hasta que perderle un tanto el respeto al cura, tan preguntón sobre la muerte del Barriga Verde, y al "Portugués", de malas mañas y al toro, muy burlón y pendenciero, y al Demonio, rezando antes de embestirle muchos "Pater noster" y después a trancazo limpio, como a los otros y acaba por hundirlo en el infierno. Bastantes de estos monigotes son de vez en cuando en lo más duro de la pelea mal hablados, pero hasta las palabrotas oídas en tal ocasión tienen muchísima gracia, y por otra parte son pocas y no son gordas ni burdas, sino allí simplemente graciosas.
>
> Yo hace muchos años que no me reí tanto. Reventaba de risa. Así durante los diez minutos que la cosa dura. Así cada vez que recuerdo aquello. Lo mismo todos los niños que allí había. Así los más de los mayores.
>
> Amigos míos: ¿quereis reiros como pocas veces en vuestra vida? Pues id a ver y oír al Barriga Verde y sus compañeros, movidos por unos

> dedos habilísimos y hechos hablar por una lengua muy graciosa. (LR, 2-6-1948).

Ao día seguinte da publicación deste texto aparece outro sen asinar, aínda que nel se fai referencia "al articulejo de ayer" , o que fai pensar que é o mesmo Outeriño quen o asina. En todo caso, translocen nel algunhas das ideas recorrentes no ideario estético e existencial de Risco, bon amigo do director do xornal na altura (Lezcano e Risco, 1997, 132)[175]. O título, "Teatro Medieval", resume o obxecto do seu texto, que é laudatorio, considerador do Barriga Verde tal que reminiscencia doutros tempos máis gloriosos, alleos á viciada "modernidade". Unha idea que non desencaixaba cos valores hexemónicos do momento, nos que se tendía a valorar todas aquelas formas culturais que remitisen a un pasado glorioso (Graham, 1995, 237). Mais, sobretodo, moi na liña de todo o ideario estético defendido por Risco xa nos tempos onde escribira o inacabado *Las tinieblas de Occidente*:

> Eso del "Barriga Verde" merecía unos versos del Arcipreste de Hita, una prosa de Cervantes: aquellos hombres que tanto se gozaron "de ver" estos espectáculos callejeros o de barracón y de muchos como nadie escribieron.
>
> Poco moderno hay allí en eso del "Barriga Verde". Unas pocas expresiones de ahora, sin duda aquello del "Portugués", acaso un poco lo del toro. Pero todo lo demás y lo principal es antiguo, antiquísimo, perfectamente medioeval. Los personajes, casi todo el diálogo, todos los lances, la trama, es desenlace, el modo de concebir la vida e ir en ella. Parecemos transportados de pronto y en vivo a lo mejor de los tiempos que más amamos. Perfectamente medioeval eso de andar a palo limpio en todo, eso de los piques o melindres de pundonor, eso de echarlo todo en fieros y amenazas, eso de no pasarle nada a ningún malandrín, eso de arrebatarse y emprenderla a palos con el mismo Cura preguntón -porque la Edad media es la época de mayor fe pero también, a menudo y sobre todo a las últimas, de mayor anticlericalismo: si bien un anticlericalismo muy distinto de este tan estúpido y tan beatuelo de espejismos y supercherías de la peor invención que todos conocimos-, eso de no arredrarse ante el mismo demonio, eso de disponer brazo y espíritu con muchos "Pater noster" antes de arremeter ante él, y eso de acabar por hundirle, tras fiero batallar en el mismísimo infierno. (LR, 3-06-1948)

O autor amósase emocionado perante o seu descubrimento, que semella responder ao que o seu amigo Risco entende que debe ser a función a cumprir polo teatro, que debe afastarse de toda pretensión de realismo e vocación transformadora (Villalaín, 1995, 373). A querencia do autor ourensán pola estética medieval é coñecida, na liña coa súa adscrición ás tendencias simbolistas e modernistas do teatro europeu. Alén diso, no artigo laméntase a decadencia do momento presente, en clara adscrición ás teorías de Spengler, tamén defendidas por Risco (Beramendi, 1986, 429): "Y ahora ¿qué nos dan para reír?…" Considera a Barriga Verde como un residuo doutros tempos, saudosamente rememorados.

Non ficou o autor satisfeito con esta súa louvanza do carácter medieval do espectáculo de fantoches populares. Dous días despois aparece outro artigo co nome

[175] Agradezo ao profesor Xosé Manuel Outeiriño, grande coñecedor da obra de Vicente Risco, a súa asesoría á hora de atribuír a autoría dos artigos aquí referidos a Ricardo Outeiriño e non ao autor d'*O porco de pé*.

"Vida y títeres", onde o mesmo autor (presumibelmente Ricardo Outeiriño) empeza por disculpar a súa redundancia:

> Se me permitirá insistir en lo del Barriga Verde? No quisiera ser cargante, pero es que mi entusiasmo por el Barriga Verde no es –ya pasados cuatro o cinco días de haberle visto- súbito, porque aún me dura, ni pasajero, porque cada día en mí crece. Todo aquello que dicen y hacen esos cinco o seis fantoches es vital y profundo como la vida misma e imperecedero como ella (LR, 5-6-1948).

Explica tamén que nos dous artigos anteriores sobre o tema (o que confirma que é Outeiriño quen está detrás dos tres) só tiña visto unha vez o espectáculo, o que provocou, explica, que perdera moita parte dos diálogos. Tamén engade ao personaxe da bruxa, que omitira nas anteriores descricións e que, lamenta, ten menos peso do desexado no espectáculo. A continuación, reflexiona a propósito do que el considera a "moral" do espectáculo, o uso reiterado do pau como recurso para solucionar conflitos.

> Hablemos, discutamos, se dice. Yo mis razones, tú las tuyas. Las tuyas no me sirven, me son vanas escusas, son la misma falsedad, y ya que las mías no te sirven, tengo otras: vou po-lo pau. Voy por el palo, tú, si quieres, vete por el tuyo. Y pim pam, pim pam, pim pam. Vence siempre el héroe, porque está poseído de su razón y de su fuerza, de tal modo que puede más porque su causa es la buena y puede siempre y contra todos. Contra el ideólogo, el legisla[dor], el discutidor porque sí –aquí, como era corriente en cierta época de la Edad Media, representado por el Cura- contra el fanfarrón y el malandrín, aquí representado por el Portugués- contra la fuerza bruta, la oscuridad de la selva, las fuerzas oscuras de la naturaleza –aquí representado eso por el toro- contra los vanos temores, los pánicos de la imaginación, los maleficios del encantamiento- aquí representado eso por la bruja- y contra la tentación, la seducción del pecado, el pecado mismo- aquí representado por el Demonio: y puede más porque es la misma vida. (LR, 5-6-1948)

No texto déixase ver a fascinación pola imaxinería e os valores propios da Idade Media, así como polas expresións da cultura popular. Na lectura do espectáculo que elabora o autor van pesar os seus valores e preferencias, o que favorece a hipótese de que o discurso público trasladado polo espectáculo non era, a priori, explícitamente subversivo nin antiautoritario. Só o era para aqueles que o querían ver así.

Ese elemento inexplicable, irracional, que contén o espectáculo, estaría na orixe da fascinación risquiana, quen lle adica un primeiro artigo o 19 xuño de 1949, incluído na sección "Horas", o que non deixa dúbida sobre a súa autoría. Nesta ocasión, faise unha defensa apaixonada do espectáculo, do que inclúe algúns datos descritivos do espetáculo. O título, "Hay que ir allí", non deixa lugar á dúbidas sobre o seu ton aclamatorio:

> Porque es allí donde está el Barriga Verde.
>
> ¿Que tiene el Barriga Verde? La gente no lo sabe pero va. La gente no lo sabe pero vuelve.
>
> El payaso que toca el tambor va mal vestido, las cantaoras tienen voces cascadas, el salero andaluz proviene probablemente de Lérez, o de otro sitio por el estilo, lo que hace el muchachito que se quita los

> pantalones -lleva otros por debajo- en equilibrio en una tabla puesta sobre un cilindro de madera, no tiene mucho de particular, en la barraca hace un calor tremendo…
>
> Sin embargo, no hay allí una cara triste, la gente se ríe, la gente se divierte.
>
> Claro es que la gente se divierte con los monifates. Lo demás es relleno. Lo interesante es el gallego, el portugués, el cura, el toro, la muerte y el diablo, la gracia de sus palabras y de sus movimientos.
>
> Pero nada de esto es nuevo. ¿Qué tiene, pues, el Bariga Verde?
>
> Pues eso: que no es nuevo, que es eterno.
>
> Que allí está todo, en pequeñísimo espacio, en reducidísimo tiempo: que allí está el huevo del teatro; la simiente inmortal de la antigua y la moderna farsa, que aquella es el alma infantil del arte, muy pequeña, antes de crecer y de espandirse. Los cotiledones que serán en el árbol espléndidas hojas y magníficas flores, el embrión, la panspermie que encierra en su pequeñez toda la gracia presente y futura.
>
> La gente no lo sabe, pero va, se divierte, ríe y vuelve al día siguiente.
>
> Muchos sabios no saben que la barraca del Barriga Verde es el receptáculo de los gérmenes. Y lo importante es el germen (LR, 19-6-1949).

O entusiasmo de Risco remite aos seus textos de mocidade, a aquela "Teoría e Historia do Drama" publicada n'*A Nosa Terra* o primeiro de outubro de 1921, onde percorría a historia do teatro deténdose naqueles exemplos que conseguían invocar "a presenza do Misterio ou o Descoñecido, que é para Risco o que outorga substancialidade e fondura ó teatro" (Villalaín, 1995, 378). Non cabe dúbida de que en Barriga Verde, o Risco mancado pola súa propia deriva persoal tras a Sublevación de 1936, atopou un pouco dese Misterio no que subxace o xerme do teatro, e tal achádego provocaba nel tal goce intelectual que conseguía sacalo do individualismo que adoptara como bandeira na nova conxuntura política.

A admiración de Risco polo espectáculo farase explícita nos seguintes anos. Nunha entrega das "Horas" que formaría parte da antoloxía publicada en 1961, admite: "el 'Barriga Verde'-sin el cual no concibo fiestas en Orense..." (LR, 27-6-1951). Un ano despois adica un artigo ás marionetas do Retiro madrileño que visitan Ourense polo Corpus. Conclúe o texto cunha frase que non deixa lugar a dúbidas: "Gustar me gustó. Pero, no despeciando, el Barriga verde hay que verlo" (LR, 11-6-1952).

E durante as festas do Corpus de 1953 adícalle de novo un extenso artigo no que describe con detalle as *varietés* previas ao teatriño de bonecos, achegando datos que confirman a similitude dos números cos dos descritos por Borobó ou Trapero Pardo para as actuacións presenciadas en Santiago e Lugo:

> Después fuimos al "Barriga verde". Todos somos devotos del "Barriga Verde". Algunos lo encuentran demasiado modernizado; otros dudan de su autenticidad.
>
> Entramos. El escenario estaba descubierto. Tardó en empezar la función, pero mientras tanto nos estuvieron dando un concierto de tambor. Ya sabéis cuánto me gusta oír tocar el tambor. Por lo tanto, lo pasé bien.
>
> Después salió a cantar una chica, que, la pobre, estaba afónica. Después me parece que salió una flamenca que cantaba y bailaba alternativamente. Después un rapaz equilibrista, que trabajaba en "el cilindro de la muerte", pero no se cayó ni se murió, no hizo más que quitarse los pantalones y pasarse unos aros por las piernas. Después, una

> pareja vestida, una de aragonés y otra de aragonesa, y hubo golpe de jota cantada y bailada. La que hacía de aragonés le daba a las piernas con una ligereza tremenda.
>
> Por fin, empezó la representación de los monifates. Salieron, como siempre -y esto es lo bueno- el Barriga verde (bueno, el héroe), el portugués, o quien le sustituyese, el cura, el toro, el demonio y la viuda del antagonista del héroe- A mí me pareció bastante bien la cosa.
>
> Luego fuimos a la barraca que, no sé por qué, está puesta bajo la advocación de Júpiter, no sé tampoco si el dios o el planeta, aunque los dos sean lo mismo, pero poca gente lo sabe.
>
> También allí hay monifates, sólo que son eléctricos: una preciosa banda de música, una rueda de bailarines, un coro acompañado de guitarras, y unos danzantes de palos modificados. Por fin una pareja de aragoneses, grandes, pero no de carne.
>
> Es cosa muy divertida y todos aplaudimos mucho. Es una especie de Barriga verde electrificado. Menos mal.
>
> Y ya no tengo tiempo ni espacio para hablar del Congo belga (LR, 6-6-1953).

De novo, faise mención á escasa calidade dos números que anteceden aos monifates. A nena que estaba afónica podía, en realidade, carecer en absoluto de dotes para o canto. Os dous aragoneses que bailan jota debían ser dous artistas contratados polo patrón da barraca, tendo en conta que naqueles anos xa a maioría dos fillos se tiña posto pola súa conta, e tanto a José como ao seu irmán Santiago non lles quedaba máis remedio que buscar fóra quen completara o elenco. O "cilindro de la muerte" alude ao número do rulo, que tanto Juan Silvent, fillo de Santiago, como Manuel, neto de José, realizaban con destreza. Mais o interese de Risco vai dirixido aos monifates. Semella que as dúbidas sobre a autenticidade do espectáculo (que el, se é certo o relato de Ricardo Outeiriño, só coñece desde hai sete anos) planean sobre a barraca, aínda que Risco espántaas. A peza mantense intacta, "y eso es lo bueno". Representa para o ilustrado galeguista un pasado que esmorece, e polo que sinte enormes saudades. Que Barriga Verde non mude supón para el a esperanza de que non todo está perdido.

5.2.4. Cunqueiro e o Gran Teatro do Mundo

Para completar as referencias á presenza de Barriga Verde nos artigos de autores galegos na prensa, cómpre mentar dúas achegas de Álvaro Cunqueiro nas que tamén se coloca o teatro de Barriga Verde como referencia artística indiscutíbel.

O primeiro dos textos intitúlase "Los muñecos del Bululú" e foi publicado en *El Correo Gallego* algúns días despois das San Lucas de 1951, a grande feira celebrada en Mondoñedo e da que Cunqueiro era devoto ("A las ferias de mi pueblo- unas ferias antiguas: potros, mulas, miel, lino y lana, hierros y bojes, castañas- ha venido el guiñol, el bululú galaico-portugués, siempre el mismo"). Neste texto, equipara o autor o espectáculo dos bonecos ao teatro auténtico, aquel descrito por Aristóteles, aquel que conduce ao medo e a piedade. Concibe cada unha das historias representadas como "ejemplos", incidindo nese elemento persuasivo e adoutrinador que, segundo o autor da *Poética*, debía incorporar o verdadeiro teatro.

> Si los griegos medían la duración de la tragedia con la clepsidra, yo podía medir la duración de estos ejemplos con el vaso de oro de la tarde de otoño. Salgo de la barraca del guiñol con la emoción de haber asistido a

> una representación del gran teatro del mundo: de haber visto como el terror y la piedad purgan las pasiones, y por un instante, el reverso del tapiz donde se teje el extraño destino del hombre (ECG, 31-10-1951).

O mindoniense comparte, como se ve, o entusiasmo de Risco, se ben a súa interpretación transloce a paixón cunqueiriana polo feito teatral en si mesmo e polos grandes nomes do teatro clásico, unha paixón que permea toda a súa obra lírica e narrativa (Morán, 2004, 53-55).

A seguinte referencia atópase na primeira páxina do *Faro de Vigo* do día de San Lucas de 1957, momento no que formaba parte do cadro de persoal do do diario como redactor. Comeza cunha descrición ambivalente da feira, que considera o residuo dun pasado en desaparición, facendo referencia á crise e á pouca rendibilidade das vendas. Hai, pola contra, unha certa nostalxia por ese produto artesanal que pode atoparse nas San Lucas pero que vai ser inevitabelmente engulido pola industrialización. Cabe imaxinar que tamén Barriga Verde é incluído neses elementos dun tempo pretérito. Ao final da súa descrición adícalle unhas liñas:

> Ayer he ido por vez primera a ver los títeres del Portugués. Los viejos autos del "Zapatero y la moza", "El Marido Celoso" y "El Diablo y el Toro" cobran vida en el bululú. Aristóteles los hubiera encontrado conformes a canon (FV, 17-10-1957).

Á reivindicación da calidade dramática das escenas representadas –quen ousaría refutar a benzón do pai da *Poética*?- engade a expresión dunha preferencia que supón o aliñamento de Cunqueiro cos tempos que marchan para non voltar: "Claro que es mejor que el cine el bululú en la tarde de otoño".

5.3. O espectáculo de marionetas. Texto, dispositivo escénico.

Para abordar unha descrición do espectáculo de marionetas de Barriga Verde (dos outros números que se ofrecían na barraca falarase noutro momento), faise necesario botar man de materiais diversos e fragmentarios, a miúdo memorias vagas ou obxectos comidos pola couza, que permitan recompoñer un aparato escénico que chegou a deslumbrar a distintas xeracións de galegas.

Os Silvent (o plural axéitase máis á problemática antes exposta sobre a autoría do espectáculo) destacaron como manipuladores de marionetas de luva, unha técnica, como se viu, que se tería extendido por Europa maiormente a partir do século XVIII, cando o teatro de marionetas perde o favor das capas sociais aristocráticas e se refuxia nos camiños e nas ruelas das vilas. O uso desta técnica, na que os bonecos están compostos dunha cabeza tallada en madeira unida a un sinxelo corpo de tea que o titiriteiro calza, comportaba numerosas vantaxes para o artista ambulante, sobre todo se este viaxaba só. Por unha banda, os bonecos podían ser transportados nun saco ao lombo do comediante, quen non precisaba máis do que unha saba para construír un improvisado escenario alí onde pretendía reunir un mínimo público. En segudo lugar, el só, coas súas dúas mans, era quen de representar diversas historias con números personaxes, se ben o habitual era que só mudase aquel que calzaba na súa man esquerda. Na dereita adoitaba manter fixo ao heroe cómico, perante o que van desfilando unha serie de personaxes antagonistas cos que xera un conflito que, as máis das veces, remata por resolverse a paus. Este sinxelo esquema é partillado por todas as tradicións europeas de títeres de cachaporra (*slapstick* en inglés); desde as *guaratelle* napolitanas, con Pulcinella á cabeza, até o Petrushka ruso e o máis próximo

Dom Roberto portugués. A sinxeleza do dispositivo e do esquema argumental constitúen a andamiaxe sobre a que se desenvolve unha serie de situacións nas que o enxeño e a axilidade do manipulador son fundamentais para acadar o efecto cómico perseguido. De xeito análogo á Commedia dell'Arte, os esquemas argumentais funcionan como *canovacci* sobre os que se incorporan os diálogos e situacións improvisados en función do auditorio de cada representación. É por iso que toda representación era distinta, o que, á hora de describir o espectáculo de Barriga Verde, obriga a ter presente a advertencia de Scott: "Any collected version, naturally, represents a single performance" (Scott, 1990, 163)[176]. Non é posíbel, pois, estabelecer unha versión única e canónica das pezas de Barriga Verde. Existen tantas como espectadoras tiveron a oportunidade de asistir a algunha representación; o texto representado polos titiriteiros variaba segundo o público e o lugar da actuación, ao que se debe engadir o elemento subxectivo e creativo do acto de recepción teatral. Deste xeito, non é de sorprender que as descricións do espectáculo sexan con frecuencia contraditorias entre si.

Os fantoches que representaban esas pequenas escenas eran de sinxeleza acorde á humildade das persoas encargadas de poñelas en escena. Nese senso, a fisionomía dos bonecos da tradición europea de cachaporra varía en cada contexto cultural e vai herdando atributos propios de modas ou circunstancias históricas. Deste xeito, os membros máis antigos da estirpe, como o Pulcinella napolitano, o Polichinelle francés ou o Punch británico, manteñen os atributos grotescos que remiten á súa orixe carnavalesca: as xibias frontais ou dorsais, o nariz e o queixo ganchudo. Algúns incorporan no seu vestido unha mestura de cores e de tocados propios de estamentos de autoridade, como é o caso da casaca militar que visten Polichinelle ou Punch, o que pode interpretarse como unha apropiación paródica de orixe carnavalesca. No caso de Guignol, como se viu nacido no contexto da industrialización, o vestiario remite á súa adscrición á clase operaria. No tocante a Dom Roberto e probabelmente tamén a Barriga Verde, a aparencia do personaxe mestura elementos de raíz medieval (as cores vivas e rechamantes, o bonete aguzado do Dom Roberto) cunha fisionomía eminentemente sinxela da cabeza do boneco, tallado a man polo propio artista ambulante. Nos bonecos de José Silvent atópanse dous tipos, presumibelmente correspondentes a dúas épocas: uns son tallados toscamente a man, se ben posúen unha enorme forza expresiva; os outros, máis recentes, foron mercados. Jaime Iglesias, a respecto da orixe dos bonecos desta segunda etapa, di que os adquiría en Vigo, na rúa do Vilar en Compostela ou en Ourense (Iglesias, 2013, 61). Segundo explica o seu fillo, os derradeiros bonecos encargoullos José a un tallista compostelán que traballaba para a decoración de igrexas, o que explica os riscos refinados dos rostros que saíron da súa man (A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012). Os outros irmáns, aparentemente, seguiron tallando eles mesmos os bonecos até que deixaron de levar o teatriño polas festas e aldeas[177]. (C.Ferrero, entrevista realizada por A. García en outuro de 2013; J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-14).

[176] Toda versión recollida remite de xeito natural a unha representación única. (t.p.).

[177] Manolo, un fillo de Santiago, era o encargado de construír os bonecos para toda a familia, tamén para Julio, fillo de Julia (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). Juan Silvent, por outra parte, afirma en que os bonecos que usou José nu primeiro momento foran feitos por Fernando, o primoxénito de Santiago Silvent (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014). Isto explicaría que máis tarde, cando aqueles bonecos orixinais se deteriorasen polo uso, os substituíse por uns encargados a un ebanista de Compostela, no canto de construílos el mesmo.

5.2.1. Manipulación das marionetas

O títere de luva "cálzase" na man, de xeito que o dedo índice vai fincado á cabeza do boneco, e os dedos polgar e corazón moven cadanseu brazo. Deste xeito, a manipulación require dunha especial habilidade para dotar o movemento dos dedos a expresividade necesaria para emular os xestos humanos, sempre dentro dos límites dunha interpretación de tendencia expresionista e non naturalista. Os títeres de luva son directamente percibidos como tales títeres, non pretenden ser confundidos con actores ananos como, nalgúns momentos, foi o caso coas marionetas de fío (Jurkowsky, 2013, 103; McCormick e Pratasik, 2004, 108). En realidade, unha parte da hilaridade que provocan está relacionado con ese desaxuste entre a súa aproximación ao movemento humano e o movemento real. Isto obrigou aos manipuladores a deseñar un código propio de movementos, independente do vocabulario físico humano (McCormick e Pratasik, 2004, 150). Fronte a outras técnicas como a das marionetas de vara ou de fíos, onde prima a precisión e o máis mínimo detalle nos movementos do boneco, na manipulación dos títeres de luva o ritmo e a expresividade son cruciais para acadar a sensación de vida e captar a atención do público.

> As a direct contact and interlocutor with the audience, quick in repartee, able to grasp and handle props, the lively and usually comic glove figure has been in use since at least the middle ages. (Francis, 2012, 58)[178].

Habería que engadir a destreza nas pelexas a paus como unha das características propias deste tipo de bonecos. A profesora Penny Francis defende tamén que a manipulación deste tipo de bonecos é máis complexa do que se pode sospeitar; polo que raramente se asiste a unha interpretación virtuosa. Cando isto ocorre, a experiencia do espectador achégase á da revelación, pois acádase o difícil efecto de darlle vida a un obxecto ben menos semellante á figura humana do que outras marionetas de feitura máis naturalista. Ademais, as marionetas de luva, coa súa viveza e enxeño, interactúan co público moito máis do que as manipuladas segundo outras técnicas. Isto permitiu historicamente unha maior proximidade e o favor das clases populares. (Francis, 2012, 58).

Á destreza na manipulación dos bonecos de luva hai que engadir a capacidade de adaptar a voz aos distintos personaxes da trama. Os bonequeiros populares, auténticos contadores de historias, estaban obrigados a captar a atención do público co movemento e a voz dos seus personaxes de madeira, o que con frencuencia levaba aparellada aplicación de toda unha serie de acrobacias vogais, incluído o canto e a ventriloquía. "The street glove puppet show has always depended on vigorous movement to focus attention and on the voice as the primary means of communication" (McCormick e Pratasik, 2004, 153)[179]. Para reforzar este medio, o uso da palleta para distorsionar a voz do marionetista durante a actuación era común en todas as versións europeas do teatro de títeres de cachaporra, incluído Barriga Verde. Este artiluxio, conformado por dúas láminas de cana ou de prata unidas por unha membrana, era tradicionalmente empregado polos marionetistas populares, principalmente os de títeres de luva, para amplificar a súa voz durante as actuacións

[178] Como contacto directo e interlocutor co público, de réplica aguda e áxil, quen de segurar e manipular atrezo, a vivaz e sempre cómica marioneta de luva foi empregada cando menos desde a Idade Media. (t.p.)

[179] O espectáculo de títeres de luva nas rúas sempre dependeu do movemento enérxico para centrar a atención e na voz como modo primario de comunicación. (t.p.)

na rúa. A palleta, chamada *pivetta* en italiano, *swazzle* en inglés ou *sifflet-pratique* en francés, distorsionaba a voz do artista até tal punto que os diálogos podían resultar incomprensibeis para os espectadores menos próximos ao código cultural do titiriteiro. No teatro tradicional dos *robertos*, heredeiro lusitano de Pulcinella, a palleta empregábase para todos os personaxes e explica a abundancia de palabras co fonema /r/, un dos poucos sons consoánticos que a palleta permite emitir sen dificultade (Seara,-, 5). No caso de Barriga Verde, as verbas con esa letra tamén abundan (como é o caso do nome do personaxe de Rosiña, análogo ao da tradición portuguesa). Canto aos cegos monifateiros da tradición galega, Casto Sampedro afirma no seu *Cancionero* que tamén a usaban:

> Cuando se finge que los Monifates ríen, lloran, preguntan, contestan, etc., ciego y lazarillo, provistos de una como lengüeta de caña, con una hoja de pergamino, de laurel o cosa análoga, producen una voz de falso tiple de hombre o de mujer, sengún el caso lo requiera. (Sampedro, 2007, 165).

Nas notas da documentación do escultor Isidoro Brocos para a creación da súa peza "O cego dos monifates", de 1909, recóllese outra descrición do espectáculo dos cegos manifateiros no que, se ben non alude á palleta, é evidente a presenza de diálogo entre os bonecos, e entre estes e o cego, o que fai pensar que, ben o lazarillo, ben o propio cego, debían empregar algún sistema de manipulación da voz para diferenciar a propia da dos personaxes (Pereira e Sousa, 1991, 293). Polo demais, pódese extraer unha alusión á presenza da palleta na descrición do espectáculo dos cegos que aparece nunha crítica á escultura de Brocos, aparecida en *La Voz de Galicia* de 1909:

> A los ecos de la zanfoña acude la gente. El ciego así rodeado, comienza el relato jocundo de dos príncipes o de dos abades tentados en mal hora; y el mozo, oculto debajo de la capa, encargado de la tramoya, acompaña la acción con la palabra moviendo los macacos haciendo que se maltraten, chillando o gesticulando por ellos (citado por Pereira e Sousa, 1991, 296).

Tamén hai constancia de que utilizaban a palleta os titiriteiros que representaban as pezas dos cristobitas, que agonizaban en Andalucía a finais do XIX[180] mais continuaron na Meseta até polo menos os anos da II República. Así o testemuña un artigo publicado en *Mundo Gráfico,* titulado "El guiñol callejero*"* e protagonizado por un titiriteiro murciano, José Vara, quen explica ao autor do artigo, J.L. Barberán, a súa técnica de manipulación:

> Yo solo. En los dedos de la diestra, los muñecos; con la izquierda los visto y desnudo y les pego cuando hay que pegar, y en la boca un pequeño diafragma preparado convenientemente para emitir esas vocecitas con que hablan los muñecos (*Mundo Gráfico*, 29-11-1933).

[180] "No ha muchos años que en todas las ferias veíanse a veces más de una de aquellas barracas en que el famoso Don Cristóbal se exhibía haciendo de las suyas; al presente no queda más que un intérprete, un ejecutante de tan popular diversión, el cual, una vez desaparecido, llevará consigo a la tierra el último recuerdo de las proezas del más bravo de todos los muñecos" ("Una feria en un pueblo de Andalucía" en *La Ilustración Artística*, 20-12-1987)

Do mesmo xeito, no seu artigo "Nuestro Traga Estopa", citaba Borobó as explicacións de José Silvent sobre o uso da palleta:

> La que colocamos debajo de la lengua, para hablar con ese acento y tono especial de los "cristobitos". Hablar con la palleta de plata bajo la lengua es lo que tiene más mérito en nuestro oficio. No todos lo consiguen. (LN, 4-5-1957).

Efectivamente, a complexidade no manexo desta técnica provocou o seu abandono entre boa parte dos marionetistas posteriores a Silvent; se ben algúns teiman na actualidade en recuperar o seu uso como marca esencial do teatro popular de títeres. Consideran estes bonecreiros que o uso da palleta non ten unha orixe meramente instrumental, como amplificador da voz, que hoxe podería ser perfectamente suplido co uso de altofalantes. O uso da palleta achegaba á interpretación dos bonecos unha aura "sobrenatural", fundamental na vocación transcendente do espectáculo (Badiou, 1988, 10) . O feito de dotar os bonecos animados dunha voz non-humana contribuía ao efecto de denegación por parte do público; ou o que é o mesmo, ao seu distanciamento do espectáculo presenciado. Por outra banda, como xa se explicou, a palleta, empregada como argucia para esquivar a censura promovida pola competencia do teatro de actor no París do XVII (Magnin, 1862, 136), constituíu unha forma de resistencia simbólica, subrepticia, dos titiriteiros humildes aos que se lles puña trabas para gañar a vida exercendo o seu oficio. Deste xeito, a palleta serviu para burlar a prohibición de que os monicreques falasen, ao considerarse que esta voz distorsionada era outra cousa distinta da fala humana. En último termo, a voz distorsionada pola palleta constituía unha máscara do marionetista; un escudo tras o que agocharse e protexerse cando os seus bonecos ían alén do permitido. As críticas verquidas polos bonecos con esta voz aguda non eran ditas por ninguén máis que por eles mesmos: bonecos-marionetas animados por unha man e unha voz misteriosa da que ninguén tiña porque coñecer o dono (Campoy, 2014).

5.3.2. O heroe

O formato do dispositivo escénico orixinal, no que un só bonecreiro manipulaba todos os personaxes da trama, explica a simplicidade do esquema argumental. Todo el resúmese nunha serie de encontros do heroe cómico (en realidade, un anti-heroe) cunha serie de personaxes que, en xeral, representan un desafío á súa liberdade. Todos os personaxes do espectáculo galego teñen o seu equivalente nas outras tradicións europeas de títere de luva; en realidade son todos moi semellantes; representan arquetipos que plasman en escena os medos atávicos do ser humano ou os elementos do poder material opresor.

O personaxe principal, que adoita darlle nome á tradición, é aquel cuxa presenza en escena é máis prolongada, pois ocupa a man dereita do marionetista e nunca ou rara vez é esta man calzada por ningún outro boneco. Este carácter de extensión do brazo do manipulador podería explicar o fenómeno, antes referido, polo cal o personaxe tería acabado recibindo o nome do titiriteiro que lle deu vida con tal destreza e graza que ficou gravado na memoria popular. Barriga Verde ou, como era tamén coñecido, Don Cristóbal Barriga Verde, constituiría o heroe galego de teatro de cachaporra, o equivalente aos xa citados das distintas tradicións europeas. O seu carácter coincide en moitos aspectos co resto de polichinelas: con eles partilla a irreverencia, a aparente inocencia que disimula un agudo enxeño e unha resolución

temeraria cando lles fai fronte aos seus adversarios, aos que sempre vence ("porque era o protagonista", A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013). Barriga Verde é o claro motor da trama ("El era... o que manejaba o choio, e despois, claro, o que ejecutaba tamén..." segundo Ernesto, grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013). Os seus encontros co resto de personaxes adoitan resolverse do xeito máis absurdo, habitualmente coa vara do protagonista a bater nas súas cabezas. A morte dos antagonistas afróntase de xeito lixeiro, mesmo xocoso; non é unha morte seria, non remite á desaparición dunha vida real, mais á expresión liberadora dun desexo inviábel en calquera outro contexto. Mallar na autoridade a paus; nada máis catártico podería ofertarse a un público afogado pola Orde. Para que tales reaccións puidesen ser admitidas en contextos como o da Ditadura de Primo de Rivera ou a posterior de Franco, os arranques de violencia do personaxe debían situarse no contexto dun personaxe inmoral, representando todo o contrario dos valores promovidos polo Réxime: avaro[181] (atributo tamén presente no Don Cristóbal Polichinela da tradición española) trampulleiro, mentirán. O protagonista non é nunca presentado como heroe a imitar, tal e como ocorrería nas pezas da tradición tráxica. Mesmo a adscrición se presta nalgúns casos a confusión, chegando algúns dos informantes a afirmar que o Barriga Verde era o personaxe "malo" da historia, ao que o verdadeiro heroe, o "bo" facía fronte e acababa vencendo (Celsa, natural de Lugo, así o afirma. Grupo de conversa de Compostela, 18-4-2013).

As lecturas realizadas polos membros da elite intelectual (que non económica nin política) da altura, lonxe da distancia e capacidade analítica que se lles supón a plumas de tan alto rango, adoitan estar influídas polos preconceitos. Así, Cunqueiro valora a inxenuídade de Barriga Verde, de quen di:

> El héroe de la tragedia es como un niño, que no se asombra de nada porque se asombra de todo: comenzando por asombrarse de ser protagonista, que le es esencial y la parte más profunda y significativa de su destino, y, sin embargo, la vive, como los santos el pleno misterio, con vivacidad (Cunqueiro, EGG,31-10-1951).

Deste xeito desposúe ao heroe da responsabilidade dos seus actos, restándolle potencia subversiva. Contribuía así, se cadra de forma premeditada, o autor mindoniense aliñado publicamente cos valores do Réxime, a facer fincapé no carácter inofensivo do espectáculo e a aliviar a presión que nalgún momento as autoridades franquistas puideran exercer sobre os seus responsábeis, caso de teren detectado nel algún desafío palpábel á orde simbólica de cousas.

De xeito máis forzado, trataba Ricardo Outeriño de traer o heroe para o seu rego. Barriga Verde é, na súa opinión, o heroe indiscutíbel porque "su causa es la buena y puede siempre y contra todos". A cachaporra é o remedio necesario fronte a todos os vicios da sociedade, encarnados nos distintos antagonistas que atravesan o camiño do protagonista:

> Contra el ideólogo, el legisla[dor], el discutidor porque sí –aquí, como era corriente en cierta época de la Edad Media, representado por el Cura- contra el fanfarrón y el malandrín, aquí representado por el Portugués- contra la fuerza bruta, la oscuridad de la selva, las fuerzas oscuras de la naturaleza –aquí representado eso por el toro- contra los

[181] Manuela, que viu a Barriga Verde nas festas compostelás, e Otilia, que asistiu á representación na súa aldea próxima a Avión, refiren esta cualidade do personaxe. (Grupo de conversa, 11-4-2013).

> vanos temores, los pánicos de la imaginación, los maleficios del encantamiento- aquí representado eso por la bruja- y contra la tentación, la seducción del pecado, el pecado mismo- aquí representado por el Demonio: y puede más porque es la misma vida (LR, 5-6-1948).

O autor atopou, de xeito lexítimo, reflexo das súas ideas no espectáculo de marionetas que o fascinou. Do mesmo xeito que, pode deducirse, cada espectadora atoparía en Barriga Verde o reflexo das súas inquedanzas. E no caso da maioría das persoas que asistían ás representacións da barraca durante a posguerra, cabe supoñer que serían moi distintas das do director de *La Región* na altura, de fondas convicción católicas.

Unha interpretación ben distinta dos golpes que infrinxe o protagonista contra todos os seus adversarios pode facerse en clave carnavalesca. A violencia física ten, segundo Bakhtin, un especial simbolismo, como forza renovadora. "Cada golpe que se da contra el viejo mundo facilita el nacimiento del nuevo; es una operación cesárea que mata a la madre pero salva al niño. Se golpea e insulta a los representantes del mundo antiguo pero naciente." (Bakhtin, 2003, 167). Cada pancada de Barriga Verde contra os seus antagonistas simbolizaría, pois, un ataque contra a autoridade, á que durante o lapso que dura a función se consegue desbancar.

No que respecta ao aspecto físico do personaxe, existen moi poucas pistas ao respecto. Os fillos de Santiago Silvent descríbeno con cabelo negro peiteado ao lado (pintado sobre a cabeza de madeira) e unha chiba ("parecido a dun... Don Quijote de la Mancha", S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego, 6-4-1989) e ollos verdes tamén pintados (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-14). O único boneco que se conserva pertenceu a José Silvent e foi, probabelmente, tallado polo mentado ebanista compostelán, pois os seus riscos son moito máis finos que os doutros bonecos conservados en Lérez. Os seus ollos son efectivamente verdosos, aínda que neste caso non están pintados sobre a madeira, senón que son de cristal. En canto ao vestiario, podería axustarse á comparanza proposta por Santiago Silvent, pois levaría unha túnica e un chapeu de aba ancha. Porén, a imprecisión das descricións obtidas convida a pensar que a fisonomía do heroe debeu mudar a cotío e que non existe unha imaxe fixa que caracterice a Barriga Verde. Unha problemática similar foi a que toparon os investigadores do curmán castelán, o que mesmo levou a un deles a redactar un "Informe para tallar un rostro a Don Cristóbal Polichinela" (Ayuso, 2013).

5.3.3. Os outros personaxes

Ao encontro de Barriga Verde, manexadas coa man esquerda do titiriteiro, van acudindo outras marionetas de distintas características, se ben cada unha, como ben reflectía o autor do artigo antes citado, encarna unha ameaza, unha forma de opresión do subalterno. O heroe, que representa a este último -e polo tanto tamén á meirande parte do público-, vai rearxir a esa posición de inferioridade facendo uso da súa moca.

O primeiro antagonista co que topaba Barriga Verde era o Compadre, máis coñecido como "o portugués" (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014; S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego, 6-4-1989; C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). Este personaxe encarna, segundo algunhas fontes, o indiano que chega á vila fachendeando dos cartos feitos e dos méritos acadados, e atópase co seu vello amigo Cristóbal. Este acaba dándolle volta á situación e vénceo na pelexa a paus que emprenden, que algunhas referencias coñecen como a loita entre o galego e o portugués:

> E vai o Barriga Verde, que sempre o Barriga Verde era o que... daba leña, que era o que ganaba! E xogaba... peleábase con un portugués, dicía... Eu xa o digo moitas veces. Dicía "duro portugués, duro galego! " E digo eu: hoxe cos portugueses que hai por aquí, habíanse cabrear! [rin] Pódesmo crer. (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Certamente, a atribución da nacionalidade lusitana ao personaxe ridiculizado pode resultar sorprendente, se se ten en conta que o propio José Silvent pasara varios anos no país veciño, até o punto de moitas persoas consideralo natural de Portugal. Precisamente ese puido ser o motivo, caso de ter sido José o introdutor deste personaxe: unha táctica para despexar dúbidas respecto á súa naturalidade española, a través da ridiculización do país veciño.

De feito, segundo conta o seu fillo máis novo, nalgunha ocasión algún espectador protestou por ese ensañamento cos nativos do Sul do Miño:

> Cando máis tempo tiñamos a falar coa xente era en inverno, que de día, estabamos ao sol, e falabamos daquelo... Pero había, eh... xente portuguesa que vivían, viven por aí, por esa zona, de Ponte Caldelas, esa zona. E dicía, "Ai señor José, sempre lle pega ao Portugués, non podía cambiar?" (A. Silvent, entrevista persoal, 2-2-2012).

Polo demais, este personaxe reflectía o tópico presente na literatura española desde o período coñecido como Siglo de Oro. Este cliché retrataba aos habitantes do país veciño como namoradizos, apaixoados e ciumentos, amigos de alardear dunha valentía que finalmente dexeneraba en covardía, e moi elegantes no vestir (Pedrosa, 2007, 100). Estes atributos coinciden cos descritos polos fillos de Santiago Silvent, que sitúan o conflito na rivalidade polo amor de Rosiña, a moza de Barriga Verde:

> Entonces eso empezaba, paseando un muñeco, que era Cristóbal, e ao empezar a pasear, chegaba unha rapaza que se chamaba Rosita, entónces era a novia del. Pero entonces apareceu un individuo, que presumía, moi ben vestido (...), ben pintado, e o pelo moi ben peinado, e claro, a Rosita gustoulle, e empezou o asunto. E resulta que era portugués, e entonces chega o momento que o portugués era moi fuerte, moi "fruncido" (...), entónces desafiou a Cristóbal (Barriga Verde), e enton aí hai unha pelea e o outro, pois claro, morre. (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

A sorte do portugués é inexorábel, un sino tráxico que tamén semella recibir un tratamento irónico na peza, como se a morte fose asumida con gozo por quen a padece. Vicente Risco aludía ao xeito no que o personaxe aceptaba o seu fin nun artigo no que se refería só de xeito oblicuo ao espectáculo:

> No quiero decir nada de los exámenes: entre las barbaridades que uno oye y las recomendaciones que uno lee, acaba dejando caer los brazos en un gesto de cansancio mortal y de "consummatum est" como el portugués apaleado del Barriga Verde, cuando se tiende exánime sobre la barra del telón (LR, 8-6-1950).

A mentada Rosiña (Rosita, na tradición castelá; Rosa, na portuguesa) é o único personaxe que non acababa probando a moca de Barriga Verde. O personaxe

feminino non recibe, porén, un tratamento especialmente beneficioso na dramaturxia. A moza é retratada como volúbel e facilmente impresionábel polo portugués ou o compadre, caendo cativada nada máis ver as súas moitas medallas (coas que se caracteriza o Portugués na versión de Alfonso Silvent). Cando este morre, déixase consolar axiña polo seu asasino, Barriga Verde. Na versión de José Silvent, Rosiña vai casar co compadre, de nome Manuel, pero os paus do protagonista impídeno e o que se celebra é o seu enterro. Así o relata Alfonso Silvent:

> O Barriga Verde, si, "Rosita, mira non chores, muller, non chores, que tu eres guapa e eres nova, e inda te podes casar con outro". "Eu non quero outro, eu quero o meu Manuel!" "Anda, home, anda! Non seas así, non seas así, non chores." Bueno, bueno, pois marcha. E fai que marcha, márchase, e queda chorando igual outra vez. Pero á segunda, vólvelle dicir outra vez "Rosiña! Non te... que eu tamén estou viudo e queres casar comigo?" "A ti non te quero, porco! Sale daí!" En esto marcha, el mira, ela fai, mira pa un lado, mira pa o outro... "Bah! Bueno, bueno, sabes o que che digo? Mira, eu aínda son unha rapaza nova, e son... son moi bonita. Voume casar con outro. Morreches? Que te leve o demo!" (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

O cura é xustamente quen oficia o sepelio. Este personaxe recibe, de xeito conforme á tradición carnavalesca, un tratamento de grande escarnio no espectáculo. Numerosas versións sitúano recibindo a vareada de Barriga Verde, farto da avaricia do crego, quen quere cobrar o enterro demasiado caro. Mais esa solución puido ter sido suavizada durante o Franquismo, obrigando a substituíla por outra máis liviá:

> Entonces, o que si, que meu pai sempre levou moito... O asunto da religión. (...) Porque por ejemplo, e... cando enterraban a... ao que morría a paus, que o enterraba, entonces vén o cura, e claro, pídelle non sei cantos pesos en plata...
> *[Polo enterro.]*
> Polo enterro. Entonces en vez de darlle pesos, dalle unha paliza, a paus. E bueno, eso era o que facían eles, meu pai non facía nada deso.
> *[Teu pai non?]*
> Que va! Todo o contrario. Porque... En un sitio, un dos fillos del quixo facelo e chamáronlle a atención. "Se son muñecos, hombre!". "Si, pero non se pode pegar ao cura". E meu pai ... como estaba naquel momento alí, e veu...
> *[Bueno, pero o cura tampouco quedaba mui ben, non? Qudaba un pouco de agarrado...]*
> Bueno, quedaba un pouco de chorizo, que.. eran o que son e o que siguen sendo, ben o vés o que están facendo! Xa naquel momento eran... (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

Así e todo, esa autocensura non debeu ser tan frecuente, a xulgar pola memoria popular reflectida nas entrevistas, na que ficou gravada a paliza que o crego recibía do protagonista da peza:

> Eles eran... os que divertían á xente, e sobretodo, os títeres, facían. Tiñan o Barriga Verde, que era o muñequito aquel, que o metían na man... o pai tiña aquela experiencia, o facía mui ben, eh! Movía os muñecos, poñíaos a pelear... Despois viña o cura, metíase o cura, e despois ao final... o cura...

> "E de que mogueu? Mogueu deguepente", dánlle un cachillazo! "Mogueu de guepente..."
> Hablaba así con la r...
> *[quen mataba ao cura*?]
> [ri] Barriga Verde. (Ernesto, grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013).

Segundo o fillo de José Silvent, as amoestacións da autoridade non tiñan demasiado efecto no desenvolvemento da trama:

> [*E nunca ninguén vos chamou a atención por mallar no cura?]*
> Si. Nos teñen chamado a atención en Orense. E... E nalgún sitio, si. Outro sitio, non.
> *[E cando era así, que vos dicían?]*
> Que non traballara ese número.
> *[e facíadeslle caso?]*
> Claro que non!
> (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

Como se viu, Ricardo Outeiriño facía referecia á malleira infrinxida no crego como unha proba do carácter medieval da peza ("eso de arrebatarse y emprenderla a palos con el mismo Cura preguntón", LR, 3-6-1948), o que confirma que en Ourense a escena se mantivo invaríabel durante o Franquismo.

Tamén Borobó lembra a batalla co cura como central na peza, na que non detecta máis elemento subversivo:

> Se repetía casi siempre lo mismo, exactamente igual, y no... no hacía crítica social [ri]. Únicamente... quizá un poco... un aire así un poco anticlerical, tal vez... Puede ser. Así un matiz... No era así muy respetuoso con... Con el clero! Aunque vencía al demonio no era... no era un auto sacramental! (R. García, entrevista realizada por A. García circa 1988).

É, efectivamente, un enfoque daquilo que Caro Baroja nomearía "anticlericalismo crente", aquel que imperou na cultura popular e en distintas expresións da literatura culta do Medievo e a Idade Moderna. Constituía esta forma de anticlericalismo unha crítica á avaricia e as condutas desviadas dos representantes da Igrexa na Terra (Caro, 2008, 20). Non se trata, pois, dun anticlericalismo ateo que rexeita as bases propias da relixión, daí que comparezan figuras propias do imaxinario católico como o Demo e se bote man de pregarias nalgún momento da trama, como estratexia de salvación do protagonista. Como defendía Outeiriño no artigo antes citado,

> ...la Edad media es la época de mayor fe pero también, a menudo y sobre todo a las últimas, de mayor anticlericalismo: si bien un anticlericalismo muy distinto de este tan estúpido y tan beatuelo de espejismos y supercherías de la peor invención que todos conocimos... (LR, 3-6-1948).

Porén, a ridiculización e o tratamento xocoso dos temas relixiosos debe entenderse como un xesto de enorme potencia simbólica, máxime nun período como o franquista onde o catolicismo foi elevado a ideoloxía nacional (Graham, 1995, 237).

Esta burla ao clero podería incluír tamén acusacións de concupiscencia, de tomar como verdadeira a versión relatada por unha das informantes, nas que o cura aparece pelexando con Barriga Verde por unha muller:

> O cura que... marchaba a muller con outro... Marcháballe e despois andaba a paus o cura co co... co outro: peisano!
> *[pero, a muller do cura?]*
> Si... Ah, bueno a criada! [ri] a criada! (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012)

De raigame medieval é tamén o personaxe do Demo, o último en comparecer perante o heroe. Unha figura relegada desde o Renacemento á cultura popular, onde floreceu como encarnación do Mal, se ben cargado de connotacións irónicas (Flores, 1985, 48). O Demo do espectáculo de marionetas de Barriga Verde contén as principais características do tipo preservado pola memoria popular. De cor vermella forte e grandes cornos cos que arremete contra o protagonista cando este se resiste a acompañalo ao inferno. Cheira a xofre, como salienta Cunqueiro e confirma o testemuño de Juan Silvent (entrevista persoal, 24-12-2014), quen engade que o seu pai, Santiago, gostaba de chamarlle Lucifer ao personaxe. Non semella que se lle dese ningún dos nomes popularmente atribuídos a Satanás que enumera Vicente Risco no seu coñecido artigo (Risco, 1997, 244). Tampouco se corresponden a súa vestimenta e comportamente: se o Demo da tradición popular adoita aparecerse de traxe e falando castelán a quen pretende convencer de asinar con el un pauto, o Demo da peza de Barriga Verde resposta á iconografía carnavalesca, ás diabladas tardomedievais que se celebraban como ritual previo ás representacións de autos sacramentais (Bakhtin, 2003, 355). Trataríase, pois, de vencer o medo a través do riso, de traer o inferno á terra para vencelo, como fai Barriga Verde.

> Los rasgos particulares del diablo (ante todo su ambivalencia y su relación con lo "bajo" material corporal) explican muy bien por qué se ha convertido en una figura cómica popular (Bakhtin, 2003, 240),

É esta a imaxe do Demo que reflicte o fantoche dos Silvent. Barriga Verde detéctao polo cheiro a podre, acompañado dun efecto sonoro de flatulencia, un dos recursos cómicos máis habituais na tradición de títeres de cachaporra. (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014). O personaxe non é presentado expresamente como maligno, segundo Santiago Silvent Suárez:

> despois... había o demo que era o que... había a lucha contra...
> [muller: era o malo]
> Era o malo, que non dicían que era o malo...
> (S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego, 6-4-1989)

Trátase, por outra banda, dun dos personaxes máis lembrados da peza, até o punto de que algunhas persoas non lembran quen era o seu adversario, confundindo a Barriga Verde co Cura.

> Era el macaco aquel, que era un demonio y un cura, que peleaban y no sé que hacían.
> *[o demonio contra o cura?]*
> Si. Eran los personajes más importantes, eran el demonio y el cura.
> (Otilia, grupo de conversa de Compostela, 11-4-2013).

Semellante ao Demo era o personaxe da Morte ou da Bruxa, do que se conserva o boneco de José Silvent e existe algunha referencia (Risco inclúea na súa enumeración

dos personaxes no artigo de LR de 19-6-1949 e noutro posterior, de 27-5-1951; Alfonso Silvent menciónaa na entrevista persoal de 3-7-2013). Na tradición portuguesa, a Morte aparecíalle ao heroe cómico para levalo ao final da peza, ao que este respondía combatendo a paus. Daí que o espectáculo concluíse coa simbólica frase: "Eu matei a Morte! A Morte está Morta!". Descoñécese se a figura tiña a mesma función na versión galega do espectáculo, se ben parece seguro que non era así como remataba a peza.

Completábase a nómina de personaxes cun representante da autoridade civil. Nalgunha versión, provabelmente na de José, tratábase dun membro da Benemérita (A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013, Ernesto, grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013), ainda que non hai moitas referencias ás tramas nas que comparecía. Si había unha escena na que o Barriga Verde ía facer a instrución militar, e acababa facendo mofa dun soldado. Este personaxe convertíase, na versión dos fillos de Santiago Silvent, nun municipal, que nalgúns casos encarnaba algunha persoa coñecida polo público:

> Bueno, había un municipal que era un que buscaba unhos... testigos por aí adiante, que andaba buscando... o asunto. Pero... con iso creo que foi en Carballo, precisamente que... que foron a chamarlle a atención a meu pai.
> *[Por sacar ao municipal, e meterse con el un pouco?]*
> E meterse con el un pouco. Pasa que se rían, e ademais, bueno, eso... Non foi a meu pai, foi a un fillo, que daquela eran os fillos maiores e... Entonces foron a... A chamarlle a atención, porque non sei que lle fixeron, se lle deron trompazos... Porque alí había un municipal, que eu cheguei a coñecelo, que era un bon home, pero tiña unha mala hostia...
> *[en Carballo?]*
> En Carballo. (...) Na obra, pois non sei como, que el iba... chamáronno polo nombre. E era o nombre do municipal!
> *[Ah, caramba! E aí houbo problemas, non?]*
> Non, problemas non. Pero menuda! Que despois andaba o pueblo enteiro, alí... "Ei!, ei". A hostia. E meu pai, bueno, tuvo un disgusto mui grande e... (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-14).

Na versión dos fillos de Julia Silvent (a falta de datos que permitan coñecer a da propia titiriteira), este personaxe era o encargado de cobrar os arbitrios ou taxas do fielato, unha figura presente na meirande parte das feiras nas que o espectáculo era representado.

> (...) ao mellor collía un pucheiro : "El pucherero! voy vender pucheros" E chégalle de arbitrio, un... municipal, facendo... E dice: "bueno, ten que pagar un real". "bueno... a ver, tome: non teño solto". Dáballe ao outro. E dícelle "Bueno, se non ten solto vou polo cambio". E vai polo pau. E rómpelle o pucheiro a palitroques, co pau. Rómpello...
> (...) O municipal, pa cobrar albitrios...
> *[Si. E tamén lle daban?]*
> Home! Apañaba...
> (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013)

No contexto da Posguerra, onde o estraperlo foi moi común en Galiza como forma de supervivencia de moitas persoas e de enriquecemento ilícito doutras, a figura do cobrador dos arbitrios era moi temida. Cabe pensar que o escarnio do que

era obxecto na representación dos títeres achegaría un certo alivio ás persoas afectadas polas cargas fiscais aos produtos das feiras.

A esta nómina de personaxes habería que engadir outros mencionados polos informantes, mais dos que non existe información suficiente: nomeadamente a Bruxa e/ou a Morte, da que abundan os testemuños (Risco menciónaa en varios artigos, como se viu) e mesmo se conserva o boneco que utilizou José Silvent para a encarnar. Porén, descoñécese a trama na que tomaba parte, o que non permite realizar unha análise do seu sentido no espectáculo.

5.3.4. Repertorio

Nun artigo publicado en *La Estampa* en 1930 enuméranse as pezas que protagonizaba o Cristobita de José Vera[182]. Entre elas, "El barbero de Sevilla", "La partida de pelota", "El quinto", "El médico loco" e a tourada coa que concluía sempre o espectáculo, coinciden ou gardan semellanza co repertorio referido polas distintas testemuñas como de Barriga Verde (*La Estampa*, 26-8-1930). A orixe murciana de Vera podería animar a conxecturar que Josefa Silvent, a nai dos tres irmáns que despois destacaron como titiriteiros en Galiza, tamén murciana de orixe, puidera ter sido quen inculcou as técnicas e as historias dos monifates aos seus fillos, quen despois puideron ter incorporando algunha influencia lusitana, da man de José.

Nas seguintes liñas describiranse con detalle as distintas escenas (o que Álvaro Cunqueiro denominaba 'ejemplos' atribuíndolles un elemento didáctico do que os portadores do espectáculo non eran probablemente conscientes), a partir destas referencias escritas e as distintas testemuñas orais recollidas.

5.3.4.1. "O barbeiro de Sevilla"

Tanto os fillos de José como os de Santiago lembran esta escena co nome da ópera de Rossini, denominación que, como se viu, tamén empregaba en Madrid José Vera. Na tradición portuguesa dos robertos, porén, os roles invírtense; se na versión dos Silvent é Barriga Verde quen exerce de barbeiro do compadre casamenteiro, na versión que recolle Seara Cardoso, Roberto era o cliente que non quería pagar. Segundo este mesmo autor, esta peza, presente en toda a tradición europea de raíz polichinesca, inspírase nas representacións burlescas dos oficios que integraban as porcesións do Corpus Christi (Seara, -, 5).

Casto Sampedro recolle a mesma escena como representada polos cegos monifateiros, só que co nome de "El barbero caro". Cristobita é o barbeiro que vai afeitar a un cliente, mais discuten polo prezo e o barbeiro acábao matando ("el barbero hiere y por fin degüella ao parroquiano Gregorio"), desencadeando toda a serie de acontecementos que tamén se atopa en Barriga Verde (Sampedro, 2007, 165-166). Neste caso, semella que a arma mortal é a navalla de afeitar usada con propiedade para degolar a vítima. No caso de Barriga Verde, máis suave, o barbeiro colle a estaca para arremeter contra o cliente que non lle quere pagar.

5.3.4.2. "O xogo do pau"

Esta escena, ao igual que a do barbeiro, forma parte daquelas que Seara Cardoso clasifica como "activadoras dunha nova orde dramatúrxica" (Seara, -,7), pois

[182] A todas luces, o José Vera do artigo de La Estampa é o mesmo entrevistado no artigo de Mundo Gráfico de 1933, xa reseñado, se ben neste caso o autor transcribiu o seu nome como José Vara. Mais a fotografía e as palabras atribuídas ao titiriteiro murciano fan pensar que se trata da mesma persoa.

conclúen coa morte do antagonista de Barriga Verde, o que desencadena unha serie de acontecementos: o enterro do defunto e a persecución do protagonista polas autoridades terreas e do Alén. Polo demais, esta escena podería resultar dunha hibridación entre as tradicións portuguesa e castelá. Algúns testemuños coñécena como "o xogo da pelota", o que a achegaría á representada en Madrid por José Vera (*La Estampa*, 26-8-1930). A peza que José Vera afirma incluír no seu repertorio, "La partida de pelota", podería estar vinculada co xogo tradicional valenciano, a *pilota valenciá*. A versión que reconstrúe Xaime Iglesias con nome "o xogo da pelota", constituiría unha sorte de *basebol* rudimentario que o personaxe do Portugués traía de América como grande novidade. Barriga Verde, por suposto, incumpre as regras do xogo, e no canto de darlle á bóla bate ao contrincante na cabeza (Iglesias, 2013, 112-114). Porén, a versión que Alfonso Silvent achegou nunha das entrevistas realizadas no curso desta investigación, difire nalgúns aspectos da plasmada por Iglesias na súa biografía de José:

> Porque o Compadre marchárase para as Américas, alá fixo moitos cartos, e viña... fanfarroneando... aquí, en Galicia, non? (...)E entonces, como eran amigos antes, foi chamar ao compadre, que era o Barriga Verde. E estiveron falando os dous, que daquí, que qué facía, tal. E entonces é cando ven o xogo da pelota. E o... Compadre non sabía xogar á pelota. Quen sabía era o...
> (...) O Barriga Verde. E entón ensínalle como era, como era o xogo da pelota.
> (...) Por ejemplo, [escenifica coas dúas mans]: este é o compadre e este é Barriga Verde. Non, este é o Barriga Verde, que é a man dereita! Cando ven o xogo da pelota, dice que vai, e entón dice "pois entonces vai buscar a pelota". E vai o Barriga Verde buscar a pelota. E trae o pau, claro. Non hai pelota.
> (....) E o outro di "pero esto que é?".
> "É a pelota!"
> "Ui, que pelota máis rara!"
> "Isto si que é unha boa pelota!"
> "A ver, como é?"
> "Pois mira. Ti te pos aquí. Eu me poño aquí. Cando eu diga 'pelota va!' tu tes que dicir 'venga ya!' E tres ti e tres eu, tres eu, e tres ti."
> "Bueno, pois xoga"
> E xogan. Ten que decir "Pelota va, venga ya!" Bumba! Un estacazo.
> "vai unha, eh, compadre? Vai unha" [di o BV, represéntao coa man dereita]
> E dálle outra vez, hasta que chega a tres.
> "bueno, xa están tres. Ahora ti"
> "ai, mi madre!" levou paus na cachola, non? E vai o compadre, quere darlle, pero o outro, falla, báixalle a cabeza, e pásalle o pau por diante, non?
> "compadre, que vai unha!" [di o BV] Así é que perde as tres. O outro enfádase, porque claro, el baixaba a cabeza, e a el non lle tocaba.
> (...) Enfádase, e empezan a pelear. E o matou, matou ao Compadre. (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

A denominación tamén recollida para esta escena, "o xogo do pau" podería remitir á arte marcial tradicional portuguesa, na que dous ou máis contrincantes se enfrontan armados con dúas longas varas. Este estilo de loita axustaríase ao formato no que ten lugar a pelexa entre o galego e o portugués referenciada por Risco e por

Consuelo. Este xogo, porén, non se atopa no repertorio coñecido do teatro dos robertos.

Tamén Julia Silvent debeu representar esta escena, a xulgar polo testemuño da súa nora, quen describe o desenlace tal e como o representaba o seu marido:

> E cando se peleaban... Peleábanse os dous, "duro Portugués, duro Galego": ta, ta, ta! Volve... Tiña a facilidade de envolvelo, e xa tiraba con el... Encima de darlle... palitroques.
> *[Dáballe golpes, e arrancaba o muñeco, e...]*
> E o doblaba, e xa tiraba con el. "Ala! A tomar morcilla!"
> (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Á vista das referencias dispoñíbeis parece prudente considerar esta escena como unha pelexa entre o personaxe galego e o portugués, onde o primeiro xoga coa súa aparente inxenuidade para acabar vencendo ao requintado antagonista. O único claro é o desenlace, que é sempre o mesmo: o falecemento do Portugués, o que desencadea a acción propiciatoria da seguinte escena.

5.3.4.3. "O enterro" ou "A viúva alegre"

A consecuencia da morte do personaxe na escena anterior (fose a do barbeiro, o portugués no xogo do pau ou calquer outra na que Barriga Verde facía fronte a un antagonista) é o enterro do personaxe falecido. Ante o descubrimento da morte do seu prometido, Rosiña prorrompe en pranto, que o protagonista trata de consolar ao tempo que aproveita para cortexala. El mesmo chama ao crego para que oficie o sepelio, o que dá pé a un diálogo absurdo moi lembrado:

> E foi buscar o cura, e vén o cura, e dícelle "que pasou? Pero que pasou?"
> "Que pasou? Non pasou nada! É que morreu este home!"
> "Morreu este home? Ai! Pobrecito, pobrecito. E de que morreu? De que morreu?"
> "Morreu de repente" [resposta BarrigaVerde]
> "Ai morreu de repente?? Ai! Pobrecito, pobrecito! Pero de verdad que morreu de repente?" [Alfonso ri] Faise o xordo.
> "Pero a ver, é que non oes?", dille no oído, "Morreu de repente!!!! Veña, entérrao! Fai o repòsito que o enterramos". (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

O cura entoa un responso entrefebrado de versos satíricos e dá comezo o enterro, unha das escenas máis elaboradas a nivel escenográfico da peza. Unha igrexa de madeira, en dúas dimensións, ocupa boa parte da escena. No seu campanario unha campaíña real resoa alegremente, tal e como describía Borobó:

> Tras la resonante esgrima de "fungueirazos", con una mobilidad de los muñecos que dudamos pueda superarse por ningún guiñol del mundo, suenan las campanas -y es lo raro, no funerales, sino jubilosas- y surge el entierro de la víctima, con cortejo de plañideras. (LN, 12-4-1955)

Encabeza o cortexo o cura, entoando o seu surreal responso.

> (...) o responso, pero claro, non o sabe, e fai así un chapurreado (canta) "Erri colorre, e vai polo si non sei canto! E parro patlin patarrán!" E di o...

> o Barriga Verde: "pero usté que está cantando? Usté está 'porrotopó porrotopó", que é eso? (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).
> .....
> E cando morre [o Portugués], pois hai que enterralo, e sae unha caixa con catro muñecos levando a caixa, había que ir movendo así, para que se vira como se foran andando, e detrás un cura dicindo "o que é rico e ten diñeiro rézaselle un recordeiro, o que é probe e non ten nada, de cachola pa furada" [canta]. (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011)
> Si, o cura usaba latinajos. Eso sí, unhos latinaxos... Vamos, supoño que... Pero iso xa é unha... Pero usábaos, si. (M. M. Fernández Teixeiro, entrevista realizada por A. García circa 1995).

Seguidamente, vai a caixa do defunto, portada por catro monaguillos que estaban fixos á caixa, o que permitía que puidera ser manipulado cunha soa man.

> E na caixa, tiña unha plataforma, así de... arredor. E entonces por diante tiña uns monaghillos, e aos lados, e más atrás.
> *[como se foran levando a caixa.]*
> Cunha cruz, e tal. E entón, van polo... Van levando, avanzan, e tan alí as campanillas, e eso, todo, e por diante... (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012)

Detrás do cadaleito, chorando desconsolada, Rosiña; e Barriga Verde que trata de convencela de que case con el. É entón cando se produce un dos diálogos máis memorábeis do espectáculo, un dos que conseguiron chegar até hoxe na memoria de moitas persoas. As versións das tres ramas da familia Silvent (a dos fillos de José, Julia e Santiago), apenas difiren nos detalles deste momento, como se ve ao comparar a versión plasmada por Xaime Iglesias a partir do relato de Alfonso Silvent (Iglesias, 2013, 115-118), cas descricións que achega Juan, fillo de Santiago Silvent:

> E según iban así, Rosiña ía chorando, e daquela había que axudarlle ao meu pai a dicir: "Adiós, Adiós meu amiguiño, adiós meu amoriño, adiós meu novio..." Entonces dicía Barriga Verde: "Pero neniña, non me tes a min? Non me tes a min?" "Pero tú quéresme?" "eu sempre te quixen!" Entonces xa se abrazaban e levantábase a caixa do difunto e o outro movía así a cabeza, cunha man nun couso que tiña embaixo, movía a súa cabeza e dicía "Adiós Rosiña! Quedas ben acompañada eh! Alá, hasta loguiño, hasta loguiño" e volvía taparse... (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro 2011).

> E entonces iba: "tarrán, tran, tarrán" [entoa melodía de procesión] Entonces Rosiña iba atrás "Adiós! Adiós! Que che vaia ben! Adiós!" E collía, abríase a caixa e botaba a cabeza de fóra e dicía "Eu vou ben! Eu vou pao ceo!" Coa cabeza botada de fóra, e volvía cerrarse, e era a feitura exactamente igual que un... (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

Moi semellante é a versión que achegaba en 1989 o seu irmán Santiago, e onde só sorprende o cambio nos nomes dos personaxes, produto se cadra do esquecemento:

> O José ao morrer, pois había que facerlle o enterro, metíano na caixa... Ela iba chorando, os outros iban chorando detrás, e el levantábase e dicía:

> "cala María, cala! Que vou pao ceo! Vou pao ceo!" (S. Silvent, entrevista realizada por S. Prego o 6-4-1989).

A descrición que achega Consuelo, nora de Julia Silvent, relativa á versión que realizaba o seu marido viúvo, é tamén moi semellante:

> E despois o defunto iba morto, e cun cordel tiraba... Salía a muller chorando e dicía "Ai!! Manueliño, e tal!!" Desfacíase! [..] E dícelle... E levántase o muñeco, tíralle polo cordel: "cala Rosa, cala, cala que vou ben, que vou pao ceo!" Dice. "ai, ai, ai!!". Despois de que o enterran, que o tiran, claro. Fan coma quen, que xa o van enterrar. Dice: "e máis tes razón!" Sálelle o muñeco de Barriga Verde e dícelle: "e tu eres nova... Pa que vas? Aí ho! Logo buscas outro home!" [rin] (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Desta escena existen, ademais, algunhas descricións publicadas en prensa. Tanto Risco coma Borobó atopan especialmente brillante a reacción do falecido que ergue a cabeza do cadaleito para despedirse da súa moza ou, máis ben, para pedir algo de calma:

> Este año, el "Barriga Verde"-sin el cual no concibo fiestas en Orense- trae una novedad. Esta novedad es un entierro, un entierro precioso, que desfila con especial solemnidad, seguido por la viuda del muerto, que va detrás, haciendo el planto. El muerto se levanta en la caja, para decirle que muy bien… Es un muerto… Encantado de la vida… o encantado de la muerte… Va muy descansado en la caja. Probablemente, muy recreado con los latinorios, y lo que hace la mujer es estorbarle el descanso. No quiere -se conoce- que le recuerdan las cosas de la vida… Para eso se tomó el trabajo de morir, no para que le hiciesen el planto (LR, "Monifates", 27-5-1951).

O feito de que Risco só vise por primeira vez o enterro tres anos despois de descubrir o espectáculo é rechamante, posto que se trata dun dos números máis lembrados polos informantes, se ben é certo que a memoria de todos eles é posterior á Guerra Civil. Cabe a posibilidade de que durante os anos máis duros da Posguerra se omitise a representación desta escena, pola parodia que supuña da institución eclesiástica. Porén, tamén Borobó, que xa asistira ás representacións de Barriga Verde en tempos de Primo de Rivera, parece referirse á escena como una innovación no repertorio do seu admirado titiriteiro:

> La dimensión trágica, propia de la gallega, se ha acentuado con el entierro de la víctima de la estaca de Barriga Verde. Tras la resonante esgrima de "fungueirazos", con una mobilidad de los muñecos que dudamos pueda superarse por ningún guiñol del mundo, suenan las campanas -y es lo raro, no funerales, sino jubilosas- y surge el entierro de la víctima, con cortejo de plañideras. Hay un diálogo soberbio entre el muerto y la viuda, alzándose del "cadaleito". ¡Adios Manuel!, plañe la mujer. ¡Adiós María, voume pa Buenos aires!, responde el muerto (LN, 12-4-55).

Un colaborador asiduo de *La Noche*, o catedrático de grego da USC Manuel Rabanal, tamén adicou unha entrega da súa sección habitual, "Nebulosa" a falar do espectáculo que considera "grotesco y genial", e do que salienta o seu aspecto

escatolóxico. Centra unhas liñas a describir a escena do enterro, da que tamén menciona que é unha novidade respecto a anteriores versións que tiña visto do espectáculo:

> Hay en el "Barriga Verde" de hogaño una conducción de un difunto y un planto de su viuda tras el cortejo fúnebre, que no desmerece en teatralidad del que organizan las hermanas del Boticario verde en "Os vellos non deben de namorarse" del clásico Castelao.
>
> Se incorpora varias veces el cadáver y responde a las lamentaciones de la mujeruca con apartes que revelan un humor auténticamente racial y una comicidad a la que sólo le faltan unas arenas de literatura para alcanzar el rango de lo genial. Y en el cortejo –un verdadero paso costumbrista, de la misma escuela artesana de esos curas "chovendo", de esos "o vello dos contos", de esos "carta de Bos Aires", etc., que pueblan infinidad de escaparates compostelanos– figuran faroles y cruz alzada, preste y monaguillo, cuatro portadores del ataúd, el muerto, accionable, en su caja, el duelo y un suficiente acompañamiento de vecinos. (LN, 14-8-1956)

Os tres articulistas estaban a describir a versión de José Silvent da peza. Risco asistía ás representacións da barraca en Ourense cando xa Julia non estaba en activo e era José quen acudía ás festas do Corpus; Borobó era asiduo das funcións da Pascua de Padrón, onde normalmente comparecía a barraca dos de Lérez; Rabanal afirma que o espectáculo que presencia é o do "legítimo" Barriga Verde, "según rezababan desde sus pintarrajos los reclamos de la barraca", isto é, o lema "el auténtico Barriga Verde" que José mandou pintar no pórtico da última barraca construída a finais de 1950 (Iglesias, 2013, 82). Podería pensarse que a escena xa formaba parte anteriormente do repertorio representado por Santiago e Julia Silvent e os fillos destes que mantiveron a práctica da manipulación de bonecos. Deste xeito, José podería ter incorporado posteriormente ao seu espectáculo esta escena ou simplemente, como se propuxo anteriormente, tela recuperado tras uns anos de prudente ausencia motivada polo medo á represión.

Ao remate do enterro prodúcese un diálogo no que Barriga Verde amosa todo o seu talante subversivo:

> Ten unha pelea... á volta do entierro. (...) Pero o cura chamoulle a atención, "eu vou dar parte a La Guardia Civil, e tumba e dálle..." Entonces saliu o Barriga Verde ao paso, e dille "pero que lle pasa, señor cura, que lle pasa?" "eres un desgraciao, eres un can!! Es esto, élo outro! Me debes coarenta pesos! " "E de que lle debo eu coarenta pesos?" "De enterrar a ese home!" "Ai, é verdá! Tes razón! E usté que quere, en calderilla, en plata ou en papel?" Dille: "eu quero plata, eu quero plata!" Era un avaro [ri], son todos eles! "Eu quero plata!" "Ai, si? Pois queda aquí, que vou á casa buscalo." Buscalo pau, claro! [ri] Buscalo pau, e entonces empeza: "tome! Vaia contando: un, dous, tres catro..." E marcha cando vai polos vinte, e di... "aguarda polo resto!" Non quere máis! [ri] (A. Silvent, entrevista persoal o 3-2-2012).

Tal desafío á autoridade eclesial non podía levar máis que á condena do heroe ao Inferno, para o que o propio Maligno virá buscalo máis adiante.

5.3.4.4. “A tourada”

Esta escena, tamén coñecida como “Touro polo rabo” (Iglesias, 2013, 109), está presente nas tradicións española e portuguesa de títeres de luva. No teatro dos robertos a tourada realízase segundo a arte propia do país, na que comparecen os forcados para suxeitar o touro despois de que o toureiro o lidie. Ao parecer, nalgunhas versións de Barriga Verde non se mataba ao touro ao final desta escena, o que faría pensar nunha influencia da versión portuguesa do espectáculo.

> Collía e... Toreaba, e veña para aquí, e veña para alá... E claro, o toro estaba cansado, e movía a cabeza así, e había que soplar: “ffffff, fffff”. E dicíalle o outro... “estás mui cansado? Que che parece se o deixamos así e somos amigos?”
> [rio] “Muuuuu”. “Pois alá vamos!”. Marchaban os dous andando, agarrado... botaba unha man así na cabeza... (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

Noutras versións, Barriga Verde agarraba o touro polo rabo nun momento da contenda, o que tamén podería representar unha influencia da arte taurina portuguesa, pois é habitual que un dos forcados suxeite o touro agarrándoo por esta extremidade.

> E viña despois o toreo, a ver os toros, toreaba e era cando... agarraba polo rabo, dicíalle mil tonterías, pero nunha destas, matouno e fuera. (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

Porén, todo indica que os Silvent modificaron a escena para adaptala ás características da tradición taurina española. Esta versión é a mencionada tamén por José Vera no referido artigo (*La Estampa*, 26-8-1930), e do que pode verse un exemplo no filme *Surcos* de Nieves Conde (1951), represéntase ao toureiro cos atavíos propios da modalidade hispana, nomeadamente o capote e a espada. O touro acaba morrendo coas estocadas do toureiro, no caso de Barriga Verde tras unha ardua e disparatada pelexa. É no momento da morte cando Barriga Verde levanta o rabo do touro:

> Collíao polo rabo, claro. O chiste... E despois, collíao polo rabo, e despois co naris tiña que mirar se lle latía o corazón, e poñía o ese na traseira e “Ai, como cheira polo cu! Ta podre!” [ri] “Ta podre, non vale para nada”. (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

Na versión de Julio Jiménez, fillo de Julia Silvent, a tourada era a escena coa que remataba o espectáculo de marionetas:

> E despois o toro, sacábao de torero, pa torear, ao último, ao final, e dicía: “morreu o toro, acabouse a peseta”. Salía o banderillero pa... Pa pinchalo, torito! (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Esta versión explica que moitas persoas da área de Chantada e da Estrada, onde esta versión de Barriga Verde era a coñecida, lembren esa frase como a que marcaba o fin do espectáculo, e non a que facía referencia á morte do Demo. (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012).

O boneco que representaba ao touro era, a diferenza do resto de personaxes, de vara, o que permitía unha grande axilidade na manipulación pero un limitado rango de movementos. No caso de Santiago Silvent, alén da vara situada no centro de

gravedade do boneco, incluía algún tipo de resorte que permitía subir e baixar a cabeza do touro a un movemento seco do manipulador, o que permitía xogar cos cornos do touro (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014)

Por último, Álvaro Cunqueiro refírese a un touro branco "con una gran cuerna portuguesa" no seu artigo de *El Correo Gallego* de 31 de outubro de 1953. A súa descrición da escena difire da descrita polo resto de informantes, ao falar do toureiro como dun peregrino "que huye del toro, toreando de frente por detrás". Cabe pensar que neste caso Cunqueiro déixase levar pola imaxinación e confunde a Barriga Verde, tocado cunha capa e un chapeu, cun peregrín. Así o podería suxerir a escena que fabula a partir da que realmente presenciou:

> Este ejemplo fue antes milagro: salía Nuestra Señora y se llevaba, en el revuelo de su manto, al toro, para que el peregrino pudiera seguir el camino de la romería compostelana (ECG, 31-10-1953).

Eis, en todo caso, a interpretación cunqueiriana da escena; a rica imaxinación do escritor lévao a procurar alén da interpretación superficial da trama outros elementos que, en moitos casos, e neste pode que tamén, gardan unha relación minúscula co referente real.

5.3.4.5. "A morte do Demo"

Casto Sampedro recolle un argumento moi similar co nome de "La pelea del Demonio" (Sampedro, 2007, 166). A escena tamén era habitual nas escenas dos robertos portugueses (Seara, -8). A coincidencia entre a descrición dos curmáns Silvent fai pensar que os seus pais apenas introduciron variacións no argumento tradicional, alén de diálogos que, froito da improvisación, acabaron tendo maior fortuna entre o público e deviron parte da memoria popular.

A escena enlaza coa vitoria de Barriga Verde na tourada, que decide celebrar tomando uns viños. Bébedo, o protagonista acaba caendo rendido de sono. O Demo aproveita o momento para aparecer entre nubes de fume (as que tanto chamaran a atención de Borobó e que eran xeradas con distintos artiluxios: pós de talco ou resina ardendo) co propósito de levalo para o Inferno en castigo polos moitos crimes cometidos. Barriga Verde esperta co cheiro a xofre ou, na versión descrita por Juan Silvent (entrevista persoal, 24-12-2014), pola flatulencia da que mesmo se emite o son estridente, recurso escatolóxico que sempre espertaba a hilaridade do público (xa dicía Cunqueiro que o cheiro do Demo "indica que todo el mal es una especie de proceso de putrefacción, esto es, una activa, vivísima negación de la vida", contradicindo deste xeito as teses de Bakhtin, ECG, 31-10-1953). O heroe négase a acompañar o Maligno, pero este insiste e Barriga Verde inventa unha argucia para despistalo: di que ten que ir á casa abuscar algo de abrigo e un paraugas, por se chove de camiño ao Averno. A súa intención, en realidade, é ir procurar a vara. Lucifer aproveita para botar unha soneca, un detalle que facía moita graza a Cunqueiro ("Pero, ¿sueña el Demonio? Tendrá que soñar despierto, porque casi es doctrina que el Demonio no duerme ni descansa". ECG, 31-10-1953)

Aparece Barriga Verde coa súa vara e arremete contra o Demo que, efectivamente, finxía estar a durmir e escapa sen dificuldade. Iníciase entón unha pelexa desigual na que o protagonista é incapaz de darlle ao seu adversario, que o esquiva constantemente e o despista. O público trata de axudar a Barriga Verde advertíndoo do paradeiro do Diabo, pero este non consegue darlle co pau. Finalmente, o protagonista atopa unha solución: persígnase e reza un Pater Noster (na versión de

Juan Silvent, pide a colaboración do público para que o acompañen na súa oración, entrevista persoal, 24-12-2014). Automaticamente, o Demo fica fóra de xogo e empeza a desvariar. Barriga Verde empeza a asestarlle vareadas, no medio dun diálogo absurdo que aínda é lembrado:

> Ah! cólleo e... pégalle paus, e cando dice: "aaai! oooiiii!"; "estate calado, baboso!" "eu quero patatas! eu quero patatas!" "Ai, si? Queres patatas? Pois toma: patatas, bacalao, arroz con chocolate". E entonces, colle... "e agora que facemos? tiramos con el? que facemos? Pois haberá que... desfacerse del". E cólleo polos pes... e baila con el. Tin, tin, tin... Ese movimiento téñoo eu aí. tirintintin tiriri.... E dalle un golpe contra... (A. Silvent, entrevista persoal, 3-7- 2013).

Juan Silvent non fai referencia a ese diálogo gastronómico, pero si á canción coa que se festexaba a morte do Demo ao final da peza:

> Collíano, e levantábano así, poñíalle un pau e entonces levábano así ao ombro [fai o xesto como se cargase un fardo] e íballe... "alá vai o Demo, o Demo, Demo, ala vai o Demo pola calle real" [canta] E enton petaba contra a parede, como era a cabeza de madeira, petaba contra as tablas... "pum!" parecía que era un... reorán (Juan Silvent, 24-12-2014).

Cunqueiro fai referencia tamén a un canto que se lle entoa ao Demo cando morre:

> La alegría del público labriego corea el 'requien' que entonan los muñecos del bululú. La lengua del guiñol mezcla latin y romances: antiguo y moderno, es decir, eterno (ECG, 31-10-1953).

Non hai referencias que indiquen se ese réquiem coincidía coa lixeira tonada que reproduce o fillo de Santiago Silvent. Do que si hai constancia, e así o corroboran distintas fontes, é de que á morte do Demo remataba o espectáculo, coa frase final, entoada por Barriga Verde, de "Morreu o Demo, acabouse a peseta".

As únicas variantes nesta escena aparecen na descrición de Borobó e algún outro informante, que opón ao Demo o personaxe do Cura. Unha tal versión podería terse producido, de ter existido verdadeiramente, nos anos máis crus da represión franquista, nomeadamente na década de 1940, cando a burla ao destino divino que propón a escena orixinal podía non ser ben acollida polas autoridades do Réxime.

O engano ao Demo co que previamente se pactou está moi presente na cultura popular galega, tal e como deixou constancia o propio Vicente Risco no seu texto sobre o tema (1997, 244). Por herético que poida semellar, o feito de pretender evitar o inferno xustifícase popularmente, por moitos e terríbeis pecados que se tiveran cometido en vida. Deste xeito, o desafío aos castigos impostos pola ortodoxia católica constitúen unha expresión do discurso oculto das subalternas que, deste xeito, alivian o medo imposto desde os púlpitos. No caso de Barriga Verde, o público posiciónase do seu lado, a pesar dos crimes previamente cometidos. E congratúlase da súa vitoria fronte ao Maligno, unha figura que acabou perdendo o seu carácter terrorífico a forza de ser apropiado pola cultura popular e alimentar o seu acervo de lendas e contos.

5.3.4.6. Outras escenas

Á parte destas escenas, das que existen abondosas referencias, cóntase con información sobre outras que foron representadas nalgún momento por algún dos membros da familia Silvent.

Alfonso Silvent inclúe a escena do Soldado entre as habituais do repertorio representado por seu pai. Enténdese que substituía ás escenas do Barbeiro ou do Xogo do pau, posto que servía, ao igual ca estas, para desencadear o resto de escenas: o enterro, a pelexa co cura e a morte do Demo. Esta escena, ademais, constitúe unha mofa do Exército por parte do heroe. Nesta escena, o Soldado pretende ensinarlle a Barriga Verde a facer a instrución militar. O protagonista emprega a súa moca no canto da escopeta, e aproveita calquera escusa para bater con ela na cabeza do soldado, ao que acaba por matar (A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012).

Outra das escenas representadas polos irmáns Silvent (hai constancia de que polo menos Santiago e José a incluíron nalgún momento no seu repertorio) semella un calco directo dunha peciña da tradición portuguesa, chamada "O marqués de Pombal e os jesuítas". A través desta obra, segundo explica Seara Cardoso,

> (...) o povo experiorizou o seu ódio profundo á impiedosa Inquisição Portuguesa e, uma vez mais, são as mãos mágicas do bonecreiro que dão forma ao sentimento popular: no final da peça, os Inquisidores, que se preparam para fugir para o Brasil, são atirados de um barco para as águas infestadas de tubarões, que os vão devorando. De cada vez que isso acontece, Dom Roberto exclama: "mais um Padreca!". E a assistência rejubila e pede mais (Seara, -, 9).

As enormes similitudes escenográficas entre esta escena do repertorio tradicional portugués e a representada polos Silvent, fan pensar nunha necesaria influencia lusitana. Na versión galega a trama modifica a referencia histórica para situarse en 1492, segundo Iglesias (2013, 112) e retrata dramaticamente o descubrimento de América. A inscripción da data de 1942 nun dos barcos empregados por José Silvent nesta peza podería facer pensar nunha chiscadela ao público, que había rir ao percatarse do erro. Alfonso Silvent achega unha descrición bastante detallada da escena:

> Foi na Peregrina. Estaba meu pai., claro, estaba no mar tiñamos que estar tres. E un... Co protagonista, bueno Barriga Verde, e logo outro ten que ter conta da tabla para pasar dun lado pa outro... (...)...tiñan que pasar os barcos... e logo... foi cando... preparado, un, un barco preparado e... entonces, tiña dous petardos, deses que teñen os rapaces pa ir pa tirarlle aos (...) Uns petardos, entón, plántaselle lume e... Bum! claro esplota, e o barco...(...) e afundiuse o barco, e o personal pois chillaba: "ai que afogo, ai que afogo!" (....) E logo pois... eh... berraban, chillaban, claro. Os mariñeiros, e eso... Que afogo! Tal, e é cando saen os peixes, a comelos... (A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013).

Na versión de Santiago Silvent non parece haber referencia ao acontecemento histórico. Trátase, simplemente, dunha escena duns barcos que tiñan un accidente, co consecuente desenlace fatal para a tripulación, que morre devorada polos tiburóns. A escena debía ser especialmente vistosa, se ben a de maior complexidade de manipulación, o que explica que se representase con menos frecuencia.

> (...) O tío Santiago fixo unhas... como se fora o mar, unhas tablas, facendo como as olas. E despois van os barcos: "Ei! Tal..." Pero... Xa se vía o que era.
> *[Eso era máis complicado...]*
> Xa o tiña, porque xa tiña preparado as tablas. As tablas xa as tiña amarradas...
> *[Eso é... E salían os barcos...]*
> Salía o barco falando. (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Ao igual que a viúva de Julio Jiménez Silvent, o fillo de Santiago Silvent céntrase na descrición do aparello escenográfico deseñado para acadar o efecto das ondas.

> Bueno, eso era unha cousa que fixera meu pai, co seu fillo maior, e máis co siguiente, que era unhas tablas que se estaban movendo así [fai xesto de movementos ondulantes]
> Era simplemente que. se.. enganchábanse, e había unhas tablas así. E entonces o máis pequeno tiña que darlle así a unha e a outra, así para nunca paraban.
> *[Como se fosen as olas...]*
> E entonces parecían as olas. E entonces salía un barco, e tiñan un accidente, e entonces había unhos muñequiños pequenos, e botábanse por riba das tablas, e o peixe aquel abría a boca, e collíaos...
> *[Ah! Entonces son igual que os que tiña Alfonso na casa.]*
> Si, bueno, pero é que... volvemos á misma cousa, que eran igual porque... llos fixo meu irmao! (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014)

Obra de José ou do seu sobriño Fernando, en Lérez consérvanse varias pezas da escenografía desta escena, como os barcos e os peixes que devoraban os mariñeiros.

Unha última escena da que se dispoñen algúns datos é a do "enfermo" que contén numerosas analoxías á escena de "El Médico Loco" que representa José Vera para o cronista de La Estampa. Igual que o cristobita recetaba medicamentos imposíbeis ao seu paciente, Barriga Verde acaba servíndolle un remedio a base de paus.

> O enfermo, un enfermo, e, este...Andaba na busca do... do médico, do doctor. E o doctor quen era? Era o... o Barriga Verde. (...) E.... facía de doctor. O outro morría co... estaba moi enfermo, e temblaba e todo, e dicíalle "doctor, veño aquí a ver se me sana." "a ver". Vai tomarlle o pulso: "oooi, que alto está!"tomoulle,.. o corazón: "ai, mi madre querida! parece que vai sair!" O conto. "Bueno, usté, nada, se vai para a casa, que vai morrer." "Eu, vou morrer? Ai! e non hai remedio para min?" "Hai un. SE quere... Cura rápido". "a ver si, dios mío, Doctor". E dille " A ver, ten que facer: pois, vaia a buscar... un... un medio kilo de pólvora, e outro medio kilo de... de xufre, e... e mézclalo cun pouquiño de aguarrás, [ri] e leva todo para abaixo!" "Ai, siñor médico! pero eu vou a reventare![imita voz de lamento]" "Que vas reventar, home. Non, eso non..." Dá media volta e quere marchar e dille: "ven pacá". "a ver, señor doctor". "Mira, douche ...aquí está o que creo que che vai ir ben. Vouche dar unha libra de chocolate, con leche, e tomas con... ben cargado de azúcar, e verás ti como te quedas bien. ". "ai, eso si que si! Eso sí que si!" (...) "pois ponte aí, que vou buscar" E... marcha, e volve, vai buscalo pau, e "toma o chocolate que ... " [ri] E o outro... (Alfonso Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013).

5.4 A RECEPCIÓN.

Como se leva visto, os materiais empregados neste estudo atinxen tanto a emisores como a receptores do espectáculo, e dentro destes segundos bótase man tanto de relatos orais de persoas de diversa idade e condición sociodemográfica, como de rexistros escritos por persoas que tiñan acceso a publicar nos medios de comunicación na altura. Este feito é significativo da diversidade da composición do público que asistía ás representacións, tanto na barraca con ocasión de feiras e festas padroais, como en salóns de baile ou outros recintos pechados na tempada de inverno. Tal diversidade amósase propia dunha sociedade que aínda só foi vagamente penetrada polo capitalismo e onde "a cultura popular é a cultura de toda a xente", como ocorría na Idade Media en Europa (Burke, 1979, 270). Porén, unha ollada máis detida convida a pensar que a situación era máis semellante á descrita tamén por Peter Burke para o vello continente durante a Idade Moderna, cando o clero, a aristocracia e a burguesía abandonan progresivamente a cultura popular para diferenciarse das clases máis baixas. Así e todo, tal e como ocorría na Galiza do período estudado, se ben os espazos de socialización e fruición cultural das clases altas estaban restritos a esta minoría, os momentos de celebración popular estaban abertos á participación de todos os grupos sociais. E, do mesmo xeito que ocorreu no resto de Europa na segunda metade do século XIX, algúns membros cultivados das clases altas, conscientes do progresivo declinio das formas da cultura popular, experimentan unha fascinación a respecto dalgunhas das súas expresións e tratan de rexistralas para evitar, cando menos, o seu absoluto esquecemento (Ibídem, 3-9). Os intelectuais galeguistas que escribiron sobre Barriga Verde na época estudada poden incluírse dentro deste grupo, coa salvedade de que algúns deles non eran precisamente aditos ao Réxime e, nese senso, poderían compartir algunhas características daquelo que demos en chamar os grupos subalternos. Así e todo, todos eles gozaban do privilexio do acceso ao discurso público dominante, a través da prensa da época. Noutros casos, como os de Trapero Pardo, Ricardo Outeiriño, Vicente Risco ou Álvaro Cunqueiro, tratábase de persoas afectas ao réxime imposto por Franco, se ben os dous segundos procedían do ámbito do galeguismo e mantiñan o seu interese pola cultura do país. En certo sentido, o feito de teren claudicado dos seus ideais pasados fai de Cunqueiro e moi especialmente de Risco, vítimas do Réxime que optaron por apoiar. (Claudio Rodríguez Fer, 1994; Lezcano e Risco, 1997).

Raimundo García, *Borobó*, que loitou no bando republicano durante a Guerra Civil e pasou por varios campos de concentración, describía así o público que asistía ás representacións da barraca de Barriga Verde durante as festas da Pascua de Padrón e da Ascensión de Compostela:

> Estaban muy bien diferenciadas aquellas clases sociales, entonces. Ahora hay más, más... Ahora... bueno, ha mejorado mucho el nivel de la... económico de... la clase que llamarían artesana, en otro tiempo. Pero iban... También los señoritos de pazos, mismos, iban a verlo en un momento dado. No es que vieran en todas las ferias, pero de vez en cuando, pues, ...forasteros que estarían viendo... también clase media también iba... pero no, en eso no había diferencia ninguna, el público era, era... era común. Todos los niños, y pués hijos de señoritos, como hijos del resto... Del que tenía el real o la peseta que costaba... (R.García, entrevista realizada por Anxo García, circa 1988).

A mesma impresión reflectía Antón Fraguas, outro desafecto do Réxime que sufriu represión tras a guerra, nunha entrevista que lle realizou Anxo García a finais

da década de 1980. A súa lembranza do espectáculo é anterior á guerra civil. Según consta nas notas da entrevista, que non foi rexistrada, Fraguas asistiu ao espectáculo en 1926 en Santiago, e posteriormente no ano 1933 ou 34, probabelmente en Pontevedra. Naquelas ocasións, segundo o profesor, na barraca "entraba xente de todas as clases sociais. Xente de feira, xente da festa, forasteiros, a clase media toda (catedráticos novos, médicos novos, empregados de comercio, estudantes...)".

Un retrato semellante é o fornecido por Trapero Pardo nas distintas ocasións en que escribe sobre o espectáculo, tanto na época na que este aínda existía como anos despois, en distintos artigos evocadores do ambiente do San Froilán "de antano". Despréndese destes textos un sentimento de saudade dunhas festas nas que a cidade festexaba unida, xuntamente coas persoas das aldeas da bisbarra que acudían á feira e aproveitaban para gozar dos distintos divertimentos que nela se ofrecían.

> Poder, por tanto, ver una serie de espectáculos nuevos en las ferias de Lugo o de Mondoñedo era algo que atraía hasta esas ciudades a millares de personas, que iban de uno en otro, de barraca en puesto de habilidad o fuerza, hasta el agotamiento por cansancio (Trapero Pardo, "El San Froilán a principios de siglo", EP, 6-10-1968).

Unha daquelas persoas que acudía ao San Froilán desde unha das aldeas dos arredores da cidade luguesa rememora nunha entrevista realizada por Ángel de la Vega para o mesmo diario a súa impresiòn das festas nos anos vinte do século pasado:

> -¿Cuánto costaba visitar una barraca?
> -Quince céntimos. También las había de real.
> Claro que todo dependía si le soltaban "la manteca" los mayores –"si nos daban cartos na casa". Como dice el señor Varela Cabreiros-, ya que entonces era escaso el dinero que se manejaba, sobre todo en las casas de campo. (...)
> -¿Con cuánto era usted feliz?
> -Si nos daban una o dos pesetas éramos ya dichosos. ("Los 'san froilanes' vistos desde hoy desde un prisma campesino", EP, 7-10-1973)

Esta versión é semellante á de moitos dos informantes entrevistados, e fai evidente unha diferenza clara entre aqueles de procedencia rural (labrega) e urbana (comerciantes ou operarios). Para os primeiros, o pagamento da entrada á barraca era moitas veces inasumíbel e debían contentarse con contemplar a atracción ofrecida na porta. Así o expresan algunhas das participantes nas conversas mantidas cun grupo de persoas maiores da Asociación Galega de Formación Permanente de Adultos. É o caso de Juan, natural de Bertamiráns, de 60 anos de idade, que nunca entrou nunha barraca durante a súa mocidade:

> O dos teatrillos que che dixen antes? Si, pasaban. E poñían no pueblo como se fose un circo. En Bertamiráns mismo, na beira da carretera, nunha finca, que lle pedían permiso ao peisano, pois poñíase o quiosco alí. Entonces, a xente que podía, pois iba a pagar, ou unha ou dúas pesetas, pa ver o tinglado ese. (Juan, grupo de conversa de Compostela, 18-4-2013).

Mari Carmen (nada en 1936), natural de Laraño, era filla de pais labregos que no día da feria podían darlle á nena unha pequena cantidade para poder pagar a entrada dalgunha das atraccións, o que lle permitiu asistir nalgunha ocasión ao espectáculo de Barriga Verde:

> Las atracciones eran los caballitos, las barcas, barracas, de la que merece especial mención Barriga Verde, de marionetas, lugar donde disfrutábamos con los episodios que nos hacían vivir. (...) Nos llevaban nuestros padres, tías o otros familiares, no íbamos sólos (cuando era pequeña), a admirar y a disfrutar de las atracciones a las que económicamente podíamos pagar, porque no... aún no había dinero como hay ahora. (Mari Carmen, grupo de conversa de Compostela, 18-4-2013).

Conchi, natural de Santiago e duns sesenta e cinco anos de idade, non tivo a mesma sorte:

> Que me acorde, a festa do Apóstol, que eu son nativa de aquí de Santiago. Que meus pais nos levaban pola mañá xa a ver os cabezudos, na Quintana, aos xigantes. Logo despois nos levaban ao campo de Santa Susana, tomar rosquillas, os churros e ao final ibamos tomar o pulpo. Que xa era como comida, non facíamos festa na casa.
> *[e das barracas acórdaste? Da barraca esta de Barriga Verde...]*
> De Barriga Verde si, pero nunca fun. Nunca nos deixaron ir [ri].
> *[E por que non che deixarían?]*
> Pois non sei, porque eramos catro e tíñamos que ir as catro.
> (Conchi, grupo de conversa de Compostela, 18-4-2013).

Nas entrevistas realizadas para o documental, aproveitando a actuación da barraca reconstruída polo grupo Viravolta Títeres durante o San Froilán de 2010, unha das persoas, da que non se recolleron datos de procedencia ou idade, expresaba ter vivido unha situación semellante á dos anteriores informantes:

> Yo de aquella... No había pasta y lo veía en la calle. Pero dentro, me parece que nunca entré.
> *[Había que pagar entrada...]*
> -Sí, había que pagar, y fuera te entretenías viéndolo y lo que hacían. Pero dentro no sé. (San Froilán, entrevista para o documental, 9-10-2010).

Outra informante nesa ocasión, Angelines Vázquez, nada no 1926 en Lugo, e filla de taberneiro, gozaba dunha posición económica algo mellor, o que lle permitiu ter asistido varias veces á barraca antes de 1936:

> Debía ser muy barata la entrada, porque si yo iba a verla... Yo de aquella, mi padre me acuerdo que nos daba un montón de dinero, pero era un montón de dinero, como si ahora les das a un niño un montón de monedas de las de cobre. Eran muchas monedas pero yo no sé lo que sería... (San Froilán, entrevista para o documental, 9-10-2010).

Un informante anónimo entrevistado durante as San Lucas de Mondoñedo, natural desta vila e que contaba 80 anos de idade en 2010, reflicte unha situación similar:

> Si, hombre! Era a barraca onde gastaba todos os cartos. O que me daban na casa ía para a barraca de Barriga Verde! [ri] Ademais, cantabamos as cancións, axudábamoslle ao artista... (...) "Vén Barriga Verde", "oes, fuche ver a Barriga Verde?" "Pola tarde vamos ver a Barriga Verde". Era... a atracción que máis atraía á xente xoven. (...)Pero para nosoutros

> non era San Lucas, o principal era Barriga Verde. "Papá, dáme... dáme un real".
> *[canto costaba daquela a entrada?]*
> Non sei, pero creo que era un real ou dous reais... cincuenta céntimos. (entrevista para o documental, 17-10-2010).

Manuel Lourenzo Lourenzo, fillo dunha familia acomodada de Ferreira do Valadouro, describe o perfil socioeconómico do público que asistía ás representacións de Barriga Verde na súa vila arredor de 1948:

> (...) eu Barriga Verde asócioo á feira.
> Asócioo a feirantes, a… A xente dunha determinada extracción. Por exemplo, claro, unha vila como a miña, eu non digo que sexa clasista, pero... É de propietarios, pequenos ou grandes... Era, eh, de propietarios, entón había unha certa... (...) Orgullito de ser dalí, e non ser da aldea próxima, aínda que estivese a medio kilómetro, non? Hai cousas que si e hai cousas que non, os habitantes dalí, ou gran parte deles. Pero claro, un neno non é de ningunha clase social, xúntaste con outros nenos e vas ao que... E si che deixan na casa, ou que sei eu... Tamén... Bueno, criadas non, porque as criadas que había nas casas... tiñan que estar na casa todo o tempo, pero vamos... Xente traballadora sí, xente que estaba na agricultura ou gado, ou así, pois si, si era máis ben a que ía ver esas funcións. (M. Lourenzo, entrevista persoal, 19-09-2013)

En suma, a barraca reunía un público diverso e de variada procedencia socioeconómica e demográfica, aínda que limitada esta diversidade polo prezo da entrada, que nos anos da Posguerra era difícil de asumir por unha franxa importante da poboación galega. Os habitantes do rural, sometidos a unha economía intervida que forzaba unha superprodución de determinados produtos agrogandeiros destinados a abastecer ao resto do territorio estatal, nunha economía de guerra que perdurou moito despois do 1939 (Fernández Prieto, 2007, 66-68), non contaban con cartos abondos como para gastalos no seu lecer. Só aqueles que se especializaban na comercialización da súa produción (moitas veces prescindindo do seu consumo no propio fogar) podían contar con certa liquidez. Esta comercialización estaba fortemente intervida e gravada polas autoridades, o que deu orixe a un vasto mercado negro que se ben constituíu unha fonte de ingresos que permitiu a supervivencia de familias con poucas terras para explotar, nomeadamente nos casos de nais solteiras (as máis afectadas polas multas, Ibídem, 2007, 188) supuxo o encarecemento dos produtos até facelos prohibitivos para a maioría da poboación e xerou toda unha serie de prácticas corruptas entre os grandes propietarios e as autoridades do réxime. Nas vilas, onde o acceso aos alimentos básicos estaba máis limitado e estivo racionado polas autoridades do réxime até 1953, contábase porén cunha mínima liquidez, dado que os oficios eran remunerados economicamente, malia o baixo nivel salarial da época (Ibídem, 184-190).

Sexa como for, o espectáculo de Barriga Verde era visto por un público de perfil socioeconómico moi amplo, aínda que maioritariamente medio-baixo. A súa popularidade levaba a situacións de picaresca para conseguir penetrar na barraca sen pagar a entrada. Así o conta o fillo de José Silvent:

> A lona... Nós, a lona, de aquela, eran toldos deses... Rompían, al mirar os muñecos [ri]. Rajábana para mirar ...

> (...) San Pelayo de Navia. ... el mismo, un cura que era de alí. El, despois, cando foi grande, cando foi xa cura, estaba na aldea de aquí de... chámanlle... da Lama! E claro, el a nós conoceunos, de Barriga Verde. E dicía el... "Aí onde me vés, pegoume unha patada teu pai!" [ri] El estaba mirando por debaixo da lona, estaba a ver se vía algo, pero claro! "veu teu pai, deume unha patada no cu... Xa me meteu dentro!" (A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012).

Tamén a familia de Santiago Silvent era bastante permisiva con aqueles espectadores que non podían pagar o prezo da entrada:

> (...) viñan os veciños todos, non quedaba nadie nas casas. Porque o que non tiña para pagar, entraba igual...Porque túa nai... [Encarnación, muller de Santiago Silvent] "Déixalle pasar, e déixalle pasar", e pasaban todos. (Lidia, muller de Juan Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

Outra cousa distinta ocorría nas actuacións que facía a familia no inverno polas aldeas. Nesas ocasións non montaban a barraca e instalábanse nalgunha casa que lle ofrecía algún veciño. A súa estadía prolongábase varios días, mesmo semanas, chegando a producirse unha convivencia amistosa coas xentes do lugar. Nestes casos aceptaban alimentos como cobro por asistir ao espectáculo, conscientes da falta de liquidez dos veciños.

> Barriga Verde beixaba, instalaba alí, pero Barriga Verde facía outra cousa porque traía os monicreques e traía o cine. E viña polas...polas aldeas. E sobretodo á miña que era a máis cerca e a máis grande, era amigo do meu avó, pois viñan ao corral da casa dos meus avós. Era un corral grande... (...). E alí armaban o cine, e armaban os monicreques, e tal. E eu acórdome que non se pagaba con cartos. Levábaslle... unha lata de sardiñas de millo, unha lata de sardiñas de fabas... Patacas, repolos... Cada un o que tiña, pa entrar no cine, pa entrar... á cousa. (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012).

Canto á distribución etaria do público, esta era interxeracional, aínda que é probábel que nas vilas e entre as clases máis acomodadas predominaran as crianzas.

> Se un neno non o levaban aos fantoches, ese neno non podía decir que fora ao setiembre. Os fantoches estaban por abaixo da Pita, do estanco da Pita. Antes de chegar á taberna do Moucho. Alí nun espacio que había... I era, pois unha barraca, con toldos. Imagínate que os rapaces que quedaban fóra picaban con alfileres aos que estaban dentro! Porque dentro estaba así, a piña [xesto de mans moi xuntas]. E meu pai dicíalle a miña nai: "entras ti cos rapaces, porque eu entro coa carteira e salgo sen ela". (Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013).

Porén, a familia de titiriteiros podía adaptar cada función ao público, segundo o horario.

> Había adultos, alí entrábamos todo o mundo. Todo o mundo, e sobretodo os días... Cando viña o San Lucas malo, que lle chamabamos, nós, cando vén malo, cando chovía e tal... Ao final, como había unha carpa e era grande, pois entraba muita máis xente e se cadra, nin cobraban. E

> encendíamos o lume alí e tal, e aquelo, hasta que facían a función, aquelo era...[ri]
> *[Tábades facendo a festa alí dentro, non?]*
> Efectivamente. E tocaba a trompeta, tocaba a cousa... Convertíase tamén noutra... noutra cousa, e ademais non era igual a función, porque según meu pai, a función despois de tarde, a de noite, a que facía ás oito, era moito máis crítica. (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012)

Nas funcións do inverno ofrecíanse divertimentos para todas as idades: cinema, fantoches e, por último, o baile, que era o que máis desexaban as mozas e mozos.

> (...) de inverno non poñíamos a barraca. Íbamos aos salóns. Casas de pueblos, salóns... Eso que había. (...) era unha actuación sola que se facía ao día, e tiñan que poñer máis tempo... (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012)
> .....
> E de inverno, pois como botábamos quince días, parados no mesmo sitio, mentres duraban as películas... diferentes, claro, pois... tábamos alí.
> Aí non había títeres. (...) Era solo... as películas e logo despois, os muñecos. (...) E despois, dábamoslle á mocedad... discos, e... van contentos de carai! E eu tamén, tamén bailaba no medio. (A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013)
> .....
> O cine gustaba moito aos maiores, pero a juventud querían os discos (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

En resumo, o público que asistía as representacións dos fantoches de Barriga Verde, nos seus distintos formatos (integrado no espectáculo de *varietés* na barraca, no verán, ou como complemento á proxección de cine e o baile nas aldeas, no inverno), era interxeracional e de adscrición socioeconómica diversa, aínda que con preminencia das clases medias e baixas do ámbito urbano (se ben o segmento etario infantil abranguía tamén os fillos das clases acomodadas). No caso da poboación rural, esta asistía na súa totalidade ao espectáculo, sen diferenciación de clase. Nese sentido, partillaría as características dos espectáculos populares da Idade Media e Moderna (Burke, Burke, 1979, 270); se ben empezaría a experimentar as mutacións propias da sociedade capitalista, na que os espectáculos se estratifican progresivamente por clase e idade (McCormick e Pratasik, 2004, 81).

5.5. PRESENZA DO DISCURSO OCULTO NO ESPECTÁCULO DE MARIONETAS

Unha vez descritos o repertorio e o contexto da representación do espectáculo, enténdense postas as bases que fan posíbel unha análise crítica do mesmo que permita apoiar ou refutar a primeira hipótese desta investigación. Tratarase de determinar se o espectáculo de fantoches de Barriga Verde serviu, nalgunha medida, para vehiculizar o *hidden transcript*, o discurso oculto das subalternas no contexto da Galiza da Posguerra.

Como se viu, o espectáculo de marionetas constaba de distintas escenas breves encadenadas, unidas polo elo da presenza constante do heroe cómico, Barriga Verde. Á hora de abordar a análise concentrarase a atención en tres desas escenas, aquelas das que se dispón máis información de fontes máis variadas, o que fai supor que foron as que se mantiveron durante máis tempo no repertorio da familia Silvent, por seren as máis aplaudidas polo público.

Trátase das escenas "O Portugués e o Galego" (ou "O Xogo do Pau/da Pelota"), a "O Enterro" e "A Morte do Demo". Todas elas foron referidas nos artigos xornalísticos dos autores xa citados, o que permite ademais estudar como eran vistas desde a perspectiva dominante. Seguindo a Scott (1990), o discurso oculto non debe ser descifrado desde os grupos dominantes, posto que este é obxecto dun proceso de maquillaxe e disimulo que protexe aos transmisores do mesmo. A análise que de seguir se abordará cuestionará se iso é así, ou se o feito de estes autores teren formado parte, en maior ou menor grao, dos grupos subalternos da sociedade galega, lles tería permitido acceder a eses elementos do discurso oculto presentes no espectáculo.

Posto que non se dispón de rexistros audiovisuais do espectáculo, toda a información sobre os elementos dramatúrxicos do mesmo deberá basearse nos testemuños das distintas persoas informantes. Tampouco existen rexistros escritos do texto, un feito común na tradición europea de títeres populares, onde os artistas adoitaban traballar con esquemas dramáticos fixos e incluír diálogos improvisados en cada representación. Esta ausencia do recurso á palabra escrita ten unha explicación de tipo práctico: tanto José Silvent como, presumibelmente, os seus irmáns Santiago e Julia, eran analfabetos. En realidade, non necesitaron da escrita en ningún momento das súas vidas. Por outra banda, moi probabelmente o feito de non deixaren rexistro escrito da súa obra constituía unha forma de protexerse fronte a hipotéticos rexistros ou a acción da censura. Ao non deixar pegada das pezas representadas, estas só eran visíbeis no momento da súa representación. Este carácter efémero da cultura oral é un trazo definitorio da cultura popular e faino o vehículo idóneo para a resistencia cultural. O artista pode adaptar o seu discurso ao auditorio, de xeito que interpreta as súas pezas de xeito aparentemente inocuo cando se atopa diante dun público hostil, ou de forma abertamente sediciosa cando se sabe fronte a un público amigábel e onde non ten que temer pola súa integridade física. "It is the particularity and elasticity of oral culture that allows it to carry fugitive meanings in comparative safety". (Scott, 1990, 162)[183].

Velaí a principal dificultade que presenta a análise: o único material dispoñíbel é a visión das persoas receptoras da mensaxe (que puideron ter asistido ao espectáculo en condicións moi distintas de emisión) e a dos fillos dos seus transmisores, cuxa perspectiva combina a do emisor e a do receptor. Os dous tipos de informantes están condicionados por unha serie de preconceitos arredor do que "se supón" que debe considerarse o espectáculo, ou da que eles consideran é a visión socialmente asumida da súa calidade estética. A través das súas descricións do espectáculo tratarase de detectar, en ocasións a través do que se elide, aqueles momentos nos que o discurso oculto afloraba ou era percibido polo conxunto ou unha parte dos espectadores presentes. É dicir, a análise deberá atender á semántica dos discursos, pero tamén á pragmática, ao contexto no que son expresados, o que permitirá detectar algunhas tácticas dos informantes para colocarse nunha ou outra posición respecto do tema da conversa.

5.5.1. Textos analizados

A análise proposta centrouse en textos de tres tipos:

1. Artigos aparecidos en prensa: Do total de artigos nos que se fai mención a Barriga Verde, seleccionáronse aqueles nos que se incluíse algunha descrición do espectáculo dos fantoches. Son un total de 11, dos cales 1 de Raimundo García

[183] A particularidade e elasticidade da cultura oral permítelle transportar significados fuxitivos con relativa seguridade. (t.p.)

Borobó, 1 de Manuel Rabanal, 3 atribuídos a Ricardo Outeiriño, 4 de Vicente Risco e 2 de Álvaro Cunqueiro. Trátase de textos que, se ben adscritos ao discurso público dominante, achegan nalgúns casos unha interpretación que desafía a ideoloxía oficial no momento. Tres dos autores analizados, a saber Vicente Risco, Raimundo García *Borobó* e Álvaro Cunqueiro, se ben a priori non forman parte do grupo subalterno (por educación e estracto social, aínda que na súa condición de represaliado –Borobó- ou de derrotado –Cunqueiro-, si cumprirían esa condición), son quen de intuír que hai algo máis alá da transcrición pública na simple trama do espectáculo. En todos os casos, o feito de tratarse de artigos de corte literario incluídos en seccións fixas constituía unha sorte de salvoconduto para os seus autores introduciren excepcións ás pautas discursivas dominantes.

2. As entrevistas aos membros da familia Silvent: Alfonso Silvent Fernández (4), Juan Silvent Suárez (2), Santiago Silvent Suárez (1) e Consuelo Ferrero Bao (1). Estes testemuños constitúen a única aproximación disponíbel á que puido ser a intencionalidade do titiriteiro con respecto á mensaxe que transmitía no seu teatriño. Porén, tense en conta que a expresión do discurso oculto (*hidden transcript*) non sempre se realiza de forma consciente nin explícita, e que os familiares dos distintos marionetistas poden tratar de maquillar aqueles aspectos que consideran transgresores ou contrarios á moral dominante. Esta operación cosmética é reflexo da que pola súa banda debía exercer o propio titiriteiro para protexerse fronte a posíbeis represalias, e tamén constitúe unha forma de salvagardar a memoria do seu antepasado, ao que tratan de afastar de toda vinculación coa marxinalidade ou ambientes mal considerados socialmente. Deste xeito, a análise destes fragmentos tivo en conta non só o que se di senón tamén o que se omite ou aquilo no que se insiste de xeito especial.

3. Testemuños de espectadoras e espectadores. Analizáronse os testemuños de trece persoas que asistiron a algunha representación do espectáculo de marionetas, tanto na súa versión de feira (na barraca) como na de interior, que tiña lugar durante o inverno. Alén das descricións do repertorio, normalmente moi esquemáticas, interesa o efecto que o espectáculo tivo nas súas vidas, as sensacións que lles evocan, malia non lembraren máis que de xeito fragmentario o contido do espectáculo.

Destes tres tipos de textos, tivéronse en conta distintos aspectos que permitiron á análise apreixar os discursos na súa completude. Analizouse, pois, o contexto e a biografía dos autores de cada un dos discursos; a estrutura, a semántica e o léxico empregados. Deste xeito, tratouse de detectar tanto a presenza do poder como do discurso oculto das subalternas nos discursos analizados.

5.5.2. Contexto dos textos e biografía dos autores

Os textos analizados son obra de persoas de perfil socioeconómico moi diverso, o que dificulta unha análise conxunta. Deste xeito, para cada contido salientado deberá reseñarse a súa autoría e o contexto no que se enuncia. A anterior clasificación dos textos (artigos publicados na época do espectáculo, entrevistas á familia Silvent e testemuños actuais ou recentes de espectadoras do espectáculo) non ten en conta esa diversidade, polo que é preciso facer referencia, aínda que brevemente, ao perfil biográfico e socioeconómico de cada persoa. A escolla do relato de vida como ferramenta de recollida de datos responde, así mesmo, a esa necesidade de plasmar o contexto no que se sitúa cada informante, e contribúe asemade a trazar un perfil socioeconómico do público de Barriga Verde.

- Raimundo García (Pontecesures 1916- Santiago 2003), coñecido por un dos pseudónimos que empregaba, Borobó, foi militante de esquerda durante a II República, e loitou nas filas republicanas durante a guerra. Ao remate da mesma pasou por diversos campos de concentración, tivo que facer o servizo militar en Marrocos e despois incorporouse á actividade clandestina do PSOE en Madrid. Nesta cidade retomou a súa actividade xornalística traballando en distintos medios. En 1946 volveu a Galiza e incorporouse á redacción de *La Noche*, do que foi director, e no cal deu cabida a novos escritores que acabarían sendo coñecidos polo alcume de Xeración 'La Noche'. Posteriormente ocupou a dirección de *El Correo Gallego* (1960), e máis tarde marchou novamente a Madrid para ocupar altos cargos en diferentes medios de comunicación. Na última parte da súa vida, retirouse a Trevonzos, unha pequena aldea de Boiro.

- Ricardo Outeiriño (Ourense 1904-1986), Irmán de Alejandro e José Luis Outeiriño Rodríguez. Realizou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Madrid. Foi director do semanario *Heraldo de Galicia* e do xornal *Galicia*. Militante do Partido Galeguista dende a súa asemblea fundacional de 1931, abandónao cando este se integrou na Fronte Popular, pasando á fracción dereitista a carón de Vicente Risco. Dirixiu o diario *La Región*, do que foi copropietario xunto co seu irmán Alejandro, entre 1932 e 1968. De fondas convicciónS católicas, fundou a revista *Misión* en 1937. Escribiu varias comedias e contos e publicou o libro *Cuentos de Orense* (1979). (LR, 26-1-1986; Casares, Lezcano e Risco, 1997).

- Vicente M. Risco (Ourense 1884, 1963). Fillo dun funcionario da Facenda, foi un rapaz de saúde delicada. Licenciouse en dereito e ingresou no corpo de funcionarios de Facenda, con destino en Ourense. Máis tarde estudará maxisterio en Madrid, tras o que será catedrático da Escola Normal de Ourense. Durante a súa mocidade entra en contacto, a través das lecturas dos decadentistas franceses e ingleses, co ocultismo e o orientalismo, estudando o budismo e mesmo afiliándose por algún tempo ao teosofismo, se ben axiña regresará ao catolicismo do que sempre fará gala. Publica artigos filosóficos e literarios na prensa ourensá e, a partir de 1918, en *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades da Fala, nas que se integrara un ano antes. Risco convértese no teórico e líder do nacionalismo galego. En 1920 publica o libro *Teoría do nacionalismo galego*, onde recolle o legado de Murguía e combínao co irracionalismo filosófico, o determinismo xeográfico, o neotradicionalismo e a etnografía e define unha nación como un feito natural baseado na terra, na raza, na lingua, na organización social, na mentalidade e no sentimento. Nese mesmo ano aparece a revista *Nós*, na que Risco escribiu numerosas colaboracións até o seu peche en xullo de 1936. Asemade dirixe a sección de etnografía do Seminario de Estudos Galegos. En 1922 casa con María Carme Fernández Gómez, procedente da pequena burguesía de Allariz. A súa primeira filla morrerá en 1926, ano no que nace o seu fillo Antón. Risco apoia nun primeiro momento a Ditadura de Primo de Rivera porque a considera unha oportunidade para desmontar o sistema caciquil e acepta un posto de deputado provincial en Ourense. En 1928 reclamará desde as páxinas d'ANT a volta ao sistema parlamentario. O ano seguinte foi nomeado membro da Real Academia Galega. En 1930 marcha a Berlín para seguir un curso de etnografía. Os catro meses que pasa en Alemaña márcano ideoloxicamente

cara un pensamento máis conservador e católico. Risco escribiu as crónicas do seu periplo europeo para ANT, crónicas que posteriormente recollería no libro *Mittleuropa* (1934). En 1931 encabeza un grupo de galeguistas que publican un manifesto contra o que consideraban unha persecución da Igrexa Católica polo réxime republicano. En 1933 publica *Nós, os inadaptados*, onde expresa a súa concepción cíclica e espiritual da historia. En 1935 as súas diverxencias coa postura oficial do PG, que defendía a colaboración coa esquerda, deveñen irreconciliabeis. Trala integración do PG na Fronte Popular, Risco marcha do partido e pasa a dirixir a Dereita Galeguista de Pontevedra. Se ben defenderá activamente o si durante a campaña polo Estatuto de Autonomía de Galiza, deixa claro que non lle gustaba a situación política, que consideraba un perigo para a Igrexa Católica, e cando se produce a sublevación do exército, garda silencio. En agosto de 1936 Risco participa como director da Escola Normal de Ourense na reposición solemne do crucifixo na escola organizado polas autoridades franquistas. En 1938 comeza a colaborar con La Región con artigos ao servizo dos sublevados, consumándose a que os seus antigos compañeiros no exilio consideraron unha traizón aos ideais galeguistas. Reside durante un tempo en Pamplona e en Madrid, onde colabora con distintos xornais e escribe distintos ensaios en castelán. Volve a Ourense en 1948. Risco volve escribir en galego algúns traballos pero o castelán será o idioma preminente na súa obra literaria desta época. Xubílase en 1954, pero continúa a publicar traballos de etnografía na prensa galega. En 1961 publica *Leria*, escolma de textos de antes da guerra civil. (Casares, Lezcano e Risco, 1997; Rodríguez Fer, 1994).

- Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo 1911, Vigo 1981) Fillo de boticario, a súa afección literaria aparece na infancia na vila mariñá. Matriculouse na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago en 1927, pero abandonouna para dedicarse ao seu labor como xornalista, figurando como redactor e colaborador de diversos xornais e revistas coma *El Pueblo Gallego*. Foi membro de primeira hora do Partido Galeguista. A sublevación dos militares sorprendeu a Cunqueiro en Mondoñedo, e por influencia da súa familia, moi conservadora, non foi obxecto de represalias e conseguiu praza de profesor nunha escola privada en Ortigueira, á que chegou en outubro de 1936. Colaborou na publicación local falanxista *Era Azul*, militou na Falanxe Española durante a Guerra Civil tendo o cargo de xefe de Prensa e Propaganda comarcal. En 1938 Cunqueiro fixou a súa residencia en Donostia e entrou na redacción de *La Voz de España*. Tamén foi subdirector de *Vértice*, publicación da Delegación Nacional de Prensa e Propaganda. Cando Madrid foi ocupada polo exército franquista, Cunqueiro estableceuse alí e incorporouse á redacción do *ABC*. En 1947 regresa a Mondoñedo e afástase do pensamento franquista. En 1950 volve publicar un libro en galego, *Dona de corpo delgado*. A partir de 1961 establécese en Vigo, traballando para o *Faro de Vigo* como colaborador fixo. Ese mesmo ano Real Academia Galega elixiuno como académico. Entre novembro de 1964 e xuño de 1970 exerceu como director de *Faro de Vigo* e *Faro Deportivo*. Foi un escritor polifacético e a súa extensa obra literaria abrangue os eidos xornalístico, poético, narrativo e teatral, sen esquecer os seus traballos de tradución. (Armesto, 1987; Rodríguez Fer, 1994).

- Manuel María Fernández Teixeiro (Outeiro de Rei 1929, A Coruña 2004) Fillo de labregos acomodados, o seu pai foi alcalde da súa vila natal. En 1942 trasladouse a Lugo para estudar o bacharelato e nesta cidade comezou a súa carreira literaria e entrou en contacto co mundo literario galego. Realizou o servizo militar en Compostela, onde acudía á tertulia do Café Español, onde fixo amizade con Carlos Maside. Ao rematar o servizo militar volveu a Lugo e preparouse como procurador. En 1958 instalouse en Monforte como Procurador dos Tribunais, ao tempo que daba clases nunha academia e colaboraba nunha emisora de radio. Ao ano seguinte casou con Saleta Goi. Nos anos sesenta e setenta, Manuel María participou na reorganización política, na clandestinidade, dos partidos nacionalistas, ao tempo que colaboraba con numerosas organizacións dedicadas á recuperación cultural impartindo conferencias e recitando poemas; organizou a editorial *Xistral* e a librería de igual nome. Sendo a poesía o seu xénero preferido, escribiu tamén ensaio, narrativa e o teatro, xénero no que salienta a súa versión de *Barriga Verde*, publicada en 1973 por Castrelos. Pasou dunha postura existencialista pesimista cara ao compromiso social e político. Elixido membro correspondente da Real Academia Galega en 1970, finalmente renunciou nunha carta pública que apareceu nos xornais galegos en 1975. En 2003 ingresará de novo nesta institución. Militante de base da UPG e da Frente Cultural da AN-PG, foi concelleiro en 1979 en Monforte, mais en 1985 abandonou a militancia política para se dedicar por completo á actividade literaria e cultural. (Díaz, Gómez, Fernández, Fraga, Rodríguez e Souto, 2005)

- Pilar Pereira (Santiago de Compostela, 1937). Filla de mestra e pedagogo, traballou desde moi nova en Unión Radio como locutora. En 1960 marcha a Madrid para adicarse á interpretación, deixando ao seu marido e a súa filla en Compostela, o que lle supuxo unha denuncia por "abandono del hogar". En Madrid traballa no Teatro María Guerrero e posteriormente na compañía Los Goliardos, de teatro alternativo. Estando de xira en París decide quedar nesta cidade, de onde ten que marchar tras a represión desencadeada polas revoltas de maio de 68. En Bélxica coñece ao seu segundo marido, co que marcha a Colombia até 1980, en que volta a Madrid. En 1993 regresa a Santiago para traballar no Centro Dramático Galego e xa non abandonará o seu país natal, onde traballa en distintos proxectos teatrais e audiovisuais. (Pereira, 2011)

- Luz Pichel (Alén, Lalín, 1947). Filla de labregos humildes, a súa nai e os seus irmáns emigraron a Venezuela e ela foi criada entre os catro e os dez anos pola súa irmá. Estuda Filoloxía Románica en Santiago de Compostela. No 1970 trasládase a Madrid, onde remata estudos e fixa o seu lugar de residencia. autora de diversos poemarios en castelán, abriuse á escrita en galego con *Casa Pechada*, Premio Esquío 2006. Foi catedrática de Lingua e Literatura castelás nun instituto de Alcobendas até a súa xubilación.

- Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943), fillo dunha familia de propietarios agrícolas, cursou estudos de Maxisterio. Entre 1962 e 1964, viviu en Alemaña. De volta a Galiza, en 1965, crea na Coruña, xunto con Francisco Pillado, o Grupo de Teatro O Facho, considerado iniciador do Teatro Independente Galego. En 1967 funda o Grupo de Teatro Circo (1967-1976), e en 1978, a Escola Dramática Galega. Tamén con Pillado codirixe os Cadernos

da Escola Dramática Galega. En 1980 crea a Compañía Teatral Luís Seoane e, en 1981 funda a editorial Castrodouro. No ano 1990 crea o Clube de Teatro Elsinor, en 1995 saca á luz a colección Cadernos de Teatro. No ano 1998, xunto con Santiago Fernández, crea a escola teatral Casahamlet, a cal rexenta actualmente. É autor de máis dun cento de pezas teatrais e varios ensaios sobre teatro e interpretou numerosos papeis en teatro e televisión. (Lourenzo e Pillado, 1987)

- Alfonso Eiré (A Laxe, Chantada, 1955). Fillo de labregos, estudou no Seminario de Lugo. Aos 14 anos comezou a colaborar en *El Progreso* e aos 16 dirixiu a revista xuvenil *O Cabeceiro*. Estudou xornalismo na Universidade de Madrid. Colaborou en diversos medios de carácter estatal. En 1977 comezou a traballar en *A Nosa Terra* encargándose das páxinas deportivas. En 1981, despois dunha crise do semanario, encargouse de remodelalo e formar un novo equipo e entre 1983 e 2007 foi o seu director. En 2007 ascendeu a conselleiro delegado de *A Nosa Terra*. É tamén autor de novelas.

- Ernesto (Lérez, Pontevedra, 1930). Fillo de comerciantes, ten un bazar no centro de Pontevedra. Coñece á familia de José Silvent pola veciñanza e por ter asistido de pequeno (anos 1939-45) ás representacións de Barriga Verde durante as festas de San Benitiño, celebrado no adro da igrexa de San Salvador de Lérez.

- Manuela (Villestro, Santiago, arredor de 1943) Filla de labregos que morreron cando ela era moi nena, foi criada por uns familiares. Traballou como enfermeira até que se xubilou. Lembra ter asistido ás representacións de Barriga Verde durante as festas da Ascensión de Santiago, cando colocaban a barraca ao final do paseo central, xunto á igrexa do Pilar (ubicación que non se corresponde coa descrita por Alfonso Silvent, na pendente que sobe á igrexa de Santa Susana).

- Otilia (Amiudal, Avión, circa 1943). Filla de labregos humildes, estudou coas monxas do Carballiño e de Vigo, e posteriormente Maxisterio e Enfermería en Santiago. Exerceu como enfermeira até que se xubilou. Lembra ter visto unha ou dúas veces os monicreques de Barriga Verde, cando actuaban nun local da súa aldea, no tempo da Pascua.

- José Antonio (Arxeriz, Tordoia, arredor de 1945). Fillo de casa labrega acomodada, marchou a Santiago estudar o bacherelato aos once anos e foi na capital galega onde asistiu ás representacións da barraca de Barriga Verde. Estudou Filosofía e Teoloxía, e aprobou unhas oposicións que o levaron a traballar como administrativo nun concello galego até a súa xubilación.

- Celsa (Lugo, aproximadamente 1938). Filla de hosteleiro lugués. Ama de casa, cando os fillos empezan a estudar múdase co seu marido a Santiago, onde reside até a actualidade. Lembra ter asistido á barraca de Barriga Verde en numerosas ocasións durante as festas do San Froilán.

- Flora (Cornellana, Salas, 1926). Filla de feirantes orixinarios da zona do Ortegal, naceu por azar nunha das vilas asturianas que os seus pais percorrían. Ela tamén se adicou ás feiras, como vendedora de quincalla. Cando estourou a guerra civil Flora e os seus pais atopábanse nunha feira próxima a

Oviedo. Desde alí puideron fuxir a Gijón, onde permaneceron dezaoito meses, até a chegada das tropas Nacionales a Asturias. Nese momento aproveitaron para retornar a Ortigueira, onde atoparon que lles roubaran toda a casa, polo que pasaron o inverno en Ferrol, na casa de Encarnación Suárez e Santiago Silvent, cos que mantiñan unha relación moi estreita. Casou cun mozo de Mondoñedo e instalouse en Celeiro de Mariñaos, onde criou aos seus fillos, mentres seguía traballando nas feiras.

- Aurora (Mesego, O Carballiño, 1938). Filla de labregos acomodados. A casa familiar tiña un forno que servía a toda a parroquia. Lembra ver a Barriga Verde ("os fantoches") nas festas do Setembro do Carballiño durante numerosas ocasións na súa nenez.

- Consuelo Ferrero Bao (Betanzos, arredor de 1934). Filla de labrador de Lugo e feiranta de Noia, de pequena andaba polas rúas facendo soar un organiño a cambio dunhas moedas. Vivía en Lugo cos seus pais cando coñeceu a Julio Jiménez Silvent, fillo de Julia Silvent, dez anos máis vello ca ela. Como a súa nai se opuña á relación, fuxiu da casa e casou con el en 1955, en Vilapedre (Sarria). Adicouse co seu home a levar cine e os bonecos polas aldeas e a poñer distintas atraccións nas feiras: lanchas, posto de forza, etc. Nos anos 70 asentan en Monforte e adícanse a vender churros polas feiras. Tiveron tres fillos, un dos cales pasou varios anos en prisión por un delito de proxenetismo. Manuel María, na altura Procurador en Monforte, atendeu á familia cando se produciu o xuízo. É viúva desde 1981.

- Santiago Silvent Suárez (?, 1932, Narón, 199_). Séptimo ou oitavo fillo de Santiago e Encarnación, traballou nas varietés da barraca familiar até que casou cunha artista contratada para cantar copla, prima de Flora. Despois puxo distintos postos de atracción de feiras até o seu falecemento.

- Alfonso Silvent Fernández (Bouzas, Vigo, 1931). Fillo máis novo de José e Emerenciana. De neno, cando a familia aínda se trasladaba en carromatos tirados por cabalo, viviu a morte da súa irmá Otilia, queimada por un lume co que trataban de secarse da choiva. Traballou como técnico de son na barraca familiar até que esta deixou de instalarse, en 1964. Posteriormente seguiu traballando como feirante con distintos postos, como o de tiro ou vendendo roupa. Casou en 1972 con Julia de Castro Álvarez, coa que reside na casa familiar de Lérez, onde conserva numeroso material do espectáculo e da barraca.

- Juan Silvent Suárez (Mondoñedo, 1939). O máis pequeno dos fillos de Santiago Silvent Martínez, tamén o único que aínda vive no momento no que se escriben estas liñas. Criouse entre a Cruz do Pouso (Ferrol) e as feiras ás que acudía a súa familia cada ano, coa barraca e outras atraccións. Comezou con once anos a participar no espectáculo da barraca, primeiro facendo o rulo e tamén tocando a trompeta. Manipulou os monicreques nalgunha ocasión, se ben era o seu irmán Manuel quen o facía con maior destreza. Casou con Lidia, veciña da parroquia ribadense da Devesa, a quen coñeceu cando levaba o cine a un salón de baile do lugar. Con ela montou unha tómbola ambulante coa que acudía ás feiras, e no inverno proxectaban cine e poñían discos nas aldeas. Residen na Rochela (a Devesa). O delicado estado de saúde de Juan levouno a

deixar as feiras (nos últimos tempos levaba un posto de coches eléctricos) arredor do ano 2000.

5.5.3. Análise textual.

5.5.3.1 Textos xornalísticos.

5.5.3.1.1. "Concentrados en el Espolón", de Raimundo García.

De entre os moitos artigos que Borobó lle adicou a Barriga Verde, optouse por analizar o *Anaco* publicado na capa de *La Noche* o 12 de abril de 1955, por ser o único no que describe o espectáculo de marionetas e onde o relato fantástico semella ter sido desprazado pola crónica. O texto empeza cunha descrición do ambiente posterior á Pascua padronesa, amosando a sensibilidade do autor respecto da vida dos feirantes, aos que observa con curiosidade e respecto. Un trazo habitual nos artigos de Borobó é a introdución de elementos cos que trata de sortear a ideoloxía nacionalcatólica imperante na prensa da época. Neste caso aproveita a visión dos feirantes acampados para facer unha referencia á memoria histórica e ás revoltas na Compostela tardomedieval que deron pé ao asedio e posterior masacre do castelo arcebispal da Rocha Forte. A comparación dos feirantes coas hordas irmandiñas constitúe unha referencia insólita a unhas revoltas que derrotaron o poder eclesial nun moemento histórico que o relato oficial non podía ter interese en salientar. A descrición do colectivo que agarda á Ascensión para inundar a carballeria de Santa Susana é humanizadora, mesmo son incluídas as voces dos protagonistas para expresar as súas inquedanzas respecto aos problemas prácticos que atoparán para instalarse en Santiago, onde o espazo para as barracas é limitado, "para no estorbar al paseo elegante". Sutilmente estase a advertir da existencia dun conflito de clases entre a festa e os hábitos das clases acomodadas. O autor torce, indubidábelmente, polo pobo, a quen considera dotado de capacidade "de apreciar la auténtica belleza", cando non está perdido pola influencia do fútbol e da radio, dous elementos que foran aproveitados para facer penetrar a ideoloxía franquista nas clases populares a través dun "entretemento escapista" (Graham, 1995, 238). Aquela beleza auténtica que "el buen pueblo" é quen de apreciar ten a súa encarnación no espectáculo de Barriga Verde, a quen adica Borobó a segunda metade do artigo. O ton é de loubanza, como el mesmo recoñece ("Ya es costumbre nuestra que cada vez que, con la Pascua, se inicia la temporada de romerías, dediquemos una alabanza a los 'cristobitos' de Lérez..."), e fica patente nos adxectivos empregados ("admirable guiñol de Barriga Verde, montado por ese impar Maese Pedro..."). Con ese mesmo ton laudatorio describe dúas novidades do repertorio: a escena do enterro e a do Demo. Da primeira, chámalle a atención a mestura traxicómica conseguida ("la dimensión trágica, propia de la gallega, se ha acentuado con el entierro..."; "suenan las campanas –y es lo raro, no funerales, sino jubilosas"). Cita textualmente o diálogo entre a viúva e o morto, que califica de "soberbio". Respecto da escena do Demo, Raimundo García equipáraa con referentes literarios "cultos", elevando deste xeito a categoría do espectáculo dos monicreques. Colócaas, así, á altura de pezas dos que el considera grandes dramaturgos, se ben na época eran censurados, como Valle Inclán (Rodríguez, 1997) ou directamente vetados, como era o caso de Castelao. Cómpre lembrar que precisamente o xornal no que se publica este artigo contribuíu, durante as primeiras décadas da ditadura, a recuperar un pequeno espazo para as letras galegas na prensa do momento, a través do "Suplemento del Sábado", no que se deu cabida a moitos escritores galeguistas, algúns dos cales posteriormente conformarían o chamado grupo Galaxia (Losada, 1987, 160-161). Inclusive, o feito de adicarlle un número

especial do Suplemento á figura de Castelao tras o seu pasamento, motivou a súa suspensión por orde gubernativa en xaneiro de 1950 (Fernández Ferreiro, 2012, 34). En calquera caso, a admiración de Borobó polo espectáculo de Barriga Verde non é monolítica; o artigo remata cunha crítica aos outros números presentados na barraca, que califica de "principio de fiesta seudo flamenco y baturro" e cuxa baixa calidade, asume, é produto da falta de "asesoramientos literarios" de Silvent. É evidente que, por moita simpatía que Borobó profesase aos habitantes das feiras, os seus parámetros estéticos non deixaban de ser os do cánon marcado pola Cultura "culta".

5.5.3.1.2. "Barriga Verde... en la Riveira", Manuel Rabanal

O seguinte texto analizado foi publicado tamén no "Único diario de la tarde en Galicia", o 14 de agosto de 1956. Se ben non está asinado, o feito de incluírse na sección "Nebulosa" indícanos que o seu autor é Manuel Rabanal, catedrático de grego da Universidade de Santiago, orixinario de León. Este artigo amosa unha perspectiva máis distanciada cá de Borobó respecto do espectáculo reseñado. Non en balde, o autor non disimula a súa adscrición académica e trata de emprender unha análise do punto de vista estético e literario. En calquera caso, a propia estrutura do texto facilita a xustificación da escolla do tema. O autor atópase de vacacións en Ribeira, e o espectáculo de monicreques constiúe unha máis das distraccións ofrecidas aos "impertérritos bañistas". A súa experiencia do espectáculo xustifícase nesa circunstancia, como parte dunha actividade festiva e propia de tempo de lecer, distinta, enténdese, da experiencia que constituiría a asistencia a un teatro estábel nunha cidade. Na caracterización do texto salienta a variedade de adxectivos empregados. Comeza por definir a Barriga Verde como "grotesco y genial", xuntando dous atributos aparentemente contraditorios mais que, se o primeiro é interpretado en clave bakhtiana, non o son tanto. En calquera caso, non deixa dúbida a respecto da precariedade do dispositivo, ao empregar sustantivos connotados como "pintarrajos" para referirse ao lema que loce no exterior da barraca, no cal presumibelmente José Silvent insistía na autenticidade do seu espectáculo fronte ao dos seus competidores (moitos deles membros da súa propia familia). *Excusatio non petita*, admite o autor saber moito menos que o seu compañeiro Borobó sobre este "embrión teatral de las romerías gallegas". Esta caracterización do espectáculo como semente ou xerme teatral atópase tamén en Risco e leva aparellada unha concepción evolucionista da arte, dentro da cal a cultura popular non pasaría dunha fase primitiva. O de Barriga Verde, pois, non pode chegar a considerarse como "verdadeiro" teatro. Así e todo, o autor amosa interese polo espectáculo, no que detecta "una clara propensión a lo escatológico", matizando que con isto se refire á presenza da morte e do Demo na trama, cuestións que considera moi difíciles de levar ao rexistro dramático. Dificuldade que porén, Barriga Verde resolve con soltura, como se desprende do eloxio que a seguir fai o autor da escena do enterro, unha novidade que non se atopaba nas versións anteriormente presenciadas por Rabanal e que favoreceu que o espectáculo lle parecese "soberbiamente mejorado en trucos y en efectos de verismo". O pranto fúnebre que merece a atención do filólogo "no desmerece en teatralidad del que organizan las hermanas del Boticario verde en 'Os vellos non deben de namorarse' del clásico Castelao". Chama a atención esta segunda comparación do espectáculo dos Silvent coa obra do rianxeiro. Podería pensarse que o ambiente pro-galeguista da redacción de *La Noche* influíra no interese do catedrático leonés, quen por outra banda non disimulaba a súa querencia polo réxime franquista nas páxinas do xornal no que colaboraba (Fernández Ferreiro, 2012, 54). En calquera caso, Rabanal adicou poucos anos despois un eloxioso artigo á obra literaria de Castelao, o que leva

a pensar que a introdución desa analoxía non era casual (Rabanal, 1959). O interese de Rabanal, porén, está cargado de condescendencia, como deixa ben claro nas liñas en que describe a intervención do defunto desde o cadaleito:

> Se incorpora varias veces el cadáver y responde a las lamentaciones de la mujeruca con apartes que revelan un humor auténticamente racial y una comicidad a la que sólo le faltan unas arenas de literatura para alcanzar el rango de lo genial (LN, 14-8-1956).

O uso do diminutivo despectivo "mujeruca" denota unha consideración menor da que se puidera ter cun espectáculo considerado "serio". Ao describir o humor da escena como "racial" e, un pouco máis abaixo, definir o cortexo fúnebre como "paso costumbrista", equiparándoo ás figuras de artesanía que se vendían en Compostela como primixenios *souvenirs*, apréciase unha consideración implícita do espectáculo como unha arte menor, ao que lle faltarían unhas "arenas de literatura" para chegar a ser xenial. De que tipo de literatura? É a pergunta retórica que provoca esta afirmación, pois é evidente que para o autor só a literatura "culta" merece tal nome.

Os últimos dous parágrafos do artigo achegan datos sobre as ideas do autor a respecto da cultura do seu pais de adopción. No primeiro, alude aos "pontificadores y exclusivistas de las esencias gallegas", aludindo a determinados galeguistas, que negan o arraigo da tauromaquia na cultura galega. Para Rabanal, a presenza da tourada no espectáculo de Barriga Verde constituiría unha proba irrefutábel da inconsistencia de tales negacións.

Remata o catedrático describindo as outras "atraccións" que poboan o seu plácido verán: os pescadores de lura e de polbos, "puro exotismo", se ben advirte do "cariño y emocionada curiosidad que no tienen nada que ver con la molesta y cicatera cerrazón de ciertas 'fobias' frente a espectáculos de otras latitudes". Transloce nestas últimas liñas un certo resentimento cara a posturas consideradas esencialistas a respeito da cultura galega, e que semellan presaxiar algún incidente padecido por Rabanal nas antesalas do 68 compostelán (Fernández Ferreiro, 2012, 54).

5.5.3.1.3. Textos de Ricardo Outeiriño.

Os seguintes tres textos analizados foron publicados no xornal ourensán *La Región* no mes de xuño de 1948. Aínda que os dous primeiros están incluídos na sección "Márgenes", baixo a que adoitaba escribir o director do xornal na altura, Ricardo Outeiriño, a análise do discurso leva a sospeitar que Vicente Risco puido inspiralos. Nas datas de publicación destes tres artigos, 2, 3 e 5 de de xuño de 1948, nas que Risco estaba de volta da súa peripecia madrileña e colaboraba de xeito case diario co xornal, asumindo mesmo a redacción de editoriais cando a ocasión o requería (López Outeiriño, -, 2-3), permiten asumir como válida a hipótese da influencia risquiana de todos os textos.

No que respecta á estrutura dos textos, os tres escollidos están adicados exclusivamente a describir algún aspecto do espectáculo. O primeiro está estruturado como un relato de organización cronolóxica. O autor explica como a emoción con que dous dos seus fillos (Outeiriño chegou a ser pai de quince) reproducen as escenas de Barriga Verde na casa esperta a súa curiosidade. Segue unha evocación nostálxica dos tempos idos, semellante ás que se atopan habitualmente nos artigos de Risco. Laméntase a pouca "gracia" (un termo repetido media ducia de veces neste artigo) dos espectáculos que ten visto recentemente, a diferenza dos que vía de neno, cando... "cuánto reído en los espectáculos en el rincón de la calle, o en el centro de la plazoleta, o en el barracón de la feria, antes tan frecuentes y ahora rarísimos".

Esta evocación, como se verá, lembra sorprendentemente á formulada no artigo que aparecerá ao día seguinte, o que vén apoiar a hipótese aquí defendida sobre a común autoría de ambos os textos. En todo caso, o autor deste primeiro artigo ten unha visión do mundo en decadencia, na que mesmo o riso estaría depauperado.

> Ahora la gente se divierte con cosas que o aburren o dan grima. Pero ríe el niño y tened seguro que eso es bueno, que eso tiene gracia, gracia verdadera, chiste infinito, risa inmensa. Lo que no tiene gracia es lo que ríe el infinito vulgo de los mayores, al que hay que hablarle en necio (LR, 2-6-1948).

Unha idea dunha cultura occidental en declinio da que só as crianzas, inxenuas e aínda incorruptas, se librarían. Así pois, se os nenos rin con Barriga Verde, deduce o autor que algo de valioso terá o espectáculo. E é ese o motivo que o leva a rescatar aos seus compañeiros de tertulia do café e levalos ver o espectáculo. Así, polo menos, ocorre na narración. Os amigos son Joaquín Lorenzo, Senén Murias e Vicente Risco. Sería esta a primeira ocasión na que Risco asiste ao espectáculo da barraca? É difícil sabelo. O relato pode perfectamente tratarse dunha fantasía co único pretexto de incorporar personaxes coñecidos ao artigo, aínda que o feito de que durante os seguintes días aparezan máis artigos no mesmo xornal arredor do mesmo espectáculo fai a anécdota verosímil. Animado ou non polo seu amigo Ricardo Outeiriño, podería tratarse da primeira ocasión na que Risco ve o espectáculo de Barriga Verde, cando menos na súa versión no interior da barraca.

A experiencia esperta o entusiasmo do autor, quen se desfai en eloxios polo espectáculo, un "entremés movidísimo y saladísimo", "unos lances que se parte uno de risa", que fan ao autor volver rir como non facía desde anos atrás. Remata este artigo cun convite aos lectores para que vaian ver o espectáculo dos monifates, "movidos por unos dedos habilísimos y hechos hablar por una lengua muy graciosa".

Os dous seguintes artigos aparecen o 3 e o 5 de xuño do mesmo ano e están sen asinar, se ben o primeiro segue formando parte da sección "Márgenes". Polo demais, distintas alusións e a reiteración de determinados temas e adxectivos fan pensar que o autor é o mesmo que o deste artigo inaugural das crónicas de Barriga Verde no diario ourensán. Estes dous artigos, escritos a raíz do impacto da primeira experiencia da representación, céntranse en desenvolver unha análise detallada do significado profundo do espectáculo. O do 3 de xuño xustifica a adscripción "medioeval" do espectáculo (que como se viu, xa aparecía no artigo do 2 de xuño) nas actitudes dos personaxes e no tipo de humor. O aparecido dous días despois reflexiona acerca da violencia como vía de resolución de todos os conflitos no espectáculo, incidindo no seu carácter medieval e loubando aquela moral respecto da imperante.

Nos tres artigos coincídese en diferenciar, nos personaxes, o do "héroe medioeval" que se enfronta a Barriga Verde. Esta que podería semellar unha confusión do crítico repítese nos tres artigos aparecidos en xuño de 1948. Como se verá, nos testemuños dalgúns espectadores tamén aparece esta identificación de Barriga Verde co "malo" que é vencido polo heroe. Mesmo a frase coa que remata o espectáculo é consignada nalgúns casos como "Morreu Barriga Verde, acabouse a peseta", fronte á máis extendida "Morreu o Demo...", defendida pola familia Silvent. Tanto no caso do autor deste artigo como dos espectadores, tal interpretación explícase por unha recepción condicionada polos valores do que se considera moralmente correcto. Barriga Verde, soez, irreverente, pendenciador, non pode –non debe-, segundo eses valores ser o heroe da trama. A propia ambigüidade do texto (condición fundamental de toda resistencia simbólica) permite esta dupla

interpretación. O heroe e o antiheroe confúndense dependendo da perspectiva de quen atende ao espectáculo. Neste caso, para Ricardo Outeiriño, de fondas convicciónss católicas, o heroe non pode ser, baixo ningún concepto, un bribón armado de tamaños vicios. Así que o heroe, do que non se di moito máis, é un personaxe valeroso, de corte "medioeval", como se insiste nos outros dous artigos de xuño de 1948; porque, ao fallar a razón, resolve os conflitos a paus. E esa solución é enxalzada polo autor do artigo, quen lamenta que xa non sexa o medieval o código de conduta imperante:

> Ahora apenas hay quien diga, cuando las razones no le quieren atender: vou pol-o pau. Pero antes era así la vida, en que había que defenderla contra follones y malandrines a punta de espada, y ahora dejamos tal cuidado a la Guardia Civil y a los jueces. Era, si se quiere, una vida bárbara –que no lo era, ni mucho menos, aunque ahora lo pensemos, pero era sobre todo una vida heroica. Heroica contra el mundo, contra el demonio y contra la carne, los tres enemigos del hombre. Ahora creemos que tales enemigos no existen y son de mentirijillas o que si existen, son unos menguados y no nos pueden.
>
> Pero pensando así, así nos va. ("Vida y títeres", LR, 5-6-1948).

Que os tres artigos publicados durante o Corpus de 1948 corresponden a unha mesma pluma probaríano a repetición de determinadas ideas e léxico: a caracterización de Barriga Verde como "malandrín" e do cura como "preguntón", a descrición da escena do Demo que se resolve a base de "Pater Noster" e de "hundirlo en el infierno", repítense nos artigos do 2 e do 3 de xuño. A idea de decadencia dos espectáculos actuais e a nostalxia dos do pasado, dos que Barriga Verde sería un residuo, atravesa os tres artigos e amosa unha influencia do pensamento de Risco, defensor dunha visión pesimista da Historia, "ancorado en mundos ideais, lonxanos para que a distancia poida luir as súas aristas ferintes" (Losada, 1993, 66).

Alén de Barriga Verde (cuxa función na trama, recoñécese no artigo do 5 de xuño, "no se comprende bien a veces, aunque otras acaso se comprenda bien del todo"), descríbense outros personaxes que aparecen no espectáculo para ilustrar o seu carácter medieval e esencial, "vital y profundo como la vida misma e imperecedero como ella" ("Vida y títeres, 5-6-1948). Ao Cura, que era presentado como "preguntón" nos dous primeiros artigos, neste terceiro xa se lle atribúe o rol de "ideólogo, el legislador, el discutidor porque sí", aínda que se aclara que esas caracterización do clero é propia do Medievo. Do mesmo xeito, xustifícase "eso de arrebatarse y emprenderla a palos con el mismo Cura" (3-6-1948) como expresión dun anticlericalismo típico daquela época, "si bien un anticlericalismo muy distinto de este tan estúpido y tan beatuelo de espejismos y supercherías de la peor invención que todos conocimos". Os títeres de Barriga Verde, semella vir a dicirnos o autor destas liñas, están libres de perigo, porque forman parte dun tempo e dun xeito de entender o mundo ido e do que se sinte nostalxia.

É medieval Barriga Verde até o punto de evocar no autor a Cervantes e o Arcipreste de Hita, a quen invoca até en tres ocasións no artigo do 3 de xuño. É medieval a "licencia del lenguaje", isto é, o uso de expresións soeces que por esa salvedade son admitidas polo autor.

No terceiro artigo daquel Corpus do 48 enuméranse outros personaxes que se dan cita no espectáculo: o Portugués, que simboliza o fanfarrón e malandrín; o touro, representante das forzas escuras da natureza; a bruxa, que representa "los vanos temores, los pánicos de la imaginación, los maleficios del encantamiento". E por último, o Demo, que representa a tentación do pecado. Son os males aos que o heroe,

ese heroe medieval virtuoso, de quen pouco máis se sabe, vence sempre pola forza dos seus paus. E esa vitoria contra os males que afectan á Humanidade de todos os tempos constitúe a esencia do espectáculo, aquilo que para o autor o fai espello único da nosa vida.

O autor destes tres textos comparte co autor de *O porco de pé* a saudade de tempos afastados, a idealización de mundos esenciais e incontaminados, como é a Idade Media, un período do que atopa en Barriga Verde o reflexo perfecto.

5.5.3.1.4. Artigos de Risco.

O ano seguinte volve Barriga Verde ás páxinas do diario ourensán e faino da man de Vicente Risco. O feito de o artigo en cuestión, datado de 19 de xuño de 1949, estar incluído na sección "Horas", permite aseguralo. A diferenza dos textos de Ricardo Outeiriño, neste non hai descrición de tramas nin de personaxes. Trátase dunha loubanza sen paliativos ao espectáculo, empezando polo propio título do artigo, "Hay que ir allí". A defensa esencialista do espectáculo, considerado "xerme", "huevo" do teatro, entronca coas ideas defendidas nos artigos antes analizados do seu amigo. A xente gosta de Barriga Verde sen un motivo lóxico nin racional. Rin co espectáculo, repiten, porque "no es nuevo, que es eterno". É pois, esa esencia do teatro -unha arte que tería dexenerado na súa evolución- un embrión que é, por tanto, puro.

Esa mesma loubanza dos monifates de Barriga Verde como espectáculo primordial volve comparecer dous anos despois nun artigo que sería posteriormente incluído no *Libro de las horas*, selección de entregas daquela sección, editada en 1961.

O artigo, titulado "Monifates", saiu á luz o 27 de maio de 1951. Comeza como unha crónica do espectáculo ao que asiste o autor ese ano, como os anteriores, porque, recoñece nada máis comezar, non concibe as festas sen Barriga Verde. Nesta ocasión chama a atención do autor a escena do enterro, que para el é novidosa (nótese que tamén Borobó e Rabanal fixeron mención a esta escena como se se tratase dunha novidade no repertorio). Destaca deste lance, que adxectiva como "precioso", alén da súa "solemnidad", o diálogo entre a viúva e o defunto. Este momento sírvelle a Risco para ironizar sobre o pouco valor da vida. "No quiere –se conoce- que le recerden las cosas de la vida... Para eso se tomó el trabajo de morir, no para que le hiciesen el planto".

O resto do espectáculo non achega novidades a ollos do escritor. Os personaxes máis salientábeis segundo Risco son a Morte e o Diabo, que "andan juntos hasta en los libros". E de novo, o espectáculo evoca no autor un mundo ido e saudado: "De qué voz lejana es eco esta comedia de monifates?"

Remata o artigo cunha interesante reflexión dramatúrxica. Risco, que dentro da súa erudición tamén tiña espazo para temas teatrais, é quen de cuestionar o entramado técnico que hai detrás do espectáculo. Comparte a fascinación secular pola maxia das marionetas, pola cal é posíbel dotar de vida a obxectos inanimados. O bonecreiro non é para Risco, como non o era para os ancestrais espectadores das primeiras marionetas, un ser humano corrente, senón alguén dotado de cualidades extraterreas. Alguén, "a quien podemos llamar el Invisible", comunica vida e alma coas súas mans a todos os personaxes da historia. Mesmo os antagonistas, enfrontados entre sí na trama do espectáculo, son animados polas dúas mans do mesmo home. Risco plasma así o elemento misterioso que marcou, desde a súa orixe, a arte de animar marionetas.

O último artigo que se inclúe nesta análise foi escrito polo mesmo autor un ano antes da súa xubilación. Publicado o 6 de xuño de 1953 e integrado de novo na sección habitual de Risco, constitúe unha crónica máis ampla sobre as festas do

Corpus dese ano. Coma sempre, o espectáculo dos Silvent ("Todos somos devotos del 'Barriga Verde') ocupa un lugar preminente no relato. Nesta ocasión, detense máis na descrición do aparato escénico e do resto de números ofrecidos no interior da barraca. Aos monicreques adícalles só un parágrafo, no que non fai referencia a ningunha novidade respecto a outros anos ("y esto es lo bueno", indica, para insistir no carácter esencial e inmutábel do espectáculo), e enumera os personaxes habituais, encabezados por Barriga Verde a quen, nesta ocasión si, coloca no rol de heroe.

Remata o artigo describindo outra barraca que visita, na que, a diferenza da anterior, os monicreques funcionan movidos por electricidade. "Es una especie de Barriga Verde electrificado. Menos mal". Non se sabe se esta expresión de alivio fai referencia ao carácter único do seu espectáculo predilecto, ou ao feito de que os monifates por fin se modernizan. En calquera caso, esta última barraca é analizada en referencia ao espectáculo de Barriga Verde, como se este fose o eixo ao redor do que xirasen todas as atraccións das festas ourensás.

5.5.3.1.5. Artigos de Cunqueiro

Os últimos dous textos "cultos" que son incorporados á análise son obra de Álvaro Cunqueiro e xa foron referenciados anteriormente. A estrutura de ambos os artigos é ben distinta. O primeiro, publicado en *El Correo Gallego* o 31 de outubro de 1953, céntrase na experiencia estética dos "títeres del portugués", que analiza como expresión do "grande teatro del mundo", entroncando dalgunha maneira coa louvanza exprimida tamén por Risco ("la simiente del teatro"). Cabe cuestionar se a forma de referirse ao espectáculo ten que ver coa suposta nacionalidade do seu artífice, ou se pola contra alude ao personaxe do portugués, que aparecía nalgunhas versións. Os "ejemplos" do espectáculo suscitan no mindoniense unha serie de reflexións, especialmente aquel no que o home (non se explicita se é Barriga Verde ou outro personaxe) se enfronta co Demo, ao que consegue vencer para alegría do público "labriego" que corea un "requien" nunha lingua a medio camiño entre o latín e "romances" (galego, enténdase). Velaquí unha das poucas valoracións incluídas no texto, que semella máis unha escusa para expresar determinadas reflexións filosóficas que unha crítica ao espectáculo. Mais "la lengua del guiñol", mestura de latín e galego, constitúe para Cunqueiro a combinación perfecta entre antigo e moderno, "es decir, eterno". Do mesmo xeito que nos artigos analizados de *La Región*, ese carácter esencial e inmutábel é motivo de louvanza do escritor das Terras de Miranda. Carácter eterno que fai que a duración destas pezas de fantoches poida medirse "con el vaso de oro de la tarde de otoño" e que constitúan unha representación "del gran teatro del mundo", no que a catarse é vivida en plenitude. Non son xa "semente" nin "embrión", senón teatro en estado puro.

O segundo dos artigos, publicado no *Faro de Vigo* de 17 de outubro de 1957, constitúe unha crónica máis ampla das festas das San Lucas, que describe no seu inconfundíbel estilo. "Los títeres del portugués" teñen un lugar nesta descrición na segunda metade do texto. A valoración é máis escueta, mais non desinteresante. Dunha banda, retoma a Aristóteles, quen tería atopado os fantoches "conformes a canon" para expresar o grao de respecto que lle ofrece o espectáculo. Pola outra, válese da figura do Burón, un personaxe da vila, para expresar a visión popular respecto do espectáculo, onde fai referencia á suposta contradición que supón a vitoria final do heroe fronte ao demo. Emprega a lingua galega para citar as palabras deste personaxe, que realiza unha precisa descrición da escena do Demo:

> O Demo ten un defeuto: que se vai axiña ós golpes. Si o Demo é tan listo, aforraba andar a paus. Agora que esto é mellor que o cine (FV, 17-10-1957).

Na interpretación que Cunqueiro pon en boca deste personaxe subxace a concepción popular do Maligno tal e como distintos autores a definiron. Segundo o texto xa citado de Risco (1997), na cultura popular o demo (desprovisto de maíuscula) é un personaxe arteiro mais non omnipotente, o que o fai vencíbel se se fai uso de certas artimañas, como fai Barriga Verde no espectáculo. Cunqueiro pode estar colocando na boca do Burón esa ironía popular perante a vulnerabilidade do diaño.

5.5.3.2 Entrevistas coa familia Silvent.

Os testemuños dos espectadores e dos familiares dos Silvent comparten en maior ou menor grao unha estrutura biográfica, xa que foi ese o modelo de conversa proposto pola investigadora. No caso dos membros da familia Silvent, adoitan conducir os seus relatos á descrición das súas condicións materiais de existencia. A dura vida dos artistas ambulantes ocupa boa parte do seu discurso, así como a referencia aos lazos creados pola familia nos distintos lugares nos que ían actuar. Tanto Alfonso como Consuelo salientan a expectación que se xeraba nos lugares perante a chegada dos titiriteiros, que eran recibidos con calor pola poboación local. Juan Silvent alude ás redes de solidariedade que se tecían entre os membros do colectivo ambulante e coas comunidades locais, cando fai referencia aos distintos fogares de acollida que tiñan ao longo da súa ruta. A dureza da profesión é outro tema recurrente, así como a descrición das progresivas melloras introducidas no dispositivo e nos medios de transporte (das caravanas tiradas por cabalos aos camións).

No que respecta ao repertorio, na maioría dos casos é necesaria a pregunta explícita da investigadora para que se aborde o tema. De todos os entrevistados, só Juan participou no espectáculo, principalmente no apartado de *varietés*, mais tamén, nalgunha ocasión, manexando os bonecos. Todos lembran con claridade determinadas tramas, especialmente as tres que centran a presente análise.

5.5.3.2.1. Escena do Portugués

No caso da escena que conclúe coa morte do rival de Barriga Verde (sexa este o Portugués ou o Indiano), como se viu, o principal trazo distintivo do antagonista é a fachenda coa que presume das súas riquezas. O feito de aplicarlle a nacionalidade portuguesa, que se atopa en todas as versións (se ben Santiago afirma que non sempre se incluía este personaxe), estaría motivada, sobre todo nas zonas do sur galego, pola proximidade deste pobo, sendo habitual a existencia de rivalidade entre comunidades veciñas. Así, na versión descrita por Consuelo, o diálogo que se producía durante a pelexa entre Barriga Verde e o portugués aludía á orixe de ambos os dous ("Duro portugués, duro galego!"). Se ben o seu marido actuou maiormente no sur da provincia de Lugo, a súa nai, de quen seguramente aprendeu o oficio, tiña percorrido a provincia de Ourense e nalgunha ocasión mesmo chegou a baixar a Portugal, tal e como conta a súa nora na entrevista. Porén, na versión de Santiago Silvent, que circulaba maiormente no norte das provincias de Lugo e A Coruña, a presenza do portugués non debía ser tan frecuente.

5.5.3.2.2. Escena do enterro

A escena que sucede a esta, a do enterro, xera descricións máis ricas por parte dos familiares dos titiriteiros, incluíndo frases que se repetían en todas as representacións, motivo polo cal ficaron na memoria dos familiares e, por extensión, do público. As

descricións de Alfonso e Juan Silvent, correspondentes ás versións representadas por José e Santiago, respectivamente, non gardan excesivas diferenzas entre elas. Só a orde na que se suceden os acontecementos varía, se ben pode tratarse dun lapsus do informante. Segundo Alfonso, cando Rosiña descobre a morte do seu prometido, comeza a chorar amargamente e Barriga Verde trata de consolalo. Tras facerse de rogar un momento, a rapaza acaba por deixarse convencer. Na versión de Santiago Silvent, segundo o seu fillo Juan, Rosiña non se deixa seducir polo heroe até o mesmo momento de procesión, o que motiva a intervención do defunto desde o cadaleito ("Adiós Rosiña! Quedas ben acompañada!").

Sexa como for, ao descubrirse a morte do seu contrincante, Barriga Verde decide chamar ao cura para que organice o enterro. O crego, presentado como torpe e ignorante, tarda en entender a situación. Ante a pregunta pola causa da morte, conténtase coa resposta de Barriga Verde ("E de que morreu?" "Morreu de repente", frase lembrada por Alfonso e por tantos outros espectadores, como se verá). Comenza entón o enterro con profusión de escenografía e de personaxes. No cortexo van, tras o cura que entoa un responso totalmente desfigurado[184] e o cadaleito portado por catro monaguillos (en realidade unidos á caixa que era manipulada cunha vara, como explican Juan e Alfonso), Barriga Verde e Rosiña, que chora desconsolada. É entón cando a caixa se abre, mercede a un resorte descrito por Consuelo, "e levántase o muñeco, tíralle polo cordel: Cala Rosa, cala, que vou ben, que vou ben...". Esta frase do defunto, con algúns engadidos, repítese en todas as versións. Segundo Santiago Silvent fillo, os personaxes eran José e María, non Manuel e Rosiña como describen todos os seus familiares. A frase que di el desde o cadaleito difire minimamente da anterior: "Cala María cala, que vou pao ceo, vou pao ceo. Vou pá Gloria bendita!".

Ao remate do sepelio, o cura disponse a cobrar e Barriga Verde, ante o prezo excesivo que se demanda, decide pagarlle en paus. Esta versión é a defendida por Alfonso e Juan, aínda que xa se viu que este último explica que o seu pai deixou de bater no cura nun determinado momento por medo a posibeis consecuencias que esta escena puidera ter.

> Polo enterro. Entonces en vez de darlle pesos, dalle unha paliza, a paus. E bueno, eso era o que facían eles, meu pai non facía nada deso.
> *[Teu pai non?]*
> Que va! Todo o contrario. Porque... En un sitio, un dos fillos del quixo facelo e chamáronlle a atención. "Se son muñecos, hombre!". "Si, pero non se pode pegar ao cura". E meu pai ... como estaba naquel momento alí, e veu... (Juan Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

Esta explicación semella un intento de protexer ao pai, eximíndoo de responsabilidade dun acto que se considera pode deturpar a súa memoria, unha memoria, por outra banda, feble e que até o momento fora máis obxecto de silenciamento, por parte mesmo da familia, que de preservación. Como xa se explicou, os colectivos que non deixan pegada fano con frecuencia por un motivo defensivo. Os rexistros que poidan deixar estas persoas adoitan xerarlles problemas. Daí que sexa mellor borralos ou diluílos para evitar riscos (Bernardot, 2011, 332). En todo caso, o informante evidencia a súa consciencia do potencial subversivo desta

[184] "O que é rico e ten diñeiro rézaselle un recordeiro/ O que é probe e non ten nada, de cabeza prá furada". (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014)

escena, motivo polo que trata de negar que o seu pai a representase. Non ten reparo, porén, en poñer en boca do personaxe do cura coplas populares paródicas coa liturxia da igrexa, como o xa referido responso cantado polo cura durante o enterro, que evidenciaba o seu carácter avaro e o diferente trato dispensado pola Igrexa a ricos e pobres. Unha explicación desa aparente contradición podería ser que a tal cantiga estaba tan estendida entre o pobo que o feito de entoalo non comprometía aos titiriteiros, a diferenza do feito de arremeter contra o cura a paus. Alfonso, o curmán de Juan, pola súa banda, recoñece que esa escena lles valeu algunha amoestación por parte das forzas da orde, malia ao que continuaron representándoa.

> *[E nunca ninguén vos chamou a atención por mallar no cura?]*
> Si. Nos teñen chamado a atención en Orense. E... E nalgún sitio, si. Outro sitio, non.
> *[E cando era así, que vos dicían?]*
> Que non traballara ese número.
> *[E facíadeslle caso?]*
> Claro que non! (A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012).

5.5.3.2.3. A morte do Demo

A terceira escena a reseñar é a da pelexa co Demo. As versións de Alfonso e Juan son bastante semellantes, polo que non é necesario agora deterse na súa descrición, que xa foi tratada máis arriba. Nos dous casos, a estratexia empregada polo protagonista para derrotar ao Maligno pasa por persignarse e rezar un Pater Noster. Deste xeito, o Demo fica fóra de xogo e comeza a desvariar. É nese momento cando, segundo Alfonso, o Demo pídelle patacas ao Barriga Verde, ao que o heroe responde incrementando o volume dos paus ("toma patatas, bacalao e chocolate!" , A. Silvent, entrevista persoal, 3-2-2012). A alusión aos alimentos, nomeadamente aqueles máis devecidos nas cidades nos tempos do racionamento e da fame, era habitual nas expresións culturais da posguerra (Graham, 1995, 238).

O feito de introducir as pregarias no espectáculo podería constituír un intento por parte dos seus artífices por evitar as suspicacias das autoridades e reafirmar o carácter "moral" do que se facía gala na publicidade do espectáculo. O feito de que o personaxe principal, que até ese momento non gardara respecto á institución eclesiástica, semelle mudar a súa actitude cando se ve fronte á ameaza do inferno, lembra outros repertorios de teatro tradicional, como o caso do teatro de sombras exipcio do século XIII, no que, tras sucederse os episodios de homosexualidade e fornicio, os protagonistas ían peregrinar á Meca como signo de arrepentimento. (Dakroub, 2014).

5.5.3.3. Público do espectáculo

Os testemuños das persoas que asistiron a algunha representación de Barriga Verde son menos completos nas súas descricións do repertorio. Na maioría dos casos, estas persoas eran moi novas cando viviron esa experiencia (a que máis anos tiña, Ernesto, contaba 14 anos), o que explica que as súas memorias se reduzan a algunhas poucas frases ou imaxes. Case todas as persoas informantes asocian o espectáculo de Barriga Verde a contextos festivos (festas da Ascensión en Santiago, San Froilán en Lugo, San Lucas de Mondoñedo ou do monte Faro en Chantada, do Setembro no Carballiño e a Feira do Vento de Lalín). Só unha informante asistiu á representación organizada nun local da súa aldea ao principio da primavera, sen vinculación cun acontecemento festivo. A lembranza do espectáculo asóciase por tanto a un momento

de grande excitación e multiplicidade de estímulos sonoros e visuais, dentro dos cales Barriga Verde sempre merece unha mención. Así e todo, se ben todas as entrevistas foron realizadas seguindo a técnica biográfica, en todas elas foi preciso formular a cuestión específica respecto de Barriga Verde. Isto é, a memoria do espectáculo non constitúe un elemento recorrente no relato vital destas persoas, nin tan sequera do relato das súas infancias, agás no caso dos espectadores adicados de xeito profesional á escrita. Tanto Manuel María como Luz Pichel, cuxas entrevistas son incluídas na presente análise, plasmaron en senllas obras literarias a súa homenaxe a Barriga Verde[185], unha figura que os impactara fortemente durante a infancia. Tamén Alfonso Eiré, autor de varias novelas de base autobiográfica, fala dun proxecto de novela sobre a figura, neste caso a familia de Julio Jiménez Silvent, que foi a que el coñeceu.

Para a análise dos testemuños das persoas que asistiron nalgunha ocasión ao espectáculo, dada a extensión das transcricións dos seus relatos de vida, aplicouse a técnica de análise de contido. Estableceuse un listado de termos considerados relevantes para determinar a consideración do espectáculo por parte das persoas informantes. Tomando este listado como base, contabilizouse o número de veces que se repetían nos seus discursos, sempre e cando o uso deses termos estivese referido a Barriga Verde e o seu espectáculo. O resultado do cómputo pode verse na seguinte táboa.

Táboa: termos empregados polas entrevistadas

Informante/ termo	Eiré	Aurora	Flora	S.Fco[i]	M.Lourenzo	P.Pereira	Lérez[ii]	Luz	M.Mª	Borobó	total
Muñeco/ Boneco	3	4	8	8	1	3	21	2	1	6	57
Monicreque/ Marioneta	2	3	0	10	0	0	1	1	0	0	17
Títere	7	0	2	3	2	1	7	1	1	0	24
Fantoche	0	26	0	0	0	0	0	0	0	2	28
Guiñol	0	0	0	0	0	0	0	0	0	7	7
Espectáculo	2	2	2	7	0	2	8	0	6	8	37
Teatro	3	3	0	1	0	1	0	1	3	3	15
teatrillo	0	0	0	4	0	2	0	1	0	0	7
Pau/palo	2	4	1	9	0	3	0	1	0	0	20
Vara	0	0	1	0	0	0	0	0	0	0	1
Cachiporra(zo)	0	0	1	0	1	1	2	0	3	0	7
estaca	0	0	0	0	2	0	0	0	1	0	3
pum	0	4	0	0	0	0	0	0	0	0	4
Pelea/pelexa	0	0	0	2	0	0	0	0	0	5	7
Demo(nio)	4	8	5	10	0	4	2	7	4	9	53
Rosita/Rosiña	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Cura	8	5	3	7	0	1	0	1	4	14	43
Portugués	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0

[i] Participantes no obradoiro de memoria de ATEGAL en Santiago de Compostela (edificio colindante co colexio S. Francisco Xavier).

[ii] Reunión mantida na Casa da Cultura de Lérez con tres veciños dese lugar.

[185] Manuel María publicou en 1973 a súa versión de Barriga Verde. Pola súa banda, Luz Pichel inclúe no seu poemario de 2013 *Cativa en su lugar/casa pechada* un poema titulado "Barraca de feria" adicado ao espectáculo dos Silvent.

Seleccionáronse tres grupos de sustantivos:

1. Aqueles empregados polas informantes para designar as marionetas: desde os máis descritivos (muñeco/boneco) até os máis especializados (marioneta/monicreque/fantoche/guiñol), pasando por denominacións populares suxeitas a procesos de significado extendido, como é o caso do termo "títere", empregado en moitas ocasións para designar todo tipo de teatro ambulante. O termo máis empregado polos informantes para describir o espectáculo de Barriga Verde é "muñeco", en castelán. Os informantes con maior formación académica empregan o termo en galego e outros como "guiñol", marioneta ou "fantoche", aínda que en menor medida. Destaca o caso de Aurora, informante de Mesego (O Carballiño), que emprega maioritariamente o termo "fantoche" para designar tanto os bonecos como o espectáculo en sí, asumindo que esa era a denominación habitual cando ela asistía ás representacións ("Eran marionetas. Nós chamábamoslle fantoches."; Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013).

2. Termos para designar o espectáculo; neste caso formuláronse como opcións o uso do termo "teatro", que levaría aparellada unha consideración do dispositivo tal que expresión artística equiparábel ás representacións con actores que se producían en salas estábeis das vilas e cidades; ou o xenérico "espectáculo", que faría referencia a calquera tipo de diversión pública. Este último é aplicado con maior frecuencia cando se describen as lembranzas de Barriga Verde. O termo "teatro" é máis frecuentemente empregado polos informantes con maior nivel de formación, que inclúen reflexións sobre a trascencencia que para eles tivo a experiencia de ter asistido á representación. ("E foi o primeiro teatro ao que fun, foi a primeira vez que vin teatro, e aquelo... Aquelo impresionoume moitísimo", Manuel María, entrevista realizada por Anxo García, circa 1995). Outra connotación ben distinta é a que ten o uso do diminutivo "teatrillo" que empregan algúns dos informantes e que fai referencia ao tipo de dispositivo habitual nos espectáculos de marionetas de luva. Trataríase nese caso dunha metonimia que serviría, ademais, para distinguir este formato, máis pequeno e, por extensión, de menor importancia, dos espectáculos representados por actores humanos en salas de maior entidade.

3. O terceiro tipo de termos agrupa aqueles empregados para describir a trama, especialmente os seus personaxes, pero tamén as accións. Dos primeiros, o máis mentado é o do Demo, ao que practicamente todos os informantes fan alusión en repetidas ocasións. En segundo lugar, tamén moi celebrado é o personaxe do Cura. Pola contra, dous dos outros personaxes da trama, Rosiña e o Portugués, non son mentados en ningunha ocasión, ao contrario do que ocorría nos relatos da familia Silvent. No que fai referencia ás accións da trama, destácanse os golpes proferidos polo protagonista na cabeza dos seus inimigos. Distintos termos para designar a súa arma foron sometidos á revisión: pau/palo, vara, cachiporra, estaca. O máis usado é o

máis común na fala coloquial, pau ou o castelán palo. O uso do termo cachiporra, propio do teatro de marionetas de luva –o que indica unha certa especialización- é empregado por algúns informantes de diversa adscrición social. Os outros dous son empregados de xeito máis puntual.

Alén das escollas léxicas, o uso de determinadas expresións permite determinar a valoración que as distintas persoas espectadoras teñen do espectáculo. A continuación enuméranse as principais:

- **Era unha diversión mediocre desde a perspectiva actual, pero no seu momento gustaba porque non había outra cousa mellor**. Algunhas das persoas informantes adoptan unha actitude de autodesprezo, ao minusvalorar as atraccións que na súa infancia ou mocidade lles divertían ou estimulaban. Esta postura leva aparellado un sentimento de inferioridade respecto da investigadora que explica que se sintan na obriga de xustificar que no pasado gostaran de determinados divertimentos que hoxe serían considerados vulgares ou de mal gosto. É o caso de Ernesto, informante de Lérez ("la gente de los pueblos, cuando andaba co... muñeco, a gracia era ao final porque la gente se partía de risa. No había otra diversión..."; grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013), Celsa, natural de Lugo ("...estaba bien. Osea, te entretenía, en aquellos tiempos..."; grupo de conversa de Compostela, 18-4-2013), Otilia dunha aldea de Avión ("...na aldea non había nada, entonces cualquier cosita que fuese distinta, pues ya te llamaba la atención...."; grupo de conversa de Compostela, 11-4-2013). Tamén as persoas preguntadas durante o San Froilán de 2010 xunto á barraca reconstruída pola compañía Viravolta, xustifican o grande éxito que tiña a barraca na súa mocidade ("Pasábase ben, porque daquela aquí tampouco tiñas outra cousa que ver" ou "...nosotros lo pasábamos muy bien porque no había otra cosa mejor". San Froilán, entrevista para o documental, 9-10-2010). Outro dos entrevistados nesa mesma ocasión, que lembraba ter visto o espectáculo de Barriga Verde no ano 1935, incorpora ao argumentario a ausencia de medios de entretemento "modernos" propia da época: "Tenía una cantidad de público, porque claro, entonces no había discotecas, entiendes? Entonces no había aparatos de radio, practicamente, en las casas. No había televisiones, y entonces aquello era una novedad." (San Froilán, entrevista para o documental, 9-10-2010).

- **Era un espectáculo moi violento.** A grande maioría das informantes fai referencia á profusión de paus que se daban os personaxes da peza, como un elemento divertido ou gracioso da trama. Só dous informantes engaden unha valoración a ese respecto, que semella construída a posteriori. É o caso de Manuel Lourenzo ("Eu era bastante pequeno, tería... sete anos ou así, e pareceume un pouco violento. A cachiporra -pam!- Pegando unhos berros, cunha voz así... E pareceume bastante violento". Entrevista persoal, setembro de 2013) ou de Manuel María ("Aquelo impresionoume moitísimo. E sobretodo, o que me impresionou... Había moito abuso de cachiporra. Bueno, aquela cachiporra soaba que metía medo". Entrevista realizada por A. García circa 1995). Trátase nos dous casos de persoas cunha importante formación teatral que asumen que son entrevistadas por ese motivo, e polo tanto a súa posición fronte á investigadora (no caso de Lourenzo) ou do entrevistador (no caso de Manuel María, entrevistado por Anxo García) é máis equidistante ou mesmo de superioridade. Nos dous casos, os informantes poderían estar

aplicando os códigos morais do presente ao espectáculo que lembran ter presenciado no pasado.

- **Fascinación no espectador miúdo**. Algunhas das persoas entrevistadas fan explícita a fascinación que lles producía o espectáculo, especialmente polo feito de compoñerse de bonecos que cobraban vida de xeito misterioso. É o caso de Jose Antonio, partipante no obradoiro de memoria de Ategal ("Eu, a primeira vez que o vin, crin que falaba... o muñeco. Hasta que me fun acercando, e acercando... E a min impatoume moito. E a min sempre me gustou enormemente Barriga Verde". Grupo de conversa de Compostela, 11-4-2013), ou de Pilar Pereira ("unha vez recordo que (....) deixou as mans cos dous bonecos aí que non recordo cal era si o soldado i o... Barriga Verde, i eu fun, estabamos na primeira fila e toqueille as mans... para ver se había alguén dentro". Entrevista persoal, 18-12-2012). Tamén Luz Pichel expresa a fascinación que sentía de pequena polo espectáculo ("Para min, a atracción por excelencia era... o Barriga Verde, o teatriño. (...) Sobretodo o que recordo era a ilusión coa que eu iba, era unha cousa tremenda!"; entrevista persoal, 28-7-2013).

- **Calidade técnica no manexo das marionetas.** Se ben a meirande parte das persoas informantes omite a referencia ao manipulador, dous deles mencionan a destreza de Silvent. Por unha banda, trátase dun veciño de Lérez que coñecía ao bonequeiro, Ernesto ("Era bárbaro! Yo así... manejarlo tan bien, nunca lo ví": grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013). Pola outra, Borobó incide neste aspecto, que xa salientara en varios dos seus artigos sobre Barriga Verde ("Lo que tenía es una habilidad colosal en los dedos"; R. García, entrevista realizada por A. García circa 1988).

- **O espectáculo supuña un estalo de liberdade no contexto de forte represión da Posguerra.** Dous dos informantes reflexionan, de xeito retrospectivo, sobre os motivos da fascinación que producía neles o espectáculo, e atribúeno ao feito de desafiar os valores imperantes no momento. Trátase en todo caso de informantes dun nivel cultural elevado, e aluden ao tema sen que se lles pregunte directamente. Así, a escritora Luz Pichel fala dun "algo" indefiníbel que facía que os títeres de Barriga Verde remexeran a orde das cousas establecida ("Eu era moi pequena, pero a sensación que eu levaba era como que alí revolvíase algo que non era normal. (...) Aquelo non era o maestro de Soutullo, que era un facha. (...) Pero además se decían alí cousas que iban en contra de outras que eu estaba acostumada a oír sempre". L. Pichel, entrevista persoal, 28-7-2013). Pola súa banda, Alfonso Eiré interpreta a fascinación que sentía polo espectáculo como unha identificación da súa rebeldía xuvenil coa irreverencia que atopaba dentro da barraca ("...unha cousa que me impactaba, que iba... contra o normal. Ademais, bueno, eu fun mui traste, desde pequeno. E nese sentido, (...) a min xa me chamaba a... atención, por así decilo, o que fora contra a... Eu saltábame todas as normas. (...) E entón era o que me chamaba a atención, que eles saltaban todos os convencionalismos e os discursos... (...) Sobretodo dos curas!").

- **O espectáculo de marionetas desenvolvíase naturalmente en lingua galega.** Ningún dos informantes alude a este feito se non se lle pregunta

directamente polo asunto, pero ao referir algunhas das frases do diálogo, estas sempre son rememoradas en galego. Este feito evidencia a naturalidade con que se recibía un acontecemento que, durante o Franquismo, constituía en realidade todo un desafío ao poder. É o caso de Ernesto ("e de que mogueu?" "Mogueu de guepente!" "E... e o cura, o moca?" O moca era o cura. Había algunas frases, pero claro, te vas olvidando. (...) Falaba en portugués unha vez, outra vez falaba... coma o cura...". Grupo de conversa de Lérez, 3-7-2013) ou de Otilia ("Eu teño unha frase mui curiosa que siempre decía: 'o que teu é teu e meu, o que é meu sólo'. Siempre decía eso". Grupo de conversa de Compostela, 11-4-2013). As persoas entrevistadas semellan asumir que nun espectáculo da entidade do de Barriga Verde o uso da lingua galega estaría indulxido, do mesmo xeito que o uso coloquial do idioma era admitido (se ben non ben visto), nas relacións cotiás no espazo público. Cuestionado por este punto, Alfonso Eiré ten que facer un esforzo de memoria até que conclúe que o espectáculo estaba en galego: "Non macordo que falara nunca español. (...) Eu penso que non, porque se non... *[o notarías, chocaríache...]* Si.... Eu son un rapaz de aldea! Cando eu chego ao seminario... eu... chócame. Na relación con iles, non. Nunca me chocou..." (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012). Nas notas da entrevista realizada por Anxo García a Antón Fraguas consta que este declarou sen atisbo de dúbida que "Barriga Verde usa o galego, e sempre palabras nobres, non bota un taco." Porén, outros informantes engaden un matiz, ao afirmar que no espectáculo se mesturaba galego e castelán. Así o afirma Pilar Pereira ("...non había unha lingua sola. Era todo misturado, cando lle conviña sacaba un personaxe en castelán, logo outro en galego... Os malos casi todos falaban en galego." Entrevista persoal, 18-12-2012). O mesmo di Borobó, sen moito convencimento: "eu creo que máis ben era unha actuación mezclada. Me parece, eh! Desde luego había palabras en gallego. Pero yo creo que debía haber una mezcla... de castrapo. Me parece. Pero los gritos y tal eran más bien en gallego". (R. García, entrevista realizada por A. García circa 1988).

5.5.4. Presenza do poder nos textos

O poder atravesa indefectibelmente os discursos analizados neste traballo. Dun ou outro xeito, con maior ou menor conciencia por parte da súa autora ou autor, os valores dominantes vense reflectidos en todos os textos. Xa se fixo mención a algunhas das formas en que este se expresa, ben actuando como censor do informante, ben determinando a súa valoración do espectáculo analizado. Só cando se lles pregunta explícitamente pola relación do poder co espectáculo, os informantes reaccionan nun ou outro sentido: ben reafirmando a súa adhesión aos valores establecidos –o que tamén se explica pola posición que adopta o informante respecto da investigadora, que asumen representa á cultura dominante-, ou ben desmarcándose daqueles valores e situando o espectáculo en relación a esa posición. Esa última opción é máis rara, e tende a darse só nos informantes máis politizados. O discurso do poder é estábel, codificado, aspira a fixar significados que deveñen, unha vez interiorizados, difíciles de apreixar (Cameron, 2012). Isto explicaría, por exemplo, a distinta valoración que os espectadores fan do personaxe de Barriga Verde (para uns é o heroe indiscutíbel, para outros está cheo de defectos e é xustamente asasinado durante a peza), ou a negativa por parte dalgúns membros da familia a aceptar que no

espectáculo se representaba a agresión a un membro da Igrexa, institución que ostentaba un enorme poder na época na que o espectáculo era representado. É moi probábel que nalgunhas representacións esta escena fose suavizada e se prescindise da malleira ao cura, a raíz das amoestacións por parte dalgún representante da orde, tal e como se viu que contan tanto Alfonso como Juan Silvent.

Curiosamente, os textos analizados que proveñen de representantes da cultura dominante (especialmente os de Ricardo Outeriño e Risco) non consideran inapropiado ou subversivo o tratamento dos estamentos relixiosos no espectáculo. Interpretan a representación do cura e do Demo como figuras arquetípicas propias dun imaxinario medieval, do pasado, e polo tanto a súa parodia non resulta daniña para os espectadores contemporáneos, ao ser o espectáculo eco dunha voz afastada. Esta interpretación podería ser unha proba da capacidade do discurso oculto para infiltrarse de xeito subrepticio no discurso público, sen ser detectado polos axentes do poder.

Pola contra, os familiares dos titiriteiros si recoñecen os elementos subversivos implícitos no repertorio vehiculado polo seu pai e sinten a necesidade de expurgar o que consideran infraccións inconfesábeis cando tratan de preservar a memoria do seu antepasado e a súa conseguinte translación aos rexistros da cultura dominante. Daí os esforzos de Juan por negar calquera participación do seu pai en actitudes que el asume como impropias ("o que si, que meu pai sempre levou moito... O asunto da religión". J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014). No caso de Alfonso, se ben fai mención a amoestacións semellantes por esa mesma escena, refírese en distintas ocasións á boa relación mantida cos cregos das parroquias nas que actuaban. No caso dos fillos de Santiago Silvent, a relación co clero non debía ser tan boa, a teor do ocorrido con algún crego que emitiu queixas polo contido dos filmes proxectados (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011). Esa pode ser a causa da insistencia de Juan Silvent en facer notar a boa relación do seu pai coas forzas da orde, como cando relata o caso do municipal de Carballo a quen se parodia nunha actuación do espectáculo:

> ...iso creo que foi en Carballo, precisamente que... que foron a chamarlle a atención a meu pai.
> *[Por sacar ao municipal, e meterse con el un pouco?]*
> E meterse con el un pouco. Pasa que se rían, e ademais, bueno, eso... Non foi a meu pai, foi a un fillo, que daquela eran os fillos maiores e... Entonces foron a... A chamarlle a atención, porque non sei que lle fixeron, se lle deron trompazos... Porque alí había un municipal, que eu cheguei a coñecelo, que era un bon home, pero tiña unha mala hostia... (...) Non sei como se chamaba, hombre! (.) E dixeron... como se deron cuenta de que salía un municipal, (...) ...na obra, pois non sei como, que el iba... chamáronno polo nombre. E era o nombre do municipal! (...) menuda! Que despois andaba o pueblo enteiro, alí... "Ei!, ei". A hostia. E meu pai, bueno, tuvo un disgusto mui grande e... (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-2014).

Todos os membros da familia negan calquera adscrición política dos seus descendentes. Alfonso Silvent, cando conta que lle encargaban o decorado da barraca a un artesán represaliado, nega que fose unha forma de apoio aos antifranquistas:

> Esta parte pintouna un señor de Santiago, esta parte darriba, o frente. Pintouno un señor de Santiago, desdes mañosos que había, (...). Era un señor que era perseguido, o pobre era comunista, andaba perseguido, pero

> como traballaba ben... E viñera aquí a pintarnos. A nós, fose quen fose, a nós nunca nos fixeron daño. A nós ben nos valían todos. Por iso nós, sempre cando nos preguntaban algo así dicíamos que eramos neutrales, nin dun lado nin do outro. Nós andamos polo mundo e todo nos facía falta. (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).

Anxo García, o primeiro en contactar coa familia Silvent para iniciar o proceso de recuperación do espectáculo na década de 1980, facía mención a esta actitude na entrevista realizada a Manuel María:

> Realmente esa é a labor do títere dese tipo, non? Facer de crítica e de factor comunicación dun pobo a outro. O que pasa é que cos heredeiros que falamos de José Silvent, non queren recoñecer eso. Cando lles falamos deso, din que non e aí cortan a conversación enseguida. (extraído da entrevista a M. M. Fernández Teixeiro, realizada por A. García circa 1995).

Por outra banda, todos insisten na legalidade do espectáculo. Tanto Santiago como José Silvent estaban afiliados ao Sindicato Nacional del Espectáculo, de pertenza obrigatoria na época. O mesmo no caso de Julio Jiménez Silvent, fillo de Julia, o que a súa viúva Consuelo pon de relevo para deixar clara a honorabilidade do seu oficio.

Para estas persoas, herdeiras dunha subcultura en extinción, gardar rexistro da obra da súa familia significa a súa tradución á palabra escrita e aos ámbitos de reprodución do poder, representados pola Academia. Do mesmo xeito, unha expresión artística que empregara tácticas defensivas exclusivas como o segredo e a oralidade, ao adaptarse á cultura escrita e difundirse publicamente, comeza a ser albo de intereses comerciais. Nese sentido, as reticencias de Alfonso Silvent cos membros da compañía Viravolta cando manifestaron a súa intención de montar unha nova versión do espectáculo son elocuentes (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

Canto aos espectadores que, como se dixo, fan explícita a súa visión da posición política do espectáculo, dúas son as posturas. Por unha banda, algúns informantes negan, inqueridos polos investigadores, que o espectáculo incorporase elementos críticos. É o caso de Borobó:

> No recuerdo. No, no. Se repetía casi siempre lo mismo, exactamente igual, y no... no hacía crítica social [ri]. Únicamente... quizá un poco... un aire así un poco anticlerical, tal vez... Puede ser. Así un matiz... No era así muy respetuoso con... Con el clero! Aunque vencía al demonio no era... no era un auto sacramental! (R. García, entrevista realizada por A. García circa 1988).

Da mesma opinión é José Arteaga Maseda, entrevistado en outubro de 2010 con motivo da instalación da barraca reconstruída pola compañía Barriga Verde nas San Lucas de Mondoñedo:

> *[e cos muñecos, algunha vez metíanse con alguén, cos curas ou así?]*
> Ai, non. Eles calaban, politicamente non había nada deso. Tampouco daquela estaba permitido, eh! (San Lucas, entrevistas para o documental, 17-10-2012).

No eixo contrario, algúns informantes afirman con rotundidade o carácter subversivo do espectáculo. É o caso de Luz Pichel, xa citado, ou o de Alfonso Eiré:

> Según meu pai, a función despois de tarde, a de noite, a que facía ás oito, era moito máis crítica. Moito máis crítica e meu pai... Meu pai foi das Xuventudes Galeguistas, ten ahora 93 anos... I decía que claro, era mui antisistema. Aínda estuven onte falando con il deso e dixo que... Non, ten... muito antisistema, tiña problemas coa Guardia Civil...
> *[Si?]*
> Si, alí mismo en Chantada, durante as San Lucas si que tiveran problemas. Tuveran, que tuvéranos outros.
> *[o tema do cura seguro que non lles facía gracia...]*
> Si, o do cura... O de saír en mallas, o de facer contorsionismo... (A. Eiré, entrevista persoal, 3-10-2012)

En ambos os dous casos trátase de informantes politizados e adscritos a ideoloxías de esquerdas, o que podería suxerir unha intencionalidade nesta atribución de contidos subversivos ao espectáculo.

O feito de que o resto de informantes eludisen facer mención á intencionalidade crítica do espectáculo pode explicarse, seguindo a Helen Graham (1995), en que en moitos casos, a conciencia popular se expresaba de xeito elíptico, por baixo do nivel do consciente, como táctica defensiva fronte a represión franquista (240).

Este proceso psicolóxico, provocado pola interiorización do medo ás represalias, incrementa as dificultades para determinar as tácticas empregadas polos titiriteiros e o seu público para comunicar o discurso oculto das subalternas durante as representacións de Barriga Verde.

5.5.5. Tácticas para infiltrar o Discurso Oculto no espectáculo de Barriga Verde

Desde a perspectiva defendida neste traballo, proponse a descrición da relación comunicativa desencadeada durante a representación do teatro popular de marionetas en termos de infrapolítica. James Scott denomina así ás tácticas polas cales as subalternas conseguen insinuar a súa resistencia no discurso público. Así pois, trátase dunha acción política de perfil baixo, a única posíbel en contextos ditatoriais como o Franquismo. Trátase dun ámbito discreto de acción política, cuxa invisibilidade é táctica, e que ataca directamente á infraestrutura; a base cultural e estrutural que subxace á acción política máis visíbel. (Scott, 1990, 184) Fronte a autores que minusvaloran esta forma de acción por non atacar directamente ás fontes de explotación material dos grupos dominados, Scott aduce que o seu obxectivo é outro: arremeter contra a subordinación simbólica. Deste xeito, o discurso oculto alimenta e sustenta ulteriores accións de resistencia práctica. En circunstancias de forte represión como foron as dúas primeiras décadas do Franquismo, principalmente tras o remate da II Guerra Mundial e a constatación de que os países aliados non ían intervir en España, as formas de oposición aberta ao réxime foron progresivamente abandonadas e substituídas por outras formas de resistencia implícita (Cabana, 2013, 77). Cabana, que centra a súa análise na Galiza rural, considera que...

> (...) durante las primeras décadas del franquismo en ningún momento se puede hablar de seguidismo y sumisión de la población rural gallega con respecto a las disposiciones y políticas del franquismo, pero sí

> podemos entender su relación en términos de indiferencia interesada, apatía, adaptación y negociación" (Ibídem, 149).

Se ben asumindo que non se trata dunha resistencia "épica", protagonizada por actores cuns ideais políticos ben definidos ou cunha actitude fronte ao poder estábel ou coerente, que non é quen de impedir as formas de dominación, considera Cabana, na mesma liña que Scott, que estas expresións da resistencia simbólica si son quen de marcar a realidade política, de condicionar e modificar e modificar dalgún xeito a dominación. (Ibídem, 282). En moitos casos, tratábase simplemente de deixar na memoria colectiva das comunidades unha pegada que se proxectase "no sólo hacia un pasado alienante, si no que también lo hacía sobre un futuro en el que los vecinos recuperaban la dignidad que les había sido arrebatada" (Ibídem, 255).

A cultura popular era un medio privilexiado para a transmisión do discurso oculto tanto a nivel sincrónico como diacrónico (entre xeracións). Algunhas das súas formas favorecían a vehiculización dos contidos disconformes co discurso dominante garantindo a seguridade dos seus emisores. Moitas delas eran empregadas no espectáculo de Barriga Verde, tal e como se tratou de detectar ao longo da análise presentada no presente capítulo. Malia ás dificultades atopadas no proceso de detección dos elementos do discurso oculto no repertorio (transmitido só oralmente) e na situación comunicativa do espectáculo (única para cada representación e para cada espectadora), considérase que as evidencias son suficientes para determinar que, efectivamente, o espectáculo xogou un papel como forma de resistencia simbólica das subalternas durante as primeiras décadas do Franquismo. O fillo de Santiago Silvent, Juan. confírmao coas súas palabras:

> Facía de todo. O que pasa é que para gustar, tiña que poñer o que se ve que é verdad. Non... O que se sabía que é verdad, pero que non se podía dicir. (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-14).

Como conclusión da análise dos datos recollidos e seguindo a clasificación proposta por James Scott (1990), detectáronse distintas tácticas empregadas durante o espectáculo para a vehiculización do discurso oculto, que a continuación se explican.

5.5.5.1. Anonimato

> Silvent encubríase en Barriga Verde y fue en Ghalicia, en tiempo memoriado como de amargho cativerio, persona de alto entender en las artes de hablar las animaladas por boca de monicreques y agochar la mano en ghuante para tirar la pedra censurada (Pichel, 2013).

A ocultación da identidade do emisor é unha das principais tácticas para a expresión do discurso oculto, ao protexelo de posíbeis represalias. Esta consíguese de distintas formas: mediante o uso dun disfraz, a través de situacións nas que se considera que a persoa non é responsábel dos seus actos (embriaguez, posesión diabólica, transo) ou, no caso que centra este traballo, mediante o desprazamento que opera entre o titiriteiro e a súa marioneta.

Durante a relación comunicativa entre o marionetista e o seu público, o primeiro empregaría a marioneta e a palleta como mediadores para que a súa mensaxe sexa recibida como se estivese desvinculada de quen a emite. Esta idea devólvenos ao rol ritual da marioneta como prolongación do corpo do marionetista (que constituiría

unha sorte de chamán) e medio para aprehender o mundo que propuña Maryse Badiou (1988, 23). No caso dos titiriteiros populares, este obxecto mediador permítelle "desenmascarar els caràcters, els defectes i les injusticies d'una societat determinada" (ibídem, 79). Ao mesmo tempo, o obxeto interposto serve para garantir o anonimato do emisor.

Durante a representación, o marionetista permanece agochado por tras dunha tea ou no interior do seu teatriño, de tal xeito que só as marionetas que manipula fican visíbeis ao público. Desa maneira, xérase a ilusión de que a marioneta cobra vida, acentuada pola voz sobrenatural coa que fala, modificada mercede ao uso da palleta. A marioneta e a palleta exercen así un efecto de distanciación (*Verfremdung*), semellante ao proposto por Brecht para o seu teatro dialéctico (Brecht, 1994, 37), que impide que os espectadores se identifiquen de xeito acrítico co están a contemplar. Este efecto permitiría ao marionetista descargarse de toda responsabilidade respecto da crítica contida no discurso, posto que é a marioneta a que a expresa. Por medio desta táctica, no máis puro senso de De Certeau, o titiriteiro agocharíase para protexerse de posíbeis represalias. Os membros da familia Silvent e outros titiriteiros que representaron a Barriga Verde valéronse, polo tanto, desta táctica para protexerse das represalias sen deixar de "tirar la piedra censurada", como o expresaba Luz Pichel no seu poema.

5.5.5.2. Ambigüidade.

> *Genoveva de Brabante* e despois... *María Estuardo* eran os mitos, eran necesarios nas programacións. Eu creo que era para exculparse de algo, porque se unha compañía levaba *Juan José* de Dicenta, era unha obra obreirista, e polo tanto estaba catalogada como catro... (M. Lourenzo, entrevista persoal, 19-9-2013).

Cando o anonimato do emisor non pode ser garantido -como lles ocorreu aos Silvent cando a sona do espectáculo se propagou- a opción é disfrazar a mensaxe o suficiente para poder esquivar a represión. Deste xeito, introdúcese no discurso oculto unha alusión á blasfemia sen chegar a realizala por completo. Co tempo chega a esquecerse a blasfemia á que o eufemismo facía referencia, e este devén inocuo (Scott, 1990, 153). Isto pode explicar que os diálogos lembrados do espectáculo de Barriga Verde semellen hoxe inofensivos, se ben no seu momento puideron ter incorporado de xeito indirecto algunha crítica.

Por outra banda, a ambigüidade ou o disimulo son propios das formas tradicionais de resistencia simbólica, obrigadas a xogar sempre nos límites do inapropiado. Para iso, adoitan incorporar un significado inocuo ou mesmo favorábel á cultura dominante, baixo a cal se agocharían os significados propios do discurso oculto, que permanecen opacos ao público ao que se pretende excluír.

No caso de Barriga Verde, un exemplo desta ambigüedade atópase na escena da pelexa contra o demo, cando o heroe anima ao público a que lle axude a combater o Maligno rezando o Pater Noster. Este xesto era favorábel á ideoloxía imperante no Franquismo, onde a Igrexa Católica detentaba un enorme poder simbólico. Porén, o feito de ubicar esa acción no cadro dun humilde teatriño no que se viña de mostrar aos representantes do clero como avarentos e de moral disipada, xera certa confusión no acto da pregaria, facendo que se poida interpretar como unha parodia. De feito, o emprego do Pater Noster dentro do espectáculo non semella respostar a un arranque de fe por parte do protagonista, senón a unha apropiación certamente heterodoxa da oración cristiá con fins máxicos. Así e todo, non semella que se vise así desde a

cultura dominante, como atestiguan os artigos analizados de Ricardo Outeririño, Risco ou Cunqueiro, que non atopan ningunha blasfemia ao considerar o espectáculo un residuo de tempos idos. En todo caso, o uso "pervertido" do Pater Noster xa consituíra anteriormente unha táctica de inversión simbólica moi empregada, e que mereceu persecución por parte do Santo Oficio durante o século XVIII (Méndez, 1991, 66).

Un segundo elemento no que se pode apreciar eufemismo ou ambigüedade é o lema da barraca, do que existen referencias cando menos de 1937[186]. O feito de colocar o *slogan* "Espectáculo culto y moral" xunto ao rótulo da barraca (que recibiu distintos nomes "Pabellón de la risa", "Melodías de España", "Teatro Circo Barriga Verde"...), provoca aínda hoxe o sonriso pola carga de ironía que semella levar aparellado. A pretensión de aparecer como un contido favorábel aos ideais da cultura dominante é evidente no emprego dos adxectivos "culto" (que alude a unha cultura elevada, distinta da cultura popular da que o espectáculo é, en realidade, parte) e "moral" (que remite inmediatamente á ideoloxía nacionalcatólica), resulta cómico polo contraste evidente co espectáculo ao que trata de retratar. Porén, encádrase nunha táctica de disimulo que pretendía evitar posíbeis ataques da censura, similar ao practicado polos artistas ambulantes aos que fai referencia Manuel Lourenzo na cita incluída ao inicio deste apartado.

5.5.5.3. A oralidade. Insultos e cancións satíricas

> Eu teño unha frase mui curiosa que siempre decía: "o que teu é teu e meu, o que é meu é meu sólo". (Otilia, grupo de conversa de Compostela, 11-4-2013)

A cultura letrada quedou, despois do golpe de 1936, como feudo exclusivo dos vencedores, polo que o discurso dos grupos subalternos ficou relegado á transmisión oral, o medio no que, por outra parte, se expresou tradicionalmente a cultura popular. A oralidade ofrece numerosas avantaxes para a infiltración do discurso oculto no espazo público, entre as que salienta a súa capacidade para garantir o anonimato, mercede ao seu carácter efémero. A cultura oral existe só no momento no que é interpretada (*performed*), o que dificulta a identificación do seu autor ou autores. En realidade, a cultura oral repousa na propiedade colectiva, na posibilidade de múltiples versións segundo o emisor e o contexto de representación. En termos de Scott (1990), "The multiciplicity of its authors provides its protective cover" (161)[187].

A tradición europea de títeres de luva, da que Barriga Verde forma parte, empregou a oralidade como táctica para infiltrar distintos contidos antiautoritarios. O recurso aos diálogos improvisados, dos que só se mantiñan fixas algunhas frases, permitía aos marionetistas regular o grao de irreverencia de cada representación, en función do auditorio presente. Do mesmo xeito, a familia Silvent e outros titiriteiros que representaron a Barriga Verde variaron os diálogos e mesmo os argumentos do espectáculo tantas veces como as circunstancias o requeriron, o que explica que os propios descendentes sexan incapaces de reproducir treitos extensos dos diálogos dun espectáculo que presenciaron innúmeras ocasións. Tamén explica que os propios espectadores non reteñan máis que algunhas poucas frases feitas que se repetían en

[186] "Apuntes de feria" , artigo de Leal Ínsua publicado en *El Progreso* o 6-10-1937.
[187] A multiplicidade dos seus autores proveo da súa cuberta protectora (t.p.).

practicamente todas as funcións do espectáculo, e que servían aos titiriteiros como marcas de dramaturxia (o remate do espectáculo, o cambio de escena, etc.).

Entre eses poucos textos que se conservaron, algúns incorporan un elemento satírico que é tamén característico das formas de resistencia simbólica ou implícita, como a denomina Ana Cabana, quen analiza expresamente os rumores e as cancións satíricas como forma de expresión do descontento por parte das comunidades rurais galegas durante as dúas primeiras décadas do Franquismo (Cabana, 2013, 148). Explica esta autora como ás autoridades franquistas lles molestaba especialmente o comentario irónico ou a burla, que trataban de atallar mediante a imposición de sancións. Para o Franquismo, o control do discurso consituía unha peza chave na xeración dun sentimento de presenza continuada da autoridade na vida cotiá (ibídem, 239). Así e todo, a difusión de informacións contrarias ao Réxime a través dos rumores, os chistes e as cancións satíricas conseguía efectuarse en distintos contextos, como as tabernas e as feiras, onde o control das autoridades era menos ríxido. O carácter oral destas formas de infrapolítica garantía, por outra banda, a seguridade de quen as emitía, que podía matizar ou engadir eufemismos se percibía que o seu público era hostil á mensaxe sediciosa de base.

No caso de Barriga Verde, os cánticos entoados polo cura, modificados con fins satíricos, pertencen ao acervo popular, se ben é moi probabel que non se entoasen máis que en situacións de total confianza. O feito de que os distintos familiares describan versións distintas da oración cantada polo crego parece confirmar esta posibilidade. Así, Alfonso Silvent remite a un responso inconexo ("o responso, pero claro, non o sabe, e fai así un chapurreado [canta] Erri colorre, e vai polo si non sei canto! E parro patlin patarrán!", entrevista persoal, 3-2-2012), mentres o seu sobriño Manuel, en entrevista a Anxo Silvent antes do seu falecemento, fai referencia a un responso de claro contido paródico ("Orates frates, con rapaces non te trates"); Juan Silvent, en referencia ao espectáculo que representaba seu pai, Santiago, menciona un responso que alude á avaricia do Padre ("o que é rico e ten diñeiro rézaselle un recordeiro, o que é probe e non ten nada, de cachola pa furada"; J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

Alén dos elementos paródicos ou antiautoritarios, nos poucos diálogos recuperados pode detectarse tamén a pegada da precariedade na que se vivía na época. Así, o diálogo que mantén o Barriga Verde co Demo, cheo de alusións gastronómicas, é tamén dos máis lembrados ("Si, porque o outro dicía bacalao, bacalao, bacalao... Queres bacalao? Bacalao, bacalao, bacalao!"; Aurora, entrevista persoal, xullo de 2013). Esta mitificación de certos produtos ten a ver co que Montalbán denominou a "mitoloxía das cousas" que enchería durante o Franquismo o espazo que quedara baleirado pola autorrepresión e que acabaría levando á despolitización da consciencia social (Vázquez Montalbán, 1998, 29).

5.5.5.4. Inversión simbólica.

> ¿En Galicia alguien empleó la risa como "arma del débil" durante los años cuarenta y cincuenta, alguien usó una sonrisa como recurso para demostrar dignidad y no conformidad? (Cabana, 2013, 230).

Cabana salienta, do mesmo xeito que fixera Bakthin, a importancia do riso como táctica das subalternas para subvertir a orde simbólica que tanto preocupaba ao Franquismo. O riso liberado polo público que asistía ás representacións de Barriga Verde respostaba á comunicación dun imaxinario simbólico oposto ou distinto ao dominante, no que os poderosos eran burlados e vencidos polos febles dunha maneira

sinxela e directa. Como se viu, o impacto dos estacazos é un dos elementos máis rememorado do espectáculo, xa que desencadeaba nos espectadores a liberación das súas pulsións máis agochadas. A acción do títere que bate na cabeza do seu adversario, que ás veces é o propio marionetista, segue a provocar un riso automático en crianzas e persoas adultas, como se un resorte do inconsciente sexa accionado sen que a vontade ou a razón teñan nada que dicir.

Como se viu, na interpretación que achega a psicanálise ao fenómeno, o fantoche encarnaría o Supereu, que no espectador miúdo (ou premoderno) aínda non está escindido do Eu. Deste xeito, o teatro de títeres permitiría ao espectador distanciarse dos seus medos, das imaxes que o perseguían na súa fantasía (Mannoni, 1969, 179). Este efecto de "liberación" do Supereu como unha estratexia para facer fronte aos símbolos de autoridade máis evidentes estaría tamén presente en Barriga Verde. Ao facerlle fronte ao personaxe do indiano, do cobrador de arbitrios, do crego ou do demo, o protagonista faría efectivo un desafío aos medos escuros inculcados pola Igrexa e a orde políteo-social imperante. A burla ao cura, ao soldado ou ao municipal son expresións do desexo do pobo por darlle o seu merecido a estas figuras, representantes dun poder que, especialmente durante as décadas da Posguerra pero tamén antes, non admitían unha resposta directa por parte dos subordinados. Todo isto nun ton lúdico e inxenuo que difumina toda sospeita de vocación subversiva. A ambigüidade protexía o espectáculo nese senso, como proba o feito de que as interpretacións procedentes da cultura dominante non percibisen o seu componente subversivo. Mesmo Cunqueiro, que nun dos seus artigos denomina "ejemplos" ás escenas do espectáculo, semella consideralas inofensivas e mesmo moralizantes. Cabe tamén intuír, en descargo do narrador mindoniense, que el os consideraba exemplos dunha moral popular, distinta da oficial. De ser así, a súa diagnose coincidiría coa que se pretende formular nestas liñas.

Este desencadeamento das pulsións agochadas do público consíguese a partir do emprego dunha táctica de resistencia política largamente cultivada na cultura popular. Trátase do procedemento de inversión simbólica, característico do realismo grotesco propio da cosmovisión carnavalesca que Bakhtin describiu no seu estudo da cultura popular na Idade Moderna. A inversión só ten sentido porque existe un "mundo ao dereito" ao que nega con ese acto simbólico. Mesmo sen conseguir máis ca iso, a inversión crea un espazo imaxinario onde as categorías xerárquicas habituais non son inevitábeis. O feito de que os rituais (como as distintas celebracións do ciclo carnavalesco) e representacións de inversión (como a iconografía distribuída de gravados nas feiras) resultaban molestas ao poder, próbao a persecución á que era sometido o carnaval, ritual de reversión que chegou a ser prohibido, con pouco éxito, durante o Franquismo (Cabana, 2013, 252).

Como forma de infrapolítica que é, a inversión debe ir sempre acompañada de ambigüidade para non poñer en perigo a quen a expresa. "The wish for a reversal of the social hierarchy becomes public, in such conditions, only on condition that it is Janus faced", explica Scott (1991, 170)[188]. Daí que non en todas as funcións Barriga Verde batese no cura, ou que mesmo en ocasións o protagonista desempeñase o rol do vilán, como cando exerce el mesmo de cobrador de arbitrios (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García, outubro de 2013). Isto explicaría que algúns dos testemuños orais, e tamén os artigos de Ricardo Outeiriño en *La Región*, consideren a Barriga Verde o antagonista do propio heroe, este si cargado de virtudes máis próximas aos criterios dominantes.

[188] O desexo dunha reversión da xerarquía social devén público, en tales condicións, só se ten dúas caras. (t.p.)

5.5.5.5. Personaxes arteiros da cultura popular.

> In playing dumb, subordinates make creative use of the stereotypes intended to stigmatize them (Scott, 1990, 133)[189].

A cultura popular constitúe, como xa se viu, un escenario propicio para a disidencia. Algunhas das súas formas, xurdidas en tempos moi anteriores, continúan a ser empregadas polas subalternas con fins distintos aos que orixinalmente os motivaran, mais cumprindo a mesma funcionalidade: a infiltración do discurso oculto no *public transcript,* no discurso público. A cultura popular, como universo simbólico dos grupos subalternos, reproduce os seus valores, o que constitúe *per se* unha forma de protesta implícita aos valores dominantes. O feito de ser unha creación democrática, na que as distintas modificacións introducidas son aceptadas ou desbotadas segundo a súa utilidade para a maioría, dificulta a represión dos seus creadores, amparados polo anonimato.

Barriga Verde, heroe antiautoritario dunha tradición de títeres de cachaporra de orixe europea, podería constituír un exemplo de reutilización de argumentos da ficción popular previa ao Franquismo para viabilizar unha resistencia simbólica ao réxime. O personaxe de Barriga Verde reúne as caractersíticas do que Scott denomina "trickster", o heroe astuto dos relatos dos escravos afroamericanos que, apesar da súa febleza, vence, ridiculiza e destrúe o seu inimigo poderoso, ao tempo que a narración é incluída nun contexto aparantemente inofensivo (Scott, 1990, 164)[190]. Segundo a hipótese aquí defendida, o personaxe de teatro de títeres continuaría a constituír durante a Posguerra, tal e como fixera nas décadas anteriores, a cara pública dunha cultura oral que reforzaba un desprezo aos poderosos e a veneración da persistencia e astucia dos desfavorecidos. Este tipo de resposta, velada, oblicua, ao desprezo dos dominantes, proporciona pracer ás subalternas, que, a pesar de non estar en disposición de dirixir unha acción directa cara a súa situación de dominación, ven establecido un diálogo co poder, unha declaración directa do seu discurso oculto (Ibídem, 166).

5.5.5.6. Mantemento de espazos de socialización prohibidos polo réxime.

Os espazos nos que se desenvolvía o espectáculo de Barriga Verde explican, dalgún xeito, o seu carácter antiautoritario. As feiras anuais, que en moitas ocasións coincidían coa festa patronal, eran o contexto predilecto para a instalación da barraca. Tamén os salóns de baile no rural serviron para as representacións do espectáculo acompañado da proxección de cine e dos discos que facían soar os artistas ambulantes para o regocixo das mozas e mozos da aldea.

Ambos os espazos son considerados propicios á disidencia por parte de James Scott, quen diferencia a localización social por excelencia do discurso público (as congregacións públicas de subalternas reunidas polas elites, como os desfiles, tan queridas das autoridades franquistas), da localización social do discurso oculto que adoitan ser as xuntanzas segregadas das subalternas, non autorizadas nin controladas polos dominantes. Cabana detalla o xeito no que as tabernas constituíron un espazo

[189] Ao facerse os parvos, os subalternos usan creativamente os estereotipos que tratan de estigmatizalos. (t.p.)

[190] Scott pon o exemplo de Brer Rabbit, o coello protagonista dos contos dos escravos negros na América sudista. O seu inimigo é o lobo, a quen finalmente vence. Non só o mata, senón que o humilla, reducíndoo á servidume, róuballe á muller e, de feito toma o seu lugar (1990, 163).

privilexiado para a propagación de rumores e de cancións paródicas durante as dúas primeiras décadas da dictadura (Cabana, 2013). O caso dos bailes, tamén prohibidos durante o Franquismo, é outro caso de persistencia por parte das subalternas fronte ás disposicións do poder, o que demostra...

> (...) un grado significativo de impermeabilidad de la sociedad frente a las disposiciones del franquismo. Esto supone que tradiciones y ciertos modos de vida, de relación y de comportamientos anclados en el bagaje cultural se mantuvieron refractarios a los valores e ideología desarrollados por el régimen" (Ibídem, 252).

Juan Silvent explica como a súa familia colaborou dalgún xeito no incumprimento de tal norma, se ben protexéndose na ambigüidade para evitar represalias:

> Daba a casualidade que o baile, pois non se podía bailar. Pero sí tocábamolos discos que facía o anuncio de fóra e a xente poñíase a bailar. E eu non ía separalos! Nin eu nin meu pai nin naide. Bailaban eles? Pois bailaban (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

No que respecta ás feiras, que en Galiza constituíron até ben entrada a década de 1970 un espazo de socialización privilexiado da poboación rural, consolidáranse durante o século XVIII como unha sorte de festa profana, e polo tanto allea aos preceptos morais que a Igrexa tridentina pretendía inculcar no rural galego (Saavedra, 1992, 217). Xa Bakhtin facía referencia á súa importancia como lugar privilexiado do discurso antihexemónico e de expresión do universo simbólico carnavalesco. O feito de constituíren un espazo efémero e diverso, poboado por un número elevado de persoas, facilitaba a infiltración nas feiras do discurso oculto das subalternas. Na feira xuntábase a povoación de xeito máis ou menos espontáneo, sen cerimonias impostas desde arriba. O anonimato da multitude, xunto co intercambio comercial, que situaba á xente nunha base de igualdade, facían do mercado ou da feira un eido no que non se daban nin os rituais de submisión nin a deferencia. Os privilexios suspendíanse (Scott, 1990, 123).

Nestes espazos propicios á expresión dunha visión alternativa do mundo desenvolveu a súa actividade a familia Silvent, cun espectáculo que, como se viu, incorporaba numerosos elementos que poden encadrarse dentro da infrapolítica das subalternas durante o período posterior ao golpe de estado de 1936. Ao mesmo tempo, os propios espazos e o dispositvo que constituía o medio de vida desta familia estaban a experimentar unha fonda transformación, motivada por condicionantes de tipo fundamentalmente económico, e que serían a orixe do seu declinio por volta de 1960.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAPÍTULO 6. A BARRACA DE BARRIGA VERDE, ENTRE A MASSMEDIACIÓN E A APROPIACIÓN.

> The fairgrounds (...) have an intensely conscious modernity. The lovely stylized horses have almost gone, and so have the fantastic mechanical organs; each year bigger and louder relay-systems and more and more Coney Island-style coloured lights appear. But again the new materials are adapted to the old demands for a huge complication and exotic involution of colour, noise and movement (Hoggart, 1958, 146)[191].

A familia Silvent, procedente dunha subcultura de artistas itinerantes, tivo que adaptarse ás transformacións culturais que, tardiamente pero con forza, foron chegando ao mundo das diversións de feira en Galiza. A *fin des terroirs* descrita por Eugène Weber para a Franza do século XIX, e que en Galiza só se manifestara timidamente, deixara o camiño arado en Europa para a penetración efectiva da Cultura de Masas. Os grupos subalternos foron abandonando aquelas expresións culturais que ficaron desprovistas do seu sentido orixinal e adaptáronse ás novas expresións provenientes da industria cultural, o que deu pé a formas de hibridación ou apropiación derivadas dos usos que as clases populares facían dos produtos que lles eran ofrecidos de xeito unidireccional.

Os artistas de feira, integrantes das clases populares, trataron de adaptar os seus dispositivos e repertorios ás novas formas de diversión que paulatinamente ían desprazando ás tradicionais. Dalgunha maneira estes colectivos peripatéticos, que tradicionalmente contribuíran à preservación da cultura popular e á súa vertebración xeográfica, potenciaron tamén a penetración da cultura de masas entre a poboación do rural, para a que eran a única fonte de novidades culturais. Deste xeito, constituíron un exemplo do que Martín-Barbero (1991) define como "massmediación" das culturas populares. Ao longo deste capítulo analizaranse as distintas tácticas empregadas para adaptarse ao novo contexto cultural e valoraráse até que punto este proceso significou a morte dos espectáculos tradicionais, engulidos pola mesma maquinaria que pretenderan adoptar; ou se, pola contra, contribuíu á pervivencia de elementos da cultura popular infiltrados nestes formatos novidosos.

6.1. HIBRIDACIÓN, *ARTS DE FAIRE* OU ACULTURACIÓN

Viuse máis arriba como a cultura promovida polo réxime franquista, marcada polos valores do nacionalcatolicismo, fomentou a penetración da cultura de masas como instrumento para a homoxeneización cultural dentro do Estado Español (Graham, 1995, 243). Porén, o proceso de homoxeneización cultural iniciárase moito antes en Europa, xa desde a irrupción do estado nación, que pretendía abolir a pluralidade das culturas e substituír a noción heteroxénea e fragmentaria de pobo pola

[191] As feiras (...) teñen unha modernidade intensamente consciente. Os encantadores e estilizados cabalos practicamente desapareceron, o mesmo que os fantásticos órganos mecánicos; cada ano aparecen máis e máis ruidosos sistemas de amplificación e máis e máis luces de cores ao estilo de Coney Island. Pero de novo os novos materiais están adaptados ás vellas demandas para unha complicación enorme e unha involución exótica de cor, ruído e movemento. (t.p.)

máis unitaria da nación (Martín-Barbero, 1991, 98). Nun proceso que tamén describiu Eugen Weber (2010) para a Franza de finais do XIX a mediados do XX, as culturas locais son negadas en aras dunha cultura nacional, central. Nun segundo momento, a cultura de masas devén hexemónica, operando esa uniformización arelada pola burguesía. Martín-Barbero destaca dous momentos clave dese proceso, en constante negociación e que se solapan no tempo. Por unha banda, ten lugar a enculturación dos grupos subalternos, que acabarán por asumir a concepción do mundo da cultura hexemónica. O proceso polo cal os dispositivos da cultura de masas interveñen no proceso de enculturación, de redución da cultura popular á cultura de masas, é o que Martín-Barbero denomina "massmediación". A través dos dispositivos de mediación cultural, nomeadamente os medios de comunicación, promóvese a reconciliación dos gostos e deste xeito os conflitos de clase son negados ou borrados (Martín-Barbero, 1991, 135). Mais ese proceso de lexitimación cultural atopa resistencias, movementos que, se ben adoptando as novas formas culturais, dótanas de contidos propios, rescatados da memoria popular. Porén, as formas de apropiación simbólica, de resignificación dos novos formatos masivos mediante a infiltración de contidos e formas de orixe popular, acabarían á larga por facilitar a consolidación da cultura de masas. Non en balde, "lo masivo se ha gestado lentamente desde lo popular" (Ibídem, 135).

Foi, polo tanto, un proceso paulatino, no que as resistencias semellaban tomar a iniciativa. Deste xeito, os anos de esplendor da baraca de Barriga Verde coinciden tamén co da súa hibridación máis acusada, que acabaría dando paso ao seu ocaso definitivo, mediada a década de 1960.

6.2. PERVIVENCIAS POPULARES NO ESPECTÁCULO

Dentro do dispositivo escénico que consitúe a barraca de Barriga Verde atópanse numerosas pegadas do popular. Como xa se viu, estas son claras no número das marionetas, todo el de raigame tradicional. O espectáculo mantén os elementos narrativos que permiten a identificación do mundo da ficción co mundo da espectadora popular (a adscrición do heroe ao bando das subalternas, os personaxes poderosos que exercen a súa opresión), alén doutros mecanismos preservados ao longo de xeracións, como a vistosidade e o efectismo fronte ao canon realista imperante na altura no teatro "culto". A brevidade das tramas, a súa fragmentación, constitúe tamén unha marca facilitadora da recepción popular, afeita aos formatos breves e episódicos, adaptados ao ritmo do traballo asalariado ou labrego. Todos estes trazos estaban tamén presentes no folletín, forma cultural *massmediadora* precursora da prensa popular (Martín-Barbero, 1991, 150-154). Algunhas delas poden detectarse tamén no resto do espectáculo, tal como a propia organización en números breves ou a decoración vistosa do exterior da barraca.

Outros elementos no espectáculo da barraca delatan tamén unha resistencia á aculturación. O emprego da lingua galega constitúe o exemplo máis evidente. Xa se viu que a partir do século XIX a lingua empregada comezou a constituír un trazo diferenciador entre as categorías de marionetistas populares en Europa. Os considerados de maior nivel autopercibíanse como difusores culturais alén de animadores (*entertainers*), e por tanto procuraban usar un rexistro culto do idioma oficial, cando menos cando actuaban nas cidades. (McCormick e Pratasik, 2004, 24). Os máis humildes continuaban a usar o *patois* nas súas actuacións no rural. Era habitual que a lingua das representacións destes comediantes estivese inzada de termos vulgares e incorreccións derivadas da orixe foránea dos mesmos. En Galiza,

José Silvent era coñecido en moitos lugares como "o portugués", en alusión ao seu sotaque. O termo *forain*, usado en Francia para nomear os artistas ambulantes fai referencia á orixe estranxeira de moitos deles. Porén, aqueles titiriteiros que se asentaban nunha zona desde a que se movían polas vilas e lugares da contorna, deixaban de ser percibidos como foráneos (Ibídem, 24), como acabaría sucedendo cos membros da familia Silvent.

O uso da lingua galega no número dos bonecos, e probablemente tamén no resto do espectáculo, exemplifica este afán por manter a proximidade a un público maioritariamente galegofalante, mesmo se os propios artistas non eran de orixe galega, e tendo en conta o ambiente hostil ao uso público da lingua propia durante as décadas posteriores á Guerra Civil. O uso do "español" como lingua única da "Una, grande y libre", centrou os discursos oficiais xa desde a sublevación de xullo de 1936. Desde 1939, distintas ordes gubernativas prohibiron expresamente o uso das linguas distintas ao castelán no rexistro civil, na publicidade e nos rótulos dos establecementos, ou por parte de funcionarios e docentes (Freitas, 2008, 291-293). O uso público do galego, malia non existiren leis que así o ditasen expresamente, estaba vetado na práctica en calquera acto cultural e na prensa, e a publicación de textos literarios en galego estivo limitada até ben entrada a década de 1950 a obras líricas e costumistas de escasa embergadura (Freitas, 2008, 330). Se ben a acción represiva do réxime se centraba naqueles elementos máis politizados que usaban publicamente o galego, o estado de ánimo xeral contribuía a reafirmar unha consideración pexorativa da lingua propia que pouco a pouco ía minando ás clases populares. En calquera caso, o proceso de aculturación a través da homoxeneización lingüística comezara en Galiza moito antes, xa no período dos Reis Católicos, como explica Castelao en *Sempre en Galiza*. Desde este momento, as institucións eclesiástica, educativa e xudicial terían contribuído ao proceso represivo, conseguindo inocular na poboación galegofalante un sentimento de inferioridade que acabaría por conducilos á substitución da lingua propia polo castelán.

> En Galiza, inda as mesmas xentes que non saen de ali, as xentes do pobo que se sirven da súa língoa, como queira que esta, durante moito tempo, pasou a ser o idioma das clases inferiores, teñen sempre un pouco de rubor ao falaren, como se a concencia os acusara de empregaren un instrumento vil, ou envilecido (Rodríguez Castelao, 2004, III, 345).

É probábel, como denuncia o político rianxeiro, que ese sentimento de inferioridade respecto da lingua propia acabase por ser interiorizado, o que levaría ás xentes do pobo a tentar empregar o castelán, cando menos en presenza de membros das clases dominantes. Porén, cabe considerar que durante moito tempo, naquelas situacións onde estaban ausentes os membros desas clases (das que Castelao, aínda que non lle gustase, era parte), estas xentes se expresaron na súa lingua sen rubor, posto que era esta a que lles permitía vehiculizar o seu discurso oculto, a súa concepción do mundo propia. Ben é certo que o proceso de homoxeneización lingüística, paralelo ao de homoxeneización cultural, acabaría por gañar a partida e conseguir a substitución maioritaria do galego en beneficio do castelán. Aquelas clases populares, unha vez desvinculadas do mundo ao que daba sentido o uso da lingua propia, decidiron adoptar aquela que asociaban a un mellor estatus social. Polo tanto, o uso do galego nun espazo público como o constituído durante o momento do espectáculo de Barriga Verde, se ben non era considerado polas autoridades como perigoso dada a humildade do dispositivo, consituía unha forma de resistencia contra

esa aculturación iniciada nos chamados Séculos Escuros e reforzada tras o golpe de Estado de 1936.

6.3. A BARRACA DE BARRIGA VERDE COMO EXEMPLO DE MASSMEDIACIÓN.

Sería excesivo atribuírlle ao réxime imposto tras a vitoria dos sublevados na Guerra Civil toda a responsabilidade no proceso de penetración da cultura de masas. Esta, como se viu, foi paulatina e tiña comezado xa moito antes. De feito, atópanse referencias na prensa do primeiro cuarto do século a este proceso, en crónicas que lamentan o progresivo esmorecemento das feiras "auténticas". Lémbrese a ironía expresada polo autor do artículo aparecido no semanario mindoniense *Vallibria*, respecto dos avances das tecnoloxías destinadas a "desplumar incautos" nas feiras, e a consideración de Barriga Verde como "el único que aún conserva intacto el aspecto fósil" (*Vallibria*, 19-10-1930). Trapero Pardo, posíbel autor desas liñas, asinara algúns anos antes unha crónica das San Lucas para *El Ideal Gallego* na que reivindicaba "a la luz de unos recuerdos de otra edad, lo más atrayente de las fiestas mindonienses: los gitanos y 'Barriga Verde'". (EIG, 17-10-1925). Porén, nun artigo do ano anterior Barriga Verde non é considerado como un humilde titiriteiro, senón como "empresario" das "clásicas barracas de feria" (*La Provincia*, 7-10-1924). Na mesma liña pesarosa incide o artigo publicado o ano de proclamación da II República, onde mesmo se chega a situar o espectáculo de Barriga Verde no extremo oposto daquelas innovacións que, procedentes de fóra de Galiza, comenzaban a irrumpir con forza nas feiras e festas do país:

> Barriga Verde se retiró por escotillón ante la avalancha de "espectáculos morales" procedentes de los mejores coliseos de España y del estrangero; la "mujer araña" y el "hombre que tragaba estopa encendida" huyeron avergonzados y perseguidos por los bailadores de charlestón.... (Goy Díaz, EP, 4-X-1931)

Semellantes manifestacións de nostalxia son típicas de procesos de transición cultural como o que se estaba a vivir. Por iso non sorprende que os mesmos espectáculos que semellaban significar o fin do titiriteiro popular acabaran por formar parte do seu mesmo espectáculo, que non tivo máis remedio que buscar a forma de se adaptar ás novas expresións culturais.

6.3.1. Mudanzas no dispositivo

Aludíase nun dos artigos de Ricardo Outeiriño á riqueza escenográfica do espectáculo de marionetas, que o autor comparaba cos teatriños dos marionetistas solitarios da súa nenez:

> Dirán muchos: pero y eso del "Barriga Verde, ¿qué, a los que vimos tanto de buen teatro de marionetas, y aun de niños, aquí en nuestro mismo Orense, a todos aquellos muñecos, antes cosa de todos los días, que aquellos con su biombo a cuestas, ya detenido en el rincón de la calle y llamados los niños, tras el cortinaje, nos presentaban con fieras baladronadas y en tremendo batallar…? ¿Qué tendrá que ver eso? Eso del guiñol en escenario es ayudado por mucha orquesta, por mucho juego de luces, por mucha tramoya y además con asunto moderno; generalmente, una ópera bufa. Aquello de los monigotes tras el biombo ambulante, muy bueno, pero con una sola escena, sin más asunto, dos a estacazo limpio y nada más (*Teatro medieval*, LR, 3-6-48).

En efecto, o espectáculo ofrecido pola familia Silvent tivo que se adaptar ás novas formas de diversión para evitar sucumbir perante a competencia. Dese xeito, nalgún momento comprendido entre o último cuarto do século XIX e o primeiro do XX mudaron o teatriño anteriormente empregado e instalaron unha barraca na liña dos pavillóns de feira que trataban de imitar o estilo decorativo e o programa dos pavillóns burgueses que se extenderan por toda Europa a partir do proceso de industrialización (Madrid, 1996, 319). Así e todo, esta substitución non foi igual en todos os casos. Segundo o testemuño da viúva de Julio Jiménez Silvent, a nai deste, Julia, traballaba nunha carpa de estilo circense, onde as representacións se producían no centro do palco, e o público estaba sentado ao redor (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013). Semella probábel que esta fose tamén a forma do dispositivo empregado polos pais dos tres titiriteiros, Joseph Silvent e Josefa Martínez. O circo, aparecido no século XVIII, reúne os números dos saltimbancos ambulantes do Medievo e dos exercicios ecuestres de antigos soldados no centro dun espazo circundado polo público (Richet, 1981, 1522). Pola contra, José Silvent tería adoptado o modelo de barraca dos fantocheiros populares portugueses, consistente nunha estrutura lixeira en forma de paralelepípedo acoutado por unha tea, normalmente do tipo de pano coñecido como "chita da Alcobaça" (Ribeiro, 2011). A precariedade das lembranzas relativas a este momento inicial na traxectoria do bonecreiro (o seu fillo Alfonso, principal fonte para a súa reconstrución, naceu anos despois), complica a descrición exacta do teatriño empregado por José Silvent nesa etapa, se ben o seu fillo fala de que penduraba unha saba entre dúas esquinas (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010). En calquera caso, os irmáns José e Santiago deberon ter chegado á década de 1930 con cadansúa barraca, inicialmente construída con lonas e madeiras alugadas en cada lugar onde actuaban, e posteriormente (nos anos 1947, segundo Alfonso Silvent, entrevista persoal, 2-2-12) substituída por unha barraca ríxida de madeira que se transportaba a cada festa cun vehículo de motor, unha vez abandonado o transporte de tracción animal empregado anteriormente. En Andalucía a finais do século XIX, os titiriteiros populares xa empregaban un tipo de barraca de lonas, similar ao descrito polos fillos de José e de Santiago Silvent, de base rectangular e decorado con cores moi vivas e un cartel pintado a man no que se resumen as fazañas do heroe Don Cristóbal, alén de avisar do prezo da entrada: 10 céntimos. O autor desta descrición, aparecida en *La Ilustración Artística*, considera esta barraca unha reminiscencia dun pasado en vías de extinción, polo que se pode considerar que aínda non integrara os elementos propios dos pavillóns urbanos e das varietés ("Una feria en un pueblo de Andalucía", LIA, 20-12-1897).

En todo caso, a irrupción das barracas nas feiras e festas galegas producírase con anterioridade ao golpe franquista. Juan Carlos de la Madrid sitúa no primeiro cuarto do século XX a implantación destes novos dispositivos en Asturias, que se adaptaron ao modelo das feiras tradicionais e mesmo foron quen de establecelas en contornas burguesas. As feiras, como espazo no que se dan cita unha variedade de asuntos diversos, acolleron a fusión entre o cinematógrafo e outros espectáculos máis antigos, aquilo que se ten denominado precinema ou varietés (Madrid, 1996, 335). A feira, como "cidade efémera", aglutina todo tipo de espectáculos, nunha mestura de cultura popular e espectáculo institucionalizado que reúne os elementos característicos do que Martín-Barbero define como massmediación. Porén, o espazo da feira mantén unha independencia da autoridade que pode lerse como oposición:

> Todo esto molestó a las clases puidentes, que vieron instalarse en su terreno esta urbe anárquica y sucia. Pero también mezcló, una vez más, los públicos afines a distintas formas de distracción. No hay reducto inexpugnable, sobre todo si se coloca en pleno territorio enemigo (Madrid, 1996, 336).

O microcosmos feiral, rexido por leis propias, mantiña as súas formas populares ao tempo que reproducía os mitos do XIX: o dominio da técnica (presente nas primeiras atraccións mecánicas, os autómatas ou o propio cinematógrafo), a conquista da natureza (representada polos espectáculos de animais adestrados, os fenómenos da natureza e os supostos "salvaxes" ou viaxeiros chegados de terras exóticas) e o gusto polo morboso. Estes elementos, así como a ubicación das feiras nas proximidades dos centros de sociabilidade burguesa, xeraba unha clientela de adscrición clasista e etaria diversa. As únicas variacións producíanse segundo a importancia da poboación:

> (...) en las más rurales las barracas se confundían entre tratantes y dentistas de ocasión, mientras que en las ciudades más importantes menudeaban los artilugios "de París" (Madrid, 1996, 336).

O primeiro dos casos sería o máis frecuente nas vilas e cidades galegas, onde a festividade coincidía coa celebración dunha feira anual (caso do San Froilán de Lugo ou a Ascensión de Compostela), se ben progresivamente o acontecemento mercantil se iría desvinculando do festivo, fomentando esa vontade dos públicos urbanos de diferenciarse dos rurais (González, 1997, 355).

De la Madrid describe os tipos de barracas instaladas neste período nas feiras de Asturias, descrición que pode servir para as que se daban cita en Galiza, tendo en conta a proximidade xeográfica e as similitudes socioeconómicas entre os dous territorios. Distingue entre o que chama "enxeños do vértigo", aquelas atraccións que buscaban estimular a adrenalina do público desafiando á gravidade (as norias ou as máis humildes lanchiñas); os "chigres" ou instalacións precarias a base de paus e lonas que albergan bailes e postos de venda de bebidas; as barracas de venda de distintos produtos (alimentos, quincalla, olaría, tecidos, zocas...) e, por último, as barracas de espectáculo, que inclúen as de cinematógrafo, varietés e circo. A arquitectura destas últimas non ten unha tipoloxía concreta, dado que os barracóns debían adaptarse ás necesidades dun conxunto de espectáculos que fosen posíbeis dentro dun mesmo recinto.

> Así la feria impone su ley haciendo que, por criterios distintos a la naturaleza del espectáculo (transporte, montaje, etc.) se diseñen unos moldes en los que la variedad de lo representado impone una necesaria adaptabilidad (Madrid, 1996, 341).

Así e todo, pódese falar dunhas características constantes que singularizan as barracas de espectáculos con respecto ás outras barracas de feira. A primeira delas é a fachada, decorada de xeito rechamante, posto que constitúe o principal reclamo para atraer público fronte á competencia. A decoración adoita empregar motivos orientais e morunos, evocando un certo exotismo. No caso das barracas de Barriga Verde das que existen imaxes, primarían os motivos circenses (pallasos) e, xa na última etapa, os inspirados no folklore "nacionalcatólico" (bailaoras, toureiros). Na fachada da barraca adoitaba colocarse un organillo que soaba na porta facendo moito estrondo, e que despois da guerra sería substituído (polo menos no caso das barracas dos Silvent) por un gramófono amplificado. O interior das barracas é, en contraste, sobrio e,

nalgúns casos, organizaba o público por xerarquías, segundo o prezo da entrada pagado. Non era así no caso da barraca de Barriga Verde, onde a entrada era única para todas as espectadoras, que debían sentarse en bancos corridos.

A partir dos anos 1910, pois, os espectáculos de feira comenzaron a experimentar unha serie de transformacións na liña do proceso descrito por Martín-Barbero. O carácter feiral é progresivamente arrinconado e priorízanse, primeiro nas cidades e despois nas vilas, os pavillóns estábeis onde pode gozar de maiores comodidades unha nova clientela "que tiene que ser masiva pero desde el prestigio y el acomodo del espectáculo y de sus espacios" (Madrid, 1996, 384). O cinematógrafo e as varietés, espectáculo de fondo e forma populares, acabaron modificandose para ser interclasistas, masivos. "Una vez más los mensajes acabarán formulándose en el código de la clase hegemónica" (Ibídem, 384).

A barraca de Barriga Verde, o mesmo que outras semellantes que poboaron as feiras galegas até mediados do século XX, trataron progresivamente de emular aqueles pavillóns e o seu repertorio, se ben o público ao que se dirixían era moito máis popular ca masivo. Por iso os contidos vehiculizados debían respostar á súa visión do mundo, se ben tratando de adaptarse ás tendencias que o mercado impuña e que os públicos populares de adscrición urbana empezaban a reclamar.

> Esa forma de cultura de masas en cuyo ámbito un proletariado consume modelos culturales burgueses creyéndolos una expresión autónoma propia (...), sin advertir que las matrices de la cultura de masas siguen siendo las de la cultura "superior" (Madrid, 1996, 384).

A visión de Juan Carlos de la Madrid afástase así da de Martín-Barbero, ao privar aos grupos subalternos da capacidade de intervir creativamente a través do seu uso das formas culturais da cultura de masa. En calquera caso, máis tarde ou máis cedo o uso dos novos dispositivos acabaría facilitando a penetración desta nova cultura, na que progresivamente os contidos ían sendo menos populares e máis masivos, así como máis atados á moral dominante (Madrid, 1996, 319).

6.3.2. Estratexias de captación de público

Cada tipo de dispositivo incorpora unhas dinámicas para fomentar o achegamento do público ao espectáculo que se pretende ofrecer. Os titiriteiros tradicionais que deambulaban cos seus teatriños ás costas optaban por instalarse naqueles lugares onde se concentraban as multitudes e podían atraer a súa atención. Empregaban a palleta para facerse oír no balbordo.

As barracas ou pavillóns de feira, pola súa banda, instalábanse ao inicio das festas e permanecían inamovíbeis até o seu remate, o que impedía aos artistas moverse detrás dos espectadores durante eses días. Isto obrigábaos a desenvolver distintas estratexias para atraer os espectadores e espectadoras ao interior do dispositivo. Algunhas das fórmulas realizábanse na mesma porta da barraca, o que denominaban "facer a porta", e que xa se describe na actuación de Juan Misa "el Sevillano", na feira andaluza de 1897 descrita en *La Ilustración Artística*: "En la puertecilla de entrada colócase el tío Misa, que atruena los oídos con los redobles de su tambor, convocando al espectáculo, y algo más adentro vese a su mujer que cumple la difícil misión de cobrar las entradas" (ILA, 20-12-1897). Algo semellante facía José Silvent, vestido de pallaso e acompañado da súa muller ao principio, dunha filla ou sobriña máis adiante, segundo as distintas testemuñas (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010). Como xa se explicou, esta figura do pallaso que cantaba e contaba chistes era coñecida en distintos lugares da Península Ibérica como Barriga

Verde ("Paco Porras e… algunha xente máis en Madrid, me dixeran que eles traballaran con barrigas verdes, con pallasos tradicionais que se chamaban así". A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

Moi pronto, a competencia con outras barracas tería impelido aos membros da familia a perfeccionar os seus números da porta, como describe Trapero Pardo no seu primeiro artigo sobre o tema:

> A veces, la proximidad de un contrincante hace temblar a 'Barriga Verde', bajo su máscara de harina; entonces sopla más fuerte en el cornetín, suelta los chistes en cantidades periódicas puras ¡y hasta rebaja el precio de la entrada! Luego, ya dentro de su barraca, hecha ya la redada, su corentín vibra irónico para que el vecino se entere de que "hay función" (EIG, 17-10-1925).

Alfonso Silvent explica o despregamento de distintas tácticas de atracción de público, motivadas prioritariamente, segundo opina o fillo de José, pola competencia das outras barracas da familia:

> Iba unha s (...) Era meu sobriño, meu pai, e eu ou miña hermana, que tocaba o bombo... (...) E cando non había, que a xente era dura, pois sacábamola charanga. Pero se non facía falta, non facía falta. Temos sacado hasta o... Temos sacado o vello hasta... Había algo de competencia, destas que viñan de afora, os parientes, pois, agarraba meu pai e cerraba aquí un cacho cunha lona, cerraba aquí un cacho e sacaba os muñecos por aquí. E entón tocáballe un disco de... unha muiñeira ou unha jota e sacaba os muñecos e, claro, facíamos corro. E sacáballe o corro á outra (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).

Segundo o fillo de Santiago, Juan, esa rama da familia tamén empregaba a figura do clown na porta da barraca, quen, rubido a unha escaleira, facía que tocaba unha guitarra que non tiña cordas. Noutras ocasións saía a familia tocando nunha charanga, ao parecer máis completa que a do irmán José, pois os fillos de Santiago eran bos intérpretes de trompeta e outros instrumentos (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Para superar a competencia familiar José Silvent ideou, segundo o seu fillo Alfonso, un novo número que lle daría tanta sona que en moitos lugares lle valería un novo alcume:

> *[en Lugo, máis que Barriga Verde, chámanlle Traga Estopa]*.
> Chamábanlle así... Porque, pola competencia, que viñan os de Ferrol. E entonces, inventou o raio da estopa, coa charanga. Nós a tocar coa charanga, e el coa estopa, facía que comía. (...) E logo, pois botaba fume "Aquí arde, aquí arde!" A xente a mirar, el a botar fume pola boca! Salían llamas! (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).

Fronte ao testemuño do seu fillo Alfonso, que atribúe a orixe deste número á competencia representada polas barracas dos irmáns de José, a alusión antes referida ao "hombre que tragaba estopa encendida" no artigo de *El Progreso* de 1931, leva a pensar que este número era moito máis antigo, se ben puido ter sido recuperado por José Silvent para competir co espectáculo dos seus irmáns despois da guerra.

A introdución de novos artiluxios técnicos tamén tería xogado unha influencia decisiva nas estratexias de captación de público, de xeito que a charanga acabaría

dando paso aos discos reproducidos no gramófono e amplificados cun potente altofalante do que os membros da familia falan con fachenda:

> Entón ese saía a fóra e púñase o altavoz a tocar, tal e como está aí, e el púñase a facer como que cantaba, e tiña unha guitarra de madeira, marcada como se tivera cordas, e a guitarra tiña aquí unha especie de pasador, e aguantaba aquí, e facía así ao son do compás, e parecía que estaba tocando con ela e despois abría a boca, tiña a boca moi grande e... Bueno, era a forma de atraer á xente para adiante. Entonces xa empezaban unha canción dunha hermana mía, ou outra cousa polo estilo dentro, e abríase a lona para que se vira o que había dentro, e entónces a xente quitaba as entradas... (J. Silvent para o documental, setembro de 2011).

O uso do son amplificado chegou a xerar conflitos entre distintas barracas, como describe Alfonso Silvent nun episodio vivido nas festas ourensás do Corpus coa popular atracción Teatro Argentino:

> Dixo que puxeran ao lado o que quixeran. E púxoa ao lado. Alí na Alameda. E do outro lado estaba o circo dos irmáns Tonettes [sic]. E bueno, nós traballabamos todos os días, cada un traballaba o seu, e bueno. Pero vai un día o argentino, e enfócanos os altavoces... pa que non se oíran os muñecos. (...) Cando sentimos eso, fomos alí a dicirlle que, vamos, que eso era unha vergüenza. [imita a voz do argentino] "Cada uno hace lo que quiere, porque ..." Bueno, pois , collín, descolguei un altavoz destes gigantes e colgámolo tamén na esquina... deso [ri]. Cando estaban cantando ou estaban... Porque eles máis ben eran obras de teatro... Eu metínlle aí unhos discos.... Pero, a todo esto, non lle botamos nós a bronca. Quen lle botou a bronca foi o Tonette! [ri] (...) Chegou alí a dicir "pero que pasa aquí?" "Pois pasa esto: nos puxo os altavoces ... " e efectivamente nos deu a razón a nosoutros. "Este tío que se cree? El amo del mundo?" E foi onda il. Pero... era unha batalla! (A. Silvent, entrevista persoal, 27-7-2012).

6.3.3. O artista como empresario.

Actitudes como as descritas a respecto das atraccións da competencia (inclusive aquelas rexentadas por familiares), revelan unha mudanza na posición dos artistas ambulantes, até daquela membros dunha subcultura marxinal na que se xeraban lazos de solidariedade fronte á clientela, e que a partir dese momento deveñen empresarios e como tales se autoperciben. O paso do "medio pechado" do espectáculo familiar ao "aberto" do empresario que contrata artistas sen vinculación sanguínea con eles, constituiría un dos principais chanzos no "proceso de modernización y urbanización del espectáculo popular" (Martín-Barbero, 1991, 158). O empresario do *music-hall* contrata artistas especificamente para que desenvolvan a súa habilidade, sen involucralos noutras tarefas necesarias para o mantemento do negocio, como a montaxe e a desmontaxe, na que os membros da familia si participaban. Esta evolución foi paulatina no caso dos Silvent, que mantiveron o esquema familiar até ben entrada a década de 1940.

> Había que salir á porta, facer o clown da porta, osea facer que cantaba cunha guitarra. Lavarte a todo gas, mentres facían unha escena dentro, e con lo mismo, facer o número de rulete... primeiramente facer o número

> das botellas, entón había nove botellas, afinadas como unha guitarra, alí tiñas que tocar a rianxeira, tiñas que tocar... o que fora, non? (J. Silvent, entrevista persoal, 24-12-14).
>
> E o personal, ao primeiro eran os da casa. Pero os da casa fóronse casando, foron marchando, e despois tivemos que coller persoal de fóra. Estes titiriteiros que andaban pola calle, contratábamolos, para o día de festa e logo despois dese día estaban libres, podían ir traballar onde lles dera a gana. E así. Uns chegaron ao final, e outros cansáronse, non lle interesaba e íanse a outro lado... Outros, pasábanse un pouco, xa non era o mesmo. Xa, ter que andar con xente de fóra xa non... Xa empezou a non funcionar como é debido, o vello xa empezou a quedarse mal das pernas, facíao meu sobriño, e o sobriño tamén chegou un momento que tivo que deixar os muñecos, porque se lle formou un quiste aquí no corazón, da palleta, e foi cando tamén marchou. (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).

A transformación do artista en empresario coincide tamén coa mudanza na fórmula de cobro ao público. Se nas súas orixes os titiriteiros ambulantes recibían só a vontade do público ao remate do espectáculo (normalmente el mesmo, ou un/ha axudante pasaba un chapeu ou outro recipiente entre os espectadores antes de que se dispersaran), a utilización de recintos pechados como as barracas vai permitir o control do acceso daqueles espectadores que abonen unha cantidade fixa. No caso dos Silvent, correspondíalle á muller do empresario o cobro das entradas; Hemerenciana no caso de José e Encarnación no do seu irmán Santiago[192].

A solidariedade entre os membros das comunidades de ambulantes que salienta Fidalgo Santamariña (1990, 131), semella ter desaparecido entre os comediantes en canto adquirían un determinado nivel de prosperidade. Deste xeito, era frecuente que os "empresarios" das compañías de maior suceso quixesen diferenciarse dos titiriteiros máis humildes, facendo fincapé na súa honestidade e moralidade. Temos o exemplo da barraca de José Silvent, que no seu momento de maior popularidade acompañaba o nome do espectáculo do subtítulo "culto y moral". Alén da interpretación desta lenda como unha manifestación da ambigüidade táctica para encubrir os aspectos subversivos do espectáculo, tamén se pode analizar como unha expresión da "identidade negativa", que leva ao membro da comunidade ambulante a verse a través dos ollos da súa clientela. Deste xeito, o titiriteiro asume o modo no que o outro o ve e interioriza os trazos negativos dese retrato. Como reacción a esa identificación negativa, o membro da comunidade peripatética amosa un carácter esaxeradamente submiso (Fidalgo, 1990, 130) e, cando ve próximo o ascenso social, teima en diferenciarse dos seus compañeiros de subcultura para afirmarse tal que "artista", no senso hexemónico do termo.

No caso da barraca "Melodías de España", a rexentada por José Silvent, ao *slogan* "espectáculo culto y moral" engadíase o subtítulo "El auténtico Barriga Verde". Deste xeito, facíase fincapé no carácter pretendidamente único do espectáculo para combater ás atraccións da competencia (nomeadamente as dos seus parentes). O feito de chegaren a funcionar en determinados momentos diversas barracas co nome de Barriga Verde, e que popularmente comezase a denominarse así a calquera

[192] En Celeiro de Mariñaos (Barreiros), lembran aínda a esta muller coa frase feita "Xa está Encarnación ao lado do caixón".

espectáculo de monicreques, pasou a ser considerado unha ameaza para o negocio do feirante de orixe luso-extremeña. Moi probabelmente, porque o ritmo das innovacións que empezaba a requirir o mundo das feiras era difícil de seguir, e as vellas estratexias comerciais xa non daban os froitos agardados.

6.3.4. Influencias da Cultura de Masas no discurso do espectáculo

> "Barriga Verde" fue el que nos ha iniciado en el misterio de la "Mariposa Fantástica". Él nos hizo admirar el arte inverosímil de una maravillosa artista, que con la misma soltura con la que estrangulaba una canción de moda, daba volteretas sobre una alfombra deshilachada; tocaba un conglomerado de instrumentos precursores del "jazz-band" , o atravesaba, relumbrante de papel dorado y de percalinas de colores, un alambre tendido sobre el "patio de butacas" de la barraca de "Barriga Verde" ("Lamentaciones sobre Barriga Verde", Trapero Pardo, EP, 5-10-1937).

Dos múltiples espectáculos agrupados baixo o paraugas das varietés, as barracas de Barriga Verde incluíron os seguintes no seu repertorio, nas distintas etapas da súa existencia:

6.3.4.1. Números musicais:

> Es lástima que en Pontevedra, tan cerca de Lérez, no obtenga asesoramientos literarios que perfeccionen todavía más el guiñol y que supriman el "principio de fiesta" seudo flamento y baturro, donde más salerosas y obesas estrellas de la canción, interpretan el "couplet" de la "bomba de hidrógeno", acentuando la bomba H en la penúltima sílaba, con lo cual aún resulta más horrorosa (*La Noche*, 12-04-1955).

Borobó centraba as súas loubanzas, como xa se viu, no número dos bonecos e, a xulgar por estas liñas, non gostaba dos outros números que se ofrecían no interior da barraca. O "cuplé" deostado polo articulista, do francés "couplet", designaba en realidade un xénero musical longamente arraigado na escena española, o da canción escénica ou tonadilla escénica. Segundo explica Serge Salaün, "Esta introducción de un término nuevo acompaña las importantes mutaciones del teatro español a fines del siglo XIX, a raíz de la penetración de los nuevos cafés conciertos y luego de los salones, cabarets, music-halls, salas de varietés, etc." (1990, 16). O "cuplé" non foi máis ca unha versión renovada das tonadillas escénicas do século XVIII e do "xénero chico" do XIX (chamado "xénero ínfimo", cando o contido sexual era máis explícito), consecuencia da evolución e masificación do xénero castizo da canción española (Salaün, 1990, 16). O cuplé adoitaba ser interpretado por mulleres e atopou o seu máximo apoxeo a partir de 1910 e até o final da República. Nese período, pasou a integrar os programas dos espectáculos de variedades dos salóns e cafés cantantes das cidades. O cuplé, a canción escénica, constituíu...

> ...el caballo de Troya por el cual se infiltra la modernidad en las prácticas y las mentalidades más alejadas de los modelos capitalinos. La frivolidad ha hecho mucho para el 'progreso' de la España rural, quizá

> porque reunía en un mismo afán de consumo y de diversión a las mayorías populares y a las élites burguesas, ávidas todas de entretenimientos nuevos". (Salaün, 1990, 55).

Deste xeito, o cuplé, que non fixo máis que sumarse á tradición do "´xenero chico" e das cancións-espectáculo e serviu de cimento para a introdución de novas formas culturais, supuxo unha primeira forma de massmediación na cultura urbana española.

> La canción-espectáculo marca una etapa de regresión de la cultura popular, ya que la canción deja de ser, paulatinamente, una práctica y una participación individual y colectiva, un comportamiento activo exteriorizado y pasa a ser un espectáculo (algo que sólo se contempla), una mera diversión. Su evolución del hacer al ver, signo de la desaparición de toda cultura comunitaria significante en provecho de la cultura-espectáculo (...). No cabe duda de que la canción, para las masas, responde a una necesidad, llena un vacío, tanto social (los ecos de su realidad, por mediatizados o banalizados que sean) como cultural y lúdico (Salaün, 1990, 78).

Despois da Guerra Civil, o cuplé foi denigrado e mesmo perseguido, se ben continuaría a ofrecerse como parte dos espectáculos de varietés, como testemuña a referencia de Raimundo García, adozado e adaptado á nova sensibilidade da época. O tema ao que alude Borobó era, aparentemente, unha composición de tipo paródico arredor da bomba que se detonara experimentalmente nas illas Bikini en 1954.

> Directa o indirectamente, este montón de canciones aporta un "testimonio" sobre la sociedad española de principios del siglo XX. pero un testimonio parcial y mucho más 'espectacular' que realmente referencial. No cabe duda de que el cuplé utiliza los acontecimientos que más pueden llamar la atención, aunque consituyan un fenómeno muy minoritario o superficial (Salaün, 1990, 172).

As cancións populares de tipo comercial interpretadas na barraca (tamén no seu exterior, en forma de *playback*), forman parte do "mapa sentimental" dos desposuídos tras a derrota republicana no 1939. Estas cancións facilitaban unha catarse emocional a quen as ouvían, nas que a causa real do dó non podía ser mencionada expresamente. Isto obrigaba ás cancións a expresar de xeito elíptico a sensibilidade das ouvintes: a través do acento ou do ton, dos propios silencios. As memorias e os sentimentos reais permanecían agochados no plano do inconsciente, nun exilio privado, perante unha sociedade que impuña uns valores opostos. (Graham, 1995, 240). Algunhas cancións populares xogaron un rol contestatario a través da ridiculización ou tratamento irónico dos valores oficiais, significando unha forma de "cinismo afirmativo" en tempos desesperados (Graham, 1995, 241).

Entre as cancións interpretadas pola familia Silvent nalgún momento, cóntanse "El Lerele", o tema de 1941 que elevou a Lola Flores ao estrelato. Interpretaba este tema Saladina, unha das fillas de José, sendo moi nena, segundo testemuño do seu irmán Alfonso (conversa non gravada, mantida o 16/4/2015 en Pontevedra). O emprego de infantes para interpretar cancións propias de "divas" da canción era un recurso tamén habitual nos programas das varietés. A tenrura da cantante servía para disculpar a menor calidade da interpretación, ao tempo que se incorporaba un elemento cómico cando esta reproducía a xestualidade "picante" das intérpretes

orixinais. Lola Flores era unha das voces máis versionadas pola familia, como tamén o eran outras voces famosas da chamada "canción española":

> O espectáculo empeza, por ejemplo, empezaba... Varieté. Unha canción, ou dunha muller ou dun home. Pero mellor dunha muller. Unha canción antiga desas, non sei, de Estrellita Castro, ou de Imperio Argentina, ou de Lola Flores... Calquera. E despois ía un home no medio, como Antonio Molina, por ejemplo, e despois se había outra muller, pois ía outra muller. Despois xa ía o rulo. Meu sobriño, traballaba o rulo. E despois viñan os muñecos. Así e todo, aínda botaba a función, entre unha cousa e outra... Pasaba de media hora (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010).
>
> .....
>
> Das cancións? Si, ho! Acordo, ou...Como é... "Besadora me llaman los hombres, porque a todos le suelo besar, y si alguno de ustedes quieren, a mi lado pueden pasar. Bésame, como un ... de coral, bésame, tú la vida me has de dar; bésame, que sin tí me moriré, bésame, bésame, bésame." Esa era una de las canciones!
>
> *[que bonita! Moi ben! E quen a cantaba? Unha moza...]*
>
> Hombre! Una moza... De aquella no estaba yo, de aquella yo no veía las mozas como las veo ahora. Ya hace muchos años... Era una mujer que cantaba, muy pintada, se movía mucho... (Informante anónimo, entrevista para o documental, 17-10-2010).

Das fillas de José, só Celia e Saladina cantaron durante algún tempo. E, a xulgar polo testemuño do seu irmán Alfonso e polas referencias na prensa, non o debían facer con moita graza. Risco, por exemplo, di que "las cantaoras tienen voces cascadas, el salero andaluz proviene probablemente de Lérez…" ("Hay que ir allí", LR, 19-6-1949). No caso de Santiago, varias fillas cantaban e os fillos aprenderan a tocar algún instrumento con soltura e certo talento, segundo explica Juan, ensinados polo seu pai:

> …naqueles tempos, no cante non se podía diferenciar, se era unha rapaza, non había diferenza entre ela e calquera outra artista que houbera, porque non deixaba meu pai cantar de calquera maneira: tiña que cantar como tiña que cantar. (…) E tiña que facer os gestos como se estivese bailando a sevillana, non valía doutra maneira. Non valía poñerse con cara de pena, ou con alegría... Tiña que ser actriz. Se non, non valía. E cos homes igual. (J. Silvent, entrevista para o documental, setembro de 2011).

Alén dos temas de "canción española", interpretábanse tamén algunhas cancións de corte cómico, como "Dinero al bote" (tema de Villafranca e Gordillo de 1959, interpretado por Luisa Linares y los Galindos) ou "Se va a Covandonga" (1947), rumba cómica de Julio Galindo, de contido antibelicista. Este tema, no que un recluta manifesta o seu pavor diante da proximidade da batalla, constitúe un exemplo desa forma de catarse perante a recentemente vivida experiencia da guerra. A confrontación dos medos ocultos das espectadoras disimulábase entre as gargalladas que a interpretación do tema debía espertar.

Tamén había bailes entre os números de varietés. Dependendo dos artistas contratados, podía tratarse dunha jota ou dunha sevillana, ou de bailes máis exóticos,

como o "baile inglés", unha sorte de foxtrot ou charlestón que interpretaba de rapaz Alfonso Silvent xunto á súa sobriña Chelo:

> Eu dáballe ao baile inglés. E bailaba con... con unha sobriña. Unha hermana dese Manolo, que era o que traballaba os muñecos. Faciámolos dous ao dueto, o baile ese. Pero tampouco non era, nin ela nin eu non valíamos, na! A última hora xa... A miña nai tuvo que nos retirar. Que pa iso que non valíamos. (A. Silvent, gravación para o documental, xuño de 2010).

Durante o primeiro terzo do terzo do século XX en España, auspiciados polo esquema espectacular das varietés, multitude de estilos de baile e ritmos de orixe estranxeira estiveron de moda. O foxtrot tería reinado nos salóns arredor de 1911 e o jazz a partir de 1919, se ben charlestón tería a súa auxe en 1924 (Salaün, 1990, 34). O feito de que durante os anos 1940 os Silvent seguisen a explotar con éxito uns ritmos que xa estaban *demodés* nos ambientes capitalinos, ou mesmo eran rexeitados polo réxime nacionalcatólico pola súa natureza foránea, evidencia o carácter limitado da penentración das novas formas culturais na sociedade rural e vilega galega, onde as novidades chegaban con décadas de retraso.

Os fillos de Julia Silvent tamén incorporaron distintos números de varietés no espectáculo, prescindindo mesmo do número dos monicreques en beneficio doutros máis circenses:

> Porque tamén a miña sogra tuvo fillos que levaban o teatro, pero non levaban os muñecos. O Ángel, o tío Ángel... A Casilda era unha artista... A Marujita, estiveron traballando... facendo pa ser artistas.... Os Ramplines; tuvo dúas fillas, unha aprendendo a tocar o acordeón e outra bailando, e traballaban ao público. (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013)

Un dos números musicais que realizaban tanto a familia de Santiago como a de Julia era o do botellófono, unha sorte de acuófono rudimentario a base de garrafas cheas con distintas cantidades de auga para producir distintos tons ao ser percutidas.

> As miñas cuñadas aprenderon aos fillos a tocar, tiñan unha man de botellas, unha dunha clas, outras doutra...
> *[O botellófono.]*
> *[Ah, as botellas sonaban...*]
> E tocaban!
> *[E con que lle daban?]*
> Cunha cuchara. (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

Este mesmo número forma parte do repertorio dos "clowns musicais" que abundaban nos circos europeos de fins do s. XIX e comezos do XX, que interpretaban todo tipo de instrumentos, tanto convencionais como argallados a partir de obxectos transformados (Richet, 1981, 1540).

6.3.4.2. Números circenses:

Dentro deste grupo pódense diferenciar varios tipos, dos cales a meirande parte terían sido transmitidos por Joseph Silvent, se se dá por válida a hipótese de que tería chegado á Península Ibérica como parte dun circo francés.

6.3.4.2.1. Números cómicos:

Os pallasos eran un elemento frecuente dentro dos repertorios de circo e varietés do primeiro cuarto do século XX. Empregábase a denominación de "excéntrico" para describir a todo aquel artista que desempeñaba unha disciplina calquera en ton cómico (Madrid, 1996, 300). No caso dos Silvent, debían darse os dous tipos: por unha banda interpretábanse determinadas cancións en ton xocoso (como a xa mencionada "Se va a Covadonga") e outras actuacións eran puramente de pallaso, como o caso do número da porta coa guitarra falsa ou o que contaba chistes no interior da barraca.

> O meu marido saía de clown, saía un cuñado meu pintado i el, paos chistes, non sabes? Bueno... Meu marido o que non sacara... Dios me libre! (...) Che saía ao mellor cunhos pasteles, así. E decía "Ai!!" Ou unha sonámbula e dicía: "no le toques, que si le tocas se puede despertar y..." Chistes que sacaba... (...) I ao mellor viñan cunhas galletas [ri] e o pallaso chapábaas, e mentres falaba o meu marido con... non me entendes? Dándolle o rollo... (...) Dice "y luego esto?". "Ay, pues no sé... Los comió ella..." A xente escojonábase coa risa. (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

6.3.4.2.2. Acrobacias: equilibrismos e contorsionismos

Na familia de Julia o repertorio de acrobacias debía ser máis variado que nas dos seus irmáns, se ben os fillos e fillas de Santiago practicaron o funambulismo (equilibrios sobre o aramio) e o número do rulo. Este último, tamén practicado polos fillos e netos de José Silvent, consistía en manterse dereito sobre unha táboa colocada enriba dun cilindro e, mantendo o equilibrio, realizar distintas mostras de axilidade, como sacar os pantalóns ou levar a alguén sobre os ombros. O número do rulo adoitaba ser realizado por un rapaz, segundo explican Juan Silvent (entrevista persoal, 24-12-2014) e o seu curmán Alfonso (entrevista para o documental, xuño de 2010).

Pola contra, o número do equilibrio sobre o aramio adoitaba ser executado por unha muller. No caso da familia de Santiago, fixéronno as súas fillas mentras permaneceron no núcleo familiar.

> (...) traballaba no alambre... Despois Carme casouse, que era a que tiña a tómbola a tómbola de Carmiña (...) e... despois quedou Socorrito. Socorro... despois traballaba no alambre (...) e Verginia que era a máis nova... que era do meu tempo que éramos íntimas amigas (...) Aquela... cantaba e... contaba chistes e eso todo (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012).

No caso da familia de Julia Silvent, que era coñecida en moitos lugares polo nome artístico do seu marido (os Topetes), a variedade de números de tipo circense que realizaban debía ser maior, a xulgar pola descrición que fai Consuelo, viúva dun dos fillos de Julia, quen inclúe o equilibrio sobre o aramio e os trapecistas con saltos mortais como números habituais, xunto aos xa referidos. Un dos fillos de Julia,

coñecido como Ramonet, mantivo unha barraca na que ofrecía distintos números de tipo circense e na que ás veces incluía o número de monicreques da man do seu irmán Julio (marido de Consuelo). O número de contorsionismo era un dos seus reclamos principais:

> Pero ese non traballaba os muñecos, o Ramonet, porque mandaba unha nena... (...) unha chavala, unha que lle chamaban Susa, se doblaba polas cadeiras... Ai, levaban un traballo bon, eh! (...) Metíase polas cad... e despois así collía un pañuelo. Pero muñecos non, de muñecos chamaban ao meu marido pa que lle traballara (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

6.3.4.2.3. Animais amestrados

Malia seren fillos dun domador de cabalos, ningún dos tres fillos continuou desenvolvendo a arte do seu pai Joseph. Só Julia mantivo, como se viu, a estrutura circense no dispositivo, empregando en ocasións un touro amestrado que se soltaba no medio da pista, para sobresalto das persoas presentes:

> Nas festas. E... salía a xente, e volvía entrar outra.... (...) puñeron, o barracón así con asientos e a plaza de toros así. Como é unha plaza de toros... (...) Xente sentadiña. As mozas pensaban que era outra cousa. Pero cando sale o toro! Ai! Foi en Rubián... Súbese a xente, que daquela non había tanto pantalón [ri] Aquelo era de risa, eh! (C. Ferrero, entrevista realizada por A. García en outubro de 2013).

6.3.4.2.4. Fenómenos de feira.

Xa desde o século XVIII as feiras convertíronse en mostra de habilidades, forza e fenómenos da natureza:

> Las más increíbles conformaciones físicas, inexplicables para ciencia y naturaleza, eran argumento de voceador y atracción de barracas. Exóticos habitantes de lejanas tierras, entre verdad y leyenda, en cualquier caso imposibles de visitar para los espectadores de la barraca que se fascinaban con seres de lugares donde no llegaba la civilización. (Madrid, 1996, 306).

O surrealista catalán Juan Eduardo Cirlot enumeraba alguns destes fenómenos que atopaba nos parques de atraccións, dos que era devoto:

> Hay allí *monstruos*, *mujeres barbudas*, hombres con aspecto de animales, obtenidos quién sabe cómo; hay *domadores* con sus fieras más o menos domesticadas (Cirlot, 1999, 13).

Os Silvent incluíron cando menos dúas atraccións deste tipo no seu espectáculo. Por unha banda, Alfonso Silvent fai referencia á "muller araña", un número clásico das feiras de finais do século XIX e principios do XX:

> Pero fixo unha caseta de... estos... Continua. O sea que entraba, a xente, e... E miraba o que había e... claro, salían por un lado e xa entraban por outro. (...) La mujer araña. (...) E era... coas patas, catro patas... a

> barrigola. (...) é por onde tiña a cabeza... Botaba a cabeza por aí. (...) Unha irmá de miña nai. Era moi finita e... E... entonces tiña o pelo largo, e adaptábase moi ben a eso. Entonces collía a ela aí, coas trenzas amarradas unha a un lado e unha a outra, e eso era... Claro! E entón, facíalle preguntas. En donde nacistes? En la selva... Eh... (...) que es lo que comes? Pues... (.) carne... Bua! Estas cousas. Que había que darlle carne...
> *[I esto era antes da barraca?]*
> Si, si, si. Foi antes. (...) eu non nacera... (...) Estaba como na escaleira, non? Hai unha... bueno estaba... un palco, ou un escenario. (...) entonces puxeron unha valla, pa que a xente non fora a mirar... o truco, claro. (...) E logo unha escaleira que... empeza por aquí e subía subía hasta aló arriba. E ela estaba no medio da escaleira. O truco era de que... por espellos (A. Silvent, entrevista persoal, 3-7-2013).

Esta atracción, que segundo o seu fillo tería creado José Silvent arredor de 1920, era moi común nas feiras galegas e europeas. Antonio Goy Díaz cítaa no seu artigo de 4 de outubro de 1931, como elemento xa decadente das feiras. Recibía distintas denominacións: "La mujer serpiente" ou "Miss Enigma", a muller sen corpo, como describe unha das persoas entrevistadas durante o San Froilán de 2010:

> Y después cuando ya era mayorcita, recuerdo otra cosa que me gustaba mucho, que era Miss Enigma, que era una barraca que era esa combinación de espejos, no sabes? Que le cortan la cabeza y aparecía la señora con la cabeza y las trenzas... Mira, y nosotros, una pandilla de amigas, íbamos todos los días a la puerta de la barraca, a preguntarle "pero cómo hacen?". Y le hablábamos a la señora dentro de la barraca "y le duele?". "No, no, yo estoy muy bien". Y queríamos que al final de las fiestas nos contara como era aquel misterio. (entrevista para o documental, 9-10-2010).

Alén deste "fenómeno" conseguido a partir dun truco óptico, os Silvent incorporaron no seu programa cando menos un auténtico fenómeno da natureza. Tratábase dun xigante, un home extraordinariamente alto e corpulento que era amosado como unha atracción máis, tal e como se pode apreciar nas distintas fotos conservadas por Alfonso Silvent.

6.3.4.2.5 Números ópticos: A Mariposa fantástica

No seu artigo de 6-X-1938, Trapero Pardo inclúe na súa descrición do espectáculo de Barriga Verde o número da "Mariposa Fantástica". Trátase de todo un clásico dos números das feiras de finais do XIX. Madrid recólleo coa denominación de "Mariposa Galatea" e, se ben o inclúe entre os espectáculos precursores do cinematógrafo, como a lanterna máxica ou os panoramas, considérao un dos máis repetidos en todas as feiras. Con variantes, este número formou parte das primeiras proxeccións do cinematógrafo (Madrid, 1996, 311). Unha bailarina empregaba o seu corpo, disfrazado de volvoreta, funcionando como pantalla da proxección de distintas diapositivas que se lanzaban sobre ela. Xerábase, deste xeito, constantes transformacións no medio do seu baile. O número da volvoreta era realizado por algún dos irmáns Silvent:

> Salía... vestida... era... pequena... mui guapa era! E salía... vestida con unhas alas de mariposa. Despois con un foco... Con un foco enfocábanlle e ela iba ela daba ás alas así... e íbana cambiando de colores e eso. (...)Ela tan guapa era, tamén! Naquel... mira, parecíache mismo, mismo unha mariposa (Flora, entrevista persoal, 20-1-2012)

6.4. ESMORECEMENTO DAS ATRACCIÓNS DE FEIRA: CARA A ACULTURACIÓN DEFINITIVA.

O espazo transitorio que constituíran as varietés nas feiras logo daría paso á consolidación do cinema como espectáculo central dunha oferta estábel nas cidades e vilas principais. O ocaso das varietés ten lugar na década de 1950, cando resisten como números de introdución ou "fin de festa" nalgunhas salas de cinema (Madrid, 1996, 388). A súa presenza en barracas de feira comezaba a ser testemuñal, reservada ás feiras das vilas máis pequenas, nas que os números da familia Silvent continuarían aínda algúns anos. Porén, o relevo xeracional non se produciu como tiñan agardado os últimos membros da estirpe. Ningún dos fillos de José, Julia ou Santiago continuaron co espectáculo, optando por montar outro tipo de atraccións máis adecuadas ás demandas do momento, como postos de tiro, tómbolas e, algúns anos máis tarde, coches de choque. Algúns deles continuaron a ofrecer proxeccións de cine e baile nas aldeas, e mesmo incluían actuacións de marionetas no programa, como era o caso de Julio Jiménez até finais da década de 1960. Neste momento, as feiras e festas populares en Galiza acentúan a súa transformación, abríndose a atraccións de tipo mecánico, inspiradas nos grandes parques de atraccións europeos, e desprazando as vellas atraccións de orixe medieval. As varietés acabarían por esmorecer nalgúns poucos teatros de Madrid e Barcelona, deixando paso para a atracción que viría a substituír a todas as demais: a televisión. A homoxeneización do público estaba garantida polo novo medio, que ofertaba contidos de xeito unidireccional contando coa aceptación pasiva dunha audiencia indiferenciada.

Deste xeito, o dispositivo que pretendera garantir a continuidade do espectáculo, a barraca de feira, acabou por perecer definitivamente en 1964. Malia os intentos da familia por adaptarse ás novas esixencias dun público cada vez máis masivo, as transformacións socio-económicas imposibilitaron a súa pervivencia. O propio colectivo de peripatéticos perdera a súa condición ao iniciar unha paulatina sedentarización e ao interiorizar os códigos empresariais. Tratando de adaptarse á cultura de masas, a barraca acabou por ser deglutida por aquela. Cabe preguntarse pola sorte que correron os contidos populares que conseguira conservar no dispositivo, os que garantiron a pervivencia do mesmo na memoria de numerosas persoas.

O feito de que a maioría das persoas entrevistadas ou cuestionadas lembren aínda as marionetas de Barriga Verde e mesmo algunhas das frases do espectáculo, fai pensar que o elemento popular non desapareceu, senón que quedaría latente, agardando unha nova vida tras a defunción dos seus últimos transmisores. Daí que se valore a pertinencia de emprender un proceso de recuperación e activación deses contidos, que se estudará no seguinte capítulo.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CAP 7. ACTIVACIÓN PATRIMONIAL EN CURSO. LEXITIMIDADE E VIABILIDADE.

Pechando xa o círculo trazado no inicio desta pesquisa, tratarase neste capítulo de valorar o proceso emprendido por un colectivo cidadán, do que a propia investigadora é parte activa e promotora, de activación patrimonial do espectáculo analizado nas páxinas anteriores. Como todo proceso patrimonializador, enfróntase a diversas contradicións e disxuntivas a respecto da súa necesidade e oportunidade, dos beneficios que pode achegar á comunidade e do método que debe ser seguido para garantir o seu éxito. Antes de analizar o propio proceso, tomaranse en conta outros movementos similares producidos no pasado, como foron as tentativas de empregar o corpus de tradicións parateatrais ou teatrais para a construción dun teatro popular galego, no sentido no que Rolland o teatro popular; ou os movementos de tendencia máis avangardista que daban un papel maior ao pobo dentro da situación espectacular, na liña que podería ter defendido Antonin Artaud. Así mesmo, describiranse brevemente algunhas experiencias patrimonializadoras de personaxes da familia de Pulcinella en Europa desde o final do s.XIX. Algunhas destas experiencias responderon a intereses politicos, na liña da invención das tradicións definida por Eric Hobsbawn (1984), dirixidas a xerar un sentimento de pertenza a unha cultura nacional anteriormente inexistente, ou ben á inculcación de determinados valores morais por parte da nova clase dominante.

Deste xeito, só en data tan recente como a década de 1970 comezou, da man dunha nova xeración de titiriteiros, un movemento en distintos lugares de Europa que pretendía recuperar o teatro tradicional de títeres de cachaporra como forma espectacular popular de espírito crítico e irreverente. Os ecos deste movemento só chegaron a Galiza de xeito tardío, cando xa non quedaban máis que trazas precarias do que fora o espectáculo orixinal. Deste xeito, o proceso de patrimonialización emprendido enfróntase a un reto múltiple, que inclúe a necesidade de recuperar e divulgar este patrimonio (e así aproveitar a "conmemoración do achádego" para favorecer a súa socialización) ao tempo que precisa adaptar a expresión cultural ás linguaxes vixentes na actualidade, co fin de conservar intacta a funcionalidade comunicativa e transgresora que nalgún momento exerceu.

7.1. PRECEDENTES DO PROCESO PATRIMONIALIZADOR

7.1.1. 1882-1936. Intentos por crear un teatro nacional galego con vocación de espazo público.

Se ben nunha dirección completamente oposta á marcada polo caso analizado neste traballo, cumpre deterse noutros movementos nos que as artes escénicas foron obxecto dunha acción activadora ou de dignificación por parte dunha parte da sociedade galega. As primeiras tentativas por fundar un "Teatro Rexional Galego", inauguradas coa estrea da peza *A fonte do xuramento*, de Francisco Galo Salinas, ían dirixidas á constitución dunha expresión escénica na lingua propia de Galiza que contribuíse a achegar o ideario rexionalista ao pobo. Nese senso, as primeiras pezas

aparecidas naquel momento optaban pola inclusión de personaxes do rural e o emprego de fórmulas costumistas, nun estilo realista sen grandes pretensións estéticas. A obra de Lugrís Freire veu rachar esa tendencia, ao incorporar na súa peza *A Ponte*, estreada en 1903, personaxes de orixe urbana e conflitos de clase. Uxío Carré Aldao defenderá este teatro ao servizo da transmisión de ideas ao pobo (Carré, 2006, 70). Este incipiente teatro en galego ía dirixido eminentemente ás clases artesás das vilas e cidades, entre quen recolle grande éxito, fronte ao desprezo da burguesía. Malia a introducir numerosos tipos rurais nas súas tramas, o público labrego permanece alleo a este movemento. Coa creación das Irmandades en 1916 incrementarase o efecto socializador iniciado polos rexionalistas. Promóvese a creación de agrupacións teatrais que organizan frecuentes veladas artísticas en distintas vilas, principalmente na área da Coruña. En 1919 estréase no Pavillón Lino da Coruña *A Man da Santiña*., "delicada comedia de Ramón Cabanillas, coa que se apresentou ao púbrico o 'Conservatorio Nazonal de Arte Galego' creado e sostido pol-a 'Irmandade da Fala', más tarde renomeado 'Escola Dramática Galega'". (Carré, 1931). O obxectivo principal deste teatro é "espallar o ideal redentor do pobo galego e afincar a propia personalidade racial", un fin propagandístico facilitado pola cercanía e popularidade da linguaxe teatral empregada: "as farsadas teatrais son comprendidas por todos; escóitanse con mais atención e con mais gusto, entran mais adentro no espirito porque impresionan o ánimo pol-a vista, pol-o ouvido e mais pol-a simpatía do sentimento qeu se transmite inconscentemente do actor ao espectador". (ANT, nº173, 15-11-1922) O movemento socializador incorpora xa unha serie de debates estéticos que se desenvolven nas páxinas d'*A Nosa Terra,* sobre se ese teatro debe renovar ou manterse fiel aos gostos "populares". Vicente Risco, admirador de Wagner e Ibsen ao tempo que defensor dun teatro nacional galego que se faga universal a partir do folklore popular (Villalaín, 1995, 389), así coma Otero Pedrayo e Castelao, van defender un achegamento do teatro galego cara a tendencias máis avangardistas e europeístas. Outros autores, se ben proclives á introdución das avangardas formais, manteñen a necesidade dun teatro que formule unha crítica á realidade. É o caso de Dieste, Álvaro das Casas ou Xaime Quintanilla. Este proceso, polo cal o teatro galego aspiraba a constituír un espazo público propio que fomentase os ideais do galeguismo entre as capas máis sensibilizadas do país, será abruptamente interrompido pola Guerra Civil (Campoy, 2011, 136).

7.1.2. 1930-1943: As formas populares como sustrato dunha renovación dramatúrxica ao servizo da educación popular.

No tocante aos espectáculos de monifates, as "farsas para guiñol", como era máis común denominalos na época, gozaron do favor dunha serie de autores do ámbito "culto", que emprenderon nas décadas de 1920 e 1930 unha renovación dramatúrxica de calado no panorama teatral español (Peral, 2001, 43). O xénero do guiñol "determina la caracterización antipsicologista del personaje dramático" (Aznar, 1995, 217), e ese tipo de personaxes abundan no teatro español do s. XX, concretamente do seu primeiro cuarto. É o caso de Valle Inclán, que en *Los cuernos de don Friolera* (1921) pon en boca do personaxe de Don Estrafalario: "Este tabanque de muñecos sobre la espalda de un viejo prosero, para mí, es más sugestivo que todo el retórico teatro español" (Valle-Inclán, 1964, 74). Para o personaxe estaba claro que as farsas guiñolescas constituían unha aposta estética que era a única alternativa posíbel ao teatro comercial burgués. Así o creron tamén outros dramaturgos da vangarda teatral dos anos 1920-30 como Jacinto Grau, Max Aub, Rafael Alberti, César Arconada ou Lorca, que escribiron varias pezas para títeres de cachaporra. (Aznar, 1995, 218).

Autores galegos como Rafael Dieste e Eduardo Blanco Amor participarían deste movemento que atoparía un caldo de cultivo propicio nos momentos de "urxencia" vividos durante a II República e a posterior Guerra Civil.

A atracción de Rafael Dieste pola tradición popular vai alén da mera pretensión folklorista, empapando a súa propia dramaturxia, "inserta en la tradición popular" (Aznar, 1995, 199). O autor de Rianxo vai amosar a súa predilección pola farsa como xénero e pola linguaxe dramática do teatro de marionetas de luva como expresión dun teatro nacional e popular (Aznar, 1995, 200). Porén, a súa peripecia vital durante os anos da II República convida a pensar que a súa concepción dun "teatro popular" distaba da dos autores das Irmandades, e perseguía unha maior identificación co pobo do que bebía. O seu interese pola farsa guiñolesca remóntase a *Viaje y fin de Don Fontán*, farsa tráxica escrita en 1930. Nela o público que atende á representación do titiriteiro Pinturillas é valorado na súa dimensión maravillada e participativa. A maravilla, como condición da imaxinación popular, "va a ser reivincada con significativa reiteración durante los años treinta" (Aznar, 1995, 201). Tras a proclamación da II República, o interese previo de Dieste polo teatro "se orienta, en sintonía con la política cultural republicana del Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes, hacia el drama de la España rural y profunda" (Aznar, 1995, 203). Deste xeito, aquela tradición teatral que reivindicaba desde os anos vinte as formas populares vai adquirir, no contexto da política cultural da II República, unha especial vixencia:

> Se trataba de que la cultura, monopolizada tradicionalmente por la clase burguesa y por la ciudad, entrase en contacto con la España rural, con el campesinado, con lo que socialmente hemos convenido en llamar de un modo genérico "pueblo": cultura para el pueblo, teatro para el pueblo. Y si, como iba a comprobarse durante la guerra civil, el romance es nuestra estrofa poética más popular, el guiñol, la farsa guiñolesca, vinculada al entremés y a otros géneros teatrales "menores", aparecía como el lenguaje más popular de nuestra tradición dramática" (Aznar, 1995, 219).

A apelación á dignificación das formas populares[193] non leva, por tanto, aparellada a inclusión do pobo como suxeito activo do proceso. Segue a ser un teatro "para", do que é receptor, beneficiario se cadra, mais sempre pasivo. Porén, a experiencia de Dieste á fronte do Teatro Guiñol parece ir alén das experiencias de educación popular de tradición francesa. Ou así parece desprenderse das súas propias palabras:

> El misionero tenía más bien algo de juglar, pero de rara especie.(...) La juglaría era el arte de entendernos con el pueblo, de entrar en viva y cordial comunicación con él y, por feliz carambola, de ser, a nuestra vez, orientados por él. (Dieste, "Diversas perspectivas" en *Testimonios y homenajes*. Citado en Aznar, 1995, 222).

O rianxeiro, pois, aspiraba a facer as veces do artista popular, do xograr ou titiriteiro que acudía ao encontro das xentes, na liña do Barriga Verde que evocara no

[193] Lémbrese o parlamento do Director no *Retablillo de Don Cristóbal* de Lorca: "Llenemos el teatro de espigas frescas, debajo de las cuales vayan palabrotas que luchen en la escena con el tedio y la vulgaridad a la que la tenemos condenada, y saludemos hoy en "La Tarumba" a don Cristóbal el andaluz, primo del Bululú gallego y cuñado de la Tía Norica, de Cádiz; hermano de Monsieur Guiñol, de París, y tío de don Arlequín, de Bérgamo, como a uno de los personajes donde sigue pura la vieja esencia del teatro" (Lorca, 1931).

texto publicado en *El Ideal Gallego* algúns anos antes (4-2-1919). A comunicación que procura é máis horizontal ca aleccionadora, buscando ese retorno que o "público maravillado" podía ofrecer durante as representacións de fantoches, e que Dieste, na súa experiencia á fronte do Teatro Guiñol, puido vivir en carne propia. En 1932, a súa vocación teatral impulsárao a pedir unha bolsa que lle permitise percorrer o rural español para estudar as súas tradicións. O resultado foi o seu ingreso nas Misiones pedagógicas, coa encomenda de crear un teatro de fantoches. Nace así o Teatro Guiñol das Misiones Pedagógicas, no que Dieste facía labores de dramaturxia e dirección, escrita dos guións e manipulación, compaxinando distintos roles a semellanza dos fantocheiros tradicionais (Aznar, 1995, 223). De maneira análoga á chegada do carromato dos titiriteiros, a instalación das Misións nunha aldea constituía un acontecemento extraordinario, unha festa na que se proxectaban películas de cinema, líanse romances, impartíanse conferencias de divulgación, soaba música e se representaban títeres. A lixeireza do teatriño de guiñol permitía levalo aos sitios máis recónditos, como foi o caso de Malpica, onde se estreou, e veu constituír, segundo Dieste "el vínculo más cordial y directo entre las gentes y nosotros", (Ibídem, 222). Nas farsas escritas por Dieste respéctanse os esquemas típicos do xénero popular e o recurso aos estacazos (Ibídem, 226). Para Dieste, as Misiones Pedagógicas foron a maneira concreta de compromiso personal para impulsar a política cultural republicana, de participar nunha máis de "las varias formas de propaganda juglaresca" empregadas por aquel proxecto de educación popular (Ibídem, 224). Posteriormente, durante a Guerra Civil, retomaría o xénero no seu *Nuevo retablo de las maravillas*, de inspiración cervantina e popular pero personaxes claramente vinculados ao conflito político. Tamén publicou na revista *Nova Galiza*, baixo o rótulo de "Marionetas de batalla" unha farsa guiñolesca chamada *El moro leal (Nova Galiza,* nº10*,* 20-9-37). Trátase dun "teatro de urxencia", obra de axitación e propaganda (Aznar, 1995, 233) que aproveita a eficacia comunicativa dos monicreques como ferramenta propagandística, da que tamén botou man Eduardo Blanco Amor nunha serie de textos que non se conservan. O propio escritor de Ourense, no prólogo á edición bilingüe das súas *Farsas para títeres*, descarta aquelas pezas escritas "durante a nosa guerra para monifates polémicos e vindicativos" (Blanco-Amor, 1973, 9). A selección conservada por Blanco Amor compóñena seis farsas escritas entre 1939 e 1942, onde alén das referencias aos personaxes do século de ouro español (a Celestina, a figura do cornudo), comparecen os temas títpicos do teatro tradicional de monifates (o propio cornudo ciumento, o indiano morto, o sancristán vicioso e o cura lascivo). O xénero guiñolesco popular ofrecía ao autor unha liberdade de linguaxe que non atopara noutros xéneros:

> Os títeres, ou os actores que os imiten heroicamente na sua eisistencia entre o ser e o non ser, na sua eisistencia coasi sin consistencia, pódennos solevar até as máis dramáticas crueldás non xustificadas senón sinxelamente apetecidas, como é propio e natural de todo degoro humán (...) e ainda permiten deducións éticas de feitío inmoral anque de ningún xeito arbitrarias (Blanco-Amor, 1973, 15).

O escritor ourensán mantiña na década de 1970 algunhas das ideas que o levaran durante o exilio a escribir aquelas *Farsas* e a fundar en Bos Aires o Teatro Popular Galego, desde o que se porían a escena algunhas das pezas escritas por el e outros autores galeguistas. Moitas delas foron incluídas en *Teatro pra a xente*, en cuxo prólogo explica a súa pretensión de sortear os moitos obstáculos que separaba a escrita dos intelectuais galeguistas desa "xente" que non atopa na alta cultura en

galego resposta "ao seu apetite de lecer", e que ten que contentarse con formas "enxebristas" ou comerciais de cultura, na que se ridiculiza ao galego (fala de "xambolismo" e do "tratamento de 'lo gallego' no teatro e no cine, pintoresco e colonialista", 1974, 11). Blanco Amor defende un obxecto educativo para este teatro, escrito...

> (...) pra a xente do noso pobo, pra a xente que nos arrodeia, que agarda de nós non se sabe ben qué, e á que temos a obriga de considerar tal cal é, pra axudala, dende o ponto de vista galego, a ser como tería que ser. (Blanco-Amor, 1974, 8).

Tamén Luis Seoane, quen na súa multifacetada traxectoria creativa chegou a escribir varias pezas para teatro de actor, defendía a necesidade de que "o feito cultural puidese chegar á xente para atinxir en pleno grao o feito da comunicación e da fruición estética, acadando mesmo unha dimensión pedagóxica" (Seoane, 1994, 206). En distintos escritos, moitos deles destinados ás emisións radiofónicas do programa Galicia Emigrante, defende a necesidade de crear un teatro popular galego, que debería estar máis sustentado no feito representativo que no texto escrito. Un teatro máis escénico e menos literario, inclusive, que aquel que el practicou nas súas dúas achegas á literatura escénica galega (*O irlandés astrólogo* e a *Soldadeira*). Reivindica, pois, un teatro que recupere as formas e os contextos de representación populares, como os palcos das festas, nos que o público non permaneza estático, senón que entra e sae da situación de representación. Influído probabelmente polas ideas de Grotowski ou Piscator, reivindica o entroido como forma espectacular na que os roles de espectador e actor se funden. Insiste sobretodo na necesidade de levar o teatro ás rúas, "sacalo dos templos" e "voltar ao xograr e ao saltimbanqui", axente teatral en contacto directo co pobo. O teatro de fantoches está tamén entre as formas predilectas do artista exiliado en Bos Aires, do que destaca a súa potencialidade pedagóxica entre o público infantil (Seoane, 1994, 207-208).

7.1.3. Da educación popular ao adoutrinamento.

A fina liña que delimita a fronteira entre o teatro popular e o teatro dirixido ao pobo con fins propagandísticos fíxose patente durante os anos do Franquismo, onde as autoridades, recollendo a experiencia vivida durante o conflito, botaron man dos fantoches como ferramenta adoutrinadora das capas máis mozas da poboación. Este uso non era novo, senón que resulta dunha tendencia paralela iniciada en Europa a mediados do século XIX, de aproveitamento propagandístico do teatro de fantoches por un lado, e de adecuación dos seus contidos a unha moralidade apta para o público infantil ao que se pretende circunscribir este tipo de teatro, polo outro.

O uso dos fantoches con fins propagandísticos, común durante a II Guerra Mundial en toda Europa, non era novo. Xa desde o século XIX distintos movementos de liberación nacional aproveitaron a popularidade e eficacia comunicativa do teatro popular de marionetas para a súa causa. En moitos casos, os personaxes tradicionais de títeres contribuíron á reafirmación cultural e lingüística de nacións sen estado, como foi o caso da República Chequia (co personaxe de Kasparek), da Bélxica flamenca (Poesje) ou de Grecia. No país heleno o heroe do teatro popular era Karaguiosis, o mesmo Karagoz da tradición turca. A principios do s. XIX, distintos manipuladores da rexión de Epiro iniciaron unha substitución progresiva dos elementos orientais do espectáculo por outros tipicamente neogregos. Estas representacións facíanse sistematicamente en lingua grega, o que acentuou esa

adaptación do personaxe á nova conxuntura. A incorporación de personaxes reais dentro dos espectáculos de sombras, como o tirano Ali-Pachá e o guerrilleiro Katsandonis que lle opuxo resistencia, serviu para levantar os ánimos das tropas gregas durante a guerra da independencia de 1821 (Morfakidis, 1999, 37). Unha vez conquerida a independencia, o teatro de sombras grego veríase obrigado a eliminar toda reminiscencia otomana para gañar o favor da nova clase hexemónica, a burguesía urbana, e deste xeito incorporáronse personaxes helenos e outros turcos, como o policía urbano ou o xefe da guarda do pachá, que constitúen obxecto de mofa. (Ibídem, 126). A potencialidade do teatro de marionetas como ferramenta propagandística foi aproveitada posteriormente polos bandos en conflito durante a II Guerra Mundial, daí o uso de Punch, Guignol ou Kasparek durante ese período (Blumenthal, 2005, 163).

Paralelamente, xa desde fins s. XIX a burguesía europea tratou de "domesticar" os títeres populares para facelos moralmente aceptábeis a ollos da nova clase hexemónica. No caso do Guignol lionés, que tiña sido un espectáculo dirixido prioritariamente ao público obreiro, vai experimentar unha adaptación progresiva para facelo dixeríbel ás capas altas da poboación. Até a década de 1860, os espectáculos de Guignol representábanse nos cafés dos peiraos da cidade, para público de artesáns e tecedeiros. A censura previa e as multas impostas pola policía de Louis Napoleon III a partir de 1850 amosan até que punto...

> (...) le théâtre Guignol était un spectacle populaire dans lequel la contestation avait une part active et où la clientele trouvait le reflet de ses soucis, de ses mauvaises humeurs et de ses espérances. Guignol tel qu'il était joué dérangeait l'administration, il dérangeait le Préfet, il dérangeait les notables lyonnais... (Fournel, 1975, 58)[194].

A censura imperial, ao forzar aos titiriteiros a poñer por escrito os seus textos, pondo límite aos fragmentos improvisados, contribuiu ao progresivo esmorecemento dese componente subversivo do teatro de monifates lionés. A isto contribuirían tamén circunstancias de tipo socioceonómico, como foi a progresiva mellora das condicións de traballo dos operarios da seda, e a aparición dunha prensa local obreira que veu suplir a función que outrora desempeñaran os espectáculos de Guignol, tal que voceiros dos intereses dese colectivo (Fournel, 1975, 64).

Algúns titiriteiros tratan de ataptarse a esta nova clientela. A partir de 1878, Pierre Rousset comezou a interpretar o espectáculo cun espírito distinto ao que marcara a familia Mourguet, considerada a creadora do personaxe. Rousset actuaba no seu propio café concerto, onde incorporou novas pezas ao repertorio. Guignol deveu un personaxe subsidiario que se limita a saudar ao público ao inicio da representación, na que adoitan amosarse parodias de espectáculos de teatro de moda en París (Fournel, 1975, 67). Eliminou dos diálogos todas as expresións obscenas que caracterizaran o espectáculo até daquela e adaptouno ao gosto burgués, dotando as historias dunha moralidade que nunca tiveran. Este espectáculo tería un éxito efémero, e o teatro de Guignol mantívose nas *matinés* infantís, o que levou ao acantonamento do espectáculo ao público máis mozo, aínda vixente na actualidade (Ibídem, 68).

---

[194] o teatro de Guignol era un espectáculo popular no que a contestación tiña unha parte activa e onde a clientela atopaba o reflexo das súas preocupacións, dos seus malos humores e das súas esperanzas. Guignol tal e como era interpretado incomodaba á administración, ao prefecto, aos notabeis lioneses. (t.p.)

En Chequia, os espectáculos dos teatros itinerantes, dirixidos a público rural e en língua checa, unha vez adquirida a independencia convírtense en símbolo nacional e pasan a ser manipulados a nivel doméstico polas familias da burguesía, como forma de entretemento das crianzas da casa (Blecha, 2009, 14). Durante o período socialista serán empregadas con fins didácticos, igual que o será o Petrushka ruso na Unión Soviética. O mesmo ocorre en Grecia a finais do s. XIX, onde o teatro de sombras, xa asumido como símbolo nacional, se adapta á moral burguesa.

A especialización dos títeres ao público infantil é unha consecuencia da adaptación dos titiriteiros ás novas circunstancias sociais. A segmentación dos públicos por idades foi un fenómeno recente, reminiscencia da idelización roussoniana da nenez. As autoridades comezan a preocuparse pola educación das crianzas (polo menos das das clases máis favorecidas) e en consecuencia, do contido dos espectáculos ao que estas podían ter acceso. Como o público dos espectáculos de títeres que se representaban nas cidades era maiormente infantil (se ben até pouco tempo atrás a infancia era un concepto difuso, e moitos cativos xa traballaban nas fábricas desde os 8 ou 9 anos), os bonecreiros aproveitaron a nova tendencia para adaptar os seus espectáculos ao que se consideraba que era máis axeitado para eles. "Education was a major nineteenth-cetury concern, and showmen where certainly not blind to its economical potential, especially with a middle-class public" (McCormick e Pratasik, 2004, 81).[195]

Así ocorreu, como se viu, en Lyon, onde se representaba Guignol nos teatriños dos parques; o feito de tratarse dun recinto acoutado facilitou a segmentación de públicos, neste caso crianzas acompañadas das súas neneiras.

Á marxe deste fenómeno ficaron os titiriteiros populares ambulantes que pervivían nas zonas rurais. Tal foi o caso da familia Silvent ou dos fantocheiros portugueses que seguiron actuando para públicos interxeracionais, sen modificar o seu repertorio para adaptalo á moral dominante. En Portugal, segundo recolleu Henrique Delgado, o derradeiro pavillón de títeres e varietés continuou viaxando polas feiras das vilas e aldeas até 1967, unha data non moi posterior á da familia asentada en Galiza (Ribeiro, 2011, 116). Tras o declinio dos pavillóns de feira, uns poucos fantocheiros solitarios continuarán a representabar os espectáculos dos robertos en pequenos teatriños nos parques e prazas das cidades, como foi o caso de António Dias, activo até a súa morte en 1986 (Seara, -, 18).

Durante o Franquismo, á marxe da presenza dos últimos titiriteiros populares nas feiras e festas até a década de 1960, os títeres funcionaron como parte "dunha elaborada estratexia para difundir entre os nenos españois o ideario do Partido Único, Falange Española" (Ayuso, 2015, 57), de xeito parello ao uso que durante o Reich fixeran as autoridades nazis do personaxe tradicional de Kasper (Blumenthal, 2005, 163; McCormick e Pratasik, 2004, 216). Adolfo Ayuso explica todo o sistema artellado polo Réxime na inmediata postguerra. Entre 1942 e 1960 formáronse máis de mil grupos de teatro de títeres de luva, a partir das competicións organizadas anualmente e nas que participaban grupos de teatro guiñol formados xeralmente por "frechas" (nenos de 11 a 15 anos afiliados ao Frente de Juventudes de Falange) da práctica totalidade das provincias:

> As regras para as representacións eran determinadas pola Asesoría Nacional de Cultura e Arte (...). Os textos das obras debían estar

[195] A educación constituía unha grande preocupación no século XIX, e os titiriteiros non eran alleos ao seu potencial económico, especialmente cun público de clase media. (t.p.)

> compostos polos mesmos "frechas" a seguir unhas Consignas (unha frase breve de carácter patriótico e mobilizador) ditadas pola xerarquías nacionais e provinciais que logo se escenificaban, en ocasións coa axuda dalgún camarada maior. (…) o Flecha Juanín (…), segundo as normas ditadas, debía ser o protagonista de todas as obras. Ía vestido co uniforme e os arreos das Falanges Juveniles de Franco. O seu papel era o de espertar consciencias, darlle exemplo aos demais "frechas" de eficacia, orde e valentía. Dentro das obras que puiden consultar habia dúas temáticas predominantes. A primeira era de carácter interno ao Frente de Juventudes, ben exaltar o valor ou a entrega ao Partido, ben perseguir a indisciplina e a preguiza dalgúns dos seus militantes, a castigar a aqueles que podían ter antecedentes republicanos ou aos que se dedicaban ao estraperlo. A segunda, que acabou sendo a mais frecuente, era a de rescatar unha nena ou unha princesa secuestrada por algún malvado cuxos papeis adoitaban corresponder á Bruxa e ao Ogro Dentes-Longos (Ayuso, 2015, 58).

Unha vez que o movemento se estendeu, varios dos mozos que participaran optarán pola profesionalización. Actuarán polas vilas e cidades de todo o Estado cos seus personaxes, xa non tan explicitamente pertencentes ao aparello da Falange. Foi o caso do promotor do movemento, Natalio Rodríguez, *Talio*, que exercera de marionetista antes da Guerra Civil e que ocupara cargos de importancia na Asesoría Nacional de Cultura e Arte. Talio creará os seus populares bonecos Chacoli e Chacolá. Seguiralle o seu discípulo Maese Villarejo, creador do personaxe de Juanín el Flecha, a quen reconvirte en Gorgorito, xa sen o uniforme falanxista. Estes espectáculos irán dirixidos especificamente a un público infantil e son representados en lingua castelá por todo o Estado. Os argumentos, de vocación moralizadora, representan sempre a un heroe bondadoso que vence a todos os seus inimigos, os que encarnan o vicio, sendo a Bruxa malvada a peor de todas. Porén, Juanín el Flecha nunca chegaría a ser popular, xa que "is part of the nature of the popular puppet to be subversive and against the authorities" (McCormick e Pratasik, 2004, 216)[196]. Da aprendizaxe nos grupos do *Frente de Juventudes* xurdirán, arredor de 1960, outros titiriteiros semi-profesionais, como José Luis Karraskedo en Burgos e Manuel Ardura en Asturias. Na mesma época, en Donosti, crea o personaxe de Colorín Juan Luis Díaz Gómez de la Serna, policía, escritor e irmán de Maese Villarejo. No parque do Retiro de Madrid comezaron a actuar Francisco Porras e Tina de Ureña, *Guiñol de Tina Francis*, baixo as ensinanzas de Talio. Todos eles actuaban para público exclusivamente infantil, e con frecuencia contaban co apoio das autoridades para instalarse nunha ou outra praza. Pódese dicir que esta xeración de mozos titiriteiros constituirá o referente máis inmediato da seguinte, xurdida tras a morte de Franco. Moitos destes mozos e mozas que se interesan pola arte das marionetas durante a Transición teñen unha vocación transformadora e pretenden empregar o teatro de títeres como unha forma de activismo. Porén, descoñecen a tradición popular anterior a aquela xeración de titiriteiros formados nas filas do Frente de Juventudes. (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

[196] é parte da natureza do títere popular ser subversivo e contra as autoridades (t.p.)

7.2. OUTRAS PATRIMONIALIZACIÓNS DO TEATRO POPULAR DE MARIONETAS EN EUROPA.

A preocupación pola preservación dos repertorios e personaxes do teatro de títeres provén de datas tan temperás como a década de 1840, cando se impulsou a recolla dos textos da versión popular do Fausto en Alemaña. O maxistrado Onofrio adentraríase dúas décadas despois nos baixos fondos lioneses para tomar nota dos textos do Guignol popular. Nas zonas de Europa onde o proceso de industrialización se iniciou con anterioridade, a decadencia dos titiriteiros ambulantes comezou a manifestarse antes, o que levou á preocupación de determinados individuos da burguesía por manter esta forma cultural, considerada parte dun patrimonio a preservar (McCormick e Pratasik, 2004, 212). Este movemento vincúlase coa asociación das marionetas tradicionais a unha idea de folklore que, naquela altura, pretendía servir para reforzar a homoxeneidade cultural dun determinado Estado-Nación (Ibídem, 10). Vencellados á "invención das tradicións", este tipo de procesos perseguirían unha ritualización de determinados elementos dun pasado desprovistos da súa vitalidade orixinal, con novos fins (Hobsbawn, 1984, 6) No caso do teatro de títeres, o interese por recuperar esta tradición en declinio para os fins da nova orde social perseguiría o obxectivo de inculcar un sistema de valores e unhas convencións condutuais determinadas (Ibídem, 9). Daí o interese da burguesía de finais do século XIX por "moralizar" os espectáculos de Guignol e adaptalos ao público infantil, ou do movemento helenista por convertir Karaghiozis en voceiro da súa concepción do mundo. Se ben algúns destes procesos de "reinvención" dos títeres populares foron emprendidos polo Estado, como aconteceu cos xa mentados Juanín el Flecha durante o Franquismo, con Kasperle na Alemaña nazi ou co Petrushka durante e era soviética, en moitos casos tratouse de movementos de natureza non oficial, impulsados por grupos sociais sen unha organización formal ou sen un obxecto político consciente. A coexistencia destes dous impulsos (o oficial e o extra-oficial) constitúe un reflexo, segundo Hobsbawn, das fondas e aceleradas transformacións vividas durante o período, no que unha miríada de grupos sociais reclamaba novos instrumentos para asegurar e expresar a cohesión social (Ibídem, 263). Un exemplo das iniciativas non oficiais de patrimonialización do teatro popular de marionetas constitúeo a Société des Amis de Guignol et de Lyon, fundada en 1913 e aínda activa cos mesmos principios cos que se fundou: a preservación do repertorio de Guignol e da fala lionesa. As actividades desta asociación manteñen un espírito nostálxico respecto ao mundo anterior a 1914, se ben desbotan toda a faceta subversiva do espectáculo orixinal e renegan de toda actualización do repertorio. Movementos similares xurdiron en Gante e en Bruxelas para recuperar os personaxes locais e vinculalos á reivindicación identitaria flamenca. (McCormick e Pratasik, 2004, 212).

Como consecuencia desta asociación dos títeres populares á identidade dun estado-nación (e non tanto a unha identidade lingüística ou étnica, o que estaría máis axustado á realidade, Ibídem, 12), e perante a constatación do seu esmorecemento como espectáculo popular vivo, xurdiron tamén iniciativas para a súa musealización. No cadro das correntes folcloristas de finais do século XIX e XX, créanse en Alemaña e Franza museus etnográficos que inclúen un apartado específico para o teatro de marionetas. En Italia ese labor foi emprendido por coleccionistas particulares, o que posibilitou a conservación nos nosos días dun enorme legado de distintos marionetistas (Ibídem, 13). A inisistencia en vincular o teatro popular de marionetas ao folclore antes que ás artes escénicas é reveladora desta tendencia á súa asociación á cultura dun determinado estado-nación, por máis que o carácter ambulante e

antiautoritario deste tipo de teatro se resista a tal identificación. Só en datas recentes teñen aparecido museos consagrados especificamente ao teatro de marionetas universal, como o de Gadagne en Lyon ou o Topic de Tolosa. Porén, mantense a idea das marionetas tradicionais como patrimonio nacional, tal e como demostra a declaración do teatro de sombras de Karagöz na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade por parte da UNESCO en 2009[197]. A pesar de Karagöz ter sido o heroe do teatro de sombras de todo o Mediterráneo oriental e meridional durante o s.XIX, adquirindo distintos nomes e variantes, a declaración por parte do organismo internacional afecta exclusivamente á forma teatral no territorio da actual Turquía. Renúnciase deste xeito á posibilidade de recoñecer a potencialidade desta forma de teatro como patrimonio cultural multinacional, unha fórmula que podería acaer á tradición europea de títeres que arrinca co personaxe de Pulcinella. Nese senso, as condicións para elevar candidaturas de tipo multinacional, nas que se require a implicación dos estados, constitúen un freo importante.

Os procesos de patrimonialización do teatro popular de títeres emprendidos sen atender á natureza viva do espectáculo derivaron con frecuencia nunha preservación nostálxica ou embalsamadora, na que o ben patrimonial deviu mero obxecto de contemplación ou mesmo mercantil. A fetichización como deriva dos procesos de patrimonialización emprendidos de costas á comunidade ten sido xa analizada no cadro teórico deste traballo e tamén se deu no caso das marionetas. Un exemplo paradigmático é o de Guignol, empregado por distintas casas comerciais francesas como imaxe de marca, e como logotipo dos locais turísticos da cidade de Lyon (Fournel, 1975, 64). Nalgúns casos, o potencial turístico dos espectáculos tradicionais de marionetas foi aproveitado para promover a súa reactivación, como ocorreu co teatro de Toone en Bruxelas na década de 1960. Tamén a Opera dei Pupi, en Sicilia, puido ser recuperada para usos turísticos a finais da década de 1950, cando as últimas familias de bonecreiros estaban a abandonar o oficio. Así e todo, nos últimos anos o interese do turismo por asistir ás representacións das marionetas sicilianas ten decaído, até o punto de que hoxe é máis sinxelo adquirir unha marioneta como *souvenir* que asistir a un espectáculo. Algo semellante ocorre en Praga ou Nápoles (McCormick e Pratasik, 2004, 213).

7.2.1. Patrimonializacións "reactivadoras" do teatro popular de marionetas.

A partir de 1968, na liña doutros procesos de reactivación patrimonial das culturas populares emprendidos nese momento, prodúcese un xiro nos movementos que pretendían recuperar as formas de teatro popular de títeres en distintos contextos europeos. A iniciativa de marionetistas individuais ou colectivos sociais que comparten a valoración dos repertorios e das técnicas tradicionais de títeres tal que forma artística e comunicativa a preservar, algunhas persoas mozas, procedentes de campos alleos á tradición titiriteira, achéganse aos últimos representantes do oficio para tratar de recoller a súa memoria. A vocación destas persoas non é preservar con obxecto embalsamador, senón recoller o testemuño dos antigos titiriteiros, devolvendo o espectáculo ás rúas e aos contextos de representación máis próximos ao público popular. Foi o caso de Bruno Leone, quen atopou en Nunzio Zampella o mestre que lle transmitiu os segredos do oficio de *guaratellae* até a súa morte en 1984 (McCormick e Pratasik, 2004, 215). Leone continúa a representar co seu teatriño ambulante as historias de Pulcinella nas rúas de Nápoles, alén de noutros espazos como prisións e centros escolares, así como en festivais de todo o mundo. O seu

[197] http://www.unesco.o,1rg/culture/ich/es/RL/00180

repertorio, partindo dos esquemas tradicionais, é constantemente actualizado con referencias á actualidade e innovacións dramatúrxicas propias. Do mesmo xeito, João Paulo Seara Cardoso aprendeu as técnicas de manipulación e os repertorios do teatro dos robertos de António Dias, o fantocheiro que representou o espectáculo no seu teatriño nos parques lisboetas até a súa morte en 1986 (Vieira, 2005, 48). Un caso semellante é o de Kim Werkhoeve co personaxe de Jan Klaassen em Amsterdam. Este titereiro non pretende facer unha reprodución do espectáculo de Jan Kabalt (o popular marionetista de principios do s. XX), senón continuar co espírito dos titiriteiros das rúas, o que conleva engadir referencias políticas expolícitas. Klaassen, o heroe do teatro de cachiporra nos Países Baixos, forma parte para Werkhoeve dunha contracultura subversiva e o seu carácter contestatario é inseparábel ao personaxe. (McCormick e Pratasik, 2004, 215; Rumbau, 2013, 134-135). No Alentejo, a recuperación dos Bonecos de Santo Aleixo foi posíbel mercede á adquisición das pezas de António Talhinhas, o último bonecreiro en activo até 1975, por parte da Cámara Municipal de Évora. O Centro Cultural deste concello portugués asumiu o proceso de recolla do repertorio, para o que contratou ao propio Talhinhas co fin de que transmitise as técnicas de manipulación ao alumnado da Escola de Formação Teatral municipal. Desta formación xurdiría unha compañía estábel que desde aquela continúa a representar o espectáculo por todo o mundo (Passos, 2005, 78-79). Neste caso, pois, o proceso de reactivación contou cun forte apoio institucional, o que explica a estabilidade do espectáculo recuperado, se ben podería levar aparellado un risco de institucionalización: o espectáculo non sufriu ningunha variación desde a súa recuperación na década de 1980, constituíndo unha mera reconstrución arqueolóxica, desprovista do seu carácter popular orixinal. Porén, o apoio institucional aos procesos de reactivación patrimonial non implica necesariamente a súa fosilización, como mostra o caso do Théâtre de Guignol et de Lyon, propiedade do concello de Lyon pero xestionado por unha compañía concesionaria. A compañía dos Zonzons, á fronte deste teatro, aspira simultaneamente a pór en valor a tradición e a renovala, introducindo nos seus espectáculos elementos do teatro de obxectos contemporáneo, o que os convirte en albo de críticas por parte de determinados sectores da sociedade lionesa, que defenden o carácter puro e inamovíbel do espectáculo.

Para Toni Rumbau, o século XXI é propicio ás marionetas. Os personaxes da tradición europea atoparon, considera, unha enerxía nova e proxéctanse cara ao futuro, con proliferación de novos manipuladores e compañías que os representan.

> Acaso unha nova enerxía está insuflando os vellos personaxes no noso actual século de cambios galopantes e tremendos? Todo parece indicar que si. É como se un novo individualismo dunha radicalidade superior ás súas formas até agora coñecidas se tivese imposto no mundo. (...) unha forma radical e euforicamente positiva de individualismo que escapa aos contextos nacionais do XIX e as súas revolucións burguesas, e que se institúe como suxeito libre e soberano da evolución dun mesmo, do conxunto humano e do mesmo planeta. (Rumbau, 2015, 42)

Este autor conxectura que aparecerán novos personaxes e modos de representar para adaptarse a este novo individualismo. Estes novos personaxes xa non serán inxenuos, como os xurdidos no século XVIII, pois a inxenuidade dos vellos modelos da tradición non se adapta aos suxeitos soberanos do actual contexto social e político que se trata de deseñar no mundo. A reflexión proposta polo titiriteiro catalán permite enlazar co debate de fondo no proceso de patrimonialización emprendido pola Asociación Cultural Morreu o Demo, no que se pon en cuestión a necesidade de

adaptar o espectáculo de Barriga Verde á sociedade actual co fin de recuperar o seu rol como medio de comunicación das capas subalternas da poboación, que no contexto contemporáneo dispoñen de linguaxes e ferramentas distintas ás do período no que os Silvent percorrían as feiras do país galego.

7.3. O PROCESO DE PATRIMONIALIZACIÓN DE BARRIGA VERDE.

Para a redacción deste apartado combinaranse os datos proporcionados polas fontes primarias ás que tivo acceso a investigadora, coa descrición dos feitos tal e como ela os viviu. O feito de constituír a investigadora un actor activo no proceso descrito fai que o seu papel poida considerarse o dunha observadora participante que relata os feitos coa maior fidelidade que a súa implicación nos mesmos lle permite. Preséntase a continuación, polo tanto, unha sorte de etnografía do proceso patrimonializador, que se fai máis patente no relato dos últimos anos, aqueles nos que a implicación da investigadora foi máis intensa.

7.3.1 Primeiros pasos na recuperación da memoria do espectáculo.

Como se viu, os distintos membros da familia Silvent deixaron de mover o espectáculo de bonecos (tanto na súa versión de barraca de feira como no formato reducido para representar en interiores durante o inverno) ao longo da década de 1960. Con posterioridade a esa data, os únicos espectáculos de monicreques que se representaron en Galiza eran os dos titiriteiros formados no Frente de Juventudes, dirixidos especificamente a público infantil, que actuaban nas prazas das cidades galegas durante os meses de verán.

Despois da morte de Franco, algúns mozos e mozas próximas ao movemento antifranquista interesáronse polo teatro de marionetas como vía para expresar a súa oposición ao xa agonizante réxime. De formación diversa, nalgúns casos autodidacta, conforman grupos de animación e teatro de rúa que poderían encadrarse no *agit-prop* (Conversa con titiriteiros para o documental, gravada en xuño de 2011). Este movemento vincúlase co de creación dun teatro profesional galego, xurdido ao abeiro do grupo Abrente de Ribadavia (Lourenzo e Pillado, 1987; Campoy, 2011), aínda que cunha vocación máis libertaria que aquel, máis próximo ao ideario nacionalista. Algúns destes mozos, tras o seu descubrimento das posibilidades expresivas das marionetas, deciden formarse fóra de Galiza. Deste xeito, Andrés Cunha *Tatam* aprenderá no Institut del Teatre de Barcelona co marionetista inglés Henry V. Tozer; ou Marcelino de Santiago, *Kukas*, formado nas artes plásticas, acode a Francisco Peralta para perfeccionar a súa técnica de construción de marionetas (Conversa con titiriteiros para o documental, gravada en xuño de 2011).

No caso de Anxo García, quen en 1982 funda xunto a Pilar Álvarez e Xulio Balado a compañía Viravolta, a súa formación como marionetista é autodidacta, se ben prevalece un interese persoal pola cultura popular de transmisión oral, que explica a súa teima por pescudar nas pegadas dos titiriteiros tradicionais que existiron en Galiza no pasado.

> (...) entre os titiriteiros sempre se falaba de que si Barriga Verde, si tal, si cual… me preguntaba que fora do Barriga Verde que coñecín na miña infancia… Por que houbera esa ruptura entre os barrigaverde e os titiriteiros que estábamos facendo títeres daquela, e… E unha cousa que me preguntaba muito era por que un barbeiro, un amigo meu, aprendera do seu pai, e eu que era titiriteiro non tiña de quen aprender (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

García emprende, deste xeito, un movemento paralelo ao seguido en Nápoles por Bruno Leone, se ben coa desavantaxe da inexistencia dun referente vivo no que estivese depositado o legado a recuperar. A finais da década de 1980 (case vinte anos despois da morte de José Silvent, en 1973), Anxo García dá coas primeiras pistas que o conducen aos últimos rastros de Barriga Verde. Nese momento, entra en contacto con Xosé Piñeiro Ares, alcalde de Pontecesures e autor da entrada sobre Barriga Verde na *Gran Enciclopedia Gallega*. Este pono en contacto cun neto de José Silvent que se atopaba casualmente en Pontecesures cun posto nas festas da vila (entrevista a Anxo García). Este neto é Manuel, quen estivera chamado a suceder a José na manipulación dos bonecos, se unha doenza cardíaca non o tivese obrigado a deixar o oficio (A. Silvent, entrevista para o documental, xuño de 2010, e entrevista persoal, 3-2-12). A través del localizan ao seu tío Alfonso Silvent, quen, salvadas as reticencias iniciais, amósalle ao xove titiriteiro os bonecos e os materiais que aínda conserva no domicilio familiar de Lérez. Nestas conversas iniciais co sobriño e o fillo máis novo de José Silvent, García toma nota dos detalles do espectáculo, tanto a nivel técnico como de repertorio[198]. Nunha segunda visita, Trini, a irmá de Alfonso, négase a recibilio, recelosa das intencións do titiriteiro. García opta entón por contactar con distintos intelectuais galeguistas que nalgún momento fixeron referencia ao espectáculo na súa obra, para completar o retrato do espectáculo. Fala con Trapero Pardo, Manuel María, Borobó, Antón Fraguas, Avelino Pousa Antelo ou Alonso Montero[199]. Asemade, acomete unha pesquisa hemerográfica, centrada sobretodo no diario *El Progreso* de Lugo, do que recolle numerosas referencias ao espectáculo.

Tras este primeiro impulso e perante a falta de apoios institucionais, García suspende durante algún tempo o seu rastrexo das pegadas de Barriga Verde, o espectáculo do que tiña algunha vaga lembranza infantil de cando visitaba as feiras de Lalín. Porén, o seu interese por recuperar o espectáculo pervive, e uns anos despois, en 1998, monta coa súa compañía un espectáculo de títeres de luva con Barriga Verde como protagonista, a partir dos datos fornecidos polos descendentes de Silvent, ao que incorpora elementos de colleita propia.

> Basámonos na información de Alfonso, na coincidencia que había co que sabíamos de repertorios de… De Don Cristóbal e de outras partes, de España, e metimos tamén gags que sabíamos que nunca se fixeran, como o do militar, por exemplo. Nós o adaptamos, nós recreamos toda a historia. Como houbera feito calquer outro titiriteiro no seu momento. (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015)

Con bonecos construídos ex-novo, sen tratar de imitar os de José Silvent, e incorporando diálogos novos ás escenas descritas polos parentes do bonecreiro, o espectáculo *Barriga Verde*, da compañía Viravolta, constitúe un exemplo de actualización patrimonial. A intervención de tres manipuladores permite a presenza de numerosos personaxes en escena, como xa ocorría no caso de Silvent cando botaba man dos fillos e netos para representar as escenas do enterro e do descubrimento de América, na que era imprescindíbel contar con máis de tres persoas detrás do teatriño. O feito de prescindir do uso da palleta permite aos membros de Viravolta engadir un maior peso nos diálogos, nos que son frecuentes as referencias á actualidade, se ben

[198] Por desgraza, ningunha destas conversas foi gravada. Agradezo a Anxo García terme facilitado a consulta das notas tomadas, que serviron de base para as entrevistas realizadas no curso desta investigación.

[199] Das entrevistas a Manuel María e Borobó consérvase a gravación, que foi empregada neste traballo. Do resto só se conservan algunhas notas.

resta frescura ao espectáculo. Dirixido a un público de todas as idades, as dinámicas de programación habituais en Galiza fan que a maioría das representacións celebradas até o momento do espectáculo (aínda en cartel en 2015), foran dirixidas a público infantil, o que ten provocado reaccións airadas dalgúns pais e educadores, que consideran inapropiado o uso da violencia por parte do heroe do espectáculo[200].

A reacción de Alfonso Silvent perante a versión realizada pola compañía de García foi, nun primeiro momento, de rexeitamento perante o que consideraba unha usurpación dun legado exclusivo. Afortunadamente, a actitude do fillo máis novo de José Silvent mudou unha vez que asistiu a unha representación do espectáculo.

> (...) montamos o noso Barriga Verde, na convicción de que podíamos facelo, e así o sigo crendo. Alfonso sigue crendo que non, pero eu sigo crendo que si. E… nunha homenaxe que se lle fixo ao pai de Alfonso en Lérez, pois Xaime nos invitou a facer o Barriga Verde alí, e fumos, claro, por suposto. E aí foi onde volvín a atopar a Alfonso, que veu a saludarme, xa viña máis calmado, porque o tranquilizara… Xaime, e fixemos a función e ao acabar a función veu xunto a min e un pouco sancionou a historia. Xa… Eu, Viravolta, un pouco xa pasabamos a formar parte da colectividade de Barriga Verde (A. García, entrevista persoal, 26-2-2015).

Coincidindo coa recreación do espectáculo pola *troupe* lalinense, Xaime Iglesias, veciño de Lérez e activista cultural desta parroquia pontevedresa, comeza a interesarse pola figura de José Silvent e inicia unha serie de conversas cos seus fillos e veciños co fin de recuperar a memoria do bonecreiro. Desde o inicio das súas pesquisas, Iglesias verqueu nalgunhas publicacións en prensa ou da Asociación Cedofeita[201], da que é membro fundador, os aspectos básicos do percorrido vital de José Silvent, contribuíndo na divulgación, cando menos a nivel local, desta figura do teatro popular de títeres en Galiza.

Os primeiros pasos do proceso patrimonializador son, por tanto, similares aos emprendidos noutros lugares de Europa por outros tiriteiros. Pretenden recuperar o espectáculo para o público contemporáneo, actualizando os seus contidos mais respetando as formas orixinais. En paralelo, trátase de preservar o legado, se ben dun xeito asistemático e sen apoios institucionais.

7.3.2 Difusión a través do audiovisual.

O proceso experimenta un novo fito en 2009, cando Comba Campoy e Marcelo Martínez, da produtora Tintimán Audiovisual, inician a preprodución dun documental sobre Barriga Verde e a tradición europea de títeres de luva. O proxecto encádrase dentro da liña de traballo dos dous comunicadores, adscritos á súa vez ao grupo de investigación Cidadanía e Comunicación da USC, encamiñada ao desenvolvemento de actividades de divulgación e acción social relacionadas coas distintas formas de comunicación das comunidades. Nese sentido, a investigación sobre o teatro popular de marionetas tiña centrado algunhas accións previas dos dous investigadores, como un proxecto de serie documental (Titirimundi, 2005), que finalmente non puido ser concluído. Nesta ocasión, apoiados na sociedade cinematográfica Tintimán, contactan

---

[200] "Títeres antipedagógicos en Redondela", Carta ao director publicada en *Atlántico Diario* o 19/05/2013. (Recuperado de http://www.atlantico.net/articulo/cartas-al-director/titeres-antipedagogicos-redondela/20130519060014006996.html)

[201] Iglesias, X. (2001). *Barriga Verde, un persoeiro con engado*. Pontevedra: A.C. Cedofeita.

con Pedro Solla para que asuma a realización e inician a busca de financiamento a través das fontes disponíbeis na altura: as axudas a produción da AGADIC e a convocatoria da TVG para compra de proxectos. Conseguen ambas as dúas axudas, comprometendo unha achega de 45.000 euros en total para un proxecto orzamentado en 100.000 euros.

O guión ten como eixo central a recuperación da figura de Barriga Verde, e para iso o equipo ponse en contacto coa compañía Viravolta para que participe no documental recreando o proceso de investigación que levaran adiante para recuperar o espectáculo, e completando este proceso cun elemento que até entón non fora posíbel por motivos económicos: a construción dunha barraca inspirada na empregada pola familia Silvent para percorrer as feiras do país. Asemade, queríase poñer en valor o personaxe galego confrontándoo con outras tradicións similares europeas. O proxecto do filme constituía, deste xeito, un paso máis no proceso de patrimonialización de Barriga Verde, centrada na súa difusión como paso necesario para a súa socialización.

As gravacións iníciansе en Londres en maio do 2010 e continúan durante a tempada de festivais dese mesmo ano (Titirimundi de Segovia, Festival Internacional de Redondela), onde se aproveita a presenza de titiriteiros europeos para gravar as súas intervencións e espectáculos. Durante ese verán grávanse entrevistas con dous descendentes da familia Silvent: Alfonso (residente en Lérez, fillo de José), e Juan (fillo de Santiago, residente na Devesa, concello de Ribadeo). Asi mesmo, rexístrase o avance dos traballos de construción do Pavillón da Risa, a barraca de Barriga Verde que Viravolta reconstrúe co apoio económico de Tintimán Audiovisual. No outono, e co apoio da Deputación de Lugo, o Pavillón da risa, xa rematado, actúa na praza da Soidade de Lugo durante as festas do San Froilán, e posteriormente na praza maior de Mondoñedo, durante as San Lucas. O equipo do documental rexistra a estadía da compañía nas dúas vilas, así como as reaccións do público que se rencontra cun espectáculo que foi unha referencia desas festas durante moitos anos. En marzo de 2011 o equipo de gravación, formado por tres persoas (cámara, director e produtora; un técnico de son local é contratado en cada localidade), viaxa a Nápoles para gravar o berce de Pulicnella, onde rexistran o labor de Bruno Leone nas rúas do casco vello da cidade. Un mes despois farán o propio en Brno (República Checa) e Lyon. As gravacións conclúen en outubro no Porto e en Lalín, onde se montan as animacións que servirán de cortiniñas no documental.

En decembro de 2011 entrégase á TVG unha primeira montaxe, de 150 minutos, que será revisada polo director e o montador no primeiro semestre de 2012 para reducila aos 78 minutos actuais.

Durante o ano 2012 a produtora Tintimán presenta o documental en distintos espazos, como os festivais OUFF e Cineuropa, o Festival Internacional de Teatro de Formas Animadas de Lisboa e o Titirijai, Festival Internacional de Títeres de Tolosa.

Nesa altura, calcúlase que o filme chegou ao medio millar de persoas, a través destas presentacións puntuais. A Televisión de Galicia, detentora dos dereitos de emisión, non emitirá até dous anos despois o filme, sen apenas promoción previa e en horario de *late-night*. Os responsabeis do proxecto deciden explorar, a finais de 2012, outras vías de distribución que permitan que o documental sexa visto por máis persoas.

7.3.3. A socialización como horizonte.

A produción do documental servira para poñer en común os coñecementos e experiencia dos membros de Viravolta coa investigadora (tamén produtora do documental), reforzando a constatación da necesidade de estender o proxecto de

activación patrimonial, integrando a máis persoas que compartisen o interese por recuperar o espectáculo popular de títeres galego e propiciar deste xeito a súa apertura.

A investigadora comparte estas inquedanzas co xornalista cultural e antropólogo Germám Ermida, quen tiña tratado de impulsar unha exposición sobre Barriga Verde en 2006, sen éxito. En setembro de 2012 ambos deciden pór en marcha o Proxecto Barriga Verde.

Nese momento, os dous promotores iniciais establecen unha serie de obxectivos e de liñas posíbeis de accións para conseguilos. En primeiro lugar, deseñan un plan de acción a longo termo no que se enumeran todas as posibilidades que agocha o proxecto, pensando nos beneficios que estas poden reparar a nivel social, e das posibilidades de financiamento de cada unha delas. Lístanse tamén os principios e valores que hai detrás do proxecto, e que non deberán perderse de vista para unha evolución coherente do mesmo.

Algúns dos obxectivos marcados inicialmente, para unha acción a nivel galego, eran:

- Recuperar Barriga Verde como símbolo identitario galego
- Xerar contacto interxeracional e recuperar a memoria do personaxe
- Aproveitar Barriga Verde para desenvolver actividades de dinamización sociocultural naquelas localidades máis vencelladas ao personaxe.
- Reivindicar os títeres galegos, tanto os tradicionais como os contemporáneos.
- Reivindicar as feiras como espazos de lecer e de intercambio cultural.

("Rascunho_Proxecto Barriga Verde 2012", documento de traballo).

Os obxectivos combinan, deste xeito, a continuidade da recuperación e difusión emprendidas anteriormente, con outros novos, máis volcados á socialización e reactivación do ben a recuperar. Apréciase, nesta declaración de intencións inicial, un dos elementos típicos do que Souty (2013) definiu como procesos de patrimonialización *botton-up*: o énfase na reivindicación identitaria a partir de determinados elementos que sirvan como probas de autenticidade para sustentar determinadas reivindicacións político-sociais. A reivindicación identitaria vai de man dun necesario proceso de recuperación da memoria, o que Davallon (2002) describiu como un rito de pasaxe entre unha memoria antiga, aquela conservada polos últimos habitantes do mundo no que morou Barriga Verde, e unha nova memoria que deberá configurar este patrimonio inmaterial que se quere vivo. Un patrimonio inmaterial necesariamente sustentado en determinados bens materiais que conforman o acervo físico desa memoria, a súa carta de autenticidade a ollos dos seus legatarios. A reivindicación das feiras como escenario propio deste patrimonio remite á vocación, por parte do grupo promotor do proxecto, de manter vivos determinados elementos daquel mundo tradicional do que o espectáculo formou parte e que resisten na actualidade, se ben con novas formas. Asóciase, deste xeito, os espazos públicos de sociabilidade propios do mundo tradicional ao patrimonio inmaterial que se pretende rescatar ou revivir, permitindo ao mesmo tempo dinamizar eses espazos e os grupos humanos que os habitan.

Por último, aínda que de xeito menos explícito nesta declaración de obxectivos inicial, concíbese o desenvolvemento local e comunitario como consecuencia lóxica de todo proceso patrimonializador que se queira participativo. Tal e como a definiu De Varine, unha patrimonialización desta natureza constitúe, de por si, un acto político de mobilización popular, e require indefectibelmente dunha consciencia

colectiva do valor do ben a patrimonializar, así como das transformacións que a propia comunidade ten vivido ou está a experimentar (Varine, 2005, 111). Por outra banda, a activación patrimonial que se propón emprender requirirá dun proceso social de semantización cultural, de reapropiación de determinados bens pola comunidade. Só desta maneira facilitará o reforzamento do vínculo identitario dentro da comunidade (Sierra, 2000, 413).

Alén destes obxectivos centrados na comunidade galega, o Proxecto Barriga Verde aspira, segundo expresan os primeiros documentos do colectivo, a colocar os títeres tradicionais galegos como parte da rica tradición europea de títeres de luva, e tamén se propón o emprendemento de accións de proxección internacional da figura, entre as cales estaría a consecución da declaración por parte da Unesco dos títeres europeos de cachaporra como Patrimonio Inmaterial da Humanidade ("Rascunho_Proxecto Barriga Verde 2012", documento de traballo). Porén, esta liña queda posposta para un segundo momento na estratexia de implantación do Proxecto.

Para acadar os obxectivos propostos proxéctase comezar por realizar dous tipos de actividades. Por unha banda, exposicións, que poderán ser de pequeno formato, para seren acollidas por centros de ensino e bibliotecas, ou de grande formato, en museos e centros expositivos de maior tamaño. En segundo lugar, proponse realizar unha páxina web que sirva para visibilizar a actividade do colectivo e constitúa a principal ferramenta de difusión do proxecto.

Xunto con estas dúas accións principais, e como complemento para reforzar os obxectivos de difusión e recuperación, formúlanse outras actividades de menor entidade que formarían parte dunha campaña máis descentralizada e horizontal, onde a participación da comunidade sería requisito indispensábel para poder falar de éxito. Estas actividades debían aproveitar as técnicas do márketing e as NTIC para difundir a tradición, emulando experiencias como previas como a recuperación da figura Apalpador (Ermida, 2012). Incluirían a edición de materiais como o documental en formato libro-DVD, de flyers para distribuír en centros sociais e culturais, a presenza constante nas redes sociais e en portais de vídeos para difundir audiovisuais relacionados coa memoria de Barriga Verde, e, sobretodo, unha constante presenza social a través da presentación de materiais, proxeccións do documental e organización de charlas e outras actividades de dinamización. Pénsase tamén no desenvolvemento dunha aplicación para teléfonos móbiles, específica para a recollida de memorias orais sobre o personaxe, e mesmo nun videoxogo que constituiría unha fonte de financiamento importante.

A necesidade de apoios económicos para facer viábel o proxecto é, pois, tida en conta neste plan de acción inicial do proxecto. Valóranse distintas opcións de financiamento, empezando polas de tipo institucional (subvencións, programas e convenios puntuais coas distintas administracións); o apoio social a través de fórmulas de micromecenado, busca de apoios de centros sociais e outros colectivos; así como as fontes privadas, a través da venda de materiais ou servizos por parte do colectivo, ou patrocinios de empresas privadas que puideran exercer de mecenas do proxecto.

Como primeiro paso para pór en andamento o proxecto inicial, durante o outono de 2012 os seus promotores inician os contactos necesarios para involucrar no mesmo aqueles axentes que xa viñan desenvolvendo un traballo de recuperación do espectáculo, nomeadamente os membros da compañía Viravolta e Xaime Iglesias. O deseñador gráfico Heitor Real, sen vinculación previa co mundo das marionetas, é convidado a unirse para desenvolver a imaxe do proxecto, un aspecto que se considera de especial importancia para acadar os obxectivos de difusión e

socialización do ben cultural a patrimonializar. De feito, a imaxe de Barriga Verde, considerado tal que personaxe ou como icona cultural, será obxecto dalgúns dos debates iniciais das persoas impulsoras do proxecto, o que evidenciará a importancia de definir claramente os obxectivos a marcar. Así, a necesidade ou non de fixar unha imaxe canónica (o mesmo ca un repertorio ou unha historia "oficiais"), marcará algunhas das discusións máis interesantes do colectivo ao longo da súa existencia.

Froito dos contactos realizados, e da constatación da necesidade de dotar ao colectivo dunha natureza xurídica que lle permitise buscar apoios institucionais e legalizar as súas actividades, en febreiro 2013 constituíuse en Pontevedra a Asociación Morreu o Demo para a Recuperación do Títere Tradicional Galego. O nome do colectivo non fai referencia ao personaxe de Barriga Verde para evitar a confusión con outra asociación, previamente existente, que organiza un festival de marionetas en Santiago de Compostela desde 2001[202]. Por outra parte, o xenérico "títere tradicional galego" permite ampliar o radio de actuación da asociación a outros personaxes ou repertorios que puideran subsistir na memoria popular. En calquera caso, os membros do colectivo adoitan empregar só a primeira parte do nome, a que fai referencia á frase final do espectáculo e evoca en maior medida o carácter irreverente do personaxe. O logotipo deseñado tamén fai fincapé neste aspecto subversivo e afástase de estéticas de tipo *retro* ou clásico, marcando de xeito simbólico o rumbo que se propoñen adoptar as persoas que promoven a asociación cultural.

7.3.3.1. Cronoloxía do Proxecto Barriga Verde:

A continuación, preséntase unha relación detallada e cronolóxica das accións desenvolvidas desde a Asociación Cultural Morreu o Demo, tendentes a acadar os obxectivos formulados:

- **2013:**

Ao mesmo tempo que se estaban a realizar os trámites para a creación da asociación, tiñan lugar as primeiras conversas co Museo do Pobo Galego e co Concello de Pontevedra para solicitar o seu apoio á exposición que se pretendía realizar. Contactouse con estas dúas entidades por considerar, no caso do Museo do Pobo Galego, que se trata dunha entidade que promove obxectivos afíns aos formulados no proxecto; e no caso do municipio pontevedrés, dada a súa vinculación coa figura de José Silvent e por constituír un dos poucos concellos que, na altura, estaban a apoiar proxectos culturais relacionados coa recuperación da memoria. De feito, o Concello de Pontevedra amosouse desde o primeiro momento receptivo a apoiar a edición da biografía de José Silvent que Xaime Iglesias estaba a ultimar. Esa boa disposición levou á asociación a contactar coa editora Urco de Compostela para realizar a edición.

Esta pequena empresa accede ademais a participar na publicación dun libro que acompañaría a edición do documental de Tintimán en DVD. Ao tratarse dunha imprenta dixital, a edición dos exemplares sería á demanda, o cal minimizaba os riscos económicos. O libro deseñouse como un complemento ao contido do documental, permitindo ás persoas interesadas ampliar ou, máis ben, asentar a información recibida na obra audiovisual. Constitúe tamén a presentación en sociedade da asociación, dado que no prólogo se adiantan as intencións do colectivo.

[202] Trátase da Asociación Cultural Barriga Verde, creada por Jorge Rey, director da compañía Títeres Cachirulo. http://www.titerescachirulo.com/galicreques/

Entre os contidos, formúlanse textos especificamente centrados no documental, outros de tipo divulgativo sobre a figura de Barriga Verde e a tradición europea de títeres, así como unha descrición do proceso de recuperación do espectáculo seguido por Viravolta (VVAA, 2013). A coordinación da edición, o deseño e a autoría do DVD son realizados colectivamente polos membros da asociación.

En marzo dese mesmo ano, coincidindo co proceso de elaboración do libro-DVD, o Ministerio de Cultura convoca as axudas para a acción e promoción cultural. A Asociación presenta un completo proxecto que inclúe toda unha serie de actividades vencelladas aos obxectivos formulados inicialmente. O orzamento ascende a 182.000 euros, dos que se solicitan ao Ministerio a porcentaxe máxima permitida (70%), isto é 132.322 euros.

Unha vez editado o libro-DVD, no mes de maio a asociación emprende unha serie de presentacións nas distintas feiras do libro de varias cidades galegas (Santiago, Lugo, Pontevedra, Vigo, Ourense e Viveiro), acompañadas dunha serie de charlas didáticas para público infantil. Ademáis, realízanse presentacións en librerías da Coruña, Betanzos e Lalín. Durante destas presentacións véndense a maioría de exemplares. Nesa mesma primavera continuaron as conversas co Museo do Pobo Galego e o Concello de Pontevedra, xa cunha proposta concreta de contidos e de exposición, que se lle presentou tamén á Deputación de Lugo.

En xuño publicouse a resolución das axudas do Ministerio de Educación e Cultura, pola que se concede á AC. Morreu o Demo unha pequena parte do solicitado (15.000 euros dos 132.000 pedidos), o que obriga a adaptar o proxecto ao novo orzamento e reducir o número de actividades proxectadas. Deste xeito, a organización dun congreso internacional e a exposición para museos ficaban fóra do proxecto nese ano, pendentes de cubrir o seu financiamento por outras vías. A axuda permite, porén, o deseño e realización dunha exposición de pequeno formato, destinada a centros de ensino e bibliotecas, e a celebración de distintas charlas e obradoiros didácticos para crianzas, alén de completar o financiamento da edición do libro-DVD en castelán e en inglés.

Durante o verán reanudáronse as proxeccións do documental, levando o filme a Ribadeo (Xornadas de Historia local) e Noia (Festival de Títeres).

En setembro celebrouse un "Café da Memoria" no Museo do Pobo Galego, dinamizado pola propia investigadora, no que interviron os curmáns Alfonso e Juan Silvent e o dramaturgo Manuel Lourenzo, e que colleitou un grande éxito de público[203]. Esta actividade, organizada periodicamente polo departamento de didáctica do Museo, pretende achegar ás persoas mozas a memoria dos oficios tradicionais a través do testemuño das súas propias protagonistas. Como actividade habitual, conta cun público estábel que pode variar segundo a temática da sesión. No caso da celebrada conxuntamente coa AC Morreu o Demo, que foi titulada co xenérico "titiriteiros", esta espertou unha grande expectación, xuntando un cento de persoas, algunhas delas pertencentes ao ámbito das artes escénicas, pero tamén moitas interesadas en xeral. A participación de Alfonso Silvent e de Juan Silvent no evento serviu para reforzar a súa identificación co proxecto Barriga Verde e para limar as asperezas que aínda existen entre as dúas ramas familiares. De feito, sempre que é posíbel, convídase aos membros da familia a participar das actividades organizadas polo colectivo. Tratáse, deste xeito, de que entendan que o proxecto aspira a socializar o ben cultural e non persegue ningún tipo de rendimento persoal ou económico,

[203] A conversa pode verse en Internet (https://vimeo.com/110184747)

sospeita que algúns membros da familia chegaron a expresar abertamente nalgunha ocasión.

Pouco despois da celebración do Café da Memoria, Xaime Iglesias publica *Xosé Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde,* unha biografía do bonecreiro a partir das pescudas que iniciara por volta do ano 2000, na colección Niké da editorial Urco. A edición deste volume, que contou co apoio económico do Concello de Pontevedra, ten importante repercusión na área desta cidade, onde a figura de Barriga Verde é lembrada por grande parte da veciñanza.

Durante ese outono, a exposición de pequeno formato instálase na Biblioteca Nodal de Lugo e posteriormente durante a feira Culturgal.

En novembro 2013 a investigadora e Anxo García participan no Simposium *Pultxinelli-entre tradició i modernitat*, celebrado no Institut del teatre de Barcelona con participación de especialistas de todo o mundo, aos que se lles presenta o proxecto e se achega a figura da marioneta galega. Así mesmo, proxéctase o documental e aprovéitase para vender numerosos exemplares da edición castelá do libro-DVD.

A presenza do proxecto cun stand no Culturgal respostaba aos obxectivos de socialización do ben a patrimonializar. Este evento, celebrado en decembro, estaba orixinalmente dirixido aos profesionais da xestión e programación cultural, se ben nas súas últimas edicións acolle un público maioritariamente familiar. Deste xeito, os membros da asociación organizan unha serie de accións que pretenden atraer a atención do público máis novo ao proxecto, como é a instalación dun *photocall* para que as persoas visitantes se retratasen e participasen nun concurso a través das redes sociais. Pensando nos profesionais asistentes á feira, editouse un amplo catálogo de actividades didácticas ofertadas pola AC Morreu o Demo a centros de ensino e programadores culturais, dirixidas a públicos de todas as idades. No *stand* da asociación tamén se poden adquirir as dúas publicacións e unha camisola deseñada especialmente para a ocasión, na que o personaxe de Barriga Verde deseñado por Heitor Real bate coa súa vara na cabeza doutro monicreque co rostro de José Ignacio Wert, o Ministro de Educación contestado pola comunidade educativa pola súa reforma da lei de educación ou a retirada da materia de Educación para a Cidadanía. O lema da camisola rezaba "Morrreu o Demo, acabouse a LOMCE", incorporando un elemento de actualidade á frase final do espectáculo de Barriga Verde. Na mesma liña, o photocall instalado xunto ao stand do colectivo, tamén deseñado por Real, reproducía un teatriño con dous bonecos, un deles en posición de bater na cabeza do outro coa vara. Os rostros dos bonecos estaban troqueladas, de xeito que a persoa podía colocar a súa cabeza no oco resultante e retratarse batendo na cabeza a un personaxe da súa escolla: o propio ministro Wert, o daquela rei Juan Carlos ou o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo. Tanto no caso das camisetas como no do *photocall*, a intención dos membros da asociación era a de actualizar as formas e os lemas do espectáculo orixinal para aplicalos a situacións de crítica social e política contemporáneas. A substitución da figura do demo (ou calquer outro antagonista de Barriga Verde) polos representantes do poder máis impopulares do momento é clara nese sentido.

- **2014:**

Ao longo de ano seguinte o ritmo de actividade da Asociación Cultural non decaeu. O ano comezou coa presentación da páxina web do colectivo (barrigaverde.eu), na que se publican contidos divulgativos sobre o espectáculo e as

actividades da asociación. O deseño desta ferramenta correu a cargo de Heitor Real e mantén o estilo das outras producións da asociación: Barriga Verde é presentado cun estilo próximo á banda deseñada, a partir dos riscos do boneco creado por Viravolta para o seu espectáculo. A acción do web vén complementar á que xa se viña realizando nas redes sociais, nomeadamente no facebook, onde a páxina do proxecto superará os mil "gostos" en xuño de 2015.

Alén de proseguir coas xestións para acadar o apoio das distintas institucións na produción da exposición, deséñanse novas actividades, como o "obradoiro de títeres en igualdade", onde se traballa con alumnado de primaria na creación de pezas para títeres de contido non sexista. Ao longo do mes de marzo realízanse catro edicións deste obradoiro, no que os membros do colectivo exploran as posibilidades dos títeres como ferramenta de educomunicación, ao tempo que avanzan na súa reflexión sobre a necesidade de renovar os repertorios tradicionais para adaptalos aos valores sociais contemporáneos.

No mes de maio, a figura de Barriga Verde protagoniza a segunda edición do festival internacional Ponte en escena de Gondomar, que inclúe na súa programación a proxección do documental, a función do espectáculo de títeres de Viravolta e a instalación da exposición de pequeno formato.

Durante o primeiro semestre de 2014, os membros da asociación imparten charlas en centros de ensino secundario e universitario, explicando o proxecto ao estudantado de distintas idades. A exposición de pequeno formato visita concellos como Salceda de Caselas ou Celanova.

Este ano a asociación obtén de novo unha axuda do MEC a proxectos culturais de Asociacións, de novo por un valor inferior ao solicitado previamente, pero que lle permite asumir os custos de novas actividades e publicacións a desenvolver até o verán de 2015. Paralelamente, a Deputación de Lugo, o Concello de Pontevedra e o Museo do Pobo Galego confirman o seu apoio á exposición sobre Barriga Verde, e fixan as datas nas que visitará cada un dos espazos. Durante o verán, Anxo García, Heitor Real e a investigadora, traballan no deseño e produción da exposición. Un dos aspectos básicos da mesma constitúe o feito de poder contar con pezas orixinais da barraca e da escenografía de José Silvent, que o seu fillo Alfonso gardaba no seu domicilio de Lérez, e que decide prestar á AC Morreu o Demo para a exposición. Tras algunhas conversas, Alfonso accede tamén a ceder as marionetas orixinais do seu pai, que gardaba con celo desde había catro décadas. O equipo de Viravolta comprométese a restaurar todas as pezas orixinais e constrúe unha serie de vitrinas que garanten a súa protección durante a exposición. A mostra pretende situar o espectáculo galego no seu contexto de representación (as feiras tradicionais) e dentro da tradición europea de títeres de cachiporra. Para iso, estrutúrase en tres partes: unha que recrea o ambiente e os postos das feiras tradicionais, facendo fincapé nos elementos lúdicos (xogos populares, postos da fortuna, tiros, literatura de cordel); unha segunda na que se amosan os outros membros da familia europea que arrinca co personaxe napolitano de Pulcinella, grazas ás pezas orixinais cedidas polo museo TOPIC de Tolosa (Guipúzcoa) especialmente para a exposición; unha última sala na que se amosan as pezas orixinais de José Silvent e se describe o modo de vida e as formas de actuación da familia de titiriteiros ambulantes. A exposición incorpora tamén un teatriño de marionetas de luva, recreado por Anxo García para que as personas visitantes poidan manipular distintos bonecos e experimentar a sensación de actuar detrás dunha lona. A mostra complétase cunha proxección de fragmentos de entrevistas a Alfonso e Juan Silvent gravadas para o documental *Morreu o Demo, acabouse a peseta*.

Baixo o título "Barriga Verde, de feira en feira", inaugúrase o 12 de setembro na sala de exposicións do Pazo de San Marcos de Lugo, sede da Deputación Provincial. Até a súa clausura, o 15 de outubro, reicibirá 700 visitas, e a asociación organiza distintas actividades, como a proxección do documental ou un obradoiro de construción de títeres para crianzas, co obxecto de favorecer o achegamento do público á mostra.

Despois de Lugo, a exposición trasládase ao Museo do Pobo Galego, onde permanece do 11 de novembro até o 18 de xaneiro de 2015. O persoal da institución vólcase coa mostra, promovendo a celebración de visitas de centros escolares, así como doutras actividades, como a proxección do documental, un obradoiro de construción de monicreques ou a representación do espectáculo de Barriga Verde a cargo de Viravolta. A primeira etapa da estadía da exposición en Santiago coincide co Culturgal, na que a asociación volve participar cun stand do proxecto, no que se poñen á venda distintos materiais promocionais (ás camisetas engádenselle chapas e calendarios) alén da información sobre as actividades ofrecidas polo colectivo e o mesmo *photocall* do ano anterior.

- **2015:**

Durante os dous meses que permanece no Museo do Pobo Galego, a exposición recibe 5815 visitas, todo un récord para a institución. Unha vez clausurada a exposición en Santiago, os membros da asociación deciden trasladala ao recentemente inaugurado Museo Galego da Marioneta de Lalín, xestionado por Viravolta, até o mes de abril, cando ten previsto inaugurarse no Pazo da Cultura de Pontevedra. Se ben o concello de Lalín non fai ningunha achega económica á mostra, óptase por esta solución fronte á alternativa de ter a exposición gardada nun almacén durante os dous meses que restarían para a inauguración na cidade pontevedresa. Por outra banda, considérase que o feito de manter a exposición aberta ao público contribuirá á súa difusión, ao tempo que reforzará a imaxe do Museo Galego da Marioneta, un vello proxecto de Viravolta que esmorecía pola falta de infraestruturas axeitadas. O Pazo de Liñares, na parroquia lalinense de Prado, constitúe un espazo privilexiado para albergar os fondos do Museo, acumulados por Viravolta desde a súa creación, xunto cos da Biblioteca Galega da Marioneta. Restaurado polo concello con fondos estatais, a cesión dunha das salas á compañía de títeres, quen á súa vez é responsábel da programación cultural do espazo, resposta a un convenio que deberá renovarse periodicamente. A exposición permanece no pazo entre o 29 de xaneiro e o 12 de abril de 2015, acollendo un total de 2188 visitas.

Unha semana despois é trasladada a Pontevedra, sendo inaugurada o 16 de abril e onde permanece até o 7 de xuño. Acolleu, segundo os datos do Pazo da Cultura, un total de 1200 visitantes. Tamén na cidade do Lérez se aproveita a exposición para organizar actividades paralelas de difusión do proxecto, como a proxección do documental e a presentación da biografía de José Silvent, a organización dun obradoiro de xogos tradicionais e varias visitas guiadas para público escolar.

Coincidindo coa exposición en Pontevedra, a asociación edita un libro con formato de catálogo (inclúe imaxes de todas as pezas) pero que incorpora numerosos contidos a maiores, con colaboracións de historiadores da marioneta como Adolfo Ayuso ou do director do museo de marionetas de Parma, Paolo Parmiggianni. Incorpora ademais artigos nos que se aborda o papel das feiras tradicionais na sociabilidade campesiña galega, a vida do colectivo dos artistas ambulantes ou os elementos resistentes no espectáculo de Barriga Verde. A publicación do catálogo

pódese asumir mercede á axuda concedida polo MEC o verán anterior e a outra axuda da Deputación da Coruña.

A mesma axuda contemplaba a edición dun libro ilustrado para público infantil, que é editada durante o mes de xuño dese ano, con deseños de novo de Heitor Real e textos de Germám Ermida.

Cando se están a redixir estas liñas, vense de confirmar que a exposición poderá verse durante os meses de xullo e agosto en Ribadavia, mercede ao apoio do Museo Etnolóxico e coincidindo coa celebración Mostra Internacional de Teatro desta vila do Ribeiro. Os membros da asociación seguirán tentando que a mostra poida recorrer outras localidades de Galiza e mesmo do resto da Península.

7.3.4. Eivas na activación de Barriga Verde como patrimonio partillado

Na altura de xuño de 2015, como se viu, o Proxecto Barriga Verde ten realizado unha intensa actividade, superando mesmo os obxectivos formulados inicialmente. Porén, a maior parte das accións realizadas teñen que ver cos obxectivos de recuperación e difusión do ben cultural, pero só tanxencialmente coa socialización do proxecto. A consecución deste último obxectivo pasa por unha serie de dificultades que deberán ser tidas en conta polos membros do colectivo.

7.3.4.1 A apropiación pendente

Esa dimensión fora contemplada polos seus promotores como a máis complicada desde o primeiro momento. Nun dos documentos iniciais de traballo comentábase o seguinte:

> Nom podemos pensar que o desenvolvimento dumha expossiçom de formato meio ou grande (..) abonde para activar um proceso de recuperaçom da memória a nível nacional e a incorporaçom de Barriga Verde ao imaginário do país. Nesse sentido precisamos desenvolver umha campanha mais descentralizada e horizontal, na qual a própria implicaçom de mais agentes na recuperaçom e na difusom garanta a continuidade e amplificaçom do projecto.
>
> Em esse sentido acho que há umha série de possibilidades que devemos pensar e que se podem artelhar com a expossiçom e outras actividades propostas.
>
> Trata-se de acções de pequeno formato, singelas de mover e, de jeito preferente interactivas.
>
> Devemos ter em conta outras iniciativas de recuperaçom de figuras e ritos (nomeadamente o Apalpador ou o Samaín, polo seu êxito). No caso do Apalpador verificou-se a importáncia de contar com produtos derivados (autocolantes, folhetos informativos, desenhos, livros ilustrados) para apoiar a sua implantaçom. Sem esquecer a importáncia da escola. É dizer, aproveitam-se novos meios para transmitir a tradiçom. (G. Ermida, 2012, Rascunho 0_Projeto BV 2012).

Aínda que algunhas desas accións xa teñen sido iniciadas, como a edición de distinto material promocional e o achegamento aos centros de ensino mediante a oferta de distintas actividades, o groso do traballo a desenvolver nesa liña está aínda pendente. No entanto, o éxito de público colleitado pola exposición fai pensar que as posibilidades de acadar unha boa recepción por parte da comunidade educativa e o tecido asociativo son altas.

Porén, noestas accións non deixan de proceder sempre dunha mesma dirección: a asociación cultural. Nese senso, estarían pendentes de desenvolver unha serie de

actividades dirixidas a fomentar unha descentralización do proxecto, aproveitando as posibilidades das novas tecnoloxías pero tamén no ámbito físico, que, de seren desenvolvidas con éxito, permitirían falar dun proceso de activación patrimonial participado pola comunidade, no que a propia sociedade se re-apropiase do ben cultural (o espectáculo de Barriga Verde) para revivir a súa funcionalidade comunicativa orixinal.

Asúmese que conseguir que a sociedade se apropie do patrimonio, que se identifique co personaxe, tomará o seu tempo. En todo caso, o éxito das actividades xa realizadas e a repercusión do proxecto na prensa, xustifican o optimismo dos membros da asociación respecto da evolución do proceso de activación patrimonial. Por outra banda, no contexto do actual rexurdir das marionetas tradicionais en Europa, unha nova versión do espectáculo foi posta en escena en febreiro de 2015 polo titiriteiro Borja Insua, que se basea no personaxe tradicional para incorporar temática de actualidade e crítica social. A diferenza do espectáculo de Viravolta, na versión da compañía de Insua, Títeres Alakrán, emprégase a palleta e un só titiriteiro anima todos os personaxes, seguindo o estilo de manipulación tradicional.

7.3.4.2 Complexidade do inventariado

Existen outros obstáculos para a activación patrimonial do espectáculo, concretamente para a continuidade do proceso de recuperación da memoria. A precaridade das pegadas sobre o espectáculo e as controversias entre os descendentes dos irmáns Silvent complican o proceso de investigación. Faise necesario involucrar un número maior de antigos espectadores para que partillen as súas lembranzas do espectáculo antes de que sexa demasiado tarde. O feito de que as informacións sobre o repertorio sexan contraditorias fai difícil calquera reconstrución que pretenda ser fiel ao orixinal. De feito, ese asunto suscita xa un debate no seo da asociación, entre quen defenden que se debe instaurar unha versión única do espectáculo e as voces maioritarias que cren que esa reconstrución non sería lexítima. De feito, seguindo a de Varine (2005), pretender inventariar o patrimonio inmaterial, conxelar unha soa versión como lexítima, equivalería a elevar a súa acta de defunción. Esta postura defende que debe ser a sociedade quen decida que tipo de espectáculo quere gardar para o futuro.

Para isto, o colectivo ten previsto impulsar unha serie de actividades nas que se incida no carácter compartido e aberto do espectáculo e do personaxe, como serían os certames de deseño sobre a imaxe de Barriga Verde dirixidos a artistas plásticos, ou de versións do espectáculo para compañías de teatro de marionetas.

Porén, a efectos de difusión, estase a empregar unha imaxe, a deseñada por Heitor Real a partir do boneco creado polos membros de Viravolta, o cal pode comportar o risco de identificación cunha imaxe única do personaxe como verdadeira. Noutros procesos de reactivación patrimonial optouse por esa solución para facilitar a socialización do personaxe (Ermida, 2012, 74).

As persoas integrantes da Asociación admiten non ter unha resposta clara diante desa disxuntiva, que pon en contradición os principios cos que se pretende abordar a recuperación e os fins de difusión e socialización. Trátase de atopar un equilibrio que permita xerar unha iconografía identificabel, ao tempo que o suficientemente aberta como para favorecer a apropiación social do ben a recuperar.

7.3.4.3 Identificar as novas xeracións

Unha terceira dificultade atopada no proceso ten que ver coa participación da mocidade. As distintas accións emprendidas polo colectivo pretenden que as persoas

mozas se sintan identificadas co personaxe de Barriga Verde, pero este é un obxectivo a longo termo que requerirá a posta en práctica de tácticas novidosas. Polo momento, o personaxe está demasiado vencellado ao pasado, á memoria da xente maior. Desde a asociación considérase decisivo o uso das novas tecnoloxías para conseguir que deveña un referente ou icona cultural tamén das persoas mozas. A cibercultura, familiar ás novas xeracións, fai posíbel a participación creativa e descentralizada, o que pode favorecer a apropiación do personaxe por parte de persoas que non están fisicamente próximas. O proxecto Barriga Verde tenta achegarse ao público mozo a través das redes sociais e dos portais de videos como Youtube. Un dos seus proxectos para o ano 2016 é a realización de curtometraxes protagonizadas por Barriga Verde para a súa difusión en Internet. Tratarase de videos satíricos centrados na actualidade, nos que o heroe critica o poder, recuperando o seu rol tradicional. Para que esta acción teña éxito será necesario que acade un carácter viral, isto é, que persoas sen vinculación inicial ao proxecto comecen a realizar os seus videos, mantendo a Barriga Verde como protagonista, aínda que baixo aparencias distintas. Téñense dado xa exemplos desta apropiación nas redes: un "meme internet" publicado en setembro de 2015 utilizaba a expresión "Morreu o Demo, acabouse a peseta" acompañando unha foto de Emilio Botín, presidente do Banco Santander no día do seu pasamento[204]. Por outra banda, as posibilidades de internet para propagar mensaxes mantendo o anonimato do emisor, así como o seu carácter distribuído (non centralizado) e igualitario, son características que fan que o novo medio case ben co carácter subversivo e participativo do teatro tradicional de marionetas.

7.3.5 Barriga Verde 2.0. : reactivación como resistencia

A necesidade de implicar ás novas xeracións no proceso patrimonializador e o uso das novas ferramentas de comunicación habilitadas polas novas tecnoloxías da información e da comunicación, suscita a cuestión da lexitimidade ou viabilidade de trasladar unha forma cultural xurdida nun contexto histórico e cultural específico a outro sensibelmente distinto. O papel xogado polo espectáculo de Barriga Verde durante os anos inmediatamente posteriores á Guerra Civil española será dificilmente o mesmo no actual contexto do século XXI.

A acción patrimonializadora, como proceso lexitimador colectivo, debe considerar os novos usos que se lle pode dar ao obxecto patrimonializado. Só deste xeito pode considerarse que o proceso é exitoso.

Nese senso, cabería preguntarse se o propósito identitario, formulado inicialmente polos membros da Asociación Morreu o Demo como un dos obxectivos fundamentais do proxecto, é compartido e considerado prioritario polo conxunto da sociedade. Nun texto recente do colectivo, afóndase nesta cuestión, insistindo nunha noción de identidade que incorpora a diversidade e a negociación colectiva. Sobretodo, incídese no elemento periférico presente no espectáculo de Barriga Verde e na tradición europea da que forma parte, como factor facilitador da identificación por parte da sociedade actual:

> Barriga Verde fálanos aos galegos e ás galegas da nosa situación periférica ao tempo que universal. Somos un recanto de Europa sen poder político e afastado dos centros de innovación e saber, mais compartimos un importante legado común con todo o continente, e aínda alén, na forma dunha cultura popular que consideramos como propia e identitaria. Un

[204] https://imgflip.com/i/bzw1n

> destes elementos é a tradición de títeres que chegou ao noso país na forma de Barriga Verde. A súa propia historia, feita de barracas e das viaxes de artistas de feira, amósanos tamén o xeito no que unha sociedade en plena mudanza ía incorporando e negociando as achegas da modernidade.
>
> A voz de Barriga Verde cóntanos doutras periferias. Das periferias da cultura, das consideradas artes menores como son os monicreques e os espectáculos ambulantes. Da cultura popular e oral que se viu desprazada e desprezada polo poder e a cultura oficial. (...)
>
> O feirante preséntanse para nós, ao abeiro das barracas, como un colectivo na periferia da sociedade, estigmatizado ao tempo que necesario, a xogar nos límites do control e do poder. Son suxeitos que exemplifican en todo o mundo as loitas entre control estatal e liberdade individual, entre nomadismo e asentamento, que se viviron e se viven de diferentes maneiras a día de hoxe.
>
> Outras periferias das que nos fala o títere son a da infancia e a da festa, espazos considerados residuais para o actual sistema capitalista. (Asociación Morreu o Demo, 2015, 8-9).

A existencia de precedentes na construción de iconas culturais a partir de referentes tradicionais (Son Goku, Apalpador) ou de personaxes da cultura de masas (Xabarín, Doraemon), revela a facilidade con que determinados colectivos sociais poden apropiarse de elementos culturais fornecidos pola cultura de masas como elemento de identificación xeracional ou subcultural.

No caso concreto de Barriga Verde, semella máis factíbel a súa identificación polos trazos transgresores do personaxe que como elemento de reivindicación da lingua e da cultura galegas. O feito de tratarse dun personaxe de orixe europea, ademais, revísteo dun carácter universal que permitiría a identificación de persoas de calquera lugar do mundo. É en realidade, o carácter irreverente e transgresor do personaxe o que pode permitir que as subalternas do presente decidan adoptalo como propio.

Emprégase o termo *subalternas* de xeito premeditado, do mesmo xeito que se leva facendo ao longo de todo o texto, para facer referencia a aquel sector da sociedade que se definiu como suxeito colectivo da presente pesquisa. Entendida como espazo de diferenzas conformado por todos os grupos heteroxéneos que non forman parte da elite (Spivak, 2009, 74-76), próxima á noción de pobo tamén empregada ao longo deste texto, a subalternidade preséntase como unha categoría perfectamente válida para aplicar ao contexto actual, non exento de relacións de dominación e onde persiste un reparto desigual da riqueza. O que é menos evidente é que as tácticas a través das que os grupos subalternos contemporáneos poden expresar o seu descontento poidan ser as mesmas que as empregadas en contextos premodernos ou de gobernos autoritarios, como foi o caso do período durante o que se analizou o papel comunicativo do espectáculo de Barriga Verde. É certo que as tácticas infrapolíticas definidas por Scott e aplicadas na análise deste traballo son propias de contextos de forte represión, onde a oposición aberta é desaconsellábel polo risco que conleva. No contexto das democracias representativas contemporáneas, como é o caso do do Estado Español, a expresión do descontento debería poder exercerse de certo explícito. Porén, un repaso ás principais ferramentas empregadas actualmente polos grupos críticos co sistema actual e que aspiran a transformalo permite establecer unha serie de analoxías coas tácticas de resistencia simbólica empregadas no pasado.

A denominada Sociedade Rede (Castells, 1997) na que as tecnoloxías da información e a comunicación permiten unha interacción horizontal entre individuos

de todo o mundo, ten xerado novas formas de cultura que, se ben producidas nun contexto distinto, comparten algunhas características coas tácticas despregadas historicamente polos grupos subalternos. Movimentos como o ciberactivismo baséanse na renuncia a organizar, e xorden por "autoengadido espontáneo e non planificado de individuos formando parte dunha rede distribuída" (Ugarte, 2010, 60). Unha rede que funcionaría "según un modelo de tipo rizomático, es decir que se van desarrollando en diferentes lugares del globo nodos de iguales características: no jerárquicos, descentralizados y autónomos" (Berardi, 2000). Tamén as formas de artivismo, no seu premeditado afastamento de cualquera encadramento organizativo ideolóxico e a súa "festivalización generalizada de la protesta" (Delgado, 2009, 2), recollerían parte do legado de séculos de tácticas de resistencia simbólica non organizada nin rexistrada.

Xunto co carácter espontáneo e (aparentemente) efémero da protesta contemporánea, outro elemento que a emparenta coas formas de infrapolítica é o anonimato, Internet permitiu xerar fluxos de información horizontal e distribuída, facilitando a propagación de mensaxes críticas e desencadeando accións descentralizadas. Moitos ciberactivistas optan por manter oculta a súa identidade para esquivar o control dos gobernos (en moitos casos, pretendidamente democrácticos), que tratan de fiscalizar o fluxo de mensaxes a través de sistemas de espionaxe dixital. No contexto do Estado Español, a reforma do Código Penal aprobada o 30 de marzo de 2015 inclúe na súa definición do terrorismo "subvertir el orden constitucional, o suprimir o desestabilizar gravemente el funcionamiento de las instituciones políticas o de las estructuras económicas o sociales del Estado" (Art. 573.1.1º), incluíndo como unha das variantes do mesmo o terrorismo informático, que pode exercerse simplemente ao acceder de maneira habitual "a uno o varios servicios de comunicación accesibles al público en línea o contenidos accesibles a través de internet o de un servicio de comunicaciones electrónicas cuyos contenidos estén dirigidos o resulten idóneos para incitar a la incorporación a una organización o grupo terrorista, o a colaborar con cualquiera de ellos o en sus fines" (Artigo 575.2). Estas medidas, unidas ás infraccións contempladas pola Ley Orgánica de Protección de la Seguridad Ciudadana aprobadas na mesma sesión do Congreso, demostran o crecente talante represivo dos gobernos occidentais respecto das novas formas de contestación cidadás, especialmente do uso do espazo público e das novas tecnoloxías da comunicación. Tal e como revelou o caso de Edward Snowden, o centro do mundo rico estableceu un verdadeiro estado de vixilancia[205], no que a loita polo anonimato se redescubre como táctica das subalternas que aspiran a desestabilizar o seu dominio. Anonymous, o "movimento social difuso" xurdido co novo século, sírvese también do anonimato como táctica para esquivar represalias. A rede está chea de recomendacións[206] para ocultar a identidade dos activistas perante autoridades e grandes corporacións.

Estas formas de activismo coinciden en propugnar unha cibercultura libre, "accesible para todos y participada por todos, libre como comunal universal, para ser utilizado e incluso rechazado" (Alonso y Arzoz, 2005, 113). Nesta nova cultura, a autoría perde importancia fronte aos contidos producidos colectivamente, de forma análoga aos procesos creativos da cultura popular tradicional, onde as personas especializadas na creación e transmisión de cancións, poemas ou pezas teatrais

[205] Entrevista para *The Guardian* o 10 de xuño de 2013: http://www.theguardian.com/world/2013/jun/09/nsa-whistleblower-edward-snowden-why
[206] https://cottonio.no-ip.org/hacklab/documentos.html

traballaban a partir de repertorios coñecidos aos que incorporaban algunas modificacións. Poucos nomes de artistas populares pasaron á historia, pois ese detalle era irrelevante. Daí, a impersonalidade das cancións e lendas tradicionais, nas que son escasas as referencias ao "eu", ao narrador. (Burke, 1979, 115). Ademais, como se viu, o anonimato permitíalles introducir elementos do discurso oculto das subalternas nas distintas interpretacións. Por outra bada, adoitaban manter en segredo as súas técnicas de traballo (o titiritero nunca mostraba ao público o que acontecía detrás do teatriño nin revelaba os seus trucos). Deste xeito, estes membros de subculturas itinerantes protexíanse a base de non deixar pegada (Rao, 1985; Bernardot, 2011).

Hoxe, se ben as autoras de contidos subversivos na rede tamén tratan de ocultarse no anonimato, as técnicas partíllanse libremente para facilitar a súa propagación. O emprego de licenzas de software libre e linguaxes de código aberto é, de feito, un dos piares nos que se sustenta o movemento ciberactivista. O importante é pór as ideas a disposición de canta máis xente mellor, para o que é fundamental evitar a comercialización das licenzas de uso dos programas[207]. Non é unha cuestión de supervivencia económica (como ocorría no caso dos artistas populares, Rao, 1985), senon de facer posíbel a interacción libre e gratuíta a través de internet; isto é, que funcione como un medio de comunicación no senso defendido por Pasquali (2007), e non un medio de información máis nos que as grandes corporacións empresariais impoñan a dirección das mensaxes. A liberdade de interacción na rede constitúe, asemade, unha condición indispensábel para que as formas de protesta contemporánea poidan expresarse a través deste medio (Campoy, 2015).

Alén das potencialidades das tecnoloxías dixitais e de Internet como ferramentas para a xeración dunha cultura distribuída e de expresión do descontento das subalternas, outras formas culturais máis convencionais continúan a servir como vehículo de resistencia simbólica, empregando tácticas propias das infrapolíticas analizadas por Scott para sociedades agrarias tradicionais. Deste xeito, recentes estudos teñen chamado a atención sobre a acción dalgúns artistas na subversión do mito da Galiza sentimental a través da parodia (Miguélez-Carballeira, 2015), en pezas musicais que xogan con dúas capas de significado, como o grupo musical humorístico "Os da ría". Poderíanse engadir outros exemplos de subversión a través do humor e a ambigüidade, como o movemento ridiculista, cuxa intervención na contra-manifestación de Galicia Bilingüe de Santiago de Compostela en febreiro de 2009, portando disfraces de toureiros, guardias civiles e faralaes e cantando consignas que evocaban á ideoloxía nacionalcatólica, conseguiu deixar fóra de xogo aos manifestantes que protestaban contra "la imposición del gallego"[208].

Por todo o dito, as analoxías entre as tácticas para a expresión do discurso oculto verificadas no caso do espectáculo de Barriga Verde durante o período analizado e as empregadas hoxe en día polos movementos sociais, permiten concluír a viabilidade dunha reapropiación das formas do espectáculo con novos fins e, presumibelmente, baixo outras formas, linguaxes e técnicas, alén da das marionetas de luva. O carácter efémero e o anonimato serían dous dos elementos do espectáculo que facilitarían esta reactivación. O emprego do humor e da ironía, de elementos escatolóxicos e a absoluta irreverencia aos valores do poder tamén o son. Daí que o esforzo da Asociación Morreu o Demo para reactivar a Barriga Verde como expresión simbólica

---

[207] Os principios do software libre recóllense no web da Free Software Foundation: http://www.fsf.org/about/

[208] Os membros do colectivo deixaron constancia do acontecemento no seu blogue: http://seioque.com/index.php/ecramcaro/8-f-o-nunca-visto

da resistencia antiautoritaria en Galiza se considere oportuno. Porén, non abondará con ese impulso nunha soa dirección para que a patrimonialización se verifique de xeito participativo e descentralizado. Neste caso, as enerxías deberán abrollar desde múltiples direccións e cunha intensidade mantida durante o tempo suficiente para que sexa posíbel determinar colectivamente se se quere, e para que se quere, revivir hoxe a Barriga Verde como referente dunha identidade subalterna.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

O principal obxectivo co que se abordou a presente investigación era o de situar unha expresión da cultura popular no foco da reflexión académica. Pretendíase, deste xeito, chamar a atención sobre a complexidade das formas simbólicas dos grupos sociais que historicamente se mantiveron á marxe dos fluxos de reprodución do saber e do poder, así como a importancia destas formas para a comprensión das actitudes e modos de vida destes grupos sociais.

Nese senso, aspirábase a problematizar un aspecto da realidade social dun período concreto (os anos da posguerra en Galiza), habitualmente considerado menor ou relegado ao conxunto do "folclórico", entendido este termo segundo prismas decimonónicos.

Por ese motivo, foron numerosas as dificultades coas que se topou esta pesquisa no seu transcurso, derivadas da inexistencia, até épocas recentes, de estudos similares consagrados ás expresións culturais dos grupos subalternos que fosen alén do exotismo da perspectiva *etic* ou do relativismo cultural.

Outro tipo de obstáculos que presentou a abordaxe da pesquisa estaba relacionado coa propia natureza do obxecto de análise, por definición fragmentario e inestábel, e do que as súas portadoras non se preocuparon en gardar rexistro. En realidade, unha parte importante do traballo que agora se conclúe tivo que consagrarse, necesariamente, a presentar de xeito minimamente sistemático os datos disponíbeis en relación ao fenómeno estudado. En calquera caso, tal exposición de feitos e datas, se ben suxeitos á inevitábel provisionalidade de ser parte dun proceso de reconstrución sempre inacabado, permiten establecer un relato a partir do cal desenvolver futuras incursións no campo por parte doutras investigadoras.

Dado o reducido do corpus teórico existente, relativo a expresións similares da cultura popular, optouse por conformar un cadro diverso e multidisciplinar, que servise de sustento á reflexión emprendida. Buscouse en primeiro termo un soporte conceptual axeitado aos fins da investigación, o que obrigou a realizar un repaso polas principais definicións existentes no campo das culturas populares, así como dos distintos enfoques que se teñen producido para estudalo. Tendo en conta a posición definida de partida, pola cal se aspiraba a situar o foco nun "Nós" do que a investigadora se quer partícipe e non observadora distante, privilexiáronse aquelas achegas teóricas que teñen en conta aos suxeitos desas culturas populares sobre as que se trata de producir novo coñecemento. Esta toma de partido polos sectores subalternos, ou polo pobo entendido desde unha concepción dinámica e heteroxénea, non significa obviar a posición de conflito na que estes sectores se vén indefectibelmente inmersos. O conflito, as relacións de poder, permean necesariamente e definen os suxeitos sociais que, neste caso, se pretendía erixir en obxecto e suxeito de investigación. Daí que a posición dos grupos subalternos nas relacións de poder que atravesan calquera organización social constituíse un dos eixos principais que determinou a estrutura teórica deste traballo.

Fronte ás actitudes de oposición aberta, centrouse a análise na resistencia como táctica empregada polas subalternas en relación á súa posición de subordinación. Deste xeito, optouse por poñer o foco en actitudes menos visibeis e, polo tanto, menos propicias a formar parte do relato mítico das loitas sociais. Son fórmulas sen heroes nin heroínas nas que verquer a gloria polo seu sacrificio polo ben común. Porén, este

traballo partía da intuición de que as actitudes de resistencia, malia non rachar os marcos da dominación de xeito inmediato, si tiveron e poden seguir tendo un peso importante na conformación dunha visión do mundo alternativa á dominante, que permita a construción dunha realidade distinta en momentos máis propicios. Nesta liña, o esquema proposto por James Scott (1990) revelouse idóneo aos obxectivos da pesquisa, fornecendo un marco de análise útil para aplicar ao obxecto de estudo. Outras autoras, desde ámbitos tan diversos como a Historia ou a Antropoloxía, teñen aplicado este esquema á análise das formas de resistencia simbólica ou infrapolíticas practicadas por sectores populares en períodos de forte represión, como é o caso do período estudado. No presente caso, a importancia do aspecto comunicativo nestas tácticas aplicadas polas subalternas para vehiculizar a súa visión do mundo, o seu discurso oculto, xustifica a aplicación deste esquema nun traballo como este, encadrado a priori nas Ciencias da Comunicación.

O feito de traballar con material simbólico vehiculizado a través dun dispositivo concreto (unha barraca de títeres), obrigou a realizar un percurso amplo e descritivo polo ámbito das artes escénicas, co fin de situar a expresión cultural obxecto de estudo como parte dunha forma de comunicación humana de orixe ancestral. Sustentar a afirmación do carácter intrinsecamente político do teatro, e do teatro popular de marionetas en particular, obrigou a un tal repaso histórico e teórico arredor do feito escénico ao longo da existencia da Humanidade.

Por outra parte, defendeuse a consideración do teatro popular de títeres como un medio de comunicación. Sen ser novidosa, esta postura leva aparellado un posicionamento concreto a respecto do momento actual da rama específica das Ciencias Sociais que constitúen os estudos de comunicación, pexados, ao entender de quen asina estas liñas, por unha centralidade das tecnoloxías en detrimento das relacións humanas que, necesariamente, deben subxacer a toda relación de comunicación. Diversos traballos procedentes de ámbitos tan diversos como a Lingüística ou a Semiótica permitiron sustentar o proceso comunicativo que opera durante a representación teatral, o que facilitou a xustificación da escolla terminolóxica adoptada.

A complexidade do contexto histórico no que se sitúa o obxecto analizado obrigou a un repaso dos distintos traballos e achegamentos teóricos sobre o fenómeno das transformacións culturais que deron pé en todo o Occidente á expansión da cultura de masas como concepción do mundo hexemónica, fronte á cal as formas de resistencia simbólica precisan dunha reformulación ou adaptación. Nese senso, o feito de situarse nun período de tipo transicional convirte á expresión cultural analizada nun exemplo de hibridación cultural, no que as formas propias da cultura popular se combinaron con outras procedentes da cultura de masas até que as segundas acabaron por engulir as primeiras.

En último termo, a desaparición da cultura popular tal e como se entendía no modo de vida tradicional obriga a pensar nos procesos de recuperación ou reactivación patrimonial orixinados desde o mesmo inicio do seu declinio. Fronte a patrimonializacións de tipo interesado e embalsamador, sen máis pretensión que a xeración de referentes simbólicos adaptados a unha ideoloxía específica e desprovistos da súa funcionalidade orixinal, outros procesos, emprendidos desde as propias comunidades co fin de rescatar unha memoria da que se sinten legatarias, poden comportar unha axencia social con capacidade transformadora. Estas formas de activación patrimonial participada polas comunidades vincúlanse a unha determinada concepción da memoria colectiva tal que corpus común de coñecemento e de experiencias na que se apoian procesos de construción identitaria definidos e

decididos polas propias colectividades. Deste xeito, defendeuse unha noción da identidade tal que proceso construído colectivamente e que permite ás comunidades adaptarse ás mudanzas da súa contorna. Neste traballo apostouse por aqueles movementos de activación patrimonial integrados en procesos de construción de identidades colectivas como vía de resistencia dos grupos subalternos.

A amplitude e diversidade do corpus teórico proposto serviu para sustentar unha investigación que se quería circular, na que se sucederon de xeito contínuo a reflexión teórica e a análise de datos empíricos. Nese senso, optouse por un enfoque metodolóxico construtivo, artellado pola investigadora a partir de diversas ferramentas metodolóxicas nas que se alternaron os enfoques indutivo e dedutivo. O feito de atoparse inmersa no proceso de recuperación e activación patrimonial do obxecto de estudo durante toda a duración da investigación estivo en grande medida detrás desa decisión metodolóxica. En efecto, os instrumentos de recolla de datos empregados, como os relatos de vida ou a observación participante, estiveron condicionados en grande medida pola propia natureza do obxecto de estudo. Dunha banda, a idade das persoas informantes aconsellaba o emprego dunha ferramenta dialóxica que facilitase a libre expresión discursiva, ao tempo que permitise unha achega ao seu contexto vital, ausente as máis das veces dos relatos históricos oficiais. Pola outra, o proceso de reactivación patrimonial emprendido pola investigadora xunto con outras persoas a finais de 2012 obrigaba a optar por instrumentais de recolla de datos nos que a subxectividade da investigadora non fose considerada un empezo, mais unha avantaxe á hora de acceder ao campo observado.

A importancia da relación do obxecto e os suxeitos de análise co poder, o fincapé no carácter conflitivo de toda expresión cultural, motivou a escolla da instrumento de análise. A Análise Crítica do Discurso facilitou un achegamento aos distintos tipos de textos recollidos que tivera en conta as circunstancias nas que foron producidos e a relación mantida polos seus autores co poder nas súas distintas formas.

O feito de traballar cun obxecto e uns suxeitos de estudo adscritos ao que se decidiu nomear grupos subalternos comportou unha serie de dificultades engadidas á recolla de datos. Un primeiro problema estivo relacionado coa necesidade de traducir un material simbólico xerado e reproducido durante séculos no medio oral á escrita, e máis concretamente á escrita académica. A oralidade, como se ten amosado ao longo do presente traballo, desenvólvese de xeito propicio no instante, na vivencia concreta, polo que resiste mal os distintos tipos de rexistro. No caso do obxecto de estudo deste traballo, á completa ausencia de rexistros do espectáculo engádeselle a escaseza de fontes primarias que puidesen dar testemuño del. Por outra banda, o carácter subalterno do espectáculo e dos seus axentes transmisores (tanto os artistas ambulantes como as espectadoras) condiciona a posición da maioría de informantes respecto da investigadora, determinando en moitas ocasións o signo do seu discurso. Séculos de desprezo e desinterese por parte da cultura dominante xustifican esta actitude reticente que só unha proliferación de traballos que traten de incorporar a voz dos protagonistas desta cultura ao discurso académico conseguirán contrarrestar.

Como resultado do percurso circular teórico-empírico emprendido, isto é, da interpretación dos datos disponíbeis á luz da reflexión teórica, pódense enumerar uns resultados da investigación en relación aos obxectivos e hipóteses inicialmente formuladas.

O primeiro obxectivo específico formulado aspiraba a "*determinar se o teatro popular de marionetas (especificamente o espectáculo de Barriga Verde) constituíu unha expresión do discurso oculto das subalternas durante o período estudado"*.

Nese senso, tratouse de amosar en que medida os contidos vehiculizados a través do medio de comunicación analizado contribuíron á comunicación do discurso oculto, isto é, da visión do mundo alternativa xerada polas subalternas. Tívose en conta, por unha banda, as particulares características do colectivo encargado da transmisión do medio en cuestión, portador dunha subcultura propia derivada do seu modo de vida itinerante, cuxos membros exerceron, ao mesmo tempo, un papel como portadores e difusores da cultura popular xeral.

As especiais características deste colectivo convertíano en particularmente apto para a vehiculización do discurso oculto, dado o seu carácter marxinal e desarraigado, que o mantiña libre dos mecanismos de control interno propios das comunidades locais. No caso dos artistas ambulantes, e nomeadamente dos titiriteiros, o propio dispositivo empregado facilitaba asemade a incorporación subrepticia de contidos alternativos aos dominantes. Durante a relación comunicativa entre o marionetista e o seu público, a marioneta e a palleta funcionan como mediadores para que a mensaxe sexa recibida como se estivese desvinculada de quen a emite. No caso dos titiriteiros populares que transmiten os contidos antiautoritarios, o obxeto interposto serve ademais para garantir o anonimato do emisor. Durante a representación, o marionetista permanece agochado por tras dunha tea ou no interior do seu teatriño, de tal xeito que só as marionetas que el manipula fican visíbeis ao público. De esa maneira, xérase a ilusión de que a marioneta cobra vida, acentuada pola voz sobrenatural coa que fala. A marioneta e a palleta exercen así un efecto de distanciación, que impide que os espectadores se identifiquen de xeito acrítico co están a contemplar. Este efecto permitiría ao marionetista descargarse de toda responsabilidade respecto da crítica contida no discurso, posto que é a marioneta a que a expresa. Por medio desta táctica, o titiriteiro agocharíase para protexerse de posíbeis represalias.

No que respecta ao caso analizado, malia ás dificultades atopadas no proceso de detección dos elementos do discurso oculto no repertorio (transmitido só oralmente) e na situación comunicativa do espectáculo (única para cada representación e para cada espectadora), considérase que as evidencias son suficientes para determinar que, efectivamente, o espectáculo xogou un papel como forma de resistencia simbólica das subalternas durante as primeiras décadas do Franquismo.

Detectáronse distintas tácticas empregadas durante o espectáculo para a vehiculización do discurso oculto, a partir do esquema de Scott (1990). A empezar polo anonimato, característica propiciada polas características do propio medio e dos seus portadores, agochados, como se dixo, tras o teatriño, e sen vinculación estábel ás localidades nas que actuaban. En segundo lugar, atopáronse diversos exemplos do emprego da ambigüidade como táctica para encubrir os contidos subversivos, inaccesíbeis ao público dominante, baixo outra mensaxe inocua para as aturidades franquistas e decodificábel polo común dos receptores. A pertenza do espectáculo ao ámbito da cultura popular facilitou tamén a presenza no repertorio transmitido de contidos nos que se infiltraba o discurso oculto de xeito disimulado, tales que insultos e cancións satíricas. O mecanismo da inversión simbólica, orixinario do universo carnavalesco, formaba tamén parte do repertorio vehiculizado no espectáculo de Barriga Verde. Deste xeito, o recurso á burla á autoridade e as distintas situacións aparentemente disparatadas, integradas na trama do espectáculo co obxecto de desencadear o riso liberador, son características do tipo de infrapolíticas que Bakhtin agrupou baixo a denominación de realismo grotesco. Por outra banda, o protagonista no espectáculo, herdeiro dunha tradición de títeres de raigame europea, reúne as características típicas do personaxe arteiro da cultura popular, aquel que a pesar da

súa posición de debilidade consegue vencer ao seu adversario máis forte mercede á súa astucia e enxeño. Por último, outro elemento que favoreceu que o espectáculo analizado contribuíse á transmisión do discurso oculto polos contextos nos que se desenvolvía, espazos habituais de socialización das subalternas, libres en moitos casos do control dominante, como as feiras e os bailes.

Nun contexto como as dúas décadas posteriores ao golpe de estado fascista, nos que a poboación galega estaba a sometida a un férreo control e seguía viva a imaxe da violenta represión sufrida por aquelas persoas que ousaran desafiar o réxime, a expresión aberta do descontento non era viábel ou cando menos, aconsellábel para quen tratase de manterse con vida. Deste xeito, atopouse en dispositivos como a barraca de Barriga Verde un espazo de decontracción e de expresión velada e segura da visión do mundo que o novo estado de cousas pretendía anular.

A confirmación do papel xogado polo espectáculo de Barriga Verde como medio de comunicación das subalternas neste contexto específico non supón unha defensa do seu carácter combativo ou politicamente militante. As formas de resistencia simbólica carecen, por definición, dese carácter opositor e non están encamiñadas a unha acción transformadora inmediata. Todos os axentes implicados na situación de comunicación aspiraban, prioritariamente, a sobrevivir nuns tempos particularmente difíciles, e o último que pretendían era ter problemas coas forzas da autoridade. Porén, a través deste e doutros dispositivos de comunicación puideron manter unha visión do mundo propia que desafiaba, polo mero feito de existir, o discurso único do poder político que lles fora imposto pola forza.

O segundo obxectivo específico da investigación gardaba relación, xustamente, coa sorte que o dispositivo analizado correu no transcurso do período acoutado. A especial situación política do Estado español afectou ao modo no que se produciron as mutacións culturais que experimentou o occidente europeo xa desde finais do século XIX. En calquera caso, a penetración da Cultura de Masas acabaría por facerse efectiva e xeral, mesmo naqueles ámbitos que ficaran á marxe do proceso aculturador como as comunidades do rural galego. Nese senso, atendeuse ao especial papel desempeñado polo colectivo de artistas ambulantes responsábel da transmisión do medio de comunicación analizado na difusión dos contidos da nova cultura e ás estratexias de adaptación ao novo modo de vida que tiveron que aplicar.

Pretendíase, pois, *"detectar os aspectos nos que o espectáculo de Barriga Verde acompañou a penetración da Cultura de Masas en Galiza, constituíndo un exemplo de* massmediación".

O termo *massmediación*, acuñado por Jesús Martín-Barbero (1991), serviu de prisma a través do cal interpretar os datos dispoñíbeis en relación ao espectáculo e das tácticas que a familia de titiriteiros debeu adoptar para adaptarse ás transformacións que o seu ámbito de traballo empezara a experimentar por volta do primeiro cuarto do século XX. Os procesos massmediadores constitúen exemplos de hibridación cultural e incorporan o conflito entre as formas antigas que se resisten a desaparecer e a nova cultura que aspira á hexemonía. Esa tensión é perceptíbel no dispositivo analizado, que mantivo a presenza dos contidos da cultura popular feirante (o teatro popular de marionetas, os números de orixe circense) combinados con formas transicionais como as varietés, ás que se irían incorporando progresivamente contidos da cultura de masas, nomeadamente as cancións e os filmes comerciais. O emprego da lingua galega, cando menos nalgúns dos números do espectáculo, constituía outro elemento resistene á implantación das novas maneiras culturais de orixe foránea. Alén dos contidos, as formas de organización económica do dispositivo tamén sufrirían a influencia do novo marco cultural, nomeadamente no sistema de cobro, nas

estratexias de captación de público e nas fórmulas de contratación de traballadores fronte á tradicional organización familiar. A hibridación dunha forma festiva propia do modo de vida preindustrial con produtos dunha incipiente industria cultural preludiaba o tránsito a novas formas de socialización que ían ir penetrando, co auspicio do réxime nacionalcatólico, para configurar novos hábitos de consumo e de comunicación asociados a novos modos de vida e novas concepcións do mundo.

En calquera caso, debe relativizarse a capacidade do dispositivo para introducir novidades culturais. Tendo en conta os niveis de acceso ás industriais culturais á poboación das cidades galegas durante o período estudado, só para o público do rural que asistía ás funcións da barraca con motivo das feiras e festividades anuais ou que recibía a familia de artistas ambulantes durante o inverno na súa aldea, os contidos do espectáculo analizado podían supor unha novidade. Nese senso, conclúese que a influencia que puido exercer na introdución da cultura de masas foi relativa, posto que os contextos de socialización tradicional tiñan comezado, xa na década de 1920, a experimentar a penetración da nova concepción do mundo que acabaría por imporse en Occidente. Deste xeito, os esforzos da barraca de Barriga Verde por adaptarse ás novas formas culturais constituirían tan só unha tentativa desesperada por sobrevivir neste novo mundo, algo que finalmente non foi posíbel.

A cultura da supervivencia xerada a partir dos produtos da industria cultural da España autártica reduciría as resistencias á penetración de formas culturais alleas, contribuíndo a achaiar o camiño á cultura de masas e de consumo capitalista. A implantación da cultura da masas faríase efectiva nos anos do "desarrollismo", onde a autarquía deixou libre paso ao capitalismo, facendo confluír a racionalidade técnica coa racionalidade da dominación. O réxime conseguía así substituír a cultura previa, que mantiña vivos elementos do discurso oculto, por medio da estensión dunha nova visión do mundo, coincidente coa cultura de masas.

Poderíase ter delimitado o marco de análise deste traballo na desaparición definitiva da barraca de Barriga Verde en 1964. Tal decisión podería levar á conclusión de que os contidos da cultura popular vehiculizados a través deste dispositivo terían desaparecido definitivamente coa morte do medio de comunicación. Porén, a inclusión dun terceiro obxectivo específico de investigación pretendía obrigar a un cuestionamento sobre as posibilidades de pervivencia da cultura popular no contexto da cultura de masas. As ideas de Michel de Certeau (1990), entre outras, sustentan a intuición na que se basea este último cuestionamento. Considérase, con este autor, que no marco da cultura de masas si existe un espazo para a cultura popular, que é creada a través dos usos dos contidos producidos unilateralmente pola industria cultural. O recurso ás tácticas, ás artes da apropiación simbólica, exemplos de infrapolítica, mantén a súa vixencia no novo contexto cultural. Partindo desta asunción, a última cuestión de investigación formulada pregúntase sobre a sorte que correron os contidos populares do medio de comunicación analizado. O feito de que a maioría das persoas entrevistadas ou cuestionadas lembren aínda as marionetas de Barriga Verde e mesmo algunhas das frases do espectáculo, fai pensar que o elemento popular non desapareceu, senón que quedaría latente, agardando unha nova vida tras a defunción das últimas persoas que o transmitiron. Daí que se valorase a pertinencia de emprender un proceso de recuperación e activación deses contidos, de "*cuestionar a lexitimidade e o interese da activación do espectáculo de Barriga Verde como patrimonio cultural"*.

A hipótese manexada partía dunha determinada concepción do patrimonio cultural como repertorio colectivamente construído polas comunidades, a través de memorias partilladas que se deciden rescatar do esquecemento para dotalas dunha

nova vida no presente. Trátase, pois, dun proceso dinámico e favorecedor de procesos de desenvolvemento comunitario e axencia social. A través da recuperación dos bens patrimoniais dun pasado que deciden sentir como propio, as comunidades constrúen a súa identidade, sitúanse no mundo. O proceso de resignificación do ben cultural recuperado constitúe un acto comunicativo polo cal os receptores desa memoria pasada deveñen emisores dunha cultura viva no presente.

Este proceso, no caso do espectáculo de Barriga Verde, está por facer. A partir da iniciativa dun colectivo cidadán, aspírase a xerar a nivel social o interese reactivador do que é, aínda, un ben cultural en vías de recuperación e preservación. O proceso necesita aínda avanzar na socialización para que a apropiación por parte da comunidade sexe posíbel. En calquera caso, o proceso en marcha contén numerosas potencialidades que levan a afirmar a viabilidade e lexitimidade da reactivación de Barriga Verde como expresión simbólica antiautoritaria para ser empregada no presente.

No que ao elemento identitario se refire, mais que un factor de cohesión nacional como teñen sido outros procesos patrimonializadores no pasado, o obxecto patrimonial podería contribuír a reforzar un sentimento de pertenza a un sector social, o das clases subalternas, que se vía reflectido no espectáculo. O seu protagonista, herdeiro dunha estirpe europea de personaxes antiautoritarios e transgresores, incorpora ese talante subversivo que pode facilitar, por parte das comunidades, a identificación cun referente oposto á cultura institucional dominante. Nese senso, se ben constitúe un patrimonio propio da colectividade que se expresa en lingua galega, a súa apropiación como ben patrimonial non require necesariamente dunha identificación cos trazos do que comunmente se asocia coa "esencia" galega, construída ao longo de procesos patrimoniais de tipo vertical producidos historicamente e cuxos beneficios para a comunidade teñen sido discutidos neste traballo. O elemento identitario presente en Barriga Verde ten, porén, máis que ver coa posibilidade de que as legatarias deste ben poidan redescubrirse nun pasado que non foi tan gris nin tan submiso como se ten pintado, nomeadamente no que atinxe aos anos da Posguerra, permitindo recoñecer nas formas de resistencia simbólica que existiron naquel período un legado que poida ser aplicado no presente.

As analoxías entre as tácticas para a expresión do discurso oculto verificadas no caso do espectáculo de Barriga Verde durante o período analizado, e as empregadas hoxe en día polos movementos sociais, fan considerar a viabilidade dunha reapropiación das formas do espectáculo con novos fins e, presumibelmente, baixo novas formas distintas á das marionetas de luva. O carácter efémero e o anonimato, o emprego do humor e da ironía, de elementos escatolóxicos e a absoluta irreverencia aos valores do poder, son algúns dos elementos presentes no espectáculo que o emparentan coas formas de activismo aplicadas no presente a través de distintos medios, como as redes dixitais en internet ou as formas de intervención artística militante. O propio teatro de marionetas de luva pasa na actualidade por un momento de revitalización que pretende desvinculalo do público exclusivamente infantil e recuperar o seu potencial subversivo e dirixido ao público adulto. Por ese motivo, conclúese que o proceso de activación patrimonial emprendido conta coas condicións de partida que poden facer viábel a revitalización de Barriga Verde como expresión simbólica dos grupos subalternos en Galiza, na actualidade. Porén, o impulso inicial achegado pola asociación cultural embarcada neste proceso deberá estenderse a outros axentes, para que a patrimonialización se verifique de xeito participativo e descentralizado. Do mesmo xeito, o sentido e os usos para os que se pretende revivir o personaxe ou o espectáculo non deberían ser marcados unilateralmente polo colectivo

promotor. Nese senso, malia considerar viábel e lexítimo o proceso emprendido, dependerá da súa evolución a partir dagora que esta conclusión se manteña. Isto é, correspóndelle á comunidade galega a decisión de asumir como propio o ben cultural que se está a recuperar e reconducilo cara a novos usos como forma de resistencia simbólica.

No momento no que se pecha este traballo o proceso de patrimonialización atópase, pois, nun punto crítico: a recuperación e difusión do ben cultural avanza con forza, mais a socialización só se ten iniciado de xeito tímido. Esta investigación, encadrada en dito proceso, pretende tan só apoiar a lexitimidade do camiño emprendido. Aspira tamén, como se dicía ao comezo, a situar o espectáculo e a forma de vida que xirou ao seu redor como elemento de análise indispensábel para comprender os mecanismos a través dos cales o ser humano conseguiu, en distintos períodos da Historia, confrontar as distintas formas de dominación ás que era somentido. A través da análise das tácticas a través das que persoas anónimas, alleas ao mundo letrado, empregaron distintas linguaxes artísticas para comunicar unha visión do mundo que non era grata ao poder hexemónico, tratouse de facer xustiza con aqueles sectores da poboación, nomeadamente da poboación galega da primeira metade do século XX, que os lugares comúns adoitan tachar de sumisa e resignada. Moitos dos datos verquidos neste traballo deberán ser ampliados e revisados á luz de novas informacións que vaian xurdindo no proceso de recuperación das memorias aínda vivas, parello á reactivación patrimonial en curso. A provisionalidade do material empírico manexado foi asumida desde o principio como unha caracterísitica inevitábel da investigación emprendida. Do mesmo xeito que a transdisciplinariedade e a amplitude dos obxectivos formulados pode ser considerada heterodoxa segundo os parámetros académicos convencionais. Asúmense tales riscos, compensados pola certeza de ter conseguido, cando menos, que unha expresión da cultura das subalternas conseguira traspasar as portas do pensamento académico, non para ficar nunha vitrina tras a súa disección, senón como palco desde o cal volver erguer unha voz que, non hai tanto, ecoou nas feiras e festas de todo o país.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

BIBLIOGRAFÍA

Abuín, A. (1996). "Juego, distancia y público. Sobre el concepto de metateatro" en *Actas del X Simposio de la Sociedad Española de Literatura General y comparada*. Vol. 2 Universidade de Santiago de Compostela.

Alonso, A. y Arzoz, I. (2005). *La quinta columna digital. Antitratado comunal de hiperpolítica*. Barcelona: Gedisa.

Alonso Girgado, L, Moreda Leirado, A; Vilariño Suárez, M. (2006). *YUNQUE. Periódico de vangarda política*. Santiago, Xunta de Galicia.

Amaral, A. (1991). *Teatro de formas animadas.* São Paulo: Ed. da USP.

Amorós, A. , Díez Borque, J.M (1999). *Historia de los espectáculos en España*. Castalia, Madrid.

Appel, W e Schechner, R. (1989). *By means of Performance. Intercultural studies of theatre and ritual*. Cambridge University Press.

Armesto, X.F. (1987). *Cunqueiro. Unha biografía.* Xerais: Vigo.

Artiaga, A. e Villares, R. (2007). *Galicia no século XX. Industria e ordenación do territorio*. A Coruña, Arrecife

Artiaga, A., Balboa, X, e Fernández, L. (1997). "O proceso de adaptación do mundo agrario ó capitalismo" en Pereiro, G. (coor). *O feito diferencial galego*, v. 1 Santiago de Compostela, Museo do Pobo Galego.

Aristóteles (1991). *Ética a Nicômaco. Poética*; São Paulo: Nova Cultural.

Asociación Cultural Morreu o Demo (2015). "Devir Barrigas Verdes". En Campoy e Ermida, G. (eds). *Barriga Verde, de feira en feira.* Santiago de Compostela: Urco (7-14)

Ayuso, A. (22-11-2013). "Informe para tallar un rostro a Don Cristóbal Polichinela" Relatorio presentado no *Simposi putxinel•li. Entre el mite, la tradició i la contemporaneïtat*. Barcelona: Institut del Teatre.

---------- (2015). "Panorama dos títeres durante o Franquismo". En Campoy, C. e Ermida, G. (eds). *Barriga Verde, de feira en feira.* Santiago de Compostela: Urco (57-64)

Aznar Soler, M. (1995). "Farsa y guiñol en el teatro de Rafael Dieste" en *Rafael Dieste: actas do Congreso celebrado na Coruña os días 25, 26 e 27 de maio de 1995*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Bakhtin, M. (2003). *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento en el contexto de François Rabelais*. Madrid: Alianza Editorial.

Badiou, A. (1994). *Rapsodia polo teatro*. Sotelo Branco, Santiago de Compostela.

Badiou, M. (1988). *L'ombra i la marioneta o les figures dels déus*. Barcelona:Institut del Teatre.

Barbe, Noël (2011). "O excesso, a ilustração e o intempestivo. Resíduos patrimoniais ou as três figuras da evasão democrática" en *Revista Memória em Rede*, Pelotas, v.2, n.5, abr. / jul www.ufpel.edu.br/ich/memoriaemrede

Barreiro, X. R.; Carballo, F.; López, A.; Senén, F. (1979). *Historia de Galicia.* Pontedeume: ANPG.

Barker, C. (2003). *Televisión, globalización e identidades culturales.* Paidós: Barcelona.

Beltrão, L.M. (2008). "El sistema de folkcomunicación" en Gumucio e Tufte (eds.) *Antología de Comunicación para el Cambio Social. Lecturas históricas y contemporáneas.* La Paz: CFSC. 299-306

Beltrán, M. (1991). *La realidad social*. Madrid: Tecnos.

----------. (1994). "Cinco vías de acceso a la realidad social" en García Fernando, Ibáñez e Alvira (eds) *El análisis de la realidad social.* Madrid: Alianza. (19-50)

Benjamin, W. (2006). "La obra de arte en la época de su reproductibilidad técnica", en *Obra completa*, Libro I-2, Madrid: Abada. (30-57).

Beramendi, J. (1986). "Ideoloxía e política en Vicente Risco" en *Grial*, T.22, n.86, out-dez, 428-440

Berardi, F. (2000). "La incesante guerra entre red y videocracia" en en Pasquinelli, Matteo (comp.), *Mediactivismo: Estrategias y prácticas de la comunicación independiente*. Roma, DerieveApprodi, 2002.

Berger, P. e Luckmann, T. (1998). *La construcción social de la realidad.* Buenos Aires: Amorrutu.

Bernardot, M. (2011). "À la recherche des sans-trace: cultures, espaces et citoyennetés". In Galinon-Mélénec (dir): *L'Homme-trace. Perspectives anthropologiques des traces contemporaines*. CNRS Éditions. (331-347)

Blanco Amor, E. (1973). *Farsas para títeres.* Sada: Ediciós do Castro.

---------- (1974). *Teatro pra a xente.* Vigo: Galaxia.

Blanco, B. e Robres, O. (2004). *El camino de la legua. Titiriteros y comediantes por los pueblos de La Rioja*. Elite-Universidad de la Rioja, Logroño.

Blecha, J e Jirásek, V. (2009). *Ceská Loutka/Czcech Puppet*. Praga: Kant (separata en inglés)

Blumenthal, E. (2005). *Puppetry and Puppets. And illustrated world survey*. London: Thames ans Hudson.

Boal, A. (2004). *El arco iris del deseo. Del teatro experimental a la terapia*. Barcelona: Alba Editorial.

---------- (2005). *Teatro do Oprimido e outras poéticas políticas*. São Paulo:Ed.

Botrel, J-F. (1977). "El teatro en provincias bajo la Restauración. Un medio popular de comunicación". In: *Bulletin Hispanique*. Tome 79, N°3-4, pp. 381-393.

Braudel, F. (1979). *Les jeux de l'échange* Paris: Armand Colin.

Brecht, B. (1984). *El compromiso en literatura y arte*. Barcelona: Península.

---------- (1994). *Petit Organon pour le théâtre.* Paris: L'Arche.

---------- (2004). *Escritos sobre teatro.* Barcelona: Alba.

Burke, P. (1979). *Popular Culture in Early Modern Europe.* Londres:Temple Smith.

---------- (2010). *Hibridismo cultural.* Madrid: Akal

Cabana, A. (2013). *La derrota de lo épico*. Valência: Publicacions de la Universitat de Valência.

Cailler, B e Rasse, P. (2013). "DISTIC y desarrollo local: una visión francesa" en Martínez, M. (ed.); *Comunicación y desarrollo. Un puente entre Europa y América Latina*. Buenos Aires; La Crujía. (pp.273-302)

Cameron, S. (2012). *Working with spoken discurse.* London: Sage.

Campoy, C. (2011). "Teatro e espazo público: o caso galego". En Outeiriño, M. (coor.). *A comunicación e o ben público*. Compostela: Nino. (129-151).

---------- (2014, xuño). "La transmission des techniques de jeu parmi les marionnettistes : du secret de famille au copyleft". Comunicación presentada no 19º congreso da Société Française de Sciences de l'Information et la Communication. *Penser les techniques et les technologies : Apports des Sciences de l'Information et de la Communication et perspectives de recherches*. Toulon, Francia. (Disponíbel en liña en http://sfsic2014.sciencesconf.org/browse/author?authorid=2600).

---------- (2015). "Comunicar el descontento a través de marionetas populares. De la barraca de feria al transmedia" en Nos, E.; Arévalo, Á. I. e Farné, A. (Eds.) (en prensa). *#comunicambio: Comunicación y Sociedad Civil para el Cambio Social / #com4change: Communication and Civil Society for Social Change*. Madrid: Fragua.

Candau, J. (2001). *Memoria e identidad*. Buenos Aires: Del Sol.

Caro Baroja (1979). *Ensayos sobre la cultura popular española*. Madrid, Dosbe.

Carré Aldao, U. (2006). *Memoria critico-bibliográfica sobre el Teatro Regional Gallego*. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, UdC.

Carré Alvarellos, L. (1931). "Apontamentos para a historia do Teatro Galego". Boletín nº 235-240 da RAG.

---------- (1997). "Los ciegos de las romerías. Viejas costumbres gallegas" en Herrero, N. et al *Antropoloxía: Relixión. Crenzas. Festas*. (vol. 27 de Galicia. Proxecto Editorial). A Coruña: Hércules. Pp. 372-377

Castells (1997). *La era de la información. El poder de la identidad.* Madrid: Alianza.

Casares, C. , Lezcano, A. e Risco, A. (1997). *Para ler a Vicente Risco*. Vigo: Galaxia.

Castro, S. (ed.). (2005). *Documentos para a Historia do Teatro Galego (1919-1924).* A Coruña: Biblioteca Arquivo Teatral Pillado Mayor, UdC.

Castro, X. (2007). *Servir era o pan do demo. Historia da vida cotiá en Galicia. Séculos XIX e XX.* Vigo, Nigratea.

Certeau, M. De (1990). *L'Invention du quotidien. Arts de faire*. Paris:Gallimard, 1990

Chartier, Roger (1994). *Culture populaire. Retour sur un concept historiographique* Eutopías, 2ª época Centro de Semiótica y Teoría del espectáculo. Universidad de València & Asociación Vasca de Semiótica. Vol. 52.

Cirlot, J.E. (1999). *Ferias y atracciones.* Madrid: Libertarias/Prodhufi.

Colletta, N. e Ross, K. (1980). *Tradition for Development: Indigenous Structures and Folk Media in Non-Formal Education.*

Cornejo, F. (2006). "Apuntes para la Historia. La Máquina Real" en *FANTOCHE*, nº0, Calatayud: UNIMA España. 13-31

---------- (2008). "El títere y su misterio: magia, religión y teatro (incluso en el siglo XXI)" en *FANTOCHE*, nº2. Calatayud: UNIMA España. 24-50.

---------- (21-11-2013). "La máquina real de los títeres". Relatorio presentado no *Simposi putxinel•li. Entre el mite, la tradició i la contemporaneïtat*. Barcelona: Institut del Teatre.

Covarrubias, S. (1611). *Tesoro de la lengua castellana o española*. Madrid: Luís Sánchez. (Fondos dixitais da Universidad de Sevilla)

Dakroub, K. (23-11-2013). "Arabic Shadow Theater". Relatorio presentado no *Simposi putxinel•li. Entre el mite, la tradició i la contemporaneïtat*. Barcelona: Institut del Teatre.

Damatta, R. (1997): *Carnavais, Malandros e Heróis. Para uma sociologia do dilema brasileiro*. Rio de Janeiro: Rocco.

Davallon, J. (2002). "Tradition, mémoire, patrimoine" in Schielle, B., *Patrimoines et identités* Québec: Multimonde. (pp. 41-64)

Davy, M-M. (1981). "Évolution de la liturgie chrétienne" en Dumur, Guy (dir) *Histoire des spectacles*. Encyclopédie de la Pléiade. Bruges: Gallimard. (170-198)

Delgado, M. (2013). "Artivismo y pospolítica. Sobre la estetización de las luchas sociales en contextos urbanos" en *Quaderns-e. Institut Catalá d'Antropologia*. Número 18 (2) (pp. 68-80). Recuperado de http://www.raco.cat/index.php/QuadernseICA/article/view/274290/36235Recuperado de http://www.antropologia.cat/files/Quaderns-e%2018%282%29_article5%28Dossier1%29.pdf

Díaz, C., Gómez, C., Fernández, M.M., Fraga, X., Rodríguez, M., Souto, X. (2005). *Manuel María. Unha fotobiografía sonora.* Sarria: Ouvirmos

Downing, J. (2000). *Radical Media. Rebellious Communication and Social Movements*. London: Sage.

Dubert, I. (2007). *Cultura popular e imaxinario social en Galicia*. Santiago: Servizo de Publicacións da USC.

Duvignaud, J. e Khaznadar, C. (dirs.) (2001). "Les espectacles des autres. Questions d'ethnoscénologie II". In *Internationale de l'imaginaire*. Nouvelle série, nº15. Maison des cultures du monde, Généve.

Ermida, G. (2012). "Da memoria á rúa: a recreación urbana do Apalpador" en *ADRA, A revista dos socios e socias do Museo do Pobo Gal*ego, nº7. Compostela: MPG. (69-82)

---------- (2013). "Arqueoloxía dun espectáculo" en VV.AA. *Morreu o Demo, acabouse a peseta*. Urco Edicións, Santiago.

Feixas, C., de Martino, E. (2008). *El folklore progresivo y otros ensayos.* Barcelona: MACBA/UAB.

Fidalgo Santamariña, X.A. (1990). "Referentes identitarios en una colectividad de ambulantes orensanos" in *Actas Simposio Internacional de Antropoloxía. Identidade e territorio*, Consello da Cultura Galega.

---------- (1997). "As actividades ambulantes tradicionais" in *Galicia. Antropoloxía.* (tomo XXIV) A Coruña: Hércules.

Fiske, J. (1989). *Understanding Popular Culture*; London: Routledge.

Fernández Ferreiro, X. (2012). *De Xente Nova a Brais Pinto: memorias dun afiador rebelde.* Vigo: Xerais.

Fernández Prieto, L. (2007). *O Franquismo: atraso económico nunha sociedade destruída*. A Coruña, Arrecife.

Flores, F. (1985). *El diablo en España.* Madrid: Alianza

Foucault, M. (1969). *L'Archeologie du savoir.* Paris, Gallimard.

---------- (1975). *Surveiller et punir. Naissance de la prision.* Paris, Gallimard.

---------- (1976). *Histoire de la sexualité. La volonté de savoir.* Paris, Gallimard

---------- (1984). "Des espaces autres: hétérotopies" en *Architecture, Mouvement, Continuité*, 5. 46-49
(http://foucault.info/documents/heterotopia/foucault.heterotopia.en.html)

Fournel, P. (1975). *L'histoire véritable de Guignol*. Paris, Lyon; Fédérop.

Francis, P. (2012). *Puppertry. A reader in theatre prectice*. London; Palgrave Macmillan.

Freitas, M.P (2008). *Represión lingüística en Galiza no século XX*. Vigo: Xerais.

Gaignebet, C. (1979). *Le Carnaval. Essais de mythologie populaire.* Paris: Payot.

Gaignebet, C. e Jayoux, J-D. (1985). *Art profane et religion populaire au Moyen Ag*e. Paris: Presses Universitaires de France.

García Fernando, M; Ibáñez, J. E Alvira, F. (1994). *El análisis de la realidad social.* Madrid: Alianza.

Gelder, K. & Thornton, S. (eds.). (1997). *The subcultures reader*. London, Routledge.

Gómez Redondo, C. (2013). *Procesos de patrimonialización en el Arte Contemporáneo: diseño de un artefacto educativo para la Identización*. (Tese doutoral). Universidad de Valladolid.

Gondar Portasany, Marcial. (1995). *Crítica da razón galega*. Vigo, A Nosa Terra.

González Pérez, C. (1997). "Os centros de intercambio tradicionais" en González Reboredo, X. (coor).; *Galicia. Antropoloxía. Tomo XXIV. Tecnoloxía agraria: oficios*. A Coruña: Hércules. (326-368)

González Rodríguez, B. (1994). "La utilización de los datos disponibles" en García Fernando, Ibáñez, Alvira. *El análisis de la realidad social.* Madrid: Alianza. (245-274)

Gourdon, A.M.(1982). *Théâtre, public, perception.* Paris: CNRS

Graham, H. (1995). "Popular culture in the 'Years of Hunger'" in Graham e Labanyi (eds.) *Spanish Cultural Studies.* Oxford University Press

Gramsci, A. (1999). *Cuadernos de la cárcel*. Puebla: ERA.

Grignon, C. e Passeron, J.C. (1989). *Le savant et le populaire. Misérabilisme et populisme en sociologie et en litérature.* Paris: Gallimard.

Guasch, O. (1997). *Observación participante.* Madrid: CIS.

Gumucio, A. e Tufte, T. (2008). "Raíces e importancia. Introducción a la Antología de Comunicación para el Cambio social" en Gumucio e Tufte (eds.) *Antología de Comunicación para el Cambio Social. Lecturas históricas y contemporáneas.* La Paz: CFSC, 16-47.

Halbwachs, M. (1968). *La mémoire collective*. Paris: Presses Universitaires de France.

Hauser, A. (1999). *The social history of art* (Vol. 1) London: Routledge.

Hobsbawn, E. (1984). *The invention of tradition.* Cambridge University Press

Hoggart, Richard (1958). *The uses of Literarcy.* Harmondsworth: Penguin.

Ibáñez, J. (1994). "Perspectivas de la investigación social: el diseño en las tres perspectivas", en García Fernando, Ibáñez e Alvira (eds.) *El análisis de la realidad social*. Madrid: Alianza. (51-86)

Iglesias González, X. (2013). *José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*. Compostela, Urco.

Juliano, D. (1986). *Cultura popular.* Barcelona: Anthropos

Jurkowski, H.; Foulc, T. (dir.) (2009). *Encyclopédie Mondiale des Arts de la Marionnette*. Montpellier, L'Entretemps.

Jurkowski, H. (2013). *Aspects of puppet theatre.* Londres: Palgrave Macmilliam.

Kelleher, J. (2009). *Theatre and politics*. Londres: Palgrave Macmilliam.

Leal, B. (2013) "Agitar antes de usar: A antropologia e o património cultural imaterial" en *Revista Memoria em Rede* v.3, n.9, Jul./Dez, Pelotas. Recuperado de www.ufpel.edu.br/ich/memoriaemrede

Ley Orgánica 2/2015, de 30 de marzo, por la que se modifica la Ley Orgánica 10/1995, de 23 de noviembre, del Código Penal, en materia de delitos de terrorismo. Boletín Oficial del Estado, núm. 77 de 31 de Marzo de 2015. Recuperado de http://www.boe.es/boe/dias/2015/03/31.

Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección de la seguridad ciudadana. Boletín Oficial del Estado, núm. 77 de 31 de Marzo de 2015. Recuperado de http://www.boe.es/boe/dias/2015/03/31.

Leone, B. (22-11-2013). "Origini di Pulcinella. Le guaratelle, origini, mito e rito. La craionalita è enimica della catarsi. Viva la tradizione!". Relatorio presentado no *Simposi Putxinel•li. Entre el mite, la tradició i la contemporaneïtat*. Barcelona, Institut del Teatre.

Lezcano, A. e Risco, A. (1997). "Risco segundo Risco", en Casares, C. , Lezcano, A. e Risco, A. *Para ler a Vicente Risco.* Vigo: Galaxia. (107-197).

López Outeiriño, A. (-) "Vicente Risco, xornalista". Web da Fundación Vicente Risco. Recuperado de http://www.fundacionvicenterisco.com/gfx/Descargas/xornalista.pdf

Lourenzo, M. e Pillado, F. (1987). *Dicionário do teatro galego (1671-1985).* Santiago de Compostela: Sotelo Branco.

Losada, B. (1987). "Literatura gallega y censura franquista" en Abellán, M. (ed.) *Censura y literatura peninsulares. Diálogos hispánicos de Amsterdam*, nº5. (57-63)

---------- (1993) "Risco e a arte social" en *A nosa Terra. A nosa Cultura. Vicente Risco*. Nº14. (66-67)

Madrid, J.C. de la (1996). *Cinematógrafo y "Varietés" en Asturias (1896-1915).* Servicio de Publicaciones Principado de Asturias, Oviedo.

Magnin, C. (1862). *Historie des marionnettes en Europe depuis l'Antiquité jusqu'à nos jours.* Levy-frères, París.

Mannoni, O. (1969). *Clefs pour l'imaginaire ou l'autre scène.* Paris: Eds. Du Seuil.

Martín-Barbero (1991). *De los medios a las mediaciones*. Gustavo Gili, Barcelona.

---------- (2002). "Culturas populares" en Altamirano (ed.) *Términos críticos de sociología de la cultura.* (49-61)

McCormick, J. e Pratasik, B. (2004). *Popular puppet theatre in Europe, 1800-1914*. Cambridge : Cambridge University Press.

Meyer, Maurice (1847). *Études sur le théâtre latin.* Paris:Dezobry-E.Magdeleine.

Méndez, M. A. (1991). "La oración pervertida en la inquisición novohispana". En *Anales de literatura hispanoamericana*, nº 20. Madrid: Ed. Univ. Complutense. (65-70)

Miguélez-Carballeira, H. (2015) "Transgredindo a Galiza sentimental." *Sermos Galiza*. *A Fondo: A Cultura da Autonomía ou o relato mainstream*, 11 de Xuño, p. 4.

Montano, A. (2003). *Pulcinella. Dal* mimo *classico alla masquera moderna*. Napoli: Dante&Descartes.

Morán, C. (2004). "A teatralidade na obra de Cunqueiro", en Cunqueiro, A., *O ano do cometa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, IGAEM.

Morfakidis, M. (1999). *Karaguiosis. El teatro de sombras griego*. Granada: Athos-Pérgamos.

Ortí, A. (1994). "La apertura y el enfoque cualitativo o estructural: la entrevista abierta semidirectiva y la discusión de grupo". En García Fernando, Ibáñez, Alvira. (eds.) *El análisis de la realidad social.* Madrid: Alianza. (189-222)

Paërl, H. (2002). *Pulcinella. La misteriosa maschera della cultura europea.* Àpeiron Editiori, Sant 'Oreste.

Pasquali, A. (2007). *Comprender la comunicación*. Barcelona, Gedisa.

Passos, A. (2005). "Bonecos de Santo Aleixo" en Machado Santos, M. (coor.), *Museu da Marioneta de Lisboa. Catálogo da Exposição. Lisboa*, EGEAC. (69-82)

Pavis, P. (1980). "Pour une esthétique de la réception théâtrale" in Durand (ed.) *La relation théâtrale*. Presses Universitaires de Lille. (27-53)

Pavis, P. (1984). *Diccionario del Teatro. Dramaturgia, estética, semiología*. Barcelona: Paidós.

Pedrosa, J.M (2007). "El *otro* portugués: tipos y tópicos en la España de los siglos XVI al XVII" en *Iberoamericana,* nº28, decembro. (99-116)

Peral, E. (2001). "Farsas para títeres de Eduardo Blanco-Amor o la tradición teatral vista desde el exilio" en Alonso, Baldó e Mancebo (compiladores): *L'exili cultural de 1939. Seixanta anys després*. Tomo 2. València: Universitat de València. Biblioteca Valenciana.

Pereira, F. e Sousa, J. (1991). "O 'cego dos monifates' de Isidoro Brocos" en *Anuario Brigantino*, nº 14, 289-300

Pereira, P. (2011). *Un anaco de memoria*. Madrid: Fundación AISGE.

Pereiro, X. (2008). "A produción sociopolítica do patrimonio etno-antropolóxico en Galicia" in Pena, R e Martinez, C (coors) *O patrimonio etnográfico. III xornadas sobre a protección do patrimonio cultura*l. Xunta de Galicia. (129-141)

Pichel, L. (2013). *Cativa en su lugar/casa pechada*. Ibiza: Diminutos salvamentos

Prieto, A. (2005). "Los estudios de performance. Una propuesta de simulacro crítico" in *Citru.doc*. *Cuadernos de investigación teatral*, No. 1, Nov. 2005, México, Centro Nacional de Investigación Teatral Rodolfo Usigli (CITRU), CONACULTA, (52-61)

Pujadas Muñoz, J. J. (2002). *El método biográfico: El uso de las historias de vida en ciencias sociales*. Madrid, CIS.

Rabanal, M. (1959). "Un clásico gallego: Castelao" en *Ínsula*, nº152-153,

Rao, Aparna. "Des Nomades méconnus. Pour une typologie des communautés péripatétiques". In: *L'Homme*, 1985, tome 25 n°95. (97-120).

Rasse, P. (2003). *Le Theatre Dans L'espace Public, Avignon "Off"* Aix en Provence: EdiSud.

---------- (2006). *La rencontre des mondes.* Armand Colin.

---------- (2009). "Aux origines des *Culturals Studies*, Hoggart et les cultures populaires" in Albertini, F. Et Péllisier, N. (dirs.) *Las sciences de l'information et de la communication à la rencontre des* culturals studies. Paris, L'Harmattan (53-76)

---------- (2012). "Traces, patrimoine, mémoire des cultures populaires**"** ESSACHESS. *Journal for Communication Studies*, vol. 5, no. 2 (10): (245-255) eISSN 1775-352X

Recoing, A. (1981). "Les marionnettes" en in Dumur (ed.), *Histoire des spectacles. Enciclopédie de la Pléiade*, vol XIX. Bruges: Gallimard. (1461-1492)

Ribeiro, R. (2011). *Henrique Delgado. Contributos para a história da marioneta em Portugal*. Lisboa: Museu da Marioneta/EGEAC

Richet, M. (1981). "Le cirque" in Dumur (ed.), *Histoire des spectacles. Enciclopédie de la Pléiade*, vol XIX. Bruges: Gallimard (1520-1542)

Risco, V. (1997). "O demo na tradición popular galega" en Herrero, N. et al *Antropoloxía: Relixión. Crenzas. Festas*. (vol. 27 de Galicia. Proxecto Editorial). A Coruña: Hércules. (244-247)

Rodríguez Fer, C. (1994). *A literatura galega durante a guerra civil.* Vigo: Xerais.

Rodríguez Rivas, A.M. (2000). *Xosé Trapero Pardo. A crónica dun século,* XIV Premio Literario Anxel Fole, Fundación Caixa Galicia, Lugo.

Roio, M. del (2014). "Gramsci y la emancipación de lo subalterno" en *Herramienta, revista de debate y crítica marxista*. Recuperado de: http://www.herramienta.com.ar/solo-en-la-web/gramsci-y-la-emancipacion-de-lo-subalterno

Roiz, M. (1982). “Fiesta, comunicación y significado” en Velasco, H. (ed.) *Tiempo de fiesta. Ensayos antropológicos sobre las fiestas en España.* Madrid, Alianza.

Rojas, Agustín de (1603). *El viaje entretenido* . Edición dixital en Biblioteca Virtual Universal (http://www.biblioteca.org.ar/zip22.asp?texto=154442).

Rumbau, T. (2013). *Rutas de Polichinela. Títeres y ciudades de Europa.* Barcelona; Arola Editors.

---------- (2015). “Polichinella. Un arquetipo europeo para a liberdade”. En Campoy e Ermida (eds). *Barriga Verde, de feira en feira.* Santiago de Compostela: Urco. (33-44).

Salaün, S. (1990). *El cuplé: (1900-1936).* Madrid: Espasa-Calpe.

Saperas, E. (1992). *La sociología de la comunicación de masas en los Estados Unidos*. Barcelona: PPU.

Sarabia, B. (1994). “Documentos personales: historias de vida”. En García Fernando, Ibáñez, Alvira. *El análisis de la realidad social.* Madrid: Alianza. (223-244)

Seara Cardoso, J.P. (-). “Teatro Dom Roberto: Breve história e notas”. Teatro de Marionetas do Porto.

Seoane, X. (1994). *A voz dun tempo. Luis Seoane: o criador total*. Sada: Eds. Do Castro.

Saavedra, P. (1992). *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago de Compostela: Universidade, servizo de publicacións.

---------- (1994). “La consolidación de las ferias como fiestas profanas en la Galicia de los siglos XVIII y XIX” en Núñez, M. (Ed.). *El Rostro y el discurso de la fiesta*. Santiago de Compostela, Semata.

Sampedro Folgar, C. (2007). *Cancionero musical de Galicia*. Reconstitución y estudio de José Filgueira Valverde, Pontevedra. Fundación Barrié de la Maza.

Schaeffner, A. (1981). “Rituel et pré-théâtre” in Dumur (ed.), *Histoire des spectacles. Enciclopédie de la Pléiade*, vol XIX. Bruges: Gallimard. (21-53)

Schechner, R. (2002) *Performance studies. An Introduction.* London: Routledge.

Schechner, R e Appel, W. (eds.) (1989) *By means of Performance. Intercultural studies of theatre and ritual*. Cambridge University Press

Schechter, J. (ed.) (2003) *Popular theatre. A source book*. London: Routledge.

Scott, J.C. (1990). *Domination and the Arts of Resistance. Hidden transcripts.* New Haven and London: Yale University Press.

Si, había misa, si. É a misa do San Lucas, pero bueno, hai moita xente... E había a novena, antes xa, e era... Eles viñan o día 12, senon aparecían o día 12 aparecían o día 13, o 18... que era cando empezaba a Novena i iles empezaban a asentar, e cando ibas á novena pois despois quedábaste alí... Iles non iban á misa.

C: Non?

Non. Unha familia... Eu creo que unha familia si... esta muller do Xulio que si que tal... Pero...non eran de misa, que daquela eso era...

C: Mal visto, non?

Claro, era unha cousa rara. Era unha cousa rara. Tamén hai que dicír que canto había misa iles non encendían as megafonías, non facían...Tamén eran, sempre foron, inda hoxe...

C: Respectuosos...

Respectuosos, mui repectuosos, nese sentido.

C: Entón era unha festa... de labregos, realmente.

Si, unha festa de labregos, unha festa de campo, onde se proba o viño novo.

C: Túa familia era... Tratante teu avó...

Miña familia era labrega, meu avó era tratante pero unha das... O meu pai era labrego tamén, pero meu pai foi caminero, capataz, anduvo por aí facendo carreteras, i si que tiña... Claro, despois continuou un pouco, con esta xente, pois encontrándose nalgúns sitios por aí, e tal...

C: E fuches ao seminario... Antes ías á escola alí na propia parroquia?

Si, na escola primaria, houbo que facer o ingreso aos dez anos... O exame de ingreso... Ao seminario, porque non tiñas outro sitio onde estudiar... Non porque quixeras ser cura...

C: Non, claro. Como facían daquela case tódolos rapaces...

Non había outra...

C: E... Estaban as festas, estaba San Lucas... pero á parte diso, había outro entretemento, algunha outra forma de...?

Non, había as feiras. Da miña parroquia había a feira por exemplo de Laxe que xa non existe, pero aínda vén nos calendarios: "día 2 en Laxe".

C: O día 2 de cada mes?

Si. Chamábase así pero era en Penasillás, subindo para o Faro. E despois había eso, que era ir ás feiras, e a feira de Chantada, non había escola...

C: O día...

O día da feira non había escola.

C: Que días era a feira de Chantada?

5 e 21. Eses días non había escola. E había os paseos, cando eu era rapaz, pero claro, cando eu era rapaz...

C: Non tiñas esas inquietudes aínda.

Non claro, pero ibas, gustábache ir e tal... Pero era os paseos...

C: Iso era o día das feiras?

Si. Pola tarde. Se cadra os vellos iban vender e comprar e tal, e os mozos e mozas iban á feira. [ao paseo]

C: E baixabades desde as parroquias?

Claro, nós baixábamos, quedabanos relativamente perto, ademais, para ir andando e volver andando. E había cine, había dous cines en Chantada daquelas.

C: Xa había cine daquela...

Si, si. Había dous. Ademáis un da que foi cadena Yecla e outra da cadena Capitol, que saliron dalí.

C: E que estaban, na praza...

Si, un está onde é aiquí a... a Juan XXIII. Alí ao lado do Casino, que hai un edificio novo, que estaba aí, e o outro, o Capitol, estaba aí subindo á dereita, nun edificio novo que hai.

C: Tiraron os dous, claro...

Si, tiraron os dous i tal... pero eu acórdome de ir de pequeno ao cine pero... O cine tiña unha tradición en Chantada mui grande, de novo. Meu pai, cando era rapaz, aínda me contaba onte, non? Como o responsable do Partido Galeguista -el debía ser moi novo, tendo en conta que marchou prá guerra aos 16 anos...- lle regalou, o invitou ao cine. Cando il entrou nas Xuventudes Galeguistas o invitou ao cine. Digamos que o cine... Alí había tradición de cine. E beixaba, a xente beixaba ao cine. Si, i o día de feira íbase ao cine. Me estou acordando agora dun día que me levou meu primo Orlando a ver Fumanchú, i me tomei antes unha cocacola, me invitou a unha cocacola, a primeira vez que tomei unha cocacola, que non me gustou nada... Entre a película do Fumanchu, que... acórdome qeu estaba nunha cousa, íballe subindo auga, non podía moverse porque tiña aquí unhas... unhas espadas e non podía moverse; i a cocacola que debeume poñer nervioso coa cafeína, que eu nunca tomara nada... Pasei un medo de 23 pares de narices.

C: Pero as películas que poñían en Chantada eran distintas das que poñía Barriga Verde?

Si, as de Barriga Verde eran mudas. Eran mudas e ademais... en blanco e negro...

C: máis cortiñas...

Si, eran máis curtas... Acórdome que unha das que trouxo... cortada, porque eu despois aquela... víraa xa, porque era Cantinflas en el Gran Hotel, eu víraa na Coruña, no cine Hércules. Tiña eu catro anos, acórdome. E despois trouxéraa il e non tiña nada que ver! A do Cantinflas no Gran Hotel a min gustárame moito, claro, ademais na Coruña, saír de noite, un rapaz de catro anos, da aldea...Ir ao cine, as luces... Acórdome que me impactara moito o cine Hércules, que era onda... cerca da calle da Torre... E acórdome que... claro, se cadra non era real, pero... que tiñan moito destape as películas, digamos... Quen sabe o que para a miña mentalidade daquelas era o destape! (37:26)

C: que tiñan as de Barriga Verde?

As de Barriga Verde. Digoo, relativizando a cousa porque: quen sabe o que era o destape para...

C: Xa, igual ver unha canilla xa era...

Se cadra non tanto. Porque eu aos 5 anos xa fodía! Digamos [ri] posto a cousa así. Andabas coas rapazas... Os xogos eróticos era algo normal. Non o aprendías en televisión nin no cine!

C: natural, todo. [río]

Era natural. Por eso digo que non sei hasta que punto esa idea que teño hoxe de que había bastante destape, si era certo ou non era certo. Porque a min tampouco non me chamaba a atención, digamos, esa cousa do destape, ou verlle as pernas...

Non, tampouco non. Claro... Era mui permisiva a cousa. A cultura, daquelas, era mui permisiva, no sentido de que estabas no seminario (?)38:47. Cando botaban o boi á vaca, que muitas veces non querían que estuvese alí porque podíante mancar, pero se non había cousa tiñas que ir e apartarlle o rabo á vaca para que a montara o boi se non había... se non había outra xente! Me entendes?

C: Claro, non andaban con caralladas de... metáforas...

Efectivamente. Eso o vías todos os días... Ou decirche que agarraras o coello para levarlle á coella. Vamos, que non... era outra mentalidá máis aberta e o de foder... Eu sabía o que era foder desde pequeniño.

C: Pero probablemente igual nas vilas non era así...

Supoño que non...

C: Tu notaches o choque tamén?

Si, claro, cando vas para o seminario... i de ver aos grandes facer pallas i de ver, digamos, postos catro ou cinco grandes, facendo unha palla, a ver quen arreitaba co leite máis... máis alá... Era, era normal....Claro, chegas ao seminario e che din os curas que non te podes tocar nada... Cuns valores totalmente distintos... Era normal,non? Eu conto ademáis no libro, de *Eu tamén fun coas vacas*, dígolle un día á Marisa: "fodemos?" "veña, fodemos". E eu: "pero temos que desnudarnos" "Pois desnudámonos". E botámonos alí e segun nos botamos: "ala, xa acabamos". E levantámonos! [ri] Debíamos ter eu seis anos e ela cinco ou así.

C: Imaxinando...

Iso, imaxinando pero... E despois chegabas a casa e dicías "vimos de foder". [rimos] Claro! E unha cousa que esta sociedade pois... non.

C: Pero entón non tiñades moita presión na aldea de dicir, as típicas historias que contan, de las misiones...

No, tiñas o das misións, do cura, i da cousa, pero...

C: E da propia escola...

O noso maestro era bastante bon, a maestra non, ainda que eran ademais matrimonio e tal... E o cura era mui bon. O cura era un santo varón, como diría Francisco Carballo. [imita a voz] "bo, bo, bo..." Así, non... Había outros curas por alí qu se te confesabas, que si... poñíante .... Pero, non... aí había as misións, que viñan os padres franciscanos, o Padre Barral e o Padre Segundo, e bueno. Pero tampouco cos rapaces non... Traían daquelas unha emisora, e retransmitían...

C: Unha radio?

Si, unha emisora de radio, que había poucas radios. Transmitían por megafonía porque... Eu acórdome que me preguntaban si quería ser cura, meu irmao xa estaba no seminario, eu díxenlle que non quería ser cura. E preguntáronme por que, que quería ser, e eu díxenlle obispo. "e pa que queres ser obispo?" "Pa mandar dos curas" [rimos] " E pa que queres mandar dos curas?" E eu digo "para que non

prohiban as orquestras, que tiran contra as orquestras" [ri] Unha contestación que os deixou totalmente... E despois o padre Segundo que era moito mellor, sempre... Me quería muito. Me quería muito porque claro, desconcertei... Un rapaz da aldea, non quere ser cura, que quere ser obispo...[rimos] i que defende ás orquestras! Pois era... Pero non era... digamos, había... a mentalida e a cousa dalí era... pois mui aberta. Do aspecto sexual, do aspecto cultural, do aspecto todo... En canto non fun pao seminario, en canto no fun pa.... non o sentín. Pero para nada! Unha libertá, nin os nenos...

C: Ou sexa que tu na infancia, provablemente non percibías que, pois eso, que vivías nunha ditadura nin...

Si, eu percibín que vivía nunha ditadura porque claro, na miña casa si. Caía a cousa de que o meu avó estuvera condenado a morte. I a miña avoa non quería que se falara de política. Pero estaba falando a diario de política! Porque nós tiñamos unha cociña-lareira mui grande e alí xuntábamonos de noite... pois noites de inverno, dez-quince personas. E sobretodo había un señor que viña, o señor Camilo, que viña pa alí todas as noites, era un home singular, que estivera na guerra de África, escapara, matara unha persona... El defineu por exemplo unha cousa que dicía... cando lle preguntaban da... "quen é uste?" Dicía: "eu son Camilo Barrela Guerra, soldado do terceiro porque non hai de cuarta" . Non? Digamos, un tipo "anti", ademais era dunha casa mui rica, pero tamén un antisistema total, non?E despois, o meu estuvera na guerra, i o Pancho estuvera na guerra, claro, todas as batallas... Eu aínda este ano fun, agora este ano tamén. Este ano fixen a batalla de... do Ebro polo norte, o ano pasado fíxena polo Sur, dos pueblos, todos. Tiñaos eiquí, metidos na orella, e queríaos conocer. Ademais... Bechite, a cota 45, tal...

C: pero teu pai estuvo cos... cos Nacionales...

Si, claro. Non lle quedou outro remedio.

C: Porque seu pai era o que estaba...

Si, o avó, o pai da miña nai. Porque fora alcalde e unha das cousas destas, xa muito despois de acabar a guerra, qeu colleron a tres personas que iban de caza, e os colleron coa escopeta. Ademais, antes do San Lucas, pa matar unhas lebres para o San Lucas. Era cando había a caza, e toda aquela... Taba prohibido, e o puxeron como unha partida de guerrilleiros. I eran...Claro, eran os tres republicanos, pero eran os tres dunhas casas ricas. Sobretodo o señor Manolo, do Muñeiro, i o cuñado dil que era da... non macordo ahora... do Baeiro. I salváraos o gobernador de Lugo, que era o coronel Pedreira, que era de eiquí de Vigo, i hasta hai pouco tempo ainda a miña familia seguiu tendo relación co coronel Pedreira, i tal. Viña aí á casa do señor Manolo do Muñeiro, viña ás festas, á festa do San Lucas o coronel Pedreira sempre. Desde aquelas, non sei por quen, amigo, que os salvara, claro, eles estaban condenados: puñéranos como guerrilleiros. Claro, como eran... eran galeguistas...

C: buscaron esa fórmula.

Buscaron esa fórmula. Pero nese sentido, claro eu acórdome perfectametne da... que o conto tamén no libro... cando matan ao Piloto eu tiña dez anos. I eu quería ir ver ao Piloto, porque había...

C: o cadaver?

Si. Poñían coches. Poñían coches para ir ver ao Piloto. E eu quería ir e meu avó dixo que non. Que non se iba ver e tal. E eu quería ir ver e dixo "mira, tu non vas, porqeu vai alí a Guardia Civil, o que queira, e todo o que vai é pa que lle dea unha patada e o denigre. E esta era unha persoa boa e ti non vas."

C: porque ao Piloto por esas parroquias tamén o tiñades que coñecer... Igual non tu pero...

Non, eu non o coñecín, pero a xente si, falaba del...

C: A xente acolleuno, non?

Nise sentido, eu teño as cousas, aínda o outro día... O que pasa é que te vas encontrando coas cousas... Unha rapaza que foi moza miña, non? Destas mozas de quince, dezaseis anos... E me di: estaba por Chantada e "Pucheiro, Pucheiro! Ven eiquí. Temos que quedar un día". "E logo?" "Téñoche que contar máis cousas, o que non che contei cando beilábamos xuntos e tal..." . E digo eu "bueno, pero cóntame algo, a ver que queres de min..." . "Pois téñoche que contar que o Piloto estuvo na miña casa muito tempo. E o meu pai quere contarcho antes de morrer". E mira, agora vamos falar desas cousas cando non falabamos daquelas. E bueno, pasou con outro... con outro señor, que cando lle fixemos o homenaje ao Piloto polo 25 aniversario, me parece que foi, fixemos un acto en Chantada. Falara eu, estaba o Camilo de Dios, e... Maiz e non sen quen máis. E cando acabaron de falar e... o acto, viñeron dúas persoas e dixeron "Fonsiño, queremos falar contigo". I estaba meu pai. E dixen, "no, Javier, se fas o favor, ti esperas".

C: A teu pai, dixéchesIle?

Si, porque eran amigos dil. Díxome "non, queremosche dicir unha cousa. Que a Mireia nos últimos anos estuvo..."

C: A Mireia era a... parella?

A muller do Piloto, si. "estuvo na nosa casa. Queremos que o sepas pero en canto non morramos non podes... utiliza a cousa pero non publiques os nosos nomes e tal". Claro. I despois cando morreu, o día que morreu fumos ao entierro, e beixando no coche con meu pai... "Papá, así dos teus amigos todos, a ver se sabes con quen estuvo Mireia, e tal?" Non se, meu pai non daba... e ademáis despois había a filla e o fillo. "Pasa esto, non o sabedes pero... É a cousa así". E inda, antonte, que estuven en Chantada, estuven con outro rapaz dun bar, que ten un bar e... E claro, son esas cousas que non entendes. Despois... daquela mismo, cando fas as cousas, as entrevistas... Eu cando sale a Mireia son o primeiro que a entrevisto. I me... este Claudio, que era capitán mutilado do ejército, e carteiro, vai e me di "alfonsiño, queres... Saiu a Mireia, está na casa en ... Queres entrevistala?" "Home, claro!" "Mira, vas alí e lle dis que vas de parte miña, que foi miña moza. Ela foimiña moza, vai de parte miña". Vale, dígolle a Margarita... "como???" Inda, eu acababa de vir da guerra (?) i non estaba aínda fixo no período. E... "como, pero tes eso?" "teño". "Pero de verda? Porque anda o PCE e non deixan entrevistala..." "Non te preocupes, vamos alá." Collemos o... en Santiago, o dous cabalos de Margarita, e marchamos para alá. En Saviñao parounos a guardia Civil, pensamos que era

porque ibamos pa alá... Era pa multarnos, porque a Margarita pisou a raia nunha curva... I fumos pa alá e.. dixemoslle "Mira, somos periodistas e queremos falar contigo" Nada, non quería. "Non, é que son amigo do Claudio de Riopedroso..." "ai, es amigo do Claudio?..." Xa, fixémonos mui amigos. Margarita levaba unhos queixos, que viña... Quedamos a comer con ela... Despois levamos máis comida, os do PCE se enfadaron, porque tiñan vendido a entrevista a Interviu... E claro, nós sacámola antes, e despois andaba o Ché, o do Irixo, por Chantada adiante dicindo que me quería pegar, na primeira feira do viño de Chantada. Despois andaban os meus amigos e os meus primos atrás dil pa pegarlle, claro! [ri] E tuven que andar eu pa que... porque xa sabes que o Che cando bebía un pouco...

C: O Tosar?

O Tosar, si. E taba así a cousa. Pero despois pasa o tempo e digo eu: Claudio, mozo de Mirella?

C: Pero cando, non?

Pero cando! Porque a Mirella tal, cando... tiña 17 anos cando se vai co Piloto, xa andaban antes...Se o Claudio daquela xa estaba casado... E xa tiña 10 anos a Milucha... pero esto non me casa. Como pode ser, que non me casa? E... Ostia, o outro señor, o leiteiro, que a tuvo... Quen a tuvera acollida, era amigo do Claudio. E tamén era, era un tío que era carteiro. Era o jefe de Correos de Chantada. Que eran... para min, estes eran do réximen. Claro, i estes usaron a cousa, o outro, como a tiñan aquela cousa, e o Claudio, para que non souperan... Para que eu accedera a ela, pero sen dicirme... sen descubrirse. Porque non... dicirlle, ao Alfrediño, ao fillo do Claudio... "E ti non te enteraches das cousas de teu pai?"

C: Xa, xa. Ou se xa que había moita cousa encuberta...

Si, moita, moita. Aínda hai hoxe, pero xente, empresarios dos máis importantes de Chantada, que foron enlaces da guerrilla.

C: Tu dirías que Chantada, non tanto agora senón daquela, que realmente había un ambiente, unha mentalidade de esquerdas?

Alí ganamos, ganou o Frente Popular. I ademais hai unha cousa, eu tuvera unha polémica mesmo, a de nós con Villares, falando das eleccións... En Chantada, eu téñoo bastante ben estudiado, onde ganou o Frente Popular sigue ganando o Bloque. E as familias que xa nas eleccións... que estuvo co Frente Popular votan Bloque. Aí o Bloque se desfixo, vaise desfacer e tal, e temos a nosa base electoral, e nestas eleccións marcharon todos. Non queda ninguén! Quedan 2 ou 3. E xa verás ti os resultados do Bloque. Xa o verás. Van ser uns resultados bos. Algúns marcharon con Beiras, Palleiro... Os outros con Compromiso, concellales, e tal... Cincuenta e seis...

C: bueno, xa había...

Si, xa houbo aquela cousa que non... Chantadanova, o outro, tal. Fóronse pra o Psoe o 50% outra vez, e o Bloque sigue, porque hai un sustrato.

C: E era máis nas parroquias ou na vila?

Si, nas parroquias.

C: As darriba e as dabaixo?

Si, máis das darriba. As de abaixo... Nogueira... Pero é que Nogueira nunca tuvemos, nunca demos entrado ao xeito. Ademais en Nogueira produciuse un suceso que aínda teño que investigar, que é unha matanza, dunha festa que era un tipo de afora que o denunciaran e súbese a un castiñeiro, e eu non sei canto hai de lenda, canto hai de...

C: Durante a República, eso?

Si... Non, durante a República non, durante o franquismo. No franquismo volven escapar os que o denunciaron, e tal, hai varias versións... Hai tantas cousas que investigar que... non dás, non dás investigado. Pero, digamos, nós en San Miguel do Monte, da miña parroquia, que ademais, é tremendo porque... Cada paso que dás, te estás encontrando con cousas novas. Por exemplo, eu fago o libro da historia de Chantada, e pensei que me era fácil facelo, porque había moita cousa... Despois te das conta que non hai nada. Que non había nada, e a metade das cousas que hai están no aire. Está o libro de Formoso, que é tío, por certo, de David Formoso. Me chamou David, que quere facer a tese doutoral... Que eu non o sabía. Tantos anos que estudiamos xuntos, David e Cambeiro i eu... Eramos, eso, o trío, en Madrid, e tal. Frente a Rivas i estoutros, nós eramos máis, por así decilo, da aldea, non? E doutra cousa. Nós fixemos alí muitas cousas, revistas ou tal que non salen, nin lles dan nada... Nin no Consello da Cultura aparecen, nin nada...Antes que facer a esa, xente que se marchara para alá e que era da ANPG.. E Pereiro, e estes...

C: Xa.

Pero estas están aí.

C: o grupo PRISA tamén ten muito que ver...

Si, é outra cousa. Pero digo que por exemplo, alí había: o tío Camilo, que era o tío de meu pai. E decían que era o único franquista auténtico que quedaba. Este era o responsable das Xuventudes galeguistas. Había o Fontela, que a min xa me dixeron que lle daban de lado... Os fillos eran do tempo meu, pasaban fame, había que axudalos. Non lle daban traballo...Era un xornaleiro. E decían que Fontela, que matara un home. Que matara un home e que estuvera na cárcel...

C: tu eso oíalo de pequeno?

Si, si. Qeu matara un home, "o Fontela matou un home" . E, este tipo... o Xurxo, era un tipo que andaba borracho. Como o tío Camilo... E cando fago o libro este de Chantada, pido os... a xente que enxuciou alí, que tivo que ver co... Pero o Fontela non estuvo por matar a nadie! O Fontela estuvo na cárcel por galleguista, masón e republicanos, 8 anos. O Xurxo estivo da calle, ou da cárcel tamén 4 anos. O tío Camilo, o mandan, como o meu pai, os irmaos e o tío... Un que era falangista, e o meten na mili, no bando dos... pa que libre. Claro, meu pai dime: "e que eu non fixen nada, eu non era nada..." Lle pregunto e: " non, eu non estaba en política...un día viñeron por alí os falangistas co seu coche, estaba o Vicente, puñémonos un ao lado e ao outro, collimos as pistolas e tiroteámolos..."[imita a voz do pai] Non, non

fixo nada! [rimos] Imaginas? "non fixen nada..." Tirotear o coche duns falangistas, xa despois de ganar a guerra. Non fixo nada!

C: Carallo!

Con 16 anos! Non fixeron nada... claro, mándanos... (cortase gravación)

Arquivo VN-20121003-00005.amr

Pero ben, nese sentido ben. E despois, cando...o casino. Desas cousas que te enteras e tal... Quen o compra é Miguel Sanmartín, que era notario en Chantada. Eu tiven agora con el moita relación, porque il é asesor xurídico de San José, tiven moita relación con il, é unha persoa marabillosa, que entende muito de fútbol... e el non me contou a cousa, pero Leopoldo de Soto, que era presidente do Casino, pois contoume, contoume a historia e dixome "non eu fixen o abal" el ao final fixo os cartos para comprar o que é un Casino.

C: pero era no mesmo sitio no que está agora?

Si, si. Nese sentido, tamén... Chantada ten unha cousa: en Chantada está o banco de Soto, non se entende sin o banco de Soto. O banco de Soto dominaba economicamente aquilo, porque dominaba todo o que era a emigración, o que é... despois déixoche o libro, o da historia de Chantada, e vés, porque así...é mui sintético, pero para que entendas a cousa. I eu cheguei á... O meu pai sempre me dixo "os de Soto eiquí portáronse ben. Non deixaron que reprimisen, que matasen a nadie, casi." E eu non entendía. Despois cheguei á conclusión que era por unha cousa; eles éralles máis rentable que foran á emigración, que foran a tal, ca matalos, non? Pero hai anos, cando Leopoldo de Soto, que foi o presidente do Banco de Galicia, accede á presidencia do Casino, a min me honran jefe de honra, ou [corríxese] socio de honra. Nómbranme a min socio de honra e nombran da mesma cousa, que somos os tres, a Cuqui, que é o director xeral de agricultura en Bruxelas, i a Paquito el Argentino, Francisco González, o presidente do (?). Dase a circunstancia que Paquito é quen é , un banqueiro, Cuqui é un político moi importante, foi ademais quen lanzou a Andres Dobarro, quen... con Xabier Alcalá. E eu, que son un tipo nacionalista, do Bloque i da UPG e dos máis radicales, pa xente normal, non? E... I eu nunca entrara no casino. E non quería ir. E aí un destes da familia de Leopoldo, sobriño... eu son da aldea, e pa Chantada, nestas vilas son...hasta certo punto, clasistas.

C: Si. Bueno, e o tema do idioma tamén está mui...

Claro, eu nunca me apeei do idioma, etc. Pero me di un rapaz que está eiquí en Vigo, que hoxe é director dunha sucursal do Banco de Galicia: "Pucheiro, tes que ir. Isto é unha vitoria túa. Que o meu tío, sendo quen é, vicepresidente da Deputación con Franco, darche o socio de honra cando nunca entraches aí... Eso é unha vitoria, e non por ti, senón polos das aldeas! Tes que ir e recoller o nombramento." E o casino desde aquela, todas as... presentacións do libro fágoas no casino. Porque en Chantada tamén non hai outro local. Pero alí vai todo dios! Cando, por exemplo, cando presentei o libro do *Coxo de Vilarelle*, que é un alegato contra os caciques, tiña alí, todos na primeira fila, aos alcaldes de Chantada vivos. E á presentación foi Portomeñe!

C: Xa, xa[río]

Contra os caciques! Digamos que... é distinto. Eu que conozo outras vilas e que conozo... nese sentido, Chantada é moito máis liberal, i distinto ao comportamento noutras vilas. Eu, cando o Regal, que foi alcalde anos e anos, cando... das primeiras eleccións, que foi das únicas en que participei, porque despois xa era periodista, e non podía, eu andaba berrando contra o Regal. I despois, inflamóuseme o dentista, inflamóuseme unha moa, e tiven que ir sacar a moa. E, jolín, teño que ir a este ao dentista, sacar a moa, e cando tiña a boca aberta dicíame, "e logo, por que te metes comigo, eh?" [rimos] Pero despois non me cobrou e me invitou a xantar, entendes? E en Chantada nun restaurante, para que vira que me invitaba e que iba con el.

C: un demócrata, vaia.

Claro. Nese sentido, a sociedade de alí.. E eu por exemplo, o rexeitamento contrao Barriga Verde, contra estas manifestacións (05:19) desta cousa... non o vin. Non o vin. E sendo rapaz, eso nótase. E eso eu...

C: Claro, notas que estas facendo algo que non está ben visto.

Non, tiñas unha sensibilidade, lóxicamente tiñas unha sensibilidade de que aquilo... Non, para min era o máis normal.

C: Había algunha cousa que non estuvera ben vista?

Si, polo que che decía. O de falar galego, loxicamente. Nós aos da vila lles chamabamos "chantadinos de haberlos idos ? puercos, marranos y cochinos"Si, había unha cousa deso. E había estas cousas da aldea... Nós, por exemplo... Cando foi? Fixemos un equipo, había unha liga en Chantada, de fútbol. Foi cando eu empecei a xogar por Chantada, que fichei naquela cousa, que...Antes de marchar pa Madrid, cando veño do seminario no 73. Fixemos un equipo de... para aquela liga, dos das parroquias. E quedamos campeóns. (06:30) Foi unha conmoción en Chantada! Como xente das parroquias, unhos aldeanos, que ademais viñan todos estes, por exemplo os de Larsa, todos estes que estaban de familia por aí...Estaban estudiando fóra, e formaban equipos... que os das aldeas, que algunhas veces viñamos xente que ou ibamos de segar, ibamos xogar, andando ou en bicicleta...

C: e desde que marchas ao seminario, marchas estudar e volves, notas un cambio na sociedade, na...?

Nótase o cambio... Vamos a ver. A min bótanme do seminario. Entre outras cousas, por falar galego. I por rebelde. Eu despois é cando me reincorporo, e ademais tuven a suerte que empeza o instituto de Chantada. E claro, xa é un... Alí cambian muitas cousas. O instituto..., vai estudar muita xente da aldea, i daqueles momentos tamén creamos a agrupación cultural en Chantada. A Lumieira. E do insituto, claro, a min fanme atrasar un curso, a min me botan en cuarto, eu empezo en terceiro. E claro, teño un curso máis. Veño do seminario, i como os cursos... non había maiores, eu era o maior. I claro, eu son o primeiro delegado do curso. Eu facía os exámenes en galego, daquelas. Pero non por...cuestión política: por levar a contraria[río]. E facíamos unha folga. E cando ven Licinio de la Fuente, o ministro, levo á xente do instituto e armámoslle un cristo. Despois me deteñen por ser da

UPG, antes de que eu soupera o que era a UPG... Tiña unha xente mui boa, amigos, que tamén os botan do seminario naqueles anos, e facemos un núcleo forte, digamos, de romper. De romper coa cousa. Creamos equipos, creamos... Por exemplo, eu me meto na OJE (08:46) porque o Luis García, Luis é o de gimnasia e é o responsable da OJE. Claro, despois me entero, muitos anos despois, que o Luis era de LCR, era un entrista. Por eso me deixaban facer o que eu... Dirixin o periódico, o Cabaceiro, con 15 anos; sacaba O Cabaceiro en galego, que era o ... (?) Sacamos...nun ano tres, e noutro ano dous. O gobernador censuraba o diario... Pero despois cousas rarísimas, como, mandan a... Me propón Luis para dar, o día de San Fernando, que era o día da xuventude, ao que lle deixaban... clase maxistral, e estabamos nun acto de Lugo, estaba o gobernador, del Valle, que é o pai de Santiago del Valle, que é o jefe do Movimiento, todos con camisa azul... e o meu avó di que eu si quero que vaia, pero que non podo poñer a camisa azul. Que por aí non pasa. E resulta que mandamos un discurso alí para que o revisaran, e eu alí, estou falando do 72, non se me ocurre outra cousa, que saltarme o discurso e ler un artículo de Camarero no *Pueblo*, i pedir a legalización de tódolos partidos políticos! Con todos aqueles carcamales, eu non sei como saín dalí! Se arma un follón de tres pares de narices, querían detenerme... Acababan de condecorarme coa ese de... Unha cousa de... claro. E por atrás estaba o Luis, movendo, que era de LCR, despois foi diputado por León do PC. Pero alí se deron todo unha serie de... Porque se podían dar. En Chantada podíanse dar, podíanse dar. Claro, o Don Ignacio, pois que fora maestro da miña parroquia e despois o suspenderan, durante a República e, daba clase na academia, e había outra academia que foi onde empezou, no ano despois, Borobó a dar clases... Cando Borobó, recupera pa aiquí, eu despois son mui amigo de Borobó, a relación que tuven eu con Borobó... Pero o que levaba a academia era o irmao de... de Martínez López. I Martínez López estaba en Chantada. I a outra cousa, a outra academia, tamén era de republicanos. Que había, que tamén os suspenderon.

C: Claro, poñíanse de privados...

I estaba o Danielito, que era o... que tuvera que escapar pero que deixara... que era o pai de Vázquez Cuesta, de Pilar. Fora deputado. Pero, il marcha, pero deixan alí, a outra familia queda alí, que daban clases na academia. Vamos, había un sustrato... esta xente vai dar clase ao instituto. A Malita... Van dar clase ao instituto, claro, e queiras que non, tiñas esa cousa, unha cousa que vas facendo i que...levaba a eso, a que fixéramos cousas, pero tremendas! Que era impensable. Reventarlle un acto a Licinio de la Fuente, o ministro! Reclamando o pabellón, que fixeran un pabellón de deportes! Pois se me ocurriu, " e vamos alá" .

C: a ti os curas moito non che fixeron[rio]

A min o revés, eu era rebelde... Non, pero porque se daban unhas circunstancias, non por outra cousa.

C: Xa, era posíbel, alí.

Era posibel. A min, o que quero dicir, en Chantada eu fun profeta, por así decilo. A min en Chantada me queren os de dereitas, me queren... O que che digo, a presentació do libro: que asistan os do bando franquista, os de hoxe, os doutros, e tal... Non é normal. E ademais van a todos. Todas as veces que presento, que falo...

Nese sentido... I eu nunca... digamos, todos saben... Ademais, xa me detiñan por tar na Upg, antes de estar na UPG... Despois cando entrei, eu nunca... Eu nunca escondín a miña ideoloxía, e menos en Chantada. Eu vou, despois do 77, por primeira vez vou dar un mítin en Chantada, co Bloque. Estas, estas...

C: Estas eleccións.

Pero digamos, a min, o que che dicía. Que Leopoldo, franquista, etc, presidente do banco de Galicia, teña a cousa d enombrarme socio de honra do casino, cando eu nunca entrei aí....

C: E cres que, volvendo a Barriga Verde, cres que eles tiñan... bueno, a nivel político, saberías situalos? Ou non se falaba de política con eles?

Non, pero tiñan esa cousa de... Eu víaos "anti".

C: Anti o que representaba todo o de...

Si, anti... Eu que sei o que era anti? Pa un rapaz, o que é anti... o que é outra cousa, eu o tiña claro. Eran outra cousa. A Guardia Civil era unha cousa, e eles eran outra cousa. Os curas eran unha cousa, e eles eran outra cousa. Eso tíñao claro. E do comentar da xente, etc, etc, tamén por que eles... Tamén, cando ían ás casas, i as cousas, con quen... A casa de quen iban? E donde proyectaban? Ademais doume conta, eran toda xente que despois a min me acolleron cos brazos abertos cando empecei a montar as Comisións Labregas. Onde íban poñer? Claro! Por exemplo en... como se chama? En Muradelle. Na do Benino... non me acordo agora o nome. Eu fun comer a aquela casa, pero anos e anos. E cando morreu Benino, me entero que estuvo escapado catro anos e que era guerrilleiro! Queríalle muito. Pero claro... que era o máis vello, cando fixemos a folga de tratores, a primeira de Chantada, a primeira da Península, que sacamos 374 tratores. Iba Benino ao meu lado e... "Fonsiño, tu manda. Tu di o que hai que facer, que aquí movemos á xente". Claro, unha xente marabillosa. Por exemplo, este leiteiro, o... Jesús, o que tuvo a... a Mireia, da casa, eu despois, anos despois, eu digo, "hostia, esto... hai cousas que non me cadran". Un día collino... "Oye Jesús, i cando eu estaba montando as comisións labregas, e tu aparecías co jeep á noite..." Eu viña coa bicicleta, claro, tiña 16 anos. "Aparecísa co jeep á noite e sempre me levabas á casa... Certábache ou...?" Rise. "pero home!" Eu claro, sempre pensei: este era amigo do meu pai, pasaba por alí, levábame á casa. Pero moitas, moitas noites cando eu ía facer asambleas. E dice "non , Alfonsiño, non. Nós seguíamoste. Porque había xente que te quería matar."

C: Carallo!

I eu: "Jesús, pero ti non tuveches no PCE?" "E que ten que ver eso? Nós o que queríamos é que formarades algo, que fixerades algo e tal. E non supeches no peligro que estabas." Claro, tantos anos despois... Eran cousas que non lle das importancia. Eu chegaba, claro, viñas de Furco, viñas de Couso, ás veces, de noite... "Ola Alfonsiño, tal. Mete aí a bicicleta" , no jeep, que tiña un Land Rober. "ala, que te levo á casa". "Non..." "Si, home si. Que paramos a tomar algo na cantina, e así tamén, aos que están na cantina, fálaslles algo, e tal". Quedas! Hai catro anos. O da memoria...

C: é moi importante.

É importante, i vaste... Canto más experiencia tes, i vas... Vaste dando conta das cousas. Xa che digo, o Barriga Verde, despois fas o mapa a donde iban, e iban a unhas casas mui determinadas. (17:43). Mui determinadas. Anque alí entraba todo dios. Pero iban a unhas casas moi determinadas.

C: E só unha cousiña, para... Porque eles tamén me teñen dito que ían ás San Lucas de Mondoñedo.

Non podían ir.

C: Eran os mesmos días exactamente.

Eran os mesmos días. É o que che digo, eu non iba... Non sei se iban antes de eu nacer.

C: Xa. A ver, é que o que pasa é que tamén había outra barraca. A dun irmao de José que andaba máis pola zona da Mariña.

Eso podía ser. Pero eu, desde que eu lembre, hasta que morreron, viña ao San Lucas. I despois de deixar a cousa, viñan ao San Lucas. Iso, esta xente... Temos qeu ir a Chantada, porque o (Cad do Beiro?) ten que acodarse ben, aínda. Porque meu pai, claro son 93 anos...

C: E xa non...

Si, pero tes que pasar muito tempo. Pero o Germán, que é máis novo, e o Pepe do Beiro, que é máis novo, ou o meu primo Moncho, que ten 60... 62 ou 63 anos, ahora veu, prexuvilouse, estuvo en Madrid, no conservatorio en Madrid... Este tamén pode acordarse.

(falamos de cando podia ser bo momento para ir falar con eles, nas San Lucas non é bo momento pero Pucheiro dí que aínda así vai preguntar)

20:04 A miña familia, por outro lado, a que ten o Pazo de Abrade, pois por alí, tamén era o cura, Emilio, era un cura mui raro. Por unha parte foi do consello... dos Borbóns, do consello de administración do ABC, do consello de administración de RTVE, capellán da embaixada americana, pero por outro os convencionalismos de alí... dicía a misa en galego, se saltaba a cousa, estaba en contra o bispo... i acollía a toda esta xente que...tamén que viñan por aí. Por eso che digo, que a miña familia tiñan esa... esa cousa de relación con esta xente toda...

C: destes ambulantes...

Si, ambulantes, pobres, toda a que... Por exemplo na miña casa viñan os pobres todos, o Camba, o Gache, o Pintuñas, o... Severino...Toda esta xente eu coñecíaa, son historias mui bonitas. Un reportaxe que lle fixen ao Severino, d'A nosa Terra, que ademais se enfadara daquelas por... fora cando marchara a Margarita co goberno e co que era o xerente, un gilipollas, de Dios, e delegou en min. Un tipo que entrevisto, que vivía de anacoreta, e que estuvera cos monxes de Oseira i... i marchara. I se foi a vivir a un basurero, que lle chamabamos o Severino, aí onda parroquia de Buciños, e se foi vivir ao medio do monte. I funo entrevistar alí. I era un tipo dunha lucidez tremenda. Estaba falando con il e dime... Estudiara latín, estudiara tal...Falaba latín... E en determinado momento me di: "tu pensas de verda

que a Terra anda arredor do Sol?" Despois de estar falando de San Agustín, da Biblia, e citar en latín e todo... Te deixa desconcertado! E este home fora cura, ou monxe, dixo que... pero non querían. Claro dixo que el marchara porque ao cura lle daban polo cú. I non quixera saber nada... Historias de...Este era un tipo que iba polas casas, iba pedir, e cunha cultura... escolástica... hasta un punto. Pero el lera todo o lido de Diós! Pero quedou aí. Nos libros que se podían ler no seminario. Citábache a Ilíada en grego, unha cousa... Pero logo, quedou aí, en Copérnico[ri] .

Claro, por alí viña toda esta...., que viña antes do San Lucas. No San Lucas era cando se concentraban todos os pobres. Todos os... os xoglares, e viñan antes e viñan polas casas, e paraban nas casas. Se cadra na casa do meu abuelo durmían cinco ou seis. Había un pote grande de caldo, sempre se facía, facía a miña avoa, pa darlles...

C: E pedían alí na igrexa, ou como...

Non, eles poñíanse... Hai unha subida ao castro, e poñíanse todos a pedir. Coas pernas tolleitas, outros tal... O meu irmao conta que, das primeiras veces, que el debía ser pequeno, é máis vello ca min, que o levaran ao San Lucas, chorara e ao día segunte non quería volver porque dicía que había homes sin pernas, mulleres sin brazos, i.... becerros esfolados. Porque os becerros colgábanos... alí a cousa é: tu vas alí, agora xa non se fai así, pero ... En Buciños aínda se fai, no San Miguel en Buciños... E dis "quero este anaco de carne". Cortábanche ese anaco de carne do becerro, metíano no caldeiro, dábanche unha chapa como as das discotecas, e tú, á hora que quixeras, ibas e levabas o anaco de carne cocida. E estaban os becerros colgados. E a xente alí iba... amais cada un... Por un lado, pola esquerda, cos cousos... pa dar lástima. Pero aquelo era a foto dos Milagres! I ao meu pai, como o coñecían todos, de ir por alí... Eu coñecín a estes, a esta xente toda. E despois, a última hora, xuntábanse arriba. Á última hora do San Lucas.

C: Xuntábanse con vós.

Con nós, i cos que quedaban alí, que xa os conocían das outras feiras, con Barriga Verde, cos outros... Cos das barracas e tal. E había toda esa cousa: andaba o un coa outra, a Maripepa de Cambas andaba co aquil, outra que se deitaba co outro...

C: facíades baile?

Si, había baile.

C: había baile, participaban todos. Tamén os Barrigas Verdes...

Si estaban si... Os Barriga Verde andaban ao seu. Eso era a última hora, xa. Cando se acaba a cousa, pois...

C: tomas unha.

Si, quedábamos alí. Eso, os que facíamos sempre a festa. Pero non hai tantos anos, que facíamos a festa... Hai un ano (bueno, hai vinte anos ou así), cando empezou Luar na Lubre, o primeiro disco, algunhas pezas saliron de alí, que... O Xulio, un dos de Luar na Lubre, tivo comigo aiquí, con Bieito e tal. Fumos comer, comimos alí dunhos pinos abaixo, que era noso; e empezamos a tocar ás catro da tarde, cando acabamos de comer, de pandilla en pandilla, e de beber, e tal... E chegamos arriba á

unha da mañá. Ao Castro, que leva dez minutos. Bueno, cinco minutos. E actuaba a orquesta Compostela e ao final levámoslle nós toda a xente. Foi toda a xente con nós. Ademais, se levaba un instrumento deixábanlle tocar a un... Os gaiteiros vellos que nunca tocaran, apareceu un por alí que eu non sabía... dos gueiteiros de Brigos, e apareceran por alí. Ao Queitano viuno buscar a muller, dicía a muller que levara a sogra á casa, e el non quería. "Estou tocando!" E dicía meu pai "leva á sogra que che vai morrer co frío, e despois quedas sen apaño". Si, e ademais co viño novo... Tamén lle chamaban a Peleona, á festa esta,porque o viño novo xúntase co viño vello e...Unhas borracheras de campeonato. Bonitas, bonitas. Aínda hai catro anos aparecín na casa, que me foron levar, ás 12 da noite. Marchei pao pazo coa Ana Vilaseco, non, con Mariló, que ten un pazo alí ... que é irmá da Ana Vilaseco, da galería, que ahora é concelleira do PP. E Mariló non ten nada que ver coa irmá.

C: Eu creo que conozo a Mariló, si.

Taba alí, con con... con pintores... Acabei alí, os meus pais... non chegaba pa cenar! "E onde andará este?" Xa che digo, é unha festa desas sin tino... será polo alcol, será pola cousa... Pero sigue sendo rompedora. En unha festa normal... non se me ocurre non chegar á hora de cenar. [río] Sigue sendo nese sentido mui rompedora, mui rompedora.

C: pois é curioso, porque claro, eu pensaba que coincidían as dúas barracas, as dos dous irmaos, nas San Lucas de Mondoñedo, pero...

Que eu sepa non, polo menos, eses anos non. Os anos que podo... que eu me lembre, non?

C: Si si ten todo o sentido. De feito, da San Lucas falaban máis os da Mariña.

Si porque a xente confunde, a xente confunde. Eu sei que iles, toda a cousa, iban ao San Froilán e... toda a cousa porque che decían... San Froilán non sei que non sei canto... viña o paxariño, a sorte do paxariño tamén. Que eu despois cando iba... eso ao San Froilán porque entrabamos o día 3 no seminario. E o día que entrabamos tiñamos libre claro chegabas alí tiñas libre. Eu collía o coche, a Directa, en Chantada, e a miña maletiña e pra Lugo, solo, con dez anos con dez anos. I eu levaba ademais cartos no couso i eu non iba comer un bocadillo eu iba comer á fonda que iban os meus paisanos [?] ao Fraile. Eu iba comer á fonda como se fora un señor serio eu nunca comín de bocadillo nin nada!

C: E foches a San Froilán, á barraca, cando...?

Ao San Froilán? Non eu iba saludar.

C: Ahá

Esas cousas... eran meus amigos! Como non podía ir ao San Lucas eu iba saludalos. Esas relacións... hoxe os netos i toda a xente... vou saludar e inda me conocen. Xa che digo, me pasou na Coruña... que quedei apampado. E unha xente que lles levo eu se cadra vinte anos. Quedei totalmente... Pensei que... "hola, si" pero non pa eso...Ademais unha xente... non encontras xente por alí que fale mal...desta xente, dos barraquistas... nin no sentido este de que foran máis alá do que deberan ir, tal...Non. Non porque, eso no San Lucas e tal.... eu vou... sempre. Vou ir sempre que

podo á festa. Cando vivía o meu avó con 94 anos un ano antes de morrer ainda subimos arriba a... festa e tal. Quería oir á misa, ademais é unha festa... Morre a miña avoa, morre calquera cousa i ás festas non se iba , pero a San Lucas si.

C: Aí non se gardaba loito.

Non, era outra cousa. Era outra cousa. Estaba... non era unha romería, ... Por exemplo, esta pertenece a unha parroquia, San Xulián do Mato, non? É unha tiradiña hasta a casa da... Pero os meus avós nunca foron comer á casa dela, o día das San Lucas. Algún ano foi comer o meu pai, ou a miña nai, pero nós sempre ibamos comer nós, á nosa festa, non sendo a nosa parroquia, pero o San Lucas é o San Lucas. É outra cousa. O ano pasado fun comer cos meus pais, viña un amigo meu de Vilagarcía e outro da Coruña... Ao Xulio do Luar na Lubre, hai algún ano que non puiden ir eu, i foi il e comeu con meus pais. E veu coa gaita desde Pontedeume.

Ten... Pero xa che digo, é... Nin daquelas, nin hoxe percibín rexeite a... a esta xente toda das barracas e da cousa nin ao Barriga Verde non... Ao revés. Cos anos, cando paras a ver as conversacións e tal, pois o poñen ben.

C: Non, en xeral, si que se nota. Vamos, en todas partes. Que ten unha... Quedou grabado. Dalgunha maneira a xente desa época...

Está... co Manuel María, é unha lástima porque Manuel María si que tiña... porque coñeceu tamén á xente porque... xente dunha parte da familia acampou en Monforte, non? Entón Manolo si que tuvo relación. Estes tiñan tamén bastantes pleitos, o Manuel era ...procurador e lles levaba a cousa, non lles cobraba. Según me teñen dito a min, eh!

C: Si, Manuel escdribiu aquela obriña, non?

Si, escribiu aquela obriña pero eso el claro tiña a cousa d epoñer en valor eso. Vía o que significaba... Eu era mui novo e aínda non tiñamos tampouco a perspectiva nin siquera pois te poñías a pensar...nesas cousas. Estabas, e aínda que te puxeras, estabas na acción. Tan novo, 15 16 anos, o que queres é acción! Reflexionas despois [ri] a xente coma min, acción por acción. E primeiro das e despois preguntas.

Entrevista a Anxo García (26-2-2015)

Cóntame o que sería a túa interpretación do que era o contexto de tradición titiriteira previo a Barriga Verde.

A: (silencio e ri)

O que ti pensas que había...

A: Si, e ademais tiña que haber unha tradición titiriteira previa. Os datos que temos son realmente moi pouquiños, non? Está por un lado o uso da palabra Cristovo, claramente previa a Barriga Verde, anterior, para referirse aos títeres; están os cegos con monifates e que eu saiba está o debuxo ese de Castelao... Son os tres datos que conozo, realmente, dunha tradición previa a...

E que serían? ti pensas que, ademais da figura do cego dos monifates, habería outro tipo de titiriteiro?

A: si, eu penso que si. A ver, o cego dos monifates é unha forma... Non sei se é autóctona, aquí parece ser que non o é, de representar con títeres. Pero é unha forma; noutros sitios chámanlle fantoches de capote.

Ahà

A: pero por exemplo, o debuxo de... de Castelao, xa non é... non ten por que ser un cego, non é a iconografía típica do cego, i e outra forma distinta de representar, que semella máis a unha cousa tipo contacontos, ou algo así, apoiado con monicreques. A min ese debuxo sempre me recorda ao que podían ser as tavernas de feira como a que se conserva aínda na Golada: sitios moi escuros onde a xente durmía e posiblemente algún fistor ou algún... narrador, pois contara contos á xente porque era o que... había. Pero había a posibilidade de que algún deses se apoiara con títeres. Despois, si había outro tipo de... de espectáculos de títeres que fosen un pouquiño máis complicados, no sentido que levaran un estaribel ou algo así, aí xa teño as miñas dúbidas, porque non hai nada que nos poida... dicir que eso existeu algunha vez.

I tanto nos casos dos non cegos, como dos cegos, pensas que había unha... é dicir, unha dramaturxia, ou era máis ben eso: historias, narrativas, ilustradas cos bonecos?

A: A ver. Em... Dramaturxia tiña que haber, porque os títeres ao manipularse falan e fan unha narración dialóxica entre eles, non? Falan entre eles e contan cousas do conto. Así que si, por mui pequena que sexa, nese momento que falan os títeres... hai... dramaturxia, claramente. Se conta a historia mediante o diálogo das marionetas. Dramaturxia tiña que haber. Outra cousa que... Que se me estaba pasando, é que polas testemuñas de Casto Sampedro sabemos que os... guións que representaban os cegos eran os que representaba Cristóbal en todas partes: a tourada, o barbeiro, todas esas cousas. Entón, claramente había un Cristovo aquí en Galicia, anterior a Barriga Verde. Eso a narices ten que habelo.

Mmm.

A:Outra testemuña que hai tamén, que me esquecía, é a de Valle Inclán, por suposto. A narración que fai do... Da representación do cego, en Martes de Carnaval. E aí si se ve que hai unha dramaturxia clarísima. Claro, que é unha elaboración culta dun autor como Valle Inclán, pero xa polo que el fala dos cegos, pois entendo que... que había teatro e que tamén había dramaturxia.

E tamén había interacción dos bonecos co... cego, e co titiriteiro?

A: Si, si, si. E según conta Valle Inclán, si. E é moi habitual, aínda hoxe, nos espectáculos solistas, que o titiriteiro solista interactúe, case o pide a técnica, que sexa así.

É dicir, que, dalgunha maneira, o monecreiro...

A: ao non estar oculto...

Claro, non estaba oculto!

A: Non estaba oculto. A ver, o... no caso dos cegos, o que era o manipulador si que estaba oculto. Pero o narrador, o trujamán, o fistor ou como queiras chamarlle, ese estaba á vista porque era o cego o que contaba, tocaba algún instrumento e supoñemos que interactuaba co... Ca marioneta.

É dicir, que nese caso, esa... digamos, esa maxia ou ese engano que poida constituír a ocultación do bonecreiro, é dicir que pode levar á conclusión de que son os propios bonecos os que viven...

A: si...

Aí se destruiría, ou dalgunha maneira, se evidenciaría.

A: Bueno, no caso dos cegos con... con lazarillo, con manipulador, en realidade non porque as mans do cego estarían á vista, entón os bonecos terían a súa vida independiente.

Claro.

A: Pero por exemplo, casos como... No caso da ilustración de Castelao, por exemplo, aí claramente non hai unha ocultación do manipulador, non? Pero tamén nesa ilustración, que a teño mirado e fantaseado sobre ela mil veces, pois pa min está moi claro que aí hai tres personaxes á parte do... da persoa, do titiriteiro: son eses tres personaxes que poden falar, que son os dous bonecos e o propio titiriteiro actuando como personaxe nese momento.

Xa. Claro. E... Con respecto ao uso da palleta, hai evidencias de que se usaba?

A: Pois a verdade é que... dudo ahora pola testemuña de Casto Sampedro, que non recordo agora que diga nada deso. E... Na de, por suposto na de Valle Inclán non se usa.

Non se usa.

A: E... O que sí, a palleta é unha cousa da cultura popular que non se usa só nas marionetas. No museo ese de instrumentos que hai en Lugo, pois hai palletas desas

que o propio dono do museo, bueno, o propio xestor do museo, cando eu falei con el non sabía realmente o que eran, pensaba que era un reclamo de caza. E... Se usan como xoguete infantil, e os usan sobretodo os titiriteiros para facer esas historias. Pero no caso concreto de Galicia, pois non sei se se usaba antes ou non. Posiblemente si, polo uso universal que teñen, pero non estou nada seguro. Eh... a testemuña que hai de Valle Inclán, desde logo non se usa. Hai o diálogo entre o personaxe e o sarxento ese, que... que é falado, vamos. E... Nos textos de Casto Sampedro, no que el recolle, pois a verdade é que agora non recordo se fai algunha referencia. Pero ao ver a escultura de Brocos, tranquilamente pode funcionar aí a voz do lazarillo tamén usando a palleta. Non tanto no cego, porque... Bueno, se pode facer, se pode quitar e poñer e o cego pode cantar o romance e facer a voz dun personaxe con palleta...ao mesmo tempo, sen problema ningún. Pero claro, hai un personaxe máis que si que podería estar usando a palleta, que sería o lazarillo.

Xa. I... Xa entón indo a Barriga Verde. A ti... Que teorías tes ti respecto a cal pode ser a orixe da... da arte dos Silvent. De onde lles viría? Que influencias percibes que tiñan?

A: A ver... Xa sabes comigo o complicado que é esto.

Sei, sei.

A: Eu, cando empezamos Daniel e eu a investigación, unha das cousas que intuímos, non recordo moi ben por que razón, quizáis polo coñecemento que tiña Daniel da historia de Extremadura, da cultura de Extremadura, era que posiblemente a familia Silvent viñera cos... cas tropas napoleónicas, como pallasos de campaña. Artistas de campaña que iban entretendo ás tropas, que esto se sabe que era así, tamén. Nos desplazamentos dos exércitos iban mogollón de civiles de redor deles que... que lles daban os servizos que...

Si, si, como as soldadeiras, non?

A: Entón, intuímos que fora así, e se era así, realmente, pois posiblemente xa foran xente do teatro ambulante con habilidades como titiriteiros. E... Esa pa min creo que é a influencia inicial. Esa familia ten en si, non dunha forma genética, pero si por tradición cultural, a... as habilidades dos titiriteiros. Despois hai a historia, lenda, ou o que sexa, de que José veu por Portugal. Bueno, eu, a posibilidade de que José aprendera en Portugal está clara, porque o... o di a familia constantemente, supoño que o dirán porque o pai o dixo algunha vez. E... I esa sería a segunda influencia. Pero realmente non hai tanta diferencia entre a tradición europea de... de títeres, e a tradición portuguesa, de roberto. Entón son... (11:04) dous aprendizaxes, dúas técnicas que controlan e que as teñen realmente asumidas. E non lles é difícil a ningún dos irmaus, ou do pai, pois sacalas a escena no momento en que o precisan.

Porque, o uso, entón, do nome Cristovo –porque eles usábano…

A: Si.

…Sería un pouco por influencia do público galego, que era o que… coñecía, ou lles viría dalgún Cristóbal?

A: Non, eu supoño que o Cristovo é eso: veñen aquí a Galicia facer títeres e fan os títeres que hai aquí: cristovos. Un deles, ou… toda a familia, pois pouco a pouco van

facendo que pase o nombre de Cristovo, que pase a ser Barriga Verde, pois… a teoría que nós plantexamos é que se usaba tanto o de Barriga Verde na… no exterior da barraca, como pallaso popular, que… que parece ser que había máis barrigas verdes que eles, que acaba por ganarlle o nome ao propio Cristovo. Desaparece o de Cristovo. Quizais porque pasan a ser eles os únicos que… quedan en Galicia facendo teatro de títeres tradicional. Entón desaparece o Cristovo ese do uso… habitual da xente, anque aínda hai vellos que o usan, e pasa a ser Barriga Verde, que é o que eles máis promocionan no exterior da barraca, que é realmente cando máis público tiñan.

Si. Tamén é certo que eles si que introduciron novidades no formato do espectáculo. O feito xa de facelo nun teatriño…

A: Si. Sobretodo a nivel empresarial, digamos, non? Máis que de técnica titiriteira, si parece ser que claramente introduciron novidades, pero iso é habitual na xente que traballa nas feiras, que constantemente están metendo novas megafonías, novos aparatos, buscando onde cambiar, e tal. Entón, o da barraca, o de pasar a facer os títeres como se facían tradicionalmente, detrás dunha tela e pasar a gorra, e ter unha barraca, é xa unha iniciativa quase empresarial, quizás que veña desa tradición que eles traen de antes: en Portugal había moitas barracas, bueno… non sei. .

Si, do contacto con Portugal.

A: Si. Iso é… Elucubración pura y dura.

Xa… E tamén parece ser que eles mantiñan a ocultación do titiriteiro, non?

A. Si. E… O da ocultación do titiriteiro é unha cousa moi curiosa, non? Porque tradicionalmente, nos títeres tradicionais, nos títeres, digamos, os herdeiros de Pulcinella, si é así, o titiriteiro está sempre oculto. Pero sin embargo, xa desde os primeiros gravados da Idade Media, de teatro de títeres, pois hai gravados nos que ao titiriteiro se lle ve manipulando. Eh… No teatro de títeres tradicional si se conserva esa ocultación, e xa pasan a ser titiriteiros máis do século XX, máis… cultos, digamos, os que empezan a asomar e a plantexar outras formas de representar que, ao meu modo de ver, lle dan moita máis variedade e orixinalidade ao teatro de títeres. Esto, personalmente, e fóra da grabación (off the record) é precisamente o que máis me atrae do teatro de títeres, as relacións que se establecen entre a persona e o boneco. O actor externo, o rollo do actor externalizado.

Si, e logo, unha cousa moi curiosa que… a min me contou moita xente, a xente á que lle preguntei polo espectáculo, contan que teñen o recordo de cando eran nenos, de achegarse ao teatriño e intentar ver o que había tras da tea. Osea, ese misterio si que se produce.

A: E iso se sigue conservando, os nenos sempre queren ir detrás a ver que hai.

Porque eles intúen que hai algo.

A: Si, si. Non teñen claro que sea… Onte, na visita, pois houbo un momento en que lles fixen títeres co teatrillo que temos alí. E lles ensinei fóra, coa marioneta posta, como se poñía, como se usaba a estaca e tal, e despois fun pa dentro. E houbo algún que tuvo que ir pa dentro a mirar se efectivamente era eu o que estaba repetindo o que fixera fóra! [ri] Porque o que estea a persoa detrás da cortina… non lles mola. Teñen que asegurarse.

Mira, e entón, cando vós vos puxéstedes a… investigar sobre Barriga Verde, e… Cóntame un pouco como foi o proceso… Bueno, primeiro de todo, como chegástedes á familia Silvent, e despois como foi o contacto con eles…

A: Bueno, a… O principio de todo foi, que entre os titiriteiros sempre se falaba de que si Barriga Verde, si tal, si cual… me preguntaba que fora do Barriga Verde que coñecín na miña infancia… Porque houbera esa ruptura entre os barrigaverde e os titiriteiros que estábamos facendo títeres daquela, e… E unha cousa que me preguntaba muito era por que un barbeiro, un amigo meu, aprendera do seu pai, e eu que era titiriteiro non tiña de quen aprender. Que fora desa xente. Entón foi cando plantexei a investigación…

Que ano sería, máis ou menos? [silencio. Río] Cantos anos tiñas tu?

A: Eu que sei! [ri]

Pero xa volveras de Madrid?

A: Si, si. Viravolta xa levaba anos funcionando. Podían ser… hai vinte anos, por aí, debeu ser.

Osea, finais dos oitenta.

A: si, por aí serían. Eh… Se recorda millor Daniel, deso. E, aproveitando que aquel ano a Xunta sacara unhas subvencións para… para a investigación da cultura galega, como ninguén investigaba no teatro, pois lle propuxen a Daniel facer unha investigación entre os dous sobre Barriga Verde. Llo propuxen a Daniel porque era extremeño e o único dato que tiñamos era da… da Enciclopedia Gallega, que se dicía que viñera de Extremadura. Da Gran Enciclopedia Gallega. E… Me dixo que si, lle apetecía moito… Era un rapaz que veu de Extremadura pero que se incrustou aquí, na cultura galega, moi fácilmente, e… empezamos a traballar. Realmente foi moi sinxelo localizar á familia; foi case o primeiro que fixemos, porque foi ir a investigar sobre o autor da entrada da Enciclopedia Galega, que era Piñeiro Ares, a entrevistalo, e o día que fumos entrevistalo, ao concello de Pontecesures, pois casualmente estaban en festas alí, e el que coñecía á familia, nos dixo que estaba alí un dos descendentes. E fumos a localizalo e os localizamos.

Quen era, Alfonso?

A: O Manuel. Xa el nos contou, foi realmente a única vez que puidemos falar con largo e tendido, porque despois houbo outra ocasión en Lalín, pero foi moi pouquiño, e despois morreu…

El que levaba, de espectáculo?

A: Non, levaba o Saltamontes, ou uns coches eléctricos… Algo deso. E… E foi el o que nos dixo que Alfonso vivía en Lérez. E a segiuinte saída que fixemos foi ir a Lérez. E en Lérez, localizamos a casa, nos dixeron onde era, e Alfonso xa nos recibiu, ao principio con certo resquemor… Pero despois, vamos, nos abriu a súa casa, nos abriu todos os armarios e nos ensinou todo o que había alí. Alfonso vivía coa irmá, que non me acordo como se chamaba…

Otilia, sería?

A: Creo que sí.

Ou Trini?

Trini, Trini. E… Xa nos dicía Alfonso que… Que non estaba Trini, porque a Trini seguro que non lle gustaba… A segunda vez que fumos á casa, non estaba Alfonso e estaba Trini, e xa non nos deixou pasar da porta. Estaba máis… A pesar de que lle insistimos en que o noso interés era moi amigable, pois non… Non tivemos forma de convencela. Pero xa despois morreu Trini, e xa volvemos a recuperar a… Apareceu Xaime polo medio… Non, realmente foi así. Falar con Piñeiro Ares e despois xa atopar a Alfonso que foi para nós o primeiro… Informador e o máis importante. Despois, fixemos un montón de entrevistas, entre intelectuais. E a vez que intentamos falar con… Con Juan en… Bueno, alí en Ribadeo, pois non estaba na casa. E, pouco a pouco, o interés que tiñamos ao principio, máis ou menos eu xa me quedara satisfeito, e Daniel empezara a traballar noutras historias, e o fumos deixando. Bueno, despois foi cando aparecéstedes vós e todo esto volveu a revivir.

Pero cando quixéstedes montar o espectáculo, basástedesvos na información de Alfonso, sobretodo…

A: Si, nós… Basámonos na información de Alfonso, na coincidencia que había co que sabíamos de repertorios de… De Don Cristóbal e de outras partes, de España, e metimos tamén gags que sabíamos que nunca se fixeran, como o do militar, por exemplo. Nós o adaptamos, nós recreamos toda a historia. Como houbera feito calquer outro titiriteiro no seu momento.

Porque a escena… El fala dunha escena, a min faloume algunha vez, e Xaime tamén o… o fai constar no libro, dunha escena dun soldado. Pero a vós non vos falara dela?

A: Non, a nós do soldado non nos falara. Incluso o do soldado de fóra, o de "Se va a Covadonga", a min me sorprendeu cando o fixo alí… E… historias con policias e con soldados, nos títeres tradicionales as hai. A min non me extrañaría nada que as houbera. Despois hai a testemuña de… De Chelo, é?

A do cobrador dos arbitrios?

A: Si, chega a falar dun municipal, directamente, non?

Si, Juan tamén.

A: Eso, a narices tiña que haber. A narices tiña que haber eso. Que o fixeran máis, que o fixeran menos, que durante o Franquismo trataran de deixalo de lado, eso…? POis pode ser, pero a narices tería que haber algo sobre…

Sobre a autoridade.

A: Sobre a autoridade civil. Eso está claro. O que si é moi probable é que non se atreveran a facelo despois do Franquismo como antes do Franquismo. Claro, esta xente tamén traballou antes. Que Alfonso deso non pode ter moita memoria, tampouco.

A min unha das cousas que me sorprendeu, mirando os artigos de prensa, é que tanto Borobó como Risco, como Manuel Rabanal, este, que escribe só un artigo, falan do enterro. Son artigos do ano, a partir do ano 55, como novidade. É decir, como que

nas veces anteriores que viran a Barriga Verde non había esa escena. Eu non sei se fora unha novidade xeral, ou é que a retomaron e se facía antes da guerra.

A: Esa pode ser unha razón, e tamén hai outra razón psicológica, que é: por que a xente, ano tras ano, iba a ver o mesmo espectáculo? Entendes o que quero decir? Por que cando vas a ver, aínda hoxe, cando vas a ver ao Punch, un ano, e vas outro ano…

E é o mesmo…

A: É o mesmo, e sin embargo te parece tan novedoso. E… disfrutas igual. Pode ser, e tamén pode ser o que nos dixo Alfonso moitas veces, que a función se adecuaba ás circunstancias do público, non? Cando había pouco público, eran capaces de facer un espectáculo de unha hora, pero cando había moito, cinco minutos, dez minutos e fóra.

Claro. Entón esa escena igual era moi complicada…

A: Ou que lle coincidiu non vela, sencillamente, antes. Calquera das posibilidades hai.

Xa. En calquera caso, si que é unha escena que é novidosa respecto da tradición europea. Non hai moitas, así de enterros tan elaborados, non?

A: Eu non conozo ningunha como esa, pero si, a do ataúde si existe. É un clásico, ademais. O rollo de que vaia o morto dentro do ataúde, un boneco distinto ao boneco que saiu antes, e que esté articulado, iso si que non… non o conocía, eu. Pero a aparición dun ataúde, para levar o morto, e tal, iso sí.

De feito, eu polo menos coñezo a escena de que non dan metido o morto, que é boísima.

A: Si, si. Fanse birguerías. Por iso nós fumos apañando de todas esas historias para facer as nosas (26:00) escenas. Un pouco, as escenas encaixaban un pouquiño no que nos contaba Alfonso que facían eles, máis, xa che digo, algunha que non nos contou nunca, pero claro, as fumos encaixando nós á nosa maneira. E… A do enterro nosa, pois se conserva o títere que sale, pero tamén se conserva a idea de que o morto non cabe no ataúde, porque vai coas pernas fóra. Que no ataúde de Alfonso non é así.

Ahá. Bueno, esto montártelo no ano 2000, máis ou menos…

A: Sempre me preguntas por datas e nunca me acorda…

É dicir, que con Alfonso xa tiñades unha relación de bastantes anos…

A: A ver, nós –esto non sei se pode quedar gravado, pero bueno. Vou facer como Piñeiro Ares [ri]-. Nós falamos con Alfonso, e pasado o tempo, a min se me ocurriu montar a Barriga Verde, na idea de que é así, que Barriga Verde é patrimonio da Humanidade. E nos puxemos a facer unha versión de Barriga Verde. Quizás tiñamos que ter falado con Alfonso, e non falamos, pero estaba aí Xaime polo medio, xa e Xaime un día me dixo que Alfonso estaba mosca con nós porque montáramos o Barriga Verde. E… Pero que el xa, empezara a tranquilizalo, e tal. E, montamos o noso Barriga Verde, na convicción de que podíamos facelo, e así o sigo crendo. Alfonso sigue crendo que non, pero eu sigo crendo que si. E… E nunha homenaxe que se lle fixo ao pai de Alfonso (27:50) en Lérez, pois Xaime nos invitou a facer o Barriga Verde alí, e fumos, claro, por suposto. E aí foi onde volvín a atopar a Alfonso, que veu a saludarme, xa viña máis calmado, porque o tranquilizara… Xaime, e

fixemos a función e ao acabar a función veu xunto a min e un pouco sancionou a historia. Xa… Eu, Viravolta, un pouco xa pasabamos a formar parte da colectividade de Barriga Verde.

Xa estábades autorizados.

A: Xa estábamos autorizados. Anque non mo dixo así directamente; que lle gustara, que estaba moi ben…

Pero eso, esa actitude, ti cres que é heredada, ou ti cres que Alfonso, unha vez que o espectáculo desapareceu desenvolveu esa…

A: Pode ser un pouquiño as dúas cousas. Pero sobretodo esta segunda… Eu penso que el foi asumindo que eso era seu, que era da súa familia, interiorizando esa actitude, e agora non, non… É moi difícil que entenda outra cousa. De feito, cando levaba, despois da inauguración do museo de Lalín, para Pontevedra, de volta, me dixo, literalmente "eu de ti non autorizaba a Borja a facer o Barriga Verde. Porque eu a ti te autoricei". [ri] É mentira, foi a posteriori, digamos. E… El ten esa idea de… Vamos, vai ser imposible quitarlla da cabeza.

Porque claro, cando eran os cristovos, os cristovos non eran dun titiriteiro só…

A: Non, claro que non. Barriga Verde, o nombre Barriga Verde, o de que aquí viñeron eles, e eran os únicos barrigas verdes que viñeron para aquí, e non… quizás non houbera máis… Vamos, Porras, Paco Porras e… algunha xente máis en Madrid, me dixeran que eles traballaran con barrigas verdes, con pallasos tradicionais que se chamaban así.

Xa. Entón… Pero si que é certo que houbo un momento, arredor dos anos 50, no que… e… empeza a haber certa competencia entre as barracas e se coloca ese lema de "El auténtico Barriga Verde"…

A: si, eu penso que si. Eu penso que a competencia era só entre irmaos. Membros da mesma familia que por algunha razón, a saber por que… Bueno, eso pasa en todas as familias… Se levan mal e algún deles decide poñer o de "el auténtico Barriga Verde", i eso ao mellor lle parece mal aos outros, tamén.

Xa.

Pero son cousas que… así, de familia, que son moi difíciles de levar, dentro do que é a investigación do teatro de títeres. Se non houbera ese desencontro entre eles, posiblemente soubéramos moito máis.

S*i, a verdade é que é unha pena.*

A:Porque o que si me parece claro é que eso de "el auténtico Barriga Verde", eso é un pouco unha apropiación indebida. [ri].

Todos din que o seu era o auténtico, en realidade.

A: Eu si me creo que José debía ser o máis… titiriteiro, me dá esa sensación. Por testemuñas, alleas á familia, non as da familia, pero que aínda así, aínda que fora mellor titiriteiro, ou tivera máis habilidade coa palleta, ou tivera… Aínda así, non é o auténtico, o auténtico eran todos.

Pero realmente, como se pode comparar, se cada un deles actuaba en lugares distintos? Salvo en momentos nos que actuaban xuntos, porque parece que si se deu esa circunstancia.

A: Si, pero tampouco hai a posibilidade de comparalos nunca, porque nunca se deu a posibilidade de que alguén que entendera de teatro de títeres, de manipulación e tal, que os vira aos dous traballando, ou aos tres, e dixera, “este tipo faino moi ben”.

Gravación na casa de Alfonso Silvent. Lérez, xuño 2010-12-04

17:43:42
AS: Pois ao primeiro era nas prazoletas, dos pueblos, pois traballaba nunha esquina, por exemplo dunha casa, puña unha cortina dun lado a outro suxeitando; el púñase por detrás, porque non tiñan barraca, non tiñan nada. Non había carro, nin coche, nin nada. E así, ao lombo, co saco dos muñecos ao lombo e a roupa do que se ía poñer todos os días. (17:44:22)E logo depois empezaron a alquilar, a onde chegaban aos pueblos, de alquilar a madeira, ían a unha fábrica ou a un almacén, e alquilaban os casqueiros e uns paus, e entón, a base de puntas, montaban a barraca e facían cun tablero, con tableros de chapa, era a fachada. E o escenario facíao a base de casqueiros, e enfín, había que daquela, inda tiñan que enterrar cada pontón, facer un burato e enterralo. Inda non había a idea de clavar as puntas. Era todo cerrado de lona, por riba e por baixo. Ainda aos rapaces había que estar en conta por fóra para que non romperan a lona, viña un e coa navalla, para mirar... Había que mandalo fóra... Era un crucificio. (17:45:35) E logo despois de todo iso foi cando fixemos a barraca. Ao ter camión foi cando empezaron. Fixérona en Lugo, foi feita en Lugo, de madeira. Ao primeiro fixérona de cerrado, pero este, olvidáronse de facer o capitón de arriba, que é o que está arriba, non llo fixeron. Ao ano seguinte foi cando llo fixeron, para facerlle o remate. O remate que tiña arriba. E así foise, ao largo do tempo, ao primeiro tivemos un coche pequeno, nós pensamos que ao ter un coche xa podía con todo, pero dímonos conta que nos rompía o coche polo camiño, temos quedado no Carballiño, temos quedado en muitos sitios! (ri)
Tirados na carretera polo raio do coche. O coche foi comprado no Carballiño, e despois ao ano siguiente tiramos con este, porque o tiramos, vendímolo a metade do prezo para sacalo da casa, e logo compramos no Carballiño, o siguiente, un Chevrolet. A un señor que era dunha fabrica de licores que lle chaman Pan y Agua, ao mellor coñécelos. Entón, saiu bastante bueno. Alí levaban toda a trangallada. Pero claro, a (:::) xa empezaban a ... xa empezaban o tablero a metelo desta maneira, fómolo reformando até que refixemos a fachada completamente como é agora. Fixemos a fachada, fixemos o de arriba, xa un escenario un pouco máis ancho para que colleran... Foise modernizando a cousa de millor a millor, até aquí. (17:45:36)

E o personal, ao primeiro eran os da casa. Pero os da casa fóronse casando, foron marchando, e despois tivemos que coller persoal de fóra. Estes titiriteiros que andaban pola calle, contratábamolos, para o día de festa e logo despois dese día estaban libres, podían ir traballar onde lles dera a gana. E así. Uns chegaron ao final, e outros cansáronse, non lle interesaba e íanse a outro lado... Outros, pasábanse un pouco, xa non era o mesmo. Xa, ter que andar con xente de fóra xa non... Xa empezou a non funcionar como é debido, o vello xa empezou a quedarse mal das pernas, facíao meu sobriño, e o sobriño tamén chegou un momento que tivo que deixar os muñecos, porque se lle formou un quiste aquí no corazón, da palleta, e foi cando tamén marchou. (17:48:44)
E aí foi cando o desfixemos. Estábamos en Padrón, na Pascua, que era o primeiro sitio onde empezabamos, era en Padrón. Despois de Padrón íamos á Estrada e a Lalín, á feira do Bento. Pero daí tivemos que recoller todo e ir con outra cousa. Fixemos a caseta de tiro. E daí xa saímos todos, até o final.

17:49:36
Luchi cóntalle que van empezar a construír a nova barraca e pregúntalle polo sistema de anclaxe da barraca orixinal.

17:49:52
AS: o mellor para montar e desmontar e que estivera seguro, nas caixadas dos pontóns, en visagra, non de enganche. En visagra, porque así pódese levantar para arriba, ou pódese mover dun lado para outro. Até se podía mover cando xa estaba colocado, podíamola correr á dereita ou á esquerda, e con iso non a podes mover, porque desengánchase.

17:50:21
Luchi: Nunca había o perigo de que se desenganchase porque tiña un pasador...

AS: iso, un pasador. É a maneira de montar estes negocios que están ao aire libre, porque se unhas tarimas desas da feira si, porque é unha cuestión de dúas horas e ás veces cando hai vento xa non se montan. Xa pasamos de cargar e descargar os coches porque iso vai todo polo aire, e contra o aire non hai nada.

17:50:50
Luchi: era toda de madeira, ou había algúnha zona na que utilizarades o ferro como base ou soporte?

AS: todo madeira, de ferro as visagras, unicamente, e as cousas de... uns pontóns que enganchábamos ao lado, aquí ainda se ve, desde aquí, cando está montado, atrás... aquí vese aínda un pontón (fala amosando a foto antiga), enganchábas e poñías unha estaca para que non se moveran anque viñera aire... E o montaje igual, mentres montábamos cada... montábamos igual, para telo fixo. Porque eses tableiros van agora, ían aquí... Aqui ven unha tira por detrás aquí hasta o medio. Onde esta o puntal do medio, o eje está aí. Había un puntal de aquí hasta aquí. E estes tableros, que son de chapa, en cada chapa leva dous ganchos largos facendo unha mueca así, enganchábase aquí e aí quedaban quietos... E xa quedaban xuntos.
17:52:22 Luchi: era polo seu propio peso, enganchaban xa...

Alfonso: perdo deixábanse un pouquiño largos para que, anque se moveran, non saliran.

17:52:33 cambio de plano, detalle da foto antiga, ainda que coa voz deles que continúan a conversa. Volven falar dos tableiros. 17:53:06 Luchi pregunta se usaban algún tipo de suxeición para aguantar a parte superior. (vemos a Luchi, e a Afonso en escorzo)
AS: Nada, nada. Aqui abaixo levaba unha tira de madeira, e queda unha canaleta. Entón nin se ía para un lado nin para o outro. 17:53:24
Alfonso segue explicando a Luchi os pormenores da construción. Distintos planos de Luchi (PP ou MP, con Alfonso de escorzo)
17:53:57 Alfonso bota en falta unha foto do capitel, que non sae na foto que manexaban os de Viravolta.
17;55:27Saca a foto do capitel. Luchi e Anxo mírana e coméntana entre eles, mentres Anfonso reordena os caixóns da cómoda.
17:56:36
Luchi: entón estes ía encima, xusto como remate. Pero iso sempre foi así? Ou este foi anterior a este?
Alfonso: non, este foi ao ano seguinte dille que non, que se fixo ao ano seguinte de facer a fachada esta (a da foto dos Viravolta)
17:57:05
(cambia o plano a Alfonso)

AS: Nos chamaba a atención porque terminaba mal, esa terminación non nos parecía ben, entón foi cando mandamos facer esa, polo mesmo autor.
17:57:18
Luchi: pero non cambiastes unha por outra, senón que a engadistes enriba.

AS: non, non, poñíase aquí arriba cando nós queríamos poñela. Pero case sempre a poñíamos. O que pasa é que esa foto foi sacada en Santa Minia de Brión, non sei se sabedes onde é. E tiñamos que ir para San Campio, e tiñamos que desmontar de noite para coller para San Campio. Entón xa non o puxemos para non pasar traballo. Igual que cando nas funcións, cando había xente que había apuro, pois cortábamos, por exemplo un artista non saía, ou os muñecos, en vez de falar catro parodias, só facíamos tres, para abreviar a porta, porque a xente estaba diante da porta esperando para entrar. E cortábase. E cando isto facíase igual, cando había apuro para desmontar de noite para ir a outro lado, non poñíamos o capitel.
17:58:18
Luchi pregúntalle por asuntos técnicos: tirantes para protexer do vento...(cambio de plano, 2/3 cólleos aos 2 até coller só as fotografías sobre a mesa)
17:59:13
AS: Os pontóns chegaban até aquí [o capitel] e por aquí poñíamos bombillas... (17:59:33 cambia o plano para coller ben as fotos) Alfonso: estes buratiños que se ven aquí, eran casquillos de bombillas, que había que quitalas. Eran de colores, daquela había que pintalas, que as facían en Padrón, unhas bombillas pequeniñas, pintadas de fábrica. Comprábase unha caixa e para a viaxe sacábanse.

17:59:54
Luchi (PM, abre para coller aos dous): Pois nós agora para construíla, temos que... claro, ten que ser desmontábel, metida nunha furgoneta, tense que adaptar ao transporte. E o que estamos facendo é unha estrutura...
18:00:14
Alfonso: esta é a base, non?
Luchi: a base sería esta, aquí ían dous escalóns, non? Para a entrada e a saída...Pois nós o que vamos facer é esta base, van ir todo con uns... Estas eran madeiras que estaban separadas un par de centímetros, ou así?
Alfonso: si, o que pasa é que cando chove...
Luchi: ou a suciedade, o polvo...
As: vai caendo abaixo, ao pasar xa cae abaixo, e cada tablero... Uns cantos tableros, non sei cantos...
18:00:58
Luchi (detalle mans e plano): neste caso, en catro tableiros de 1’50 por 1,20... E este frente, que era? TAblilla machembrada?
18:01:17
AS (PC): Halo ver. O que che estou dicindo eu, queda un aí.
Luchi: pois despois facemos unha inspección ocular... (pasa a Pc de Luchi)
AS: ainda queda un cacho, o grande non, o grande xa...sabe diós onde quedou xa.
Luchi: pois agora o que estabamos mirando era de facer este frente en madeira e substituílo polo que é a estrutura, xa que nos faga de resistencia, e ao mesmo tempo queda decorativo. (18:01:51) E despois as chapas irán atornilladas a estrutura.
18:02:00 pasa a PC de Afonso

Alfonso: as chapas, estas que están? Como non están pintadas...Estas, estas non levan nada, non levan tornillo nin levan nada. Esto ten o encaixe. Esto é un fluerescente. Un barrote e un fluorescente metido... Entendido? 18:02:25
... sigue explicando os detalles, mesmo plano.

18:03:35
repiten a explicación con plano do croquis da barraca de Luchi. Vemos as mans de Alfonso e parte da súa cara.
18:04:25
Plano das mans de Luchi exemplificando o sistema de visagra.
Alfonso: é o sistema máis rápido: cando hai que desmontar, cunhas tenazas e unha uña do martillo, tírase polo couso e xa...
Luchi: utilizabades puntas grandes...
Alfonso: claro, non andabamos cun tornillo, que si se perde, que a rosca...Nin nada deso. Ademais é outro sistema de enganche, como ti dices.

18:05:29
Cambio de plano, volvemos ver o croquis pero menos queimado.
Luchi: Esto é o que queremos facer nós, unha estrutura de ferro e depois cubrir o piso con madeira, estas madeiras irían separadas 2 cm cada unha delas, e unidas por debaixo por uns trabesaños para que estén, cada tableiro, que foran unidas e que foran fáciles de transportar. Estas son as que queremos facer xa todas de madeira. Estas ían talladas, non? Levaban uns remates...
AS: si, os capitois, non sei como lles chaman,
Luchi: capiteles?
AS: si, é como se fora da igrexa, pero bueno... Iso xa ía no mesmo pontón, xa ía con el.
18:06:19
18:08:38 (seguen co tema dos pontóns)

TCR 18:09:05
AS: a lona era... Temos tido moitas, algunhas chovía dentro como fora (rin) pero cando había poucos cartos... Despois ao final xa se podía comprar unha cousa mellor.

TCR 18:09:29
AS: ao mellor, chovía a dentro... entón miña nai, como era a que co micro era cojonuda: “pase, señora, que aquí no llueve, que aquí se está comodamente, se aquí, caramba!” E facía así á lona para que a xente mirara, pero o que miraban era un que estaba adentro co paraugas posto! (rin) Eu non sei como ás veces traballaba un .O que hai que facer para poder comer! Había que mentir, porque era.... Era Estrellita Castro, era Imperio Argentina, era Antonio Molina... Eu que sei, esa muller dicía barbaridades para meter á xente para dentro. (18:10:11)

Luchi: pregunta pola iconografia. De onde sacabades as ilustracións

18:10:30
AS: pois mira que bonito. Esta parte pintouna un señor de Santiago, esta parte darriba, o frente. Pintouno un señor de Santiago, desdes mañosos que había, este outro pintárono aquí en Pontevedra. Era un señor que era perseguido, o pobre era comunista, andaba perseguido, pero como traballaba ben... E viñera aquí a pintarnos. A nós, fose quen fose,

a nós nunca nos fixeron daño. A nós ben nos valían todos. Por iso nós, sempre cando nos preguntaban algo así dicíamos que eramos neutrales, nin dun lado nin do outro. Nös andamos polo mundo e todo nos facía falta. Esas pintáronas alí en Santiago, pero ese pobre home, xa onde estará...E despois pois retocábanolas calquera, ao mellor ao ano aseguinte... Sempre había un mañoso que o retocaba. (18:11:56)

Luchi: e os dibuxos dábasdesllos vós ao pintor e el...

AS: os reproducía, si, os reproducía. Lle dábamos nós, e había aí nas librerías almanaques que tiñan debuxos, e el reproducíaos e punto.

Anxo: pregunta pola distribución da barraca. Como era a barraca por dentro.

AS: pois a barraca non era cuadrada porque eran oito por quince. (miran os planos, comentan) tcr18:13:19 Ao primeiro era todo liso por dentro, oco, non sendo o escenario. O escenario estaba posto ao fondo de todo. Collía unha entrada, o escenario, unha á dereita e outra á esquerda.

Luchi: isto entón sería o escenario?

AS: Por exemplo, unha parte era a cociña, e outra parte era para os artistas...

Luchi: camerinos. Entón iso estaba pechado para o público

AS: había unha cortina, pero estaba prohibida a entrada. E logo estaba outro espazo que era onde traballaban os muñecos, coa barra dos muñecos, un espazo que collera a persoa colgada para moverse.

Anxo: aquí detrás, entre o que era a tarima do escenario e a parede final...Teu pai e Manuel, cando manipulaban os títeres, tiñan os pés no chan, non encima do escenario.

Tcr 18:14:46
AS: ao primeiro era así libre, e a xente era de pé, toda de pé. Logo acordaron, porque había as queixas, claro, as mamás, coas criaturas, e tal... claro había que esperar un pouco máis porque á xente se lle facia así moi dura, e queixábase. Entón fixemos uns bancos, laterais até o medio. Deixamos un pasillo no medio e fixemos os bancos de táboa.

Anxo: cantas filas de bancos tiñades?

AS: agora si que non me acordo...Non todos, eh! Aquí quedaba un cacho, quedaba un ueco aquí atrás, e aquí quedaban de pé. E os primeiros que chegaban sentábanse. Os pais e as nais teñen os rapaces, e son os primeiros que queren entrar, entón eses collían bancos. E despois, que fixemos? Fixemos unha grada amarrando con puntales, e cada puntal destes, era cos que facíamos unhas gradas, por detrás. Fixemos unha grada con uns cantos bancos, para que a xente ao sentarse, ou que estiveran de pé os que eran pequenos, pero... Unha vez rompeu un banco e fastidioume o amplificador, porque estaba debaixo, e sacámola e non a puxemos máis. 18:16:43

Anxo: Entón o técnico, que eras ti, estabas aquí.

18: 17:00
AS:a taquilla, despois obrigáronos a poñela, por culpa de protección de menores. Tiñan controlado todo. Pero nós pagábamos un concierto, un tanto, para non andar despois contando...
18:17:22
Luchi: onde se poñía a taquilla?
Alfonso: A taquilla poñíase aí, onde a vés. Despois dábanse unhas entradas, que algunhas non sei se as tes ti [a Anxo], dábase, pero valían a mesma, sempre, ían dentro e despois devolvíana. Eran, como se chama, circuíto cerrado (ri). 18:17:50

Luchi: entón a taquilla só a utilizaban en determinados sitios?
AS: foi así siempre, porque o conto... Para dicir que tiñamos unha taquilla.

18:18:12
Anxo: aquí encima da taquilla hai un micro, ou non é un micro?
AS: o micro siempre taba colgado, que o colgaba eu aquí ao lado, a ver se se vé aquí...

18:18:30
As: debe ser o micro, si. (pon as gafas e mira ben a foto). É o micro, non ves que ten o cable aquí? Ten o cable aí colgado, o rabo...

18:18:50
Anxo: na taquilla, neste caixón por detrás, tiñas o amplificador, ou tiñas algo?
AS: non o amplificador tíñao dentro. Neste momento está dentro porque non está aquí. Porque o puña aquí no pasillo ou se non dentro, pola parte de atrás.
Anxo: ,e realmente as portas de entrada e de saída son cortinas...
18:19:18
AS: eran cortinas, que non hai madeira...Son de cortina. Levantábase para arriba cando saían... Para evitar, eso.
18:19:50
Luchi: Entón, esto dí... 15 metros? Tiña de...
AS: si, de punta a punta.
Luchi: E de frente oito.
AS: despois queda ese espazo entre o escenario e esto... Era o espazo que había.
18:20:14
Anxo: que medidas podía ter o escenario?
AS: o escenario ... metro e medio, máis ou menos. (érguese) Eu moi alto non son, e chegaríame por aquí, máis ou menos. Menos de medio... Aínda menos, porque metro e medio non teño! (ri) 18:20:37 Si, por culpa dos rapaces e os que tan atrás, así ven. E o dos muñecos, despois xa era un cacho máis. Era un pouquiño máis. 18:20:52

Anxo: teu pai era alto
AS: Si, meu pai era alto... Eu son... o máis pequeno de todos. O resto son normales, as miñas hermanas, e o meu irmán eran... Eu son o último! (ri) (plano foto dos pais)

18:21:24
Luchi: medidas do escenario, algo aproximado...
AS: o escenario, agora temos, deixamos... Vamos ver. (empezan a calcular as medidas)

18:22:21
Anxo: ti vas pensar que Luchi e eu somos dúas persoas de Lalín, como somos, que estamos na feira do Bento como potenciales clientes, quen anunciaba na porta, para atraernos a nós, para ir... e como, para que entraramos dentro da barraca? Era teu pai...
AS: Era miña nai. A que anunciaba na porta, a que ía, aos auntamientos, a que ía ás comisións e eso... Era a vella. Porque o vello era xordo, e igual non oía. Entón era a vella a que facía todo. Para traballar, armar, todo eso, nunca dixo que non. Pero para moverse, non era a cousa. Entón era ela a que movía todo.
18:23:16
Anxo: pero o que ti chamabas facer a porta, que me ensinaches incluso unha guitarra plegable...
AS: si, ese era meu irmao, o que facía a porta.
Anxo: e me dixeras tamén que tocaba bombo e platillo.
AS: iba unha charanga, igual coma vós!
Anxo: claro, pero eso quen o facía, teu pai?
AS: todos! Era meu sobriño, meu pai, e eu ou miña hermana, que tocaba o bombo...
Anxo: e iso facíadelo aquí, para animar á xente a achegarse e tal.
18:24:00
AS: e cando non había, que a xente era dura, pois sacábamola charanga. Pero se non facía falta, non facía falta. Temos sacado hasta o... Temos sacado o vello hasta... Había algo de competencia, destas que viñan de afora, os parientes, pois, agarraba meu pai e cerraba aquí un cacho cunha lona, cerraba aquí un cacho e sacaba os muñecos por aquí. E entón tocáballe un disco de... unha muiñeira ou unha jota e sacaba os muñecos e, claro, facíamos corro. E sacáballe o corro á outra (ri)
Anxo: xa se traba despois de facelos que entraran (18:24:44), que pagaran e entraran.
AS: aí está!
Anxo: E había outra cousa para atraer a xente que era o moneco ese que me ensinaches, que daba voltas. Ese que estaba, aquí encima, a un lado, ou ...?
AS: non, non. Cando fixemos esta fachada xa o retiramos. Porque pasaba coa outra, cando era de lona, pasamos unha por dentro, era un ferro que salía pa fora, de dentro pa fora. E aquí enganchaba o muñeco, quedabase aquí fóra. E dentro tiña a manivela, entón dábaselle por dentro, e ao compás da charanga, dábanlle ao muñeco e daba voltas...
Anxo: ao mesmo tempo que se movía ao redor do ferro (18:25:30) movía as pernas. Esta é a lona, e o poñíades máis ou menos a esta altura...
AS: Saía por aquí cun ferro, como era a lona, levantábase un pouco a lona e... un pedazo, do ancho que eran os brazos, e como o ferro estaba furado poñías uns pasadores e claro, tiña que ir canda o ferro.
18:25:51
Anxo: o que se movía era o ferro, non era o muñeco
AS: home claro! E ben que me cansaba eu o brazo, dálle que dálle! (rin)
Luchi: e que representaba o muñeco?
AS: era un mono. De madeira, que fixo o vello (tuse). Agora xa ta todo apolillado...
18:26:15
Anxo: E... nos convencestes de que entraramos na barraca, vamos entrar na barraca. Entón para entrar, cóllese a entrada na taquilla, se lle paga á túa nai? Como faríamos, realmente?
AS:pois un estaba aquí cos papelitos, coas fichas esas. Viñan aquí, sacában a ficha, a tres pesetas, dábaselle a ficha... Eso foi porque nos obligaron, se non, non...

SEnón cobraban na man. E eso que tamén ten perdido cartos de sacar e poñer na faltriqueira, usábamos unha faltriqueira, e de sacar e de poñer, pois caíalle...
18:27:04
AS: e ás veces perdía eso... Hasta as veces tanto de "Pasen señores, pasen!" Tiña un colgante, unha pulsera para ter un pouco máis de personalidá, e tiña o colgante e de tanto darlle así (move o pulso imitando o xesto que faría súa nai), alo vai o colgante ao carabillo, e cando se deu conta estaba sen colgante.
18:27:27 Boh! E eu recollía aquí o... os cartos. Había así... Era enriba dun caixón, que era o caixón da ferramenta, e o caixonciño, era desta altura, máis ou menos. E poñíase enriba dese caixonciño para estar máis alto cás personas, e daí, tas e tas e veña, conforme se van collendo vounos metendo no bolsillo e así. Despois claro, como che obrigaban de ter que ter a papeleta, pois xa foi cando fixemos a taquilla. De momento non era obrigado. Obrigáronnos para... eso de protección de menores, e esas cousas. E ás veces poñíamolo, por ejemplo poñíamolo en Lugo, en Santiago, montámolo dúas veces, pero.... Non esijen. Era onde máis poñíamos, unha ou dúas veces. 18:28:34
Non era siempre. Era un rollo, andar coas papeletas e eso, por culpa de que... dos artistas, que collíamos e, ás veces poñíanse eles na taquilla, e claro, cando se poñían xa había que quedar con elas, coas papeletas, para recontalas despois. Sempre había desconfianza. (ri) E non era moi servicial a cousa. 18:29:09
Anxo: pois nada, entramos dentro e nos sentamos aquí nos primeiros bancos. Que pasa? Como empeza o espectáculo...?
AS: o espectáculo empeza, por ejemplo, empezaba... Varieté. Unha canción, ou dunha muller ou dun home. Pero mellor dunha muller. Unha canción antiga desas, non sei, de Estrellita Castro, ou de Imperio Argentina, ou de Lola Flores... Calquera. E despois ía un home no medio, como Antonio Molina, por ejemplo, e despois se había outra muller, pois ía outra muller. Despois xa ía o rulo. Meu soliño, traballaba o rulo. E ese, e despois viñan os muñecos. Así e todo, aínda botaba a función, entre unha cousa e outra... Pasaba de media hora. 18:30:18 Despois claro, acababan as parodias dos muñecos, primeiro era, por ejemplo, o portugués, despois iba o barbero, despois iba o cura, e despois do cura, o demo. O demo era o final, claro: "Morreu o demo..." 18:30:45
Anxo: e repartían estacazos...
AS: claro, acabouse a peseta! (ri)
... Ah, e o toro! Tamén había o toro, polo medio.
Anxo: o toro polo rabo. Que hai unha cousa que se me esqueceu preguntarche, porque tamén había unha atracción, aquí fóra, que era o de Traga Estopa.
AS: ese era meu pai. Pero iso, sacábao en Lugo.
Anxo: en Lugo, máis que Barriga Verde, chámanlle Traga Estopa.
AS: Chamábanlle así... Porque, pola competencia, que viñan os de Ferrol. E entonces, inventou o raio da estopa, coa charanga. Nós a tocar coa charanga, e el coa estopa, facía que comía. Sabes o que é a estopa?
Anxo: si, a estopa son os fíos estes que usaban os fontaneiros antes...
AS: claro... esto é. E logo, pois botaba fume 18:31:50 (fai o xesto de soprar) "Aquí arde, aquí arde!" A xente a mirar, el a botar fume pola boca! Salían llamas! E... Pero ten queimado a boca, o pobre home. ... Pois xa dicías, alí chamábanlle o traga estopas.

18:32:13 (plano en Anxo)
Anxo: hai outra cousa que facíades para atracción do público, que era o Traga Estopa

18:32:45
Anxo: no San Froilán, acabas de dicir que viñan tamén os de Ferrol.

18:33:08 (plano en Alfonso)
Anxo: fálanos un pouquiño de cando vos xuntabades os dous
As: pois antes sí. Eu acordo, alí a Lugo, acordo só dúas veces que viñeron os de Ferrol. Eso é o que acordo, despois xa non viñeron máis, xa non lle interesaron. Empezaron a subir os puestos e xa non viñeron. Nós seguimos, sempre nos poñíamos alí no Campo do Castillo, detras do auntamiento, e aí encontrámonos dúas veces, pero claro, eles tiñan outra forma de chamar a atención ao público. Eles sempre tocaron algo, de músicos, un trompeta. A charanga con trompeta. E claro, daquela, pois chama a atención: un trompeta, vestidos de paiasos... Entón o vello preocupouse, pois a ver como salva esto. Entón mandou á vella a comprar estopa, non sei onde o miraría, se foi cousa del ou o mirou nalgún sitio. E comprou un cacho de estopa, desfíxoo antes de eso para que estivera ben branda, sacoulle todo o polvillo e todo eso, e... E facía que comía, agarraba, cando estaba eso tal, encendía un cigarro, e despois a medio cigarro, poñíao no medio dun lote pequeno, así facía pa dentro, e xa o poñía na boca. Claro, metía despois as outras, e a ceniza que daba despois a estopa pois, ao soplar, saía o fume, saía chistes... Facía despois o que fai... pois un paiaso, un clawn, e... "Cuidado, o traga estopa! Que arde todo!" E a xente acudía, claro. E daí, daquela xa non viñeron máis. E despois encontrábamonos en... Mondoñedo. En Mondoñedo sí, case todos os anos encontrábamonos. E nós aí seguimos, hasta que nos pasaron para Santo Domingo, e en Santo Domingo puxémonos dúas veces. Pero en Santo Domingo tíñamos que poñela á francesa, non podíamos poñelo normal. Sabes como é á francesa? 18:35:41
Pois a francesa á así (amosa no papel) Esta é a fachada, en vez de poñela así de frente, o que é os quince metros así,
18:36:02
...E había que poñer esto de lado, a fachada de lado. Entendeches? Había que poñelo de lado, e claro, ao poñelo de lado comíanos moito espazo. E quedaba un cacho pequeno, e a metade dos bancos xa non se podían poñer. Ao poñer esto así, dáte de conta, son oito metros así.
Luchi: claro, porque a fachada entonces a poñíades aquí?
AS: claro, exacto. Por eso se dice "á francesa". 18:36:34
Luchi: claro, se desperdiciaba moito máis espacio, porque o escenario tiñades que poñelo aquí...
As: alí só daban dez metros de fondo. Hai, non sei se te dás conta... Ou había, que hai tempo que non vou, alí, en Santo Domingo hai un comercio grande que poñía Siglo XX, era o nome deso. Un edificio deses, pois, collía así ao largo, un cacho largo, e só había de acera dez metros. Podían poñer os caballitos, podían poñer o tiro.... Pero sólo había dez metros, entonces a nós así non nos collía. E tiñamos que poñer así á francesa. E puxemos dúas veces. Pero tampouco xa non... Aí puxemos dúas veces e foi xa cando deixamos de ir. 18:37:29

18:37:38
AS: empezaron a entrar a subhasta e a subhasta, saíanos eso, o metro cuadrado, mi madre querida! Quen paga eso?
Anxo: xa empezou a subir o prezo do metro.
AS: que podían ser dez mil pesetas, ou máis. Metro cadrado, son.... oito por... Ochenta, sí claro, ochenta e pico! (ri).Como dicían eles "Señora Barriga Verde, cartos por cartos pon usté, pero non pode dicir este señor si pon máis que usté, non pode dicir que non". E non había cartos, fóra. Non era como en Santiago, que a veces non lle cobraban. Ao primeiro, até ter esta. Pois, nunha ocasión, taba chovendo e viñeron uns húngaros con animais disecados e esas cousas. Gustáballe o noso sitio, claro, estaba feito alí, na

rampla aquela, na arboleda, sabe onde é? En Santa Susana. É unha costiña. Pois nós fixémolo sitio para a nosa barraca, que allanamos un pouco, sacamos de arriba e... vamos. 18:39:26 Pagamos a uns señores e fixéronnos un sitio. E despois querían entrar en subhasta. Deso nada! Ustedes non viñeran hasta aquí e estes xa viñan. E eso fixérono eles, e pagaron. Si quere poñer, a continuación. Se non, váiase para a casa. 18:39:51 E entón... Ainda nos apreciaban en muitos sitios. En Bouzas, pola festa de Bouzas, San Roque de Vigo...
Anxo: a Santa Susana tamén iban os de Ferrol?
AS: Non, eses non viñan. Quen viñan ás veces a Santa Susana eran os de Orense.
Anxo: En Santa Susana montabades no Apóstolo ou na Ascensión?
AS: No mesmo sitio Ascensión e Apóstolo, no mesmo sitio. 18: 40: 24. Anque antigüamente poñíanse as churrerías, as churrerías por aí arriba, coas... As casetas eran do ayuntamiento. Montaba o auntamiento as casetas e pois levantaban... Porque lle pagaban aos que poñían. E nós sempre nos puxemos alí. Sempre. E a de Orense poñíaa... mirando cara o carreiro que sube á igrexa, o camiño que sube para arriba, mirando cara ao carreiro é onde o poñían eles. Alí atrás. 18:41:03

Comba: Había diferencia entre as barracas?
AS:Si, había moita, en todo. En personal, o sistema da barraca, o sistema de...condición. Nunca tuveron... E os muñecos non valían, non se lle entendía o que dicían.
Anxo: pero tiñan tamén unha barraca así de madeira?
As: de toldos. Nunca chegaron a ter a barraca de madeira. Nin os de Ferrol tampouco. Eses non chegaron a nada. Non chegaron, non sei por que non, o caso é que nin eles nin nós, non nos levou a cabeza de seguir con eso. Eles tamén, deixáronse, non lle interesaba... E sabían, sabían, porque viñan do mismo... de sangre xa desto. 18:42:00 De titiriteiros, eran titiriteiros. Pero, se seguiran... Eles ainda facían algo, tiñan unha filla, non sei que é dela, agora, era bastante guapa. E chegou a traballar, taba no alambre, cantaba...E eles tocaban as trompetas, pero... Non sei porque. Nin nós tampouco: nin o difunto do meu irmán, nin eu, nin as miñas hermanas...Escapamos desto. Seguíamos porque non había outra cousa, e aínda vivía o vello, e seguíamos, pero con xente da casa. Cos da casa non. Non sendo o meu sobriño, o Arsenio, que é o que facía o rulo, e o resto nada.
Anxo: e agora que falas do alambre, vós chegastes a facer dentro da barraca, tamén?
AS: non, de alambre non. De... trapecio nada. Tivemos unha que lle chamaban « Trope-Fernandez » que eran castellanos, eran de Castilla. Apareceron alí... de títeres, andaban polas calles. 18:43:24 E collémola porque se presentaron aquí en Vigo, por Bouzas. Se presentaron aí e dixeron si os collíamos. Entón fixeron trato con miña nai, de traballar os días de festa, e despois estaban libres para ir onde quixeran, onde lles dera a gana. Pois chegaron hasta Lugo. Entón eses facían: cantaba ela, unha chavala, e bailaba un charlestón, ou bueno, unha especie... americano, non sei como lle chamaban. E el facía, era, esto, percusionista (¿) e tiña unha chabaliña pequena que facía contorsionismo. Facía cunha silla... Foi a única que algo fixo, así de afóra. E non estaba mal, e chegaron hasta San Froilán. Foi cando marcharon. Non sei se terei unha fotografía desa rapaza. Debía tela...18:44:31 Unha fotografía que está bailando no... está bailando. Unha fotografía sacada en Lugo, no último, case nos últimos anos. E non sei se a encontrarei agora. Se vamos arriba, miramos a ver se a encontramos.
18:45:05
Anxo: o teu pai, e teu tío, que foron os que traballaron os títeres, traballaban sós, eles movendo os muñecos, soamente un, ao mellor algún de vós o apoiaba, lle axudaba a cambiar un boneco...

AS:si
Anxo: pero, por exemplo, cousas como os decorados, nas parodias que facíades. Eu vin que tiñades unha iglesia, que era un decorado. Iso como facíades, o colgabades do teito...?
AS: eso é todo postizo, todo.
Anxo: pero como estaba alí?Colgado do teito, apoiado nalgo?
AS: non, estaba, cunha ... púñase a un lado, na entrada, onde saía o entierro, que era no entierro, pois entrábase unha especie de capilla. Ao revés, saían da capilla, metíanse no cementerio. Coa campanilla, eh? Unha campanillita, titititi! 18:46:12
E salía e... postizo, de sacar e poñer. Despois no viaxe, aí non poñías nada, porque interrumpían. Un deles aínda está aí. E o decorado, e máis era de cortinas. Era o máis práctico para recoller, e poñelas... E as bombillas, pois tiñan unha... 18:46:56 Unha aquí, ainda haberá por aquí un portalamparas, mirando hacia aquí. Unha para aquí e outra para alí, e despois dúas no medio, fuertes, para que tiveran luz. Pero claro, o que non tiña era deses focos que... deses non os tiña. E logo pois... sólo tiña dunhas bombillas, osea, dous cambios de bombillas, de azul e rojo. Cando era o dos muñecos. E facían un cambio nada máis. Facía pola parte de dentro, dáballe á chave e cambiaba de color. E nada máis. Polo resto é cortina: cortina por un lado, cortina polo outro. Un cierre de diante, de... de cordillero como lle chamábamos, e... O máis práctico! O que valga e o máis barato, como dice o outro...

18:49:12
Anxo: Está claro que tivestedes unha vida moi dura...
AS: si, é que a vida é moi... bonita, non. Bonita era cando estaba todo montado. Pero o traslado dun lado para outro, era bastante...NOn despois. SE vamos a contar o dos principios, a veces non acordas, sáleche a relucir, pero outras non te acordas. Porque a vida antes de ter coche, o coche tivemos desde o 47, que foi cando compramos o primeiro camión que saleu malo. Saleu moi malo porque o cargabamos máis do que podía... Pero antes tiñamos carros e cabalos. Tiñamos unha carroza de cuatro rodas, un carromato deses, e máis un carrillo, chámolle carrillo aos que eran só de dúas rodas. No carromato iba todo o material, empuxado por tres mulos, e o carrillo cun burro. E por ejemplo, para ir a Santiago, pois había que parar no camiño, ao pasar Caldas de Reis, pois nun escampado que houbera alí había que parar, unha porque os animais estaban cansados, e outra que había que durmir, porque era noite. Botábamos máis dun día para ir a Santiago. E daí, por ejemplo, pa cambiarse para outro lado, pois había que andar de noite. Pola fresca ou porque o tempo era necesario. E para pasar, por ejemplo... Todo o que andivemos en coche o andivemos antes cos cabalos. Claro, e había que andar de noite. Porque tiñamos que ter os animales como é debido. Un saco de maíz sempre houbo no carro, para os animais. De beber e paca trillada, iso había que telo sempre, senón cando estabamos en outros sitios, por ejemplo en Santiago, nós tiñamos alí uns señores, uns matrimonios, que nos cambiaban erva, erva verde, polos escombros dos animais. Entónces collían os escombros dos animales en un carro. O tempo que estabamos alí, tres ou catro días... Puf, xuntábase alí un aquel. 18:50:47
Entonces traíannos uns feixes de erva para os animales e levaban o escombro. E ao mesmo tempo facían a limpeza. E como alí, pois noutros sitios. Había que darlles de comer día e noite, porque os animales, enfín, non paran de comer. E dime tí, por ejemplo, nos cadrara de ir a Ponteareas... porque íamos aos Remedios en Puenteareas, Ribadavia, o Portal. O Carballiño que era o Setiembre, e logo xa era Lugo. E ese tirón, pois... enfín. Andar día e noite, día e noite de carretera... botábamos, de punto a punto, dous días, ou tres días, axuntando coa noite. E cantas veces temos, cando parábamos,

facer unha tienda de campaña e ao mellor vir un chaparrón deses que non hai quen o pare, e ter que levantarse, os pés na agua...e ter que secar a roupa encima dun. E ao outro día, tira para adiante, os animales co frio ou coa chuvia non tiran ben, perden aquel... E ter que axudarlles a empuxar do carro, eso non hai quen o pague. Así teño eu artrosis, teño a espalda que non a aguanto... De quentar as mans no eso e despois enfrialas, empezan a torcer os dedos, e xa non se endereitan. Teño os tendóns de aquí, todo roto... Tou feito unha braga.
18:52:53 Anxo: Supoño que gracias a xente coma vós os que estamos agora traballando nesto, conseguimos vivir un pouco mellor. Como toda a sociedade en general, que tamén... Pero que inda cando vamos por aí hai moita xente que vos recorda a vós.
AS: Xa, en moitos sitios, pero que pasa, que ao non ver, pois vaise olvidando. Pero os que non se olvidan son estes abuelos que antes eran rapaces. Porque aí atrás...foi este ano. Uns señores na gallega que sacan a relucir os modales das aldeas, como vivían antes, o que cantaban... Uns dicían "mira que nos daba gracia cando viña o José dos MUñecos". (expláiase falando do programa da tele)

18:55:45
Anxo: deixástedes de traballar nos anos sesenta...
AS: No 64. Pero no 64 deixou de traballar o teatro. Pero nós seguimos despois, co cine seguíamos de inverno, e atá os 70. No 73 morreu o vello. Pero seguimos co cine, porque nós facíamos cine polas aldeas. Co cine sonoro, aínda está a máquina aí arriba, e vala ver, tamén. Aquí somos cineastas, operadores, aquí había que facer de todo: de operador, de condutor, de electricista!
Anxo: era así, cos medios que había na época, pero facíadelo.
As: eran as ferramentas que tiñamos, non había outra cousa.
18:56:50
AS: nun alboio, por exemplo, deses que teñen a leña. Sacban a leña para un lado, e nun espacio de... xa con oito metros, xa nos chegaba. Teño tres objetivos: teño de oito, de doce e de seis metros, para segun o local que era. Porque claro, un local de oito metros, con objectivo de doce metros, sae, menos que a pantalla dun televisor! Había que adaptar os objetivos según a distancia.

Pedro: ti lémbraste de ir pola feira de Campo Lameiro? Estaba na ruta vosa?
AS: tamén, sí, sí. Nós temos feito aquí en Borducido, sábes onde é Borducido?
P: si
AS: en Borducido era o Barbas, Osorio Rivas, que era este, foi alcalde desa zona

(A partir dagora a escena desenvólvese no galpón de Alfonso, que amosa a máquina de cine, as marionetas, e no faiado onde se atopa o capitel da barraca primitiva e varias pezas comidas pola couza. Aquí xa non transcribín)

ENTREVISTA ALFONSO SILVENT
Lérez, 3 de Febreiro de 2012

Alfonso: ... eran tres.
Comba: Eran tres irmaos?
Alfonso: dous homes e unha muller. Uno... Cuando veu meu pai, veu para aquí uno... Vamos poñer de caso: meu pai primeiro naceu en Badajoz, Santa Marta de los Barros. Escapou dos... pais aos des anos.
Comba: Non se levaba ben cos pais?
Alfonso: Non, porque eran un pouco rectos, seica. Era... un tipo francés, bueno, non era francés, pero... Destes de... Era domador de... de cabalos.
Comba: domador de cabalos!
Alfonso: si, eles xa sempre... Xa eran de circo, de... Pero de calle, desto de... Titiriteiro de calle. E entón despois... exigíanlle moitas cousas ao rapas, porque era moi recto.
Comba: Xa con dez anos, xa tiña que traballar o neno.
Alfonso: Si, e entonces, el xa escapou deles desde alí. ... Este, a Raia de Portugal, e escapouse pa Portugal.
Comba: Con dez anos!
Alfonso: Con des anos. E entonces foi a... Hasta que encontrou, pedindo por aí polas casas, seguramente, encontrou unha casa e acollérono para pastor. E estuvo de pastor dous anos.
Comba: E non sabes onde era iso exactamente?
Alfonso: Non sei! El nunca o dixo nin... Sempre falou así de Portugal.
Comba: Claro, desde Zamora é bastante fácil cruzar a... á zona de... os pueblos que hai por aí. É a zona da Extremadura portuguesa. *(ou se cadra de Tras os Montes)*
Alfonso: Si, é Extremadura. Pero... quero decir que... é a Raia Seca. Bueno, e estivo dous anos, polo que nos contaba, non? E logo pois nos dous anos tivo sempre que comer e pasar os... as ovellas e todo iso, pero un día de festa... Estivo dous anos. E un día de festa pediulle que lle deixaran ir dar unha volta á festa. E baixou ao pueblo á festa. E entonces había atracciones. El andaba por aí polas atracciones, mirando pa un lado e pa outro, e mirou un que estaba traballando nos muñecos. E estaba mirando para eles, e... e nos tres días non salía dalí. Iba comer pero, non salía dalí. E el chamoulle a atención o... o dueño chamoulle a atención. “Pero tu non tes nada que facer na casa, non tes...?” Bueno, dixo que non e, bueno, pois, contoulle que marchara da casa. “Ah, bueno! Se estás libre... Queres vir con nós?” E el arrimouse a el.
Comba: E de onde era o...?
Alfonso: Portugués, portugués.
Comba: Era portugués, e non sabes como lle chamaban ao señor, ou ao espectáculo?
Alfonso: o nombre, máis que de guiñol... de guiñol, eh... Entonces, foi con el hasta que... Axudándolle, nunha cousa e noutra, aprendeu. E estivo, pois, vamos a ver: doce, trece, catorce... Case catro anos en Portugal. Eu veu para aquí aos daza...seis anos. Na festa esa aquí... A de aquí en... Do Porto. Pois daí saleuse e veuse hacia Galicia.
Comba: Do Porto, en Portugal?
Alfonso: En Portugal, si.
Comba: Estivo alí, traballando tamén?
Alfonso: Tuvo por alí, nas calles.
Comba: Claro, porque este señor que o acolleu, ía... ía rulando, tamén...
Alfonso:Si, si. Iba por aí, e...Entonces houbo... Dixéronlle que había festa en Tui, que é o San Telmo, e veuse hasta aquí, el tamén cos muñecos. Traballou cos muñecos. E logo,

gustoulle, e quedouse por aquí. O caso é que miña nai, pois... tamén era cos ambulantes, xa daquela.
Comba: A túa nai de onde era?
Alfonso: Miña nai era de aquí, de Pontevedra. E este... miña nai, bueno, meus abuelos, andaban con esas... coas lanchas, voladoras... E así, con esas cousas. E miña nai andaba coas lanchas. E entonces... Enfín! Fixéronse amigos, e despois cando se conoceron, e casáronse. El tiña dazaoito anos e miña nai, vinte. Era máis vella miña nai que el.
Comba: Teu padre nacera no 1890...
Alfonso: non sei, porque eu tiña... A min danme rabia estas cousas. Deixeille, cando fixo a biografía, Jaime, deixeille o carné de identidá ... e non o dou encontrado.
... Pois... E casáronse. E entonces andaban, seguían cos muñecos. Os muñecos daquela, traballaron ao aire libre, e poñían un tendal, como unha cortina... FAcíano sempre nas plazoletas, de esquina.
Comba: Claro, aproveitaban as esquinas
Alfonso: poñían así, de punta a punta, e quedaba ese hueco, que é onde estaba el traballando. Traballaba aí.
Comba: E poñíase el solo, e túa nai que facía?
Alfonso: miña nai contestáballe aos muñecos.
Comba: pero ela estaba de vista ao público, o público víaa a ela?
Alfonso: si, ao público. E contestáballe. Dicía, cando era, por exemplo de ... do Barbero, pois pagáballe... E expresábase bastante ben. E ese levouno, levámolo, ese sistema, siempre, siempre, pero de inverno.
Comba: o da tela...?
Alfonso: O de contestarlle aos muñecos. Despois de facer o cine...
Comba: nos sitios onde non montábades a barraca.
Alfonso: Non, de inverno non poñíamos a barraca. Ïbamos aos salóns. Casas de pueblos, salóns... Eso que había. E entonces, contestáballe, porque era unha actuación sola que se facía ao día, e tiñan que poñer máis tempo de...
Comba: De facelo máis largo.
Alfonso: de facelo máis largo, máis larga a cousa. E así facían, hasta que, andando, foi cando colleron, a primeira... Tiveron a primeira, miña hermana, a filla.
Comba: Como se chamaba a primeira filla?
Alfonso: Lúzia. Entón xa aí axudaba, nalgunha cousa... Tocaba o tambor e..., estas cousas. Facía alí un bailarín... Nós para o ...teatro non valíamos.
Comba: Por que?
Alfonso: Porque non, nadie lle daba... Non lle gustaba o teatro.
Comba: ah, non vos gustaba.
Alfonso: non lle gustaba a nadie, mira que...
Comba: ninguén quixo continuar o labor do teu pai.
Alfonso: Si. Bueno, o de meu pai, quen o levou foi un sobriño.
Comba: que se chamaba?
Alfonso: Manuel.
Comba: e que era fillo, de quen?
Alfonso: fillo de Nieves. Da segunda.
Comba: Porque cantos irmaos tuveches?
Alfonso: fomos moitos: pois... éramos nove, quedamos vivos, en, eso, que eu acorde... Sete.
Comba: porque foron todos seguidos practicamente.
Alfonso: si, foron marchando, foron marchando. Eu son o último (rí):

Comba: E cando ti eras moi pequeniño, ti lembras que íades todos os irmaos na barraca, actuando? Todos colaboraban, dalgunha maneira?
Alfonso: moi pouco, moi pouco. Quen traballaba era, era: esto... Unha que chamaban... Celia, Saladina...
Comba: Saladina aínda vive?
Alfonso: Vive, está en Vigo. E despois xa... Fillos, xa non saían. Saían, pero saían á porta.
Comba: ah, non lles facía gracia...
Alfonso: Non lles gustaba.
Comba: pero varietés, quen facía varietés? Quen cantaba...?
Alfonso: Pois quen cantaban eran esa: a miña hermana, a Celia, e Saladina. E nada máis.
Comba: E o rulo, non facíades? Facíades algunha acrobacia?
Alfonso: Si, si. Eu bailaba o baile inglés. Eu dáballe ao baile inglés. E bailaba con... con unha sobriña. Unha hermana dese Manolo, que era o que traballaba os muñecos. Faciámolos dous ao dueto, o baile ese. Pero tampouco non era, nin ela nin eu non valíamos, na!. A última hora xa... A miña nai tuvo que nos retirar. Que pa iso que non valíamos. (09:30)
Comba: A túa nai era a que dirixía todo, non?
Alfonso: Si, era a que levaba a batuta. Porque meu pai... era xordo. Quedou xordo, de pequeno, de viruela. E, claro, como falaba así, tamén algo... portugués, pois non iba aos auntamientos a... ás subastas, ou eso. Iba a miña nai. Miña nai era o que movía todo eso.
Comba: Claro, porque teu pai, ao final case aprendeu máis portugués que galego...
Alfonso: Claro! Estuvo máis alá de chaval, e como estuvo máis de chaval, pegóuselle máis o portugués.
Comba: E cando actuaba, falaba en portugués? Os personaxes...
Alfonso: Os muñecos sí. Portugués... chapurreado con gallego.
Comba: mesturado...
Alfonso: mesturado, iso. Porque eles non eran nin gallegos nin portugueses. Son castellanos, todos eles. Porque os outros hermanos, cando viñeron para aquí, seguían falando en castellano.
Comba: Falaban en castellano...
Alfonso: claro, falaban en castellano.
Comba: Santiago, o que foi pa riba, e Julia, que foi para Ourense, non?
Alfonso: Si, falaban o castellano. Pero cerrado!
Comba: Entón o Barriga Verde que falaba galego era o de aquí. Era teu pai.
Alfonso: Si. (tuse)
Comba: E algunha vez... Tu, as obras que facía el, cos muñecos... Inventounas el ou xa as aprendera en Portugal...?
Alfonso: Con ese outro que o levou...
Comba: co portugués.
Alfonso: Co portugués. Os muñecos. Porque el traballou, el de chaval, bueno, el de chaval traballaba coas anillas, facía o trapecio, coas anillas. Enganchába... na revista, non? Facía a bandeira...
Comba: nun circo, eso?
Alfonso:como se fora do circo. Facía a bandeira e... Non sei por que, foi cando lle esigiron os padres,... enfadouse e marchou. E logo despois, aínda despois de casado aínda quixo, seguir, para chamar algo a atención, seguir co... co das anillas. Pero un día,

polo visto, aí, cuns amigos, pasouse de copas... e caeu abaixo. Desmaiou, e non quixo saber máis.
Comba: Levou unha boa...
Alfonso: Si, debeu levar un bo golpe. E xa non quixo saber máis nada diso. E os dous seguiron con... cos títeres. Entonces facían así, desa forma, hasta que empezaron a ter o teatro, de ... toldos. ... Bueno, como a que ten agora ese outro!
Comba: como a que fixeron Anxo...
Alfonso: esta é ... máis moderno. Pero aquela era, toda de madeira, había que buscar madeiras no sitio, e en cada pueblo tiñamos a unha fábrica, ou un almacén, a buscar madeiras para facer a barraca. E así seguiron hasta... Seguiron, seguiron así...Hasta o corenta e... Corenta e seis ou coarenta e sete, foi no ano coarenta e sete.
Comba: Ti acórdaste, de antes de ter a barraca?
Alfonso: Antes de ter a barraca non.
Comba: Ti non o acordas.
Alfonso:Non, porque eu nacín no 31.
Comba: Claro, igual os primeiros recordos que tés, que serán, do 38 ou así...
Alfonso: Si, xa do 39 para acá...
Comba: e durante a guerra, seguiron actuando.
Alfonso: Si, bueno, houbo un ano que non deixaban facer as festas. Quedou esto parado. Pero nós saíamos co cine, polas aldeas. Ïbamos co cine polas aldeas, e sempre... sempre estabamos traballando. Nunca parabamos.
Comba: claro, porque se non se saía non se comía.
Alfonso: Claro... Non, nós co que nos conocíamos xa, antes... Esa zona, que polo visto, tiñan as portas abertas. E nadie... Non se metían con nós, nin muito menos.
E entonces, enfín, xa, andabamos con eso e foi cando compramos o coche, no 47...
Comba: No Carballiño?
Alfonso: no Carballiño. Comprámolo no Carballiño, e seguíamos... O que íamos hasta entonces co carro e os cabalos, facíamos co coche.
Comba: E cal era a ruta que facíades?
Alfonso: Pois cada... De verano era sempre a misma. Desde... Supoñer... Desde a Guarda... Desde a Guardia a Asturias.
Comba: A Asturias?
Alfonso: Desde a Guardia, arreando con Asturias. Hasta Vegadeo, bueno. Mondoñedo, Vegadeo.
Comba: Das San Lucas xa volvíades, non?
Alfonso: Claro, e despois, daí, xa nos víñamos pa acá.
Comba: Pero onde empezábades? Onde empzaba a temporada?
Alfonso: En Padrón.
Comba: En Padrón, na Pascua.
Alfonso: A Pascua era a primeira a que saíamos. Saíamos á Pascua, había que desmontar o último día de noite, para poder collelo na Estrada, que é a feira da Pascua, e facíamos o mesmo, desmontar de noite, para coller a Lalín, que esa non é feira de Pascua, chámanlle a Feira do Bento.
Comba: O Bento, si,si...
Alfonso: Pero... Seguimos así, pero xa no ano 50 foi cando deixamos de facer esas tres, facíamos unha, e entonces quedábamos en Padrón. Porque en Padrón, para o domingo siguiente, chámanlle a Pascuilla. Quedábamos alí, porque non daba...Era moito traballo. /15:30)
Comba: Non vos compensaba tanto movemento...

Alfonso: Aí está. E hasta que despois, no corenta e... Non sei, no 49, sería, máis ou menos. No, no coarenta e... Xa foi cando deixamos a barraca de madeira. Fixémolo teatro de madeira en Lugo. En Lugo, pois un carpinteiro que dábase moi ben, así estas cousas, de atracciones, e fixemos alí a barraca. Oito por doce.
Comba: a tí sónache, en Lugo, un señor que se chama Paco Rivera? É que algo me falou de que seu pai algo vos fixera na barraca...
Alfonso: pois sería ese, porque era o que se adaptaba a facer cousas así, atraccións. Porque el hasta lle fixera... A unha tía miña que... quedaron alí (pola parte de miña nai). Quedaron alí en Lugo, desde que se casaron. E tiña alí... Onde tiña o teatro, alí estaba, onde tiñan a casa... na misma calle. Que se chama... a feira do campo, así unha cousa,lle chaman a esa praza.
Comba: Campo Castillo?
Alfonso: Non, Campo Castillo era onde facíamos a festa. Onde estaba o teatro deles, alí (refírese a Viravolta no San Froilán de 2010); onde comemos...
Comba: Si
Alfonso: nesa misma calle, se miramos agora pa... pa o bar, en vez de ir pa dereita vamos pa esquerda, alá no final, tiña a casa miña tía. Entónces, fíxolles uns caballitos. E ese señor lles fixo algúns deles, e máis o piso dos caballitos.
Comba: e os caballitos, quen andaba con eles? A túa tía, non?
Alfonso: a miña tía, si. E miña hermana, Celia, fixo a tómbola aí tamén.
Comba: cando casou, xa?
Alfonso: Xa estaba casada.
Comba: as túas irmás, cando foron casando, foron deixando...
Alfonso: Xa foron collendo... Unha colleu a tómbola, outra os caballitos...
Comba: e os teus irmáns?
Alfonso: meu hermano, sólo era un, que había. Era un orifé (¿), pois ese casouse nunha aldea, chámanlle Romay...
Comba: Como se chamaba teu irmao?
Alfonso: Celso. Casouse aí... Non lle gustaba andar polo... Nunca lle gustou, as atracciones. E marchouse para Asturias e tuvo alá... Colleu unha chabala, unha moza, e a outra quedou aquí... Estuvo nas minas, e nas minas morreu, claro. Glicoses, se chama. E non había máis. (18:37)
Comba: ou sexa que ao final, quedabas tí... E o teu sobriño, participando na barraca.
Alfonso: Si, dos tres hermanos: miña sobriña e. dous hermanos; as dúas hermanas. Xa morreron eses dous; queda unha só.
Comba: Saladina?
Alfonso: Non... os dous hermanos, os meus sobriños. Morreu Manolo, que traballaba os muñecos, e máis un hermano que estaba, casouse aí na aldea, e foise para... esto, para Bélgica, a traballar alá, pero morreu alá. E veuse para aquí. É que... fumaba moito, e...Do pulmón, si. E agora queda esa, tamén é unha... O marido desa miña sobriña tamén morreu aínda hai un mes, hai dous.
Comba: Vaia por Dios.
Alfonso: que era hermano de Juan, aquel que veu a Lugo.
Comba: Ah! Entonces era Claudio!
Alfonso: Claudio... Aí quedou o chaval. Ahora queda sólo Juan, tamén da familia esa. E nós quedamos os dous, eu e máis a miña irmá. A que vive en Vigo. E así, anda o mundo.
Comba: Estábasme contando a ruta, que empezabades na Pascua de Padrón, e logo xa deixastes de facer a Estrada e Lalín. E despois da Pascuilla, a onde íades?

Alfonso: Pois da Pascuilla, pois... É algo complicado. É complicado, porque collíamolas tantas, mi madre querida, porque, tamén queríamos ir a Puenteareas...
Comba: Desde Padrón íades a Ponteareas?
Alfonso: A Ponteareas, pero non era... En Ponteareas fan dúas festas. Fan unha que é os Remedios, que é a grande...
(entra a filla e séntase canda nós)

... e chámanlle, alí mismo, ao lado, chámanlle Angoares. E ta alí ao lado, ta... E despois íamos pa alí, e despois xa collíamos a ruta. ... Viñan as outras, unha detrás doutra...
Comba: Víñades a Santiago, á Ascensión...
Alfonso: Uh! Antes desa, cantas! Antes ca esa collíanse xa moitas máis. Antes desa, pois mira, íamos en Vigo á Santa Rita...
Comba: E onde?
Alfonso: No Coto, onde está ahora o Pirulí. Onde está ahora o sanatorio, ese, antes estaba campo libre. E despois eso, ao mellor diso xa tivemos que irnos para Villagarcía. Porque íamos a Villagarcía. E antes de Santiago, ou da... Ascensión, pois... en Vigo, polo menos, collíamos dúas. Aí polo, alrededor, alrededor de Vigo.
Comba: atopamos unha foto en Vigo, que aparece a barraca, Melodías de España, creo que é no Calvario, sóache? Que é unha zona, onde está o hospital de Vigo, agora. E había unha procesión, víase que baixaban cunha virxe, e pasaban ao lado, clarísimamente a barraca.
Alfonso: Si?
Comba: Nunha foto antigua. Debe ser dos anos corenta.
Alfonso: Sería Melodías de España ou era... Ou era, este, Pabellón...
Comba: ...de la risa? Non, poñía “Melodías de España”. Érades vós.
Alfonso: E logo.. Éramos nós. Xa che digo... Vigo, todo... Sólo Vigo, Coia...
Comba: A Bouzas tamén iríades...
Alfonso: Coia foi onde nacín eu. E... este... Esa foto, que creo que miraches ti, a que... “Pabellón de la Risa”, esa, en San Pelayo de Navia, esa foi feita en San Pelayo de Navia. Bueno, foi feita. Estrenámola alí *(refírese á barraca)*. Máis que nada, porque esa non foi feita aquí, en Galicia. Foi feita en Valencia. O letreiro...
Comba: O letreiro, o encargástedes a... que houbo que encargalo a Valencia?
Alfonso: Si. E entón, dicía meu primo (*ri. Refírese a Juan*) . É máis mentireiro ca... Eu deixéino, porque empezábamos unha e outra...Deixeino falar, que total é igual. Tiña que esa barraca que... era a deles. E non tiña o nombre! Porque nunca lle vin o nome!
Comba: non tiña nome a súa barraca?
Alfonso: na... eu non sei como lle chamaban, porque un día lle preguntei á miña hermán Saladina, se se acordaba do nombre de... deles. E... Eles, como dirían, cos muñecos, era imitación, bueno, era imitando... era copia, porque eles non traballaban con muñecos nunca. Antes non; traballaban despois de vernos a nós.
Comba: cando viron que tiña éxito.
Alfonso: Exactamente. Pois... Nös chamábamoslle Barriga Verde, e puxéronlle eles tamén Barriga Verde. Mais non tiña nombre. E decíame el: a nosa era... este “Pabellón de la risa, culto y moral”. Pero vamos a ver, hombre, non digas tonterías. E logo non son... Como vai ser, se eu nunca cho vin? “Pois sí, pois si. Vouche enseñar a fotografía” . E vai e están alí Manolo e mais meu pai. (ri) A quen engaña? Era teu pai ou eras ti?
Comba: xa. Porque na foto é certo que sae teu pai clarísimamente. Pero unha cousa: teu pai, e seu irmao, Santaigo, algunha vez foron xuntos? Compartiron algunha vez barraca, ou...
Alfonso: Non

Comba: Como se rencontraron? Porque teu pai marchou a Portugal...
Alfonso: Si, pero despois, despois de estar o... ese. E meus pais de casarse aquí, alá uns anos, pois viñéronse para abaixo, viñéronse para aquí.
Comba: Desde Extremadura?
Alfonso:Si, de Extremadura viñeron, si. E foron vindo, e encontrámonos aquí, non sei, por Padrón ou pola Estrada... Por alí se encontrarían, digo eu. Pois agora, nós tiñamos dunha maneira que... tamén querían facer algo, porque eles tamén eran... a ambiente libre.
Comba: Como?
Alfonso: eles aínda traballaban ao libre.
Comba: E que facían eles?
Alfonso: Títeres! Igual...
Comba: tamén facían títeres?
Alfonso: Si, eles tamén sabían. Tanto dun lado como de outro.
Comba: Pero onde os aprenderan eles? Eran diferentes, os deles, antes de ver a Barriga verde...
Alfonso: É que a familia esa, os vellos xa eran artistas.
Comba: pero de títeres tamén?
Alfonso: Si, pero bueno. Eu non sei... Pero entonces os fillos foron aprendendo. Porque así... Sendo, pola parte de... Julia, da miña tía, o maior chamábanlle Eligio. E a siguiente era Isabel. Eses aprenderon a eso. A Isabel traballaba moi ben no alambre. E este outro facía como de paiaso, tocando a trompeta, tocaba moi ben. Pero foron saíndo así, desa rama.
Comba: pero títeres non facían, os de Julia. Muñecos, digo.
Alfonso: non, daquela. Cando viñeron para acá, ningún deles.
Comba: [caio da burra]. Claro, os muñecos o único que os facía era teu pai.
Aflonso: Exactamente. El era o que traballaba muñecos, o resto...
Comba: que os colleu de Portugal. Os aprendeu en Portugal.
Alfonso:... pero despois, ao ver que o plato máis fuerte, que era os muñecos, y entonces foi aí cando aprenderon a traballar. Pero non os traballaban como é debido. Nah... Non os traballaban. Non é que o diga eu, porque mismo eles xa o dicían. Non hai quen lle compita a José, no dos muñecos, porque non había... Porque había outra cousa que... Como eran castellanos, e querían falar aos muñecos en gallego, como nós... e claro, non lles saía. Saíanlles palabras en... en castellano. Non lle salían en galego. E o tío este de aquí, pois era eso, de... Que era o idioma que tíñamos aquí.
Comba: Claro, e eso á xente gustáballe.
Alfonso: e gustáballe, claro. E seguiron así, hasta que... SAliron dun lado pa outro. Un quedouse en Ourense, a miña tía, para a zona de Ourense. E o tío foise para Ferrol, e nós, como xa estabamos aquí...
Comba; así un pouco xa quedaba repartido, non?
Alfonso: quedaba repartido. O único onde nos encontrábamos, máis ben, era en Mondoñedo.
Comba: ao final de todo, xa.
Alfonso: Si. Era a última función. Pero co meu tío Santiago. Con miña... esa non saían, non saían palá.
Comba: Con Julia...
Alfonso: Julia máis en Ourense, pola zona de Ourense, si. Pero daí pouco salían. Teñen vido a aquí, por ejemplo á Estrada...
Comba: a Santiago, tamén?
Alfonso: A Santiago tamén viñan, que poñían detrás nosa. Alí na...

Comba; en Santa Susana.
Alfonso: En Santa Susana. Poñían detrás nosa. E este... en Noia, temos estado, encontrado. Pero con Santiago non. Santiago, da zona de Coruña para alá... pouco salían. Non nos temos encontrado. En Mondoñedo si. E en Lugo tampouco, que decía el... Se eles non puxeron nunca en Lugo! Eu non o acordo. Nin a irmán, nin eu.
Comba: Nunca coincidístedes?
Alfonso: e que non o acuerdo! E... xa non había sitio, tampouco! Porque no Campo Castillo non hai sitio! Nós tiñamos que poñer... E como está aquelo... En Campo Castillo non hai máis ca un cachiño de...jardín, e alí, e nos poñíamos pola acera. As atracciones, os tiros, dun lado, e as tómbolas, tuveron que poñelas fronte ao auntamento, porque non había outro sitio, e nós poñíamonos baixando dalí do jardín, de Campo Castillo, tirando para a entrada de San Roque. A poñíamos hacia un lado. E non había máis sitio. E nin eu nin acordo, nin miña irmá tampouco.
Comba; Entón dis que os títeres tiñan moito éxito... Os muñecos de teu pai. Que tipo de xente? Gustábanlle máis aos nenos pequenos ou tamén aos maiores?
Alfonso: Todo público. Público en general. Porque como dice o outro, "era a sorrisa dos rapaces e a alegría dos pais". Dos vellos... Temos traballado muito... Non é como fai Ángel, eh! (ri). Non hai punto nin comparación!
Comba: eran outros tempos...
Alfonso: Eran outros tempos. Non, pero non... Ángel trabállaos porque enfín...Traballa, non é que o faga mal nin moito menos, que é bo rapas. Pero cos muñecos non... non ten esa gracia que...
Comba: que tiña teu pai.
Alfonso: Non.
Comba: é que tamén o da palleta... Eu creo que lles dá outra forza.
Alfonso: Fai algo, si.
Comba:Porque teu pai facíao coa palleta. Que facía, a voz de todos, de todos ou sólo a de Barriga Verde?
Alfonso: As voces... Bueno, o de Barriga Verde era o normal. Normal, coa palleta. Pero ao mellor cando viña o outro, pois dáballe a volta á... á palleta, e saía outra voz.
Comba: ah! Cambiaba coa mesma palleta. El facía as voces de todos.
Alfonso: Facía, si. E despois a dúas voces, era el que facía todo. Todos, os que estaban... Que agora están por aí tirados. E outros viñeron a pedirmos... BAh.
Comba: E teu pai, que facía, inventaba as historias, el?
Alfonso: Si, foi sacando por elas, que eu recordo... Por aquí non houbo quen lle enseñara. Pero tiña moitas parodias, máis que Ángel.
Comba: acórdaste algunhas?
Afonso: As miñas? Todas! Mira, a primeira que saía era o Barbero.
Comba: Ese era o primeiro.
Afonso: Era o primeiro que saía. Logo...
Comba: e quen era o barbeiro, Barriga Verde?
Afonso: non.non... O barbero... O barbero é Barriga Verde! É que... O protagonista... era o barriga Verde. Pa todo. Era outro que viña afeitarse e logo... terminaba... (non sei que di 32:52) E se ...Barbero, este... Bueno porque, hai varios, maneiras. Este... O xogo da pelota, e logo despois, o soldadito...
Comba: Como era o soldadito?
Alfonso: O soldadito era que... que un que quería ir á guerra, para ganar cartos. E entonces non sabía a instrución. O Barriga Verde non sabía a instrución. E entonces este ensinoulle como era a instrucción.
Comba: Quen llo ensinou?

Alfonso: O soldadito, ese. E “é que lle ensino eu”. Non sabía nada, porque... E entonces, enseñáballe a Barriga Verde, a instrución. Pero claro, ao estar así co, co fusil, pois ao dar media volta, dáballe co pau, e cando trataba de virar á esquerda, dáballe outro, e logo despois... Enfín. Os tiros eran (ri) darlle alguén...
Comba: ou sexa que o fusil era o pau, en realidade.
Alfonso: si (ri). E... Claro, esto era cojonudo, porque a xente o que quere é ver pelea, acción.
Comba: Claro, ver como lle bate ao soldadito.
Alfonso: E despois... outra cousa era... este... O Compadre. Non, non era Compadre: o Portugués. O Portugués que era moi valente, moi valente moi valente, que tiña non sei cantas, este... desas colgadas qeu ganou moitos cartos, e despois chegou aquí, a Galicia, e encontrouse co Barriga Verde! (ri). Ese xa marchou polo aire!
Comba: Pero ese personaxe do portugués, teu pai, supoño que o inventou el, porque non creo que o aprendera en Portugal... Ou igual en Portugal chamábanlle o Español!
Alfonso: E ao mellor era ao contrario! Ahora que dis eso, este... Encontrábamonos con... Cando máis tempo tiñamos a falar coa xente era en inverno, que de día, estabamos ao sol, e falabamos daquelo... Pero había, eh... xente portuguesa que vivían, viven por aí, por esa zona, de Ponte Caldelas, esa zona. E dicía, “Ai señor José, sempre lle pega ao Portugués, non podía cambiar?” (ri) 35:28
Claro, era a risa. Pero facíao polo chiste.
Bueno... Despois... Era, ese portugués, e despois o Compadre... O Compadre é cando nace... o Entierro. Doña Rosita, que é esa que está aí, de frente...
Comba: Ah, si.
Alfonso: E... E o cura, tá alí diante... Porque o Compadre marchárase para as Américas, alá fixo moitos cartos, e viña... fanfarroneando... aquí, en Galicia, non?
Comba: Xa.
Alfonso:E entonces, como eran amigos antes, foi chamar ao compadre, qeu era o Barriga Verde. E estiveron falando os dous, que daquí, que qué facía, tal. E entonces é cando ven o xogo da pelota. E o... Compadre non sabía xogar á pelota. Quen sabía era o...
Comba: O Barriga Verde
Alfonso: O Barriga Verde. E entón ensínalle como era, como era o xogo da pelota.
Comba: É como o fan eles?
Alfonso: Non, xa non é así. É doutra forma. Por ejemplo, (escenifíca coas dúas mans): este é o compadre e este é Barriga Verde. Non, este é o Barriga Verde, que é a man dereita! Cando ven o xogo da pelota, dice que vai, e entón dice “pois entonces vai buscar a pelota”. E vai o Barriga Verde buscar a pelota. E trae o pau, claro. Non hai pelota.
Comba: Non hai pelota!
Alfonso: Non hai pelota, claro. Eles (por Viravolta) teñen unha pelota que é móbil...É o pau. E o outro di “pero esto que é?”.
“É a pelota!”
“Ui, que pelota máis rara!”
“Isto si que é unha boa pelota!”
“A ver, como é?”
“Pois mira. Ti te pos aquí. Eu me poño aquí. Cando eu diga ‘pelota va!’ tu tes que dicir ‘venga ya!’ E tres ti e tres eu, tres eu, e tres ti.”
“Bueno, pois xoga”
E xogan. Ten que decir “Pelota va, venga ya!” Bumba! Un estacazo.
“vai unha, eh, compadre? Vai unha” (di o BV, representao coa man dereita)

E dálle outra vez, hasta que chega a tres.
“bueno, xa están tres. Ahora ti”
“ai, mi madre!” levou paus na cachola, non? E vai o compadre, quere darlle, pero o outro, falla, báixalle a cabeza, e pásalle o pau por diante, non?
“compadre, qeu vai unha!” (di o BV) Así é que perde as tres. O outro enfádase, porque claro, el baixaba a cabeza, e a el non lle tocaba.
Comba: Claro.
Alfonso: Enfádase, e empezan a pelear. E o matou, matou ao Compadre.
Comba: acaba matándoo.
Alfonso: E despois é cando ven, do Compadre, ven a Rosita.
Comba: porque Rosita é a novia do Compadre?
Alfonso: É a novia do Compadre. Vén a Rosita, en busca do... do marido. O marido chámalle Manuel, claro. E anda a busca, pregunta, “Manuel! Onde estás? Onde estás, Manuel?” E nada. Entonces... chama polo Barriga Verde.
“Compadre! Compadre Barriga Verde!”
“Que?”
“Usté miroume por aquí o meu marido?”
“O seu marido? Ah, si! Hai media hora que estaba aquí. Pero... tiña unha borrachera!!! Buh!”
“Si, tiña borrachera?”
“Uy mi madre! Debe estar dormindo a marchante (¿)”
E, fai que busca, por aquí, “Manuel, donde estás?” E tumba, caramba, e entonces é cando o encontra. “ai, estás aquí! Carai, que borrachera tes, compadre! Ai, que borrachera tes, Manuel! Que boa colleches, ai tu! Levántate, home!” O outro non se levanta porque taba morto, pero. E dáse de conta que estaba morto *(Rosita)* e entón empeza a chorar. Empeza a chorar: “Meu Manoliño! Adios, meu Manoliño! Adiós chquillo! Adiós quedo viuda para siempre!!” Doutra maneira, pero unha cousa así, non? E vén o compadre...
Comba: Vén o Barriga Verde...
Alfonso: O Barriga Verde, si, “Rosita, mira non chores, muller, non chores, que tu eres guapa e eres nova, e inda te podes casar con outro”. “Eu non quero outro, eu quero o meu Manuel!” “Anda, home, anda! Non seas así, non seas así, non chores.” Bueno, bueno, pois marcha. E fai que marcha, márchase, e queda chorando igual outra vez. Pero á segunda, vólvelle dicir outra vez “Rosiña! Non te... que eu tamén estou viudo e queres casar comigo?” “A ti non te quero, porco! Sale daí!” En esto marcha, el mira, ela fai, mira pa un lado, mira pa o outro... “Bah! Bueno, bueno, sabes o que che digo? Mira, eu aínda son unha rapaza nova, e son... son moi bonita. Voume casar con outro. Morreches? Que te leve o demo!” Ah! Entonces, empeza... a cantar arredor del, non? “Lalaralala!” Facendo que canta, tal. Ven o Compadre e mira e “Ai!” , e volve chorar outra vez! (ri)
Comba: A disimular, non?
Alfonso: A disimular (ri). Fai así. Hasta que lle dice o compadre, este... “Con que si? Pero que? Ti tas a chorar ou tas a cantar?” “Eu son chorar, son chorar! Do meu Manueliño!” “si, si, xa te vexo!” Fai que marcha outra vez e cóllea nas patatas! (ri)
E dicía “ala! Vai buscar o cura, corre! Vai buscar o cura!” E foi buscar o cura, e vén o cura, e dícelle “que pasou? Pero que pasou?”
“Que pasou? Non pasou nada! É que morreu este home!”
“Morreu este home? Ai! Pobrecito, pobrecito. E de que morreu? De que morreu?”
“Morreu de repente” *(resposta BV)*

“Ai morreu de repente?? Ai! Pobrecito, pobrecito! Pero de verdad que morreu de repente?”
(ri) faise o xordo. “Pero a ver, é que non oes?”, dille no oído, “Morreu de repente!!!! Veña, entérrao! Fai o repòsito que o enterramos” . E entón, vai ao...
Comba: ... ao enterro.
Alfonso: O responso... Pero o responso, pero claro, non o sabe, e fai así un chapurreado (canta) “Erri colorre, e vai polo si non sei canto! E parro patlin patarrán!” E di o... o Barriga Verde: “pero usté que está cantando? Usté está ‘porrotopó porrotopó”, que é eso? Mire, collao, Cura, collao pola cabeza que eu o collo polos pés”. E colle o cura pola cabeza e el polos pés. E bueno, lévano pá casa. E cando a van pá casa, foi cando, bueno, deixan eso, e collen a caixa do eso...
Comba: do...o cadaleito, claro.
Alfonso: Eso, e na caixa, tiña unha plataforma, así de... arredor. E entonces por diante tiña uns monaghillos, e aos lados, e más atrás.
Comba: como se foran levando a caixa.
Alfonso: cunha cruz, e tal. E entón, van polo... Van levando, avanzan, e tan alí as campanillas, e eso, todo, e por diante...
Comba: e vai o cura por diante, e por detrás, que van, Rosita e Barriga Verde?
Alfonso: eh... hasta que... acabouse o entierro. E despois ven o Toro.
Comba: mira, e nesa escena do enterro, non podía estar teu pai sólo, non? Porque facía falta máis maos...
Alfonso: Estaba meu sobriño.
Comba: ai, estaba Manuel!
Alfonso: Si, e a veces tiña que ir eu.
Comba: tamén a axudar...
Alfonso:si, porque cando sacaban moitos, si. Bueno eu, sin falar.
Comba: Xa. Movendo muñecos
Alfonso: Eran os dous, os dous eran os que tiñan as palletas. Ás veces, bah! Facíamos barullo, tal, pero non... Como traballalos, nunca os traballei.
Comba: E despois viña o touro, entón.
Alfonso: Despois viña o toro, toreaba como aí, máis ou menos (como Viravolta, refírese).
Comba: collíao polo rabo?
Alfonso: Collíao polo rabo, claro. O chiste... E despois, collíao polo rabo, e despois co naris tiña que mirar se lle latía o corazón, e poñía o ese na traseira e “Ai, como cheira polo cu! Ta podre!” (ri) “Ta podre, non vale para nada”.
Comba: E tiraba con el...
Alfonso: E tirou con el. E despois daí, viña o demo. Viña o demo e...
Comba: E mataba o demo, Barriga Verde...
Alfonso: si, pero non así.
Comba: Non así? Non baixaba, como fai ahora...
Alfonso: No, non.
Comba: O demo subía buscar a Barriga Verde, non?
Alfonso: ... Barriga Verde, a partir do toro, fai o borracho.
Comba: Despois do touro?
Alfonso: ...do toro, el vai á casa, bueno, dirigíase ao público, e... “vou á casa pero a tomar unha copa, que tou cansado, que vou, de torear”. E vai á casa, claro fai tempo, e vén borracho. “Naaaa...” e cantando. (fai que canta) “Ai, que borrachera tengo! Que dia máis bueno, había un viño, non sei que, nunha esquina, que estaba... que ardía nun candil! Vou quente.” E entonces dice que lle pegou o sono, e dorme. E dorme, e

entonces aparécelle... Tíñamos un aparato, feito, foron, unha taza, despois poñías unha vela, no medio, e ao soplar, facía fuego.
Comba: saía fume...
Alfonso: fuego! Si. E subía... arriba, entonces, pois... había un movimiento, un... nada! Mirando, como estaba dormindo, e pégalle un cornazo, e escapaba. E entón dicía "carai, aquí hai moitas moscas, hai!" Claro, dáballe dúas veces, e entonces é cando se presenta o demo.
Comba: E o demo que leva? Leva un pao, tamén, o demo?
Alfonso: non. Non leva nada
Comba: Nin un tridente, nin nada?
Alfonso: non, non, é como está así, non ves?
Comba: sen arma, ía desarmado.
Alfonso: Si. Porque quería levalo, namais, para o inferno. E entonces vai, e esquívaos, claro. Vai este e... dille o demo "Pois venga pa o inferno!" E... dice "espere un pouco, hombre! Déixeme coller a gabardina e o gorro e o paraguas" E dice: "non che fai falta! Non che fai falta alá!" "Si, si, si, que pode chover polo camiño". Quería ir á casa par buscar o pau!
Comba: Claro!
Alfonso: E vai buscar o pau, e dille o demo "pois eu estou a dormir", e este vai e dille "ah, si? Estás a dormir? Pois eu estou desperto" E vai e quere levantar o pau, e escapa, o eso. E levántase e dálle ao pau, e esquivaas todas. Esquívaas, eh... pero dunha maneira que, enfin, que hasta estando os dous, pisábanse (¿)
Comba: O demo esquivaba a Barriga Verde?
Alfonso: Si, esquívaas e para todas. Hasta qeu, bueno, un rato, así, largo, e logo... Dice... Que non o pode coller. A ver se presignándose o colle. E presígnase. E presinarse, mándao vir, e despois... Dille que suba, a ver que lle aparezca, pero non lle aparece. Pero que? Porque estaba detrás, non?
Comba: Ah!
Alfonso: Estaba detrás e... "a ver, onde estás? Aquí non estás!" "Donde estás tú?" E así, cando non iba un, iba outro!
Comba: E a xente, avisábao, de que o tiña detrás? A xente do público decíallo?
Alfonso: claro... Hasta que lle pega un cornazo, e cólleo. Quíxoo esquivar, pero colleuno. E...foi cando lle... cando lle dá. Entonces... este... "Eu quero patatas, eu quero patatas" "Ai, queres patatas? "
Comba: o demo decía que queria patacas?
Alfonso: Si! "Eu quero patatas!" "Toma patatas, bacalao e chocolate!" Lévaas todas.
Comba: e cada vez que dicía unha cousa dáballe un golpe, non?
Alfonso: claro! E despois... Xa era o último. "Señoras e señores, xa morreu o demo e acabouse a peseta!"
Comba: Iso quedoulle a todo o mundo, non?
Alfonso:Quedoulle a todo o mundo, si!
Comba: Mira, e á parte do demo, co cura non tiña tamén unha pelea, despois do enterro?
Alfonso: Bueno si, si, ten unha pelea. Ten unha pelea... á volta do entierro. Si, non me acordei antes. Xa hai moito...
Comba: ... porque non lle quería pagar o enterro, non?
Alfonso: Ou algo así. Pero o cura chamoulle a atención, "eu vou dar parte a La Guardia Civil, e tumba e dálle..." Entonces saliu o Barriga Verde ao paso, e dille "pero que lle pasa, señor cura, que lle pasa?" "eres un desgraciao, eres un can!! Es esto, élo outro! Me debes coarenta pesos! " "E de que lle debo eu coarenta pesos?" "De enterrar a ese home!" "Ai, é verdá! Tes razón! E usté que quere, en calderilla, en plata ou en papel?"

Dille: “eu quero plata, eu quero plata!” Era un avaro (ri), son todos eles! “Eu quero plata!” “Ai, si? Pois queda aquí, que vou á casa buscalo.” Buscalo pao, claro! (ri) Buscalo pao, e entonces empeza: “tome! Vaia contando: un, dous, tres catro...” E marcha cando vai polos vinte, e di... “aguarda polo resto!” Non quere máis! (ri) 49:51

Comba: e aí a xente ríase muito?
Alfonso: Bueno, si. Aí ríamosnos nós mismos? Porque nós... eu, os que estábamos da casa, estábamos por fóra... nos ríamos. Ou sexa, é que nos contagiaba ou o que fóra... Dábanos gracia!
Comba: ríase todo o mundo.
Alfonso: Sí.
Comba: E nunca ninguén vos chamou a atención por mallar no cura?
Alfonso: Si. Nos teñen chamado a atención en Orense. E... E nalgún sitio, si. Outro sitio, non.
Comba: E cando era así, que vos dicían?
Alfonso: que non traballara ese número.
Comba: e facíadeslle caso?
Alfonso: Claro que non!
(rimos)
Alfonso: e en Orense, taba o circo, este... os hermanos Tonetes, conoces?
Comba: non, non. (*Tonetti*)
Alfonso: Os Tonetes, do circo? Era un circo... potente. Os hermanos Tonetes. Morreron os dous, xa. Un ahorcouse. E o outro, morreu... desgraciadamente. En quiebra, deu a quiebra o circo e... marcháronlles os artistas todos e quedaron tirados. Bueno, pois estaban aló. E en Ourense, sabes a Alameda onde é, en Ourense?Conoces?
Comba: Si
Alfonso: pois nós estabamos no medio. Bueno, non alá, no final de todo, pero no medio. Á izquierda estaba o circo, e á dereita estaba o Teatro Argentino.
Comba: ese tamén iba a Lugo, non?
Alfonso: fixo unhas cantas en Lugo, si. Eu recórdoo alí dúas veces. En Lugo. En donde puxeron o teatro (viravolta), alí poñíanse, porque arriba non había sitio.
...Bueno. POis nós traballábamos alí coma siempre. O día da festa, pois nas horas... fuertes, enchíase o teatro. E o Argentino, como era por funcións, pois... non teña aceptación. 52:23. Que a xente non... Non.
Comba: Pero como era por funcións, era por horas? Poñían unhas horas...
Alfonso: Si, así por horario. Poñían un horario... Como facía ahora este, Ángel.
Comba: Porque vós non, vós en canto se enchía...
Alfonso: Salía un e entraba outro! Xa estaba na porta esperando!
Comba: carai!
Alfonso: Si. Non, non, non!
Comba: Non tiñades descanso!
Alfonso:Que va! Nada! (tuse) E... Vai o Argentino, e chámanos a atención!
Comba: Ai, o argentino!
Alfonso: si, chámanos a atención, porque... que non se lle oía aos artistas, cos altavoces.
Comba: Xa.
Alfonso: E entonces... Nós non lle fixemos caso, cada un estaba no seu. E se mosquea, e veu xunto á vella (¿) A segunda vez, xa lle...A miña madre, para iso valía muito, dícelle, “mire, se non ten xente, ninguén lle ten culpa. E a usté non lle dá vergonza chamar a atención a unha barraca pequena comoo... como a miña?”
“É que... Yo no sé... cómo hacen ustedes. Siempre lleno, y aquí no entra nadie!”

“pois mire, é que nós somos máis simpáticos ca ustéd”. Entonces chegoulle aos oídos a Tonetti, e viu alí. Viu alí a preguntarlle: “que lle pasa a usted, Señora?” “Pasa esto” “Qué sinvergüenza!”Bah! Ya voy yo allí, ya voy a dicir algo”. Este Tonete, lle gustaba o número que facía o meu sobriño, o do rulo. Dixo que llo collía, se iba pa el, se quería.
Comba: quería contratalo...
Alfonso: quería contratalo, e así “pero non podo deixar a miña abuela, así...” Bueno, non quixo ir. 54:02 ...Pero chamoulle a atención. E entonces, veu alí a pedir perdón. Porque despois puxo os altavoces como é debido. Nós tíñamos uns altavoces que lles chaman Gigantes, que son de Phillips... Pesaban 50 kg cada un. Xa daquela! Ahora hainos millores, aínda. Ahora xa, nas festas...
Comba: porque vós, o que poñíades era música...
Alfonso: Que?
Comba: poñíades música, para fóra...
Alfonso: Si. Para saír a xente, durante a actuación non. Pero ao saír á xente, e para chamar á xente, si. Máis co micro, claro. Falaba moi ben co micro, miña nai. Falaba moi ben co micro, para chamar á xente. Dicía que era... este... Imperio Argentina, ou Antonio Molina... Buah! Un barullo aí, que!
Comba: Tiña xeito, túa nai, para atraer ao público...
Alfonso: Si. Pois chamoulle a atención. E despois veu alí pedir perdón, o Campanioli aquél (¿) . 54:59
Comba: pero quen foi a pedir perdón, o argentino? Ou o Tonette?
Alfonso: non, non, non. Viñeron eles, o argentino pedirnos perdón.
Comba: Ah! Porque lle dixo Tonette qeu...
Alfonso:...que non había dereito a meterse coa xente.
Comba: Porque o argentino, eu, polo que me dicían en Lugo, tiña un espectáculo máis de chicas, non?
Alfonso: era...obras de... de...máis ben de...
Comba: ...de actores?
Alfonso: si, de actores. Facían cousas que non...Para xente maior. A xente maior, pois algunha iba.
Comba: E a vós íbanvos de todas as edades.
Alfonso: A nós, como as de todo puro! (non entendo)
Comba: E era máis barato o voso ou o deles?
Alfonso: O noso. O noso daquela, máis ou menos serían, pois tres pesetas. Cando máis cobramos foi... un duro, me parece que era.
Comba: xa nos últimos tempos...
Alfonso: si. Nunha fotografía que teño eu da fachada está a tres pesetas.
Comba: E nalgún tempo sería unha peseta, non? Por iso dicía o de que se acabou a peseta...
Alfonso: Claro, porque... era unha peseta. Foi menos! Ten traballado con 50 céntimos.
Comba: iso que era, un real?
Alfonso: cincuenta céntimos...Si, dous reás.
(a irmá sae)

Comba: Tu cando empezaches, xa desde pequeniño ías cos teus pais a todas partes.
Alfonso: eu... desde que nacín non saín deles.
Comba: e á escola non fuches?
Alfonso: si! De inverno. Ás veces quedaba miña hermana comigo aquí, e eles iban co cine por aí. E outras veces, pois si iba, pois miña nai falaba co maestro, e mentres os días que estabamos no sitio, xa che digo, máis ou menos botábamos dúas semanas ou

tres... E tiñan que, se pasaba alí para... Entón, lía un pouco, tal, facía un pouco de cuentas... Pasaba o tempo así.
Comba:Porque cando estábades nas feiras, non tiñades tempo para nada, non?
Alfonso: Nada, nas feiras nada.
Comba: como era un día de feira en Santiago, por exemplo, cando facíades a Ascensión? Como facíades: chegábades un día pola tarde, montábades... Como vos organizábades?
Alfonso: Había que ir un día ou dous antes.
Comba: un día ou dous antes?
Alfonso: Si, un día ou dous antes. Unha, porque empezaban a vir todos, as atracciones. E se montaban, ao mellor quedábache... Che collían ao mellor un cacho, un metro, e despois tiñas que andar peleando con el...
Comba: tiñas que coller o sitio con tempo.
Alfons: Claro. Ahora, había sitios onde xa nos gardaban o sitio. Xa que "este sitio é do Barriga Verde".
Comba: En Santiago era así?
Alfonso: En Santiago, en Vigo... Case en todos os sitios. E despois en outros sitios, non, porque, enfín. Había que ir á subasta. Pois cada un xa tiña o seu. Pero en Santiago, fixemos nós o sitio, alí onde estaban a báscula... A báscula onde pesaban o ganado. Alí na parte de... En frente das churrerías. Que poñían as churrerías alí, poñían alí. Pois, como estaba así en costa, tuvemos que baixalo da parte de arriba, para facelo un pouco máis, alinialo, non? E xa non... xa non nolo quitaron. Foi noso, xa. Viñeron aí uns anos, cando empezaron a vir os, os do Sur. Con avións e todo eso, os do Sur. Pois entraron na saubasta, e claro, sempre lle preguntaban aos do papeleo polo sitio, e "é onde o pon o Barriga Verde". Encheulle o ollo o sitio de Barriga Verde.
Comba: Pero diso nada!
Alfonso: pero dicíanlles "no, señores, ese ya está cogido". E dicían "home, pero a substa ten que ser..." "Mire: eses señores, cando lloviú y rampleó (¿) y hubo sol, vinieron. Y ustedes é a primeira vez. Que quiere, que le quite ahora para ponerle a usted? No. Póñao a seguir, si quiere, y si no, carretera".
Comba: vese qeu vos tiñan aprezo.
Alfonso: Por eso digo. E en Lugo igual.
59:52
Comba: E mira, entón chegabades uns días antes, montábades...
Alfonso: si, montábamos, e o día que... normalmente taba todo ... pois, paseaba por aí.
Comba: e que durmíades, dentro da barraca?
Alfonso: dentro todos. E comer tamén.
Comba: facía túa nai alí de comer...
Alfonso: Facía, no escenario, nun lateral tiñamos a cociña, e polo outro lado é por onde subían e baixaban os artistas, claro.
Comba: e así eses días antes de empezar, facíades algo de propaganda? Ïbades por alí...
Alfonso: non. Non, non.
Comba: non tiñades ningunha maneira de atraer ao público...
Alfonso: cos altavoces, pero eso... Non. Sacámolo. Traballábamos igual que eles, os tambores e bombos, si. Pero na barraca. Na fachada da barraca. 1:00:36
Comba: Na fachada. Non facíades pasarrúas nin nada...
Alfonso: non, non. Pero na fachada sí. Na fachada da barraca salía cos platillos, tambor...eh, eso!
Comba: e empezábades pola mañá...

Alfonso: según como era a festa... Claro, hai festas que de mañá non hai nada, había que esperar hasta despois á tardiña, de verano, porque pasaba pas... praias (¿) ou por aí, e hasta a noite non hai. Non había xente. Entonces aí, empezabas ás sete da tarde, e logo xa seguíamos hasta que... hasta que nos mandaran a Guardia Civil cerrar.
Comba: ai, si? Iban pechar os...?
Alfonso: a todos. Ao marchar a orquesta, a todos. Pa que non houbera lío, mandaban cerrar.
Comba: e a que hora, máis ou menos?
Alfonso: sobre as tres ou as catro da mañán.
Comba:ou sexa que desde que empezábades hasta as tres da mañá non parabades.
Alfonso:Non parábamos. Mentres había xente... En Santiago, a veces, polo Apóstol, empezabamos aí ás doce, xa facíamos unhas cuantas funcións antes de comer, e cando taba a xente, paraba un pouco que ían comer, aproveitábamos, e comíamos. E estabas así un momento e...E logo, pois nada. Ten vido a leiteira! (ri)
Comba: a vervos os espectáculo?
Alfonso: Non! Pra traernos o leite, para desayunar! E nós traballando aínda! Si... Me cago en la puta...é o sitio que máis...
Comba: En Santiago?
Alfonso: En Santiago, había muita xente.
Comba: E que tipo de xente iba? De todas as edades, pero despois, xente máis humilde,máis...
Alfonso: Si... Xente... AS parexas que veñen de paseo, os que viñan por alí a tomar os... os desaiunos ás churrerías e...unhas quedaban dentro, outras...esperaban por aí, fuera. Temos estado afónicos do... do fume das churrerías. Quedaban as mulleres espantadas.
Comba: e que tal relación tiñades coas outros postos, en xeral? Había bon entendemento?
Alfonso: Si, si. O que non che quere... Quen é o que che quere mal? O do teu oficio.
Comba: claro, o da competencia.
Alfonso: o da competencia. O resto, pois nada. O resto, cada un taba ao seu. E nós tamén éramos pacíficos.
Comba: e tamén eran moitas horas, que pasabades, moita convivencia...
Alfonso: Son moitas horas, si. Era así. Había que aguantar. Fume, humedá... Eu que sei!
Comba: E cando ías, por exemplo, a Santiago ou a Lugo, tiñas algún momento para dar un paseo por alí, ou era todo o tempo traballar?
Alfonso: non, había tempo á mañá a saír, siempre. De mañá sempre hai tempo, porque, pola maioría, case empezábamos despois de comer. Había sitios, por exemplo, Santiago, abríase xa de mañán. E... en Lugo, os días fuertes, tamén. Pero os outros días...
Comba: Porque por exemplo, teu pai, nas obras, facía sempre o mismo, nos muñecos, ou a veces metía algunha cousa... que tiña que ver co sitio no que estaba? Algún chiste sobre Santiago ou sobre alguén...
Alfonso: Non, non.
Comba: Era sempre o mesmo espectáculo.
Alfonso: Siempre! Como dicía o outro: que vas tocar, Poceiro? A de siempre, pa non variar! E o que digo eu, que tantos anos no mesmo sitio, e sempre coa mesma cousa, que tuvéramos tanto éxito. Hasta que o deixamos. Deixámolo porque... por nós. POla xente dafora. Porque claro, despois, ao casarse as miñas hermanas, pois colliamos a xente dafora. Había estes que, estes qeu estabamos falando, que son... que son titiriteiros.
Comba: xa, ambulantes.

Alfonso: ambulantes si, desos que están, que saen á calle, pero cantando e actuando... E viamos un grupo que era bo, pois collíamolos, se querían. Firmábamos un contrato; unhas veces era polo contrato e outras veces era de... que, por ejemplo, de darlle cen pesetas cada función. Canto máis funcións fixéramos, máis cobraba.
Comba: un porcentaxe.
Alfonso: un porcentaxe. E...hasta que, en Padrón, creo que foi, quedaron de que viñeran pero aínda non chegaran.
Comba: Falláronvos.
Alfonso: Fallaron. Entón foi cando...(o deixaron)
Comba: e de onde eran eles?
Alfonso: uns eran de... (ri)
Comba: cada un dun lado
Alfonso: cada un dun lado, he
Comba: pero galegos eran?
Alfonso: non, non. De Galicia non. De aquí non. Tuveramos uns que, fóramos a buscalos a Lugo. Bueno, a Lugo... Á Coruña. Tábamos en Lugo, que quedamos sin xente. Foron uns que fallaron. Primeiro falláranos a... este... como se chama? A lado de Tui...
Comba: Na Guarda?
Alfonso: Non, no medio. ... Bah. Hai unha festa que fan aí, entre Tui e a Guarda. Xa me acordarei. De aí foi de onde nos fallaron. Aí falláronnos, que quedaron que viñan para Lugo... Collimos a subasta en Lugo, se non non podíamos coller. Pero fíxonos coller a subasta. Collemos, e xa desapareceron. Entonces tuvo que ir á Coruña buscar a un por aí, e chegáron aos sitios, e había uns... uns matrimonios... Non, uns matrimonios non eran. Era... Era nai, filla, e dous fillos. Dous homes e dúas mulleres. Pero unha era unha nena, e tamén traballaba ben. FAcía o trapecio, polo medio de dúas sillas. E ela cantaba e bailaba.
Comba: a mai?
Alfonso: non, a hermana, unha hermana. A nai non facía nada, máis que... Estaba na cociña, ou tal, creo. E dous hermanos pois tamén facían contorsionistas, e tal. Cantar sólo era a rapaza. E despois tiñamos o noso que era o rulo, meu sobriño. E os muñecos.
Comba: E eses traballaban ben?
Alfonso: Si, estes traballaban. Tiña unha foto dela aquí, pero non sei...Anduven buscando o outro día, cando viñestes vós... E non a encontraba. Unha foto que estaba bailando, un claqué, original... Pero non sei onde carallo a botei.
Comba: E que outros espectáculos había, ademais do voso, naquela época?
01:09:05
Alfonso: Daquela o que máis había eran pabillóns. Pabillón artístico, este... había xogo de espellos...
Comba: e había... eu que sei, unha vaca que tivera cinco patas...
Alfonso: ...cinco patas, si, ui. E un que era el super hombre eléctrico, encendía... poñíase na silla eléctrica e encendía as bombillas. Poñíaas na boca e encendía, ou o alternador... tamén o encendía, ou encendía mecheros... Bueno había, si, pabillóns deses, outro tamén, tamén tiñan muñecos, pero muñecos fijos.
Comba: fijos que se movían sós?
Alfonso: non, non, montados nun carril. Este é o escenario, entonces eran tres, e poñían por ejemplo, cando eran tres, dous tocaban a guitarra e outro facía que movía a boca. Pero era todo... por disco.
Comba: era playback.
Alfonso: era playback.

Comba: pero quen movía os muñecos?
Alfonso: eles, os dueños.
Comba: por abaixo?
Alfonso: por debaixo do, do escenario. E...este, cantaban este... de Pepe Blanco, o de Carmen Moretti... Sabes como é ese conto? [é Carmen Morell]
Comba: non...
Alfonso: o da Carmen Moretti...Foi moi famoso, uns cantantes. OU por outros que cantaban, e despois os recollían e saían outros, facían outros.
Comba: e iso tiña éxito?
Alfonso: bueno, si, aínda botou unha... temporada. E o artístico tamén. O artístico... mecánicos, muñecos mecánicos. Xa estaban montados todos.
Comba: como autómatas.
Alfonso: xa estaban montados, e todo eso. Tiñan un motor que movía a todos. Pero non...
Comba: non falaban nin nada, movíanse, só.
Alfonso: Sólo se movían, nada máis. E xa digo. O de espellos, ou este... animales disecados, e así, deses, pabillóns deses, así. E...Outros que... este, Pabillón... como era? Os belgas... Agora non me sae. As selvas belgas ou algo así. TAmén traían... animales.
Comba: pero vivos?
Alfonso: vivos.
Comba: como un zoo pequeniño.
Alfonso: eso, un zoo pequeno, si. Tiñan monos, tiñan serpientes... E así.
Comba: e iso era nas festas...
Alfonso: Nas festas grandes, nas pequenas... non.
Comba: Non lle interesaba.
Alfonso: non lle interesaba.
Comba: Vós, ao principio íbades a todas as festas, non?
Alfonso: a todas as que había. En vez de estar parados, pois ibas. Xa cando éramos, por nós. Cando eramos por nós, si.
Comba: cando íbades, non contratábades a nadie...
Alfonso: a nadie. Claro, porque si facías, facías e ... (¿) Pero cando había que traer xente de afora xa tiña que ser nun sitio con capacidade...
Comba: claro, que souberades que iba haber xente
Alfonso: E así estivemos toda esa temporada, de sur... a (ri)
Comba: á Veiga, a Vegadeo. E a Vegadeo que íbades, en setembro? Na festa que teñen en setembro en Ribadeo?
Alfonso: Non, a Ribadeo nunca íamos, non collíamos.
Comba: Ïades a Vegadeo, só.
Alfonso: a Vegadeo. Tamén hai en octubre
Comba: claro, antes de ir a San Lucas...
Alfonso: Ibas a San Lucas e de San Lucas ibas alí. Taba a trinta quilómetros. Estaba, hoxe hai menos, seguramente. Xa cortaron as carreteras.
Comba: agora chégase mui ben.
Alfonso: pois eso era: de norte a sur, de oeste a este. Recorríamos toda, de Galicia non creo que haxa un pueblo sin tar. 01:14: 18 Ou co cine, ou co teatro, eu creo que non hai aldea que non estuvéramos.
Comba: e por que cres que foi... á xente agora xa non lle interesa tanto ese tipo de espectáculos. Que cres que pasou? Sería a televisión?
Alfonso:ai, o cine? Nós deixámolo cine por culpa da televisión. Claro. É máis que... ahora, se non hai dous coches ou tres nunha casa, non hai ningún. Antes non había

ningún. Entonces tiñan que ir, ou había panderetas, tiñan que bailar coas panderetas, ou cos gaiteiros que había no pueblo, ou sinón non tiñan onde saír. E entonces estaban deseando que viñera calquera. Non que estuvéramos nós, anque fora outros, que tuvera algo de... algo de música. E cando víñamos nós, bueno! Miraban o cielo. (ri)
Comba: traídades moita festa.
Alfonso: claro, nós levabamos discos, daqueles de pizarra, antigos...
Comba: levábades o baile!
Alfonso: o baile, cos altavoces aqueles, aínda teño discos aí deses antigos, de pizarra. E despois cando viñeron os microsurcos, andabas cos microsurcos. E a xente, a mocedá viña polo baile, os chavales viñan polos muñecos, e os de edad era para mirar o cine!
Comba: ou sexa, para todas as idades.
Alfonso: aí está! Hasta, hasta as mulleres dos guardias civiles, tamén viñan.
Comba: Si?
Alfonso: home claro, donde ir non tiñan, taban aburridas!
Comba: coa guardia civil como vos levábades?
Alfonso: ben. Si, si. Non tuvemos nunca pega ningunha. Presentábamos, e más non tiña coa xente (¿)
Comba: había que pagar un canon, ou algo?
Alfonso: nos sitios si que nos cobraban, porque era o baile, era un salón de baile. E senón facían baile eles e nolo deixaban a nós, nós tiñamos que pagarlle algo. De outro sitio, non, pero en cambio nos pueblos, (tuse), nas casas dos pueblos, ou así, non. O que querían era que estuveramos nós. Estaban esperando por nós.
Comba: Tua nai ía, tamén, cando íbades polos pueblos, co cine?
Alfonso: si, tamén iba.
Comba: íbades teu pai, ti...
Alfonso: miña hermana e eu.
Comba: e tamén Manuel, tamén teu sobriño?
Alfonso: si, os que éramos da casa! 01:17:02
Comba: íbades todos. Claro, porque para os títeres axudaba tamén Manuel.
Alfonso: pero non facíamos títeres, polo inverno non traballabamos, títeres, nada.
Comba: ah, non facíades títeres?
Alfonso: sólo facíamos muñecos e cine.
Comba: eso, muñecos. Pero Manuel axudaba cos muñecos...
Alfonso: si, ou el solo. Como había tempo... Xa ultimamente facíao el.
Comba: cando teu pai xa estaba maior.
Alfonso: xa estaba... bueno, mal. Taba mal.
Comba: claro, porque teu pai aínda... que morreu, no ano setenta, setenta e algo?
Alfonso: si...nos setenta, si.
Comba: entón xa debía ter... que tería, ochenta e pico anos?
Alfons:si, por aí tería. Pero o máis que... este, daplesía (¿) das pernas, que non andaba. E había que collelo... levalo no colo e traelo no colo para ir a comer ou...El, foi caerse de aí (¿) e daí...foise consumindo el mismo! 01:18:11
Comba: é normal, eran unhas condicións de traballo ás veces duras...
Alfonso: houbo de todo un pouco. Bueno, temos estado así, nunha aldea, pois temos estado, ao mellor, pois unha semana sen traballar, por culpa de... da neve. Porque tranca moito, por aí tranca moito a neve. E ao encherse todo de neve pois a xente non saía, claro. Non saía das casas.
Comba: e donde parábades cando vos pasaba eso?
Alfonso: é unha cousa rara que che vou dicir, pero siempre tuvemos casa. Eu non sei como era!!

Comba: a xente abríavos as portas.
Alfonso: siempre tiñamos casa, porque había por aí casas libres, porque marchaban pás Américas, e entonces, bueno, os pais ou os abuelos, os que quedaban na casa, e deixábannos. Pois nunca tuvemos...
Comba: nunca vos faltou un teito.
Alfonso: si. E como xa levabamos con nós, a louza, as camas –as literas- para encartalas levar todo eso. E do resto... Era o sitio, namáis. Como tamén fagíamos gasto, ademáis, íbamos á tienda, se había que ir á panadería íbamos á panadería, se viña a leiteira sabía que iba vender...
Comba: Interesáballes, tamén.
Alfonso: e vivíamos así. Quixera outra vez, volver andar por aí.
Comba: claro, porque ao final coñécese moita xente...
Alfonso: moita xente. Pois nos... Che vou decir. Chegou a ...os centros gallegos en México, alí estamos nós. O Barriga Verde. Hai por alí sitios que chámanlle José o dos Muñecos. Nalgúns sitios.
Comba: José dos Muñecos...
Alfonso: Por esa zona dalí, de Puente Caldelas, A Lama, este... Seixido, Verducido... porque hai tamén Verducido, por aí. Este...Doade, este... Avión...
Comba: Cerca de Carballiño, non?
Alfonso: máis ben cerca de Ribadavia...
Comba: A Ribadavia tamén íbades?
Alfonso: si, as festas do Portal.
Comba: e por que dices que estades no Centro Gallego de México?
Alfonso: porque alí, xente, desa aldea, son gallegos, e como, teñen vido aquí pois uns aos outros, “Pois mira ti, quedaba alí o José dos Muñecos, e tal...” entonces pois sacaban unha fotografía dos muñecos e levábanas para enseñarlles aos outros. E cando viñan, outro ano, que foramos para alí, “ah! Vimos unha aquela alí... vosa dos muñecos...!
Comba: unha foto...
Alfonso: unha foto, e tal. E por eso digo eu que estabamos nos centros, en todos lados.
Comba: e nunca tivo idea teu pai de marchar fóra de Galicia, coa barraca, actuar en outros sitios?
Alfonso: non. Nunca. Movíamonos por aquí, pasábamolo ben por aquí, para que íamos ir a outro lado?
Comba: dábavos para vivir ben, non?
Alfonso: si, non había caso. Nunca faltou de comer, nós non... non... como fame non pasamos. Non porque... xente de por aí, se non eran cartos, traían patatas, ou traían este... carne de cerdo... Había de todo. Ou fabas, ou... SEmpre, sempre había regalos. E tíñamos aí unhos pueblos, dous, que aínda lle contei eu a Jaime. Había aí un pueblo, que se casou despois o meu sobriño aí, ese do rulo, casouse aí. Pois tíñamos que facer a última función de valde. A última función, pa todo o pueblo, de valde. Pero xa non era de ahora nin moito menos. Xa do tempo... dos primeiros tempos. Cando andaban os vellos, por aí. Aí había... hai... había un señor, que, foi conde, era conde. Bueno, conde non aquí, foi conde no Brasil. Porque ese señor era daí, e foise para o Brasil, de chaval, escapou palá. Entonces alá, cando era un pouco maior, púxose a xogar, a facer os xogos de apuestas co... chámanlle o “bicho ao galo”, as peleas de galos.
Comba: as peleas de galos...
Alfonso:peleas de galos. Decía que os... vamos, que os preparaba ben, os galos, e sempre ganaba.
Comba: e fixo cartos, así?

Alfonso: e fixo cartos, fixo moitos cartos. Tanto que fixo, que a un... postor, postoulle o título de conde. Quedóuse nas ruínas, xa sen cartos, e díxolle “pois toma, xógoche o título a que este...” Que si que non, e perdeu. E tiveron que ir aos xulgados e todo eso a cambiarlle o título, e quedoulle a este o título de conde.
Comba: e convertiuse en conde!
Alfonso: tanto é así que o Centro aí no Brasil, o Centro Gallego, el fixo, mandou facer, e fixo, que aínda existe, unha... como se chama? Eso dos vellos...
Comba: unha residencia
Alfonso: unha residencia de ancianos
Comba: aquí na súa aldea?
Alfonso: non, non, alá no Brasil. (acábase a gravación)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Alfonso Silvent. 27 de xullo de 2012

VN-29120727-002.AMR

00: 04:09 C: En que ano casaron teus pais, máis ou menos?

A: En que año se casaron? Pues no sé, porque... ellos estuvieron... dos años... juntos sin casarse. Eh.... Hasta que tuveron a primeira...

C: a primeira filla?

A: A primeira filla, que era Luzia. Entonces...pois non sei, sería no...

Filla de Alfonso: Esto tiene que estar ahí en la iglesia...

A: Claro que está.

Filla: en la iglesia seguro que está.

A: iso tamén... Tamén debo ter eu... a partida de nacimiento. De... de casamiento. Pero sabe diós donde está!

E logo despois, pois, claro. Casáronse novos. Naqueles tempos eran novos, porque miña nai tiña vinte e el tiña dazaoito, osea que el era dous anos, máis novo el que ela.

C: Dous anos non é muita diferencia...

A: non, non é diferencia. Entonces... pois, claro, cando viñeron de Portugal se conoceron, porque miña nai andaba coas lanchas, desas... polas festas. E el, pois cos muñecos, nun saco, todo esto, pois, arreglaba así nunha... nunha pared, nunha plazoleta... E poñía unha cortina dun lado a outro. E xa quedaba no medio. E manejaba el todo. Manejaba os muñecos, xa os tiña preparados, para eso, cando había que cambiar de muñeco... Porque o... o protagonista sempre está no mesmo. Na misma man...

C: na dereita?

A: na misma man dereita. Entonces o qeu iba coller, o collía, e xa o poñía por aquí arriba. Entón xa lle poñía a man por debaixo...

C: e xa a tiña preparada aí?

A: Era .....mui bueno.... (incomprensible, 01:55)

C: porque el os muñecos, que os facía, el?

A: Algúns, os primeiros si.

C: os primeiros...

A: Logo pois... Empezaron a romper, porque... lle pegaba moito aos muñecos. Abríanlle a cabeza. Hai un alí, ten aínda a cabeza aberta, aquel, o que facía de barbero, ten a cabeza aberta. De tantos paus que lle deu...

C: pero eses de aí xa son máis recientes...

A: no, estes fixéronos... Todos eses son os que fixeron en Santiago. Nunha... nunha (ebanistería?) de alí de Santiago. Algúns deles, non sei cantos. Algúns fixéronse alí. Porque aínda hai algúns vellos, que están arriba.

C: Si, algúns que nos enseñaras. Si, iso sae tamén no documental; cando Alfonso nos enseña eso... (cóntolles do filme. Foi o día que lles fun levar as copias para que o viran).

VN-20120727-00003.AMR

C: ...a tipoloxía das roupas... Eles non tiñan nin idea.(estamos mirando a foto de Pacheco)

A: non é a fachada que temos agora, a última. Esta fachada é anterior, porque ... Fáltanlles as columnas, non te das conta?

C: é anterior a...? Esta era só de lona, non?

A: Non, xa era... xa era cerrada de madeira, qeu xa se nota. Nótase a... os tablóns de madeira, non vés? Xa era cerrada.

Xaime: Logo si era de madeira, xa sería sobre o 1950.

A: No 50 foi cando fixemos a outra.

Xaime: Pero antes tíñades a outra, xa tiverades a outra de madeira.

A: Non, a de madeira que tiñamos era esta. Máis ou menos era así, con esto. De madeira...

C: Aquela que fixerades en Lugo?

A:...sólo era o cierre. O cierre de madeira.

X: Si, claro, claro.

A:E o cartel ... está case no mismo, porque non é fácil de....

C: Vese que hai unhas bailarinas debuxadas...

A: E digo eu, no teito desta non pon...

X: Non, aquí parece que pon “grandes atracciones”. Si, “Melodías de España. Grandes Atracciones”. Porque despois deste cartel, tuvestes un... un así triangulado, que é o que tendes arriba...

A: si, que temos arriba. Ese foi feito en Lugo (?)... A fachada desa outra, a maior parte foi feita en Lugo...

(comentamos onde pode estar ubicada a foto=

02:14 X: E esto será madeira ou será unha lona...?

C: A min paréceme unha lona...

X: será unha lona desas que ás veces é de dous colores?

C: de raias?

A: Non, non . É madeira. A lona... Nös, a lona, de aquela, eran toldos deses... Rompían, al mrar os muñecos (ri). Rajábana para mirar ...

C: Durábanvos pouco...

A: Duraban pouco. O que máis duraban era... Bueno, o de arriba.

C: e aquí parece que tiñan como unha especie de... non sei....algo de madeira construído, por se reconoces a festa que era. Porque aquí parece que está pasando unha procesión.

A: Parece, unha procesión, pero hai moito mariñeiro.

C: Será o Carmen?

X: En Vigo non se celebraba o Carmen, ou si? En Bouzas.

A: En Bouzas. Pero... Esto paréceme un palco de música. Dos gaiteiros... E unha capilla, cunha casa aí ao lado... Ou Bouzas ou o Berbés... Pero claro. Non o collo.

Co: O Berbes sería máis chao, non?

A: Si. Daquela aínda pasaban os tranvías. Non estaba... Non había o relleno que hai hoxe.

C: Do Berbés pasáronnos algunha foto, pero non sae a barraca, e era como unha explanada máis grande, e víase o mar. Non había tanto edificio.

X: porque aquí na zona de Teis, onde estaba Etea... Tendes ido pola zona de Teis, porque onde estaba Etea 04:22 era onde máis mariñeiros había...

A: non , pero alí non estuvemos.

X: Había unha escola de transmisións da Armada, houbera alí unha cousa...

Co: Xa...

X: digo eu se podería ser na zona de Teis, pero claro, eu non vexo alí tamén unha zona así...

Co: porque vós a Vigo, normalmente, onde iades? Os sitios máis frecuentes onde íades en Vigo, cales eran?

A: Pois eran bastantes. Case medio verano botamos alí. Porque, íamos ás festas, e a primeira que había era onde está agora o Pirulí... Santa Rita.

Co: Santa Rita...

A: A romaría de Santa Rita, e despois... Enfín, Coia. Coia collíanse pois... o Berbés, este, Bouzas, despois...

Co: (tras unha pausa) Lavadores?

A: Lavadores é... Lavadores é san Roque, tamén!

Co: É o San Roque.

X: Alí xa era concello de Lavadores...

Co: era un concello independente.

A: Era concello, si señor. Este... Alcabre... Nös fixemos case medio verano aí. Eh... Tamén aquí no club náutico. Traballamos para o club náutico. Este... Déixame pensar... Era moito o que traballabamos en Vigo.

X: E esta é unha santa (referíndose á foto)

Co: Será Santa Rita?

X: A que vai aquí na procesión é unha santa.

A: pode ser arriba... Aí onde está o Pirulí, está agora o hospital, o Xeral. Está o Pirulí, pero daquela era todo un campo, non había casa ningunha.

Co: Claro... E había unha ermita pequeniña?

A: A ermita si, estaba na entrada. E ademais que... por onde pasaba o camiño que ía para... para San Roque, nada máis que había unhas casas... moi poucas. E... Santa Rita non é. Onde será eso, concho!

(uns segundos mirando a foto)

X: Entón ti dis que isto é madeira?

A: Si, o lateral si, é de madeira.

Co: Ou sexa que vós tiñades moita máis madeira que o que é a barraca de Viravolta, que montaron Anxo...

A: Si, buenooo! (ton de aseveración)

X: A madeira ía toda arredor?

A: Si, todo arredor, todo madeira. Entón o que pasa é que... rompían para mirar os muñecos...

Co: Entraba a xente.

A: Este... Hai outro máis (volve a Vigo): San Pelayo de Navia. ... el mismo, un cura que era de alí. El, despois, cando foi grande, cando foi xa cura, estaba na aldea de aquí de... chámanlle... da Lama! E claro, el a nós conoceunos, de Barriga Verde. E dicía el... Aí onde me vés, pegoume unha patada teu pai! (ri) El estaba mirando por debaixo da lona, estaba a ver se vía algo, pero claro! "veu teu pai, deume unha patada no cu... Xa me meteu dentro!"

Co: O cura?

A: Daquela non era!

Co: Ah, antes de selo!

A: Claro! E xa me deixou dentro, e xa non salín! (ri)

X: Ou sexa que, pasoulle a anécdota e despois contóuvola alí na Lama.

A: Pero esa foto, San Pelayo non é.

X: digamos que esta foi a previa á barraca definitiva. Despois desta... Porque xa é o modelo parecido a ...

A: No, primeiro foi... Bueno, si, tal cual. Pero falando das primitivas, que eran de... de toldos, inda a veces, este, aos primeiros inda non eran... Anque eran de madeira o armazón, non era nin atornillado, e había que clavala. Había que ir con puntas. O toldo poñíase, pero non ía amarrado como por ejemplo o final... Que xa lle pasabas unha corda polos buxeiros...

X: Polos buxeiros.

A: para sujetarse e tal. Daquela era con tacos. Había que facer tacos. Así e así, e cunha punta, e entón cando se poñía eso, clavábamola lona no barrote. E os paus, para sujetarse, como non era un armazón... Era no aire, tiñamos que facer para cada frontón un buraco.

Co: no chan?

X: tiñan que ir enterrados...

A: enterrados así , unha cuarta. E eso... uf!

X: Daba moito traballo.

A: Pero había veces, houbo veces que acordo de alquilar a madeira, que non tiñamos a madeira. Alquilar a madeira nun almacén. E aquí no Carballiño, pois... Poñíamonos nunha calle que xa taba gardada para nós, todos os anos. Eu acordoo. Alí se poñía Barriga Verde, está case ao lado do auntamento. Unha calle que vai dar

a unha igrexa, alá atrás. Aí hai un taller de coches. E entonces... foi alí, non sei a que foi e o dono díxolle... A que vas alquilar madeira se teño eu aquí... Tiña nun alboio, madeira... "lévaa, lévaa!" E así quedou, polo menos que acorde eu, dous anos colléndo alí a madeira.

X: non tiñades nin que comprala nin que alquilala.

A: E despois xa empezamos a facela de... xa foi cando empezamos a facela de... (incomprensible. 0:12:10), de pasadores... E os ...tableros, era fácil, eran uns tableros, e xa viñan. Empezamos con eso, pero... E esta (a da foto), despois dos toldos, foi esa. E non me acordo cantos anos estaríamos con ela. Porque o pintor... o que pintou aquí. Tu tuveche que conocelo porque era daquí de Lérez. El pintou, o primeiro que pintou as figuras. Era de aquí de Lérez.

X: e quen era?

A: acórdaste de Aurelio Sánchez?

X: o das bicicletas?

A: o que tiña as bicicletas. Pois ese foi o que pintou os capiteles.

X: O de arriba? Pero na que xa é triangular por arriba?

A: Non, non. Esta é anterior a esa. O que pintou esa, tíñamos aí unhas... unhas fotos desas , de... Como se chama iso?

Co: de folclóricas?

A: de postales! De artistas e todo eso. E copiounas. E na caseta de tiro que hai aquí (na foto)...

Co: Si, esta.

A: tamén pon Melodías de España, non?

Co: Non, pon, se non leo mal "Salón de tiro. Espectáculo la Viguesa de Adrián Montes"

A: Ese Adriano Montes é de Vigo. Tiña voladoras e unha caseta de tiro.

Co: Voladoras! E que eran as voladoras?

A: esas que andan (fai o xesto)

Co: como as lanchiñas?

A: unha cousa como unha noria, pero unha arriba e outra abaixo, entendes?

X: Ai, eu pensei que eran unhas lanchas voadoras.

A: Non, as lanchas, son voadoras, porque vai unha lancha abaixo e outra arriba, e despois un mesmo ten que empuxar por elas para... á man, non?

Eu pensei que dixeras ti que había unha caseta de tiro que era “atracciones”. A ver se era en esta (refírese a outra foto)?

X: Non pero nesa é na que están as casetas de tiro. Aquí xa non se ven.

A: Porque nós tamén tiñamos tiro.

Co: Tidess tiro.

A: Claro, ao final tiñamos tiro. Cando despois deixamos o teatro, pois tiñamos un tiro e seguimos co tiro.

Co: E como lle chamabades?

A: puxémoslle “atracciones Melodías de España”,igual. Non: “caseta de tiro Atracciones Melodías de España”. Puxémoslle igual que o teatro.

Co: e houbo algunha vez que... usábades algunha vez as marionetas na caseta de tiro?

A: Non! Non, eso estaba aquí almacenado.

Co: Xa o gardastes e...

A: quedaron aí nun caixón e a madeira do teatro, levámolo para arriba. Os tableiros puxémolos por aí. E despois un pouco, como xa eso cando os sobriños andaban por aí viñan buscar un tablero... “Tes aí un tablero de sobra?” Viñan buscalos. E pouco a pouco....

X: Foi desaparecendo.

A: Foi desaparecendo. E antiguamente estaban as piquetas... E pola Peregrina viña meu sobriño buscalas para facer de asientos. E pouco a pouco, foinas serrando... e non quedou nada. Quedou un cacho que está aí que é por onde pasaba a xente, do andén. E quedou aí, quedou aí... quedaron os dous, un grande e... O grande partino para leña, e o outro quedou aí, que aínda tomou nota o Ánxel.

X: Pero algo ardérache, non, Alfonso?

A: Onde ardeu foi... Este... Estabamos en Salvaterra do Miño. E logo viñemos para aquí para... como lle chaman? Salceda de Caselas. E en Salceda de Caselas, xa estaba montado, facía un calor...Caían os paxaros. E entonces... Os vellos, pois viñeran aquí a Pontevedra. E un chaval comprou alí no bar uns foghetes deses, e andaba tirando deses... Caeu un, pinchou así e quedou clavado na lona. Claro, co calor que había e a lona era bastante... Empezou a arder todo aquelo!

Co: Pero iso foi durante a función?

A: Non, non! Estabamos parados, antes. Foi antes. E logo tivemos que vir... Veu alí a Guardia Civil, e todo... Para poñer a multa alí ao do bar... O do bar era... o un e o outro...pobretes. E díxenlle que non lle dixera nada, que o deixaran. E entonces nós viñemos aquí á Regueira. Hai un almacén que fai as lonas, para barcos. Velas...Teñen paos camións, así ... E fomos alí, a ver se nos facía a lona. E escollemos unha lona gorda para “afinar(?)”... Esa non pasaba, vamos, nin unha gota. E

levamos dúas, porque eran moi pesadas. Entón puxemos unha, e unha deitada enriba da outra.

X: Entonces, primeiro tivestes unha caseta de lona, e despois tivestes esta [a da foto en Vigo] e despois tivestes a definitiva, a última, de madeira.

A: Si. Foi o que dixen sempre!

Co: E a anterior era a que se chamaba "Pabellón de la Risa"? (19:55)

A: Si, pero vamos a ver. Eso é o que meu primo...

Co: Eu teño ese lío cos nomes...

A: Eso, toda a culpa tuvéchela ti, de traer ao meu primo para alí, ao meu pariente. Porque é máis mentireiro que eu que sei. El dice cada unha! E el mismo se lo cree!

Co: Si, el dío como certo. (20:15)

X: Non era que as expresións "Pabellón de la risa" eran máis ben slogan publicitario que o nome dunha barraca?

Co: pero hai fotos de unhas que teñen ese título...A foto esa de Lugo, famosa, que Juan insiste en que esa barraca era do seu pai, ainda que apareza teu pai alí...

A: E máis meu sobriño!

Co: Entonces eu digo: será que nalgún momento compartiron a barraca?

A: Bueno, si! Jamás na vida compartin nada con eles!

X: nalgunhas zonas a expresión "pabellón de la risa", "desternillarse con la risa"... Mesmo en Castela e no Levante, hai esas referencias á risa e á diversión como un slogan dunha barraca, non como o nome da barraca.

Co: Xa, xa.

X: nalgunhas cousas que vin de títeres de fóra fan esa...

Co: teñen ese título como xenérico.

X: Exacto, é unha ... como un slogan de atraer á xente para que veña e o pase ben. O nome da barraca é.... Vese nese libro...

Co: Si, o do circo. Esa é a foto de Lugo, a foto de Vega, en Lugo. Esa foto téñena en Lugo, porque a fixeron durante o San Froilán.

X: Si, e a outra onde está....

Co: e pon "Culto e moral". "Pabellón de la risa. Culto y moral". E o bafle "Barriga Verde".

A: Pois seguramente.... digo eu, seguramente lle mandaron, ou mandácheslle ti, ou alguén lle deu unha foto ....

Co: Non, esa foto tena el na súa casa, colgada na sala. Si, si, porque eu cando fun, cando fomos alí, vimos esa fotografía. Pero antes de empezar con toda esta historia. Porque claro, na zona do Norte, cando preguntas por Barriga Verde remítenche a eles, a Juan. Ainda que Juan nunca fixo títeres, el fala de seu pai.

X: Si, si.

Co: E el ten esa foto.

A: nalgún sitio a encontraría. OU por.... Por Internet, sería.

Filla: pero ya no es sólo eso, es que las personas aunque estén maquilladas, se sabe quién es.

Co: Non, está claro que ese é José Silvent. Eso é evidente.

X: nunca que está o soldado, nesta non, pero nunha que está o soldado e el alí diante, esa vese... Pero claro, é o que di Comba, ao mellor se nalgún momento pois compartistes a barraca, ou pasastes a barraca dun a outro...

Co: claro, eu digo ao principio. Igual antes incluso de nacer Juan, porque Juan é algo máis novo ca ti...

A: É algo, si.

Co: Pois digo eu si sería antes, non sei. Porque eu, obviamente non lle vou dicir a Juan que non é certo...

X: Juan naceu no 40.

Co: Si, ou sexa que ti tes dez anos máis ca el, case. Nove anos.

A: Nove anos.

Co: Esa foto debe ser do corenta e poucos, non?

X: Por exemplo: ao mellor esta barraca era vosa e cando vós fixestes esta, igual pasou a outra para Juan...

Co: Non? (alfonso nega coa cabeza)

A: Eles non tiveron barraca de madeira, ningunha.

Co: A de lona...

X: Vós tiñades a de lona, tiñades esta. Un supoñer. Vós tiñades esta (sinala a foto de Vega) que é a que ten o altavoz aí ...

A: arriba, si.

X: Esa. E despois de ter esa...

Co: comprastes, fixestes a de madeira.

X: .... pasastes a esta (ensina a foto de Vigo) que empeza a ser de madeira. E ao mellor nese momento, igual...

A: Non! Meu pai...

X: teu pai lle cedeu esta a teu tío...

A: Non cedemos nada, porque non... Sempre estiveron... Por aquí abaixo nunca viñeron.

Co: Xa pero... Ao mellor podía... Puidéstedes chegar a un acordo nas San Lucas...

A: Se fomos a Lugo... Que eu acorde, de meus anos... Xa ían eles, antes. Non acordo de ir a Lugo (os de Santiago) con teatro. É que non había nin sitio! Porque era alí no campo... Campo Castillo, e nin había nin sitio! E bueno, e din que si, que si... Pois nada. Eu deixeino falar: "fai o que queiras" Pero nunha ou noutra, porque era un espectáculo que non vale para nada. Dixo varias veces que era esta, que era a deles, E hasta esa non lle acordaba ben como era o nombre: porque el decíame, como dis ti como é? "Pabellón... Pabellón de la risa... Culto moral...". Tas seguro? (...) Mira, ese, nunca estiveches, porque nin estabas ti. Porque este cartel non foi feito aquí en Galicia. Foi feito en... en Valencia. Foi feito... Estábamos en Vigo, en Bouzas. E andaban daquela... Andaban, sabes ti, os retratistas de a minuto.

Co: Si. (26:40)

A: tiñan a máquina e poñían un fondo, un cartel dun fondo, ao mellor dun chalé, ou un jardín... Así. E entón había un que tiña un fondo moi bonito e preguntoulle donde pintaran iso. "Ai non, esto non o fixemos aquí. Era un muchacho que ... de Valencia, que se dedica a esto." "E como podíamos facer para...?" "Eu doulle a dirección e mandan unha carta, como queiran.". E mandámoslle a carta e mandamos máis ou menos o que queríamos para o teatro. Que fixera esto, ou esto... Eles mismos, imaxináron e fixeron. O que non puxeron abaixo, o que se olvidou, foi o Barriga Verde.

X: Non lle puxeron?

A: Non lle puxeron Barriga Verde, pero nós xa tiñamos Barriga Verde arriba, no altavoz. Era antiguo, dos premitivos. Pesaba case cincuenta kilos. E xa sabía que era de meu sobriño....[pasa ao tema da foto] E meu pai estaba... Aquí non se ve.

Co: Na outra foto (de Vega) si que se ve.

X: E este é Manolo?

A:Si. Tamén morreu xa, o pobre. Este traballaba moi ben os muñecos. Claro, tuvo bo maestro!

Co: Tuvo bo maestro, claro.

A: Traballaba moi ben, moi ben.

X: Pois Juan tena como da súa familia.

A: Bueno home bueno...

Filla: Bueno, familia sí, pero el tío. No su padre!

X: Como de seu pai, que morreu. Por eso, a única posibilidade podía ser que ao ter esta...

A: Nada, non. (...) El agenciouno por algún sitio .... (cambia de tema). E este foi feito en Lugo.

Co: Esta é moi bonita. Pero esta é máis antigua, aínda.

X: Eu creo que si.

Co: Porque esta quen é, Lúzia? [refírome á foto de José Silvent e unha rapariga tocando platillo]

A: Non, é unha parienta que vive alí, en Lugo!

Co: Ah, si? Pero non é filla del?

A: Non.

X: ven sendo sobriña túa...

A: É prima. É filla dunha hermana de Mamá. De Buenos Aires (?) Xa morreu.

X: Si, esta que se chamaba...

A: Dina. Non sei que é dela.

X: Si, que nalgunha vez pensábamos que era Saladina pero non, é Dina.

A: Non, non. Este, estuvo aquí o outro día un señor de Puenteareas...

Filla: El otro día no, hace dos meses.

A: Bueno. Que ía dicir eu? E falando... Dos muñecos, da foto....Estaba aquí miña prima, a que ten o bar ... como lle chaman?

Filla: Sant Yago.

A: Sant Yago. Da tómbola. Sacacheslle unha foto á miña prima, cando estivemos alá?

Co: Sae un momentiño, si.

A: Bueno. I entonces aí dixo ela,esto paréceme... eu creo que tamén é Dina. Debe ser... E cando foi que morreu o marido dela, veu aquí ao entierro. Pero veu xa en silla de rodas. Eu agora tamén ando con silla de rodas...

Co: Si?

Filla: Por la calle si.

A: E... pois si, que é Dina. Esto xa ten tempo.

Co: E cantos anos ten Dina, agora?

A: pois é da edad de miña hermá que ta en Vigo.

X: Saladina.

A: ten agora ochenta... Eu teño ochenta e un... 85. Canto me leva, 6 anos, non, Saladina?

Filla: Si. Dile que viene para la semana, si quiere hablar con ella...

(empezan a falar de cando vén a Saladina).

X: Porque, Emerenciana tiña unha irmá en Lugo, non?

A: Si, a Morena.

X: Que se chamaba... Dorinda, ou algo así.

A: Dorinda.

X: Que ten que ter parentesco con esta... Con Dina, tamén.

A: Claro! Hermanas, elas foron... Bueno, eu non as conocín. Eran... Luz Divina...

X: Esa foi a que marchou para Arxentina?

A: É a nai de...

X: A nai de Dina.

A: E... Outra Otilia, e outra Maruja. As tres marcharon para alá.

X: E Dorinda é a que quedou en Lugo.

A: Dorinda quedou en Lugo.

X: Pero a Dorinda conocíchela.

A: Si, hombre!

Co: A cartilla de racionamento, tes aquí...

A: pois téñoas todas, as da familia. Consérvoas aí. Nunha carpeta.

X: Porque Juan... Santiago, teu tío, tiña unha cousa de teatro semellante a vós, non?

A: Si.

X: Pero tamén tiña outras cousas, porque el levaba...

Co:... tómbolas...

A: non, pero eso foron os fillos. Non eles.

X: el que tuvo, teatro sólo?

A: Teatro, e despois non sei en que ano deulle unha .... e tiña a boca así torcida e xa non puido andar cos muñecos.Entonces collérono os fillos. Este, o que morreu e máis o sobriño.

Co: Claudio.

A: Claudio. O intentaron coller... (...) E entonces, pois xa non traballou. Quen traballaba os muñecos era Claudio. Pero Claudio, ao casarse, xa retiraron o teatro. Casáronse... coa miña sobriña, cunha hermana de Manolo. Aquí quedámonos tres: unha hermana miña e tres sobriños. Dous homes e unha muller. Hasta que se casaron. Desde que naceron... hasta que casaron. E o que marchou para... casouse alí arriba da Lama e foise pa Bélgica e morreu non hai moito][Arsenio. Hai un ano ou así. E Manolo marchouse para Ferrol. Casouse con outra prima. Cunha segunda prima.

Co: Ou sexa que había algunha relación, entón, non? Tiñades relación cos primos...

A: Non. Si, pero cando nos encontrábamos en Mondoñedo. Era cando nos encontrábamos. E... Casouse con esta rapaza e...uns tiraron polo outro. (...)Cando viñeron os vellos por aquí, a Galicia, aínda non estaban eles aquí.

Co: o primeiro que chegou foi teu pai.

A: foi meu pai.

Co: Claro, e os outros estaban por Extremadura.

A: Estaban por Extremadura, por Castilla...Enfín. Porque eles falaban castellano. Agora os rapaces non .

Co: Aprenderon.

A: pero eles balbuceaban. Tamén eran... titiriteiros, por alá. Titiriteiros.

Co: Porque a familia, é dicir, o teu abuelo, era titiriteiro tamén?

A: Tamén. Entonces, o que pasa é que ...non traballaban os muñecos.

X: Eran ambulantes, vaia. Ambulantes... espectáculo ambulantes.

Co: Saltimbanquis... Chamábanlle titiriteiros aos que facían...

A: Non pero... (non entendo ben). Ao intemperio. Pero uns anos alí, empezaron a baixar, para abaixo e... E nos encontraron... Encontráronse e claro. Eles... traballaban, seguian traballando con eso de... Un facía o alambre, outro malabares... (36:55)Outro tal... De calle. Pero viron que este home co teatro de guiñol, crecía a excitación.

Co: Claro.

A: E entonces foi aí que empezaron a probar... si coa palleta... Poñían uns muñecos, mal feitos, nin que foran feitos a machado. Pero... E foi a maneira de coller os muñecos.

Co: Pero encontráronse de casualidade ou é que se enteraron...?

A: Encontráronse, non sei onde se encontrarían.

Filla: Seguro que eso quien lo sabía era la tía.

A: Miña irmá, miña irmá tiña unha...

Filla: Mi tía Trini tenía mucha memoria. Era una de las mayores, porque era la tecera, no?

A: Si, era a terceira.

Filla: Con papá se llevaban casi quince años. Entonces ella tenía mucha memoria.

A: entonces ela... conoceu o abuelo.

Co: conoceuno?

A: Si, ela si.

Co: Porque despois teu pai retomou contacto co seu pai? Porque marchara da casa, me contaras...

A: El? El si.

Co: Pero despois amigáronse?

A: Non. Non sei despois o que pasaría. Pero chegaron a conocerse, bueno, a encontrarse. Entón dice que era, era un destes homes fuertes,... que era mui recto, que era malo. Era moi autoritario. É dicir, que lles mandaba traballar demasiado. E ao mellor –digo eu que sería así- lles mandou limpar os cabalos, porque el era domador de cabalos,; mandoulle limpar os cabalos e recoller e cansouse, e agarrou e...marchou. E foi a maneira d emarchar. (38:55) E estes outros seguiron con el hasta que chegaron...

X: Pouco a pouco tamén foron marchando.

A: ...o abandonaron. E despois apareceron aí, non sei se foi en Orense, ou foi en Lugo, ou onde foi...

Co: Encontráronse.

A: Encontráronse e...

X: Foi cada un polo seu camiño e ao final no traballo fóronse encontrando.

A: Pero en Galicia foi o primeiro que chegou. El foi o primeiro que chegou

[Jose, seu pai]

X: Porque ademais, Santiago é máis novo ca teu pai.

A: É máis novo.

X: Santiago era o máis novo de todos os irmáns, probablemente.

A: E eu creo que a do medio era Julia.

Co: E tu por que cres que lle puxo Barriga Verde de nome aos muñecos?

A: Pois iso é o que andamos buscando. (ri) é o que andamos buscando, a ver por que motivo... Pero xa alá...(incomprensible, 39:56) de Barriga Verde.

Co: Xa...?

A: En... Portugal.

Co: En Portugal, tamén?

A: Si

Co: Ah!

A: Donde estuvo el traballando.

Co: Si, si. Donde aprendeu, non?

A: Cun... deses

Co: Cun fantocheiro.

A: Cun fantocheiro.

Co: Porque claro, Barriga Verde... Eu estiven mirando en internet, parece ser que en Brasil hai un sitio onde lle chaman barrigaverde...

A: Tamén en Carballo hai un que lle chaman Barriga Verde! (40:20)

Co: En Carballo?

A: Non sabías?

Co: Non.

A: En Carballo tamén hai un que lle chaman o Barriga Verde [rindo]

Co: Un señor?

A: É un señor, pero xa debeu de morrer. Pero tiña un taller de coches. Ese... Ese muchacho estivera co meu tío Santiago... Entonces, tuvo así, un verano e tuvo que botalo fóra porque era...

Co: moinante...

A:... carterista. E logo despois montou unha caseta de tiro... e por mediación de meu tío... "Eu son de Santiago Barriga Verde". E dábanlle os sitios. Porque senón...

Co: Claro, aproveitábase do nome ...

A: Do nombre.

Co: Mira tu.

A: E... Eu conocino, conocino –mira o que me acorda a min!- en Órdenes, por detrás dun camiño ou carretera que vai por detrás do... eu que sei., por onde Dios perdeu a zapatilla!

Filla: De aquella. Ahora ya habrá una carretera como Dios manda.

A: Era un San Lucas. Alí fai unha festa de San Lucas.

Co: Ai si?

A: E... quedamos sin xente e en vez de ir alá a Mondoñedo, fumos aí. Solo cos muñecos, o rulo... meu sobriño e máis unha sobriña que está por... por... non me sale... Este, por Asunción!

Co: en Argentina?

Fila: No, en Pasajes.

A: En Pasajes, ou por aí será. Pero nunca saleu a cantar nin muito menos. Sólo para... deixar unha canción calquera e... Enfín.

X: Cubrir un tempo alí.

A:Pois alí foi onde coñecín aquel señor. Porque... "e como lle chaman Barriga Verde?". E foi cando me contou o detalle.

Co: Xa. Pois é curioso, porque é un nome que tuvo moito éxito, non?

X: Si, si. Quedou gravado.

Co: Quedouse... Tuvo que ser algo que á xente lle chamou a atención, para que quedara así tan...

Filla: Claro, es que en aquella época realmente non había cine., el cine estaba en las ciudades, la gente no se movía...

Co: Si, pero é que o nome Barriga Verde, por algún motivo, tivo moito éxito, funcionou moi ben...

A: Si, si, si. Porque a xente... Como algún dicía "si, Barriga Verde era un teatro que ...as casas". Pero o Barriga Verde veuse nas aldeas, nos pueblos. Nös conócennos tanto nos pueblos como, como nas ciudades. Porqeu claro, despois salíamos co cine.

Co: íades a todas partes, vós. (43:30)

A: primeiro... a máquina. Cando chegaron... compraron a máquina, un proyector de... muda, claro, era o que había. E andaban polas aldeas, por aí co cine. Aí hai unhas señoras que ti coñeciches...

X: Ai, si, unha da Lama.

A: E andaban... Eso. Pero claro, non tiñan altavoces nin había nada de... Claro, bombo e tambor. Igual que cando ven a...

Co: A charanga.

A: A charanga. E nós tamén tiñamos a charanga. Pero na porta. Non iamos por aí. Bueno. Entón, a base de, as mulleres coas panderetas e nós coas... facían o baile. Hasta que chegaron a comprar un organillo. Sabes como eran os organillos?

Co: Si

A: Tes que darlle manivela. Facía as cancións do tempo ese... había unhas sonatas. E co organillo. Porque tiña un carro para el sólo. Entón o eje, en vez de ser recto, tiña que facer curva. Para que o organillo ... subido para arriba! (44:55)

Filla: Era muy pesado.

Co: O eixo do carro.

A: O eixo do carro tiña que ter un recodo abaixo e subido para arriba. Para poder coller ben... E despois cansáronse del. Eu aínda o acordo, que o rompemos cando vivíamos alí no (...?). E despois, o primeiro negocio que tivemos, compramos en Lugo., no rastro. Aí onde puxo a caseta [Viravolta, no San Froilán], pois alí era o rastro.

Co: Ahá.

A: O da Deputación non sabía que era alí o rastro.

Co: Porque o da Deputación non é de Lugo.

A: Aaah! (45:41) (falamos un pouco das orixes de Veiga)

...A: E ao lado, naquela casa que está ao lado, na parte dereita da caseta, alí era o... este... do Gobierno.

Co: Onde é agora o Museo [Provincial de Lugo]?

A: Onde é agora o museo, exacto. Pois.. Comprou os altavoces e despois con discos... Que o teño... Ese é un fonógrafo (amosa un que ten no salón).

Co: Ai si! Que bonito!

A: E alí hai outro... E aínda teño outro alá (ri).

Co: Tiñas que poñer un museo.

A filla ri: No sabes tú! Aún juntaba cosas!

X: E transistores, tes arriba moitas radios...

A: E radios antiguas! Tan aí. Aquí poñen cada ano unha exposición na igrexa. Este ano que é, de futbol?

X: Este ano é de fubol.

A: Non te acordaches de poñer cousas antiguas, porque podía levar eu...(volve ao tema" 47;00) E despois xa era outra cousa...

X: Claro, xa tiñades discos máis modernos e máis...

A: Pero bueno, traballabas co cine... Había dramas, había de todo. E despois, ao acabar o cine, era noite. Unha cousa para os vellos (o cine), o baile para as mozas...

X: O baile era ao final, non?

A: Si. Hasta que se cansaran. ...Así levábamos, de verano unha cousa, e de inverno outra.

Co: Outra

...

A: E xa digo. Para non andar comprando películas todolos anos, un ano andábamos pola parte dalí da Lama, toda esa zona de... Covelo, onde casou o meu sobriño, e de aí xa íamos á Lama...Fornelo de Montes, esa zona. E .... para atrás, hacia Orense, Verducido, Doade, este...Avión, toda esa zona hasta chegar a...

Co: ao Carballiño?

A: Non, a Ribadavia.

X: Ai, chegabades a Ribadavia co...

Co: Pero no inverno chegabades a Ribadavia? Carai! En Ribadavia estiven antonte, hai unha gardería que lle chaman Barriga Verde. Que me chamou a atención. Debeu ser que quedou tamén o recordo e lle puxeron...

A:Tamén o meu sobriño... Sobriño non é, primo. Xa che contara, non? Aí en Neda... puxo unha cafetería e tamén lle puxo o nome de Barriga Verde.

Co: Si.

A: Un día díxenlle a Claudio que estaba aquí, coa miña sobriña. Díxenlle: "bueno, e entón por que lle pon Barriga Verde se non son nada de Barriga VErde?" . "E, gustáballe o nombre..." El tiña que poñer "el Asturiano".

Co: Era asturiano?

A: Non. O fillo. O fillo era asturiano, que se casou cunha filla de Santiago, de meu tío Santiago. Era asturiano e tiña a tómbola "El Asturiano" e andaba coa tómbola por aí. Entonces el estuvo por aquí de chavaliño e puñérono, o chavaliño. Eles xa morreron. E quedaron dúas mulleres... Sólo dúas mulleres. Porque este é primo, que non era hermán. Pero despois aquel, cando compraron a tómbola e despois andaban cunha quiniela, era unha cousa redonda ... tiña unhas máquinas, como tragaperras, entonces soltaban unha boliña e dáballe o botón e andaba un giradiscos ,destes. Entonces pulsaba a bola e caía na deste ou ...

Co: Como unha ruleta?

A: Si, unha cousa así parecida. Pero eran doce, as máquinas.

Co: Xa era unha cousa moderna...

A: Pero o primeiro que chegaba era o que levaba. Os outros eran da casa...

X: Claro.

Co: A ese chamábanlle “El Asturiano”

A: é. Entón dixen eu “tiña que poñerlle el Asturiano”. (...) E ahora pois andan dicindo, alí a xente, que a que viña eso de Barriga Verde. E o home, como non sabe nada desto, do mundo de Barriga Verde... Foi o nome que puxo.

Co: Non sabía explicar...

A:, Non sabía explicar nin o que era. Entón cando veu aquí [Claudio]“a ver se lle das algo para que poida...” “Como che vou a dar? Despois vai a dicir.... que era o abuelo”.

Co: tema complicado, eh!

A: Ao final déralle un cartel que fixera eu, un cartel grande. Qeu estaba meu pai e mais os muñecos. Os muñecos e máis a barraca. Fixeno eu e... “toma mira, doucho porque eres ti”.

[era unha especie de collage que fixera Alfonso xuntando distintas fotos]

(vai buscar a foto para amosárnola. Falamos un anaco sobre a súa saúde, que lle impide subir ao faio limpar e ver o que ten).

58:20

A: E que máis?

Co: pois tamén me contou un señor de Vigo, non de Vigo, un señor de Chantada, que recorda a barraca en Chantada. E era despois do San Froilán.

A: Non sei... Onde ten estado é en Monterroso.

Co: Na feira de Santos?

A: Feira de Santos, que era... feira de ano, lle chamaban.

X: Iso era cando xa volviades...

Co: Xa de volta das San Lucas.

A: E despois cando íamos, por ejemplo a Lugo, a ir a Mondoñedo, e despois de Mondoñedo íamos a Puentenuevo, Vegadeo...

X: Hai Ribadeo e Vegadeo...

Co: E a Pontenova tamén íades?

A: Pois si. E despois xa nos quedábamos por alí, porque as feiras daquela parte de Lugo son de mes. É dicir, asocian a feira como unha festa. E van vestidos como se foran á festa. Porque daquela había ganado. A xente levaba ganado e despois xa quedábanse, algúns por alí. E temos estado, o que pasa é que só duraban un día. E íbamos alí a un Castro de ... (?), a un Castroverde... Non sei, alí case todos son castros. Aquela zona de alí. E ...por alí.

VN-20120727-000004.amr

A: E despois xa viñan para abaixo, pra casa, xa para estar por Difuntos aquí na casa. E de aí non saíamos hasta despois de Navidad.

Co: Empezabades a ir polas aldeas.

A: E despois íbamos polas aldeas. Un ano íbamos por aquí, outro ano íbamos pola parte de Coruña, pola parte de Lugo...

Co: E entón o ano que deixábades sen ir a un lugar, eses quedaban sen cine!

A: Claro ! (ri)

Co: Tiñan que esperar dous anos para volver a ver unha película!

A: Bueno, ao mellor repetíamos e íamos ao mesmo sitio...

Co: Porque aí non tiñades competencia, non había outra xente que fixera eso?

A: Non. Mais ca nós non había. Pois temos... este... En Combarro, temos estado co cine. En Combarro, Samieira, este...Dena, esa zona de aí de riba abaixo, temos estado co cine.

X: Pero a donde con máis frecuencia iades era pola zona da Lama, non?

A: Si, aquel era máis. .. máis largo. De... para aquí... eh... hai máis territorio para...

Filla: A parte debíais de tener más amistades porque por allí conocíais a más gente.

A: Bueno! En Samieira e por aí eramos conocidos igual. Pero.. Para aí eramos de Barriga Verde. Eu era o fillo de Barriga Verde... Ah! Pero pola zona da Lama non éramos Barriga Verde: eramos de José o dos Muñecos.

Co: José o dos muñecos, claro.

A:E " Ah xa están aquí". Ao mellor o día que estabamos en pruebas co jaleo do cine, a luz era probe, e entre as máquinas e o amplificador, tiraba con eso e ao mellor había que andar cunha vela (ri). "Xa anda por aí José o dos muñecos!"

X: Levábades toda a corriente.

A: Claro. Tiñamos un elevador de 2000 watios e dáballe a todo...Nós igual tiñamos alumbrado pero eles...estaban cunha vela. E nos teñen cortado a guardia siguiente (?) cortarlles a eles a luz e pasárnola a nós.

Co: Sacrificábanse polo cine e polos muñecos...

A:Alí en San...(Santa Cristina???) de...

Filla: de Cobres

A: de Cobres. Ïamos alá co cine, xa de verán. E o... siguiente. Bueno ,non me sae agora. E dígoche a ti que nin si eu tivera que ir ao médico non iba, e baixaba do

cine. Porque... a cantidade de agua, de tormenta... Viñan as mozas cos zocos postos e os zapatos na man, para poder ir a bailar, claro!

Co: Ri.

A: Claro, nin había gabardinas, que tiñan as capuchas esas de palla. E un candil! (ri). Claro, e viñan! E viñan o cine coa tormenta!

X: Pero iso onde era, Alfonso?

A: Alí, en Santa Eugenia de Cobres.

X: San Adrián e Santa Cristina...

A: e Santa Cristina, esa zona de aí. E a min érame igual. Anque chova érame igual. As mozas para ir ao baile, iban igual. E os homes pa México a traballar... ou a Lisboa... Os homes a traballar.

Co: Ou sexa que nos bailes pelexábanse polos homes...

X: Ademáis tamén sería das poucas diversións, ocasións para divertirse un pouco.

A: Si, estaban deseando, como dicían eles, que estaban deseando que viñéramos pasar os muñecos para divertirnos, polo menos unha semana. Polo largo botábamos dúas semanas. Se non chovía moito, volvíamos a poñer algunha película.

Co: Quedábades no sitio duas semanas, no mesmo sitio?

A: Si,

Co: E facíades todalas noites cine?

A: Si, si, tódalas noites. Pero non levámola caseta, eh! Era no local...

Co: no salón...

A: no salón ou nun alboio... No local ese.

Co: Pero íbavos xente tódolos días?

A: Iban, iban si. Esa xente... non tiñan outra diversión. Non tiñan... as orquestras aí non había. Empezaron a vir unha orquesta, hai unha temporada para acá. A única que se conocía daquela era Poceiros, ou unha cousa así, parecida. Non había nin orquestra. Alí... ao mellor un acordeonista, podía haber... Entonces era... uf! Andar por arriba paseando os muñecos era un sol. "ah, chegou!" O caso é que, non é por decilo, pero era xente...(?) a que se xuntaba aí.

Filla: con vosotros siempre fueron buenos.

A: como eu me levaba ben, e o taberneiros non estaba coas mozas, e os meus sobriños e eu bailábamos con elas...E o comercio... e acompañábannos á casa....Estas cousas. E a xente, pois, era sociable. Asociábamonos uns con outros. E xa digo. Alí tiñamola porta aberta chegáramos á hora que cheguemos. E por outro lado nós, tiñamos ese lema, que a vella púxonos esa lei, que o que é de afora non é

noso. E o que está aí, mírao ,pero queda aí. Ese era o seu lema, non botar man a nada e así sempre foi con eles. Tampouco non tiñan reparo con nós. Éralles mellor... por esa zona, ao mellor os que viñan xa de vacaciones, e viñan traerlle un coche, eles chámanlles ranchos...

Co: Ranchos, en México.

A: En Mëxico. Traían ao mellor un Mercedes, ou por aí... E ao mellor eu tiña que ir a calquera sitio, ou meu sobriño, ou quen fora, e se tiña que ir... "Sube, sube!" (incomprensible 07:25). Entonces tiña que ir ese a... a Avión a buscarnos a nós, porque contaba con nós. E...e ia andando, a pe. Pero iba, o noso perro chamábase Lobito...

Co: Como? Lobito?

A: Lobito., claro porque era moi entendido, moi... E el "non podo ir, que levo aquí o can". "Que mais da, ... (incomprensible)" E montamos todos.

Co: no rancho?

A: no rancho. Non tiñan reparo. Quen me dera aqueles tempos tendo os anos de aquelas (?)

X: Bueno, eu creo que os Silvent sempre tuvestes así boa acollida... A xente sempre vos tratou ben, probablemente porqeu vós tamén vos portabades ben.

A: Si. Nós eramos... Unha, porque era a vida nosa. E outra... tíñamos que volver outro ano e...eran as mismas casas.

Co: Claro.

X: Alfonso, quen era máis esigente, en que forades disciplinados e tal: teu pai ou túa nai?

A: A vella, a vella. Miña nai era... Porque, había unha razón, que meu pai era algo sordo. E entón ao ser algo sordo, pois non... Para ir buscar puestos, e esto...aos ayuntamientos ou na subasta... Pois non valía. Para sentarse, ao mellor, se viña a Guardia Civil a pedir os papeles, non servía. E todo era a vella. E eran analfabetos os dous!

Co: Si?

A: eran analfabetos.

Co: pero tiñan man esquerda.

A: A vella era daquelas que, como as peixeiras, contaban cos dedos! Sii. Ela sempre colle as subastas, os .... ao pueblo, porque... Cando había que tar, a tal día... Había que tar dous ou tres días antes, e falar co ayuntamiento para que lle deran o sitio. E entonces foi cando, ultimamente, ao ir á subasta, a cousa xa... Ultimamente xa en Lugo empezaron a vir os de afora, que se querían poñer, porque se pasaban por metro cuadrado la hostia. E díxolle a vella que non. Que non quería poñer en ningún sitio, porque era moi caro. "Pero mire usted, señora Barriga Verde. Polos mesmos cartos..." " Si, pero quen os pon? Pono usted?" Ao mellor eran daquela

5000... Era moito diñeiro. E había que deixar. E despois aínda seguimos... de todo eso, unha vez que estuvemos no Campo Castillo e despois xa iamos a Santo Domingo. Na plaza de Abastos. Alí puxéronnos tres veces. Puxéronnos tres veces alí na mesma acera onde agora está... a praza de Abastos, e unha desas, enfrente, qeu era un comercio moi grande que había alí que se chamaba o "Siglo XX". Ahora xa non existe. Alí puxémonos unha vez. Pero alí era... para armar era un pouco complicado. Porque non había fondo. Entonces chámase "á francesa". Había que armala á francesa, poñer a fachada de lao. Pero claro, un cacho pequeno, como catro metros ou así...

X: para pasar a xente..,

A: non, a xente pasaba igual, que a fachada é a mesma. Pero do palco, do escenario. E a xente claro, tiña que dar media volta, pa que non tuvera... Aí puxémola dúas veces. Puxémola dúas veces e despois xa... Xa cando había eses cantamañanas do ... este, do Argentino, ese, tal...que o argentino, en Orense, tamén viña con esa furia, e... non é circo, non lle dou. Dixo que puxeran ao lado o que quixeran. E púxoa ao lado. Alí na Alameda. E do outro lado estaba o circo dos irmáns Tonettes. E bueno, nós traballabamos todos os días, cada un traballaba o seu, e bueno. Pero vai un día o argentino, e enfócanos os altavoces... pa que non se oíran os muñecos.

Co: Colocouvos os altavoces deles?

A: No costado del, ata o escenario.

Co: Ai, ai.

A: Cando sentimos eso, fomos alí a dicirlle que, vamos, que eso era unha vergüenza. (imita a voz do argentino) "Cada uno hace lo que quiere, porque ..." Bueno, pois , collín, descolguei un altavoz destes gigantes e colgámolo tamén na esquina... deso (ri). Cando estaban cantando ou estaban... Porque eles máis ben eran obras de teatro... Eu metínlle aí unhos discos.... Pero, a todo esto, non lle botamos nós a bronca. Quen lle botou a bronca foi o Tonetti! (ri)

Co: o Tonetti?

A: Si, Chegou alí a dicir "pero que pasa aquí?" "Pois pasa esto: nos puxo os altavoces ... " e efectivamente nos deu a razón a nosoutros. "Este tío que se cree? El amo del mundo?" E foi onda il. Pero... era unha batalla!

X: si porque o mundo da festa e da feira tamén é un mundo de batalla, non?

A: Bueno!

Co: Xa sólo polo lugar donde poñerse, non?

A: Houbo lío aí en Bouzas, entre feriantes.

Filla: empezaron mal cuando empezaron con las subastas. Porque ahí como puja el que más dinero...

A: Para poñer...

Co: Claro.

A: Pero alí... Sacaron navallas... Eu que sei!

Filla: No, pero por ejemplo nuestra familia no era de los de... Eran los de... los de Silva, los húngaros.

A: Os húngaros. Queren traballar eles solos. Xa estuveron aquí en Padrón, un ano. Aí si que tuvemos.. aí tivemos lío de carallo. Eses húngaros, ese é... un tal Silva. Pero un lío tremendo, tiveron que pelear... Hasta que... dixo que se non se portaban como é debido que os mandaba para alá. E antes non había eses... Había uns que viñan de Zamora...

Co: E que facían, eses?

Filla: tienen los mismos aparatos que tienen los otros, por ejemplo nuestra sobrina tiene el saltamontes, tienen tómbolas, tienen coches... Y ellos también tienen pero son otra familia, claro. Casi todas son parecidas pero son diferentes.

Co: e veñen de fóra, claro.

A: Claro, son, como dice o outro "veñen os do monte a correr cos da corte".

X: Pero foi unha época bonita, non, Alfonso?

A: Si, eu... pasábalo ben porque estabas sempre en festas, ...a min tocábame darlle ás tablas, que fan as ondas, para facer as ondas... Eran tres ou catro tablas. E nada, movías a tabla...

Co: e tamén poñías voces? Tu tamén usabas a palleta:

A: Si, si. Usaba a palleta.

Filla: aparte de ser un trabajo a él le gusta. A él, cuando se acuerda: hoy es día... yo que sé... pOr ejemplo la semana pasada: "hoy es Bouzas, y esta fiesta..." Se acuerda y lo echa de menos.

X: Alfonso que naceu debaixo dunha barraca...

A: Nacín no palco, en Coia.

Co: ou sexa que eres de Vigo, tu.

A: o outro tamén dixo que... (ri)

Co: O outro tamén, dixo que nacera na barraca, en Mondoñedo. Non, en Lugo.

A: En Lugo! (ri)

Co: Pero está bautizado en Mondoñedo, polo visto. OU está registrado en Mondoñedo.

A: pero dixo que nacera en Lugo debaixo... Ou sexa, todo o que ve el que tal... pois copia e di que foi el. Vai dicirlle... que naciches no carro, que daquela non tiñas, non tiñas coche. Carro de cabalos. Tamén tuvemos nós, carro de cabalos. Tivemos dous

carros: unha carroza, con catro rodas, e máis un carriño. A carroza para o material e o carriño para roupas e cousas de cociña... Eran catro caballerías. E quen as tiña que levar despois ao monte a pastar era eu e máis miña ermá, Saladina, tamén. Ïbamos cos cabalos pa o monte.

X: daquela cando tiñades os cabalos e tal era máis traballo, non?

A: Moito máis traballo, e máis sucio. Máis sucio porque non telas cousas no seu sitio. ... E despois tiñas que limpar os excrementos dos cabalos...Había que darlles de comer, que había que comprar o maíz... Había que atendelos. Para que te fagas unha idea, todo o que anduvemos no coche, anduvémolo cos cabalos e a andar, porque xa tiñamos... Se montábamos no carro, botábamolo abaixo. Pola costa arriba había que baixar., axudar.

Co: Empuxar un pouco.

X: E daquela os camiños tamén eran como eran...

Filla: y no tenían lavadora, había que ir a lavar a los ríos...

A: había que levar todo a lavar, a cociña era a leña, había que ir buscar a leña...

Filla: ahora en una fiesta tienen una caravana con todo montao.

A: E o meu sobriño, un día que durmin eu en Lugo tiña a carabana del, que é un piso. Porque hai unha habitación de matrimonio, logo ten un baño con todo, con bañera... todo.

Filla: en la cocina tienes microondas, horno... todo más pequeño pero todo.

A: unha cociña destas... vitrocerámica. Pero eléctica e máis de gas, por se nonhai dunha cousa. E para outra esquina, unha habitación de dúas camas. E como non estaba o fillo, durmín sólo naquela habitación. E con televisión en cada sitio.

(sigue describindo a caravana, remata a gravación).

AFONSO SILVENT 3/7/13

(mirando as fotos que ten no salón. Un dos bonecos que aparece é unha muller cuberta de negro, que antes nunca víramos)

...estache ben, esas cousas... Vas ir pró inferno... Hasta que...sacudiuno a paus, ese, e aí é cando... aparece o...

Comba: o que dicía Xaime... Sería a morte? Ou era a bruxa?

Xaime: sería a morte a que leva a Manuel?

A: Nós chamábamoslle a bruxa, pero sería a morte.

Xaime:si bueno, a morte ten algo de bruxa, non?

A: claro, por eso. e logo é cando... aparece o demonio. aparece o demonio porque... colle aí o demonio e dice que ten que ir pao inferno. I entonces dice que... Dicía el, que lle deixara ir á casa buscar o... buscar a gabardina, buscar o paraguas, buscar eso... para ir para o inferno. E dille que non fai falta, que vai moita calor. E vente pronto! Entonces, mentres el vai, o demo fai que dorme. Dice "eu estou a dormir" e foi cando foi o outro foi á casa a buscar a... a estaca. ha, ha. "Estás durmido? pois eu estou desperto." "Ahhh!" Pero claro, escapa. Osea, non lle... Entón non cala, e sube, e dalle, e sube, e dalle. Así os dous , unhas cantas veces, hasta que... Dice que... que non é capaz de collelo. E entonces, que lle vai rezar un padrenuestro. E reza un padrenuestro e... que se persigne correctamente, e entonces rezou e presinouse, e entonces, cando aparece, enganchouno... á primeira, ah, si? Ahora... Ah! cólleo e... pégalle paus, e cando dice: "aaai! oooiiii!"; "estate calado, baboso!" "eu quero patatas! eu quero patatas!" "Ai, si? Queres patatas? Pois toma: patatas, bacalao, arroz con chocolate". E entonces, colle... "e agora que facemos? tiramos con el? que facemos? Pois haberá que... desfacerse del". E cólleo polos pes... e baila con el. Tin, tin, tin... Ese movimiento téñoo eu aí. tirintintin tiriri.... E dalle un golpe contra...

Comba [mira a foto onde aparece a escena da que fala]: ai, si, esta.

A: levao ao lombo.

X: pero as fotos non están por orden, non? Tan así, máis ou menos.

A. tan máis ou menos, porque o fotógrafo [ri] non era moi gran cousa. Foi miña filla.

Comba: ah, pero están ben, eh! E este personaxe quen era, que eu non o vexo aí...

[mira a foto]

A. este é... paréceme....

Comba: Rosita, será?

A: non ten pau, nin nada....

Comba: non....

A: eu non sei.

Comba: é que aí [pola vitrina onde ten os bonecos expostos] non a vexo.

A: na....Vamos a ver...

X: pode ser aquel, que está de lado de Barriga Verde...

Comba: non, pero non é. Ten outro nariz.

X: xa, pero pode facer a mesma función. Aí, fíxate, aparece o cura, aparece o portugués, aparece Manuel, o Demo...

A: non, porque se fora portugués tiña que ter pau tamén.

X: Un, dous, tres, catro...

Comba: Non, pero mira. Ten aí ao principio unha foto que salen todos xuntos.

A: xunteinos aí a facer unha foto...

Comba:esta. I esta... Aquí había máis que alá, non? Parece.

A: aí tamén había outro aí.... que é o barbero. o que fai de... O cliente. O que ten a barba, é aquel que está naquela punta dalá.

Comba: que era o cliente, porque Barriga Verde era o que cortaba?

A: claro. Era un cliente que ía facer a barba, e...

X: noutros sitios é ao revés.

Comba: noutros sitios é ao revés, por exemplo en Portugal é ao revés, me parece.

X: e por algúns sitios de Castela tamén.

Comba: nos cristovos era ao revés...

X: si, na escena "el barbero caro".

Comba: Si, si, si. (.) Curioso. Pois aquí, eu creo que... E este non é un guardia civil, ou que é? Este de aquí... Guardia civil había, non, había un personaxe?

A:Si, había un personaxe, pero é que... A veces....

Comba: a veces daba problemas...?

A:dálle que dálle que lle dira muñecos de recuerdo, e tal... E eu non llo dei e boutou moitos anos detrás deles. Pero houbo un día, que me colleu, non sei como me colleu, e leveino "ah, Claudio, destes non collas ningún que xa están... " e fun atrás e... deillou. E deille ese e máis ... Levou.... dous ou tres.

Comba: vés? pero este ten así como unha caperuza violeta, e ten como un lunar aquí. Así que igual facía de muller.

A: A ver?

Comba: esta, que che dicía eu antes que quen sería.

A. Esta é a que fai de bruxa, home.!

Comba: esa é a bruxa? Ah! Que logo se lle poñía unha cousa enriba negra,

A: unha cousa negra encima, esa é.

Comba: ah! Vale, vale.

A: acórdome agora, si.

Comba: E.... tamén me contou algunha xente, e hoxe tamén o contaba [na reunión previa que tivemos na Casa da Cultura de Lérez] que a veces facíades sombras, co...cos muñecos.

A: sombras, como?

Comba: eh....

A: coas mans? deses que fan sombras co.... Non.

Comba:non facíades vós?

A: non

C: pois recordaba esto un...

X: non sei se estaba confundido, porque esto contestouno cando lle dixen eu sobre o cine.

Comba: non, pero a min unha señora contoumo, tamén. Pero era na zona de Avión. Vós pola zona de Avión íades?

A: siii

Comba: pois unha señora que é dalí, dunha aldea de cerca de Avión, dicía que ela recordaba a Barriga Verde, que facían, non na barraca, senón ... no salón ou...

A: de inverno sempre... nos salóns, que era donde facían eles o baile, e é onde...

Comba: pois esta señora recordaba, e acordábase do cura, da bruxa, e decía que tamén se facían sombras.

A: Non, eso equivocouse.

Comba: equivocouse.

A. Si, nada... Porque traballábamos igual, como de verano, pero... traballábamos, eh... un pouco máis largo.

Comba: a obra....

A: a obra máis larga. Porque sólo se facía unha ao día, igual... Unha función e xa está. Pero de inverno tamén facíamos o... este, o... o infermo...

Comba: o?

A:o enfermo, un enfermo, e, este...Andaba na busca do... do médico, do doctor. E o doctor quen era? Era o... o Barriga Verde.

Comba: O Barriga Verde. E poñíase outra roupa distinta pa facer de médico?

A: na... poñíase unha...

X: unha bata blanca

A: unha, por riba, rápida, por diante, como un babeiro. E.... facía de doctor. O outro morría co... estaba moi enfermo, e temblaba e todo, e dicíalle "doctor, veño aquí a ver se me sana." "a ver". Vai tomarlle o pulso: "oooi, que alto está!"tomoulle,.. o corazón: "ai, mi madre querida! parece que vai sair!" O conto. "Bueno, usté, nada, se vai para a casa, que vai morrer." "Eu, vou morrer? Ai! e non hai remedio para min?" "Hai un. SE quere... Cura rápido". "a ver si, dios mío, Doctor". E dille " A ver, ten que facer: pois, vaia a buscar... un... un medio kilo de pólvora, e outro medio kilo de... de xufre, e... e mézclalo cun pouquiño de aguarrás, [ri] e leva todo para abaixo!" "Ai, siñor médico! pero eu vou a reventare![imita voz de lamento]" "Que vas reventar, home. Non, eso non..." Dá media volta e quere marchar e dille: "ven pacá". "a ver, señor doctor". "Mira, douche ...aquí está o que creo que che vai ir ben. Vouche dar unha libra de chocolate, con leche, e tomas con... ben cargado de azúcar, e verás ti como te quedas bien. ". "ai, eso si que si! Eso sí que si!"

X: claro.

A: "pois ponte aí, que vou buscar" E... marcha, e volve, vai buscalo pau, e "toma o chocolate que ... " [ri] E o outro...

X: esa do médico nunca ma contaches, eh, Alfonso? Non che acordou...

A: non, saleu agora,...

comba: que había, moitas, non? Variaban moito?

A: si, hai... había outra, o... o burlón, (.) había o burlón, e ese pois... facíalle burla,

pasaba por detrás, pasaba por diante, e...

Comba: facíalle burla a Barriga Verde?

A: a Barriga Verde. e este non o daba cachado, non? Desaparecía, volvía aparecer... Hasta qeu fai que dorme, pero o outro que vai, colle o pau e pégalle, el a Barriga Verde. E entonces collen os dous e... cando llo quita, apaña fuerte e [ri] "Vaite".

X: ao final Barriga Verde sempre....

A: si si

X: sempre era o que saía ganando.

A: porque era o protagonista, tiña que ser o protagonista. Nunha película, sea cal sea, sea de vaqueros, sea de...drama, sea do que sea... hai un protagonista.

Comba: claro. Pero nunca morría Barriga Verde, ou morría?

A: non. E aínda falta o toro, (11:07)

comba: o toro

A: no toro facía un número mui ben.

X: no toro morre o toro.

A: morre o toro, e entón a xente que... hoxe... estades como queredes; venden a carne a 30 céntimos ou así. Entonces.... Bueno, xa podías estar á cola, que pa mirar, a ver se anda o corazón; e vai o corazón e chéiralle por detrás, polo cú. E polo cú, non? cheira. E di "mi ma! Oh! Como cheira polo cu! Está podre, non vale para nada! Ala, pa o río". (.) E aínda hai moitas máis, esto é [carraspea*. Outros números, facían outros números...

Comba: E teu pai como se lle ocurría? El... Algunha vez o tes visto preparar un número, ensaiar?

A: Si, el facía aquí na casa, de inverno. O da caixa... O día da caixa, do difunto, foi el o primeiro que... que a sacou. E moitas cousas. E o mar

Comba: O mar

A: o mar é o máis bonito.

X: eso cando iba descubrir América, non?

A: Siii. Aquí en Pontevedra houbo chavales (.) que... salía e volvía entrar... pa mirar o mar.

comba: eso foi na Peregrina?

A: na Pe... Foi na Peregrina. Estaba meu pai., claro, estaba no mar tiñamos que estar tres. E un... Co protagonista, bueno Barriga Verde, e logo outro ten que ter conta da tabla para pasar dun lado pa outro...

Comba: que había un barco, tamén, non?

A: os barcos.... tiñan que pasar os barcos... e logo... foi cando... preparado, un, un barco preparado e... entonces, tiña dous petardos, deses que teñen os rapaces pa ir pa tirarlle aos (...) Uns petardos, entón, plántaselle lume e... Bum! claro esplota, e o barco...

X: como un cañonazo

Comba: ah! como se afundira o barco cun cañonazo...

A: e afundiuse o barco, e o personal pois chillaba: "ai que afogo, ai que afogo!"

Comba: e aí iba Barriga Verde, Tamén, nesa historia estaba Barriga Verde?

A: (.) ...si, bueno, Barriga Verde... no. Barriga Verde... Barriga Verde aí non se nombra.

Comba: non se nombra...

A: porque non é el, non.

X: pero Barriga Verde iba noutro barco, non iba no barco que afundiu...

A: non iba nese barco: Iba ese, o que lle dei a... a meu sobriño. Hasta que mo pediu non parou. Era o... este... Cristóbal.

X: si si

Comba: Cristóbal, era outro muñeco?

A: si, era outro muñeco.

Comba: i como era? era diferente?

A: e.... si, mais, mais, mais... A cara máis fuerte que estes. Pero máis ben feito.

Comba: e non está na foto esta?

A: non, non

Comba: aquí xa non estaba, xa llo deras?

A: non, ahi non. Xa llo dera, seguramente.

Comba: o sea, que había Don Cristóbal, e Barriga Verde por outro lado.

A: si. E logo pois... eh... berraban, chillaban, claro. Os mariñeiros, e eso... Que afogo! Tal, e é cando saen os peixes, a comelos, porque claro...

Comba: si... que ese fora o peixe que atopamos a outra vez, non? O que atopou Anxo.

A: aínda había dous máis, pero... Esta cousa, non pensas, nin no día de mañá, nin nada... E non sei se os queimei ou se os rompín, non sei.

Comba: Xa.

X: pero aí cando dis Cristóbal, que te refieres, a cando ían polo mar cos barcos, que un era Cristóbal Colón?

A: Si. Claro! Un era Cristóbal Colón, e tal... que foi () aos mariñeiros... e... e logo pios, enfín. Era un pouco largo, eu non sei como...

Comba: Osea, ese era un número especial.

A: si, si, si.

Comba: sólo se fixo unha vez?

A: si si... No, non! Fixémola(.) ,fixémola... aquí, en Vigo e.... en Lugo. Non sei, tres veces namais, que o fixemos, porque enreda muito.

Comba: Xa.

A: Enredaba muito.

X: porque hai moito movimiento.

A: si, enredaba muito porque tiñamos que estar os tres, entón tiñas que estar aí, pa darlle ás tablas, mover eso... E tiña que estar eu, mais tiña que estar meu sobriño, e... meu pai tamén.

Comba: quen era, Arsenio?

A: eh... Manolo.

comba: Manolo.

A: Manolo, que morreu, o pobre home. E que... traballaba ()

X: Manuel era o que mellor traballaba, non?

A: si si si. Oi! Quedoulle, quedoulle como ao vello, porque... traballaba os muñecos, había poucos no mundo... na familia non había ninguén. (.) Eles mismos dicían! Non hai quen...

Comba: quen o faga tan ben...

A: tan ben como... como José. Si. Foi el... era el... a palleta... Todo. Falaba... Poñía, falaba. Non lle facía falta quitala.

Comba:Porque.... todos os personaxes non falaban coa palleta, non? Cando el estaba facendo os muñecos algúns personaxes usaba a palleta e outros non.

A: non non, a pallet... os muñecos falan todos coa palleta.

Comba: con todos. (16:59)

A: si, porque despois cando empezou xa Manolo... tamén cos muñecos, osea, a manejalo. Pois... xa eran dúas palletas.

Comba: Ah. Falaban entre eles.

A: entre eles, eh... unha voz, outra voz dun lado, outra... e (incomprensible)

E eu, collín a palleta [tuse] pero padecía, padecía das amídolas.

Comba: Xa

A: i entonces, chegaba un momento que se me irritaba a garganta.

E estando no servicio militar, na escuela naval, que estiven na Marina, esperei ao último mes de ir pa o Hospital e que me operaran das amídolas. Operoume un tipo... Éramos cinco, para as amídolas. Cinco,un detrás do outro. Un tuvo unha

hemorragia... Bueno! Detrás tiña que ir eu, e cando vin todo aquelo ali no suelo [ri] din media volta e marchei. E víñanme buscar, e "bueno, eso pasoulle a un, pero non lle pasa a outro". Entonces, arrancou, arrancan as paredes, onde están as amídolas, e a min, pois, enfín! Me escapa a palleta, me escapaba.

Comba: mmmm

A: non sujetaba.

Comba: pero a Manuel dábaselle ben.

A: si, dáballe ben, pero a Manuel pasoulle outro, tamén lle pasou algo... A conta dos muñecos, tamén... quizás pode que morrera.

X: pero algún tempo... manejáchelos muñecos, ou non manejaches nunca?

A: non, eu non. Manejalos, osea... para o público, non. Non, non os manejei.

Comba: na casa igual algunha vez.

A: eh?

Comba: na casa si.

A: si, collíaos aí, para sacar... Non tíñamos.... Foi... máis ben foi por Anxo.

Comba: Xa.

A: e foi por eso que fixen as fotografías. E saquei... a do teatro, a fachada, fixen despios unha... Unha... composiición. Víchela?

Comba: si, si que a vin.

A: É grande. E... e deuseme... pois vouno facer. anque sea... Anque sea en mudo, ou falando.... o modelo como... como se facía. E entonces puxen á miña filla, alí na entrada da porta, alí...para que collera a cousa, pero non estaba quieta. Cando dicía... "a ver, dispara!" E ela en vez de estar quieta, que estaba todo no mesmo sitio, iba canda ao muñeco. [ri] A veces salía un cacho [ri] e outras veces salía ... Hai algunhas que están, que están, dalle o aquel por aquí.

Comba: cortadas...

A: díxenlle, tu tes que estar fijo aí, nun sitio. Tu non te movas...

Comba: Pero están ben, eh! (20:24)

A: Cantos carretes... bueno, sabes? para sacar esas... polo menos dous carretes, ou tres!

Comba: Xa, pa facer unha selección.

a: o caso é que tíñamos carretes aí...

Comba: Si, si... Pero, por exemplo, teu pai ensinábavos a... manexar os títeres?

A: Si, si, si. bueno, ensiñaba... O que el, o que non lle gustaba, eran os dafuera.

comba: eran...? Os contratados?

A: que viñeran de fóra a mirar. non, os que foran... Curiosos. Na, na feira misma.

Comba: Xa...

A: e viñan sólo a ver cómo facían... Ou tal, eu que sei. E entonces... pois, non....

Comba: porque por exemplo algún neno, que ao final da función quixera ver por detrás... a el non lle gustaba eso.

A: Non, non lle gustaba, pero o pior eran... son os maiores.

Comba: xa.

A: iban solo coa vista a ver se podían copiar, e esas cousas.

Comba: xa

A: e meu pai era moi reservado. Para esas cousas era moi reservado. [carraspea] Este, eu podo contarche unha... En San Ramón de Bealo, en Vigo...

X: Si, si, coñezo. En Beade.

A: non, non, en Bealo. Que digo, San Ramón é en Noia, coño! [en realidade pertence a Boiro]. En... San Pelayo.

X: San Pelayo de Navia?

Comba: San Pelayo de Navia.

A: San Pelayo de Navia. Bueno.... (.) Esto contounos el mismo, que dunha vez, cando el aínda era rapaz, andaba el... ainda a estudiar. E vai, que... se pon... Daquela, que era... cerrao, de lona, non? Que estaba por debaixo levanta o pano e mirando e metendo a cabeza por aquí [imita o xesto e pon voz de esforzo] "E vai o señor José, pégame unha patada no cú que me meteu pa dentro! Dixen eu, pois agora xa estou dentro, agora xa non..." [ri] É o cura, que despois foi cura. Contounos el mismo: "deu unha patada e xa me meteu pa dentro, así que..."

X: osea, que eso era de neno, e despois cando foi cura...

A: si, contonuno.

Comba: contouno.

A: Porque estaba.... traballa en .... Aquí, ao lado... da Lama. Traballa aí de sacerdote.

X: pero teu pai non o conocía, claro.

A: non, pero presentouse.

X: Deuse el a conocer.

A: presentouse el... E... por alí algúns chámannos... Nos conocen, conocíannos polo toro polo rabo. Por Vigo... "Ah, é o do Toro polo Rabo!" (.) E... desto, deuse a conocer, que el era dalí de San Pelayo, e que... ocorrera eso. E... "Bueno, agora... Agora cando queira pode entrar" (ri)

X: claro.

A: hai cousas así...

X: pero onde era cura, da Lama, de Covelo?

A: o cura é dalí, de San Pelayo!

X: xa, pero contoucho cando era cura da Lama.

A: Non, era máis adiante, máis adiante.

X: si, nunha parroquia da Lama.

A: si, nunha parroquia da Lama, indo para Seixido e.... bueno, non me sale agora. Agora teñen, teñen un...

X: Covelo?

A: non, non, non. Covelo queda lexos

X: Antas?

A:En Antas! En Antas, si, si. E morreu aí.

Comba: ai, xa morreu, ese señor.

A: el padecía do... pulmón. Xa cando estaba... en Santiago, xa tuvera unhas cuantas (pérdidas?) e... E logo pois... Nós alí, con el, estivemos unhas... tres veces. Tres. Bueno, tres anos. Tres temporadas.

Comba: Alí nas Antas.

A: pero despois, xa non... dixeron, que un cura de.... de eso, que... que morrera. Entonces.... Na... Fomos, a vella e máis eu, fumos hasta alá. Pero íbano trasladar para aquí, para San Pelayo. O traslababan para aí. E ... entón nos contou despois o pai que... que estudiara con moito, moitos esfuerzos, porque o pai era mariñeiro, e andaban, bueno, ao día. O pai vendía ao día, e tiñan poucos cartos, e todo era para que o fillo estudiara. Que... Aínda.... A sotana que levou, foi... Colléraa empeñada.

Comba:mmm

A: empeñada, en Tui. El fíxoo en Tui, non foi en Santiago, fixo a....

Comba: o seminario.

A: O seminario. E... ía empeñada e menos mal porque... este.. ían aí a buscalos, aí pa casa del (25:53) , bueno, pa rectoral. Viñamos e falábamos, eso... Invitounos a comer. E logo díxome: tes que me arreglar o campanario (.) que... soltouse

darriba e... rompeu a argolla, e hai que... Bueno, pois nada. Mañá xa miramos, que o que hai que facer. E... fun pa arriba, subín cunha escaleir, collín unhos alicates e un alambre, fíxeno doble, dúas veces... E... Xa funciona. E nada, agradecido e esas cousas. Viña ao cine todos os días, todas as noites. viña ao cine. Que está prohibido ir eles aos espectáculos, pero...

Comba: Ah, si?

A: si, ta prohibido.

Comba: non poden?

A: aos espectáculos non poden ir.

Comba: pois débeno incumplir bastante, eso, non? [rio]

X: Si, pasa que ao mellor daquel tempo non lles gustaba mezclarse coa xente da parroquia, e tal...

A: Eu que sei! No.... dice que el, o clero, que non lle permitía...

X: non lle permitía.

A: ...ir aos espectáculos.

comba: pero el coincidiulle de ir xa de cura a ver o espectáculo de Barriga Verde?

A: si, si si.

Comba: e viu os títeres xa de cura?

A: xa de cura, de cura, de cura.

Comba: e non lle parecía mal, cando pegaban no cura?

A: a min non me parecía mal, que va!

Comba: a el...

A: aínda se ría máis que ningún. Si, home! E aínda había outro, outro, en Seixido, sabes cal é a carretera esa?

X: da Lama pa arriba?

A: Despois da Lama, ven, esto, Antas, que falamos, e despois Seixido. En Seixido, daquela, da primeira vez non había dese... salón, ningún. Había un garaxe que era... da liña que facía o recorrido ese. Era... Pombo, me parece que era. Ti non te acordas?

X: non me acordo...

Comba: de autobuses?

X: que viña de alá de Seixido a Pontevedra?

A: A Pontevedra, si. E tiña... tiña oficina... Bueno, onde tiña eso... Aquí... na esquina mismo do... Ahora cho vou dicir. Onde está... San Francisco, a carretera que vai pa abaixo, a que sube e baixa...

X: A que vén paquí hacia o río?

A: Si

X: Cobián Rofiñán? O Rouco

A: Esa, Cobían Rofiñán. Eu cos nomes...

X: por alí é o Rouco, antes chamábanlle o Rouco.

A: pois na esquina mismo, arriba de todo, hai un... hai unhas casas, así. Pois alí tiña a oficina, el, donde cargaba os coches; descargaban alí.

X: si si si.

A: E... verás. Entonces tiñan, en Seixido, tiña un garaxe, porque ao primeiro, sólo iba hasta Seixido, cun Chevrolet 4 [ri] Tiña alí no, no garaxe. E... cando pintaba os outros coches, tamén pintaba... tamén ese, igual, non? Bueno, pero... Pidímoslle, entón díxonos. Bueno, pois é igual, home. Que... que quede o coche fóra. E aí quedaba o coche fóra, ( ). E por ejemplo, o garaje estaba así. E aí ao lado, estaba... Non é a rectoral, é a casa do cura. Non había outra, a casa do cura. E entonces, aparece, era moi delgadiña, e tiña un burato: da casa miraba para o garaxe. E o cura desde aí [ri] que había de observar, miraba por ese burato!

X: e o cura miraba o espectáculo polo burato!

A: por non, por non poder... "que se me vé a xente alí pode decir que... Entonces, eu vexo igual a película polo burato este..."(.) E tamén, me invitaba a comer. Son, a xente por aí é moi dada! Invitoume... dúas veces, aí a comer.... Mandoume vir a arreglar o reló da... da iglesia. Porque non lle funcionaba. E que sabía se ia saber eu! Pero empeceille, fun arriba a mirar a maquinaria, e esto... e no bordillo había un cacho de tella que caera do tellado. Quedara atrancado aí, e... Bueno, sacámoslle eso e despois...Puxémolo... bueno, baixámoslle o... todo o péndulo, e iso... Non, subímolo, que non é igual. O que máis rabia dá aí .... é subir parriba. E despois puxémolo en hora, porque ten despois outro reló pequeno, dentro para... para, non sei, para mirar.

X: si si si

A:E cando empezou a tocar a campana dixo "ah, carallo, xa teño hora!" E invitoume dúas veces a comer con el, tiña unha hermana e unha sobriña.

X: que memoria tes eh Alfonso!

A: ah! Do que me acordo é do de atrás! O que fago... hoxe á mañá, ao milor non me acordo!

X: si si si. Pero bueno, acórdache moitas cousas de antes.

A: Por eso que... me queren meter aí na Academia. En.. Aí, eso de....

comba: No da Cruz Roxa, eso?

A: na Cruz Roja. Dicen que hai... Bueno, que están aí muitos que...

X: e que te van ir, a buscar?

A: Si,

X: veñente buscar?

A:vénme buscar e a traerme. Cóllenme aquí na, onda farmacia, e despois veñen traerme. Que aí, uns xogan, outros fan números, outros tal, pa non... perder memoria. E logo se queredes facer, esto... Ximnasia, que tamén hai, aí, hai mulleres, e... facer gimnasia [ponse a imitar cos brazos]

[río]

A: ahora, vou aprender o kun fu, ahora. [rimos]

Comba: está ben.

A: Digo eu, empezo mañá, vou a ver...

C: ah, empezas mañá! (33:06)

A: empezo mañá. Ás cinco da tarde me veñen buscar. E vou a ver como é.

X: seguro que che vai ben.

A: oiches? Con non volver...

Comba: tamén. Se non estás contento...

A: Non se perde nada.

(.) Pois nós de inverno... De inverno, pois pasámolo pipas. Millor que de verano, porque de verano había que armar, desarmar...

Comba: xa, era máis duro.

A: máis duro. E de inverno, pois como botábamos quince días, parados no mesmo sitio, mentres duraban as películas... diferentes, claro, pois... tábamos alí.

Comba: porque poñíades as películas, e os títeres antes da película...

A: non non non non. Aí non había títeres.

C: aí non había títeres?

A: Non, era solo... as películas e logo despois, os muñecos.

Comba: pero houbo algunha época que si que levábades os muñecos, non?

A: os muñecos si!

Comba: ah! vale! Títeres... eso.

A: varietés...

Comba: varietés non, eso, muñecos.

X: facíades muñecos...

A: ... cine...

Comba: cine, e despois baile.

A: e despois, dábamoslle á mocedad... discos, e... van contentos de carai! E eu tamén, tamén bailaba no medio.

Comba: Home, claro! porque vós erades unhos mozos, non?

A: éramolos tres: Arsenio, Manolo e eu, pois facíamonos relevo. Primeiro un, despois ía o outro... e a poñer discos, veña!

Comba: e así igual... atopábades á moza, aproveitabades para mocear un pouco...

A: ui! mozas! Levábamos á casa, e tal... A que se deixaba, deixábase, a que non...(34:48)

[Xaime e eu rimos]

A:...deixábamola pasar. O que pasa é que... a miña nai era mui respetuosa sobre este caso porque nunca lle gustou... bronca, nin deso.

Comba: xa

A: E nos avisaba de que... non fixéramos mal, que non fixéramos esto, porque despois tumba taramba... Esas cousas. Pero...

X: túa nai marcaba muito as pautas, non?

A: si si si, era moi recta, era moi recta.

C: más que teu pai?

A: meu pai non dicía nada, meu pai era un bohemio. Non, meu pai... E ademáis, como era xordo... Quedou xordo da viruela.

C: xa

A: pois... el non se metía, en eso. Bueno falando alto, oía. Pero... el sempre, o del é... estar entretenido con algo. Facía sillas.... con vimias desas que...

C: si

A: e cando vén por alí pola aldea facía sillas... pa muñecas. Pequenas, non? Sillas pequenas para muñecas. Arregláballe ao mellor, a, a... dueña do... donde durmíamos, porque non durmíamos no coche nin facíamos nada, nos buscábamos sempre unha casa, libre... Deses que marchan para o estranxeiro, e nos deixaba. Nos conocía de, nos conocía... Pa eles, nós éramos uns viciños máis. Uns viciños máis. E depois era unha casa de Fulana, que a ten libre, que

marcharon, tal, e si lla deixa... E íamos alí, e...collíamola chave, e tal. Ao mellor tiñan unha neta, ou tiñan unha... O vello pois, facía unha silla, e dáballa. e eles todos contentos, e nós tamén. E facíamos así. El fixo... Era inteligente, anque era así... Era inteligente. Fixo un sino, sabes que é un sino?

C: non

A: sino é, que se mete un papelito e sale... Metes a moneda e sale un papelito para saber a...

C: o destino

A: o destino.

X: como la suerte del pajarito

A: é unha cousa parecida, si. Tiña a parte de mulleres, e a parte dos homes. E... fixo eso, e despois, xa cando...

Comba; e eso como era?

A: era unha... casetucha.

C: unha casetucha?

A: unha caseta, que durmían dentro iles, eh? E facían de comer.

Comba: pero quen? quen durmía alí?

A: meu pai e mais a miña mai.

C: ah! Osea pero entón eso tíñano antes de tervos a vós...

A: Non, non, non... Despois ao final, que é cando retiramos... Cando retiramos... o teatro...

X: cando retiraron a barraca...

A: pois nós, eu e máis miña hermana, esta... gorda... pois fixemos caseta de tiro.

Comba: si

A: Eh... Nove metros, non era pequeno.

C: si si si

A: e eles... E meu pai fixo o Sino, pa eles. e eles estaban nunha cousa, e nós na outra.

C: mira! pois eso non o sabía eu.

A: a tí xa cho dixen tamén.

X: si , eu eso si....

C: e que... inventaba... o que poñía nos papeliños...

A: No... os papeliños... copiábase polo horóscopo...

C: vale

A: Entonces, bueno, de mes a... mes, e cousa así.

C: xa, xa. Entón a xente metía unha moeda....

A: Metían a moeda... Bueno, unha peseta. Entonces, por outro abuxeiro, pois... botaba o papel.

C: que botaba... que estaba dentro el, non?

A: El estaba dentro, pero quen era a persona...? Bueno, e despois que fixo? Hubo unha copia, parecida, igual, non? Bueno, o xogo era o mismo.

C: mmm

A: hora, a caseta era distinta. Fíxoa... entonces, que fix... Bueno, el non se andaba á competencia, a ver quen... Pero meu pai dixo: "me vas ti quitar o público? Pera un pouco". E que fixo? (38:59) Colleu unha... como se fora un... caixón, non? un caixoncito, así, na? Entonces, abreu, polo medio do sino, ese, abreu, entón poñía esa caixa aí. Pero, poñía dous muñecos. As cabezas de, de... dos muñecos estes. E máis cos vestidos... en... en gallego. entonces, arriba tiña un... un... un motor deses de giradiscos, do... aradio, non?

Comba: si, si, si

A:baixoulle a palanca, e entonces, ao andar darredor, os muñecos facían como que estaban bailando a muiñeira...

C: anda!

A: en vez de andar co... eh... as marionetas....era unha cousa parecida. pero claro...

C: serían como autómatas, non?

A:si... era eléctrico.

C: e eso era si lle metías a moneda?

A: no no no, era como...

X: como atracción.

C: como un reclamo

A: Era como un reclamo, e... o claro, porque ao primeiro tíñamos un timbre. Un timbre de... deses de... como se fora das portas: riiiiiiin. Pero claro, o outro tamén o tiña... Pois logho hai que facer outra cousa. (40:13)

C: mira tu! pois eso é bonito, eh! [Que inxenioso!

X: [unha maneira de... de destacar, non?

A: despois... o pobre xa non andaba... ben, e había que andar colléndoo... no colo e... El non quería, porque... eu creo que... al chegar a unha edá... ao sacarlle unha cousa que... que maneja un, parece que xa que non vales... para nada...

Comba: xa.

A: E el xa estaba... [incomprensíbel]. Pero, antes do teatro, que eso a ti non cho dixen, xa cho dixera, me parece que si... Antes do teatro, tiña os muñecos. É o que andaba... O que trouxo pa aquí, pa Galicia.

Comba: si.

A. pero fixo unha caseta de... estos... Continua. O sea que entraba, a xente, e... E miraba o que había e... claro, salían por un lado e xa entraban por outro. E outros entraban por outro lado. La mujer araña.

Comba: ai, si?

A: la mujer araña... aínda hai pouco, bueno, hai pouco... Xa hai tempo. Estaba alí arriba e agharrei e tirei con ela. Non a iba a usar, nin... tirei con ela. E era... coas patas, catro patas... a barrigola, enn. E logo pois... aquí diante, así como fora un... Un... unha desas como se fora meter os bois na...cabeza, non?

C: si

A: é por onde tiña a cabeza... Botaba a cabeza por aí.

C: unha muller? que era, túa nai?

A; non. Unha tía. Pero era unha moza,... daquela... Morreu xa fai boa...

X. unha irmá de túa nai?

A: unha irmá de miña nai. Era moi finita e... E... entonces tiña o pelo largo, e adaptábase moi ben a eso. Entonces collía a ela aí, coas trenzas amarrads unha a un lado e unha a outra, e eso era... Claro! E entón, facíalle preguntas. En donde nacistes? En la selva... Eh...

C: O público preguntáballe a ela?

A: e donde naceu, na selva, e... que es lo que comes? Pues... (.) carne... Bua! Estas cousas. Que había que darlle carne...

C: I esto era antes da barraca?

A: no. Eh... Si, si, si. Foi antes.

C: e tu eras mui pequeno daquela...

A: eu non estaba, eu non nacera...

C: ah! tu non naceras....

A: Aínda non nacera. Eu seino porque o dixeron...

X: cho contaron

A: o contaron eles. (.) Entonces.... Estaba como na escaleira, non? Hai unha... bueno estaba... un palco, ou un escenario.

C: si.

A: entonces puxeron unha valla, pa que a xente non fora a mirar... o truco, claro.

Comba: xa.

A: unha valla pa que non pasara pa diante. E logo unha escaleira que... empeza por aquí e subía subía hasta aló arriba. E ela estaba no medio da escaleira. E claro (.) O truco era de que... por espellos. Por espellos, poñíase o espello así, diante, e claro. O espello reflejaba a escaleira aquí, e parecía que se vía... que eran... a escaleira continua.

C: claro.

A: estaba mui ben... mui ben preparado.

C: porque eso tamén o contaban hoxe: : que tamén había un número que parecía que non tiña corpo, non? Unha muller ...

A: la cabeza parlante, si señor!

X. la cabeza parlante...

A: La cabeza parlante, si, si, si.

C: ah. E eso facíadelo na barraca, xa?

A: si... [incomprensíbel]

C:i un número que era dunha mariposa, facíadelo?

A: Ese era... Eso non éramos nós. Eso era... eh... unha parienta.

C: Topete? Julia?

A: Non non non. As que están... As que estaban en Ferrol.

C: Ah, de Santiago.

A: de Santiago, sí. Unha filla, a que facía de mariposa. Facía de mariposa, de mariposa, pois enfin, un traxe blanco... E... con cornos, como se fose... E logo, os colores, pintados colores pero logo tiñan que estar... hasta alá de todo, cunha linterna como se fose a do cine, unha linterna desas, que... fora fuerte. E... Alumbraba e... relucía. E así... conforme a marioposa... [xesto de indiferencia, eu río]. Tamén facía... este... o do alambre.

C: o do alambre.

A: traballaban o alambre. Bah, como se chama... corda floja, ou...

C: ou no alambre, non?

X: eso os teus parientes...

A: Si. Amais eles eran de circo, que non eran....

C: máis de circo que de tít... que de marionetas.

A: por eso que digo eu... que os muñecos copiáronlle a meu pai, que el... el por Castilla non tiñan muñecos.

C: eles orixinalmente non andaban con muñecos.

A: non tiñan! Pero como en tódolos sitios era Barriga Verde, Barriga Verde....

C: pero á parte deles houbo máis imitadores, non? Por aí non houbo máis xente que imitou a teu pai? Por exemplo, polo interior, na Estrada, non había unha familia que tamén facían muñecos i lle chamaban Barriga Verde?

A: eses eran os de Ourense. De... de Julia. E daquí... de Julia, que fixo unha casa alí na Estrada.

comba: Ah!

A: pero xa morreu. Morreron os dous fillos que tiña...

X: porque Julia tamén facía muñecos, non?

A: (.1) Ela quería facer os muñecos, pero non os podía facer. Non podía traballalos. (46:25) Porque era moi... obesa, moi gorda. E cansábase as pernas, non... Entonces... E el tampouco, non lle gustaba, non lle iba os muñecos.

X: pero bueno, ao mellor intentar intentárono.

A: si, si, si... Pero tiñan muñecos. O fillo, o máis vello, intentou de... de... de aprender a palleta... E facíao el, cos muñecos e...

C: i como se chamaba o fillo?

A: eh... Aligio. Eran moitos hermanos. E non queda ningún. e mira que eran moitos, esa familia eran moitos. E non queda ninguno. E tiña unha... a única muller, a única muller, que lle chaman Isabel. Un día que estaba no.. preguntei por ela, alá atrás. Preguntei por eles, a ver que eran deles. Díxeronme que estaba no asilo, estaba no asilo, moi velliña, moi velliña. (.) Hai tempo xa. Morreron todos.

C: mira, outra pregunta que che quería facer; porque me dixo unha señora de Santiago que ela acordábase de ver a barraca de Barriga Verde, pero non en Santa Susana, sinón na... sabes donde están agora os patos?

A: na Alameda?

C: no paseo central da Alameda, si. Alí ao lado da igrexa do Pilar. Algunha vez poñeríadela aí?

A: Non sei. (.) A nós sempre nos mandaron pa arriba, para a feira.

C: sempre pa arriba.

A: claro, frente ás churrerías, que antes poñían as churrerías todas... As churrerías... as casetas eran do ayuntamiento. Non eran, non eran... As subastaban e cada un collía... ou un... ou no lado deses...

C: claro.

A: sempre alí. Eu acórdoa sempre alí. Na Alameda, no. Eu non a acordo. Sería antes?

C: pois igual foi antes...

A: Sería antes. Eu... na Alameda... si, tómbolas e eso, sí. Pero nós non. E...

X: En Lérez cantas veces puxestes, Alfonso?

A: creo que... unha vez nada máis.

X: unha vez namais?

A: E... o refrán é ese: o santo da mesma parroquia non fai milagros...

C: pero alí cando vos puxérades fora coa barraca ou...?

A: coa barraca, coa barraca, si, coa barraca. Non sei se foi por San Salvador ou por San Benitiño.Puxéramos... na esquina donde... Osea, na porta, a parte esquerda, que hai un... un campo que vai dar alí ao... Campiño que está alí ao lado da iglesia. Donde está o...pararraios. Non sabes onde che digo?

X: hacia o... hacia o... claustro? Ou hacia a capilla de San Benito?

A: hacia a capitlli... a capillita esa...

X: Alí naquel ángulo?

A: bueno... frente... a donde poñedes vós o... O da porta.

X: ah! Xa xa xa...

A: hai un campito alí, e alí, puxemos alí. Pero todos era... a todos lles deixábamos entrar. Como eran veciños... Pero que... Eu veño aquí...

C: non fixéstedes negocio.

A: Nada! Dixemos, “ah, non volvemos”. Que vaian andar a bailar.

C: porque aquí, en Lérez, como... tíñades relación cos veciños, boa?

A: si, si, si... temos.(50:20). A ver, ainda... Aínda quedan familias por aI. Os Filuseras, chámanlle os Filoseras...

X: Que ven sendo teu o do bar San Yago?[o da cafetería San Yago?

A: o da San Yago é... É meu primo.

X: Teu primo?

A: Si

X: por túa nai, claro.

A: Si, pola parte de miña nai.

X: ese é o que ten unha tómbola, non?

A:ten a tómbola.

X: é o que ten a tómbola, como lle chaman? Tombola...

A: El cubo. Si porque... O pai morreu hai... hai dous anos, xa.

X: E aínda sigue tendo... O San Yago, aínda o sigue tendo?

A:Si, si.

X: Non o traspasou?

A: Inda non. É moi válido, ese chaval. Tanto na tómbola como no bar... Atende ben á xente e... fai mover a... o personal. Pois si home, aí non... ta parao. Pao negocio vale. E despois teñen, as lanchas, esas.

C: mmm

A: Teñen, esto... caballitos. Antigos, de empuxar.

X: De cando non había corriente...

A: De cando non había... Corriente... nin con corriente. Non había motor, era... Empuxaban os rapaces e despois, cando se cansaban sentábanse e andaban eles tamén.

X:si si si si...

A: E bueno... Voladoras... Todo así! E pa eso... aínda vai chegando. Eso é máis ben para comer. Esa é... Pao negocio non vale.

C: e en Lérez de inverno tampouco nunca actuastes?

A: non. Actuamos, mira tu o que é nun sitio e outro. En... en Berducido, sabes onde é?

X: na de Ribas.

A; na de Ribas. Daquela vivía o Ribas. Chámanlle o Barbas.

X: A do Barbas.

A: Temos estado alí, pois... enfín. Bastante tempo e... tiñamos películas para... para dúas semanas... E logo pois... se a xente quería seguir, pois alquilábamos algunhas e xa estaba.

E tamén, más arriba, indo para os Milagros, qeu xa vai ancheando é unha cafetería... Bueno, daquela non era cafetería; era unha taverna.

X[que é alí nas Fontanas?

A:[chámanlle as Columnas. Non sei cantas columnas son. Bueno... E aí tamén.. .traballamos, cine. E na de... e... na de Pampín.

X: na de Pampín?

A: si claro. E... xa digo.

X: a min unha vez unha señora díxome que... que teu pai, que ten estado na de Simón, en Casal Novo, que tiña un baile. Ti non recordas?

A: non.

X: o Simón poñía baile e como complemento levaba a teu pai para que... puxera muñecos.

A: non, eso non me acordo. Non me acordo. Puido ser certo, pero non me acordo.

X: claro, pudo ser...

C: pudo ser antes de nacer tu...

X:... pudo ser cando ti eras novo. Porque o Simón... Ese señor morreu, non sei, tiña eu... quince anos.

A: de aí ven o conto ese de... "Que vas tocar, Caeiro?" "A de sempre, por non variar". [rin] Sempre tocaba a misma cousa. Non variaba porque el levaba o acordeón. Era o que tocaba o acordeón.

C: Quen?

A: Este tal Simón.

X: simón, Simón. Tocaba mui mal.

C: xa... E teu pai tocaba algún instrumento?

A: No... Bue... tocaba mui ben o tambor: facía... parábase a xente a velo porque... tocaba o tambor e botaba os palillos ao aire. E... E máis a trompeta.

C: i o violín non?

A: na... violín non. (.) E logo por que? Che dixeron que tocaba o violín?

C: porque nos dixo antes un señor que tocaba o violín.

A: Bah! Violín... Violín eran eses que... Eses que andaban nas feiras... coas coplas.

C: Ah! Os cegos...

(55:13) Chega a filla e rematamos a conversa.

AURORA DE MESEGO (O CARBALLIÑO) 22 de xullo de 2013

[A entrevista ten lugar no antigo forno da casa familiar, agora rehabilitado por Ricardo, sobriño de Aurora, quen tamén está presente durante a conversa]

A: Así que imagínate onde vai a historia. Este mantúvonos a tres ou catro generaciós. Aquí podíase facer unha película, porque sabes que antes, nos fornos e nos muíños, isto era a vida social do pueblo. Tu me entendes? Onde se reunían. Entonces aquí...

C: Porque aquí facíase o pan, pa todo o lugar, ou...?

A: Mira, aquí... vamos a ver. Aquí cobrábase polo pan. Osea que esto era... Non era unha panadería que se vendese pan, senón que se cocía. Bueno a veces tamén vendían as panadeiras...

C: A xente traía a fariña, non?

A: Si. Este era un pueblo mui pobre. Tiña mui poucas terras, e muitos veciños. Era un pueblo pobre.

R: Fala por ti, eh! Eu son de familia rica.

A: Escoita. Era un pueblo con moi poucas terras, e moitos veciños. Cando foi da Posguerra, pois... a xente, imaxínate, non tiñan que comer, porque se empezan a comer do que cosechaban, en quince días comían todo. Entón, que fixeron as mulleres? As mulleres deste pueblo siempre che fueron mui traballadoras, eh! Colleron e metéronse a vendelo pan, polas feiras, pola ribeira, e por esos sitios todos. Ricas non se puxeron; pero os fillos non pasaron... fame. Non sabes?

C: mmm

A: Entonces, foi... Pois esto... Como che diría eu? Había outro forno máis arriba, tamén. Pero este era o máis antiguo. O forno da señora Aurora era... A min ahora, mira, parece que me... enche de orgullo, cando vexo xente maior aínda que dice "ai, o forno da señora Aurora. A señora Aurora tan boa como era..." Porque ademais aquí, quedábanse... Bueno, eso había costumbre en todos os fornos, eh! Os pobres todos, daquela... Como non tiñan un seguro, non tiñan nada de nada... Pois a xentiña ao ser maiorciña, pois saía con un saco a pedir polas portas. Porque non podía traballar nin tiña outra cousa. E ao millor anque quixeran non tiñan que lle dar. Entón había moitos pobres pedindo. E donde se quedaban? Nos fornos. Donde ten a casa o Ricardo era un palleiro mui grande. Que alí era onde se gardaba a herba... a carqueixa... que hoxe precisamente celebrase a Madanela, e a Carqueixa viña da Madanela. Era co que se quentaba o forno daquela.

C: ah

A: Nos tempos dos nosos bisabuelos, quentábase coa carqueixa. Gardábana alí. Entonces os pobres... Aquí había outro palleiro, na parte de arriba. Que comunicaba... Esto era a porta que comunicaba esa ventana... Comunicaba co palleiro. Entonces aí metían a leña do forno pra o palleiro. Había un sitio que se

chamaba a sotilla, que era como unha habitación así de madeira, feita no palleiro, onde gardaban as rosquillas, porque se facían tamén as rosquillas nos tempos dos nosos bisabuelos, pa vender na romería. Entonces gardábanas alí pa que os rapaces non foran a elas. Non sabes? E viñan... Comunicábase do palleiro pra o forno, non sabes? Entonces os probes onde se quedaban? No palleiro daquí e no palleiro dalá. E no forno.

C: Que estaban quentes.

A: Que estaban quentes. Aí... no pote, aí ao lado do pote, aí aos pobres que viñan había a costumbre de lle dar o caldo e pan. E cando se acababa o caldo, que se xuntaban muitos pobres, dicía a Mamá. A Mamá Aurora poñíanos a mondar nas patatas aos rapaces todos. E nós tiñamos unha rabia! Dicíamos: "vaia! Piden pan, pero ahora temos que... " Osea, pan con patatas, imagínate o que era. Porque as patatas era algo quente, non? Entón dicíamos "ou sea que agora acabouse o caldo te temos que poñernos nós a pelar nas patatas! O pan sólo". "ai, non, non. Hai que lle dar algo quente aos pobres." Entonces dábanlle pan con... Bueno, aquí habíache unha historia... Unha historia mui larga, do forno da señora Aurora. Tódolos fornos tiñan historias, non sabes? O... Ensaíabanse os cant... Non, os reyes ensaíabanse arriba, alí na casa do David do Jafbai (?), ti conoces ao David?

C: nnon...

A: Ai, porque non eres daquí. Eso tamén, ese señor... Nunca foi á escuela, sólo andaba con unhas... ovellas no monte, i era o maestro de todo o contorno.

C: Entón a túa familia, facían aquí o pan e logo vendíano polas feiras?

A: Non, a xente que... Viñan as panadeiras. A facelo aquí, e iban a vendelo polas feiras e pola ribeira. Entonces este forno, eu recordo cando me criei, este forno non paraba nin de día nin de noite, nin domingos... Nin sábados nin domingos. Solo paraba o día de San Bartolomeu, que lle tiñan moita devoción. Seica era avogado dos incendios, e como... Ahora vés todo tan limpio, pero esto todo... había borralla por tódalas esquinas, aquí cocíase o pan, aí había o taboleiro, que lle chamaban, onde se poñía a... a levedar... Entonces... Claro! Era todo de leña, non me entendes? Era mui fácil que queimase nun forno. Entonces todos os panadeiros... En Señorín, que era un pueblo de panadeiros... E eu oía contar na casa que xuntaba meu bisabuelo de... Señorín eso e todo, e iban a misa ás... Á misa do San Bartolomeu. [Ese día non cocía.

C:[Ese era o patrón dos panadeiros.

A:S... Eu, sempre oín que era dos... avogado dos... pa que non houbese incendios, non sabes? Eu o que sei é que... era o único día que paraba o forno. Osea, día e noite. Tamén había unhos días, que era por San José e Pascua, que aquí facíanse muchísimos bizcochos. Entonces había que ter a unha temperatura... máis suave que pro... que pro pan. Eso sí. A Mamá doíalle muchísimo un brazo, como non había batidoras, batían todo a mau, e se cadra facían 50 ou 60 bizcochos o día de San José! Ou nos dous días facían máis, non entendes? Naqueles días... Medio Carballiño comía bizcochos do... Porque se lle regalaban ao avogado, ao maestro, ao cura... Todos... Levábanlle todos o rosco... Non lle chamaban roscón entón, chamábanlle bizcocho. Levábanlle o bizcocho. Entón os bizcochos do forno da señora Aurora

eran mui famosos. E víñanos facer aquí todos. E praos afillados, e pra todo! De verau iban cos bizcochos pra Madrid, a xente que viña de aguas ao balneario. A este balneario viña xente... psss! De todas partes.

C: Entón a señora Aurora é a túa abuela...

A: Miña abuela. A abuela máis marabillosa do mundo, que te poidas imaxinar. Como miña abuela era única. Si. Vivía... pra familia e prós pobres, e prao traballo. E tiña alma de artista, porque facía flores... Mira...

R: Nótase que era a túa abuela!

A: Era... Miña abuela era marabillosa. Mira,facía flores... A min contábanme as veciñas, as señoras maiores... Porque eu xa non recordo a miña abuela a facer flores. Facía flores de tela, e de papel. Cando viñan as gitanas por aí vendendo flores e dicían "esas eran as da Mamá Aurora?" "Ah, as da Mamá Aurora! Esas eran unha chafallada!". Había feito un arco pra o San Antonio, e decían... Con unhas cousiñas plateadas, estábanse siempre movendo, movendo, movendo... Había moitos anxeliños. (.) Eu estouche alargando a...

C: Nada, tu conta... Que a min todo... Todo me gusta, escoitar.

A: Mira, cando... Nos tempos nosos, e nos dos nosos abuelos máis, morrían muitos nenos pequenos. Daquela solo iban arriba os que eran duros. Non había antibióticos, nin nada, entonces a xente tiña familia numerosa, pero ao mellor de oito quedaban catro ou cinco; de doce quedaban oito... En todas as familias morrían nenos. E non había flores pa lle poñer, porque ahora todo o mundo ten flores nas casas; daquela as flores tíñanas nos pazos... Ou miña abuela, que non era rica: por aí había todo unha mata... debaixo desa parra, unha mata mui grande de hortensias, azuzenas, rosales... Miña abuela sí. Claveles... Pero a maioría da xente non tiña flores. Entonces, morría un anxeliño, como dicían elas, pois dábanlle un pensamiento e unha corona. Eso quen o fixo? De quen eran? De miña abuela, que era a que os facía, e entonces andaban pa tódolos... pa tódolos anxeliños. Dicían: andaban as coronas da señora Aurora e os pensamientos pa tódolos anxeliños. Miña abuela era unha artista!

C: Si, si.

A: Miña abuela era unha artista! Que non é... Facíanos os calcetines... Nunca lle vin facer un jersei, non o debía saber tejer, eh! Pero os calcetines, como os calcetines de compra. Igual, non se diferenciaban dos de... Dos de comercio.

C: De ben feitos que estaban...

A: Si, si. E logo xa, miña abuela, cando xa non tiñan o forno, que o forno estaba arrendado, e pasaba a vida calcetando. Tiña unha cesta, toda chea de calcetines, e despois miña nai teñíaos. Facía unha pota de eso e teñíaos todos, non sabes? E... Tiña unhas gafas, pra ler. Eu unha vez, barrendo, encontrei o cristal dunha gafa. "Ai! A lente da mamá Aurora alá foi, os anteojos, os anteojos da mamá Aurora." E non me acordei de lle dar o cristal. Pasou dous días calcetando. E ao terceiro día dixo: "Ai! Mira, non me ten un cristal os anteojos, acabo de perdelo, e ahora non vexo sin el". E dígolle á Mamá e ao Papá: "anda! Leva tres días e non se enterou

hasta hoxe!" Pero unha muller moi laboriosa: cociñaba, a abuela cociñaba mui ben; calcetaba, facía flores, facía os bizcochos, o pan... Miña abuela era única! E dábanos cariño e comprensión a todos... Criou a tódolos sobriños. Era ela e unha irmá. E un irmáu, que mataron elas, ao irmao matárono elas. (.) Non te rías! Non vos riades, que vos é en serio. O irmao era o único neno que había na familia, estaban loquiños con el. Veu tarde, xa, seica era un neno moi guapo. E bañaron o neno, e daquelas non debían estar mui acostumbrados aos baños, dicía a Mamá: "o neno morreu co baño, porque de alí a dous ou tres días morreu o neno".

C:ostrá!

R: igual colleu unha pulmonía...

A: Oíches... Non, non, eu creo que daquela a xente non se bañaba. Daquela a xente non se bañaba. E elas, estaban tolas co neno, e bañaron ao neno. E seguramente o neno colleu un resfriado... vai ti a saber. O neno seica morreu enseguida, a mamá dicía "o neno morreu co baño". E a... A irmá seica era mui guapa. Entón a irmá, morreu... Era a da Quintana, desa casa tan bonita... Esa si que é mui bonita, que hai aí arriba... Morreu a irmá e quedáronlle... cinco fillos. I o máis pequeno, pois miña abuela, iban coa irmá prao cementerio, para Longoseiros, porque o marido era de Godás entón enterrárona en Longoseiros, e miña abuela colleu co neno prá casa. Criouno... Pois comá filla dela, igual. I os outros irmaos criáronse igual aquí. Porque o pai volveuse casar, e a madrastra éralle buenísima. Buenísima, buenísima. Pero xa sabes o que teñen os rapaces. Entonces viñan... Ala, pra onda a abuela e pra onde a tía e pra onde o abuelo. Aquí ricos non eran, pero sempre había que comer, non sabes? Entonces rifábanlle... Ala, escapaban pra aquí. Osea que se criaron aquí todos, igual. Xa ves. Miña abuela criou aos sobriños, criou á filla...

C: Si, si, as mulleres...

A: Meu abuelo era emigrante... E pasou a vida... Non sei se os sobriños saben del, tamén. Desde logo tua irmá, si. Pasou a vida en Cuba, en Estados Unidos... Daquí pa alá. Cando veu era vello. (11:01) Non sabes? Recordábase moito da filla, que lle mandaba... Á abuela mandáballe cousas preciosas naqueles tempos. Aínda me recorda... cousas que había na casa de seda natural que daquela a xente noas tiña... Unha máquina Singer de coser, que a miña nai bordaba mui ben... Osea que se acordaba delas, pero, a vida...

C: Andaba polo mundo adiante.

A: Si, non sabes?

C:Mira, entón cóntame como era o tema... das festas... A que festas ibades vós, cando vistes vós a Barriga Verde? En que festas o víades?

A: Mira, as festas eran... chamábamoslle... Ás do San Cipriano chamábamoslle as festas do setiembre. Eran polo que eran conocidas. As festas do setiembre. Empezaban o 15, 16, 17 e 18; o 19 era o broche e a Saleta, alí arriba, n'Astureses. Osea, que non eran... Anque non eran do Carballiño eran... Acabábanse as festas do setiembre, acabábanse o día da Saleta. Iba todo o mundo á Saleta.

C: Unha romería...

A: Unha romería aí. A virgen da Saleta. Bueno. Entón, o 15... O que xa non estou segura é si era o 15 ou si o 14, o concurso de... de gando. Había o concurso... Sabedes donde é o cine Alameda? (.) No, non conoces o pueblo.

C: donde era, non?

A: Cerca da pista roxa, antes... No, a pista roxa queda pra outra parte, e prá parte daquí quedan columpios, tamén aí. Non hai aínda columpios? Hai, dos nenos. Como non?

R: Na pista roxa?

A: a pista roxa é pralá. E pró lado de aquí volve haber columpios.

R: Na alameda é donde hai columpios.

A: Na alameda. Vós chamádeslle ahora alameda, bueno. Porque é alameda ahora. Pois alí era onde era a feria... do gando. E na pista roxa había a feira... E dos porcos, e desas cousas. Entre a pista roxa e a Alameda. O sea que estaba metida entre o pueblo, imaginate de verau aquelo: a caca toda das vacas, dos porcos, e de todo... O que era aquelo, non? Osea que o Carballiño...

C: Pero que era, unha das primeiras feiras, así... do outono, non?

A: Non, non, non. Todo o ano! Aquí había feira o 16, i o... o último día de mes. I eran unhas das feiras millores, as do Carballiño. Ti sabes? Ademais había xente desde a mañá á noite. E pola tarde, as mozas iban ao paseo, á feira. Non sabes? Non é como ahora, que unha feira pois é como un... Un mercado deses que se acaba ás 2, ou á 1 ou ás 3. Pero daquela non. Desde a mañá, desde a madrugada, á noite, había xente. I entón... Alí había a... a feira das vacas. Era onde había o concurso das vacas. Pero despois os premios entregábanos na plaza! Na cima de todo, alí en frente do... Vamos a ver... Donde hai agora a Cruz Roja, a casa da Cruz Roja, non hai alí? Que era un dentista, o Porfirio. Bueno, pois alí mismo, na cima da plaza, alí mismo, na cima da plaza, era donde se entregaban os premios. Desfilaban as vacas pola... pola calle... E entregábanse alí os premios. Despois, o 16 chamábanlle o Feirón. O 16 i o 31 de... de diciembre, era o Feirón. Porque eran as dúas feiras millores do ano. (14:12) En diciembre, porque era a feira das Cebas, cando a xente vendía as cebas...

C: que son as cebas?

A: Os porcos cebados.

C: Ah! Vale.

A: Os porcos cebados, entón a xente compraba os porcos cebados, non había granxas, nin había carnicerías que vendesen, nin nada.

C: Cebábase nas casas...

A: E íbanse vender. E o 16 tamén era o feirón. O 16 non cabías na calle. Era imposible coa xente que había. Porque viña a xente da montaña i a do Ribeiro.

C: E había gando, pero habería tamén máis cousas a vender, non?

A: Si, si, si. Era unha feira que había de todo! De todo. Para eso si que necesitabamos o día, porque había a feira das galiñas, alí en frente da... Na plaza Emilia Pardo Bazán en frente da... Pastelería Cerviño. Alí era a feira das galiñas. Había a feira dos huevos, no fondo da plaza. Había o Rianxo, a feira das cebolas, que esa é en maio, pola avenida, por alí por onde está o Derby, por onde a plaza de abastos. O sea, a feira si que necesitarías un día pra describila. Un día non, pero polo menos hora e media. Entón, o 16...

R: hai muita diferencia! [río]

A: Bueno, entendámonos, así a grandes rasgos. O 16 a xente pois... Iba á feira.

C: A xente de todas as parroquias do contorno...

A: Todo! De todo, pero estouche falando do Ribeiro, desde Ribadavia, que despois... Antes eran as festas do Portal de Ribadavia, que collían o Ribeiro todo; acabábanse as festas do Portal... Estouche falando de xente que viñan desde Leiro! Que viñan... De Cabanelas, de Banga, de Anllo, de Gomariz... De despois a parte toda da montaña, Santa Eugenia, a Piteira... Toda esa parte! Moldes, Boborás... Toda, collía toda esta zona... Xa vés, non se cabía no pueblo. Entón, había, na plaza, había as tómbolas, que lle chamaban... Agora dicimos as barracas, pero daquela eran... Dicían "son as tómbolas!". Había un barullo que non había quen parase.

C: Na plaza maior?

A: Na plaza maior, hasta abaixo por alí por donde está o... Como se chama aquela cafetería que hai? Non. (.) Como é aquela cafetería que está antes do... Ai, ai, ai, ai, ai.... Si, hombre. Traballaba alí o Manolo Sastre, bueno, ti eso xa non tacordas. Pois mira que non macorda ahora... Na cima do... Do Tino, non sabes a cafetería do Tino? Do bar Nuevo, antes de chegar ao bar Nuevo. O bar Nuevo que daba... pola parte dabaixo...

R: Pero estás indo pola rúa principal arriba ou abaixo?

A: Abaixo.

R: Osea, máis abaixo do Capri?

A: O Capri queda vindo pra Mesego!

R: Queda na esquina.

A: Na esquina, pero eu estouche falando da praza pra abaixo. Sabes os calzados Roberto? Sabes os calzados Roberto?

R: Ah, da plaza cara o concello.

A: eso, todo aquelo, desde a cima... Desde arriba, desde a calle hasta abaixo, todo barracas.

R: Toda a praza maior...

A: E tamén as había na outra pista, por alá pola pista roja tamén había... Osea que estaba... Na Alameda, non sabes? Por tódolos sitios había... tómbolas. Había

caballitos... Había... barcas, voladoras... Que máis había daquela? Os fantoches eso era... Se un neno non o levaban aos fantoches, ese neno non podía decir que fora ao setiembre. Os fantoches estaban por abaixo da Pita, do estanco da Pita. Antes de chegar á taberna do Moucho. Alí nun espacio que había... I era, pois unha barraca, con toldos. Imagínate que os rapaces que quedaban fóra picaban con alfileres aos que estaban dentro! Porque dentro estaba así, a piña [xesto de mans moi xuntas]. E meu pai dicíalle a miña nai: "entras ti cos rapaces, porque eu entro coa carteira e salgo sen ela".

C: Xa.

A: Non sabes? Bueno, entón, fóra había un... Como un pallaso, así todo pintado... Ah! O Traga Estopas, que botaba lume pola boca!

C: Efectivamente.

A: Tragaba estopas... Aquel si que nos tiña hipnotizados... Teu pai deso aínda se acorda millor ca min, eh! Do Tragaestopas. Mira, entonces botaba lume pola boca. E estaban... E con unhos platillos, e un bombo, alí fóra. Non sabes? Unhos platillos e un bombo. A señora dos fantoches era unha señora guapa, alta, boa moza. Gorda... Daquela, as que estaban gordas estaban máis lucidas, máis guapas, non sabes? Pois entrabamos dentro...

R: Toma nota, eh! [rio]

A:... entrabamos dentro e empezaba a sesión, non sabes? Eran marionetas. Nós chamábamoslle fantoches. I había o cura... Había... Quería o bacalao: "queres bacalao?" Pum, pum, pum, pum! Dábanlle con un pau... E despois... E había o Demo... E o que me acordo é, si, cando se acababa decía: "acabouse... Morreu o Demo e acabouse a peseta!". Que era o que costaba a entrada, non sabes?

Co: Costaba unha peseta.

A:Unha peseta. "Morreu o Demo e acabouse a peseta". Era caro, xa para daqueles...

C: si, porque unha peseta...

A: Meus pais dicían que fixeran... Non sei, oiríano comentar, por alí. Que aquela señora, que fixera muchísimos cartos. (19:15) O que pasa é que unhos dicían que era de Pontevedra e outros d'Orense.

C: mmm

A: Non sei.... se a señora dicía que eran de Pontevedra porque todas as tómbolas eran dos de Lérez. Dicía o señor Miguel: "Ala! Gardar as carteiras, que xa están chegando os de Lérez!" Quince días antes das festas do Setiembre.

C:Teñen esa sona?

A: Tiñan. Home, habería de todo, non? Dicíase que os de Lérez todos eran carteristas, había... habría outros que non eran. Pero tiñan... Entonces o señor Miguel, que era un veciño mui simpático, dicía: "gardade as carteiras, que xa están chegando os de... os de Lérez".

Comba: entón.... Tu ibas cos teus pais?

A: Si. Íbamos cos pais, porque oye; non podías... Era unha aglomeración de xente grandísima, eras pequeno... Precisamente o pai de Ricardo perderase nunha festa desas, de Setiembre. Na feira... Estaban comendo pulpo meus pais e outros veciños, pola parte de abaixo dos fantoches. Na famosa... Na famosa esa taberna do Moucho, que era... unha señora moi limpia, moi disposta. Tiña muchísima xente. Que era a nai dos Garrigas, non sei se che soa a... Gestoria Garriga...

C: Non...

A: Como non eres daquí non che sona. Pero bueno... Entonces meus pais estaban comendo, i os veciños, non sabes? I eu non había ido, se conoce que como era pequeniña aínda quedara con miña abuela. I el, saliu afora, a ver os fantoches, a ver... Non sabes? Como alí todo era... festa... E cando se descuidan, desaparece o neno. Entonces mobilízase todo o pueblo. Como... Todo Mesego estaba na feira, unhos iban vender unha cousa, outros outra, outros... A feira era de todos, era todos... Mobilízanse... porque a festa... Á festa iban á tarde, á mañá iban facela feira.

C: Tamén iban vender algo, ou iban solo á feira?

A: Mira, meus pais... Meu pai compraba xamóns. Pero á feira non os iba vender. Non sabes? Que non iban... Agora, cando tiñan gando pra vender, porque a veces tiñan touras, chamábanlle eles. Tiñan... As vacas da casa, pois... non se vendían, ou sea, que estaban pra facer o traballo, pra leite e pra eso todo, solo si unha vaca salía mal, ou... Pero había touras, que criaban touras pra vender. Eso si. E posibilemente foran vender unha toura, non sabes? E os veciños tamén posiblemente. Ou un becerro... Algo. Porque os porcos nese tempo non se vendían.

C: Vendíanse despois en diciembre.

A: Si, que en diciembre... criábanse no... cebábanse aí no forno e vendíanse. Pero nese tempo non.

C: Entonces aparece o neno. Mobilízase o pueblo enteiro... Toda a feira... "ai, falta o neno do Forno! Falta o neno do Emilio, ai, falta o neno do Emilio!" Todo o mundo mobilizado, xa pasaban os recados de unhos a outros, todos en busca do neno... Donde aparece o neno? Na carretera do Irixo, que estaban unhas Mesego do Cabo, osea, de Mesego do final... Que vendían fabas, que andaban nas fabas. Bisabuelas del Juan, también. Aquí todos éramos parientes. (22:04) Entón, unha señora, unhas señoras que eran de hacia o Irixo encontraron ao neno, chorando. "Neno, e logo ti soliño?" "ai, pois perdín á mamá e ao papá". "De donde eres?" "Eu son de Mesego". O neno xa falaba. Entón elas: "ai, de Mesego, entón hai que levalo onda as das fabas, que son de Mesego. Chegaron e xa estaba todo contento, comendo un racimo de uvas, que estaba coas señoras dalí. Sempre falaban, eu era moza e aínda seguían... "O susto que nos diu!" O sea, que era unha aglomeración tan grande de xente! Que era... Xa vés! Xente de toda a comarca.

Comba: claro.

A: i había o alumbrado. Eso tamén. Eso era outra cousa... "Hai que ir ver o alumbrado".

Comba: Que se comentaba muito, non?

A: Claro, porque... mira: Nas aldeas non había luz. A min recórdame, poñer a luz nas casas... Aínda me recorda a min. Era mui pequeniña, mui pequeniña, pero teño idea aínda, que pola noite... pola noite, á noitiña... Enchíanse os depósitos, preparábanse os depósitos de carburo. Que se colgaban... Na ventana colgábanse os depósitos de carburo, non sabes? Colgábanse os depósitos. E había moita xente pois que tiña un... candil de gas, porque non tiña pa petróleo, non sabes? Entonces tiña un candil de gas. Nós de gas tamén tiñamos un... Unhas veces tíñamolo de gas, e outras cunha veliña, que sinto moito quedar sin eles. Porque... andábamos do forno pá casa, porque nós vivíamos un pouquiño máis adiante, e andábase co candil. Como nos camiños non había luz! Andábase co candil, non sabes? E claro, imagínate ti, ir ao Carballiño, que era todo iluminado, toda a calle iluminada, con luces de colores... A xente iba a velo... iba a velo fuego, que botaban as ruedas. Vós, as ruedas téndelas visto? [Son baixas. É fuego baixo.

C:[Non as vin nunca...

A: pois, oye, eu non sei o ano pasado, non sei se non as botarían...

C: que se encenden e entón dá muitas voltas, non?

A: si, si, muitas voltas, pero con figuras, non sabes? Pois mira: as ruedas, iban ver as ruedas; iban os nenos aos fantoches, e iba... E máis, todo o mundo ver o alumbrado. Estouche falando de que a xente viña de Cabanelas... Cantos kilómetros queda? Seis-sete... Tranquilamente sete. E se vivían no fondo de Cabanelas, escuso dicirche. De Gomariz imagínate a cantos!

C: viñan a pé?

A: A pé... Pero estouche falando... Viñan cos nenos, e coas cestas das cenas. Nós sempre cenábamos no Carballiño, debía por non ir cargados, que sempre cenábamos alá, pero a maioría da xente... Outra tamén non a levaba, eh! Tamén comían nas tavernas... Que non íamos a hoteles, íamos de taverna, que era máis barato. Pero a maioría da xente... Había tamén xente que ía comer ás tavernas que non o levaba, pero a maioría si: iban coas cestas cargadas, e cos nenos. No colo! Uns pola man e outros no colo. E despois cando se acababa o fuego ás tres da mañá, estaban as mais todas debaixo dos soportales, pobriñas así cos nenos no colo, durmindo os nenos, eh? E despois, cara a... coller outra vez cos nenos, eses sitios. Que aínda dicían "ai, que ignorantes!" Ignorantes por que? Hai que pensar que se non viñan ás festas do Setiembre... Unha televisión non a había, un aparato de radio tampouco... O sea, non vían unha luz (no pueblo na tiñan), non vían un... un fantoche, que non sabían o que era un teatro, nin o que era un títere, nin o que era unha cousa desas...

C: Era o acontecemento máis importante...

A: Era. Era. Máis... Oye... Se nós hoxe vamos... Si diría, o espectáculo máis importante do mundo non nos é tan... Tanta novedá! Porque ao fin e ao cabo xa estás acostumbrada a... Pero entón non! Entón dicían "que ignorantes, co aqueles nenos así gardadas..." Era a única maneira que tiñan de ver algo!

C: Eso quen o comentaba?

A: Eso vivino eu! Eu teño setenta e seis anos, nena, eh!

C: non, pero quero dicir... quen eran os que lle chamaban ignorantes aos outros?

A: A xente. A xente daquí cercana.

C: A xente... que se creía máis...

A: Máis de ciudad. Éramos de aldea coma eles. Pero como estábamos aquí cerca... Aquí coller un neno no colo, ou levalo... [dille a Ricardo:] Vaise o Juan, non tes que falar con el? Ai é ighual.

Mira: aquí, como... un neno... vamos a ver. Coller un neno no colo ou collelo pola man daquí ao Carballiño, relativamente... Era cerca, non era tanto traballo. Entonces non se... "mira vir desde alá, desde Cabanelas, co neno ao lombo!". "Mira a vir desde tal..." Non sabes? Pero eu agora doume cuenta, que si, que... Era a única maneira de que os pais e os fillos; ademais xentiña que traballaba todo o ano, de sol a sol. Pst! Non había un horario, como hai agora!

C:mmm

A: Oye. Era normal que quixesen tamén ter un momento de asueto. Divertirse un pouco e ver algo.

C: Porque... A Barriga Verde ti recórdalo só... no Setiembre?

A: Si. Ai, non viña noutras fechas.

C: Non viña noutras festas.

A:non non non non non. Eu e todos.

C: E chamábadeslle así, o Barriga Verde?

A: Os fantoches. Tamén se chamaba Barriga Verde, tamén se decía, non? Pero o máis eso era... "Ai! Logo vén o setiembre para ir aos fantoches" Dicíanlle aos nenos. "Ai! –ao mellor a un neno- como t... Mira! Como seas malo, ti aos fantoches non vas!" Era un castigo, non ir aos fantoches.

C: pero iban sólo nenos, ou iban maiores tamén?

A: e maiores, os nenos non iban solos, os pais iban cos nenos. Os pais iban cos nenos aos fantoches. Os pais, ou un tío, os abuelos ou... Non sabes? Alguien. Pero...

C: eles solos non.

A: Non.

C: Igual os un pouco máis maiores...

A: Bueno, ao ser maiores, eu non sei, porque despois ao ser maiores xa volábamos...

C: Xa non íbades?

A: Posiblemente non.

C: porque tu cantas veces terías ido?

A: Ui! Desde que nacín, desde que teño uso de razón, eu acordo siempre os fantoches!

C: mmm? Fuches varias veces, logo?

A: Varias? (.) Xa che digo, ao chegar as festas do Setiembre íbamos aos fantoches. Eso...

C: E recórdalos sempre iguales ou había algo... ?

A: Non, sempre iguales, sempre sempre. Siempre era o mismo espectáculo. Siempre, siempre. Siempre era o Demo, siempre era o bacalao, siempre era o pao... Siempre morría o Demo, siempre andaban a paus...

C: E había... Estaba o cura... ?

A: O cura... Oye, o que non me recordo... Teu pai si que seguro que se recorda, o que lle daba os paus ao... ao Demo. Mira ti, que non me recordo como se chamaba ese personaxe...

C: O personaxe que lle daba paus a todos, non?

A: Claro, ao Demo.

R: Sería Barriga Verde?

A: Nós Barriga Verde chamábamoslle ao que... Posiblemente era o Barriga Verde! Porque, oye: o que estaba fóra nós dicíamos que era o Barriga Verde, pero posiblemente, o... Fóra era o Traga Estopas.

C: mmm

A: Ese era o Traga Estopas. Posiblemente era o Barriga Verde o que lle daba ao...

C: I estaban, o que estaba coa cara pintada na porta, a señora, e non había ninguén máis, por alí?

A: Mira, aquelo todo érache unha... Unha empresa. To... Mitá do... do Setiembre, como lle chamábamos nós ás festas... Non ves? Despachaban uns no sitio dos outros, andaban... andaban todos mezclados. Osea que ao mellor nun momento había dous ou tres e noutro momento... (.) Non sabes? Pero os principales eran: o Tragaestopas, co... co bombo e os platillos, a señora esa, que a señora era a... a da taquilla, bueno a...

C: A que cobraba entrada.

A: Si. Non sabes? Eso si que me acordo.

C: E entrábades... E dentro sentábades nalgún sitio ou estábades de pé?

A: Ai sentarse... ti toleaches! [rio] Mira, eles tiñan como un... (.) Como che diría eu? (30:00) (.) Vamos a ver, máis alto que esa cheminea, non? As marionetas por atrás. Non me entendes?

C: Si, si, si, si.

A:As marionetas por atrás, non sabes? E nós todos alí mirando, todos así apiñados, apiñados, apiñados...

C: E que sería? Unha tela, ou de madeira?

A: O que si que xa non consigo... eu penso que tiña por abaixo unha tela. Eu penso que tiña unha tela, non sabes? E despois... este... vamos a ver, como se fose así un... por atrás [explica con xestos] Estaría a esta altura. Bueno, tiña que estar alto para que visemos todos...

C: pa tapar un home, tamén, non?

A: Si, e pa vermos todos. Entonces, por atrás, era por onde estaban os... actuaban as marionetas.

C: ahá

A: Non sabes? E nós todos así... todos así... Apiña que... Mira, cantos máis entrásemos, cantos máis... Se cabíamos douscentos non entrábamos cen. Personal sobraba, porque eles tiñan siempre xente! Estabase así [xesto coas mans, de apiñamento]. Había que esperar moitas veces pra entrar! Ou sea que apiñados, apiñados, apiñados, apiñados.

C: E chegábades e facían fantoches?

A: SI

C: solo fantoches. Non había... [actuacións de outras cousas...

[A: Nada máis. Non. Eran fantoches, eran fantoches, non sabes? Eran fantoches.

Despois empezaron a abrir outras barracas máis modernas, había outra que era... eléctrica, así todo eléctrico que... había xa moitos... Non sei como se chamaba aquela, aquela foi máis tarde. Aquelo... Era unha novedá, cobraban unha entrada carísima! Eu fora coa mamá e co papá, pero eu xa era... Daquela xa era maiorciñas, que xa andábamos muitas veces así solas, non sabes? Seguramente me levaron porque era a entrada cara e... Eu que sei; vai ti a ver.

C: e como era aquela outra?

A: Si, pero aquela non consigo recordala tan ben. Recórdome que había... Unha mirándose ao espello, outra... E facíanos gracia, porque claro, eran movimientos, todos, e entonces... Como non estabas acostumbrado...

C: que serían, como autómatas? Como muñecos... [mecánicos?

A:[Si, claro. Eran muñecos mecánicos pero claro, daquela nós non estabamos acostumbrados a que se movesen as... as cousas, non sabes? Había por exemplo, un

señor que estaba facendo no... no lume... E caíalle o pantalón, non sabes? E víase o lumiño... Esas cousas, non sabes? (.) Si, eso sí. Había o dos espellos, eso xa o había siempre, o dos espellos, non sabes? Ai!!! Reíamonos muchísimo, daquela xa éramos... xa íbamos solas, e... Ai! A unha que lle facía a cara ancha, a outra alargada... Xa sabes, o dos espellos, eso. Había o... Pero eso xa era máis tarde. Ou se o había antes eu non o... o tren da bruxa... que entrabas dentro e dábanche escoba. Escobazos, pero eso xa era...

C: pasar medo, alí...

A: Si. Pero eso xa éramos nós xa...

C: Xa íbades só.

A: Eso, xa íbamos solos, eso xa nada. Os caballitos, os caballitos tamén. Os fantoches e os caballitos; eso era algo dos nenos. Os cochitos xa viñeron máis tarde aquí. E por exemplo, os caballitos, eran sólo os caballitos, porque a min recórdame que a primeira vez que fun a Orense, que tiña dez anos (cando hoxe un neno aos dez anos xa foi a Madrid). E, nunhas fes... Eran as festas de Corpus, e entonces había... O coche de bomberos... Ai, eu fun nun coche daqueles de bomberos. Era como os caballitos, igual. Pero había bomberos, había... Xa nos facían máis... muita gracia. Aquí solo viñan os caballitos. Despois viñeron os coches eléctricos máis tarde, xa... Eso xa era... Xa éramos mozas cando viñeran. As barcas si. As barcas si que as houbo siempre. Pero nós aquelas barcas voladoras! Non nos deixaban ir... Porque nosa abuela, nosa mai tiña medo si levábamos un golpe... Entonces as barcas voladoras... Taba prohido irmos. Había outras máis baixiñas. (.) Había o venyven! Tamén daquelas xa nós íbamos solas. O venyven, que era como un queixón, iba e viña, iba e viña, eu levanteime unha vez máis mareada ca pouco...

C: como un columpio, entón?

A: Era como un caixón, mui grande. Como esta arca, máis ou menos. E entón, íbamos... Iban e viñan, iban e viñan, íbamos e víñamos... Eu cando salín dalí mareadísima de todo. Había as montañas rusas, tamén. Pero eso xa todo... de máis grande. I eu, de pequena tamén eso non o recordo, porque eu a esas cousas de pequena tamén anque as houbese non nos deixaban non nolas deixaban ir. Non sabes? Entón non...

C: Ousea, de pequenas... I esto... ti ibas cos teus pais, íbades cos teus pais... á feira?

A: Non. Pola mañá iban os nosos pais á feira. Nós pola mañá quedábamos na casa. E despois pola tarde... Ïbamos á festa, e a velo fuego... Hasta as tres da mañá non víñamos pá casa.

C: E a Barriga... aos fantoches a que hora iríades: pola tarde, pola noite?

A: Pola tarde, os fantoches era pola tarde. Os fantoches funcionaban de tarde e de noite. Pero xa... penso que funcionaban pola mañá porque había nenos, que eran de lexos, que xa viña pola mañá á feira con seus pais. Non sabes?

C:Claro, aproveitarían...

A:Tiñan que funcionar porque a min recórdame unha señora (...), unha abuela, a pasar coas netas, e entonces dicíalle: "lévoas aos fantoches, porque despois van os pais á tarde". Entón xa tiña que haber pola mañá fantoches. Pero pola mañá si que non recordo nunca ir... Non sabes?

C: Entón, na obra de Barriga Verde... Que había un personaxe que batía en todos...

A: Si, porque o outro dicía bacalao, bacalao, bacalao... Queres bacalao? Bacalao, bacalao, bacalao!

C: E a vós eso facíavos gracia...

A: Hombre! (.) Cousas de críos...

C: Pero aos maiores tamén lles facía...

A: Aos maiores non sei se lle facía gracia o vernos a nós rir tanto.

C: Porque tamén daquelas... Eh... Bater nun cura... supoño que sería...

A: Non, ao cura non se lle pegaba. Ao cura... O que pasa é que eu... o espectáculo non o recordo ben como era. O cura tiña que ser o que botaba a bendición.

C: Ahá

A: [a Ricardo] Estou segura de que teu pai a recorda millor.

C: Botaba a bendición... Ao espectáculo?

A: Non, non. Aos... Ás marionetas aquelas todas, non me entendes?

C: ahá

A: Imagínome que cando o outro lle pegaba, pois... botaríalle a asolución. Eu eso xa...

C: Cando morría...

A: Si. Eu eso xa... Eu, o que me recordo é máis do pau... "Queres bacalao, bacalao, bacalao..." Eso si que me recordo. "Morreu o Demo, acabouse a peseta". Eso tamén o recordo...

C: Porque aí acababa o espectáculo.

A: O espectáculo, si.

C: E acórdaste dun touro?

A:[baixando a voz, como se lle custase lembrar] Eso foi máis tarde... O touro. Que eu non iba ao touro. Qeu se poñían no touro e caían... E... non sabes?

C: Si, pero digo nos fantoches...

A: Ah! Nos fantoches había un touro! Había un touro, ai... pois si que había un touro, nos fantoches. Había un touro, nos fantoches. É que eu teño o espectáculo bastante olvidado xa, eh!

C: Home, si eras tan... Eras pequeniña, entón...

A: Era pequeniña pero despois xa era maiorciña, podíao recordar mellor, eh! (.) Había un touro!

C: que toreaba...

A: Si, si, si, claro. Claro. Aquí vou preguntar a meu irmao, como era o... Si, si, si. Si que había un touro.

C: E vós, claro, víades a obra unha vez no ano, no setiembre...

A: e nada máis. Nada máis. Era na única fecha que viña.

C: E despois... Tíñades algunha outra... Non sei, algunha outra atracción, ou íbades ao cine...?

A: Mira, nós empezamos a ir ao cine, pois mui pronto. Eu a primeira película, a primeira vez que fun ao cine, fun en Marín, porque aquí...[Mesego enteiro íbache a Marín.

C:[en Marín?

A: De verao, á praia.

C: Ah, si?

A:[susurrando] Ai, si che conto eso! [río] Tes apuro?

C: Non, eu non. [rio]

A: Os nosos abuelos, e bisabuelos... Aquí todo Mesego, todo o pueblo iba a Marín. A xente, era un pueblo pobre, andaba traballando nos eidos, andaba como podía... Bueno, é un pueblo obrero, un pueblo... Ah, pero a Marín íbase. Iban nos carromatos...

C: anda....

A: Entón non había coches. E había... Ao mellor tamén influía que aquí había dous ou tres señores que tiñan carromatos, que era como decir os camioneros, non sabes?...

C: Claro, porque andaban por aí adiante...

A: Claro! Iban da montaña ao porto. Levaban, por exemplo, de aquí patacas, e traían de alá a sal, traían as velas...

C: A Vigo?

A: A Marín. Aquí iban a Marín. Debía ser o sitio máis cercano. Entonces levaban, produtos de montaña e traían produtos de... de mar, non, que as velas non serían, pero virían nos barcos, digo eu.

C: Claro. Si...

A: Traían produtos do...

C: Si, porque o sal daquí non era.

A: A sal... Oye, eles traían a sal. Traían... Osea, traían produtos dalá, e levaban produtos daquí. Un intercambio, non sabes? Entonces tiñan unhas... mulas, yeguas... Non sei.

C: Animais de carga.

A: Si, bueno, que eran os que se encargaban... E había dúas ou tres casas, dous ou tres señores, que dicían: eran arrieiros. Cos cabalos, e máis tamén tiñan os carromatos. Primeiro era un carro de arrieiros, e despois cos carromatos. Entonces iban, collían a ruta esa, e iban a Marín. E que pasaba? (...)a Marín ao vir o tempo dos baños, como dicían elas: iban unhas e viñan outras. Beixaban alí á Profesional, ao instituto que hai alí abaixo; aquí hai un instituto.

C: mmm

A:E no fondo había unhas faias... Púdolle quedar a cabeza descansada a quen as mandou cortar... Unhas faias... Mira, eran tan grandes e tan... aquelas faias. Debían ter douscentos anos, aquelas faias, que marabillosas eran. No outono poñíanse preciosas. Entonces, botaban a noite enteira carrexando as cousas prás faias. Dicía a mamá, os pequenos levábamos as cousas que pesaban pouco, e os grandes levaban as cousas que pesaban moito. Levaban... Había un caixón na nosa casa que ese seica levaba pra medio pueblo, porque era mui preparadito de carpintería. E alí era onde levaban a roupa. (40:11) Despois levaban a bota do viño, levaban o saco das patacas, levaban o lacón, levaban os chourizos, levaban os huevos. Levaban todo daquí! Por iso iban, que senón, imagínome eu que non terían cartos para gastar. E despois, con dúas cadelas que levaban, traíanlle regalos pra alguien que non fose. As sobrecamas, que lles chamaban elas ás colchas... As primeiras tinas de lata... Porque a xente iba lavar ao río e levaban a roupa en cestos. Non había tinas, nos tempos das nosas abuelos.

C: mmmm

A: Entonces as primeiras latas... AS primeiras tinas de lata, viñeron de Marín. (.) Traían as botellas de ginebra, que na nosa casa había tres, que sólo quedou unha, que se rompe esa xa si que... Dios mío! Que eran, as que se poñían de noite na cama, con agua mui quente, que conservaban a calor desde a noite hasta a mañá. A mamá cambiáballe tres veces a agua, metía... E conservaban toda a noite a... a calor. Porque esas que se ven agora por aí nas feiras e por aí a vender, de barro, esas son porosas. Aquela era un... Eran oscuras...

C: E bebíase a ginebra e...

A: E a ginebra, por que as traían de Marín? Porque os mariñeiros bebían a ginebra, entonces...

C: Viría de Inglaterra, ou de por aí.

A: Claro. Entonces elas, traían de regalo as sobrecamas, como dicían elas, as botellas, e as tinas. Osea, que aínda traían regalos.

C: E canto tempo se botaba alá?

A: Pois voucho dicir! Botaban pouco menos tempo no camiño que alá.[río]Salían de aquí... Dicía a mamá, salíamos na madrugada, pero aquela noite xa non durmíamos, carrexando as cousas pró carromato. Porque os carromatos non podían subir arriba, porque eso era unha costa, a Pedriña, agora hai carretera, pero era un... non daban subido, entonces os cabalos traíanos arriba, a... A descansar, e a comer, e a beber. Pero despois, os carros deixábanos abaixo.

C: Alí nas faias, non?

A: Enganchaban os carros, e marchaban todos. Cando chegaban a Brués, a un pueblo aí a unhos kilómetros, empezaban a dicir os rapaces: "oi, eu que fame teño!" E outro dicía: "que fame teño!". E dicían as nais: "claro, xa lles chegan os aires de Marín, xa lle abren o apetito". E a mamá decía: "o apetito? Eran as fiambreiras, que levaban as tostadas, e as costilletas, e aquí só se facían as costilletas cando enfermaba alguien, e as tostadas pola Pascua. Entonces levaban pró camiño as fiambreiras coas tostadas e coas...

Comba: costilletas...

A: ...costilletas, e era o que lle abría o apetito! E as mamás decían: "xa lles cheiran os aires de Marín". En Brués! Si. E despois chegábamos a... a Vichocuntín... No, non sei si era en Cerdedo. Bueno, nun sitio deses de por aí facían noite, quedábanse nun palleiro.

C: Xa fixeran un día enteiro de viaxe?

A: No, salían de madrugada, e iban andando hasta non sei se era Vichocuntín, Cerdedo, ou por aí. Bueno, alí quedábanse, nun palleiro. As bestas descansaban, bebían e comían. E eles cenaban. Cenaban, facíanlle a... cena, nós puñémoslle touciño, uns chourizos, e as mulleres, había alí unhas paviñas, que sabían que non sei... facíanlle o caldo, como unha potaxe! (43:21)

Cenaban todos. Durmían alí. Na madrugada, levantábanse, lavábanse e marchában hasta Marín. Pero ao chegar á Estribela, xa se beixaban dos... dos carros, e xa escapaban, unha co touciño, outra cos chourizos, porque había que pagar un fielato na entrada de Marín. E para non pagar o fielato escapaban coas cousas polo camiño. Non sabes?

C: xa, xa,xa...

A: pero antes (43:50) de chegar a donde se quedaban, xa polo camiño dicía mamá: "non quedaba nin unha mazá nin nada en todo o camiño." Porque por costas arriba... beixábanse. Sólo quedaban os vellos e os nenos no carromato, os outros iban a pé. E entonces íbamos, iban a xente ás mazás, por donde había ao rededor, non quedaba nada polo camiño.

C: Por onde pasaba, arrasaba!

X: Non me digas que non era divertido! (.) Despois chegaban alá... E se escapaban. Ah! E iban a buscar pousada, decía a mamá; nós ibamos prá casa da señora Manuela, xa íbamos siempre. Pero... a maioría da xente iba tódolos anos, e nunca

tiña unha pousada fixa. E iban pra unha pousada, naquela roubábanlle unhas patatas ou eso... Ala! Arramplaban coas cousas pra outra casa. [ri] Ousea que non pasaban os baños completos moitas delas.... Dicía a madriña, e a María... Bueno, así por moitas dicía: "iban pra unha casa, iban tamén para onda Señora Manuela, pero elas dormían nunhas camas de cordas". Que siempre tuven curiosidá por saber como serían aquelas camas de cordas. Dicía, "porque lle eran máis baratas". Entonces elas durmían, durmían dúas ou tres nunha daquelas camas de cordas. Nunca soupen como eran. Nunca soupen como era esa cama!

C: Sen colchón...

A: Eu que sei como era! Nunca... Siempre tuven curiosidá, e nunca soupen como eran. Entonces a mamá decía... Nós íbamos prá casa da Rosalía, da señora Manuela, que era unha casa de confianza, ou sea, se (...) dunhos anos pa outros. Pero as outras... Claro, seríalles máis baratas, facerían como... como podían.

E despois había os protestantes! (.) Entón, dicía... Os protestantes tiñan unh sofá de terciopelo; elas acostumbradas a sentarse nun banco... Dicía " a Felisa iba siempre ás cerimonias dos protestantes porque botaba cada sono naquel sofá..." [rimos] Mira, era de película!

C: Alí en Marín?

A: Era de película, ir a Marín, non me digas!

C: E logo bañábadesvos, na praia?

A: Bañábanse... miña abuela... No, eu cando... Nós tiñamos traxe de baño, e miña nai tamén. E miña nai debía ser a única no pueblo que tiña traxe de baño, porque aquel traxe de baño en todo o verao non paraba nada. Viña miña nai e levábao Fulana, viña Fulana e pasáballo a Citrana [ri] . Y era siempre o mismo traxe de baño, da abuela, un traxe de baño azul. Oye, canto sentín tirar con el! Que eu despois tirara con el porque estaba... vello; mira, tenme pesado moitas veces, e decía, pa que o tiraría! Era un traxe de baño azul, tiña así unha faldita... Era un pantaloncito corto e unha faldita así, de punto. E de tirantes, de tirantes máis ou menos como son ahora os nosos, como pode ser... non sabes? Pero despois outra xente envolta nunha sábana, as da montaña sobretodo... Pero outra xente... Envolta nunha sábana. Decía mamá: "levaban cada susto!" Porque despois coa sábana non se...

C: Non se movían...

A: Non se movían, e creo que... Que bueno. Tan siquera que se bañaran coas bragas, muller! É así! Pero mira que coas sábanas! Envolvíanse nunha sábana...

C: E eso en que época era? En que época íbades a Marín?

A: No, cando eu fun, nós íbamos en coche.

C: Quero dicir, en que época do ano? Iban en agosto...?

A: Non, en verao. En julio e agosto.

C: Julio e agosto?

A: Si, si. Cando... En Setiembre chamábanlle outonizas, as que iban, tarde, non sabes?

C: Pero esas eran as da montaña, máis, as que iban...?

A: serían, ao mellor, ao recolleren os frutos, ou así. Pero tamén iban no tempo de... en julio e agosto, cando iban os de aquí, qu'a mamá falaba de xente que... iba de aquí, non sabes? Oye, nós cando íbamos era distinto! Era outra época, xa había coches. Estouche falando do tempo que iba miña nai, miña abuela, miña... Y a que non podía ir mandaba os rapaces por unha veciña, pero non había un rapaz... non había un que non quedase sin ir a Marín, neste pueblo! (47:32)

C: Mira, entonces vós, [as diversións que había...íbase ao Carballiño?

A:[Ai, nós íbamos ao cine.

C:...ao Carballiño. Aquí... Mesego, chámase?

A:Mira, aquí houbo baile. Ao final do pueblo, na casa da señora Regina. Na casa da abu... da nai, do Lucho. Máis ao final, unha casa que está arreglando ahora... a filla do Lucho, alí, recórdame a min haber baile, aínda. Nós éramos daquela aínda rapacitas. E si que había baile. E na casa da señora Regina, que eran o... precisamente a señora Regina era a que tiña o baile alá, que non era a casa dela. Despois cando fixeron a casa aquí tíñana aquí. Ao mellor aquí polas festas de... Aquí, a Santa Lucía, que era mui famosa, en diciembre. E se chovía pois, despois que fixera un señor a casa alí, o pai da Olga; pois tiñan ao millor baile alí, se chovía, que non podían bailar fóra. Pero senón aquí, pois era... ao Carballiño, onde se iba.

C:mmm

A:Eu a primeira vez xa che digo, fun a Marín. Ao cine fun a Marín. E despois, íbamos, sempre nos daban os cartos pao cine; non sei se era para nos quitar da casa, pero tíñamos qu'ir á sesión infantil. Non nos deixaban ir á de tarde porque senón pasaba tarde. Entonces ás tres e media [bate palmas marcando velocidade], os domingos coma frechas. E os días de feira tamén; non tíñamos clase pola tarde, ían os maestros á feira, entonces o día de feira tamén íamos muitas veces ao cine. Pero senón pola semana, non. Despois de maiores íamos a veces pola semana, pero de pequena non.

R: e fuches ao cine antes en Marín que o Pabellón Neira aquí?

A: (.) Si. Porque eu tería tres anos cando fun ao cine en Marín. Touche falando... Oye , estouche falando de ir coas nosas parientas, coa Rogelia e coa Elvira Millera, elas eran mocitas, e levárenme a min e ter que saír comigo porque eu... que estaban matando a unha muller, si e eu... e entonces tivéronme que quitar pra fóra, non sabes? Osea, nunca había ido ao cine. Pero despois si; despois íamos aquí ao Neira... Que o Neira era de tablas, eran os asientos de tablas, como había os pupitres alí na escuela, non sabes? Na escuela. E había... Pra diante eran bancos corridos. Uns bancos e... Poñíamonos todos naqueles bancos, empezaban a empuxar unhos aos outros, mitad diles, fuera. [rimos] E cabíamos todos, todos os que fósemos, porque como unhos abaixo, sentados no suelo, e outros nos bancos... Había unha... estufa, unha estufa de leña, e había un caixón coa leña. Andaban as pitolas polo aire, había

o Antonio Alén, e o Pancho, un primo noso que non se sabe cal dos dous era peor... Entonces formábase cada, cada... Nös non íbamos a butaca, a butaca éranche eso, unhas tablas sentadas así, nós ibamos a aqueles bancos corridos.

C: aha

A:E separábanos unha valla desta altura. Butaca, podías pasar tranquilamente.

C: Porque a entrada era distinta, claro.

A: Claro. Nós entrábamos nunha porta corrediza, chegaba o Alén i o Antonio, corrían a... Iban tódolos días ao cine, todolos rapaces de Mesego. Tódolos domingos. E non tiñan unha cadela... Facíanlle así ás portas [onomatopeia dun zunido] Todos pa dentro. (50:38)Viña o Neira.... Lío. Aquelo érache un show! Mira hasta que punto, que unha vez díxolle o... o Neira ao Alén, díxolle: "Mira, ti entra de balde. Estasme calado e quieto, e ti entras de balde". Entón un día saliu fóra e díxolle: "Don Pepe, eu de balde non podo entrar, que eu quieto non podo estar." [río] Entraba igual de balde, porque el metíase por donde fora. Decía: "eu quieto non podo estar." Osea que era... Alí era un show. Ir alí ao cine... Chegaba a cola a... enfrente, ao Peñasco, ao comercio Silvares, ousea que cruzaba toda a calle. Pa... Era o único cine que había!

C:Era o que había... Foi o primeiro que houbo?

A: Foi o primeiro, que había!

C: E que películas poñían? Que películas recordas?

A: Mira, eu a primeira película que vin aí foron as aventuras de Marco Polo, no Neira. Esa si que me recordo, eh! E despois íbamos ver aquelas vaqueras, e aquelas españoladas todas, non sabes? Era o que... Aquelas de Jorge Negrete...Tíñanos Jorge Negrete, estábamos enamoradísimas dil... Así. Era todo. Pero a Mamá decíalle ao Papá, dicían qu'iles xa iban cando eran mozos, iban, ao cine, ao Neira. Pero que sempre era a misma película, "a batalla de Nieve". Dicía: "siempre era a misma película, a batalla de Nieve". Dicía: "había un muñeco na porta, un muñeco na porta que estaba dando voltas... E abría solo."

C: ai, si? Era como un mono?

A: Non non. Un muñeco! Eu que sei como era o muñeco... Eles dicían: "estaba aquel muñeco na porta siempre dando voltas..". Porque imaxínome que sólo abriría polas festas do Setiembre, eles solo falaban....

C: porque era un pabellón que montaban, igual daquela non estaba sempre montado...

A: Si, montado, si, porque era como un... Un pabellón.

R: Un barracón.

A: Un barracón, eso. Un barracón, aí é a palabra exacta. Por ejemplo, aquí o José, estos daquí desta casa, i os... Estes, eran moitos irmaos, outros que eran zapateiros, aqueles entraban... Cando había despois xa teatro, ou había cine, ou eso todo, que

despois xa había cine, cando eles eran... mozos. Entraban por atrás polo escenario. Non sabes? Pa entrar gratis, entraban polo escenario. Esto érache...

C:Osea que o negocio... Muito negocio non facía, o señor.

A: Non, debeu facer, que sempre viveu do cine. Don Pepe, que era un señor mui educado. Si, si.

C: Alí só se proxectaba cine, non había varietés, nin ningún outro...

A: Non creo. Donde houbo varietés... [ri] Donde... Que hai agora aquel edificio, donde eran os calzados Requis, acórdaste?

R:... calzados... Si.

A: enfrente de... Antes de chegar ao Capri. Bueno. I alí seica houbera un... Un café de bailarinas, decían nosos pais. Entonces [ri] chegaron os da señora Mercedes todos á casa. Porque botaban a vida toda aquí no forno, non sabes? "Ah! Ah! Estábamos alí e chegou un home e dixo: Que padres estos! Que padres estos!" Porque eran pequenos e imagínate. Eles estaban mirando todo o que pasaba!

C: claro.

A:[ri]Que me imagino que sería algo erótico, tampouco sería outra cousa. Que non creo que daquela pasase a outra cousa. [rio] O que pasa é que daquelas unha cousa un pouco erótica xa chamaba a atención.

C: Home claro!

A: Non sabes? Que non é... Si, e... Entonces que houbera algo de bailarinas alí. Sería así por... Por temporadas. Pero si non, despois non. Dos outros teatros que había, a min acórdame ir teus abuelos a... Antonio Machín, así... Pero xa éramos nós mozos. Non sabes? Non era... (.)

Había títeres. A min recórdame de vir aquí títeres ao pueblo.

C: Ah, si?

A: Si. Había, ou nas Seixas, no final, aí onde che digo que había o baile, ou arriba, na praza no pueblo.

C: E que montaban, tamén unha barraca? Ou...

A: Non. Atuaban fóra, non sabes? Atua... E a veces habíanche, agora doume de cuenta que a veces habíanche títeres bos, eh?

C: E que facían? Como eran, aqueles títeres?

A: Pois beilaban, cantaban, contaban chistes... Facían... Pero a veces, a veces, eu doume de cuenta, que viñeran unhos... Que aqueles foran alá, donde había o baile. Eran dentro. E digo: "que ben actuaban xa!". Non sabes?

C: mmmm

A: Ao mellor foi un pueblo... ou un teatro que despois se foron desfacendo... porque cando foi da Posguerra, a verdá, non se axudou nada á cultura de... do País. Entonces moitas compañías tuvéronse que desfacer e iren polos pueblos actuando, ganándose a vida como podían... Non sabes? Que non é...

I arriba si, porque nós mandábannos aquí ao forno a un recado e non víñamos o un sin o outro, que tiñamos medo. Si non iba teu pai non iba eu, si non iba... I había títeres, i o Papá era o que nos levaba aos títeres. Mamá estaba no forno i o Papá levábanos aos títeres. I antes de chegar el ao lugar, ao medio do camiño, xa estábamos nós arriba, e dicíalle el á... a túa abuela, dicíalle: "mira hoxe como non tiñan medo. Que antes de chegar eu arriba xa chegaran cada un por súa conta."[ri]

C: pero eses títeres actuaban por aquí tamén, polas aldeas?

A: Si, actuaban, si.

C: [Que pasaban, unha gorra, despois de actuar?

A:[E despois pasaban, pasaban, si. Non sabes?

C: Claro, que a xente igual dáballes, comida, tamén.

A: Pois a veces si. A veces... tamén lle daban. Alá nas Seixas, recórdome que nunha vez que actuaban alá, que estiveran alí unhos días, e dicían que lle daban patatas, e lle daban, así, non sabes?

C: E facían malabarismos, ou [acrobacias?

A: [De malabarismos non me acordo. Deso si que non me acordo. Non sei si facían, pero non me acordo. Máis ben era iso: cantaban, bailaban, contaban chistes, ao mellor un trociño así dunha...

C:... dunha comedia, ou dunha... parodia.

A: Si, si.

C: [a Ricardo] Faime muita gracia, que lle chaman títeres... Escóitase moito.

A: Títeres! Si, si, si.

R: Títeres é teatro.

A: É teatro! (56:30)

C: É teatro ambulante, non?

A:...ambulante, si. Sabes o que había? Pero eu eso non o recordo: os entremeses. A vós sónavos oír falar dos entremeses?

C:si, si, si.

A: Bueno, pois en Mesego creo que os houbo mui famosos. Que precisamente os debía escribir... o señor ese, que che digo eu que nunca foi á escuela, que andaba coas ovellas no monte.

R:O David do Hawai, que era...[(... do maestro)

A: [O abuelo.

Si, si, si. Pero era un señor... Eu digo, se chega ir á universidá... Sin ir á escuela...

C. E escribía os entremeses?

A:Si. I a Mamá, dicía que se acordaba de vir a Pardo Bazán aí.

C: A... A Emilia Pardo Bazán?

A. A Emilia Pardo Bazán...

R: Porque a Emilia Pardo Bazán estaba casada con un...

A: ...con un Quiroga, de aquí.

R:... que tiñan un pazo [en...

A:[o pazo, en Banga.

R:E tiñan tamén o balneario que era deles, da familia...

A: ... e a casa esa da Plaza Mayor, onde está o concello, onde está a Cruz Roja... Osea que tiñan propiedades... Aquí en Mesego, hai unha finca... O... Corbal... Aquí tiñan propiedades mui grandes, por aquí. Entonces, ela creo que pasaba temporadas, que pasou no pazo. Incluso, Os pazos de Ulloa, ou se escribiu aí en Banga, ou no Carballiño.

R: En Banga, probablemente.

A: Posiblemente en Banga, foi donde escribiu os pazos de Ulloa.

C:E que dis, que foi un día ver os entremeses?

A: Entonces a Mamá di que era mui pequeniña, mui pequeniña e que se acorda, a vir con unhos señores, do Carballiño... Imagínome que sería alí... Non? E ao vir, nas Seixas, que houbera entremeses... E estar a Pardo Bazán.

C: E quen actuaba nos entremeses, veciños?

A: O pueblo.

C: O pueblo.

A: Si, non sabes? O pueblo, que non é... A Mamá, que lle mandaban revistas de Buenos Aires, porque a Mamá lía muchísimo, gustáballe muito ler. Mandábanlle muitas revistas de Buenos Aires, e recórdome que dicía que viña, nunha.... que dicía "teatro al aire libre en Mesiego" , non sabes? Viñan as fotos do, do... Do teatro en Mesego.

C: ostrá...

A: Si

C: pois había que recuperar esas revistas...

A: Sabe diós...

R: a... Vilamorta, que era...

A: O [cisne?] de Vilamorta...

R: Vilamorta era o nome que lle poñía ao Carballiño Pardo Bazán.

C:Osea, que lle tiña un cariño...

A: Si, si...

R: Vese que en Banga non había moita animación, entón viña aquí...

A: E sabes onde eran as tertulias? Na farmacia do... do Payón. De quen era aquela farmacia, daquela?

R:Eso non o sei.

A:Dios mío como o vas saber se non o sei eu! (...) si, pero alí eran as tertulias nos tempos dos nosos abuelos, eran as tertulias aí.

R: Era unha farmacia que era...

C: As tertulias da xente... bien, non?

A: Hombre! Pois os outros non iban! [rio] Si, si. Catro que había no Carballiño, non sabes? Pois [baixa muito a voz, tenta lembrar algo] íache dicir eu agora... eran as tertulias aquelas...Don Cesáreo? Ou...

R: Cesáreo non era médico?

A: Non, era boticario. Era o da botica... do Fontaíñas, podía ser? (...) Non sei si sería antes da de abaixo, non sei. Era un señor que tiña unha amante en Mesego.

C: anda!

A: porque daquela non lle estaba permitido aos ricos casarse coas pobres. Entonces podía ter unha amante, pero non podía ter...

C: E tiña outra muller, el?

A: Non. Era solteiro.

C: Ai, bueno...

A: porque eu creo que estivo toda a vida enamorado dela. Pero, como se iba a casar con ela? Que precisamente, cando se viu enfermo e vello, a mamá dixo: “cando Don Cesáreo se viu enfermo e vello, mandou á Cristina, á María... Mandouna prá Coruña. Como quen... Non quero que nadie se ría dela aquí, porque despois claro, faltaba el... Ela era a querida de Don... de Don Cesáreo. Mentras el viviu non! Era respetadísima! Porque el era unha persoa importante, e ela era respetadísima. E el colleuna de nena e foina moldeando á súa maneira, entón, anque era de familias

mui humildes, e unha nena mui pobre, pois, foina moldeando á súa maneira e a rapaza pois era mui educada, tiña certa cultura... Non sabes? Mandouna a bordar... Non sabes? Foina el... que creo que era mui guapa, e foina...

C: Pero casar non podía.

A: eso non lle estaba permitido naquela sociedá. Os únicos que se casaron, que foron valientes, foron os Pereiras. Esos... Eran das familias tamén, deso de notarios, de familias así... Daquela do Carballiño. E casáronse... Un casou... Casáronse os dous irmáns con dúas muchachas. Un era o pai do Pablito, que era jefe de... O abuelo da... Da Marujita Pereira, sónache?

R: Si.

A: Bueno, pois o abuelo da Marujita Pereira, resulta que a abuela, pois era unha señora mui pobre. Mui guapa, e el casouse con ela. Vivía con ela. Tuvo dous fillos. A nai da Marujita... No, o pai da Marujita, i outra señora que foi a primeira en ir á universidá do Carballiño. En ir á universidá a Santiago. Foi a primeira, bueno. Entonces... despois ao final casouse con ela. Non sabes? Puxéralle un comercio, donde hai o comercio Soto, seica un comercio de telas, dicían as miñas abuelas, non sabes?

Bueno, púxolle un comercio de telas... (1:02:16) E despois casouse con ela. E seica lle decía aos fillos: "mirad para vuestra madre, que de un duro... de una peseta, hace dos".

C:ahá

A: I o outro irmao era o pai da Lupe Somoza, que estaba casada co Pedrouzo, non sei si che sona. Bueno. E ese, tamén estaba casado... ou tamén tiña outra, igual, pobres. Ese casouse en articulos mortes, non se casou... A Lupe naceu en Madrid, que seica tiñan propiedades, e dicía a Mamá... viñan no periódico e dicía "regresó a Carballino don..." –non sei como se chamaba, Somoza- con su familia." Dixo, como non podían poñer a muller nin a filla, porque non estaba casado... Pois ao final casouse. Casáronse e deixáronlle as herencias!

C: claro...

A: non sabes? Foron os únicos valientes que se casaron. Os outros... I o pai da Marujita tamén. A nai tamén era pobre, moi pobre. E entonces tamén... Largouse con ela, fóronse, il era... jefe de correos... de telégrafos. Fóronse, foise con ela pa Cataluña, ou non sei pa onde foi... E hasta que... morreu o pai, debeu ser, dil, ou algo así, non casou. Que a ela morreulle o pai e todo e non veu aquí a nada. (.) Un pouco moros tamén eran, sabes?

C: xa...

A: Que non é...

[R di algo incomprensíbel, e eu río]

A: Os ricos daquela estábachelle permitido moitas cousas. Dicimos que lle está permitido agora; tamén xa lle estaba permitido daquela. Ao que non se lle

permitía nada era aos pobres. Que non era... Ui! Historias deste pueblo! Habíache... montóns de historias... Montóns de historias.

A fábrica aí de papel? Aí, mira, había moita fruta, daquela non había pestes e tamén había moita fruta... Unha tatarabuela nosa estaba aí de muchacha, de criada, na casa.

C: mmm

A: Entonces era a fábrica de papel, ou de xabón ou de papel. Entonces os obreros, pobriños, morrían de fame e de sede. Dábanlle unha miseria, traballaban de estrella a estrella, e a nosa... tatarabuela, a nosa... entón víaos con tanta miseria, como tamén ela a pasaría, e recollía a fruta pa lle dar... a do chao, pa lle dar á xente, pa que refrescase un pouco, e o suelo limpase un pouco... E mira si era malo... Que dicía eu, "ai, que malo son... é aquela xente!". Dicíanlle "Filipa! Vale más podrida que mal comida!" Non lle deixaba que lle dise a... a...

C: ...a do suelo...

A: ...a do suelo á xente , a aquela xentiña que morría de fame e de miseria. "Felipa! Vale más podrida que mal comida!". Eh? Ai, por favor, que esclavitú! Ai!!! Daquela, habería algún rico pobre, pero a maior parte debíanche ser... (.) Habería algún rico bo, digo.

C: xa. Pero era a excepción...

A: Oye, como esclavizaban aquela xente... Pero a xente vivía esclavizada, vivía...Non tiña nin... Además de non ter que comer non tiña pra eles, nin tiña... [resopra] . Non sei, non sei. (.) Era... Eu xa non recordo, pero oía contar na casa que lle contaban os abuelos, ou bisabuelos ou o que fosen... que así... deses señores que eran ricos, e ao mellor que tiñan unha finca ao lado... Un pobre tiña un sitiño ao lado diles, e collían e dicíanlle: "este sitio é noso". E dicíalle: "non, que é meu, mire...". "Ai non! Non, non, que esto téñollo que aumentar eu ao meu." E collían a finca.

C: Así son ricos. [Así se facían ricos...

A: [E collían a finca. Pois fíxate que o contaban eles, os abuelos ou os...

C: Porque, esto, Mesego era un lugar pobre?

A:Pobre. Mesego pertenencía... vamos a ver. Mesego, esta zona toda dabaixo, hasta a casa da María da Francesa, sabes donde é?

R: Si.

A; E sabes donde é a casa da Gelita, da nai do...? O Forno Vello? Porque, o Forno Vello nós, descendemos dalí: os nosos bisabuelos ou tatarabuelos foi precisamente o primeiro forno alí.

C: Ou sexa que este é o Forno Novo.

A: Desde aquelo, aínda o meu bisabuelo tuvo un forno donde había as batallitas de nieve, o cine Neira. Tuvo alí un forno.

C: No Carballiño?

A: Donde... Antes de haber o cine Neira, o Pabellón, o meu bisabuelo tuvo alí un forno. E despois, como progresou, veu pa Mesego. Porque alí se conoce... Alí era arrendado, e aquí se conoce que pudo comprar o sitiño e xa se veu pa aquí, non sabes?

C: Xa...

A: Que non é... Pois mira: esto pertenecía todo a Sagra. Esto, toda esta zona... a Sagra.

R: é unha parroquia.

C: Ah!

A: A nosa abuela, aínda a tía Rogelia, esas estaban bautizadas en Sagra, formaban a parroquia de Sagra. E despois, aquí... Na iglesia esa hai unha capilliña, e a min decíame unha señora, que lle contaba a abuela dela, que lle decía: aí había unhos frailes mui pobres, que andaban pedindo polos pueblos, vivían de limosna.

C:mmm

A: Pero penso que Mesego do Cabo pertenecía a Señorín. Penso, Mesego dalá, do final. O sea que esto...

C: E a xente aquí dedicábase... eran agricultores?

A: Agricultores, panadeiros... Bueno, o de panadeiros xa vén de antiguo.

C: Ahá.

A: E obreros.

C: Osea, era xente que tamén se movía para traballar?

A: Si, si. Tiña que... E obreros. Obreros... Si. Aquí todos eran... Albañiles, daquela eran case todos canteiros, non sabes? Nós tamén descendemos da Terra de Montes, que os nosos abuelos viñeron para aquí de canteiros, unha rama das nosas. Veu pa aqui de canteiros, eran da Terra de Montes, da terra dos canteiros.

C: Si, si, si.

(.)

A: Os pueblos téñenche tanta historia! Empezas a recordar cousas que che contaban, que che... non sabes?

C: claro.

A: Cousas...

C: Pero está ben que se recorden, que non se...

A: Si! A min dame pena, que esta xente de agora, con tanta televisión e ordenadores non... Non sei... Porque esto transmitíase de abuelos a netos, de... E ahora non se transmite ningunha historia desas, non se fala... Non hai diálogos! Coa televisión... A min acórdame antes na casa, discutíase, rifábase, comentábase... Estábase siempre falando!

C: mmm

A: Eh? Eu, as historias que contaba meu pai e miña nai, dos mozos daquí de Mesego, das cousas que facían no Carballiño, das cousas que... E digo, ahora non se fala nada! Sentas a comer e xa poñen a tele!Entón non se...

C: Antes, que non había luz, aproveitábase... non? A pouca luz que había, pa estar xuntos, e falar...

A: Pa estar xuntos, e falar, non sabes?

R: o calor, sobretodo.

A: Si, o calor. Viñan todos ao calor do forno. Porque en moitas casas chovía. Moitas casas a leña era un... Así como ahora está tirada nos montes... A min aínda me recorda cando éramos pequenas, saían as rapazas –ai, que envidia me daban!- , ían aos garabuxos, dicían elas; tiñan un pau, alto; unha vara con un gancho na cima, e tiraban polos garabuxos secos dos piñeiros. A min aqulo dábame unha envidia, non sabes? [río] E iban aos garabuxos. Así que mira que escasez de... Porque aquí había pouco monte...

C: Claro

A: Entonces había que aproveitar hasta o máximo. E a xente, pois viña ao forno. Aquí cosían, e aquí se quentaban, aquí viñan os mozos, aquí viñan os nenos, aquí viñan os vellos... Aquí viñan os pobres todos do mundo. Os pobres? Tela marinera! Aínda me contaba unha vez... A abuela do Valentín, a señora Rogelia do Milhomes, non sei se a coñeciches... Bueno, e contábame, e dicíame “ai, cando túa nai e eu lle fixemos un... vestido a Clotilde do (...)” “ E como lle fixestes un vestido?” Dixo, “parecía un saco”. Dixo “túa nai... “ Miña nai ía coser e non tiña nin idea, non sabía coser. Dixo “vámoslle facer un vestido á Clotilde”. E a Clotilde non estaba quieta. “Clotilde estáte quieta pra che probar, que se non, non che facemos o vestido!”. [río]Mira, a Clotilde chegaba... Decía “chegaba, e sentábase encima do saco”. Pa que non lle levasen nada. Porque se non os rapaces escapábanlle co saco. E entonces a Clotilde, creo que ademais, que tiña un xenio! Mira, había outra señora, que dicía miña abuela: “mira, aquela non había posibilidad de que anduvese vestida como a outra xente. Tiraba as enaguas aos tellados”. Dixo, “unha vez chegou... Ai, dios mío, como viña! Entonces eu collín e dinlle –bajera, chamábanlle ás enaguas bajeras- unha bajera, dinlle, ai dios, pa que se tape algo. O outro día á mañá, chamoume Mercedes, estaba no forno e dixo: sale fóra! –Mercedes a veciña de (...)- Sale fóra, que mira donde che está a bajera, xa na cima do tellado”. Xa a tirara.

C: Pero logo que levaba?

A: Andaba sin nada! Andaba, eu que sei como andaría! Non sabes? Había personajes famosísimos. Había un que decía a Mamá: “ese sólo viña unha vez no

ano. Dicía, pero ese era un peregrino. Aquel señor non era como os outros". Dicía, "aquel tíñamoslle... " Dicía a abuela, e o abuelo... tratábano con moita... Porque dicía: "mira, traía unha manta ao lombo, unha manta de viaxe, dicían elas... debe ser como esas mantas de cuadros que traemos nós ahora, esas mantitas pequenas que pos nas pernas ou así. Dicía: "traía unha manta ao lombo. E entonces viña a noite, rezaba o responso do San Antonio, comía o caldo, comía o pan, e íbase quedar ao palleiro. E despois, á mañá, na madrugada, levantábase." E como aquí non había nin de noite nin de día, que andaba todo o mundo... Andaban todos a... Dicía: " e íbamos mirar, porque iba á fonte e peinaba aquela barba blanca". Dicían: "un señor tan fino, unha barba blanca mui larga, e quitaba un peine –que os outros non sabían o que era un peine, os pobres que se viñan (...) -, quitaba un peine, lavábase na fonte e peinaba a barba, e hasta o ano siguiente non viña. " Aquel era un peregrino...

C: Iba pra Santiago?

A: Elas que sabían? Elas metíaselle na cabeza que era un peregrino.

R: Debeu vir bastantes anos...

A: Si, si. Viña! Elas dicían: solo viña unha vez no ano. Dicía: "nós chegaba, e ao chegar xa..." Era como si lle chegase un santo pola casa, ou...Porque aquel non viña harapiento, non viña esfarrapado coma os outros, nin viña sucio. Dicía: viña mui limpo, traía aquela manta de viaxe ao lombo, aquela barba tan blanca, tan peinada, e lavábase... Acordáballe ben aos outros de irse lavar á mañá! Os outros non se lavaban, muller! Os outros pobres, non sabes? Si, que non era... Pero miña abuela, mira que era buena, miña abuela. Miña abuela, unha vez... A este dálle a risa, pero éche certo. [rimos]Mira, miña abuela mira si era buena, resulta que... Unha vez veu un, por aí, e era un señor tamén, como o peregrino, ese señor siempre tan curioso e tan educado. Ese señor non andaba pedindo. As cousas lle deberon ir mal na vida, porque era un señor de vergonza, que se vía, non sabes? Entonces cando viña pois, ese señor, pois dáballe... Aos outros dáballe pouco, o que podía. Pero a ese señor eu, dáballe maís, porque era un señor que vías que non... E un día chegou, xa tiña a tienda a Silda. E chegou o señor e eu collín e dinlle cen pesetas, aos demais non llas daba, a verdá era esa. E non sei que estaba facendo, e dígolle á Mamá "anda! Xa alá van os meus vinte pesos. Saliu cun paquete de tabaco na mau, fumando". E díxome: "mira. Nunca lle digas nada a un pobre, de en que emplea os cartos". Díxome. "Nunca llo digas. Que ao mellor agora quere millor o cigarro ca un bocadillo, dixo. E nunca llo digas". (1:14:50) Dixo, xa volo teño dito. Dunha vez veu unha señora que era de por alí dun pueblo cercano, e era pobriña, claro, e andaba pedindo. E entonces chegou onda mamá Aurora pedir. Viña por aquí moitas veces, e díxolle "ai Auroriña, se me deras un pouco de azucre...". E a mamá Aurora colleu e foi e colleu un pedaciño de papel dos bizcochos que tiñan elas, que era un papel especial, comprábano no Soto. E colleu un pedaciño daquel papel e colleu un pouco azucar e deullo. E dixo " e nós? Os rapaces?" Si home si. Ela i o... O irmao xa se criaran xuntos... "ah! Vaslle dar o azúcar a... –non sei como se chamaba-? Que lle dia o caldo e o pan, bueno, pero darlle o azúcar? " E ela dixo: "calade que vós non sabedes o que dicides. Un pedaciño de pan dallo calquera, e o azúcar non llo dá nadie." Porque daquela nas casas non tiña azúcar a xente. Elas tíñano porque como facían os bizcochos... Díxolle: "o azúcar non llo dá nadie que non o ten. Quen sabe o

tempiño que esta muller ten un antoxiño de azúcar? [emociónase] E veu aquí e mateille o antoxo. Mateille o antoxo do azúcar. Entonces dixo: nunca lle preguntedes a un pobre para que usa os cartos".

C: Era sabia, eh. (.) Esa era túa abuela...

A: Si, que lle decía, díxollo á miña nai, díxolle "nunca lle preguntes a un pobre en que usa os cartos. " Era fantástica. A abuela máis marabillosa do mundo, e a persoa máis marabillosa do mundo.

C: Que ben!

A: i o pai dela non sabía ler nin escribir. Entonces a elas mandounas á escuela ao Carballiño, porque vivían no pueblo e non había escuela.

C: non había?

A: non había. Outra cousa tamén que che vou decir das escuelas. Non había escuela. Entón el mandou ás fillas ao Carballiño, pa que soubesen ler e escribir, osea que debía ser intelixente. Pa que as fillas... non fosen coma el.

C: tuvo fillas, solo?

A: Si. Esa e a que morreu, á que miña nai lle criou os fillos. I o rapaz que mataron elas, porque miña nai sempre dicía que o mataran. E el debía ser moi listo porque a mamá dicía: "aquel forno cocía día e noite e o papá nunca se equivocou..." Tiña unha libreta e por raias, por signos. Non sabía ler nin escribir. Non sabes?

C: Sabía de quen era o pan que cocía...

A:... e canto lle debían, e como lle debían, e... (1:17:30) como lle debían, non sabes? Pero non sabía ler nin... nin escribir. I o das escuelas, miña nai contábanos siempre, que dicía "a muller débelle moito á República, porque nos tempos dos reyes, os reyes de preparar ao pueblo nunca se... os reyes andaban de... cacería, e de festas". Miña abuela falaba, a Mamá falaba con moito respeto, tua abuela, de Don Alfonso XIII.Pero dicía, "pero os reyes non se ocupaban..." Si, porque, oye! Foron criados nesa... Non entendes? Neso.

C: Claro.

A:Pero dicía, pero o pueblo non lle debía nada á monarquía, porque solo andaban de cacerías e de festas. Dice, nos pueblos, por que a xente non sabía ler nin escribir? Non porque fose ignorante, senón porque nadie lle había enseñado. En cambio, veu a República, creou escuelas, subiulle aos... sueldos, dobloulle os... que pa eso dicían "pasa máis fame ca un maestro de escuela". Dobloulle os sueldos...

R: Eso estivo moi ben, eh! [el é profe de instituto]

A: Mira, dobloulle os soldos aos maestros, creou escuelas. Dicía "neste pueblo nunca houbo unha escuela." Creou escuelas. Dicía... a maestra... a muller, cando tivo dereito a abortar? Cando entrou a República. Primeiro a muller non tiña dereito a nada. E a Mamá contaba moitas veces, que había mulleres que eran ricas, que tiñan moitas fincas, moitos piñeirales, que daquela era no que consistía a riqueza nun

pueblo. E dicía: "casábanse cun home que lles saía un perdido". Acabáballe con todo. Andaba con outras e acabáballe con todo. A muller e os fillos morrían de fame e a muller non podía vender un piñeiro sen permiso do marido. Eh? En cambio acabáballe co capital, que era dela, que non era dil! Acabáballe con outras... E ela morría de fame... Dicían que conocían casos desos, moitos casos. Dicían " a muller non podía ir a Orense sen permiso do marido, se o marido non lle daba permiso non podía ir, que iba a guardia civil buscala. Hasta que extremo... A mamá sempre dicía " a muller tenlle que estar mui agradecida á República". A abuela era moito de izquierdas. E eso que era de misa coma min, pero de izquierdas era. E dicía que lle debía moito. Dicía " a monarquía , nin o pueblo lle dicía nada, porque canto máis ignorante era, máis lle traballaban pra eles de balde". [tuse]

C: Claro! Non lle interesaba...

A: Así é. Eu podíache contar un chiste, e déixote. Se non hoxe dormimos aquí. [rio] Podíache contar un chiste, que non che vou dar o nome, porque eso si que non sei... Na casa respetaron moito a aquela familia e eu tamén a sigo respetando. E non quería decir que fosen burros, si non, pa que te des cuenta o que era, como non iban á escuela... "Ai, que ignorantes!". Non. Non eran ignorantes. Era que nadie lle había enseñado nada. Resulta que na guerra, estaban unhos na guerra. Ao mellor o oirías contar na casa. Estaban unhos na guerra, e armouse un lío, nunha casa, era no pueblo. "Que pasou na casa de señor Fulano?" "Que pasou....?" Non vos dou o nome, porque senón, eso. "Que pasou na casa do señor Fulano? –Non sei, debeu pasar unha desgracia, ai dios mío!". Alo iba todo o pueblo, porque daquela pasaba unha desgracia e iba todo o pueblo. "Que pasou? Aaai! Aaai!" Todos: "ai que morreron todos! Ai, que morreron todos!" "Pero quen morreu? –Morreron todos". Tiñan uns fillos na guerra. E morreran os fillos. Toda a xente a consolalos, toda a xente... todos a mandar recados: "na casa do señor Fulano, ide alá, morréronlle os fillos, ide alá". Porque a desgracia dunha familia era a desgracia do pueblo, de todos. Foron todos. Todo o mundo a consolar, todo o mundo... Non sabían como consolar aquela familia. (.)

Veu o señor David, que eran compadres. Entonces, o señor David non sei onde iba, e dixéronlle "vaia alá, vaia á casa do señor compadre, vaia que pasou unha desgracia, moi grande". "que pasou?" "Morreron os fillos, morreron os fillos". Foi correndo: "ai! Válgame Dios, válgame Diós", correndo a consolalos, foron todos. Aquelo era un valle de lágrimas. "Pero quen trouxo a noticia? Quen trouxo a noticia desa desgracia? Quen trouxo a noticia?" [ri] Entonces dixeron: "iles, iles!". "como que iles?" "Si, escribiron iles, que xa morrían todos, que xa morrían todos..." Entonces dixo Don David "caramba, é a primeira noticia que teño de que un difunto escriba desde a tumba!" Que puñeran? "Escribiron iles: ya están todos enterrados, ya están todos enterrados." E dixo o señor David, "caramba, caramba, é a primeira noticia que teño que un difundo escriba desde a tumba". (.)

"Estamos todos enterados!" Algo que lle habían dito nunha carta, e entonces dicían, estamos enterados. Entonces estoutros dixeron "estamos todos enterrados"!

C: Ai, ai, ai, ai.

A: O que leu a carta, o primeiro que leu a carta, non sabían ler... “estamos todos enterrados”, e dixo “xa morreron todos!” Claro, se propagou a noticia a toda a familia e a todos os veciños e xa habían morto todos.

C: Jesús! Pois menos mal que non foi certo, non?

A: Pero non era que fosen tontos! Porque se... [remata a gravación]

Entrevista a Consuelo Ferrero BAo, viúva de Julio Jiménez Silvent, fillo de Julia Silvent. Realizada na súa residencia, perto de Monforte, por Anxo García e Zé, o home orquestra, en outubro de 2013. Idade: Nada aproximadamente en 1934.

00:27 C: Este ano aínda fun á festa, que vou... bueno, eu aínda vou moitas veces.

Z: As barcas estiveron este ano?

C: Si, estuveron, e fun eu. Pero puñéronos por mal sitio. E logo tu fuches á festa?

Z: eu fun, eu fixen comida... o día do Patrón.

C: Ai, claro! Pero non viñeches á... non fuches.

Z: Si, á festa fun...

C: E logo como...?

Z: Fun, pero mira, fun a última hora, i levamos o neno, pequeno...

C: Pero non me viches a min, no?

Z: No...

C: ... que levábamos...

Z:Mira, nós íbamos unha tropa deles, i... I había nenos pequenos, i... Pero foi un momento, ir alí, porque ao final nos liamos na casa, e botamos na casa todo o...

C: Levaba eu unha casetiña, con sombreros mejicanos grandes, non sei se te fijaches...

Z: Non me acheguei... á zona de alá toda, contra os campos de millo, non me acheguei alí pa nada. Estiven alí, cunha xente, e nada. Pero botamos unha hora.

C: As festas van a menos, ahora, eh!

Z: Este ano hubo unha chea de xente. Hubo unha chea de xente, este ano!

C: Que? Pois a min pareceume que houbo menos, que outros anos.

Z: Claro, pero eu aquí cantos anos levo?

C: Si, pois... pareceume.

Z: Tres anos, levo.

A: Entón, usté é pariente do Silvent?

C: Si, e meu marido é... Era Julio Jiménez Silvent.

A: Julio Jiménez Silvent?

C: Si. Primos! Eran primos.

A: E... Entón...

C: Que, cal é o Silvent que dice usté, a ver?

A: Eu conozo a Alfonso. A Alfonso i a Juan.

C: E ese levan o Silvent... [Juanito?

A: [Alfonso é o de Lérez. Juan é o de Ribadeo.

C: Eso, o de Ribadeo. Ese eran primos carnales de meu marido. Que os que son de Pontevedra xa son netos, bisnetos do... do que... El, chamábanlle Tragastopa.

A: Si, si, José Silvent, si si.

C: José! (ri) Que tragaba a estopa!

A: Tuven traballando moito sobre o tema. Entón seu marido era... Era fillo de... de Julia?

C: De Julia, si señor.

A: Que era a irmá de José [e de Santiago.

C: [de José, e de Santiago. Si señor.

A: Ahá.

C: Era un deses tres.

A: Bueno, porque eso me interesa, porque precisamente desa parte da familia non coñecíamos a ninguén.

C: Agora quedamos nós! Quedo eu! Son eu a que quedo, que os irmaos do meu marido morreron todos.

(fala outro home, debe ser fillo dela): Sólo queda unha, a tía Isabel.

C: Si pero está... [nunha residencia

(fillo):[está nun asilo.

C: Que xa non... Non furrula.

A: Xa. Mire, eu a información que tiña era que Julia...

C: Si, era miña sogra.

A: A súa sogra, marchou para Ourense e casou alí. Pode ser?

C: Si, si, si... O meu marido criouse en Orense, con todos, alí.

A: Ben, e alí, o nombre do marido de Julia...?

C: Chamábanlle... Ah... Xa non me recordo.

(fillo): Francisco.

C: Francisco!

A: Francisco, i era... Francisco...

C: ...Jiménez.

A: Jiménez. E tiña algún nombre artístico, como...

C: el o nombr... Barriga Verde!

A: Barriga Verde, chamábanlle tamén.

C: Si señor, de Barriga Verde.

A: Vale. Entón, Francisco e Julia casan, en Ourense, e nacen os fillos, entre eles...

C: Non, casar, casaronse... Quizá se casaron aquí en Monforte.

A:Ah.

C: que había o bar Bacalata (?) e casáronse aquí, que foron os padriños... os pais do bar Bacalata, foron os padriños de voda. Que ela veu... Ela naceu en donde?

(fillo): En Ponteareas.

C: En Ponteareas, e despois a nai quedou viúda...

A: Pero, Julia, naceu en...?

C: Si, a miña sogra. E despois foron para Portugal. A miña sogra. E despois tuveron máis fillos... Que aínda hai en Valladolid, primos, que andaban con teatro, con circo.

A: Si si si

C: O circo de los Ramplines.

A: los Ramplines...

C: Son primos carnales de meu marido. Se dan de cuenta?

A: Si... É que Alfonso nos falou dos Ramplines. Si, si, claro, é que levamos anos...

C: [Os anos, que pasan!

A: [... traballando nesto, e incluso se fixo xa unha película sobre o tema, que supoño que pronto...

C: Si, enséñalle debaixo do meu monedero, que teño ai ci... Das películas, aí debaixo.

(fillo): non, de cuando andaban...

C: Mira, daquela levaba o meu marido...

A: Ah!

C: E ten máis de cincuenta anos eses papeles, eh! (3:58)

A: Ui! Esto... vou sacarlle unha foto, a esto.

C: Pois nada, leve o papel, que llo dou!

(fillo): hai máis.

C: Teño moitos, eh! Están guardadiños de recuerdo, eh!

A: Pois si...

C: Hai vinte e sete anos que morreu meu marido.

(fillo): Aquí poñían a fecha, o sea, "hoy día tal, gran espectáculo..."

C: Poñíamos a película. Después "los muñequitos Barriga Verde".

A: Mire, nós temos (4:16) en Lalín... Pois si que os levo. Levo de boa gana.

C: Pois leve tranquilamente as dúas. Que as teño. Que non é que conte mentira porque xa lle expliquei a ese... ao rapaz. [ri] Digo este porque... xa che expliquei a ti!

Z: Eu non lle sabía o seu nome, eh, tampouco.

C: Non me dou de cuenta...

[fillo]: Consuelo, o nombre seu!

C: Consuelo Ferrero Bao.

A: Vale. E é a muller de...?

C: De... De Julio Jiménez Silvent.

A: Julio Jiménez Silvent.

C: Silvent, que a Julia era a miña sogra.

A: E... Julio que era o irmao, ou o fillo maior, o do medio...?

C: Oh, había moitos! Maiores, máis maiores que el e morreron, también. Este foi... case dos terceiros. Dos terceiros fillos que tuvo. E tuvo oito.

[fillo]: E tiña... Onde ten a foto que tiña, dos hermanos todos?

C: Eh?

Fillo: a foto, onde a ten?

C: Está... Pero son fotos antiguas, que non se...

Z: Pois esas son as interesantes!

C: Hai un que se chamaba Eligio, outro Ángel...

A: Eligio...

C: tuvo dez fillos, entre fillas e fillos tuvo... Que o meu marido hasta ten no carné de... casarme, "artista".

A: Si, si, si.

C: "Que oficio tenía usté?" "Artista". Que era... Daquela había que ir á Sociedá de Autores pa facerlle a... Se dá de cuenta?

A: si, si, si, que...

C: [pa facer eso...

A:[...José Silvent tamén tiña o carné profesional de...

C: Había que ter título! Si non te pensabas que... Non entendes?

Z: si si

C: Facer as filigranas e de paiaso... O tío... O Ramoné, un cuñado meu, tamén. E despois traballando no alambre, dando saltos mortales... Ai, levaban un bo traballo! Porque o San Froilán era o que máis iban... Era a miña sogra e o Santiago. Que o outro, o Tragaestopa, era pa parte dalá de Pontevedra.

A: Iban pa zona dabaixo. [Esa... esa tamén teño esa información...

C:[Claro! Eu estoulle contando...

A: Sei que iban ás veces, que se xuntaban todos en Lugo, no San Froilán...

C:Pero as dúas, a hermana e o hermao. E poñían a medias, ao mellor en vez de abrir un teatro abrían un. Poñían un pa todos.

A: Xa.

C: Pero a outra, a Emerenciana, a do.... José, era a muller media rácana, que non era...

A: Non quería...

C: Non quería dar ... a mau a t... Me lo puedes creer, eh! Eu polo que me contaba o meu marido, que eu era unha nena, eh!

A: Si.

C: E despois de casada foi cando mo contou, dice, con quen andabamos ben? Co tío Santiago. E a tía... Bueno, chamábanlle á muller, xa non me acordo. Xa hai moito tempo que morreron. E que son tíos carnales, que eu teño unha prima casada cun irmao do... Como lle chaman? Do Juan. Un primo meu, tamén, pero morreu, probiño. Ahora xa... Xa lle digo, quedou Juanito solo, de irmaos.

A: Si, si. E por abaixo queda Alfonso, e queda... Saladina, me parece.

C: Saladina. Pero esa debe estar moi velliña!

A: Moi vella, moi vella, está. Eu a vin hai moitos anos e xa estaba...

C: Si... Esa está moi vella porque... Esa non cantaba no teatro, non saía a cantar. Había unha que saía... Ou era a Saladina, a que saía a cantar no teatro?

A: Creo que era ela, si.

C: Sería ela, porque eu era unha nena. E a Chelo, A Chelo a que vive en Betanzos, a que lle morreu o marido, que era Claudio, que era tamén primo do meu marido. E... irmao do Juan.

A: Si, si.

C: No me entende? E a Chelo salían, ao mellor... Pero traballo, legal, levaba maís a miña sogra. Que... salían, eran artistas. Xa de... De cuna.

A: Si, si, si.

C: E levaban, mui ben: trapecio, pallasos... O meu marido saía de clown, saía un cuñado meu pintado i el, paos chistes, non sabes? Bueno... Meu marido o que non sacara... Dios me libre!

A: A memoria... do espectáculo deste país!

C: Si, era bonito, aquelo! Che saía ao mellor cunhos pasteles, así. E decía "Ai!!" Ou unha sonámbula e dicía: "no le toques, que si le tocas se puede despertar y..." Chistes que sacaba...

A: Si, si, si.

C: I ao mellor viñan cunhas galletas [ri] e o pallaso chapábaas, e mentres falaba o meu marido con... non me entendes? Dándolle o rollo...

Fillo: explicándolle.

C: Dice "y luego esto?". "Ay, pues no sé... Los comió ella..." A xente escojonábase coa risa. [rin todos] Si, unha cousa... Non é ahora o que vemos. Que daquela era o que había, pero facía rir. Mira... Cos muñecos, o meu marido, anduvemos, mira: por Escairón, as aldeas todas co cine, e cos muñecos de Barriga Verde. (08:28) Nós poñíamos as películas alquiladas a Madrid, ao Escorial. Alquiladas.

A: mmm

C: E nolas mandaban no tren, e depois no coche de liña, dicían... " Vas allí, me coges..." E traía a película, xa nola traían no coche de liña. E traballaba o cine a manivela, que non había motor daquela.

A: Xa, xa.

C: Se dá de cuenta? Co... a manivela!

A: E... o seu marido traballaba cos muñecos... ?

C: E despois facía o cine igual.

A:... estableceuse aquí en Monforte, deixou á familia en Santia... ou, Ourense?

C: Non, mira. A miña sogra andaba tamén por aquí, con teatro. E eu conocinos... Conocinos andando... Nós tamén andábamos nas festas. Con barcas.

A: Si.

C: E eu era unha chavala, pois conocémonos e casámonos. Nós ibamos casar, pero a miña mai non quería, como era máis vello ca min, e non era rico [ri]. É coma min... que andabanos, ganando pa poder comer... E escapeime! Eu era máis, muito máis nova cao meu marido. E fumos a Sarria, e alí nos casou... un cura, en Villapedre... Dice "oi, mira, a Chelo está sol... Está arrimada con Fulano... Co do Barriga Verde... " E dice o cura: "sí? Ay, pos voy hablar con ellos y los caso yo." Foille verdá. Pideu os papeles meus a Betanzos, que eu nacera en Betanzos. E o do meu marido en Valladolid, e ao pouco tempo chamounos, dice : "Bueno, Consuelo, irvos casar al juzgado, de Sarria. Y después, a tal día, venís aquí. " E nos tuvo banquete e todo, el. Nos organizou a comida, facendo cos padriños de voda... E levábanos nunha cestiña, que daquella se llevaba, unha botella de anís, outra de sansón... dese viño. E unhos pasteliños. Nunha cestas desas de... E dice: "no Consuelo, esto guardarlo pa vosotros que yo vos tengo la comida. " (10:14) E nola fixo! Que alí... En Villapedro, a comida... O banquete. Xa aí... E miña nai a cabrona, ai, que dios me perdone! (ri) Que diola teña na gloria! Dice: "Ai, xa que vos escapastes arreglarvos vós!" Que nós vivíamos en Lugo. No alto de Garabolos.

A: Si.

C: E foi.... Despois á semana, fomos a onda eles, pero... Foi cando dixo eso. E digo eu, venga... Despois o meu marido, iba eu, cos seus ermanos, e coa miña sogra e... Porque eu cando me casei, xa morrera o meu sogro. E despois iba, e ao meu marido dábanlle algo. E daquel algo, pois comprábamos chatarra, e vendíamola; e despois aforrábamos e apareceulle unha máquina de cine, e comprámola, el como entendía deso... E depois, os cuñados anduveron co teatro e nós... co cine, por outras aldeas.

A: mmm

C: E despois traballábamos muñecos igual. A nosa vida foi así, a historia.

A: Bueno, eu do que quería que me falara sobretodo é dos... dos muñecos.

C: Dos muñecos?

A: [De como eran os muñecos, das historias...

C:[A mui bien... A historia chegaba... Salía cunha... velliña, que levaba gafas. Con moño recollido en goma, a cara de goma. E iba así coas gafiñas, e...

A: Os muñecos eran todos de goma?

C: No! Había un, que os outros eran de madeira.

A: De madeira?

C: De madeira. Pero el collía un... metíao na man, e despois... Hasta, metíao na caixa do defunto... E despois o defunto iba morto, e cun cordel tiraba... Salía a muller chorando e dicía "Ai!! Manueliño, e tal!!" Desfacíase! Que aínda... Traballábaos el, eh!

A: si, si

C: que non había nadie que non lle axudara! E dícelle... E levántase o muñeco, tíralle polo cordel : "cala Rosa, cala, cala que vou ben, que vou pao ceo!" Dice. "ai, ai, ai!!". Despois de que o enterran, que o tiran, claro. Fan coma quen, que xa o van enterrar. Dice: "e máis tes razón!" Sálelle o muñeco de Barriga Verde e dícelle: "e tu eres nova... Pa que vas? Aí ho! Logo buscas outro home!" [rin] Dicíalle, o meu marido... Pero é que el mexábase! E despois ela dice... E vai o Barriga Verde, que sempre o Barriga Verde era o que... daba leña, que era o que ganaba! E xogaba... peleábase con un portugués, dicía... Eu xa o digo moitas veces. Dicía "duro portugués, duro galego! " E digo eu: hoxe cos portugueses que hai por aquí, habíanse cabrear! [rin]Pódesmo crer. E venga, traballala... Me machaca a bolsa, eh? Pero pegaballe co muñeco... E a xente mexábase ca risa. Mira: ríamos nós! Cos detalles, ao mellor collía un pucheiro : "El pucherero! voy vender pucheros" E chégalle de arbitrio, un... municipal, facendo... E dice: "bueno, ten que pagar un real". "bueno... a ver, tome: non teño solto". Dáballe ao outro. E dícelle "Bueno, se non ten solto vou polo cambio". E vai polo pau. E rómpelle o pucheiro a palitroques, co pau. Rómpello... Pero sacaba chistes moi bonitos, moi bonitos.

A: O... por exemplo, o pau que usaba era así, partido á mita...

C: era, si... si señor, con dúas tablas así, e daba. Aínda muitas veces facía que lle caera, que lle caera pao outro lado, que el tiña como unha cortina...

A: Si

C: E caíalle pa un lado e había algún mozo conocido, e collía o pau, e dáballo, e despois áinda lle daba nas maus... [bate na mesa] E a xente mexábase. Bueno! Aquelo era de... Nos ten feito rir, eh! Que o que non sacara o meu marido nó sacaba nadie, eh!

A: Xa

C: Traballáballe moi ben os muñecos, eh!

A: ahá. Traballaba el só, osea, non tiña ninguén que lle axudara?

C: Si si, sólo el! El, un muñeco na man e... outro. E dale!

A: E usaba... a palleta?

C: Tiña unha palleta, desas de plata, metida na garganta. Porque ahora xa non facía falta, que xa podía cambiar de... Pero daquela... Ai [trata de imitar] E salía moi ben. E despois o toro, sacábao de torero, pa torear, ao último, ao final, e dicía: "morreu o toro, acabouse a peseta". Salía o banderillero pa... Pa pinchalo, torito! E... Perobueno, era mui bonito.

A: Osea, que facían o... o do enterro... [o toro

C: [O entierro... O toro...

A: Sacaban ao cura?

C: E... Ai! aos curas tamén! [rin] Que íba na caixa mismo! Os curas! A caixa iba pegada con uns... sancristanes, cando van detrás do... Bueno, iban moi ben. Non sei

esa caixa... Queimárona, estes. Que... tuvémola aí e queimáronma. Daquela, despois xa levábamos muito tempo e... Pero, xa digo: sacaba chistes... Un día traballamos aí en... Indo paí, pa Quiroga... Nunha cantina, deixáronnos o local, e alí por detrás tiña calzao. Pero había unha zapatilla... de muestra, pero desas grandes. E sale el: "yo soy el zapatero, el zapatero... ". E a xente: ha, ha, ha, ha! "Yo soy el zapatero..." Non sei qué. Levantaba cada chiste! Que había un cuñao, que aquel a pouco máis deixa caer a cortina, e se ve el traballando. (15:11) [rin todos] Si, da risa! Non... Mire, se pregunta por el, por aí por Escairón, hacia a de Monte, por Cospeito, e todo eso, e por Quiroga, dice usté... Bueno, mexábase a xente con el! Despois ao final, el valía pa contar chistes, e poñíanse os homes toda na la... Ao mellor traballaban nunha casa que tiñan cociña, así ao medio, e quedaban... Todos os do pueblo pa escoitar. En Villapedre e moitos sitios. Tiña amigos en todos lados.

Fillo: Quen fora o que tragara a palleta, o tío Manolo, non?

C: Ai, un cuñado meu! Ai! Que morreu... Tragou a palleta e pao outro día, perdonando...

A: había que recuperala!

[fillo: estaba meu pai enseñándolle, e tragouna...

[C: pero é malo... non sabía traballalos. O meu marido traballaba mui ben. Era o único que, mire: nós andábamos co tiro, despois fixemos un tiro. De inverno andábamos co cine, e no verao, unha caseta de tiro, de escopetas, e íbamos a Escairon... A Escairón, e a... a Rubián, nas festas grandes. E ao mellor facíalle falta pa traballar os muñecos, ao teu tío Ramoné, e dicía... e viña a Susa, a sobriña, pa axudarme a min no tiro, e mentres el ía cos muñecos. Pero... Era unha cousa... Traballábaos mui ben, eh! Eu creo que a miña sogra era a única que os traballaba ben, e o meu marido copiou pola nai.

A: aprendeu da nai.

C: eso, polos muñecos, foi a única! E o Santiago tamén traballou os muñecos, pero fillo non saleu ningún, que traballara. Mismo Juan, nunca os traballou. Que é o máis novo de todos.

A: con José pasou exactamente o mesmo...

C: Tamén! Nin os fillos... Ten un fillo que... non sei como lle chaman...

A: Manuel, que é neto.

C: Non, pero ten un fillo, ou morreu? O único fillo que tiña el... Hermano desa que dice usté...

A: Alfonso...

C: O Alfonso!

A: Alfonso non os traballou nunca.[Traballou Manuel un poquiño, seica.

C: [Nada, nunca! Nin os netos, de por aí...

A: A: Si, o Manuel este si, que foi o primeiro que coñecín eu, xa morreu... El vivía tamén arriba, donde vive...

C: En Ferrol....

A: Non, vivía na zona de Ribadeo.

C: En Ribadeo, pero era o... Ai, no! Non era ese, era o da Virginia, era o marido da Virginia. [José, chamábase!

A: [eso creo que si. Non, Manuel, chamábanlle.

C: Non, pois Manuel, nada. Sería o José, se chamaba... Casouse cunha filla do meu tío Santiago. I el copiaba... e tamén os traballaba. Dos outros, nin o Claudio, nin o Juan, nin o Santiago, aprenderon eso.

A: Xa, xa. En cambio, no seu caso...[o seu marido aprendeu de Julia...

C.[o meu marido fue el o único que fue...

A: E despois del, alguén...?

C: Nadie máis! Da familia do meu marido, ningún máis. O único que traballaba eso, os muñecos. Meu marido. Traballaba... Eu sólo quixera que preguntaran a calquera xente que...

A: non, se hemos de preguntar... Ademáis eu creo que aprendín a falar del en... en Mondín, aí ao lado de...

C: en Guntín?

A: Mondín, na baixada do Faro, hacia Chantada.

C: Traballábamos, si. E aínda traballamos... Como lle chaman? O primeiro pueblo, lle chaman alí... Fumos traballar o cine e o... na... Antes de Lalín, indo daquí palá...

A: Rodeiro?

C: En Rodeiro. Traballábamos en Rodeiro o cine e os muñecos. E anduvemos por esas aldeíñas.

A: Osea, a súa zona máis ou menos era provincia de Lugo...

C: si, si, anduvemos todo. Nös daquela con un carro, con un carriño, que non había coche...

A: xa, xa.

C: Eu tiña dous fillos, este non... Este non acordou nada desto.

Fillo: cando eu... xa deixaran todo.

C: Quen acordou foi un que morreu, e mais o máis vello, Toño. Si, este nada, non acordou os muñecos...

A: Hasta que ano estuvo cos muñecos?

C: O meu marido? Pois haberá más... Cantos anos tes tu?

Fillo: eu nacín no 67. Hasta o...

C: Bueno, despois traballounos aquí na... nos vivíamos no outro lado, e no baixo fixo cine e máis traballou os muñecos. Aquí pao pueblo.

Fillo: no setenta, máis ou menos.

C: Aquí temos traballado... Vir desde Monforte a traballar aquí arriba ao pueblo. O meu marido... Empezou... O meu marido, pois desde que morreu. Os anos teus foi cando non anduvo co cine. Xa nin o cine nin os muñecos. Nin con eso anduvo. Despois xa nada. Os chavales iban ao colegio e había que andar por aquí cerca... Despois metémonos churreros... Ir ás feiras.... Fumos pá de Monte... Por Villalba... Ás feiras...

Zé: E por Ferrol teñen andado co teatro...

C: Ai, sí, por aí todo, co teatro. Meu marido, o de Barriga Verde, eh!

A: E levaban unha barraca... que pechaban e cobraban entrada, ou iban a un local?

C: Non, ao local. Nös íbamos...

A: Porque tanto Santiago como José si tiñan unha barraca...

C: Si, eses tiñan barraca. Pero a barraca sólo a usarían pa cando eran as festas de San Froilán... e as festas grandes. Qeu además íban aos nosos locales tamén...

A: Si, si.

C: Nós íbamos por Ferrol... que un primo noso buscábanos o local para ir co cine, e cos muñecos... E a xente quedaba mui encantada. Pa aí, para a parte de Monte... Que non fora outro, co cine! Que a nós guardábannos o sitio! Dice: "no! Vén o Barriga Verde. Non os queremos..." Que va! Despois tocábamos discos... E esa "Estudiantina", de Antonio Molina... Estaba a xente collendo os nabos, e cando tocaban "la estudiantina", á xente fervíalle a sangre, eh! E o meu marido, claro, iba ao cuartel da Guardia Civil, que íbanos cos papeliños en condicións... e dicíalle, mire, tal día vou traballar ao pueblo. Dice: "no se preocupe, Jiménez, que ya va a ir un guardia, una pareja... y ya va avisada". Había que avisar, qeu se non se... E había que... Amigo!

Fillo: pero alí, o teatro pagaba a Sociedad de autores. Aínda atopei o outro día un papel...

C: Pagábamos! Este o outro día dice: "mire mamá, sociedad de autores".

Y as cancións que íbamos poñer, e a película que iba... Ao millor colábamos un día, si repetíamos ou estaba o tempo malo, botábamos outra película pero non pasaba nada. Pero había que... E as películas con censura. Unha vez un cura aquí... Aí ao lado de Quiroga, nunha aldea. Era "O vizconde de Montecristo", no... "El rey burlón", que era de guerra, de eso de... de reyes. E claro, ve que se besan... Vai o meu marido, puxo a mau por diante da... da cámara da tele... Dícelle o cura: "no, no, eso es igual..." Era igual. [rin todos] Se no es verdad, que me vea cega, eh! Bueno,

moito nos temos rido! Mire, eu partín a perna haberá... unha perniña, haberá quince anos. E eu fun ao hospital aí, e estuven ingresada aí. Viñeron de Quiroga e dicen "eu a esta señora parece que a conozo" e... digo eu "non, eu son de...". "Si home si, que era eu pequeno... (maestros) e iban vostedes co cine e cos muñecos de Barriga Verde". Por aí, conocían. E cando viñan xa, todo... Como non nos van conocer? Ahora de vellos non, pero antes... daquela íbamos cun carriño, con cabalos, que non había coche, daquela. (22:52). Que... hasta da vergüenza, pero bueno...

Despois o meu marido fixo unha caravana, cerradiña, e con dous cabalos... arrastrando... e así fumos. Chegamos hasta Ponferrada, co cine, por alí, polas aldeas. E alí chegamos hasta Ponferrada con cuatro rodas de goma, en vez de ser de carro do outro, de aire, rodas de aire. E dícelle un señor a meu marido: "cámbiolle o coche polos cabalos e polo carro". Dice: "hai, o carro non, que é onde levo eu..." . Dice: "non, non, as rodas... e o resto". Dice: "se o coche está andando eu cámbiolle. Se o coche anda, se non nada". E aí viñemos, despois de Ponferrada, co coche. Hasta que chegamos a Orense. Fumos con un primo meu, que íba diante... Daquela podía ir un... tal, pero fumos así, por carreteras mortas, hasta Orense, e en Orense sacou o carnet o meu marido. E foi facer a práctica co mismo coche. Pegoulle Don Julio Amor, que era de Castro Caldelas, petoulle na carrocería: "Jiménez! Ya está usted aprovao" Dixo meu marido: "bua! Aquelo foi un milagro!" Nun mes! Sacou o carnet. E non tíñamos os cartos! E había aquí un señor que era chatarrero, chamábanlle Don Fernando... Naqueles tempos, toulle contando naqueles tempos! E chamamos a Don Fernando: "mire don Fernando, nos puede prestar mil pesetas, que estuvo sacando o carnet meu marido, e nos cuesta tanto dinero". Dice: "tranquilo, por donde queres que cho mande?". "Pois polo coche de linea". O que conducía o coche, o chofre. E mil pesetas nos mandou. Costáralle 400 ou 500 ou así, pero facíanlle falta os outros cartos para comer.

A: claro.

C: e despois desde aquela fumos tirando hasta hoxe. Pero con moita esclavitud, con moita esclavitud. O meu marido ahora, tiña a casiña feita, estaba todo, e el pagaba autónomos, que había que... Empezou pagando 400 pesetas, daquela. Díxolle un señor do banco: "mira, paga algo, porque hoy o mañana...". E despois foi cando viñeron as cartillas do seguro... Que daquela non había... Había que ir ao médico pagando! E foi cando... E despois cando enfermou, arreglou, pero arregloulle mal un avogado, e quedáronlle 10000 pesetas. Dez mil! E despois cando quedei eu viuda xa cobraba máis que el. Vinte mil pesetas, en pesetas.

A: xa

C: Pois anduvémoslle mui esclavos, eh! Pero o propio Barriga Verde, de muñecos, apartando á miña sogra e o tío Santiago de Ferrol. Non había outro. Non había outro!

A: Pois nós estivemos, porque como nos dedicamos a... eso, pois empezamos a investigar, sobre a xente que facía antes que nós...

C: Eu, cadrou un día que ...

Z: Eu non, a miña historia é de tocar. E eu coñézoo a el de atoparnos nas feiras. Eu non ando nos muñecos.

A: ... e ao primeiro que atopamos foi a Alfonso, o fillo...

C: Si, si. Alfonso, ese é primo do meu marido.

A: E oíamos informacións de que aquí en Monforte había alguén... En Ourense, pero nunca...

C: Era el. O meu marido.

A: Cos datos que houbo xa se fixo un documental, que supoño que pronto o poñerán na televisión. Pero claro, xa está feito, e sólo salen Juan e Alfonso. Pero seguimos coa idea de ir ampliando información...

C: Meter ao difunto de meu marido, alí tamén.

A: E o que se vai facer para o ano que vén é unha exposición, por aí por... Está apalabrada en Santiago, en Pontevedra e andamos tamén a ver se en Lugo.

C: Si, en Lugo foi o fallo, que xa dicía un fillo meu, que... Dice: "o que? De Pontevedra non era o Barriga Verde" . O Tragaestopa, se acorda?

A: Si, o José

C: O José! E dice: "O Barriga Verde era meu pai. Que era o que traballaba... " Pero morreu, pobriño, que ademais quedou en Lugo. Netos do José... foron os que deron os datos, pero mal.

A: xa

C: non os puderon dar... en condicións.

A: Eu aquí en Monforte falara con Manuel María, non sei se o chegara a coñecer.

C: o que morreu .

Fillo: ai, o poeta.

A: o poeta, que tiña unha librería aquí e era procurador. E el chegou a escribir unha obriña de teatro que se chama así, Barriga Verde. E eu vin aquí para saber se el tiña algo que ver...

C: nunca me cadrou falar... El pensaba que non había nada do barrigaverde aquí.

A: pois foi o que me dixo, que non había nada...

C: pois si que había. Morreu, que é de Lugo. Era de Rábade, ou por aí...

A: si, si

Z: de Outeiro de Rei...

C: Si, morreu. Que o difunto dos meus pais, meu pai, era de Lugo, de Rábade. De aí de Robla, de Milagro de Saavedra. E meu pai eran labradores. E despois casouse

con miña nai, que era de alá de Noia, e formaron un negociño. E foi como empezaron. E nós, como os pitos: detrás da pita fumos.

A: pois mire que andábamos anos tratando de atopar algún dos fillos de Julia.

C: Si pois... A el Julio, chamábanlle. Traballamos en Sarria. Se usté pregunta en Sarria por nós, por Barriga Verde, todo o mundo lle dá os... Traballaba mui ben.

A: porque nós soupemos, o que fumos averiguando, foi que houbo un primeiro José, que veu de Extremadura, e tivo tres fillos, que eran José, Santiago e Julia. E os fillos de José e os fillos de José e os fillos de Santiago os fumos topando e falando con eles.

C: si, si, si.

A: de, Julia, é que non había forma, non topábamos ninguén, a ningún descendiente nin nada.

C: Pois mira, eu. É a que tedes! Para contar a historia.

A: Pois está ben que haxa alguén tamén!

C: pois si, son a única.

A: Despois, o que si, co tempo escoitamos de uns Jiménez que eran da Estrada.

C: Era o Ramonet.

Fillo: o Ramonet, si. Un irmao de meu pai.

C: Un cuñado meu.

A: Qeu tamén facían títeres?

C: Non, pero ese non facía. Facíaos o meu marido pa eles.

A. Ah!, vale.

C: Entende?

A: olvideime de traer unha foto que atopamos hai pouco dun espectáculo de Barriga Verde, heilla traer, para que lla ensine, a ver se a conoce.

C: vale, gracias. Si, si que conozo.

A: Porque a atopamos precisamente na zona da Estrada, e sabemos qeu son dos Jiménez da Estrada.

C: Si, claro, pode ser. Pero ese non traballaba os muñecos, o Ramonet, porque mandaba unha nena...

Fillo: tiñan un barracón que facían de paiasos e trapecios e...

C: ...unha chavala, unha que lle chamaban Susa, se doblaba polas cadeiras... Ai, levaban un traballo bon, eh!

Fillo: aínda ten fotos, usté.

Metíase polas cad... e despois así collía un pañuelo. Pero muñecos non, de muñecos chamaban ao meu marido [tuse] pa que lle traballara. Que era o único.

A: Vale. Claramente, a xente que traballou os muñecos aquí en Galicia foron Santiago, Julia e o seu marido...

C: Julio Jiménez.

A: ... e José. Realmente foron...

C: José. Bueno, o José xa n'os traballaba, o de Pontevedra. (30:07)

A: El estivo seica hasta o 64, facendo... muñecos. Despois deixouno.

C: Pero traballar n'os traballaba. Eu acordo de pequena, que o teatro máis... nós os nenos íbamos a San Froilán, a Lugo. E íbamos aos teatros eses, e traballaban... Porque tamén a miña sogra tuvo fillos que levaban o teatro, pero non levaban os muñecos. O Ángel, o tío Ángel... A Casilda era unha artista... A Marujita, estiveron traballando... facendo pa ser artistas.... Os Ramplines; tuvo dúas fillas, unha aprendendo a tocar o acordeón e outra bailando, e traballaban ao público. Dicen que ganaban cuartos como tierra, en Valladolid. Ahora, morreu el, e ela a velliña non sei se morreu, que eu... comúnicabame moito con ela, pero ahora, conócese que cambiaron o teléfono e non me comunico moito.

Pero daquela levaban teatro solo. Que aínda este... Aí en Bóveda.... sacaban o touro, non sabe? Que van dous, toreando, un diante e outro atrás. E dice: "quién quiere ser torero?" E apuntaron a este e outro, outro veciño...de alí de Rubiá.

Fillo: que tiña eu? Seis anos ou sete. [Claro e vexo... Ademáis era a cabeza perfecta, a do toro...

C: [se me vés escapar este!

Fillo: me cago en .... tirei as banderillas, como... ! [rin todos]

C: aínda hai xente que... acórdase deso. E nós chorábamos coa risa. E empezou a escapar pao tiro, nós pola festa de Bóveda...

Fillo: e o outro era o carniceiro de Bóveda, o fillo do carniceiro. Un pa un lado e outro pa outro lado. Carallo! Víamos o bicho grande...

C: Non sabe que vai, coa cabeza un e o outro vai agarrado...?

A: Estamos falando do setenta e pico, xa.

Z: si, por aí.

C: Xa hai moitos anos, eh! Meu marido dice: "xa verás que medo vai coller, tan pronto vexa o toro".

Fillo: ao mellor non saín até o día siguiente! [rin]

C: Si, e o meu marido facía tamén... Eran artistas, xa. Pa que vamos dicir. Non é porque fora meu marido...

Fillo: papá, o que ten dito... é que traballaba no rulo...

C: el traballaba no rulo. E despois, acababa deso e os muñecos. Poñía o rulo, ao mellor tres tabletas de rulo en alto, e metíao ... e andando. E despois, en gimnasia, chegaba un ermao, poñíalle as maus aquí e... na pioleta. E despois, facer gimnasia, entendes? Porque el era alto, o meu marido.

A: E por exemplo, cando había unha festa e.... por ejemplo, se poñía nun local, cobraba unha entrada...

C: Si, si

A: E... que ofrecía dentro? Que facía? Facía os...

C: Os muñecos. Primeiro facía o cine...

A: Cine

C: E despois traballaba os muñecos de Barriga Verde. E despois tocaba discos, e a xente, a bailar.

A: Baile.

C: E non sei se era unha peseta ou dúas pesetas.

Fillo: eso nos pueblos, porque el dice nas festas, cando era barracón grande...

C: Ai, si! Traballaban cada función.

A: Pero había máis espectáculos?

C: Había solo os muñecos, e a gimnasia, e cantar.

A: ahá

Fillo: e os pallasos...

C: E os pallasos... Nas festas. E... salía a xente, e volvía entrar outra.... Acórdase el ben que puñeron, o barracón así con asientos e a plaza de toros así. Como é unha plaza de toros...

A: Si

C: Xente sentadiña. As mozas pensaban que era outra cousa. Pero cando sale o toro! Ai! Foi en Rubián... Súbese a xente, que daquela non había tanto pantalón [ri] Aquelo era de risa, eh!

Fillo: naqueles tempos, vían un toro deses e...

C: Témonos rido! Traballaron no San Mateo, que cartaban as madeiras, e o toldo, e puñéronnas no San Mateo...

A: San Mateo...?

C: Aquí sabes onde é o San Mateo...

Z: Si, onde vivo eu.

C: pero daquela non... Agora entran os coches, pero daquela era cun carro. Que había que arrepuxar, e carretar os trastos, e costillas... Ai!

Z: I o toldo que era, redondo, como os do circo?

C: Un toldo... como un bar. E o toldo, despois o letreiro por diante, do teatro.

Fillo: si, como unha carpa...

C: Era como unha carpa, eso. E todo cerradiño, o teatro p'alí, donde cantaban as artistas, e os pallasos.... Teñen ido a Castro de Rei, toda esa zona. A Escairón, a Sober... Eso, por aquí. Pero o María ese nunca se deu de máis, e era eu a que estaba por aquí. Xa o coñecin, eu.

A: Manuel María, si.

C: Eso. Era avogado, ou non sei que.

A: Procurador, era. Me dixo, me dixera, cando fora falar con el, que el nunca vira realmente. Solo o vira unha vez.

C: Si. Pois marchou pa Lugo... A muller, levantárase un rollo aquí e non fora ela. [entran co tema escabroso que non interesa]

A: Pois eu viñera aquí a Monforte porque me sonaba que algo había...

C: Pois mire como sabía usté o nome da miña sogra...

[E o meu marido era Julio, era o que traballaba.

A: [Si, porque levamos desde... hai como quince, ou vinte anos, preguntándolle á xente, investigando por aí.

C: Pois mire, había un rapaciño daí das San Lucas, que era periodista, [refírese a Pucheiro?] Dice: "hai que sacarlle a esa xente do Barriga Verde unha entrevista". O que dice usté! E o pobre rapaz...

A: Eu doulle importancia porque me estou dedicando eu, a facer teatro de...

C: Si, pero o pobre rapaz dícello ao María. Dice: "Había que sacar unha cousa sobre esa xente. Que iban as San Lucas, que iban cos toldiños, que había que subir daquela con carros, carretala agua a caldeiros, pa poder comer... Agua, de ir a un regato, ou a unha fonte... ou ir ás casas a buscar agua... Era esclavitud, daquela, carallo. Ai, que dios me perdone!

Fillo: voulles ensinar unha foto do papá.

Z: E fotos desas, do espectáculo non hai nada, non?

C: Aquí non. Non, o único do espectáculo éralle eu. Bueno, meu marido.

Z: Pero digo fotos; non ten nada diso?

C: Ai, teño fotos, si. Dos cuñados, meus, algunha, de pallasos.

A: E da... do letreiro de barriga verde?

C: non, do letreiro non. Pero vestidos de pallasos, deso si. Pero... xa digo.

Fillo: tiña unha, me parece de... do barracón do San Froilán.

C: Non sei... Está no libro, alí.

Este é o meu marido.

A: Este é o seu marido.

C: Nunha voda dun fillo meu.

A: Podo sacarlle unha foto?

C: si, home si, saque!

A: para ir tendo... E que temos de Santiago, temos de...

C: Pois saque. Si, home, si, este é o meu marido.

A: Tampouco sabemos moito de Julia, da nai del...

C: Da miña sogra teño eu fotos...

A:... sabíamos que marchou para Ourense...

C: Si, probiña! Pois esa era a que traballaba!

[levántase da cociña. Anxo e Ze tratan de facer a foto sen que reflicta o plástico do álbum]

Fillo: eu creo que había unha do barracón, de cando actuaban en Lugo.

C: A miña sogra... Pero xa hai fotos aí, máis grande. Miña sogra era esta.

A: Esa é Julia?

C: Si, é Julia. Pero xa hai... Mira, os meus cuñados. Aquí sacámola no Arcadio. O meu marido... Os ermaos, que eran: o meu marido é este...

A: Pero eran todo homes?

C: Si, e despois cuatro mulleres. Mire os fillos que tuvo, a miña sogra. Esa sacárona na Estrada...

A: Telos era fácil, o que pasa é que había que darlles de comer!

C: Ve? Esos son tódolos hermanos. Si quere sacar foto desta...

A: Si, si.

C: Os hermanos, mire, pois o da Estrada era este, pero non traballou os muñecos.

Fillo: aquí non a ten, Mamá

C: Para! Ten que estar por aí... Nunha bolsa desas...

Home, fotos do meu marido teño moitas, pero... Mire que fotos antiguas había.

Z: Pois estas son as bonitas!

C: Esta saleu, non ve? (..) Mire, eran seis hermaus, non?

A: Si, hai seis.

C: E... Había a Isabel, a Julia, a... Romeral (?)... Cinco mulleres máis! Era un barraco deles.

E a miña sogra... Para, que hai unha da miña sogra grande, que está cunha hermana. Meu fillo! E non me din de cuenta, que se o sei tíñaas proparadas.

(fin da gravación 1)

Parte 2_

A: Ou sexa, esta era a súa sogra e a nai dos Ramplines. Os Ramplines eran... Vivían... onde vivían?

C: Ese... en Valladolid.

A: En Valladolid. A súa sogra é a máis baixiña?

C: A máis baixiña. Teño que buscar, eu teño que ter... Pero teño nun couso, ho!. Aquí non está...

(...) Mire, o meu marido co fillo, con este. Con este neno, no colo. Co Julito.

A: Ehe. Xa medrou, o neno! [rin]

C: Si home! Que despois foi á mili, e cando estaba na mili foi cando morreu meu marido.

A ver si encontro aquí dos Ramplines, que eu teño que ter fotos por aí.

Pero este era noutro lado. O meu sogro... Pero ese xa nada, ese traballaba pa facer chistes, e todo.

Z: E estes que están aquí coas barcas, e tal?

C: Eso é... [ri] Un avión de probar la fuerza.

A: Eso si que me interesa a min moito.

C: Para, é que está noutro lado.

Aí están: meus irmaus... E os cañóns témolos nós aquí, os de probar a fuerza.

A: Aínda teñen estas cousas?

C: Témolo nós.

A: Eso é unha joya, eso ten que gardalo como ouro en paño.

C: Témolo nós aí. Son irmaos meus. Temos o grande e o pequeniño.

E se chegaba unha cousa arriba, arrepuxaban. Ese é pequeniño, pa nenos.

A: si.

C: pero este é irmao meu, estes son irmaos meus. Unha irmá...

Z: ese aínda podía recuperalos para as festas...

C: Témolo nós aquí...

Z: aínda podían recuperalo pas festas.

C: Si, si. Ai, xa o ten levado o rapaz, que o pintou! O Julio... Xa o ten levao Julio.

Teño que buscar... Se eu teño muita foto, pero non sei... Quitei unhas pa enseñarlle aos Ramplines... da nai.

Z: Esto que era, a barraca, non? OU non...

C: O tiro, que levábamos nós! Mire... o tiro que levábamos nosoutros.

Z: de madeira?

C: Si... Era o que había, daquela!

Mira, esto. Non sei se estábamos nós aí, pero...

A: estas pezas que tiñan nos tiros...

C: Si, si, si.

A: que é unha cara dun home, que algunha tiña unha pipa...

C: O meu marido. Eso estaba... Mire. Eu, esta, i o meu marido. Nesta estaba máis velliño.

A: Si.

C: I ese era o Paquiño que morreu [o fillo mediano]. Si, non sabe? Si, ho!

A ver se está por aquí, dos Ramplines... Mire: os carros que levábamos daquela. Unha caravana... dos artistas!

A: que bonita!

Fillo: esta é a que decías da tía Susa, esta era a que doblaba.

A: podemos sacarlle unha foto?

Fillo: i esta non é tamén... Porque se ve de pallaso...? O altavoz...

C: É, o Ramonet, mira.

Fillo: e este non era o abuelo?

C: este é o abuelo.

Fillo: o marido da miña nai [¿¿?]

C: co teatro, a donde ia o meu marido a traballar.

Z: Mire, veño eu outro día. Eu teño un scáner, para que se vean as fotos...

C: e este era o meu sogro.

Fillo: o marido da miña tía.

C: bueno, o marido da Julia.

A: vou poñerme, aínda que sexa así...

C: eu teño unha destas máis grandes, pero non sei donde está...

Tou buscando a dos Ramplines.

A: Este era... o teu abuelo?

Fillo: o meu avó.

A: Que este era o de Ourense

[...]

A: mire, unha dúbida. Este home, que nome artístico, como lle chamaban?

C: Mire, ai estaba o meu marido. Ve? No teatro. Tocando... El tocaba...

A: Esta si que é...

Pero estas son copias, da...

Fillo: si, esa é copia.

C: Si, é copia. Que eran pequeniñas.

A: E quen a fixo... Algún fotógrafo de por aquí?

Fillo: non sei quen lla deu...

C: Foi... No Arcadio, onde a fixen.

Fillo: si, pero facía falta o original.

C: Claro, o original, pero está velliña.. Pero doulla eu un día, cando eso.

A: Xa, xa, non...

C: el tocaba o tambor, mire. Que moitas veces os gaiteiros, verdade?

A: El é o que toca tamboril...?

C: E máis traballa os muñecos...

A: Quen é o que está tocando o bombo, sabe quen é?

C: Un cuñado meu de pallaso, Ramonet. E a miña sogra aí sentada.

A: E quen toca a corneta que hai aquí?

Fillo: a corneta quen é, o tío Miguel?

C: O Ramón

Fillo: E este, o do tambor?

C: Este o Miguel, o tío Miguel.

[e esta era Carmiña, que xa morreu...

A:[O sea, Ramón...

I esto, por suposto é a barraca, están fora atraendo á xente. Están chamando á xente, non?

C: Si, cando están fóra, tocando.

A: que... os de José lle chamaban "facer a porta", a iso.

C: si, este é o Ramonet, de pallaso. E aquí este taba tocando.... E aquí está unha cuñada miña...

Z: Facer o reclamo, como lle chamaban eles? Facer a porta?

A: facer a porta, a porta da barraca.

C: Sacou a foto?

A: Si

C: Bueno, xa lle buscarei algunhas, por aí.

(...)

Fillo: si, había unha do barracón, me parece.

C: E dos pallasos, da parte dos primos do meu marido...

(...)

Fillo: Esta se vía bastante ben, non sei donde carallo vai...

C: A que, neno?

Fillo: a do... san froilán.

C: Si, debe de estar por aí, non sei. Xa a buscarei.

A: E... mire, a ver. O marido de Julia, que acabo de sacarlle unha foto aí... ao teu avó.

Fillo: ao meu abuelo, ao marido da abuela.

C: Chamábanlle Francisco. Xa ten sacada a foto, tena sacada?

A: Si, si. De nombre artístico, de...? Tiña algún nombre artístico? Porque a min me falaron dos Topete.

C: é... [ri]. O señor é dos Topetes, que... traballaba, e o pai era de Valencia, e tiñan un taller de carros, e coñeceu á miña sogra, e escapouse coa miña sogra. Que hasta nunca volveu máis alá, que debían de ter capital, que dixo teu pai: "un día que esté yo bien, vamos allá, que yo... tenemos que tener familia". Porque debían ter capital, un taller de carros...

A: si, si.

C: Facían carros.

Puñéronlle os Topetes; somos os Topetes!

A: Algo así como Ramoné... o nombre que tiña así para...

C: Si, Ramoné tamén, Barriga Verde... Todos.

Barriga Verde, o dos muñecos eses. Non hai outro.

A: Xa.

C: Mire como sabe usté!

A: xa lle digo que levo quince anos preguntando de aquí e de alá...

C: Pois o Topete era un mote que poñían... Pero levaban un teatro... Que donde caían meu sogro... miña sogra, xa o tío Santiago se agradaban. Qeu levaban... na!

A: era grande?

C: Era... Traballaban... Doblábanse... Que daquela... ahora xa se ve doblar muita xente, pero daquela non se vía! Doblábanse pa tras, e despois facendo ejercicios, collendo... Non sabe? Poñéndoo alí... Taba mui ben.

Logo cando veñas xa che terei algunhas preparadas... e sácalas.

Z: Si, esas... AS que hai das festas. Tanto do carro como todas as que teñan que ver co...

C: O carro ben viu, a caravana. Era o que había! Foi a que cambiamos nós! Metémola nun coche e logo cerramos. Metémoslle portiñas. Darriba non, darriba metémos no camión. Nun coche... que nunca...

Z: Ai, o de arriba meteuse no que ocmpraron.

C: Si, ao cambio. Foi a pelo, a pelo. Dixo o señor: "ai, se anda eu cámbiollo, pero se no anda eu non llo quero". Démoslle dous cabalos... El puxo... as catro rodas, que

giraba de adiante, non sabes? E foi como chegamos a un coche. Que daquela era difícil. É verda?

A: Era duro!

C: Era duro, filliño! (10:45) Ai, pobre! Mire, se vivira o meu marido igual o contrataban aquí pa Monforte, no auntamiento, pa facerlle pijotadas... aos chavales, cos muñecos. Se dá de cuenta?

A: Xa, xa.

C: Que ahora... Ao millor xa o chamaban pa muitas cousas.

A: Chegou a televisión e acabou con todo.

C: Acabou, eh! Eso sí... Era o que había, nós daquela cos discos.... Ai pao Incio... Nas cuadras, botábanlle palla, e facían nidiños como... como nidos de pega, bailando. Xa non podían levantalo pé... Non sentiches ao Facundo. Ao Facundo, ao que vende as pipas!

Z: no medio da bosta...

Fillo: non, limpaban as cuadras e despois botábanlle palla. Ao mellor era pola humedad.

C: primeiro botában a película de cine. E despois os muñecos, ao final. E despois discos, que bailaran. E bailaban. E por... Eu non se eran cinco pesetas, ou algo era deso.

A: Dependía da época... Iria subindo.

C: Eso, era a peseta, daquela. E aínda o Facundo o outro día, falou con ese... bueno carallo... aquelo era o que había! Aquelo era... E nós íbamos ao fin do mundo! Sentían o ruído...

Z: Como avisaban, de que chegaban? Iban antes...

C: levaban uns carteliños deses e poñían nunha cantina: “hay cine de tal día a tal día, y la película de tal... título. Y después al final, los muñequitos Barriga Verde”. Ai, o que iba unha vez xa volvía repetir, que os muñecos era moi... alegre.

Ao final, claro. E despois tocaban os discos. E bailaban!

Ze: E facían... cubrían unha tarde? Canto tempo era todo iso? Tres horas, ou...

C: Pois mira, si empezaba o cine as nove, ou ás oito, cando era escurecido...

Fillo: si, pero ás veces botaban dúas noites nun pueblo...

C: Había veces que dicía o meu marido... Aínda me preguntou unha cuñada: “y dónde fue que repetimos una película?”. Aquí ao lado de Sober, en Año. Dice: “había neve, nevaba, e a donde ibamos ir?” E dice meu cuñado Ramonet, dícelle meu marido: “mira, vamos repetir la película El rey burlón”. Y dice: “se titula Ella la

misma". [rin] E algúns dicían: "e non vos dixo que se titulaba a misma?" Si no es verdá, que índa ciega me vea, eh!

Z: E habería quen se cabreara...

C; Había que facer algo! E despois traballaban as miñas cuñadas, as sobriñas, bailaban... Traballaban os muñecos... E aí estábamos. A xente traíanos patatas, chorizos... Ai! Daqueles tempos era difícil, o tempo...

Ou iren cantar os reyes. Se nos cadraba nun pueblo os reyes dicía as señoras, "vamos cantar os reyes". Unhas amigas de alí, iba o meu marido, iban cantar os reyes, sabían a canción... E levaban un saquiño, collían chorizos, carne...

A: E volvendo ao dos muñecos... Eso de "morreu o demo, acabouse a peseta..."

C: Si señor. O toro! E o demo, tamén...

A: que morrera. Pero... había demo, logo.

C: O demo, si, si, si. Había un demo.

A: Sacaban un demo, un toro, un cura, o Portugués...

C: si, o entierro... A caixa do... A caixa do que morría.

Fillo: e a vella, non había unha vella con gafas...?

C: A vella facíanos rir a todos. Que ata era simpática. Tiña a nariz larga.

A: Esa era a que era de goma?

C: De goma. Dice o meu marido: "vou levar esta, qeu lle poño ... que bonito". E salía, facíalle el as filigranas, facía "achis" e a xente empezábase a rir... Estornudaba, e despois facía... E falaba: "por que se rin?" Falaba de velliña... Sacaba cada cousa o meu marido! Que aquelo era increíble, era increíble. Era mui bonito.

A: Antes falou dun guardia municipal, na...

C: O municipal, pa cobrar albitrios...

A: Si. E tamén lle daban?

C: home! Apañaba...

Fillo: que se cobran!

C: A que viña vender, a que viña vender, apañaba!

A: Esa seguro que era a que máis aplausos levaba!

C: E cando se peleaban...Peleábanse os dous, "duro Portugués, duro Galego": ta, ta, ta! Volve... Tiña a facilidade de envolvelo, e xa tiraba con el... Encima de darlle... palitroques. (15:35)

A: Dáballe golpes, e arrancaba o muñeco, e...

C: E o doblaba, e xa tiraba con el. “Ala! A tomar morcilla!”

A: E facía, por exemplo, co pau, facía volteretas no aire...?

C: si, si, facía... ao mellor, caerlle o pau, facerlle que lle caía, e entrar un chaval ou un mozo a darllo, e collerllo, e despois dáballe nas maus co pau... “Ja, ja, ja”. Que non o lastimaba...

A: Xa, xa.

C: De risa, todo de risa...

A: por exemplo... usaba fume, nalgún momento? Por exemplo José, o Traga estopa botaba fume pola boca.

C: Eso... Este non. Este só traballar os muñecos e... eso. O tío Santiago fixo unhas... como se fora o mar, unhas tablas, facendo como as olas. E despois van os barcos: “Ei! Tal...” Pero... Xa se vía o que era.

A: Eso era máis complicado...

C: Xa o tiña, porque xa tiña preparado as tablas. As tablas xa as tiña amarradas...

A: Eso é... E salían os barcos...

C: Salía o barco falando.

A: Eso facíao Santiago.

C: O tío Santiago.

A: Salían os barcos... pode ser que fora o descubrimento de América?

C: Eh:! Eso. Puido ser deso.

A:...que se fundía o barco e salían tiburóns...

C: Unha cousa así. Eu acórdome... Xa estaba eu casada, con teu pai.

A: Ti acórdaste de ver...

Fillo: Non, eu cando nacín xa non...

C: Non veu nada! Ese do pai non veu nada! O outro si. O Toñito, o máis vello, ese veu...

A: Eu, por exemplo, cando iban a Lalín, miña nai me di que eu ía velos, pero non me acordo.

C: En Lalín, mira, traballaron en Lalín e en Mellid, no sitio do cine, en Mellid. Tuveron alí co teatro, e os muñecos.

A: En Lalín tamén... Bueno, esto tamén me interesa porque eu son dalí...

C: Ai tamén os conocían moito.

A: ...iban pá parte de atrás da estatua de... [Alfonso Noriega]

C: Exactamente...

A: E que iban, cando as festas, ou... Nunha feira...?

C: Iban polas festas e... de inverno, que facía falta cartos, ían traballar.

A: Sóalle a Feira do Bento, de Lalín?

C: Irían, pero desa non me dou de conta. Iban todo o inverno... Iban hacia Chandreja, aí na parte de Orense, todo eso... e traballaban por aí nas aldeíñas, para poder sacar pao cocido, que era o único que tiñan que facer. Non entende?

A: Si, si, si.

C: Outra renta non lle viña! Nin a nós tampouco! O meu marido, cando me casei eu....Anduvo con eles, axudáballe a facer muñecos, traballaba pa chistes, pa facer no escenario... Cousas. E anduvemos así, dábanlle ao millor dez euros.

Fillo: dez euros? [ri]

C: Bueno no! ... cincuenta céntimos, vámoslle poñer. Que era dez pesos, daquela. E con eso compraba chatarra. Viña un chaval, "Tienes chatarra? te doy tanto". E así, cobre, e todos eso...

A: A Santiago...?

C: A miña sogra.

A: Non, digo se iban a Santiago, ás festas de Santiago.

C: Ai, si, teñen ido eles. Eu nunca fun.

A: Pero o seu marido?

C: Si, si, andaban todo por aí. Eles, bueno, naceron en Orense. A maioría deles... O meu marido naceu en Valladolid pero criouse en Orense. Foron criados aí no... no Puente Vello.

A: Así que Julia casou con este señor en Ourense e marcharon para Valladolid?

C: Non... [ri] Casáronse aquí en Monforte. A miña sogra casouse en Monforte. Que aínda morreu un fillo de quen foi a madriña... de quen foi o padriño. Que a madriña non sei quen foi... E tiñan un teatro en Portugal, e deulle cuartos ese padriño e trouxeron o teatro pa aquí, que levaba todo... en cuadros. Xa estaba casada co meu sogro. E despois o que tuvo o cine Barbagelata, cerrou coa propaganda esa toda, e deullo a eles. E despois miña sogra fixera un toldo, con un toldo...

A: Si, si

C: E anduveron por aí traballando. Si ho! Aínda lle emprestou teu pai as películas do cine!

Fillo: Si, pero estálle preguntando... por que o papá naceu en Valladolid...

C: Pero viñeron de pequenos, anduveron por todas as aldeas traballando! Anduveron sempre... arrante. Que non tuveron casa.

A: Entón en Ourense, Ourense, non viviron...

C: Paraban alí contra unhos compadres que tiñan. O de Manolo dos Argimiros.

A: Aha

C:Paraban alí... Que se levaban como ermaos. E ao mellor botaban unha semana, despois ían traballar... O día que lle morreu o pai, o día da Nochebuena foron todos a unha función, pa poder comer. É como un artista que ta... Un cantante, anunciado pa ir aquela orquesta, e ten que actuar! Dixo ela: "tuvimos que ir a trabajar. Y muriera el padre". Enterráronno e despois foron a traballar. Eso... tamén che doe o corazón. Traballar para comer! Ahá! Ai, si, eso...Tanto un coma outro. Todos! A miña sogra e o meu marido queríalle moito á Encarnación, á nai do... do Juan. A nai do Juán. Que esa... manejaba algo máis, habían aforrado tamén, que a miña sogra, como tiñan tantos fillos... Ao mellor a un gostáballe unha cousa, a outro gustáballe outra... E os cartos...

Z: os cartos son os que son...

C: Ao mellor chegaba a onde a tía, onda cuñada dela [Encarnación] : "Julia, ven comigo a comprar". Se compraba un polo pa ela, outro llo contaba pá miña sogra. E tenme contado meu marido que moito lle ten sacado a fame, a tía deles, a do Juan... Darlle de comer. Non sabes? Chamáballe Encarnación, a nai do Juan.

Era a familia de quen me falaba o meu marido, millor. Os outros non, os outros, os de Pontevedra... Nin a un café os invitaban. Nin a un café! Porque eu aínda de casada... íbamos por Orense e... chavalas que andaban nas festas, e ao mellor facía o café, que o café daquela... Buscaba, ao mellor buscaba achicoria, cebada, deso. Porque o café estaba caro... E chegaba ela... "sira Chelo, ten café?" Ao mellor bebíamos o primeiro, e despois botábamos naquelas borras e facíamos outro café. E tostábase un pouco azúcar pa que tivera máis color. E dicía "ai, café dos invitados" E que rico era! [rin] Non che sona a ti eso? Aínda veñen aquí ás festas e beben algunhas. Dicían, era o café dos invitados. Daquela... Estou contando máis de cincuenta anos. Que... Hoxe, gracias a dios... Mira, e non os invitamos a nada!

Fillo: xa lle dixen...

C: Unha cerveciña... Café teño da cafetera feito...

A: Non, non...

Z: Eu se tomo un café agora boto nervioso toda a noite.

C: Tomar un pinchiño, que teño queixo aí e...

A: Moitas grazas, non fai falta. Ademáis habemos vir máis veces.

C: Veña cando queira, que hei de ter preparado...

(...)

C: Que salga alomenos meu marido, que era o único que...

Z: polo menos que quede referencia nalgún lado...

Fillo: o cine e as películas, a ver se falo un día con meu irmao para preparalas, que non quixera morrer sen velas.

C: E el era o que entendía todo...

Z: Pero está a máquina tamén?

C:Si, si, ta a máquina, temos a máquina.

[Fillo: Angelitos negros, de Antonio Machín. Original, tamén

[A: Juan tamén a conserva...

C: O Juan tamén anduvo polas aldeíñas, pero Juan...

A: Que se estropean...

Fillo: Despois hai de Pancho Villa, e esta... El Vizconde de Montecristo, que é de risa.

C:Hai películas moi bonitas, pero derrámanse.

Z: Tendes material...

(...)

Z: Estaba ben ver se funcionan, ou se se poden reproducir...

A: Si que se estropean...

Fillo: hai que pasalas despaciño e limpalas cun produto...

C: El pegábas, meu marido, con cetona.

Fillo: Hai que arreglar as lámparas. E ahora hai que arreglar un destos modernos, para o sonido.

Z: Tedes reliquias, aí!

Fillo: non quixen... sigo sin velas. Porque a de KingKong, el gran gorila, non a vin na tele... Teño os carteles aí, e tal.

Z: Se algún día vades proyectar avisa, pa vir a velas!

Fillo: e a de Antonio Machín, esa de Angelitos Negros, a de Pancho Villa...

[Bueno, polo que me teñen dito...

C:[sabe diós, eu alomenos non o acordarei

Z: pois igual é perder unhas horas aí...

Fillo: o que entendía un pouco máis foi o meu irmao, o outro, o que morreu.

C: E fixémolo aí, o último cine, fixémolo aí nunha... daí do outro lado, que vivíamos daquela, aí.

Fillo: eu acórdome, tiña eu dez anos, e púxoa meu pai nunha habitación... Pero sin sonido.

A: Pois Juan conserva tamén o proyector, e as pon. No documental ese que fixemos, hei conseguir unha copia para que a traigas, e se vé que proyecta unha película contra unha sabana...

C: Sábana, que aínda teño eu... unha sábana grande.

Z: Aínda a ten, tamén, a sábana esa da pantalla?

C: Si. Dicía [Mari?]: "vámola lavar, que ta alí de tantos anos... colle" E dixen: "Deixa!"

Fillo: a ver se nos poñemos un día meu hermao e eu e damos pé con bóla...

C: O que tiña ilusión era outro que morreu, que chamaban Paco, Francisco. Aquel tiña ilusión, probiño.

A: fillo seu?

C: Fillo. Tiven tres, e un morreu.

Fillo: Paco era o que máis ou menos...

C: Era o que iba dicir: "vamos facer" e propa... El entendía máis que o Toño.

Fillo: O Toño saberá, e terá que dicirme a min, porque...

C: O Toño si... Como non che explique eu... [ri]

Z:Pero será poñerse un día...

Fillo:Hai que collelas e limpalas...

C: E embobinalas, despois pasounas para unhos bombos grandes... Eran bombiños pequenos e o meu marido púxoos.. en bombos grandes, e pin pin. Para poder facer sin andar cambiando tantas... Ao mellor eran cuatro veces qeu había que cambiar... Emprestoullas ao do Barbagelata, o que tiña o cine en Sober. Emprestoullas e dice: "señor Alfonso, usted non alquile películas. Leve estas e usted o día que... Mire estas e póñaas". Despois aínda nos regalou un equipo de altavoces, inda regalou algún Nodo... Non sabe?

A: Juan... sabe.

Fillo: pois é coller un día, facerlle un churrasquiño...

C: Pasaba... Pasaba así un cacho de plícula e facía "tra tra", é porque estaba ben.

fillo: Congelados... Eu hai tempo que non vou por aí. Tiña un chisme de vender congelados.

C: Pero os fillos, andan vendendo peixe congelado cos camións.

Fillo: eu andaba na ruta, cos camións e cadroume de parar nun restaurante...

C: Hai tempo que non sale polas festas, non veu, ao Juan?

A: eu vino aínda hai un mes, en Santiago.

C: Estivo mal dunha perniña, que lle cortaron un dediño, ou algo...

A: Eu cando o vin estaba ben, fixemos un acto no... Museo do Pobo Galego, en Santiago. E estivaron el e Alfonso. Mire, pois era unha oportunidade boa para houbera estado usté tamén...

C: Si, mira que pena, non vés? Non, é igual, que eu... Pero podía ir un fillo.

A; Estivemos falando de Barriga Verde, das feiras...

Fillo: a que ten que ir é usté, que é a que sabe as historias...

A: Ao mellor se fan máis cousas, e algún día iremos a buscala para que vaia...

C: Ten que vir un fillo comigo, senón... Eu ando das pernas mal.

A: Xa.

C: E xa son ochenta anos.

Fillo: non vai ir a Santiago andando, mamá!

A: Pero... alfonso non sei cantos anos terá, pero... setenta e pico, ou oitenta.

C: O de Pontevedra?

A: E Juan tamén debe ter non sei cantos...

C: Non, non, Juan é muito máis novo!

Fillo: Juan terá setenta e algo.

C: si, unha cousa. É novo, que o acordo eu, ao Juan. Ao primo Manolo, que se casou cunha prima miña, en Ferrol... Tamén era mui bo. Vías ao Manolo e vías ao difunto do meu marido, eran os dous... de medo. Hasta pa chistes, eran manitas, pa facer...

Fillo: e facían muñecos.

C: Facían, o primo Manolo, un irmán do Juan. Facia muñequiños, de madeira. Fíxome o organillo, deses, non sabes dos organillos que había diante? Eran de xoguete...

Fillo: Era un muñeco de madeira e fíxolle un asiento, e púxolle o circo a funcionar...

C: E vai dando, e tocando o couso. Unha cousa marabillosa.

A: E ese Manolo é?

C: O que morreu.

A: Pero é fillo de...

C: Hermano do Juan. Si, ese era... Horrible. Eu acordei o organillo, usté acórdao?

A: Eu...

C: Eu acórdo de andar cos meus pais, en Pontevedra, ir polas calles, e tocando o organillo i eu... Tirábame a xente desde os balcóns, ao millor envolto nun papeliño, cuartos. E das que eran de planta baixa nos daban pavías, figos... Nós non íbamos pedindo e a xentiña nos daba.

A: Eu acordo os que iban por Lalín.

C: Ela iba co organillo e tocaba unhas piezas moi bonitas, eh!

Z: Eses organillos eran comprados, non?

C: Si, un organillo de verdá, que toca como unha orquesta, eh! Teno visto usté?

A: Si, teño visto.

C: E eu era pequena e meu padre iba co carro...

A: En Madrid aínda hai xente que sae.

C:Iba cun carriño, con un cabalo, e íbamos pasando. E ao mellor xuntaba... Non sei que cuartos era, pero... Algo se xuntaba. Non sabe? Como traballaren ao público. Ïbamos coma tal, desde aquí do Burín, hasta Monforte, por unha calle, e co organillo. E a xente salia a mirar. Parabas alí a tocar e a xente daba. Que hoxe hai bares en todos lados. E hoxe hai teles. Pero daquela non había nada deso. Nós levábamos... Meu pai levaba o organillo, á Coruña, pa gravar cancións modernas. Qeu había, antes ao pasalo Burgo, o puente... Así na esquiniña, agora sabe diós en donde vai... Cambiaron todo. E levaban o organillo. Teño andado eu con eso! Que non me dá vergonza dicilo.

A: Que tiña, un grande, de...

C: Era grande! Nun carro!

Si, si. Iba nun carro, o organillo. E meu pai paraba co cabalo... Sentíase de marabilla!

A: E ademais mui bonito. Hoxe en día é moi apreciado

C: Si, unhas músicas moi bonitas. Esas pezas... Sabe diós meu pai onde as meteu, todas esas pezas...

Z: Sabe diós donde estarán, todas esas pezas...

C: Sabe diós onde as meteu. Ou rompéronas. Si, pero era un organillo, acórdoo eu. E acordo coches con leña, encender os coches con leña.

Fillo: os de vapor...

C: Había a ir pa Lugo, aí, cerca da Puebla, indo pa Lugo, había aí naquelas curvas, había unha señora que levaba o coche, e detrás íbanlle botando leña, e ardendo. E andaba. Cóntollo a ese e non o cre!

Z: Non o creo nin eu!

C: pois é verdá!

A: Non, eu non os vin, pero sei que... Despois da guerra debeu ser moi habitual.

C: Si... Iba atrás. O fogo botaba o lume, e leña, e andaba o coche. Coches que iban á feira.

Eu acordei eso. Despois acordei o coche que... O que cambiamos nós polo carro, había que encendelo cunha manivela. Tampouco viches eses?

Z: Eses si, eses si. Nas películas.

A: pois eu tamén os vin. Os taxis en Lalín eran todos de manivela...

Fillo: e eran de tres velocidades, sólo tiñan tres marchas.

C: pedíanme a min que pisaran na marcha mentres lle daba á manivela. Se encende... xa está encendido. Non sabía en donde... Mandábame tocar con un pe. No acelerador, debía de ser.

E tamén, oíches? Ïbanos aí a Piño, ti tes ido a Piño?

Z: A Piño si, si, si.

C: Baixando, hai unha costa ali pa Santalla. Pois é un repecho así. E o coche era de tres marchas, que non era de cuatro, nin de cinco. Meteulle a primera, o coche así... Iban o Paco e o Toño, eran pequeniños, ían no coche. Dice: "toma" .Mandara facer un taco de madeira, pa agarrar, e pa poñelo, cando calzara.

Fillo: claro, pa que non se fora patrás.

C: Tu si ves que me para el coche... Claro, iba na primera! Iba coronando un pouquiño arriba... Ai, eu xa respiraba. Pero... érache tristeza. Era tristeza, daquela!

Que ao mellor volvera o coche pa tras e matara aos fillos... E iban dous neniños.

A: Nese tempo habería outras alegrías, tamén...

C: E despois chegaba arriba: "Ai, gracias a diós". Eran coches de poucas marchas. De tres, creo. A segunda, a primera...

Z: Eran coches pao llano.

C: Claro!

Z: iba cargado, tamén...

C: Iba co tiro! Si... que despois cargamos con barcas, e tiro, e todo. Despois xa levábamos máis, as barcas. Eran os chavales un pouquiño máis grandes, os outros...

Z: xa axudaban.

C: había que poñer un negociño ao lado. Me entende? Porque o tiro levábanche mercancía e había que volver a repoñer. E as barcas, se fan vinte pesos, pódelos gastar nunha borrachera. E os do tiro, non podías gastalos!

Xa non... Non bebí... Este é un falar, que beber, borrachos non eramos. Pero podíalos gastar tranquilamente.

Z: a ganancia era limpa

C: pero do tiro había que volver a repoñer.

Pois cando veñas tu outra vez xa che terei unha cousa pao neno. Xa che terei un regaliño para o pequeno.

Z: bueno!

C: un neno máis rico! Un tesoro!

Z: eu non digo nada!

(...)

C: Pois xa sabe, usté cando queira... Póñome con Julio, busco unha tarde... que teño moita foto de diós.

Z: todo o que teña, o que sexa das festas, das barracas, do cañon este da forza... Ese tédelo?

Fillo: temos...

C: Si, témolo nós, aí?

Fillo: si, están os dou....

Z: Podedes levalo coas barcas, se poñedes.

C: xa o levou!

Fillo: preparei unha vez eu, esas petardas...

C: Non hai petardos!

Fillo: ahora non hai as bombas esas que había, hai que mirar quen as fabrica. Ten que ser un deses de pirotécnica, ou...

Z: Eu coñezo na zona de alá, en Vigo eu coñezo xente que prepara bombas. Foguetes...

Fillo: non, pero di desas de tirar...

C: un petardo...

Z: eu pregúntolle...

C: ai, pregúntalle. É desas de tirar, de meter nun buratiño...

Z: Ai unhas desas que andan os nenos, tiran así ao chan, e explotan.

C: Non pero hai unha.... pa enseñar, unha caixa deles. Pero... Hoxe chama, eh, o avión ese chama.

A: Eu sempre dixen que é unha pena que eso desparecera. Porque seguiría funcionando.

C: Pois ta aí, mui pintadiño mui ben.

Z: Hoxe en día, eso o pos...

C: E o pequeno,...

A: Teño que preguntarlle por outra cousa que ao millor usté recorda. Eu recordo de neno, ver nas festas de Lalín, un xogo, que era como unha especie de caixón, así, do que colgaba un péndulo e había que tirar un... unhas madeiriñas que estaban de pe. Non lle sona eso?

C: Como lle vou decir, tirar por un cordel?

A: Non, non, está colgada como unha bola...

C: Ai! E pa tirar por unha botella, que ao mellor enganchaba e tiña que pasar por aquela tabla?

A: Non...

C: Ese tamén é un negocio moderno. Pasar unha botella de champán e teñen que collela

[ven o fillo cos petardos dos que falaban antes]

Fillo: son estes, e viñan así nunha caixa grande...

(...)

C: A ver se dice, que tira por unha anilla, e sube un premio?

A: Non. (.) Era como unha mesa, había como unha mesa...

C: como un plomo?

A:...unhas cousas de madeira postas de pé. E había así como unha plomada...

C: pa tirar por ela?

A: Sónanche eso?

Fillo: eu de velo na tele...

C: Eso faise fácil! Eso faise volado!

A: Si, xa sei.

Fillo: pero ta dicindo se se acorda de ver algo deso..

C: Si, eu tamén diso. Mire, hai negocios agora, do de antes. O meu marido e eu...

Eu cando empezamos eu e máis o meu marido, que miña nai tiña un cañón. Por si se compraba o noso. E traballaba o meu marido unha voladora, unha dabaixo e outra arriba. E eu o cañón a medias. E había veces, dicía miña nai: "hai que comprar unha caixa de petardos". Unha caixa que levaba muitas caixas... E digo eu: "Joder, que nos queda? " Se compramos petardos xa quedamos sen un duro. Que unha nai, debía dicir: "no, esto é pa ti. O que fagas é pa ti, o teu marido tamén está traballando..." . Pero era unha chupona! E fixemos unha mesa máis pequeniña que esta. Poñíamos un paquete de tabaco, de celtas, un librito, outro paquete de tabaco, caixas de cerillas... E a tirar, un duro; se quedaba encima levaban o premio. Poucas veces quedaban, tiñan que ter boa puntería.

A: Claro, claro.

C: E despois botellas, de botes, a tirar os botes aqueles. O que tirara os botes todos da... estantería levaba unha botella de champán. Empezámoslle con eso. E despois fixemos un macico, un mazo. Que é así de alto, e leva un petardo, así de alto, e apértalle, aquí a cousa, e este aparatiño manda pa riba a cousa. E empezámoslle con eso, con petardos, que era o que levaba, por iso digo eu... Despois fixémoslle un tiro, que nolo fixo aquí un carpinteiro... Hasta la vista! Compramos as barquiñas

Filllo: e nas cintas non colgaban esto?

C: Ai, poñíanse nun cácamo. E colgábase nun tiro, encolgábase un cácamo, con puntas, e co balín, "pla!". Pero formaba un ruído! Comía a madeira toda, os petardos. Pero nós o que nos fai falta e´para o avión. Que este púxolle unha campanilla. Tóca e dáballe premio. Pero máis bonito é o petardo.

(...)

A: E... acórdase da sorte do paxariño?

C: Ai si! Que... botáballe alpiste aí coa boca, e sacaban un papel... Eso é...! Tuvoo miña nai tamén. Entón poñían unha cousiña de alpiste aquí, e picaba. O paxariño collía e picaba. E collíao nun sobre calquera. Había moitas.

Z: E estaba solto, o paxariño?

A: Si, pero supoño que estaba trucadas as alas, cortado o nervio...

C: "venga, coge la suerte de esta chica!" E a xente picaba. Usté non ve esa estatua, que meten os cuartos e meten a man? Pa coller eso... Hai de todo, ho.

Eso do paxariño túvoo miña nai tamén. E despois hubo un tamén de... de Monterroso. Que poñía un graniño de alpiste e chegaba e... picáballe. E despois sacáballe á xente, taba toda... que ao millor a historia... nunha papeleta era a historia dunha clas, noutra era doutra clas... Facíanse en Lugo. Como as coplas.

Fillo: como a buenaventura, non?

Z: Si, as coplas que eran, as que se vendían nas feiras, tamén?

C:Daquela os calendarios, non había calendarios. Vendían o calendario, o Zaragozano, o... o Gallego...

Z: O gaiteiro...

C: O gaiteiro de Lugo e o Zaragozano, que daquela non había tantos calendarios. Daquela só había que comprar o Gaiteiro de Lugo e o Zaragozano, pa saber en que día vivíamos. Non é verda? Ahora xa non fai falta nada deso... E daquela iba miña nai a vendelos, e non daba vergonza. E compraba queixos, máis baratos na feira, e deixábaos curar e iba vendelos tamén. E moitos comíamosllos nós, en Lugo [rin]. E moitas veces... Eran tempos, daquela. Daquela si que... si que hai negocios de... Pois o cañón si, xa buscarei fotos... Dos meus cuñados de pallasos.

Z: E un tiovivo non tíñades, tamén?

Fillo: temos un pa preparar, aí.

Z: pero que é, o das cadenas, que levan os...

C: os cochiños....

Z: os cochiños paos nenos, sisi. Ese que debe ser, dos anos oitenta?

C: Ai, ese é antiguo...

Fillo: ese é máis antiguo, que hai que restauralo todo.

Z: que era, de chapa e plástico?

Fillo: non, era de zin, cos tableiros de zinc e de madeira.

C: madeira, todo. E poliestre, [os coches de poliestre.

Z: [e os coches?

Fillo: os coches, mandamos moito para chatarra, eran bicicletas pequeniñas... Solo conservamos un que era como unha mariposa, ben tallada...

Z: pero de madeira?

Fillo: de madeira. Eran as figuras que había, eran bicicletas e motos feitas por un ferreiro.

C: Comprámosllo a unha sobriña do Juan, a unha prima pola parte do meu marido, que lle chaman? OU sobriña do Juan? Que vive... en ferrol... Eu tíñao, anduvera con el, hai pouco.

Z: pero era eléctrico, non?

C: eléctrico, eso ten que ser a douscentos...

Fillo: a trifásico. E levábamolo nun caixón con sal e, segun entraban máis as cuchillas no sal, andaba máis.

C: pero agora van sin sal...

Fillo: agora xa cun potenciómetro xa vai ben, pero daquelas era un caixón, aínda teño un aí: no caixón entraban unhas cuchillas, [no sal... e canto máis...

C: [mira, as barcas, e o carrusel ese, son os máis antigos que hai.

Z: As barcas e o... Estas barcas son vellas, entón.

C: Si, esas barcas son... Home! Ahora montounas nun remolque, pero antes había que montalas fóra.

C: xa

N: onde cadraba feira de ano↑

C: xa (.) e a: (.) e por exemplo, na zona esa donde estaban eles↑, por Ortigueira non había festas?

N. despois cando non había festas↑(.) andaban co cine

C:xa (.) no inverno

N:no inverno cando non había festas↑ (.) gardaban a madeira↑ e andaban con cine, co cine

C: e por exemplo en San Froilán ou en San Lucas↑ (1) a veces entón coincidían:

N: do San Froilán viñan pas San Lucas

C: San Lucas

N:as San Lucas

C: e a veces xuntábanse entón os dous irmaos?

N: si: (2) No↑ aí nunca se xuntaron os dous irmaos.

C: no?

N:onde se xuntaban era:↑ (.) onde se xuntaban era: aí arriba: (.) hacia Santiago (1) esa que facían mais Lalín ou a EStrada↑ cadraban coincidíalles (.) pero si viña un↑ (.) algunhas veces xuntábanse e outras veces si viña un non viña outro.

C: xa. Alternaban, [turnábanse

N:[e pa parte de Pontevedra↑ (.4) tiñan mais: (.) non sabes? (.) pa parte de Pontevedra tiraban tamén igual↑(.3) á parte de Portugal.

C: xa:

N: á Raia de Portugal, que hai feiras tamén boas↑

C: si

N:á parte de Portugal e ↑eles como podían entrar (.) e saír e eso↑(1) porque esa a que facía de mariposa↑ facían máis↑ (.) pa parte de: de: (.) d'Orense de de de (.) Portugal e eso

C: i que (.) i eles eran portugueses, enton?

N:eh?

C: eran portugueses, logo?

N: si

C: os dous?

N:o señor Santiago e mailos irmáns eran portugueses

C: eran portugueses. Falaban portugués? (1) e falaban portugués?

N:no↑(.) o señor Santiago↑falaba máis: (.) xa: (.) gallego (1) porque era (.) pequeno cando veu paquí

C: ah

N: o outro non↑ (.) o ese o Topete↑ (.) xa era(.) debía selo máis vello↑(.) falaba máis (1) xa falaba máis (.4) portugués.

En cambio a muller↑(.) non sei se era andaluza ou por aí que non falaba (.) falaba (.) tiraba máis a: (.) falaba andaluz ou: (.) exremeña.

C:si

N:si: (.) esa tamén tiña un montón de fillos

C: si:

N:tiña buf↑(.) tiña un montón. Tiña un que estuvo tamén traballando co señor Santiago↑, que reñira cos (.) padres

C: ahá (51:37)

N:e viñeira co señor Santiago traballar↑ que chamábanlle Chupaligas↑

C:[ri]

N:e facía de paiaso

C:ahá

N:era mui bon paiaso, e eso

C: si si si si

N:↑moitas veces traballaban nos salós↑

C: claro

N: traballaba↑ (2) Esoutros↑ traballaban moito nos salós (1) os: Topetes.

C:Topete

N: Topete

C: e como chegaron a Galicia?

N:eh?

C: como viñeron parar a Galicia, non sabe?

N: iso sí que non o sei

C: non sabe

N: como veñen ahora os que teñen os aparatos? (1) Porque dá máis cartos aquí en Galicia que en Portugal, e hai máis festas↑

C: cla:ro

N; porque (.) aquí está ahora↑ atacao de de: (.) feriantes portugueses↑

C: si

N: ta atacao↑(2)

E bos aparatos. Van compralos a: aí a: a Zaragoza e por aí que hai moi bos aparatos↑

C: mmm

N: vanos comprar aí e veñen↑ pa'quí

C: si si si

N: Santiaguito↑ (.) os que o estes: (.) como se chaman?

C: Juan

N: Juanito↑ (.) vendeulle o aparato a un portugués.

C:mmm

N: este: (.) o fixo do roxo↑ que tiña tamén un (.) tamén o: que vive ahora en Ribadeo↑ (.) ese tiña tamén un aparato tamén un de (.) de choque↑ (1) Tamén llo vendeu a un portugués.

C: si

N: vendeulle todo↑

C: si si si

N: a caravana↑(1) a pista↑ (.3) e mais o: os camiós, o trailer.

Vendeulle todo.

Que era este que vivía este: (.) viña sendo unha (.) neta do señor Santiago(1) que vivían aquí (.) en Ribadeo

C:ahá

N:(que logo) un fillo↑(.) anda co:s (.) cos motores↑, polas festas↑ (1) anda cos motores da luz.

C:[vendendo?

N:[un fillo

C: ah↑ colocando?

N: si, anda: (.) alquila o:↑ os motores, non sabes?

C: xa xa xa

N:e unha filla↑ casou tamén con un pintor de: (.) de Viveiro.

E outra tena casada con un mariñeiro↑ (.) en Burela.

↑Todos foron (.) deixando, non sabes?

C: [porque chegou...

N:[foron vendendo todo

C: querían millorar

N: si

↑Éche unha vida arrastrada

C: xa

N: ao primeiro foi dando pero:

C: claro, porque tu por exemplo...

N: pero despois xa foi...

C: os nenos↑ que vivían... non iban a escola↑

N: nada:: escuela? (1) iban aprendendo unhos con outros↑

C: xa

N:iban (.4) ↑eu fun tres meses (.4) pa: escuela

C: tres meses?

N: tres meses. (1)

Aprendin a: (.) sabes que aprendín a ler? (1) Moito, porque me gustaban moito os libros e historias.

E tiña↑ tiña unha maleta así chea de (.) de libros pero libros buenos que me trouxera: un primo meu (.) que era tamén (.) sobriño de señor Santiago: éra pola madre (.2) da señora Encarnación.

C: ahá

N: era fillo dun hermano de señora Encarnación.

C: si si. E que libros eran?

N: eh?

C:que libros eran?

N: e España mi patria...[de Dalmau Carles, 1917] (.) un libro así [fai xesto coas mans marcando grosor] (1) era así (.) destes está La mano ↑negra: (1) eran ↑libros importantes↑, grandes tiña moitos, moitos

C: si si si

N: e entonces ↑lía moitos libros. (2) E fun↑ (.) practicando un pouco. (1) E despois Ramón foime enseñando algo, que Ramón sabía ler e escribir cono está mandado↑carajo(1) e de cuentas e ↑todo

C: claro

N:e foime enseñando algo (2)

↑Pero despois fun deixándoo (.6) ahora firmo, e fírmoche malamente

C: si? [N ri] perdíche práctica?

N: e ahora xa non vexo moito e todo↑

(chega Javier, o fillo, e cortamos)

Transcrición casa Pedrolo (Juan Silvent e Lidia)

VTS_01_1

00: 26:50-00:27:15
Plano da ventá desde dentro do salón. Juan e Lidia asómanse desde fóra e continúan a marcha.

00:27:21-00:27:36
Repetición do mesmo plano. Desta vez Juan quédase un pouco máis atrás e é Lidia a que se achega máis á ventá. Mellor o anterior.

28:10-28:30
28:34-28:52

Dous planos desde a zona do bar do Pedrolo, de Juan e Lidia entrando. No primeiro a porta queda aberta e o contraste de luz é moi forte. Na segunda non, pero están un pouco máis dubidativos.

29:01-29:15
Juan e Lidia entran no salón (vémolos desde dentro). Juan: "Esto cambiou bastante"
Lidia: Madre mía, canto cambiou!
(a partir daquí, empezan a falar de máis)

30:20-30:30
Lidia: aquí estaban as señoras sentadas... E esto, que é esto? Ah, mira, Juan, o espello!
(Juan ségueo, xusto despois entra Pedro en plano)

30:53-31:28
Volven entrar, quédanse quietos fronte á ventá
Juan: Esto cambiou muchísimo! Mira, que é o que había aquí?
Lidia: O organillo
Juan: e como se tocaba? Dándolle manivela
LIdia: Efectivamente, que viña un señor a darlle á manivela

31:42-32:08
Juan: mira, este era onde vos poñíades de frente e vos retorcíades todo arredor a ver como estábais. Se estábais bonitas, si tiñala roupa manchada... É precioso este espello, desde logo, cantas cousas podía contar!

Lidia vai destapando o espello.

32:26 (Plano na esquina. De luz é moi feo, non sei se poderá usarse, pero algúns diálogos igual podemos rescatalos)

Juan: aquí na esquina foi onde me contaches tantas mentiras. Que me querías, que só me querías a min ... Di a verdade!
Lidia: é verda
Juan: cantas veces me engañache?
Lidia: ningunha! Aquí é onde eu me escondía de papá.

Juan: ai, sí, que viña por aí!
Lidia: acórdaste? Que viña por aí...
Juan: que viña solo e era perigoso... Pero era bueno.
Lidia: Si. E me escondía del porque non quería que salira contigo.
Juan: e logo por que non quería?
Lidia: Porque viñas co cine. E non eras daquí, da Rochela.
Juan: Como que non son daquí, da Rochela? Eu nacín nesa casa que está aí detrás. Que me estás dicindo? E estou bautizado en Mondoñedo!
Lidia: Efectivamente!
Juan: bueno, pois entonces que, damos outra voltiña por aí mirando todo esto?
33:18

33:40 Plano da ventana que dá luz ao espello, eles entran en plano e van de novo cara á esquina, agora sen aquela luz azulada tan fea. Quedan aí sentados, o plano axústase para collelos aos dous en PM:
34:16:19
Lidia: Pasaron moitos anos...
Juan:Sobre cuarenta...

(Pedro pídelles que conten como se coñeceron)
34:29
Juan: Poñías unha máquina de cine, ao primeiro poñíao aquí, desta parte de aquí, para coller aquelo... O escenario todo. Pero a juventud non mo quería, porque aquelo era o sitio onde chamaban eles o galiñeiro. Entonces querían que aquelo estivera oscuro. Entón cambiei dalá para aquí, e así podían ver aqueles dalí e esoutros daquí.
E para o anuncio... Para o anuncio da xente subíanse unhas campanas de altavoz que tiñamos, que subían moi lexos, e anunciábase a película, e a parte da película, tocábamos discos. E entón ás nove da noite máis ou menos empezaba a vir a xente, e nós tábamos aquí entonces encendíamola máquina e xa iba. As primeiras máquinas que tivemos eran de carburo. Despois xa non, xa eran de corriente, pero moi baixiña, entón levaban os carboncillos. E logo despois é cando veu a outra máquina. Era preparar a película e conectala, proxectala e nada máis. 35:49 Eso é o que facía naquel entonces. Daba a casualidade que o baile, pois non se podía bailar. Pero sí tocábamolos discos que facía o anuncio de fóra e a xente poñíase a bailar. E eu non ía separalos! Nin eu nin meu pai nin naide. Bailaban eles? Pois bailaban. Tiña outro altavoz posto aquí, que daba mellor música, entonces a xente miraban aqueles discos bonitos e poñíanse a bailar.

(pregunta: e como foi que vos coñecestes?) 36:22
Lidia: te acordas como me coñeciche aquí?
Juan: conocín, muller, conocín.
Lidia: pero te acordas como?
Juan: como foi, dimo?
Lidia: pois mira, tirando unha botella de lejía na casa, e decíndolle á mamá que viña á tienda a comprala, pa verte.
Juan: Eu non me acordo deso, eu me acordo que chegabas tú e estaba tocando nos discos...
Lidia: e eu iba pa xunto túa.
Juan:Si, e metías o dedo (fai o xesto) que daquela era unha agulla, eran discos que rompían, e facías así, 36:57 e o disco facía jrau, eu xa miraba para atrás, e eras tú.
Lidia: Efectivamente.

Juan: E cando non facías iso, que eu íba cambiar o disco, íbasme para a película, e tras! Ma cortabas.
Lidia: exacto! 37:10 Efectivamente, e despois salíamos a bailar.
Juan: é posíble que saísemos a bailar, que por cierto, tú non bailabas nada ben!
Lidia: non, pero tú bailabas moi ben moi ben.
Juan: home, moi ben, ibamos tirando pouco a pouco.
Lidia: E despois xa, cando nos casamos, eu era a que cobraba alí na porta...
37:32

37: 42:
Lidia: Pedrolo, o dueño do salón, aquí, o dueño do local.
Juan: Pedrolo era un bon amigo meu. Que descanse en paz.
Lidia: e bueno, viñan os veciños todos, non quedaba nadie nas casas. Porque o que non tiña para pagar, entraba igual...Porque túa nai... Déixalle pasar, e déixalle pasar, e pasaban todos.
Juan: non muller,non é eso. Mira, por alá por detrás hai outra porta que despois che enseño, os que non tiñan cartos, e non viñan mudados, abríalles aquela porta e subían alí para arriba.
Lidia : si, si que subían alí, para o galiñeiro, lle chamaban. 38:17

39:31
Lidia: Juan, e por que non se podía bailar?
Juan: bueno, porque por aqueles tempos, para todo había que ter un permiso. Que tamén fai falta agora. Entón eu tiña permiso para facer o cine. Tiña a documentación xusta para facer o cine e o permiso da Sociedad de Autores para tocar os discos, pero para baile non levaba ningún papel. O que pasa é que sí, facíamolo cine nestes sitios, salóns onde tocaban os discos, tocaban o... pianillo.
Lidia: aquí eu viña, de nena, aquí con Papa e con Mamá, a bailar, e aquí toda a vida foi un salón de baile. E non sei como tu non podías, logo...
Juan: non se podía anuncialo, pero sí o facía. O facía, porque se poñían a bailar, eles estaban de acuerdo, se poñían a bailar e naide lle dicía nada. 40:29
Unha vez que eles empezaban a bailar, pois xa non tocaba a gaita do fol, non tocaba esas cousas, poñía música...
Lidia:porque Pedrolo toda a vida, que me acorde eu...
Juan: porque el pagaba polos bailes. E eu pagaba polos discos, por tocar os discos. Non tiña permiso para deixarlles bailar. Pero si, podía facelo, porque eu pagaba á Sociedad de Autores.
41:00

41:16
Juan: o único problema que tuven foi que a min sempre me gustou ao terminar a película, ou antes, darlles unha cousa de risa para os nenos. Máis ben antes, porque despois quedaban dormidos os nenos pequeniños. Entonces botei unha película de Chaplin, para eles...
Lidia: de Charlot
Juan: de Charlot, que era unha cousa de quince minutos, ou unha cousa así. E ríanse moito os padres, e tamén os nenos, e o pasaban moi ben. E alí o problema foi que un señor cura non estivo dacordo. Menos mal que eu levaba a documentación e non pasou nada, (42:06)

42:23
Lidia: eu recordo que poñía a película, me enseñache a poñer a película...
Juan: si, a darlle voltas. Bueno, ás veces rompichela película... E que películas che gustaban máis a tí?
Lidia: Había una cruz en el infierno, A comparsita, Cuatro Angelitos Negros...Uy, muchísimas.Las dos hermanitas de París...
Juan: Non che gustaría volver a velas? Calquer día chas boto na casa. 43:03

43:44-44:44 (vemos o outro lado do salón, co escenario e o galiñeiro. Eles entran en plano e atravésano. Van cara ao fondo e alí falan pero non se lles oe)

(algúns planos soltos, distintos detalles do salón, algúns chulos)

45:41 (os dous de pé xunto á porta traseira, con bastante luz)
Juan: a ver, tú te acordas onde poñíamos a máquina, onde a puxemos na última función de cine?
Lidia: a última función de cine foi aquí, a última que fixemos aquí.
Juan: enfocámola hacia alí (sinala á parede do fondo, fora de campo), porque antes era dalí pra aquí.
Lidia: efectivamente
Juan:e a juventud non quería. (46:02)
Querían aquí porque así miraban á película
Lidia: e a juventú poñíase no galiñeiro..
Juan: aí, estaban aí.
46:14
Juan: e aquí foi onde recibín unha cousa moi importante.
Lidia:, a noticia que nacera o noso Juan!
Juan: no descanso apareceu o noso neno e dixen: cinco minutos de descanso, podeis fumar. E funme alá ver o neno e máis á nai.
Lidia: correndo!
Juan: e volvín
Esa foi a última vez neste sitio.
Lidia: a última vez que tivemos cine aquí, si?
46:38
Lidia: e que película sería, pois penso que La Comparsita...
Juan: non, penso que era Genoveva de Brabantes, porque era de chorar. Choraba a xente e os de arriba ríanse.
47:08

47:23
Lidia: as películas que máis repetíamos eran as de vaqueros que lle gustaban muchísimo ao público, as de Sara Montiel, Martín Corona, Que viene Martín Corona, eso acórdate que xa tiñamos que facer función de cine, nos pueblos, dous días seguidos con esa misma película. Porque tiña: “Ahí viene Martín Corona”,
Juan: “Y vuelve Martín Corona”
Lidia... que eran dúas partes. Esa gustaba moito!
Juan: unha película preciosa. O que pasa é que cando estaba en décimo, ou de aí para arriba, porque estaba moi estropeadiña,

Lidia: taba moi gastada de tanto proxectala.
Juan: xa pegaba tiros de verdade!

48:16
Lidia: empezabamos...
Juan: empezabamos aquí, e de aquí para Rinlo, e logo, de Rinlo, outra vez para aquí, e logo de aquí para Cervo, non, antes de chegar a Cervo íamos para San Pedro, e despois para Cervo, e despois xa íamos todo pola costa....
Lidia: Cangas de Foz, Nois...A todos eses sitios fun eu despois de casada.
Juan: e despois de Viveiro pasabamos polo Campo do Hospital...
Lidia: Burela...
Juan: tamén en Burela.
Lidia: Burela, foi o primeiro cine que houbo en Burela.
Juan: si, pero ese xa non o acordaches ti.
Lidia: eu non , pero é polo que lle oía a meus sogros. O primeiro cine que houbo en Burela foi o deles.
Juan: e despois xa íamos a Ferrol, collíamos máis ben pola costa, desde o campo do Hospital ibamos para o Barqueiro...
Lidia: Celeiro de Mariñaos tamén se fixo cine (49:16)
Juan: esa é outra ruta. Digo de aquí hacia Ferrol íamos por eses que estou nombrando.

VTS 01_2
49:03
Juan:E dalí á Barqueira... E dalí... todos os salóns que había por alí. E a cousa ía así.
Lidia: e fixémolo en San Miguel de Reinante, tamén
Juan:Si, pero aí foi nada máis ao principio, porque despois houbo cine, e volveu a parar...E volveron a... Non sei por que motivo quixo ir meu pai alí, e volveu a ter o salón cheo.E logo despois xa parou definitivo, fixeron un enfrente, noutro sítio, e pasou igual, non houbo clientela. Eso era unha cousa, precisamente do que estabamos falando antes: non se podían facer os bailes, porque non podías interrumpir. Entonces claro, o cine gustaba moito aos maiores, pero a juventúd querían os discos.
Lidia: non había!
Juan: claro, e eu traía discos bonitos, entonces, querían bailalos, e era o momento en que...
Lidia: é que ao chegar o cine chegaba a festa ao pueblo. (50:50)

50:.52
Juan: hoxe, por ejemplo, chegaba aquí e proyectaba unha película. Anunciaba esa película polos altavoces que poñía en alto para que se oíra lexos, e á noite, sobre as nove, oito e media, era cando a proyectaba. Pero antes, como estabamos proyectando para fóra, embaixo tiñamos bafles, que xa se chamaban así daquela, uns altavoces que están metidos nunhas caixas entón daban un sonido moi bonito. Oías unha música perfecta, xa naqueles tempos. E a juventud empezaban a bailar, e eu non ía meterme con eles: eh, non se pode bailar! Se a alguén non lle gustaba, que entraran dentro e que os pararan, non? 51:37 Eu estaba anunciando o meu cine cos altavoces de afóra. Se paraban os altavoces de afóra non había disco.
Lidia: e cando se empezaba o cine, parábanse os altavoces de fóra. Se paraba a música.
52:04

52:11
Lidia: eu tiven a escuela hasta os catorce anos, e despois fun aprender a coser a San Miguel de Reinante. E despois, nada, xa conocín a Juanito con 16 anos, aos 17 me casei, e aquí estou.
(Comba: pero que facías ti cando ías con Juan?)
Lidia: ah, pois cando ía con Juan e viñamos os dous xuntos, eu me poñía na porta para cobrarlle á xente.
Juan: cobráballe a quen lle cobraba.
Lidia: eu lle cobraba á xente, ao que traía os cuartos, claro. Que quen non tiña cuartos dábache pena e deixábalo entrar igual, pero bueno. Eu era a que lle cobraba á xente.
52:51 E Juan poñía os discos, a xente bailaba, acababase o cine, recollíamos todo, íbamos para o camión (daquela tiñamos un camión vivienda) e namais. E facía de comer, e lavaba a roupa nos ríos, onde había un lavadero, un río, ía lavar a roupa e... todo eso. Eso era de inverno. De verano xa era outra cousa.
Juan: facías algo máis. Me vigilabas a min cando taba coas películas, por se viña a juventud, que tocara un disco. Non me deixabas sólo.
Lidida: puña a película, a veces, tamén, repasaba a película, tiña que repasala...E despois de que tivemos o neno non seguimos facendo cine. Non
Juan: creo que non. 53:46
Lidia: víñamos de Miñotos, pa ariba de Viveiro, chegamos, ao dia siguiente montamos aquí, puñemos aquí a máquina, e ás dez e media da noite naceu o neno. ...Foi o último ano.

(contan que despois de deixar o cine, no inverno Juan púxose a traballar en Alúmina e en varios sitios, de condutor de camións)

55:04
Lidia: non, de verano xa tiñamos... primeiro tivemos tómbola, verda?
Juan: non, primeiro era o Barriga Verde.
Lidia: Bueno xa, e despois unha tómbola. Barriga Verde, eso xa era cando meu sogro... andaban con nosoutros.
Juan: E despois do Barriga Verde trouxéramos un asunto dunhas máquinas eléctricas. Que eran equipos de primeira división, eran catorce máquinas, ...55:31 E empezaban a subir os goles según ían entrando as bolas, hasta chegar ao 14, eo número 14 era o que levaba o premio. E cando saían dúas, o que lle dicía polo micrófono era: bueno, esto hai unha forma de resolvelo. Ou vais a desempatar os dous, ou levar un premio cada un, máis pequeno, ou senón discutilo aí, a bofetadas! 55:54

56:18
Exterior casa Pedrolo , coches pasando

56: 30
outro plano exterior casa.

57:34 No xardín da casa de Juan e Lidia. Pedro pregúntalle porque o seu pai decidiu meterse no negocio dos bonecos.

Juan: o negocio del era eso, cando el era un mozo, empezou con eso. Os familiares del, polo visto, eran militares. Entonces empezou co asunto dos bonecos e con el viña unha hermana. Unha hermana que, como se chamaba?

Lidia: Julia
Juan: Se chamaba Julia, e foi pa Orense, casou e foi pa Orense. E despois, bueno, apareceu un hermano que tamén anduvo con el, entón foi cando montaron o Barriga Verde. Meu pai era o do guiñol, e meu tío era o que comía estopa, facía que tiña estopa, botaba fume... Entón foron facéndoo mellor, cada un o mellor que podía, e foi saíndo para adiante, e entre os tres, que eran unha muller e dous homes, pois foi cando se fundou Barriga Verde.

58:39
Juan: meu pai se chamaba Santiago Silvent Martínez e meu tío se chamaba José Silvent Martínez, e miña tía, Julia Silvent Martínez

(Comba pregunta se o que facían non o aprenderan dos seus pais, se o inventaran eles)

Juan: Que eu sepa non, porque precisamente o hermano del, que estaba en Portugal, nunca falou español, falaba só portugués, porque se foi de moi neno para alí. Entón uns dixeron que era porque o hermano maior, que daquela existía eso, que o hermano maior era o dueño de todo o capital que houbese, se había (59:32) capital, e os outros eran segundóns. E claro, meu pai e máis meu tío, pois debían ser segundóns. Non che podo dicir, porque nunca falaron diso.

(Comba: Pero era unha familia de titiriteiros? A que se dedicaba aquela familia?) 59:54
Juan: Os padres deles? Nunca nos falaron nada. Doutras cousas sí, deso non. Eles foron os fundadores de Barriga Verde, os tres hermanos. Que unha hermana marchara primeiro para Ourense? Non ten que ver, foi unha fundadora. Qeu meu tío tamén quixo marchar para Pontevedra? Eso non ten que ver. Era Barriga Verde. (01:00:22) Meu tío levaba o letreiro de... Melodías de España, Barriga Verde. E miña tía tiña “Teatro Circo, o Barriga Verde”. E meu pai tiña, como está no ese, “Pabellón de la risa de Barriga Verde. Culto y moral”01:00:43

(Comba: onde tiñan a súa sede, a súa residencia?)01:00:50
Juan: A de meu pai era en Xubia, na Cruz do Pouso, ayuntamiento de Neda. E alí é onde conocin eu toda a vida...De onde era el. Pero eu coñecín todo esto por aquí desde a miña infancia.Estes colegios que había por aquí, estaba quince días, e xa me iban buscar os maestros, non podía pasar sin escola. 01:01:18

(comba: cóntanos como era a vida que se levaba cando ti eras un neno, como se organizaba a familia, como era un ano na vida da túa familia)
01:01:35
Juan: De inverno se proyectaba cine, e cando estaban os hermanos, que eu xa non me acordo deso; miña irmá Carmen que era a que andaba polo alambre, e daban funcións tamén de varietés. Desde que se acababan as películas, por ejemplo, de botar, pois facían unha especie de varietés, cantando algunha, e outra, e ela subía a un alambre altísimo, e alí pasaba dun lado doutro, sentábase nel, facía piruetas no alambre... Era unha equilibrista moi boa.
(01:02:20)
Comba: en que tipo de locais se facía no inverno?
Juan: En calquer sitio. Se falaramos de Rinlo era para mirar, se non arrancaron o piso que había, había unhas puntas moi gordas que eran clavos, e estaban onde se enclavaba eso.

01:02:34
Comba: entón no inverno, o cine e tamén algunha varieté...
Juan: eso. E de verano, pois xa era o Barriga Verde. E despois bueno, sempre aparecía algunhas cousas, como éramos varios, podiamos levar unhas lanchiñas ou un carrusel, desas cousas. Entón meu pai, como vía que nos gustaba moito eso fixo un aparato deses, mui grande...
Lidia: unha roda de caballitos.
Juan: Mui grande, pero en vez de caballitos era de galos, entón as alas, todo era de bronce, tabas sentado en... madeira. Sentábaste e todo arredor túa era de bronce para que non houbera peligro ningún para as persoas.. Que daquela había que levalo desa maneira, senón non valía. E o máis bonito era como andaba. Non tiña motores nin tiña nada diso. Sómente os nenos que quixeran ir sen pagar, empuxaban por dentro. Entre eles empuxaba eu, por supuesto. E pasábase ben, era unha cousa así, de verán... (01:03:36) Solamente saía para Betanzos, estaba en Betanzos e despois pouco máis me acordo eu. Creo que en Neda e igual en Ferrol.

Comba: E como era BV, como era o espectáculo que se facía no vrau, en que consistía.
Juan: pois primeiramente saía un sobriño, á porta, que é o que está aí... Non, o que está aí é meu irmáo (sinala para dentro, onde ten as fotos) o sobriño non estaba, estaba no servicio militar. Entón ese saía a fóra e púñase o altavoz a tocar, tal e como está aí, e el púñase a facer como que cantaba , e tiña unha guitarra de madeira, marcada como se tivera cordas, e a guitarra tiña aquí unha especie de pasador, e aguantaba aquí, e facía así ao son do compás, e parecía que estaba tocando con ela e despois abría a boca, tiña a boca moi grande e... Bueno, era a forma de atraer á xente para adiante. Entonces xa empezaban unha canción dunha hermana mía, ou outra cousa polo estilo dentro, e abríase a lona para que se vira o que había dentro, e entónces a xente quitaba as entradas... Non quitaban, pagaban na porta.

Comba: Canto era a entrada?
Juan:Ai, dios, non macordo...
Lidia: Tres pesetas, lle teño oído...
Juan: Que va! Eso era ultimamente xa...
Lidia: ultimamente era un peso, cinco pesetas.
Juan: non home non... (01:04:56)
Lidia: dez céntimos, nun principio serían.
Juan: Da peseta non a cheguei a acordar eu, da peseta, mira tu!

Comba: e esa frase que existe, de “ababouse a peseta”, que explicación ten?
Juan: por eso é o asunto. Eso é que a xente, terminábase, e querían seguir vendo. Anque botaras alí unha hora ou dúas non se marchaba, sobretodo os que tiñan nenos, pois gozábana. Porque xa daquela falabas cos nenos, enterábaste dalgún nombre dalgún de alí, e revirabas o muñeco para el e dicíaslle “Ei, tú, que te estou vendo! E na escuela non fuches bon!” (que era todo en gallego) Entónces claro, os padres miraban aquelo, e gustáballes, e aos nenos tamén, e, enfín...Entonces eso empezaba, paseando un muñeco, que era Cristóval, e ao empezar a pasear, chegaba unha rapaza que se chamaba Rosita, entónces era a novia del. Pero entonces apareceu un individuo, que presumía, moi ben vestido (ben pintado, porque vestido non estaba ningún), ben pintado, e o pelo moi ben peinado, e claro, a Rosita gustoulle, e empezou o asunto. E resulta que era portugués, e entonces chega o momento que o portugués era moi fuerte, moi “fruncido” (non sei

pronuncialo), entónces desafiou a Cristóbal (Barriga Verde), e enton aí hai unha pelea e o outro, pois claro, morre. E cando morre, pois hai que enterralo, e sae unha caixa con catro muñecos levando a caixa, había que ir movendo así, para que se vira como se foran andando, e detrás un cura dicindo "o que é rico e ten diñeiro rézaselle un recordeiro, o que é probe e non ten nada, de cachola pa furada" [canta].01:06:57
E según iban así, Rosiña ía chorando, e daquela había que axudarlle ao meu pai a dicir: "Adiós, Adiós meu amiguiño, adiós meu amoriño, adiós meu novio..." Entonces dicía Barriga Verde: "Pero neniña, non me tes a min? Non me tes a min?" "Pero tú quéresme?" "eu sempre te quixen!" Entonces xa se abrazaban e levantábase a caixa do difunto e o outro movía así a cabeza, cunha man nun couso que tiña embaixo, movía a súa cabeza e dicía "Adiós Rosiña! Quedas ben acompañada eh! Alá, hasta loguiño, hasta loguiño" e volvía taparse... Enfín, unha cousa de risa porque se fora doutra maneira sería con medo, e non podía ser para as criaturas. E así viña o asunto do...
Lidia: e como dicíades o asunto da peseta...
Juan: E viña despois o toreo, a ver os toros, toreaba e era cando... agarraba polo rabo, dicíalle mil tonterías, pero nunha destas, matouno e fuera. E despois viña o demo. E entón ao vir o demo, estaba contenta porque tiña Rosiña, matou ao demo, pois estaba moi contento falando cos nenos.. Entón vén o demo, sube así, entonces sale un fume... Sale un fume (que non é pola boca, é desde arriba con un...polvos de talco) E sale aquel fume, entónces di: "que me pasa, que me poño... Que me pasa?" E logo sinte que se lle pon unha cousa na espalda, e non se lle quitaba, e el "que me pasa, que teño aquí?" e vai contra a parede de atrás, pero cando ía contra a parede de atrás apártase e pégase el mesmo contra a parede. Entonces é cando se lle presenta e cando empeza a tratar de pegarlle, e non lle daba pao ningún, dáballos o demo a el. E con esto, colleu, parou, e di "espera un pouco", e presinouse, e rezou un padre nuestro, entonces agarra o pau, empeza a paus con el e despois claro, agarra o demo pono encima do pau, e empeza "ala vai o demo, o demo, o demo, ala vai o demo pola Calle Real" [canta] "PUm!" petaba contra as táboas e facía un sonido moi fuerte porque había alí un micrófono, cando petaba: "plum!" Entón dicía "Bueno amiguiños, a peseta acabouse, o real acabouse, o patacón acabouse" (era un real daquela, ultimamente...) "MOrreu o demo e acabouse a peseta"

01:09:50
Pedro: Quen eran os manipuladores?
Juan:O principal era meu pai, despois eramos todos os hermanos. Desde o máis vello ata o máis novo, e unha hermana miña tamén, Carmen, tamén os traballaba. E falaba perfectamente.
Pedro: e usábades todos a palleta?
Juan: si
Comba: cantas persoas había detrás do teatriño?
Juan: Alí con dous era o suficiente, era con dous, o que pasa é que se por ejemplo, o enterro querías facelo moi bonito, pois entón metías xente, cada paisano pode levar dous muñecos, non pode levar máis, eramos tres ou catro... Por supuesto, eu sempre facía algunha trasnada. (ri)

VTS_01_03
(empeza cortada)
01:11:31

Juan:... enseñar as credenciales, a documentación que che piden, que era unha patente, o que se levaba, conforme o espectáculo do que se trataba... Cando estabas tú explicándolle, e xa taba listo, antes de que terminara; arrea, fóra. Despois iso pasou para cada festa, había que facer eso.E despois foi cando se empezou a abolir e xa non había que facer nada: ter a patente e nada máis. Si, pagar sempre á Sociedad de Autores para os discos.Eso sí.

Comba: Que tipo de público tiña a barraca nas feiras?
01:12:02
Juan: O público eran nenos, e maiores... Bueno, ía de todo. Sen lugar a duda.

Comba: De toda clase?
Juan: De toda clase.
Pedro: Tiñan algún número que lles gustase máis, ou algo que sempre reclamaran?
Juan: Non, porque, mira. Se era no cante, naqueles tempos, no cante non se podía diferenciar, se era unha rapaza, non había diferenza entre ela e calquera outra artista que houbera, porque non deixaba meu pai cantar de calquera maneira: tiña que cantar como tiña que cantar. Non miraches nesa fotografía como estaban os que cantaban coas sevillanas? Pois faltaban os que tiñan que tocar os instrumentos, eu tocábaos todos pero non... Pois aí tiña que facer os gestos, non había nadie. E tiña que facer os gestos como se estivese bailando a sevillana, non valía doutra maneira. Non valía poñerse con cara de pena, ou con alegría... Tiña que ser actriz. Se non non valía. E cos homes igual, era exactamente igual.

Comba: o voso pai foi quen vos ensinou a facer todo...
Juan: Todo absolutamente, todo.
Comba: Cando vos ensinaba?
Juan: Pos mira, durante todo o inverno. E había que facelo, non pensar en outra cousa.
Comba: Era un pai esigente, un pai duro?
Juan: Non, non era esigente, era que quería que o fixéramos. Ahora, se non lle facías caso, despois tampouco el non che facía caso a tí. Si, daríache de comer ou o que fóra, pero non che facía caso hasta que comprenderas. E sí, vouche dicir unha cousa: mira, por ejemplo no Naseiro, que foi este día que fomos alí, foi a única trompada que me deu a min na miña vida. Que me tirou ao suelo e tiven que ir ao médico. Alí hai uns árboles moi pequeniños, había. Entonces un home que estaba alí, antes das festas, todos os anos, chamábase, e viña “Juan, as mazás máis grandes para tí, e as pequeniñas para min. E non as apañes, que xa as apañarei eu.” E eu tiña que ir, abanear os árboles, ou cun pau... Con calma. Botarllas todas no suelo. E eu dicía “pero home, esto non se pode facer, por que o fai?” “Porque vén a xente e rompen as pólas e rompen todos os árboles por dúas mazás.”. E a min convenceume, e estaba apañándoas, e as que vía grandes metíaas aquí, na esa... E veu meu pai e... Foi a única vez que tiven un castigo con el. Porque pensou que as estaba roubando. 01:14:29
Que por cierto, veu o outro paisano, que era moi amigo del, e se cabreou con el.

Comba: Como era a vida de feirantes? Como comíades, como dormíades?
Juan: Bueno, a vida de feirante, vouche explicar unha cousa. Se che gusta, é moi bonita. É unha cousa preciosa. Que había moitas cousas regulares? Bueno, pois podía ser. Non é como ahora. Ahora hai regulares en todos os momentos. Ahora veñen señores de afóra e compran o campo completo, e os señores da comisión, ou os ayuntamientos, empézanche a subir, a subir, que non das para pagar. Entón eso non son feirantes, son

marionetas. E por iso vai a cousa moi mal. Ti ben vés que os aparatos aquí en Galicia non prosperan, os grandes que veñen son de afóra. E por que? Porque non se poden comprar, non se poden extraer. E agora é así, e non hai que facerlle.

Comba: Como era daquela?
Juan: Pois daquela, chegabas onda a comisión de festas, “eu quero poñer aquí, foi onde puxen toda a vida, que pasa, hai algunha pega?” “Non mira, esto vai aquí, e esto aquí e desta maneira”. “Xa sabes: cando toque a orquestra, non hai que ter música. ESo sí. Cando non toque a orquestra, facede o ruído que queirades.”E desta maneira. E hai que pagar a luz, e pagar... Esas cousas. E non pasaba máis nada. Tu o que tiñas que levar sempre era o da Sociedad de Autores, e nosoutros xa o levabamos de vrao e máis de inverno.

Comba: E onde se durmía?
Juan: Había un camión (01:16:14) que era vivienda, e os homes tiñan as súas literas para dormir, e meus pais tiñan outro aparato onde dormían, que era como un remolque. Despois, xa cando empezaron os remolques, xa cun bo remolque para eles, xa con luz e todas as cousas que tiñan que ter. E servicios, que tiñan uns servicios que eran depuradores, como dicen que hai nos avións.

Pedro: Entre os tres irmáns, entre teu pai e os outros irmáns que facían o espectáculo, dividíanse as zonas onde facían as rutas?

Juan: algo deso sí, se dividían. Pero bueno, meu pai sempre lles dixo que o que quixera vir pola zona del, que viñera, que non pasaba nada. E os demais igual, neso nunca houbo reparo.
Lidia: pero tiñan repartido, porque José estaba na zona de Pontevedra e...
Juan: taba na zona de POntevedra e viña moitas veces a Lugo, ainda que meu pai fixo moitas veces Lugo el solo...
Lidia: ah, eso sí...

Comba: algunha vez teñen coincidido?
Juan: si, perfectamente. NOn pasaba nada, non había tiros.

Comba: onde se poñía a barraca no San Froilán?
Juan: eu en Lugo non cho poido dicir porque non macordo. Pero eu creo que era cerca da catedral... Nunca falei esto con ningún hermano meu maior.

Comba: e das San Lucas acórdaste?
Juan:Si, hombre. As San Lucas era unha cousa que viña xente de todos estes contornos... a miles. Pero xa antes das festas estaban alí. Durmían nos soportales, había unha especie de cuadras, e entraban a durmir, e os que conocían ao difunto do meu pai, por supuesto non buscaban onde durmir, durmían no pavellón, no teatro, vaia.
Comba: Na barraca?
Juan e Lidia: Na barraca.
Pedro: E a barraca como era? Podes describila?

Juan: O asunto era como se fora unha casa, como esta casa, que ten esa subida para adiante. Entonces a parte de adiante era... sendo un terreo normal, por exemplo, onde está esta casa sería a escaleira aquela, e de larga era uns catorce ou dazaoito metros.

Pedro: En cada espectáculo canta xente cabía?
Juan: Mentres non houbo bancos, non se *contaminaba* moito eso, porque entraban por un lado e saían polo outro. Despois ao poñer os bancos non, xa era unha cousa, xa era máis ancha, máis larga...
Lidia: Si, pero setenta ou ochenta personas entraban, non?
Juan: non o sei, non cho podo dicir.
Comba: onde se poñía a barraca en Mondoñedo, en que lugar?
Juan:Sabes onde está o hospital dos enfermos? Enfrente totalmente, aí é o sitio... Onde se pon agora o Saltamontes sempre, aí era o sitio do Barriga Verde.
Comba: todos os días das San Lucas?
Juan: taba todos os días alí. Era unha armazón que botaban non sei canto tempo armando nela.
Comba: levaba tempo...
Juan: non, que va! levaba... a pedazos igual levaba seis horas. Botándolle xa...
01:19:50
Comba: Lidia, ti cando te casaches con Juan, coñeciches á familia de Juan, como che pareceu?
Lidia: ben, todo o mundo me tratou ben, eu non era de tar na feira, ou sexa de andar... Pero me adaptei moi ben.
Comba: que che chamou a atención, que era diferente respecto da túa familia?
Lidia: Ui! Respecto a miña familia, todo. Xa era distinto traballo... Todo. Despois falaban... Tiñan unha fala que eu non a entendía. Porque o feriante falaba unha fala... Como lle chamaban? Caló, non?
Juan: non sei como é.
Lidia: si. Unha fala que dicían muchísimas palabras que eu non as entendía. Entonces chegaba a xunto de Juan e dicíalle “veño do río, de lavar, e había outra ferianta alí, e eu non lle entendín nada!” “bueno, é igual, ti non te preocupes”

Juan Silvent, 24-XII-2014

0:44

C: Eu solamente pa aclararme dos fillos e das fillas... Porque... por exemplo... Os fillos de... Ousexa, os teus irmaos. Porque eu aquí teño apuntado, entre o que me contou Flora, a de Celeiro de Mariñao, e o que lle escoitei... na entrevista que lle fixo Anxo a... a Consuelo, e o que me contarades vós...

J: Si

C: pois dixen, bueno, os fillos eran: o maior Fernando

Lidia: Si

C: que que nacería Fernando... En mil novecentos... e poucos, non?

L: E poucos! Si.

C: porque teu pai, cando naceu, tu sabes o que ano que naceu?

J: e... [a Lidia] que foi daquela documentación que apareceu?

L: non era documentación.

C: un carnet ou algo, non teredes?

L: Vamos a ver. No mil oitocentos... sesenta e dous?

C: Tan atrás?

L: Eu penso que si.

J:Non o sei.

C: Non teredes... E que eu lembro que unha vez que estiven aquí tiñades un carné... do sindicato do espectáculo, ou algo así... Non o tedes?

J: Pero eu penso que ta perdido. Non sei...

C: Claro, e que a min non me casaba que o máis vello fora José... A ver, a historia que nos contou... Alfonso, que é a que recolle no libro Xaime, que o libro, téñovos un para vós, logo vai vir miña nai e xa volo trae, que o deixei na casa... É que... O teu abuelo chamábase José, tamén, Joseph. Non? Viña de Francia, parece ser.

J: Non cho podo dicir...

C: El... Estaban en Extremadura. Tu esa historia non... non cha contou nunca teu pai?

J: Non. Non falaba deso.

C: Claro, el contab... Polo visto, eles estaban en Extremadura, tiñan un teatro tamén... bueno, unha barraca, iban polas feiras, igual que despois teu pai. E que alí, en Extremadura, naceu José. E que José despois foi pa Portugal. Entón, eu o que non sei é donde naceron, nin Santiago, nin Julia. I realmente de José tampouco está

moi claro, porque despois tampouco hai ningún papel que demostre que realmente nacera alí.

J: De José mellor deixao así, non lle deas voltas que sinon vas encontrar algo... Mira, en primeiro lugar: José non era español; era portugués. [Nunca falou nada...

C: [Eso é o que di muita xente...

J: Aparte, ahora vamos falar de muñecos. Os muñecos... Tu cres que unha persona que para falar, así como estou falando contigo, e dicía "eh... eh... tu... tu..." Tu cres que se pode poñer unha palleta aquí? Cres que se pode poñer unha palleta aquí? [sinala para a gorxa] Pero chegou unha necesidade de dicir... Pero vamos a ver, o señor José, ese home era tatexo.

C: Era tatexo?

J: Si, era tatexo. Como ía poñer aquí unha palleta?

C: Pero entón non manejaba el os muñecos?

J: Non señora. Nunca!! Tu queres a verdad?

C: Si, claro...

J: Nunca! Non che digo que é mellor que non... Porque souberon facerse cunha persona... Porque alí é onde temos a familia encontrada toda, totalmente... Viñeron uns... non sei... non eran españoles... entonces iban pola zona de Pontevedra, andaban por alá. Entonces, non había muñecos. E os que viñan dese sitio, eses traían cousas que dan voltas, entonces, chegaban a unha festa e traballaban máis.

C: Claro.

J : entón falaron entre os dous irmaos, si é que eran irmaos... Que xa por eso eu non quero dicir nada...

C:Xa... Eu vexo unha cousa, que parecer non se parecían nada.

J: En absoluto.

C:José era máis alto, non? Era un home alto...

J: Si, si si. Era mui malo. Pegáballe aos fillos, pegáballe a... menos á muller, que a muller pegáballe a el. Dicían, que eu non cheguei a velo...

Entonces, onde estábamos?

C: Entón... eu non sei... Onde naceron... Onde naceu teu pai? Nunca cho dixo el?

J: Nunca. Nunca falamos deso.

C: E Julia tampouco sabes, claro.

J: Julia...[refírese a Hemerenciana] Eran unhas señoras que... hasta tiñan un mote. Por ejemplo, a miña familia eran os Barriga Verde. Iso era... referente... polos muñecos.

C:mmm

J: E a familia de Julia, eran tres hermanas. Entonces esas señoras non sei donde apareceron, onde non, o caso é que andaban... con fío polas festas, vendendo fío polas feiras. Fío. Entón chamábanlle as Filoseras, non por nombre, por malo... Senón... as Filoseras.

C: Si... pero Filoseras tamén é un mote que hai en Lérez, me parece...

J: Efectivamente.

C: Pero Julia, non era a que estaba porr Ourense? Julia, a irmá de Santiago.

J: Ai non, esa non era a Filosera. Estouche falando da... muller de José.

C: Da Hemerenciana.

J: Da Hemerenciana.

C: Xa, xa, xa.

J: Esa era Filosera.

C: Era Filosera, claro, que ese era un nome típico de Lérez.

J: Efectivamente. Era porque se dedicaban a eso, a vender fíos. Que non era por cousa mala nin por cousa ningunha. Cousa que eles, si dicen algo, non tratan de dicir nada do que che estou dicindo. Non é cousa mala, non. É porque era así.

C: Xa.

Entón. Eu a lista que teño era que o máis vellor era Fernando, que Fernando foi o que casou cunha filla de José, [con Lúcia.

J:[Aí está. Volvemos á misma.

Espera. (.) Cando viñeron eses señores d'afora, non había muñecos no... no chiringuito que levaban os... meu tío.

[volve entrar Lidia]

L: Quen vé aquí? Quen vé a qui nada? Esto foi o que puiden eu coller na casa de Ferrol. Quen vé aquí, dios mío?

C: Aquí di "cuarenta años de edad". I esto é o mil novecentos... vinte...

L: Esto é...

C: Osea, como que naceu no 1880.

L: No 1980?

C: Calculo eu, porque si dice... Ten cuarenta anos de edad, i eso está... Esto é do 1920...

L: A ver, a ver, a ver: “fecha de nacimiento, el veinticinco de julio de mil ochocientos noventa”.

C: Mil ochocientos noventa?

L: Si señor.

C: Pero é que ese ano é o ano que naceu José...

L: Pois aí o tes, amiga.

J: Que naceu José tamén ese ano?

C: A ver, é unha das datas que se dice.

L: Esto é... [le noutro carnét] Vintecinco de julio de mil... Mira, mil oitocentos noventa! Aí lo tienes.

C: aquí hai algo mui extraño.

J:Tábache explicando que todo está revolto

C: Non sei... porque non puideron nacer os dous irmáns o mesmo ano!

L: Que va!

C: A menos que sean gemelos...

J: Bueno, pois agora vouche contar un asunto...

C: I naceu en Santiago, entón?

L: Si, si, si.

J: Entonces, o asunto este era que...

C: Claro, que eles contrataron a unhos artistas destos de fóra, pa que lles fixeran...

J: Non, non, non, non. Eles traballaban cuns titiriteiros que logo desapareceron... Pero andaban cun tipo de.... de muñecos, e eles falaban coa boca, porque deles non falaba naide coa...

C: Coa palleta?

J: Coa palleta. Non. Ningún deles. Despois un neto de... (8:06)

C: de José.

J: De José.

C: O que lle chamaban Manuel?

J: Manuel. Efectivamente. Que ese casou con unha... con unha sobriña miña.

C: Que ese foi o que acabou indo para Asturias, Manuel?

J: Non, Manuel veu paí pa... Ferrol, porque se casou cunha sobriña miña, entonces anduveron por aí, pero entonces deulle unha enfermedad e... desapareceu.

C: Xa...

J: Miña sobriña vive, e ten... un fillo, que ese vive na Cruz do Pouso.

Pero bueno. Eh.... xa non sei que...

C: Si, que había unha xente que falaban ben coa palleta.

J: Si, pero eses eran de afora, pero eles non tiñan palleta, entonces había a competencia, entonces recurriron a meu pai. E meu pai dixo "bueno, para que se vaia esa xente, vai ir Fernando... Tu atende, que eso non é pa poñer aí, porque non se debe de poñer...

C: Xa.

J: Porque é unha cousa... fea. Por eso non che digo os secretos que hai, entre unha cousa ou outra, porque é unha vergüenza.

C: Si a min... eses problemas que tuvo a familia non me interesan, a min o que me interesa é saber a verdá sobre... a arte, os títeres.

J: Claro. Entonces resulta que foi... E claro que xa empezaron a ter eles xente, porque claro...

C: Que foi, Fernando, entón a axudalos?

J: Meu irmao Fernando...

C: Que casou con Lucía, ou con Lúcia...

J: Pero eso non sabes como se casou!

C: Non...

J: Ti non sabes como se casou. Porque a el non lle gustaba Lucía. Unha, que non falaba nada ben, e outra, que non era...

C: Agraciada...

J: Agraciada. Entonces, fixeron unha gran festa alí, porque lle deron unha paliza aos outros... cos muñecos, entonces había xente alí, convidada. E el nunca bebera. E empezou aí, e veña a beber, e veña a beber... E colleu unha trompa criminal. Entonces houbo que ir pa cama a deitarse... E cando despertou, estaba desnudo e había unha muller deitada ao seu lado. E era a muller que tuvo. Que descansen os dous en paz.

C: Xa...

J: Iso foi a forma de...

C: Casalos.

J: Entendes? Entón, levantouse, mirouse así, e como estaba borracho, dixeron que a levara á forza, que fixera... Mentira. Eso foi desa maneira. Iba levala á forza estando a mai e o pai por alí? Non, eso foi unha cousa que lle fixeron. E logo dalí saliu que eles tamén fixeran o barrigaverde.

C: mmm

J: Pero... é que non é pa poñer siquiera!

C: Xa... Pero Fernando entón, sabía manexar os muñecos?

J: si, hombre! E poñer as voces. E poñía voces tamén á parte, e por ejemplo, este é un muñeco e... estou falando coa palleta, e cando hai máis muñecos: [imita voz de palleta] "a ver, que pasou aquí?". E cambiando a voz mui rápido, e podía... enfín.

C: Facíao ben.

J:E despois... bueno, todos os hermanos foron mui buenos...

C: Mira, teño aquí apuntado: primeiro Fernando, que teño... A información que teño é que casou con Lúcia, con esta prima, no mil novecentos trinta e dous, máis ou menos. Ou sexa, un pouco antes da guerra. Que logo na guerra, fora para Asturias, me contara Flora...

J: Non sei...

Comba: Non sabes... Bueno, despois Toñito, era o segundo.

J: Bueno, vamos a ver...

C: Ou Carmen?

J: Primeiro... era Pura.

C:Ai, Pura era máis vella?

J: Pura era máis vella.

C: Ah... Que máis ou menos non sabes cando nacería?

J: Eso xa non sei.

C: Non sabes. Osea, Pura era a segunda. A segunda das irmás.

J: Puidera ser que fose a segunda, si.

C: Máis vella que Carmen?

J: Si.

C: Máis vella.

J: E despois de Carmen, era... Toñito...

C: Era Toñito.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

J: E despois de Toñito era... Carmen.

C: Era Carmen.

J: Despois de Carmen... Despois de Carmen, era Manolo, que vive en Ferrol.

C: Aínda vive?

J: Non, vivía.

C: Que Manolo, este era o que construía muñecos, el? Que os facía...

J: El facíaos... Bueno, facíanos todos os hermanos menos eu.

C: Digo que os facía el con...

J: Si, si, si. Traballaba, el traballaba mui ben os muñecos. Mui ben, mui ben, mui ben. Por eso colleu a fama barriga verde, porque había xente que valía. E.... Eu non podía facelo... Fíxeno tamén, moitas veces, moitas, moitas veces. Pero non podía facelo coma eles, porque cando eu era, pois non tiña a naide ao meu lado para axudarme, para nada.

C: Claro, eras o máis pequeno.

J: E que non estaban eles!

C: Xa

J: Entonces, pois un rapaz que vías... andaba por alí e... O que pasou en... que é un que tamén anda metido algo con vosoutros... En... Ferreira de Valle de Oro.

C: mmm

J: Bueno, pois alí, unha das veces que estábamos co teatro, pois... non sei que lle pasou a meu ermao Claudio. Entonces tiven que facer eu... Había que salir á porta, facer o clown da porta, osea facer que cantaba cunha guitarra. Lavarte a todo gas, mentres facían unha escena dentro, e con lo mismo, facer o número de rulete, facelo núm... primeiramente facer o número das botellas, entón había nove botellas, afinadas como unha guitarra, alí tiñas que tocar a rianxeira, tiñas que tocar... o que fora, non? Se pos vinte catro entonces xa podes tocar... el vals de las olas, outra cousa, porque hai moitas subidas, pero no... nove botellas era suficiente.

Salía eso daí e... que era? Salían a cantar, non sei quen era.

C: Algunha ermá túa?

J: Non, nese tempo xa non estaba ningunha das miñas irmás.

C: Xa non.

J: Non, non. Pero bueno... Non sei... Artistas que tiña meu pai. Osea, que viñan e... E cando chegou o asunto dos muñecos, pois eu claro, empecei cos muñecos, e iba por aquí e iba por alá, e veu ese, ese rapaz... que andaba alí, que estuvo alí naquel sitio, tuvo por alí...

C: Manolo? Manolo Lourenzo?

J: Eh... me parece que era Manolo Lourenzo. E ven outro que era de Ferrol, que era un gran amigo meu, e segun estaba eu así falando cos muñecos e coa esa... Ras! Púxome unha botella de viño! [ri] Daquela era terrible!

C: E tragaches...?

J: Traguei a palleta, traguei todo!

C: Ala!

J: E Manolo estaba por alí, e non sei como... Que se deu conta, el tamén. Sácalle a conversación un día.

C: Si, heilla de sacar.

J: E.... Enfin. Despois chegamos a Mondoñedo. Tiña que salír a fóra, a traballar, osea, a facer o... ese.... Porque marcharon todos. Despois tiña, que facer o rulo, tiña que facer... non sei que outra cousa, non me acordo o que era...

C: E cantos anos terías naquel momento?

J: Pois eu tería, naquel momento, todo o máximo, máximo, máximo... Serían... Non sei. Catorce anos.

C: Catorce anos. Desde que anos empezaches tu a axudar na barraca? (15:50)

J: Ui! Desde pequeniño, porque había que comer cos rulos, de pé no rulo. A única cousa que me quitaron, que era o que máis me gustaba, era... facer o alambre, traballar no alambre.

C: E non cho deixaron facer?

J: Si. Mo deixaban facer, pero a esta altura.

C: Ah! Pero ao final acabáchelo facendo...

J: Non, non saín ao público.

C: Non?

J: Non. Porque eu collín, e estábamos aquí arriba, non sei como se chama...

Bueno, iba meu pai alí a facer cine, e había árboles, todo arredor. Entonces mirei unhos árboles fuertes, e eu collín o...

C: O alambre.

J: O alambre, e claro, subín polo... polo árbol para arriba, engancheino arriba, baixei, subín pao outro e fixen a misma operación. Entonces estaba, estaría sobre cinco metros, non estaría máis.

C: carai!

J: supoño que serían...

C: Pois xa é alto!

J: entonces, no alambre, tu sabes... tu tes que facer unhos movimientos nos pés... como se estuveras no rulo, por eso eu podía facer eso porque xa tiña...

C: tiñas esa práctica.

J: tiña esa práctica. Entonces podía facer eses movimientos, e nese momento chegou meu pai e dixo: "quieto! Para, para!".

Recolleu aquelo e dixo: "jamás!"

C: Colleu medo?

J: Dixo: "se te caes paquí podes romper un brazo ou unha perna, morrer... Pero se caes polo medio e medio, non te podes imaginar o que che pode pasar". Entonces, claro. É máis, xa subira ca tabla do rulo para poñerme tamén ca tabla para facer os... bamboleos do rulo. E entón quitáronme deso e... enfín. E non cheguei a traballar o alambre pa...

C: quen traballaba no alambre na túa familia?

J: Miña hermá Carmen.

C:Carmen, que era a máis... Bueno, era a cuarta.

J: Era... Si.

C: Que Carmen cantaba tamén ben, non?

J: Bueno... Cantaba, si, algunhas cantaba, pero o dela era... era outras actividades, outras cousas, de facer... cómica...

C: Si.

J: E que máis, a ver. Cóntame algo. (17:56)

C: a ver, e sígueme dicindo entón. O quinto sería Manolo, e despois Socorro?

J: Despois de Manolo...

C: Ou Virginia?

J: Non, despois de Manolo era Socorro.

C: Socorro.

J: Si.

E despois... Despois de Socorro, era Santiaguín, non?

C: Ou Virginia?

Lidia: Noon. Xa puñeche a... Despois de Socorro... Xa puñeche a Carmen?

J: Si, home!

C: Carmen era a cuarta.

Lidia: Pois despois é Santiaguín, porque Santiaguín era mui novo cando morreu.

C: Santiaguín naceu no trinta e dous, porque eu...

Lidia: Si, si.

C: Entón Virginia era un pouco máis nova que Santiago.

Lidia: Si. [mirando para as miñas notas]. Se naceu no trinta e dous e Virginia naceu no vintecinco... [Ah, cousas que tes tu...

C: [Non, eu sei que Santiago naceu no trinta e dous porque atopei unha entrevista que lle fixo... outra persoa... Aí no ochenta e nove, creo que lla fixeron... E no ochenta e nove dixo que tiña cincuenta e sete anos.

Lidia: Ahá.

C: Entón a min, calculei, e dixen, naceu no trinta e dous. I Virginia, vou quedar... A ver se despois de Navidad vou a ver a Elixio.

Lidia: Ahá

C: Porque me escribiu un correo...

Lidia: Ai, escribiuche, si?

C: Si, e dixo, a ver se falamos...

J:Ai un deles que fai...

Lidia :Eligio! Si ho!

C: Que fai teatro

J: si, si, teatro, que fixeron unha compañía aí...

L: Eligio!

C: Si, en Ortigueira. E é o fillo de Virginia, non? Para que me conte...

J: I outro fixo un rodaje de película...

Lidia: Foi el tamén. Ese, Juan, cariño, ese é o que fai todo.

J: Non, non. Ese foi outro.

C: Foi outro?

J: Creo eh! Non estou fijo, que non...

L: Cariño, Eligio é o que fai o teatro, o rodaje ese de películas... O que quería facer o libro de barrigaverde... O que todo. Todo eso é o teu sobriño, que é o marido da profesora que tuvo aquí o ano pasado en Ribadeo, non te acordas? Hai dous anos, que o ano pasado xa lle tocou alí cerca de Ortigueira.

J: Si.

L:A muller é maestra. E o ano pasado... hai dous anos tuvo aquí en Ribadeo, e quen o tuvo a nosa sobriña no Barqueiro. Non te acordas que dicía el que cambiara e que despois non pudo? Pois eso.

C: Pois... Pois a esto voulle facer unha foto...

L: Eu se queres que che faga unha fotocopia, fágochas e mándochas.

C: Non, fágolle unha foto co móbil.

L: O que conservo de meu sogro e o que conservo de miña sogra [mostra unha trinca loira]

C: ahhh! Tiña o pelo tan rubio? Que bonito!

Lidia: Si...

J: E pasaban os anos e non se teñía...

L: Esta xa era velliña velliña velliña. É de pouco antes de morrer.

C: Si?

L: que lle estorbaba e corteille o pelo, e...

C: Encarnación.

L: Encarnación.

C: E de onde era, Encarnación?

L: Encarnación era daquí, darriba, de Mondoñedo, non, Juanín? Como lle chaman?

(.) A familia toda era daí darriba, de...

J: Non cho podo dicir que non o sei.

L: Si, Juan. Que pasabamos nosoutros muitas veces por alí e dicías tu: "mira, aquí foi o pueblo donde naceu Mamá". Vamos a ver, hombre. Si, home, si. Méteste... Pasas Abadín, pasas Abadín... [No mismo pasar Abadín, hai unha carretera, hai unha pista que corre hacia arriba...

J: [Non, alí... Alí, esa é a que vai indo para Lugo.

Lidia: Pa Lugo, efectivamente. Que vai por Castro e todo eso.

J: No, bueno, alí eran familiares. Inda había alí un almacén grande e... Polo visto era da familia deles, pero non... Parei unha vez por alí, e había casa e... la hostia. Pero.

L: Xa, non... é que nunca. É que nunca se... Como miña sogra non quería saber nada de por aí, de nada... Pois nunca vos inculcou tampouco.

C: Xa...

L: Al marchar de nena... Eu que sei!

C: Xa. Porque casou moi nova, ela?

L:Si, cantos anos tería túa mai cando casou?

J: Non o sei.

L: Eu non me acordo... Osea, eu non o sei, vaia. (21:34) Pero casaría nova; si, casou nova.

C: claro, porque vós cando... vos casástedes, o teu sogro xa era mui maior.

L: Mui maior, si.

C: Aínda facía marionetas, daquela? Facía cos muñecos? Xa non...

L: Non, que va, que va.

C: Osea, tu non acordas vela?

L: Noon! Que va!

J: Meu pai a última vez que fixo foi en Mondoñedo, que foi onde nacín eu, tamén.

L: Mira que che digo, Nieves, a túa sobriña, a filla de Santiaguín, esa que ta agora en Santiago co saltamontes, non.... Non terá alí na casa algo dos muñecos, ou de algo? Porque teu ermao Santiaguito fora o que levara os muñecos, e despois pedírallos Claudio, non?

J: Si

C: É que a min Nieves, que a viramos na Pontenova, me decía [que ela acordábase de pequena...

L: [Si!

C: ... que lle daban medo.

L: Claro!

C: ïa ao faio, onde estaban os muñecos, e lle daban medo.

J: El colleu, chegou á casa e levounos, dicía que llos dera a... Monal ou non sei que... Bueno, colleunos, levounos... Meu irmao Santiago. Fixo ben. Se eu fixera así coas cousas non pasaba así.

L: Efectivamente.

C: Pero colleunas da casa de teu pai.

L: Claro.

J: De.... E un de Viveiro, ouseña... Jesús! De Betanzos, que era outro hermano meu, que era Claudio, que ese foi tamén un gran artista falando polo... cos muñecos.

C: Tamén os manejou?

J: si, si. De marabilla. De marabilla, de marabilla. Ademais el tiña... unha cousa mui rápida, porque cambiaba, de fala, cambiaba de... Si. Facía... Ao millor o Barriga verde era aquelo de torear, ao mellor era... pero el á parte de torear, pois facía outras cousas...

L: Ahora xa morreu, pobriño, e non pode contar nada.

J: Nada.

Entonces, bueno, pois... Levounos palá. Dixo, "vou que... voullo facer, pa que miren as nenas". Tiña dúas nenas. Entón levounos. E non os volveu. Porque quen era... Porque Santiaguín nunca traballou os muñecos. Santiago nunca, nunca, jamás!

C: Santiago non.

J: Non. Santiago tiña o mesmo traballo, un pouquiño máis... que Alfonso. Alfonso só traballaba de amplificador, [máis nada.

C: De técnico, como quen di, non?

J: Mäis nada. Nin falaba polo micrófono. Santiago si. Pero el, non falaba. Alfonso non chegou nin a falar polo micrófono para eso, que eso era a mai, que estaba na porta.

C: Presentando, e anunciando.

J: Si.

L: Claro, cada un tiña o seu...

C: O seu... papel.

L: Efectivamente, o seu papel.

J: Este de artista non... fixo nada.

C: Entón, cando tu eras pequeno, como era o espectáculo da barraca?

J: Pois cando era pequeno, pois era... Miña hermán, porque eu xa... A miña hermán, Verginia, xa a conocín... De vela de neno, si, pero... do resto, cando tiña un pouco de sentido, xa estaba casada. Casouse... Foron a Villagarcía de Arousa, e un... Como se chama, non era policia, era deses que... Que andaba vigilando os... contrabandos, outras cousas desas... Estaba empleado nese asunto.

C: Ah! Dos arbitrios?

J: Efectivamente. Entonces el estaba alí, e namorouse dela, e ela enamorouse del... E deixou o invento aquel...

C: E deixou o traballo, el?

J: Si, si. Inteligente! Por eso todos os fillos que ten alí, pode haber algún que... non sea así, pero...

L: Vosoutros non tivestes unha artista de Viveiro? Unha que cantaba dentro, no teatro?

J: Si, pero esa non era... Lola, se chamaba...

L: Lola. Esa señora vivirá, Juan?

J: Non, que va.

L: Morreu, non?

J: donde vai! Era unha señora... Era eu un neno, e ela...

L: E que eu conocín a esa señora, cando nos casamos. E conocina, cando xa tuvemos o neno, que se casou pa Viveiro, e víamola moitas veces, e dábache besos, e Lola paquí, e Lola palá... E dicía que cantara no teatro voso.

J: Si, cantaba.

L: Mira, se vivira esa muller igual explicaba algo.

J: Non podía explicar nada, que ela só foi un verano que tuvo, ou dous.

L: Ai, si?

J: Naqueles tempos duros... Ela tiña... Tiña familia, e non había onde quitalo... Entonces, pois iba ganando o seu sueldo, e...

L: Julia ta mui vella, ou morreu Julia? Non, a de Ourense non morreu.

C: Julia si...

J: Que? A miña tía? Bueno, hombre, se fun eu ao enterro, xa taba eu casado!

L: Si, si, si.

C: Porque esa tamén era mui maior. Non sei se era máis vella ou máis nova que... teu pai...

J: Eso non o sei.

C: Pero igual se levaban cinco ou seis anos...

L: Exactamente.

J: Ou menos.

L: Ou menos. Menos, que antes levábanse menos.

J: Creo que era maior meu pai, pero bueno, vamos...

L: Eu penso que dicían que Julia era a máis nova. Dos hermanos.

J: Sería...

C: E que out... Había máis hermanos?

J: Non o sei.

C: Tu non recordas máis tíos?

J: Non. O meu pai nunca quixo... ter...

L: José, Santiago e Julia.

C: Santiago, había outros... Ah bueno, Santiago.

L: O sogro...

C: Osea, tres, só.

L: Nunca falamos do teatro, nunca eu lle preguntei a meu sogro...[Nada desas cousas nin nada...

C: [Non? Da súa ... Dos seus pais...

L: Porque hasta falábamos... Era un home que sempre falábamos muchísimo... pero que va!

C: Non contaba?

L: Eu tamén era joven, daquela, dazaoito anos, dazanove anos... Que va!

C: Xa...

L: Eu que sei! Xa non te acordabas destas cousas... Si, me chamaban a atención as cousas pero non...

C: Xa, esas cousas... Non se preguntan, normalmente...

L: Efectivamente! Que vas preguntar...

C: Bueno, entonces como era logo... Porque tu acordas... Tiñas igual catorce anos e ti tiñas que facer o rulo, tiñas que facer o clown, e tal. E que más números se facían na barraca? (27:09)

J: Bueno, pois despois deso, había unha que cantaba, había outra que facía outro tipo de eso... E despois... Por ejemplo, Claudio, tiña boa voz, pero nunca lle gustou cantar ao público desa maneira. Pero si vestido de pallaso, e ca cara tapada... ousexa, coa cara... desa maneira, cantaba cancións cómicas, que bueno, era terrible, porque [rio] como subía a voz, e podía baixala... igual pois, tiña unha aceptación mui grande...

C: Si? E que cancións eran?

J: Eh?

C: Que cancións cantaba?

J: Non me acordo... Non sei que... algo había dun asunto qeu dicían "patachín, patachín, patachín...." [canta] "una nena no se qué... ". Salira un tiburón... Non me acordo. Ao mellor me acordo noutro momento.

C: La ovejita lucera, te acordas?

J: Non me acordo.

C: Eh... Entón, bueno. Cantaban, facían, eso, chistes... Facíades o do rulo... E, ao final era cando viñan os muñecos.

J: Efectivamente.

C: E quen os facía? Cando tu tiñas esa edad? Teu pai aínda?

J: Noon, meu pai non cheguei eu case nin a velo traballar.

C: Non?

J: Vino, pero non me... non me acordo.

C: Porque el... xa lle costaba, xa estaba...

J: Xa estaba maliño, home!

C: Doíanlle os brazos?

J: Efectivamente. Cansancio e... anos, e... deso xa os traballaba Claudio e... un sobriño meu, Eligio, tamén morreu...

C: Eligio... primo?

J: Sobriño meu.

C: Sobriño? Pero non é o fillo de Virginia...

J: Non, era fillo de Pura.

C: Fillo de Pura... Tamén lle chamou Eligio. Porque Julia tiña un fillo que se chamaba Eligio, tamén.

J: Si.

C: Tamén.

J: E aí houbo outro... Outro encuentro que non...

C: Que non fructificou ? [rio]

J: Ese Eligio era o padre de Eligio.

C: Ahhh!

Ousexa que Eligio casou con Pura. Ou bueno, ou xuntouse con Pura.

J: Si, algo deso houbo aí. Eu non sei fijo, porque eu non existía daquela.

C: Claro, porque eso foi moi antiguo.

J: Ao non estar, pois non...

C: E entonces eles facían os muñecos, non? Claudio, ou este sobriño...

J: Manolo...

C: Manolo tamén os facía...

J: Manolo, e... Xa antes deles, Fernando, claro, que xa...Que foi palá e... xa non volveu.

C: Fernando xuntouse e quedouse cos de Lérez.

J: Naquel momento, que pasaba? Que iba facer el? Además el no tempo... Na guerra, e ao pouco tempo xa o levaron para o servicio militar... Con... Tendría dazasete anos... Se os tiña. Entonces... E despois, claro. Os que mandaban daquela, non eran os de Franco, que eran os anteriores. E entonces había... moita cousa.

L: Eu, como non sei nada desto, vos vou deixar aos dous. Que faleis, eh.

C: Como queiras...

L: É que eu... nada teño que...

C: Eso que tu os muñecos algunha vez tamén os viche, non?

L: Como?

C: Os muñecos, tamén algunha vez os viche... Non?

L: Non, non, non. Cando eu cheguei xa non había muñecos.

C: Xa non os facía nin Claudio?

L: Solamente había un da porta.

C: Ahhh

J: Que o que teño eu, que miraches tu, que está arriba...

C: Si, a mona, non?

L: Si, efectivamente.

C: Ousexa que cando casastes vós? En que ano sería?

L: Vamos a ver. Ummmm. Tiña eu dazanove anos, o catro de abril...

C: Sería o sesenta, ou sesenta e algo...

L: Efectivamente. (31:03)

C: Ousea, que no sesenta xa non había...

L: Que va, que va, que va... Xa non había! Aí xa non había nada. Que va! Xa os levaran!

C: Pero sin embargo, Julio, este de Monforte, aínda facía... muñecos, polo que decía Consuelo, que aínda fixeron igual hasta o sesenta e algo.

L:Si, porque andaban cunhas lanchitas, andaban cunhas voladoras.

C: Si.

L: E despois, de inverno, facían algo... polos salóns e por aí, e tamén facían muñecos; Julio.

C: Poñían cine e muñecos, si señor.

L: Si, si, si. Me acordo eu deso, deso me acordo eu.

C: I entón... Cales eran as historias que facían... Que facíades vós cos muñecos. Que representábades?

J: Bueno, pois... representábase que era un... Paisano, que primeiramente era barbeiro, me parece. Despois foi torero...

L: [Debe ser o mismo que José. Unha cousa parecida.

J: [Toreaba... Despois... Bueno, que tiña, desas actividades e...

C: Iba cambiando, de profesión, non?

J: Entonces facía... Non, porque se facías unha cousa sola, pois non era suficiente, os nenos levantábanse e... non eran os nenos tamén, daquela tamén había maiores.

Entonces, o que si, que meu pai sempre levou moito... O asunto da religión.

C: Mmmm.

J: Porque por ejemplo, e... cando enterraban a... ao que morría a paus, que o enterraba, entonces vén o cura, e claro, pídelle non sei cantos pesos en plata...

C: Polo enterro.

J: Polo enterro. Entonces en vez de darlle pesos, dalle unha paliza, a paus. E bueno, eso era o que facían eles, meu pai non facía nada deso.

C: Teu pai non?

J: Que va! Todo o contrario. Porque... En un sitio, un dos fillos del quixo facelo e chamáronlle a atención. "Se son muñecos, hombre!". "Si, pero non se pode pegar ao cura". E meu pai ... como estaba naquel momento alí, e veu...

C: Bueno, pero o cura tampouco quedaba mui ben, non? Qudaba un pouco de agarrado...

J: Bueno, quedaba un pouco de chorizo, que fi.. eran o que son e o que siguen sendo, ben o vés o que están facendo! Xa naquel momento eran...

C: [rio] Está claro! Entón, quen as levaba?

J: Eh?

C: Quen... Quen era o que levaba os paus, na obra?

J: Pois ahora non, ahora... que non lle pagaban, e nada máis. E punto, desaparecía o cura.

C: Pero que personajes había, entón. Á Parte do cura...

J: Estaba Cristóbal...

C: Cristóbal era o protagonista, non?

J: Si. O... Barriga Verde.

Estaba... Rosiña...

C: Si.

J: Entonces, claro. Rosiña e... E o... Barriga Verde, pois eran novios. E o Portugués que mataron, pois era un que quería meterse con ela, que era a muller dela, que era a muller dela... bueno, unha pelea que non... Tiña que empezar eu outra vez a facelo para acordarme...

C: E por que era Portugués? Por que cres que escolleron o...

J: Porque era un portugués. Era un portugués.

C: Era un personaxe do portugués. Xa.

J: Bueno, pero eso eran todos. Entonces había o Portugués, non sei se fora invento de meu pai, si dos... sucesores del [quere dicir antecesores]. Entonces, bueno, pois... daí viña o eso, e despois viña o asunto do... do Dem... Non, do toro. E logo despois do toro viña a...

C: Mira, e como toreaba o toro? Como facía? Así estilo... Con banderillas, e con todo...?

J: Non, mira, o toro non sei, tíñamos un por aí, pero non sei onde está, pa próxima vez, si é que está na casa heicho de ter para que o vexas. O toro dos demáis era un cacho dun pau, cunha punta paquí e outra pali. E non tiña máis nada. E o toro do meu pai, pois era un toro... normal, unha cousa parecida, solamente que cando el facía "muuuu" como fan os toros, collía, movía así, a cabeza.

C: Ah! Levantaba os cornos, un pouco.

J: Exacto, levantaba así a cabeza pa fóra, e cando estaba toreando, collíalle a... manta, osea o que...

C: Levaba un capote, non?

J: E co capote, collía así e... "ñeeee" (35:07) Dáballe así pa riba, como que...

C: E ao final como ganaba, como conseguía...?

J: Bueno, pois ao final, cando non se conseguía... Porque houbo un momento que tampouco non se podían matar os animales.

C: Ah non?

J: Non, entonces... Collía e... Toreaba, e veña para aquí, e veña para alá... E claro, o toro estaba cansado, e movía a cabeza así, e había que soplar: "ffffff, fffff". E dicíalle o outro... "estás mui cansado? Que che parece se o deixamos así e somos amigos?"

[rio] "Muuuuu". "Pois alá vamos!". Marchaban os dous andando, agarrado... botaba unha man así na cabeza...

C: Xa...

J: Andando, e a xente aplaudía...

C: Pero non había unha versión que... que o mataban?

J: A versión de...eso, era de matalo.

C: De matalo.

J: De matalo.

C: E como o mataban?

J: Pois toreando, e logo collía a estoque, e... metíalla, exactamente igual que eran os toros.

C:Ah... Non o agarraba polo rabo, nin nada deso...

J: Si, bueno, eso era cando estaba toreando, que o toro seguía, e collía e agarrábao... "e ahora polo rabo, e ahora..." E xogaba, e esas cousas todas. Había xogos deses...

C: E entonces, vale. Había ou toreo, e... E que [máis personajes había?

J:[O barbeiro

C: O barbeiro...

J: O barbeiro de Sevilla.

C: Que o barbeiro era o propio Cristóbal... Ou era...?

J: O barbeiro era o mismo Cristóbal.

C: Era o mismo Cristóbal, que tiña un cliente... que non quedaba contento?

J: Non... quedaba contento, non sei se era polos cuartos, que non quería pagar... non sei, había aí unha cousa que era de risa. Había cousas que era todo de risa que non me acordo agora. E fíxeno, eh!.

C: Que era no momento, tamén, non? Cambiábase as cousas, igual ás veces no momento, según o público....?

J: Bueno... Cando se estaba máis de dous días, entonces había que cambiar un pouco o traballo, efectivamente.

C: E había...? Porque me decía Consuelo que eles tiñan un personaje que era o municipal....

J: Bueno, había un municipal que era un que buscaba unhos... testigos por aí adiante, que andaba buscando... o asunto. Pero... con iso creo que foi en Carballo, precisamente que... que foron a chamarlle a atención a meu pai.

C: Por sacar ao municipal, e meterse con el un pouco?

J: E meterse con el un pouco. Pasa que se rían, e ademais, bueno, eso... Non foi a meu pai, foi a un fillo, que daquela eran os fillos maiores e... Entonces foron a... A chamarlle a atención, porque non sei que lle fixeron, se lle deron trompazos... Porque alí había un municipal, que eu cheguei a coñecelo, que era un bon home, pero tiña unha mala hostia...

C: [rio] en Carballo?

J: En Carballo. Mira como era, que pasaba a xente que quería entrar ao... Era sargento. Quería entrar no water do ayuntamiento e non... non deixaba. "Aquí esto no es... ". E eu chegaba, como taba por aí, abría a porta e dábame a espalda, e eu entraba ao servicio, si, si, si. E a casa torda... Pero... puxérono... Non sei como se chamaba, hombre! (.) E dixeron... como se deron cuenta de que salía un municipal,

C: na obra?

J: na obra, pois non sei como, que el iba... chamáronno polo nombre. E era o nombre do municipal!

C: Ah, caramba! E aí houbo problemas, non?

J: Non, problemas non. Pero menuda! Que despois andaba o pueblo enteiro, alí... "Ei!, ei". A hostia. E meu pai, bueno, tuvo un disgusto mui grande e...

C: Xa.

J: E en vez de ir falar el... Meu pai con el para que non se enfadara, veu el a preguntarlle: "pero que che pasa, Santiago? Son cousas de risa!". Era... Pero era malo, eh!

C: Era malo... [rio] Pero entón teu pai, cando... xa eran os fillos os que... facían os muñecos, teu pai iba un pouco para... Para ver, só? Ou seguía facendo unha parte do espectáculo?

J: Non, xa non facía nada. No meu tempo el non facía nada, xa.

C: Pero iba con vós igual....

J: Si, si, si, si.

C: Acompañábavos...

J:Hombre!

C: E túa nai, e túa nai que facía?

J: Era a porteira.

C: Era a porteira que collía as entradas....

J: Si, e además dábache un coscorrón se non ibas ben.

C: Ai, si?

J: Se tardabas un pouco. Ou se falabas cunha rapaza.

C: A vós, aos fillos?

J: Claro.

C: Claro, taba pendente. E a porta, quen a facía?

J: De pallaso?

C: Si.

J: Pois mira... E... Os hermanos mayores foron todos. Facía aquelo e logo facía outras cousas. E logo despois, estaba... Claudio. Tamén o fixo. Eligio, tamén. Santiaguín, non. E....Bueno, fixérono varios.

C: Era sempre igual? Un pallaso...

J: Bueno, antes era unha cousa que se subían a unha escaleira, e como se ve aí, e está... Que aí viñeron as cousas dunha maneira e doutra, e dicían que era o de...

C: A foto famosa...

J: Non, esa [bate na mesa]... Esa... O muñeco que ta posto aí, esa precisamente... Esa... O que fixeron eles, que é a misma fotografía, e o mismo cartel e todo, do teatro que tiña meu pai, ten as mans así caídas para baixo. Que son mans postizas, que lle puxeron. E o outro non, que iso xa se ve en varias cousas. E a min fastídiame... Eso, porque eu non teño porque dicir... o que sea. Despois miña hermán... Carmen, e... traballaba, claro, máximo a un metro, pero é que traballaba, iba traballando e daba unha volta no alambre, e hasta chegar a.. ao escenario, volvía a subirse ao escenario e seguía facendo... traballando no alambre.

C: mmmm

J:E levaba case sempre unha especie de paraugas.

C: mmm. E na túa familia facían o da mariposa?

J: Si. Si, hombre.

C: E quen era?

J: Pois iso tiña que ser entre Carmen, Pura, e... E Verginia. Non Verginia non.

C: Ou Socorrito.

J: Socorrito.

C: Facían a mariposa, tamén.

E un número, cos muñecos, que era como con un mar?

J: Bueno, eso era unha cousa que fixera meu pai, co seu fillo maior, e máis co siguiente, que era unhas tablas que se estaban movendo así [fai xesto de movementos ondulantes]

C: Ahá.

J:Era simplemente que. se.. enganchábanse, e había unhas tablas así. E entonces o máis pequeno tiña que darlle así a unha e a outra, así para nunca paraban.

C: Como se fosen as olas...

J: E entonces parecían as olas. E entonces salía un barco, e tiñan un accidente, e entonces había unhos muñequiños pequenos, e botábanse por riba das tablas, e o peixe aquel abría a boca, e collíaos...

C: Ah! Entonces son igual que os que tiña Alfonso na casa.

J: Si, bueno, pero é que... volvemos á misma cousa, que eran igual porque... llos fixo meu irmao!

C: Xa, xa, xa.

J: Eso era feito.

C: I esa... esa historia, como se chamaba? Esa do barco e do mar?

J: Pois eso era... unha acción máis, como o toreo, coma outra...

C: Pero aparecía Barriga Verde, ou Cristóbal, por aí?

J: Bueno, pois eso non cho podo decir, porque eu cando...

C: Non chegaches a...

J: Faime unha imagen mui pequena, por culpa de que eu cando era cativo, dáballe pali, dáballe palá, dinlle dúas ou tres veces, e botáronme dali.

C:Dábaslle demasiado! [rio] (42:35)

J: Entonces... Aí está! Era demasiado traste.

C: Ahá.(.) E acórdaste dalgunha escena máis? Bueno, falta a do Demo...

J: Bueno, o Demo era a palabra que se... eso...Pero meu pai gustáballe dicir Lucifer.

C: Lucifer. I tiña un muñeco pa Lucifer.

J: Efectivamente. Entonces, claro, despois claro, tanto golpe paquí e tanto golpe palá, “eres un Demonio!” E tal... Enfín, pero. Primeiro... Lucifer.

C: E cando aparecía?

J: Pois aparecía... nun momento en que... Vamos a ver, vou pensar a ver se me acordo... Era... Que... resulta que al terminar de torear, estaba cansado e dixo "vou durmir un pouco", e además, claro, bebera... Decía "que bebín moito", e claro...

C: Foi celebralo, non?

J: Foi celebralo e entonces pousou asi a cabeza, e según estaba así, aparece... Lucifer, cos cornos e mirou así, e colleu e revirouse, e cando se revira... como se tivera... pois fai así [son de peido]. Tiña que facer así, porque como tiña eu o micrófono, facer así [repite a onomatopeia] E el levantábase "brrr! Que mal cheira!"

C: Porque cheiraba mal... Cheiraba a azufre.

J: Ai está. E logo despois volvía baixar a cabeza, e entonces viña cos cornos... e pun! E aí xa os nenos... [pon voz aguda, como imitando emoción] e un follón, como... calquer cousa que hai. Ríanse moito. E logo despois, pois viña a pelea con el e...

C: E como era a pelea? Era a paus, basicamente ou facían outra cousa?

J: Non, a pelea era que... O outro , dáballe cornos, e el escapaba, hasta que se fixo con un pau, e ao facerse co pau, entón dáballe, pero o outro quedábase quieto, e apartábase pero... non lle daba nunca, quería darlle pero...apartábase, non lle daba feito. E iba "espera un pouco!" Non sei como era, porque había que falar en gallego, eh!

C: Si [Era todo en galego?

J: [Meu pai nos...

Todo, totalmente en galego. E...

C: E falaba coa palleta pa todos os personajes?

J: Pa todos os personajes.

C: Pa todos. Cambiaba....

J: Bueno, cambiaba a voz, xa che digo, como estes, subían, poñía a voz en delgado... E con lo mismo, collía e dicíalle "axudádeme nenos, axudádeme! Vamos a presinarnos, vamos a... decir un padrenuestro, padrenuestro, todos!". Claro, eso gustáballe á xente... Decían "padre nuestro que estás en el cielo,que ta ta ta ta.... Kapún! Ven pacá ahora" E o outro viña, empezaba a paus con el.. (45:08) E viña o outro, veña a botar fuego, a botar fume...

C: I como se botaba ese fume?

J: Pois... fume era cunha cousa que non sei como facían, cunha cousa que fixera fume, e tamén fume, desde... non se vía. E facían fume...

C: Claro...

J: E o fuego, era algo que encendían, que sei eu! Non che podo dicir que non cheguei a funcionar eso.

C: E aí, gracias a persinarse...

J: Claro, e ese... persinouse, e entonces daquela, xa empezou a paus con el e... A xente, os nenos, as risas e por aquí e por alá...

C: Encantáballe aos nenos ver os paus, como lle daba, non?

J: Collíano, e levantábano así, poñíalle un pau e entonces levábano así ao ombro [fai o xesto como se cargase un hatillo] e íballe... "alá vai o Demo, o Demo, Demo, ala vai o Demo pola calle real" [canta] E enton petaba contra a parede, como era a cabeza de madeira, petaba contra as tablas... "pum!" parecía que era un... reorán.

C: E... Aí é cando se remataba xa o espectáculo?

J: Aí é cando se remataba.

C: E decían a frase esa famosa, a do Demo...

J: Que frase?

C:Morreu o Demo...

J: Ah, si. Morreu o Demo e acabouse a peseta.

C: Que hai algúns sitios... Eu vexo que pola zona de... De Julio, algunhos dicen "morreu o toro, acabouse a peseta". Que igual el non facía o Demo ao final...

J: Si, si, facíano igual, exactamente igual. Dicían o do toro porque non se acordan ben de como era a cousa...

C: Igual...

J: Era unha cousa mui parecida.

C: Xa...

L: Pasa igual que cando anunciaba el o cine: "O que non queira vir, que mande os cartos"

J: Claro

L: Eu me acordo aínda aquí no Salón de Pedrolo. Que era unha chavala, e os altavoces, poñíanos fóra, e taba... poñía un disco ou dous, e despois dicía: "Bueno, o que non queria vir, que mande os cartos". E outra cousa así...

C: Outro chiste, vaia...

L: Claro. Que non se me olvida, vaia...

J: E logo no pueblo desta tamén, ou antes había cine, xa daquela?

L: Como?

J: En...

C: En San Miguel...

J: En San Miguel...

C: Bueno, en San Miguel estaba o Liceo, me parece...

J: Non, antes de ser o Liceo xa foi alí. Mira, según pasas ese onde está aquelo... Aquí había unha taverna mui antigua. E nesa taverna antigua xa facían eles o... O...

L: O cine.

J: O baile, e o cine.

C: Ah....

J: E despois... Supoño que era alí, e despois foi cando fixeron cine alí, ou un teatro ou unha cousa parecida, e tivera que cerrar. E tamén fora alí a facer cine, viñeran buscar a quí a Santiago, a meu pai, para que fixera cine alí. Fixo cine e fixo...

C: Pero teu pai... desde cando viviu... foron pa Neda? Cando foron vivir pa Neda?

J: Non, meu pai foi... Meu pai casouse... e xa... tiña unha casa ou non sei como era... na cruz do Pouso.

C: Sempre viviron alí?

J: Si, si, sempre. Non na misma casa. Aquela vendérona.

C: Ah.

J: Aquela vendérona, porque estaba mui sola, como está esta.

C: Xa.

J: Entonces, nun momento en que saíron, entraron e leváronlle... Bueno... Todo.

C: Roubáronlles.

J: O que quedou foi a plancha da cociña e... E pouco máis, nin os cristales da ventana quedaron.

C: Claro, porque esa casa tiña que quedar sola... cantos meses ao ano?

J: Pois mira, de vrau salíamos... Polas festas, e de inverno salíamos co cine. Ouseña que estaban alí de paso un pouco e nada máis. E vendérona. Regalárona.

C: XA, xa. E cando... Sempre viviron alí. Pero ás veces paraban por aquí tamén, por esta zona.

J: Si, bueno. Por ejemplo por aquí había unha casa, por detrás do chalé de Pedrolo, sabes onde é?

C: Si

J: Bueno, pois había unha casa, que se chamaba ela a señora Remedios.

C: Ahá.

J: A Remedios. E alí, bueno, pois tiña muitos fillos, era unha xente mui buena, non había cartos, entonces... Miña mai dicía "eh, todos para alí". E levaba os fillos para alí, e entonces a... señora dalí... "non, e vosoutros..." Porque si tiñan coche, iban para alí; el tuvo coches, e tuvo carros, volveu a ter coches... Enfín. Gustáballe máis ter os carros, porque eran doutra maneira.

C: Os carros de cabalos?

J: Claro. De cabalos.

C: tu acordas, andar cos carros?

J: Non.

C: Pero antes, claro, terían que andar con carros de cabalos.

J: Bueno, pero o primeiro coche que tuveron eles era un... Un ford de bigotes, que se chamaba Ford de bigotes. Non tiña cambio, non tiña nada deso. Encendíalo, e para encendelo tiñas que levantarlle a roda de atrás. Porque sinon, coa manivela... sinon non lle daba encendido.

C: [rio]claro.

J: Entonces, co Ford de bigotes xa... Claro, andando un pouco fuerte, subindo a costa de Mondoñedo, pasábaselle endiante, a pé. Digo a pé. A costa de Mondoñedo..

C: Si, si. Carai!

J: Entonces... Levaban patatas, levaban todo, hasta chegar aí... AS rodas eran, as rodas eran macizas. As rodas eran... Non se pinchaban.

C: De madeira?

J: Non, non. De goma virxe. Goma virxe...

C: Ahh

J: Entonces viña a costa arriba e levaba patatas, e levaba cebolas, e levaba tódalas cousas pá casa...

C: E había que baixar todos...

J: E había que baixar todo.

C: A empuxar?

J: Non, a empuxar non, porque quen maís e quen menos, despois de que chegaba aquelo botaban a andar e non collía o coche, despois hasta alá arriba... Despois que foi aquelo tiña, unha cousa que así que encendía había que avanzalo, que eran os dous bigotes, que estaban así. Había que avanzalo, e despois o acelerador estaba aquí, no había máis nada que o acelerador...

E despois tuvo un Hispan. E despois, co Hispán non sei que lle pasara tamén... Non me acordo, non me acordo. Nin de este outro tampouco. E despois pasou moito tempo tendo unhas cabalerías grandes, mui grandes (50:42) e... carros outra vez.

C: E barraca sempre levaron?

J: Sempre.

C: Sempre.

J: Si, si, si.

C: E como era? De lonas...?

J: Primeiro era de lonas. Primeiro era de lonas. Cheguei a conocer eu o... de lonas. E... Cheguei a conocelo por culpa de que en... Vegadeo, fumos, e houbo un que coa navalla abriu de arriba abaixo...

L: Juan, aí tes un home buscar cañas. Axúdolle a cargar? Bueno, sigue con Comba...

J: Bueno, o caso é...

É por unhas cañas que temos aquí, mui grandes...

C: Ah! Mira tu. I que as usan para cerrar, igual?

J: Pá terra, pa poñer... cebolo...

C: Ah, claro.

J: pero hai cañas que teñen cinco metros, aí, eh? Gordas...

C: mmm

J: Son... de bambú.

C: Son mui boas, non? Esa madeira é mui boa.

J: Si, pero están aí poñendo... aí veñen perros, veñen cans...

Bueno, o caso é que... o único coche bon que tuvo foi... Ese si que sei eu donde o compraron, foi... onde viven meus sobriños. Santa Marta de Ortigueira. Era un Chevrolet. O mellor coche que vin na miña vida. Mira que eu levo tido camións, Pegasos... De todo, Barreiros... Nada, como aquel non...

C: Un Chevrolet, é marca boa non?

J: Bue! De gasolina, eh!

C: mmm

J: De gasolina. Aquel... primeiro puxéronlle o cambio, despois puxéronlle a diferencial... Porque claro, tiña catro metros de carrocería, e pa meter todo aquel invento non era... Entonces auméntalle dous... Daquela podía facerse. Aumentáronlle dous metros máis. Non chegaba e aumentáronlle outros dous. Ousea que fixeron un bicho como está mandado, naqueles tempos. E que pasa? Primeiro rompíalle a diferencial, houbo que poñerlle a diferencial, pero había un asunto de subastas de cando fora a guerra, aquí en... En Pontedeume... Puentenuevo. De coches. Aí iba, non sei por que... Tiñan unha amistá meu pai, que

dixeron “oes, trae o camión aquí, que queremos mirar aquí pa aprender algo del... “ E leváronlle o camión para alí para que eles miraran como estaba...

C: Si.

J: E metéronlle a diferencial. Quitaron aquela e puxéronlle unha diferencial que era de... freno... como unha cadena que había que tirar, e estaba mui mal... E puxéronlle frenos, xa hidráulicos, pa frenar.

C: mmm. E entón a barraca, foi primeiro de lonas...

J: De lonas. E despois de madeiras, de tableiros.

C: De madeiras. E como era... Como era a portada, o pórtico... A fachada da barraca?

J: A fachada sabes como era.

C: Era como... Como cal delas? Porque claro, temos varias fotos. (53:40)

J: A última pois é onde estaba eu, onde estou eu. Aquela foi a última.

C: A foto esa?

J: Si.

C: Onde estou eu, meu cuñao, e un sobriño meu. Tamos subidos a un... A unha escaleira, me parece que hai aquí. Si, é aquela [vamos á habitación contigua, onde ten as fotos penduradas da parede. Refírese a unha que non coñecíamos, onde está xunto a un home vestido de pallaso e outro] .

Esta cal era, esta era a de lonas? [refírome á foto na que sae Juan mui novo tocando a trompeta xunto a dous artistas].

J: Esa é dentro

C: Ai, esto é dentro!

J:Eso era dentro.

C: E os muñecos que salían, por aquí detrás?

J: Os muñecos por aquí... Esto foi unha foto, que quixo facer desta maneira e...

C: Si, si. E estes quen son?

J: Ese son eu. Ese eres tu, o do medio era o meu cuñado, o marido de Virginia.

C: Aha.

J: José

C: E o de pallaso?

J: Era Eligio.

C: Eligio, o sobriño?

J: O sobriño.

C: Que era do teu tempo?

J: Non, muito máis vello!

C: Máis vello...

I quen era este, entón? [refírome á foto de Vega, ao rapaz vestido de pallaso subido á escaleira]

J: Ese... O tiña que ser Claudio, ou Manolo. Un deles era, non sei. Un hermano deles era.

C: Xa.

J: Un deles era.

C: Entonces esta foi a última barraca que fixo xa teu pai?

J: Non, a última no, a última non, porque esta... Aí está mui mal montada. Esto foi feito en... Paiosaco. Sabes onde é Paiosaco?

C: Cerca de Coruña, non?

J: Despois de Coruña, hacia Carballo. Era Paiosaco das cereixas, nós chamábamoslle Paiosaco das cereixas. Porque había árboles pequeniños, non ves? Este está metido dentro do teatro e houbo que... abrir a lona, parriba, para que puidera sair. Entonces... Non ves que hai arriba un pau?

C: Si.

J: Daí salía un pau hacia alá, para montar os toldos que ían vender... cousas... deses. Entonces deixáronlle de aquí hacia alá. Meu pai chegaban, e había sitio co...

C: Fíxose outro... outra fachada, despois de esa?

J: Si, houbo varias, houbo varias, si.

Esa é... Mira esa como se dice. Aquí dice "Pabellón de la risa. Culto y moral". Ese era o letreiro. E arriba nos altavoces tiña "Barriga Verde". Ese é o altavoz que conoces tu.

C: Si, si. Telo aquí.

E daquí, este quen era? [refírome a unha composición de fotos de carnét de todos os fillos de Santiago e Emerenciana]

J: Ese era Fernando.

C: Ese era Fernando. O máis antiguo.

Este es tu...

J: Si

C: Este que era, Claudio?

J: Non, Manolo.

C: Manolo. Este Claudio?

J: Ese é Santiago. Mira: Pura, Virginia...

C: Que guapa era Virginia!

J: Virginia si.

Manolo, Carmen, Socorro, miña mai, meu pai. Miña mai aí ten o pelo suelto por detrás, non puxera coleta. Miña mai, meu pai, Fernando, Claudio, Toñito, Santiago e el. Tan mal postos, que non está cada un pola súa edade...

J: Esto era o que tiña eu despois.

C: Os coches, os cochecitos...

J: bueno, muito despois.

C: Si, si, si. [volvemos]

Entón, o nome sempre foi ese, "Pabellón de la risa"

J: Deixame apagar aquí, deixame apagar.

C: Ah, perdón.

J: Que ahora aparecen facturas da luz....

C: Ai, si. Hai que ter cuidado.

J: Eu non sei nin como é, nin como non...

C: Entón, o nome do voso... do de teu pai, sempre foi "Pabellón de la risa, culto y moral" ou... cambiaron o nome?

J: Non, non. Pabellón de la risa. Pabellón de la risa. Barriga Verde. Sempre...

C: E o de culto e moral púxose despois?

J: Culto e moral non, culto e moral é a continuación desa...

"Pabellón de la risa. Culto y moral"

C: E Barriga Verde tamén...

J: Barriga Verde.

C: E... Julia como lle chamaba ao dela?

J: Pois non o sei. Posiblemente que tamén fora barriga Verde. Porque o del era... O del era... Non era como un teatro, o del era... hombres voladores.

C: O do home de Julia?

J: Non, os fillos de Julia. Eran hombres voladores que traballaban pois tirándose ás... en aire, daban voltas e enganchábanse así...

C: Si?? Carai!

J: Eso era... Ese era o deles, os muñecos mui mal, solamente os traballaba miña tía. Os fillos nin... nin aguantaban alí.

C: Pero Julio si, non?

J: Julia sí.

C: Julio, digo, o fillo.

J: Mui mal. Non... Non falaban, non... Non porque... Mira, as... as palletas... Vouche enseñar... [érguese]

Se non tiraron todo ao río. [Busca nun caixón] Que agora non... non aparece.

C: Bueno, máis ou menos doume conta, das outras veces que chas vin.

J: Esta é unha palleta nova de todo, non? Esta é noviña de todo. Xa te imaginas, tu, non?

C: Si, Que a fixeches, tu?

J: Eh?

C: Esta fixéchela tu?

J: Si, bueno, pero traballou... I esta xa non é tan nova. Ousea, esta xa é vella. Esta xa é doutro material. E este é o material para facelas.

C: Que eso é plata...?

J: Non. Non é plata. Dá o mesmo resultado, solamente que é peligroso.

C: Ah! Que é, aluminio?

J: É aceiro inoxidable.

C: Acero inoxidable.

J: É peligroso. Porque esta... Onde vai? Esta, sale, para eso. Esta xa... é máis peligrosa ca esa. E esta xa é peor. Pero falan, falan igual as tres.

C: Xa, xa.

I... I a ti quen che ensinou a usala?

J: Non había máis remedio que poñela!

C: Teu pai?

E como vos facía, para entrenarvos?

J: Bueno pois, poñela na boca, e primeiro fala aquí, como.... como fixeron todos... que a puxeron todos aquí, porque se a pasaban un pouco máis pa dentro, pois... eso. E como meu tío non podía traballala.. Osea, non podía, non sabía, nin podía, porque era tatexo. Entonces el intentou facelo algo, e... desde que pasou unha, xa non...

C: Pero José entón... que facía? Cal era a súa función?

J: Pintado de pallaso na porta.

C: Na porta. E o de tragar estopa...

J: Eh?

C: O de tragar estopa.

J: Tragar estopa, facendo aquelo, botando fume, para chamar á xente para dentro. Iso si.

C: Xa. E eso que dicen... Que eso xa llo escoitei algunhas veces a... Escoiteillo a Consuelo e a Flora... Que ás veces, se coincidían... Podía coincidir a Julia, coa súa barraca, máis Santiago, coa súa... Pois, no San Froilán, por exemplo, pois que se xuntaban e facían xuntos o espectáculo.

J: si.

C: E con José tamén?

J: Con José tamén pero xa non iba a cousa tan ben, non por el, nin por el nin por naide da casa. Pola... Pola señora.

C: Pola señora, non había boa... Boa relación con ela.

J:[resopla] Non cho podo contar todo.

C:[rio]

J: Si cho conto todo... Deixa quedar a cousa. Ademáis, si cho conto, é para non poder... escribilo, entonces...

C; Xa, xa. Bueno, o caso é que había as súas... Pero sin embargo, o curioso é que houbo moitos... Bueno, houbo este Fernando, pero despois Claudio tamén casou cunha... que era, unha sobriña de José, non?

J: Neta.

C: Eso, unha neta de José, efectivamente. É decir, que relación había, que algunha vez aínda vos seguíades encontrando e...

J: Si.

C: E cando pasaba eso, de que se xuntaban as dúas barracas, como se repartían os traballos? Quen facía que...?

J: Non, bueno, pero... Eso se foi, se o fixeron algunha vez, foron mui poucas veces. Nunca quedou ben a cousa.

C: Non?

J: Non.

C: Julia que iba, co seu home... que o seu home que facía?

J: Julia, o home del... non sei, era Jiménez.

E.... Dicían que era gitano. Que era raza gitana. Porque antes aquí aos andaluces chamábanlles gitanos. Non sei se era ou non era. Non era mal home.

C: Xa. Chamábanlle Topete?

J: Topete.

C: E que facía, de pallaso?

J: El facería de todo eso, non me acordo.

C: Nunca o viches actuar?

J: Non. Eu sei que era unha cousa, que era redondo, que non era así un teatro, que era redondo, e logo que estaban alí cos chismes volando, e que subían polas... cordas, e que alí saltaban...

C: Ouseña, que facían case un circo, non?

J: Era unha especie de circo, si. Teatro circo, si.

C: Chamábanlle "Teatro Circo"?

J: Si.

C: Barriga Verde tamén?

J: Despois pondríanlle o Barriga Verde, porque como era sonado, e valía...

C: Porque o Barriga Verde, de donde ven?

J: O Barriga Verde ven de meu pai. Vén de meu pai.

C: Si?

Que lle chamaban Barriga Verde a el?

J: Non Barriga Verde é porque... seique fora un cómico mui importante que... O caso é que claro, para ser un pouquiño importante tiñas que meterte con moita xente e eu non... non me gusta eso, e miña nai tampouco, non lle gustaba. E por ejemplo o asunto ese do... do cura, era el o que o facía. E claro, oyes, como te vas a poñerlle a darlle unha paliza a un cura? Home, non fastidies! E logo había outras cousas como o asunto de monxas e...

C: Había monxas, tamén?

J: Bueno home, había de todo, había de todo...

C: Ai, si?

J: Facía de todo. O que pasa é que para gustar, tiña que poñer o que se ve que é verdad. Non... O que se sabía que é verdad, pero que non se podía dicir.

C: Claro.

J: Aí está. Entonces... Era o follón todo. E eso, claro, Barriga Verde... era o único, además meu padre cantaba ca palleta.

C: Cantaba?

J: Cantaba ca palleta.

C: E que cantaba? [encóllese de ombros] Non sabes...

J: As cancións que había daquela.

C: I cando el estaba facendo os muñecos, chamáballe ao protagonista Cristóbal, ou Barriga Verde?

J: Non. Cristóbal.

C: Cristóbal.

J: Cristóbal Barriga Verde

C: Ah ,era como un apellido...

J: Efectivamente.

C: Ah! Está ben. Cristóbal Barriga Ver... E tiña... Como era o muñeco, de Barriga Verde?

J: Pois era... Moreno, non moreno de todo, senón...

C: De pelo?

J: De pelo. E tiña aquí, sempre me acordarei, tiña aquí unha raia feita así ao lado. Peinado así, daquí, de lado. Tiña o pelo negro, e... tiña unhos ollos mui bonitos. Por ejemplo, aquel que está alí arriba, [ensina unha boneca pendurada da parede], aquela... esa fixoa unha sobriña, unha neta.. Unha sobriña miña, filla de Claudio.

C: si.

J: unha gran rapaza. Empezou ca droga, ca droga, ca droga e... E levárona, o sea...

C: Púxose ben, rehabilitouse.

J: Si. Entonces, non sei como foi, que foi pa xunto das monxas, e empezou a ir ben, a ir ben, a ir ben... E sempre manda algunha cousa destas. Esta fíxoa ela alí, porque lle gustaban os muñecos, e fíxoa alí, e, e eso.

C: Entón, como eran os ollos do Barriga Verde?

J: Pois... O Barriga Verde tíñaos así, un pouquiño verdosos.

C: Verdosos... Eran de cristal? Ou pintados?

J: Eu cos que anduven eu, eran pintados todos.

C: Pintados. Osea, todo dunha peza de madeira.

(1:06:05 entra Lidia e cóntanos do que veu recoller as canas)

1: 08: 20

C: Nada, xa non te molesto máis. Só se te acordas do muñeco, como era...

J: Nada, unha cousa bonita...

C: Os ollos verdes... Tallado por teu pai?

J: Si, si, si, si.

C: E de vestido, que levaba?

J: O vestido del, a parte darriba era como... Se tuvera unha desas... O vestido era camisa, non? E logo tiña unha cousa que abría así, como se fora... Non sei, como o que levan os curas.

C: Como unha túnica.

E de que color era?

J: Non cho podo dicir, eu creo que era azul, igual tiña unhas pintas, ou algo así... Non poido... Non me acordo.

C: E os vestidos quen os facía?

J: Eh?

C: Os muñecos, a roupa dos muñecos?

J: Home, eso era miña mai! Por dios.

C: Tua mai. E tu cando viches na exposición de Lugo os muñecos de... De Alfonso?

J: Pois mira, non che dixen nada o que era, porque aquelo...

C: Que che pareceron?

J: Nada...

C: Pero... recordáronche aos de teu pai?

J: En nada, en nada.

C: Non. Bueno, é que tamén el os pintou, por riba.

J: Si, bueno, estaban pintados, e estaban ben pintados, e dada unha pintura, pois, bonita. Pero non tiña a imagen dela... pois como tuveron , que eles non tiñan outra cousa!

Por ejemplo, miraches a caixa aquela do difunto?

C: Si.

J: Bueno, pois aquela eu non sei como tamén desapareceu. Eu a caixa do difunto, de meu pai, pois era... Levaba, un home, outro home, outro home...

C: Iban pegados os monaguillos...

J: Claro. E entonces iba: "tarrán, tran, tarrán" [entoa melodía de procesión] Entonces Rosiña iba atrás "Adiós! Adiós! Que che vaia ben! Adiós!" E collía, abríase a caixa e botaba a cabeza de fóra e dicía "Eu vou ben! Eu vou pao ceo!" Coa cabeza botada de fóra, e volvía cerrarse, e era a feitura exactamente igual que un...

C: Si, exactamente igual que un de verdad.

Entón non eran como...?

J: Que va! Eran figuras bonitas, e ben feitas, e unha cousa que chamaba, que... lle gustaba a xente. Iban para que... A xente, para que lles fixera, que lles vendera... "Non. Non, estes veñen feitos de fóra..." Nunca. Pero era unha cousa... Eran pequenos,sí, pero... Por ejemplo, tu ves aquel San Antonio que hai aquí. É un San Antonio, non? Bueno, dise que é un San Antonio...

C: Eu non sei, de santos muito non entendo...

J: Bueno, i eu tampouco, pero quero dicir que se ve que é unha cousa... como se fora unha imagen de... dunha persona. Pois eso eran as cousas de...

C: Si, eran realistas.

J: E despois había, non sei se che ensinei algunha vez... Viches esto que está aquí?

C: Non

[ensíname a peza de cerámica que lle regalaron en Celeiro cando o chamaran para falar do cinematógrafo. Aquí remata a conversa.]

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

Luz Pichel

00:23 ONDE O RECORDAS TI EN LALÍN?

Pero é que eu non sei, eu non sei se... me acordo da verdá, ou do que eu me inventei, ou do que... Sabes? Eu debía ter seis, sete anos...

OS RECORDOS SON ASÍ...

Claro. Entonces el viña pola Feira do Bento, eso téñoo seguro.

SI

Pero cando era a Feira do Bento? Eu asócioa co Corpus.

Era vera eso, ou non? Eu xa non o sei.

PORQUE NON SE SIGUE FACENDO A FEIRA DO BENTO, XA?

Non o sei...

Pepe: POIS QUE NOME TAN BONITO, FEIRA DO BENTO...

PERO FEIRA DO BENTO, POR...

Chamábase así, Feira do Bento. Pero a feira do Bento era máis ca unha feira, en Lalín había feira o tía tres e o dezaoito, de tódolos meses.

PEPE: PERO ERA BENTO CON V OU BENTO CON B?

Vento con v.

PEPE: É ABSOLUTAMENTE POÉTICO, ESO.

Sii! Era moi bonito e era unha feira moi especial, porque había atraccións. Pero para min, a atracción por excelencia era a ... Os bonecos, a... o Barriga Verde, o teatriño. E teño unha imaxe perfecta, de como era o... escenario, e todo esto. E do Demo, a peseta, e o pau que lle daba, a porra e todo eso. Entón... Sobretodo o que recordo era a ilusión coa que eu iba, era unha cousa tremenda! Falabamos da Feira do Vento aquí... meses antes.

E IBA... É LONXE DAQUÍ?

Non... Era mui lonxe, porque estaba a dez kilómetros, monte andando. Ïbamos andando, ás veces íbamos no autobús da feira, supoño que podíamos ir en autobús. E o autobús era unha carraca mixta, de animais e xente... Os animais detrás, a xente diante, enriba unha especie de... Cunha... Subiamos por unhas escaleiriñas e encima iba xente. Claro, cando volcaba a xente iba disparada aos prados, alá adiante! E volcaba con moita frecuencia. Volcaba con moita frecuencia, aquel autobús.

Pero a maior parte das veces ibamos a través do monte, andando.

VÓS ÍADES DE FESTA? NON IADES... A VOSA FAMILIA NON VENDÍA NADA?

No, si que vendía! Nós eramos daquí e levabamos unha vaca pa vender, e unhos huevos pa vender e comprabamos o aceite e o azúcar.

ENTONCES DESPOIS DE FACER [A COMPRAVENDA...

Pero a Feira do Vento non se ía a eso. A Feira do Vento era unha festa. Era unha festa de atraccións. Ibamos alí a divertirnos. Pero eu non me acordo do que facíamos na Feira do vento, nada máis que de estar alí quieta, mirando.

ACÓRDASTE DE ENTRAR? ERA UN RECINTO PECHADO?

Era... Non, non era mui pechado. Era ao aire libre, pero tiñas que pasar así como un... valadiño, algo. Había unha...

ALGO PA QUE PUIDERAN CONTROLAR A ENTRADA...

Pa que puideran cobrar a peseta.

QUE ERA A PESETA...

Era a peseta, e Morreu o Demo e acabouse a peseta. Deso acórdome perfectamente porque despois deciamolo como... como refrán: "Morreu o Demo... acabouse a peseta". Sabes? Osea, eso quedou convertido nun dito.

E TU A LEMBRANZA QUE TÉS, HABÍA OS TÍTERES SÓS, OU HABÍA ALGUNHA ACTUACIÓN MÁIS?

Non, non. Eu acórdome dos títeres. Non sei porque... pensando que era unha feira de atraccións, non sei porque penso que había unha noria. Pero eu non recordo ter ido á noria. Os cabaliños, había. Eso sí, aí tamén fun. Era unha feira de atracción parecida ás de hoxe, sólo que... naquela dimensión.

E era tan bonito! Era unha delicia... Aquelo era, pa min abríase un mundo distinto, despois quedaba soñando con eso... Pa min había... Se era no Corpus, era no mes de maio, o Corpus, non? Ou en Xuño?

PEPE: O CORPUS É EN XUÑO.

É en xuño. Entón pa min a primavera viña con dúas cousas: os versos á Virxe, que se recitaban. Pero non eran versos religiosos; era a historia de Pelayo, romances... Eran unha moi extraña [ri]. Vestidas de primeira comunión, ibamos vestidas de comunión anque tiveramos doce anos...

ANQUE XA TUVERADES FEITA A COMUNIÓN...

Claro, porque o vestido da comunión xa se facía con moitas lorzas. Entón miña irmá, porque a min crioume miña irmá, cada ano baixáballe unha lorza [ri].

QUE GUAI... POLO MENOS ASÍ USÁBADELO.

E con esa lorza ibamos vestidas de recitar. E acórdome que alí íbamos moito a Barcia, que é unha aldeíña que hai aquí e que ten un cruceiro. Entón diante do

cruceiro hai un altar. E o altar non era pa decir a misa alí, a misa dicíase dentro da iglesia... Pero no altar puñabámonos as rapazas que recitabamos, e eu era a que mellor recitaba.

E ESO QUEN... QUEN O ORGANIZABA?

As mestras. Eran as que decidían que romance lías aquel ano. Eran dedicados á Virxe, pero eu acórdome do romance de Delgadina, que é tremendo, porque conta un incesto, ou un intento de incesto por parte dun pai.

OS ROMANCES SON BASTANTE TREMENDOS...

Tremendos! Si, si. Pero era a nosa literatura.

E eso para min eran os dous acontecementos: o día de recitar, e a...

E vén, todo eso vén asociado a olores. Fíxate que curioso. Eso ten que pasar sempre coa memoria, non? Que a relacionas con...

SABORES, OLORES...

Sabores, olores...

PORQUE ALÍ NA FEIRA DO VENTO HABERÍA ROSQUILLEIRAS...

Había rosquilleiras e... Supoño, porque as había en todas as festas dese tipo, pero o día de recitar viña asociado a pétalos de rosa. Poñíase, botábanse pétalos de rosa así ao aire. Cheiraba moi ben. E as igrexas estaban cheas... Dentro dunha igrexa estaba cheo de pétalas de rosa.

E acórdome que indo pá Feira do Bento, un día, a través do monte, que son dez kilómetros a través, do monte, que son dúas horas andando, pois ibamos con miña irmá... Eu a todo esto iba coa miña irmá sempre, que era... A mamá non estaba, entón era miña irmá a que nos levaba. E como era noviña... Claro, ela quedouse con nós cando ela tiña 14 anos e eu tiña 4 e meu irmán tiña cinco. Entón, sobretodo meu irmán Manolo e máis eu, eramos... os seus bonecos, os pequeniños, non? E ela... Levarnos era como unha festa pa ela, ou seña que non... Non era como si te levara unha nai, era como se te levara outro neno máis. Entón ibamos polo camiño cantando e ela contábanos moitas historias da Biblia. Gustábanlle as historias da Biblia. Curioso, porque eran preciosas, a historia de... Macabras, tamén pero....

Que despois fíxose testigo de Jehová en Uruguay, miña irmá.

PEPE: A TÚA IRMÁ?

Si, si. Tremendo. Bueno pois... Indo polo monte, a través do monte, chegando ao río... Hai que baixar hasta o río e despois volver subir. Chegando ao río, atopei unha toquilla de lá, destas antiguas, que se facían nas casas con ganchillo. E... Aínda a teño en Madrid.

Preciosa, destas ben traballadas, grande.

E A QUEN LLE CAERÍA ESO?

Pois, caeulle a alguén, pero... Acórdome dese detalle. E iso foi indo pa unha feira do Vento.

HASTA QUE ANO FUCHES Á FEIRA DO VENTO?

Non sei, supoño que hasta que me fun pao colexio das monxas.

DESPOIS XA...

Claro, aí acabouse. Funme con... Levaba cumpridos os trece. Así que supoño que hasta os doce anos estiven indo.

Non sei, non sei se houbo Feira do Vento con monicreques todos eses... Non sei se Silvent sigueu vindo ou non.

PERO TI SABÍAS QUE SE CHAMABA SILVENT?

Non. Eso seino agora.

COMO LLE CHAMABADES DAQUELA?

Ibamos a... A ver a Barriga Verde.

A BARRIGA VERDE. E SABES SE TIÑA ALGÚN TIPO DE CARTEL... DE PROPAGANDA?

Eso non me acordo. Pero sei que era bonito, que tiña como debuxos... Que era mui atractivo. A imaxe que teño é de algo de color, moito colorido, e os panos... Esas cousas así, típicas do...

E HABÍA ALGUÉN FÓRA, COMO CHAMANDO A ATENCIÓN PARA QUE ENTRÁRADES?

Non me acordo. Deso non me acordo.

ACÓRDASTE DE ESTAR ALÍ DENTRO.

Eu acórdome de estar alí, e de estar soñando con eso, anos, antes de que fora.

E QUE... OS PERSONAXES, ENTÓN, O DEMO... OS QUE TE CHAMABAN MÁIS A ATENCIÓN...

Había o Demo... De vez en cando aparecía un labrador, me parece. Pero non podo aseguralo. Non había un labrego, que era o que loitaba contra o Demo?

SI, SEGURAMENTE.

Había un lobo. Eu creo que sí, que había un lobo.

HABÍA MOITAS HISTORIAS... EU PREGÚNTOCHE PORQUE NON AS SEI.

O labrador, había un labrador.

HABÍA BUENOS E MALOS?

Había bos e malos. O labrador era bo, mataba ao demo. O Demo morría sempre.

E QUE MÁIS MALOS HABÍA?

Non o sei. Pero fíxate que eu teño un pouco a idea de que alí había algo de... Eu era moi pequena, pero a sensación que eu levaba era como que alí revolvíase algo que non era normal. Osea que alí había unha... Aquelo non era o maestro de Soutullo, que era un facha.

XA. NIN O CURA...

Nin o cura. Aquelo era outra historia un pouquiño máis...

PEPE: LIBERADORA...

Era... O teatro é mui liberador, pero polo feito de selo. Pero además se decían alí cousas que iban en contra de outras que eu estaba acostumada a oír sempre.

OLALLA: ERA IRREVERENTE, NON?

Exactamente. Era a irreverencia, pero probablemente fora xa... unha irreverencia política, naquel momento. Pero eu non o podría...

HABÍA ALGÚN PERSONAXE DE CURA?

Non me acordo. É que teño unha idea mui vaga...

OLALLA: CANTOS ANOS TIÑAS, TU?

CLARO, HASTA OS DOCE ANOS...

Pero eu creo que aos doce xa non ibamos... Probablemente non viñera. A memoria que eu teño é de antes. Tiña que ser máis pequena. Eu acórdome que tiña que ir sempre acompañada, non iba sola. E con 12 eu xa iba a Lalín sola.

E QUE PROBABLE... CLARO, TU QUE NACICHES, NO CINCUENTA?

No cuarenta e sete.

CLARO, ELES IGUAL NO 55 XA NON PASABAN POR AQUÍ.

É posíble. Si porque eu lémbrome de cousas de algo máis atrás dos 12 anos. Con doce anos xa estaba aquí a Mamá... Claro! É que eu iba con Mari Fe, con miña irmá. Miña irmá marchou cando eu tiña dez. (11:13)

PEPE: TUA NAI... ESTUVO EMIGRADA? OS TEUS PAIS ESTUVERON EMIGRADOS?

Claro! Miña nai

PEPE: A TÚA NAI?

A miña nai estuvo emigrada muito tempo

PEPE: E TEU PAI NON? ESTABA AQUÍ?

Claro. Emigraban as mulleres, normalmente.

OLALLA: SI?

Si, porque iban a coidar nenos, normalmente.

A ONDE IBAN?

A Venezuela. Aquí a emigración foi a Venezuela.

PEPE: PARA MIN ESO É RARÍSIMO

Non! Non é nada raro...

OLALLA: AQUÍ NON, PERO NO RESTO...

Aquí era moi común. Pero ademais meu pai era coxo. Pero ademais miña nai non houbera podido ela cos sete nenos, enfrentarse á labranza, traballar todas as terras e sacar pa comer pa nós. Ti pensa que comiamos do que produciamos. Entón se... A mamá non podía ocuparse ela sola de todo. Meu pai era un tío... Moi forte, moi duro.

E TAMÉN TIÑADES... HABÍA FILLOS MÁIS MAIORES?

Había fillos máis maiores que emigraron en seguida. Levounos a mamá pa Venezuela, aos dous máis vellos. E miña irmá tamén marchou despois...

PEPE: E MARCHOU MOITOS ANOS SIN VERVOS?

A Mamá marchou cando eu tiña catro, e volveu cando eu tiña oito, porque se casaba Mari Fé. Veu á voda. E volveu marchar. E despois volveu cando eu tiña once.

E eu quedei de ama de casa, pero con todas as consecuencias, con dez anos. Entre os dez e os once.

PEPE; EU LEMBRO QUE LUZ, CANDO ESTÁBAMOS NA UNIVERSIDADE, ME CONTABA QUE NO VERÁN VIÑA A TRABALLAR NO CAMPO.

Claro, viñamos todos.

PEPE: PARA MIN AQUELO ERA UN MUNDO ABSOLUTAMENTE INCOMPRENSIBLE...

CLARO, TU DE VACACIÓNS...

Claro, e aquí esta casa, agora héivola enseñar, porque contar a historia da casa tamén ten o seu... O que vés agora non era a casa de entón... Non ten nada que ver. Non se parece nada. Teño fotos que xa dan unha idea de como era todo moi distinto. Pero xa son fotos moi posteriores.

(erguémonos a ver a casa e remata a gravación)

Entrevista a Manolo Lourenzo

7:15

Teño visto muito diso de pequeno.

C: mmm

Barriga Verde só o vin unha vez. Unha.

C: Onde o viches?

En Ferreira, no parque. No parque de.. , só unha vez. O primeiro que me chamou a atención foi... o... frontal, a parte frontal do...

[voz de muller desde outra habitación] : me voy

Abur!

A parte frontal da barraca.

C: da barraca...

Que era así... Eu creo que tiña dous lados, como dúas plataformas, logo estaba pintado...

C: mmm

I... despois, a oscuridá que había dentro. Porque había... Eu creo que había cadeiras destas... plegables. I...o que era o escenario era unha barreira que chegaba dun lado a outro, dunha parede a outra. Era unha barreira. E os títeres andaban aí, parecéranme mui grandes, porque eu os que vira anteriormente eran pequeniños. Parecéronme mui grandes, i había pouca luz.

E... Eu era bastante pequeno, tería... sete anos ou así, e pareceume un pouco violento [río]. A cachiporra: "pam! " Pegando unhos berros, cunha voz así... E pareceume bastante violento. Eh... Eu era máis aficionado a ver... Variedades.

C: xa...

E alí só vin eso. E para min que duraba pouco, ademáis. Xa non che digo que...

C: non lembras a ningún personaxe...

A... Barriga Verde. Barriga Verde e...Non sei se... touro polo corno é un personaxe.

C: Polo rabo?

Touro polo rabo, touro polo rabo.

C: mmm

Eu creo que si. Si, si. Pero todos eran estacazos. Unha historia de estacazos. E aquelo que eu vin, non recordo de ningún outro número que non fose eso. E ademáis, estaba así, era unha barreira,... creo qe era unha tela...

C; xa, non había unha tarima para subirse nin nada...

Non, non. A xente miraba para aquelo... Estaba así (xesto coa man de abundancia) . Estaba así.

I... Era, foi... Non sei se foi durante as festas, supoño, sería. Supoño, porque é cando se reunía máis xente, entón no parque. No que chamábamos o parque, que hai catro areas alí, ao pé do río; Ferreira é un sitio pequeniño, e alí o puxeron. Alí puxeron o... a barraca. A verdade é que alí, pero noutra zona, era onde se poñían os... Tamén as barracas de... por exemplo de teatro. Unha vez houbo unha compañía que se chamaba... O letreiro, "compañía Fernando e Isabel", pero a señora, cando anunciaba, cada... cada noite, ao final da función, a función seguinte, decía: "mañana la compañía Puig Romarís..." traerá a escena da obra tal. Pois, non sei canto de Muñoz Seca, El padre, de Muñoz Seca o... ou calquera cousa destas de... Que se levaban daquela. E... E entonces eso si que me gustaba ir velo. Porque... como non había censura, como no cine, podías entrar si era de maiores e tal.

C: ai, si?

Entón, tendo a peseta –sería máis dunha peseta, ao mellor dúas ou tres pesetas- podías, e había gradas. Había dous graderíos aos lados e despois cadeiras de frente, abaixo.

C: Carai, o sea que era unha barraca grande.

Non, non mui grande, pero bueno, enchíase de xente casi sempre. E era todolos días seguidos. Eran unhas dez comedias.

C: Durante as festas?

Non. Estes iban en temporada, ási... Non era en festas. [As festas duraban dous...

C:[O mellor en inverno?

...días, daquela. Era en temporada... Eran de temporada, estes cómicos de temporada. Eu supoño que virían de Cataluña, chamábanse Puig Romerich. Que eran os... o home e a muller.

C: o matrimonio...

Que eran vellos. Ela facía os papeis de... señora maior e el de señor maior. E despois había dous irmaos, home e muller, que sempre facían de namorados, porque estaban na idade, non?

C: Xa.

E entón todo o mundo o sabía, e todo o mundo estaba a ver, e claro, ao bicarse... Alí os bicos eran mui separados e mui...

C; Mui castos [río]

Mui castos.

C: Entón, era unha empresa familiar, tamén..

Claro, unha empresa familiar. Tamén. E...

E despois, o que chamas títeres, poñían na praza un...tablado. E eran... Cousa revistada, non? Un, pois botaba un poema andaluz. Outro... Outra, pois sendo ao mellor andaluza ou madrileña, cantaba unha canción galega, para quedarse co... Eu sei algunha daquela. Despois salía a parella flamenca, sempre, e despois había alguén que contaba chistes, e todo esto. E estes eran os títeres que pasaban a gorra.

C: Pasaban a gorra...

Pasaban a gorra, si.

E eso foi o que eu vin de pequeno. E...

E despois os outros títeres que vin, vinos no cine. Perdín a película de Lilí, porque daquela morreu a miña avoa, e co loito non se podía ir ao cine.

C: xa...

Durante bastante tempo. Entón perdín Lilí, e estiven esperando a ver cando pasaban os dous anos para ver Lllí, e vina despois na Coruña mui tarde!

C: [rio]

E vin alí os títeres estes, non?

E... O meu coñecimento dos títeres veu... De sempre eu tiven paixón... Na academia, na academia... Bueno, na academia Atlas, daí da Sagrada Familia, donde traballei quince anos, había... Era unha academia mui especial. E... Era tamén unha poboación moi especial a que viña para a Sagrada. Había moita xente que era do mar, e había moitos pícaros que... cando terminaba a clase, non podían ir para a casa porque estaba pechada. Os pais estaban traballando, os dous. Entón, andaban por aí tirados, ou xogaban ao fútbol, andaban por alí de calquera maneira. Entón a min ocorréuseme, e ás veces un amigo, ou unha amiga, colaboraba a quedar ao mellor unha hora ou dúas horas máis cada tarde...

C: mmm

E... Unhas veces, pois ir con eles xogar un partido de fútbol, outras veces... Eu nunca xoguei, miraba que non se perdesen e tal. Outras veces... case sempre facer teatro ou títeres.

Entón títeres... Eu experimentei alí as formas de facer títeres máis soberbias, non? Desde cousas que vira en Catalunya, Pulchinellis claca...

C: mmm

Con... diversos materiais. A coller... Pedirlles ás nenas cabezas de bonecas destas que quedan... quedan descabezadas, e tal. E entonces alí tratalas. Poñerlles o faldón, que outra xente trouxera trapos... Poñerlles o faldón, e acaso con pinturas, esmaltes, simplemente...

C: xa

Cambiarlles a cara ou poñerlles unha perruca, non sei, de calquera tela .

Bueno, i entonces había unhas cousas mixtas que chegou a haber case cen... Alí, tiñamos un cuartiño onde non había nada, e entón poñíamolos no chan, así sobre papeis, e poñíamolos así deitados para escoller cada día o que.. E eu tiven a sorte de que había daquela un director que, un dos estudios –o que se chamaba estudio, que era o espacio que quedaba entre unha clase e outra, porque non había, ao mellor, profesores suficientes- pois dixen: "podo facer teatro, títeres, nese estudio?". "Si". E entonces unha hora ao día facíase eso.

C: Joba, que guai.

E entón aínda conservo textos escritos por nenos.

C: polos nenos?

Si, eu también teño escrito textos. E despois invencións marabillosas. Por exemplo, unha rapaza que aínda atopei hai dous anos no xardín... Xa... Unha nena que era daquela de once anos, porque era bacharelato... elemental, o de cuatro anos. Era o que daba eu. [tuse] Pois, que trouxo a súa cabeza de boneca, púxolle... Pintouna, e resultaba... parecía a... esposa de Drácula, unha cousa espantosa! E cunhos pelos así, enrebirichados, todos, disparados. Parecía destas modernas, non sabes? Destas diabólicas. [río]

Entón,,, Improvisaban tamén funcións. Porque collían alí, cada un collía un boneco, vou improvisar. Cada un entra cando ve que... que ten algo que facer, ou que pode entrar... Improvisaban. E ela chegou alí, e había alguén que con unhas... con unhos ferros que tiñamos alí empezou desde atrás a facer efectos especiais. Deu dez badaladas, doce badaladas: "Taum, taun, taun...". E cando termina a número doce, aparece esta e dice: "Las doce. A morder!" [rimos]

E entonces empezou a... cada quen que saía ao escenario, lle roía, non? Ideas moi boas para o mundo ese, rotundo dos títeres, non?

C: mmm

Elemental psicoloxicamente.

C: Si, é que ás veces incluso... O texto nunca se escribía, non?

Efectivamente, efectivamente. Entonces a min valeume muito como práctica teatral e... e ademais que esas invencións, pois cada quen salía con cousas tremendas. Moito máis interesante o que se vía, o que se... experimentaba alí improvisando, que o que se escribía, por exemplo as obras, que eran interesantes, pero... O interesante era realmente a experiencia en directo.

C: xa.

E ademais a xente que se atrevía. E non sabes a emoción da xente que se atrevía.

Por primeira vez, sobretodo chavales... Rapaces que... ao mellor, tímido, tímido, tímido, saía por primeira vez, escollía boneco, facía o seu papel, e saía tan emocionado que saía sudando detrás do... Sudando, de toda a intensidade da... Da enerxía que tuvo que xerar, non?

C. E mira unha cousa, ti, sabes algo desto que... Bueno, por exemplo en San Miguel, miña abuela o lembra, como lle chamaban, facían as veladas. Que eran veciños que montaban un texto de Arniches, ou de quen fora...

Si, si, si.

C: Eso estaba bastante arraigado, non?

Eso eu seino, incluso de familia, non? Miña nai traballaba, e unha tía que eu recordo, e supoño que muitas máis traballaban en veladas. Había as veladas tradicionais e as que se fixeron despois da guerra por parte da dereita para recaudar, para recaudar diñeiro. Durante a guerra, incluso. E entonces incluso obras, sei frases completas. Porque a miña nai recordaba mui ben todas estas cousas, e ademais, como tocaba tamén o piano, recordaba tamén as cancións. Sei varias cancións desas veladas.

E a min toucoume traballar, eu... ÁS veces penso que tería cinco anos, pero ás veces digo: non, debía de ter seis ou sete. E traballei no coro de doutores do Rei que Rabió. E lembro hoxe, con toda perfección, letra e música dese coro e como íbamos vestidos, que outras cousas había na función... E... Porque estivemos ensaiando unha cantida enorme de días cunha señora chamada Ginín, ao piano.

C: Ginín?

Todas as tardes. Ginín, lle chamaban. Viña de Madrid, dunha familia, a familia dos Alonso, dalí de... de Ferreira, e... E recordo aquela señora, incluso, ás veces, como a súa casa lindaba coa miña, ás veces eu saía a un balcón enorme que tiñamos, para pintar. Porque ao millor había moito calor, para non deixar na casa olores, ao pintar ao óleo... E de repente, cantaba calquera cousa de... Desas... Bueno, pois un cacho de zarzuela, ou algo así, e a señora saía á ventana e "pom, pom, pom, pom" [entoa e marca os compases coa man]. [rimos] Amais de cantar marcaba os compases coa man. Era moi simpática.

E... Coa súa irmá, ensaiabamos teatro. E unha vez nos levou a ensaiar ao tellado.. O lousado, vamos. había un saído alí, e metímonos alí a ensaiar porque era un día de calor. Até que os veciños viron que os nenos estaban no lousado da casa de María Justa [ri]. Entón houbo que baixarnos dalí, porque era un perigo enorme.

E... Pois era así un pouco, esta María Justa era un pouco...

C: estrafalaria, non?

Si. E despois había dúas señoras, as de Alonso, que nos vestían, eran as que facían... tiñan moitos baúles con roupa. E elas cortaban, e facían por exemplo, todos os pantalóns do coro do Rei que Rabió, que podíamos ser... quince como mínimo. Eu creo que seríamos vinte. Fixéronnos, había que levar unha bata branca de doutor e unhos pantalóns longos, e nós usábamos pantalón curto,

entón que fixeron? Para non gastar tanta tea fixeron medio pantalón: a parte do xeonllo para abaixo. Cosido ao outro, cosido ao noso.

C: claro...

E entón íbamos mui... orgullosos de pantalón longo. [canta]: "cuando por los síntomas que tiene el animal... turururú!" [rimos]

Bueno, e veladas... Desto, veladas, moitas recordo. Moitas.

E despois o cine complementario qeu viña, estas compañías de comedias, que viñan de paso, ao mellor iban a Mondoñedo, Viveiro e Ribadeo, estas... O teatro de Ribadeo pasaban moitas que non pasaban por Ferreira, tamén Ferreira era o cine... Tiña menos categoría que o teatro.

C: Había un cine?

O cine Ventura, que aínda existe o espazo. Tiña un escenario mui grande... Eu teño traballado alí, coa Escola Dramática Galega; non, coa Compañía Luis Seoane. Fixemos alí " A noite vai coma un río", claro, cuns problemas de acústica e iluminación grandes, porque era un cine de estética... así dunha arquitectura racionalista, e era todo mui liso, non? Con corcho nas paredes, e... Bueno, claro, mui grande o escenario porque... para poñer a pantalla alá arriba!

Entón para teatro era bastante incómodo, e iluminalo mui difícil. E eu teño visto alí compañías, tamén facer comedias. Desde logo, todas as compañías que ían e levaban dúas ou tres comedias, ademais levaban "GENOVEVA DE BRABANTE"; iso non podía faltar, Genoveva de Brabante.

C: Iso foi unha...

Genoveva de Brabante e despois... María Estuardo eran os mitos, eran necesarios nas programacións. Eu creo que era para exculparse de algo, porque se unha compañía levaba "Juan José" de Dicenta, era unha obra obreirista, e polo tanto estaba catalogada como catro...

C: mmm

... Na censura relixiosa... Pois, tiñan que levar "La muralla" de Calvo Sotelo, "Genoveva de Brabante" e esas cousas, non?

C: Ou seña, pero estas eran compañias que viñan, de Madrid, ou eso...

Si, había compañías que non eran ambulantes de aquí, vamos, que non eran de carromato...

C: Xa.

….e había compañías que traían os coches, máis o camión cos decorados, non? Pero estas outras, simplemente eran compañías... transeúntes, por así decir. Pasaban pola zona e... Iban de hotel en hotel...

C: Igual

C:tiñan tamén en Madrid ou na capital a súa...

Si, efectivamente. eran compañías profesionales, non?

C: Xa (23:26)

E os outros eu creo que eran temporeiros. Durante a estación tal en que non se facía tal traballo, na industria ou na agricultura, dedicábanse á farándula.

C: Xa, como un complemento.

Tamén teño visto en Foz, incluso unha… compañía destas ambulantes, de barraca, que vin en Ferreira, que vin moitas obras… vin tamén… En Foz repetín unha das obras para acompañar a unha prima miña que quería ir ao teatro, e tíñamelo alí, estábamos de veraneo [ri] alí en Foz. E diante da casa, alí no campo de… na plaza do campo de Foz, alí instalaron a barraca e eu iba de listo, porque xa lles vira todo, xa lles vira oito ou dez comedias…

C: A eso íbades maiores, non?

De maiores, si. Xa de… Once anos ou así. Onde anos ou así.

C: E dirías que era o mesmo tipo de público o que ía ver as comedias e o que ía ver a Barriga Verde?

Eu creo que non, porque claro, eu Barriga Verde asócioo á feira. (.)

Asócioo a feirantes, a… A xente dunha determinada extracción. Por exemplo, claro, unha vila como a miña, eu non digo que sexa clasista, pero... É de propietarios, pequenos ou grandes... Era, eh, de propietarios, entón había unha certa...

C: Xa, un prurito...

Orgullito de ser dalí, e non ser da aldea próxima, aínda que estivese a medio kilómetro, non? Hai cousas que si e hai cousas que non, os habitantes dalí, ou gran parte deles . Pero claro, un neno non é de ningunha clase social, xúntaste con outros nenos e vas ao que... E si che deixan na casa, ou que sei eu... Tamén... Bueno, criadas non, porque as criadas que había nas casas... tiñan que estar na casa todo o tempo, pero vamos... Xente traballadora sí, xente que estaba na agricultura ou gado, ou así, pois si, si era máis ben a que ía ver esas funcións.

E logo nas da praza, de titiriteiros, pois había un pouco de todo, pero a xente ben, non estaba moi ben visto poñerse a mirar os titiriteiros.

C: Non?

En todo caso, desde... Desde a túa casa, na ventá, ou sentado neses... neses escanos que se poñían diante das casas... para descansar polas tardes, e tal

C: mmm. Así como de reollo, non?

Como que... Si, como que comigo non vai, pero estaba aquí e mireino.

C: Pero botarlle a moeda despois, tampouco...

Claro, botarlle a moeda... pois creo que tampouco. Eu coñecín unha señora que ía a todo esto, e sempre tiña a intuición de cando ía terminar para marchar antes. Era tamén xa famosa por eso, pola súa cutrería, non? [ri] É unha señora que se contaba... Non se contaba, é que eu a vin, esta escena vina eu. Agora xa se conta como unha escena popular, pero é que o contei eu na casa e foise extendendo. Esta señora, no sitio da leña, estaba mui escuro e para baixar as escaleiras tiña que encender un misto. E... caeulle, antes de encendelo caeulle. Entón empezou a encender mistos buscando o que lle caera. Claro, ten a súa lóxica: [rio] o misto pode prender e tal pero si me apuran gasta media caixa de mistos en buscar un [ri]. De economía non estaba moi posta!

C: non sabía moito, non.

Claro

C: Entonces, habería esa diferenza, entre o teatro... Tu a que lle chamarías teatro popular, por exemplo?

Ui! Esa palabra discutímola moito nos anos sesenta, porque era unha auténtica entrada na cova de Alí Babá. Usar a palabra popular... Uf! Foi tan utilizada, autilizada! Vén de populi; populus populi: povo. Vale. Incluso unha vez a min me dixeron despois dunha función en Sargadelos do Entremés Famoso sore a pesca no río Miño: "ti cres que este é un teatro auténticamente povoar?"

C: povoar! [rimos]

Dixen eu,"mira, non che sei". Bueno, teño incluso unha libreta da época que quixen conservar para non facer o idiota máis, seguir perdendo o tempo discutindo... sobre o popular ou non popular. Porque nese debate, en Ribadavia, por exemplo, ou nos sitios onde era a asamblea de teatro... Perdíase tanto tempo discutindo sobre mamonadas, vámoslle chamar así... En que si esto é popular, ou non é popular... Vamos a ver: quen o fai? Como o fai? Porque o por que... mira, eso pertence ao xénero da socioloxía.

C: mmm

Pero vas ao teatro, e a xente que fai o teatro, como o fai. Que che di aquelo, como te afecta. E entón, si... Eu por exemplo comprobei cousas que comproba todo o mundo. Unha vez en Arbo, creo que era, e... Tíñamos feito no Teatro Circo, todo polo Miño, pola zona do Miño, gracias á Caixa de Vigo daquela, Caixa de Aforros de Vigo, unha xira que durou moito tempo. Ïbamos cada semana a un sitio, a poñer o Entremés famoso sobre a pesca no río Miño. Porque o tema afectaba a aquel territorio, aquela zona. Entendíase moi ben todo iso. Poñían cancións, que eran de Miro, que acaba de estar aquí ahora... E... Estaba traballado, elaborado por min e por Pepe Estruch, dirixido por Pepe Estruch, fantasticamente. Bueno, despois de aquelo que o outro dixo se era autenticamente povoar, e... Aquelo provocaba moitas confusións. Por exemplo, en Salamanca, na cátedra Juan de la Encina, Martín Recuerda, que era o director daquela cátedra, e director do grupo

de teatro, e... gritou entusiasmado “esto si´que es auténtico teatro español!”. E... “... teatro popular español”. E nós dixemos: bueno, se nós estamos precisamente querendo definirnos a través do teatro como galegos, querendo dicir, Galicia está aquí, e levándoo por toda España, e por Portugal...

C: xa

... dicindo “somos galegos”, e creamos esto... E... Ven este señor... Que pasa? Que lle pareceu claro. E supoño que para el o popular era o claro. Onde as condutas son entendidas por todo o mundo e son claras. Aínda que haxa estilización, que a había a tope.

Pero unha vez, dicía, en Arbo, levamos unha obra, o Zardigot de Euloxio Rodríguez Ruibal... [córtase a gravación]

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entrevista a Manuel María

MM:Hai fotografías: unha cousa que se chama... Lugo hai cincuenta anos, ou sesenta anos, ou non sei cantos... eu vin que o reproduxeron. Clichés, non? Porque íba ás festas de San Froilán. E está alí Barriga Verde, con todo, como era a barraca e con todo eso. Posiblemente que haxa máis dunha fotografía.

Anxo: A ver se recoñeces algunha destas...

MM: vamos ver, vamos ver... El auténtico Barriga verde, esta. É a pequena esta. Esta recórdoa perfectametne. Ahora, había unha, que estaba el, qeu tiña un... unha cousa aquí: espectáculo... culto, moral y nosequé. Si.

Bueno, esto era perferctamente así, era a entrada esto.

A: No Progreso? Teñen alí archivos fotográficos, ben organizados?

MM: Eso si que non sei como o teñen. Ahora, eu sei que hai fotografías, porque a vin eu, non?[a de Vega] Outro que quizá poida ter datos de... de Barriga Verde, é Borobó.

A: Borobó estivemos falando. E recorda algo, moi pouquiño. Practicamente nada.

Saleta: E Trapero podralles contar algo?

MM: Trapero si que non sei.

S: Porque Trapero é un señor moi maior, preocupábanlle esas cousas...

MM: Trapero ao mellor ten algún dato de Lugo. Eu aquí sei que hai... descendientes da familia de Barriga Verde. Aquí en...

S: Pero eses non saben.

MM: Eso non sei se saben ou non. Eu unha vez falei co Paco, porque aquí o... Un deles incluso é cliente meu...(01:49) Que é desa familia, que é o Paco das barcas, que andaba cunhas barcas, non sabes? Cunhas lanchas. E o tipo agora ten un puticlub e... varias das veces que... líos que tuvo, pois fun eu procurador del.

A: como se apellida, el?

MM: el... Jimenez Ferrero . El ten unha cousa... aquí, salindo de... Non sabes? Na carretera de Chantada, hai unha cousa que pon "Pas", e ta aí. A este... Claro, xa non ten o apellido de Barriga Verde, porque Barriga Verde chamábase José Silvent . Pero a nai deste xa non sei se será a neta del, xa. Eu sei que polo menos... E a nai vive. .Porque hai pouco houbo un lío, e estaba a nai alí, e falei ca nai, pero vamos. Nese momento, non era o momento para perguntarlle por eso. Agora, o Paco, non sei, para preguntarlle... ou que sabrá de todo eso. Agora, o interesante pois sería falar coa nai, non?

Eu o que teño... Eu vino así, de moi rapaz, aos sete anos, ou oito, tería eu, non? Que foi a primeira vez que o vin. E despois, estando no servicio militar en Santiago, que debeu ser no ano 52, pois vina outra vez. Cunha profesora da universidade da Plata, mui guapa por certo, con Maside. Co pintor Carlos Maside.

A: E onde?

MM: En Santiago.

A: As dúas veces a viu en Santiago?

MM: non, en Lugo a primeira. A primeira foi polo San Froilán, vamos, tiña eu sete ou oito anos, levárame meu pai a comer con meu pai e co recaudador de contribucións dalí, de Outeiro de Rei. E logo levárame a...fóramos tomar café ao España, de Lugo. Eu ía co meu primeiro traxe de home, que era así con chaqueta e pantalón; había un sillón de bimbio, fixome un sete terrible. Eu empecei a chorar, e para consolarme, pois levoume a ver o Barriga Verde, que daquela marabillárame. E despois aquelo, pois fixéralle un zurcido precioso miña nai, e unha amiga que era das agustinas de Lugo, irmá do general Tella, axudáralle: un zurzido bárbaro. E despois xa, andando anos, así co que recordaba, eso, pois foi co que fixen a farsa, máis ou menos. É dicir, que todo aquelo a min pareceume así interesante e realmente eu o que fixen pois foi unha recreación.

A: Na farsa usa frases textuales das que usaba Barriga verde, non?

MM: únicamente o... o do demo, non?

A: Pero por exemplo, acabouse a peseta?

MM: esa é a única.

A: é a única... pero por exemplo "morreu de repente"...

MM: esa tamén. Morreu de repente e comeuno o Demo, non?

A: ese é o primeiro testimonio que temos, de que dixera esa frase.

MM; si, si, si. Eso é o que recordo de todo aquelo. E recordo que andaba o demo, que había un enterro, que se levantaba... Eu pasarao bárbaro con todo aquelo. Eu o que me parece era que falaba en castrapo. Non sabes que... era castrapo, o que falaba. Porque el por outra parte non era do país, era extremeño, me parece.

A: si, chegou desde Extremadura.

E... as historias que contaba era solo unha historia ou eran varias fiadas?

MM: eu eso si que xa non recordo. Eu a impresión que teño era que había uns bonecos fixos. Que eran o Portugués, que era serrador, ademais, e recordo que serraban; recordo o cura e recordo o Demo. Son os personaxes que eu recordo, non? Ou seña que hai personaxes aí, como pode ser o mozo, que eu non me acordo del, ou sexa pra darlle a... E logo a impresión que tiña é que eles non debían ter un texto fixo. Ou seña que cada representación debía ser unha improvisación, como na Comedia do Arte.

A: Si, si. Era así, teoricamente.

MM: e seguramente que, según fose a cousa, ou tivesen máis ou menos tempo, pois duraba a cousa, eu creo que acortaban ou alongaban. Por exemplo no San Froilán, que había moita xente e que había colas para entrar, pois supoño que a cortaban

máis. E supoño que cando tiñan máis vagar.... agora os personaxes... eles o que debían ter é un argumento. O argumento ese, o que é fácil é que tamén... penso eu, eh! Esto son conxecturas miñas. Que tivese cousas de actualidade, que, ti suponte ir todos os anos ao San Froilán de Lugo, ás festas da Ascensión de Santiago, á Peregrina de Pontevedra.... Pois supoño que aí tiña que haber unhas variacións para a xente. E que incluso tiña que haber algunhas cousas de actualidade. Vamos, esto e´unha sospeita miña, que non me.... Non me atrevo a afirmala, eh.

A: Realmente esa é a labor do títere dese tipo, non? Facer de crítica e de factor comunicación dun pobo a outro. O que pasa é que cos herdeiros que falamos de José Silvent, non queren recoñecer eso. Cando lles falamos deso, din que non e aí cortan a conversación enseguida.

MM: si.

A: ao mellor se sae a palabra crítica sónalles mal.

MM: Hasta eso seguramente... que si había un suceso importante, non sabes? Ou un crimen... Eu supoño que eso que o usaban, non? Ainda que sempre dentro dun esquema fixo. E despois eu cando fixen a cousa, pois... aí o antagonista do mozo e da moza e pra intervir Barrigaverde, e todo eso, pois, claro, chamolle Serrador, porque claro... Vamos, é comprensíble. Porque, é dicir, o do Portugués aquí pois ten un sentido pexorativo e... Esta é a razón, non? Agora que el, o único que facía... eu recordo que tocaba unhos platillos, que tocaba unha... Eso sí. Eu creo que era uns platillos. Un cornetín, tamén. E logo tragaba estopas, que era o... E era a chamada do espectáculo.

A: pero eso era fóra. Facía eso fóra.

MM: Era el fóra. É dicir, que o que había e os espectáculos que vin eu, pois non.... non había.... Vamos, era a representación dos títeres e nada máis.

A: E non había unha primeira parte que saían as fillas a cantar...?

MM: Eu iso me parece que o recordo algo no de Santiago. Que cantaban e que bailaban e eso. Agora, a primeira vez que o vin non recordo eso. O que me quedou grabado foi o ... non foi o do baile, e eso si. A min paréceme que efectivamente, había unha primeira parte. Porque ademais aquelo de Santiago, eu aquelo vino mal, e vino mal por unha razón, porque había unha.... En casa de Maside, que vamos, eu fun moi amigo del, apareceu unha señora que viña cun... cun secretario do Centro Gallego de Buenos Aires, con Javier Vázquez Iglesias, e coa muller. E aquela era unha rapaza nova, que era profesora de literatura da Universidad da Plata, e eu falaba así coa arxentina, e tal, e a veces, é que mirei moito máis pra arxentina que mirei pró espectáculo. A arxentina parecíame preciosísima, non?

A: Unha cousa, a barraca... nós supoñemos que esta foto (a de Melodías de España) é xa dos anos 60, e estaba toda aí andalucizada. Recórdaa así de pequeno, con esas pinturas?

MM: Eu a... eu das pinturas si que non me acordo. Eu o que recordo da barraca é que tiña unha cousa así en forma de... non sabes? Unha cousa así... que había unha balconada, que era donde actuban, e que poñía... ·gran espectáculo de Barriga

Verde, moral, no se que...” Eso sí. E que non poñía “Teatro Melodías de España”. Eu creo que poñía Barriga Verde. Agora, si no Progreso conservan clichés, aí pode verse.

A: outro día saleu no Correo Gallego outra foto da barraca, pero salía a barraca de perfil e el anunciando o espectáculo, e non se ve nada da barraca.

MM:Pero esto era así, porque el era, el era inconfundible, eh! Esto era, era exacto. Porque además era flaco. Eu non sei se coñeces ti o texto meu...

A: si, aínda o estiven relendo...

MM: pois está facendo o Esteban Rodío unha edición crítica, tiña xa... hai tempo pra quitalo, non o acaba de quitar. Porque iso incluso mo pedira o Correo cando fixera os... Entonces como estaba facendo... Cantos anos leva o Rodío facendo esa edición crítica?

S: supoño que dous....

MM: ...ou tres, non acaba de publicalo! É o que che acorda de todo isto.

A: entón nos interesaría tamén falar co home ese, por se el está recollendo algún dato.

MM: pois non sei, eh? Porque este ... o de Esteban Rodío, igual teño eu o contacto aquí. El é profesor na escola de Maxisterio de Ourense. Vamos a ver se está na... Vamos a ver. El é Santiago Esteban Rodío. Eu teño a dirección, pero non teño o teléfono. É O Pino, ...3201 Ourense. E agora, por unha guía de telefonos seguro que localizas.

Agora aquí, é interesante. Porque esta familia vivía das barcas, e algúns deben seguir coas barcas.

A: si, nós oimos dunha tal Jesusa, que era filla de Barriga Verde, pero non deste Barriga Verde...

MM: Non era do Silvent...

A: Non era do Silvent. Non sabemos o apelido...

MM: Non sabedes? Que vive aquí, ou?
A: Non, vive na Estrada, sabemos que se casou con un dos irmáns Ferrero eses. Os Ferrero eran os das lanchas.

MM: eran os das lanchas, si.

A: E que o pai se chamaba Ramón. E o pai da Jesusa este era o Barriga Verde que actuaba pola zona de Chantada, non sabemos se actuaba aquí en Monforte, tamén.

MM: Non sei, iso si que non sei, [eu vinme moitos anos despois...

A:[pero é distinta. Este home tiña unha competencia que xa sabemos, esta si que documentalmente, que José Silvent, e o seu irmán Santiago Silvent, tiñan dúas barracas. E se facían a competencia. E unha cousa curiosa: os sitios onde me

dixeches que viches a Barriga Verde eran os dous únicos sitios onde coincidían os dous. Nos outros se respetaban os seus terrenos, pero en Santiago na Ascensión, e en Lugo no San Froilán, coincidían sempre. Que tiñan repartida Galicia: a parte de arriba facíaa un e a parte de abaixo facíaa outro. Entón Santiago e Lugo era o sitio onde coincidían.

MM: Si, si. Que era esta, eh. [refírese á foto de Rueda]

A:Este é José Silvent, según os nosos datos.

MM: Este é o que recordo eu, pero perfectamente. Iso si que me quedou moi gravado.

A: E agora estamos empezando a pensar que pode haber incluso máis. Se nos está ocurrindo...

MM: porque a Enciclopedia trae moi pouco.

A: A enciclopedia, os datos que trae son de Piñeiro Ares. Un personaxe curioso (ri)

MM: Si, si.

A: El coñeceu a José Silvent personalmente, pero non así...

MM: Eu a Piñeiro Ares , sei quen é pero non o coñezo. Pero eu, a cousa que vin...era. Este era.

A: Si, si, este case seguro que é José Silvent, porque a foto pasóunola o fillo.

MM: Pero bueno, e a rapaza tamén, non? A rapaza... era delgadísima! Tiña así un aspecto como de tuberculosa. Triste! Era unha cousa que... dábache pena, vela. Realmente.

A: Supoñemos que debía ser unha vida moi dura...

MM: unhos brazos delgadiños... É dicir, eu esta recordo, as dúas caras, pero perfectísimamente.

S: e da rapaza tamén?

MM: Si, si. Eu o que tiña a impresión é de que era máis menuda. Eu o que recordo é dos brazos. Eu pensaba: esta rapaza debe estar tuberculosa perdida! Porque tiña unhos brazos delgadísimos. Porque aquí parece que non é tanto, aquí parece que son uns brazos redondiños....

A: si, o que pasa é que el tiña como oito ou 9 fillas. Probablemente fora unha delas. Esta foto saleu publicada en Vida Gallega, a revista aquela, nos anos 70 ou algo así. E... bueno, era unha foto antigua, xa desaparecera Barriga Verde. E o único que nos falta é se podes darnos algunha opinión sobre o espectáculo.

MM: Home a min, o espectáculo, cando o vin, a min encantoume. [fin da gravación]

Parte 2.

Daquela tería oito anos máis ou menos, non? E foi o primeiro teatro ao que fun, foi a primeira vez que vin teatro, e aquelo... Aquelo impresionoume moitísimo. E sobretodo, o que me impresionou e eso... Había moito abuso de cachiporra. Bueno, aquela cachiporra soaba que metía medo. E a min unha das cousas que me facía graza era ver o enterro, ir vrer o cura, que o crego entraba con bonete, levando a caixa, como nun enterro. O morto, de vez en cando, según o iban enterrar, levantabase. Despois viña un cunha cachiporra e volvíao a tumbar... Eso é o que recordo, por exemplo.

A: o cura usaba latinajos?

MM: Si, o cura usaba latinajos. Eso sí, unhos latinaxos... Vamos, supoño que... Pero iso xa é unha... Pero usabaos, si.

A: Pois non sei, se se che ocurre algunha cousa...

MM: pois non se me ocurre nada. Porque esto... Barriga Verde, vamos, en canto a cousa que fixera eu, editárase bastante. Despois, ao desaparecer xa Castrelos, deixárase de editar e de vez en cando algunha xente aínda moi pide.

A: Si, é un texto que ten que funcionar ben.

MM: Pero quedou aí. Bueno, aquí fixeron a representación o Camilo Gómez Torres, que é o secretario dun dos institutos de Lugo, que fixera representacións preciosas. E andivera por aí adiante con el... Bueno, quen traballara neso fora o Moncho de Fuxan os Ventos, despois.

A: esas representacións que se fixeran con títeres ou con actores?

MM: con actores. Eu, a primeira que tuven eu, foi, a representación do Barriga Verde... Bueno, se fixo aí cerca da fronteira de Portugal, bueno, fixéronse varias representacións que eu non estuven, a primeira vez que me parece que se representou foi en Ribadavia. Entón, íbamos nós a Ourense, non sei a que, e alguén dixo, bueno, que pasa en Ribadavia? Non, é que che van representar o... Entón, collemos e fomos a Ribadavia. Levounos, non sei quen foi. Un amigo colleu un auto e fumos alí. E bueno, a miña sorpresa era que o tiñan traducido. Eu como, como representedes traducido, eu ármovos un escándalo aí. E por riba demándovos. E por fin, fixérase en galego. Ti acórdaste daquelo?

A: mira, unha cousa que se me acaba de ocorrer agora, que falas do teu texto. No teu texto, cando lle pegan os estacazos, dis que cae sobre a baranda.

MM: si, si.

A: esa é unha técnica de manipulación que se usa moito por Europa, eu a vin en grupos europeos, pero nunca aquí: o estacazo cae así, levántao, dálle para arriba e volvelle pegar... Eso facíao Barriga Verde ou metíchelo ti....?

MM: Eso si que non cho podo precisar... pero eu, paréceme que si.

S: pero eso non é muito do teatro de marionetas?

A: Si, pero é que eu, ese tipo de manipulación... expresiva, creo que aquí non se usa. E nós cremos que esta xente a usaba e que eran moi bos manipuladores. Eu creo, eu teño o recordo de velo así tumbado, e cos brazos sobre a... Vamos, do pouquísimo que recordo, eh. E... desde logo, cando o vin xa de maior, con 21 ou 22 anos, pareceume mui distinto do que vira de neno. E xa non me casou ese impacto. Bueno, eu naquel momento... Tiña cousas máis importantes. Bueno, é que a señora aquela a min deslumbrárame. Eu andaba fóra de min, andaba aluadísimo. E por eso a segunda vez xa non o vin... Que claro, con 21 ou 22 anos podía ver moi ben... E despois fíxenme, despois díxen: bueno esto teño que volver a velo. Porque ela, eu recordo que estaba mui marabillada, do espectáculo aquel. Que fora Maside, o...

A: e algunha opinión de Maside sobre o especdtáculo?

MM: ai, a Maside gustáballe moito! A Maside, estas cousas así... Unha cousa que lle gustaba moito tamén era a queima da fachada, eu vina varios anos con el. E outra cousa que lle gustaban eran as fotografías dos fotógrafos de a minuto. Eu teño varias fotografías, unha na que estamos Novoneyra, Maside e eu. E outra na que estamos Piñeiro, Bonet, Pura Vázquez... Esas fotografías gustábanlle moito. E a cousa de feiras, as feiras que iba moito Maside eran por exemplo as de Bandeira. Eso quedaba unha serie de apuntes de.. que están en cuadernos ,e eso. Porque eu eso ao Paco... O Paco das barcas.... Agora quen sabe por onde anda, porque o putifero aínda non o debe ter aberto.

(rin)

S: o linguaxe!

MM: senón vamos onda o Paco.

A: de todas formas, a familia esa... El é Ferrero?

MM: Si, el é Jiménez Ferrero.

A: Con esa familia temos pensado entrar en contacto tamén, e para hoxe non nos corre prisa.

MM: Pero é súa nai. A nai do Paco.

S: Porque a nai é unha señora maior...

MM: e seguramente recordará. Porque o Paco non... o Paco é relativamente novo.

A: Cando empecemos con esa familia... Porqeu pensamos que é unha familia distinta. Vivíamos por aquí para que nos poñas en contacto con el.

MM: Si. Porque a nai eu... eu conózcoa. O que pasa é que non sei onde vive. Parece unha muller... aberta.

ENTREVISTA A PILAR PEREIRA na súa casa da praciña de San Miguel , en Santiago de Compostela, o martes18 de decembro de 2012.

VN-20121218-0002

(conversación iniciada, sobre as atraccións que se facían arredor do teatriño de BV na Alameda)

P:...doblaba así o lombo para atrás e poñía un pañuelo na boca. (.2) Tirábanlle un pañuelo no chan i ela facía tatatá↑ e o tambor tatatarratatatá↑ i ela cracracrá e todo o mundo así ((pon ollos de asombro)) (.) collía o pañuelo coa boca...

C: pero eso era na mesma barraca de... de Barriga Verde?

P: fóra. Eso era fóra. Era como... outras cousas que pasaban por fóra, igual que te vendían (.) rifas para así, momentaneamente, rifaban unha moneca ou rifaban un ... unha cousa calquera alí. (2)

Non, vamos a ver, eu vin a Barriga Verde... Eu, de tanto cariño que lle tiña eu, a miña primeira...historia que fixen en teatro, Quico non me deixou, non me deixou, me convenceu millor dito. ((C ri)) Que lle chamara así↑ pero eu quería chamarlle Morreu Barriga Verde acabouse a peseta, de feito, aínda teño por aí moitos (.) carteles pequenos e cousas de (.) cando empecei. Díxome Quico eso marca moito non ten nada que ver, esta é outra historia, é moi bonito o teu recordo pero ((onomatopeia de incomodidade)) non o fixen finalmente. Ou o fixen pero un ratiño pequeno.

(2) I a primeira vez que os vin foi en Ponte Ulla, no atrio da iglesia, alí na Ulla

C:mmm

P:e eles (.) baixaban, non como ahora que teñen, aínda que sea mala unha furgoneta, iban en Castromil! Osea levaban as cousas arriba, na parte de arriba de Castromil que había... ademais as veces iban eles tamén arriba↑ que era (.) a parte de diante... I levaba unha cousa moi primitiva, que se armaba alí (.) con bastante tempo porque, en realida↑ era como as primeiras tendas de campaña que eran con tornillos y cosas así para a playa? Bueno pois lo del, o del tamén era unha (.) (había) que meter tornillos escuadras e montaban o teatrillo. I eu vinos alí, na praza de aí de... de San... no adro. I claro, quedamos todos flipados.

C: pero era... O sea habíase que meter dentro da barraca ou era nun teatriño destes [que te sentas fóra...

P:[non ti te sentas fóra↑

C:aha

P: nos sentábamos no atrio (.4) os nenos no chan↑ i os adultos traían unha silla da súa casa. (.2) pero non non, eles estaban dentro do teatro.

C: xa xa

P: o que pasa é que bueno (.4) o pai era un tipo moi anarquista, o que fundou (.) Barriga Verde, o que tiña (.) moita gracia falando...

C:ahá

P: inventaba palabras, falaba argentino, falaba (.) inglés macarrónico dicía (alaviyu alaviyu↑) ((C ri)) e cousas así (.) moi divertido...

Y claro as veces os que estaban detrás o cabreaban, non sei quen serían, i el empezaba a berros, sabendo que todo o mundo escoitábamos↑ ((imita a voz berrando)) Todos nos quedábamos así (.2) logo sacaba (.) o final de todo↑ sacaba os monecos e sacaba el a cabeza.

E era cando decía (.2) ((poñendo voz afectada)) Morreu Barriga ↑ acababa de matar a Barriga Verde (.4) Morreu Barrigha Verde e acabouse a peseta.

C: Osea que (.) a frase última era Morreu Barriga Verde

P:Si. Morreu Barriga- e acabouse a peseta, porque valía unha peseta.

C: valía unha peseta. Pero qu- quen pasaba... ou sexa (.2) si non era... [un recinto

P:[el iba cos fillos que eran pequenos↑i (.) había unha nena que non sei si era filla creo que non era filla pero que se veía sí que andaba con eles sempre (.) flaca, delgada, así unha cousa (.2) mui, mui simpática a nena, que era a que viña sempre con un paniño i (.) con nudos catro nudos así↑ e aí metías os cartos.

C: ahá

P: e che dicía ((imita)) papel no, por favor! (.) claro, o papel era horroroso (.2) aquelas pesetas de papel horribles↑

C:ah

P:entonces papel no! (.4) preferían monedas todo. Bua-

C:i era nunha festa eso ou era así un domingo calquera?

P:umm (.3) merda é que non o teño claro eu. A ver. Supoño que... Claro miña nai era mestra da escola. Que (.) era de las fuerzas vivas de la aldea. (.4) Eran o farmacéutico a maestra de escola e e o taberneiro. Que tamén era panadeiro i era todo. (2) Pois non non exactamente porque as festas de de Ponteulla↑ a escola (.) que xa non está alí que era (.) non sei alí collimos todos non sabañóns, senón sabañóns nas orellas... unha cousa espantosa (2) tiña en frente (.2) o palco da música e un sitio aí para facer a festa. I non era aí, esto se facía no atrio da igresia, que hai unha parte de atrás moi grande↑ i aí eles instalábanse aí e facían alí.

C: no vran, sería

P: (enn, si) primaveira, vran, si, frío non había, si chovía, chovía pero se non

C:hmm

P: pero eu alí↑ non o vin máis que un par de veces (.) porque a primeira vez foi alí↑ (.2) e logo (.) moito (.) tempo despois alí.

Cando cheguei a Santiago↑ empecei a enterarme que na Alameda, os xoves na feira, do pulpo e do gando e de (.) todo↑ porque aquí a feira en Santiago os xoves era... o único día que Santiago tiña vida

C: xa

P: esto era (.) un cementerio total e absoluto (C ri) entonces foi bueno, os (.4) viñan cos porcos, co gando, cos cabalos... Viña toda a xente de tódolos alrededores a (.) a a a... Santa Susana↑ (.2) menuda feira que se armaba aí tremenda↑ (.) era unha feira grande das máis grandes de Galicia. E↑ estaban as do pulpo, estaba o tiovivo, Eusebio, todas enamoradas de Eusebio (tiña unhos ollos así) ((imitao)) ((C ri))

Pois Eusebio, que era impresionante, i (.) eh::: Barriga Verde tamén.

C:I todos os xoves estaba?

P:non.

C:non

P:non, non estaba tódolos xoves, non. (.2) Estaba de vez en cando, porque había tamén <u>outro</u> espectáculo (.) que era como el túnel↑ o tunel... do medo, do terror pero(.) era de risa aquelo. [era de verdade era...

C:[xa. Non lle daba medo a naide ((C ri))

P: dábaslle ti a eles en vez de... Unha cousa tremenda. Facían así unha cousa redonda... se pintaban con (.2) aqueles estalotes que se rascaban contra as paredes?

C:si

P: sabes, que se facían ((onomatopeia)) chatatatatachá↑ (.2) eso si o puñas na cara, na oscuridade, te facía efecto de... era... (.2) como se chama este?

C:fosforescente?

P:fosforescente, si. (.2) I iso queimaba moitísimo eles puñan pola <u>cara</u> polo naris ((imita)) Uaaah dentro (.2) Sabías quenes (.) estaban fóra, despois estaban dentro... Pero bueno. (2) aí na Alameda (.) non había outra cousa↑

Despois houbo un... pequeno espectáculo de cans e... de gatos que trouxo un tío de... non sabemos donde que apareceu por aí↑ que eran divertidísimos ían vestidos de gitanas, de toureiros, de todo eso os cans, estaban mortos de fame

C: Pobres

P:si. Pero bueno, Barriga Verde iba a Alameda, i entonces morreu o pai↑ (.4) E que eu quixen chamar a Kukas que el sabe moi ben... Ti falaches con Kukas?

C:Si.

P: Bueno porque el sabe moi ben cando morreu o pai. (.2) Que falamos unha vez el i eu moitísimo! (.2) Entonces Antonio, o fillo o (.) o que menos se esperaba que se fixese cargo deso↑ (.2) porque era un viva la vida, borrachín de... Claro. (.) Recorría o Franco, primeiro pola dereita, para alá, e despois pola esquerda, aquelas tazas, ademais, aquel viño que (.) facía un buraco no estómago enorme... Bueno pois el (.) I mui guaperas tamén, era mui guaperas o tío. (.2) Pois fíxose cargo↑ (.) i modernizou. Púxolle cousas, arreglouno...

C: tu lembras... (.2) En Santiago había unha barraca? Ou viñan co mesmo...

P: non, tiveron unha barraca un tempo.

C:si

P: si. Montaron unha barraca non sei canto tempo↑ (.) pero montaron unha barraca un tempo. (07:18)

Eso claro, me encantaría porque da xente da miña edade do instituto Rosalía de Castro↑ (.) pois aínda andan por aí (.3) pero claro, hai que buscalas

C:mmm

P: como eu tiven unha rutura tan (.) brutal , tanto (.) afectiva como psicolóxica con todo, con esta cidade... Cando eu voltei, a xente me dicía ((imita voz aguda e afectada)) “Hola Pili , yo estudié contigo te acuerdas? “ I eu dicíalle si la que me llamabas puta eras tú ((C ri)) Tiven sempre así un... Un...

C: Pero tú hasta que anos estuveches aquí?

P: Eu estiven aquí hasta os vinte e (.) dous anos↑

C: vinte e dous

P: claro

C: ou sea a infancia e a adolescencia vivíchelas en Santiago

P:todo si si (.) Mitá na ou sea na Ulla na escola da miña nai↑(.) e Santiago non si si (.2) Bueno por diós↑ miña familia é de Santiago ademais↑ ten moito que ver porque miña avoa era a... a dona da Flor Noyesa, o restaurante de Santiago así máis

C:si

P:iban tódolos médicos, tódolos avogados, xuíces... Todo diós os xoves a comer os callos, o domingo a empanada de raxo, outro tal (.) así. (.2) Si que había alí había festa sempre. (.)

Pero bueno↑ pois eso (.) si hubo unha barraca. Unha barraca alí. Pintada de verde↑con listóns así como amarillos por un lado↑ así unha cousa así↑ cunha ventaniña... Creo que (.) algúns dormían alí.

C: i lembras si tiña nome?

P: Barriga Verde↑

C: Barriga Verde, a ...[a secas, non?

P:[si si si si si. Si, era Barriga Verde. E que Barriga Verde foi o nome deles, eh↑(.) Sempre. Sempre sempre, barriga Verde.

C:xa. Claro, xa xa. É que... vamos (.) eu escoitei de varios nomes. Había... os de Pontevedra por exemplo lle chamaban Melodías de España...

P: pero non debían ser os mesmos

C: non debían ser os mesmos, non

P: non. Eu creo que esas cousas pasan sempre

C:claro, que se multiplican

P: non había↑ (.2) hoxe ir a Pontevedra e unha (.) chiste, pero daquela non.

C: mmmm

P: daquela ir a Ulla↑ eran tres horas de coche↑(.4) Vintedous kilómetros↑ Aí ao lado↑

C:Si si

P: (entonces) non (.) eran palabras maiores↑ (.) moverse

C:mira (.) e de donde eran esta xente?

P: Eh eh::: (.) eu teño varias versións. (.) Según... Farruco... Bernal↑ (.) eran de Sigüeiro, de por aquí cerca de Santiago

C:mmm

P: aí empezaron, o avó era maestro de escola↑ i foi o que empezou a (.) construír unhos títeres pequenos i (entonces) o fillo que foi o que despois desenrolou todo↑ empezou a xogar con eles. Esto é a versión de (.) de Farruco igual que ten das Marías outra versión distinta da de todo o mundo↑ (.2) no? I me parece que a del é a máis acertada. Si si. Me parece que se está inventando moito das Marías. Moito moito

C: se tende a [mitificar

P: [se está... si si Se está ahora dicindo cousas políticas, que eran unas... (.) As Marías tiñan outro compoñente que me parece xa importantísimo↑ (.) que eran unhas transgresoras de mil pares de narices↑ (.) dúas mulleres que foron capaces de armar (.) a que armaban todolos días en Santiago... (.) Xa con eso, miña nai↑

C:xa, non necesitan máis

P:sobra

C: si si si

P: pois aqora o irmán, que era roxo, que non sei canto↑ (.) bueno. (.) Pois... Farruco non está dacordo con eso. (.2) o que está deacordo é que tiñan unha dignidade mi particular (.) non pedían pero (.) había xente que as axudaba. (.4) Había xente que... Sobretodo xente de ultramarinos. (.2) Incluído... este de aquí↑

C:mmm↑

P: Segade↑, incluído o (.) que está no Toural↑ (.4) Bueno, pois non ten nada que ver con esto. Pero bueno eso era Santiago daquela.

C:I como (.) como? A ver ti (.) por exemplo como nena ou adolescente ou xa (.) mociña (.2) que relación tiñas tu coa coa feira? Ibas?

P: eu creo qeu si eu creo que hasta os doce trece anos fun sempre, despois xa empezas a.. a... ponerte de largo... na na ascensión↑ (.2) Un día vas de medias xa e cun pouco de tacón ↑ (.) e xa (.) nunca máis. Empezas a... andar por outros camiños. (.) Pero bueno, hasta os trece catorce anos si, que si. Porque... non había moitas cousas a onde ir en Santiago↑, nena.

(Pilar érguese apagar a auga da infusión que ferve. Volta falándome dunha muller que se lembra de moitas cousas)

VN-20121218-0003.amr

P:..porque o seu pai... (.4) O seu pai foi (.4) de todo no Principal de Santiago (.2) de todo foi: regidor, apuntador , cando viña xente de Madrid a facer teatro el encargábase de todo... Todo o mundo o coñecía desde Lola Flores que sempre que viña lle dedicaba unha canción (.2) si eh: Gumersindo, Sindo. E a muller, estaba, a que foi a súa muler non a fila, a filla estaba enteradísima de todo. De todo. A min é que me conta cousas e cousas da miña vida eh, DA MIÑA VIDA↑ ((Imita voz aguda))No te acuerdas aquella vez que estuviste (no se qué no se cuanto) (.) Como? A ver cóntame. Non porque xa ela ten todo... Claro, non saíu daquí↑ (.2) e as súas referencias están clarísimas, as miñas non que teño un (.) batiburrillo aí [na cabeza...

C:[xa xa

P: ademais tamén (.) como che dixen antes (.) [moito de...

C:[tu fixeches un pouco de...

P: ...rexeitando moito así esta historia.

Pero eso si que recordo, esas emocións. E unha vez recordo que (.) nas broncas que tiña dentro deixou as mans cos dous bonecos aí que non recordo cal era si o soldado i o, i o Barriga Verde↑, i eu fun, estabamos na primeira fila e toqueille as mans

C: ((ri))

P: para ver se había alguén dentro. (.) I eso ((imita o chillido do bonifateiro))

C: ((ri)) (.2) El falaba con voz normal ou usaba palleta?

P: mmm eh... Din, os que saben, que usaba palleta, eu non me acordo deso.

C: Xa. Non te das conta de que tuvera voz así mui chillona

P: Non. (.) Si que facía voces pero non sei como as facía. Aí non podo chegar aí non macordo.

C:Non estabas en ese punto técnico...

P: Non. Non macordo. Eu sei que el facía voz de (.) ultratumba ((imita voz moi grave)) e logo facía cando era unha nena era ((imita voz de nena)): "No quieroooo!". Así, pero... (.) I logo misturaba muito o castelán co galego.

C:xa

P:todo era así non había unha lingua sola. Era todo misturado cando lle conviña sacaba un personaxe en castelán ↑, logo outro en galego... OS MALOS casi todos eran falaban en galego.

C: EN GALEGO?

P:Si

C: a:h ves eso, eso si que mo dixo Kukas, que a el eso non lle gustaba nada claro

P: os malos casi todos falaban en galego (.) o demo, tal, falaban en galego.

C: xa

P: mira ti. ((imita voz grave)) "vouche matar! Ahhh! (.) as pernas, vouche comer polas perna:::s↑" (.) Estabas tu alí a::h↑

C: a ver, i lembras así máis ou menos os (.) argumentos?

P: (.4) Os argumentos eran iguales sempre. (.) Osea quero decir que (.) eh había un bo bo boísimo↑(.) medio parvo, tamén ↑ (.) que iba con todas as mellores intencións a facer algo (.) i lle aparecían polo camiño↑ o malo, o ladrón que lle quitaba, si levaba cartos para a nai lle quitaba os cartos, si iba a facer unha cousa boa o convencían de que non, que non fixera... Pero era unha cousa moral, moralista, moralista (.4) Tal, hasta que viña (.) alguén ↑ (.) había unha velliña, sempre , que era como si fora unha hada madriña↑ ou calquera cousa, que aparecía por alá arriba, así por aquí do, do, un (.) pau que tiñan alí posto, aparecía a velliña por aí ((imita voz aguda)) . I era a que lle decía tes que ser bueno, tes que tal↑ (.) i convencíao i ao final acababa todo bonito i ben↑(.) si era o conto para eso, si había que matar ao malo↑era (.) a palo limpo, a pau limpio con... Era típico, que logo coñecín en París no... nos (.) monecos de París↑ (.) e igualito, a tabla esta que fai [traca traca trac↑

C:[a cachiporra

P:cachiporra, que a tiña así con un mango aquí↑ (.) Pla pla pla bueno daba unha impresión tremenda↑ i todos aplaudíamos (.) canto máis lle daba↑ máis aplaudíamos. (03:31)

C: Pero... I Barriga Verde (.) quen era (.) en esa en esa... trama?

P: Barriga Verde era como si fora o (1) era o (.4) o xefe de todos.

C: dos malos?

P: Non↑

C: dos buenos

P: dos buenos. Non non non non INDA QUE A VECES PARECÍA↑ (.) Pero non (.) porque claro, fíjate eu estiven ( ) botando cabeza dun... dun que fora distinto, o conto distinto a todos. Un pouco distinto (.2) i se parecía a un... a un conto que me contaba meu avó (.4) que era (1) é mui famoso, en tódolos sitios hai ese conto pero bueno meu avó me contaba que aquí había un un... matrimonio(.2) que tiveron un fillo (.) i::: a nai volveuse tola polo fillo. O único que lle interesaba era o fillo, o millor da casa para o fillo, todo para o fillo... Entonces a a o... o empurra a que se case cunha chavala que o pai sempre lle di (.) ten cuidado que non é boa esa rapaza, pero el vai tun i casa coa rapaza i entre a muller i a a nai empezan a facer (.) proxectos de futuro (.) i entre eles é que o pai non pode vivir na casa. Primeiro empezan así (.2) están comendo i a el cáelle a cunca. ((interpreta voz da nai)) Bruto↑ Porco ↑ tal↑ Non vés? Aquí non podes estar con nós que che cae todo o caldo das mans! Tes que ir a comer ao o... a cuadra! Cos porcos.

I se ve se ve así un cachiño, está alí comendo (.) nunha cunca de madeira (.) para que non a rompa. I... chorando. Entonces xa, chega o fillo e dille (.) pai, teño que falar contigo. E dice, que pasa? Pois nada, que:: miña muller vai ter un fillo... ti non eres recomendable para vivir nesta casa↑ (.) así que tes que marchar daquí. (.4) Eu recordo que chorábamos todos, bueno (.) tes que marchar daquí, xa. Pero mira, pero se sou teu pai↑ (.2) Tes que marchar. (.) Entonces, cando está para marchar, a nai vai e dille ((imita voz da nai)) Vai á cuadra e colle unha manta que hai alí e dalla pa que vaia pedir limosna polos camiños e non pase frío. I o (.) chaval entra↑ (.) i se escoita ((fai onomatopeia)) cras cras cras non sabes que está facendo (.4) i ven coa manta partida en dúas. Deixa un cacho alí e dalle ao pai a metade da...

C: da manta

P: a mitade da manta. (1) I dille o pai (.) esa manta esa mitade vai a ser para cando o teu fillo crezca e te bote a ti fóra da casa. Si, gardaa ben dille, gárdaa ben, garda ben esa ese cacho de manta porque cando teu fillo crezca vaite botar da casa e vas precisar desa manta. E aplaudíamos todos ((aplaude e pon voz de aclamar)).

C: Jesús ((ri)) Caramba eso é...

P: non eso era un conto xa (.) máis elaborado. (.4) O avó contábao un pouco diferente↑ porque o contaba sempre personalizado en xente que el coñecía↑ (.4) Os fillos de Nonseiquén↑ de nonseique de nonseidonde↑ (.) Sempre te...

C: Claro

P: te decía unha aldea↑ un sitio vila. Si. (1) Sempre

C: i non estaban as personaxes estas arquetípicas do Demo↑ [o cura↑...

P:[o Demo sempre o Demo si

C: i i como aparecía o Demo ?

P: O Demo era polo camiño sempre (.) polo camiño sempre porque sempre se andaba. Moito moito moito moito (1) E tiñan detrás↑ (.) o paisaxe era (.) dúas, dúas cousas redondas que aí enrolaban, a... e iba pasando o monte, as galiñas... iban enrolando alguén enrolaba↑ era unha cousa que ademais se escoitaba ((fai onomatopeia)): cras cras (.)pero eran así el iba andando andando polo sitio, pasaba polo sitio↑ si había sitio paraba pedía unha cunca de caldo que tiña ou un vaso de auga que tiña moita sede↑ (.) E:nfín. I o diaño aparecía por aí, sempre. ..hh O cura non me acordo↑ (.) o cura debería estar pero non me acordo↑ (1) Non me acordo pero si que había alguén como si fora (.4) un notario ou un: (.) unha forza viva mui potente↑ que era o que decía... o que mandaba en todo. I cando el decía teño eu a razóns teño os papeis o outro chegáballe e decía ((imita voz)) déixame↑ os papeis (.) e collía e empezaba ((onomatopeia)) traca↑tras tras tras (.) e nos tiraban así aos nenos os cachiños de papel ((C ri)) (.4) un pouquiño dicíndo (.) esto é o que hai. (.) Pero mira tí, fíxate. Desde o outro día que me falaches me acordei moito estiven dándolle á cabeza(.4) alí (.) na parte de (.4) eh:: na Alameda↑(.) no: na entrada dos Leóns↑ (1) arriba nese camiño que ahora hai un parque infantil↑

C: si

P: alí se puña...

C: si, si si

P: alí se puña Barriga Verde

C: i tu lembras si había algo máis que títeres na barraca? No espectáculo? Si facían antes...

P: non, xa che digo que non sei si eran (.) si estaban sumados a eles ou eu (.) imaxineino↑ (.) pero había algo circense.

C:xa

P: a rapaza que collía o pano, un tipo que sacaba monedas das orellas↑ i cousas así, xogaba coas cartas tamén e facía (.) cousas cas cartas. (1) Cartas de madeira ademáis, sonaban cla cla cla cla (.2) Si pois eso. (.) Eso estaba↑ todo mui: ligado, tabal alí (.) pero agora mesmo non son capaz de saber si eran toda unha famiia ou era to- non non sei.

C: xa, ou todo do mesmo...

P:si, non sei. (1) Non o sei. Pero si que había máis cousas alí ao rededor. Ah↑había as pelotitas así para arriba e para abaixo

C: osea que había mas

P: si si (.) había.

C: tipo varieté↑ desto...

P: algo circense

C:máis ben de circo non?

P:máis de circo si, circense↑ (.4) máis de circo (.) primitivísimo, si (.) as cousas máis primitivas do circo.

C: xa. Porque tu daquela ibas a... había teatro en Santiago, teatro de sala?

P: Teatro... no Principal, sempre (1) No Principal houbo teatro desde sempre que viña aquí de Santiago, eu empecei con dez anos así que se pode decir que a primeira obra estreneina no Principal (.4) con Daporta o que era dono da librería Galí↑ que dirixía... Pero eran cousas que facíamos... i dirixiunos a obra de... era un clásico de toda a vida: ah... eh... As Navidades presentes pasadas y futuras de Mister Scruch (.) sabes? Bueno pois esa fixémola con el↑ e... Eran Labarta e Daporta, que eran mui bos os dous (1) ensaiábamos alí na (.) na librería Galí abaixo, onde estaban as máquinas de (.) de imprimir (.4) e alí se imprimiron as primeiras obras de Valle Inclán↑ i o fillo de puta de Bugallo deixou que tiraran todo iso (.) todo↑ onde fixeron un todo a cen hoxe en día↑ (.4) É unha cousa penosa (.) pero mui penosa↑

C:mmm

P: bueno pois eso, alí ensaíabamos entonces no Principal había teatro local↑ (.) pois xa che digo que esto era unha vez ao ano ou (.) dúas veces ao ano(.) unhas cousas de coros y danzas de la Sección Femenina tamén se facían alí↑ (.4) e logo viñan de Madrid(.) Eu con trece anos vin a Lola Flores no Principal. Que hai unha anécdota dela (.) fantástica (.) que bueno, é un clásico o sea que está xa en todo ( )

E::: está, sale a cantar i sale un guitarrista feísimo pero feísimo feísimo. E entonces ella Ele Ele ((imita a Lola Flores)) Que se mueran los feos! ((C ri)) Y dice un tipo desde arriba (.) ((imita)) e quen che vai a tocar a guitarra logho que::↑

C: ((ri))

P: así. (.4) Pero bueno, alí vin a Tina Gascó, unha actriz que foi un (.) mito e morrera fai muitísimos anos↑ (1) En La Rosa Roja, unha cousa destas clásicas tamén pero mala (.) bueno↑ (1) Había teatro, viñan de Madrid... (.4) pois unhas... Os Prendes viñan moito, a familia Prendes

C:mmm (.4) I iba xente de todo tipo ou era unha cousa así de un pouco clase más alta? (11:19)

P: Eso dependía del piso en que estuvieras↑

C:ya↑

P: no (.4) no patio de butacas era un↑ un (.2) horror aquelo↑ (.) o se- te mareabas co cheiro dos perfumes↑ (.2) pero ((tuse)) estaba, estaba arriba o [o galiñeiro

C:[o galiñeiro

P:que era o (.) e:↑ que había un teatro popular que (.) empezaba a nacer a tra- a raíz das (.) se- seriales radiofónicos.

C: mmm↑

P: de Sautier Casaseca.

C:mmm↓

P: entonces aí viñan a Santiago↑ xa e aí veu Daniel Dicenta jovencito, Lola: Herrera jovencita que eran marido e muller↑ , eles viñeron pero eran unhos nenos↑

C:si:

P: i veu muita xente e había un tipo argentino que facía (.) por Semana Santa, todos os anos a Pasión↑ e ese: (.) Rambal, Enrique Rambal.

Ese era↑ pero vamos, impresionante. (.2) Xa clavado na cruz↑ así (1) e todo o mundo aplaudindo e chorando, e a xente de rodillas no patio de butacas↑ (.4) El desclavávase esta man e decía (.) a unha señora de pelo blanco calquera que estivera por alí (.) ((imita acento arxentino)) Señora↑ se parece usted mucho a mi madre. Pase por la taquilla que le devuelvan la (.) el dinero. (.4) Volvía poñer a man↑

C: :hh ((ri))

P: E bueno↑ era impresionante. Rambal era impresionante↑ (1) Pero ibas↑ porque eh os estudiantes tamén facían das súas ↑ cando viña Enrique Rambal↑ (.) collían as sabas de:: as pensións↑ onde estaban ↑ (1) as escondían debaixo das chaquetas↑ (.4) e desde xeneral as empapaban de auga, como se estiveran chorándo↑ (.) por a morte de Jesucristo↑

C: ((ri))

P: i as baixaban así (.) as retorcían enriba da xente de abaixo (.) buaaa ((imita verros)) ((C ri)) Unhas cousas aí... tremendas.

Pois este (.) esta filla de Sindo↑ vivía na rúa Travesa. (1) pero ... (.4) Donde hai unha perruquería agora. I eu fun a preguntarlle á chica "mira, os que vivían arriba?". E dice "ai non, porque agora hai unha pensión↑" y:: "pero non morreu ela" "non non non↑ morreu. Marchou coa irmá. Pero non sei para donde.

C: mmm↑

P: xúroche que esa tía de Santiago é a que máis sabe.

C:mmm.

P: a que máis sabe, pero de todo o mundo↑ (13:24) (1) De aq- de canónigos, de:: porcalladas dos curas, de todo, sabe de todo.

C: ((ri)) Claro. I:: (.) pero bueno, entonces tu↑ (.) e:: decir. Digamos (.) estamos falando máis ou menos de que ano? Cincuenta?

P: si claro eu nacín no trinta e sete e de antes, nena↑ do cuarenta e tantos↑

C: claro, tu aínda lembras

P: si claro eu lembro desde os oito anos ↑ teño unha memoria mui clara de todo o que pasou en Ponte Ulla e de cando viñamos no Castromil a Santiago, i tódalas cousas. Eso son MUI pero mui mui claras. É despois cando se me empezaron a borrar as cousas pero aí↑ (.) mui clara. (.) Eu nacín no trinta e sete↑ (.) por tanto↑ (.) trinta e sete corenta e sete xa tiña dez anos ↑

C: mmm

P: xa tiña eu eso... bueno↑

C: i i i::: É decir (.) vivías entón entre Ponteulla... esa época...

P: eso foi hasta os oito anos e medio porque: desde os catro ou así porque: miña nai↑ cas (.) circunstancias da (.) posguerra↑ (1) A miña avoa lle quitaron o restaurante e ao meu avó a (.) cooperativa vinícola... Na ruina↑ (.) por cada fillo (.) tiñan trece fillos, por cada fillo que lle decían que lle tiñan para pasear↑lle quitaban algo. Lle quitaron todo↑ (.) entonces o que lle quedaron, o que lle quedou foi (.4) meu pai castigado tamén↑ (.) non (.4) represaliado, non morto de milagro, que no libro de María Antonia Iglesias fala moito del↑ (.) i:: (.) i e:: (.2) miña nai que tiña o título de: mestra de escola e por tanto lle diron a... recomendada polas monxas porque miña nai (.) miña nai era casi monxa cando coñeceu a meu pai↑ (.2) faltáballe esto para ser monxa (2) Menos mal que (.) como non era unha cousa que ela voluntariamente estivera esperando mmm (.) escapou (.) Pero eh (.) déronlle a escola de Ponte Ulla. (1) I claro con unha casa casa escola. Horrorosa↑ (.4) na miña casa vin unha casa tan fea↑ ((C ri)) I alí vivimos (.4) as que máis, Aurichu i eu. (1) porque os demáis xa (.) nnn: por alí pasaron pero non chegaron a estar nada. I aos oito anos e medio xa me preparaban para que ingresara eu aquí (.4) para facer o bacharelato (.4) i como miña nai fora monxa (.2) das d: d: Nuestra Señora dos Remedios, das Huérfanas↑ (.) pois con recomendación eu estaba recomendadísima yo entraba ya por la puerta grande por desgracia para min. I: (.) meu pai que era un gran pedagogo me preparou tanto que entrei (.2) con un ano menos por unha dispensa de escolaridá (.2) porque eu xa estaba (.) m- mui preparada daba noxo↑ escoitarme xa decir a proba dos nove, e tódalas cousas i demás↑ (.2) pois me me (.) entrei no (.) alí ( ) e aos dous anos me me expulsaron (.) a min e a tódalas irmáns (.) fóra.

C. ((exclamación muda))

P: ao expulsarme a min , como eu era peor que o diaño↑ (.) según elas (.) a min, a Aurichu e a Mari Carmen, a pequena, que tiña (.) catro aniños tiña a pequena

C: i que eran as monxas de aí da da:

P: das Orfas↑

C: a das Orfas

P: si si Nuestra Señora de los Remedios (.4) Ese colexio, si si.

C: Bueno, ao final tiveches sorte. ((ri))

P: allí me explotaron como actriz↑ desde pequeña (1) Meu pai me ensinaba a recitar↑ (.) mil veintemil poemas de memoria e elas me puñan en todas tódalas festas↑ (.) enriba do escenario que tiñan alí↑ (.) me daban unhos poemas de catro kilómetros que eu tiña que aprender con tres ou catro días de tempo↑ (.4) y ala venga, a lanzar allí. I ((imita voz declamando)) o ghaiteiro de non sei donde que viña polo monte tocando a gaita non sei canto máis↑ (.) bum bum bum bum aí.

E si me- olvidaba de algo me daban de hóstias. (2) Así que mira (.2) bueno menos mal (1) que me expulsaron de alí...

C: non estabas interna alí, ou si?

P: estiven media pensionista castigada por miña nai (.4) un tempo, e xa me bastou con eso. Me bastou bastante. Parte de Ofelia sin a virtude do pudor foi dalí de coñecer ás internas mentras estiven media pensionista porque parece que foi que un par de días á semana non me foron a buscar (1) me deixaron alí. I (.) bueno, recordos destes de... á parte de que (.2) un convento desos con esas épocas donde non había... (.4) falar de calefación era unha entelequia↑ (.) é que non había NADA↑ (.) as mantas eran de risa eran unhas mantiñas así (.) morrías co frío facías un (.2) collías papeles o que fora (.) te poñías de todo↑ (.) era unha cousa tristísima, mui triste. E logo as duchas frías frías era:: (.2) Pero bueno. Para alí fun para o instituto Rosalía de Castro. Parecía que era un castigo, horroroso, i eu estaba encantada.

C: aínda era feminino, non?

P: si si feminino (1) Hasta que eu me marchei seguía sendo feminino pero había un plantel de profesores fantástico. Ainda quedaba polo menos a metade do: de maestros republicanos. [Profesores republicanos

C:[mmm

P:un deles, un profesor de literatura e lengua para min... o mellor que vin na miña vida vin alguien... tan fantástico. Tuvo unha filla que (.) ti non sabes quen é porque é para morrer de risa. A súa filla é María Jesús Sánz, la barby del Pepé↑

C: si

P: como pode ter un home tan intelixente↑ i tan (.) fantástico ter unha filla coma esa? (.) para min foi o que me meteu en tódalas cousas, en tódolos fregados. (.4) entre meu pai i el↑(.) non estaban dacordo pero parecía. (.) Y: mui ben mui ben. Mui ben. Eu estaba encantada. (.) Eu lin (.2) con quince anos, cousas que (.4) a ver↑ (.) hoxe en día dices non era un pouco animal darme as cousas que me daban a ler? (.) Pois eu leía todo aquelo i meu pai estaba encantado↑ (.) i me veía e::h La montaña mágica de Thomas Mann que era (.) un tocho así de grande (.2) decía y quién te lo dio? (.) Don Hilario (.) Ah↑ vas a ver, te va a gustar. (.) E ou- (.) comentábamos ( ) (.) de Joyce↑ (.) non sei cantas cousas pero (.) é que me daba↑ (.) me deu ademais libros mui comprometidos, Los Monederos falsos↑ (.) si, i cousas tal de de(.) de sexo duro i puro↑

C. mmm↑

P: eu recordo que lle preguntaba a meu pai que significa esto i me dicía bueno↑ esto máis (.) más adelante ya lo entenderás ((C ri)) , dicía uy::: esto no me lo van a explicar en la vida. Bueno pero enfin. El me daba era un tipo tan aberto↑(.4) i tan::: porque decía (.) a tí que te vou a dar? Si t- (.) eu leía un libro↑ (.) me preguntaba (.) de autores que el me daba e decía este libro a ti ya no te sirve para nada. Hai que a- (.) a darte cosas mucho más complicadas. I empezou a darme libros i eu recordo que leín daquela un mogollón↑ (.4) tanto que nunca máis na vida lin tanto como daquela porque estaba todo o día lendo.

C:mmm

P: e logo tiñas na rúa, cando xa estaba (.4) quince anos, dezaseis dazasete... (.) Na rúa do Vilar había un señor que tiña (.) no portal unha librería onde tiña libros clandestinos que traía de Argentina.

C: aahh↑

P: eso todo o mundo en Santiago o sabía↑ (20:20) e e (.) viñan dous (.) exemplares entonces ti ibas (.2) porque sabías que:: (.) porque lle ibas pedindo (.) entonces eramos cando coincidíamos bastantes era unha cousa que además interesaba muito á xente↑ (.) pois entonces dicía xa o teño pedido, chegaban dous exemplares e dicía (.) o: a semana que vén xa mo traen (.) tiñas que envolvelo en papel periódico↑ (.) ter moito coidado que non che pillaran con el↑ (.) i o levabas de novo e pagabas polos días...

C:ah↑ era como unha biblioteca entón

P: unha biblioteca, si. (.) era un tipo interesantísimo interesantísimo

C: pero el tiña outro oficio, algo? [de tapadeira?

P:[non non vivía deso (.) i de vender O Correo Galego, La Noche i: i pouco máis.

C: xa, xa

P: i caramelos pa los chavales.

C: pero que estaba donde está ahora:::

P: nun portal grande que hai (.) na rúa do Vilar↑(.2) non sei que será agora↑ (.) ese sitio porque mira(.) a rúa Nova che vou decir (.) E:: (.4) Sargadelos era (.) o local e: de cafetería i restaura- (.) comedor barato do seu. Servicio universitario do: (.) do:: (.) do sindicato vertical↑ (.) universitario.

C:mmm mmm

P: donde está (1) ar- noutro lado de donde está unha cousa de lás↑ (.) aí tamén na rúa nova, moi bonita, que ten lanas aí↑ todo eso (.) tamén é moi grande para atrás↑(.2) aí era o touriño. I o touriño é que alí había moito (.) moita xente que protexía cousas. I o touriño, diante era unha taberna normal i corriente pero había unha porta e para atrás había un local enorme (.4) con mesas corridas (.) que alí aprendíamos gale↑go, nos daban clases de galego Franco Grande e outra xente(.4) i alí facíamos de todo e nos collíamos unhos peidos e unhas borracheras

HORROROSAS (,) eu con quince anos... eu debería ter o fígado podrído porque era daquela que collían unhas xarras así cheas de cerveza e lle metían dentro chupitos de wisky pero un wisky malísimo↑((C ri)) Buah alí dentro (.4)

Enfín. Eso era (.) todo era (.2) non ten nada que ver con [todo o que hai agora

C: ti andabas con xente maior ca ti

P: sempre porque eu empecei moi xovencita eu entrei na universidá con dazaseis anos.

C: ((case imperceptíbel)) ostiá (1) pero tamén así no instituto non te relaciona:bas (.) muito coa xente de

P: é que xa no meu curso había todo xente maior ca min

C: xa

P: pero logo EU↑ (.) andaba sempre con xente máis maior fóra dalí (.) sempre sempre

C:xa xa xa xa

P: sempre sempre porque inda que hoxe en día siguen sendo os meus amigos ainda que non nos vemos moito Xulio Maside, Ismael Villar i toda esta xente, (22:49) me levaban polo menos catro ou cinco anos (.) que daquela é moito, agora non

C: mmm (.) mmm (1) si.

P: pero bueno (1) I me facían dibuxos que teño por aí aínda os que teño alí na sala un é de X- O QUE TEÑO NO LIBRO↑(.) NA PORTADA↑ é de Xulio Maside

C: mmm

P: ese fíxomo el cando...

C: el é(.) pariente de Maside, non? Do...

P: é o sobriño de Maside, MÁIS que fillo. Osea (.) Carlos Maside non tivo fillos

C:non tivo fillos

P: entonces el (.) a única irmán que tiña vivía na Estrada↑ (.) conseguiulle un estanco aquí que foi donde logo a súa filla Rosa María tiña alí unha tenda de xoias

C:si

P:onde había aquelas cabezas [tan bonitas, si

C:[Maside chamábase

P: por eso. (non sei...) outra tonta parba que lle deixou eso a un: tipo que lle tirou o mostrador antigo que fixo↑ (1) Non enten↑do (1) e Xulio (.) foi o primeiro que veu para Santiago... Non, primeiro o seu irmán. Fo:: como se chama o irmán? (.4) Jose

Mari... non me acordo. Empezou e e a:: súa irmá quedou viúva (.4) con tres fillos (.) unha rapaza e dous chavales. Pero el de quen se enamorou realmente foi de Xulio. Foi o seu fillo. Si. Entonces Xulio empezou a pintar mui xovencito pero mui críoˆ

C. mmm mmmˆ

P: i o (.) i Carlos a darlle muitísima importanciaˆ

C: mmm

P: de feito, nas súas exposicións sempre metía tres ou catro cousas de Xulio (1) así que era:: (.) pois eso ehh (.4) el mecenas

C:mmm

P: i:: (1) i logo trouxo taménˆ a: a irmán, que foi a que (.) a nai de Rosa María Maside...

C:mm

P: á súa vez Rosa María é a nai de outra:

C:da outra Rosa

P: da outra Rosa... (.) E así son xeracións aí.

C: Si si si (.) si (1) I entonces, ou sexa ti xa andabas con xente un pouco do mundo:: digamos cultural ou...

P: a no si si si si si (.2) si si si si. Si, si, eu ya... Daquela xa me levabanˆ (.) a min os (.4) os: (.2) esquerdistas, galeguistas de Santiagoˆ ou non de Santiago pero que vivían en Santiago ˆ me tiñan mui considerada porque recitaba a Rosalía e lle gustaba muito como facíaˆ (.) i me levaban por tódalas (.) festas que facían nos chamaban(.) había un grupo que eran os doce. E:: había un periódico pola tarde que era mui boˆ, que se chamaba a noite, que dirixía Borobóˆ

C:mmm

P: bueno, pois ese (.) aíˆ estaba (.) Aquilino Iglesias Alvariño, estaba e:: Otero Pedrayo, estaban pero... i eles todos eran, eu era a NENA MIMADAˆ (.) deles, me levaban i me traían. Que hai festa en: (.2) en Osebe (.) [para alá

C:[unha festa, é decir , unha festa unha romería? [unha festa patronal?

P:[non era unha festa onde eles iban en plan de intelectuales (.) e a::: daban unha conferencia, había unha CEA, i había catro ou cinco [señoras de

C:[xa

P: o alcalde demaisˆ (.) i eu alí, que era unha nena

C: xa

P: pero logo tiña que subirme enriba de calquera cousaˆ(.) i recitar.

C: Xa. Pero entón era unha cousa digamos (.2) oficial↑ (.) consentida pero [ao mesmo tempo...

P:[non non non non. Non era consentido. Sempre era XENTE... consentido NON (.) o que pasa é que tampouco era prohibido, osea

C:claro

P: a aí, como FOI, a estrea de de dos... vellos [non deben namorarse

C:[foi na Quintana

P: XUROCHE que eu hoxe en día me encantaría ter un buraquiño para volver atrás↑ (.) saber cómo pudo pasar aquelo↑ (.) porque non te podes imaxinar. Eu recordo (.2) a Rodolfo López Veiga as catro da tarde decindo (.4) esta noite nos deteñen a todos. (2) Entón, non hai que contar mentiras (.) hai que decir que o culpable son EU↑, que vós sodes ac- bueno así. (26:22)

C: Ti estabas en esa obra?

P:Si. Nos reuniu a todos↑ (.) i bueno (1) de repente (.4) Se sabía↑ que podía ir xente↑ (.9 pero o que non se imaxinou é que foran mil quinientas persoas↑ (.4) que aquela praza estaba así↑ ((xesto de abundancia)) (.) que a xente chegou cas sillas de casa↑ (.) que non era como agora que as traen de (.) non UNHA SILLA aqui debaixo do brazo... (1) Impresionante, e por sólo (.) diante había nada máis que dúas bancadas así postas (.2) i:: impresionante, emocionante ((susurrado)) por favor(.) i↑ (.) mirabas así i era todo (.) o lado da porta santa i para alá↑ (.) unhos vinte grises (.2) dos máis tochos que había porque sempre poñían tipos grandes, así↑ vinte grises contra a parede... por alá, por al lado das casas do fondo igual (.4) non pasou nada. Non pasou (.) nada. I por encima Otero Pedrayo que estaba como unha cabra↑ (.) levantouse a gritar (.) HOXE É UN DÍA DE GALICIA CE:I:BE:: (.) Pero así. E a xente dicindo (.) bueno agora si que nos collen (.4) non pasou nada.

Impresionante. (1) Será porque Santiago (.) era pequeno e non querían meterse en líos↑ (.) polo que fose

C: pero si estaba Otero Pedraio é que veu xente de: de toda Galicia velo↑

P: Otero Pedrayo daba clases aquí na universidá↑ (.2) non non vivía aquí en Santiago. [eu estiven na súa casa muitísimas veces

C: [ah xa mmm

P: estaba Piñeiro tamén bueno pero Piñeiro non era raro que estivera pero::

C: xa xa

P: pero estaban todos todos todos todos todos aí (.) Unha cousa impresiona↑nte (1) i: i claro pois (.) eso foi (.2) o que nos deu como:: unhas ganas de facer cousas... mira, non era consc- eu non tiña consciencia de NADA, pero para nada. Eu estaba vivindo unha (.) fantasía (:9 de outros (.) que non era a miña (.) pero claro, os outros me interesaban moito entonces eu iba sabendo e aprendendo [aí a través de...

C: [claro

P: pero foi así foi así todo porque nin idea (.) na miña casa nunca me falaron unha puta palabra da guerra civil↑

C. claro ((baixiño))

P: hasta que meu avó veu a vivir con nós↑ (.) morreu a (.) a súa muller↑ i el (.) xa non tiña onde caerse (.) por aí↑ veu á miña casa parte de madre↑ i eu empecei a ter un tipo a quen lle preguntar↑ (.4) i me contestaba↑ (.4) á súa maneira porque era mui bestia, pero (.) vamos para el

C: ((ri entre dentes))

P: eran fillos de puta todos (.) os demais pero bueno (2) En todo caso, si que foi así. I había si aquí en Santiago un momento o libro de: o libro de Franco Grande os anos escuros ↑

C.si

P: fala muito de nós↑ (.) de min me nombra (.) moito↑ i é porque é unha temporada donde... é o que di el↑ os que estábamos aquí éramos así como chispiñas que estábamos aparecendo non?

C: si (.2) Pero tu sentías (.) rechazo por parte de (.) o que sería a sociedade bienpensante [de Santiago, si?

P:[home claro (.) mmm claro claro (.4) claro, eso era evidente (.4) había moitísima xente que nin te falaba (.2) simplemente. Ou non deixaba que as súas fillas saíran contigo, foran... ou no cine, estaban sentadas no cine↑ e as quitaban do teu lado (.4) si si eso estaba clarísimo

C: osea eras una (.) chica de mal vivir [para eles

P:[si si ademais eu iba a tavernas

C. claro serías a única moza↑

P: no non↑ as que viñan de fóra podían pero (.2) as que viñan a estudiar aquí de fóra↑ (.2) que non (.) aínda: así había... bueno, un grupiño (.) bastante grande, pois elas podían saír por aí. Pero vamos, eu andaba con chicos sí. (.) Siempre con chicos. (2) Eu coñezo a todos (.) a tódolos chicos de los famosos de Galicia↑ (.) todos, desde Ferrín hasta... (.) TODOS (.) eran de la panda, entonces aí estábamos todos xuntos. Pero va↑mos

C: i había en ese: ámbito, en ese entorno de xente (.) había ese (.) interese (.) por ir ás (.) por exemplo, o tema dos xoves, non? O que dices, por exemplo, cando: (.) sabes que Seoane e esta xente...

P: ah da ALAMEDA, eso

C: que tiñan así como mitificado?

P: NON, vamos a ver. Non, porque eso fáloche de quince ou catorce anos para abaixo

C: si

P: i eu esto non o empecei a vivir hasta os quince dazaseis anos dazasete (.) foi cando me metín de fondo na na:

C: ti con esta xente non ibas a a:

P: íbamos a comer o pulpo. Así de claro. Nada máis (.2) ou a dar unha volta pola alameda, porque era mui enxebre, tal (.2) ir por aí pero non:: non había esa.. Non. (.4) creo que non (1) pero a comer o pulpo si que íbamos (.) i a mirar os cabalos ↑ i:

C: e non lembras despois de ver a barriga verde máis

P: non alguén me dixo unha vez que morrera en Silleda↑ (.) ou non sei donde por aí en (.) Bandeira↑ (1) que lle pasara algo, que lle tiraran un foguete↑

C:mm

P: que que que tiña (.) el tiña un unha lona durmían como nun circo pequeno↑ (.) e que se lle prenderan lume, que morrera queimado, non sei (.) si esto é certo↑ ou son dos mitos que van correndo por aí non sei.

C: algo deso puido pasar, claro.

P: non sei, pero pudo pasar (.2) alguén me contou pero eu xa non macordo eu xa me metín en outro mundo.

C:mm

P: fixen así clac↑ (.4) pero Santiago é ben pequeno pero (.2) i era máis pequeno (.4) que foi↑

C: i: i facendo teatro nunca: (.) é decir, tiñades algu:nha tipo (.) de ruta, facíades algún tipo de xira↑

P: si si si si si (.2) Co:n (.) si, facíamos. Co TEU↑ moita pero con Daporta e Labarta↑ co- coa esta obra... como se chamaba o autor? La primavera: presente pasada y futura? outro clásico de toda a vida... non sei (.) bueno↑ (1) é unha obra mui clásica de que: pasan cousas na Navidá e: o tipo cambia totalmente.

Fumos a Ourense↑ ao teatro Losada

C:mm

P: fumos a Coruña↑ (.4) fumos (.2) a Pontevedra↑ (1) e despois como a tres sitios pequenos↑ que creo que era un (.) foi Vilagarcía↑ (1) non me acordo máis.

C: íbades ao teatro, sempre

P: ou... casas de cultura. Ou sitios de de de: como se chama? De de de↑ (.4) aquí había o Casino ↑ i o outro era o de↑

C. o círculo

P: círculo mercantil e industrial. A eso íbamos tamén

C: ah

P: si

C. e íbades cobrando taqui- a taquilla↑ (.) ou non

P: nos non cobrabamos nada de nada ((en susurro))

C: non[era unha cousa altruísta totalmente?

P:[nada nada nada (.4) eu pola miña parte si, non sei os (.) os que: os que gastaron os cartos en facernos o vestuario e demáis↑ non sei (.) si eles sacaban algo↑non (.) teño nin idea pero penso que non↑ (.) todo o contrario, puñan eles cartos (1) e logo no TEU ↑(.) os gastos pagábaos a universidá↑ o que o que estaba destinado

C:mmm

P: para o teatro... universitario pero (.4) pero vamos que como Rodolfo López Veiga non (.) non era un ti:↑po que fixera as cousas como lle gustaría á dirección de Madrí , era un teu un pouco... un pouco tolo↑ (.) pois (.) empezaron a pasar cousas↑ e logo nós, na casa buscábamos roupa polas (.) polos ARMARIOS e por cousas así ↑(.2) pero bah, e logo apareceu ditea↑ claro

C:pero é que en Galicia realmente daquela (.) xente que vivise do teatro:: (.) do TEATRO DE IR A TEATROS↑

P: que vivise de ir ao teatro? Non (.) [non non

C:[de facer teatro, vaia

P: ((en baixiño)) non non non non

C: o sea que estaban os que andaban polas feiras facendo eso...

con Elixio, por suposto, e me dixo que a nai de Eligio, Virginia, estaba en Francia visitando a... á filla, que vive alí en Francia. De Elixio non sabía nada desde había unha semán, é decir, seguía sin saber nada, porque de feito, eu estíveno chamando durante toda unha semán e díxome que non sabía nada e seguía sin saber nada. (.) con que... Xa daba casi por perdido o día, pero fixen un último intento e chamei de novo a... a Narón. I en Narón efectivamente estaba este... Santiago, falei coa muller del, porque el estaba abaixo, arreglando a caravana, porque tamén anda nas festas con... con caballitos e cousas destas, e... (.) E me puxen en ruta... a Narón. Dixéronme que iban ter tempo para falar comigo, a todo esto, parecían mui... interesados tamén... Cheguei a Narón, desde... Ortigueira, por unha carretera que é o máis parecido a un viacrucis que vin na miña vida, e.... E alí en Narón xa eran as 19:45 cando cheguei, cenei un pouco, un bocata de pulpo, que estaba mui bo, co seu consabido vaso dauga... E me encamiñei para alá, para a casa deste Santiago. Cheguei alí, efectivamente estaba reparando a caravana, non sei que... Bueno, subimos para arriba, e el faloume de que as cousas xa nas tiña el, que as tiña o seu irmao Claudio. Eh.... que vive en Betanzos. Este home parece ser que está bastante localizable, alí en Betanzos... Deume a entender que non anda nas festas. Me pareceu entender que ten unha sala de xogos ou algo así, e bueno, díxome que ese era o contacto realmente interesante. Con todo, eu, aínda así eh... díxenlle que lle quería facer unha entrevista e subimos á casa. Alá na casa empecei a entrevistalo e... E bueno, cando estaba entrevistándoo non ben empezara, aínda empezara co cuestionario, chamaron por teléfono, púxose a filla, logo púxose a nai, e parece ser que ao fillo, a un dos fillos deste Santiago que anda traballando tamén nas festas, eh... chamado Guillermo, pois... déranlle unha paliza, uns tal Díaz, que son, tamén, xente que anda nas festas, que parece ser que son... españoles, e que, según dicían pois veñen aquí a sacarlles o traballo aos galegos, e todo eso, parece ser que o tal Díaz sacoulle unha pistola ... a Guillermo, o fillo de Santiago... e este Guillermo doulle unha patada, e alí xa empezou todo. Quen chamaba non era o propio Guillermo, sinon que era outra persona, parece ser que levou un golpe na cabeza e quedaban á espera das noticias de Guillermo, osea de que chamara o propio Guillermo... E claro, houbo que suspender a entrevista. Con todo o día, pois foi moi frutífero... Primeiro, por xa ter conseguido todos estes contactos, segundo porque... parece que é mui interesante, case máis interesante do que parecía, porque eles dicen que a vida de Barriga Verde se remonta a... osea, que a existencia de Barriga Verde remóntase xa a douscentos anos, e que hai bonecos, que eles teñen bonecos, que teñen xa douscentos anos. E... bueno, e fixen todos estes contactos, i afortunadamente, además, parece ser que... que esta eh... que vai haber moitos informantes, porque eran dez irmaos, os dez están metidos no... no choio, e... E bueno, supoño que entre uns e outros haberá unha información bastante completa.

(córtase e reanúdase no 24:31)

Bueno, a ver, outra cousa logo. Este... os gastos do día. Foron catro pilas, de voltio e medio, que foron 154 pesetas, e máis... que máis? A ver... Vamos a ver, comín por... Seiscientas, cenei por... trescentas... Trescentas pesetas, que máis? Cafeses i tal... Botámoslle 150 pesetas... Comprei un estensor por se non me chegaba o cable do magnetofón e... Que mais comprei? E... Ah, bueno, en gasolina, haberá que calcular pero serán unhas 2000 pesetas, ou máis. É o depósito cheo. Hai que saber cantos cartos leva o depósito, e xa está. Eh... Chamadas telefónicas... gastei algo... Un bloc, tiven que mercar... E...

(fin)

San Froilán, entrevistas para o documental, 9-10-2010

00:08 :
-Barriga Verde non lle soa?
-Barriga Verde si. Barriga Verde viña eu a el. Ao final da actuación dicía: “acabouse a peseta!”, que eran as pesetas. “Acabouse a peseta!”
00:23
-Pero non tiñan unha... Como era?
-Como era non me recordo, porque hai máis de... Cuarenta anos. De cincuenta! Era eu un chaval e teño 86!
00:40
-Pois isto que van facer aquí é algo parecido a Barriga Verde...
-Si, porque anunciaban ao principio que viña Barriga Verde outra vez.
-Pois vai ser aquí.
-Bueno, pois a ver se o vimos ver.

01:25
-Enfín, non me recordo como era. Sei que se poñía aquí...
-Aquí mismo?
-Aquí mismo. E o Teatro Argentino... O teatro argentino era de... Era cando empezara, antes de vir a minifalda para as mulleres, muito antes, xa viña... Claro, viñan moitos paisanos da aldea, destos maiores, como eu hoxe, viñan verlle as pernas as mulleres! (ri)
-En Barriga Verde non había deso, non?
-Non, non.Era cousa de máis... Case non recordo. Non era, non era teatro. Era máis ben...vistas, así de cousas.
02:13
-No Barriga Verde había títeres...
-si, si. Xa non recordo muito. Era un chaval.

STE-001.WAV
00:10
-Vostede igual acórdase de BV...
-Si, acórdome de cando eran as festas, que viña Barriga Verde, que era o que máis éxito tiña. Non me estarás captando aí, eh!

STE-002.wav

00:15-
-Simplemente recuerdo el nombre de Barriga Verde. Pero luego el drama y todo lo que había por aí...No sé, que había algo de (¿) y algo de cositas, y se daban unos palitroques al uno y al otro, pero no tengo... No sé, no me acuerdo.
-E a barraca era deste estilo?
-Ya cuando vi esto dije, caramba, y esto parece una tómbola de las de antes, pero está ya con otra presentación... Este cosito aquí delante, no me acuerdo ya, yo sé que estaba ahí fuera uno haciendo...

01:14
... Yo de aquella... No había pasta y lo veía en la calle. Pero dentro, me parece que nunca entré.
-Había que pagar entrada...

-Sí, había que pagar, y fuera te entretenías viéndolo y lo que hacían. Pero dentro no sé.

STE-003.WAV. (matrimonio)
00:09
home: Eu era un chaval, eu acórdome de cando aínda se poñían as barracas aquí por Santo Domingo abaixo, que era cando viña este. O que pasa é que non era a barraca tan chamante, era máis... antiga.
Muller: home, é que cos anos pasaron moito. Cantos anos pasaron?

00:30
home: O de dentro, era así como un teatrillo, facían obras así como... Non sabes?
-comba: de títeres.
Home: Si. Pasábase ben. Pasábase ben, porque daquela aquí tampouco tiñas outra cousa que ver. Porque eu acórdome cando viña un circo ao Campo da Feira iba todo o mundo. E en cambio agora, se vén un circo... E morren de fame, que non hai quen vaia.
-comba: pero a isto si que viña a xente, non?
Muller: ai, e ao teatro argentino que se puña aquí. Diso si que me recordo. Eu non viña, pero...
Home: mira, o teatro argentino era compañías mui boas. Pero había un paiaso, tiña así unha tarima cun paiaso fóra, para chamar á xente, pa qeu entrara. A xente quedábase mirando para o paiaso e despois xa non entraba.
Muller: non, saían as artistas moi espanpanantes. Para aqueles tempos, tamos falando, que agora... (ri) Era un teatro que non podía entrar máis ca xente maior, así de certa edá. Pero saían medio... Que ahora eso!

STE-004.wav (moito ruído)

00:14
-Eu non me dou conta como era a antigua.
...00:30
-comba: Xa hai polo menos 40 anos...
-Haberá, acórdome que viña a barraca esa de Barriga Verde. Pero desde aquela a ahora xa se olvidan as cousas.

STE-005.wav

00:08
-home 1:Era doutro material.
Home2:Madeira.
Home 1:De tablas.
C: pero este tamén é de taboas...
Home1:Xa, pero este está todo pintadiño... Non estaba tan pintado.
Home 2: Home, porque é novo, porras! CAndo o pintaron eles, tamén sería novo!
Home 1: claro, por eso. Pero a chica o que quere dicir é se é igual. Pa ser igual fáltalle moito.
Home 2: tamén as casetas de pulpo eran unhas tablas de ameneiro, alá da estación de autobuses. ... E os buratos tapábanos con periódicos. E que ben estaban!
C: e usté lembra de pagar na taquilla?
Home2: Si, pagar na taquilla.
C: canto había que pagar?

H2: eu que sei! Valería... 50 cm, non 25 cm.
C: Unha peseta, iso xa era moito?
H2: Era moito! Bueno, non ten nada que ver co de agora...
C: pero pagaba usté... Usté era un neno daquela.
H2. Era un neno! Un neno de nove anos.
C: E na caasa dábanlle cartos para isto?
H2; ai si. Eso non había problema.
(empeza un ruído horrible)

03:15
C. o que máis lle gustaba eran os títeres?
H2: gustábanos os chistes que facía o Barriga Verde (ri) que era un muñeco. Era un muñeco.
... Pero daquela non había outra cousa! Bueno, o teatro argentino, tamén estuvo aquí moito.
C: pero ese xa era para máis maiores...
H2: ah, eran pequenos tamén. Era unha barraca, ben feita. O teatro argentino era grande.

STE-006.wav

00:08
No había nada, entiendes? Se ponían en Campo Castillo.
... Cantaba de verdad, que ponía una canción y la cantaba, y después decía: “venga!” Costaba una peseta la entrada. Y al acabarse decía “Bueno, jodeuse a peseta!” (ri) Todos para fóra. Un señor viejo, recuerdo yo.. Pues de eso hace 70 años. Y yo no había visto eso, y dije “coño, parece la barraca de Barriga Verde!”
C: si? Paréceselle?
Era parecida. Ponía una escalera alta aí y se ponía en esa esquina. Estaba puesto... Campo Castillo ahora está arreglado. En el jardín aquel ponía la barraca, a lo largo de la calle, la ponía, mirando para el ayuntamiento. Tenía una cantidad de público, porque claro, entonces no había discotecas, entiendes? Entonces no había aparatos de radio, practicamente, en las casas. No había televisiones, y entonces aquello era una novedad, ver, porque cantaba fantásticamente el tío.
C: á xente que lle gustaba máis, as cancións ou os títeres?
No, esto era... porque ademais as festas eran, alí e aquí tamén. Pero, entraban a velo por unha peseta ou eu que sei, porque era un chaval, e hasta me parece que nunca entrei. Porque eu tiña medo destas cousas e quería montar nos caballitos e tal. Eu tiña... Pois era no 35, fíxate ben. No ano 1935 tiña eu 11 anos. Eu recórdome , agora mesmo, sentado aí na esquina como esta pero máis alta, daba aí a aqueles cables... Púñase cunha guitarra, pum pum, e um altavoz alí e a xente pensando que estaba cantando el. E ademais vouche dicir unha cousa, daquela non había cultura na xente tampouco, a xente non sabía deso todavía nada. E viñan das aldeas, porque naqueles tempos non había coches, era outra cousa completamente distinta.
Agora ves toda esta xente, son de fóra, son conocidos, teñen grandes aparatos de música...

C: usté é daquí de Lugo?
Eu son de Valle de Oro pero crieime aquí desde o ano 34. Bueno, crieime aquí, pero tiven por fóra. Pero que emoción me deu ao velo!

... e tamén despois había outra cousa, o teatro argentino, pero eso xa era moito máis moderno. No cincuenta e tantos.

STE-013.wav
Neno: ¿Cuanto tiempo dura esto?
Avoa: Poco
Pedro: Vostede dicía que se acordaba do espectáculo este...
Avoa: De Barriga Verde? Si ho! Morreu Barriga Verde e acabouse a peseta, era o que dicían ao terminar (Ri)
Pedro: morreu o Demo!
Avoa: morreu o demo, efectivamente. Morreu o demo e acabouse a peseta. Xa son moitos anos pero de todas formas había o teatro argentino, por aquí, e tamén había o Barriga Verde. Había outro, tamén...
Pedro: e acórdase de como era o espectáculo?
Avoa: xa o teño así mui... Era de marionetas, pero teño así un pouco velao, non me acordo moi ben. Xa son moitos anos.
Neno: pero abuela, si no sabes a que hora es...
Pedro: pois esto é un espectáculo..
Avoa: é fabuloso! Fixérono tal como era, non?
...
01:35
Avoa: eu, me parece que me acordaba de uns que eran de aquí da plaza do campo, me parece que tiñan que ver coa barraca. Pero exactamente non me acordo.

STE-014.wav
Sons de risos....

STE-015.wav
Conversa da avoa e da nai. Escóitanse voces ao lonxe:
Nai: quieres entrar al barriga Verde?
Neno: No
Nai: a mi me dá más miedo que otra cosa.

STE-016.wav
Vello: non teño todo presente pero recórdome sí.
Pedro: do espectáculo dos títeres...
(marchan)

STE-017.WAV
Soa música de fondo

STE-018.wav
Voces de nais de fondo. Ao final aplauden.

STE-019.wav
Máis voces de fondo, debaixo da música.
Un vello dille ao neno: “mira como saluda con la mano” (refírese a Luchi)

01:30
Pedro pregúntalle ao vello se se acorda do espectáculo.
Vello: si, pero antes era muito mellor que ahora, era grande, e traía... Era máis ben de... monigotes e cousas desas.
Pedro: de títeres!
Vello: si, de títeres.
Pedro: este é o mesmo espectáculo que había daquela...
Vello: é o mesmo de antes?
Pedro: é o mesmo de antes.
Vello: ah, pois o de antes era unha marabilla.
Señora: si, pero es de mayores, no?
Pedro: non
Vello: no, é para todos.
Señora: pues yo no me acuerdo.
Vello: hombre, de aqueles tempos! Este e o teatro argentino, erao todo.
Neno: se cambió la cara!
Vello: se cambió la cara, mira. A ver, que voy mirar a ver a que hora es.
...

STE-020.wav

Soan voces de fondo, e a música da barraca.

ST-021.wav

Angelines: esto es el que filma!
Comba: non, este é o da voz
Pedro: simplemente para coller as testemuñas.
Angelina: el testimonio? Que quieres que diga?
Pedro: simplemente do que te acordes
Angelines: mi recuerdo es que era como un guiñol, no? Tenían un, palo con una tela, entrábamos en la barraca y estábamos de pie todos, claro. Y era, yo lo que recuerdo, lo que nos hacía más gracia era cuando el guiñol con el palo, que debía ser el demonio, no, era el otro... Quién es el otro personaje?
Comba: Está Barriga Verde...
Angelines: pues Barriga Verde, que le pegaba al demonio. A palos, andaban a palos. Allí los muñecos andaban todos a palos. Y nosotros lo pasaábamos muy bien porque no había otra cosa mejor, eso es. Y yo debía tener, pues no se, siete años, seis años, o algo así. Y mis recuerdos de entonces pues...
Comba: despois da guerra non volviches a ir?
Angelines: No, es que... Siguió habiendo, despues de la guerra?Después de la guerra yo ya era mayorcita, cuando empezó la guerra tenía yo diez años... Cuántos años duró la guerra?
Pedro: Tres, Do 36 ao 39
Angelines: Con 13 años yo ya no me gustaba la barraca, me gustaban otras cosas.

Comba: que te gustaba entonces?
Angelines: Me gustaban los chicos! (ri) Que era lo lógico. Pero bueno, no era como ahora las de trece años, eh! Eramos más, más comedidas...
Comba: mira, e ti ao ver esta barraca te recordas?
Angelines: esto es mucho más bonito! Aquella barraca pues era un telderete con una cortina. Era una cortina, yo mi recuerdo era que era una cosa de cartón, claro,... Esto es de cartón o de madera?
Comba: de madeira
Angelines: Esto es de madera, aquello debía ser de cartón. Y había una cortina, se entraba por la cortina, también ahora es una puerta con una cortina, pero aquello era una cosa más ...
Comba: más pobre
Angelines: más pobre, eso es.
Comba: e te cobraban a entrada... Te acordas deso, de quen cobraba a entrada?
Angelines:debía ser muy barata la entrada, porque si yo iba a verla. Yo de aquella, mi padre me acuerdo que nos daba un montón de dinero, pero era un montón de dinero, como si ahora les das a un niño un montón de monedas de las de cobre
, eran muchas monedas pero yo no sé lo que sería... Un duro no era. De aquella aún no había los duros de Franco...
Comba: aún no estaba Franco...
Angelines: claro, no estaba Franco. No me acuerdo. Había la perra gorda, la perra chica... Esas cosas.
Comba: ou sexa, que sería menos dunha peseta, a entrada.
Angelines: bueno, una peseta o dos sí nos podía dar.
Comba: pero digo a entrada...
Angelines: ay, era menos! Sería menos, yo no me acuerdo, pero sería menos. Yo sé que venían las fiestas de San Froilán y lo primero que hacíamos era comprarme una pelotita de esas que tenían la pelotita, y eso ya me encantaba. Y luego íbamos a todas las barracas. Y después cuando ya era mayorcita, recuerdo otra cosa que me gustaba mucho, que era Miss Enigma, que era una barraca que era esa combinación de espejos, no sabes? Que le cortan la cabeza y aparecía la señora con la cabeza y las trenzas... Mira, y nosotros, una pandilla de amigas, íbamos todos los días a la puerta de la barraca, a preguntarle “pero cómo hacen?”. Y le hablábamos a la señora dentro de la barraca “y le duele?”. “No, no, yo estoy muy bien”. Y queríamos que al final de las fiestas nos contara como era aquel misterio.
Y esos son mis recuerdos de San Froilán.
...
04:40
Angelines: Desde luego fue una cosa que en la memoria de todos los de la época quedó. Porque el nombre de Barriga Verde, también... Y por qué le pondrían el nombre de Barriga Verde? No os lo digeron los familiares?

(...)

STE.35.wav
Marmullo de voces. EScóitase (mal) a unha señora que di “É diferente, si que é diferente. Gustoume, si, pero non é como o de antes”. Outra di “Hai xente que di que sí que o recorda, pero recorda a frase... “ . “morreu Barriga Verde”

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

San Lucas, entrevistas para o documental, 17-10-2010

Ste 37.wav
Comba: Usté é daquí, de Mondoñedo?
Señor: si. Hai ochenta anos que son de Mondoñedo
Comba: E usté recorda a barraca de Barriga Verde?
Señor: si, ho!
Comba: en que época?
sEñor: nas San Lucas!
Comba: pero en que anos?
Señor: en que anos? Bueno, hai cuarenta...
Comba: xa hai corenta anos daquela. E lémbrase? Vostede ía?
SEñor: si, hombre! Era a barraca onde gastaba todos os cartos. O que me daban na casa ía para a barraca de Barriga Verde!
Comba: de neno, era iso...
Señor: (ri) Ademais, cantabamos as cancións, axudábamoslle ao artista...
Comba: e lémbrase do nome del?
Señor: non, de nombre... Barriga Verde, que xa era un título, ese. “Vén Barriga Verde”, “oes, fuche ver a Barriga Verde?” “Pola tarde vamos ver a Barriga Verde”. Era o... a atracción que máis atraía á xente xoven.
Comba: e acórdase dalgunha das cancións?
Señor: Das cancións? Si, ho! Acordo, ou...Como é... “Besadora me llaman los hombres, porque a todos le suelo besar, y si alguno de ustedes quieren, a mi lado pueden pasar. Bésame, como un ... de coral, bésame, tú la vida me has de dar; bésame, que sin tí me moriré, bésame, bésame, bésame.” (canta) Esa era una de las canciones!
Comba: que bonita! Moi ben! E quen a cantaba? Unha moza...
Señor: Hombre! Una moza... De aquella no estaba yo, de aquella yo no veía las mozas como las veo ahora. Ya hace muchos años... Era una mujer que cantaba, muy pintada, se movía mucho...
Comba:E había títeres, tamén...
Señor: títeres, había a guitarra de madeira.
Comba: que muito non tocaría esa guitarra...
Señor: Nada! (ri) Era a silueta da... guitarra e un disco que cantaba, e...
Comba: pois moitas gracias. Se quere pasarse despois ta aí a barraca, que non é a mesma pero imita...
Señor: Ai, ta aí, ou? Pois eu, desde aquela a ahora...
Comba: cambiou moito.
Señor: cambiei, claro. Hasta cambiei de política! Antes era... E ademáis, teño a muller na casa, e non lle gusta a comida, porque non me cociña, porque caeu e rompeu unha...cadera e tal. E véñolle buscar comida para ir para alí.
... Con ochenta e pico de anos. Pero para nosoutros non era SAn Lucas, o principal era Barriga Verde. “Papá, dáme... dáme un real”.
Comba: canto costaba daquela a entrada?
Señor: non sei, pero creo que era un real ou dous reais... cincuenta céntimos.
Comba: e ía máis dunha vez,?
Señor: non, pero íbamos... Non era de repitición (rí) Acabouse a peseta, acabouse a función, dicían.
Comba: pois moitas gracias.
Señor: e vostede é de de Barriga Verde?

Comba: (explícolle que vimos coa barraca, pero que tamén van estar os da familia Silvent.)
Señor: Eses me parece que eran da parte de Ferrol.
Comba: efectivamente...
Señor: antes de chegar a Ferrol, entre Villalba e... Que eu teño entendido eso, ahora que hai moitas cousas que teño entendido, e cando chega un entendido di "non, home non, eso non era...". Quédome sen. É que teñen razón...
...Eu si me chamban a atención, eu quedaba... Poruque eu tiña unha idea cambiada. A esta edad hai ideas que xa non... Non son verda.
Comba: tamos sempre aprendendo.

STE-38.wav
Comba: gustaríanos saber se se acorda do antigo Barriga Verde.
Señor: acórdome.
Comba: usté é daquí, de Mondoñedo? E que recordo ten?
Señor: de cando comía as estopas esas, e botaba lume. Pero ese era o irmán de Barriga Verde. De ese acórdome, pero despois do irmao fomos moi amigos.
Comba: De Santiago?
Señor: De Santiago, e dos fillos, aínda hai...
Comba: e aquí en Mondoñedo, quen viña? Quen dos dous irmaos era o que viña?
Señor: Viñan os dous, ao primeiro viñan os dous.
Comba: Coas dúas barracas?
Señor: non, era unha barraca sola. Pero o outro viña, e poñíase enriba, e despois comía as estopas, e falaba, tal e cual, e despois a muller pegáballe así algunha hostia, para facer... Chamar á xente. E despois adentro, chamaba adentro, e facía cos muñecos aqueles e tal. E despois salía algunha bailarina, cantaban, que cantaba algunha tamén moi ben, e claro dáballe ás pernas... E despois outra facía a propaganda de... o asunto é que comía estopas, e despois claro, pica... E daquela estábamos na República
Comba: aínda na República!
Señor: Que eu fun á guerra... Leváronme, carallo! Eu xa teño noventa e un anos, eh!
Comba: pois lévaos moi ben, eh!
Señor: Noventa e un anos, mira se me acordo. Eu son de aquí, do lado de aquí, de... e estou frente ao tempo, agora. (non lle entendo ben) Entonces, resulta que claro, víñamos e Barriga Verde, era o que máis nos chamaba, o plan de Barriga Verde. Porque comía as estopas. E despois botaba lapas... Ou como facía pa botar a lapa aquela, si que non me dou cuenta, porque eu era algo máis novo. Pero, máis nada. E despois a muller pegáballe hostias... Pero non lle pegaba moi forte, era para facer a...
Pedro: que aspecto tiña cando se puña a tragar as estopas?
Señor: un aspecto corriente, coma nosoutros. Porque el poñíase pintado, non sabes?
Comba: de paiaso?
Señor: claro, ía de paiaso. Despois un sobriño facía tamén, cantaba, iso despois da guerra. Facía o... dous deles. A radio cantaba e el facía que era o que cantaba.
Comba: era un playback.
Señor: exacto. Carmiña morreu aquí, unha filla de Barriga Verde. Enterrouse aquí un día coma hoxe, nos Remedios. Unha sobriña dese, que era o propio Barriga Verde, e despois veu o Santiago, pero este era un irmao. E unha filla de Santiago pois morreu aquí, Carmiña. Bueno, non sei se era Carmiña ou se era unha irmá de Carmiña. Porque despois Carmiña casouse con un de Ferrol, un gordo. Tiña unha sobriña, non unha filla,

casara... Pero despois da guerra. Casárase con un que poñía o asunto das arrandeas, e esas cousas...
Comba: das atraccións.
Señor: pero agora xa creo... Algún hai en Ferrol, pero creo que venderon eso dos caballitos. Pero iso xa hai pouco tempo.
Comba: E dos muñecos recorda algo?
Señor: ai, recordo!
Comba: como eran?
Señor: os muñecos un eran aparecidos, mui parecidos, aos viñeron, aos que están aquí, porque vinos en Lugo, na televisión. E claro, facían os asuntos, cos paus eses...Vinos na televisión, e dixen "coño, parecen os de Barriga Verde!"
Pedro: os que viu na tele son os que están aquí abaixo, se quere ir velos...
Señor: pois ao mellor vou pola tarde.
Comba: si, pase velo, que vai vir Juan, o fillo de Santiago... Juanigo.
Señor: exacto, o máis novo. Ese era o que facía que cantaba, que non cantaba. Porque eu puxen doce anos churrería, e ao poñer churrería... Estaban a real os churros daquela, eh! Touche falando do sesenta e pico, setenta. Facía eu churros.
Comba: e a usté cando ía cobrábanlle entrada ou deixábanlle pasar gratis?
Señor: a min cobrábanme. Ai, alí?Alí non me cobraban nada porque eu tamén lles daba churros ... porque nos levábamos ben. Co Santiago, non co que comía as estopas. O Santiago era pequeno, así coma min. Bueno, eu son algo máis pequeno. Agora, antes era máis alto. E os churros que sobraban da noite dáballelos para o desaiuno. E despois tamén había unha rapaza que tamén cantaba, mui preparada, tamén cantaba, chamando a xente. E despois tamén un pouco alí fóra cantaban e bailaban algo, pero un pouco máis cortas, para atraer á xente. Daquela non había eso de tal, e entón algúnha xente para verlles as pernas, e así!
Comba: e cos muñecos, algunha vez metíanse con alguén, cos curas ou así?
Señor: ai, non. Eles calaban, politicamente non había nada deso. Tampouco daquela estaba permitido, eh! Hoxe non sei, pero non...
Pedro: acórdase dos personaxes que había?
Señor: os personaxes eran corrientes, porque había unhas que cantaban, que a maior parte delas eran jitanas...
Comba: pero os muñecos... Taba Barriga Verde...
Señor: ai os muñecos... Despois taba eso que mataban ao demo, mataban o demo. Aí ven o demo, viña o demo cos cornos e despois dábanlle. Bueno así varias cousas. Matábano e despois dábanlle paus ata que o degollaban. E pois matában o demo... O asunto era todo contra o demo, e contra algunhas máis... Por debaixo, traballaban eles por debaixo, non entendes?
Comba: e os muñecos en que falaban, en galego ou en castellano?
Señor: en gallego, falaban en gallego. Cando estaban aquí en Galicia, que se falaba bastante gallego. E acórdome eu, e despois eu cando fora mallar, que fóramos pola Mariña que xa tiñamos unha máquina de mallar o trigo, e acórdome que despois el saía polas aldeas., ían tamén polas aldeas e poñían uns cantos días o asunto de, a trangallada esta.
Comba: nos salóns de baile, non?
Señor: non... Si, nos salones. Pero facíano por aí por Valle de Oro, pola parte de Ferreira, por esas zonas da Mariña, que eu chegaba a Foz trillando, cunha máquina que tiña de mallar. Mallaba o trigo, eramos dous sócios, ca máquina, dous meses, mentres que había trigo. Ahora non hai trigo, esas maquinarias xa están acabando. Agora mállase doutra forma. Pois naquela época, aquelo foi no cincuenta e pico e sesenta e

pico. E despois foi cando me fun de churrero, porque viñamos da Mariña e viñan e “a ver onde está o da máquina?”. Da parte de Foz e de Celeiro de Mariñaos, vostede conoce de aquí algo?
Comba: si, eu son de por alí, de San Miguel de Reinante.
Señor: ai, pois a miña muller foi de Reinante...Dos Moredas. Pois daqueles iban por alí e entonces claro... Pois veu aquí o Santiago ese e falábamos dese asuntos. Que era moi falador, o Santiago, era mui parroquiano, moi aquelado... Pero ese non traballaba, ese estaba por alí, o que traballaba era o fillo, alí na porta, despois quen traballaban eran os que estaban dentro, que eran outros, pero despois había muchachos bailando, non? Bailaban decentemente, cantaban e...
Comba: e os muñecos quen os movía?
Señor: os muñecos os movían por abaixo.
Comba: pero quen?
Señor: ai, eso si que xa non o sei, que non se vían!
(rimos todos)
Comba: eso é secreto, non?
Señor: claro, só aparecían daquí para arriba, pero embaixo eu non sei quen había. Non se vía nin creo que se vexan hoxe, porque o de Lugo non se ve.
Comba: Mire unha cousa, vostede como se chama?
Señor: eu, José Arteaga Maseda.
Comba:si quere vir ás seis da tarde, nós gardámoslle unha entrada para que vaia ver o espectáculo.
Señor: pero se hai que pagar pois se paga igual...
Comba: así o ve e logo nos dice se se parece ou non.
...(Volve falar de Carmiña, non está seguro de cal morreu)..
Guapas eran todas. Carmiña penso que era a que andaba sola, que casara con un que era, me parece, de Ferrol ou de Ribadeo...E poñían os tres o asunto de tiro, destas cousas. E despois un deles... Xa tiñan o asunto de tiro, porque cando estaba na barraca, cando estaban apuntando, foille para un ollo. E quitoulle un ollo. Casou cunha filla de Carmiña, e morreu. Eran dous irmaos e unha irmá. Paréceme que eran de Ribadeo, e eses de Ferrol. Eu tratábaos. Este rapaz era o que me dicía dun irmáo que non admitían moito, xa non estaba cos títeres nin nada, andaba con outra compañía. ...Ela despois viña á feira de Gontán e traía roupa de saldo, era moi boa moza, moi ben chamaba á xente a muller aquela. E a min paréceme que era a muller aquela do... Tamén era moi guapa...Paréceme que era a muller dun deles. E aínda hai pouco tempo que viña cos carritos, cos cochitos. Pero toda era xente moi tratable, cando viñan. En Mondoñedo eran respetados, cando había aquí algunha cousa cos ambulantes, antes viñan con cabalos e eso, cando había algunha cousa chamábano a el. Algún movimiento que había, sempre había algún rallante, el era o que sacaba a todos... O gordo ese, o home de Carmiña. E Carmiña, non sei, debeu morrer. Era mui guapa, tamén. E tiña unha tómbola! E cantaba, e así, chamába á xente... e casara co cego dun ollo. Na caseta do tiro. E tiña a tombola e tiña esto de carritos, de cochitos e eso...E despois a vida penso que a facían en Ferrol.

... pois ese Santiago andaba polas aldeas co circo ese. Daquela non había, daquela había pouco cine. Antes era aínda o cine mudo, que non falaban.
...Fala dos churreros que había antes da guerra, que eran tres irmaos de Ribadeo, que os mataron na guerra “por cousas políticas”.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA


Projecto Barriga Verde
Memória
Divulgaçom
Recriaçom 2.0
Cafés de memoria
Obradoiros de memoria
App Memória para telemóvel
Guia didática das expossições
Guia didática recuperaçom de memória
Expossiçom pequena
Web
Roteiros
Congresso BV em Galiza
DVD
Biografia
Recriaçom de obra e barraca
Expossiçom grande
Apresentações
Conferências
Espetáculos de recriaçom de ferias
Congreso internacional de títeres
Conto ilustrado
Merchandising
Sketches Youtube
Campanha com logos em redes sociais
Videojogo
Novas obras de títeres

Projecto Barriga Verde 2012

Agentes e interesses implicados:
Germám Ermida: fazer currículo antropológico(?)
Comba Campoy: Conseguir material para a tese. Meios de subsistência.
Viravolta Títeres: Conseguir actuações
Tintimán Produções: Difundir o documental. Abrir o seu ámbeto de actividades á promoçom cultural em senso amplo.
Xaime Iglesias: Difundir o seu livro.

Elementos já existentes:

INICIATIVA	**POSSÍVEIS ACTIVIDADES**	**MATERIAL PARA A EXPO**
Documental	Projecções (comentadas)	Trailer/cópia para projecçom Descartes/Brutos com testemunhas
Barraca/Obra	Representações Obradoiros de criaçom e manipulaçom de monicreques	Imagens Peças originais Mercadotécnica
Tese de Comba	Artigos, conferências	Textos de galeguistas sobre BV Testemunhas
Livro inédito (Xaime Iglesias)	Artigos, conferências	

TODOS SUMAM CONHECIMENTO: - Mesas redondas

- Jornadas

Objectivos do projecto

A nível internacional:
Conseguir a declaraçom do legado de títeres (de luva) europeo (só europeu?) como Tesouro Imaterial da Humanidade pola UNESCO
Afortalar as conexões entre as diferentes tradições de títeres de luva
Reivindicar um elemento de identidade comum europeia
Difundir a arte dos títeres entre o público geral
Reivindicar a memória das artes populares

OUTROS... (acho que cómpre ampliar e detalhar). Deveriamos listar os objectivos com acções para os acadar, e logo desenvolver as acções em actividades (algo assim me explicara Mara)

A nível galego

1. **Recuperar Barriga Verde como símbolo identitário galego**
2. **Gerar contacto intergeracional e recuperar a memória do pesonage**
3. Aproveitar BV para desenvolver actividades de dinamizaçom local. (Lérez, Lugo, A Marinha).
4. Reivindicar os títeres galegos
5. Reivindicar as feira como espazos de lecer e de intercámbio cultural

EXPOSSIÇOM
Do euro à peseta: De como Barriga Verde conquistou Galiza (gosto!)
A mostra analisa o fenómeno que entre os anos 20 e 70 (teoricamente José Silvent empezou na Galiza em 1910, e deixou o negocio en 1960) do século XX supujo BV na cultura galega, tanto a nível popular como de alta cultura.
Conteudos

1. A obra teatral: Amosar a diferentes cenas que componhem a obra, com imagens (fotografias do espectáculo de Viravolta ou imagens de “equivalentes” de BV
2. Os Silvent. História de José Silvent e da Família. A conexom lusófona: os Robertos
3. As feiras e os espectáculos: Mapa dos roteiros de BV. Imagens e descrições dos outros espectáculos da barraca (baile, cinema, cançom) ou doutros presentes nas feiras. As feiras como espaço de ócio e de intercámbio económico.
4. Os personagens: galeria de versões de BV e dos seus antagonistas em Europa. Mapa.
5. BV na cultura galeguista. Artigos, poemas e textos a reivindicar a figura. A reivindicaçom dum teatro popular para Galiza: Dieste, Castelao, Seoane.

O teatro galego no franquismo, a resistência cultural.

6. Antecedentes e sucesores de BV: Do bululú à reivindicaçom dos monicreques dos 70. Vagas que se superponhem e que integram elementos alheios antes do que próprios.
7. A memória: testemunhos sobre BV
8. A recuperaçom: Iniciativas de reivindicaçom de BV. Comentar a situaçom noutros lugares.

Formato(s)

- Opçom A:
Lugar: Museo do Povo Galego. Inserir a proposta na oferta didáctica do centro. Possibilidade de guias específicos para a expo e as actividades? Pagariam os coles?

Paineis ilustrados acompanhados dalguns objectos originais (títeres originais, monicreques que se poidam manexar) e material multimédia: Projeções, audios, títeres. Cabina onde a gente poida deixar testemunho de barriga verde(?)
A expossiçom vai acompanhada dumha guia didáctica para diferentes idades, propondo actividades.

Complementar com:
Mesa redonda (ou jornadas)
Projeçom do documental
Representações da obra
Obradoiros de criaçom e manejo de títeres.
Café da memória

Este formato permitiria reciclar os paineis para a expossiçom didáctica itinerante a alugar nas escolas. Envia-se-lhes o material e ofertam-se a maiores actividades como na opçom B.
Vai com guia didáctica para actividades nas aulas (diferente da de actividades no museu).

- Opçom B
Idem. Mas
Manter o desenho dos paineis para expo didácticas das escolas mas deixá-los em creative commons para que os iprimam e empreguem livremente. Ofertar venda de produtos derivados (catálogo, DVD, livro) e mais actividades (projecçom comentada, mesa redonda, respresentaçom e obradoiros).

- Opçom C
Sendo ambiciosos: podemos optar a maiores espaços expossitivos? (Auditório de GZ? Fundaçom Seoane?)
Teriamos conteudos? Por onde podemos ampliar? Mais objectos originais? Material cedido

sobre Punch/Kasper? Amosar como se tenhem recuperado estes personagens por fóra? Mais multimédia? Falar das feiras e dos titiriteiros?
Reproduçom a escala de barraca, ambientaçom feiral, sons...
A expossiçom escolar aproveitaria um mínimo deste material.

Expossiçom escolar

Mesmos conteúdos que a outra. Dirigida fundamentalmente a secundária, com opções para tratar em EPO.
Ámbitos que se podem tratar a nível didáctico
Literatura galega. Teatro e situaçom da cultura no franquismo.
Evoluçom das artes escénicas.
Relaçom entre alta e baixa cultura.
Conhecimento do meio: nomadismo e sedentarizaçom. A construçom do estado e a sedentarizaçom.
Ética/Educaçom para a cidadania: prejuízos contra minorias. Os feirantes. Outras minorias. O politicamente correcto. Evoluçom das mensagens dos espectáculos.
Línguas: comparar textos de BV com os de equivalentes noutros lugares (inglês, francês, português)
História: Globalizaçom na antigüidade. Os contactos entre culturas.
Plástica: os monicreques como escultura. Comparança com estilos. Outres esculturas de arte popular.
Etc.

Web

1. Introduçom a BV
2. Agenda de actividades do projecto
3. Venda de material
4. Alugueiro da mostra/Mostra íntegra
5. Texto da obra + Instruições para a reproduzir na casa.
6. Centraliza a recolhida de testemunhos. Tentaremos animar a gravar audios e vídeos. Publicam-se.

Perfil em Facebook
Agenda
Novas

Possíveis parceiros (nom económicos)

1. Museo do povo galego: Pode achegar peças, imagens, assessoramento pedagógico e espaço para apresentar o projecto e acolher a expo inicial.
2. Empregar a Associaçom Cultural Barriga Verde como base?
3. Rede de centros sociais: aproveitar a sua experiência com o Apalpador? Animá-los a recuperar BV? Pontos de venda de material, recolhida de testemunhos, mesas redondas e projecções...
4. Outros? - Centros de investigaçom de monicreques internacionais? quê recuperam? como trabalham?

Possíveis sócios económicos

1. Conselharia de Educaçom e Cultura / AGADIC: Subsídios
   Secretaria Xeral de Política Lingüística. Programa FalaRedes
   http://www.xunta.es/linguagalega/falaredes
2. Programa Letras Vivas: http://rbgalicia.xunta.es/letras-vivas/
3. Kalandraka Editora (no caso de publicar o livro de López) - *POR CERTO tenho de mao a Paz, de imprensa.*
4. Tintimán/Viravolta
5. Projectos europeos
6. Deputaçom de Lugo
7. Concelho/Deputaçom de Ponte Vedra

Outras fontes de financiamento

1. Desenvolvimento (subsídios) e venda da App Testemunha (ver anexo)
2. Crowdfunding. (recompensas: DVDs, livros, catálogos, actuações e projecções privadas e comentadas...)
3. Programa Acción Comunitaria Xuventude da Unión Europea. Este programa subvenciona iniciativas promovida por xente nova que revertan na propia comunidade e que teñan algún tipo de relación con Europa. (ver a experiencia da Requinta do Ulla: http://www.raiceiros.org/ ou http://www.culturagalega.org/temadia_arquivo.php?id=2236)
4. Fondos Interreg (relacionamento con Portugal)
5. FEDER (ver http://www.proyectodorna.eu/)
6. Europa Creativa http://culturagalega.org/noticia.php?id=21540
7. Alugueiro mostra didáctica
8. Venda de mercadotécnia
   Monicreques
   DVDs do vídeo

Livro de Xaime López
Catálogo da expossiçom
Outros (porcentagem de entradas em diferentes passes/projecções a favor do projecto?)

Outras actividades

Devem-se considerar o(s) projecto(s) expossitivos como parte dum programa a nível galego que busca desenvolver de jeito especial os 2 primeiros objectivos neste ámbito (ver objectivos a nível galego).
Como temos comentado, a consecuçom destes objectivos baseam-se em duas linhas de acçom vencelhadas entre sim:
a) Difusom
b) Recuperaçom

Nom podemos pensar que o desenvolvimento dumha expossiçom de formato meio ou grande (opções B e C) abonde para activar um proceso de recuperaçom da memória a nível nacional e a incorporaçom de Barriga Verde ao imaginário do país. Nesse sentido precisamos desenvolver umha campanha mais descentralizada e horizontal, na qual a própria implicaçom de mais agentes na recuperaçom e na difusom garanta a continuidade e amplificaçom do projecto.

Em esse sentido acho que há umha série de possibilidades que devemos pensar e que se podem artelhar com a expossiçom e outras actividades proposta.
Trata-se de acções de pequeno formato, singelas de mover e, de jeito preferente interactivas. Devemos ter em conta outras iniciativas de recuperaçom de figuras e ritos (nomeadamente o Apalpador ou o Samaín, polo seu êxito). No caso do Apalpador verificou-se a importáncia de contar com produtos derivados (autocolantes, folhetos informativos, desenhos, livros ilustrados) para apoiar a sua implantaçom. Sem esquecer a importáncia da escola. É dizer, aproveitam-se novos meios para transmitir a tradiçom.

Cómpre atender também projectos de recuperaçom da memória (http://www.nomesevoces.net/) assim como outras propostas de socializaçom de obras escénicas (agora mesmo só se me ocorre Titiricircus http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=21464).

A partir destes elementos ocorrem-se-me diferentes propostas:

1. Apresentações do livro de Xaime: acompanhar de apresentações do docu em livrarias
2. A aproveitar a Rede de Centros Sociais, projecções do docu + material inédito. Cómpre que qualquer apresentaçom de produto se transforme num foro de difusom do projecto

e da figura de BV
3. Publicaçom em Youtube de testemunhos
4. Em este contexto cobra especial importáncia a existência dum **Folheto**: permite umha distribuiçom singela em diferentes espaços culturais explicando as bases do projecto e chamando à participaçom. Independente da expo. - Seria possível conseguires ajudas da USC para desenvolver esta acçom ou o web como parte da tua investigaçom? Afinal som investimentos para conseguires material para a tese.
5. A semelhança do Apalpador e de Titiricircus: Livro ilustrado.
6. Promover um “Dia de Barriga Verde” no que fomentar o “encontro” do público com o personagem? Em representações?
7. Representações da obra em pequeno formato (Viravolta) ou bem fomentar a representaçom caseira da obra. Embora isso poida semelhar competência para a companhia, acho que na práctica ham ficar como o referente na recuperaçom e representaçom “legítima” de BV
8. Possibilidade de representaçom das diferentes versões internacionais da obra. Comparar cenas, outras.
9. Certames. Criaçom arredor de BV (desenho, narraçom, melhores vídeos ou audios de testemunhos...). Agasalho de lotes de produtos. Fomentar a criaçom, re-criar o personagem.

ATENÇOM: Devemos ter em conta esta perspectiva táctica e a calendarizaçom de jeito especial à hora de pensarmos os meios de financiamento. É dizer, possivelmente seja mais singelo conseguir apoios “oficiais” para umha expo do que para umha campanha de socializaçom deste tipo, para a qual pode ter mais utilidade o Crowdfunding (p.ex. para publicar um livro ilustrado) ou outros meios. Do mesmo jeito, cómpre buscarmos sinérgias entre uns e outros projectos (p. ex. fazendo que os folhetos que se imprimam para a expo poidam funcionar de jeito autónomo para difundir o projecto no seu conjunto).

Valores

Á hora de encararmos a difusom galega de BV devemos ter em conta os valores que encarna.

1. Conexom universal da cultura galega
2. Conexom lusófona
3. Cultura popular e tradicional
4. Resistência cultural
5. Nom tem umha marca nidiamente “identitária”, nom é um património nacionalista (maior alcançe social).

Fronte a estes, que podemos considerar possitivos para a maior parte do público, atopamos outros valores vencelhados à fitura que podem dificultar a sua difusom

1. A figura está vencelhada históricamente a um “autor” concreto: José Silvent. É dizer, nom é um personagem jurdido da “tradiçom”. Dificuldade da identificaçom e adopçom do mesmo
2. Pola própria universalidade pode nom se considerar nidiamente “galego”
3. É politicamente incorrecto
4. Pode-se identificar como um entretimento de “classe baixa”

Congreso internacional
Jornadas: evoluçom dos títeres na Galiza
arte popular e arte oficial
memória de feirantes

Gira conjunta Expo/DVD/Espectáculo
Cafés da memória itinerantes
Polafia: Literatura oral AELG- Feiras
Revista Oral Pazo das Musas- Tema feiras

Conteudos e referências variadas a ter em conta:
Premio de teatro para títeres “Barriga Verde”. Mostra de obras premiadas.
“Barriga Verde”, obra teatral de Manuel María

ANEXO
APP Testemunha

Possibilidade de desenvolvermos umha aplicaçom para telemóvel centrada na recuperaçom de testemunhas. Aplicável a outros projectos de memória ou mesmo para certames ou projectos colaborativos que busquem um feedback de vídeos/audios do público uniformizado e etiquetado de jeito uniforme. Permite umha integraçom rápida no próprio web. Poderia permitir ingresos pola venda da versom adaptada aos diferentes projectos ou por ajudas ao desenvolvimento (I+D?)

APP TESTEMUNHA

Aplicaçom de gravaçom de vídeo e audio preformatados com envio directo a web cliente. Etiquetagem com metadatos predefinidos polo usuário. (Categorias: biografia, vida cotiá,

guerra, etc)
Campos de identificaçom de remetente (mail) e de locutor. Campos de idade, profissom, outros. como se apresentam?
Geolocalizaçom da gravaçom/cenário dos factos
Versom livre?
Versom adaptada para empresas/projectos de comunicaçom.